CENTRO INTERNACIONAL DE ESTUDOS
DE DOUTORAMENTO E AVANZADOS
DA USC (CIEDUS)

TESE DE DOUTORAMENTO

A AGRICULTURA DAS ANTIGAS PROVINCIAS DE BETANZOS E CORUÑA NA CRISE DO ANTIGO RÉXIME SEGUNDO O CATASTRO DE MARTÍN DE GARAY (1750-1820): CONFLITIVIDADE LABREGA E INNOVACIÓN NUNHA AGRICULTURA ORGÁNICA

Alberto González Remuiñán

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA CONTEMPORÁNEA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2019

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

DECLARACIÓN DO AUTOR/A DA TESE

A agricultura das antigas provincias de Betanzos e Coruña na crise do Antigo Réxime segundo o catastro de Martín de Garay (1750-1820): conflitividade labrega e innovación nunha agricultura orgánica

D./Dna. Alberto González Remuiñán

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
2) De selo caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
3) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide coa versión enviada en formato electrónico.
4) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.

En Santiago de Compostela, de xuño de 2019

Asdo.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR/TITOR DA TESE

A agricultura das antigas provincias de Betanzos e Coruña na crise do Antigo Réxime segundo o catastro de Martín de Garay (1750-1820): conflitividade labrega e innovación nunha agricultura orgánica

D./Dna. Lourenzo Fernández Prieto

INFORMA/N:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D/Dna. ***Alberto González Remuiñán****, baixo a miña dirección, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.*

En Santiago de Compostela, de xuño de 2019

Asdo.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

RESUMO

Nesta investigación abórdase unha fonte para coñecer a crise do Antigo Réxime apenas empregada polos investigadores. En maio de 1817 estableceuse a reforma do sistema tributario impulsada polo ministro aragonés Martín de Garay, punto inicial do derradeiro intento do absolutismo para tratar de paliar os efectos desa crise na Facenda. En Galicia, as medidas conducentes á súa implantación presentaron importantes particularidades e, pese ao seu fracaso final debido a unha serie de eivas organizativas-estruturais, ocultacións e resistencias, o proceso brindounos unha fonte histórica de gran valor, derivada das indagacións por parte da administración fiscal sobre a riqueza dos contribuíntes de todo o Estado.

Os distintos corpus documentais aos que a aplicación desta reforma da Facenda deu lugar ofrécennos un amplo abano de posibilidades para estudar aspectos fundamentais das actividades agropecuarias, ademais doutros de tipo demográfico e social, incluíndo tamén a conflitividade que contribuíu á caída definitiva da chamada Contribución Xeral. Todo isto na segunda década do século XIX, na que a obtención deste tipo de informacións resulta complicada pola escaseza de fontes que permitan o desenvolvemento de estudos rexionais.

Palabras clave: crise do Antigo Réxime, historia agraria, agroecosistemas, fluxos enerxéticos alimentarios, conflitividade fiscal, reforma de Facenda de 1817, Martín de Garay.

RESUMEN

En esta investigación se aborda una fuente para conocer la crisis del Antiguo Régimen apenas utilizada por los investigadores. En mayo de 1817 se estableció la reforma del sistema tributario impulsada por el ministro aragonés Martín de Garay, punto inicial del último intento del absolutismo para tratar de paliar los efectos de esa crisis en la Hacienda. En Galicia, las medidas conducentes a su implantación presentaron importantes particularidades y, pese a su fracaso final debido a una serie de defectos organizativos-estructurales, ocultaciones y resistencias, el proceso nos brindó una fuente histórica de gran valor, derivada de las indagaciones por parte de la administración fiscal sobre la riqueza de los contribuyentes de todo el Estado.

Los distintos corpus documentales a los que la aplicación de esta reforma de la Hacienda dio lugar nos ofrecen un amplio abanico de posibilidades para estudiar aspectos fundamentales de las actividades agropecuarias, además de otros de tipo demográfico y social, incluyendo también la conflictividad que contribuyó a la caída definitiva de la llamada Contribución General. Todo esto en la segunda década del siglo XIX, en la que la obtención de este tipo de informaciones resulta complicada por la escasez de fuentes que permitan el desarrollo de estudios regionales.

Palabras clave: crisis del Antiguo Régimen, historia agraria, agroecosistemas, flujos energéticos alimentarios, conflictividad fiscal, reforma de Hacienda de 1817, Martín de Garay.

ABSTRACT

This research addresses a source to study the Ancient Regime crisis barely used by scholars. On May 1817 was instituted the reform of the tax system conducted by the Aragonese minister Martín de Garay, starting point of the last attempt performed by absolutism to alleviate the effects of that crisis on the Treasury. In Galicia, the steps for its implantation had important particularities and, despite the final failure due to a series of organizational-structural imperfections, concealment and resistances, the process gave us an historical source of great value, product of the fiscal government investigations about the wealth of taxpayers of the state.

The various documentary corpuses that this tax collector reform resulted in offer us a wide variety of possibilities to study essential aspects of farmer activities, as well as other demographic or social facets, including conflicts that contribute to the General Property Tax collapse. All of this in the second decade of 19th century, where obtaining this kind of information is complex because the lack of sources that allow for developing regional investigations.

Key words: Ancient Regime crisis, agrarian history, agroecosystems, energetic nutritional flows, tax conflict, 1817 tax system reform (Spain), Martín de Garay.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE

ÍNDICE DE TÁBOAS, CADROS E GRÁFICOS XII
ÍNDICE DE FOTOGRAFÍAS E MAPAS XIV
AGRADECEMENTOS XV
INTRODUCIÓN 1
CAPÍTULO 1. ESTADO DA CUESTIÓN E CONTEXTO 8
1.1. ESTADO DA CUESTIÓN HISTORIOGRÁFICA 8
1.1.1. A crise do Antigo Réxime. Presentación e debate historiográfico 8
1.1.2. Conxuntura agraria e estudo das innovacións 11
1.1.3. Análise da conflitividade 17
1.1.4. Achegamento ás realidades locais e rexionais 21
1.1.5. A vertente medioambiental deste traballo 24
1.2. OBXECTIVOS FUNDAMENTAIS DESTA INVESTIGACIÓN 29
1.3. CONTEXTO DA CRISE DO ANTIGO RÉXIME NA HISTORIOGRAFÍA 34
1.3.1. A crise política 35
1.3.2. A crise económica 44
1.3.3. A crise social 52
CAPÍTULO 2. A REFORMA DE FACENDA DE MARTÍN DE GARAY. ANÁLISE DE CONTIDOS E PROBLEMÁTICA 61
2.1. OS PRECEDENTES DA REFORMA DE FACENDA DE MARTÍN DE GARAY 65
2.2. AS MEMORIAS DOS CONSELLEIROS DE ESTADO 89
2.2.1. A memoria de Garay sobre a reforma da Facenda. Intención, pero non sempre concreción 91
2.2.2. As respostas dos conselleiros (a reforma de Facenda). Apoios e respostas comedidas 108
2.2.2.1. Críticas ás economías 110
2.2.2.2. A supresión das rendas provinciais 113
2.2.2.3. A participación dos grupos privilexiados 116
2.2.2.4. Os privilexios das provincias exentas 119
2.2.2.5. O balance xeral sobre a reforma 120
2.2.3. A memoria de Garay sobre a reforma do Crédito do Estado. Esforzos estériles ante a falta de medios 125
2.2.4. As respostas dos conselleiros (a reforma do Crédito). A derrota final fronte o privilexio 134
2.2.4.1. A valoración do novo sistema de rendas 136
2.2.4.2. A participación dos grupos exentos e privilexiados 139

2.3. O Real Decreto do 30 de maio de 1817 144
2.3.1. O corpo do Real Decreto 144
2.3.2. A instrución do 1 de xuño 157
2.3.3. Bulas papais anexas 162
2.4. Os problemas da reforma do sistema tributario 165
2.4.1. Problemas internos. As carencias estruturais de base 168
2.4.2. Problemas externos. O medio e as resistencias 187
CAPÍTULO 3. FONTES DESTA INVESTIGACIÓN. PRESENTACIÓN, CRÍTICA, PROBLEMAS E TRATAMENTO 196
3.1. Actas das xuntas locais 200
3.1.1. Presentación 200
3.1.2. Tipoloxía da información contidas nas actas 202
3.1.3. Problemas e inconvenientes 217
3.1.4. Tratamento da información 220
3.2. Apeos, cadernos e resumos da riqueza 221
3.2.1. Presentación 221
3.2.2. Tipoloxía da información contida nos rexistros da riqueza 244
3.2.2.1. A riqueza territorial I: os apeos de terras, núcleo dos rexistros 245
3.2.2.2. A riqueza territorial II: os padróns gandeiros 253
3.2.2.3. A riqueza territorial III: os apeos de edificios 257
3.2.2.4. A riqueza territorial IV: os datos sobre poboación 260
3.2.2.5. A riqueza industrial e comercial. Os grandes esquecidos 267
3.2.3. Problemas xerais da fonte 270
3.2.4. Tratamento da información 276
3.3. Documentación de Intendencia e da Xunta Principal 278
3.3.1. Presentación 278
3.3.2. Tipoloxía da información 279
3.3.3. Problemas coa fonte 282
3.3.4. Tratamento da información 283
3.4. Unha breve achega á poboación de comezos do século XIX a partires dos rexistros 284
3.4.1. Ocupacións e oficios da poboación segundo os rexistros da riqueza 285
3.4.2. Análise dos grupos familiares 301
CAPÍTULO 4. ESTADO DA AGRICULTURA E DA GANDERÍA NAS ANTIGAS PROVINCIAS DE BETANZOS E CORUÑA A COMEZOS DO SÉCULO XIX 315
4.1. Cultivos e rotacións 317

4.2. Algúns apuntamentos sobre os rendementos 321
4.3. Análise dos usos do solo segundo os rexistros da contribución xeral 339
4.3.1. O "labradío". As terras de secaño 345
4.3.2. Hortas e cortiñas 354
4.3.3. Prados e pastos 367
4.3.4. Áreas de monte 373
4.3.5. O viñedo 389
4.4. Importancia e análise da cabana gandeira a partir dos rexistros da contribución xeral 396
4.4.1. O gando vacún 402
4.4.2. O gando ovino e caprino 407
4.4.3. O gando porcino 413
4.4.4. O gando cabalar, mular e asnal 418
4.5. Apuntamentos sobre a propiedade da terra e as rendas 429
4.6. Síntese da información mediante o método dos fluxos enerxéticos nun estudo de caso: a parroquia de San Miguel de Figueroa en 1818-1819 442
CAPÍTULO 5. O REFLEXO DA CONFLITIVIDADE NA DOCUMENTACIÓN. UNHA PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN SEGUNDO O GRAO DE DINAMISMO E A VISIBILIDADE NAS FONTES 449
5.1. Conflitividade activa/visible. Queixas e reclamacións 460
5.2. Conflitividade activa/non visible. As vías da ocultación 473
5.2.1. Ocultación relativa 485
5.2.2. Ocultación absoluta 491
5.3. Conflitividade pasiva/visible. Enfermos, desaparecidos e ignorantes 505
5.4. Conflitividade pasiva/non visible. Aproveitamento dos tempos ao máximo . 513
5.5. Apuntamentos sobre a presión fiscal e a súa relación co malestar social e a resistencia na contribución xeral de 1817 525
CONCLUSIÓNS 545
APÉNDICES 552
Apéndice 1: Datas do avance da reforma de Facenda de 1817 552
Apéndice 2: Tarifas de prezos para o cálculo da riqueza dos contribuíntes 555
BIBLIOGRAFÍA 557

ÍNDICE DE TÁBOAS, CADROS E GRÁFICOS

Cadro 3.A: tipoloxía temática das actas das xuntas locais 203

Cadro 3.B: tipoloxía dos datos contidos nos apeos de terras 246

Cadro 3.C: tipoloxía dos datos contidos nos apeos gandeiros..... 254

Cadro 3.D: tipoloxía dos datos contidos nos apeos de edificios 258

Cadro 3.E: tipoloxía dos datos contidos nos recontos familiares 261

Cadro 3.F: distribución da poboación por grupos de ocupacións..... 288

Cadro 3.G: clasificación dos grupos domésticos segundo a súa estrutura 304

Cadro 3.H: distribución dos fillos nas familias da mostra (porcentaxe)..... 305

Táboa 4.1: superficie catastrada en San Cibrán da Vila de Abade (Tordoia), provincia de Coruña, xurisdición de Rus 328

Táboa 4.2: superficie catastrada en Santa María de Rus (Carballo), provincia de Coruña, xurisdición de Rus..... 329

Táboa 4.3: superficie catastrada en San Xoán de Tordoia (Tordoia), provincia de Coruña, xurisdición de Villarprego..... 330

Táboa 4.4: superficie catastrada en San Mamede de Andoio (Tordoia), provincia de Coruña, xurisdición de Villarprego..... 331

Táboa 4.5: superficie catastrada en Santa Susana de Arcai (Tordoia), provincia de Coruña, xurisdición de Villarprego..... 332

Táboa 4.6: superficie catastrada en San Miguel de Figueroa (Abegondo) en conxunto co couto de Gudín, inserto na mesma parroquia, provincia de Betanzos, xurisdición de Betanzos..... 333

Táboa 4.7: superficie catastrada en Santa María de Sarandós (Abegondo), provincia de Betanzos, xurisdición de Betanzos 334

Cadro 4.A: fincas por usos do solo dacordo co tamaño das parcelas (en ferrados) 341

Cadro 4.B: tamaño das fincas para cada un dos diferentes usos do solo (en ferrados) 341

Cadro 4.C: cabezas/veciño das principais especies gandeiras en varias parroquias..... 400

Cadro 4.D: cabezas/veciño (en relación aos veciños que posúen cada especie de gando) en varias parroquias 401

Cadro 4.E: cabezas/Ha das principais especies gandeiras en varias parroquias..... 401

Cadro 4.F: composición interna do vacún en varias parroquias (en cabezas/veciño) 405

Gráfico 4.G: terras recollidas en réxime de propiedade ou cesión nun conxunto de parroquias da área Oza-Cesuras-Abegondo 433

Gráfico 4.H: terras recollidas en cada réxime de propiedade sobre o total na parroquia de San Miguel de Figueroa e couto de Gudín, Abegondo (porcentaxe) 436

Gráfico 4.I: terras recollidas en cada réxime de propiedade sobre o total na parroquia de Santa Dorotea de Folgoso, Abegondo (porcentaxe)..... 436

Cadro 4.J: aporte calórico dos habitantes de San Miguel de Figueroa e couto de Gudín (Abegondo, 1819)..... 445

Cadro 5.A: clasificación das formas de conflitividade nas fontes segundo os criterios de dinamismo nas actuacións e visibilidade nos fontes..... 457

Táboa 5.1: extensión catastrada de terra segundo calidades, variación e porcentaxe sobre o total en San Cibrán da Vila de Abade (Tordoia), provincia da Coruña, xurisdición de Rus……..... 482

Táboa 5.2: extensión catastrada de terra segundo calidades, variación e porcentaxe sobre o total en Santa María de Rus (Carballo), provincia da Coruña, xurisdición de Rus..... 482

Táboa 5.3: extensión catastrada de terra segundo calidades, variación e porcentaxe sobre o total en San Xoán de Tordoia (Tordoia), provincia da Coruña, xurisdición de Villarprego.. 482

Táboa 5.4: extensión catastrada de terra segundo calidades, variación e porcentaxe sobre o total en San Mamede de Andoio (Tordoia), provincia da Coruña, xurisdición de Villarprego…..... 483

Táboa 5.5: extensión catastrada de terra segundo calidades, variación e porcentaxe sobre o total en Santa Susana de Arcai (Tordoia), provincia da Coruña, xurisdición de Villarprego……..... 483

Táboa 5.6: extensión catastrada de terra segundo calidades, variación e porcentaxe sobre o total en San Miguel de Figueroa (Abegondo) en conxunto co couto de Gudín, inserto na mesma parroquia, provincia de Betanzos, xurisdición de Betanzos..... 483

Táboa 5.7: extensión catastrada de terra segundo calidades, variación e porcentaxe sobre o total en Santa María de Sarandós (Abegondo), provincia de Betanzos, xurisdición de Betanzos. 484

Táboa 5.8: porcentaxe de gravame que representa a contribución xeral sobre a riqueza dos veciños de varias parroquias..... 529

Táboa 5.9: repartimento da contribución xeral das xurisdicións da provincia da Coruña (1817 e 1818)..... 534

Táboa 5.10: débeda recoñecida de varios territorios da provincia de Coruña, correspondente ao derradeiro terzo da contribución xeral de 1819 (vencido o 1 de xaneiro de 1820)..... 539

Táboa 5.11: Débeda recoñecida de varios territorios da provincia de Coruña, correspondente ao primeiro terzo da contribución xeral de 1820 (vencido o 1 de maio) 539

ÍNDICE DE FOTOGRAFÍAS E MAPAS

Fotografía 1: xura do cargo de varios peritos repartidores para dúas parroquias sufragáneas da vila de Ortigueira 204

Fotografía 2: repartimento da xunta de pobo de Pontedeume para a vila e as freguesías da súa xurisdición 205

Fotografía 3: recibo do pagamento dunha parte do derradeiro terzo de 1817 da contribución xeral en Pontedeume 214

Fotografía 4: xustificante de gastos co salario de peritos e encargados do apeo da parroquia de San Miguel de Breamo, baixo a xurisdición da xunta de pobo de Pontedeume 215

Mapa 1: parroquias das provincias de Betanzos e Coruña das que se atopou o documento do rexistro da riqueza dos seus contribuíntes 239

Mapa 2: concellos nos que se atopou documentación dos apeos, cadernos e resumos da riqueza 241

Fotografía 5: táboa de valoración de produtos do couto de Gudín e da parroquia de San Miguel de Figueroa 321

Fotografía 6: táboa de valoración de produtos do couto de Gudín da parroquia de San Miguel de Figueroa (detalle) 384

Fotografía 7: rexistro dos montes comunais do couto de Gudín da parroquia de San Miguel de Figueroa (Abegondo) 498

Fotografía 8: acta da xunta local de Ortigueira na que se observa que a corporación debe asumir as tarefas de repartimento ante a suposta imposibilidade dos peritos nomeados a tal efecto. 508

Fotografía 9: comunicado emitido pola xunta de pobo de Pontedeume para apremar a unha serie de pedáneos a que entreguen a recadación da contribución xeral 515

AGRADECEMENTOS

A andaina desta investigación que aquí pecha unha etapa, comezou hai xa máis dun lustro. Moitas foron as dificultades persoais que tiveron que ser enfrontadas para sacar adiante este proxecto sen dispoñer do apoio dun contrato de investigación que, en consecuencia tivo que saír adiante sen un soporte financeiro sólido e con moito esforzo. Por este motivo, gardo dun moi xeito especial os apoios proporcionados por todas aquelas persoas que me trouxeron hoxe ata aquí.

Ao longo deste camiño tiven a sorte de que foron numerosas as persoas que me acompañaron, tanto no terreo académico como no persoal. Lourenzo Fernández converteuse nunha das que actuaron como soporte en ámbolos dous sentidos. Agradecerlle a súa guía como director ao longo deste tempo é soamente un pequeno recoñecemento ao seu impagable labor. Sempre estivo aí, confiando en todo momento, ás veces máis que o propio autor destas liñas, en que a investigación chegaría finalmente a bo porto. Finalmente, parece que o tempo lle deu a razón.

É necesario destacar tamén a Miguel Ángel Bringas, quen respondeu pacientemente a algunhas das dúbidas que apareceron como resultado da análise dalgúns dos principios e pautas da reforma de Facenda de 1817. Nos últimos compases da tese tamén resultou inestimable a axuda de David Soto, que forneceu o coñecemento necesario para a posta en marcha dun método de fluxos enerxéticos que contribuíu a afondar nas posibilidades, na crítica e na posta en valor das fontes que se manexaron no traballo. Grazas aos dous polo seu tempo. Contar co consello destes dous expertos nos seus respectivos campos foi, dende logo, un privilexio, pero confío en que isto fora soamente o comezo e que nalgún momento lles poida devolver a axuda prestada. As axudas técnicas complétanas algúns dos membros do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), en especial Jaime Gutiérrez, gran profesional e amigo, que posibilitaron a obtención dalgunhas medicións sen as cales algúns dos exercicios e análises presentes nas seguintes páxinas terían sido de máis difícil aplicación.

Gracias tamén á compañeira Aurora Artiaga pola súa atención e ánimos, o mesmo que aos demais compañeiros de doutoramento e do grupo Histagra polo seu apoio. Especial mención merecen Lurdes Sesto e Gustavo Hervella, tamén polos ánimos e, máis se cabe, por preocuparse polos complexos aspectos administrativos, burocráticos e formais nos que un pode perderse facilmente.

Por último, non podo esquecerme da miña familia. Gracias aos meus pais por todo, non soamente pola axuda e a confianza depositada en min. Tamén aos meus amigos, esa xente de Catro Camiños e Monte Alto, que tantas veces me deu folgos e me animou a seguir. Gracias a todos por axudarme a chegar ata aquí.

A Coruña, 29 de maio de 2019.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

INTRODUCIÓN

Os obxectivos que nos propoñemos alcanzar nesta investigación proceden dun conxunto de preguntas que, ao seren formuladas en diálogo coa documentación, dan lugar tamén a unha serie de hipóteses coas que traballamos. Algunhas delas son xa vellas acompañantes dos investigadores que desenvolven o seu labor arredor da temática da crise do Antigo Réxime, actualizadas en ocasións baixo a óptica de estudos realizados en anos máis recentes. Outras, pola contra, son máis novas ao xurdir a carón dunha fonte, o catastro de Martín de Garay e outros fondos derivados dese labor, moi pouco utilizada de forma sistemática nas investigacións sobre esta época, a lo menos no contexto galego en concreto.

En primeiro lugar debémonos preguntar sobre o papel que esta reforma da Facenda de 1817 ten no contexto da crise dun Antigo Réxime que neste momento estaba xa, senón directamente derruído (aínda que non suprimido), si sumido no máis absoluto colapso. A análise que se realice sobre este sistema tributario, con todo, non pode ser abordada unicamente dentro dun contexto estritamente absolutista como podía selo caso doutros proxectos que intentaran dar lugar a unha modificación na fórmula das rendas no pasado. Isto é así porque, neste caso particular, a situación resulta completamente diferente pese a que se poida aducir que seguimos nun contexto de Antigo Réxime, interpretación que dende logo se pode defender. A cuestión importante agora é que Garay realiza o seu traballo nun momento posterior á contenda bélica de independencia francesada, polo que a experiencia gaditana que supuxo unha ruptura significativa co que sucedera ata entón non pode ser ignorada. Durante este breve período quedou claro que sen a presenza do monarca absoluto outros camiños eran posibles para tratar de saír da situación crítica que atravesaba o Estado. A contribución única apenas comezara a poñerse en marcha, pero a lo menos o seu fracaso deixou a ensinanza de que algo dela podía ser aproveitado se era acadado o obxectivo de coñecer a riqueza dos contribuíntes para elaborar repartimentos menos arbitrarios e máis xustos.

Nesta tesitura, Martín de Garay foi quen de sacar adiante un sistema que herdaba algúns deses principios e arredor do cal paga a pena preguntarse se estamos falando do que probablemente poida ser chamado o último intento racional para salvar o sistema de Facenda estatal. O resultado, de ser levado a cabo, tería modificado fondamente as bases do Antigo Réxime ata o punto de que a realidade resultante sería moi distinta da previa, no que en consecuencia podería ter sido un cambio a tódolos niveis (non só económico, senón tamén social e político) que comezaba cunha aposta razoada baseada nun cambio de rumbo do sistema impositivo. Tal modificación era dende logo moito máis que iso por todo o que arrastraría tras de si, pois poñería fin a unha serie de exencións en materia fiscal que os grupos privilexiados interpretaron como un ataque. Dese modo, foi precisamente o problema da contradición evidente cos principios de organización social e política o que se configurou como un obstáculo de primeira orde para levar a cabo o seu labor. Por isto mesmo, non resulta claro que o feito de conseguir salvar a Facenda redundara, segundo o camiño que se iniciaría coa reforma no caso de terse implantado (non soamente a tributaria, senón tamén a do crédito), no rescate do Antigo Réxime ou no do propio monarca, o cal formula algunhas dúbidas sobre os obxectivos de Garay. Estaba claro, se asumimos o argumento de que os cambios a nivel social e xurídico serían radicais, que o primeiro non podía ser salvado de ningunha forma. En canto ao monarca, representado na persoa concreta de Fernando VII e

sabidas as súas inclinacións antiliberais polos recentes acontecementos trala súa volta ao trono, podería presentarse un razoamento semellante. É posible polo tanto que o obxectivo último do ministro aragonés fose simplemente salvar a monarquía, entendida como a representación e a esencia do mesmo Estado, única forma de goberno político coñecida ata entón. A modificación dos principios do Antigo Réxime era entendida polo tanto como parte da solución, pois soamente daqueles sectores privilexiados poderían saír os recursos necesarios para dar un paso adiante e corrixir a lamentable situación que a Facenda real atravesaba dende había décadas. Conseguir aclarar esta cuestión arredor dos obxectivos do ministro aragonés é dende logo un asunto espiñento, pois nunca poderemos ter unha certeza absoluta ao respecto se estes nunca foron declarados abertamente. Quizais se lle estea dando a eses obxectivos unha profundidade que non era tal na realidade, de maneira que como ministro encargado do ramo económico, podía estar buscando simplemente unha solución á situación da Facenda do momento, sen entrar a valorar cuestións de privilexios e exencións xurídicas. Así, o propio Garay podía estar máis preocupado por cumprir con esa misión que polos cambios sociais que as medidas que impulsaba rematasen provocando.

Por suposto, neste aspecto aparece a cuestión de se Garay pode ser interpretado como un dos últimos representantes dunha longa tradición ilustrada ou se pola contra pode efectuarse unha lectura máis liberal das súas ideas. A resposta, habería que adiantar, non é sinxela e a aclarala se dedica en parte esta investigación, de modo que nos seus resultados se amosarán novos argumentos para tratar de responder esta pregunta. Do que non hai dúbida é de que o ministro aragonés non foi un absolutista reaccionario, pero a historiografía negoulle tamén, ata tempos moi recentes, a posibilidade de ter un lugar entre os persoeiros liberais. Isto foi debido a que traballaba dende dentro dun sistema que xa non podía satisfacer nin as novas necesidades económicas que estaban a xurdir como froito de novos contextos exteriores, nin tampouco as problemáticas internas que chocaban cos seculares privilexios e que supoñían un obstáculo para a propia supervivencia do Estado e o seu desenvolvemento. Este feito pechou a porta doutras interpretacións, de modo que podemos dicir que debido a este contexto, Garay foi presentado simplemente como alguén curto de miras. Non sendo tan coñecidas as fontes ás que o seu labor e o dos seus colaboradores deron lugar, a investigación sobre a figura do ministro quedou sumida nunha sorte de letargo, establecéndose unha postura determinada froito da asociación, tan simple como ao parecer evidente, de que alguén que desenvolvía o seu labor nun contexto absolutista non sería precisamente un liberal. Unha postura baseada máis ben en argumentos *ad hominem* que soamente comezou a ser firmemente cuestionada dende hai pouco máis dunha década.

Non obstante, o obxectivo de Garay non era soamente o de racionalizar o sistema de rendas dentro das regras vixentes do sistema sociopolítico e, moi ao contrario, atacou, aínda que con intensidade e resultados variables, os seus principios dende moi diversas frontes. Non en van, tamén estivo presente e xogou un papel importante na configuración da reunión das Cortes de 1810 e enfrontouse non soamente aos privilexios sociais de certos grupos, senón tamén a exencións territoriais, ao tempo que, segundo as súas ideas, a posibilidade dunha desamortización tería acadado resultados moito máis profundos no caso de dispoñer da oportunidade para facelo. Porén, estando suxeito a certas regras, debeu realizar concesións que limitaron os resultados das medidas que conseguiu que se aprobaran, o que finalmente levou á ruína o propio sistema tributario e o seu propio labor. Pero isto non converte a Garay nun peor xestor político, de modo que se houbera que criticarlle algo, ben podería ser o pensamento utópico de chegar a crer que podería ter logrado algo baixo as estritas normas do Antigo Réxime, claramente contraditorias cos seus ideais. Outras experiencias anteriores eran unha guía perfecta do que ocorría cando se ameazaban certos dereitos ou se trataba de indagar

máis a fondo sobre a riqueza das persoas, incluíndo aquelas que concentraban o poder e das cales o sistema fiscal dependía fortemente. Pero pese a isto, a postura do aragonés parece clara, de modo que noutra sección veremos as súas ideas, moito máis próximas ao liberalismo do que inicialmente se puido pensar.

Ademais, o descoñecemento que se tivo sobre a figura de Garay, sobre a existencia e posibilidades da fonte que aquí manexamos e o seu escaso uso por motivos que tamén teñen que ver con aspectos de conservación, transfórmanse en cuestións que nubran en parte a calidade e importancia do que temos entre mans e sobre as que tamén convén debater. Neste sentido, o ministro de Facenda podería ser colocado, cremos, como un reformista á altura de Ensenada ou Mon, a medio camiño entrámbolos dous dende un punto de vista temporal. Unha longa tradición de estudos desoutros dous proxectos respecto do que tivo lugar en 1817 confirenlles unha certa superioridade (tamén no nivel persoal se atendemos aos encargados) que soamente pode ser paliada con novos estudos sobre o persoeiro de Garay e con traballos que reclamen o auténtico e inestimable valor das fontes ás cales deron lugar os traballos do aragonés.

Hai por suposto varios aspectos que favoreceron o feito de que as fontes que aquí se manexarán caeran no desuso e no esquecemento, pero iso non debería restar un ápice de validez ao que conseguiu. Desenvolver o seu labor en tempos convulsos non axudou e, por suposto, afectou aos resultados que se obtiveron. O contexto reaccionario ao que asistimos trala volta de Fernando VII resultaba adverso para proxecto como o que se tratou de levar a cabo, por non mencionar o feito de que as necesidades eran tamén outras, moito máis perentorias. As urxencias do erario eran de tal magnitude que a inminencia do abismo esixía unha serie de resultados de imposible cumprimento. Todo isto contribuíu a tombar o proxecto definitivamente, e con elo as posibilidades de levar a cabo unha empresa dunha envergadura considerable. Aínda así, houbo logros indiscutibles. En canto á empresa do catastro, a dispersión de fondos, entre outros problemas que se verán, non debe impedir que vexamos que a realidade foi a dun intento de indagación da riqueza perfectamente comparable co labor de Ensenada, especialmente se son tidos en conta os tempos manexados e o período que o sistema estivo en vigor. Por outro lado, Garay deuse conta da dificultade de medir a riqueza dentro das cidades, así que abandonou a idea da Única e decantouse por un sistema mixto que, se ben é certo que mantiña moitos dos problemas das rendas tradicionais, resultaba ser moito máis práctico en temas de recadación e proporcionado ás posibilidades do momento. Os resultados dos dereitos de portas en termos de rendementos, así como o feito de que sobreviviran para seren adaptados en futuras reformas son unha clara proba disto.

Dito isto, está claro que a reforma do sistema tributario supuxo un cambio substancial das regras do xogo para os contribuíntes, que como pouco debían reunir en metálico a cantidade de diñeiro que lles fora asignada no repartimento da contribución. Á marxe do desigual acceso á fraude e das estratexias de resistencia, que por suposto se produciron, esta cuestión resulta ter un papel central nas estratexias duns labregos que, ante novos requisitos decretados pola administración da Facenda, deben ser adaptadas. Tratar de ver como resisten os embates da situación económica do momento, como se desenvolven e se reproducen estes grupos no marco desa crise do sistema e ante esas novas esixencias por parte do fisco, son outras das preguntas fundamentais que o investigador que aborde estas materias se debe facer. É dicir, analizar como vemos a estes grupos dende a fiestra ao pasado que nos ofrecen as fontes que aquí se manexan e comprobar a súa capacidade de reacción e de resposta ante as novas realidades fiscais. Novas, claro está, dende o punto de vista vital dos individuos que as soportaron, pero que non o eran tanto cando, dende unha óptica histórica, se analizan as ideas

e proxectos que alimentaron o proxecto reformista de maio de 1817 dende había case un século.

A hipótese a este respecto pivota sobre o estado desas casas labregas e a súa resposta produtiva diante desta situación que vimos presentando, tratando de dilucidar ata que punto podían afrontar unha carga esixida na forma en que o era. En principio, parece claro que o pagamento en efectivo debeu ter unha clara incidencia negativa nas capacidades dos contribuíntes, que deberon ver aumentada a presión que o fisco exercía sobre eles, especialmente se temos en conta que nos achamos nun momento de caída dos prezos onde, polo tanto, o acceso ao mercado resulta forzoso para a obtención de numerario. Ao mesmo tempo, esa participación non ten lugar nas condicións máis favorables para estes grupos, debido precisamente a esa conxuntura do valor dos produtos agrarios nas relacións de intercambio. Para tratar de contrarrestar esta incidencia do fisco, os campesiños trataron de desenvolver unha serie de actuacións de resistencia e engano ao fisco no tocante aos seus bens, rendas e posesións. A súa posta en marcha non debe ser entendida necesariamente como a consecución daquel obxectivo por parte dos campesiños, pero pese a iso, moitas desas prácticas estaban igualmente xustificadas e gozaban dunha ampla aceptación social.

Estas formas de resistencia tampouco deberían ser entendidas soamente dende unha óptica que se limite a analizar o contexto absolutista do momento aínda que, por suposto, boa parte dos caracteres da conflitividade tradicional sigan estando tan perfectamente presentes como visibles. Pero tamén a este respecto tería moito peso a ruptura marcada pola actuación das Cortes de Cádiz nos anos previos e, quizais máis aínda, a experiencia que o baleiro de poder deixou tras de si cando as institucións tradicionais deixaron de desenvolver as súas funcións principais. Esta situación daría lugar a un contexto dificilmente imaxinable de non ter sido pola Guerra de Independencia, de maneira que máis adiante provocaría novas motivacións de cara a presentar unha actitude desafiante fronte o cumprimento das obrigas por parte dos súbditos, as de tipo fiscal entre elas.

Á súa vez, se afondamos na cuestión anterior, chegaremos á formulación dunha nova pregunta estreitamente relacionada con ela e específica para o caso da reforma do sistema tributario de 1817. Esta deriva da posibilidade de coñecer a súa implantación real no nivel dos contribuíntes, máis alá da existencia dunha teoría e unha lexislación oficial en forma de decretos, ordes, comunicados e instrucións para efectuar todos e cada un dos procesos que levarían á elaboración dos repartimentos e, finalmente, á recadación do tributo. Analizar estas cuestións resulta, por suposto, dunha importancia capital, pero haise que preguntar necesariamente polo desenvolvemento da contribución xeral sobre o terreo, tratando de ver como foi recibida polos habitantes do reino e ata que punto os obxectivos de recadación foron cumpridos, se o foron, cando e baixo que circunstancias se levaron a cabo. Estes aspectos son esenciais porque baixo deles subxace a hipótese de que, máis alá dunha serie de problemas de organización e administración que dende logo eran evidentes e que xerarían malestar entre os contribuíntes, a resistencia despregada por estes últimos estaría tamén na base do fracaso final do proxecto de estatística da riqueza e do propio sistema de contribución directa. Dende logo, había problemas relacionados coa elaboración das asignacións e arbitrariedades de man dos encargados do proceso, pero tamén debe ser posta en valor unha conflitividade fiscal entendida dende un punto de vista amplo que adoptou formas diversas. Ao facelo contribuirase tamén a matizar a imaxe dos contribuíntes inermes, que a miúdo son interpretados como simples vítimas dunha imparable maquinaria tributaria.

As estratexias desenvolvidas polos labregos para conseguir afrontar as esixencias do novo sistema tributario teñen lugar no marco dunha agricultura de base orgánica que dende logo tamén haberá que valorar. Facelo tomando como base as fontes que aquí se manexan

proporciona unha visión privilexiada dende unha óptica temporal nunha magnitude que moi poucos outros fondos documentais permiten abordar. A situación dos materiais relacionados coa reforma de Facenda de 1817 é dende logo excepcional, posto que se elaboran nun momento de cambio, non soamente dende o punto de vista do Antigo Réxime en crise, senón tamén de transformación das actividades agrogandeiras. Nun contexto de pugna polo espazo entre a necesidade de alimentos para unha poboación humana que vai en aumento e os requirimentos de abonado fornecidos por unha cabana gandeira que consecuentemente se ve reducida progresivamente a medida que avanza a centuria, haberá que preguntarse en que estado se atopa este proceso, así como o seu grao de desenvolvemento, a partires das fontes. Para obter unha resposta, dentro da intensificación que se vive nestes momentos comprobaranse posibles mudas de usos ou de reconversión de terreos que poidan axudar a comprender mellor o fenómeno, xa sexa pola vía do aumento de certas superficies, da produtividade dos rendementos ou do factor traballo sobre a terra. Porén, o momento no que o corpus documental se elabora tamén suxire calma e coidado á hora de abordar estas cuestións, pois non debe ser pasado por alto que a guerra contra o francés, que ten lugar en solo peninsular, deixa tras de si unha situación desoladora nalgunhas áreas. En consecuencia e en función do lugar onde se mire, os datos que atopemos poden corresponderse tamén con conxunturas de recuperación que mesmo poden ser confundidos con situacións de ocultación relacionadas con prácticas subversivas citadas anteriormente ou con erros nos rexistros. No caso da gandería, este tipo de feitos poden ser aínda máis importantes, polo que podemos estar en momentos de paréntese na dinámica de evolución que estas actividades viñan experimentando.

Non obstante, unha vez que sexan sometidos á debida crítica e corrixidos, todos estes datos contribuirán a analizar a situación das condicións de vida do campesiñado, aínda que haberá que ver en que medida a calidade das informacións contidas nos rexistros nos axuda a achegarnos a esta realidade. A aplicación do método dos fluxos de biomasa pode ser unha ferramenta moi útil para respostar a esta cuestión sobre todo en termos de dieta, co cal poderemos aportar nova información de cara a comprobar a hipótese, defendida por algúns investigadores, que sostén unha maior presenza e peso dos produtos animais a medida que se retrocede no tempo cara a primeira metade e os comezos do século XIX.

Para resolver todas estas preguntas e tratar de confirmar as hipóteses que aquí foron formuladas, nesta investigación contamos cunha serie de fontes que agora só presentamos de forma sucinta, pois serán analizadas, contrastadas e valoradas convenientemente máis adiante no capítulo correspondente. Nel serán tratados aspectos como o contido, a tipoloxía da información que cada corpus contén, a localización ou os problemas que presentan. Tódolos fondos, con independencia da súa forma e contido, son o resultado da aplicación do sistema de contribución xeral de 1817, así que xorden como consecuencia do funcionamento habitual de dous procesos complementarios que permiten a configuración deste imposto: a elaboración da estatística da riqueza por unha banda, e a configuración dos repartimentos dos contribuíntes pola outra. As devanditas fontes son, concretamente, as seguintes:

En primeiro lugar, de cara a xestionar todo o relativo á contribución directa, debía ser establecido, primeiro de todo, un organismo coñecido como xunta local ou de pobo, constituído polos principais cargos civís e eclesiásticos do núcleo de poboación (como o alcalde maior ou o cura párroco, entre outros). Estas xuntas estaban localizadas en vilas de certa importancia a nivel comarcal, de maneira que con centro neses lugares, cada xunta de pobo organizaba a estatística da riqueza e os repartimentos impositivos nunha serie de freguesías ao redor dese núcleo principal. No seu quefacer cotián e para levar conta dos traballos e do estado das cousas, estas corporacións levantaban acta de todo feito significativo

relacionado coa contribución nun diario (acordos, chegada de comunicados, resgardos e recibos, xura de cargos e outras xestións). Esta documentación, á que simplemente nos referiremos como actas das xuntas locais, de pobo, ou con algunha fórmula similar, constitúen o primeiro corpus documental desta investigación.

Non resulta difícil imaxinarse, á luz desta descrición, a variedade de contidos que presenta este corpus documental que foi atopado en varios arquivos municipais das antigas provincias de Betanzos e Coruña. Á marxe de contidos comúns en todos eles, motivados por actuacións que debían ser levadas a cabo en xeral en tódalas corporacións locais (sempre atopamos xuras dos mesmos cargos, por exemplo) a aplicación da contribución xeral resulta contar con aspectos máis ou menos particulares alá onde teñamos un destes organismos, de forma que tódalas actas son moi diferentes entre elas. En consecuencia, as posibilidades e matices que cada un destes diarios ofrece son, en certo modo, completamente únicos.

En segundo lugar debemos referirnos aos apeos e cadernos da riqueza elaborados para coñecer os bens e rendas dos contribuíntes, elaborados co obxectivo último de dar lugar a un mellor e máis equitativo reparto das cargas impositivas. Como se verá, a súa mera definición resulta complicada porque, a lo menos no caso dos fondos desta investigación, os rexistros atopados semellan selo resultado dunha hibridación entre dous documentos distintos que deberían existir separadamente, o apeo e o caderno da riqueza. Baseados nunha clasificación tripartita e elaborados por parroquias, os rexistros recollían os seguintes datos para cada contribuínte: un apartado de riqueza territorial con datos sobre agricultura, gando e edificios; outro de riqueza industrial para os bens e rendas procedentes de actividades fabrís, pesca, oficios e artes mecánicas, xornaleiros ou profesores; e finalmente outro de riqueza comercial para as rendas que proviñan do comercio, a navegación ou a actividade de arrieiro. A rama máis completa é sempre a territorial, e dentro dela a agraria, onde figuran datos de parcelas coa súa extensión, calidade, cultivos ou réxime de propiedade, entre outras cousas.

Por último, existe un derradeiro corpus ao que nos referimos como documentación da xunta central que deriva precisamente da actuación deste organismo que, afincado na cidade da Coruña, coordinaba tódalas actuacións a nivel do territorio galego. Sen contar con estrutura determinada de ningún tipo, a documentación producida por esta corporación era froito dunha comunicación constante con outras xuntas, á que tamén debemos engadir unha cantidade considerable de mensaxes de reclamación, queixas, rogos e lamentos sobre diversos abusos cometidos no proceso de repartimento e cobro da contribución xeral.

O método desenvolvido para o tratamento destes fondos, que tamén será tratado máis en detalle no capítulo correspondente ás fontes, debe respectar e recoller tódalas particularidades que presentan cada un destes corpus. Entenderase que, en consecuencia, haberá que abordar cada un deles de xeito illado, caso por caso. No caso das actas, a súa tipoloxía é tan variada que calquera análise cuantitativa queda practicamente descartada. Porén, e aquí radica precisamente parte do seu valor, unha análise detida dos contidos revela multitude de casos particulares que no fondo non son máis que a realidade cotiá á que os responsables da contribución nos pobos tiveron que enfrontarse. É aquí, logo, onde temos a realidade do sistema tributario cando entra en contacto directo con unha poboación á que se lle esixe satisfacer unha serie de obrigas. Pola súa parte, a documentación de intendencia si permite, dentro tamén da considerable variedade de informacións dispoñibles, un achegamento no que a cuantificación é posible, pois en ocasións é a constatación de que un fenómeno se repite constantemente (emisión de queixas e rogos, por exemplo) o que permite detectar certas pautas como poden ser a existencia dun malestar entre a poboación. Con estas fontes, o proceso a seguir é en todo caso semellante, de maneira que mediante un método indutivo no que se parte sempre de casos particulares, podemos chegar a identificar unha serie de aspectos

ou de comportamentos de tipo máis xeral. A análise particular, porén, é máis acusada no caso das actas das xuntas locais.

No caso dos apeos e cadernos da riqueza, o método é algo diferente, pois aquí si interesa máis poder acceder a un volume importante de documentación que permita unha análise de carácter máis xeral. Ao facelo, é desexable atopar unha serie de territorios que nos permitan configurar unha zona de estudo de certa representatividade, o que finalmente poderá redundar en conclusións máis firmes. A información preséntase así mesmo de forma seriada, a miúdo en grandes volumes, polo que a aplicación dunha metodoloxía de corte cuantitativo resulta moito máis factible que nos casos anteriores. Con todo, non resultará estraño que o que consideramos desexable non se cumpra nada máis que nunhas poucas ocasións contadas, de modo que será a calidade das informacións destes rexistros, moi variables tamén en contidos, pese a que existían uns modelos que servían como pautas, a que determine as posibilidades de estudo das que o investigador se poida aproveitar finalmente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 1:
ESTADO DA CUESTIÓN E CONTEXTO

Unha vez que teñen sido formuladas unha serie de hipóteses e cuestións esenciais ás que trataremos de dar solución, de cara a precisar os obxectivos da investigación é necesario realizar previamente unha aproximación bibliográfica aos principais temas que trataremos, a modo de estado da cuestión, do cal se ocupa o primeiro punto do presente capítulo. Cando teñamos encadrado o noso traballo neste sentido teremos unha visión máis completa do panorama no que nos atopamos, de aí que será máis sinxelo formular ese obxectivos, ao cal se procederá no segundo apartado. Porén, aquí serán abordados diversos temas que, derivados das distintas vertentes e campos que podemos tratar a partir das nosas fontes, presentan unha tipoloxía moi variada. A visión que se ofrecerá deles pretende ser xeral e aglutinante, pois todos se relacionan nalgúns aspectos, pero nesta primeira exposición preferimos optar pola división temática dos contidos para proceder á súa presentación. Esa forma de proceder responde unicamente a un criterio organizativo e práctico que pretende presentar tódalas ideas que serán aquí tratadas e as liñas que se seguirán nelas, desenvolvéndoas dun xeito ordenado e racional na medida do posible. No apartado inicial, os primeiros epígrafes coincidirán con algúns dos capítulos nos que a investigación se organizará: comezando pola crise do Antigo Réxime, na que se encadra o proxecto de Martín de Garay e que nos dá as fontes primarias deste estudo, continuando cun estudo da situación agraria a comezos do século XIX no ámbito xeográfico das antigas provincias de Betanzos e Coruña, e seguidamente unha análise da conflitividade que aparece fronte a reforma tributaria do ministro. Os dous derradeiros apartados abordan cuestións diferentes, de modo que o cuarto epígrafe pretende achegarse a un estado dos estudos que resultan máis relevantes para esta investigación dende o punto de vista do ámbito xeográfico que estudamos. A cantidade de traballos que temos a nivel local nesta área de estudo é considerable e cómpre deterse un pouco máis neles. Por outra banda, o quinto apartado sobre a visión ambiental é tamén unha declaración de intencións. Non se trata dunha sección que aparecerá de xeito individualizado nesta investigación, senón unha visión que se tratará que estea presente en todo momento en función dos temas que se aborden. En derradeiro lugar, reservamos o terceiro punto do capítulo para volver sobre a crise do Antigo Réxime para centrarnos detidamente no seu contexto, onde se buscará dar os trazos esenciais do fenómeno dende unha tripla vertente: política, económica e social. Comezamos logo polo primeiro epígrafe.

1.1. ESTADO DA CUESTIÓN HISTORIOGRÁFICA

1.1.1 A crise do Antigo Réxime. Presentación e debate historiográfico

En primeiro lugar resulta evidente que a fonte que analizamos prodúcese nun contexto determinado, o da crise do Antigo Réxime, que presenta fondas raíces políticas, económicas e sociais que se alimentan entre elas. Comprender correctamente este fenómeno resulta de importancia capital para encadrar a reforma de Garay, entre outras, como un intento para paliar unha situación da que en realidade non se podía saír dentro das regras do sistema absolutista. Esta crise era froito da contradición á que se enfrontaba un réxime que non podía subsistir cos recursos que obtiña polas vías habituais, que remataban extenuando á poboación,

pero que ao mesmo tempo tampouco podía reclamar a contribución dos grupos privilexiados sen minar as súas propias bases, xa que estes mesmos grupos erixíanse como o seu sostén e conformaban os cimentos da sociedade. Ante a necesidade de atopar novas fontes de financiamento e a contradición irresoluble que suporía o feito de atacar ás clases privilexiadas con novos impostos, o sistema dá mostras de botar os seus últimos alentos, no marco dun debate entre aqueles que pretenden respectar a toda costa as tradicións e que non son o suficientemente intelixentes como para ver o que está a pasar, e outros individuos que buscan solucións cunha amplitude de miras maior, aínda que sen saír en ningún caso das bases absolutistas. O avance das ideas que pivotan arredor do feito de cuestionar a propiedade privilexiada será algo moi importante neste momento, pois para moitos xa resulta evidente que este e outros privilexios son un obstáculo fronte o desenvolvemento, o cal impide satisfacer as novas necesidades froito dos novos contextos, non soamente internos, senón tamén internacionais[1].

É necesario comprender como, a medida que esa crise se manifestaba cada vez dunha forma máis clara, varias reformas foron levadas a cabo xa en época dos Borbóns para tratar de incrementar a produción e con elo os ingresos e recadacións: medidas fronte a propiedade amortizada, as tentativas de colonización ou os ataques fronte a sociedades gandeiras privilexiadas como a Mesta[2]. En virtude destas ideas, ao longo de todo o período que estudamos neste traballo, e xa dende antes, irán aparecendo diferentes intentos que comezan pouco a pouco a cuestionarse os privilexios de certos grupos, sobre todo dalgúns sectores eclesiásticos, considerando a posibilidade de que contribuísen ao erario e que a súa propiedade amortizada fora posta en circulación co obxectivo de sanear a Facenda estatal. Así, para lograr o primeiro obxectivo chegaron a deseñarse proxectos tributarios, que correron unha sorte moi diferente, mentres que para acadar o segundo foron postas en marcha unha serie de desamortizacións[3]. O tratamento de todos estes aspectos resultaranos útil cando analicemos o contexto da reforma de Garay, de xeito que observaremos como algunhas das ideas máis importantes que propuña non eran novidades en absoluto e tiñan xa numerosos precedentes nas décadas previas.

As obras que se encargan de estudar a crise do Antigo Réxime adoptan polo xeral unha visión múltiple para explicar a situación, que conxuga as vertentes sociais, políticas e tamén económicas. Porén, de tódalas múltiples caras que a crise nos amosa, é probable que a máis abordada sexa aquela que ten que ver co apartado financeiro, entendido dende a óptica da Facenda estatal[4]. Estes estudos céntranse nas grandes tomas de decisións por parte do goberno e analizan a situación do erario dende o punto de vista de magnitudes como os ingresos e gastos estatais, así como a débeda e o endebedamento crecente ao que os sucesivos gobernos deberon facer fronte. Isto non quere dicir por suposto que os aspectos sociais estean descoidados pois, moi ao contrario, deféndese o feito de que a Facenda pública constitúe unha posición privilexiada que permite a súa observación dende unha perspectiva interdisciplinar, xa que nela conflúen acontecementos sociais, políticos e económicos[5].

Por outra banda, o punto central desta investigación está nos intentos de Garay para tratar de reformar, primeiro o sistema tributario e, despois, o crédito da monarquía, de maneira que resulta lóxico que nos deteñamos na análise concreta destes proxectos, os cales deben ser interpretados, en todo caso, dentro do proceso desta crise. Aínda que moitas das obras citadas

[1] Fontana, J. (1971), (1973), (1980) e (1992); Artola, M. (2008); Ruiz Torres, P. (2008).
[2] Anes, G. (1982) (ed. lit.).
[3] Herr, R. (1991).
[4] Artola, M. (1982a), (1982b) e (1986); Comín. F. (1989), (1990), (1996), (2004) e (2016).
[5] Comín, F. (1989) op. cit., p. 18.

ata o de agora gardan un apartado en relación a eles, prima nelas sobre todo a análise da súa estrutura e dos seus resultados, ou a súa presentación dentro dun proceso máis longo de implantación da contribución directa[6]. Pola contra, non son tan numerosos os traballos que se deteñen a analizalos pormenorizadamente, tarefa que aquí tamén resultará imprescindible e que se abordará nun futuro capítulo. Neste sentido, non podemos ignorar a análise que se realizou sobre a documentación que articula estes proxectos, especialmente o de Facenda, no que este estudo se centra principalmente. Igualmente, deben ser abordadas as memorias que presentaron o propio ministro e os membros do Consello de Estado no marco dos debates desta corporación, onde podemos ver as pugnas que se produciron entre aqueles homes. O intenso debate que se viviu implicou modificacións e concesións, de maneira que o que atopamos nos escritos iniciais de Garay non é o que finalmente se acabou plasmando na articulación do novo sistema tributario, podendo aplicar o mesmo razoamento, dun xeito aínda máis claro, nos enfrontamentos que tiveron lugar no Consello no marco do debate sobre o proxecto do crédito. Esas discusións son en realidade a representación da propia crise do Antigo Réxime na corporación que constituían os conselleiros e principais homes de goberno que asesoraban ao monarca. Alí víronse as contradicións dun sistema esgotado e como, pese a necesidade, había persoas que defendían afanosamente unha serie de privilexios que impedían a resolución das máis imperiosas necesidades[7]. Algúns contemporáneos valoraron tamén, algúns anos despois, os proxectos de Garay ou o estado da situación financeira que quedou despois da súa marcha[8].

Non podemos deixar de lado tampouco a figura do ministro en cuestión, sobre a que pesaba unha lenda negra que actualmente se está comezando a desfacer. A este respecto, os estudos centrados na súa persoa son bastante limitados e escasos, a lo menos ata que hai pouco máis dunha década o acceso ao seu arquivo persoal permitira ampliar os coñecementos que se tiñan del[9]. Estes traballos máis recentes ofrecen unha óptica totalmente renovada sobre Martín de Garay, pretendendo inverter a visión negativa que se tiña sobre o persoeiro, engadindo claras tinturas liberais ás súas ideas políticas e de modificación da administración tributaria e de Facenda. Esta liña de investigación presenta a Garay como alguén de talante liberal, amosando probas tales como informes da súa autoría nos que fala da necesidade de separación de poderes ou de limitar as atribucións da coroa e controlar ao monarca, ou alegando que o seu empeño axudara á convocatoria das Cortes de Cádiz. En suma, unha serie de ideas que contradín directamente algunhas propostas máis tradicionais, onde precisamente se intenta desmontar a existencia dunha visión que ollaba con condescendencia ao ministro, presentándoo como o economista liberal que non era[10]. Unhas críticas que se endureceron ata o punto de poñer en dúbida tanto a capacidade de Garay como administrador da Facenda como a autoría intelectual da reforma pola súa parte. Coñecer estes aportes sobre a súa traxectoria vital é moi necesario polo simple motivo de que a análise da mesma pode resultarnos moi útil para coñecer os motivos que levaron ao aragonés a actuar do xeito en que o fixo. A súa experiencia, os seus destinos e, en suma, tódalas súas actividades profesionais e quizais tamén algunhas persoais, pódennos axudar a comprender a súa forma de pensar. Como pouco saberemos cales foron as materias e os campos nos que adquiriu unha maior experiencia, o que pode axudar a explicar en parte que as súas actuacións en materia

[6] Algúns exemplos deste tipo de traballos, polo xeral breves e enmarcados en publicación colaborativas ou revistas: Ramos, D. (1950); Estapé y Rodríguez, F. (1971); Hernández Andreu, J. (1972), (2003) e (2009); Fernández Clemente, E. (1982); Artola, M. (1998); Pérez Picazo, Mª T. (1998); Negrín de la Peña, J. A. (2011).
[7] Suárez Verdeguer, F. (1967); Hernández Andreu, J. (2008).
[8] López Juana Pinilla, J. (1822) e (1840-48); Canga Argüelles, J. (1833); Labrador, C. (1850), pp. 28-33.
[9] Canga Argüelles, J. (1840), pp. 113-116; Ballesteros, P. (1941); Alonso Garcés, N. (2006a), (2006b), (2011) e (2012).
[10] Suárez Verdeguer, (1967) op.cit., p. 67; Fontana, J. (1971), op. cit., pp. 161 e ss.

administrativa se centrasen en certos apartados máis que noutros, pois resulta evidente que o ministro sería máis capaz naqueles ámbitos nos que xa tiña traballado con anterioridade e nos que demostrara un maior coñecemento.

1.1.2. Conxuntura agraria e estudo das innovacións

Deixando xa a crise do Antigo Réxime como o marco fundamental da investigación e avanzando cara outros temas, baixo a expresión de conxuntura referímonos, primeiro de todo, a toda unha serie de aspectos en canto ao funcionamento da agricultura sobre os que se constrúe o sistema que se nos mostra nas fontes que manexamos e que aquí estudamos. O noso marco neste caso é loxicamente o da agricultura orgánica, aquela na que a base enerxética primaria é de tipo solar, o contexto tecnolóxico non é dependente dos recursos fósiles pero o seu funcionamento si o é dos avatares naturais e climatolóxicos. O proxecto tributario impulsado por Garay pretendeu aplicarse sobre unha serie de actividades económicas das cales a agricultura era a máis importante, de maneira que co obxectivo de gravar aos contribuíntes ocupados nas tarefas deste tipo, os rexistros da riqueza levados a cabo trataron de recoller os seus bens e produtos. A partir desta documentación fiscal trataremos de reconstruír esas actividades agrogandeiras, definidas por unha serie de características e de relacións entre o medio e o home que o habita e gracias ao cal subsiste. Dende esta óptica, neste traballo resulta de grande importancia o concepto de agroecosistema, que sempre trataremos de ter presente como o resultado da articulación desas relacións entre o home e o medio. A estas relacións, por suposto, deberemos engadir outras, tamén de grande importancia, entre os distintos grupos humanos, entre estes e a administración, e mesmo entre os propios individuos organizados como comunidade. A implantación dos rexistros catastrais e a súa efectividade dependen polo tanto en boa medida do sistema agrogandeiro sobre o que se asentan, de modo que coñecer as súas pautas de configuración preséntase como un obxectivo básico de cara a poder continuar coa análise da reforma. O coñecemento da agricultura é en si mesmo, con todo, un obxectivo moi importante, pero dende o punto de vista da aplicación práctica do sistema tributario sobre o terreo, hai que recoñecer que este proceso verase fondamente afectado por moitas das características desas actividades agrarias e gandeiras. As formas de explotación de certos espazos, os cultivos ou o tamaño das fincas, por exemplo, determinaron a posibilidade de que os campesiños levaran a cabo certas estratexias que afectaron á calidade dos rexistros. Disto ocuparémonos, de tódolos xeitos, no apartado de conflitividade.

Os puntos esenciais da agricultura parten do recoñecemento de que neste período, dende mediados do século XVIII, conformouse o sistema agrario galego contemporáneo a partires de varios puntos artellados entre si mediante unhas relacións de complementariedade: unha agricultura intensiva no uso da terra pero de escasa importancia cuantitativa no espazo, uns aproveitamentos gandeiros, sobre todo do vacún que é o sostén económico primario das explotacións familiares e o elemento principal das relacións co mercado, e uns espazos a monte que ocupan a gran maioría da superficie pero que non por iso están desaproveitados, senón que dadas as limitacións medioambientais xogan o papel de asegurar a continuidade do sistema produtivo e marcan as súas posibilidade de transformación[11]. Vista esta afirmación, falar soamente das cuestións relacionadas en exclusiva coa terra supoñería ofrecer unha visión parcial dunha realidade que resulta ser moito máis ampla, a pesar de que estes aspectos sigan sendo esenciais. Pero ademais deles haberá que tratar tamén outros puntos fundamentais relacionados co papel que xogan a gandería e o monte como sustentadores fundamentais da

[11] Soto Fernández, D. (2006), p. 23.

actividade agrícola, seguindo o camiño marcado por diversos historiadores, con obras xa clásicas que nos axuden a avanzar nestas cuestións[12]. O gando, entendido como produtor non soamente de alimentos, senón tamén do necesario esterco para nutrir a terra, ademais dunha ferramenta que, no caso máis evidente do vacún e en moita menor medida dalgunhas especies de equino, proporcionaba a forza necesaria para manter a explotación en funcionamento. O monte pola súa parte, hoxe un espazo desligado do sistema en boa medida e frecuentemente ignorado, nutrido cun marasmo de parcelas incultas na actualidade e sumido nun proceso de descontextualización como resultado dos cambios que trouxo consigo a Revolución Verde, era no pasado ben distinto[13]. Soporte da estrutura, entre outras moitas necesidades cubertas non soamente proporcionaba abono senón tamén alimento para o gando, o que daba lugar a unha máquina perfectamente imbricada na que debía primar un equilibrio determinado.

Neste período tan longo, o sistema non se mantivo dende logo invariable: houbo modificacións de usos motivados por un campesiñado que tamén introduciu cultivos novos, pero tamén a lexislación determinou algúns cambios que determinaron a súa evolución e afectaron a importantes aspectos da propiedade e da forma de explotación da terra[14]. Con todo, a renda continuaría a ser o factor que marcara o establecemento dunhas relacións de produción que funcionaba como unha forma de apropiación do excedente campesiño. Superaría así o chanzo de vínculo xurídico entre distintos niveis de dominio, pois en realidade trataríase dun mecanismo fundamental de explotación dos campesiños por parte das clases privilexiadas, que ademais funcionaría como baremo da riqueza que tería dispoñible unha persoa ou unha institución. Igual que o resto dos compoñentes do sistema agrogandeiro adaptáronse ás circunstancias, de modo que os contratos agrarios non foron en absoluto fórmulas obsoletas que perderan o seu sentido no transcurso do Antigo Réxime[15]. Por outra banda, o sistema agrario tampouco se mantivo estable a nivel produtivo, pois tendo en conta o peso dos condicionantes naturais aos que estaba constantemente sometido dada a súa natureza orgánica, sufría flutuacións na súa produción que determinaban situacións adversas de crises de subsistencias que ocasionaban episodios de mortalidade que tamén foron tratados polos investigadores[16].

Debemos asumir tamén que cando eses diferentes compoñentes dentro da actividade agraria se poñen en relación uns cos outros, asistimos a un fenómeno de variabilidade extrema que deixa patente a existencia de posibles diferenzas que podemos atopar sobre o territorio galego, pese ás cales, o aspecto común entre zonas é un fenómeno de constante intensificación no uso da terra e dos recursos asociados. Este proceso desenvolveríase durante todo o Antigo Réxime pero experimentaría unha acentuación dende finais do século XVIII e sobre todo no XIX en estreita relación co sostemento da cabana gandeira, que pasaba a desenvolver un papel fundamental na reprodución da economía familiar. Boa parte dos cambios introducidos buscan precisamente alimentar esa cabana, sendo as solucións adoptadas diferentes en función das posibilidades de cada rexión[17]. Nesta investigación trataremos de constatar estes cambios e comprobar a vía seguida para logralos na zona que estudamos, pero tamén hai que recoñecer que nalgunhas áreas preto de núcleos de poboamento importantes como é o noso caso, algúns aspectos relacionados coa xestión que se realiza do espazo agrario ou algúns respecto aos cultivos mesmos tamén poden estar

[12] Bouhier, A. (2001), Balboa López, X. (1990), (1999) e (2000), Soto Fernández, D. (2006), op. cit.; Saavedra, P. (1985); GEHR (1978); García Sanz, A. (1994); Soto, D.; González de Molina, M.; Infante-Amate, J.; Guzmán, G. (2016).
[13] Balboa López, X. (2008); Balboa López, X. L. e Fernández Prieto, L. (2000).
[14] García Sanz, A. e Garrabou, R. (1985); Herr, R. (1991), op, cit.; Villares, R. (1982) e (1994); Yoshiyuki Kondo, A. (1990).
[15] Villares, R. (1982), op. cit., pp. 30-35.
[16] Anes, G. (1974); Rodríguez Galdo, Mª X. e Dopico, F. (1981).
[17] Soto Fernández, D. (2006), op. cit., pp. 84-86.

relacionados co acceso dos campesiños ao mercado[18]. O que importa realmente é recoñecer que asistimos a un proceso de culminación, en tanto en canto a agricultura posuía un carácter de intensificación xa avanzado e que o reforzamento dos rendementos por unha banda, a xeneralización dos rendementos altos na maior parte das terras por outra, que se produciron dende 1752 a 1970, non fixeron senón amplificar e consolidar un estado de cousas adquirido dende unha data moito máis antiga[19].

Dentro do marco agrogandeiro no que nos movemos, ademais do estudo dos principais caracteres do funcionamento destas actividades, tamén haberá lugar para falar do apartado de cambios tecnolóxicos e innovacións introducidos polo campesiñado, remitíndonos na medida do posible á nosa área xeográfica de estudo[20]. A realidade das innovacións e a forma na que estas poden ser interpretadas está directamente relacionada coa idea do atraso económico das agriculturas española e galega e a controversia que xira arredor dela. Este concepto sería debedor de contextos pouco realistas que asocian capitalismo, progreso e industrialización segundo as pautas de funcionamento establecidas polo mercado, onde gardan un lugar destacado os comportamentos de crecemento máximo dos axentes económicos. A súa pervivencia axudou a reproducir un conxunto de mitos pouco operativos pero relevantes cientificamente que lastraron o desenvolvemento investigador[21]. A teoría, por outra banda, ten fondas raíces na sensación de atraso que existía en España a finais do Franquismo, fundamentada na evidencia da evolución española durante as catro décadas de ditadura, que proxectou a súa sombra extrema cara un pasado que fora substancialmente diferente. Se a isto lle engadimos que, a miúdo, soamente se considera a transferencia de tecnoloxías cando procede dos países líderes, en lugar de valorar as posibles imitacións endóxenas, comprenderemos que o clima de debate arredor das innovacións no noso país nacera lastrado por unha identificación xeral entre sociedade agraria e sociedade atrasada, que aínda se acentúa máis para o caso español[22].

Para superar este tipo de conceptos é necesario desbotar algunhas ideas previas que contaminan o estudo deste tipo de cuestións, cando menos dende un dobre punto de vista. En primeiro lugar, os autores que tratan de combater a idea do atraso desenvolven necesariamente unha visión medioambiental, de modo que se reivindica a importancia deste tipo de factores na explicación dos baixos rendementos, a lo menos ata que a agricultura española se transforma en industrial[23]. Porén, tampouco se defende que este tipo de razoamentos deban ser aceptados sen reservas, en tanto en canto unha agricultura próspera non é só o resultado dun solo fértil ou dunha climatoloxía favorable, senón tamén da intensidade coa que se aplica o traballo, o capital ou a tecnoloxía e a natureza da demanda social do solo. Neste sentido, tampouco habería que sobrevalorar os condicionamentos edafoclimáticos caendo nunha especie de determinismo ambiental, pero tampouco parece adecuado manter o poder substitutivo que ten a tecnoloxía respecto da natureza, ou entraríase en razoamentos idealistas que xeran a ilusión de que as limitacións ambientais foron sempre superables, e que tamén se sustentan na falsa suposición de que as solucións tecnolóxicas son indiferentes e polo tanto aplicables a calquera contexto ambiental[24].

En segundo lugar, a idea do atraso está moi arraigada nunha visión simplista dos procesos de innovación, asociados necesariamente á mellora tecnolóxica, que tamén debe ser matizada.

[18] Domínguez Martín, R. (1993) e (1996); Meijide Pardo, A. (1961) e (1998).
[19] Bouhier, A. (2001), op. cit., p. 1098.
[20] Fernández Prieto, L. (1992) e (2000); Soto Fernández, D. (2006), op. cit.
[21] Pujol, J. (2001), p. 16.
[22] Fernández Prieto, L. (2001), pp. 99-102.
[23] González de Molina, M. e Martínez Alier, J. (2001), pp.87 e ss.
[24] González de Molina, M. (2001b), p. 92.

Nesta liña, se temos en conta o contexto galego e a época na que nos atopamos, para analizar a dinámica do sistema agrícola débese prestar atención fundamentalmente aos cambios producidos na agricultura de base orgánica, partindo de que estes son o suficientemente importantes como para afectar ao funcionamento das explotacións familiares. Ignorar este feito suporía pasar por alto unha das bases máis importantes que caracterizan a agricultura galega e lévanos a ampliar a visión das innovacións introducidas. Sendo a solar a fonte enerxética dominante nas agriculturas de base orgánica, non significa que non se producisen transformacións, senón que estas se produciron nun contexto tecnolóxico non dependente de enerxías fósiles. En consecuencia, estamos ante prácticas e feitos que son moito máis lentos en avance como tamén difíciles de seguir e máis dependentes das limitacións medioambientais. Ademais, en contra da crenza xeral de que a pequena explotación familiar estaría nunha peor posición de cara a adquirir tecnoloxías e innovacións respecto da grande, hai que ter presente que neste momento no que nos movemos, anterior á revolución verde, a maior parte das técnicas adoptadas intensifican o uso da terra (sementes, novos cultivos con maiores rendementos ou melloras biolóxicas, por exemplo) e non son tanto aforradoras de traballo en termos de adquisición de grande maquinaria[25]. Así, a clave pasa por unha amplitude de miras e por non menosprezar outras innovacións máis vinculadas coas posibilidades e necesidades reais da agricultura, de tipo biolóxico, organizativo ou de adaptación de medios técnicos a base de pequenas melloras, sen esquecer que a lo menos ata a revolución verde, o agricultor é o único suxeito da innovación[26].

No caso de non incorrer neste razoamento, existe a vía intermedia que, sen aceptar a teoría do atraso por completo, introduce a idea do crecemento sen modernización, que no caso galego descansaría no rompemento de novas terras, na introdución de novos cultivos e na acumulación de traballo humano sobre a terra, sendo a estrutura parcelaria das explotación un obstáculo que non favorece ás innovacións. Fálase así dunha vía específica de evolución da sociedade tradicional, escollendo a diversificación antes que a especialización, cedendo parcialmente ás esixencias da economía de mercado sen mudar a orientación básica da súa explotación cara a satisfacción das súas necesidades. Unha vía onde o crecemento non implica mecanización e a ausencia desta non significa necesariamente estancamento[27]. Esta visión da modernización é, senón errónea, si claramente incompleta, interpretada unicamente dende a óptica do progreso material en xeral e identificada coa difusión da maquinaria en particular, de tal xeito que a ausencia de mecanización supón tamén a inexistencia de modernización. Respecto desta visión, sinálase que a ausencia de grandes cambios nos sistemas de fertilización orgánica anteriores ao século XX non significa unha realidade carente de novidades. Neste sentido, a visión anterior só pode resultar válida se entendemos modernización no sentido reducionista da revolución agrícola e se non somos capaces de apreciar unha evolución técnica e produtiva que vai máis alá da acumulación de esforzo como único factor explicativo do incremento da capacidade produtiva dunha agricultura exclusivamente agrícola[28]. Outro aspecto que se lle pode puntualizar á idea do crecemento sen modernización parte da consideración de que a explotación campesiña optara pola diversificación en lugar da especialización, aspecto que seguiría unha lóxica de cara á protección fronte a imprevistos e respondería a un razoamento de reprodución social e de seguridade. Os campesiños desenvolvían entón unha estratexia múltiple como solución e complemento, de modo que é así como se comprende que fomentasen a produción non

[25] Soto Fernández, D. (2006), op. cit., pp. 19-21.
[26] Fernández Prieto, L. (1999), pp. 255 e 257; (2001), op. cit., p. 101.
[27] Rodríguez Galdo, Mª. X. (1985), p. 100; García-Lombardero, J. (1973), p.125.
[28] Balboa López, X. e Fernández Prieto, L. (2000), p. 280.

especializada, baseada no principio da diversidade de recursos e de prácticas produtivas. Por iso mesmo tampouco serían exclusivamente traballadores agrícolas, senón que completaban esa actividade con outras prácticas produtivas e de recolleita, protexéndose das flutuacións que o azar, o clima e incluso o mercado provocaban nas economías domésticas. Esta estratexia fomentaba entre os campesiños o interese por reproducir e conservar tanto a diversidade biolóxica como a heteroxeneidade espacial, converténdoos en ecoloxicamente conservacionistas[29].

Para poder estudar as innovacións que tiveron lugar na época na que nos movemos, debemos ter en conta polo tanto xa antes de comezar, varias consideracións fundamentais. Como estamos nun momento anterior á introdución masiva de abonos químicos, o sistema enerxético presenta un ciclo moito máis pechado. Ao estar en estreita relación co medio, todo o que o propio sistema necesita para funcionar será obtido do propio entorno sobre o que se asenta, xa sexan materias primas ou enerxía. Os aportes de man de obra virán de parte tanto de persoas como de animais de traballo, pero ao fin, todos eles obteñen a enerxía da mesma fonte inicial, funcionando como convertedores e consumidores, obténdoa do propio sistema e tamén devolvéndolla. Como consecuencia directa disto ven a segunda cuestión a ter en conta, a de que as principais limitacións e factores que atopará o sistema para manterse e expandirse serán de tipo ambiental e de dispoñibilidade de fertilizante. Por iso son tan importantes no sistema galego por exemplo, as achegas dende o monte. Ademais, o sistema necesita un aporte de traballo que non poden garantir soamente as persoas, polo que haberá que recorrer á tracción animal, que cumpre así mesmo unha importante función fornecendo abono. En consecuencia, o sistema necesita manter un equilibrio necesario entre tódolos compoñentes que interveñen nel, pero por riba diso, todo pode fallar debido a condicións ambientais que gobernan o curso da natureza e que escapan en grande medida a calquera tipo de control, como son a escaseza de determinados recursos fundamentais, como a auga, ou os factores atmosféricos (en períodos de tempo curtos) e climatolóxicos (en períodos longos). A adquisición de innovacións por parte dos agricultores terá en conta todos estes condicionantes, pero tamén hai que pensar nos contextos polos que se introducen á hora de analizalas, tanto sociais como históricos. Esta sería a terceira consideración e sobre ela hai que realizar varios apuntamentos. No contexto galego a lo menos, a importancia das economías familiares de escala é dende logo fundamental e, tal e como acabamos de apuntar, as súas posibilidades para adquirir innovacións son absolutamente reais, pois estas non teñen que supoñer necesariamente un grande impacto económico para a explotación, aparte do feito de que, ao ser tamén de tipo biolóxico, non necesitan dun grande espazo para poder ser postas en marcha. É dicir, que as innovacións non teñen que ser necesariamente de difícil aplicación ou de grande custo económico para os agricultores e poden desenvolverse, segundo os niveis de adaptación e ensaio requiridos, nas propias explotacións[30]. Outra cuestión diferente será a da visibilidade deste tipo de manifestacións, moito máis difíciles de rastrexar nas fontes.

Hai unha dependencia fundamental, por outra parte totalmente lóxica, de que as innovacións deben acadar tecnoloxías ecoloxicamente adaptadas e economicamente viables, ademais de lograr a aceptación social de cara a que a súa difusión sexa posible. Neste sentido, os posibles retrasos na adopción dunha innovación non poden aducir unha suposta actitude irracional por parte dos agricultores, senón que obedecerán a unha lóxica que se debe tratar de coñecer. Fálase así da aceptación social da tecnoloxía, de xeito que para a súa explicación deben ser coñecidas tamén as condicións de recepción, os posibles instrumentos de mediación ou os mecanismos de incentivo, todo elo comprendido no contexto histórico no que se

[29] González de Molina, M. (1993), p. 22.
[30] Fernández Prieto, L. (2001), op. cit., p. 130; Soto Fernández, D. (2006), op. cit., pp. 41-42.

desenvolve a innovación. Insístese no abandono da idea dos campesiños atrasados e irracionais e en que o modelo de difusión dunha nova tecnoloxía non pode entenderse á marxe dos seus protagonistas[31]. En resumo, no estudo do contexto das innovacións debemos tratar de entrever a súa viabilidade ecolóxica, económica, a aceptación social (pero sen perder de vista que cada explotación ten unhas características propias que poden supoñer unha diversidade de criterios e asunción de riscos) e os propios caracteres históricos no momento no que a innovación aparece.

Tampouco podemos pasar por alto a análise dun contexto máis amplo a nivel internacional no que se desenvolve a revolución agraria pois, como xa se apuntou, foron a miúdo as innovacións esóxenas aquelas nas que a historiografía envorcou a súa atención dun xeito máis directo. Do mesmo xeito e en estreita relación con isto, tamén resulta de grande interese coñecer como esas ideas, novidades, técnicas e ao cabo, innovacións de calquera tipo que sexan, chegan ata o noso ámbito dentro de España. Para a primeira destas tarefas resulta fundamental coñecer os traballos sobre a realidade da revolución agrícola a nivel anglosaxón, destacando por exemplo os estudos no marco da mecanización. Neste ámbito realízanse referencias frecuentes ás realidades locais e aos seus condicionantes particulares, que servirían para xustificar os estudos en ámbitos xeográficos reducidos, apuntando, por exemplo, que este tipo de traballos son especialmente útiles dende o punto de vista demográfico[32]. No terreo das innovacións e seguindo esta liña, os estudos locais e rexionais son adecuados para poder recoñecer que estas teñen esferas limitadas de aplicación e diferentes ritmos á hora de seren adoptadas, en tanto en canto existen sistemas de cultivo moi diversos, xa non só no seu funcionamento senón tamén no relativo ás condicións nas que se desenvolven. Esta variedade daría lugar a necesidades diferentes, o que ao mesmo tempo suporía a necesidade de que se mantivese a existencia dunha diversidade de especies vexetais e razas animais a nivel rexional, de tal modo que o progreso na agricultura supón unhas consecuencias para a natureza e o carácter de vida rurais e que, ao variar esas consecuencias en grande medida dunhas áreas respecto doutras dependendo das circunstancias locais, a simple xeneralización non resulta sensata nin factible[33]. Pero a existencia desta diversidade non viría explicada soamente dende o interior do propio funcionamento dos distintos sistemas de cultivo, senón tamén dende os seus condicionantes externos, igualmente diversos. Recoñécese entre eles o influxo da lexislación, o manexo da terra que desenvolven os señores e os seus cambios evolutivos, o pago de impostos relacionados directamente con este último aspecto, a existencia dun mercado máis ou menos desenvolvido na zona ou toda unha serie de condicionantes estruturais entre os que estarían por exemplo as comunicacións e a súa calidade e grao de desenvolvemento[34]. Tamén é importante, polo tanto, ver a innovación como un proceso local, e como tal debe ser analizado, máis aínda no caso da agricultura[35].

Para coñecer a difusión das innovacións e ideas chegadas dende máis alá das nosas fronteiras nacionais podemos citar algúns traballos de autores como Argemí ou Lluch, con importantes estudos sobre a literatura relacionada coa agronomía e coa revolución agraria no noso país. De volta á península, a difusión das ideas da revolución agraria e da agronomía viría da man, especialmente dende finais do século XVIII, da tradución de obras procedentes de Inglaterra e Francia, así como de agrónomos españois que se fixeron eco dalgunhas das principais novidades sobre o tema. Este fenómeno da difusión de novas ideas en agricultura,

[31] Fernández Prieto, L. (2000), op. cit., p. 241.
[32] Jones, E. L. e Mingay, G. E. (1967), pp. 9-10.
[33] Mingay, G. E. (1977), pp. 5-30.
[34] Chambers, J. D. e Mingay, E. G. (1966), p. 45.
[35] Fernández Prieto, L. (2001), op. cit., p. 145.

que podía vir dada máis por intereses persoais ou profesionais que pola vontade de renovación da agricultura, tería como protagonistas aos botánicos e non os agrónomos como eses primeiros tradutores de obras estranxeiras que foron aparecendo en revistas especializadas relacionadas coas sociedades económicas agrarias cara o cambio de século. Unha produción escasa nestes primeiros compases e que non pasa da mera tradución de contidos, pero comezando a destacar a idea da agricultura como unha ciencia práctica que soamente necesitaba da química e da botánica para progresar. Un cambio de rumbo no enfoque que se debeu á desaparición de ilustrados preocupados por diversos ámbitos da actividade, e a súa substitución por parte de individuos cun enfoque máis tecnocrático e conservador, máis preocupados polas melloras de tipo científico e técnico e menos polos compoñentes políticos e sociais que si tiveran en conta os primeiros. Aspecto que permite explicar en parte un dos límites da introdución e expansión da chamada "nova agricultura", sobre todo no relativo aos contidos sociais e tamén políticos[36]. Cara a segunda década do século XVIII temos xa algúns traballos interesantes sobre a difusión da ensinanza de técnicas agrícolas[37].

Por outro lado, tamén se debate sobre os posibles contidos de fisiocracia que puideron ter algunhas das políticas que se aplicaron ou se intentaron aplicar sobre a agricultura da época no noso país, en comparación con ideas agraristas liberais ilustradas das que puidesen ser exemplo persoas como Jovellanos ou Campomanes. Parte das ideas fisiócratas foron adoptadas polo que tiñan de vello en lugar daquilo que resultaba unha maior novidade, e soamente na súa vertente agrarista, pero non polo seu núcleo teórico, de modo que estas teorías proporcionaron argumentos nos debates económicos do seu tempo sen que os economistas españois demostraran ser abertamente fisiócratas pero tomando a base teórica suficiente para defender determinadas posturas sobre políticas económicas. Dende este punto de partida, a confusión fixo que algúns dos traballos dos agraristas españois fosen definidos dentro do marco da fisiocracia como froito dun debate arredor de elementos comúns que tamén se desenvolvía en Francia. A este lado dos Pirineos, porén, non houbo ninguén que adoptara un esquema similar ao dos fisiócratas no país galo. Soamente posturas paralelas sobre problemas concretos, nalgúns casos facendo uso dos argumentos creados polos propios fisiócratas, pero sen integrar tódolos seus aspectos nun sistema firme e considerando a estes autores como avais para soster determinadas propostas[38]. Mentres que a agronomía reforzaba os aspectos técnicos, a fisiocracia enfocábase nas transformacións estruturais, complementándose a unha á outra, de tal xeito que a reforma agraria que implantaba un novo sistema de propiedade tería o seu correlato técnico nos avances botánicos e científicos. Pero a relectura que se fixo dos fisiócratas no cambio cara o século XIX e con anterioridades ás desamortizacións, buscando racionalizar as prácticas agrícolas e aumentar os rendementos sen realizar unha transformación da propiedade, soamente podía significar o aumento das rendas das clases terratenentes[39].

1.1.3. Análise da conflitividade

Nesta investigación, o estudo da conflitividade a partir dos datos obtidos nas fontes tamén terá unha grande importancia. Pese a estarmos ante unha documentación de natureza fiscal, o devandito estudo resulta non soamente posible senón ademais produtivo, pois como teñen sinalado algúns autores, a análise da Facenda non ten que confundirse coa descrición das figuras tributarias e o seu rendemento. Aceptar esta limitación suporía renunciar ao

[36] Lluch, E. e Argemí, L. (1985), pp. 2-43.
[37] Arias y Costa, A. S. de (1808) e (1816); Boutelou, C. (1816) e (1817); Quinto, A. de (1818).
[38] Lluch, E. e Argemí, L. (1985), pp. 49-98.
[39] Íbídem, pp. 188-195.

coñecemento da política fiscal da coroa e ao da realidade tributaria, que é o resultado de mediacións que rematan por facela moi distinta da teoría[40]. Dito isto e como veremos no apartado correspondente, empregaremos os fondos dispoñibles como un medio para estudar algúns aspectos sociais, entre os que a conflitividade, manifestada de diversas formas, terá un papel central. Cando as actas das xuntas locais dan conta de determinados comportamentos, o que queda patente realmente é unha forma de resistencia baixo a que se atopan unhas motivacións e uns obxectivos determinados que trataremos de analizar. Que algunhas persoas se resistan a ser nomeadas peritos aducindo un mal estado de saúde, que certos traballos se retrasen ou que os veciños non acudan a reunións da xunta sistematicamente son algúns dos exemplos que aquí abordaremos. A maiores destes feitos temos que incluír entre estas mostras de resistencia, por suposto, a ocultación de datos sobre as parcelas que se leva a cabo no marco dos rexistros da riqueza, que non afectan por igual a tódolos usos agrarios nin a tódalas parroquias. Todas estas prácticas demostran, en fin, a presenza dun conflito entre as comunidades e a administración, e como tal serán analizadas.

O principal problema co que nos atopamos é que detectar e analizar este tipo de estratexias non sempre resulta fácil porque non da lugar a grandes noticias nin a sucesos puntuais de renome, pois é o seu desenvolvemento, de xeito multitudinario, o que dá lugar a unha forma de protección baixo esas actuacións. Neste sentido, non adoita existir confrontación directa nin se dan episodios dramáticos, en tanto en canto a seguridade dos que incorren nestas prácticas radica no seu anonimato, por máis que os suxeitos poidan ser identificados de forma individual. En consecuencia, as autoridades tampouco dan difusión a estas insubordinacións, pois facelo significaría expandir tamén a idea de que unha determinada política, fiscal neste caso, resulta impopular, o que suporía reflectir así mesmo a súa propia debilidade[41].

Para comprender algunhas das actuacións desenvolvidas polos campesiños que imos analizar aquí, contamos coa axuda dos traballos dos grandes teóricos sobre as cuestións dos episodios de conflitividade, que se pode manifestar de moi diversas formas e en distintos graos. Conceptos hoxe moi estendidos como os de costume ou paternalismo resultan esenciais para comprender os motivos detrás destes actos. Debemos ter en conta a relación destas e outras ideas para entender como se facían valer na práctica e ata que punto rexían a conduta en canto a aquilo que os diferentes grupos sociais, especialmente o campesiñado, esperaban á hora de establecer contactos cos demais. Esas normas, dende logo, non tiñan que estar sistematizadas nin necesariamente recollidas por escrito pero, baseadas nunha serie de crenzas, usos e regras sociais, imbricaban as relacións e determinaban certos límites de comportamento nas clases poderosas. O costume, entendido como fonte de lexitimación e buscando a defensa de dereitos considerados como propios, vaise enfrontar en numerosas ocasións a intentos de racionalización ou a innovacións de diversa índole que pretenden impoñer os grupos dominantes, que son sufridos polo pobo en clave de explotación, expropiación de dereitos de usufruto ou alteración violenta das pautas de traballo e ocio. No marco da imposición dunha nova contribución, o sistema afecta a algúns destes aspectos por riba dos límites da tolerancia das clases populares (por exemplo, calendarios e forma de pagamento ou novas funcións que deben ser cumpridas por algúns veciños), producíndose o conseguinte conflito. Pois no mundo agrario, existe unha área de fricción entre a lei e a práctica agrícola que é precisamente o costume, que pode ser entendido como un escenario de

[40] Artola, M. (1982b), op. cit., p. 34.
[41] Scott, J. C. (1985), p. 36.

conflito de clases e que está moi estreitamente relacionado co dereito comunal, moi variable entre parroquias dependendo do seu contexto[42].

A expresión de economía moral no campesiñado, introducida por Thompson, resulta de grande importancia á hora de entender algunhas das formas de conflitividade levadas a cabo por este grupo social, así como a motivación que había detrás das mesmas, en tanto en canto o grupo espera unha serie de comportamentos por parte daqueles que teñen o poder. É este un concepto que se foi abrindo pouco a pouco dende que na súa introdución fora empregado polo seu autor para analizar enfrontamentos no mercado polo acceso aos alimentos máis esenciais. As posibilidades que presenta son, porén, maiores, e pode ser aplicado a calquera innovación en xeral, como un novo imposto. Nestes primeiros intres, a idea facía referencia a un conxunto identificable de crenzas, usos e formas asociadas coa comercialización deses alimentos esenciais en tempos de escaseza, pero tamén ás emocións que espertaba esa escaseza, ás esixencias que a multitude facía ás autoridades en tales crises e á indignación provocada pola especulación abusiva en situacións de emerxencia e que se traducían unha obriga moral particular de protestar. Un concepto que inclúe modelos ideais, que asigna papeis económicos e que aproba prácticas consuetudinarias nun equilibrio determinado de forzas sociais. Deste enfoque estendeuse outro promovido por James C. Scott, que aporta algúns matices diferentes e que para nós resulta tanto ou máis importante de cara a analizar a conflitividade campesiña que estudamos. Así, baixo a mesma definición de economía moral, son recoñecidos unha serie de conceptos campesiños de xustiza social baseada en dereitos, obrigacións, e na reciprocidade, considerándose que o costume perpetúa os imperativos da subsistencia e os usos que aseguran á comunidade contra o risco, e que eses imperativos se expresan tamén nas relacións de protección entre terratenentes e arrendatarios[43].

No contexto galego, na liña que comentamos no tocante aos enfrontamentos entre as comunidades rurais e a administración, algúns autores teñen avanzado na análise das estratexias antifiscais nas sociedades campesiñas. Ao fío das ideas de Scott ou Thompson, deféndese a existencia de principios igualitarios de reciprocidade e paternalismo entre os campesiños e os grupos poderosos como forma para acadar a lexitimidade dun sistema no que a riqueza e o poder están desigualmente distribuídos. Debe ser considerada tamén a evolución das condicións de intercambio respecto ao fisco ou os grandes propietarios, así como o grao de aplicación por parte destes dos principios de reciprocidade á que, dende a óptica dos campesiños, deben cinguirse por tratarse de normas de xustiza que non poden ser ignoradas. Tendo isto en conta, a explicación da fraude viría dende o momento no que o campesiño, ante unha redución do seu ingreso real, ve esgotadas as posibilidades de limitar o seu consumo, intensificar o uso da terra ou o seu esforzo en actividades non agrarias complementarias, podendo ser entendida esta práctica como unha ferramenta máis na súa estratexia de reprodución como grupo. Estratexia que por outra banda presentaba múltiples vías, coa diversificación dos traballos ou a especialización de tódolos membros da unidade familiar en distintas tarefas, o que da pé a que a análise dos fogares e as súas estruturas teña tamén un peso importante nesta investigación, seguindo a liña doutros estudos[44]. No peor dos casos a situación pode chegar a un punto no que se dean episodios de violencia se os perceptores de rendas, xa sexan os señores ou a administración, ignoran as normas de paternalismo e o dereito á subsistencia dos campesiños. Por outra banda, á hora de determinar o recurso á fraude debemos ter en conta dous factores: os máis obvios e de carácter obxectivo como o

[42] Thompson, E. P.: (1995), pp. 18-22, 116-122 e 131.
[43] Ibídem, pp. 380-384.
[44] Sobrado Correa, A. (2006), (2012) e (2016); Artiaga Rego, A. e Fernández González, A. (1997); Dubert, I. (1992); Saavedra, P. (1994) e (1995a).

produto neto que lle queda ao campesiño ou a forma de cobro dos impostos, pero tamén outros factores como a ideoloxía e o sistema de valores dos grupos sociais implicados[45].

Resulta evidente que o campesiño tratará de defraudar máis cando pase por unha peor situación ou cando o control dos perceptores de rendas se afrouxe, pero considerar soamente este tipo de feitos resulta nunha explicación simplista que non entra na valoración das ideas do campesiñado sobre os impostos que paga: se os considera gravosos en exceso, o que espera a cambio de efectuar o pago, ou que deberá facer para afrontalos. Tamén resulta lóxico pensar neste sentido que a existencia de crises agrarias e alimentarias ou de epidemias e en xeral, o desencadeamento de episodios puntuais que supoñan situacións de empobrecemento acusado entre os grupos máis humildes, dará lugar a unha maior sensibilidade por parte deses grupos desfavorecidos de cara á aplicación destas normas de xustiza moral coas recadacións de tributos e rendas. De igual forma deberemos valorar que o tipo de fraude non será o mesmo dependendo dos mecanismos de recadación que se lle esixan ás comunidades. É dicir, non é o mesmo defraudar no contexto do décimo eclesiástico en especie, que facelo de cara a un pago que a administración central esixe en metálico. A fraude aquí segue por suposto existindo, pero ten lugar nun momento anterior ao pago, en forma de ocultación como xa sinalamos e como desenvolveremos no debido epígrafe. Esa ocultación busca, como é lóxico, a imposición de pagos persoais menores a cada veciño cando se realice o cálculo final en función do que cada un teña valorado. Deste xeito, nos rexistros que manexamos resulta de moita importancia o que aparece neles, pero non será menos importante aquilo que non está reflectido, pois aínda que non poidamos coñecer o seu alcance exacto, é clara a existencia dunha forma de conflitividade cara a administración central. O seu grao de desenvolvemento estará estreitamente relacionado coa capacidade e o interese das autoridades para vixiar todo este proceso de inventariado.

Por outra banda, a fraude estaba lonxe de ser o único modo de discordancia popular nesta época, de modo que pese a que durante o século XIX os conflitos raramente superaron o ámbito parroquial e comarcal, a situación de relativa tranquilidade que se viviu no territorio era só aparente. Así, xunto ás estratexias de baixo risco e que non requirían de demasiada organización, existían outras formas de conflitividade máis agudas. Ademais dos episodios de natureza fiscal houbo outras cuestións que suscitaron conflitos, como a política de despoxo e renovación de rendas que os máis importantes titulares do dominio directo da terra quixeron realizar dende mediados de século. Por outra banda, do mesmo xeito que defendeu a consolidación no dominio útil da terra, o campesiñado foi protagonista dunha encarnizada defensa dos dereitos de aproveitamento das terras comunais que facían viables as súas explotacións[46]. No que se refire aos montes concretamente, despois de que a lexislación liberal os condenara á confusión e equiparación cos comunais de titularidade municipal, os montes veciñais deixaron de existir a nivel legal, especialmente despois da implantación xeneralizada dos concellos dende 1835. As comunidades rurais tiveron que enfrontarse á ameaza que supoñía que tódolos montes comúns, equiparados agora a titularidade pública, foran obxecto de venda nos procesos desamortizadores, en lugar de ser considerados como propiedade colectiva ao mesmo tempo que privada. No caso galego, a autonomía das comunidades respectouse maioritariamente, de tal xeito que moitas das disposicións aprobadas pola administración central foron ignoradas sen máis, sen que as corporación locais interferiran no asunto da xestión dos montes veciñais. Porén, cando as desamortizacións atacaron estes montes a través da ameaza directa de vendas e poxas abertas, as comunidades fixeron o posible para evitar o cambio de estatus dos mesmos, demostrando así unha gran

[45] Fernández González, A. (1994).
[46] Hervés Sayar, H.; Fernández González, A.; Fernández Prieto, L.; Artiaga Rego, A; Balbóa López, X. L. (1997).

capacidade de organización. Ou ben eran as propias corporacións locais as que significaban un obstáculo para a catalogación e rexistro dos montes vendibles, ou era a organización e actuación das comunidades rurais a que adoitaba dar ao traste cos labores de catalogación, rexistro e posteriores intentos de venda[47]. Polo tanto, xa fose mediante o recurso á fraude, a través de episodios puntuais de protesta ou mediante a coordinación de toda a comunidade para facer presión, os campesiños loitaron con aceno para defender aquilo que lles permitía seguirse reproducindo como grupo e como comunidade. A deriva destes conflitos en grandes preitos que xa requirían dunha certa organización era outro dos desenlaces posibles ante comportamentos deste tipo[48].

Con todo, resulta claro que o pago en metálico cambiou bastante as regras do xogo, de maneira que a configuración e o cobro dos cupos fixados no sistema de Facenda impulsado por Martín de Garay supuxeron un duro golpe para aquelas normas morais e paternais que para os campesiños eran de obrigado cumprimento. A realidade cambiaría claramente a partir de mediados do século XIX, coa eliminación da fiscalidade eclesiástica en 1841 e cando a reforma de Mon establecese un sistema máis centralizado con pagos en metálico a través da contribución de inmobles e de consumos como principais figuras impositivas, pero o razoamento que se aplica a esta reforma pode tomarse en boa medida tamén para o sistema de contribución de 1817. Como consecuencia das novas esixencias, o campesiñado debía conseguir numerario, nun contexto no que cambian radicalmente as súas relacións coas elites e co Estado, posto que o modelo paternalista que as presidía desaparece en boa medida. Como as cantidades se establecían de forma previa, o repartimento da carga fiscal quedaba en mans do goberno local e dos maiores contribuíntes, os cales non dubidaron en trasladala aos campesiños, que se viron incapacitados en boa medida para alterar a súa base impoñible e a cantidade que se lle esixía[49].

Finalmente, o recoñecemento desta realidade lévanos a identificar tamén, cando menos, que a conflitividade non se dirixía soamente cara a administración central como se esta fose un ente abstracto. Observamos como se pode deducir un certo compoñente de enfrontamento entre o campesiñado e as autoridades locais, que nalgunhas ocasións quedará demostrado perfectamente. Como as corporacións encargadas de todo o proceso están dirixidas polos poderes locais correspondentes, o mesmo pasará cos choques entre os distintos niveis da administración, que poden ser interpretados en clave de pugnas entre distintos grupos de elites locais con diferentes intereses, os da localidade cabeza de partido e os que podemos atopar á fronte doutros núcleos onde se sitúan as xuntas de pobo. Polo tanto, o conflito no marco do sistema de Facenda, reproduce perfectamente as tensións que xa estiveran presentes no corpo social.

1.1.4. Achegamento ás realidades locais e rexionais

Pese a que acabamos de realizar un breve repaso xeral que nos serve de marco para a nosa investigación e os principais temas que serán tratados nalgúns dos capítulos que a compoñen, debemos facer algunha referencia necesariamente á existencia de realidades máis concretas a nivel local. É dicir, que tamén debemos centrarnos na existencia dun contexto máis reducido que pode afectar á nosa área de estudo, comprendida nas antigas provincias de Betanzos e Coruña. Tal é a necesidade que nos pode levar a recoñecer a posibilidade de que nesas realidades locais se dean feitos ou procesos particulares que, se ben non terían que supoñer necesariamente grandes alteracións, si poderían matizar os aspectos xerais que se

[47] Artiaga Rego, A. e Balboa López, X. (1997); Balboa López, X. (2002).
[48] Saavedra, P. (1996).
[49] Fernández González, A. (1994), op. cit., pp. 124-125.

desenvolven como fondo, funcionando como condicionantes que inflúan na área que aquí estudamos. A organización e articulación do territorio, a presenza de dous núcleos de poboación importantes que se constitúen en capitais provinciais e que apenas están separadas arredor de trinta quilómetros, entre outros pobos e vilas importantes entre os que cabe destacar o de Ferrol, poden supoñer algunhas variables importantes que afecten ao desenvolvemento dalgúns dos aspectos tratados ata o de agora. Neste sentido, estamos ante un traballo arduo e extenso, pois o estudo de condicionantes locais levaranos de xeito obrigatorio a ter en conta producións e aportes case de calquera tipo e temática que nos poidan achegar algún coñecemento útil, co obxectivo de recoñecer a posibilidade da existencia de dinámicas que afecten, aínda que sexa de forma indirecta e con independencia de se son de natureza demográfica, social, política ou económica, ao marco local-comarcal que temos entre mans.

Antes incluso de chegar a isto, toda investigación a eses niveis debe comezar primeiramente polo correcto coñecemento da zona sobre a que se desenvolve a nivel territorial, tanto dende o campo físico como dende o administrativo. A este respecto, o estudo a nivel xurisdicional nas provincias de Betanzos e Coruña avanzou notablemente gracias a algúns traballos realizados a cabalo dos anos oitenta e noventa[50]. Por debaixo deste nivel, porén, os estudos de división parroquial son tamén moi útiles, en tanto en canto estas unidades, pese aos cambios introducidos co tempo pola administración tanto eclesiástica como civil no modelo organizativo básico do territorio, non se alteraron de forma significativa a nivel territorial[51]. Como espazo consolidado de convivencia e relación que reforzaba os vínculos sociais dos seus habitantes, o achegamento á súa estrutura resulta esencial xa que, en última instancia, os repartimentos da contribución xeral quedan organizados dacordo coa súa estrutura[52]. Por último temos que valorar tamén as achegas realizadas polos contemporáneos, que nos legaron descricións corográficas así como das principais actividades económicas das áreas que máis nos interesan[53]. Este tipo de estudos achéganos polo tanto unha información de grande valor para a configuración dun marco xeográfico descritivo e organizativo, pois permiten o coñecemento bastante exacto dos límites das divisións internas de todas estas unidades territoriais.

Porén, algúns destes traballos presentan tamén un importante aspecto teórico no que se chama a atención sobre diversas cuestións que é necesario ter en conta. Para comezar debe salientarse que empregar termos como límites ou fronteiras debe ser matizado cando falamos desta época, pois a realidade resulta difusa en ocasións e non é raro que algunhas parroquias, sendo abordadas como entidades territoriais, aparezan no territorio doutra provincia diferente á que pertence a xurisdición na que orixinalmente se inscriben. Un fenómeno que viría explicado pola variedade de ordenamentos territoriais de distinta natureza e pola falta dun criterio homoxéneo de organización do territorio. Outro aspecto destacado sería o relativo á función intermediaria que a provincia cumpría no Antigo Réxime entre os representantes da administración central e as diferentes xurisdicións interiores nas que aquela se divide, e que se concretaban nalgúns asuntos de suma importancia, como poden ser cuestións de levas militares ou arredor de repartimentos impositivos que aquí tanto nos interesan. Veremos de feito a importancia da provincia como unidade territorial á hora de efectuar estas asignacións de impostos, pois na cabeza de cada unha das galegas atoparemos unha corporación que recibiu o nome de xunta de partido. Ademais, de cara á organización territorial tamén pode ser

[50] Erias Martínez, A. e González Fernández, X. M. (1989); Río Barja, F. e Vidal, V. M. (1989); Río Barja, F. (1990).
[51] Precedo Ledo, A. e Gallego Priego, M. (2001), pp. 11-15.
[52] Precedo Ledo, A. e Gallego Priego, M. (2001), op. cit.; Miralbés Bedera, Mª R.; Torres Luna, Mª P. de; Casas Torres, J. M. (1976); Miralbés Bedera, Mª R.; Torres Luna, Mª P. de; Rodríguez Martínez-Conde, R. (1980).
[53] Cornide y Saavedra, J. A. (1991); Labrada, J. L. (1804); Larruga, E. (1787-1800).

interesante ter en conta as naturezas diferentes que poden ter os dominios xurisdicionais no territorio que estudamos. Falamos por exemplo de áreas baixo dominio de nobres, da autoridade eclesiástica ou dependentes dun estatuto de reguengo, o que redundaba en que os diferentes cargos da administración encargados de coidar do correcto funcionamento desta estrutura organizativa actuaran de determinada forma segundo criterios que lles eran dados dende instancias superiores dacordo cun poder local que en ocasións derivaba de prerrogativas señoriais[54].

Con todo, a figura do Intendente Xeral resultará importante nalgunhas labores de xestión relacionadas coa posta en marcha e co devir do proceso de organización da contribución, como cabeza máis visible da xunta principal provincial, o máximo organismo responsable a nivel do territorio galego. Do dito tamén haberá que ter en conta que tódolos aspectos básicos do funcionamento do sistema de organización territorial se atopan na base da configuración dun sistema de relacións entre uns contribuíntes e unha administración no marco da posta en marcha dunha contribución como a impulsada por Martín de Garay. Este sistema de relacións funciona dun xeito concreto e determina entre outras cousas, certas formas de resistencia e conflitividade que se poñerán de manifesto á hora de tratar a xente cos repartimentos que lle foran impostos a raíz da implantación do novo sistema de Facenda. Esa resistencia non será aleatoria e organizarase, a miúdo, a nivel parroquial. Por outra parte, as queixas e dúbidas dirixiranse a determinadas autoridades como o intendente, mentres que os pagos debían ser conducidos a certos lugares. Todo derivado, en fin, dunha determinada organización administrativa que se desprega sobre un territorio.

Ademais da realidade territorial máis inmediata, no tocante a este contexto a nivel local teremos que analizar tamén as posibles particularidades que se dean no ámbito económico, entendido este de xeito amplo, de xeito que non soamente se englobaría exclusivamente a toda a actividade agrogandeira, senón tamén outras actividades manufactureiras e, por suposto, o comercio. No primeiro caso, gozamos dalgúns estudos que se centraron, total ou parcialmente na análise deses caracteres agrícolas para a nosa zona de estudo ou partes importantes dela. Temos así análises sobre aspectos da agricultura ou do gando, que nalgunhas zonas mesmo poden ter certas similitudes coas propostas estudadas noutras áreas, como a mindoniense[55]. Na área betanceira, de feito, afírmase que en liñas xerais, a provincia pode ser dividida en dúas áreas, a de beiramar e a interior, sendo esta última unha área de transición cara a meseta luguesa e participando de moitas das súas características[56]. Por outra banda, sabemos que certos aspectos comerciais, dada a demanda dos núcleos coruñés, brigantino ou ferrolán deixaron notar claramente o seu influxo nos modos de produción das áreas ao seu redor, como demostran os numerosos estudos comarcais realizados sobre unha vitivinicultura estritamente regulada, o curtido de peles efectuado en numerosos centros do arco ártabro ou a pesca e salgadura de peixe[57]. Algunhas destas actividades darían lugar a un prolixo comercio pola vía marítima, a miúdo explotado por negociantes foráneos, que tamén incluía a importación de materia prima para o desenvolvemento das mesmas e que non estivo exento de fenómenos de conflitividade[58]. Por outra banda, a situación dalgúns dos principais núcleos da área respecto do mar e a marea (caso de Pontedeume e sobre todo Betanzos) limitaron consecuentemente,

[54] Erias Martínez, A.; González Fernández, X. M. (1989), op. cit., pp. 18-20 e 52-55; Precedo Ledo, A. e Gallego Priego, M. (2001), op. cit.; Miralbés Bedera, Mª R.; Torres Luna, Mª P. de; Casas Torres, J. M. (1976), op. cit., pp. 6-7.
[55] Bouhier, A. (2001), op. cit.; Saavedra, P. (1985), op. cit., (1990a) e (1995b); Rodríguez Galdo, Mª X. e Cordero Torrón, X. (1981); Cordero Torrón, X.; Dopico, F.; Rodríguez Galdo, Mª X. (1983).
[56] Rodríguez Galdo, M. X. e Cordero Torrón, X. (1981), op. cit., p. 49.
[57] Meijide Pardo, A. (1961), (1986), (1991), (1993), (1995) e (1998); Gil Merino, A. (1982); Saavedra, P. (1992); López Calvo, X. A. (2018).
[58] Dubert García, I. (2008) e (2016); López Calvo, X. A. (2011).

por cuestións de tonelaxe das naves, o desenvolvemento deste comercio a unha escala maior pese á vocación mariñeira destas poboacións[59]. O reflexo destas prácticas económicas nos rexistros que manexamos, porén, presentará algúns problemas que abordaremos na sección correspondente.

Por último, para un mellor coñecemento da nosa comarca, ademais dos aspectos que levamos citado, hai que facer obrigada referencia ás posibles particularidades demográficas e sociais que poidan presentarse nela. Por exemplo, moitos dos estudos sobre os aspectos comerciais preocúpanse, como acabamos de dicir, de abordar tamén os grupos encargados da súa explotación e as particularidades que presentan. Sobre algunhas vilas, como a de Betanzos, viron a luz estudos locais sobre os distintos grupos sociais presentes na súa área, especialmente dentro do propio núcleo. A través dos datos obtidos no Catastro de Ensenada ademais de fontes notariais, fundamentalmente, estes traballos serven como punto de referencia para o achegamento á realidade social da nosa área de estudo, habida conta de que, pese a que moitas das parroquias que estudamos presentan un compoñente esencialmente rural, moitas delas están próximas a cidades e vilas de importancia[60]. Dende logo, o seu influxo non pode ser ignorado. A análise da composición de grupos como a fidalguía, o clero, o artesanado, os comerciantes e por suposto o campesiñado resulta de grande axuda para achegarnos ao contexto local, posto que cada un responde a unha lóxica diferente e organízase arredor de certas actividades, sendo a agraria moi importante na maioría dos casos, ben polo traballo directo na mesma ou ben pola inversión realizada en terras por parte dos grupos máis poderosos.

Por outra banda, debemos coñecer tamén os posibles episodios particulares que afectasen á poboación, ante casos de mortalidade catastrófica por malas colleitas ou enfermidades, pois puideron ter implicacións de consideración no devir das actividades agrogandeiras e nas demais actividades económicas. A primeira metade do século semella bastante estable en canto a este tipo de sucesos, especialmente o primeiro cuarto, pero con posterioridade, o aumento da mortalidade foi documentado nas crises agrarias de 1823, 1837-1838, 1848-1849 e 1851-1855, que romperon o equilibrio entre os recursos e a poboación[61]. Cara a metade do século, as epidemias de febre tifoide, en 1853, e a de cólera, en 1854-1855, castigaron unha poboación xa debilitada, especialmente nos núcleos máis poboados, aínda que estes sucesos superan os límites temporais desta investigación[62]. As investigacións locais convértense así en grandes aliados do noso traballo, aclarando coas súas contribucións temas que resultan de grande importancia e interese para coñecer os aspectos específicos que afectan á área de estudo na que nos movemos, xa que quizais se desvíen nalgúns momentos das pautas xerais que nos mostran obras de ámbito xeográfico máis amplo.

1.1.5. A vertente medioambiental deste traballo

Por último temos que remitirnos á vertente medioambiental que esta investigación pretende ter presente. Como se segue do apuntado máis atrás, o desenvolvemento desta visión contribuíu no terreo histórico a desbotar a idea do atraso que se lle atribúe á agricultura, aínda que dende logo vai moito máis alá e desenvolve moitos outros temas. A historia ecolóxica tería sido unha corrente de investigación moito máis xove que outras máis tradicionais, pero son cada vez máis os investigadores que a desenvolven e que se decatan de que para traballar

[59] Meijide Pardo, A. (1991), op. cit., p. 51; López Calvo, X. A. (2011), op. cit., p. 154.
[60] Vaquero Lastres, B. (1986), (1987), (1988), (1989), (1990) e (1992).
[61] Veiga Ferreira, X. Mª (1987).
[62] Veiga Ferreira, X. Mª (1988); Carro Otero, J. e Fernández Fernández, C. M. (1989).

no marco do mundo agrario, os enfoques que ofrece son imprescindibles[63]. Un movemento que aparece a consecuencia da crise ecolóxica que estamos a vivir e que se manifesta de moi diversas formas a nivel de contaminación, de sobre explotación de recursos ou de diminución acentuada da biodiversidade por poñer algúns exemplos, e que se converteu no que algúns autores identificaron como unha crise da civilización occidental, pois afecta a grandes ámbitos a tódolos niveis humanos, sacudindo as bases do mito do desenvolvemento económico indefinido e das políticas económicas de consumismo. Este tipo de historia propugna, para comezar, algo tan sinxelo e aparentemente lóxico como a necesidade de ter en conta os condicionantes ambientais á hora de realizar un estudo de actividades relacionadas co medio, avogando por unha toma de conciencia por parte dos historiadores en canto á imposibilidade de ignorar as leis da natureza e en canto á crenza de que se podería pasar por riba das pautas físicas e biolóxicas que rexen unha determinada forma de vida, que teñen sido ignoradas tradicionalmente nas análises económicas e sociais. A historia ecolóxica debe ser entendida coma unha nova forma de comprender a evolución do ser humano, de tal forma que o seu pasado sexa tamén o da súa relación co medio ambiente que o rodea e no cal habita e sobrevive. Deste modo, pese a seguir estudando os mesmos obxectivos, os investigadores deberían asumir e interiorizar unha perspectiva que os levaría a ter en conta as repercusións dos actos humanos sobre o medio e, tamén ao revés, as limitacións que ese medio lle impón ao desenvolvemento e ás transformacións que o ser humano leva a cabo[64].

Estas dúas esferas son completamente inseparables, o que favorece a aparición do concepto de interdependencia para aclarar que ningún ser vivo pode ser quen de sobrevivir illado da natureza e dos demais organismos. Nin sequera o ser humano a través de avances tecnolóxicos pode facelo, pois o único que conseguiría sería realizar cambios nos patróns de interdependencia coa natureza, pero nunca librarse deles, o cal é unha constante que se estende dende os nosos máis remotos antecesores ata os nosos días[65]. Pese á lóxica desta afirmación, o empeño por parte do ser humano para ignorala foi constante, sobre todo despois de que as ideas da revolución científica permitiran a mutilación do medioambiente, contribuíndo a remodelalo fomentando o cambio tecnolóxico. A idea de que a ciencia estaba aos pés do ser humano para superar e coñecer os misterios da natureza e servir á prosperidade lexitimou todo tipo de manipulación medioambiental onde queira que se afianzara a ciencia moderna[66].

Nun contexto de estudos agrogandeiros e como resultado desa relación inseparable entre home e medio, aparece o concepto de agroecosistema. Este non sería outra cousa que o resultado de adaptar, artificialmente, os ecosistemas naturais ás necesidades do ser humano mediante diversas prácticas e establecendo as conseguintes relacións mutuas. O grao de viabilidade das prácticas desenvoltas polo home en relación ao espazo físico no que se producen mediríase en termos do que coñecemos como sustentabilidade, á que tamén faremos referencia. O de agroecosistema serve como concepto analítico básico co que aludir á articulación específica que presentan os seres humanos dun territorio cos recursos naturais, quedando patente dita articulación nunha estrutura interna de autorregulación continua, isto é, de automantemento e autorrenovación. Dende esta perspectiva, a estrutura interna dos agroecosistemas resulta ser unha construción social, produto da evolución conxunta dos seres humanos coa natureza, de modo que os sistemas agrarios poden ser entendidos realmente

[63] González de Molina, M. (1993); González de Molina, M. e Sevilla Guzmán, E. (1993); McNeill, J. R. (2003) e (2013); Worster, D. (1991) e (1994).
[64] González de Molina, M., (1993), op. cit., p. 4 e ss.
[65] Worster, Donald: (1994), op. cit., p. 429.
[66] McNeill, J. R. (2003), op. cit., pp. 393-394.

como ecosistemas artificiais que por suposto poden cambiar e mudar, dacordo coa dinámica de interacción entre factores naturais e humanos que se dea en cada unha das partes que o compoñen. Finalmente, o resultado desa mutua relación entre tódolos distintos compoñentes do agroecosistema mostrará un particular grao de eficiencia ecolóxica, ou o que é o mesmo, a capacidade do sistema para producir a máxima cantidade de bens co menor custo enerxético posible e coa maior capacidade de perdurar sen alterar a estabilidade do ecosistema[67]. É dicir, que ante as necesidades do grupo humano (variables sociais), o ecosistema sobre o que este se asenta ofrece unhas características que acaban por establecer unhas limitacións (variables naturais), sendo a clave última o equilibrio entre unhas e outras (satisfacer as necesidades sociais sen prexudicar a estabilidade dos compoñentes naturais, o que implicaría un deterioro constante dos mesmos e un eventual colapso).

Avanzando pola vía de como o ser humano e o medio se inflúen mutuamente e se relacionan e ao fío das ideas anteriores, resulta de grande importancia observar o modo en que o home afronta as limitacións determinadas polo medio natural. Falamos disto, claro está, nun contexto de sociedades tradicionais e sistemas de agricultura orgánica, anterior ao do desenvolvemento do capitalismo que trouxo consigo a substitución da lóxica da subsistencia pola do beneficio, e que deixou reducidas tanto a terra como os seus produtos a meras mercadorías[68]. Cada agroecosistema posúe un límite de explotación e de apropiación dos seus recursos por parte do home que non se pode superar, a risco de comprometer de xeito crítico a capacidade de renovación do medio. É aquí onde se introduce o concepto de sustentabilidade, que defende a análise dun certo agroecosistema para valorar a viabilidade de tódolos aspectos que se combinan no seu seo, tanto os de base social como os de tipo natural. Así, a base do desenvolvemento sostible pasaría pola comprobación de ata que punto un determinado sistema acada a satisfacción das necesidades dos individuos nun momento dado, facéndoo ademais sen comprometer as posibilidades das xeracións futuras.

Con todo, estaríamos ante un termo cunha recoñecida imposibilidade de cara a establecer unha definición concisa e universal do mesmo debido á súa realidade dinámica, o cal é debido a que a análise da sustentabilidade e dos seus criterios cambia co tempo, por exemplo en función dos avances da ciencia e da tecnoloxía, das preocupacións de cada época ou de cales son os recursos que se queren protexer. Nun intento de definición podería dicirse da sustentabilidade que é a capacidade dun agroecosistema para manter a súa produción a través do tempo superando, por unha banda, as tensións ecolóxicas e, pola outra, as presións de carácter económico. A estabilidade é un criterio esencial, pero entendida tanto dende unha óptica económica como tamén biolóxica, sendo posible e de feito frecuente que ámbalas dúas non coincidan e que a miúdo se logre a primeira a costa da segunda. Outros criterios serían o de adaptabilidade fronte a cambios e presións e tamén o de autonomía, en referencia á capacidade interna que ten o sistema para subministrar todo aquilo necesario para o seu correcto funcionamento sen depender de inputs externos[69]. Baixo estes principios, o crecemento económico continuado remata por non ser sustentable, pois un aumento constante das magnitudes económicas é imposible de manter indefinidamente nun sistema planetario que ten uns recursos finitos e non dispón dunha tecnoloxía que permita a reciclaxe absoluta dos mesmos. Fronte ao desenvolvemento entendido de forma cuantitativa si sería posible un de tipo cualitativo onde poderían introducirse unha serie de principios de equidade, xustiza interxeracional, protección social e ambiental ou fomento de capital humano[70].

[67] Guzmán Casado, G., González de Molina, M., Sevilla Guzmán, E. (2000), pp. 86 e 93-95.
[68] González de Molina, M. (1993), op. cit., p. 29.
[69] Guzmán Casado, G., González de Molina, M., Sevilla Guzmán, E. (2000), op. cit., pp. 97 e ss.
[70] Martín Palmero, F. (2004), p. 53.

Foron os traballos do matemático, estadista e economista Nicholas Georgescu-Roegen os que comezaron a chamar a atención sobre estes aspectos de degradación, a partir da aplicación da segunda lei da termodinámica aos procesos de natureza económica e produtiva. Mediante o principio da que se deu en chamar Cuarta lei da Termodinámica postúlase precisamente que en todo sistema pechado, a materia utilizable degrádase de xeito irremediable a un nivel non utilizable mediante un proceso de entropía. Tendo en conta que o proceso económico consiste materialmente nunha transformación de baixa en alta entropía (recursos naturais que se transforman en produtos que finalmente rematan en refugallos) e dado que esa transformación é irrevogable, os recursos naturais deben constituír parte da noción de valor económico[71]. Non obstante e como resultado disto, hai investigadores que se preguntan se os recursos afectados pola entropía, é dicir, aquilo que se degrada, poden ser realmente medidos en termos económicos, ata o punto de afirmar que a análise do funcionamento dunha economía dende o marco do valor supón unha limitación que deixa fóra do sistema unha serie de recursos dificilmente avaliables dende esta óptica[72]. Máis alá da medición dende un punto de vista económico, as consecuencias dos actos do presente poden chegar a manifestarse no futuro e non na actualidade na que son medidos. Por outra banda, tamén se pon en dúbida a conversión destes elementos en meros valores numéricos ou aritméticos, alegando que os modelos matemáticos non poden incorporar facilmente aspectos de cambio cualitativo como sería a degradación do medio ou a irreversibilidade da transformación dos recursos naturais[73].

En consecuencia, o escaso alcance do enfoque económico ordinario rematou por xerar un medioambiente físico fóra da actividade económica e completamente descontextualizado, que a miúdo non foi obxecto de estudo. Terían sido os economistas de finais do século XIX e principios do XX os que remataron baleirando así a noción de produción, separando por completo o razoamento económico do mundo físico e completando a ruptura que desprazou a idea de sistema económico ao mero campo do valor, onde seguiu ata que as recentes preocupacións ambientais demandaron novamente as conexións entre o económico e o físico. Co uso do razoamento monetario como guía de xestión péchanse os ollos aos deterioros ambientais, pero tamén sociais, que dita xestión orixina, rexistrándose soamente o custo de extracción e de manexo dos recursos naturais pero non o de reposición. Á súa vez, isto favorece o deterioro, que privilexia as desigualdades sociais e territoriais a través do diñeiro e das súas ramificacións financeiras[74].

As obras adscritas a esta forma de facer historia, ecolóxica e ambiental, realizan unha chamada de atención sobre o feito de que, a diferenza da agricultura tradicional, a moderna poder operar cun balance enerxético negativo, consumindo máis enerxía en forma de combustibles, abonos e pesticidas da que conteñen os alimentos producidos. Deste modo, estamos ante un negocio de conversión de materiais supeditado á dispoñibilidade de enerxías fósiles[75]. Así, o sistema agrario rompe relacións respecto do medio no cal se atopa, o que redunda nun desfase de fluxos enerxéticos cuxas implicacións quedan patentes no abandono de terras, pois ao ser o sistema actual unha illa independente sobre un territorio, grandes cantidades de terra deixan de ser necesarias posto que a enerxía necesaria para o funcionamento do proceso produtivo é obtida dende fóra do mesmo. Mesmo as distintas

[71] Georgescu-Roegen, N. (1996), p. 39-64. Para o coñecemento sobre cuestións relacionadas coa entropía aplicada aos procesos económicos pode ser consultada Naredo, J. M. e Valero, A. (1999), pp. 157-206.
[72] Soto Fernández, D. (2006), op. cit., p. 44.
[73] Martínez-Alier, J.: From political economy to political ecology, en Mayumi, K e Gowdy, J. M (1999) pp. 25 e ss.; Miernyk, William H.: Economic grouth theory and the Georgescu-Roegen paradigm, en Mayumi, K e Gowdy, J. M (1999), pp. 69 e ss.; Naredo, J. M. e Valero, A. (1999), p. 17.
[74] Naredo, J. M. (2006), pp. 8-39.
[75] González de Molina, M. e Martínez Alier, J. (2001), op. cit., p. 50.

ramas do proceso produtivo agrario están separadas unhas das outras, podendo observar como as explotacións gandeiras obteñen a enerxía pola vía da introdución de pensos sen ter en conta as posibilidades alimenticias que potencialmente existen nas terras circundantes. De igual forma, as explotacións agrícolas obteñen enerxía pola vía de abonos químicos que tamén se importan dende o exterior do sistema, sen ter en conta as posibilidades que ofrecerían para o abonado as técnicas tradicionais que se relacionaban co gando. Así aparecen problemas como o abandono dos montes, que en Galicia se traducen en incendios forestais que asoballan extensións de terreo enormes cada ano[76].

A solución a estas cuestións pasaría por un cambio nos modelos de produción, pero tamén nos de consumo. Para algúns autores, cunha grande parte do planeta xa apropiada polos intereses económicos, o problema ecolóxico baséase sobre todo na necesidade de establecer unhas novas regras que faciliten a conservación dos recursos e do patrimonio natural. O recoñecemento xeneralizado da existencia dunha inadecuación sería o primeiro paso para implantar un enfoque que reconciliara a utilidade e o benestar propugnados pola economía coa estabilidade analizada pola ecoloxía. Por outra banda, o cambio dos patróns de vida e consumo presuporía modificar a idea de sistema económico, crecemento, desenvolvemento ou calidade e nivel de vida, non necesariamente cara outros peores, senón máis baixos en consumo material e enerxético. Porén, existe unha disxuntiva importante dado que as entidades encargadas de velar por un sistema monetario internacional que resulta ser incompatible con esa pretendida estabilidade non pensan en cambialo, mentres que ao mesmo tempo, o certo é que a pretensión de avanzar cara un mundo social e ecoloxicamente máis equilibrado e estable sen cuestionar as actuais tendencias expansivas é algo por completo inxenuo[77].

Afortunadamente, pouco a pouco a situación comeza a cambiar con iniciativas de diversa índole, a lo menos nalgúns ámbitos. Para tratar de ofrecer solucións aos problemas que se manifestan na crise ecolóxica que afecta ao campo, cada vez son máis os investigadores que afirman que se poderían atopar solucións na análise dos sistemas do pasado e que serían de utilidade para afrontar os retos do presente. Tendo isto en conta, estes estudos céntranse na análise das pautas de funcionamento de antigos sistemas agrarios que contaban cunha ampla lexitimación, xa que foron desenvoltas polos agricultores a partir de técnicas de ensaio e erro e pola vía da aprendizaxe cultural, ao tempo que poñen en valor coñecementos que posúen as culturas campesiñas. Dito doutra forma, contribúese á formulación con linguaxe científica de moitos dos coñecementos que atesouraban estes grupos. Deste xeito, a agroecoloxía reivindica un enfoque multidisciplinar, mediante a unidade entre as distintas ciencias naturais entre si e coas ciencias sociais, para comprender as interaccións existentes entre procesos agrarios, económicos e sociais. Un principio este último que pode ser entendido de dous xeitos, nun sentido restrinxido por unha parte ou ben noutro máis amplo. A nivel restrinxido, a agroecoloxía pode ser considerada coma unha técnica ou un instrumento para comprender o funcionamento e a dinámica dos sistemas agrarios, aplicando os coñecementos obtidos para resolver problemas agronómicos. Neste sentido hai análises centradas, por exemplo, nas dinámicas da biomasa e os seus cambios, ou nos nutrientes e a súa circulación e reposición[78]. Na outra banda, a comprensión máis ampla desta disciplina levaríanos a unha dimensión integral na que as variables sociais ocuparían un papel moi relevante, xa que as relacións establecidas entre os seres humanos e as institucións que as regulan constitúen unha peza

[76] Balboa López, X. (2008); Pyne, S. J. (1999).
[77] Naredo, J. M. (2006), op. cit., pp. 99-106; Naredo, J. M. e Valero, A. (1999), op. cit., pp. 43-56 e 69-70.
[78] Garrabou R. e Naredo J. M. (1996); Guzmán Casado, G. et al. (2014); Soto Fernández, D. (2015); Corbacho González, B. (2017).

clave dos sistemas agrarios, o que levaría de novo a falar de agroecosistemas e da importancia considerable que no seu estudio se lle outorga á análise das variables sociais[79]. O estudo dos conflitos ambientais tamén resulta importante neste sentido[80]. A análise das dinámicas agrarias dende un punto de vista ambiental e da agroecoloxía, polo tanto, supera por moito o estudo dos ámbitos máis estreitamente relacionados coa terra e pode axudar a explicar outros fenómenos que van moito máis alá do medio natural entendido en sentido estrito. Non en balde, a falta de respecto polos ritmos naturais do campo estará detrás de moitas das queixas dos campesiños fronte a administración.

1.2. OBXECTIVOS FUNDAMENTAIS DESTA INVESTIGACIÓN

Trala presentación de todos estes aspectos defendemos a posibilidade de poder utilizar unha fonte catastral de natureza fiscal concreta como é a documentación derivada da reforma de Facenda de Garay, para ofrecer, analizar, ou cando menos apoiar unha descrición da agricultura dunha área determinada nun momento dado. Provistos de datos doutras fontes pero de natureza semellante, poden ser comprobados os cambios e posibles innovacións producidas, introducidas ou asimiladas polos campesiños no agroecosistema da área estudada. Pero só unha vez coñecido o funcionamento e a lóxica interna do sistema agrícola en cuestión se pode pasar a continuación a analizar como a tecnoloxía, os medios ou as formas de produción dese sistema se relacionan co medio ambiente propiamente dito. Pensamos tamén que unha parte desta documentación, as actas das xuntas para os repartimentos, pode ser aproveitada para usos diferentes a aqueles para os que foi concibida inicialmente, descubrindo no seu interior unha vertente de análise especialmente enfocada nos estudos sociais, por exemplo relativos a conflitividade entre a administración e as comunidades, o estudo de familias, oficios ou presión fiscal.

A novidade deste estudo non é outra que o feito de que a fonte que manexamos permítenos observar algúns aspectos da actividade agraria nunha época na que existen poucos materiais que nos permitan achegarnos a estas realidades, en tanto en canto boa parte dos estudos pivotan sobre corpus anteriores como son o Catastro de Ensenada, ou posteriores, como os amillaramentos e as cartillas avaliadoras de mediados do século XIX. Partindo disto, pensamos que os rexistros da riqueza de Martín de Garay e a documentación asociada a eles constitúen por si mesmos unha fonte cun grande valor, xa que nos ofrece a posibilidade de observar diferentes aspectos socioeconómicos no momento concreto de 1817 a 1820. Se ben a reforma fiscal pola que viron a luz rematou fracasando, a lo menos deixou para a historia un corpus documental de indubidable valor. Case tanto como o que se atribúe ao catastro de Ensenada, aínda que a fonte é aínda por hoxe descoñecida en boa medida[81]. Así, estes fondos ofrecen unha grande oportunidade para realizar un traballo orixinal que aporte novos datos ao coñecemento histórico, posto que ademais foron pouco utilizados na zona na que a nosa investigación se desenvolve. A meirande parte dos materiais empregados para a realización deste traballo proceden de fondos inéditos, nunca antes explotados de xeito sistemático, a lo menos para o caso galego. Ademais existe a posibilidade de realizar un estudo que descende ao nivel xeográfico de pobos e incluso das parroquias e os lugares, observando a individuos concretos e mesmo unidades familiares que se asentan sobre un territorio, de aí as posibilidades para realizar estudos de natureza social.

[79] Guzmán Casado, G., González de Molina, M., Sevilla Guzmán, E., (2000), op. cit., pp. 81 e ss.
[80] González de Molina, M. e Ortega Santos, A. (2000); Soto, D; Herrera, A.; González de Molina, M.; Ortega, A. (2007).
[81] Lozano Salado, L. (2001), p. 19.

Sistematizando todo o anterior resulta fundamental pasar agora á formulación dunha serie de obxectivos que con este traballo pretendemos abordar. En primeiro lugar temos un fundamental que podería expoñerse da seguinte forma:

Ofrecer unha visión, segundo permita a fonte de estudo que manexamos, da actividade agrogandeira das antigas provincias de Betanzos e Coruña, procurando tamén destacar os cambios e innovacións tecnolóxicas que se puideran ter implantado. Todo elo dende unha óptica medioambiental, isto é, prestando unha atención máxima á estreita relación existente entre as actividades desenvoltas polos grupos humanos e o ecosistema no que estas se insiren e do cal dependen.

Por outra banda e dun xeito máis específico, este traballo presenta así mesmo unha serie de obxectivos que superan pero complementan ao anterior ou que se desprenden directamente del. Analizados detidamente ao mesmo tempo que adiantamos novamente algúns dos contidos presentes investigación, podemos citar os seguintes:

1) Expoñer as características fundamentais do agroecosistema das áreas das provincias de Betanzos e Coruña e analizar a súa lóxica interna e as súas limitacións ambientais. A través da fonte catastral e coidándonos de non caer nas súas trampas e ocultacións, trataremos de establecer os principais puntos clave sobre os que se asentan os agroecosistemas da zona estudada, sen perder nunca de vista o feito de que a dita área se atopa inserida nun territorio maior co que por suposto se relaciona. Abordaranse aspectos da agricultura e tamén da gandería, analizando tódalas tipoloxías que os rexistros da riqueza nos ofrecen para obter a máxima cantidade de información posible. Máis alá dun traballo de análise, cúmprese tamén cun labor de presentación dos fondos, en tanto en canto estes poderían ser empregados en futuros traballos por outros investigadores. Teremos en conta os aspectos de contexto xeográfico sobre os que se asenta o territorio, pero non soamente os relativos ao terreo ou a proximidade dos ecosistemas mariños, senón tamén os factores de emprazamento, como a proximidade a cidades e vilas de importancia. Para establecer os principais puntos e fundamentos da agricultura da zona enfrontarémonos a problemas derivados da natureza fiscal da fonte, pero tamén á grande variabilidade que poden presentar os seus fondos en canto a información contida, ás veces entre parroquias veciñas, pese a que existía un modelo xeral de elaboración dos inventarios que porén, poucas veces foi respectado por completo.

Á marxe das informacións estritamente agrogandeiras, se queremos ser consecuentes co noso principio de establecer unha relación estreita entre a terra, o medio e a xente que sobre eles se sitúa, deberemos facer alusión tamén aos datos dispoñibles de natureza demográfica. Neste sentido e seguindo a liña doutras investigacións que abriron o camiño, trataremos de expoñer as os puntos fundamentais que atopemos no tocante a aspectos familiares, de habitación e domésticos. Serán abordadas cuestións sobre a configuración e a forma das familias e os fogares ou os oficios desenvolvidos polos contribuíntes que figuran nos rexistros. En relación a isto último intentaremos comprobar as posibilidades que os rexistros ofrecen para facer visible o traballo feminino. Trataremos de abordar todos estes obxectos de forma xeral, pois aínda que podemos baixar no noso estudo ata un nivel parroquial e mesmo observar lugares, agras e camiños concretos, o volume de datos manexados sería tal que o tempo que se tardaría en realizar unha reconstrución realmente detallada destas cuestións sería inmenso e soamente abordable mediante un arduo traballo en equipo. Quizais traballos posteriores a nivel local ou parroquial afonden nestas posibilidades que aquí deixamos abertas. Na consecución deste obxectivo pesaría moito tamén a fiabilidade da fonte que manexamos, e xa de entrada é moi doado tropezar co fenómeno de ocultación que se producen nas fontes fiscais. Haberá certas áreas mellor reflectidas, mentres que os datos doutras adoitan brillar pola súa ausencia.

Unha vez coñecidos aqueles patróns básicos aplicarase un método de análise de fluxos enerxéticos dende o punto de vista da alimentación e a dieta que tamén cumprirá unha importante función de test sobre a fonte. Efectuado sobre os datos dos rexistros da riqueza, este exercicio axudaranos a comprobar a veracidade dos mesmos, as vantaxes e os inconvenientes que presentan, pero ao mesmo tempo permítenos ver en que medida o sistema agrogandeiro cubre as necesidades das persoas que se sustentan gracias a el. A información analizada sobre os distintos aspecto do sistema agrario (cultivos, rotacións, extensión ou rendemento das parcelas), gandeiro (especies animais, número de cabezas e produtos) e de poboamento, conxugaranse na realización dun estudo de caso a nivel parroquial sobre a nutrición das persoas que, coidamos, axudará a ver algunhas potencialidades da fonte que aquí se manexa, así como as súas debilidades, ao tempo que proporciona interesantes datos sobre a alimentación a principios do século XIX.

2) Expoñer as principais transformacións e innovacións introducidas neste territorio e precisar na medida do posible o seu alcance. Buscaremos constatar a existencia de cambios que nos leven a observar a existencia dunha intensificación real no uso da terra e dos recursos en directa relación coa cabana gandeira, aspecto que algúns autores consideran fundamental dende os últimos compases do século XVIII, como xa foi sinalado. Este obxectivo está estreitamente ligado ao anterior, e para lograr a súa consecución adoptamos unha perspectiva dinámica. A fonte preséntanos algúns aspectos nun momento intermedio entre unha fonte anterior como o catastro de Ensenada, e outra posterior como son os amillaramentos realizados a mediados do século XIX. Fundamentalmente pola vía comparación, tentaremos comprobar se temos xa neste momento algún cambio ou innovación respecto á situación de mediados do século XVIII, coidándonos de ter en conta que algúns datos poden estar afectados tamén pola relativamente recente guerra contra Francia, que puido influír cuantitativamente nalgunhas das prácticas agrogandeiras e atoparse estas aínda en fase de recuperación. Non sempre será sinxelo atopar unha área representativa na zona que estudamos cos datos suficientes debido a un problema de fragmentación de fondos, o cal dificultará que poidamos establecer unha comparación cos mesmos espazos nas outras fontes, que poden presentar así mesmo eivas de diversa consideración. Así, a magnitude desta área virá limitada pola calidade dos datos sobre esa zona nas distintas fontes entre as que se establece a comparación, pero ademais, hai que engadir a dificultade de que tratamos en todo caso con fontes fiscais, polo que haberá que ter en conta tódolos seus inconvenientes habituais. Ademais, ao tratarse de fontes que responden a contextos históricos diferentes, non son uniformes e poden presentar diferentes tipoloxías informativas, pois o que se pretendía pescudar nunha época pode ser distinto ao que se buscaba noutra. Todos estes problemas sempre xogarán na nosa contra, ao facernos máis difícil establecer unha correcta comparación entre áreas, épocas e informacións dispoñibles.

3) Coñecer o proceso de implantación da reforma de Facenda impulsada por Martín de Garay en territorio galego, onde nada se ten feito previamente porque apenas había fondos localizados e non explotados. Estudarase a súa temporalidade, instalación, posta en marcha e analizaranse os principais obstáculos que atopou, dende aqueles marcados pola propia organización e artellamento do territorio ata a resistencia que este proceso atopou por parte da poboación. Isto é posible gracias a un estudo combinado dos diferentes niveis administrativos dende un punto de vista temporal. Partindo de medidas tomadas polo goberno central en Madrid, aprobadas en datas moi concretas, poderemos observar, gracias ás actas das xuntas locais, o tempo que estas se demoraron en chegar aos pobos e ser aplicadas. En ocasións tamén poderemos observar o paso destas ordes e comunicados por un chanzo intermedio, cando son remitidas pola xunta principal sita na cidade da Coruña. Trátase con isto de ir máis

alá da teoría no que se refire á organización desta reforma, perseguindo polo tanto o obxectivo de analizar a súa pegada real e a súa aplicación sobre os contribuíntes, vendo tamén a reacción destes últimos. O primeiro paso para logralo pasa, dende logo, por un estudo da temporalidade dende un marco administrativo.

4) Realizar unha análise da conflitividade existente nas comunidades campesiñas fronte a administración encargada de poñer en marcha a reforma de Facenda, é dicir, coñecer diferentes mecanismos empregados polos contribuíntes fronte a elaboración dos rexistros da riqueza ou á hora de pagar unha contribución nova que consideran gravosa en exceso. Este tipo de dinámicas inmíscense nas pautas do agroecosistema e inflúen no seu funcionamento interno, pois o feito de afrontar o pagamento de impostos supoñía que os campesiños tiñan que desviar unha parte dos recurso que obtiñan. Os comportamentos desas persoas que agora deben afrontar o pago deben variar para adaptarse á necesidade de satisfacelo, pois sen ir máis lonxe, ter que efectualo en metálico modifica aspectos sobre as relacións dos campesiños co mercado e tamén coa propia administración. O estado dos prezos nese mercado era, por suposto, un poderoso condicionante. Na outra man, a presión fiscal e a percepción que os contribuíntes teñen do peso do fisco sobre as súas respectivas economías familiares tamén se configura como un factor clave para explicar a posta en marcha dalgunhas formas de resistencia que buscaban, precisamente, paliar os seus efectos.

Pretendemos ademais poñer en valor a resistencia fronte aos instrumentos fiscais por parte da poboación rural. Cando se investiga dende unha óptica xeral e do devir dos grandes acontecementos políticos, en ocasións pode deixarse de lado esa capacidade de resistencia do campesiñado, que mesmo pode aparecer reflectido como un grupo apático. Afortunadamente, as fontes manexadas neste traballo permítennos unha observación próxima ás comunidades rurais que queremos aproveitar para chamar a atención sobre este aspecto. Ás veces, presúmese unha especie de inocencia ignorante por parte das comunidades que na nosa opinión debe ser reducida ao mínimo indispensable, pois falamos, e isto debe ser tido en conta en todo momento, de persoas en defensa do seu propio medio de vida fronte a un instrumento fiscal que dende a súa óptica pode supoñerlles o pago dunha cantidade de impostos maior. Afirmacións como a de que o baixo nivel cultural da poboación podería facilitar unha ampla variedade de formas de interpretación das normas xerais das enquisas no marco dunha contribución como a que pretendía organizar o catastro de Ensenada poden ter parte de verdade, pero deben ser tratadas con suma cautela, ou podemos caer facilmente nunha mirada condescendente cara as comunidades rurais[82].

Tamén veremos os choques entre as autoridades, por exemplo as diferenzas e enfrontamentos que xorden entre os distintos niveis da administración, especialmente entre as xuntas municipais e as xuntas de partido. O problema para lograr a consecución deste obxectivo é que en ocasións hai que deducir este tipo de comportamentos a partir de eivas ou carencias nas fontes, que se presentan dun xeito sistemático, pois non sempre se dan datos de xeito explícito, nin ten que haber necesariamente un reflexo deses procederes en forma de denuncias ou queixas. Moitos deles serán posibles gracias a que o Real Decreto do 30 de maio establecía que as actuacións a nivel local quedaban en mans das xuntas municipais que como ben sabemos estaban ocupadas polas corporacións de notables e persoas poderosas nas diferentes localidades. En segundo lugar, as xuntas delegaban certas responsabilidades en individuos que realizaban labores de repartimento para cada parroquia, que probablemente non cumprirían con gusto. Pensamos por suposto que o funcionamento desta dinámica

[82] Pérez García, J. M. (1979b), p. 103.

favorecía a ocultación, a fraude e outras formas de resistencia populares. De feito, nas actas das xuntas poderase ver como a xente tentaba librarse de certas obrigas.

5) Valorar as leccións que se poderían tomar dende este sistema do pasado, de cara a un sistema agrícola actual que non se preocupa en absoluto do ecosistema no que se insire. Tal e como teñen indicado algúns autores, na confrontación entre as culturas e formas de producir modernas e tradicionais hai que situar unha labor crítica para recuperar aquilo que tiveron de útil estas últimas na perspectiva dun desenvolvemento sostible, ecoloxicamente perdurable e socialmente xusto. Para logralo, primeiro hai que facer explícitos os mecanismos que fixeron posible a degradación progresiva dos agroecosistemas ata alcanzar a situación actual na que a súa reprodución se ve comprometida, e logo, decatarse de que as culturas tradicionais tendían a introducir e xestionar sistemas ecoloxicamente correctos para a apropiación dos recursos naturais. Proba disto serían algunhas das características da produción campesiña: o seu grao elevado de autosuficiencia, o traballo familiar cunha cantidade mínima de inputs externos, o feito de que o realmente importante era a reprodución do grupo familiar e non a busca do lucro, ter sido pequenos propietarios de terras, ou os complementos de diversas prácticas estacionais para lograr a subsistencia que suporían unha protección fronte as flutuacións e eventualidades climáticas ou do mercado[83]. Determinadas prácticas agrarias son útiles para afrontar certos problemas no marco dunha explotación, e poden dar lugar a diferentes graos de sustentabilidade, sendo desexable redescubrilas, realizar unha posta en valor das mesmas e ver se existe algunha posibilidade de adaptalas ao presente. Seguindo esta vía, para chegar a obter un coñecemento adecuado destas prácticas, a historia pode funcionar como instrumento para identificar aqueles cambios na dinámica dos agroecosistemas que serían directamente responsables da situación actual. Tamén como unha ferramenta necesaria para recuperar e recrear, sobre novas bases tecnolóxicas e culturais, formas de manexo que noutro tempo foron sustentables e aprender dos erros cometidos ao longo do tempo[84].

Porén, á hora de analizar estas cuestións deberemos ter tamén en conta que as percepcións medioambientais modifícanse co tempo e varían entre culturas, rexións (por exemplo, a percepción da auga pode variar entre zonas húmidas e áreas onde se presenta coma un recurso moito máis escasos) ou grupos (diferentes percepcións entre os campesiños e os perceptores de rendas, os comerciantes dos produtos ou posteriormente tamén respecto dos técnicos da administración), de modo que os discursos sobre o medio rural utilizan habitualmente determinadas tradicións socioculturais codificadas da sociedade rural e da agricultura. Por unha parte incorporan compoñentes ideolóxicos sobre a ruralidade, que na súa maior parte son vagas e simbólicas, mentres que por outra inclúen diversas formas de discusión sobre o campo, a agricultura ou o medioambiente e que forman parte da historia e da cultura de cada país. Deste xeito, a natureza, o medio ambiente ou a conservación son construcións sociais que en cada individuo poden chegar a presentar unha dimensión diferente e respecto ás que se proxecta un comportamento desigual[85].

Finalmente e como resulta lóxico, en función do grao de cumprimento dos obxectivos anteriores acontecerá o propio con estoutro, pois resulta evidente que seremos capaces de obter algo de utilidade a partir da observación dun sistema agrícola soamente se chegamos a coñecelo. Canto maior sexa o noso nivel de percepción sobre aquilo que analizamos e máis datos teñamos á nosa disposición, maiores poderán ser os coñecementos que obteñamos del. E obviamente, se temos máis datos, poderemos coñecer mellor as virtudes e problemáticas que derivan dese sistema, de tal forma que poidamos obter utilidades para ser quen de adaptalas a

[83] Sevilla Guzmán, E. e González de Molina, M. (1993), pp. 14 e 198 e ss.
[84] Guzmán Casado, G., González de Molina, M., Sevilla Guzmán, E. (2000), p. 432; Worster, D. (1994), pp. 430-432.
[85] Paniagua Mazorra, A. (2000), p. 4.

unha realidade actual. Deste xeito, os problemas que nos podemos atopar á hora de conseguir levar a cabo este obxectivo son en realidade a suma de todos cantos obstáculos nos atopemos para os anteriores.

1.3. CONTEXTO DA CRISE DO ANTIGO RÉXIME NA HISTORIOGRAFÍA

Para continuar a nosa investigación tamén se fai imprescindible establecer unhas bases contextuais nas que poidamos movernos, xa que posibilitarán un coñecemento e unha definición máis adecuados dos obxectos deste estudo. Resulta necesario facer isto antes de entrar en materia propiamente e tratar a documentación que aquí manexamos posto que esta responde a un contexto e a unhas necesidades específicas que debemos analizar e ter sempre presentes, pois do contrario estaríamos dando unha visión incompleta e insuficiente das cuestións abordadas. Partindo deste punto de vista, o noso marco de traballo é, indubidablemente, a chamada crise do Antigo Réxime. Porén, referirnos a este fenómeno dende un punto de vista aglutinante non nos debe facer perder a perspectiva de que nos achamos ante un proceso con múltiples vertentes que, alimentándose de xeito mutuo, conducen ao sistema como tal ao seu colapso final. Polo tanto, a idea de crise non pode ser entendida soamente dende un punto de vista individual pois, aínda que aquí prestaremos unha especial atención aos aspectos económicos, tributarios ou fiscais dado o noso campo de estudo, a realidade esténdese a multitude de campos. Establecer unha distinción clara entre eles non é en absoluto unha tarefa sinxela, dado que falamos de aspectos estreitamente imbricados entre si. Neste marco, o erario experimentaba diversos intentos para arranxar o seu funcionamento, tratar de atallar os problemas crónicos que arrastraba, sanear a malpocada Facenda estatal e o arruinado crédito público. A isto habería que engadir dende o apartado económico a existencia dunha crise agraria que supuxo tamén un afundimento dos prezos. Por outra banda, a unha crise de natureza política e económica tamén se pode engadir unha importante vertente social, pois a sociedade no seu tránsito cara o liberalismo, estaba a experimentar cambios de grande importancia que contribuíron a unha polarización crecente da mesma que remataría coa consolidación da burguesía nun acordo coa nobreza e no que as clases campesiñas foron deixadas de lado. Todos estes temas foron xa moi traballados por diversos autores tal e como comentamos nos apartados do estado da cuestión. Así, debemos deixar claro que boa parte deste apartado ten a súa base nestes estudos elaborados por autores como Josep Fontana, Francisco Comín, Ángel García Sanz, Miguel Artola ou Pedro Ruiz Torres, investigadores que enfocan esta crise valorando as súas diferentes vertentes.

A literatura arredor desta materia é polo tanto abundante e ben coñecida; porén, ademais de para ofrecer un contexto necesario en toda investigación, as páxinas que seguen tamén pretenden cumprir cunha labor de xustiza. Estamos a tratar un tema ao que ultimamente non se presta a debida atención pese a que existen importantes baleiros ao seu redor, o que fai necesario situar novamente a cuestión para poñela en valor. Por outra banda, aínda que son varios os autores que teñen falado sobre a crise en xeral ou sobre a reforma de Garay en concreto, o tratamento fíxose sobre todo ollando a través de escalas superiores, as dos ámbitos institucionais ou as das grandes decisións políticas. Menos comúns son aquelas que se achegan a este proxecto xusto a partir do seu extremo inferior, aquel en contacto cos contribuíntes e ao que aquí trataremos de dar maior de visibilidade, o cal non exclúe en absoluto que aquelas visións dende puntos de vista máis amplos sexan totalmente necesarias para situar o noso labor. Recuperar o tema da crise do Antigo Réxime é polo tanto necesario, de xeito que, soamente unha vez que os seus fundamentos teñan sido expostos, poderemos pasar a analizar, entre outras cuestións, as fontes atopadas e a traballar con elas. Pero o primeiro pasa, dende logo, por situar o marco no que estas aparecen.

Apuntamos tamén que nestas páxinas iniciais non nos deteremos en profundidade na reforma de Garay propiamente dita, para cuxa análise reservaremos de xeito inescusable un apartado propio a continuación deste. Neste intre, a reforma non debe ser entendida máis que coma un proxecto, entre tantos outros, de racionalización do sistema tributario e da Facenda, un intento para tratar de dar resposta e corrixir unha das máis graves vertentes desa crise, a financeira, que enfrontaba ao Estado cunha serie de necesidades ás que era incapaz de facer fronte. Non pode ser doutro xeito se pretendemos resaltar a visión da crise como un proceso dilatado que afectou a tantos e tan diversos ámbitos. Tendo esta reestruturación da Facenda algunhas implicacións posteriores, debe ser entendida e analizada polo de agora como un capítulo para tratar de paliar ese proceso en conxunto que é a crise da monarquía absoluta antes da súa caída final.

Dende un punto de vista cronolóxico, aínda que os nosos obxectivos principais pivoten sobre esta reforma, non tería sentido analizar un período tan reducido inmediato ao devandito proxecto, pois no caso de facelo perderíamos a visión de fondo que nos leva ata a situación que estamos tratando de describir. Por este motivo, o arco cronolóxico deste traballo propón viaxar ao pasado, ata o século XVIII, onde poderemos coñecer mellor os feitos e as causas que desembocan na calamitosa situación final na que se encadra a reforma de Martín de Garay. Porén, hai que apuntar que canto máis atrás nos movamos no tempo, máis complicado resultará para os investigadores atopar series de datos que permitan realizar unha análise detida dos diversos aspectos que se pretendan abordar nun estudo destas características. Contamos por sorte cos traballos de autores como Josep Fontana, quen xa advertira da situación dificultosa coa que el mesmo se atopara a este respecto. En cuestións de Facenda, por exemplo, afirmaba que estudar os ingresos do Estado ofrece riscos derivados de que as cifras soamente ofrecen continuidade a partir de finais do século XVIII. En consecuencia e en termos xerais, entre 1700 e 1790 os ingresos estatais terían aumentado debido á introdución dun novo sistema tributario na Coroa de Aragón e como consecuencia de melloras na administración. Non obstante, cuantificar ese crecemento sería difícil, pois lonxe de admitir unha evolución continuada e tranquila, recoñécese que a realidade sería moito máis complexa, ligada estreitamente aos vaivéns da vida política e das loitas sociais, sendo conveniente por riba de todo analizar detidamente cada proceso[86].

Pasamos a continuación a dar algunhas pinceladas sobre esta crise múltiple que afectou ao Antigo Réxime no seu treito final, resultado inevitable dun proceso que se veu fraguando durante décadas pero que foi impulsado por varios reveses derivados de conflitos bélicos, axitacións sociais e certas decisións políticas. Comezaremos precisamente por esta última vertente, sen deixar de insistir, porén, na idea do difícil que resulta distinguir en ocasións entre todas elas, ao estar ante un proceso con múltiples matices. Así, separar o político do social ou do económico resulta en ocasións imposible e mesmo contraproducente de cara a unha análise completa.

1.3.1. A crise política

En primeiro lugar, a crise do Antigo Réxime pode ser abordada como un fenómeno político, o da caída da monarquía absoluta. Se comezamos por este aspecto é porque nos ofrece un fío condutor moi conveniente que nos permite organizar esta exposición seguindo unha serie de feitos máis concretos sobre os que poder estruturar grandes cuestións económicas e sociais.

[86] Fontana, J. (1980), op. cit., pp. 7-8.

Comezaremos apuntando que as decisións políticas en materia de Facenda, que no noso estudo terán dende logo un peso esencial, parten de dous supostos marcados pola tradición e a forma na que o Estado estaba configurado. En primeiro lugar debemos poñer de manifesto que as posibilidades de acción da coroa tropezan coa limitación que se deriva da falta de capacidade que presenta para levar a cabo reformas fiscais. A monarquía absoluta vía seriamente limitadas as súas competencias nesta materia pola inxerencia das Cortes na concesión de servizos e na determinación dos impostos que a propia coroa creaba para recadar a cantidade comprometida polas mesmas Cortes. Partindo desta relación, a política fiscal quedaba reducida á revisión das tarifas percibidas nas regalías da coroa, nunha dinámica para cuxo cambio haberá que esperar ao século XVIII e á experiencia da Guerra de Sucesión, onde a monarquía atoparía a xustificación necesaria para cambiar o sistema fiscal, a lo menos nos territorios aragoneses. Pola súa parte, nos casteláns, os intentos de reformas non chegaron a xermolar ata a segunda metade deste século[87]. Un segundo apunte que tamén cómpre ter en conta sobre o sistema de Facenda español é que en liñas xerais, no século XVIII claramente pero xa con anterioridade, ese erario estatal estivo sumido nunha situación caracterizada pola súa propia incapacidade para axustar os recursos dispoñibles ás esixencias que demandaba a política exterior. Porén, e gracias ao tesouro extraído de terras americanas, esta insuficiencia estaba cuberta en parte. Pero se observamos esta situación no longo prazo, aquilo que parecía unha vantaxe rematou por converterse nun auténtico lastre, posto que mentres que outros países levaron a cabo procesos de modernización dos seus respectivos modelos e sistemas de Facenda, España chegou ata o mesmo século XVIII sen formularse a fondo esta cuestión e cun sistema tributario que apenas experimentara modificación algunha no esencial do seu funcionamento. Algúns expertos indicaron como un Estado que recadaba unha pequena parte dos tributos obtidos en comparación por países como Francia ou Inglaterra, tiña necesariamente que decaer como potencia no marco das disputas internacionais[88]. Os problemas derivados desta situación volvéronse especialmente patentes cando a dinámica dos territorios coloniais comezou a cambiar.

Para tratar de establecer unha serie de pautas que nos axuden a comprender as decisións políticas en materia económica e de Facenda tomadas polos Borbóns, debemos apuntar que hai autores que recoñecen que, aínda que realmente nunca houbo un programa de actuación económica no sentido clásico do termo, si se pode falar dunha política de desenvolvemento en varios ámbitos que pode ser reconstruída a partires da lexislación do período[89]. Nunha primeira etapa que ocuparía os reinados de Felipe V e Fernando VI, os obxectivos perseguidos serían por unha banda as melloras nas tarefas político-administrativas, mentres que pola outra se buscaría unha inversión cara o saldo positivo da habitualmente desfavorable balanza de pagamentos. O primeiro destes aspectos quedaría enmarcado nos intentos de centralización e uniformidade levados a cabo nestes momentos, como os encamiñados a unificar a nivel comercial todo o ámbito territorial do Estado suprimindo os portos secos e trasladando as aduanas de importación ás fronteiras territoriais, con excepción das provincias privilexiadas. A tarefa levouse a cabo entre 1714 e 1717, aínda que máis importante puido ser, a este respecto, a medida pola cal se estableceu, no 1757, a libre circulación de mercadorías nacionais no interior do reino, un paso previo, básico e imprescindible para que se puidera comezar a desenvolver un mercado nacional. En canto ao segundo carácter, o de inverter a balanza de pagamentos cara o saldo positivo, a coroa participou directamente nalgúns procesos produtivos e estimulounos mediante concesións, entre os que se poderían destacar as

[87] Artola, M. (1982a), op. cit., p. XXVIII.
[88] Fontana, J. (1980), op. cit., pp. 15-16.
[89] Rodríguez Labandeira, J. (1982) pp. 112-120; Yoshiyuki kondo, A. (1990), pp. 93-122.

reais fábricas e a aparición de compañías comerciais privilexiadas coas colonias. A nivel agrario podemos destacar tamén a existencia dalgunhas reformas de alcance variable que respectaron, dacordo cos seus privilexios, as terras de nobreza e clero, polo que as actuacións se traduciron nun intento de redistribución da propiedade agraria sobre a base do patrimonio da coroa e da propiedade comunal. Con este obxectivo creouse en 1737 unha xunta que se ocuparía de recuperar para a coroa os baldíos e reguengos usurpados polos pobos para proceder á súa posterior venda. Pero nin a medida se estendeu a tódalas terras baixo esa denominación, nin tampouco foi aplicada nos territorios aragoneses por orde de Fernando VI. A nivel industrial, as medidas fiscais empregadas para favorecer actividades de transformación adoitaron ser concedidas en forma de graza particular á iniciativa privada para tratar de inverter situacións determinadas de dependencia do exterior por parte da economía nacional, co obxectivo de conseguir o abastecemento propio de certos produtos. O importante desta primeira etapa é que en xeral, a organización económica do Antigo Réxime non se cuestiona.

Precisamente será nunha segunda etapa, que abarcaría os reinados de Carlos III e Carlos IV, cando algúns homes enmarcados no pensamento ilustrado comezarían a criticar algúns aspectos da organización económica. O intervencionismo do Estado relaxaríase nesta época, aparecendo no seu lugar outras novas preocupacións que darán lugar a proxectos que terán un éxito diverso. Porén, esas preocupacións vanse comezar a estender a outros ámbitos máis alá do político e do económico. En canto ao comercio, os conflitos bélicos en contraste coa estabilidade da etapa anterior supuxeron un duro golpe para o tráfico colonial. No ámbito industrial e da produción, a oposición fronte a estrita regulación gremial iniciouse dende o terreo dos téxtiles e veu imposta en realidade pola competencia que supoñían moitos dos produtos procedentes doutras economías estranxeiras máis desenvolvidas que invadían os mercados nacional e colonial. Con Carlos IV, a liberalización queda xeneralizada para todo o sector cun decreto de 1789 que dá liberdade aos fabricantes para elaboralos como consideren. Cambiando ao terreo agrícola, o desexo por aumentar a produción agraria formularía a necesidade de liberalizar o comercio de grans para lograr algúns incentivos de cara aos produtores, quedando abolida a súa taxa en 1765 pero beneficiando máis aos privilexiados que dominaban a propiedade ao verse favorecidos polo incremento do prezo dos arrendamentos. A diferenza da etapa anterior, agora vanse criticar e atacar os privilexios seculares dalgunhas institucións e compañías como o caso da Mesta, de xeito que se vai lograr a abolición do dereito de posesión e da taxa de pastos[90]. Pese a isto, pronto comezarán os problemas de liberalizar o tráfico de grans, sostida con dificultade, limitacións e incluso suspensións en distintas etapas durante o resto do século, debido ás pésimas condicións viarias e ao limitado comercio interrexional, con grandes dificultades para o movemento de produtos no interior das fronteiras do propio Estado, que darán lugar a deficiencias crónicas de abastecemento nas áreas periféricas, paliadas con importacións[91].

O sector agrario aparece agora con moita forza no devir político-económico e entre as preocupacións máis prioritarias do goberno da coroa, de xeito que vai haber intentos para aumentar o número de propietarios, a superficie de terras cultivadas (pola vía dos proxectos de colonización de terras como o de Serra Morena, por exemplo) ou o nivel de produción[92]. Neste sentido e perseguindo especialmente o derradeiro deses obxectivos, algúns ilustrados buscarían remover aqueles obstáculos que se opoñían ao correcto desenvolvemento da

[90] Para achegarnos a este fenómeno de decaemento, entre as análises que estudan o afundimento das explotacións transhumantes podemos citar a Llopis Agelán, E. (1982).
[91] Yoshiyuki kondo, A. (1990), op. cit., pp. 99-109.
[92] Rodríguez Labandeira, J. (1982), op. cit.

agricultura, contemplando tamén algunhas medidas para o seu fomento. Cando falamos disto, pensamos, como non podía ser doutro xeito, nas ideas de homes como Campomanes ou Jovellanos, que este último plasmou no seu coñecido Informe, atopando entre os seus postulados básicos aspectos precedentes que atoparemos na reforma de Facenda de 1817 e que como tal serán recollidos no capítulo correspondente[93]. No camiño cara o entendemento de cales eran aqueles problemas máis graves que se opoñían de xeito frontal ao desenrolo e ao crecemento agrarios, algúns ilustrados víronse necesariamente abocados a comezar a cuestionarse o réxime de propiedade imperante, aínda que nun primeiro momento non se vaia atentar contra o mesmo. E non só a propiedade, senón tamén a situación de privilexio e exención da que gozaban algúns grupos sociais.

Chegados a este punto, porén, estamos unicamente ante precedentes no pensamento de certos individuos que en absoluto pretendían atacar a orde establecida. Dende este punto de vista, podemos falar nestes instantes do século XVIII do desenvolvemento dunha Ilustración en España, se entendemos este fenómeno como unha cultura ou un conxunto de valores, ideas e actitudes. A partir delas, o obxectivo era tratar de facer posible o progreso da sociedade, o que levaba implícito a crítica da situación existente e as expectativas dun futuro mellor. Pero esta interpretación da Ilustración tamén pon de manifesto a heteroxeneidade dos proxectos políticos que tiñan cabida dentro desa cultura que non tiña intención de modificar substancialmente a orde do Antigo Réxime. Todo isto se manifestou en España ao igual que no resto de Europa, adaptado aos contextos propios de cada lugar. Así, na Península habería que ter en conta as amputacións e as terxiversacións que sufriron os discursos ilustrados que procedían doutros países, precisamente por algunhas das particularidades que estaban vixentes no seu contexto: por unha banda a primacía absoluta do catolicismo e, pola outra, a existencia dunha censura establecida pola Inquisición, que deixaba pouco espazo para unha opinión pública realmente aberta e crítica, a cal podía traer como consecuencia graves problemas en virtude da aplicación dos principios desa censura. As prohibicións de certos libros marcaron as pautas polas que se ían estender por España moitas das ideas ilustradas, que podían ser interpretadas como proposicións erróneas ou directamente como herexías, o que supoñía desbotalas por non poder defendelas publicamente ou a súa adaptación parcial, que daba lugar a sucedáneos das mesmas ideas[94].

A situación que vimos describindo viuse posibilitada e favorecida en maior medida no reinado de Carlos III ao coincidir cunha época de maior estabilidade e calma da que non vai gozar o seu sucesor, sumido en diversos conflitos internacionais que motivaron un endebedamento crecente. De feito, foi precisamente no reinado de Carlos IV cando comezaron a ser tomadas en conta seriamente as medidas que ían en contra dese réxime de propiedade dos grupos privilexiados, aínda que se temos en conta a conxuntura, tratouse máis ben dunha solución de emerxencia que do avance dunha política radical fronte os dereitos dos integrantes do clero, o grupo social inicialmente afectado. Estas medidas, porén, minaban unha das bases do que era un dos principais piares da monarquía absoluta, a Igrexa como institución. A política económica dos Borbóns no século XVIII, en suma, se ben favoreceu un crecemento lineal da economía en diversos ramos, non provocou unha transformación do sistema xa que pese a conseguir algúns avances, mantivo en vigor as suficientes trabas e obstáculos como para impedirlle dar un salto cara un estadio de desenvolvemento maior. No sector agrario en concreto, pese a recoñecerse a existencia de relacións capitalistas, a falta dun mercado máis libre da terra inmobilizada nos estamentos privilexiados impediu que en boa parte se producise un incremento da produtividade, que veu posibilitada pola explotación de

[93] Jovellanos, G. M. de (1795).
[94] Ruiz Torres, P. (2008), op. cit., pp. 435-436.

terreos incultos[95]. Aínda que habería que matizar esta afirmación de Rodríguez Labandeira posto que a acumulación de traballo e a introdución de certas innovacións tamén contribuíron a este fenómeno (tal e como apuntamos ao citar os traballos de autores como Fernández Prieto ou Balboa), non entraremos demasiado agora a tratar este inmobilismo. Porén, o importante é recoñecer que se a nivel agrario se producía debido ao recoñecemento dos privilexios da nobreza e do clero, haberá que recoñecer que no tocante a política económica ou fiscal tamén se produciría debido a idénticos motivos, coa conseguinte dificultade para introducir cambios no seo do sistema.

Nas últimas décadas da centuria, unha serie de vaivéns políticos e cambios de alianzas en materia bélica marcaron a evolución da monarquía cara unha situación totalmente insostible dende o punto de vista económico. As decisións en política internacional tiveron importante relación con este asunto. O conde de Aranda preocupárase de manter a neutralidade coa Francia revolucionaria, tratando de quedar na medida do posible á marxe dos conflitos nos que esta tomara parte, debido ao temor ás consecuencias que se poderían desencadear nas colonias de ultramar da man de Gran Bretaña. Pero a chegada de Godoy, que sería secretario de Estado ata 1799, trouxo cambios importantes na política de alianzas da monarquía española, que se decantou en 1793 polo bando inglés trala execución de Luís XVI. Pouco despois e a raíz dalgunhas perdas territoriais no norte de Cataluña e o País Vasco, en 1795, as negociación levaron á paz de Basilea, unha decisión errática de cambio de bando que, como era de esperar non gustou a Inglaterra, potencia coa que se iniciou unha guerra a partir de 1796 trala sinatura do tratado de San Ildefonso que establecía unha alianza militar coa Francia revolucionaria. Este segundo período bélico, que se prolongou durante anos agora fronte aos ingleses, foi desastroso para a monarquía española en termos económicos e de Facenda[96]. Os anos seguintes, ata chegarmos á Guerra de Independencia, viron medrar os gastos e o endebedamento a un ritmo vertixinoso, e son tamén aqueles nos que tivo lugar a desamortización como medida de urxencia. A nivel político, este desorde manifestouse tamén nunha serie de crises ministeriais, un aspecto que será común en adiante, de modo que entre 1792 e 1798 sucedéronse catro ocupantes á fronte do despacho de Facenda, cuxas actuacións se limitaron a negociar novos empréstitos e a emitir vales reais, que se devalaron progresivamente ante a falta de creto[97].

A ocupación francesa trouxo consigo un importante baleiro de poder, especialmente a nivel político. As Xuntas Provinciais que xorden neste contexto constitúen a negación do Antigo Réxime, de maneira que fronte ao poder divino dun rei aparece outro de carácter popular, ao tempo que fronte ás institución tradicionais da monarquía aparecen órganos distintos e antagónicos. Estas xuntas son soberanas e vanse enfrontar radicalmente a esas institucións en ausencia do monarca e, pese a que en moitos casos foran as mesmas autoridades derrocadas as que as integraran, estas novas corporacións xa non actuaban segundo a vontade real, senón popular. Aquel baleiro de poder enchérase de forma espectacular tanto no terreo político coma no militar[98]. Porén, a sublevación española tivo tamén un carácter de certa ambigüidade, o que axuda a explicar que as clases populares se lanzaran á defensa do monarca, desviando parte das súas reivindicacións agardando que a volta de Fernando ía aliviar os males que padecían. Non obstante, a base deses problemas non estaba nas reformas formuladas por homes concretos coma Godoy, nin tampouco na ausencia do monarca, senón na raíz do propio sistema. Tampouco a ambición reformista das cortes de

[95] Rodríguez Labandeira, J. (1982) op. cit., pp. 180-181.
[96] Ruiz Torres, P. (2008), op. cit., pp. 546-556.
[97] Ibídem, p. 585.
[98] Artola, M. (2008), op. cit., pp. 285-293.

Cádiz pode ser cualificada a cegas como unha mutación revolucionaria, pois na súa obra pode verse unha importante moderación na toma dalgunhas decisións, especialmente en temas de relixión, con limitacións nos dereitos favorecendo aos tribunais eclesiásticos, ou coa abolición dun réxime señorial que mantiña o décimo. Todo froito do pacto cos sectores políticos máis reaccionarios, pois non se buscaba cambiar o país pola vía violenta como acontecera en Francia, senón a través de solucións razoables máis facilmente aceptables. Con todo, esas reformas foron interpretadas como perigosas, rematando co golpe de Fernando VII á súa volta ao país. Ao final, no liberalismo gaditano non se desenvolveu unha revolución social propiamente dita con reformas que puideron poñer aos campesiños do seu lado e que resultaron excesivas para os explotadores do vello sistema e insuficientes para os explotados[99]. De novo volvemos observar a clave dos cambios que se producen nesta época en España: a das reformas pactadas pero no fondo e en maior medida, superficiais, ao mesmo tempo que sen contemplar a violencia ou a modificación das bases do sistema.

Trala Guerra de Independencia contra Francia, no mes de maio de 1814 iniciouse, como é ben sabido, o proceso de restauración fernandina e con el a volta da monarquía absoluta. A vida política nestes anos estivo marcada en boa parte polos influxos e actuacións da camarilla do monarca, a través da que se pode axudar a explicar, en parte e para o caso da Facenda que aquí tanto nos interesa, a sucesión de ata nove persoas pola dita carteira ministerial (Salazar, Góngora, Pérez Villamil, González Vallejo, Ibarra, López Araujo, Garay, Imaz e González Salmón). No que parece ser o desenvolvemento dunha política que cando menos pode ser cualificada de pouco racional, coa excepción de Garay que durou vinte e un meses no cargo, o resto dos ocupantes cumpriron a súa función durante un escaso semestre como termo medio, tempo no que dificilmente se poderían levar a cabo grandes empresas nun campo tan delicado como ese[100]. Se ademais temos en conta o lamentable contexto económico, a situación resulta aínda máis inverosímil e contraditoria: estamos ante unha serie sucesiva de crises ministeriais que se producen ante decisións políticas arbitrarias e debido á falta de resultados, pero ao mesmo tempo estes nunca serían posibles, con independencia da calidade das solución aportadas, sen unha estabilidade mínima en materia de administración de Facenda á que dende logo non favorecía o desfile de persoas á súa fronte.

Coa volta do monarca, a estrutura do Antigo Réxime foi sendo restaurada pouco a pouco, o cal incluía tamén a volta ao funcionamento tradicional do erario, de modo que a obra das Cortes de Cádiz neste campo, no que fora introducida unha nova forma de Contribución Única, foi desmantelada pola vía dun decreto aprobado o 23 de xuño de 1814. De tódolos ministros de Facenda que acabamos de citar, os tres primeiros (Salazar, Góngora e Pérez Villamil) estiveron ocupados no cargo un total de nove meses en conxunto. Cando un novo ministro ocupaba o cargo adoitaba comezar un frenesí de toma de decisións coa idea de demostrar a súa laboriosidade ao monarca, que non obstante tiña pouca incidencia real ou se centraba soamente en aspectos de pouca importancia. Nesta etapa reinstaurouse o Consello de Estado, do que moito falaremos no sucesivo, que tería un papel consultivo no tocante a cuestións relevantes de goberno e escoitaría as exposicións dos diferentes ministros, estando presidido polo rei, polo infante Carlos, ou en última instancia polo infante Antonio no caso de que non puidesen asistir os dous anteriores. Porén, as decisións tomadas en común discusión nesta entidade non deixaron patente outra cousa que a propia incapacidade e escasa amplitude de miras de boa parte dos seus membros, que cometeron importantes erros de cálculo e de razoamento. A explicación destas decisións erradas, segundo Fontana, radicaría nun proceso de selección negativa que se explica polo feito de que os persoeiros máis valiosos dende o

[99] Fontana, J. (1992), op. cit., pp.13-21.
[100] Ibídem, pp. 22-29.

punto de vista intelectual tomarían partido por orientacións políticas máis renovadoras, sendo conscientes dos límites e da incapacidade do sistema para perpetuarse. Pola súa parte, as persoas que quedaban serían as de menor valía, aqueles incapaces de decatarse de que o país non podía seguir funcionando naquelas lamentables condicións, tal e como demostrarían os anos que van de 1814 a 1820, no que as crises de goberno serían habituais[101].

Cando González Vallejo ocupou a carteira de Facenda, a situación distou moito de mellorar pese ao entusiasmo inicial habitual. Mentres que o monarca pensaba en termos a longo prazo, a escasa duración no posto dos ocupantes do ministerio provocaba un enfoque diferente e moito máis limitado, tendo que buscar solucións a todo tipo de problemas, incluso os máis cotiáns de funcionamento, sen dispoñer de cartos para logralo. O fracaso absoluto no labor de Vallejo veu da man da intención de levar a cabo unha contrarreforma que pretendía volver a establecer o sistema de Facenda tal e como rexía no século XVIII, con anterioridade a unha serie de cambios introducidos en 1799, e baixo un razoamento tan simplista como errado: se anos atrás os gastos quedaban maiormente cubertos, o único necesario sería volver a aquela situación. Por suposto, sen ter en conta tódolos cambios que aconteceran nas últimas décadas, dende os sucesos nas colonias ata o paso por unha guerra no propio territorio, pasando polo recurso, agora xa inválido, da emisión masiva de débeda. Sumado isto á perda de confianza con algúns dos homes do Consello de Estado, outro ministro remataba cesado, sendo nomeado Ibarra coma sucesor, destinado a cubrir unha situación interina. Pouco puido facer este home no cargo, pois o seu estado de saúde impediulle soportar as cargas do ministerio no que fora situado, propiciando a súa saída do mesmo e sendo relevado do posto apenas mes e medio despois do seu nomeamento, a finais de xaneiro de 1816. Porén, o seu cese non implicou unha caída en desgraza, como si aconteceu con outros individuos, de maneira que unha vez rematada esa breve estadía, foi o encargado de presidir unha nova xunta de Facenda, chamada "de medios", que debería estudar e presentar ao Consello aqueles plans e proxectos que se poderían concibir para aumentar a recadación do erario. Despois de varios meses de deliberación, pese a que había integrantes da xunta favorables a vías máis radicais, unha parte importante da mesma estaba dacordo cunha solución que pasaba por establecer un axuste máximo dos gastos nas diferentes ramas do goberno, para a continuación calcular o déficit resultante que debía ser cuberto e decretar unha contribución extraordinaria fixada nesa cantidade resultante. Ao mesmo tempo creouse outra xunta presidida polo mesmo Ibarra (esta chamada "de economía", fusionouse coa primeira a mediados de novembro de 1816) encargada de fixar os recortes aos gastos de cada ministerio, deixando dispoñible a cada un soamente o diñeiro necesario para o seu funcionamento e detraendo cartos de onde fose posible[102]. Por outra banda, xa con López Araujo na carteira de Facenda promulgouse a Instrución xeral de rendas reais, que contiña importantes propostas a nivel político: unha, a afirmación da soberanía fiscal da coroa e, outra, a orde para que os ministros fixaran os gastos dos seus respectivos departamentos mediante a elaboración de presupostos[103]. Dalgúns destes plans e ideas aproveitaríase cando chegara ao cargo o propio Martín de Garay.

Este bosquexo simple e xeral sérvenos para poñer de manifesto a crise política constante que afectaba ao goberno absolutista no período previo ao asentamento de Garay á fronte da Facenda estatal, suceso que tivo lugar o 23 de decembro de 1816. Porén, antes de pasar a observar a incidencia da crise do Antigo Réxime dende un punto de vista centrado na vertente económica, deterémonos brevemente nos acontecementos e medidas que, dende un punto de

[101] Fontana, J. (1971), op. cit., pp. 95-99.
[102] Ibídem, pp. 115-125 e 165-166.
[103] Artola, M. (1986), op. cit., p. 52.

vista político-administrativo e da Facenda configuraron o devir da monarquía mentres estivo á fronte do ministerio.

Dende o seu nomeamento e ata outro novo episodio de crise política que terá lugar en setembro de 1818, o aragonés formaría, xunto con García de León e Pizarro no cargo de ministro de Estado e Vázquez Figueroa na carteira de Mariña, un equipo de goberno coherente que presentaba unha orientación de relativa moderación dentro do contexto absolutista e reaccionario[104]. Falar aquí de coherencia e de moderación, porén, non nos debe facer perder a perspectiva xeral que vai imperar durante todo o período desta primeira etapa da monarquía de Fernando VII, pois o contexto no que estes homes desenvolven o seu cometido segue sendo o dun absolutismo que vai á deriva. Poucas semanas despois de ocuparse no cargo, Garay atopouse cos resultados daquelas dúas xuntas presididas por Ibarra pero, ao contrario do que opinara a maioría da xunta, a solución da contribución extraordinaria rematou sendo rexeitada, establecéndose no seu lugar unha solución máis radical que contemplaba a reforma do sistema de recadación na liña doutros proxectos anteriores. Como veremos cando sexan abordadas as memorias dos proxectos do ministro, a primeira delas, datada no 6 de marzo de 1817, marca o punto de inicio das negociacións no Consello de Estado sobre o arranxo da Facenda, pois é nela onde comeza a dárselle forma ao novo sistema que acabaría por entrar en vigor. Naquel texto, non obstante, foron expostas dúas solucións alternativas, pois a vía do repartimento extraordinario tamén se abordaba inicialmente. As rendas provinciais da Coroa de Castela e os seus equivalentes na de Aragón quedaron substituídas por un sistema de recadación mixto que recollía unha contribución xeral e proporcional a cada individuo en función da súa riqueza. A excepción, de aí a consideración de mixto, serían as capitais de provincia e os portos habilitados para o comercio estranxeiro, onde se pagarían dereitos de portas por aquelas mercancías que entrasen nesas cidades[105].

Unha vez que a cuestión da reforma de Facenda se puxo en marcha, Garay pasou a encargarse do outro grande problema xunto co do aumento dos recursos económicos para a tesourería rexia, o da débeda pública. Así, tras promulgarse o decreto do 30 de maio que establecía as pautas da nova contribución, aínda que con algunhas lagoas importantes como veremos, Garay púxose mans á obra coa tarefa, que conduciu a outro proceso de discusión iniciado coa lectura doutra memoria ante o Consello de Estado exposta o 3 de setembro. Previamente, comezando o seu labor o 3 de marzo do corrente, unha nova xunta presidida por Ibarra recibira o encargo de reunir aqueles arbitrios que poderían ser válidos para aplicarse sobre a amortización do crédito público, realizando un estudo na busca de recursos. Os primeiros resultados apareceron o 6 de maio, propoñéndose en primeiro lugar a separación tallante entre os fondos reservados á tesourería e os destinados ao crédito público, ademais da recadación de ata un total de cincuenta e unha figuras impositivas para cubrir as obrigas do malpocado crédito estatal. Con estes datos de base elaborouse a folla de ruta do plan de crédito, se ben era certo que os arbitrios propostos non alcanzaban as cantidades mínimas necesarias. Para empeorar as cousas, a situación de partida foi bastante confusa xa que o Real Decreto do 30 de maio introduciu modificacións que afectaron a unha parte importante dos arbitrios propostos, que tiveron que ser eliminados da lista inicial publicada pola xunta, engadíndose outros novos para compensar. A débeda clasificouse segundo a súa prioridade, pero os mellores resultados posibles seguían supoñendo unha cantidade insuficiente para afrontar os intereses do crédito, pese ao cal, o deseño do plan continuou. A capacidade de éxito dependía, en todo caso, da exactitude coa que o Estado aplicara as disposicións e a

[104] Fontana, J. (1971), op. cit., p. 151.
[105] Fontana, J. (1973), op. cit., pp. 64-65.

relixiosidade coa que atendera os pagos establecidos, o cal axudaría a restablecer o creto do goberno, e con el o acceso a mellores contratos de débeda[106]. O equilibrio deste sistema de crédito pasaba tamén por un novo intento de desamortización que afectaría a toda unha serie de terras, mais os debates e resistencias suscitadas no marco do Consello en canto a algúns dos seus puntos esenciais conseguiron, como se verá, que este plan tampouco triunfara.

Os retrasos acumulados nas discusión do plan de arranxo do crédito favoreceron que os opositores de Garay no Consello de Estado utilizaran na súa contra o descontento, os problemas e as dificultades que a implantación do recentemente aprobado sistema de Facenda suscitaba, o que conduciu ao seu cese final que, enmarcado nunha nova crise política, aconteceu o 14 de setembro de 1818. Porén, o que caeu foi o ministro debido á falta de obtención de resultados, pero non o sistema, que continuou vixente cunha clara liña de continuación. No seu lugar, Garay foi substituído por Imaz, un individuo do seu equipo que resultaba ser un dos seus directores xerais de rendas. Aducíronse nesta decisión gobernativa criterios que facían referencia á saúde do agora exministro de Facenda, que debía de estar xa afectado pola tuberculose que causaría a súa morte catro anos máis tarde. Se ben isto puido precipitar unha decisión, non resulta menos evidente que existiron motivos claros de carácter político trala destitución, en tanto en canto algunhas das medidas que propuxo e que tomou lle fixeron gañarse unha serie de inimigos que quedarán moi claros cando analicemos a documentación do decreto de Facenda e as memorias presentadas no Consello de Estado no seguinte capítulo. Garay fora establecido no cargo para tratar de recuperar unha situación que non obstante era totalmente irrealizable sen recorrer aos métodos máis radicais do liberalismo: reconstruír o país e dar lugar a un crecemento económico dentro dun marco tradicional e sen tocar as regras do Antigo Réxime. Recoñecer a imposibilidade da tarefa non tiña cabida, menos aínda cando a outra alternativa posible era a volta ao réxime constitucional, polo que o rei soamente tiña a opción de pensar en que os homes que nomeaba eran incapaces de cumprir o obxectivo que se lles asignaba, polos motivos que foran, de aí que se foran sucedendo e desfilando indefinidamente[107]. Esta derradeira afirmación está na base que nos leva a comprender o colapso do Antigo Réxime.

Finalmente, ante esta tesitura, a recadación do sistema de Facenda non fixo máis que diminuír gradualmente, ao tempo que se ía fomentando, ademais, un fondo resentimento entre os contribuíntes. A substitución de ministros continuou de xeito irremediable e, ante a imposibilidade de Imaz para mellorar a situación, foi nomeado no seu lugar Antonio González Salmón, en novembro de 1819. Tal e como indica Fontana, aos poucos días de producirse este derradeiro nomeamento na cabeza da carteira de Facenda, unha real orde que non se deu a coñecer ao público inicialmente estableceu unha nova xunta encargada de propoñer as reformas oportunas no terreo das recadacións, o que recoñecía o fracaso do recente sistema de contribución xeral. Xa no seguinte ano, no mes de febreiro e coa insurrección de Riego producida, a dita orde foi publicada ao mesmo tempo que se concedían algúns mecanismos de alivio para dar a entender á poboación que unha reforma substancial do sistema estaba en camiño de xeito inminente. O goberno decatouse entón de que a considerable indiferencia coa que os pobos andaluces observaron a sublevación tiña que ver en boa parte co descontento levantado por unha contribución xeral que rematou sendo odiada e que abafaba aos campesiños. Así, aquel intento de reforma chegou tarde, e antes de que se puidesen anunciar novas promesas, a monarquía absoluta caera xa ante a chegada do Trienio Liberal[108].

[106] Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, pp. 115-123.
[107] Fontana, J. (1971), op. cit., pp. 176-177 e 311-321.
[108] Fontana, J. (1973), op. cit., p. 67.

1.3.2. A crise económica

No terreo económico debemos partir da existencia dun sistema de rendas tradicionais, arcaico como dixemos un pouco máis atrás, mal administrado e en termos xerais, insuficiente para cubrir as necesidades e circunstancias ás que tivo que enfrontarse o goberno da monarquía nestes momentos, pese a que inicialmente, a chegada de metais preciosos dende o continente americano paliara parte dos contratempos. Dita problemática quedou patente sobre todo durante os episodios bélicos de finais da centuria, o que obrigou ao recurso sistemático ao crédito, cada vez obtido en condicións máis desfavorables, cun endebedamento conseguinte convertido nun problema crónico que ocupou as mentes dos encargados da Facenda do Estado durante grande parte do século seguinte. Esta situación viría producida porque, no contexto do Antigo Réxime, moitos dos vellos gravames carecían de coherencia, eran numerosos e ao mesmo tempo de utilidade moi limitada para a tesourería en canto a ingresos, situación que podía dar lugar á creación de novas figuras impositivas para aumentar os rendementos e que se podían impoñer sobre as mesmas bases tributarias. Tódolos secretarios de Facenda topáronse con dificultades insuperables na busca dun mellor sistema tributario, en tanto en canto este ía á deriva xunto cun sistema político no cal, tal e como acabamos de apuntar, os cambios sobre as bases tradicionais eran imposibles. En consecuencia, tamén neste campo, as modernizacións tributarias son incompatibles[109].

A escasa ou nula capacidade de manobra dentro das regras do restritivo sistema sociopolítico non evitou numerosos intentos de racionalización dos tributos, por outra parte, moi necesarios, aos que chegaremos no capítulo seguinte en tanto en canto nalgúns deles temos claros antecedentes da reforma de Garay. A realidade absolutamente caótica permítenos entender que comezaran tan cedo. Rematada a guerra de Sucesión que introduciu aos Borbóns no trono, a Coroa de Aragón foi sancionada por tomar partido na contenda no bando oposto. No nivel de Facenda, isto traduciuse na introdución dun novo sistema que pretendeu a aplicación de sistemas equivalentes ao castelán pero que resultaran máis doados de administrar, aparecendo así o Catastro en Cataluña, o Equivalente en Valencia ou a Única Contribución en Aragón, nomes que tomou este novo método nos distintos territorios. Tal e como apunta Fontana no seu repaso pola economía do XVIII, as vantaxes que presentaba esta nova fórmula, como a recadación máis áxil e menos custosa, fixeron que axiña se quixeran introducir cambios nas rendas provinciais de Castela para implantar nela un sistema na mesma liña. É neste período xustamente cando atopamos os antecedentes máis serios do desexo de crear un sistema de Contribución Única tamén na Coroa de Castela, que contou con firmes defensores. O máis importante e coñecido de todos eles, sen lugar a dúbidas, foi o proxecto impulsado, cara mediados deste século coa realización dalgunhas experiencias arredor de 1745, e máis concretamente a partires de 1749, por parte do marqués de Ensenada, do catastro coñecido polo seu nome e que tardou anos en completarse. O seu obxectivo non era outro que o de coñecer a riqueza do reino, o cal serviría de base para establecer o repartimento da contribución. Porén, aos retrasos e problemas técnicos na implantación do proxecto habería que unir ademais unha serie de resistencias sociais que frustrarían tanto este como outros proxectos reformistas[110]. O impulsado por Martín de Garay non será dende logo unha excepción, de maneira que teremos a oportunidade de comprobar estas vicisitudes cando analicemos a conflitividade a través da documentación dos recontos e actas das xuntas. A estas dificultades habería que sumar tamén os problemas financeiros que a política exterior impuxo ao goberno español nos anos finais do reinado de Carlos III, que obrigaron a dirixir a atención cara outros obxectivos máis inmediatos que esixían maior preocupación, de modo

[109] Comín, F. (1996), op. cit., vol. 2, pp. 72-73.
[110] Fontana, J. (1980), op. cit., pp. 24-27.

que aumentar a recadación volveuse máis importante case que a forma na que esta se levaba a cabo[111].

O ideal da Contribución Única sobreviviu e viu a luz noutros proxectos entre os cales podemos citar o do propio Garay. Ademais, durante o resto do século XVIII, outras reformas e actualizacións no sistema de Facenda trataron de ser levadas a cabo, destacando a contribución de froitos civís. Aínda que agora non entraremos nesta materia porque volveremos sobre ela, interesa comprender a clave que en última instancia nos axuda a comprender o motivo desta forma de proceder en materia de rendas. Esta viña dada polo feito de que os motores da política económica non deben ser buscados a partir do deseño de sistemas coherentes e racionais, posto que existen outros factores que resultan máis importantes, tales como unhas necesidades que apremaban, uns ingresos insuficientes, a resistencia dos sectores privilexiados a ceder ningunha das súas vantaxes ou o temor a que unhas cargas excesivas puideran provocar, quizais, un estoupido revolucionario. Podendo tratar de solucionar os problemas de dous xeitos, isto é, pola vía da reforma política ou ben pola dos cambios administrativos, a monarquía absoluta tenderá a escoller a segunda opción. O Antigo Réxime non podía asimilar a reforma tributaria que as novas necesidades esixían porque tropezaba contra os privilexios, a resistencia social ou a falta de empeño dos propios gobernantes, especialmente cando despois da Revolución Francesa se estendeu o medo a que a situación se descontrolara totalmente. Por outra banda, a reforma administrativa supoñía un perigo moito menor xa que se limitaba a realizar cambios de xestión, de oficinas ou de regulamentos, de modo que esta foi a solución tomada polos encargados da Facenda absolutistas, á que tamén se poderían unir outras medidas recorrentes como o control do gasto ou a introdución de novos tributos[112]. Cómpre ter moi presente estas afirmacións para tratar de entender os motivos que levaban nesta época a tomar decisións que claramente acabarían resultando prexudiciais no medio e no longo prazo. A monarquía absoluta estaba atrapada polas súas propias bases, sendo imposible realizar cambios profundos sen atentar contra os seus mesmos cimentos. Así, o sistema de Facenda comezou a colapsar pola falta crónica de ingresos, precipitando, ou cando menos favorecendo, a creba do Antigo Réxime. Nesta tesitura, o Estado sumiuse nunha espiral de endebedamento que, chegados á Guerra de Independencia, só vai empeorar a situación aínda máis, se ben non é menos certo que o propio contexto bélico contribúe a enmascarar o afundimento do tesouro[113].

A necesidade de recadación nas décadas finais do século XVIII e na primeira do XIX foi a principal preocupación dun goberno sumido nos custosos conflitos con Inglaterra e Francia xa apuntados. Os gastos nos anos previos a 1808 aumentaron de forma vertixinosa, de maneira que entre 1793 e 1797 a cantidade dedicada a cubrir as necesidades militares chegou a triplicarse, mentres que se recorría ao recurso do crédito a grande escala para tratar de paliar a situación dunha guerra que se estendeu ata 1802 e que de novo se reactivou en 1804. Parte da culpa deste aumento descontrolado da débeda debeuse ao afundimento do comercio coas colonias americanas por mor do control marítimo que exercía Gran Bretaña, situación que impedía tamén a chegada á península das remesas de prata. Ao outro lado do Atlántico, esta conxuntura non soamente repercutiu negativamente no fisco real, senón que tamén favoreceu a expansión de ideas de emancipación. A recadación tributaria procedente das aduanas tamén se afundiu como consecuencia directa das guerras e debido aos mesmos motivos, mentres que as rendas provinciais e os seus equivalentes na Coroa de Aragón mantíñanse nunha situación de estancamento, polo que o recurso masivo ao crédito que tivo lugar debe entenderse como

[111] Fontana, J. (1973), op. cit, p. 35
[112] Fontana, J. (1973), op. cit., pp. 42-43; Comín, F. (1989), p. 107.
[113] Artola, M. (1982b), op. cit., p. 457.

unha solución ante a necesidade de obter maiores ingresos. De tódolos xeitos, tamén hai que comprender que a situación bélica non era a única responsable desta situación, pois se ben é certo que agravou os males, estes xa estaban presentes con anterioridade: os ingresos da coroa sobre a riqueza dos contribuíntes non aumentaban polos problemas do sistema de recadación, o mesmo que os do comercio polo entorpecemento que os múltiples gravames supoñían para estas actividades ou polo mal estado das vías de comunicación. Así, a dependencia que había cara as colonias quedou exposta, e a situación conseguinte moi deteriorada, no contexto adverso da guerra contra unha potencia marítima que impedía as necesarias relacións[114].

Ante a falta de alternativas e dados os límites do sistema tributario para realizar reformas, a necesidade forzou o recurso á práctica da desamortización fronte ás grandes propiedades do estamento eclesiástico. O obxectivo non era enfrontarse á Igrexa cuestionando as súas propiedades, pois estaban protexidas pola lei, senón conseguir baixo a aparencia de consellos e insinuacións e non pola vía da imposición, que a institución fixese gala da súa moral cristiá para poñer en circulación no mercado uns bens que no fondo eran conservados por un sentimento de cobiza que quedaba patente cando a súa posesión se interpretaba dende os preceptos da relixión. Combinando estes principios coa situación de crise financeira manifesta da Facenda estatal e para tratar de resolver esta situación tivo lugar a primeira desamortización eclesiástica, que se fixo necesaria para evitar aumentar aínda máis a miseria das clases populares, así coma o seu descontento, ante o temor ao que acontecera en Francia, pois a presión fiscal á que estaba sometida a poboación facía pouco recomendable a aprobación de novas taxas e impostos. Ao mesmo tempo, o recurso ao crédito era cada vez máis complicado debido á falta de confianza dos prestamistas. Un subsidio eclesiástico recadado sobre as rendas das súas propiedades e autorizado polo Papa tampouco era suficiente, así que en pleno derrube da cotización dos vales reais creouse unha caixa de amortización para afrontar o problema da débeda. Dende o ministerio de Facenda en mans de Soler, varios decretos foron aprobados en setembro de 1798, segundo os cales se poñían á venda os bens raíces de hospitais, hospicios, casas de misericordia, de expósitos, confrarías, memorias, obras pías e padroados de leigos. O dilema que semellante proceso formulaba ao rei e aos seus conselleiros era certamente complexo, pois foran tamén os revolucionarios veciños os que confiscaran os bens da igrexa para afrontar a débeda nacional. Pero no outro lado, España enfrontábase cunha creba como a que obrigara a Luís XVI a convocar os Estados Xerais, iniciándose con elo o proceso que rematara coa monarquía e co propio rei. Así, a elección era extraordinaria e non se podía tomar á lixeira, sendo o obxectivo polo tanto, o de dar unha solución de emerxencia á crítica situación das finanzas dentro dun marco de enfrontamento bélico[115]. O ministro de Facenda deixou por escrito a súa declaración de intencións nunha memoria que escribiu a finais do mes de outubro de 1799, onde deixa claramente expresada a súa intención cando adoptou esta medida:

> "Las circunstancias no me permitían variar el sistema, y así procure aumentar sus ingresos. No pudiendo para ello valerme de negociaciones en el extranjero, las concentre todas al reino, el cual tampoco ofrecia buen éxito por su situación. Las muchas fincas que con daño de la industria poseen las manos muertas, me descubrieron un fondo cuantioso, que bien manejado, podia proporcionar grandes socorros, así como las que se hallan sujetas á vinculaciones, y que limitado su goce á ciertas familias con esclusión de las demas, carecen de circulacion y de los beneficios del cultivo (…) Lleno de estas ideas beneficiosas al público, y tratando

[114] Ruiz Torres, P. (2008), op. cit., pp. 567-573.
[115] Herr. R. (1991), op.cit., p. 126; Ruiz Torres, P. (2008), op. cit., pp. 595-599.

> de dar el golpe mas favorable á la industria, tuve el honor de proponer, y V.M. se dignó mandar, que se enagenasen todos los bienes pertenecientes á obras pias, memorias y demas, contenidas en el real decreto de 19 de setiembre de 1798[116]."

Dous grupos saíron beneficiados especialmente dos procesos de venda que chegaron a ter lugar a raíz destes decretos de 1798: por unha banda burócratas e empregados do rei, pequenos nobres, notables locais e burguesía adiñeirada que vivían nas cidades e que mobilizaron considerables cantidades de capital líquido ou invertido na compra de vales reais. Este primeiro grupo menos numeroso acaparou, porén, a maior parte da cantidade de terras das transaccións. Por outra banda, o outro grupo estaba composto por campesiños acomodados, pequenos comerciantes e xentes ocupadas en diversos oficios en vilas e cidades, que adquirína a terra en forma de pequenos lotes pero con explotacións intensivas en man de obra. A grande ausente desta compravenda de terras que tivo lugar cara o cambio de século foi polo tanto a grande aristocracia. A cantidade de terra sobre a que incidiu esta desamortización non pode ser desprezada, xa que segundo datos apuntados por Ruiz Torres, no conxunto das provincias da Coroa de Castela, as vendas afectaron a un quince por cento de toda a propiedade eclesiástica, tomando como referencia a cantidade rexistrada no catastro de Ensenada. Arredor dun tres por cento do total de bens raíces cambiaron de mans, porcentaxe que se chega a duplicar nalgunhas provincias concretas[117]. Pero os capitais mobilizados non serviron para dar respiro á abafante situación financeira, xa que a recadación non foi empregada para sanear a Facenda amortizando créditos e vales reais. O que se conseguiu foi destinado no seu lugar a cubrir o déficit das contas, polo que o problema non fixo máis que seguir medrando coma unha bóla de neve. En 1799, era o mesmo Soler quen daba boa conta desta situación ao afirmar o seguinte:

> "La caja de amortización era el establecimiento público que mas favorecía á mis miras, y aunque sus fondos debian ser sagrados, no obstante servian para socorrer á la tesorería[118]."

A situación pareceu relaxarse un pouco en 1802 cunha pequena paréntese que, porén soamente se estendeu durante dous anos, cando o conflito con Gran Bretaña volveu rexurdir, motivo polo cal a situación de crise financeira se prorrogou durante os primeiros anos do século XIX. A valoración que facía Canga Argüelles, a raíz desa breve paz, sobre a situación na que se sumira o país nos últimos dez anos en relación a etapas anteriores arroxaba un considerable pesimismo, pero sérvenos aquí como o resumo dos sentimentos e necesidades nos que se sumiu o Estado neste período:

> "A una época tan próspera ha sucedido otra llena de sacrificios y de males como consecuencia de los combates. No bien el primer cañonazo anunció el rompimiento de la paz, cuando á la pérdida de los ejércitos sucedió la de las escuadras: las contribuciones se cobraron con mas vigor y actividad que era de costumbre, sin dar oidos á las quejas de la miseria, y á las escusas del contribuyente. Se crearon arbitrios, se abrieron préstamos, (…) y acosados los ajentes del erario por la falta de caudales, los buscaron con la ansia de un hidrópico en los países extranjeros (…), dando con ellos funestos golpes al crédito. Al soplo devastador de la discordia, las obras públicas emprendidas en bien de la agricultura, ó han cesado

[116] Soler, M. C. (1799), p. 188.
[117] Ruiz Torres, P. (2008), op. cit., pp. 600-602.
[118] Soler, M. C. (1799), op. cit., p. 188.

> del todo, o han sufrido atrasos en sus consignaciones, y empleada la atención del gobierno en acallar el grito del soldado, prescindió de las artes y de la industria (…). A una serie tal de sucesos, debe ser consiguiente la miseria en todas las clases, la ruina del comercio y de la agricultura y la diminucion de los brazos[119]."

A Guerra de Independencia contra Francia dende 1808 non fixo outra cousa que agudizar o problema, pois como sinala Fontana, a débeda recoñecida ao rematar o conflito ascendía a trece mil millóns de reais. Deste xeito, aínda nos primeiros compases do século XIX, a reforma da Facenda continuaba a ser unha das necesidades políticas máis urxentes do Estado español [120] . Neste contexto é onde debemos enmarcar precisamente, trala volta do absolutismo, o intento levado a cabo polo ministro Martín de Garay para, novamente, tratar de mellorar a situación. Porén, antes diso, a contenda bélica supuxo unha situación que posibilitou unha grande reforma do sistema financeiro como consecuencia da caída total da maquinaria do Estado. O poder central chegou a pasar por un momento moi complicado e de impotencia operativa absoluta por mor da guerra, ata o punto de chegar a confundirse a súa recadación coa dos impostos na cidade de Cádiz, na que os restos do goberno acabaron confinados. Ante semellante tesitura, boa parte dos esforzos no que se refire á obtención deses recursos necesarios para financiar a loita armada realizáronse principalmente a escala local. Aparece aquí unha dualidade importante na recadación, pois mentres que as puntuais remesas coloniais e a axuda británica favoreceron principalmente ao limitado goberno central, os exércitos subsistiron en maior medida gracias aos impostos, donativos e subministracións que lles aportaron as poboacións das provincias[121]. Por outra banda hai que lembrar que, debido a estas peculiaridades nas que actuaron as Cortes, que non lexislaron en etapa de paz nin actuaban sobre todo o territorio, as reformas intentadas remataron en boa medida sen aplicación concreta. Os organismos centrais creados non conseguiron facer efectivas as súas atribucións, de modo que falar dunha Facenda organizada non pasa de mera ficción. Porén, os intentos de cobro en metálico ocasionaron unha carga extra aos campesiños e xeraron un descontento que podería ter sido un dos factores que explicaron a restauración absolutista de 1814[122].

En canto ás reformas tomadas en materia de Facenda propiamente dita, nestes anos volveuse retomar a herdanza reformista daquelas persoas que avogaban por un cambio no sistema de recadacións e rendas. Xa en agosto de 1809 foi aprobou un decreto a través do cal se establecía que quedarían derrogadas algunhas das antigas rendas a partir do momento no que se aprobara un novo corpus impositivo que se encargaría de substituílas. En virtude disto, o 12 de xaneiro de 1810 creouse unha contribución extraordinaria de guerra que se pagaría en proporción ás rendas, producións e utilidades de cada contribuínte. Non se debeu avanzar demasiado nesta materia xa que pasado máis dun ano dende esa data o obxectivo sobre o que se impoñía a dita contribución modificábase, mentres que outro ano despois resultou que o imposto non puidera ser implantado nin tan sequera nos termos da cidade de Cádiz. Por outra banda, o 6 de xullo de 1813 unha comisión de Facenda presentou un proxecto de lei para tratar de reformar o sistema seguindo o principio da contribución directa. Segundo a nova folla de ruta, as rendas provinciais e estancadas quedaban suprimidas, sendo substituídas por unha contribución directa repartida segundo o nivel de riqueza que tivera cada un dos contribuíntes. Como base para os repartimentos provinciais tomaríanse os resultados do Censo de froitos e manufacturas de 1799 que foran publicados en 1803, aspecto que espertou

[119] Canga Argüelles, J. (1802) pp. 199-200.
[120] Fontana, J. (1980), op. cit., p. 29.
[121] Ibídem, pp. 31-33.
[122] Anes, G. (1970), pp. 220-221; Artola, M. (2008), op. cit., p. 384.

fondas críticas, pois os seus resultados contiñan inexactitudes que se traducirían en repartimentos descompensados. Aparte disto, a situación en canto á riqueza podería ter cambiado moito en máis dunha década, tendo en conta que estaba a desenvolverse un conflito bélico na propia península. Tras algunhas correccións, o 13 de setembro publicouse o "Novo plano de contribucións públicas", con cotas provinciais que presentaban desproporcións enormes debido á falta de base. O seu cobro, porén, resultou imposible en tanto en canto, pese a un primeiro anticipo esixido que foi empregado para cubrir necesidades militares, o goberno non chegou a recibir o primeiro pagamento debido á caída do réxime constitucional[123].

Coa restauración do absolutismo, a situación dende o punto de vista económico mantívose, pero no ámbito da administración o carácter principal foi a volta novamente ao sistema tradicional de rendas. A nivel de ingresos estatais, dende 1814, estes quedaron reducidos a números inferiores á metade dos valores medios recadados nos anos previos á contenda de independencia. Mesmo na década 1824-1833 non se chegou a acadar o nivel da etapa 1785-1790, quedando aínda moi por debaixo dos valores do período 1791-1807. Se son tidos en conta os considerables aumentos de presuposto doutros estados europeos neste momento, podemos obter unha clave de cara a comprender o considerable retroceso de España no contexto internacional, que dimite de xeito definitivo como potencia europea[124]. Durante os seguintes anos, a situación poderíase resumir, como xa apuntamos, nos intentos para intentar perpetuar o sistema pero sen atacar as bases e sustento do mesmo. Do mesmo xeito, esa imposibilidade para cambiar as pautas fundamentais de funcionamento do Antigo Réxime trouxo consigo outras consecuencias. A nivel económico por exemplo, as tímidas desamortizacións e tódolos cambios que se pretenderon levar a cabo non impediron que o sistema acadara o seu teito de desenvolvemento, o cal limitou por completo a todas luces que tivera lugar un proceso de revolución agraria, ao non producirse un cambio nas formas do reparto da terra. A barreira estaba en cuestionar as bases da sociedade estamental, aspecto infranqueable para os reformistas que partían dende dentro do marco do sistema[125]. A Contribución Única foi derrogada, pero coas arcas aínda máis valeiras por mor da guerra, o goberno era consciente de que se o sistema de recadación entrara en crise xa con anterioridade á contenda, dificilmente podería funcionar agora. Para aumentar a gravidade da situación, había que ter en conta que tamén escaseaban os metais preciosos procedentes das colonias americanas, en pleno proceso precursor da súa independencia; por non mencionar a absoluta falta de creto dun goberno que xa non podía funcionar con empréstitos ou vales de débeda, xa que o sistema non acadaba sequera para satisfacer os intereses xerados polos mesmos[126].

Falar de crise económica non debe circunscribirse, porén, a unha mera análise dos balances de ingresos da monarquía ou da situación da súa débeda. O desastre nestes aspectos queda patente no que levamos dito ata o de agora. Pero ademais disto, a crise que atravesa o sistema nestes anos vese favorecida dende este punto de vista financeiro polas conxunturas de prezos ou os cambios no modelo económico que forzosamente introduce a situación colonial. Estes feitos están en ocasións moi relacionados entre si e terán unha implicación e consecuencias importantes no territorio e na sociedade de forma moi diversa, influíndo na situación política e económica, agravándoa. Por outra banda, afectarán aos diferentes grupos sociais de xeito diverso, o que suporá diversas estratexias á hora de facerlles fronte. O afundimento dos prezos dos produtos agrarios afectou de forma notable á capacidade de subsistencia do campesiñado, o que redundaría tamén na posibilidade que o grupo tiña para

[123] Fontana, J. (1973), op.cit., pp. 54-61.
[124] Fontana, J. (1971), op. cit., p. 70.
[125] Rodríguez Labandeira, J. (1982), op. cit., p. 181.
[126] Fontana, J. (1973), op.cit., p. 62.

pagar impostos nun momento no que a Facenda estatal se atopa desesperada por obter recursos. As consecuencias disto serán diversas, pero hai que pensar que parte da culpa de que se relaxara o pago do décimo ten aquí unha das súas causas. Resulta completamente lóxico que se os campesiños deben afrontar pagos en metálico que lle son impostos pola administración no contexto dunha crise de prezos agrarios, esas persoas deberán destinar unha maior parte da colleita para efectualos, prestando menos importancia quizais ao décimo. Por outra banda, a perda das colonias americanas e en consecuencia dos seus mercados vai afectar de xeito especial á burguesía comercial, que deberá volver a súa vista cara o interior do país, e desenvolverse agora nun contexto no que as reformas necesarias para o crecemento económico non poden ser levadas a cabo polo inmobilismo do propio sistema, comezando a dubidar das posibilidades do mesmo. Evitando adiantarnos a futuros procesos, pasemos a tratar dun xeito un pouco máis detido estas cuestións.

No tocante ao afundimento dos prezos dos produtos agrarios, autores como Ángel García Sanz establecen catro períodos nos que se alternan o seu ascenso e descenso ao longo do tres primeiros cuartos do século XIX. Entre 1800 e 1817 daríase un elevado nivel de prezos, con alzas espectaculares nos anos de crises de subsistencias, fase á que seguiría outra ata 1823 onde se produciría un derrubo dos mesmos ata chegar a un nivel a metade máis baixo que na fase anterior. Ata 1835, entraríase nun novo período caracterizado polo estancamento con algunhas flutuacións pouco significativas, para finalmente entrar, entre 1835 e 1875 nunha fase de alza persistente. Esta alza sería lenta ata o ano 1845, pero os prezos chegarían a aproximarse ao nivel acadado na primeira fase[127]. Por outra banda, Artola recoñece unha evolución española dos prezos moi ligada á conxuntura mundial, cun derrubamento dos mesmos entre 1812 e 1832, recoñecendo algúns anos de recuperación nas fases de normalización política pero dentro dun fenómeno tendente á baixa que provoca a ruína das actividades económicas[128]. Josep Fontana pola súa parte, establece como fases de descenso dos prezos agrícolas os anos comprendidos entre 1812-1821, 1825-1829 e 1835-1853, con períodos de ascenso nas datas alternas non cubertas por eses arcos temporais. Nestes anos nos que se sitúa a reforma da Facenda de Garay temos polo tanto unha conxuntura económica depresiva que acada un dos seus momentos culminante precisamente entre 1817-1819, cando os prezos españois chegaron a caer máis dun corenta por cento por debaixo da media dos cinco anos anteriores. Este episodio transcorre en paralelo á crise de posguerra que se produciu en Europa. A conxuntura, en suma, actúa sobre a sociedade e a política españolas, pero tamén foi influída pola actitude desa sociedade e pola formulación desa política[129].

É tamén Fontana quen, porén, avoga por evitar unha lectura catastrófica destas flutuacións de prezos para tratar de explicar unha crise agraria que realmente tivo lugar en toda Europa tralas guerras napoleónicas. No seu lugar, defende a existencia dunha etapa de transformación dende os primeiros compases do século XIX e dentro do marco xeral da transición ao capitalismo e do xurdimento dunha economía industrial. En España, as oscilacións de prezos coincidirían en boa medida coas sucedidas noutros países aínda que as circunstancias internas foran diferentes e particulares en función do contexto que vimos debuxando. Esta crise de prezos tería en España algunhas explicacións características que lle darían unha certa especificidade con respecto ao resto do continente.

Concretamente, poderían ser tres os motivos sinalados para explicar dito afundimento: en primeiro lugar habería que atender á caída dos prezos dos cereais que eran importados para completar o abastecemento das zonas periféricas. Ante as dificultades de transporte, os prezos

[127] García Sanz, A e Garrabou, R. (1985) (eds. lits.), op. cit., p. 84.
[128] Artola, M. (2008), op. cit., p. 465.
[129] Fontana, J. (1971), op. cit., pp. 51-52.

que tería suposto levar o trigo dende Castela a zona litorais traería como consecuencia un encarecemento que imposibilitaría a venda a prezos competitivos. Un fenómeno que revela a escasa eficiencia á hora de comercializar produtos agrarios e a escasa articulación do comercio interior. Así, dábase o paradoxo de que, pese a ter un stock considerable de produtos agrarios, moitas das necesidades estaban cubertas con outros foráneos que inundaban os portos. En segundo lugar debe ser tida en conta a caída das exportacións españolas, proceso directamente relacionado coa perda das colonias americanas ou co logro da aclimatación das ovellas meiriñas noutros países, que supuxo a substitución do produto español e que tamén suporía un durísimo golpe para a exportación das las castelás. Por último apúntase á presenza de fenómenos de deflación, especialmente de novo entre os anos 1814 e 1820. Cando se reduciu drasticamente o fluxo de metais preciosos americanos, o déficit da Facenda seguiuse cubrindo con grandes cantidades de prata xa acuñada, o que supoñía a subtracción dunha parte da moeda do mercado, cos conseguintes problemas de deflación froito da menor cantidade de diñeiro en circulación, fenómeno que dificultou o comercio interior e acentuou o descenso dos prezos. Esta non era, porén, a única forma de fuga dos capitais ao exterior. En relación coa falta de protección dos produtos nacionais e ante unha indiferencia que permitía continuar realizando un abastecemento con produtos estranxeiro, a economía española drenábase de numerario por esta segunda vía, a que supoñía a compra destes xéneros estranxeiros. A maquinaria borbónica pola súa parte, ou ben non daba coa solución axeitada ou ben non se decataba do problema, vista a pobreza das formulacións de política monetaria nestes anos. En opinión de Fontana, a política económica xeral efectuada polo goberno nestes momentos non soamente se presentou como ineficaz, senón tamén como absurda e prexudicial. Tan importante é recoñecer este feito como que aquí mesmo estaría parte do xermolo dun rancor que motivaría que a poboación asistira ao afundimento do réxime absoluto, agora en 1820, de forma indiferente[130].

En canto ás colonias americanas máis concretamente, vemos dun xeito claro como a súa desvinculación da coroa española se traduciu nalgunhas das causas que favoreceron a proliferación da crise agraria e de prezos que se produciu na metrópole. Ademais diso, a suspensión do fluxo de diñeiro, entre outras mercadorías procedentes do outro lado do Atlántico obrigou a facer cambios nas relacións con outros países europeos, de tal forma que a raíz destes acontecementos se asiste a un cambio no modelo económico e comercial. A deflación provocada pola fuga de capitais á que acabamos de facer referencia é unha consecuencia fundamental pero, por outra banda, a perda das colonias significou tamén que unha grande cantidade dos produtos españois que ata entón eran exportados alí, atoparon bloqueada a súa saída ante un mercado interno sen o artellamento necesario. En xeral, a tendencia do mercado apuntará a unha maior comercialización interior do produto agrario froito precisamente do axuste necesario trala perda das colonias, aínda que tamén se debeu, nun proceso de máis longa duración, á lexislación liberal durante o trienio ou á propia transformación do réxime de propiedade como consecuencia da realización, máis adiante, da reforma agraria liberal[131]. Coa perda definitiva dos mercados coloniais deuse a entender que o crecemento económico en España soamente se podería dar dende o seu interior, para o cal sería necesario liberar a potencialidade produtiva da agricultura e tratar de articular un mercado nacional propio. O inconveniente era de novo, a mesma vella estrutura que xa citamos en varias ocasións e que aparece unha e outra vez na base do problema. Para

[130] Fontana, J. (1971), op. cit., pp. 322-342; (1985), pp. 16-22.
[131] García Sanz, A. e Garrabou, R. (1985) (eds. lits.), op. cit., p. 88; Fontana, J. (1970), p. 205.

solucionalo requiríanse unhas fondas transformacións incompatibles coa persistencia da estrutura política, económica e social do Antigo Réxime[132].

1.3.3. A crise social

En derradeiro lugar, ademais dos contextos político, económico e financeiro, a crise do Antigo Réxime debe ser entendida tamén dende o punto de vista social e demográfico, cuxa vertente resulta tan importante como as outras para entender os cambios que se producen neste momento. Neste sentido é Anes quen sinala como causa da crise do sistema as novas necesidades creadas no marco dunha poboación que aumentara no transcurso do século XVIII, factor ao que se van unir outros menos controlables dende o punto de vista das posibilidades humanas como as malas colleitas, dependentes de ritmos naturais. A diminución da dieta de subsistencia do campesiñado e o conseguinte aumento da mortalidade serían unha característica destes anos, o que tamén confire unha vertente demográfica á crise do sistema. Estas crises (que tampouco afectaron por igual a tódalas zonas do territorio, en tanto en canto podían ser máis facilmente paliadas na periferia gracias á importación marítima) non sempre foron correctamente xestionadas polo goberno, nin sequera nos anos de abundancia de cara a establecer medidas de protección nos momentos de escaseza[133]. Máis que as novas necesidades creadas pola poboación, a clave para explicar a situación de crise no contexto destes anos sería a forma na que o goberno e as estruturas do Antigo Réxime respondeu ás mesmas.

Nesta tesitura de crises de subsistencias cíclicas combinadas cun afundimento de prezos e episodios bélicos que supoñen, especialmente cando se desenvolven en solo nacional, a destrución da agricultura e o descenso da súa produción, os desafíos ás vellas estruturas deixáronse notar de forma clara. O devir político tamén favorecera importantes cambios de pensamento, posto que despois da Guerra de Independencia, os escrúpulos dos labregos ante o décimo van ser moito menores, unha actitude que se viu favorecida en parte non soamente pola falta de recursos senón tamén polos decretos das Cortes de Cádiz[134]. O aumento deste tipo de prácticas respecto do décimo evoluciona de xeito progresivo ata a supresión final desta figura impositiva en 1841. Desta maneira, asistimos a unha relaxación na conciencia que obrigaba ao pagamento deste imposto, que medrou dende o último terzo do século XVIII e especialmente dende finais desa mesma centuria, con matices posibles en función da zona do territorio da coroa que observemos[135]. Isto serviranos para recoñecer a presenza dunha resistencia por parte dalgúns sectores da poboación que se manifestaría de diversos xeitos e, aínda que por suposto debamos recoñecer que a que se produce fronte ao décimo non era un fenómeno novo, pois está sobradamente documentada noutras épocas anteriores, si responde en parte, nestes primeiros compases do século XIX, a novas motivacións favorecidas pola crise do sistema[136]. Porén, se a práctica da resistencia ao décimo tivo éxito foi porque ao tomar un carácter amplo, a capacidade de actuación dos mecanismos xudiciais e represivos quedou totalmente superada, seguindo o razoamento de que un elevado número de infractores saturou as posibilidades de resposta dos organismos encargados de facer fronte a esas violacións. Tamén se pode explicar o fenómeno polo aumento da presión fiscal por parte dun Estado famento de recursos económicos, tal e como se definiu un pouco máis arriba, o que obrigaría a comercializar maior cantidade da colleita. Máis adiante, a estas causas uniranse

[132] Fontana, J. (1971), op. cit., p. 80.
[133] Anes, G. (1970), op. cit., pp. 213-214; (1974), pp. 399-424.
[134] Anes, G. (1974), op. cit., p. 435.
[135] Canales, E. (1982) e (1985); Muñoz Dueñas, Mª D. (1994); Para o caso galego dun xeito máis concreto: Eiras Roel, A. (1975), especialmente pp. 64-65.
[136] Veiga Alonso, X. R. (2017).

outras como a propaganda antidecimal nos períodos constitucionais ou o descenso dos prezos agrarios.

A crise social tamén se manifesta, de forma moito máis profunda e dende un punto de vista máis xeral, nun proceso que xa dende antigo exercía presión sobre as estruturas xurídicas e de privilexio que estaban na raíz do artellamento do Antigo Réxime e coas que chocaron de modo sistemático as reformas e os intentos de cambio que se apuntaron previamente. A concepción do Estado moderno que viña aumentando o seu poder secularmente resulta incompatible coa tradición estamental, que fracasa á hora de facer fronte ás novas necesidades políticas, económicas e sociais. A nobreza, que fora perdendo a súa función, gozaba dun privilexio contra o que se dirixiron numerosas críticas, mentres que a actitude da Igrexa, sumida nunha práctica dunha cada vez maior relaxación da disciplina eclesiástica, deu pé a que os liberais reformaran esa disciplina ao tempo que extinguían os seus señoríos e propiedades[137]. Algo que xa se iniciara no marco do propio absolutismo dadas as necesidades financeiras, de imposible resolución dentro dunha situación de privilexio, como xa se sinalou. A manifestación deste proceso de longa duración lévanos necesariamente a falar, a lo menos nos seus primeiros compases, da revolución liberal, un proceso que, con todo, se prolongou moito máis que respecto a fin do propio absolutismo.

Sen pretender un estudo exhaustivo da mesma, non podemos ignorar o proceso de ascenso que a burguesía vai experimentar decididamente ao longo do século XIX. Resultaría imposible non ter en conta esa revolución liberal polas súas implicacións de cara ao que nesta investigación se trata, posto que no devir deste proceso de cambio atópanse as claves da forma de actuación dos diferentes grupos sociais no marco da conxuntura, dos sucesos, fenómenos e acontecementos que vimos tratando ao longo destes últimos epígrafes. A historia do ascenso da burguesía neste sentido é tamén a historia do cambio de estratexias deste grupo, das clases privilexiadas ou do campesiñado de cara aos acontecementos que se foron desenvolvendo durante a primeira metade do XIX. Debemos salientar o proceso da revolución liberal (entendido como paso do Antigo Réxime a outro novo e transformado) dentro deste contexto que aquí debuxamos, precisamente porque nesta investigación concedemos unha grande importancia á conflitividade social, que se explica en boa parte polas estratexias de supervivencia e adaptación dos distintos grupos sociais aos avatares históricos.

Un fenómeno que como xa indicaron algúns autores como Miguel Artola ou Pedro Ruiz Torres debe ser concibido como un cambio político que se produciu tanto en España coma no resto de Europa e que deu lugar a unha transformación social de carácter radical. Radical porque o punto de chegada, pese a continuar maioritariamente cunha economía agraria tradicional, dispoñía agora dun novo sistema político con novas ideas e dunha ordenación social e xurídica diferente. Para o caso español, esas transformacións produciríanse a grandes trazos entre 1808 e 1840, aínda que logo necesitara completarse. Pero pódese afirmar que, en esencia, a transformación foi revolucionaria porque produciu cambios importantes e fondos nas institucións e na forma do Estado nun tempo relativamente curto, e foi liberal porque resultou similar no político ás revolucións que puxeron punto final ao Antigo Réxime na Europa Occidental. Por suposto, tamén habería que ter presente que termos como o de revolución ou cambio radical, porén, poden estar suxeitos a unha variabilidade subxectiva en función da óptica coa que se mire unha transformación e en función do que cada investigador entenda baixos eses conceptos. Porén, resulta innegable un cambio fundamental nas ideas políticas (soberanía nacional, separación de poderes ou recoñecemento dos dereitos individuais), na propia práctica política en si mesma (monarquía parlamentaria, réxime

[137] Artola, M. (1976), pp. 86-100.

constitucional, abolición do réxime señorial ou institucionalización da propiedade individual) e na forma da sociedade. Neste nivel social non obstante, o debate pode volverse máis complexo se o observamos dende a óptica da sociedade agraria xa que, se partimos de que antes da revolución existían relacións capitalistas na agricultura, se entendemos que o poder da nobreza seguiu intacto e que non se produciu un cambio profundo na estrutura social da propiedade, pode extraerse a conclusión de que os cambios non son tan radicais como se puidera pensar nun principio. Debemos entender chegados a este punto que a propia revolución política era tamén social, posto que dunhas relacións estamentais baseadas no privilexio pásase a outras baseadas en principios de dereito[138]. Para poder obter unha conclusión satisfactoria sobre este tema, debemos entender ademais a forma na que se desenvolveu esa transformación social no contexto español e, máis importante aínda quizais, debemos comprender como eses cambios foron entendidos e tratados pola historiografía, para comprender as diferentes interpretacións que existiron sobre este proceso de revolución.

A burguesía española tolerou os condicionantes do Antigo Réxime ata o momento da francesada en función dun monopolio garantido pola coroa enfocado cara a explotación do comercio colonial. Esta situación rematou cando ese contexto de bonanza chegou ao seu final, cun punto crítico cando a perda de boa parte dos mercados coloniais a raíz das guerras contra Francia e Inglaterra provocou que esa burguesía se decatara de que debía reorientar a súa actividade cara o interior do país unha vez se puxo de manifesto que o réxime absoluto era incapaz da recuperar os territorios perdidos. A reorientación facía necesaria a existencia dun mercado nacional e o fomento dun desenvolvemento económico integral do país, algo que entraba en conflito con tódalas contradicións do Antigo Réxime que viñemos sinalando nestas páxinas anteriores, de modo que a actuación revolucionaria da burguesía perseguía impoñer un novo modelo social sen obstáculos xurídicos ou institucionais para o desenvolvemento das relacións capitalistas de produción[139]. Era necesario liberar a forza produtiva latente nunha agricultura dominada por morgados, mans mortas, décimos e dereitos señoriais. Así, ao mesmo tempo que se atopaba enfrontada co goberno absolutista pola súa desastrosa política económica, a burguesía tamén se opoñía ao réxime señorial, xa que a súa pervivencia obstaculizaba o progreso xeral, e con iso, o propio progreso e intereses da mesma burguesía. Nos primeiros compases deste proceso o campesiñado era un grupo social cuns puntos de vista coincidentes en boa medida que tamén se opuña ao réxime señorial, en xeral porque existía un sentimento de que décimo e dereitos señoriais funcionaban como obstáculos, manifestándose a resistencia aos mesmos. Pero ese tipo de sentimentos agroman especialmente e de forma maioritaria naquelas zonas nas que a agricultura se atopa nun maior estado de inserción no mercado. Así, neste sentido e a lo menos dende un punto de partida inicial previo ao regreso do liberalismo no Trienio Constitucional, en palabras de Fontana, as posibilidades obxectivas de entendemento entre campesiñado e burguesía son unha forza que non debe menosprezarse e que conserva intactas tódalas súas potencialidades[140].

Porén, a revolución liberal como feito de natureza política que ía integrar un conxunto de cambios de moi diversa índole, nos que se concretou finalmente a transición do Antigo Réxime cara o novo modelo social inspirado no liberalismo, non se articulou a través da asociación co campesiñado. Ao contrario, sen que chegara a producirse unha revolución campesiña, a liquidación do Antigo Réxime en España levouse a cabo mediante un acordo tácito entre a burguesía e a aristocracia nobre baixo uns termos bastante concretos. Tal e como teñen indicado distintos autores, estes non eran outros que formular o recoñecemento dos

[138] Ruiz Torres, P. (1994), pp. 159-162.
[139] García Sanz, A. e Garrabou, R. (1985) (eds. lits.), op. cit., p. 9.
[140] Fontana, J. (1971), op. cit., pp. 225-242.

antigos dereitos sobre a terra de forma tal que permitía de feito á antiga propiedade converterse, sen sufrir minguas, en propiedade nova particular. A nobreza, en troques, non se opoñería ao proceso revolucionario e transixía coa perda das súas antigas atribucións sociais especialmente relevantes nos señoríos [141]. Por iso, a desvinculación e a supresión de señoríos perpetuou algunhas situacións como as dos foros, de xeito que estes procesos non supuxeron a creación dun campesiñado plenamente propietario[142].

Hai autores que falan deste tipo de relación en clave de alianza, porén, este pode resultar un concepto demasiado optimista se temos en conta que tal punto de partida era necesario dada a debilidade da burguesía española e a súa conseguinte insuficiencia para, acumulando poder, proceder a disputarlle á nobreza o poder político. O concepto encerra polo tanto unha simplificación necesaria, un termo consolidado que actúa a modo de guía e que garda unha serie de valores entendidos, aínda que cando se emprega supón tamén unha falta de precisión. No seu lugar, en España existiría unha asimilación da ideoloxía burguesa e liberal por parte dalgunhas minorías que, favorecidas polo baleiro de poder que deixou a marcha dos reis durante a contenda de independencia, puideron executar a toma de poder pola vía da lexislación, co dereito como arma e sen que outro programa non tería sido posible dada a debilidade da burguesía como grupo. Neste camiño, a nobreza debeu adaptarse, pois a súa propiedade desaparecera xuridicamente, sobrevivindo os máis ricos no marco dunha sociedade diferente, onde os grandes beneficiados foron os propios grupos burgueses, que se foron fortalecendo progresivamente[143]. Neste sentido, a relación inicial resulta tamén dun acordo forzoso, en tanto en canto rematou sendo a única vía posible para o ascenso da burguesía dende os seus propios ollos.

O que si aconteceu, tal e como se ten indicado, foi que ao longo do proceso de cambio o Estado debeu abrirse e a clase política renovarse ante a situación política que se vivía, ante o afundimento da monarquía e a deserción dos absolutistas cara o carlismo. Había que ampliar as bases sociais de apoio ao réxime, algo que non se fixo indiscriminadamente pois os criterios de admisión na clase política seguiron sendo os das elites. Así, a clase política liberal acolleuse ao sistema de valores das antigas clases dominantes, arcaizantes en criterios coma este no sentido de conservadores e tradicionais. Nese contexto, a vella nobreza de sangue deteriorouse social, económica e politicamente, pero non así a nobreza non titulada fortemente instalada no poder local[144]. Outra mostra de que a relación debeu ser forzosa, pois a falta de recursos do Estado levou a ter que pactar con esas elites locais para desenvolver o programa liberal nas décadas seguintes. Dende esta óptica, as medidas de desamortización, a reforma tributaria ou a disolución dos señoríos, da Mesta e dos gremios son as pezas dunha revolución liberal que, acadando a máxima radicalización na época gaditana, foise suavizando progresivamente ao unirse a nobreza que moderou as reformas[145].

Antes de que todo isto sucedera, o balance de forzas que impedía que a burguesía sacara adiante os seus obxectivos e intereses en solitario fixo necesario o establecemento de pactos cos outros grupos sociais. Non era posible facelo co estamento eclesiástico, hostil ás medidas e doutrinas inspiradoras da revolución e prexudicado xa por varias medidas levadas a cabo, como algunhas de corte desamortizador, quedando como opción os outros dous grupos, campesiñado e nobreza. O primeiro, pese á coincidencia nalgúns puntos de vista, presentaba algúns inconvenientes, pois no caso de terse producido un pacto, a propiedade comunal así

[141] Anes, G. (1970), op. cit., p. 218; García Sanz, A. e Garrabou, R. (1985) (eds. lits.), op. cit., p. 12.
[142] Vallejo Pousada, R. (1992), p. 2.
[143] Tomás y Valiente, F. (1974), pp. 343 e 350-351.
[144] Pro Ruiz, J. (2001), pp. 449, 453 e 467.
[145] Comín, F. (2004), op. cit., pp. 36-37.

como algúns aspectos da actividade e da dinámica agrarias serían intocables. Pero o máis perigoso sería a crítica que ese campesiñado realizaría fronte á grande propiedade, aspecto que no caso de desmandarse podería superar aos terratenentes nobres e afectar aos propios posuidores burgueses de terras, pasando a ser as vítimas dun proceso que impulsaran. A relación coa nobreza era moito máis favorable, pois o compoñente de risco era menor, xa que soamente pasaba pola realización dalgunhas concesións, e o grupo como tal estaba, ademais, representado nas institucións lexislativas do Estado por medio dos seus propios membros. O prezo, porén, non foi soamente o das concesións para a aristocracia xa que, na outra man, amplos sectores do campesiñado pasaron a engrosar as filas da contrarrevolución, constituíndo unha base social para o movemento carlista. Descartado como grupo activo e sen protagonismo no proceso revolucionario, hai autores que poñen énfase especial en facer notar como ese campesiñado se converteu nunha das súas vítimas. Perdeu os dereitos de usufruto dunha parte considerable dos bens comunais que foron vendidos durante as desamortizacións, foi despoxado de institucións e prácticas consuetudinarias que lle daban certa protección fronte a incidencia do mercado e viuse obrigado a afrontar crecentes impostos con grande dificultade[146]. Aqueles campesiños que se atopaban abafados por un réxime absolutista e que como xa se apuntou, pouco fixeron para defendelo esperando unha melloría da súa situación coa chegada do liberalismo, acabaron tamén desencantados deste novo réxime que tampouco os favoreceu. Non obstante, débese ter coidado con este tipo de interpretacións demasiado tendentes a amosar unha situación do campesiñado como vítima deste proceso de transformación, o que pode facer que se esquezan os seus mecanismos de protesta e resistencia que aquí valoraremos de xeito especial.

A interpretación que a historiografía fixo deste proceso variou co paso do tempo. Tradicionalmente, aquela que fora crítica co liberalismo recoñeceu que os cambios xurídicos que levaron á abolición do réxime señorial e as propias desamortizacións foron as principais manifestacións dunha revolución española onde o obxectivo central das análises baseábase no feito de se os cambios que supuxeron eses procesos podían levar a falar ou non dunha auténtica revolución *de facto*. É dicir, que durante anos, a nosa historiografía centrouse na especificidade española a nivel social e económico e no escepticismo fronte ao propio feito revolucionario en si, sobre todo no terreo social. Isto era así porque, segundo un sinxelo razoamento, resultaba complicado recoñecer a existencia dunha transformación radical a nivel social cando se podían recoñecer aspectos que aínda perduraban, como que por exemplo a nobreza continuara como grupo dominante. Esta tese estableceu a idea de que o pacto entre burguesía e nobreza desvirtuou a revolución liberal en España ata o punto de que non se pode afirmar que tal proceso se producise. Unha interpretación limitada que non comprende que o fenómeno era moito máis complexo e que implicaba transformacións moito máis globais que os cambios limitados á titularidade da propiedade territorial, esquecendo por exemplo que a natureza desa propiedade ou que o seu marco xurídico e institucional si cambiaran pese a permanecer nas mesmas mans en moitos casos[147]. Máis recentemente, hai autores que recoñecen tamén unha renovación moi importante da clase política con respecto á etapa do Antigo Réxime, de xeito que a presenza, xa no marco político isabelino, de personaxes que tiveran desenvolvido un papel político relevante na administración de Carlos IV, Xosé I ou Fernando VII foi bastante escasa, pese a contar dende logo con excepcións. Tamén se puntualiza a existencia dunha crise da nobreza de sangue, proceso encuberto pola pervivencia da importancia das familias nobres non tituladas insertas no poder local, así como polo mantemento do prestixio dos títulos nobiliarios, con cuxa concesión se premiaba a elites

[146] García Sanz, A. e Garrabou, R. (1985) (eds. lits.), op. cit., pp. 11-15.
[147] Ibídem, p. 14.

novas. Novos detalles que engadirían novas matizacións a aquela idea da alianza entre a burguesía e a nobreza máis rancia[148].

Nos anos 70, alegábanse logo transformacións graduais en lugar dunha revolución, pois a sociedade española seguía estando caracterizada por unha actividade agraria tradicional maioritaria. Nunha concepción moi pesimista relacionada co concepto de atraso e estancamento, o escaso dinamismo da agricultura explicaba o retraso na modernización económica do país, proceso que non se tería completado ata moitos anos despois desa transición, ata xa ben entrado o século XX. Porén, aínda que se poida recoñecer que existan partes de verdade nestas limitadas visións, non se pode negar o grao de transformación tan considerable que supuxo a reforma agraria liberal. Tampouco poden ser ignorados toda unha serie de cambios asociados a este importante proceso, todos eles de grande alcance, entre os que destacan dende logo as desamortizacións civís e eclesiásticas acontecidas entre 1798 e a lei Madoz de 1855, que converteron en propiedade individual terras que ao pertencer á Igrexa ou aos municipios se atopaban fóra dos mercados. A abolición do réxime señorial, a supresión dos privilexios gandeiros da Mesta, a liberdade de cerramentos e de cultivos, a modificación dos contratos agrarios, as vendas dos bens de propios e de comunais por parte dos municipios durante a Guerra de Independencia, a liberdade de salarios ou a abolición do décimo son a mostra dunha serie de reformas que tiveron un tremendo impacto na economía e na sociedade españolas e que constituíron cando menos unha auténtica reforma de corte liberal que transformou o antigo sistema de propiedade dominado polo privilexio estamental nun novo sistema fixado sobre o dereito da propiedade individual. A clave destes cambios está no recoñecemento do tempo dilatado no que ocorreron, o que da lugar a unha nova concepción da revolución burguesa en España na que se acepta que foron un conxunto de medidas políticas, promulgadas en diferentes etapas, as que deron lugar a unha transformación do sistema de propiedade e crearon novas condicións para a expansión da agricultura no século XIX[149].

Atopamos que o proceso da revolución liberal en España se inicia en 1808 e conclúe aproximadamente trinta anos despois, no que sería un período limitado por dúas guerras: a primeira a de Independencia contra os franceses ata 1814, que puxo definitivamente de manifesto as evidencias de debilidade do Antigo Réxime e que foi aproveitada para levar a cabo a formulación dalgúns cambios revolucionarios. A segunda guerra sería a civil, entre 1833 e 1840, que enfrontou a liberais e a carlistas e que creou as circunstancias necesarias para implantar definitivamente algunhas daquelas medidas. Con todo, estes dous períodos estarían acompañados por outro terceiro de corte liberal, o do Trienio, e todos eles separados por dúas fases contrarrevolucionarias, a saber, o sexenio absolutista e a coñecida como década ominosa[150].

Os investigadores que defenden esta forma de entender a revolución deixaron de lado a identificación coa idea de cambio en forma de cataclismo, é dicir, de natureza brusca nun curto período de tempo. Neste sentido, a nova sociedade non xurdiu coa revolución liberal, pero as súas orixes históricas tampouco se conciben sen ela. A nova sociedade burguesa non foi o resultado dunha reforma dende arriba feita polo absolutismo, pero a opinión contraria na que un grupo insurxente, o burgués, consegue impoñer os seus intereses nun exercicio de democracia é igualmente un mito. Porén, os cambios que se levaron a cabo na reforma agraria, a nivel político e tamén administrativo tiveron o seu fondo correlato social, pois cambiaron as regras do xogo a nivel xurídico, modificando a estrutura de clases e as relacións

[148] Pro Ruiz, J. (2001), op. cit., pp. 446, 450 e 453.
[149] Ruiz Torres, P. (1994), op. cit., pp. 171-173.
[150] García Sanz, A e Garrabou, R. (1985) (eds. lits), op. cit., p. 10.

de poder. Aínda así, afirmar isto non equivale a dicir que a nova sociedade cambiou en pouco tempo, pois tampouco entra en conflito coa idea de recoñecer un longo proceso de evolución a nivel social con límites imprecisos. A formación desa nova sociedade non se limita a unha serie de acontecementos políticos, senón que se forma nun proceso máis longo que o que abarca esa revolución xurídica impulsada polos cambios a nivel político e administrativo. Tamén é importante recoñecer que o proceso de transformación ten lugar cun ritmo e unha cronoloxía moi variable segundo as zonas nas que nos atopemos dentro do territorio español, para o cal son moi importantes os estudos locais e rexionais. Gracias a eles podemos comprobar que non resulta sempre apropiado o establecemento de xeneralizacións en canto a certos temas: por exemplo, sobre como se foron integrando as distintas vellas clases dominantes na nova sociedade, sobre as diferentes estratexias de resistencia fronte aos cambios propugnados pola revolución liberal que adoptaron estes grupos, ou sobre a propia idea da burguesía como grupo social e a súa homoxeneidade, unión e coherencia internas. Porén, en consonancia coa idea de evolución paulatina, haberá que esperar ata o réxime da Restauración para ver como ese dominio se impón politicamente dun xeito estable[151].

Isto permítenos entroncar coa idea sobre o paso e a loita constante dun antigo réxime con outro novo en funcións dos problemas de cada época, proceso que se dilata no tempo e que é a manifestación e a esencia mesma desa transformación social que se vai completando co tempo pero que se enmarca nuns límites moi imprecisos. Pois hai que chamar a atención sobre o feito de que máis adiante, segundo a sociedade continúa a transformarse e a través do devir dos acontecementos, falamos dun antigo réxime, sen maiúsculas, ao que se enfronta e se lle opón outro novo. A Gloriosa propugnaba ese novo réxime fronte ao que había nese momento, do mesmo xeito que fixo anos máis tarde a Restauración, e así sucesivamente. E mentres que eses novos réximes se rematan impoñendo, os cambios políticos séguense sucedendo e a sociedade transformándose con eles. Neste sentido, resulta máis difícil incluso establecer un final para este proceso de cambio social ou atribuírlle uns límites[152].

O recoñecemento deste tipo de postura sobre o proceso de cambio prolongado tampouco debe levar, porén, ao descarte completo dunha interpretación do episodio revolucionario dende a óptica do cambio brusco. Xa quedou claro que esta actitude non se pode aplicar sobre o cambio social, pero o certo é que, ao longo do proceso de revolución burguesa como tal, existiron unha serie de episodios puntuais que imprimiron un cambio radical á situación imperante a nivel político, posibilitando que o proceso de longa duración en si mesmo continuara. Falamos por suposto do acto dos pronunciamentos, entendidos, dentro dese fenómeno de cambio na longa duración, como portas ou interruptores que induciron variacións no ritmo desa transformación global que foi a revolución burguesa. Pois está claro que, baixo a existencia de períodos liberais e contrarrevolucionarios que se alternaron, esa revolución non se desenvolveu sempre á mesma velocidade. Os pronunciamentos introducen, polo tanto, importantes variacións ao respecto.

Do que se trata é de chamar a atención sobre estes episodios e sobre o protagonismo que o estamento militar tivo neste proceso de cambio, xa que a súa actuación favoreceu, en determinados momentos, o acceso ao poder de grupos liberais cuxas medidas, tomadas dende o ámbito político e económico, favoreceron as transformacións tan profundas que remataron acontecendo. Os pronunciamentos puxeron de manifesto a pobreza e insuficiencia dos mecanismos revolucionarios, pero tamén as do réxime establecido, en tanto en canto a desproporción entre os medios e os fins dos sublevados é máis aparente que real. Pois o seu obxectivo non era tanto o de cambiar a orde política pola forza militar, como si o de facer dela

[151] Ruiz Torres, P. (1994), op. cit., pp. 181-184.
[152] Ibídem, pp. 159-160.

un núcleo que polarizara a vontade do país[153]. Así, valorar as transformacións acontecidas ao longo de anos tampouco nos debe facer perder a perspectiva de que a apertura dalgunhas etapas nas que máis se avanzou nestas materias produciuse gracias a episodios puntuais que sucederon dun xeito moito máis explosivo e revolucionario, entendendo o termo, agora si e neste punto, como un cambio drástico e repentino.

Dende un punto de vista amplo poderíamos falar mesmo de pequenas revolucións dentro da revolución, conxugando as distintas acepcións e interpretacións que pode ter o termo: Unha, a da visión que acabamos de expoñer nas páxinas anteriores, de proceso como cambio profundo nun tempo dilatado; a outra, a que segue o criterio de grandes teóricos das revolucións como Charles Tilly, xa que podemos afirmar que moitos deses cambios de goberno, primeiro os acontecidos entre partidarios do absolutismo e do liberalismo dende os inicios da Guerra de Independencia, e entre as distintas faccións do liberalismo máis adiante, poden ser caracterizados como revolucionarios. A lo menos, sempre e cando o pronunciamento triúnfe. Pois tal e como afirma este autor, unha revolución pode considerarse como unha transferencia pola forza do poder do Estado, proceso no cal a lo menos dous bloques diferentes teñen aspiracións, incompatibles entre si, a controlar o poder e no que unha fracción importante da poboación apoia as aspiracións de cada un dos bloques. Ese apoio coincide co concepto de Artola, en tanto en canto o pronunciamento se entende como un xermolo da vontade do país. Así, estamos ante unha secuencia que vai dende a ruptura da soberanía e a hexemonía, a través dun período de enfrontamentos, ata o restablecemento desa soberanía e hexemonía baixo unha nova dirección, establecendo Tilly a condición de que o poder debe ser controlado a lo menos un mes para evitar ocupacións efémeras e transitorias. Seguindo esta liña, Tilly confire grande importancia tamén á organización e aos procesos sociais que se desenvolven no entorno do Estado, xa que interveñen nas perspectivas e na natureza da revolución de varias formas esenciais: dan forma á estrutura do Estado e á súa relación coa poboación que o constitúe, establecen quen son os protagonistas principais nunha comunidade política concreta e cal é a súa formulación respecto á loita política e, en terceiro lugar, determinan a presión que deberá soportar o Estado e de onde procede dita presión[154].

Ademais, o propio Tilly garda tamén algunhas palabras para o caso particular destes episodios militares puntuais durante un longo século XIX no contexto español. Aquí, a partir da guerra contra Napoleón, o exército tería adquirido un papel central na sucesión de movementos revolucionarios e contrarrevolucionarios, o que suporía de facto que a iniciativa e a dirección deses movementos quedaría en mans dos militares, factor que lles permitiría en boa parte controlar os acontecementos, deixando nun papel secundario ás clases populares, que a priori se podería reducir á aclamación das tropas vencedoras. Á marxe deste feito, esta realidade non impediría que esas clases populares se organizasen pola súa conta dando lugar a revoltas ou motíns sen ter en conta necesariamente os cambios orquestrados dende arriba. Pese a que a presión ao Estado veña dende o exército, hai igualmente unha comunidade política tras del, ou incluso se pode afirmar que o propio exército se organiza á súa semellanza en canto a ideoloxía (progresistas e conservadores), pois as ideas políticas dentro do estamento militar non son en absoluto homoxéneas e este atópase dividido. Así, durante o século XIX, as alianzas dos xefes militares con sectores da burguesía ou con pretendentes dinásticos dominaron as situacións revolucionarias. Pero dun xeito paulatino, a medida que avanzaba o século e ao mesmo tempo que a comunidade política se transformaba, os bandos dinásticos irían perdendo peso ao tempo que se fortalecían as coalicións de clase, pero continuando a ser o exército un protagonista activo nestes episodios de cambios de poder. En

[153] Artola, M. (2008), op. cit., p. 489.
[154] Tilly, C. (1995), pp. 23-27.

definitiva, a senda revolucionaria pola que seguiu España tiña os seus propios compoñentes, pero estaba totalmente apartada da esencia do modelo das grandes revolucións que si se puideron constatar noutras zonas por todo o mundo[155].

Como vemos, os dous puntos de vista do concepto de revolución poden ser válidos, non son excluíntes en absoluto e mesmo poden chegar a entenderse como complementarios e convivir a un tempo. Recoñecido o fenómeno en todo caso como o cúmulo dunha serie de transformacións políticas e económicas que se alimentan de maneira mutua e en diversas direccións, temos analizado o proceso que, partindo da crise do Antigo Réxime resultará na configuración dunha nova realidade. Esta revolución social culmina o proceso e suporá a aparición de novos modelos tanto sociais como políticos, en oposición a un vello sistema que non podía satisfacer as necesidades novas que xurdiron no ámbito da poboación e no do propio Estado. De volta ao noso caso, esta investigación sitúase nun dos intentos que dende o ámbito da Facenda trataron de paliar estas contradicións, por suposto sen conseguilo. Agora, cun contexto mellor definido, podemos pasar a abordalo de forma máis concreta.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[155] Tilly, C. (1995), op. cit., pp. 115-117.

CAPÍTULO 2:
A REFORMA DA FACENDA DE MARTÍN DE GARAY. ANÁLISE DE CONTIDOS E PROBLEMÁTICA

Unha vez temos sentadas as bases nas que se enmarca o sistema de Facenda impulsado por Martín de Garay, chega o momento de abordar o proceso da reforma en si mesmo. Para facer isto, neste capítulo da investigación pasaremos por varios epígrafes que trataremos de expoñer a continuación a modo de guía para o proceso. Comezarase cunha recompilación de toda unha serie de proxectos antecedentes ao da reforma do ministro aragonés e que sen lugar a dúbidas influíron nas súas ideas, falando tanto dos posibles principios, pensamentos ou ideas que precederon a Garay nalgunha das súas decisións, como daqueles proxectos anteriores que efectivamente chegaron a materializarse e que compartían algúns caracteres na súa base ou na estrutura coa reforma que aquí analizamos. O obxectivo deste subapartado non é outro que deixar sentadas as bases ideolóxicas e organizativas sobre as que Garay se puido basear para desenvolver o seu labor. Algunhas delas xa foron adiantadas a medida que se configuraba o contexto, pero aquí aparecerán sistematizadas e ordenadas para que poidamos ver os aspectos coincidentes entre todas elas dende unha perspectiva máis concreta.

Autores como Fontana basean precisamente en toda a batería de precedentes existentes sobre a modificación do sistema de rendas provinciais unha dura crítica contra a figura de Martín de Garay. A cuestión, basicamente, pivota sobre o feito de que con tantos proxectos dispoñibles dos que tomar ideas e mesmo cunha xunta previa (a que estivera presidida por Ibarra) que lle avanzou parte dun arduo traballo de busca de solucións, as ideas do por aquel entón ministro de Facenda non tiñan moito de orixinais. Pero a verdade é que no que respecta estritamente a este aspecto, nin sequera hai nada que criticar, pois esa falta de orixinalidade é algo tan obvio que un intento de censura nesta dirección non resulta necesario, posto que a meirande parte das reformas e medidas dun goberno teñen, as máis das veces, uns determinados referentes. Máxime cando o aragonés tampouco se intentou apuntar un tanto a favor nese sentido en ningún caso, e el mesmo deixou indicado na presentación dos seus proxectos que a cuestión xa fora abordada con anterioridade en numerosas ocasións. De feito, ao comezo da memoria de Facenda, á que chegaremos, non tiña reparo en recoñecer sobre o labor daquela xunta que "para presentar a V.M. el fruto de sus tareas, y aprovechándome de ellas sin casi poner nada de mi parte, voy a proponer a V.M. mi dictamen". Este aspecto quedará sobradamente demostrado neste capítulo. Pese a isto, a crítica continúa e chega ao punto de non considerar a Garay como o autor intelectual de reforma algunha, dando unha serie de probas baseadas tamén no seu propio discurso de toma de posesión do cargo como ministro, que buscan facelo pasar case que como un leigo en temas de Facenda[1].

Entre as condenas que máis pesan destacan as similitudes entre o apuntado polo ministro de Facenda e un texto redactado por José Duaso que tamén será analizado. Este escrito, porén, encádrase nun arduo debate crítico coa contribución directa de 1813 decretada pola Cortes, que está claro que o aragonés aproveitou para evitar caer nalgúns dos mesmos erros. Non prestar atención á literatura que aquela discusión xerou tería sido incluso neglixente pola súa

[1] Fontana, J. (1971), pp. 161-173; López Castellano, F. (2010), ver estudo introdutorio aos textos de Duaso y Latre, J. (1814) e Plana, A. (1820), pp. 18-19.

parte. Ademais, tamén se podería ter en conta que os intentos reformistas nas décadas nas que nos atopamos tiveron que enfrontarse a problemas semellantes, de maneira que algunhas das solucións podían coincidir: a necesidade de incrementar os ingresos fiscais, o debate arredor do procedemento a seguir para a recadación (cota ou cupo), e a obrigatoriedade de fixar unha base impoñible estreitamente ligada á recompilación de información estatística[2]. Así, se ben é certo, e aquí verémolo no primeiro epígrafe do capítulo, que Garay tivo unha longa tradición na que basearse e da que beber, tampouco hai que restarlle importancia a unha serie de méritos e éxitos que logrou de forma indubidable. Por suposto, non se nos ocorre pensar que como impulsor da reforma, o ministro traballara en solitario, pois contaría cun equipo e cuns medios que de tódolos xeitos tivo que saber aproveitar e coordinar como era debido. Sobra dicir que leis e proxectos adoitan levar os nomes dos gobernos ou das persoas que as poñen en vigor e coas cales o público realiza unha identificación. Sendo isto algo que se prolonga ata a actualidade, esta reforma tampouco representou unha excepción á regra. As ideas, teorías e proxectos precedentes estaban aí, pero aínda que as necesidades económicas do erario axudaran a tomar a vía dunha solución radical, había que coller todo ese material e sistematizalo cunha certa coherencia, aspecto que soamente Garay conseguiu realizar no tempo que pasara dende a restauración da monarquía. Outros que ocuparan o mesmo cargo con anterioridade non o lograron e, a maioría, nin sequera o intentaron.

A crítica tan aceda que Fontana realiza da tarefa de Garay arredor da reforma do sistema tributario ten moito que ver, seguramente, con consideralo un deses individuos que, baixo o amparo do absolutismo, eran incapaces de decatarse de que non había nada que facer para salvar o sistema baixo as súas propias regras de funcionamento. Cunha valoración tan negativa cargada de connotacións pexorativas, resulta francamente difícil transcender máis alá dese discurso e valorar a utilidade que no futuro se puido obter do traballo ou dos aspectos que Garay puido lograr á fronte do ministerio que ocupou, que tamén as houbo. Sen ir máis lonxe, unha parte da reforma, os chamados dereitos de portas, perduraron no sistema tributario de López Ballesteros, así que nin sequera se pode dicir que o labor do aragonés fose descartado e enterrado na súa totalidade. Ademais, lexisladores posteriores como Pedro Sainz de Andino recuperaron algúns aspectos (en 1829) da súa contribución xeral[3]. Artola ou Pérez Picazo caracterizan o seu proxecto como o primeiro intento eficaz de realizar unha investigación da renda agrícola, frustrado claro está, pola súa caída primeiro, e a do propio sistema tributario pouco despois. Esta segunda autora sitúa o proxecto de Garay como un dos antecedentes á reforma de 1845, idea tamén compartida por Comín, para quen os intentos de racionalización do sistema de 1817 foron incorporados polos lexisladores de mediados de século, aos que serviron de guía[4]. Mesmo hai quen cualifica o labor do ministro como a aposta máis seria do réxime absolutista no seu intento por racionalizar a situación da Facenda e sacala do marasmo e a ruína na que estaba sumida[5]. Por outra banda e como xa citamos, tamén os traballos de Nuria Alonso botaron algo de luz sobre o enigma da súa figura e deron un xiro radical á percepción que ata hai uns anos se tiña das súas ideas. É de supoñer por exemplo, que os cargos que desenvolvera antes de ocuparse no ministerio lle proporcionaron a solvencia necesaria en temas de contas e mesmo de exército, e isto é algo xa fóra de toda dúbida que invalida en boa medida as críticas vertidas sobre a formación económica do aragonés.

[2] Pérez Picazo, Mª T. (1998), p. 122.
[3] Vallejo Pousada, R. (1997), p. 1799.
[4] Artola, M. (1986), p. 22; Pérez Picazo, Mª. T. (1998), op. cit., pp. 122-124; Comín, F. (1996), vol. 2, p. 66.
[5] Fuentes, J. F. (2007), p. 43.

Ademais, con independencia de canto se aproveitara Martín de Garay dos traballos e proxectos que o precederon, houbo algo que ninguén podía facer por el, que non era outra cousa que sacar adiante a reforma do sistema tributario ante o monarca e os membros do Consello de Estado, paso previo á súa posta en marcha. Ademais, fixo isto nun contexto reaccionario de restauración do absolutismo que sobreviñera trala volta de Fernando VII poucos anos antes. Neste punto, o ministro convenceu ao rei cunha oposición importante dende o primeiro momento, que quedaba ben patente entre os membros daquela entidade. Aportou, en esencia, a vontade política necesaria para sacar adiante a reforma que trouxo consigo un novo sistema tributario. Por iso, tamén entendemos en certo modo como precedentes aquelas discusións do Consello de Estado que deron lugar á propia reforma na súa forma definitiva tras dunha discusión de varias xornadas, motivo que nos levará a analizar polo miúdo as memorias presentadas no seo do devandito organismo que citamos no capítulo anterior. O aspecto fundamental que supoñía o crédito público como parte da modificación da Facenda levaranos a analizar tamén as memorias correspondentes, como parte importante que foi este asunto do proxecto que analizamos. O máis importante será, con todo, a reforma do sistema tributario, pois os rexistros e documentos derivados da súa implantación e funcionamento conforman as fontes principais desta investigación. Por outra banda, recoñecemos que ignorar a parte da empresa impulsada por Garay relativa ao crédito, pese a non ser expertos na materia, daría lugar a unha análise incompleta pola nosa parte, dada a grande interdependencia que unía ámbolos dous proxectos.

Porén, esas memorias serán tratadas nun apartado á marxe (o segundo) por varios motivos ben simples. Para comezar, esta documentación está situada, loxicamente, na base do que rematou sendo a reforma da Facenda de Garay, ata o extremo de que non se pode comprender correctamente a totalidade dos seus matices sen entrar na súa análise. Pero ademais, presentan algunhas características específicas que fan que mereza a pena analizalas por separado. En primeiro lugar, polo seu volume e pola natureza do que temos ante nós. As memorias do Consello de Estado, acompañadas polas actas das sesións nas que foron presentadas e debatidas, forman unha fonte en si mesma totalmente diferente de todo o anterior. Xa non se trata aquí de realizar un compendio das ideas que puideron influír en Garay, pois o que temos diante é o seu propio pensamento, influído en maior ou menor medida polos precedentes que serán citados no apartado correspondente, e a opinión ao respecto dos outros membros do Consello. Estes textos tratan moitos e diversos temas e é necesaria unha organización diferente á hora de abordar aqueles que máis nos interesen. Por outro lado, é certo que nos presentan uns debates moi importantes arredor de cuestións que trataremos nos antecedentes, como serán os enfrontamentos arredor das rendas provinciais e a súa supresión ou os xurdidos en relación á tributación da igrexa; pero estes son apenas dous aspectos singulares dunha morea de temas de grande interese que axudarían a configurar definitivamente o proxecto. Ademais, hai algunhas cuestións que se escapan por completo á categoría de antecedentes e que deben ser tidos en conta igualmente.

Como veremos, estas memorias son especialmente importantes porque tamén recollen ideas que quedaron fóra do sistema tributario que se configurou finalmente. É dicir, que o ministro Martín de Garay presentou algunhas medidas que despois de seren discutidas remataron sendo descartadas ou modificadas en parte a consecuencia dos debates cos demais conselleiros e ministros. Aínda que desas sesións van saír os principios do decreto do 30 de maio tal e como se deu a coñecer ao público, naquela corporación que era o Consello de Estado tratáronse máis cuestións que quedaron á marxe do mesmo, sendo isto un detalle moi importante. Hai polo tanto un aspecto que sempre debe ser tido en conta e que nunca se pode perder de vista, que non é outro que comprender que cando falamos da reforma de Garay, o

que temos diante realmente é un proxecto que perdeu necesariamente algunhas das súas características iniciais tal e como foran pensadas a raíz dun debate político. Está claro que houbo aspectos presentados que foron modificados cando se discutiron ou outros que directamente quedaron no camiño, pois o contrario sería o mesmo que dicir que o Consello de Estado era un organismo pasivo que simplemente aceptaba sen máis o que presentaran os distintos membros. Pero como sabemos, no seu interior existían bandos máis abertos e permisivos de cara a certas reformas e outros máis reaccionarios e conservadores, situación que daba lugar a pugnas e loitas internas nas que tamén influirían as relacións e os apoios persoais entre os distintos integrantes. Ignorar este feito poderíanos levar a supoñer, erroneamente, que aquilo que quedou finalmente plasmado no Real Decreto correspondente eran os pensamentos dun ministro plenipotenciario con total liberdade de acción nos seus dominios administrativos. Nada máis lonxe, Garay debeu realizar algunhas concesións. A chamada de atención sobre este feito é especialmente importante por outra cuestión, pois entre esas ideas desbotadas e que polo tanto non viron a luz, hai aspectos destacados que poden axudar a matizar o propio pensamento do ministro aragonés. Cuestións fundamentais relacionadas, por exemplo coas provincias exentas ou de progresividade impositiva.

Posteriormente, neste capítulo trataremos tamén (xa nun terceiro apartado) a posta en marcha do proxecto propiamente dito, pois o resultado final é diferente ao punto de partida no que este se xestou. Pero este aspecto pode ser considerado como un dos éxitos acadados por Garay, pois a reforma do sistema tributario realizou o seu paso polo Consello de Estado con razoable bo pé, isto é, sen verse sometida a modificacións de grande calado (non se poderá dicir o mesmo da de crédito). Se a análise detida das memorias dos conselleiros nos permitía ver cales eran as cuestións máis importantes e arredor das cales houbo un maior enfrontamento, tamén interesa ver aquelas que quedaron plasmadas finalmente no decreto que viu a luz o 30 de maio de 1817, ademais dalgunha outra documentación esencial como a instrución que completaba o decreto, textos aos que faremos referencias habituais nos seguintes capítulos. Estes corpus configuraban *de facto* o novo sistema de Facenda que empezaría a rexer dende aquel mesmo momento, establecían como se ía organizar o mesmo e cales ían ser os seus contidos máis destacados. Así, a análise das principais materias recollidas no decreto será importante porque nos permitirá ver como quedou establecida a reforma sobre o papel, e isto resulta fundamental non soamente para observar o seu funcionamento teórico senón tamén as carencias, máis ou menos obvias, que presentará de saída e que logo se transformarán en problemas. Isto é así porque, en numerosas ocasións, ese funcionamento teórico non coincidiu co proceso de implantación da reforma e tampouco co seu funcionamento práctico. A realidade sería de feito ben distinta.

Isto último dará lugar precisamente á configuración do seguinte subapartado deste capítulo, o cuarto e derradeiro, no que trataremos os problemas que xurdiron coa implantación da reforma, pois resulta evidente que as dilixencias aprobadas en primeira instancia non foron asumidas e traducidas de xeito literal polos encargados de poñer en marcha o novo sistema tributario. Dende o primeiro momento, os diferentes niveis da administración presentaron dúbidas en canto á forma de execución de moitos aspectos concretos como froito das carencias que se arrastraron dende a fase anterior, a do deseño teórico dende un punto de vista lexislativo. Veremos como a administración central trataba de dar solución a esas dúbidas, rogos, preguntas e queixas diversas empregando como ferramenta a redacción e emisión de novos decretos que pretendían ser aclaratorios dos procesos máis confusos. Este aspecto, recollido de primeira man nas fontes que manexamos a través das actas das xuntas municipais, permítenos presentar a reforma non como algo estático, senón como algo vivo que se actualiza segundo o requiren as necesidades a medida que van xurdindo. Así, seremos

quen de recoñecer moitos dos problemas particulares que sufriu a administración central para desenvolver a reforma cara abaixo, pero tamén os inconvenientes que experimentaban os niveis máis baixos da administración local, os máis próximos á poboación, para cumprir coas pautas e obrigas que lles viñan impostas dende arriba e todo o que iso supoñía. Por outra banda, tamén habería que recoñecer que ademais dos problemas administrativos existiron toda unha serie de adversidades derivadas da resistencia, máis ou menos activa, exercida tanto polos encargados da contribución nos últimos niveis da administración, como pola poboación. Haberá que valorar tamén como os poderes locais, dos cales o sistema padecía unha forte dependencia, manexaban o sistema podendo incorrer en arbitrariedades redundando no seu beneficio propio, en tanto en canto tamén eran pagadores da contribución. Todos eles tiñan cadanseus mecanismos propios de resistencia, ou estratexias para paliar o que consideraban un agravio. Porén, estes problemas que podemos clasificar dentro dunha categoría de conflitividade non serán desenvolvidos aquí, pois pola importancia que este tema ten nas fontes que manexamos, considérase que estes aspectos ben poden merecer un apartado individual e propio para si.

2.1. OS PRECEDENTES DA REFORMA DE FACENDA DE MARTÍN DE GARAY

Cando se realiza a análise dunha reforma, non resulta estraño ver como hai investigadores que pugnan por dilucidar que persoas, xa sexan ministros, arbitristas ou teóricos, e que medidas desenvolvidas por elas se atopan nas bases doutras que as sucederon no tempo. Se atendemos á de Facenda de 1845, por exemplo, atoparémonos nun interesante debate de posturas entre os defensores de Canga Argüelles, Ballesteros ou o propio Garay, entre outros, para tratar de botar luz sobre este asunto e ver o que hai das ideas de cadaquén neste proxecto. Como os investigadores están influídos polas opinións do seu tempo e o seu propio contexto, pode acontecer tamén que o feito de destacar a un sobre os demais supoña tamén a crítica a algún dos outros, tal e como acabamos de comprobar en parte no caso da opinión que Fontana tiña sobre Garay. De entrada, aquí trataremos de evitar este tipo de cuestións na medida do posible, pois pensamos que cando se lle concede unha preponderancia a un individuo sobre os demais a este respecto, tamén cremos que se está a negar parte do seu labor, como se deramos a entender que as bases da reforma de Mon, que acabamos de tomar como exemplo, veñen soamente dun único proxecto. Esta é dende logo unha idea que non compartimos, o que nos leva a defender que as influencias temporais son mutuas, podendo dicir incluso que a cada ministro lle corresponde unha certa parte do mérito, se é que podemos falar de tal cousa neste tipo de asuntos.

Nunha postura unificadora e coa que estamos máis dacordo, outros autores valoran aspectos como o de que a reforma de 1845 presenta características de continuidade na recadación, con refundicións de antigos impostos e sen unha grande ruptura. Isto é así porque diversos caracteres de reformas concretas acabaron por incorporarse, finalmente, ao proxecto liberal de mediados de século[6]. Simplemente, dende unha óptica máis ampla, o que temos é unha escalada de medidas que permiten que os sucesivos reformadores collan o previo e dean novos pasos, polo que, interpretando o proceso en clave positiva, non falamos de fracasos no longo prazo. É por isto polo que non hai nada de adverso en recoñecer que moitas das ideas principais contidas na reforma impulsada por Martín de Garay non eran polo tanto novas en absoluto. Recoñecelo non desacredita nin ao ministro nin ao sistema, que deberán ser xulgados dende logo segundo outros criterios máis prácticos e dacordo co contexto no que se desenvolven e os resultados que acadan, aínda que non foran bos. O ministro aragonés partía

[6] Comín, F. (2004), pp. 35-39.

de ideas que xa estaban reflectidas en persoas dende había décadas e, por outra banda, tiña á súa disposición o coñecemento dalgúns proxectos previos dos que puido recoller algúns principios para deseñar e impulsar o seu propio.

Así, chegados a este punto, agora é o momento de facer un repaso por aqueles antecedentes deste proxecto e sistematizalos debidamente. Para facer isto, porén, debemos recordar rápida e brevemente algúns dos principios básicos da dita reforma, co obxectivo de axudarnos a organizar a exposición deste apartado. A fórmula tributaria presentaba unha estrutura de recadación híbrida que combinaba a contribución directa cun sistema indirecto sobre o consumo que se aplicaba nas cidades e portos habilitados para o comercio estranxeiro coñecido co nome de dereitos de portas, debido a que era aí onde se aplicaba. En virtude disto, quedaban suprimidas as antigas rendas provinciais e os seus equivalentes na Coroa de Aragón. Por outra parte, este sistema pretendía ser proporcional para tódalas persoas, algo que foi interpretado polos grupos sociais dominantes como un ataque aos seus privilexios. Recoñecer estes aspectos fundamentais permitiranos organizar o discurso das seguintes páxinas dacordo a un conxunto de ideas principais que nos guiará por este apartado:

En primeiro lugar, que como precedente á reforma de Garay existiron unha serie de persoas cunhas ideas que as levaron a criticar as rendas provinciais tal e como rexían no último século da monarquía absoluta, polos motivos que foran e que en todo caso trataremos. En consecuencia, e como evolución deste mesmo concepto, podemos recoñecer tamén un grupo de ideas previas sobre a posibilidade de instaurar unha contribución directa en lugar daquel sistema tradicional e caótico na súa forma de administración e recadación.

Por outra banda, a segunda cuestión esencial pivota sobre a existencia de ideas arredor da proporcionalidade e da participación de tódolos grupos sociais, partindo da crítica cara un sistema de propiedade pechado en réxime de amortización. A pesar de que non se pretendía, ao expoñer estes principios, realizar un atentado contra as bases sociais do Antigo Réxime, contemplábase esta medida aínda que fora soamente como solución de emerxencia ante a situación miserenta na que estaba sumida a Facenda estatal. Pero tamén é importante decatarse de que, ademais de responder a un contexto temporal concreto e específico, a xestación dalgúns dos caracteres da reforma que tratamos non tería sido posible sen a existencia dunha tradición de pensamento que pretendera facer contribuír aos grupos privilexiados dende antigo, sobre todo ao estamento eclesiástico. Esta vontade foise manifestando, por exemplo, a partir dunha serie de prerrogativas que os monarcas españois foron obtendo co paso dos anos de man da propia Santa Sé de Roma. O grao de ataque que estas supuxeron contra o patrimonio eclesiástico variou dende logo en función das necesidades económicas do momento. Porén, soamente se temos en conta a evolución deste tipo de impostos, donativos ou mesmo desamortizacións previas decretadas esencialmente contra a Igrexa, seremos quen de comprender algúns dos aspectos principais das reformas de Facenda e crédito impulsadas por Martín de Garay arredor destes temas.

Estas ideas de participación dos diferentes grupos sociais, con todo, van ir evolucionando en motivacións e xustificacións co paso do tempo. No momento no que nos atopamos, tras estas concepcións de executar un reparto dos impostos en relación á riqueza dos súbditos non habería tanto unha idea de igualdade entre todos eles, como a constatación do feito de que non se podían seguir obtendo recursos a partir do progresivo esquilmo dos campesiños. Para ilustrar estas críticas, serva como exemplo unha cita do que fora fiscal xeral do reino de Castela, Melchor Rafael de Macanaz, quen se dirixía ao monarca Fernando VI nos seguintes termos:

> "Suponga V.M. que no hay cosa que mas aniquile á los vasallos, que las frecuentes contribuciones; no siéndoles menos gravoso el medio de exigirlas. Crea V.M. que más se sacan de la sangre de los pobres, que de las haciendas de los poderosos (…) Crea V.M. que será más glorioso su nombre mientras más tributos evitare. Ordene V.M. que nada pague el que nada tenga; quiero decir, aquellos infelices labradores que cultivan y benefician tierras que no son suyas y que esperan la recompensa de su sudor únicamente de la Omnipotencia[7]."

Tamén Frei Agustín Rubio, Prior do Convento da Paixón de Madrid, manifestaba estas contradicións arredor da excesiva presión que soportaban os máis pobres en materia de rendas, que levaría en última instancia a suspender o pagamento de débedas e obrigas do Estado se fose necesario:

> "(…) dejo sentado que las deudas generalmente son del reino, y que deben pagarse por el Rey de los mismos fondos y contribuciones (…) pero si estas solo alcanzan en el día para atender a la obligaciones más importantes del Estado, sin duda alguna es preciso que se suspenda la paga de los créditos antiguos, mayormente si es cierta la imposibilidad moral en que se hallan los pueblos de sufrir alguna nueva contribución que se destinase al empeño de estas cargas[8]."

Na xénese destas ideas non existe polo tanto o compoñente de igualdade unido á doutrina liberal dos dereitos do home, que aparecerá máis tarde, senón a simple lóxica de esixir un esforzo fiscal aos grupos que teñen máis recursos[9]. Outra cuestión moi diferente será que cando ese compoñente de igualdade de corte liberal si estea presente, este exista soamente na teoría, e neste sentido ben coñecida resulta xa a realidade das arbitrariedades cometidas durante décadas nas estatísticas e nos repartimentos realizados pola vía dos amillaramentos trala aprobación da reforma Mon-Santillán[10]. En todo caso, o que interesa é poñer de manifesto que estamos ante visións diferentes segundo esteamos no absolutismo ou pola contra nunha fase que poidamos caracterizar como liberal.

En terceiro lugar, dentro das ideas principais que teremos en conta ao abordar os antecedentes, hai que facer referencia á materialización concreta destes principios presentados previamente na existencia dunha serie de proxectos de modificación da Facenda previos ao impulsado por Garay. Os motivos que os levaron a facerse realidade foron moitos e moi diversos, respondendo en cada caso ao contexto de cada situación ou momento. Tódolos proxectos que aquí citaremos tiveron en común a aplicación desas ideas de, por unha banda, crítica das rendas provinciais ou contribución directa (xa fora única ou non) e, pola outra, de proporcionalidade, no sentido de inclusión dos grupos privilexiados ou crítica dos sistemas de propiedade amortizada. Nestes antecedentes debemos ser quen de identificar esas vertentes nun certo grao, aínda que non necesariamente todas elas á vez. O cal nos conduce finalmente a que Garay, cando estivo á fronte do ministerio de Facenda, tivo a oportunidade de comprobar a partir do coñecemento deses intentos previos de reforma, cales eran as principais vantaxes e inconvenientes de cada un deles. Había polo tanto unhas ideas que el mesmo compartía, pero o feito de que se tiveran materializado en diferentes proxectos nos anos previos á súa xestión era algo de grande importancia pois supoñía que na realidade, Garay non actuaba a cegas porque xa tiña exemplos previos nos cales puido basearse e dos que partir á

[7] Macanaz, M. R. de (1788), pp. 230-231.
[8] Rubio, A. (1788), pp. 200-201.
[9] Pro Ruiz, J. (1992), p. 3.
[10] Vallejo Pousada, R. (2000).

hora de configurar o edificio do novo edificio tributario. Neste sentido, a súa reforma pode comprenderse como unha de varias aperturas entre as contrarreformas absolutistas, cuxo anacronismo e ineficacia recadadora obrigou a introducir innovacións fiscais, as poucas compatibles cos privilexios do Antigo Réxime[11].

Os dous primeiros puntos que acabamos de marcar entre as ideas principais que destacaremos nestas páxinas, é dicir, a implantación da contribución directa fronte o método das rendas tradicionais e os aspectos arredor da contribución dos grupos sociais privilexiados, especialmente a do estamento eclesiástico, servirannos de fío condutor cara aqueles debates que no contexto da reforma de Garay tiñan nestas cuestións un compoñente fundamental. Esas pugnas que enfrontaron no Consello de Estado aos sectores máis reaccionarios e conservadores, con aqueles membros partidarios de introducir algúns cambios para tratar de saír da situación que afectaba á malpocada Facenda do país, e que serán tratadas polo miúdo no seguinte subapartado do capítulo. Estas cuestións interesan aquí especialmente porque axudan, en parte, a explicar os motivos polos cales o catastro, unha das nosas fontes principais, existe. Porque a estatística ou catastro é a ferramenta principal dunha contribución que derroga o sistema tributario tradicional e persegue o obxectivo de gravar a riqueza de tódolos habitantes dos reinos. Eses dous principios son capitais e por iso nos centramos especialmente no seu devir, tanto nos precedentes como nas memorias. Por iso tamén analizamos especialmente eses dous aspectos na parte da reforma do crédito.

Como último apuntamento formal á hora de proceder, tamén temos que realizar unha advertencia sobre a orde que seguiremos no noso discurso. Pese a que aquí acabamos de presentar tres aspectos principais no relativo aos precedentes da reforma de Garay, agora trataremos de realizar, co obxectivo de facilitar a construción do relato e a súa lectura, unha exposición que siga unha orde cronolóxica progresiva, en esencia lineal na medida do posible. Iremos expoñendo todos eses precedentes seguindo unha lóxica temporal, con independencia de que se trate de proxectos que chegaron a materializarse (por regra xeral non o fixeron, e en ningún caso triunfaron completamente) e que contiñan aspectos que Garay tamén rematou por desenvolver, ou meras ideas e opinións sobre a contribución directa, a crítica ás rendas provinciais ou a tributación das clases privilexiadas. Moitas desas ideas que aquí trataremos volverán de feito ao escenario político e lexislativo para tratar de xustificar diversas solucións de emerxencia inauguradas nas últimas décadas do absolutismo español. Para a configuración deste apartado resultou dunha axuda inestimable a obra de diversos autores que realizaron importantes traballos e estudos sobre a crise do Antigo Réxime, pois todos estes precedentes que agora abordaremos rematan enraizando fondamente co devandito proceso ante as urxentes necesidades ás que o Estado non será quen de responder. Falamos dende logo de contribucións de man de Artola, Fontana, Ruiz Torres ou Richard Herr, entre outros, o que nos leva a basearnos en boa parte nos seus traballos. Para a localización dalgúns dos arbitristas que aquí citaremos, tamén resultaron útiles algunhas obras de carácter compilador[12]. Pasemos logo a entrar en materia.

Comezando primeiramente pola idea de establecer unha contribución directa como método de recadación principal dos impostos, debemos comezar apuntando que o obxectivo de tódolos proxectos que pretenderan instaurar un sistema de recadación deste tipo non era outro que o de racionalizar o funcionamento caótico das rendas tradicionais, ademais de buscar o aumento do volume das rendas recadadas. Esta desorde estaba estendida tanto no proceso de aplicación desas rendas, que era froito dunha multitude de figuras impositivas, como no de recadación, que se realizaba moitas veces a partir de sistemas de encabezamentos

[11] Comín, F. (1990), p. 83.
[12] Hernández Andreu, J. (1972); Lasarte Álvarez, F. J., Arias de Saavedra Alias, I. e Castellano, J. L. (1988).

que redundaban con frecuencia en abusos ás clases populares ao gravarse moitos produtos de consumo de primeira necesidade. Neste sentido, pode apuntarse que o sistema fiscal español era dun anacronismo doutrinal e administrativo tal, que os seus recursos non gardaban ningunha proporción coa riqueza nacional[13]. Xa dende a época dos Austrias se tiñan formulado diversas propostas que supoñerían unha mellora dos rendementos da Facenda como resultado de poñer orde e racionalizar o sistema, pero ningún deles chegou a poñerse de *facto* en práctica. As críticas ao sistema de rendas provinciais proliferan amplamente e non é complicado dar con cartas, memorias ou análises que poñan de manifesto os seus males a medida que avanza o século XVIII. No primeiro terzo desta centuria, un exemplo pode ser José Patiño, quen se laiaba claramente dos problemas que arrastraban:

> "Pues si bien las provinciales tienen fundadas reglas para su manejo y dirección, adolecen tanto en ella como en su recaudación de abusos gravosos á los pueblos, y a V.M. no favorables en la práctica de los abonos, que disminuyen los productos en beneficio de los arrendadores, en conducciones, reducciones e intereses que causan considerables mermas al erario[14]."

Outro exemplo pode ser o de Joaquín de Aguirre, contador xeral da renda de chumbos, quen tamén resultaba ser moi crítico coas rendas provinciais:

> "Toda la nación ha clamado y clama su desdicha mientras subsistan estos ramos, porque no solo embarazan, sino que le prohíben el que pueda hacer el comercio activo y pasivo de sus frutos y géneros aún dentro del propio reino. Pero lo que vmd notará es, que aunque unos gritan y otros lloran, no hay alguno que pueda explicar hasta ahora el pormenor de lo que padece el reino, sin duda porque no hubiera quien creyera lo que se ha tolerado (…) y en una palabra, que cosa que haga más daño a la nación, no puede haber en el mundo[15]."

Por último, unha cita de Diego Gallard, membro da Real Academia de Dereito Nacional e Público de Santa Bárbara, procedente dunha memoria premiada pola Sociedade económica de Segovia:

> "¿Podremos decir con razón que ellas concurren a la decadencia de nuestra Península? Sí a la verdad y con justo motivo. No puede menos de confesarse que estas Rentas han influido en gran manera en el atraso de España[16]."

Estes son apenas algúns exemplos de entre moitos que se poderían poñer aquí sobre opinións que redundan na nocividade das rendas provinciais. Porén, tamén hai que decatarse de que o feito de verter estas críticas non significa necesariamente que quen as emitise puidera ser cualificado como o posuidor dunha actitude rupturista. Parte destas condenas, porén, quedan simplemente niso, en chamamentos de atención sobre un problema que dende logo existe, pero non van máis alá. A pesares de ser exemplos ilustrativos de cara á cuestión que queremos poñer de manifesto, algúns deles apenas rascan na súa superficie posto que non propoñen alternativa algunha a aquilo contra o que cargan, ou simplemente alegan pequenos cambios superficiais que en todo caso non servirían para paliar os problemas existentes. O mesmo

[13] Artola, M. (1986), op. cit., p. 15.
[14] Patiño, J. (1727), pp. 122-123.
[15] Aguirre, J. de (1759), pp. 49-50.
[16] Gallard, D. (1787), p. 138.

Aguirre que acaba de ser citado criticaba apenas un parágrafo despois a solución da contribución única, que caracterizaba como un remedio que resultaba ser peor que a enfermidade, comparando cun xogo de palabras pouco orixinal a ferramenta do catastro cunha catástrofe e criticando o diñeiro invertido na preparación da empresa[17]. Gallard tampouco estaba convencido completamente da alternativa de refundir tódolos impostos nun só, pois á hora de poñer estes sistemas en práctica "las operaciones que requieren son inmensas, el trabajo para executarlos infinito, un concurso de voluntades quimérico, una constancia invencible en los Ministros[18]". En suma, ao ser incapaces de prosperar en pouco tempo, os sistemas de contribución única non eran útiles para satisfacer os males máis urxentes.

Outros teóricos arredor da problemática que supoñían as rendas provinciais, por suposto, nin sequera chegaron a un razoamento crítico e simplemente continuaron defendendo obcecadamente as rendas provinciais. As voces discordantes, porén, son importantes para poñer de manifesto a existencia de eivas no sistema e para espertar conciencias. Así é como, nesta liña de crítica, existen outras voces máis interesantes que merecen moito máis a nosa atención. Quizais o primeiro dos motivos que levaron a pretender seriamente a substitución das provinciais foi a comprobación do aparente éxito que lograron acadar o Catastro catalán e os demais sistemas da Coroa de Aragón, implantados a partir de 1714 e ata 1717. A partires destes momentos comezaron a deixarse escoitar críticas directas aos sistemas de rendas tradicionais que ademais pretendían impulsar a reformulación daqueles outros proxectos na realidade castelá. O antigo réxime xurídico e institucional fora suprimido nos territorios aragoneses como castigo á sublevación no marco da Guerra de Sucesión, sendo substituído por un novo sistema de administración moito máis controlado pola burocracia real. Este non estaba pensado para fomentar o crecemento económico ou promover un reparto máis equitativo dos impostos, senón que seguindo a liña habitual, pretendía aumentar os ingresos da Facenda. Ata entón, a forma de obtención de recursos nestes territorios, é dicir, o método principal de tributación, era a través dos servizos e donativos votados nas cortes[19]. Pero neste caso, a xustificación para establecer esta Nova Planta fiscal foron un conxunto de argumentos de valor moi desigual entre os que se incluían mesmo o dereito de conquista a raíz daquela sublevación (o que permitiu que o proceso se levara a cabo sen pactar coas elites autóctonas), ou o desexo real de reducir tódolos reinos ás mesmas leis, usos e costumes. Porén, se ben tras esta serie de medidas existe un carácter punitivo, hai que ter en conta que este aspecto non debe relegar o feito de que se tratou tamén dun auténtico programa de integración política e económica do Estado[20].

No terreo que nos ocupa, o da Facenda, optouse por establecer unha imposición polo equivalente ás alcabalas, centos, millóns e demais rendas provinciais pagadas en Castela. Deste xeito quedou fixada unha cantidade anual que recibiu o nome de Única Contribución en Aragón (establecida a partir de 1715), Equivalente en Valencia (tamén dende 1715), Catastro en Cataluña (1716), e Talla no reino de Mallorca (1717). As cantidades que foron aprobadas en primeira instancia porén, tiveron que ser axustadas progresivamente por presentar valores excesivos, proceso que se foi realizando a medida que a burocracia elaboraba censos da riqueza dos contribuíntes. Pese ás rebaixas, o descontento da poboación foi considerable inicialmente, pois a tributación nova supoñía unha maior carga que a que rexía con anterioridade. Con todo, ao manterse as cotas bastante estables durante décadas, a presión fiscal foise reducindo progresivamente, a medida que avanzaba o crecemento económico ou

[17] Aguirre, J. de (1759), op. cit., p. 50.
[18] Gallard, D. (1787), op. cit., p. 125.
[19] Ruiz Torres, P. (2008), pp. 256-257.
[20] Artola, M. (1982b), p. 226.

se producían melloras na produción e nos cultivos. Os libros dos padróns para o reparto dos equivalentes eran responsabilidade das autoridades locais, engadíndose tempo despois a figura de peritos no proceso para comprobar a veracidade dos mesmos. Unha vez se recollía e se verificaba a información do repartimento, este facíase público nun listado que incluía a cantidade correspondente a cada veciño en proporción á renda dos seus inmobles e os seus beneficios comerciais e industriais no caso de telos. Non obstante, ao ter estes libros o único obxectivo de servir ao cobro dun imposto, non resulta estraño que, dun xeito interesado, non reflectisen correctamente a riqueza real dos contribuíntes, habendo casos de ocultación que beneficiaban sobre todo aos notables locais, pero que tamén se vían favorecidas polas melloras produtivas e a lenta actualización dos datos dos libros de reconto. O repartimento resultaría moi desigual en función das estimacións da riqueza levada a cabo polos intendentes e os catastros realizados polas autoridades locais que se actualizaban de cando en cando. Ademais, o cualificativo de "única" resultaba un tanto quimérico, pois a abolición do antigo sistema nos territorios aragoneses supuxo o traslado dende Castela doutras figuras impositivas que estaban á marxe das rendas provinciais, como estancos, monopolios ou demais rendas indirectas[21]. Todos estes outros impostos engadíanse ás contribucións únicas, que deste xeito non o eran tanto como cabería esperar. Como podemos comprobar ao analizar o seu funcionamento, o sistema presenta similitudes claras nalgúns aspectos con proxectos posteriores de únicas contribucións. Se entramos a valorar algúns dos seus aspectos técnicos é precisamente para que se vexa perfectamente como algúns destes caracteres (como os libros de recontos, os sistemas de peritaxe ou o proceso de repartimento de xeito directo e proporcional á riqueza) eran realidades que, salvando certas distancias no seu funcionamento e procedementos, rexían nalgúns territorios da monarquía dende un século antes de chegar Garay ao ministerio de Facenda.

Xa dende moi cedo, numerosos tratadistas observaron e criticaron tódolos problemas e o caos xeneralizado do sistema de rendas da Coroa de Castela mirando e eloxiando estoutro que existía nos reinos da de Aragón, de maneira que unha consecuencia da modificación dos sistemas tributarios destes territorios vai supoñer que se acabe creando neles un precedente de inevitable referencia[22]. Esta tradición de ideas comeza a aparecer nunha serie de persoas que van interpretar a muda da Coroa de Aragón como unha posible solución aos problemas do erario castelá, aínda que tamén contará dun xeito inevitable con detractores. Entre os nomes máis destacados do primeiro grupo atópase por exemplo Miguel de Zabala y Auñón, quen presentou algunhas ideas que precederon ao posterior proxecto desenvolvido polo marqués da Ensenada. Este home ofreceu en 1732 un estudo cunha crítica directa e demoledora na que marcaba, entre os principais problemas do sistema tradicional, a súa falta de equidade en prexuízo sempre dos máis pobres, a diminución de colleitas ou as trabas que impoñía a actividades comerciais ou industriais. Pero por riba de todo, a peor parte quedaba para dous aspectos en concreto: por unha banda a escasa eficiencia do sistema, no sentido de que, pese a que aos contribuíntes se lles esixía moitas veces máis do que podían pagar, ao erario chegaba soamente unha pequena parte do rendemento real dos impostos cobrados. Este problema era consecuencia do sistema de encabezamentos ou dos abusos cometidos de forma sistemática por parte dos administradores e cobradores. Por outro lado estaría o recoñecemento dunha fraude que en opinión de Zabala sería enorme. Para tratar de solucionar esta situación tan adversa, propuxo xa nestes momentos unha forma de contribución única que ocupara o lugar

[21] Ruiz Torres, P. (2008), op. cit., pp. 257-265.
[22] Calvo Alonso, C. (1988), p. 91.

das rendas provinciais, ademais de declarar a intención de gravar as rendas dos terratenentes[23]:

> "En todos cuantos papeles y representaciones que he visto de ministros y personas celosas que hablan de estos derechos [os compoñentes das rendas provinciais] convienen sin discrepancias en que son el principal motivo de los perjuicios que se experimentan, y que el único remedio es quitarlos y reducirlos a un solo tributo, y creo que apenas habrá persona de inteligencia que no sea de este mismo dictamen. En lo que no concuerdan es en el equivalente en el que ha de refundirse, pero dejando en su estimación lo que han propuesto personas de tantas circunstancias, diré el que me parece más seguro, con la satisfacción de que ni es nuevo ni es mío el pensamiento. El medio que me parece más proporcionado para establecer una contribución útil y justificada es el que tiene ya su principio en Cataluña (…)[24]"

Na mesma liña de defensa desta contribución única e influído polas opinións de Zabala podemos situar tamén a José de Carvajal, secretario de Estado de Fernando VI. Defendía o devandito sistema como unha ferramenta que facilitaría un reparto máis equilibrado dos impostos, os cales debían xurdir segundo a necesidade que houbera deles e ser sempre pagados dacordo ás forzas dos contribuíntes. Afondou non obstante nalgúns dos principios presentados por Zabala, pois propoñía, por exemplo, un marcado carácter xurídico para un catastro que, unha vez realizado, servira como proba dos dereitos de posesión sobre as propiedades declaradas. Ademais, a recadación debía ser empregada en parte para o fomento do comercio, da industria e da poboación[25].

Este tipo de escritos centraron o interese nas posibilidades de implantar realmente as contribucións aragonesas en Castela, e en virtude disto leváronse a cabo estudos, especialmente do catastro catalán, considerado como a máis perfecta de todas elas. O propio marqués de Ensenada tentou levar a cabo algunhas probas reais sobre o terreo, para o cal e nunha primeira instancia, ordenou en 1745 ao intendente de Murcia que implantase un novo tributo en substitución das rendas provinciais que seguira as regras do Catastro. Un ano despois leváronse a cabo experimentos na provincia de Guadalaxara a cargo de Bartolomé Sánchez de Valencia, para tratar de estudar novos procedementos que permitisen mellorar o repartimento e o cobro das rendas provinciais, tarefa que se prolongou durante tres anos nos que se conseguiu elaborar un catastro e que rematou cun proxecto real para implantar unha contribución única[26].

No lado oposto, outros nomes destacados neste debate por aqueles anos, como o de Loynaz, non sostiñan posturas favorables a unha contribución única baseada no Catastro que rexía en Cataluña, pero seguían criticando as rendas tradicionais e avogaban pola súa substitución. Na súa opinión, as provinciais deberían ser desterradas, sendo a tradición a responsable de que seguisen vixentes, posto que "es constante que los españoles, por lo general no se inclinan a separarse de ningún camino trillado, por mas que las experiencias les enseñen que el que llevan es errado, peligroso, torcido y de ninguna conveniencia al bien del estado[27]". Este home criticaba un erro que cometían con frecuencia os proxectistas da única contribución nestes momentos, que consistía, por unha banda, en sobrevalorar a situación da economía da Coroa de Castela como se existise un elevado grao de comercialización e, pola

[23] Artola, M. (1982b), op. cit., p. 268.
[24] Zabala y Auñón, M. de (1732), p. 36.
[25] Delgado Barrado, J. M. (2001), pp. 116-120.
[26] Ruiz Torres, P. (2008), op. cit., p. 280; Artola, M. (1982b), op. cit., p. 269.
[27] Loynaz, M. de (1749), pp. 183 e 196.

outra, en conceder un volume maior do real aos niveis de consumo que se daban nos campos casteláns. Non parece que as súas críticas fosen moi tidas en conta, pois especialmente a primeira destas problemáticas, como veremos máis adiante, volverase reproducir máis de medio século despois cando se configure o sistema de Facenda impulsado por Martín de Garay. Fontana apunta que ditas críticas de Loynaz eran correctas, xa que os campesiños tiñan por regra xeral pouco efectivo e compraban e vendían menos do que se calculaba. Porén, os seus apuntamentos e críticas á implantación dun sistema tal e como se pretendía realizar, dunha nova contribución pola vía dun catastro, non foron debidamente valorados e o proceso seguiu avanzando[28].

Deste xeito, o proxecto comezou a materializarse no mes de outubro de 1749, cando se declarou o inicio de que comezaran as tarefas para catastrar a riqueza dos contribuíntes na Coroa de Castela. Na liña de proxectos que buscaban poñer orde e aumentar o control naquel ineficaz réxime tributario tradicional, o proxecto de Ensenada pretendía, efectivamente, facer máis sinxelo e eficaz o proceso de cobro de impostos en beneficio do erario real. A simplificación do sistema consistía nun proceso de centralización da actividade do fisco, que pasaba a mans da burocracia do goberno central ao seren eliminados os intermediarios. Por outra banda, comezamos a ver como tamén se perseguía que o imposto único afectase a tódolos veciños sen excepción, en proporción ao valor das súas terras, rendas, ou beneficios das distintas actividades económicas. O carácter decisivo estaba na existencia dunha vontade política de reducir os privilexios fiscais estamentais, para o cal se elaboraba un instrumento obxectivo que consideraba o patrimonio e o seu valor antes que a calidade das persoas e que polo mesmo se orientaba a conseguir unha certa equidade entre elas ante o fisco real[29]. Pese a todo o traballo que se levou a cabo, o proceso rematou por deterse en 1757 debido ao cambio político que experimentou a corte naqueles momentos, materializado na destitución de Ensenada e nunha campaña de descrédito cara a súa persoa e os seus colaboradores. Tal feito foi propiciado evidentemente pola natureza das propias reformas que se levaran a cabo, xa que remataron creando unha situación de pugnas e malestar ademais de favorecer a configuración dun grupo de opositores dentro da corte. Os puntos de conflito non xiraban soamente arredor deste proxecto, senón que tamén estaban relacionados coa postura que Ensenada mantiña ao respecto do comercio con América ou das relacións coa Igrexa. Pero a contribución única xerou unha forte oposición, loxicamente, entre todos aqueles grupos que vían ameazados dalgunha forma os seus privilexios. Os grupos sociais que estaban exentos de certos tributos, os estamentos da nobreza e do clero, pero tamén os grupos de elites locais e patriciado urbano ou propietarios ricos sentíronse máis atados. O que quedaba claro con este intento era que a diferenza do que se fixera nos reinos da Coroa de Aragón, en Castela non podía suprimirse unha grande parte da tradición como castigo pola infidelidade de dar apoio ao trono ao candidato doutra dinastía. Aquí era indispensable o consentimento e o acordo tácito coas elites, o cal non se chegou a producir nestes momentos[30].

A pesar deste fracaso, se de novo nos detemos na exposición dalgúns aspectos dunha reforma, desta volta de oposición social, é porque outra vez nos van lembrar a algúns dos que veremos despois no proxecto de Garay. As similitudes coa obra de Ensenada tamén se estenden cara o nivel máis técnico e organizativo. Por exemplo, Pegerto Saavedra fálanos do organismo da audiencia, que recordará ás xuntas locais que veremos décadas máis tarde na reforma que nos ocupa. Baixo os dous comisarios que se atopaban en Galicia organizando os traballos, esas audiencias estaban formadas para cada localidade por un subdelegado, un

[28] Fontana, J. (1973), pp. 29-31.
[29] Saavedra, P. (2008a), pp. 284-285.
[30] Ruiz Torres, P. (2008), op. cit., pp. 276-284.

escribán, dous peritos, o cura da localidade e o xuíz ordinario. Os subdelegados, pese a non obrar do mesmo xeito a pesares de estar baixo a autoridade do mesmo comisario, dirixían as actuacións e eran alleos á localidade, o que lles confería un certo grao de control do proceso a pesar da presenza das autoridades locais[31]. Algo que non vai existir no caso das xuntas de pobo de Garay e que pode axudar a explicar un pouco máis os resultados obtidos e a quizais aínda maior dependencia que vai haber respecto das autoridades de cada lugar. Os conceptos empregados para a realización do catastro lembrarán tamén aos que, con algúns cambios, veremos reflectidos nos rexistros da riqueza elaborados a finais da segunda década do século XIX: o ramo Real baseado nos produtos da terra pasaría a englobar tamén o doutros bens inmobles na riqueza territorial de Garay; o Industrial cos soldos e as utilidades do gando, pasando estas últimas a formar parte da primeira categoría; e o comercial que contemplaba as ganancias dos comerciantes e que se mantería con poucos cambios[32].

Tamén resulta importante recoñecer que os traballos do catastro xa tiñan rematado cando se chega á paréntese de 1757, de modo que podemos facernos unha idea do tempo que consumiu a empresa e relacionalo co que dispuxo Garay á hora de xulgar os resultados obtidos por este último chegado o momento. En todo caso, o proceso detívose coa destitución de Ensenada. Porén, poucos anos despois, cun Carlos III que ocupara o trono recentemente, a xunta da única contribución volveuse constituír en 1760. Desta volta, os seus membros consideraron necesaria a actualización dos datos rexistrados, revisión que se aproveitou tamén para imprimir algúns cambios na orientación do proxecto. Establecíase que en lugar de ao intendente, correspondería a unha asemblea de veciños convocada polas autoridades locais coa asistencia do párroco, o nomeamento de tres persoas encargadas de realizar as pescudas necesarias para as actualizacións. A comprobación consistía en convocar aos veciños para que corroboraran de novo as declaracións que fixeran había xa varios anos, e que en caso de discrepancia, eses peritos se encargaran de realizar de novo as medicións. Todas estas novas figuras lembran, como veremos, á autoridade das xuntas locais e dos peritos nomeados polas mesmas nos repartimentos realizados no marco da reforma de Garay. Nestes anos, a revisión retrasou novamente a implantación da contribución única catro anos, ata 1765[33]. Porén, esta tónica de dilacións, unida a contextos sociais pouco favorables (lembremos episodios como o motín de Esquilache), deixaron o proxecto esquecido e a medio enterrar algúns anos máis. Así, non foi ata 1769 cando o proxecto iniciado polo marqués de Ensenada había xa máis de dúas décadas viviu o derradeiro embate para a súa posta en marcha. En xullo de 1770, Carlos III asinou o decreto polo cal se derrogaban as rendas provinciais e se establecía a contribución única. Catro anos despois concluíran xa as operacións de repartimento en tódalas provincias agás en Madrid, pero de cara á súa aplicación, decidiuse que os posibles erros cometidos se solucionaran antes de poñer en práctica o sistema en lugar de facelo sobre a marcha. A toma desta decisión supuxo que tres anos despois, en 1779, o proxecto fose desbotado de xeito definitivo ante a subseguinte parálise pese aos avances logrados[34].

No caso galego os traballos estaban realmente avanzados. Tralas revisións e actualizacións e dende 1770, os repartimentos individuais fóronse realizando pouco a pouco aínda que con dificultade, de maneira que algo máis de dous anos despois, un 85% das circunscricións do reino estaban listas. As cotas de pago acadadas, pese a ser inferiores á media per cápita de Castela, duplicaban a imposición que Galicia viña pagando en concepto de rendas provinciais, aspecto que ocasionou novamente un importante malestar entre

[31] Saavedra, P. (2007), p. 804.
[32] Artola, M. (1982b), op. cit., p. 274.
[33] Ruiz Torres, P. (2008), op. cit., p. 285.
[34] Hernández Andreu, J. (1972), pp. 49-54.

autoridades urbanas, rendistas ou cabidos. Estas actitudes deberon pesar moito nos responsables da Facenda, pois así foi como cos repartimentos xa realizados, a Única rematou por non implantarse definitivamente[35].

A fin deste proxecto perpetuou, como non podía ser doutra forma, a situación que xa estaba vixente en boa medida en materia de rendas. Tal e como apunta Artola, perdida con Ensenada a oportunidade dunha reforma fiscal capaz de dotar ao Estado cos medios necesarios para a súa política, os ministros e conselleiros da etapa final do Antigo Réxime conformáronse con medidas limitadas reducidas habitualmente a simples retoques nas taxas dos impostos preexistentes. A pesar disto, en momentos de máxima necesidade propuxeron figuras fiscais innovadoras que anticipan tributos modernos, pero en ningún momento acadaron aquelas a xeneralidade nin o nivel impositivo capaces de convertelas nunha contribución eficaz á hora de financiar o gasto público[36]. Non debemos esquecer que os límites destes futuros proxectos serán moi semellantes aos que atopara Ensenada a nivel social e político, de modo non se pode aducir sen máis un simple conformismo por parte dos seus impulsores, pois hai que recoñecer que o que hai detrás diso en realidade é a resistencia ofrecida pola propia estrutura social e polos resortes de poder (a nivel local e rexional) sobre os que se asentaba o propio sistema do Antigo Réxime. Por outra banda, esa extrema necesidade converteuse nunha situación habitual, sendo aquí precisamente onde debemos enmarcar figuras como a contribución de Garay. Ademais, aínda que esta afirmación de Artola se refira a reformas en materia fiscal, tampouco debemos imaxinar esa tónica xeral de medidas limitadas como unha norma universal, ou poderíamos esquecer outros proxectos moi importantes en materia económica como as desamortizacións do cambio de século, ás que tamén chegaremos.

Os proxectos sobre a contribución directa, en forma de imposto único ou non, non remataron aquí, de modo que durante o resto do século XVIII continuáronse sucedendo escritos argumentando as diferentes posturas a favor ou en contra deste proxecto, entre outros intentos de racionalización da Facenda de Castela. Neles combínanse as críticas a aspectos concretos do labor de Ensenada co deseño de novos proxectos sobre o papel que finalmente non chegaron a ver a luz en boa medida. Nomes como os de Cabarrús ou Alcalá Galiano entrarían en escena entre estes referentes[37]. O primeiro deles, aproveitando unha boa posición na corte, elaborou unha reforma da Facenda pouco orixinal na que se propoñía unha imposición xeral, universal e proporcional que substituíse as rendas provinciais e o subsidio do clero, que sería aplicada sobre a propiedade e cuxo valor estimaba en trescentos millóns de reais[38]. Cabarrús criticaba os impostos sobre os consumos e recoñecía como insuficientes as provinciais, que estaban afectadas por numerosos problemas, ademais de declararse continuador dunha liña que buscaba a súa supresión:

> "Pero es impracticable cualquier aumento con la existencia de las rentas reales y provinciales que sobrecargando la parte más numerosa y más pobre de los vasallos de V.M. ni dejan lugar al menor aumento sobre ellas, ni son aplicables a las clases exentas. Además, el vicio de las rentas provinciales es tan conocido, que desde el reinado del augusto padre de V.M. se ha ocupado incesantemente el gobierno en los medios de substituirlas (…)[39]"

[35] Saavedra, P. (2007), op. cit., pp. 839-842.
[36] Artola, M. (1982b), op. cit., p. 330.
[37] Pro Ruiz, J. (1992), op. cit., pp. 33-34.
[38] Artola, M. (1982b), op. cit., p. 331; Hernández Andreu, J. (1972), op. cit., pp. 55-57.
[39] Conde de Cabarrús (1783), p. 12.

O sistema que presentaba, pouco factible en canto á súa aplicación, contemplaba un repartimento inverosímil que seguramente tería sido obxecto de abusos, posto que, evitando o inconveniente dun catastro, dicíase en canto as cotas que "esta regulación se hará por juicio prudente sin medición[40]". Ao parecer, isto non sería un problema posto que existiría un tribunal de cinco individuos para determinar e corrixir posibles agravios. Por outra banda, para chegar á cifra establecida na recadación, a imposición a cada lugar supoñería un espectacular aumento do 110% da cifra pagada en 1778, algo dificilmente asumible para os contribuíntes.

Como contrapunto a estas ideas, o establecemento dos froitos civís por Floridablanca entre 1785 e 1787 negaba novamente a posibilidade dunha única contribución, xa que pese a recoñecer algunha modificación posible, non era partidario da supresión dos impostos indirectos. O seu autor pensaba tamén que sería posible recadar un imposto sobre a renda sen coñecer a identidade dos rendistas nin a contía dos seus ingresos[41]. A diferenza do proxecto anterior de Cabarrús que gravaba a propiedade e eliminaba as rendas provinciais, estoutro centrábase nos seus froitos e quedábase nunha reforma desas tradicionais rendas. Estaría influído polo pensamento de Vicente Alcalá Galiano no tocante aos impostos indirectos, sendo este home tamén un crítico da única contribución[42]. No tocante á necesidade de establecer impostos específicos de natureza indirecta nas cidades, apuntaba o seguinte:

> "(…) los contrarios a este sistema, quienes para remediar los inconvenientes que resultarían de libertar a los habitantes de los Pueblos grandes de toda contribución, proponen como más útil y menos expuesto a inconvenientes el que cada uno de ellos pague con respecto a las utilidades de su trato, oficio o bienes que disfruta. Pero este arbitrio está sujeto en la práctica a muchos inconvenientes e injusticias irremediables; porque es imposible averiguar en un pueblo numeroso cuales son las utilidades del comercio y trato de cada individuo, y así es necesario contentarse con sus declaraciones, las cuales son un fundamento demasiadamente equívoco para que sirva de base a los impuestos (...)[43]"

Baixo este tipo de razoamentos queda ben clara a suposta imposibilidade de gravar a algúns individuos a partir de declaracións ou indagacións da súa riqueza. A reforma dos froitos civís, que se mantivo vixente case un decenio e rematou sendo asignada á amortización de vales reais, coñeceu tamén a oposición dos propietarios. Supuxo polo tanto a combinación dun imposto directo que gravaba os rendementos desa propiedade con outros máis tradicionais que se aplicaban sobre os consumos, dando lugar a unha estrutura dual que resultaba do entendemento de que cunha soa contribución non era posible acadar a suficiencia, sendo defendidos os primeiros pola súa xustiza e os segundos pola súa eficiencia na recadación, tal e como demostrara a experiencia histórica[44]. É por isto mesmo que hai autores que defenden que Garay tamén se baseou neste sistema mixto á hora de deseñar o seu proxecto de modificación da Facenda e, de feito, baixo argumentacións como esta de Alcalá-Galiano que acaba de ser citada, a existencia dos dereitos de portas nas cidades e portos comerciais máis importantes podería ser explicada en certo modo[45]. Aparte disto, outros autores sinalan que deste último persoeiro, o aragonés recolleu tamén parte das ideas de igualdade e conveniencia

[40] Conde de Cabarrús (1783), op. cit., p. 25.
[41] Artola, M. (1982b), op. cit., pp. 333-334; Hernández Andreu, J. (1972), op. cit., pp. 62-63.
[42] Hernández Andreu (1993), pp. 649-650.
[43] Alcalá-Galiano, V. (1788), pp. 286-287.
[44] Comín, F. (2004), op. cit., p. 42; Hernández Andreu (2009), p. 72.
[45] Hernández Andreu (2009), op. cit., p. 69.

segundo as necesidades dos contribuíntes no proceso contributivo, ou o convencemento de que este non debería ser arbitrario[46].

A bagaxe de antecedentes dos que Garay se puido nutrir podería continuar dende logo máis alá destes proxectos, pois o debate arredor destas cuestión sobre a forma do sistema contributivo continuaron. Antes de que rematara o século XVIII, outros proxectos e valoracións arredor da Única, que tomamos de bibliografía centrada no seu estudo, viron a luz, entrando tamén a tratar cuestións sobre igualdade ou proporcionalidade contributivas[47]. Tal era o caso, por exemplo, de León de Arroyal en 1790, quen defendía a necesidade dun sistema de rendas alternativo no que cadaquén pagara en relación aos bens que posuía, ao tempo que avogaba pola limitación do poder do rei dacordo a unha serie de leis[48].

Outro exemplo podería ser o do ministro de Facenda Diego Gardoqui, quen en 1792 tamén presentou un proxecto de substitución das rendas provinciais e cuxas ideas de facer contribuír aos grupos privilexiados quedaron plasmadas en varias memorias presentadas ao monarca[49]. Recollidas todas elas no dicionario de Caga Argüelles, a primeira céntrase en presentar a necesidade dun novo subsidio eclesiástico ante as necesidades bélicas, mentres que na seguinte, publicada apenas seis meses máis tarde, propoñíanse novas cargas ao estamento[50]. A xustificación viña pola vía da tradición de que semellantes arbitrios xa se tiñan solicitado en épocas pasadas baixo condicións semellantes, pero tamén como contrapartida, a cambio do respecto aos privilexios da Igrexa, que tiña ocasionado algúns problemas á Facenda real. En palabras deste ministro debido a "los desfalcos que también ha estado experimentando y aún experimenta por el abuso a veces irremediable de sus privilegios". Porén, dous anos despois aparece xa timidamente a idea da venda de propiedades, concretamente "los bienes de fundaciones y obras pías de peregrinos, y otras semejantes que ya no tienen uso[51]".

Este pequeno compendio de propostas en materia fiscal anteriores ao peche do século pode completarse coas de Manuel Iparraguirre en 1794, quen tamén propuxo un sistema de contribución única; Juan José Caamaño y Pardo, que en 1797 recibiu o encargo de Godoy da formación dun proxecto para mudar o sistema de rendas por unha única e universal contribución; ou José Díez Robles en 1799, quen tamén presentou a Miguel Cayetano Soler un informe seguindo estas mesmas liñas.

Á marxe do proxecto ensenadino e dos posteriores debates arredor da contribución única e a forma do sistema fiscal de recadación, pero dun xeito paralelo dende o punto de vista temporal, tamén dende o reinado de Carlos III continuaron a proliferar ideas de persoas que criticaban algún aspectos da estrutura económica, a propiedade ou as formas de tributación imperantes. Os seus escritos e actuacións deixaron reflectidos unha serie de pensamentos que tamén poden ser considerados como precedentes das reformas posteriores da Facenda en xeral, e da impulsada por Garay en particular. Referímonos particularmente a nomes de sobra coñecidos como o de Campomanes ou máis adiante e moi especialmente, a Jovellanos. O primeiro deles, influínte conselleiro en materia económica e de Facenda dende 1760 e dous anos despois fiscal do Consello de Castela que máis tarde chegaría a presidir, desenvolveu xunto con Pablo de Olavide as importantes labores de colonización en zonas de Serra Morena. Ademais, criticou algunhas das características do réxime económico que tiñan especial

[46] Negrín de la Peña, J. A. (2011), p. 256.
[47] Hernández Andreu, J. (1972), op. cit., p. 76.
[48] Fernández Albadalejo, P. (1983); Saavedra, P. (1993a), pp. 177-178; Hernández Andreu, J. (1972), op. cit., p. 76; Lasarte Álvarez, F. J., Arias de Saavedra Alias, I. e Castellano, J. L. (1988), op. cit., pp. 67-70.
[49] Para a análise do seu labor véxase Artola, M. (1982b), op. cit., pp. 323-327.
[50] Gardoqui, D. (1794a); (1794b).
[51] Gardoqui, D. (1796).

relación cos dereitos de propiedade e defendeu a potestade do rei para poñer couto á adquisición de bens raíces por parte do clero con formulacións regalistas. Para comezar, era partidario dun goberno que respectara o dereito da propiedade e dalgunhas liberdades no terreo económico que favorecerían o robustecemento da actividade económica. Para Campomanes, isto sería posible a partir do tratamento preferente de dous recursos fundamentais como eran a poboación e a actividade agraria, das cales dependía o poder da monarquía. Dada a dependencia que a poboación tiña respecto da agricultura, o seu fomento resultaba imprescindible debido a que era a base da subsistencia dos habitantes da monarquía, ao tempo que proporcionaba materias primas e riqueza. Para conseguilo, habería que rematar cunha serie de obstáculos que traían consigo o despoboamento rural, a emigración e en xeral boa parte dos males da agricultura castelá. Entre estes problemas destacaban os privilexios dos gremios gandeiros transhumantes, o atraso das técnicas de cultivo, os elevados arrendamentos ou a falta de terras cerradas. Porén, o problema máis grave de todos era a concentración da propiedade en mans mortas, aspecto que Campomanes criticou duramente. En 1766, sufriu unha derrota ao non atopar apoios un proxecto de lei seu no que se aspiraba a prohibir as vendas en favor da igrexa, aspecto que o levou a non incluír no seu programa ningunha medida que afectara á amortización eclesiástica nin aos grandes morgados, aparte dunha crítica aos pequenos nobres que vivían ociosos coas rendas dos seus patrimonios[52].

Se Campomanes e Olavide foran a forza motriz das cuestións agrarias nas décadas dos sesenta e dos setenta, sería Jovellanos o que asumise este papel tras deles[53]. A súa aparición aquí é inescusable, quedándonos e afondando agora principalmente nas súas posturas de cara aos temas que máis nos interesan. Estas son, principalmente, aquelas que mantiña arredor da Igrexa e a súa contribución ao fisco real, as relativas a unha contribución proporcional a tódolos súbditos e por último, a súa opinión sobre as rendas provinciais. Centrándonos no Informe sobre a Lei Agraria, no primeiro destes temas o seu autor sérvenos como exemplo dunha postura crítica cara as inmensas propiedades que posuían os eclesiásticos, así como fronte a unha forma de vida que podería ser cualificada como pouco práctica. Con todo, voces dese tipo contra os labores da Igrexa comezaran a facerse notar varias décadas antes. O conselleiro Bernardo Ward referíase así ao estamento relixioso cando falaba do seu proxecto económico:

> "(…) se podrá sacar partido del gran número de Eclesiásticos, que no tienen ocupación precisa ni contribuyen en nada a los fines políticos del gobierno, habiendo varios asuntos en que, sin contravenir a su estado, se pueden emplear en beneficio de la gente pobre y con edificación de todos, no solo en la dirección de Hospicios, sino en todas las mejoras que van dirigidas al bien general: los Eclesiásticos Seculares se hallan adornados de más luces que el común de los habitantes, tienen más tiempo desocupado, y por el influjo que les da en los pueblos la alta dignidad de su estado, su ejemplo dará a todos buen concepto de estas novedades[54]."

Por suposto, en ningún momento se pretendeu atacar as bases do réxime establecido, pero á postura regalista que xa era frecuente na corte a lo menos entre os círculos ilustrados máis favorables á introdución de reformas, uniuse claramente nas últimas décadas do século a vontade de ir na contra da riqueza desproporcionada acumulada por institucións eclesiásticas. A idea era a de corrixir as enormes desigualdades que existían dentro do

[52] Ruiz Torres, P. (2008), op. cit., pp. 325, 416-420.
[53] Herr, R. (1991), p. 80.
[54] Ward, B. (1762), p. 15.

propio estamento do clero, consecuencia duns vicios e dunha corrupción que non se adecuaban á orde natural e ás ideas tradicionais de piedade católica, e que dende logo tiñan que ser opostas aos designios de Deus. Os excesos de riqueza, necesariamente, remataban por desviar aos eclesiásticos dos seus obxectivos relixiosos fundamentais. Pero ademais, na situación tan lamentable na que se atopaba a Facenda real e, sendo a Igrexa un dos principais piares dunha monarquía absoluta, era lóxico que acudiría a axudar e trataría de contribuír como puidera para solucionar os problemas que afectaban a un Estado ao cal apoiaba e sustentaba[55]. Este aspecto queda ben demostrado a continuación:

> "La Sociedad [Matritense], Señor, penetrada de respeto y confianza en la sabiduría y virtud de nuestro clero, está tan lejos de temer que le sea repugnante la ley de amortización que, antes bien, cree que si Su Majestad se dignase de encargar a los reverendos prelados de las iglesias que promoviesen por si mismos la enajenación de sus propiedades territoriales para volverlas a las manos del pueblo, bien fuese vendiéndolas y convirtiendo su producto en imposiciones de censos o en fondos públicos, o bien dándolas en foros o en enfiteusis perpetuos y libres de laudemio, correrían ansiosos a hacer este servicio a la patria con el mismo celo y generosidad con que la han socorrido siempre en sus apuros[56]."

Jovellanos, que como ben sabemos, recoñecía certos problemas que afectan á agricultura nunha clasificación tripartita, gardaba un apartado entre os estorbos políticos ou derivados da lexislación para referirse á amortización de todo tipo, tanto a eclesiástica como a civil que tomaba forma de morgados. O peor dos males que esta forma de tenencia ocasiona á agricultura é o encarecemento das terras por mor da súa retirada do mercado coa conseguinte menor oferta cando estas quedan suxeitas e invendibles, de modo que a solución máis factible para evitar estas concentracións pasaba por derrogar toda lei que permitira a vinculación de propiedade territorial. Concretamente, en canto á de tipo eclesiástico, Jovellanos comeza dando datos históricos de como resulta contraria aos principios da economía civil e da lexislación castelá. Pese aos esforzos por manter a barreira entre propiedade territorial e Igrexa, a cobiza remataba por rompela a pesar de que se tentou restablecer en numerosas ocasións. A lectura deste tipo de observacións pode dar pé a pensar que este autor buscaba un precedente histórico no que apoiarse para tratar de restablecer aquela situación inicial, atacando con elo ao patrimonio da igrexa. Porén, foi coidadoso á hora de protexer a súa argumentación, pois este tipo de medidas irían "no en odio de la Iglesia, sino en favor del estado, ni tanto para estorbar el enriquecimiento del clero cuanto para precaver el empobrecimiento del pueblo que tan generosamente le había dotado[57]". Á hora de xustificar as súas ideas poderemos darnos conta da mordacidade da crítica do autor e do seu enxeño persoal, pois ao realizar unha crítica con respecto polo estamento eclesiástico, é quen de denunciar unha realidade sen presentar unha oposición nin tampouco unha condena demasiado directos.

O problema coa amortización xiraba segundo el arredor dunha decadencia e relaxación da disciplina relixiosa. Entre o clero regular, por exemplo, a atención das necesidades dos monxes, máis que a súa vocación, sería a causa última da incorporación crecente de patrimonio material aos mosteiros, mentres que no caso do clero secular, as fundacións e

[55] Ruiz Torres, P. (2008), op. cit., pp. 586 e 593.
[56] Jovellanos, G. M. de (1795), pp. 63-64.
[57] Ibídem, p. 59.

doazóns ao longo dos anos estarían na base do problema[58]. Por outra banda, sendo o eclesiástico un estamento piadoso cun claro e único obxectivo, o relixioso e os que deste se derivaran, a acumulación excesiva de propiedade non sería outra cousa que unha distracción para os seus deberes:

> "Pero el mismo clero conoce mejor que nosotros que el cuidado de esta propiedad es una distracción embarazosa para sus ministros, y que su misma dispensación puede ser un cebo para la codicia y un peligro para el orgullo de los débiles. Conocerá también, que trasladada a manos del pueblo industrioso, crecerá se verdadera dotación, que son los diezmos, y menguarán la miseria y la pobreza, que son sus pensiones. ¿No será pues, más justo esperar de su generosidad una abdicación decorosa, que le granjeará la gratitud y veneración de los pobos, que no la aquiescencia a un despojo que lo envilecerá a sus ojos?[59]"

Jovellanos tamén introduce ideas arredor dunha contribución proporcional para tódolos niveis sociais no seu informe, que podemos incluír no campo de precedentes polo interese que espertan. Entre os estorbos que afectaban ao desenvolvemento da agricultura, lembremos que na clasificación tripartita formulada no texto existía unha derradeira categoría na que se especificaban as adversidades de tipo natural, aquelas insuperables pola forza individual e que requirían a colaboración mutua de comunidades enteiras e mesmo do apoio do Estado para seren vencidas. É neste punto onde se contempla o principio de introducir un reparto para paliar este tipo de inconvenientes, a lo menos cando non chegaran os fondos que a administración destinaba a tal fin, algo que acontecía con frecuencia debido ao grande desembolso que podía supoñer a busca e aplicación dunha solución para os mesmos. Estes repartimentos configurarían fondos de melloras a nivel estatal, provincial e local para abordar a solución dos problemas naturais de cada territorio segundo as necesidades do interese xeral. Por outro lado, as recadacións estarían administradas por xuntas compostas por notables. A auténtica novidade destes fondos quedaba establecida na amplitude da contribución que se levaría a cabo, pois afectaría a tódalas persoas do territorio respectivo. Ademais, tal e como se indica nas páxinas do informe, os aportes que cada persoa realizaría serían proporcionais aos seus recursos. Deste xeito:

> "La igualdad, que es el primer objeto recomendado por la justicia, se debe buscar en dos puntos: 1º, que todos contribuyan sin ninguna excepción como está declarado en las leyes Alfonsinas, en las Cortes de Guadalaxara y como dictan la equidad y la razón; puesto que tratándose del bien general, ninguna clase, ningún individuo podrá eximirse con justicia de concurrir a él; 2º, que todos contribuyan con proporción a sus facultades, porque no se puede ni debe esperar tanto del pobre como del rico, y si la utilidad de tales obras es de influencia general y extensiva a todas las clases, es claro que aquellos individuos reportarán utilidad mayor, que gozan de mayor fortuna, y que deben contribuir conforme a ella[60]".

[58] Jovellanos preguntábase como era posible que, dadas as circunstancias do momento, a vía da amortización eclesiástica seguía sendo posible por estas vías: "Después de que el clero, separado de las guerras y del tumulto de las juntas públicas, se ha reducido al santo y pacífico ejercicio de su ministerio (…), ¿que causa justa, que razón honesta y decorosa justificará el empeño de conservar abierta una avenida por donde puede entrar en la amortización el resto de la propiedad territorial del reino?" (Jovellanos, G. M. de (1795), op. cit., p. 63).
[59] Ibídem, p. 64.
[60] Ibídem, p. 142.

O que nos di Jovellanos ao respecto desta contribución non se opoñía ao sistema de recadación que estaba presente no momento no que escribe, pois era de feito perfectamente compatible con el. É por este motivo que este aspecto por si mesmo non presenta unha innovación como tal, máis alá do desexo de mellorar a situación dos habitantes do reino, que xa era un detalle importante. Esa contribución recadaríase soamente no caso de que houbera que afrontar un problema que fixera necesario o esforzo dun determinado territorio e para o beneficio dos seus habitantes en conxunto, con indiferencia do nivel do que se falara, provincial ou local. O que o fai interesante a medida é, polo tanto, o seu alcance e proporcionalidade de cara a tódalas persoas.

Por outro lado, no tocante ao tema restante que nos importa aquí especialmente, as ideas en canto ás rendas provinciais, a postura de Jovellanos tamén resulta clara, manifestando oposición a algúns dos aspectos fundamentais que as rexían. Temos que volver de novo ao primeiro grupo de estorbos, os derivados da lexislación, para poder observar o que nos di este autor sobre o tema, no capítulo que trata sobre as contribucións examinadas con relación á agricultura. Na súa opinión, o sistema fiscal e as súas leis deben ser cualificadas pola boa ou mala influencia que teñen sobre a antedita actividade. Porén, as rendas provinciais pecan contra esta máxima en varios apartados, xa que presentan inconvenientes contra a libre circulación dos produtos que dela se obteñen, ademais de prexudicar o interese persoal dos axentes encargados nesta actividade, tanto o dos propietarios como o dos colonos. Porén, estes obstáculos que Jovellanos apunta non se constitúe realmente nun ataque contra o propio sistema, senón soamente contra algúns dos seus principios, aqueles que prexudican directamente unha actividade como a agraria que, lembremos, é para este autor a primeira das fontes de riqueza dunha nación. Así, o sistema de rendas presenta algunhas características que, co seu funcionamento habitual, obstaculizan a agricultura e por iso deben ser eliminados.

Non obstante, a crítica deste autor é moito máis incisiva cando se dirixe especialmente fronte os impostos sobre os consumos. Critícase que ao afectar a bens alimentarios de primeira necesidade, os grupos máis humildes serían os máis prexudicados, xa que tódolos recursos de que dispoñen acaban aplicándose xeralmente para a cobertura destas circunstancias. A este fío, Jovellanos realiza un razoamento moi interesante para criticar estes aspectos, no que inclúe como solución posible a introdución dun principio de equidade pola vía da proporcionalidade entre tódolos contribuíntes:

> "Tercero: fuera de esto, una sola consideración basta para destruir la idea de igualdad que se atribuye a esta contribución, y es que en ella, y señaladamente la de los millones, no se libra de contribuir ni aun aquella clase de infelices cuya subsistencia se reduce al mero necesario y que por lo mismo debía ser libre de todo impuesto. Es un principio cierto, o por lo menos una máxima prudentísima de economía, apoyada en la razón y en la equidad, que todo impuesto debe salir del superfluo y no del necesario de las fortunas de los contribuyentes, porque cualquiera cosa que se mengüe de la subsistencia necesaria de una familia podrá causar su ruina, y con ella la pérdida de un contribuyente y de la esperanza de muchos[61]."

Este é, en efecto, un razoamento no que se pode chegar a adiviñar, incluso máis alá dun principio de equidade no que cada un contribúe dacordo ás súas posibilidades, outro de progresividade e xustiza pola vía da exención daqueles que soamente dispoñen dos recursos indispensables para a subsistencia. Por outra banda, tamén se podería aducir que, neste lugar,

[61] Jovellanos, G. M. de (1795), op. cit., p. 102.

Jovellanos está a falar máis ben de ricos e pobres, o cal non sinala exactamente ás clases privilexiadas. Porén, noutra crítica ao sistema das rendas provinciais que fai un pouco máis adiantado o texto, sinala directamente ao estamento eclesiástico e critica a súa exención das mesmas, de novo tratando a este grupo con moito respecto:

> "Séptimo. Esta reflexión no permite a la Sociedad pasar en silencio otra desigualdad notable que nace de la exención concedida al clero secular y regular en la contribución de rentas provinciales, puesto que o no la pagan o la recobran a título de restitución. Nada es más justo a sus ojos que aquellos privilegios e inmunidades personales que están concedidas a los individuos de este orden respetable (…) Pero cuando se trata de que todos los individuos, todas las clases y órdenes del Estado concurran a formar la renta pública, consagrada a su defensa y beneficio, ¿en que se puede apoyar esta exención? ¿Por ventura puede concederse alguna a una clase sin gravar la condición de las demás y sin destruir aquella justa igualdad fuera de la cual no puede haber equidad ni justicia en materia de contribuciones?[62]"

Esta crítica aparece xusto despois de expoñer outro dos principios que nos poden resultar interesantes como antecedente, que é o de promover a igualdade nos sistemas de contribución, como consecuencia do recoñecemento de que as rendas provinciais non afectan aos territorios aragoneses que pagan segundo o sistema do catastro, nin tampouco ás provincias exentas, que tributan en función dos seus privilexios forais. O discurso non segue a liña de autores anteriormente citados, como Zabala, de abrazar o Catastro como método tributario, pois Jovellanos non se decanta por ningún sistema da súa preferencia. Simplemente, recoñece un grave problema na existencia de sistemas diferentes de tributación, xa que este fenómeno non segue os principios da razón e da xustiza. Non pode darse a igualdade *de facto* se non son iguais as bases de tributación de tódalas persoas, que son "hijos de la misma patria, ciudadanos de una misma sociedad y miembros de un mismo Estado".

O autor do informe, polo tanto, non resulta tan incisivo no aspecto das rendas provinciais, en tanto en canto segue a atacar soamente aqueles principios que obstaculizan á agricultura. Aínda así, pese a non posicionarse abertamente por outro tipo de contribución directa, ben é certo que critica dun xeito frontal tributos concretos como a alcabala ou os impostos de tipo indirecto sobre os consumos, aducindo ademais a necesidade de que cada contribuínte pague segundo riqueza que posúa. Se unimos tódalas pezas que nos presenta cando fala da amortización, da contribución para a creación dunha caixa de fondos para a mellora de infraestruturas e, por último, das rendas provinciais, podemos analizar moito mellor en conxunto tódalas súas ideas e argumentos. O que non se pode negar de ningunha forma é que pese a non pretender atentar contra as bases do Antigo Réxime, si criticaba firmemente o sistema de rendas vixente, ao tempo que avogaba claramente pola contribución dos grupos sociais dominantes, especialmente o estamento eclesiástico. Eses conceptos de proporcionalidade, xeneralidade ou igualdades ante o fisco de tódolos individuos, contribuíndo cadaquén en proporción das súas facultades serían tamén recollidas por Garay[63].

O escrito do informe sobre o expediente da lei agraria recibiu o visto bo de Godoy, que tamén actuou como protector. As críticas que Jovellanos realizou, especialmente as que tiñan por branco a amortización, ían acompañadas dunha interesante proposta que podía ser aproveitada. De feito, o mesmo ano que o informe foi publicado, aprobouse por lei unha contribución do quince por cento de tódalas propiedades que dende entón pasaran a mans

[62] Jovellanos, G. M. de (1795), op. cit., p. 105.
[63] Negrín de la Peña, J. A. (2011), p. 256.

mortas eclesiásticas ou civís. Máis adiante, na preparación e discusión dos decretos aprobados en 1798 que significaron de facto a posta en marcha da denominada desamortización de Godoy, a persoa do autor e as ideas contidas no informe estarían moi presentes[64]. É por todo isto que tamén consideramos as ideas e os escritos de Jovellanos como un precedente importante deses proxectos que promulgaban a contribución dos estamentos privilexiados, posto que se chegaron a materializar nalgúns deles. A desamortización das propiedades da Igrexa levada a cabo dende os albores do cambio cara o século XIX merece ser citada tamén nestas páxinas como precedente dalgunhas das reformas de Facenda posteriores que van recorrer a este proceso como recurso. Formuladas como un intento á desesperada para conseguir aumentar o nivel de recadación da Facenda estatal, non debemos perder de vista o cometido destes proxectos e interpretalos como medidas revolucionarias, pois de novo debemos insistir no feito de que en principio fosen levadas a cabo como un intento de solución de emerxencia para tratar de paliar a mala situación que atravesaba o erario naqueles tempos. A este respecto, Francisco de Saavedra e Sangronis, secretario de Estado con competencias en asuntos exteriores ademais da dirección de Facenda, escribía a comezos do mes de maio de 1798 o seguinte, deixando perfectamente clara a situación á que se debía facer fronte naquel momento:

> "El aumento de las contribuciones, sobre ser de lento y corto ingreso, trae en las circunstancias actuales inconvenientes grandes, así de parte de la opinión, como porque disminuyendo la guerra las facultades con la carestía de los mantenimientos y géneros y con la falta de recursos, gravita sobre los pueblos más que las cargas, y equivale la mayor guerra a la mayor de las contribuciones, sobre todo con quebranto de los vales reales que siempre recae sobre el público. Es menester, pues, valerse de otros arbitrios, cuyo objeto sea obtener sin coacción ni violencia la mayor suma posible de dinero, sacándolo donde lo haya (…)[65]"

Como xa ten sinalado algún investigador, a compra de terras era unha das inversións máis convenientes, pero as posibilidades de facelo eran escasas debido á gran cantidade delas afectadas pola vinculación e as mans mortas. Isto é precisamente o que explica que os impulsos ao proceso de desamortización se produciran nos momentos de crise e déficit da Facenda[66]. Dacordo con isto, o mesmo Saavedra propoñía na mesma memoria entre outras, aquela radical medida de urxencia:

> "En el consejo de estado de 31 de marzo de 97, entre los arbitrios propuestos por el señor Varela y adoptados, fue uno el de la venta de los bienes de la corona fuera de los sitios reales que habita S.M. Debe ejecutarse desde luego. Pero lo que más importa es que se termine de resolver la venta de los bienes de hospitales, hermandades, patronatos y obras pías, ya sea para imponer su importe sobre la renta del tabaco (…) o en la caja de amortización[67]."

Apenas un ano máis tarde, a opinión do ministro de Facenda ao cargo, Miguel Cayetano Soler, quen se viu obrigado polas circunstancias do erario a tomar medidas semellantes, tamén resulta moi ilustrativa. Un individuo que, por outra banda, tamén puido influír directamente nas ideas dun Garay novo, pois autores ben coñecedores da súa traxectoria vital sitúano baixo

[64] Ruiz Torres, P. (2008), op. cit., p. 594.
[65] Saavedra y Sangronis, F. de (1798), pp. 184-185.
[66] Anes, G. (1974), p. 450.
[67] Saavedra y Sangronis, F. de (1798), op. cit., p. 185.

a protección daquel[68]. Como deixou reflectido Soler na súa memoria de outubro de 1799, recollida por Canga Argüelles no seu dicionario de Facenda, no contexto bélico do momento era necesario buscar novas vías de ingresos, algo que non era sinxelo en absoluto. Tras debuxar unha situación lamentable no tocante ás contas de tódolos ministerios, concluía:

> "Aunque llegaron por entonces de América 60.000.000 de rs., como eran tantos los atrasos, desaparecieron así que se desembarcaron, y llegó la necesidad a tal extremo que puso en riesgo al estado. La vista del tesorero acongojaba: porque solo venía a desahogar conmigo sus angustias y sus cartas diarias eran relaciones de faltas y amagos de desastres funestos. No era ocasión de escoger medios. Cualquier sacrificio se hacía pequeño en comparación de los males que amenazaban[69]."

Ese sacrificio materializouse na serie de decretos do 19 de setembro de 1798, que establecían, entre outras cousas, a venda dos bens de hospitais, hospicios ou obras pías. Descartada quedou a venda das encomendas das ordes militares, pese aos consellos que nesa dirección emitiran outros encargados do despacho de Facenda como Pedro Varela, pouco máis dun ano antes[70]. Un tema que dentro da reformas de Garay, como veremos máis adiante, daría moito que falar. A pesar da natureza extraordinaria da medida non debemos esquecer que esta desamortización establece un punto sen retorno moi importante para o futuro das reformas da Facenda. Se ata o de agora a colaboración da Igrexa nas recadacións se limitaba a pugnas arredor das posturas regalistas, a participación da coroa en cotas de certas figuras impositivas de natureza eclesiástica ou as contribucións concedidas dende Roma pola Santa Sé, a partir da aprobación destas medidas de desamortización vaise dar un paso máis alá. Pois unha desamortización supoñía establecer como obxectivo a propiedade inmoble do estamento eclesiástico, aínda que o motivo aducido fose a necesidade e a inexistencia doutra saída posible. Así, este tipo de medidas volveranse máis frecuentes a partir das décadas seguintes. Tal e como sinala Herr nesta mesma liña, a política de Carlos IV neste asunto non facía outra cousa que seguir unha tradición do Antigo Réxime ao optar polos bens de obras pías para asistirse, pero o feito de tomar propiedades en lugar de rendas era algo novo, produto do cambio de circunstancias e de filosofía[71]. Agora si quedaba ben claro un importante precedente na venda de bens raíces de propiedades amortizadas, para inspiración de futuros lexisladores españois, que terían que enfrontarse continuamente á ingobernable débeda nacional[72].

Por outra banda, tamén resulta fundamental observar a postura da Igrexa neste proceso, pois non debemos obviar que era a principal damnificada. O poder monárquico, por moi absoluto que fose, non podía atentar contra as bases sociais e políticas que o sustentaban, de modo que, pese a que todo este tipo de reformas estiveran pactadas coa Santa Sé, tamén resulta evidente pensar que en España habería división de opinións. Efectivamente, estando a Igrexa tan identificada co Antigo Réxime, algunhas das súas xerarquías recoñecían que era necesario levar adiante este tipo de medidas para tratar de solucionar unha situación adversa xa por si mesma que ademais se combinaba nestes intres cunha guerra. Porén, esta aceptación non era sempre compartida por tódolos membros dos estamentos privilexiados que se viron afectados polas medidas que a desamortización supuxo. Boa conta disto deixou o xa citado Soler, quen falaba dos retrasos e das trabas que obstaculizaron a marcha do proceso:

[68] Alonso Garcés, N. (2012), p. 228.
[69] Soler, M. C. (1799), p. 189.
[70] Varela, P. (1797), pp. 176-183.
[71] Herr. R. (1991), pp. 129-132.
[72] Ibídem, p. 206.

> "La venta de fincas de memorias y mayorazgos se entorpeció al mismo tiempo por las cavilosidades de la mala fe, y por los ardides y maquinaciones del fanatismo. Los males que causa la inexactitud de las ideas religiosas y políticas y el apego a los usos y costumbres recibidas son difíciles de vencer cuando se valen de los sagrados respetos de la antigüedad o de la piedad para mantenerse. Los mismos que debían ejecutar las resoluciones de V.M. en la materia eran los que más se esmeraban en proponer dudas y en entretener el curso de las providencias, sin que bastasen para activar su celo las circulares que les dirigí ni la pronta resolución que encontraban en sus consultas.[73]"

Pese a todos estes inconvenientes, o proceso logrou algúns éxitos, a lo menos no campo da venda de propiedades amortizadas dos que xa se ofreceron algunhas cifras anteriormente. Non se podería dicir o mesmo dos obxectivos financeiros, máis alá da recadación dun diñeiro que foi empregado para corrixir buratos nas contas anuais en lugar de ser empregados en saldar débedas pendentes co crédito da Facenda, o cal tería axudado ao seu saneamento. Pese a isto, pola súa importancia no terreo das medidas arredor da propiedade da Igrexa e a postura que se foi tomando progresivamente en canto á súa participación dentro dun marco de crise financeira do Antigo Réxime, consideramos esta proposta de desamortización como un fundamento importante que será tido en conta noutros proxectos futuros. Poucos anos despois, Garay trataría de apuntalar a situación do crédito estatal poñendo en marche este proceso baixo unhas bases semellantes.

Os seguintes precedentes importantes na reforma de Garay podémolos situar xa no marco da obra que desenvolveron os lexisladores das Cortes de Cádiz a nivel económico e de Facenda. Concretamente, debemos referirnos a dous proxectos: por unha banda, a contribución extraordinaria de guerra e, pola outra, o propio proxecto de contribución única decretado dentro da etapa constitucional. O seu éxito, con indiferenza de a cal miremos, foi moi reducido polas propias circunstancias e o contexto resultantes da situación que se estaba a vivir. Como ben sabemos, o rango de actuación do goberno foi tremendamente limitado ao quedar recluído finalmente, segundo avanzaba a Guerra de Independencia, á cidade de Cádiz, ata un extremo tal que a estrutura do goberno chegou a confundirse e mesturarse nalgúns ámbitos coa municipal. Pese a esta situación tan desvantaxosa, as medidas tomadas neste período resultan moi interesantes como precedente á reforma na que centramos a investigación, especialmente dende o punto de vista da Facenda. Estaba claro que o sistema tributario tradicional baseado nas rendas provinciais non funcionaba, pois os seus problemas e vicios de funcionamento provocaban que non se adecuase ás necesidades do novo século. A preocupación constante polo sistema tributario ou as críticas que viña recibindo en moitos dos seus apartados e das que nos fixemos eco nestas mesmas páxinas eran proba disto.

Polo que respecta á contribución extraordinaria de xaneiro de 1810 esta era, en esencia, tal e como explica Artola, un imposto sobre a renda sen excepcións por estamento, onde tódolos contribuíntes pagarían unha porcentaxe proporcionada á súa riqueza que mesmo contaba con aspectos de progresividade na cota individual. Non obstante, debido ao feito de ser unha medida de carácter urxente, renunciouse a acadar unha estimación obxectiva desa mesma riqueza, deixando a avaliación en mans dunha xunta de carácter local. Por suposto, as resistencias non se fixeron esperar, aparecendo incluso no seo das instancias revolucionarias, chegando a unha situación na que algunhas xuntas criticaron o proceso e mesmo optaron por

[73] Soler, M. C. (1799), op.cit., p. 189.

solucións diferentes[74]. En Galicia, a autoridade respectiva optou pola vía dun encabezamento cuxas regras serían empregadas en época de Garay, a lo menos nalgúns lugares do territorio, para proceder á elaboración do repartimento das primeiras cotas en 1817. Situación que, como veremos, daría lugar novamente a queixas e resistencias. A extraordinaria, de tódolos xeitos, non chegou a avanzar demasiado, pois cara 1812 nin sequera se tiña implantado na cidade de Cádiz onde se achaba o goberno central[75].

Por outra banda, xa en 1813, o contexto do momento ofrecía moitas posibilidades, pois sen a presenza do monarca, coa perspectiva da fin da guerra e quizais coa esperanza de reconstruír o país sobre novas bases, as Cortes formularon unha reforma xeral do sistema de recadacións. Este tomou a forma dunha fórmula de contribución única, quedando derrogadas as rendas provinciais e estancadas, establecéndose no seu lugar unha contribución directa proporcional á riqueza de cada contribuínte, a partir dun plan de reparto baseado no Censo de froitos e manufacturas que vira a luz en 1803. O decreto que lanzaba o inicio do proxecto apareceu o 13 de setembro, e xa comprobamos como dende o principio apareceron importantes inconvenientes relacionados cuns considerables abusos por culpa de malos cálculos nas cotas de cada provincia e cun descontento popular que ía en aumento dado o malestar que provocaban novas esixencias tributarias nun conflito bélico que xa case duraba seis anos[76]. Previamente á aprobación definitiva deste proxecto, porén, tivo lugar unha longa discusión onde debemos encadrar necesariamente un dos antecedentes fundamentais do que resultou ser a estrutura da futura reforma da Facenda de Garay. Falamos do plan elaborado por José Duaso y Latre no marco deses debates, nos cales non obstante, parece que non chegou a participar. Efectivamente, ademais de criticar duramente o Censo, avogaba por un sistema de recadación mixto que combinara as cargas directas nos pobos pequenos coas indirectas nas grandes cidades e principais prazas comerciais[77]. Porén, se como xa dixemos con anterioridade, unha das principais críticas que se lle aplicaban a Garay pivotaba arredor da súa orixinalidade nula en comparación con este proxecto, o certo é que tamén a Duaso se lle podería exercer un razoamento semellante. Neste sentido, houbo quen recoñeceu que os seu plan coincidía practicamente na súa totalidade cun informe de Vicente Alcalá Galiano presentado en 1809 á Xunta de Real Facenda[78]. Ocorre polo tanto que a miúdo podemos chegar a retrotraernos a autores anteriores, e isto é así simplemente porque existe unha importante e longa tradición tras deles e que vimos comentando nas páxinas previas. A liña que separa unha interpretación de Garay como alguén sen a máis mínima orixinalidade de outra na que se lle presente como un individuo que sondou, dun modo máis ou menos hábil, unha serie de precedentes para evitar algúns erros no seu traballo pode ser simplemente unha cuestión de matices.

Sexa como fora, a caída do réxime constitucional evitou que o sistema de 1813 chegara a implantarse completamente, o cal xa contaba ademais cunha oposición popular forte que viña especialmente por parte dos campesiños. Porén, como todo o tratado nas páxinas previas, cando traemos estes plans a estas páxinas non é para facer unha valoración dos seus éxitos ou dos obxectivos que conseguiron alcanzar, senón porque sentaron precedentes nalgúns dos proxectos de reforma que se deseñaron con posterioridade. Pois a figura impositiva da contribución directa reaparecería de feito nos seguintes anos na reforma de Martín de Garay

[74] Artola, M. (1986), pp. 31-33.
[75] Fontana. J. (1980), p. 34.
[76] Fontana, J. (1971), op. cit., pp.77-79.
[77] Duaso y Latre, J. (1814), pp. 107-108.
[78] López Castellano, F. (2010), ver estudo introdutorio aos textos de Duaso y Latre, J. (1814) e Plana, A. (1820), p. 52.

con algúns engadidos e modificacións, eliminando tamén algúns dos seus defectos máis visibles[79].

O derradeiro feito ao que nos imos referir dentro da obra da lexislación gaditana é a que o proceso de desamortización tamén experimentou un avance nesta fase. As Cortes, recoñecendo a importancia do crédito, nunca admitiron o recurso á bancarrota total e, máis aínda, confirmaron reiteradamente o dereito dos acredores a resarcirse das súas débedas. Os seus decretos enumeran os bens que en adiante serían obxecto da desamortización, por unha dobre vía, tanto civil que afectaría especialmente a bens de propios e baldíos, como eclesiástica. A oposición que houbo que vencer comezou dende o interior, con algúns deputados con opinións contrarias, mais como resulta lóxico, a resistencia máis forte seguía a vir do lado da Igrexa. Os debates arredor desta cuestión remataron por materializarse nun vasto programa de reformas que afectada especialmente ao clero regular, do que se reclamaba un traballo útil de cara á sociedade, o que resultaba incompatible coa existencia das ordes contemplativas e mendicantes. Cando menos, reclamábanse as facultades de ofrecer asistencia espiritual, educación ou beneficencia[80]. Este tipo de reclamacións tampouco resultaban ser unha novidade, salvo quizais no sentido de que agora si falamos dun auténtico programa, pero vímolas xa en momentos anteriores, por exemplo nas citas de Ward ou cando Jovellanos cargaba contra a excesiva acumulación de propiedades nas súas mans.

En maio de 1814 tivo lugar o golpe que precedeu a volta do absolutismo. O regreso de Fernando VII ao país significou un golpe de man que rematou coa experiencia liberal e constitucional de Cádiz, tendo lugar a continuación a sinatura do decreto firmado en Valencia o día 4 dese mesmo mes. Con el, os decretos establecidos durante o período constitucional quedaban en suspenso e derrogados, sen ningún valor e efecto, o que significaba a volta ás vellas normas. Porén, tal e como se ten indicado nalgúns estudos, a realidade non foi tan tallante como cabería esperar da volta do monarca absoluto. Aínda que o decreto establecía sobre o papel a nulidade de todo canto se fixera durante o período das Cortes de Cádiz, a anulación das súas obras foi gradual e levouse a cabo de xeito progresivo. No tocante á Facenda, a volta ao antigo sistema tivo lugar vía decreto a finais de xuño de 1814, pero convén salientar que parece que a decisión de abandonar a contribución directa non correspondeu á vontade de Fernando VII, quen loxicamente era consciente dos problemas crónicos e non podía ignorar que se levaba moitas décadas criticando o sistema das rendas provinciais e tratando de establecer reformas no mesmo[81]. Boa proba disto que dicimos sería que apenas tres anos máis tarde, a mediados de 1817, o sistema fiscal volveríase rexer, en parte, pola maquinaria dunha contribución directa, salvando claras diferenzas entre os proxectos, a partir da aprobación da reforma de Garay que contaba evidentemente co visto bo do rei. Os motivos desa marcha atrás deben ser buscados logo no contexto do momento. Efectivamente, non fai falta unha análise en profundidade para decatarse de que o sistema tivo que ser retirado ante o tremendo malestar social ao que dera lugar e sobre todo a hostilidade que apareceu por parte do grupo do campesiñado a unha contribución que debía realizarse en metálico. O afán popular coa chegada de Fernando VII estaría dirixido precisamente á fin de tan odiado tributo. Esta oposición tan frontal apareceu quizais porque o momento para implantalo non era o máis propicio, se temos en conta que se lle estaban a esixir novos sacrificios a unha poboación despois de varios anos de guerra. Esixencias en forma de imposto elaborado segundo cálculos deficientes que darían lugar aos abusos e arbitrariedades que se permitían evitar cando se defendían principios de equidade e proporcionalidade.

[79] Fontana, J. (1980), op. cit., p. 35.
[80] Artola, M. (2008), pp. 387-396.
[81] Fontana, J. (1971), op. cit., pp. 92-95; Fuentes, J. F. (2007), op. cit., pp. 35-36.

Trala volta a un sistema absolutista durante o período dun sexenio, despois de varios intentos de reforma que intentaron inverter a mala situación económica, púxose en marcha o proxecto de Martín de Garay. Entre aquelas dos anos inmediatamente anteriores, algunhas resultaron completamente inverosímiles, como a proposta por González Vallejo que pretendía, pola vía da contrarreforma, a volta ao sistema que rexía con anterioridade a 1799 sen ter en conta as experiencias vividas, os cambios acaecidos e os novos contextos. Un exemplo que nos amosa o pouco realismo co que a situación económica se chegou a abordar, avanzando a miúdo a forza de bandazos. Outra proba da caótica situación que viviu o ministerio de Facenda nestes anos témola na duración á súa fronte das distintas persoas que estiveron ao seu cargo. Lembremos que Martín de Garay foi a persoa que durante máis tempo desenvolveu o seu cargo (case dous anos dende o 23 de decembro de 1816 ata o 14 de setembro de 1818), pero ata o seu acceso ao ministerio dende a volta do absolutismo, seis persoas pasaran polo posto.

Neste período anterior ao nomeamento de Garay, podemos citar tamén un novo intento de desamortización, esta vez de tipo civil, que recibiu o nome de "plan Escoiquiz" polo seu creador, e que afectaría, a lo menos na teoría, a tódolos bens comunais. Pero soamente unha parte moi pequena das propostas deste home viron a luz e aínda menos tiveron efectos, pois na práctica nin se venderon fincas nin se amortizou débeda algunha. Porén, se ben é certo que non era partidario dunha reforma xeral do sistema, si o era, de novo como medida ante a crise, de acudir a aqueles que tiñan a maior parte dos recursos, isto é, o clero, os grandes e privilexiados[82]. Tamén merece a pena a representación elaborada polo intendente José López Juana Pinilla en decembro de 1816, escasos días antes da chegada de Garay á cabeza do ministerio, que segue a liña dos proxecto de reforma do sistema de Facenda. Partidario da adopción dun novo, neste texto propoñía a redución das contribucións provinciais a unha soa e xeral, que debía apoiarse necesariamente sobre a elaboración dunha boa estatística sobre a poboación e a riqueza[83]. En derradeiro lugar, e xa entre aquelas seis persoas que ocuparon o ministerio de Facenda antes de Garay, parece que soamente Xosé de Ibarra foi o único que tratou de levar a cabo algún tipo de medida efectiva para corrixir a situación imperante. A súa situación persoal, lastrada pola súa propia idade e saúde, limitou moito as súas actuacións, pero hai un motivo que nos leva a traelo como precedente a estas páxinas. Este home foi o encargado de presidir unha xunta encargada de deseñar novas fontes de ingresos para o erario, en cuxo marco se tomaron decisión importantes como a de tratar de conter o gasto axustándoo a un presuposto. Por outra parte, foi no seo desa xunta onde se comezou a fraguar novamente unha solución máis radical que avogaba pola supresión das rendas provinciais. Aproveitando boa parte das ideas desa xunta, o futuro ministro aragonés deseñaría e impulsaría o seu proxecto.

Todo o apuntado ata aquí nas páxinas previas sérvenos como guión para o acontecido previamente a que Martín de Garay se puxera á fronte da carteira de Facenda. Porén, se tomamos como punto de partida da reforma o propio decreto do 30 de maio de 1817, tamén podemos establecer como antecedentes da mesma as memorias que foron presentadas para a discusión das pautas que remataron por rexer ese edificio fiscal que comezou a funcionar naquel momento. Consideramos estes textos como tal porque neles aparecen aspectos que, pola vía do debate ao longo das sesións do Consello de Estado, terminaron sendo matizadas ou directamente desbotadas, de modo que non apareceron no decreto na súa versión oficial. Nalgúns deses textos, con especial atención aos que viñan de man do ministro aragonés, había presentadas certas ideas onde aparecen reflectidos os principios presentados nas páxinas

[82] Fontana, J. (1971), op. cit., pp. 111-114; Hernández Andreu, J. (2008), pp. 87-88.
[83] Hernández Andreu, J. (2008), op. cit., pp. 92-93; Fontana, J. (1971), op. cit., p. 173.

previas. Neste sentido, algunhas das propostas realizadas naquel organismo caeron no esquecemento ao non saír adiante froito dun debate político, pero merecen ser consideradas igualmente. Non facelo levaríanos a cambiar a visión do que puido ter sido o proxecto e podería afectar tamén á imaxe que temos de quen o impulsou.

2.2. AS MEMORIAS DOS CONSELLEIROS DE ESTADO

A análise das memorias en si mesmas resulta de sumo interese xa que se trata de documentos que fan explícitas as grandes preocupacións do debate no que se enmarcaron, ademais de presentarnos aquelas cuestión centrais nas que as pugnas e choques foron maiores. No marco da elaboración do novo sistema de Facenda ou da modificación do sistema de crédito, é evidente que a maioría das cuestións xirarían arredor temas económicos, pero algúns dos debates xurdidos durante as sesións do Consello de Estado teñen realmente un alcance moito maior, con implicacións que superan con moito o terreo da economía e o sistema tributario que se discutía. Cando dicimos isto temos en mente aqueles emprendidos arredor da cuestión da tributación por parte do estamento eclesiástico, posto que estamos ante unha discusión que se centra, en suma, nunha cuestión de privilexios que ten tamén un marcado compoñente social porque afecta á propia estrutura do Antigo Réxime.

Non se trata, porén, dunha documentación interesante soamente polo seu contido, senón tamén por quen son os seus autores: estamos ante escritos elaborados polos integrantes do Consello de Estado, ministros, secretarios ou conselleiros reais, é dicir, os auténticos protagonistas da toma de decisións sobre os grandes temas que ocupaban ao goberno. Así, estas memorias que aquí tratamos fan visibles os problemas dunha época, pero tamén as opinións que posuían ao respecto aqueles que ocupaban os principais órganos de goberno e que polo tanto eran os encargados de darlles solución a esas dificultades, ou a lo menos, de intentalo. Porén, isto que pode ser cualificado como unha das grandes vantaxes deste tipo de textos, resulta tamén ao mesmo tempo nun dos seus inconvenientes. O tratamento da información contida nesta documentación debe abordarse con coidado, pois debemos ter en conta que nos atopamos ante escritos que son froito da opinión persoal (e polo tanto parcial) dos seus autores, así que debemos esperar un importante compoñente de subxectividade. Quen escribe trata os temas que máis lle preocupan, os problemas que recoñece como tal ou simplemente aqueles aos que decide realizar un comentario. Neste sentido, o grao de obxectividade das súas exposicións mesmo pode variar notablemente dunhas partes a outras dentro de cada texto, por exemplo, en función do tema tratado ou da ideoloxía do autor, entre outros factores.

Do mesmo xeito, nestes escritos estábanse propoñendo unhas solucións para eses problemas recoñecidos que, con algunhas modificacións froito do debate entre os membros do Consello, acabarían tomando forza de lei e marcarían algunhas das pautas fundamentais de goberno durante os seguintes meses ou incluso durante o transcurso de varios anos. Por iso mesmo son tamén importantes as memorias coas que ministros e conselleiros responderon a Garay, xa que nelas quedaron expostas opinións que en ocasións chegaron a ser diametralmente opostas ás do ministro de Facenda, o cal demostra a variabilidade de ideas ou a división existente entre os homes encargados de levar a cabo as tarefas de goberno. Non resultará difícil, analizando estes textos, achegarnos á ideoloxía dos participantes no debate, o cal redundará na aparición dunha oposición aos proxectos do aragonés que se configurará como un dos problemas aos que deberá enfrontarse.

Debemos ser sempre conscientes de todos estes aspectos para decatarnos do alcance real e das posibilidades que nos ofrece esta documentación. Os materiais manexados neste apartado son polo tanto as memorias de Garay, esencialmente aquelas nas que presentou os

seus proxectos de Facenda e crédito, así como as elaboradas polos conselleiros que decidiron dar unha réplica ás mesmas participando no consecuente debate. Non son, porén, os únicos referentes, xa que engadimos as actas das sesións do Consello de Estado nas que esas memorias foron presentadas, e que basicamente inclúen a orde do día e o resumo dos acontecementos a modo de diarios do sucedido naquelas reunións. O obxectivo que pretendemos para elas é en realidade modesto, e non é outro que o de ser empregadas como fío organizador do contido das memorias. Se o decreto nos presenta a reforma no seu momento de entrada en vigor, atopamos que non podemos ver o que hai detrás a nivel de enfrontamentos e debate políticos. Pola contra, actas e memorias permítennos ver isto último nunha perspectiva máis dinámica, e son importantes precisamente por presentar outros matices a maiores sobre un proceso de pugnas e de configuración do proxecto, como son o debate arredor de cuestións fundamentais, os apartados que quedaron no camiño e que finalmente non se aprobaron, ou as divisións e bandos presentes entre os membros do Consello. A combinación de ámbolos dous produtos permítenos ter unha idea aproximada do que sucedeu naqueles días no seu interior.

Por outro lado, tamén hai que ter en conta as limitacións das actas dende o punto de vista de toda forma de linguaxe escrita, non podendo interpretalas de xeito absoluto nin como infalibles, pois temos que decatarnos de que un debate é algo vivo e que as actas son unha mera transcrición. Sen pretender restarlles valor en absoluto, hai que darse conta de que ao producirse as conversas cara a cara entre persoas, resulta moi difícil que no papel se plasmen, ao realizar unha transcrición, tódolos matices das expresións persoais e da linguaxe oral de cada un dos participantes. A paixón na fala ou a entoación, entre outros aspectos, non poden quedar reflectidos nun diario de actas destas características, por outra parte moi útil, motivo polo que coñecer a viveza real do ambiente e o auténtico clima daquelas sesións nos resulta imposible. Algúns sucesos mesmo puideron omitirse ou alterarse.

Antes de comezar tamén é necesario apuntar algúns aspectos arredor dalgunhas cuestións de forma. En primeiro lugar, sobre a orde do que será exposto neste subapartado hai que dicir que seguiremos a mesma que se deu cando o debate sobre a reforma do sistema tributario tivo lugar. Naquel momento, Garay leu a súa memoria e deixou expostos os seus principios e actuacións fundamentais. A continuación, os demais conselleiros tiveron algúns días para elaborar as súas respectivas respostas, que foron lidas nunha determinada orde dando lugar despois a un debate, quedando o proceso recollido nas actas correspondentes. Dun xeito semellante, a nosa análise seguirá unha orde moi parecida: partindo da memoria principal de Garay salientaremos os seus aspectos máis relevantes, para pasar a continuación a ver como se xestaron as argumentacións ao seu redor aglutinando temas. Logo disto abordaremos da mesma forma a parte relativa ao crédito. Será aquí onde poderemos comprobar mellor que a comprensión de ámbolos dous proxectos pasa por unha análise conxunta dos mesmos, pois veremos cuestións e debates que, abertos coa reforma do sistema tributario, se reproduciron e continuaron nos debates sobre o crédito, en ocasións gañando intensidade. A nosa exposición será organizada por bloques temáticos de resposta, partindo da análise de cada unha das memorias de Martín de Garay. Debemos indicar tamén que a análise da cuestión da reforma de Facenda terá unha importancia maior que a correspondente ás memorias que apareceron como o produto do debate sobre o crédito, pois loxicamente, para a nosa investigación interésanos máis o primeiro punto que o segundo. Os motivos disto son diversos, aínda que en todo caso ben simples: para empezar, o maior peso da análise do proxecto relativo á Facenda resulta evidente se temos en conta que foi este o que deu lugar ás fontes primarias esenciais desta investigación. Por outra banda, a reforma do crédito inclúe algunhas cuestións económicas nas que non somos expertos de cara a unha análise detallada, ademais do feito de

que este segundo proceso de discusión interésanos especialmente polos debates aos que deu lugar como continuación dos xa expostos antes.

Por último só queda dicir, en canto ao apartado técnico, a forma na que accedemos a todo este material. A vía principal de consulta, tanto das memorias como das actas, resulta ser a obra de Suárez Verdeguer[84]. A limitación á hora de consultar certas fontes no transcurso desta investigación resulta neste sentido nun problema, pois somos conscientes perfectamente das faltas que ten a súa transcrición, que se veñen poñendo de manifesto dende hai décadas, dende o momento no que a obra viu a luz[85]. Esta problemática, porén, non imposibilita o uso desta ferramenta pola nosa parte tendo en conta o uso que facemos dela: cando realicemos unha cita dentro deste apartado, pese a posibles erros puntuais, o obxectivo que nos propoñemos é o de poñer de manifesto unha idea forza presente nun dos participantes no debate, para ir construíndo o noso discurso a partir de aí. A cuestión é que as posturas destes persoeiros non varían e resultan perfectamente comprensibles aínda que a transcrición non sexa todo o boa que desexáramos, de modo que, poñendo un exemplo, o pensamento de Garay arredor da contribución do clero non se altera en termos xerais. En resumo, o sentido daquilo que se reproduce non varía pese a que haxa algúns cambios respecto dos escritos orixinais. Por outra banda, tamén contamos con apoios máis recentes, no sentido de que algúns textos fundamentais, como os acordos das sesións do Consello ou os apéndices das memorias de Garay volveron ser transcritos, esta vez con mellor sorte, noutras obras máis recentes[86].

Dito isto, aproveitando a forma na que Suárez Verdeguer organiza os textos que transcribe, en parágrafos numerados, parécenos cómodo adoptar un sistema de referencia que se adapte a aquilo que manexamos e que, ademais, evitará unha proliferación excesiva de notas ao pé, aínda que algunhas alusións si aparecerán nelas. Procederase sempre, ao rematar cada cita, a incluír unha pequena anotación co nome do autor, cando cumpra, e co número do parágrafo no que esta se atopou. Na maioría dos casos isto será suficiente, pois como a análise se realiza separadamente para as memorias de Facenda e crédito non hai posibilidade de confundir se unha cita concreta sae da unha ou da outra, aínda que o autor sexa o mesmo. Soamente no caso da segunda memoria do crédito elaborada por Garay haberá a necesidade de incluír algún engadido a maiores para identificala máis facilmente.

2.2.1. A memoria de Garay sobre a reforma da Facenda. Intención, pero non sempre concreción

O "Plan original de Hacienda del Señor ministro de este ramo D. Martín de Garay" foi presentado no Consello de Estado o 6 de marzo de 1817. Esta data pode ser marcada polo tanto como o punto de inicio das discusión arredor da reforma do sistema tributario impulsada polo aragonés, se ben é certo que non podemos coñecer con total exactitude o tempo que tardou en ser redactada. Estes debates desenvolvéronse durante pouco máis de dous meses, xa que continuaron, segundo quedou rexistrado nas actas, ata o 9 de maio. Nese período os demais conselleiros foron presentando os seus puntos de vista, debatendo e finalmente votando os contidos dun decreto que vería a luz a finais daquel mes. A memoria de Martín de Garay presenta varias partes ben diferenciadas mediante títulos: un primeiro apartado correspondente á introdución, seguido das chamadas economías ou políticas de aforro forzoso que se deberían tomar nos diferentes ministerios. En terceiro lugar aparece unha sección dedicada a falar dos problemas e posibles solución do sistema de Facenda, tratando tamén algúns aspectos fundamentais da súa reforma. Por último teríamos un apartado destinado a

[84] Suárez Verdeguer, F. (1967), 2 volumes.
[85] Fontana, J. (1967).
[86] Hernández Andreu, J. (2008), op. cit.

tratar cuestións sobre o crédito público que en todo caso funcionarían soamente como bases, pois o que aquí se apunta sería desenvolvido nas respectivas memorias sobre a modificación do sistema de crédito.

A introdución é o apartado máis breve de todo o texto e apenas se estende durante catro parágrafos. Porén, aquí amósase o enlace do proxecto de Garay con traballos anteriores, de tal xeito que o seu Plan de Facenda representa a culminación de diversas ideas e estudos realizados nos anos precedentes. As referencias que o ministro aragonés realiza aos traballos da xunta de Facenda presidida por Ibarra son moi claras e explícitas[87]. Nesta parte introdutoria amósasenos unha visión absolutamente lamentable da economía e da situación da Facenda. A presentación que realiza Garay sobre esta, así como do labor que o ocupa como ministro resulta especialmente pesimista. De inicio, comeza facendo énfase en numerosos problemas de base que afectan aos proxecto de reforma en xeral, e ao que el mesmo impulsa, en particular. Chama a atención sobre as necesidades perentorias e inmediatas que afectan á Facenda, o que a leva a buscar remedio inmediato. Esta urxencia obriga necesariamente a impoñer un tempo limitado, que tamén lle afecta a el, para actuacións que se realizan cando se buscan solucións, xa que as circunstancias do momento "obligan más bien a ejecutar con presteza y actividad que a deliberar con el detenimiento y la madurez que exigen tales materias y en las cuales un error de un momento cuesta muchos años de lágrimas y suspiros (parágrafo 1)".

Observamos como de saída, pois isto aparece no primeiro parágrafo da memoria, o mesmísimo encargado de arranxar o sistema fiscal deixa entrever que as solucións son tomadas ao paso e sen demasiada premeditación por mor das circunstancias abafantes do contexto no que a monarquía se atopa. Por outra banda, ao referirse á xunta encargada de obter os datos de gastos e ingresos da tesourería, o ministro recoñece considerables retrasos no seu compendio, ademais de posibles inexactitudes nos mesmos. No caso, aínda así, de tomalos como válidos, Garay efectúa unha análise do balance de contas de 1816 e remata afirmando que o déficit da Facenda ascendería a máis de douscentos trinta millóns sen ter en conta as obrigacións derivadas do crédito, pois soamente se realizaba unha comparación entre os gastos e os ingresos xerais da tesourería para a Casa Real e os diferentes ministerios. Se esas obrigas eran consideradas en conxunto con outros gastos eventuais, a cifra disparábase ata superar os catrocentos cincuenta millóns de reais anuais de descompensación. A situación caracterízase dunha forma aínda peor cando o ministro fala do traballo ao que se debería enfrontar[88].

Á introdución séguelle o apartado dedicado ás economías, isto é, a parte na que o ministro analiza os gastos de cada rama do goberno e recomenda algúns cambios co obxectivo de aforrar numerario. As cantidades analizadas responden á estrutura clásica financeira do Antigo Réxime, resumida por Comín en afrontar as obrigas da Casa Real, as atencións bélicas, un aglomerado de incipiente burocracia e os empréstitos que cubriran as insuficiencias durante as guerras[89]. Para Garay, durante toda esta análise, a vía de contención do gasto resulta fundamental, de forma que esta parte da memoria transfórmase no fragmento

[87] Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, p. 77.

[88] O discurso de Garay é abundante en canto á presenza de exemplos de lamentos como o que segue, que salpican de cando en cando os seus textos, a modo de recordatorio da penosa situación que vivía o erario:
"Cuán desagradable verme obligado por mi terrible ministerio a poner delante de la vista de V.M. situación tan espantosa y arriesgada, y cuánto más la triste y necesaria precisión de proponer a V.M., para salir de ella, medios que, o han de desagradar a muchos o han de suministrarlos los miserables vasallos de V.M. que, exhaustos con las calamidades de tantos años de desgracias, apenas les ha quedado más que lágrimas para llorar los infortunios o para ofrecerlos al Cielo suplicándole inspire a V.M. y a su gobierno medios de libertarlos de tantos males." (Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, p. 169, parágrafo 3).

[89] Comín, F. (1996), op. cit., vol. 2, p. 37.

do texto máis extenso e de maior peso. As recomendacións aos diferentes ministerios van acompañadas tamén por unha asignación teórica para funcionar e realizar os seus cometidos básicos. Estes presupostos e consellos iníciansе coa Casa Real, seguida dos ministerios de Estado, Graza e Xustiza, Mariña, Guerra e Facenda, sendo estes dous últimos os que ocupan o groso da exposición deste apartado. Polo que respecta aos gastos do rei, estes son despachados con grande rapidez, xa que non se contemplan variacións na partida que se lle destinaría, pois "sobre la regulación de los gastos de la Casa Real nada hay que observar, respecto a que la sabia economía de V.M. ha sabido establecer lo conveniente al decoro de la Familia Real y estado de sus vasallos (parágrafo 5)". Así, Garay mantén intocable esta asignación sen ofrecer consideración algunha máis alá do bo criterio do monarca como administrador, e construíndo o resto de gastos ao seu redor. O ministerio de Estado é un dos que peor parado saen das recomendacións do aragonés destinadas a conter o gasto, o cal desencadearía unha resposta crítica por parte do seu titular, García de León y Pizarro, cando a este lle correspondeu presentar a súa memoria. O de Facenda insistía no que para el resulta un postulado fundamental nas políticas de contención de gasto que promovía. Pola vía dos recortes, tanto en número de empregados como dos seus salarios, o obxectivo era reducir o gasto a un nivel mínimo e imprescindible:

> "Al cabo, es punto acordado y convenido entre todos ser necesario reducir al mínimo posible el número de empleados de todas clases, y si a los que quedan y tienen la alta honra de servir a las inmediaciones de V.M., aún a los más distinguidos, se les hacen rebajas tales en sus sueldos que apenas les queda lo necesario para vivir, razón será sufran la misma suerte los demás, sean de la clase que quieran. Admítanse, pues, y queden resueltos estos principios de economía en el número y sueldos de estos empleados, y quede después a la prudencia del Secretario de Estado aprovecharse de ellos para hacer desde luego las reformas convenientes y fructuosas que deben hacerse (…) No es un gran ahorro, en verdad, pero es alguno atendiendo a la cantidad total que para él se pide, y al cabo, con él se podrán llenar otras obligaciones de justicia que, de otra suerte, caen sobre miles de vasallos de V.M. (parágrafos 6 e 7)"

O seguinte ministerio en ser abordado é o de Graza e Xustiza, máis neste ámbito, Garay recoñece que poucas melloras se poden facer de cara a diminuír gastos, máis alá de pequenos axustes seguindo o principio anterior. De aquí pásase a matizar o presuposto da sección da mariña, comezando cun lamento sobre a reducida asignación que lle corresponde, así como da imposibilidade para concederlle unha cantidade maior a cen millóns de reais, que pese a recoñecer como totalmente insuficiente, melloraba a que se lle dedicara en anos previos aínda que non alcanzaba os cento vinte propostos pola xunta. Estes laios proveñen da importancia que se lle concede a este ministerio, como seguro indispensable que era das posesións ultramarinas e como defensor do territorio[90]. Porén, á marxe de dar algúns detalles máis sobre o presuposto asignado a este ramo do goberno en canto á súa división e reparto, o ministro de Facenda despacha rapidamente tamén este sector "por no ser de mi incumbencia entrar".

Apenas comezada a memoria, Garay establecera rapidamente os arranxos para a Casa Real e tres dos ministerios nun total de cinco parágrafos. Eses arranxos e correccións nos presupostos pivotaban arredor de lamentos e chamadas desesperadas ao aforro, aducindo á

[90] O ministro de Facenda afirmaba a este respecto que "sin marina, y sin marina respetable, son inútiles cuantas providencias dicte la sabiduría de V.M. y de su gobierno en favor de la agricultura, del comercio y de la industria nacional, y sobre todo, cuantas se den para cortar la horrible insurrección que está abrasando as colonias ultramarinas." (Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, p. 173, parágrafo 9).

necesidade de reducir os gastos a un mínimo necesario. A natureza do dito na sección de economías cambia radicalmente dende este punto, momento no que se comeza a falar dos ministerios de Guerra e Facenda. Isto pode deberse a varios motivos, como pode ser o descoñecemento que o propio Garay puidera ter nas materias das que se ocupan eses primeiros ministerios, como el mesmo chegara a confesar. Outras veces, isto mesmo combínase coa delegación de responsabilidades cara outras instancias, como aconteceu co ministerio de Mariña, onde recoñece que hai algunhas persoas encargadas na xunta de economías que realizaron "exposiciones instructivas sobre las reformas y el modo útil de constituir este ramo en la situación en que nos hallamos", algo que de feito daría forza ao argumento anterior. Ademais, intervir en aspectos que se lle escapaban teríalle buscado, probablemente, algún enfrontamento co responsable do ministerio correspondente, como finalmente sucedeu co ramo de Estado pese á brevidade da exposición. Pero como viñamos dicindo, isto xa non ocorre cos ramos de Guerra e Facenda. É evidente no segundo caso, posto que o ministerio estaba ao seu cargo, pero para o outro caso habería que buscar os motivos que o levaran a realizar unha argumentación na que propón numerosos consellos, pois a análise que realiza desta rama de goberno é aínda máis extensa que a que dedica á súa propia de Facenda. En primeiro lugar, xustifica os seus comentarios ao respecto alegando que se trataba do ministerio que acapara a maioría dos orzamentos propostos, pois efectivamente, máis da metade do presuposto deseñado era absorbido por aquel:

> "(…) en él, como el más superior a todos en su gasto, es donde la necesidad obliga a mayores economías, sin las cuales excusado es cansarse, no hay más remedio al que apelar que a nuevas y muy grandes imposiciones, tan dolorosas para el paternal corazón de V.M. que las detesta, como arriesgado de ejecutar, por lo imposible que es inventarlas que no sean gravísimas a los pobres vasallos de V.M., ya muy abrumados con el peso de las calamidades pasadas y presentes, que son muchas. (parágrafo 10)"

Por outra parte, Garay non era leigo en cuestións de exército, e o que agora resulta máis importante, tampouco o era en asuntos de administración e Facenda militar, de modo que a experiencia adquirida ao longo da súa carreira ben podía ser suficiente para apuntar algunhas consideracións sobre un tema tan importante. Por unha banda, a tradición militar estaba profundamente arraigada na súa familia: el mesmo ingresara no rexemento de cabalería de Santiago onde o seu pai era coronel, chegan a acadar o grao de capitán e combatendo contra Francia na Guerra do Rosellón na que morrera o seu proxenitor. No tocante á administración militar, ocupara a posición de contador durante un período aproximado de catro anos nos exércitos de Aragón, Navarra e Guipúscoa, e máis adiante no de Valencia[91]. Temos aquí polo tanto a un Martín de Garay que coñecía o funcionamento interno do exército a nivel de organización, incluso a cadea de mando, posto que tiña participado sendo novo nalgunhas contendas e chegou a ser oficial. Por outra banda, tamén tomara parte na súa administración económica. Como consecuencia de todo isto, podemos recoñecer a un individuo razoablemente ben preparado pola súa propia experiencia e vivencias para tratar de acometer, ou a lo menos deixar formuladas, certas medidas fronte algúns dos problemas que afectaban ao exército naquel momento, pois seguramente el mesmo os tería experimentado ao longo da súa traxectoria.

Volvendo ao fío da análise que realizaba na súa memoria, Garay estaba convencido de poder reducir os gastos do departamento de guerra sempre e cando se partira (insiste

[91] Alonso Garcés, N. (2006b), pp. 13-15 e (2012), op. cit., pp. 227-229; Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol.1, p. 43.

novamente na cuestión) do seu principio universal, "adoptando la reforma de gastos no absolutamente necesarios". O problema esencial dentro do exército español en opinión do ministro de Facenda era o seu desmedido tamaño en relación á calidade do seu equipamento, o que necesariamente se debería traducir na diminución e correcto mantemento de toda a tropa. A falta dos materiais máis básicos no exército supoñía do mesmo xeito outros problemas graves, como eran o do seu propio autocontrol e o da coexistencia harmónica coa poboación. A redución e correcto mantemento do exército traería consigo polo tanto un dobre beneficio:

> "(…) la seguridad de la monarquía, que siempre la creeré más firme y defendida mejor con menos gente asistida de todo lo necesario que con mucha escasa, hambrienta y desnuda, que debe naturalmente, tomar poco interés por un gobierno que, en su concepto, la tiene abandonada (…) ¿No le será más grato [ao goberno] mandar un ejército menos numeroso, pero contento por estar bien pagado, bien mantenido y bien armado, que otro de más individuos pero falto de todo lo necesario y disperso por los pueblos en busca del alimento, y precisado tal vez a arrancárselo por la fuerza a sus conciudadanos con actos de violencia y hostilidad, tan contrarios al pundonor del soldado español como la buena disciplina de las tropas, y al decoro, justicia y buen nombre de un Gobierno que, privado de medios de evitar estos males, los sabe y no los evita? (parágrafo 11)"

Para comezar, resulta curioso que pese a recoñecer un problema grave no subministro do exército, non se lle ocorrera formular a posibilidade de que os contribuíntes efectuaran unha parte do pago dos tributos en especie, tal e como propoñerían pouco despois outros expertos na Facenda[92]. Cegado pola necesidade de efectivo, parece que Garay non soubo establecer esta relación entre contribución e exército, que tería beneficiado tanto aos contribuíntes, afrouxando algunhas das súas cargas, como a un goberno que tiña que surtir ao seu corpo militar, redundando isto nun aforro. Nese sentido, o ministro soamente contempla ese aforro a través de medidas para levar a cabo a redución do corpo militar, propoñendo unha dobre vía para logralo. A principal sería licenciar soldados que, lonxe de deixar de dar servizo á nación, pasarían a contribuír coa súa forza ao sustento das súas familias, pero tamén á economía nacional ao axudar á recuperación da poboación e a cultivar a terra e as artes, ademais de transformarse en novos contribuíntes do erario. A outra vía tiña por obxectivo aos oficiais, recoñecéndose xa neste momento un problema no exceso dos mesmos. Neste apartado é onde o principio de establecer un nivel de gasto mínimo e imprescindible se transforma na máxima de prescindir daqueles empregos que foran considerados innecesarios ou sobrantes pola súa elevada cantidade. É dicir, que a forma máis fácil de conter os gastos sería pola vía da redución dos empregados a uns niveis que garantisen o funcionamento da institución, fora esta dunha rama da administración ou o mesmo exército. No caso deste último, o número de oficiais adecuado sería o necesario en proporción á tropa que quedara en activo. Así, pese a falar concretamente do corpo militar, Garay estende o principio da redución de empregos a calquera ámbito dependente do goberno:

> "Los destinos eclesiásticos, los civiles, los militares, todos los que se emplean en el servicio público, todos tuvieron por objeto su bien [o dos pobos e o do rei] pero

[92] Apenas tres anos despois e xa dende o Trienio, era Canga Argüelles o que realizaba a seguinte afirmación: "¡Y cuán beneficioso sería a los labradores y propietarios cobrarles parte de la contribución directa en frutos! ¡De cuántos necesita el gobierno para el surtido del ejército y armada, que recibidos en pago de la contribución se pudieran aplicar al objeto sin necesidad de sufrir los sacrificios que ocasionan los asentistas." (Canga Argüelles, J. (1820), p. 287.)

> cuando su número es excesivo, cuando no es la necesidad quien le nombra, sino haberse hecho ya esto un modo de vivir, estas instituciones útiles (…) son un mal, y el hombre justo que ama al Rey y a la patria no puede dejar de mirarlos bajo este aspecto, y el pueblo mismo que ve con dolor [como] se le arranca lo necesario, que tanto sudor y trabajo le cuesta adquirir para invertirlo en empleados de cuyo excesivo número no se necesita para el servicio de V.M. y el suyo propio, se resiente con razón del mal que le viene de lo mismo que se instituye para su bien, y desconfía y murmura del Gobierno que no remedia tales abusos. (parágrafo 11)"

Co obxectivo de aforrar o máximo posible, Garay avoga tamén pola redución das gratificacións, limitándose o percibido por calquera oficial do exército estritamente ao seu soldo asignado. O ministro critica especialmente as chamadas gratificacións de mesa, banquetes que teñen lugar ocasionalmente co gallo da celebración de certas ocasións especiais, sinalando que sería preferible que os vasalos amosasen afecto bendicindo ao seu goberno a que se gastaran cartos de xeito innecesario na celebración deses ágapes. Hai espazo tamén para tratar de arranxar cuestións arredor das compensacións a viúvas, criticándose o seu atraso e para cuxa solución se propón destinar unha parte proporcional de certas figuras impositivas. Con isto, as demoras recoñecidos iríanse cubrindo de xeito progresivo.

A continuación, un apartado que recibe boa parte da atención é o que xira arredor da administración da Facenda militar, concretamente a se esta debería ser independente e dirixida polo propio exército e as autoridades que se designaran a tal fin de xeito interno, ou se pola contra a administración dos recursos dos corpos castrenses debería quedar baixo a dirección xeral de Facenda e do ministerio homónimo. Un asunto que, como apuntaba Garay, levaba moitos anos sendo debatido arduamente, contando ámbolos dous puntos de vista con cadanseus defensores e detractores. Porén, ofrece argumentos das dúas posturas sobre a cuestión, alegando que "yo procuraré presentarla a V.M. bajo los dos aspectos, y V.M. determinará después lo que tenga por conveniente". Deste modo, a favor da xestión independente estarían aqueles que avogaban por unha maior rapidez nas decisións. Ademais disto, ninguén mellor que o exército para coñecer os seus gastos, as súas propias necesidades e os lugares onde os recursos foran máis necesarios. No outro lado, o dos favorables a que a Facenda militar estivera rexida polos designios do ministerio de Facenda, daríanse argumentos relativos ao control, xa que "el Rey y la nación deben tener una garantía de lo que se gasta mayor de la que ofrece una cuenta general presentada al fin del año en el Tribunal de Contaduría Mayor (parágrafo 16)". O propio Garay parece máis orientado cara esta segunda opción debido a cuestións administrativas e para simplificar os procesos de reparto de numerario e a administración en xeral que viña defendendo, pero deixa ao monarca a última palabra en canto a esta decisión.

A continuación, Garay identifica outro dos problemas máis graves que na súa opinión afectaban ao exército, a cuestión dos aloxamentos, bagaxes e equipamento de tropas, cargas para os habitantes dos reinos que cualifica de insoportables, ademais de contrarias ás leis. Estas prácticas son consideradas un abuso que ten a súa orixe en tempos de guerra, polo que a súa continuación non é xustificable en tempos de paz, podendo suprimirse, senón ao máximo, si en boa medida. Entre os máis prexudicados por estas prácticas atoparíanse os agricultores, así que as vías de solución que propón o ministro aragonés baséanse simplemente na lóxica de evitar na medida do posible os males que se poidan causar. Para conseguir este obxectivo, bastaría co acordo, entre os responsables da tropa, sobre o momento no que emprender os desprazamentos e o lugar onde se producirían os asentamentos, sendo os elixidos aqueles períodos nos que os traballadores do campo estiveran máis desocupados, o que lles causaría un menor malestar. Neste apartado, como acontece noutros diferentes, Garay fai referencia ás

súas propias experiencias pasadas para denunciar certos comportamentos impropios ou abusos, usando anécdotas para reforzar as súas argumentacións, o que reforza a idea de que se o aragonés fala destes temas é porque as súas vivencias llo permiten, e polo tanto non se trata dunha persoa que diga as cousas á lixeira. Garay recoñece incluso que a miúdo, a xente que se ve obrigada a cumprir con estes servizos para o exército sofre abusos e maltrato, propoñéndose a imposición de castigos militares e suspensión de emprego para aqueles que cometan ou xustifiquen algún delito desta clase. Vemos aquí tamén un comportamento equitativo e paternal, outro principio que tamén aparecerá no discurso do aragonés en varias ocasións ao longo das súas memorias.

Por outra banda, pese a facer todas estas proposicións en materia de exército, cóidase de non afectar ás competencias dos dirixentes militares para evitar problemas posto que, tras varias das súas suxestións, considera necesario ofrecer desculpas polo que está facendo. Así, adopta unha actitude moito máis humilde cara o final, xusto antes de chegar á parte onde presentaría recortes no presuposto do exército. Desta forma advirte que:

> "Nada me toca a mi hablar de la organización interior del ejército; sin embargo, algo podría decir que no fuese absolutamente inútil ni desatinado. Dejando, pues, a los maestros de esta profesión que propongan a V.M. los medios de hacer esta operación de la manera más útil (...) me ceñiré a recomendar la exposición de los individuos que compusieron la sección militar (...) (parágrafo 19)".

Si que se inmiscira, porén, na organización interna dos militares ao falar da redución do seu corpo, pero as sementes xa foran lanzadas ao aire, de modo que agora procedía a desculparse, seguramente co obxectivo de calmar os ánimos de cara ao anuncio inmediatamente posterior na súa exposición. De feito, o aspecto esencialmente tratado dende aquí ata o final do apartado sobre o ministerio de Guerra, resulta ser a asignación económica que se lle ía conceder, menor do que se agardaba, en vistas da redución dende os trescentos cincuenta ata os trescentos vinte e cinco millóns de reais. Ante os recortes, louva as capacidades dos administradores militares, pois "no dudo que el Jefe de este ramo y sus ilustrados cooperadores hallarán el modo de distribuir esta cantidad y disponer las cosas de modo que con ellas, y sin violencia, se establezca desde luego el sistema que se debe establecer". Tratando de buscar outra xustificación ás súas actuacións, apelaba ao esforzo compartido de tódolos responsables das tarefas de goberno e á unidade:

> "Todos en nuestros ramos encontramos las mismas dificultades, todos tenemos que chocar con preocupaciones, todos nos hacemos enemigos y nadie puede contar con más seguridad de coger ese fruto de sus trabajos que el Ministro de Hacienda, si no se ha propuesto, por no correr estos riesgos, ver con indiferencia como se hunde la nave del Estado. Pero obligados a libertarla del naufragio cuantos tenemos el honor de estar al lado de V.M., preciso es que para ello apliquemos sin excepción todos nuestros esfuerzos sin contemplación y con fortaleza. (parágrafo 20)"

Martín de Garay é aquí perfectamente consciente da súa situación e dos resentimentos que pode espertar o seu labor na carteira de Facenda. Pese a que intenta actuar con precaución, sabía que non sería posible contentar a todos, posto que estaría obrigado a tomar unha serie de medidas prexudiciais para algúns sectores co obxectivo de rescatar ao erario da situación na que se atopaba. Reducir o presuposto do ministerio de Guerra, o máis importante de tódalas ramas de goberno dende o punto de vista do seu volume económico, foi soamente unha desas determinacións que tivo que tomar á fronte do ministerio de Facenda. A este dedicou

precisamente o último apartado da sección das economías. Na súa opinión, o ministerio que tiña ao seu cargo era a rama máis importante dentro da administración pública por ser "eje y fundamento en que todas las demás descansan". Por outra banda, Garay tamén era consciente dos perigos que ían asociado á dirección deste ministerio, xa que, mentres que unha administración correcta á fronte do mesmo podía supoñer o benestar dos pobos, o contrario podería dar lugar a facer a aqueles desgraciados, infelices e ser causa da súa ruína. Nesta sección sobre a Facenda, atópanse algúns dos contidos teóricos máis importantes de cara ás bases da reforma, e se os cualificamos como teoría é porque algúns non pasaron dunha declaración de intencións, quedando finalmente en papel mollado. Temos por exemplo o intento de conter o gasto pola vía dunha elaboración de contas máis realista e veraz, algo que se recoñece como totalmente novo ao afirmar que "jamás se ha hecho un verdadero y exacto presupuesto de gastos, cual era necesario a que todos se sujetaran como debe hacerse en un país bien gobernado".

Antes de entrar en materia administrativa, Garay efectúa unha descrición do estado do seu ministerio, da Facenda e do seu propio traballo, onde chaman a atención dous feitos. O primeiro é a crítica que se realiza da situación tan lamentable na que se atopa o erario, pois aínda que non se alude en concreto a responsables particulares, si que se critica abertamente a xestión de anos anteriores. En xeral, non se observa un mínimo de condescendencia cara o labor das persoas que estiveran antes ocupando o seu cargo:

> "Jamás se ha contenido ningún ministro en aumentar gastos, sueldos o gratificaciones a su arbitrio y, en fin, nadie se ha detenido en recetar sobre la Real Hacienda, como si no perteneciera al mismo Soberano, o como si los infelices vasallos que contribuyen a formarla fueran, o vasallos de otro Rey, o acaso enemigos declarados a quien fuera preciso destruir (…) No hay que dudarlo: fuera de las convulsiones que algunas naciones sufrieron por la ambición de algunos particulares por mandar y obtener empleos (de que nosotros por desgracia, no estamos libres), las demás de que nos habla la historia de la sociedad las ocasionaron los desórdenes en el manejo de la Hacienda Pública, y nosotros estábamos destinados a confirmar también esta terrible lección a nuestros venideros. (parágrafos 21 e 22)"

O outro aspecto, que resulta quizais aínda máis sorprendente, é o de que o propio Garay negaba o desexo de estar á fronte do ministerio dunha forma directa e aberta, sen ocultalo o máis mínimo. O ministro non quería ocupar o posto, e parece que despois de terllo dito ao propio monarca e negarlle este o seu desexo de abandonar, non tivo outra alternativa que aceptalo[93].

Dito isto, xa en materia organización da Facenda, o seguinte que fai Garay é propoñer a modificación dalgúns aspectos da xestión do sistema tributario, comezando por cuestións de racionalización. Dacordo coa súa política de redución de gasto salarial e do número de empregados, na que insiste unha vez máis ("no hay acaso quien sea más enemigo que yo del aumento de empleados", sinala), o ministro afirma ser quen de simplificar en boa medida a administración das rendas:

[93] Esta aversión cara o cargo que desempeñaba queda moi clara en citas como esta: "Llamado por V.M. en tan crítica ocasión y para tan grande objeto, cuando parece que los males no pueden ser mayores al desempeño del terrible Ministerio de Hacienda, mis cortas luces y disposiciones me hicieron temblar y me obligaron varias veces a suplicar a V.M. me libertase de tamaña carga. No habiéndolo conseguido, procuraré llevarla hasta donde mis fuerzas alcancen." (Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, pp. 189-190, parágrafo 24).

> "(…) esta repugnancia mía a dar empleos no es porque crea excesivo su número, antes lo creo corto para la actual forma de administración, sino porque en mi sistema aquella debe simplificarse mucho (…), en cuyo caso el número de empleados en administración y resguardo deben menguar en gran manera. (parágrafo 24)"

Os salarios apenas ocupaban segundo os cálculos de Garay a cuarta parte do presuposto do ministerio para o ano anterior, sendo adicado o resto a "fábricas y compras de efectos cuyos productos vendidos en los estancos aumentan las rentas", gastos e operacións nas que en todo caso "no hubo toda la discreción y buen juicio que era debido haber". Como consecuencia de tódolos males que recoñecía, Garay formulaba unha solución que pasaba pola posta en práctica de tres puntos programáticos. Pola importancia que terían, xa que mostran bases fundamentais da súa idea de reforma, reproducimos por completo a cita na que os mesmos se manifestan de xeito explícito:

> "El mal pasado y sus actuales efectos ya no tienen remedio, es menester buscarlo para lo sucesivo, y esto se conseguirá:
> 1º, variando en parte el sistema de administración, sustituyendo las rentas provinciales que tantas manos necesitan para su manejo con una única contribución, tan deseada de todos y sobre la cual tanto se tiene trabajado. Adoptando este medio, que con la solidez y circunspección necesaria el Ministerio de Hacienda propondrá a V.M. oportunamente, solo por esta parte se podrán economizar la cuarta o quinta parte de empleados,
> 2º, dando a los resguardos mejor organización, y a la cuenta y razón de las rentas estancadas que deben subsistir, más sencillez,
> 3º, no presentándose V.M. a conceder empleo ninguno, pequeño ni grande, en la Real Hacienda mientras haya uno solo con sueldo y sin ocupación a quien colocar, porque de la facilidad con que se han dado a muchas personas ineptas destinos, nace luego el calcularse ser más ventajoso jubilarlos con sueldo entero que dejarlos en unas ocupaciones que no saben desempeñar. Esto es cierto, pero el Erario queda con la carga de mantenerlos, que no tendría si no los hubiera colocado. (parágrafo 24)"

Dous principios fundamentais do discurso de Garay aparecen aquí claramente: 1) a modificación do sistema tributario pola vía da desaparición das rendas provinciais, que segundo apunta, aquí aínda sen demasiada precisión, serían substituídas por unha contribución que agora cualifica como única pese a recoñecer tamén a subsistencia dalgunhas rendas estancadas que tampouco detalla demasiado (vemos de novo como el mesmo considera que non está realizando algo que sexa unha novidade, pois ao contrario, afirma que este tipo de proxectos xa tiñan detrás moito traballo); e 2), o control do número de funcionarios ocupados na administración e dos seus salarios. Ámbolos dous principios, postos en marcha en conxunto, supoñían a clave para a simplificación en boa medida do sistema tributario e da administración das rendas, o que á súa vez redundaría nun considerable aforro que segundo os cálculos do aragonés permitirían rebaixar o presuposto asignado ao ministerio dende os case cento oitenta e sete millóns de reais contemplados en 1816 aos cento dez. Os aforros e recortes que realizara nestas contas deran lugar, de novo baseándose nos seus propios cálculos, a que o déficit anual que experimentara o erario nas contas do ano anterior se reducisen a algo menos de vinte e dous millóns de reais.

O seguinte apartado da memoria de Garay encárgase do sistema de Facenda, aínda que nel non atopamos unha sistematización do seu funcionamento esencial, senón máis ben unha declaración de intencións e ideas. Entre outras cuestións, unha das de maior peso xira arredor de como se debería proceder á hora de establecer un procedemento de recadación. Primeiro, avógase pola estabilidade como condición necesaria para que todo o que se determine poida funcionar correctamente, de modo que o ministro comeza por facer énfase na necesidade de evitar unha contenda bélica para facilitar o seguimento dos presupostos que fosen determinados, de tal xeito que "antes de llegar a la triste necesidad de hacerla no hay medio que pueda emplear la industria humana que no debamos utilizar para evitarla". É dicir, que para o correcto funcionamento do novo sistema sería necesaria unha grande estabilidade, así como a suxeición a unha serie de pautas estritas que virían dadas por uns aparentemente estables presupostos. Por outra banda, á marxe de evitar conflitos a toda costa, avogábase por unha suxeición completa dos gastos a uns presupostos fixos, ao tempo que redundaba no control dos empregados e as súas percepcións[94].

O déficit que resultara do axuste marcado nos presupostos de Garay, establecido polas súas contas en case vinte e dous millóns, medraba en apenas dous parágrafos en cen máis debido a varios conceptos: trinta millóns eran necesarios para afrontar débedas da tesourería, unha partida de setenta para gastos extraordinarios dos diversos ramos de goberno, ademais doutros dez millóns como mínimo "que en todo estado culto deben reservarse y distribuírse en beneficio de la agricultura, artes y comercio" e que pese a ser recoñecidos como necesarios non se computan para o resto das contas nestes intres. Hai dous aspectos importantes que merecen un comentario. O primeiro deles lévanos a cuestionar a fiabilidade real que poderían ter unhas contas para as que, de entrada, o propio ministro consideraba unha partida de setenta millóns para gastos imprevistos e extraordinarios. A segunda cuestión, na que nos centraremos agora, é que a nova conta establecía unha débeda de cento vinte e un millón de reais á que había que facer fronte, sendo a cuestión central neste punto a forma de cubrir aquel déficit. Para facelo existía un dobre camiño: o das economías na administración, aspecto que xa fora explotado ao máximo no capítulo anterior, ou o da creación de "algunos impuestos suaves y llevaderos en su cantidad y en su forma" que, por descarte da anterior vía, quedaba como única solución posible. O ministro procedía a comentar no seu escrito unha solución baseada nun repartimento extraordinario de cen millóns de reais proposto pola Xunta de Facenda, ao tempo que deixaba claras as súas inclinacións pola forma de tributación da contribución directa:

> "(…) no podré dejar de entrar en este pensamiento de cubrir nuestro déficit por medio de una contribución directa como el más suave, el más sencillo, el más ejecutivo y por consiguiente el más propio para sacar a la nación y a la Monarquía de los riesgos que la amenazan (…) (parágrafo 30)"

En canto a aquel repartimento, porén, continuaba coa súa opinión ao respecto introducindo unha modificación que consistía en reducilo a un total de setenta millóns, obtendo os trinta restantes "no solo de los bienes decimales del estado eclesiástico sino también para hacerlos más llevaderos entre todos los de esta clase que poseen los comendadores grandes y Señores". Sempre dun xeito respectuoso cos privilexiados, daríanse as maiores facilidades posibles para

[94] Na teoría, o seguimento do principio de aterse a unha partida de gastos estrita era, máis alá de recomendable, unha lei de obrigado cumprimento: "los presupuestos no deben alterarse por razón ninguna (…) Y aun dentro de los mismos presupuestos, todo lo que sea gasto que no esté comprendido en ellos, sea sueldo, sea gratificación, sea empleo nuevo o supernumerario, sea pensión por cualesquiera carrera, debe prohibirse." (Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, p. 193, parágrafo 27).

que a carga "pueda repartirse y cobrarse por los mismos Cabildos eclesiásticos en términos que ninguna mano secular entre en este manejo, y ellos mismos sean los que les repartan, recauden y entreguen en las Tesorerías de V.M". Unha axuda que os eclesiásticos prestarían sen problemas na opinión de Garay, pois en consonancia con ideas xa tratadas en persoas como Jovellanos:

> "(…) los eclesiásticos tan amantes de la persona de V.M., tan reconocidos a los singulares beneficios que le deben, y tan interesados en mantener en todo su vigor la monarquía y la autoridad de V.M. se presten prontos a este sacrificio que es muy pequeño si se atiende lo hacen en obsequio de V.M., del pueblo que los mantiene y que no podría hacerlo si se le apurasen todos los medios de subsistir exigiéndole más de lo que puede pagar (…) No era de esperar la menor murmuración ni resistencia de parte del clero español tan leal a V.M., tan patriota, tan virtuoso e ilustrado. (parágrafo 30)"

Entramos así nas ideas de contribución dos grupos privilexiados. Todo quedaría revestido, ademais, da solemnidade que correspondía a unha imposición semellante, contemplando Garay a necesidade de acudir á Santa Sé cos rogos e súplicas que fosen necesarios para conseguir a súa aprobación. Se nos desprendemos de toda esa linguaxe tan correcta e suplicante, o que hai detrás é a busca dun pacto co Papado para conseguir a contribución da Igrexa, sempre dacordo coa idea de que non se podía atentar contra un dos piares fundamentais do Antigo Réxime. Ese subsidio de trinta millóns sería en realidade anual e tería unha duración total dun sexenio segundo as previsións do ministro, sendo aplicados os fluxos de diñeiro recadado á rama da mariña.

Unha vez arranxados gastos e rendas, recibido ese subsidio eclesiástico e axustados os salarios dos empregados, o plan resultaba viable posto que con el "pueden cubrirse las obligaciones más perentorias y cuyo abandono pudiera traer la ruina del estado, que es, y no puede ser otro el objeto primario de estos trabajos". Esas eran polo tanto as pautas que calquera sistema que finalmente fose escollido debería seguir. Non obstante, a estas alturas da memoria existe aínda unha ambigüidade importante sobre a solución que se acabaría poñendo en marcha, ou dito doutro modo, o repartimento extraordinario que acababa de ser descrito era unha vía factible, pero existían outras opcións[95]. A indefinición da solución tomada é polo tanto ben clara neste momento da exposición. Así, con independencia da solución que finalmente se tomara, o seguinte punto a abordar foi a configuración dun calendario de pagos no que se establecería unha periodicidade de tres meses para que estes foran efectuados, confiando que para o seguinte prazo tódolos contribuíntes cumpriran coa súa obriga e que a recadación estivese recollida. Porén, como este novo plan tributario se estaba a discutir, lembremos, no mes de marzo, o primeiro pago realizado o 1 de xullo debía incluír os primeiros seis meses do ano. Case resulta innecesario apuntar que todos estes apuntamentos eran válidos soamente na teoría e confiando en que todo funcionaría perfectamente. Na práctica, como veremos nun próximo apartado, os prazos e o tempo dispoñible foron algúns dos principais problemas que afectaron á posta en marcha e ao funcionamento do novo sistema.

[95] Garay cualificaba ese proxecto do repartimento dos setenta millóns de reais como "sencillo y justo", pero deixaba a porta aberta a outros plans dunha forma laxa, ao afirmar cousas como que "por fortuna los que se proponen y otro acaso mejor de que se hablará luego y en su lugar, tienen estas calidades", ou proseguindo a súa argumentación sinalando que "sea el que quiera el medio que se adopte" debería respectarse unha determinada estrutura temporal dos pagamentos. (Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, p. 197-199, parágrafos 30 e 31).

Posteriormente, abórdase a forma na que os repartimentos serían realizados para o corpo dos contribuíntes. Aquí, Garay tampouco fai referencias explícitas a como deberían organizarse, o que significa que habería que agardar ao decreto de maio para ver presentadas as súas pautas principais dalgunha forma a este respecto. Desta maneira, as indicacións non pasan de mencións xenéricas a elaborar algunha forma de reparto. Pese a isto, poden observarse xa algunhas das liñas que se rematarían por seguir, pois novamente volvemos atopar referencias ás propiedades eclesiásticas ademais do principio de xeneralidade do imposto:

> "En cualquiera reparto que se adopte deben ser comprendidos, como propone la Junta, todos los bienes de esta clase inclusos los del Clero secular y regular (…) Esta última medida es de absoluta necesidad, así para que después de concluida esta operación tengamos una estadística sino perfecta a lo menos aproximada, y por la cual podamos después proceder a otras operaciones.
> Todavía y a pesar de la suavidad de esta medida se ha buscado un medio para hacerla más llevadera, cual es la forma de su repartimiento y obligar a que todos la paguen. (parágrafos 31 e 32)"

Finalmente, o tema dos repartimentos péchase rapidamente ofrecendo as maiores facilidades posibles para a súa elaboración, ao apuntarse que "se debe dar facultad a los pueblos que este primer repartimiento lo ejecuten en las formas que les sean más fáciles y a que están acostumbrados, dándoles tiempo para que los sucesivos los ejecuten en la que se les señala". Os pobos (enténdase as súas respectivas autoridades) serían polo tanto os encargados de realizar os repartimentos, aspecto que se mantería trala publicación do decreto de maio. En canto a estes últimos, Garay tamén recoñecía as arbitrariedades ás que o sistema tributario tradicional da rendas provinciais podería dar lugar, o que lle abriría a porta, máis adiante na súa exposición, a reclamar a desaparición das mesmas:

> "(…) a una de las provincias del Reino tocaron 8 millones poco más o menos. No hubo bastante para sus gastos y por una nueva orden de un Comisario Ordenador que hacía de Intendente se pusieron en 13; no contento con esto el propietario le puso 27 o 28 y porque pareció que distrayendo alguna parte de este caudal todavía no habría bastante para provisiones, un Intendente transeúnte que apareció allí le repartió 70 mil fanegas de trigo con calidad de reintegro que es regular se haya verificado en los tres plazos consabidos de tarde, mal y nunca. Y estas exacciones se hicieron en nombre de V.M. y a la bayoneta. (parágrafo 32)"

Analizando esta parte da memoria comprobamos como, pese a dicir centrarse no sistema de Facenda tal e como figuraba na súa cabeceira, o certo é que non existe solución algunha dende un punto de vista concreto. Tan só unha serie de principios que se poñerían en marcha cando o devandito sistema estivera finalmente deseñado, ademais dalgunhas denuncias a males que se tratarían de evitar. Pero sobre todo, había moitas respostas a medias, ambiguas e incompletas, sen tomar partido decididamente por unha fórmula determinada. Neste sentido resulta chocante, tal e como se ten afirmado, que Garay rematara conseguindo a aprobación dun proxecto cuxo elemento máis significativo, que non era outro que a natureza da nova contribución, ninguén lle pediu que defendese[96].

A continuación, a memoria continúa cunha serie de consellos máis específicos para tratar de mellorar a administración da Facenda e que fan referencia a varios temas que se suceden

[96] Artola, M. (1986), op. cit., p. 56.

rapidamente. Nesta parte, Martín de Garay redunda nalgúns dos apuntamentos que realizara previamente cando se refería ás economías do seu propio ministerio. En primeiro lugar, único apartado no que se detén algo máis, fala do sistema tradicional de rendas contra o que carga de xeito frontal, enumerando algúns dos aspectos que na súa opinión causan un maior prexuízo aos habitantes do reino ou ás actividades económicas. As rendas provinciais deben ser eliminadas pola súa mesma natureza, pola súa orixe, polas violencias, vexacións e arbitrariedades ás que dan lugar entre a poboación e os contribuíntes, polos males que causan á agricultura, ao comercio e á industria, polo excesivo número de empregados que necesitan para seren administradas e polos gastos exorbitantes que supón a súa recadación para a administración. Por todo isto, afirma Garay:

> "(…) es preciso convenir en que la opinión pública está justamente declarada contra ellos, y que es imposible no desear desaparezca entre nosotros un tributo tan odioso y perjudicial y que solo puede desear que continúe quien tiene en ello su interés o su fortuna, esto es, los poderosos que no las pagan por mil razones que sería largo de referir, y los empleados que viven con su manejo. (parágrafo 35)"

A solución, e aquí comezamos a ver xa unha maior definición, sería a substitución de todas esas rendas provinciais por unha contribución equivalente que traería consigo numerosas vantaxes, pois "sin dificultad y sin reclamaciones todo muda de aspecto; el sistema de la Real Hacienda de España será el más sencillo de toda la Europa, la Real Hacienda aumentará sus rentas con menos sacrificios de los contribuyentes y el número de los empleados disminuirá más de un tercio". Ese aumento de rendas viría favorecido polo feito de que "entrará en el erario todo cuanto paguen los contribuyentes, sin las estafas que hoy tienen tanto lugar", como consecuencia de adoptar un sistema moito máis simple que o que rexía ata o momento. Pese a todo, Garay amósase moi prudente ante a modificación do sistema, pois "la supresión de Provinciales exige mucha circunspección y miramiento antes de decidir, pero no olvidando que sin esta medida la administración de la Real Hacienda quedará siempre llena de defectos", e un pouco máis adiante ao afirmar que "con lo que dejo dicho está bastantemente pronunciada mi opinión sobre rentas provinciales y sobre la necesidad de su reforma, si no en toda su extensión, en todo aquello en que los perjuicios que ocasionan no están compensados con alguna utilidad". Analizando estas derradeiras referencias, poderíase crer que o discurso de Garay resulta, en parte, contraditorio. Despois de atacar as rendas tradicionais directamente e dunha forma moi dura, aducindo unha oposición por parte da opinión pública así como a necesidade de que fosen substituídas por outro sistema, da un paso atrás ao dicir que os cambios poderían ser soamente parciais ou que a decisión de substitución do sistema era perigosa e debía ser moi meditada. Non era dende logo unha decisión que se puidera tomar á lixeira, pois el mesmo advertira "que toda variación de sistema causa generalmente trastornos de entidad por el riesgo de verse sin unos ni otros productos". Deste modo, parece que de novo nos atopamos cunha especie de discurso tranquilizador, como acontecera ao suxerir certos cambios no departamento de Guerra. Tras formular algo que podería levantar inimigos, dúbidas ou ataques cara as súas medidas, hai un apuntamento reflexivo para presentalas dun xeito que parecese menos radical a ollos dos sectores máis conservadores. Pese a todo, o ministro continuaba a súa exposición para rematar afirmando de xeito tallante que "es sin duda preferible esta reforma a la imposición de 70 millones de que antes he hablado", amosando agora si, as súas verdadeiras intencións.

Con todo, pese á distancia coa que trata esta solución, nesta parte da memoria tamén comete erros importantes. Principalmente, pódese observar un optimismo desmedido que simplifica en exceso o proceso de posta en marcha da reforma, posto que neste intre da

exposición, Garay realiza unha das previsións menos realistas da súa argumentación ao recoñecer que o sistema impositivo da contribución equivalente podería estar en marcha en "tres o cuatro meses". Esta estimación, tendo en conta os anteriores intentos de aplicación dunha contribución directa dos que Garay era por suposto consciente, tiña un carácter tan utópico que soamente se pode explicar como unha forma autocondescendente de enganarse a si mesmo, ou máis probablemente, como un argumento desesperado que buscara convencer aos membros do Consello de Estado das posibilidades case inmediatas de obter algún resultado positivo, o que supoñería un impulso para o proxecto. Por outra banda era tamén un arma de dobre fío que se podería volver contra el en forma de críticas cando co paso do tempo, a partires dunhas previsións inverosímiles e en absoluto realistas, o sistema non dera os resultados agardados. Un defecto, o desa utopía, que xa foi considerado como un dos principais problemas de Garay por outros autores[97].

Prosegue o ministro aragonés coa exposición do novo sistema contemplando a existencia dos chamados dereitos de portas naqueles territorios onde non fose posible implantar a nova contribución, isto é, nas capitais de provincia e nos portos habilitados. Nestes núcleos recoñécese a grande utilidade que terían os impostos sobre o consumo dada a dificultade de aplicar o principio da contribución equivalente. A seguinte cita, ademais de explicar os motivos polos que estoutra figura impositiva era esencial, resulta de suma importancia posto que funciona como un resumo do que ía ser o novo sistema de contribucións:

> "(…) para no perder la utilidad que tienen las imposiciones sobre consumos en las grandes poblaciones donde se causan, yo sería del dictamen que en las capitales de las provincias y en los puertos de mar habilitados subsistieran los impuestos sobre consumos, asimilando su exacción en lo posible a la de Barcelona y Valencia donde se hace en las puertas, y estableciendo en ellas buenas tarifas, y en los demás pueblos del reino no estableciera la equivalente a ellos. Todo el sistema se reduciría entonces a una especie de encabezamiento general de todos los pueblos fuera de las capitales y Puertos habilitados en los cuales debía subsistir la administración en la forma dicha, así por la dificultad que hay en ellas de contribuciones directas como porque reuniéndose allí grandes concursos de gentes, muchas sin propiedad conocida que no pagarían nada; si se quitaban las contribuciones sobre consumos, perdería el estado esta renta que habría de cargar sobre vasallos útiles. (parágrafo 35)"

O apartado de argumentacións a favor da reforma das rendas provinciais remata afirmando que, no caso de realizarse esta, "además de mejorarse cuanto es posible nuestro sistema de administración se cubrirá el déficit que resulta con más facilidad, más gusto y más utilidad de los vasallos de V.M". Tendo en conta os valores aos que ascenderían tódalas rendas suprimidas "se vendrá en conocimiento de que todo el repartimiento que hay que hacer se reduce a 268 millones de reales en todas las Provincias contribuyentes e Islas adyacentes", o cal significaría un aumento da carga fiscal en cincuenta e oito millóns. Con esa "módica cantidad", en palabras de Garay, quedarían cubertas tódalas obrigas.

Continuando os aspectos tratados nesta sección da memoria, varios temas son abordados rapidamente e as referencias resultan ser practicamente testemuñais en moitos casos. En canto aos aranceis, faise unha única referencia aos traballos dunha xunta para procurar simplificar estas cargas e aforrar con elo un diñeiro que ben podería ser destinado a fomentar os produtos fabrís nacionais. No caso das provincias exentas, a mensaxe é igualmente breve pero cargada de significado, posto que Garay, ao analizar o problema do contrabando dende estes territorios

[97] Fernández Clemente, E. (1982), p. 188; Negrín de la Peña, J. A. (2011), p. 253.

afirma que a situación "debe resultar necesariamente el examen del origen de sus privilegios, su estado actual, y de la utilidad que resultaría a la nación de su reforma, igualando en los gravámenes y utilidades a aquellas Provincias con las demás de la nación, puesto que en el siglo en que vivimos no pueden subsistir unas excepciones incómodas, perjudiciales y acaso no tan fundadas como se supone (parágrafo 37)". No tocante ao alleamento dos bens da coroa, o ministro avogaba por facer deste tema un asunto máis central e tratalo dun xeito diferente a como se tiña feito ata o momento, facilitando, dada a necesidade, os procesos de incorporación destes bens ao patrimonio real e fortalecendo con elo o goberno e o erario dos monarcas. En canto ás cargas que se aplicaban sobre os bens decimais, Garay deixaba claro que a súa participación nas rendas debíase a un motivo de xustiza, "porque todos somos interesados en el mantenimiento de la Religión del Trono y de las Leyes, y el pueblo no lo puede todo". Porén, a súa administración era sinxela en opinión do ministro, polo que se conclúe que non hai novidades arredor da cuestión.

Antes de pasar ao derradeiro apartado da memoria tamén se mencionan algúns apuntamentos relativos ás rendas estancadas, onde Garay clarificaba a súa postura en tanto en canto dicía que "estoy lejos de convenir con los principios de ciertos economistas modernos que quieran verlas proscritas todas", centrándose na do Tabaco en concreto, da que xa falara con anterioridade en 1812, mostrándose favorable[98]. Outra pequena nota quedaba dedicada a realizar unha petición para "la reunión en este ministerio [de Facenda] de todos los ramos que producen, sean los que quieran os objetos en que se inviertan. Tales son los ramos de Correos, Mostrencos, etc". Estes estaban xestionados polo ministerio de Estado, pero o obxectivo era lograr que o de Facenda administrara tódolos recursos do erario ao completo, segundo un principio básico de orde, polo cal "en una casa bien gobernada no debe haber más que un bolsillo en donde todo entre, y de donde todo salga". Este particular deu lugar a un debate na resposta que veu de parte da persoa á fronte do dito ministerio, García de León y Pizarro.

Finalmente, a derradeira parte da memoria do plan de Facenda de Martín de Garay aborda a cuestión do crédito público. Non entraremos demasiado agora neste punto posto que como xa indicamos, a súa reforma foi o outro grande eixo que abordou o aragonés mentres estivo á cabeza do ministerio. Por iso o propio ministro tampouco entra a tratar aquí esta materia en profundidade. Noutro momento posterior, unha vez se aprobou a reforma do sistema tributario, comezou un debate sobre o crédito que deu lugar a outras memorias, respostas e debates nas sesións do Consello de Estado. Algunhas daquelas cuestións son moi interesantes e serán abordadas un pouco máis adiante, en tanto en canto presentan claros aspectos de continuidade respecto de temas tratados nesta mesma memoria e en moitos do antecedentes que foron citados nas páxinas previas. Pero tamén é importante recoñecer que algunhas das bases do pensamento de Garay ao redor do crédito xa se manifestaron explicitamente nesta primeira memoria, menos desenvolvidas, algúns meses antes de comezar esoutra grande reforma da súa carreira ministerial. Que unha exposición sobre o crédito coma esta, apenas desenvolvida, se atopara aquí, era sen dúbida unha declaración de intencións e, en certo modo, un recoñecemento da importancia que Garay confería á combinación da reforma tanto da Facenda como do crédito para conseguir os obxectivos de recuperación.

O inicio da sección dá conta de xeito revelador da dirección da argumentación e do estado da materia a tratar: "Fáltame solo hablar de la necesidad de arreglar y levantar del polvo el edificio del Crédito Público casi del todo arruinado por los ataques que desde su exacción se le han hecho sufrir". Como xa se apuntou, era un problema manifesto que a débeda aumentaba constantemente e sen control, o que á súa vez provocaba que "su sagrado

[98] Alonso Garcés, N. (2006b), op. cit., p. 61-70.

nombre [o de V.M.] se vilipendie por no cumplir ninguna de las obligaciones que bajo él se contrajeron. De aquí resulta el descrédito del gobierno". Para solucionar este problema, o primeiro e indispensable requisito sería conseguir equilibrar os gastos coas rendas, evitando con isto alimentar a débeda e tratando de conter o seu crecemento. As economías ás que antes se referira tiñan polo tanto un papel esencial. Por outra banda, nun estado tan embrionario do arranxo deste malpocado asunto, Garay non propoñía medidas concretas, pois estaba ocupado no asunto fundamental da Facenda nestes momentos. Así, limitábase a apuntar que "sería prematuro proponer yo ahora a V.M. medios para conseguir estos deseos: la Junta compuesta de individuos prudentes, honrados y celosísimos por el servicio de V.M. y por el de la nación es regular que los proponga. Yo seré el órgano por donde lleguen a V.M sus ideas". Os últimos parágrafos da memoria dedícanse a gabar os beneficios do novo sistema de Facenda en cernes. Porén, Garay pedía paciencia e tempo para levalo a cabo, ademais de adoptar novamente o discurso ese cariz de certa humildade e mesmo de desculpa, como se estivese a pedir perdón polo que puidera pasar máis adiante, no caso de que o seu plano non tivera éxito. Por outra banda, nesa recta final da memoria tamén podemos ver ao mesmo tempo o optimismo que se presentaba pese ao lamentable que era a situación que se pretendía salvar[99]. Algo que como dixemos, era necesario probablemente para vencer a oposición dos sectores opostos a estas medidas, pois está claro que se o seu propio impulsor non tiña a certeza de que triunfarían ou se deixaba de amosar ese convencemento, pouco ou nada se podería facer para sacalas adiante. Tampouco desaproveitaba o ministro de Facenda para pechar o seu texto a oportunidade de poñer de manifesto unha serie de problemas que con toda seguridade se ían producir e que incluso lle afectarían directamente, pero que poderían ser solucionados coa implicación do monarca:

> "No obstante el interés personal y otras pasiones viles y bajas no dejarán de excitar contra él [o proxecto tributario] y sus autores la envidia, la calumnia, y demás sierpes ponzoñosas dispuestas siempre a impedir el bien y a que los desórdenes que les son tan útiles continúen aunque la patria perezca (…) Pero sin aquella fortaleza propia de un Príncipe que quiere el bien com V.M. lo quiere, nada haremos. (parágrafo 48)"

Por último debemos apuntar que a memoria de Garay remata con dous breves pero necesarios apéndices que resumen boa parte do contido das ideas presentadas ao longo de todo o documento. En primeiro lugar inclúese o documento titulado "Demostración del valor del presupuesto general de gastos de la nación e imposiciones que han de cargarse para igualar los fondos con las obligaciones del estado según la reforma que se propone, suprimiéndose las rentas provinciales, conservándose todas las demás en el estado en que se hallan, y refundiéndose aquellas en una sola contribución; las rentas equivalentes, la contribución de paja y utensilios, el subsidio eclesiástico y el repartimiento deficiente para completar el valor

[99] Estes aspectos quedan reflectidos no seguinte fragmento:
"Con lo que dejo expuesto y la conveniente simplificación en el manejo de las demás rentas (…) no dudo que dentro de pocos años nuestra administración podría ser la más sencilla y la más bien dirigida de la Europa (…) Pero para esto es menester tiempo. Dios mismo Omnipotente se tomó alguno en la creación, y sus beneficios nos los dispensa progresivamente según las estaciones. Coger de repente óptimos frutos sin haberlos sembrado y preparado de antemano no es dado a la miseria de la humanidad. Pero se cogerán sin duda y el reinado de V.M. podrá ser el más memorable de cuantos le han precedido si adoptando y siguiendo constantemente el plan de arreglo propuesto en la primera parte de esta exposición, que es de donde ha de venir el bien, damos lugar a la ejecución de los demás puntos necesarios para establecer el mejor sistema posible de administración. Tal es el plan que en las circunstancias en que nos hallamos mis cortas luces me sugieren puede adoptarse, si no para salir de una vez de todas las necesidades que nos rodean, al menos para salir de las obligaciones más perentorias". (Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, p. 214, parágrafos 46 e 47).

de dichos presupuestos". Un encabezamento longo que resume o contido das propostas en materia de impostos e que ofrece datos sobre gastos ministeriais e ingresos estimados. Aquí xa se contemplaban entre os gastos unhas serie de partidas importantes para posibles cargas extraordinarias, os chamados imprevistos eventuais, de boa parte dos ministerios, moi especialmente o de guerra, que ascendían a cincuenta millóns de reais. Entre estes gastos estaban incluídos tamén trinta millóns de reais para pagos atrasados da tesourería, dez máis que serían destinados teoricamente ao fomento das artes, a agricultura e o comercio e outros trinta para reintegro de alcabalas alleadas. Por outra banda, no lado dos ingresos, chama a atención que xa estiveran contemplados e sumados nas contas baixo o nome de donativo do clero os trinta millóns de reais esixidos ao estamento eclesiástico naquel imposto de seis anos de duración, nun momento no que aínda non tiña sido aprobado pola Santa Sé.

Con todo, o caso é que se establecemos unha comparación coa perspectiva de gastos de 1816 que Garay citaba como realizada pola Xunta de Facenda ao comezo da súa memoria, a diferenza de cifras marcaba un aforro de case cen millóns de reais. Porén, as contas de 1817 reflicten gastos extraordinarios, mentres que as de 1816 soamente inclúen os gastos da Casa Real e os ministerios, de maneira que se soamente atendemos a estas cuestións, o aforro era de máis de douscentos millóns. A contención do gasto parecía surtir efecto, a lo menos e claro está, sobre o papel. Hai que ser conscientes, porén, que en ocasións cabería esperar incrementos ou reducións interesadas para destacar as virtudes do novo sistema proposto fronte ao anterior, especialmente nas cantidades relativas a gastos eventuais onde as contas son aínda máis difusas e están pouco explicadas e menos desenvolvidas. Neste sentido resultaría complexo calcular o aforro realmente efectivo que sen dúbida se produciu pero, tampouco nos enganemos, esa redución do gasto era a única forma posible para tratar de conter a lamentable situación fiscal, e resulta patente sobre todo xa dende 1814, tal e como ten sinalado algún autor[100].

A cuestión é que pese ao aforro que Garay presentaba nos cálculos deste primeiro apéndice, o resultado seguía sendo unha considerable débeda do erario estatal que habería que compensar para equilibrar os ingresos da Facenda cos gastos de tódalas ramas de goberno. A débeda figura neste apéndice co nome de "suma que debe repartirse" e ascendía a máis de cento oitenta e catro millóns de reais, que non obstante eran reducidos con varios cálculos a unha cantidade moito menor. O ministro de Facenda apuntaba por exemplo que "se liberta a la nación de 100 millones de reales de Provinciales y de las trabas y perjuicios que trae este género de administración, de suerte que verdaderamente lo que paga de nuevo es la suma de 54.306.765 reales de vellón". Reflectir as cantidades é non obstante algo secundario, pois aquilo sobre o que se pretende chamar a atención é o feito de que as cargas impositivas aumentaban neses máis de cincuenta millóns. Ademais, a reconstrución deste presuposto tendo en conta a contía da futura contribución xeral xa foi abordada e pode consultarse, por exemplo, na obra de Artola, sendo tamén este autor quen determinou que o aumento conseguinte da carga fiscal resultado destas contas acadou a cifra do 56%[101].

O segundo documento contemplado nos apéndices da memoria, aínda máis breve que o anterior, leva por título "Descuento que debe hacerse a los empleados de todas clases", e está composto unicamente por unha pequena táboa na que se establecen varias categorías que contemplan unha certa porcentaxe de detracción que se aplicaría aos salarios de tódolos traballadores da administración estatal. Esa porcentaxe oscilaba entre o catro por cento para aqueles empregados que cobraran salarios de entre oito e dez mil reais, e un dezaseis por

[100] Comín, F. (2016), p. 152.
[101] Artola, M. (1986), op. cit., p. 57.

cento para os que cobraran entre trinta e cinco e corenta mil[102]. Un desconto que seguía polo tanto unha lóxica progresiva ao longo de varios chanzos en función da cantidade de ingresos que foran percibidos. Esta medida, porén, quedaría desbotada e pervertida na versión final da reforma da Facenda que se publicaría máis adiante, e en consecuencia o que se di neste apéndice, en papel mollado e no esquecemento. Como veremos, aínda que dito desconto se contemplaba entre os artigos do decreto, non seguía criterio algún de tipo progresivo, polo que evidentemente, o gravame resultáballe máis pesado a aqueles funcionarios que cobraban uns salarios máis reducidos. Por outra banda, hai que dicir que tampouco se trataba dunha idea orixinal, pois algo semellante fora intentado en tempos da Xunta Central, en 1810, con descontos nos ingresos dos empregados que tamén experimentaban un ascenso en función do seu maior ou menor haber[103].

2.2.2. As respostas dos conselleiros (a reforma de Facenda). Apoios e reaccións comedidas

A presentación da memoria de Garay deu pé a un debate no seo do Consello de Estado durante varios días, en tanto en canto, aquel texto seu non supoñía nada definitivo e soamente marcaba o inicio dun proceso. Organizados en sesións, os demais membros daquela corporación foron presentando cadansúas memorias onde comentaban as opinións respecto das medidas que propuxera Garay naquela sesión do 6 de marzo. Nas seguintes páxinas trataremos de expoñer, tratando de seguir unha orde temática, os apuntamentos que realizaron estas persoas arredor das ideas expostas polo ministro de Facenda. Ao facer isto conseguiremos dúas cousas: por unha banda observar os apoios e enfrontamentos cos que se topou Martín de Garay nestas sesións do Consello de Estado, observando como se configuraron bandos no seu interior entre aqueles individuos favorables ás reformas de certo alcance e as persoas máis conservadoras e reaccionarias, opostas algunhas delas a todo cambio e partidarias das estruturas tradicionais. Falar de bandos, porén, non é sempre algo tan simple, de maneira que non todo se pode reducir a estar dacordo ou non co dito polo ministro de Facenda, habendo conselleiros que matizan certos aspecto mentres aceptan ou rexeitan outros. Por outra banda e como consecuencia destes enfrontamentos, a análise das respostas contidas nestas outras memorias permitiranos detectar cales foron aqueles temas máis candentes e que deron lugar a maiores enfrontamentos no contexto da discusión que se produciu.

Tamén é importante decatarse de que as diferentes memorias non son da mesma calidade, posto que non tódolos conselleiros opinaron sobre os mesmos temas nin tampouco o fixeron con razoamentos da mesma profundidade e precisión. Neste sentido, hai algúns individuos que directamente afirman non ter coñecemento algún sobre certas cuestións, motivo polo cal non realizaron ningún comentario ao respecto. Por outra parte, algunhas destas persoas adoitaban centrarse no seu propio ministerio porque o tema lles afectaba directamente, ou a lo menos en temas que dominaran. Neste caso, os debates producíanse a título individual entre Garay e o individuo correspondente. Outros temas que tiveron maior alcance, porén, espertaron opinións en boa parte dos membros do Consello, sendo estes precisamente os que resultan máis interesantes e permiten que nos fagamos unha idea con maior claridade sobre a polarización dos bandos xurdidos a consecuencia de que o debate adquire unha dimensión máis colectiva. En canto á calidade dos textos, esta tamén parece estar relacionada coa súa extensión, pois moi a miúdo podemos detectar un maior desenvolvemento dos argumentos naquelas memorias que ocupan un maior espazo. Neste sentido, con independencia da

[102] Pode consultarse en Hernández Andreu, J. (2008), op. cit., p. 154.
[103] Ballesteros, P. (1941), pp. 82 e 118.

valoración que se poida facer das suxestións presentadas, parece que se cumpre o feito de que a calidade dos razoamentos está directamente relacionada co tempo e co espazo físico que os autores dedicaron a escribir as súas respostas ao ministro de Facenda. Indubidablemente, memorias como as de Vázquez Figueroa, García de León y Pizarro ou Lozano de Torres ofrecen máis posibilidades que as de López Araujo ou o infante Carlos.

Dende unha óptica temporal, as sesións nas que se debateu e abordou o novo sistema desenvolvéronse durante seis días. Con todo, o prazo que abrangueron rematou sendo bastante dilatado, pois na sesión que seguiu a aquela na que Garay presentou o seu texto, seis días máis tarde, ningunha memoria foi presentada aínda. No seu lugar, naquela sesión do 12 de marzo e segundo se pode consultar nas actas, o titular de Facenda presentou outro texto diferente que non era da súa autoría. A acta dinos que se trataba dunha serie de observacións realizadas polo director de crédito público, Antonio Barata, para presentar á Xunta de Facenda e que tiñan por obxectivo contribuír a mellorar o sistema. Dese texto poden ser destacadas algunhas ideas. Entre outras cousas, reclamaba que as exaccións novas deberían ser o máis reducidas dentro do posible para non prexudicar máis que o estritamente necesario aos contribuíntes. Por outra banda tamén era interesante a reclamación de que soamente se poderían levar a cabo medidas que non prexudicaran ás actividades económicas en forma algunha, e sobre todo, a que pedía que o novo sistema de contribucións "debe comprender a todas las clases, porque todas participan en los beneficios que dispensa el Gobierno[104]". Naquela sesión parece que esta lectura foi o máis destacable.

Para asistir á seguinte reunión na que se volveu abordar a cuestión da reforma, porén, habería que esperar varias semanas. Na sesión do 30 de abril comezaba o proceso de presentación das memorias dos demais conselleiros, en cuxa lectura, discusión conseguinte e votación final de propostas se consumiron varios días, ata o 4 de maio. O mero feito de observar esta data non obstante, deixa entrever xa un dos problemas fundamentais da reforma de Garay, que non foi outro que o retraso nos tempos da súa execución. Houbo que agardar máis dun mes e medio para que a cuestión se retomara no Consello de Estado dende que fora efectuada a presentación do proxecto, perdéndose así un tempo valioso que puido ser empregado na preparación das medidas que estaban por vir. A presentación das respostas dos conselleiros seguiu a orde que figura a continuación. Neses poucos días tamén se levaron a cabo outras tarefas, así que expoñemos aquí todo o sucedido para que serva como unha guía:

- O día 30 de abril léronse as exposicións do secretario do despacho de Graza e Xustiza, Esteban Lozano de Torres, e tamén unha segunda de Manuel López Araujo.
- O 1 de maio presentaron cadanseus escritos o secretario de Estado, José García de León y Pizarro, e tamén o ministro de Mariña, José Vázquez Figueroa.
- O día 2 de maio apareceu en escena a memoria do ministro de Guerra, o Marqués de Campo Sagrado. Tamén leu o seu ditame Francisco Eguía.
- Por último, un día máis tarde foi presentada a contribución do infante D. Carlos.
- O 4 de maio non se presentaron memorias, pero foron debatidos e aprobados os once principais puntos que configurarían os principios do novo sistema de Facenda, con excepción do primeiro, que fora debatido a noite anterior.

Estes sete documentos constitúen o corpus documental de memorias que nós empregamos. Nas actas aparecen recollidos outros individuos que aparentemente terían realizado tamén algún apuntamento ao suxerido na memoria de Garay. Estaríamos a falar, concretamente, de Xosé de Ibarra, Pedro Mendinueta, o Marqués das Hormazas, o Conde de Colomera e o infante Antonio. En palabras de Suárez Verdeguer, todos estes homes estaban

[104] Sesión do 12 de Marzo, en Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, p. 320.

presentes na sesión na que Garay presentou a súa primeira memoria, algo que podemos comprobar efectivamente se observamos os asistentes a aquela sesión na acta correspondente. Non obstante, nin sequera é seguro que redactaran un escrito consistente ou que a súa participación pasara de simples comentarios en voz alta[105]. Unha simple ollada ás actas confirma estas sospeitas, salvo no caso de Ibarra, quen parece que se limitou a dicir que tiña apuntamentos sobre o crédito público, asunto que como sabemos non se tratou neste momento. Nos demais casos, cando estes homes tomaban a palabra, o redactor das actas adoitaba facer unha simple referencia a unha desculpa por parte destas persoas. Cando Mendinueta tomou a palabra no Consello de Estado, por exemplo, na acta sinálase unicamente que mentres lía un papel, "manifestaba, con recomendable modestia, que carecía de los conocimientos suficientes para entrar en el examen de la grave materia que se discutía", para rematar apuntando que "bien satisfecho de la inteligencia, madurez y pulso del Ministro de Hacienda, subscribía enteramente a su propuesta[106]". Finalmente, trala presentación de tódolos textos dos conselleiros, do debate ao que deron lugar e da aprobación de medidas concretas sobre a futura reforma, a derradeira sesión apareceu recollida nas actas o día 9 de maio. Nela, tal e como se reflicte na devandita acta, viu a luz por primeira vez o futuro decreto do 30 de maio en forma de borrador. Presentadas tódalas memorias dispoñibles, pasemos a entrar en materia e vexamos o que tiñan que dicir os seus respectivos autores en canto ás propostas realizadas polo ministro de Facenda.

2.2.2.1. Críticas ás economías

Un dos principais temas obxecto de debate xirou arredor dos métodos de aforro propostos para os diferentes ministerios, sendo a asignación destinada á mariña unha cuestión esencial pola súa importancia estratéxica. En canto ao tema das medidas de contención do gasto que se poderían chegar a materializar, as reaccións foron bastante diversas, dende acordos a medias ata consideracións de que o de Facenda non era quen para entremeterse na forma na que outro ministro empregaba a asignación que lle correspondía. Había tamén quen estaba dacordo coas pautas de aforro nas demais ramas de goberno, pero non quería consellos sobre a súa propia. As posturas que se amosaban abertamente colaboradoras cos posibles recortes que establecía Garay e que demostraban realmente un coñecemento e solidariedade coa lamentable situación do erario tamén estaban presentes, pero por regra xeral eran máis escasas. Isto non quere dicir que os diferentes conselleiros participaran no debate como se descoñecesen a realidade ou a ignoraran (algúns con todo, si o facían), pois o desexo de colaboración adoitaba estar sempre presente en maior ou menor medida, salvando moi poucas excepcións tal e como iremos comprobando. Outra cousa é que os puntos de vista nos que esa colaboración se manifestaba fosen correctos ou puideran ser considerados acertados tendo en conta o contexto imperante. Unha idea esta, que se podería relacionar con aquela de Fontana xa comentada de que entre os conselleiros do monarca habería algúns con escasa amplitude de miras que non facían outra cousa que demostrar a súa propia incapacidade.

En canto ao asunto das economías, Lozano de Torres, ministro de Graza e Xustiza e primeira persoa en presentar a súa resposta, chamaba á calma e cuestionaba algunhas das medidas propostas por Garay. Nada tiña que dicir sobre o presuposto do seu ministerio xa que se mantivo invariable, pero por outra parte consideraba a asignación de mariña perigosa polo importante que resultaba a flota para a defensa dos intereses do Estado. Á hora de levar a cabo unha reforma, calquera que fose, recomendaba prudencia no sentido de que "si no estoy seguro que surtirá un favorable efecto la medicina que quiere aplicarse a la enferma patria, mi

[105] Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, p. 22.
[106] Sesión do 1 de maio, en Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, p. 333.

consentimiento no ha de contribuir al progreso de sus dolencias". A súa crítica, ben presente, non é aberta e directa por regra xeral, senón máis ben unha chamada de atención a como se debería proceder á hora de realizar as contas de cada ministerio. Así, afirmaba:

> "Parece, Señor, que cuando se trata de reformas, y principalmente de las que llaman toda nuestra atención, debiera contarse con datos seguros del valor efectivo de los presupuestos de los diversos ramos (…) porque de otro modo es proceder a ciegas y caer en el precipicio que queremos evitar. Sin estos antecedentes, ¿cómo es posible formar un cálculo exacto? ¿Cómo gravar con contribuciones aunque ligeras al pueblo, que pueden ser o no suficientes o innecesarias? (…) Que falta esta precisión en los presupuestos y que no se indica hasta qué punto puede extenderse esta inexactitud no es una aventurada opinión mía (…) No por eso se persuada V.M. que mi ánimo es demorar ni un solo momento las reformas (…). (Lozano de Torres, parágrafos 5, 6 e 7)"

Continuando coas memorias, López Araujo deu consellos arredor das medidas tomadas para o aforro en tódolos ministerios, aínda que non sempre de xeito acertado. Para comezar, mostrábase oposto á política do recorte salarial posto que xa consideraba os soldos o suficientemente pequenos e próximos á subsistencia, non sendo posible a súa diminución de ningunha maneira, especialmente no corpo diplomático. Por outro lado, reclamaba tamén o mantemento do presuposto para o exército e o aumento para a mariña, coincidindo co argumento de que a súa importancia para a defensa dos intereses económicos e territoriais da monarquía convertía a esta rama de goberno en algo fundamental. Unha serie de decisións que resultan cando menos estrañas, pois ían nun sentido oposto ao das políticas de aforro, se temos en conta a situación do erario estatal nestes momentos, máis aínda se lembramos que López Araujo estivera, pouco antes que Garay, á fronte do ministerio de Facenda.

Pola súa parte e como xa se apuntou, García de León y Pizarro resultou de opinión oposta en canto á redución da asignación para o ministerio de Estado que dirixía (pasou de pouco máis de dezasete millóns e medio de reais aos quince), xa que prefería desculpar os gastos baseándose nas condicións de vida das cortes estranxeiras a afrontar unha serie de reformas no seo da rama de goberno da cal estaba á fronte. Para compensar este comportamento, porén, alegaba na súa memoria unha serie de medidas que procedía a explicar detalladamente e que parecían máis ben un conxunto de modificacións menores que non ían conseguir un grande aforro real. Ironicamente, resulta curioso que no tocante aos gastos dos outros ramos do goberno, afirmara que "pasando ahora a decir mi opinión sobre las reformas de los demás Ministerios debo conformarme con las asignaciones que se hacen a cada uno como deducidas de un examen maduro e imparcial (…) (Pizarro, parágrafo 41)"

Seguindo coa cuestión do aforro, algún dos ditames do ministro de Mariña, Vázquez Figueroa, poderían ser cualificados de sorprendentes en relación ao que se leva dito dos demais conselleiros ata o de agora. Moitos dos seus membros queixábanse da asignación do ramo de mariña en concreto, pero a persoa á súa fronte non era un deles. Para comezar, subscribía as opinións e medidas de Garay nesta materia debido a que a situación que se estaba a vivir esixía tódolos sacrificios que se puideran realizar. A necesidade que apremaba era polo tanto o argumento que obrigaba a tomar as medidas que fosen necesarias:

> "Redúzcanse todos los ramos del Estado en el número, clase y sueldos de sus Dependientes a lo que puramente sea indispensable para que se desempeñen como conviene las atribuciones respectivas de cada ramo, y sea esta la única línea que desmarque la verdadera economía que debemos adoptar y que reclama con imperio

> y terribles amenazas nuestra actual, apurada y crítica situación. (Vázquez Figueroa, parágrafo 6)"

Como consecuencia deste razoamento, curtos eran os sacrificios esixidos, pero non por iso menos necesarios. O ministerio de Estado podería subsistir, na opinión de Vázquez Figueroa, coa nova asignación que lle era realizada, igual que o de Graza e Xustiza. Neste último caso, pese a que a asignación se mantiña, o ministro de Mariña consideraba que o seu compañeiro sería capaz de tomar medidas que pese a todo supuxeran ao erario un aforro maior. Pero o que resulta máis chocante de toda a súa resposta en relación ás economías é o feito de conformarse coa asignación de cen millóns que Garay preveu para o seu ministerio, afirmando ter suficiente numerario, aínda que tamén realizaba a clara advertencia de que "los progresos no serán sino en razón de los medios". Por suposto que esta cifra era insuficiente, máxime se era comparada coa cantidade teórica asignada pola xunta económica de Ibarra, superior á establecida definitivamente por Garay, pero tal e como afirmaba o titular de Mariña, "convengo en razón de éstas [as circunstancias do momento] en la reducción que de aquella cantidad hace el Ministro de Hacienda, lamentando la dura necesidad de que a ello le obliga contra sus deseos y convencimiento, a 100 millones". En canto ao presuposto do exército, tamén se amosa favorable a unha diminución do mesmo. Vemos claramente como Vázquez Figueroa basea os seus razoamentos en cuestións prácticas e de necesidade, baixo unha lóxica simple pero efectiva. Unha observación aos seus apuntamentos sobre a asignación para o ministerio de Guerra deixa isto ben claro:

> "Desde luego se ofrece a la vista que una Nación que no cuenta con más de 590 millones de renta, no puede sostener un Exército que consuma 390, es decir, más de la mitad de aquellos productos, sin dexar descubiertas las demás atenciones no menos interesantes a su salud y felicidad. Si la España se empeñase en conservar tan numerosas tropas, y en hacer tan quantiosos gastos en tiempos de tranquilidad y sosiego como los presentes, sufriría todos los males de una guerra en medio de la más segura paz. (Vázquez Figueroa, parágrafo 15)"

O marqués de Campo Sagrado, ministro de guerra, presenta unha actitude bastante pasiva e conformista coas economías que Garay propoñía para outros ministerios, máis alá dun breve comentario sobre a necesidade de impulsar a mariña pero en todo caso sen entrar a valorar a asignación que lle correspondía. Sobre estoutros temas, afirma non ter os coñecementos adecuados, pero loxicamente detense a realizar diversos comentarios sobre a rama militar. A asignación de trescentos vinte e cinco millóns parécelle pequena, tendo en conta que unha conta que el mesmo elaborara tempo atrás ascendía a máis de catrocentos setenta. Porén, sendo consciente de que a cifra dispoñible era moito menor, pasa revista aos gastos do exército e intenta calcular que servizos poderá manter en activo con esa asignación. Entre outras cousas, establece unha cifra de gastos pasivos que funcionan a modo de contas inamovibles e que se producen como consecuencia do funcionamento inherente do exército, estimando que co numerario sobrante se podería manter un corpo de sesenta e catro mil homes. Tal número abondaría para manter a seguridade interior do reino, pero podería ser insuficiente en caso dun ataque exterior, o que leva ao titular de Guerra a facer algunhas predicións sobre a posibilidade de conflitos con Portugal e Francia. Por outra banda, tamén afirmaba "que las medidas de economía que sabiamente aconseja [o ministro de Facenda] se tomen por V.M. lo están ya en la mayor parte (Campo Sagrado, parágrafo 16)". Eses arranxos, ao parecer xa en marcha, incluían retiros anticipados de oficiais e adecuación do número de xenerais ao corpo do exército, algo no que o ministro de Guerra coincide como

medida necesaria. Este último será case que o único tema en cuestión de aforro onde tódolos autores das memorias que o citan estarán dacordo, o que ao mesmo tempo nos dá unha idea do presente que estaba este problema.

A derradeira referencia ás economías nestas memorias de resposta correspondeulle ao infante Carlos, último individuo de entre os presentes no Consello de Estado en dar a coñecer os seus comentarios. No seu breve escrito, o irmán do rei limitábase a afirmar a capacidade individual de cada ministro no seu respectivo ramo de goberno, ademais de recoñecer que está dacordo coas asignacións a cada un deles, afirmando o seguinte:

> "(…) por lo que tampoco nada tengo que decir sobre la quota que se señala a cada Ministerio, habiendo visto con mi mayor satisfacción que cada uno de los respectivos Ministros se conforma y se contenta con lo que le señala el de Hacienda, y éste con el pequeño aumento que le hizo ver palpablemente el de Guerra que le es absolutamente necesario; y en cuanto al arreglo y economías interiores de cada uno se debe dejar enteramente al zelo e inteligencia que cada uno de los Ministros de Despacho tiene en su respectivo ramo. (Infante D. Carlos, parágrafo 1)"

2.2.2.2. A supresión das rendas provinciais

Deixando de lado os comentarios relativos ás medidas de contención de gasto en cada ministerio, entre as respostas dos conselleiros tamén son numerosas as referencias á supresión das rendas provinciais e a súa substitución pola nova contribución directa e os dereitos de portas. Aínda que as mencións a este tema non son tan frecuentes como no caso das relativas ao subapartado anterior, a postura maioritaria adoita ser de acordo cos postulados do ministro de Facenda. É dicir, que como regra maioritaria, os conselleiros manifestaron unha boa actitude de cara á implantación do novo sistema, aínda que con algúns matices segundo a persoa. Lozano de Torres por exemplo, aprobaba esa extinción das provinciais, pero dacordo coa actitude queda e reflexiva que adoptaba na súa memoria cando se refería ás medidas de aforro nos diferentes ministerios, volvía chamar de novo á calma neste espiñento tema. A actitude oposta aos designios do titular de Facenda que lle confiren a este home algúns autores non é polo tanto absoluta, aínda que sexa maiormente contraria, podendo ser matizada nalgunhas cuestións coma esta[107]. A posibilidade de que as provinciais puideran ser suprimidas gardaba relación directa cos seus comentarios sobre a necesidade de estatísticas máis detalladas, ou tal e como el apuntaba, "noticias puntuales, pues sin ellas las resoluciones deben claudicar". En canto ás novas formas de exacción, o ministro de Graza e Xustiza establecía unha serie de pautas a cumprir, propoñendo algunhas solucións mentres que as novas figuras impositivas non funcionaban a pleno rendemento:

> "Sentamos ante todas cosas a hablar de los arbitrios que deben adoptarse para ocurrir a las atenciones del estado, que su imposición debe ser juiciosa, su exacción suave, y sus bases equitativas y justas[108] (…) Se requiere para esto mucho pulso y

[107] Artola, M. (2008), op. cit., p. 469; Hernández Andreu, J. (2008), op. cit., p. 141.

[108] Equitativo e xusto son, porén, conceptos que se usan frecuentemente dun xeito moi ambiguo, xa que dependen da óptica daquel que os emprega. Por isto mesmo, nunha sociedade que recoñece o privilexio dunha minoría, podemos estar ante escenarios moi diferentes do que se pode considerar baixo estes conceptos (o mesmo se pode aplicar a moitos outros) en función da implicación que a persoa que os usa teña con esa visión do ordenamento xurídico que, neste caso da Facenda, distingue entre persoas exentas de certos impostos e outras que non o están. Lozano de Torres, pese a recoñecer que os tributos deberían presentar bases equitativas e xustas, consideraba inmediatamente despois que "no por proporcionar alivios a una parte de los vasallos de V.M. hemos de gravar a otros inconsideradamente", co cal adiantaba a súa postura de cara á contribución dos privilexiados.

> madurez, mucha reflexión y muchas consideraciones, sirviéndonos de guía la experiencia, la historia y una sana moral, si nos proponemos evitar tropiezos. Por eso es muy de mi aprobación la extinción de las rentas provinciales; pero entre tanto que se establezcan unas bases sólidas del modo con que se han de cubrir los productos de dichas rentas, pueden sustituirse por un encabezamiento general de todos los pueblos, exceptuando las capitales y puertos habilitados, como el autor de la memoria [Garay] propone. (Lozano de Torres, parágrafo 20)"

Con independencia da valoración sobre a viabilidade que se puidera facer das súas suxestións, podemos avaliar a contribución de Lozano de Torres como algo positivo, no sentido de que se observa un razoamento reflexivo naquilo sobre o que escribe, ademais de presentar un plan de actuación ata que o novo sistema estivera completamente instaurado. Noutros conselleiros non detectamos este tipo de comportamentos e, de feito, moito máis escasas son as referencias a este tema no caso de López Araujo, o seguinte en expoñer o seu escrito. Na súa breve memoria limítase a mirar con certa desconfianza un proxecto que de tódolos xeitos remata apoiando porque considera positivas as bondades que virían derivadas do menor número de empregados ocupados na administración da Facenda. De novo e como acontecera cando analizabamos os comentarios realizados por este home sobre as economías dos ministerios, López Araujo decepciona un pouco e perde terreo á hora de xustificar as súas posturas, ofrecendo, de cara á adopción do novo sistema, unha argumentación que non parece demasiado válida nin meditada por carecer dunha base e dun razoamento sólidos. Deste modo, para un individuo que resultara ser había poucos meses unha figura central no campo da Facenda estatal, os seus comentarios caen dentro do mediocre. O único apuntamento que realiza sobre o tema está envolto nunha dúbida baseada en experiencias anteriores e antóllase demasiado lacónico e breve, pois realmente parece baleiro de contido. Se ben é certo que como vimos observando, esta maneira de proceder a través de comentarios escasos pode observarse en numerosas ocasións ao longo das memorias de tódolos presentes no Consello de Estado, a decepción no caso de López Araujo provén de que nin sequera se estende en demasía nos temas que atinxían ao fisco, nos cales cabería esperar unha maior formación e implicación pola súa parte. Pero todo o que alcanza a dicir sobre o tema queda recollido unicamente neste pequeno parágrafo, con cuxa lectura nos decatamos do simplista razoamento deste conselleiro:

> "Halla muy útil el Secretario del Despacho de Hacienda que se establezca la contribución equivalente a las Rentas provinciales, proyecto que tal vez sería difícil en su execución con el recuerdo de lo mucho que se ha escrito sobre esta planta en los años anteriores y las dificultades que se advertían para su cumplimiento. Sin embargo, con el establecimiento de este nuevo sistema en los términos propuestos se minorarían sin duda los Empleados, aumentando Individuos en la Agricultura, Artes y otros ramos de industria y siendo menos gravosa y más executiva la recaudación. (López Araujo, parágrafo 15)"

Dun xeito semellante a López Araujo despacha o tema da nova contribución García de León y Pizarro, quen tamén afirma estar dacordo con Martín de Garay en canto ao asunto da extinción das rendas provinciais. Non obstante, resulta ser tamén moi sucinto nos seus argumentos, posto que non establece condición algunha nin tampouco dá pautas ou consellos sobre a forma na que a contribución directa se debería implantar e simplemente abraza con entusiasmo, quizais un pouco desmedido e dun xeito pouco razoado, as ideas do ministro

aragonés[109]. O único criterio que presenta de cara a xustificar o cambio no sistema tributario semella ser soamente de tipo utilitarista e práctico, pois na súa opinión pode adiviñarse que a adopción do novo sistema melloraría a situación de arbitrariedade que se vivía baixo o réxime de Facenda tradicional, corrixindo os seus erros.

De entre tódolos conselleiros é o ministro de Mariña, Vázquez Figueroa, o que realiza un maior número de consideracións razoadas sobre o novo sistema tributario. Na súa memoria decántase por apoiar a contribución directa, "porque lo reducido de esta contribución la hace preferible sin disputa a cualquiera otra indirecta, según el sentir de los juiciosos e inteligentes economistas. Debemos, pues, decidirnos por este partido, y yo por mi parte lo abrazo y convengo en él (Vázquez Figueroa, parágrafo 35)". Chegaríase a isto "suprimiendo las Rentas Provinciales y subrogando en su lugar una contribución directa proporcional y equivalente", convindo tamén en propoñer que esta englobara o déficit que tivera a Facenda estatal, o que daría lugar a un único reparto, quedando todo baixo a denominación dun só tributo[110]. Por outra banda e pese á preferencia dos tributos directos sobre os indirectos, Vázquez Figueroa analizaba tamén a necesidade de manter estes últimos nas cidades e portos de maior importancia, resultando moi interesante a súa análise xa que se trata dunha referencia practicamente única entre as memorias emitidas polos conselleiros. Este tipo de imposición foi interpretado polo titular de Mariña como temporal, vixente ata que foran solucionados unha serie de males:

> "Muchas razones de gran peso y solidez persuadirían la generalidad de esta medida [a contribución directa] sin la excepción de Capitales y Puertos havilitados, si a ello no se opusieren los inconvenientes de que se hace cargo el Ministro de Hacienda, contentándose por tanto, según claramente dice, con lo más acomodado, aunque no lo mejor. Por cierto que la general supresión de rentas Provinciales llenaría los deseos y la expectación pública, evitaría los fraudes y molestias que en las Capitales y Puertos havilitados es donde más se cometen (…) Pero los fuertes estorvos que para ello presentan hoy las circunstancias obligan a condescender, siquiera por ahora hasta mejor ocasión con la continuación de un mal cuyo remedio en el día acarrearía otros mayores (…) pero espero y ruego que tratándose seria y detenidamente de remover los inconvenientes del tiempo, y de hallar el medio de graduar con la mayor aproximación posible las propiedad de los que en las Capitales y Puertos los posehen sin manifestarlas, se complete y consume el bien que debe seguirse de la total extinción de las Rentas Provinciales, sin que quede vestigio alguno de ellas, odiadas y proscriptas por el juicio público desde tiempos remotos, si es que no nacieron con igual aceptación. (parágrafo 38)"

A cita é longa, pero resulta moi reveladora como unha das mostras máis claras de ataque frontal ás rendas provinciais das que atopamos entre estas respostas a Garay. Os dereitos de portas foron interpretados aquí como un mal que debería estenderse no tempo só ata o momento no que se puidera levar a cabo unha estatística correcta da riqueza e das propiedades

[109] Para tratar este importante asunto, Pizarro apunta simplemente que "no puedo menos de acceder con el mayor aplauso a quanto dice el Secretario de Hacienda en punto a Rentas Provinciales. Medida que ciertamente por sí sola hará la más feliz sensación en el Público Español, alentando todas sus esperanzas y dando el corte más terrible a los abusos más transcendentales de la Administración." (Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, p. 250, parágrafo 47).

[110] Enmascarar o déficit do erario nesta nova figura impositiva era importante para o ministro de mariña, pois ao facelo lograríase un importante obxectivo de tranquilidade e estabilidade á hora de realizar os repartimento, "con el saludable y provechoso fin de que el Pueblo no eche de ver dos contribuciones sino una sola. No hay que olvidar esta útil máxima de política. Los Pueblos tienen ciertas calidades pueriles, y conviene y es justo engañarles por su propio bien a la manera que lo hace un padre con sus pequeños hijos, sin desmentir por eso el amor que les profesa y le inspira semejante benéfico artificio." (Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, p. 272, parágrafo 37).

que posuían os habitantes das cidades, algo que tardou moito tempo en suceder, pois seguiu sendo unha preocupación fundamental décadas máis tarde do intento de reforma impulsado por Garay. Máis aínda, tamén sabemos que os dereitos de portas foron un aspecto que se considerou aproveitable por parte de López Ballesteros ao levar a cabo o seu posterior intento de reforma do sistema tributario, así que sobreviviron con algúns axustes anos despois de que o proxecto de Garay fora tombado.

As últimas referencias a esta materia das rendas provinciais proveñen do Marqués de Campo Sagrado e do infante Carlos. O primeiro deles, como ministro de Guerra, estaba moito máis preocupado en dar resposta ao que Martín de Garay suxerira sobre cuestións militares. Por isto mesmo, unha vez que rematou de pasar revista a todas esas medidas, pasou rapidamente por riba de tódalas demais facendo unha simple alusión, "subscribiéndome a su dictamen en todo lo que pertenece al ramo de Hacienda (Campo Sagrado, parágrafo 21)". Así, pouco ou nada se pode falar sobre as consideracións deste persoeiro en cuestións que non versaran sobre asuntos militares. O infante Carlos pola súa parte, si realiza unha pequena alusión directa ao tema na súa breve memoria, interpretando a cuestión porén, dende unha óptica que limita a súa comprensión do auténtico alcance da reforma. Na súa opinión, "de Hacienda nada tengo que decir habiendo oído tan oportunas reflexiones y soluciones, pues si es una máxima de economía que todo impuesto antiguo es bueno y todo imposto nuebo es malo, el Ministro de este ramo hizo ver que no propone nada nuebo, sino unos encabezamientos en los pueblos chicos, dejando todo en las grandes capitales de Provincia y puertos marítimos en el mismo estado que está presente (Infante Carlos, parágrafo 2)". Porén, reducir a reforma da contribución directa a un razoamento tan sinxelo supón ignorar por completo algunhas das súas implicacións fundamentais.

2.2.2.3. A participación dos grupos privilexiados

O debate sobre a contribución dos estamentos con privilexios estouparía de forma definitiva no Consello de Estado cando se abordou a reforma do crédito público, a cal afectaría a certas propiedades, principalmente de natureza eclesiástica. Por iso este tema tamén será desenvolto cando falemos dela. Durante as discusións sobre a modificación do sistema tributario, porén, xa se podían ver algunhas referencias ben claras entre as respostas dos conselleiros, aínda que non demasiadas. Neste intre, a maioría delas xiraban, loxicamente, arredor da figura do subsidio eclesiástico de trinta millóns de reais, en tanto en canto era esta carga a que se configuraba como a punta de lanza das aspiracións da Facenda sobre as rendas eclesiásticas. A diferenza do que acontecera arredor doutras cuestións nas que si podemos dicir que existiu un acordo maioritario a favor pese aos matices, como a da extinción das rendas provinciais, sobre este tema non houbo un convenio xeral entre os membros do Consello, motivo polo cal o debate rematou sendo máis prolixo e polarizado.

Lozano de Torres decantouse a favor da defensa dos dereitos e exencións dos sectores eclesiásticos. Na súa opinión, "la inversión de los diezmos debe ser para sustentar el culto divino, alimentar los ministros del santuario y socorrer a los pobres, motivo porque cuando se dirigen preces al Sumo Pontífice para impetrar sobre ellos algún grabamen, es indispensable que haya causas urgentísimas y ningún otro arbitrio para ocurrir al apuro (parágrafo 29)". Xa quedara ben claro que a situación era abafante, tal e como tiña sinalado Garay, o que levou a iniciar ese proceso de peticións a Roma para que autorizara o imposto. Porén, Lozano de Torres apuntalaba a súa argumentación realizando unha dobre consideración: primeiro, que a Igrexa xa contribuía o suficiente coas cargas que se lle aplicaban sobre as súas rendas e, segundo, que esas rendas servían, ademais, para cumprir unha labor piadosa cos máis desfavorecidos da sociedade. Estes apuntamentos eran empregados para continuar defendendo

os privilexios eclesiásticos e para evitar a implantación de novos impostos sobre as súas rendas e bens:

> "¿Acaso las rentas eclesiásticas, a pesar de su inmunidad, dejan de estar sobrecargadas con crecidas contribuciones? La tercera parte pensionable de las Mitras, las anualidades, las vacantes, los tercios, el escusado, las novenas, etcétera, ¿no ascienden a sumas inmensas? ¿Son por ventura los eclesiásticos, tan recomendables por su sagrado carácter, de una condición inferior a la de los demás vasallos de V.M. para que estos últimos hayan de obtener precisamente sus alivios con la aniquilación de los primeros? ¿No hay otros medios, no hay otros arbitrios sino empobrecer las Iglesias y sus Ministros y ocupar los bienes de los verdaderos pobres? (Lozano de Torres, parágrafo 30)"

O ministro de Graza e Xustiza completaba a súa argumentación alegando algunhas das virtudes da relixión, dicindo que fora o mesmo deus o que puxo o cetro real da nación en mans do monarca, e que tamén fora coa axuda da relixión que se conseguira a vitoria na guerra contra Napoleón[111]. Como consecuencia de todo isto, a imposición sobre o clero resultaba innecesaria, en parte tamén porque, tal e como apuntaba este home nun razoamento demasiado conveniente, as partidas do presuposto destinadas a gastos imprevistos antollábanselle desproporcionadas e ben se poderían reducir nunha cantidade próxima aos trinta millóns de reais, que eran precisamente os que se reclamarían ao estamento eclesiástico pola vía daquel imposto. As críticas a esta medida, ademais, non eran un asunto persoal que este ministro tivera con Garay, tal e como se encargaba de puntualizar de xeito respectuoso. Lozano de Torres considera aquí simplemente, que o ministro de Facenda debera pasar por alto o razoamento que el mesmo acababa de expoñer, por culpa de preocuparse en exceso de "corresponder a la soberana confianza que V.M. le ha dispensado."

López Arujo, pola súa parte, apenas realiza un par de pequenas referencias a este tema. Na primeira delas limítase a resumir o contido e organización do novo sistema, alegando que unha parte da recadación do novo arbitrio da contribución directa correspondería a un cargo sobre os bens decimais do estado eclesiástico. Como este apuntamento semella máis ben unha introdución do sistema tributario sobre a que realizaría algunhas aclaracións posteriores nos seguintes parágrafos, o certo é que pouco podemos sacar dela. Na segunda referencia, porén, o conselleiro sinala que no caso de poder adoptarse o novo sistema "tal vez tendrá alguna resistencia y esposiciones por el Estado Eclesiástico (parágrafo 14)". Nesta afirmación realizada unicamente de pasada e tamén bastante sucinta, quizais podemos deducir a actitude de López Araujo en relación ao subsidio eclesiástico. En primeiro lugar podemos pensar que de estar en desacordo con el, parecería claro que tería emitido algunha crítica tal e como fixera con outros dos aspectos propostos polo ministro de Facenda. Ademais, tal e como recolle, ese novo sistema espertaría críticas entre os membros da igrexa, pero non parece incluírse a si mesmo entre eses críticos posto que non engade nada máis sobre o asunto. Así, aínda que sexa con reservas, podemos deducir que López Araujo non estaba en contra deste novo imposto sobre as rendas eclesiásticas, se ben é certo que tampouco se postula abertamente ao seu favor.

[111] Tratábase polo tanto dunha cuestión de confianza e recoñecemento e gratitude, pois "tales son Señor, los singularísimos favores con que Dios ha manifestado su protección a V.M., lo cual exige imperiosamente la justa retribución declarándose V.M. decidido defensor de los derechos de la Iglesia." (Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, p. 232, parágrafo 31). Nestes termos, calquera que se atrevera a contrariar o argumento quedaba, practicamente, nunha postura de traizón en relación á Igrexa como institución.

Continuando coa quenda do ministro de Estado, García de León y Pizarro tamén realizou claras referencias á contribución eclesiástica dos trinta millóns, declarándose abertamente ao seu favor. No apartado de medios para cubrir o déficit da súa memoria, afirma:

> "Creo que está S.M. en el caso y en el derecho de acudir a medios extraordinarios para salvar la Monarquía y bajo de este supuesto opino que es necesaria una contribución y que la cuota de treinta millones señalada y autorizada por medios canónicos y legales sobre bienes decimales es moderada y debe repartirse porque es precisa su imposición y porque estamos en el caso señalado por los más sanos principios, pues si se demostrase que sin tocar a este recurso podía hallarse el indispensable remedio que buscamos, yo sería el primero que ante todas cosas reclamase la excepción de todo reparto (…) (Pizarro, parágrafo 45)"

Pizarro concordaba nas cláusulas de Garay para levar a cabo este repartimento, que basicamente incluían a non intromisión das autoridades seculares na súa posta en marcha, administración, regulación ou cobranza. Os motivos aducidos por este conselleiro para que o estamento eclesiástico participara con este imposto eran concluíntes, nin máis nin menos que a "obligación inevitable de asegurar el Trono y salvar la Monarquía". Ademais disto, habería tamén outro beneficio adicional, pois o clero remataría "dando al Pueblo un exemplo admirable y digno de la Santidad de su alto Ministerio (parágrafo 45)".

De opinión semellante era Vázquez Figueroa, de modo que no apartado "contribución del clero y otros" dentro do seu escrito podemos observar como coincide e apoia as decisións de Garay nesta materia. Pese a non estenderse tanto como cando trataba outros asuntos, o ministro de Mariña deixaba claramente establecida a súa postura respecto deste tema ao indicar que "no me aparto de la exacción de treinta millones por los bienes decimales del Estado Eclesiástico, sin excluir los de esta clase de grandes Comendadores y Señores". Concorda do mesmo xeito na forma de realizar os repartimentos, isto é, "procediéndose para ello por los medios acostumbrados, religiosos, y no menos políticos, que propone el Ministro de Hacienda, es decir, impetración de Bulas Pontificias, administración, distribución, recaudación y entrega a la Marina", ademais de secundar a creación dunha xunta independente que debería ser entendida como un "justo obsequio al benemérito estado Eclesiástico y en constante prueba de la confianza que merece al Rey y a la Patria (parágrafo 33)".

O marqués de Campo Sagrado, do departamento de Guerra, merece unha mención aparte neste apartado sobre a participación dos grupos privilexiados, posto que non está relacionada precisamente cos comentarios relativos ao imposto dos trinta millóns que afectaba ao clero. Sobre esta cuestión concreta non realiza ningunha observación, máis alá do xenérico comentario que citamos algúns parágrafos máis atrás de que subscribía todo o que apuntaba Garay en materia de Facenda. Moito máis preocupado como xa comprobamos por responder ás mencións relativas a cuestións militares, un dos detalles que agora nos resulta máis interesante da exposición deste home procede precisamente desta sección, concretamente, da parte relativa aos seus comentarios sobre aloxamentos e bagaxes. A este respecto non resulta tan importante o tema do que fala como a forma que ten de enfocalo, posto que ante aquelas cargas que obrigaban ao pobo a prover de recursos e de aloxamento ás tropas en movemento, o ministro de Guerra concorda con Garay en que as clases menos acomodadas son as máis prexudicadas, así que pide abertamente a colaboración dos grupos privilexiados e exentos en xeral, e do estamento nobiliario en particular:

> "No se me ocultan, Señor, los derechos y prerrogativas de la nobleza y demás clases exentas, pero no puede conformarse mi razón con que esta carga haya de recaer sobre la clase menos acomodada. Porque no siendo el origen del alojamiento otra que el de proporcionar a las tropas de V.M. la mayor comodidad en sus marchas y descanso de su fatiga, ¿dónde podrá hallarlo mejor que en las casas de los poderosos y acomodados? ¿Cuántas veces hemos visto que en las pobres habitaciones de los artesanos y labradores, o no ha de tener cama el soldado, o si la tiene ha de ser a costa de dársela el dueño, o por lo menos dividirla con él? Me atrevo a llamar la atención de V.M. sobre este punto que entiendo merece consideración. (Campo Sagrado, parágrafo 20)"

2.2.2.4. Os privilexios das provincias exentas

As referencias a este tema nas respostas dos conselleiros son bastante escasas, ata o punto de que soamente atopamos unha soa, na memoria presentada polo ministro de Estado. O propio Garay tratara este tema nun único parágrafo, e aínda que avogaba pola homoxeneización dos diferentes estatus territoriais por considerar o das provincias exentas prexudicial e incómodo, tampouco resultaba tallante e concluínte na súa breve argumentación sobre o asunto. No seu lugar, limitábase a chamar a atención sobre o fenómeno e a analizar o problema dende o punto de vista do contrabando que se producía a través destes territorios, pedindo que se revisaran os privilexios, as súas orixes, e as utilidades da súa pervivencia. Sobre esta cuestión, Lozano de Torres realizou a única referencia directa que atopamos, colocándose ademais no bando oposto a semellante cambio, o cal consideraba que podería resultar perigoso para a estabilidade. Así, volve demostrar como xa fixera no debate arredor da tributación do estamento eclesiástico, unha postura na que prima o inmobilismo absoluto dacordo coa tradición. Tendo en conta que ademais, por mor da mala situación económica, o número de efectivos do exército sería reducido, unha reforma desas características podería dar lugar a unha situación aínda máis problemática. Na súa opinión deixa ver claramente a súa postura conservadora:

> "Juzgo prudente no intentar en el día ninguna innovación que fomente descontentos. Si hasta el presente se han atendido sus privilegios, no hay una razón para que en el día se les atropelle, y sería tan impolítico, como peligroso, que al mismo tiempo que se disminuye el Exército hasta un punto que puede hacer precaria la seguridad del Estado, baya a causarse un descontento general en unas Provincias que sin embargo de sus privilegios han hecho en todas épocas servicios particulares a la Monarquía. (Lozano de Torres, parágrafo 34)"

A falta de referencias ao redor desta cuestión resulta estraña se temos en conta realmente a magnitude da proposta de Garay, que podería supoñer a fin de séculos de privilexios dalgúns territorios da monarquía. A escasa presenza de apuntamentos sobre o tema merece un pequeno comentario. Para comezar, tratábase dun asunto de importante natureza xurídica, e non soamente económica, que afectaba a unha parte nada desprezable do territorio da monarquía. Nese sentido, non dependía de ningún ministerio en concreto, pois non era o mesmo que falar da redución de empregados do corpo diplomático ou do número de soldados e xenerais do exército. Pero tampouco era asunto de pouco peso a tributación do estamento eclesiástico, que non obstante trataron con máis profundidade case tódolos membros do Consello que optaron por respostar a Garay. Tanto a proposta de contribución eclesiástica como a revisión do réxime das provincias exentas poderían ser entendidas como ataques aos privilexios tradicionais, e aínda así, soamente unha delas espertou un debate activo que se prolongaría incluso ao debate sobre o crédito. Esta carencia de referencias puido ser debida

tamén a que o propio Garay non lle deu demasiada importancia ao tema, pois pese á magnitude da proposta de ter progresado ata as últimas consecuencias, o argumento non estaba demasiado desenvolvido nin se converteu nun punto central no seu discurso. O imposto eclesiástico si era unha proposta firme, pero a cuestión da tributación das provincias exentas foi presentada como un aspecto que merecía ser revisado. Así, soamente a primeira desas cuestións era un ataque directo fronte aos privilexios.

Pese a todo, a proposta sobre a participación das provincias exentas na contribución foi introducida á hora de votar os aspectos esenciais que ían configurar o novo sistema de Facenda. O resultado nese debate final foi o descarte da iniciativa, o que fai máis raro aínda o escaso tratamento que os membros do Consello de Estado realizaron dela, tendo en conta que era un asunto tan importante, por máis que Garay a presentara sen demasiado detalle. Parecería lóxico pensar que no caso de existir desacordo, este debería aparecer reflectido nas respostas, tal e como aconteceu coa cuestión do subsidio eclesiástico, pero coa única excepción de Lozano de Torres, ese non foi o caso. Quizais, a cuestión dos privilexios das provincias exentas estaba fóra de toda dúbida, o que, unido á forma de presentar o asunto por parte de Garay, levou aos conselleiros a ignorar o tema e a non prestarlle atención algunha.

Na xornada do 4 de maio, entre outras decisións, discutiuse unha proposta para "que se exijan 70 millones de Contribución directa a que estén sujetas las Provincias exentas y todas las clases de la Monarquía en proporción a su riqueza y Bienes entre los que deben ser comprendidos los del Clero regular y secular, sean o no adquiridos antes del año de 33". Esta medida foi desbotada por oposición, aprobándose no seu lugar outra con algúns matices diferentes, na que se acordaba "que se varíe el sistema de contribuciones, cobrándose unicamente el derecho de internación en las aduanas exteriores de Puertos y Fronteras, estableciendo derechos de puertas en todas las Capitales de Provincia y Puertos habilitados, y repartiendo una contribución equivalente a las alcabalas enagenadas, a las suprimidas rentas Provinciales, subsidio eclesiástico, rentas equivalentes de la Corona de Aragón, Contribución de paja y Utensilios, Frutos civiles y cantidad que resulta deficiente para cubrir los gastos[112]". Como vemos, entre a proposta inicial e a que foi finalmente aprobada, pérdense tódalas referencias ás provincias exentas. Non temos forma de saber, a lo menos pola vía da consulta das actas, o que sucedeu no Consello de Estado para que o resultado fose este finalmente. Tampouco podemos saber quen realizou a proposta de modificación, pois o único que temos nas actas son as referencias a estas medidas e a se o conxunto dos asistentes estaba dacordo ou se había desconformidade. Finalmente, en todo caso, a proposta de Garay sobre a revisión da situación de privilexio das provincias exentas acabou totalmente diluída ao final do debate, pero convén tela presente de todos modos.

2.2.2.5. O balance xeral sobre a reforma

Baixo este último capítulo de respostas preténdese dar visibilidade ás ideas xerais que os membros do Consello de Estado tiñan arredor da posibilidade de que unha reforma das características que se anunciaran chegase a ser implantada, indo máis alá de opinións particulares en canto a aspectos concretos como os que fomos tratando. Para comezar hai que apuntar que, dacordo co calendario de exposición de memorias que figura ao inicio do apartado, hai unha delas que aínda non foi citada en ningunha ocasións, a que fora elaborada por Francisco Eguía. O seu caso resultou ser particular porque presentaba unha oposición manifesta e absoluta a calquera das teses propostas polo ministro de Facenda, e por este motivo figura soamente neste subapartado. De cara a analizar a valoración xeral que os

[112] Sesión do 4 de maio, en Hernández Andreu, J. (2008), op. cit., p. 177-178.

diferentes conselleiros realizaron sobre a reforma, necesitamos recoñecer a presenza de elementos totalmente opostos no seo do propio Consello, o que nos permite ter unha perspectiva de que, pese a aprobación final da reforma, dende o comezo da discusión da mesma existiron persoas que a criticaron dun xeito frontal e aberto. Mentres que o resto dos conselleiros seguían unha estrutura semellante á da memoria de Garay, falando en maior ou menor medida dos diferentes puntos abordados por el, Eguía non se preocupou tanto por realizar un comentario ordenado daquilo que lle parecera máis relevante, como por mostrar exemplos que apoiaran a súa oposición a calquera intento de reforma, á marxe de recoñecer certos abusos que deberían ser corrixidos. Para comezar, este home adoptaba o máis absoluto inmobilismo baseado na experiencia e na tradición como idea fundamental para desenvolver o seu discurso:

> "En mi juicio, el govierno más savio es el que en circunstancias iguales respeta lo que hay establecido por sola razón que existe, y por que tiene a su favor la experiencia y la aprovación general; en lugar de que qualquiera reforma, por útil que sea, puede dar lugar a arrepentimientos (…) pues muchas veces se ha visto que las preocupaciones que se intentan destruir suelen ser el producto laborioso de la Sabiduría de los siglos. (Eguía, parágrafo 3)"

Isto debe ser así porque "si el Estado ba en la decadencia que propone la Memoria [de Garay], la variación puede ser dañosa y traer consecuencias funestas". Pese a que o propio Eguía percibe que a situación do momento non é en absoluto boa, na súa opinión, "entre dos estremos que han producir consecuencias poco agradables, la prudencia dicta que se diga el menor mal antes de precipitarnos a que se arruine el edificio (parágrafo 4)". Con argumentos bastante pobres baseados en experiencias propias que semellan pouco representativas, este conselleiro trata de soster a súa visión da realidade, que resulta ser a máis inverosímil de todos cantos emitiron unha resposta ao ministro de Facenda. Entre as súas propostas para aumentar os fondos dispoñibles, propoñía que os produtos do erario se mediran non "por los que tienen en el día, senón polos que deben ser", é dicir, retrotraendo a vista cara o pasado e "haciendo un cómputo de los rendimientos de los años anteriores a la guerra", no que semellaba unha idea similar á daquel proxecto inverosímil presentado por González Vallejo tempo atrás. Así, dende a súa óptica, a falta de fondos ben podería deberse a cuestións de "omisiones o abandono de la administración (parágrafo 8)". Como consecuencia da súa pobre e breve exposición, Francisco Eguía remataba por declararse abertamente contrario á reforma proposta por Garay, declarando que "estas consideraciones me han decidido a votar que por ahora se suspendan los medios y principios que propone la Memoria (parágrafo 21)".

Trala lectura da resposta deste conselleiro, as actas recollen unha dura contestación emitida por Garay ao propio Eguía, citada de boca do titular de Facenda por quen levantaba a acta[113]. Ante as críticas que o segundo aduce sobre algúns dos abusos que citara, Garay respóndelle que era consciente deles, pero que o obxectivo principal da reforma é cubrir o déficit, non sendo suficiente para elo as rendas tradicionais tal e como viñan funcionando ("quemaría mi trabajo si se me probara que con solas las rentas qualquiera que sea el valor que se las dé, se podían levantar las cargas de la Corona", chega a afirmar segundo as actas). Por outra banda, moi consciente da situación do momento, culpa a Eguía de ignorar os cambios que se produciron no contexto económico nos últimos anos, pois tal e como afirma "no hay que recordar el estado de las rentas del año anterior a la guerra. Esto no es contraíble al del día: faltan 200 millones que venían de América, el producto de las Aduanas y cerca de

[113] Sesión do 2 de maio, en Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, p. 340-341.

300 de los bienes vendidos. Este vacío es inmenso, las atenciones mayores y las rentas no lo pueden llenar todo". A continuación, o aragonés empregaba os propios argumentos de Eguía para darlles a volta e fortalecer a súa idea de suprimir as rendas provinciais e impulsar a reforma:

> "No obstante sé que el pueblo español contribuye al Estado más que ningún otro, aunque en el erario no entre tanto en proporción, en lo que no habrá duda que tendrá mucha parte la administración viciosa, razón entre otras que hace conveniente la supresión de las rentas provinciales[114]."

Pese a que as argumentacións de Eguía foron rebatidas sen dificultade, o seu exemplo sérvenos de tódolos xeitos para comprobar a existencia dunha oposición á reforma dende o principio, pero a cuestión do apoio á mesma tamén admite algúns matices interesantes. O resto dos ministros e conselleiros, nun maior ou menor grao, estaban dacordo en levar a cabo unha reforma do sistema tributario, iso si, dacordo a unha serie de cuestións puntuais que fomos tratando (xa vimos tamén a oposición de Lozano de Torres, que non obstante conviña na supresión das rendas provinciais). Boa parte dos asistentes ao debate deron o visto bo dun xeito explícito a moitas das medidas propostas por Martín de Garay, mentres que outros simplemente emitiron un consentimento tácito ou realizaron críticas concretas con razoamentos diversos, non sempre da mesma calidade. Pero en esencia, da análise das memorias dos demais conselleiros pode desprenderse que existiu unha aprobación xeral da reforma aínda que fora soamente pola falta de alternativas, incluso naqueles casos de membros do Consello de Estado que realizaran algúns apuntamentos e reflexións sobre as propostas, e que as apoiaban aínda que fose con reservas. Tal foi o caso do ministro de Guerra, quen afirmaba:

> "Yo no me atreveré a afirmar que el plan propuesto por el Secretario del Despacho de Hacienda sea el mejor, pero sí diré que es preciso, y que adoptando este único que hasta ahora se ha presentado, se haga, sin perjuicio de que la experiencia de su execución haga a V.M variar alguna parte de él. (Campo Sagrado, parágrafo 21)"

Outro exemplo que podemos citar é o do infante Carlos, quen en principio se amosaba partidario da proposta de Garay aínda que soamente fora pola ausencia doutras alternativas viables para paliar a situación na que a Facenda se atopaba sumida. Nese sentido, o seu apoio parece basearse principalmente nun criterio práctico que xurde como consecuencia da falta doutros proxectos que levar a cabo:

> "(…) poco o nada se me ocurre que decir sobre un plan qual no se ha presentado ningún otro al Consejo (…), y que no solo es el primero, sino el mejor que V.M puede adaptar en unas circunstancias tan críticas como en las que se halla V.M., como lo ha demostrado el Ministro de Hacienda en el plan y en sus respuestas a las obgeciones que le han hecho oportunamente todos los Ministros de este Consejo que me han precedido. (Infante D. Carlos, parágrafo 1)"

Moito máis colaborador nese sentido se amosaba o titular do ministerio de Mariña, Vázquez Figueroa, quen ademais parecía comprender a delicada situación na que se achaba sumido o propio Martín de Garay, incluso ata o punto de manifestar unha certa empatía con el ademais de coa propia situación que afectaba ao erario real:

[114] Sesión do 2 de maio, en Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, p. 341.

> "Vuestro Ministro de Hacienda ha respondido fiel y acertadamente a tan piadosos, justos y dignos designios de V.M. y todos nosotros devemos cooperar por nuestra parte y con todo esmero al cumplimiento de ideas tan provechosas, en las que nada menos se libra, que la salvación de la Patria o su total y pronta ruina de lo contrario. (Vázquez Figueroa, parágrafo 3)"

Como resultado do que vimos dicindo e como balance final que ofreceron os distintos conselleiros sobre a reforma, podemos valorar como razoablemente favorable a visión deses homes de cara ás medidas propostas por Garay, amosándose nunha actitude bastante colaboradora en termos xerais. Pero, insistimos, estamos tamén ante unha importante cuestión de matices, porque unha cousa é tolerar e aprobar esas propostas e outra moi diferente, apoialas. Estas tres derradeiras citas volven a servirnos precisamente de exemplo para ilustrar esta afirmación. Certo é que había membros do Consello que se mostraban realmente favorables á implantación desta reforma, como pode ser o caso de Vázquez Figueroa, pero se observamos as citas de Campo Sagrado e do infante Carlos decatarémonos de que o que transcende realmente é un apoio a medias, comedido e gardando as distancias. Para eles, a reforma aparecía como posible solución nun momento preocupante e, sendo o único proxecto dispoñible, podería dárselle a oportunidade para que se intentara paliar a situación de crise. Razoamento que por suposto non implica confianza real na persoa ao cargo do proxecto nin no proxecto mesmo, polo que simplemente se apoia a súa aplicación segundo un simple criterio práctico. Así, aínda que as tres citas aludidas amosan unha certa colaboración, non podemos dicir que o grao da mesma resulte semellante en todas elas.

Á marxe dos debates suscitados e destas interesantes cuestións sobre os apoios, basta con botar unha ollada ás sesións do consello celebradas os días 3 e 4 de maio de 1817 para comprobar que, efectivamente, a maioría das propostas emitidas resultaron nunha votación positiva e na súa conseguinte aprobación. Naquelas reunións do Consello de Estado foron realizadas e votadas un total de once propostas que seguían a orde da memoria de Garay, a primeira das cales foi abordada ao final da sesión do 3 de maio, despois de que o infante Carlos lera a súa memoria, mentres que tódalas demais foron tratadas na seguinte sesión. As cincos primeiras medidas limitáronse, unha para cada ministerio, a establecer o fundamental para cada un deles en cuestión de empregados e presuposto. En esencia, no tocante a este aspecto, as propostas de Garay foron respectadas despois de que este fora realizando algunha que outra aclaración, e soamente no caso do departamento de Guerra o conxunto dos conselleiros considerou pequena a súa asignación, sendo aumentada en vinte e cinco millóns de reais, ata un total de trescentos cincuenta. As gratificacións de mesa para os xenerais do exército foron suprimidas, pero a supeditación da administración militar á de Facenda quedou sen aclarar, decidíndose unicamente "que se instruya más este punto para su decisión". Tras destes cinco apartados iniciais, o sexto resultou ser un dos fundamentais, xa que era o que facía referencia á contribución dos estamentos privilexiados, sempre deixando claro que se trataba dunha medida á que se debía recorrer por pura necesidade, obrigada pola situación do erario. A proposta e o acordo concretos, tal e como aparecen reflectidos nas actas correspondentes, foron os seguintes:

> "Que para cubrir el déficit que resulte, hechas las anteriores asignaciones [as de cada ministerio] se satisfagan treinta millones de las rentas decimales que poseen el Clero, Comendadores, Grandes y demás Señores que no paguen las Contribuciones ordinarias, acudiendo con reverentes preces a Su Santidad, formando una Junta eclesiástica en Madrid, compuesta del Comisario de Cruzada, del Colector de

> Espolios y de algún otro eclesiástico, que corran con el repartimiento y cobranza de los treinta millones aplicándoles a la Marina en los seis años que dure este subsidio.
> Acuerdo: Conforme[115].”

Continuando coa listaxe, os puntos sétimo e noveno supuxeron a aprobación do novo sistema tributario, xa que neles quedaba recollida unha contribución equivalente baixo os termos que se apuntaron cando falabamos dos privilexios das provincias exentas un pouco máis atrás. Ao mesmo tempo tamén se facía mención aos dereitos de portas e aos criterios de proporcionalidade, ademais de a aqueles territorios con réxime impositivo especial. Dado que xa foron comentados no seu respectivo apartado, non volveremos entrar neste aspecto. O punto oitavo versaba sobre outro dos principios fundamentais de Garay de cara á contención de gasto, que era a redución do salario dos empregados da administración pública. Dacordo con aquel apéndice que incluía a memoria do ministro aragonés, a proposta que se fixo antes o consello foi “que todos los empleados con sueldo desde 8 mil rv. exclusive hasta 40 mil inclusive, sufran también una Contribución por orden progresivo excepto los oficiales agregados o propietarios que forman el Cuerpo del ejército”. O acordo final porén, rematou sendo que “el consejo conviene en una contribución del 4% sin progresión a los que pasen de 12 mil reales”, decisión que botaba por terra o principio de progresividade neste asunto dos soldos. Esta idea soamente se conseguiría aplicar nunha tarifa sobre criados, cabalerías, coches e tendas do futuro plan de crédito (o imposto era maior a maior número deles), quedando reservada a súa recadación para pago de réditos e fondo de amortización da débeda pública[116]. Para rematar, o décimo apartado limitouse a cuestións sobre correos e mostrencos que en todo caso non experimentaron cambios, mentres que o onceavo e derradeiro, que facía referencia ao crédito público se despachou rapidamente pola vía de “declara el Consejo que no es asunto del día”. Polo tanto, neste último punto quedaba perfectamente claro que as escasas consideracións e propostas que houbo sobre o crédito público nestes momentos quedaron ensombrecidas e tapadas por aquelas que versaban sobre a modificación do sistema de Facenda, asunto principal de debate que ocupaba ao Consello de Estado naquelas sesións. Sobre este tema habería tempo para discutir, o cal ocorreu semanas máis tarde, cando a cuestión da tributación estaba en execución.

Se observamos a visión de conxunto de toda a votación, parece que Garay conseguiu que o conxunto dos membros do Consello aprobara as súas principais ideas. Para comezar, o sistema tributario e de recadación cambiou, o cal supuxo a supresión das rendas provinciais. Foi aprobado tamén un subsidio eclesiástico, ademais de lograrse algunhas cuestións importantes en materia de aforro, por exemplo, á hora de licenciar tropas e oficiais ou de redución de salarios. Por outra banda, algunhas importantes cuestións poden ser en parte matizadas. Para comezar, non tódolos ministros se amosaron dacordo coa redución das súas asignación de presuposto e ofreceron resistencia, como foi o caso do titular de Estado, o que demostra pouca solidaridade ou empatía coa situación financeira da monarquía. A redución de presuposto nalgunhas ramas de goberno foi efectiva e importante, especialmente no ministerio de Guerra (de 472 millóns de reais a 350), pero aínda así non alcanzou as cantidades que Garay establecera inicialmente (lembremos, 325 millóns). O aumento de vinte e cinco millóns que acordou o Consello para o propio ministerio de guerra sobre as previsión do aragonés é unha boa proba disto. Ese aumento ascendía case á mesma cantidade que fora destinada en conxunto para os ministerios de Estado e de Graza e Xustiza, así que non pode tomarse á

[115] Sesión do 4 de maio, en Hernández Andreu, J. (2008), op. cit., p. 177.
[116] Hernández Andreu, J. (2008), op. cit., pp. 305 e 317 e ss.

lixeira. O aumento de presuposto que experimentou a mariña, porén, non pode ser analizado de igual xeito e dende a mesma óptica, pois esta medida xa estaba contemplada inicialmente por Garay debido á súa importancia estratéxica.

Por outra banda, aínda que o subsidio eclesiástico se rematou aprobando, non debemos entender este feito como unha mostra de apertura de pensamento. Ao contrario, o debate que suscitou cos partidarios acérrimos dos privilexios estamentais foi moi importante, e continuaría, como veremos a continuación, ao analizar as memorias sobre a reforma do sistema de crédito que sucederon no tempo á da Facenda. En directa relación co asunto dos privilexios estaba tamén a cuestión das provincias exentas, cuxas referencias quedaron diluídas como tivemos ocasión de comprobar. En derradeiro lugar debemos facer referencia á redución de soldos dos empregados da administración pública, onde soamente se logrou que se aprobara unha taxa fixa, sen progresión para as maiores rendas salariais. Todas estas cuestións cumpren en parte unha función de pequeno resumo, pero tamén nos axudan a comprender que o éxito e aprobación final da reforma pode ser relativizado e matizado nalgunhas das súas ideas principais.

Con todo isto ás costas, o borrador do decreto sobre o novo sistema de Facenda viu a luz na sesión do Consello de Estado celebrada o día 9 de maio, onde houbo algunhas queixas e reclamacións a maiores por parte dalgún conselleiro por cuestións que teremos ocasión de comprobar. E non sería ata finais dese mesmo mes cando o decreto se publicara oficialmente. Chegados aquí, o seguinte sería abordar a análise dese novo Real Decreto do 30 de maio, pois nel xa están definidas as pautas polas que o sistema tributario se ía rexer dende o momento da súa publicación dun xeito máis claro, as cales poden explicar, ao mesmo tempo, a aparición dalgunhas das nosas fontes primarias principais. Porén, en lugar de pasar a esta tarefa agora, consideramos máis oportuno emprender un labor de análise semellante ao que acabamos de realizar para a reforma da Facenda pero aplicado sobre o sistema de crédito, como xa indicamos con anterioridade. Facemos isto para dotar de maior cohesión a este capítulo, aínda que rompamos un pouco a sucesión dos aspectos que tratamos, pola grande complementariedade que supoñen estes dous proxectos no traballo desenvolvido por Garay. Os motivos que nos levan a facelo así están expostos xusto a continuación, ao comezo do seguinte epígrafe. Así, será xusto despois cando pasemos definitivamente ao decreto sobre o sistema de Facenda, que presenta tamén interesantes cuestións orixinais respecto aos asuntos que xa levamos analizado polo miúdo.

2.2.3. A memoria de Garay sobre a reforma do Crédito do Estado. Esforzos estériles ante a falta de medios

Chegados a este punto, consideramos que a reforma da Facenda que estamos a tratar non pode ser entendida de xeito illado sen a súa homóloga no ámbito do crédito, posto que ámbalas dúas foron os piares fundamentais da actuación do ministro aragonés. Nese sentido, compleméntanse porque foron pensadas polos seus artífices como as pezas dun todo, e isto é algo fóra de toda dúbida se temos en conta as referencias que Garay fixo ao crédito público xa dende o momento no que presentou a súa primeira memoria co plan de Facenda. Primeiro era necesario arranxar o edificio interno racionalizando e mellorando a recadación para a continuación tratar de mellorar a imaxe externa da monarquía en materia financeira e de débeda. Incluír un apartado coma este é por iso necesario, en tanto en canto a explicación do éxito ou fracaso da Facenda non pode obterse do estudo illado do sistema fiscal, dos impostos e da súa administración senón que é indispensable integralo co crédito e a débeda[117]. Máis

[117] Fontana, J. (1989), p. 140.

aínda, as relacións son tan estreitas que axudan a explicar os condicionantes que afectan a multitude de aspectos da realidade económica nacional, ata o extremo de que se ten afirmado que sen o estudo detallado deste medio extraordinario de financiamento público non se entenderán adecuadamente algúns dos caracteres esenciais da Facenda española, como a delonga das reformas tributarias, o descoido de servizo públicos fundamentais, os procesos inflacionistas, e as peculiaridades do sistema bancario ou as relacións financeiras de España co exterior[118]. Pese a esta ligadura esencial, outros proxectos arredor da cuestión da débeda fracasaran por non ter en conta o aspecto básico de partir dun arranxo previo do sistema de Facenda que tamén analizara detidamente os impostos que se poderían destinar a cubrir esta empresa, sendo isto algo que se destacaba no propio preámbulo do decreto de 1818 sobre o crédito[119].

Dito isto, tamén debemos indicar que aquilo co que aquí tratamos son as memorias de Garay e as doutros conselleiros que decidiron elaborar unha resposta, máis ou menos crítica, fronte ás súas propostas. Somos conscientes da importancia da reforma do crédito, mais abordala polo miúdo superaría amplamente os obxectivos desta investigación, polo que nos remitiremos fundamentalmente a tratar as súas materias fundamentais nun exercicio semellante ao realizado nos dous epígrafes anteriores. Por outra banda, existe outra razón de peso pola cal abordamos agora estoutras memorias, que non é outra que a da continuidade. De non tratar este asunto, non soamente quedaría incompleta a comprensión separada das dúas empresas de Facenda e crédito, senón tamén a análise dos debates xurdidos ao seu carón. Por isto mesmo, neste apartado non entraremos tanto a tratar detidamente a reforma sobre un tema do que non somos en absoluto expertos como é o crédito nacional, como a valorar os debates que se produciron no seo da súa posta en marcha, cun ollo no acontecido no proxecto que acaba de ser analizado. No noso caso, isto é de especial importancia porque algúns dos debates iniciados mentres se discutía este último trasládanse aquí e continúan nun capítulo posterior, o que fai máis interesante aínda, ao tempo que xustifica, a análise que realizaremos nas páxinas seguintes. Seguiremos a mesma estrutura que ata o de agora, iniciando coa primeira memoria de crédito de Martín de Garay e continuando coas respostas dos conselleiros e a segunda memoria do aragonés, que foi concibida como unha réplica aos apuntamentos que realizaron os primeiros asistentes ás sesións que leron os seus respectivos textos, ao considerar o ministro que algúns aspectos precisaban dunha resposta máis concreta. Comezamos pois, coa análise da primeira das elaboradas polo ministro de Facenda.

Aínda que esta memoria non viu a luz fronte aos membros do Consello de Estado ata o 3 de setembro, estaba datada a 30 de xullo de 1817, isto é, dous meses despois de que a reforma do sistema tributario se puxese formalmente en marcha trala publicación do seu correspondente decreto. O labor para o arranxo do crédito, con todo, non se desenvolvera soamente no período que transcorreu entre a publicación daquel decreto do 30 de maio e a lectura desta memoria, senón que se viña xestando dende había un tempo gracias aos traballos doutra xunta presidida por Xosé Ibarra, que comezara a súa andadura o 3 de marzo de 1817, e dos cales Garay tamén botara man para elaborar o seu proxecto de reforma do sistema crediticio. Estes traballos desenvolvéronse, polo tanto, en paralelo ao inicio do debate sobre a reforma da Facenda, que tivera lugar coa presentación da respectiva memoria de Garay o día 6 daquel mesmo mes. Polo tanto, non puido ser ata o momento no que este primeiro proceso rematou, cando o aragonés se puido dedicar completamente a estoutro labor.

A débeda do Estado ascendía por aquel entón, segundo os cálculos da xunta, a máis de dez mil millóns de reais, dos cales aproximadamente un terzo se tiñan contraído dende o

[118] Vallejo Pousada, R. (2014), p. 159; Comín, F. (1996), op. cit., vol. 2, p. 127.
[119] Suárez Verdeguer, F. (1961), p. 237.

estoupido do conflito de independencia contra Francia en 1808[120]. Sobre a base xa consabida de que os recursos para afrontar esta monstruosa débeda serían insuficientes polas advertencias da propia xunta, configurouse un plan de arranxo do crédito, o cal foi presentado ante os conselleiros de Estado baixo o nome de "Exposición de Martín de Garay sobre el restablecimiento del crédito público". Ante un panorama tan funesto, a reforma do sistema de crédito de Garay fracasou antes de comezar, posto que o propio ministro recoñeceu abertamente que, pese aos seus intentos, non acadara un método para paliar aquelas insuficiencias. Ademais disto e a diferenza do acontecido co proxecto anterior, o ministro xa non contaba desta volta co apoio do rei, que retrasou indefinidamente algunhas decisións, problema ao que houbo que sumar a oposición dun sector cortesán oposto a Garay que logrou que a discusión sobre o crédito se alongara no tempo de xeito desproporcionado[121].

A estrutura da memoria de Garay sobre o crédito conta cun total de cinco apartados ben diferenciados polo seu propio autor: en primeiro lugar unha breve introdución, seguida dun epígrafe no que se dá conta do estado da débeda exterior á que se debe facer fronte. A continuación, os seguintes parágrafos irían encamiñados a recoller os impostos e arbitrios cuxos produtos se poderían destinar a cubrir os pagos e obrigacións dunha débeda que por outra parte non tiña a mesma prioridade. A este obxectivo se dedicaba precisamente o cuarto apartado da memoria, clasificando os diferentes tipos dacordo a se producían intereses ou non, e en función tamén da súa maior ou menor necesidade de ser satisfeita, perseguindo un claro desexo, por outra banda totalmente lóxico e necesario, de racionalizar a situación. Por último, a memoria remata cunha breve conclusión. Tras todo isto, o texto conta a maiores cun nutrido grupo de apéndices, oito en total, que se preocupaban principalmente de dar conta dos impostos citados na memoria así como de ampliar explicacións e apuntamentos relativos aos mesmos que puideran ser necesarios.

A introdución trata varios aspectos simples pero necesarios que pretenden sentar as bases sobre o que ía ser tratado máis adiante. Sorprende, como acontecera anteriormente, un optimismo desmesurado cara as bondades da recentemente aprobada estrutura tributaria e dos beneficios que traería consigo. Tendo en conta que non pasara demasiado tempo dende que se puxera en marcha, dicir algo así era dende logo moi aventurado, pero perseguía seguramente un obxectivo de dotar de confianza e apoio ao novo sistema. Sen ter demasiado en conta estas consideracións, ou simplemente obviándoas, o aragonés afirmaba:

> "Acaba V.M. de restablecer la primera base de la felicidad pública y el primer apoyo del orden civil con el real decreto de 30 de Mayo último. A V.M. está confiada la tranquilidad, la paz y la seguridad de los Pueblos, de las familias y de sus individuos, y en estos reside la obligación de contribuir con sus recursos pecuniarios para costear los medios que han de proporcionar bienes tan interesantes (…) Tales son los principios que V.M. ha sancionado con el Real decreto de 30 de Mayo reduciendo las obligaciones del Estado a los justos límites que reclama su naturaleza, y aceptando un sistema de contribuciones que les llene con el menor gravamen posible de los Pueblos. Con esta soberana disposición da V.M. el alimento preciso y diario al cuerpo social para la conservación de sus fuerzas ordinarias y le precave del decaimiento que por orden natural experimentan todas las cosas creadas. (parágrafo 1)"

[120] Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, p. 115-116. Segundo os datos da xunta, a cantidade exacta da débeda con interese ascendía a 5.904.662.886 reais, mentres que a débeda que non o xeraba quedaba establecida nun total de 4.192.245.520 reais. En total, a débeda do estado español ascendía a 10.096.908.406 reais.
[121] Fontana, J. (1971), op. cit., p. 177.

Esta descrición axuda a Garay a introducir a idea da necesidade do recurso ao crédito, que tamén explica na mesma introdución. Un termo, o de crédito, que moitas veces adquire simplemente o significado de confianza que ofrece un goberno á hora de efectuar as devolucións de capitais prestados. En opinión de Garay, "el actual sistema de Hacienda llevado hasta el fin bastará para las atenciones ordinarias", pero non para afrontar outros eventuais e perigosos episodios que poden poñer en perigo o Estado e o seu territorio, como eran as guerras ou as invasións estranxeiras. A natureza destes eventos fai necesario acudir ao crédito posto que "éstos son con frecuencia tan repentinos que es preciso apelar a auxilios más prontos, y más eficaces que los que dan las contribuciones repartidas con justicia, o los que permita el estado de los pueblos, esto es, a contraer deudas". Cando as empresas que aborda un Estado superan os seus cálculos, a forma de financialos "no tiene por fundamento otro que el de su cimentado crédito. Es esta alhaja que no tiene valor, pero también una vez adquirida es preciso no usar temerariamente de ella, ni sacarla de sus quicios, porque con el exceso o abuso se precipitan las Naciones a gastos inmoderados que no pueden sobrellevar y provocar la indignación de las generaciones futuras (parágrafo 3)". O crédito polo tanto, debe ser conservado para poder acceder a estes de recursos adicionais e funciona dacordo a unha serie de regras perfectamente definidas, resumidas polo ministro de Facenda do seguinte xeito:

> "Los socorros de esta clase, como llevo indicado, no pueden exijirse ni facilitarse por las reglas comunes de las contribuciones, porque no están en la debida proporción con los productos anuales. La base de su exacción es la opinión cimentada en la rectitud del Gobierno y en su buena fe. Esta se forma con una constante e inalterable marcha de las providencias dirijidas al cumplimiento de las promesas. Sin ella, la fuerza y las leyes sólo conducen a aumentar la desconfianza, porque disminuyen el valor y la firmeza de las estipulaciones (…) La buena fe es el freno que contiene las dilapidaciones y que establece la más exacta y prudente economía, con la cual es imposible que se halle Gobierno alguno apurado aun en los casos de mayores gastos y urgencia y por reducidas que sean sus rentas. (parágrafos 6 e 7)"

Como consecuencia de todo o dito, o ministro de Facenda avoga pola "necesidad de fijar un sistema inalterable para consolidar el crédito del Estado, porque sin él de nada sirve la aplicación de cuantiosos arbitrios, y por el contrario, con él estoy seguro, aunque los medios sean menores, de su pronto establecimiento". Tras fixar estes preceptos fundamentais, critica a xestión e operacións de gobernos anteriores como as causantes da mala situación que se vive no momento actual. Se había uns principios claros que seguir e, pese a iso, o estado da débeda española continuaba sendo tan lamentable, tal feito soamente se podía deber á ignorancia das pautas básicas, o que deu como resultado o empeoramento da cuestión. Para explicar o modo no que se chegou a tan dramática circunstancia, Garay presenta unha breve historia da débeda pública dende os tempos de Carlos I, salientando os problemas e vicios cometidos que deron lugar aos inicios do que acontecía no presente[122]. A consecuencia lóxica de todo isto era a

[122] En opinión de Garay, esta historia da débeda sería tamén a da obtención duns recursos que, destinados inicialmente a afrontar os xuros e intereses derivados dela, remataron empregados noutros obxectivos menos útiles e en absoluto beneficiosos para o Estado. Sería xa nos tempos de Carlos IV, cando "el no haberse guardado la misma religiosidad en la época del primero [Carlos III] con los medios de amortizar aquella deuda, que continuó en la del segundo [Carlos IV], preparó la lastimosa catástrofe del descrédito en que nos hallamos, porque se aplicaron los arbitrios destinados para estinguirla a objetos tan extraños como ruinosos, multiplicándose la deuda hasta el doloroso estremo que tocamos de no poder paga sus réditos". As críticas do ministro de Facenda ao goberno neste punto son moi duras, afirmando incluso que: "Si se examinan las muchas cédulas y Reglamentos publicados en esta época y si se observan los pasos que se dieron en este negocio se verá que a la par de la solemnidad de las promesas y del empeño en garantizarlas, caminaba la inobservancia de ellas (…) Este proceder, que entre los individuos de la sociedad lo llamaríamos felonía o perfidia, y aunque el respeto que se

máis absoluta desconfianza no crédito español nos tempos que corrían, pois "la opinión pública mira ya con irrisión y desprecio los ofrecimientos del Gobierno en esta materia". Por outra banda, Garay pensaba que pese a todo, esta situación tiña solución, aínda que non a curto prazo. Seguindo esta idea, presentou as perspectivas, en absoluto alentadoras, sobre as que o crédito do goberno español podería recuperarse:

> "Difícil es, Señor, reparar de pronto tamaños males, pero me atrevo a asegurar a V.M. que siguiendo con constancia un sistema justo se verán minorar, y con el tiempo curar radicalmente. A este efecto deberán de aplicarse arbitrios suficientes para pagar religiosamente los premios estipulados y señalar otros para amortizar los Capitales; pero su cuantía, las obligaciones diarias, que se han aumentado con la última guerra y la desmejora que han sufrido las tres fuentes de la riqueza, agricultura, artes y comercio, no se permiten presentar a V.M. por ahora un cuadro tan lisonjero para sus benéficas intenciones (…) Después de una larga meditación de la Junta nombrada para proponer arbitrios a este objeto, ni ella ni yo hallamos los bastantes por ahora para pagar los réditos de modo que estos alcanzaran a satisfacer la mitad. (parágrafos 11 e 12)"

Trala presentación destas adversas perspectivas, Garay remataba a introdución e propúñase restablecer na medida do posible o crédito da monarquía española. Para facelo apunta como primeiro obxectivo o de presentar o estado da débeda no momento actual para coñecer aquilo ao que a Facenda se enfrontaba. O aragonés comeza a súa exposición advertindo que "cuando presento a V.M. el cuadro lastimoso de nuestra deuda entiendo hacerlo de toda, nacional y extranjera". Neste punto en concreto chama a atención que se chega a producir unha situación de desacordo entre a xunta e o propio ministro, pois os datos que ámbolos dous proporcionan non coinciden. Un feito que volve reforzar a idea sobre o fenómeno que se producía nas economías do Antigo Réxime, onde o coñecemento da riqueza real ou das rendas dispoñibles podía ser francamente deficiente, aspecto que afectaba non soamente ás contas sobre os gastos e os ingresos, dificultando ou facendo directamente imposible os intentos por elaborar presupostos precisos, senón tamén ao cálculo doutras magnitudes económicas como a débeda nacional neste caso. Se lembramos os datos da xunta que nos ofrecía Suárez Verdeguer e que deixábamos reflectidos nunha nota máis atrás, as contas realizadas por Garay difiren por bastante cantidade das mesmas e presentan unha situación aínda peor. Ámbolos dous, xunta e ministro, recoñecen dous tipos de débeda, a saber, a que xera intereses e a que non o fai. No primeiro tipo, as cifras coinciden, apuntando Garay que "esta suma se puede decir exacta, y está sacada de los libros de las varias oficinas que corrían con su pago según los asientos anteriores al año de 1808", unha conclusión que semella, bastante aventurada. Pero era no cálculo da débeda sen intereses onde os criterios se volvían dispares e as cifras se distanciaban dun xeito considerable, aducindo directamente o ministro unha dificultade que imposibilitaba establecer unha conta máis precisa:

> "No es tan fácil, o más bien es imposible dar una noticia exacta de la deuda que no gana interés sin que primero se proceda a la liquidación, porque consiste en sueldos no pagados, en suministros, en varios préstamos hechos durante la guerra, en réditos no satisfechos de la deuda mencionada, y en otras distintas clases, cuyo importe no puede saberse hasta que se reconozcan y liquiden los documentos

debe al Gobierno prohibe este lenguaje, sin embargo, no varía de esencia, es opuesto a la moral y a la justicia." (Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 2, pp. 73-74, parágrafos 10-11).

> justificativos. Sin embargo, por un cálculo prudencial, se gradúa que hasta 1º de enero de 1815, se acercará a seis mil millones. (parágrafo 17)"

A enorme débeda do Estado que non xeraba intereses nin sequera podía calcularse naqueles momentos en opinión do ministro, pero no caso de que houbera que dar unha cifra aproximada, esta sería duns seis mil millóns de reais, cantidade que superaba nun cincuenta por cento, aproximadamente, as estimacións proporcionadas pola xunta presidida por Ibarra poucos meses antes. Polo tanto, a débeda total á que debería facer fronte o erario español ascendía dun xeito aproximado a arredor duns doce mil millóns de reais, sendo esta estimación, a realizada por Garay, a que presentaba un panorama máis adverso.

Unha vez expostos estes datos, o autor da memoria pasou a dar conta no seu seguinte subapartado dos arbitrios para satisfacer a débeda. Tal e como xa acontecera nalgunhas das propostas que realizara no contexto da reforma do sistema tributario, tiña neste aspecto boa parte do camiño andado gracias aos traballos da xunta, que se encargara de elaborar unha listaxe preliminar con aqueles impostos que poderían ser empregados para afrontar os pagos a tal efecto. Esta relación conforma os tres primeiros apéndices adscritos á memoria, onde podemos observar, ademais da listaxe de arbitrios propiamente dita, outros dous apartados fundamentais: neles reflíctese, por unha banda, a recadación estimada para cada unha das figuras impositivas citadas e, pola outra, unha serie de observacións e cambios que a xunta consideraba oportunos para moitos deles, o que facilitaría a súa administración de cara a satisfacer os obxectivos propostos de extinción de débeda. No terceiro deses apéndices aparecían tamén impostos creados *ex novo* pola xunta para axudar ao restablecemento do crédito público, é dicir, novos arbitrios cuxo produto se debía destinar en exclusiva a satisfacer pagos de débeda.

Dito isto, se ben era certo que a recadación producida por estes impostos xa non era suficiente, novos problemas derivados das modificacións do sistema de Facenda botaron por terra boa parte dos traballos iniciais da xunta destinados a cumprir este obxectivo. Moitos dos impostos que se presentaran inicialmente para cubrir os gastos relacionados coa débeda quedaron suspendidos, e polo tanto inservibles, dentro da nova estrutura que pasaron a ter as rendas. Así, o apéndice cuarto da memoria recolle a "lista de arbitrios que se deben excluir de los propuestos por la Junta de restablecimiento del Crédito público, mediante a que según el nuevo sistema de Hacienda unos quedan aplicados a Tesorería general y otros han de suprimirse". A listaxe definitiva e actualizada de arbitrios aplicables ao crédito público quedaba recollida finalmente no sexto apéndice da memoria. De pouco máis de cento setenta e catro millóns que se esperaba recadar mediante os impostos propostos en primeira instancia pola xunta, os cambios que forzou o novo sistema tributario deixaron reducida esta previsión a cento quince, nunha conta xa aumentada ao máximo que incluía a creación das novas figuras impositivas. Polo tanto, tódolos esforzos estaban xa desenvoltos e esa era a máxima cantidade de diñeiro da que se ía dispoñer, sendo a cifra claramente insuficiente. Garay era perfectamente consciente, pero a pesar de todo seguía insistindo na posibilidade de atopar algún beneficio a longo prazo:

> "(…) aunque no llega a cubrir el importe total de los réditos anuales que devengan los capitales con interés, sin embargo, si después de aprobados se adopta, como debe, el principio que anteriormente he sentado de aplicar religiosamente su productos a tan interesante objeto, creo que V.M tendrá el gusto de coger el fruto de tan sabia medida, viendo renacer la confianza pública. (parágrafo 20)"

O ministro de Facenda continuaba coa exposición e configuración do proxecto a pesar de todas estas continxencias adversas, marcando a continuación unha serie de pautas que deberían seguirse para mellorar progresivamente e levar a bo termo o asunto do crédito:

> "Pero es necesario advertir y tener muy presente que ésta [a confianza pública] no se cifra ni se apoya solamente en el puntual pago de réditos, sino también en amortizar los capitales que son extinguibles por su clase, y a este fin deben destinarse las fincas que comprende la lista número 7, empleándose en su venta por el orden que marca. Así se conseguirá asegurar de una vez la suerte de los acreedores del Estado (…) y si bien es verdad que los medios propuestos no alcanzan, como dejo indicado, a cubrir los intereses anuales en su totalidad (…) también es indudable que este déficit se irá cubriendo sucesivamente a medida que se extingan los capitales de la deuda de libre disposición y se puedan señalar otros arbitrios al intento. (parágrafo 21)"

Así, este plan de crédito tamén incluía unha serie de medidas para acreditar o papel moeda e facilitar que se amortizase, recollidas no apéndice quinto, e especialmente, como se acaba de citar, a venda de toda unha serie de fincas cuxos produtos serían destinados tamén a amortización da débeda de capitais de libre disposición e da que non xeraba intereses[123]. Ao estar recollidas nun apéndice propio, Garay non fixo demasiado énfase na natureza desas fincas ao presentar o discurso da súa memoria, máis alá de referencias tan vagas como a do apéndice sétimo da cita anterior, pero o que está claro é que a listaxe volveu reactivar o debate sobre a tributación dos privilexiados que comezara xa nas discusións sobre a reforma do sistema de Facenda. Esa relación do apéndice sétimo recollía por orde, en efecto, a desamortización dunha serie de terras que supoñía un ataque contra algúns dos dereitos dos grupos exentos, e era a seguinte: (1) fincas dos bens confiscados dependentes das providencias da xustiza, (2) baldíos e reguengos, (3) fincas dos estados da última duquesa de Alba incorporados á Coroa e calquera outros bens que se vaia descubrindo que pertencen ao Estado, (4) os despoboados, (5) as fincas dos mestrados das catro ordes militares, (6) as de obras pías e bens eclesiásticos secularizados que se administran polo crédito público, (7) as de encomendas vacantes, (8) as fincas de bens mostrencos, (9) as dos de reversión e incorporación alleados que foran da Coroa e deban volver a ela, (10) as fincas da Coroa non necesarias para o uso da Real Persoa e familia e (11) as fincas ou efectos que resulten de máis aos regulares na visita mandada facer ou que se determinase no sucesivo. A desamortización polo tanto, foi unha opción que se tratou de adoptar novamente, e como tal debe ser entendida en conxunto coas mencións ás que se desenvolveran anteriormente, dende época de Carlos IV. Porque tal e como teñen indicado algúns autores, este proceso era considerado como a única vía de salvación do caos fiscal. A falta de éxito dentro do contexto do Antigo Réxime debeuse a que ese caos que trataba de resolver non era soamente de carácter fiscal, senón que afectaba a todo un réxime político, sendo toda unha forma de sociedade a que se afundía sen remedio posible[124]. Comprobando estas once categorías, as que van espertar unha maior crítica entre os sectores reaccionarios do Consello de Estado serán, como teremos ocasión de comprobar, aquelas relacionadas cos eclesiásticos e coas ordes militares. Non diremos nada máis agora sobre isto, agardando ao apartado das respostas dos conselleiros nesta materia.

Unha última recomendación realizaba Garay sobre os arbitrios para satisfacer a débeda. Segundo as súas estimacións, o erario precisaría duns douscentos trinta millóns de reais para pagar relixiosamente os intereses da débeda de toda clase. Porén, lembremos, dispoñía duns

[123] Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol 1, pp. 119-120.
[124] Tomás y Valiente, F. (1974), pp. 345-346.

cento quince, así que o único camiño que se podía abordar tendo esgotado tódolos demais radicaba na repetición dalgúns dos seus principios básicos xa enunciados con anterioridade na reforma do sistema tributario, pero relacionándoos esta vez co tema do crédito:

> "¿De dónde reunir una cantidad tan excesiva después de haber cubierto con gran trabajo como era regular las obligaciones de Tesorería? No hay medio humano; por ahora, todos los arbitrios que pudieran inventarse vienen en último resultado a recaer sobre el pueblo, y el pueblo, Señor, no hay que alucinarnos, ni puede ni debe pagar más que lo que paga, y la obligación del Gobierno, muy acorde con los sentimientos de V.M. en disminuir los gastos como pueden y deben disminuirse, para hacer menores las imposiciones o para darles aplicación más útil en beneficio del Estado, que mira como secundarias estas obligaciones utilísimas y necesarias, y gasta en lo que pudiera economizar mucho. Así que después de los arbitrios propuestos tres medios quedan para mejorar la suerte de los acreedores del Estado y son la economía en los gastos, la disminución de la deuda, y los productos de América que no se han calculado por el estado de aquellas regiones. La economía prudentemente dirigida, jamás me cansaré de decirlo, es el primero, el más fructuoso, y el más útil arbitrio en que se puede pensar. (parágrafos 23 e 24)"

O seguinte apartado antes da conclusión final trata sobre a clasificación da débeda, aspecto que debía ser abordado para efectuar correctamente o seu pago por categorías. Para comezar, o ministro de Facenda recoñecía a existencia de tres tipos de créditos contraídos polo Estado: a dos acredores cuxos capitais están suxeitos a amortización civil ou eclesiástica, a daqueles que por outra banda poden dispoñer libremente dos seus capitais, e en última instancia a débeda contraída con aqueles acredores que non producía intereses[125]. No primeiro dos grupos desta clasificación estaría un tipo de débeda propia sobre todo de hospitais, hospicios ou casas de caridade, entre outros establecementos de beneficencia e educación, que procedía de "habérselos arrebatado y vendido sus propiedades de modo que su subsistencia precisa depende del pago de sus réditos". Estes pagos son fundamentais e obrigatorios no contexto de calquera Estado, posto que "en un Reyno no católico recomendaría este pago el derecho de propiedad. En España, que se gloría de serlo, lo encarece la religión". A seguinte categoría incluía aos acredores que podían dispoñer libremente dos seus capitais, que "tienen también derecho al pago de los réditos, pero ni tan santo, ni tan preferente" como os que pertencen á categoría anterior. En derradeiro lugar, a débeda que non xeraba interese debía ser cuberta para que continuara a reducirse co paso do tempo, aliviando as cargas do Estado de xeito progresivo.

Os pagos da débeda, en opinión de Garay, presentaban á súa vez algunhas particularidades en función do momento no que esta fora contraída. A este respecto tamén se establecen ata tres subcategorías: as débedas contraídas antes de xaneiro de 1815, as que ían dende aquí ata a consolidación do crédito público, e as posteriores a este momento. De entre esas categorías, as débedas contraídas antes de 1815, concretamente durante a Guerra de Independencia, formulaban a Garay a dúbida de se deberían ser cubertas. O ministro aragonés supoñía que "con la invasión enemiga que no estuvo de parte del Gobierno evitar, quedó éste privado de los medios e hipotecas para satisfacerlos (…), no siendo de otra parte justo que mientras las rentas y fortunas de toda clase se sacrificaban para salvar la Patria, disfrutasen los acreedores de los premios de sus créditos con el doble perjuicio del pueblo contribuyente de tener que sufrir tributos para pagarlos, después de haber contribuido con su sangre y desprendimiento absoluto de sus bienes para conservárselos (parágrafo 32)". Finalmente,

[125] Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol 1, pp. 121-124.

advirte a necesidade de efectuar estes pagos como "testimonio de generosidad hacia estos acreedores" pero cunha condición, "conciliándolo con el actual estado del real Erario y del pueblo contribuyente, y a este fin, reconociendo como deuda del Estado estos Créditos, podría declararse que su pago se difiriese hasta ocasión más oportuna". Visto ese actual estado do real erario, non era difícil supoñer as dificultades que agardaban a este tipo de acredores.

Tras isto, Garay establece algunhas regras para efectuar os pagos da débeda nunha porcentaxe variable de cartos en metálico e papel de crédito que sería admitido para a compra de fincas vendidas polo Estado. Unha vez clarificados estes aspectos e cando toda a débeda estivera adscrita a unha destas tres categorías, o ministro de Facenda, aclarando a súa folla de ruta, apunta que "los motivos que me han movido a hacer esta aplicación son el que ninguna clase de deuda quede desatendida por motivo alguno, y sean socorridos los acreedores según lo exije la naturaleza del crédito y las presentes circunstancias del Estado (parágrafo 45)". Con este proceder, a débeda, fose cal fose a súa natureza, iríase reducindo, xerando menos intereses e sendo a súa cobertura máis asumible para as posibilidades do erario.

Chegados á conclusión final da memoria, Garay apunta e reitera que cumprindo este programa de reforma lograríase "la satisfacción de no desatender de la mejor manera posible toda la deuda del Estado, nacional y extranjera, de cualquiera clase, y en cualquier tiempo que se haya contraído (parágrafo 46)". Demostrando novamente un optimismo considerable, apúntase ao cumprimento dunha serie de principios e normas como condición para unha mellora notable da situación xeral:

> "Cúmplase religiosamente a los acreedores lo que se les ofrezca en pago de lo que desembolsaron para hacer subsistir el Estado que nosotros disfrutamos ahora, llénese lo que la religión, la justicia, la política y la conveniencia dictan en nuestra arriesgada situación, y entonces esté seguro V.M. del amor de sus pueblos, y que sean los que quieran los resortes que muevan la ambición, y demás pasiones desordenadas, la razón triunfará, la confianza en el Gobierno se restablecerá, y por estos medios, los únicos de que se debe echar mano, V.M. reynará en el corazón de sus vasallos y tendrá en ellos un trono más seguro que el que pudieron sostener los ejércitos más numerosos. (parágrafo 48)"

Todo isto permitiríalle ao goberno mellorar o seu crédito de cara ao exterior, ademais de conseguilo "sin grabar a sus pueblos en lo más mínimo, antes por el contrario derramando sobre ellos nuevas semillas de prosperidad que bien pronto se verán fructificar". Ademais, non era soamente unha cuestión beneficiosa, senón completamente lóxica, en tanto en canto "V.M. habrá observado que no hay gobierno que quiera acreditarse y hacerse amigos, que no empiece por reconocer la deuda pública y ofrecer religiosamente su pago". A recta final da conclusión da memoria encárgase de poñer en relación as bondades e virtudes conxuntas que resultan da combinación das dúas reformas impulsadas por Garay, ao tempo que se fai chamaba a atención sobre a necesidade de manter as pautas de ámbalas dúas dun xeito firme para conservar eses beneficios [126]. Pódese ver aquí unha perspectiva completamente maniqueísta que presenta unha dualidade absoluta entre a prosperidade e o abismo en función de que as reformas fosen respectadas e debidamente postas en marcha:

[126] Como acontecera nos últimos compases da memoria de Facenda, Garay tamén realiza aquí unha advertencia sobre os perigos que o interese persoal podía chegar a supoñer para o desenvolvemento do sistema de crédito, co cal facía énfase en que "es necesario sostener con firmeza los principios, una vez adoptados, despreciar con indiferencia los consejos de la ambición y del interés individual y oir sólo las del buen celo, y de la sabiduría bien fáciles de conocer, y distinguir". (Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 2, p. 94, parágrafo 48).

> "(…) si no hemos salido de aquel estado miserable, hemos dado pasos muy agigantados para conseguirlo, y desde el momento que se ha visto a V.M. decidido a llevar adelante un sistema de orden, de justicia y de rectitud, la confianza ha renacido y los vasallos de V.M., modelos de fidelidad y de patriotismo están dispuestos a servir a V.M. con todo género de sacrificios (…) Un paso atrás por pequeño que sea volvería a introducirnos en el caos de que aún no hemos salido. (parágrafo 48)"

En directa relación con isto último chama a atención a énfase no aspecto de evitar retrocesos na aplicación destas reformas, premisa claramente empregada para defender as medidas que se impulsaban, presentadas como a salvagarda fronte o descontrol anterior. Sen ter en conta a situación que creaban os novos cambios, a lóxica da argumentación era claramente de fuxida cara adiante. Ao mesmo tempo e en previsión das resistencias que as medidas que presentaba ían ocasionar, Garay trataba de protexerse dos sectores máis reaccionarios recorrendo a dous tipos de argumentos: un era precisamente a volta a esa situación insostible, sempre presentada como un temor do que se comezaba a fuxir; a outra, a lembranza da tradición, pois medidas semellantes xa foran tomadas con anterioridade:

> "He dicho a V.M. que la mayor parte de los arbitrios productivos que hoy se proponen han sido adoptados en otras ocasiones; desechar ahora algunos por consideraciones hacia esta o la otra corporación sería dar un paso retrógrado que abismaría de nuevo el Crédito del Estado, prepararía la bancarrota más escandalosa, y con ella los trastornos y disgustos consiguientes (…) Dios nos libre de tamaño mal, y a mí, mientras tenga el honor de estar a L.P. de V.M., de autorizar un documento que haga derramar en nombre de V.M. una sola lágrima al más pequeño de sus vasallos. (parágrafo 48)"

Finalmente, un derradeiro principio debía ser respectado para evitar caer en situacións tan adversas novamente, e que pasaba por manter a diferenciación entre os ingresos da tesourería e os recadados para o pago da débeda, levantando entre ámbalas dúas un "muro de bronce que nadie sea capaz de quebrantar". En palabras do ministro de Facenda, soamente "no permitiendo que estos fondos, sean los que quieran, tengan otro destino que el que ahora se les señala, aun cuando la Tesorería y la Nación misma se vieran en las últimas extremidades (parágrafo 50)", se lograría reducir progresivamente a cantidade de débeda ás que o erario estatal debía facer fronte. Así, aplicando todos estes principios establecidos na memoria de crédito, en combinación coa firme posta en marcha do novo sistema de Facenda do 30 de maio, Garay confiaba en sacar adiante o erario estatal. Pois tal e como afirmaba finalmente cando se refería á razón de ser en conxunto de ámbalas reformas, "sin tener preparada esta operación y una seguridad absoluta de que V.M., convencido de su utilidad la ha de llevar adelante, los arbitrios más grandes y efectivos para consolidar la deuda del Estado son inútiles absolutamente, como por el contrario, con aquellos antecedentes y la más severa religiosidad en no dar otro destino a los que se dediquen a este objeto sagrado, menos cantidades son suficientes."

2.2.4. As respostas dos conselleiros (a reforma do crédito). A derrota final fronte o privilexio

As réplicas dos membros do Consello de Estado chegaron ata nós novamente a partir das memorias elaboradas por algúns deles ao fío da memoria inicial de Garay sobre o crédito, ademais de contemplarse un resumo das ideas principais das mesmas nas actas desta

institución. A análise das actas e respostas, con todo, en consonancia coa vista mais sucinta que ofrecemos da reforma, será tamén máis concisa, e concretarase fundamentalmente arredor dunha serie de cuestións que aconteceron nos debates. A discusión que xirou arredor do asunto da reforma do crédito foi moito máis prolongada, pois estendeuse durante un total de vinte sesións. Se a primeira das memorias de crédito do ministro de Facenda vira a luz o 3 de setembro, houbo que esperar de novo un tempo considerable para que as respostas dos conselleiros comezaran a ser presentadas. Sendo a primeira delas en ser lida a de Guillermo Hualde, o seu texto expúxose ante o Consello o día 13 de novembro. As datas son importantes, pero de novo, o fundamental volve ser que nos decatemos do dilatado calendario ao que este proceso acabou sendo sometido. Na da Facenda, as memorias tardaron un tempo en ser elaboradas, mais a súa presentación e discusión desenvolveuse nuns poucos días. Desta volta, porén, o debate arredor da reforma do crédito alongouse durante meses, unha problemática que como xa se apuntou, estaba relacionada coa oposición a Garay e mesmo coas vacilacións do propio monarca. Por iso, as actas correspondentes reflicten discusións durante catro meses, de novembro de 1817 a marzo de 1818.

Dos conselleiros que participaran na discusión anterior, soamente Vázquez Figueroa, ministro de Mariña, repetiu elaborando unha nova contribución que en todo caso presentaba menor calidade que a que expuxera na discusión sobre o sistema tributario. Entre os demais membros, nesta ocasión había algúns novos que xuraron o seu cargo o mesmo día que Garay expoñía a súa primeira memoria sobre a cuestión, ofrecéndolle algúns deles máis adiante a súa réplica persoal. O total de memorias de resposta ascende a sete neste caso, correspondendo a súa autoría ao xa citado ministro de Mariña, aos Duques de Veragua, do Parque, San Fernando e ao do Infantado, a Guillermo Hualde e unha derradeira memoria anónima sen sinaturas. Nesta nova serie de respostas e, como xa se dixo, incluímos unha a maiores, a segunda memoria de Garay sobre o crédito (e polo tanto a terceira que aquí manexamos da súa autoría, en orde cronolóxica de escritura), que foi elaborada á súa vez como unha réplica a algúns dos apuntamentos e críticas emitidos sobre as súas propostas, especialmente a Hualde, a quen o ministro de Facenda dedica persoalmente un epígrafe enteiro co seu nome, soamente para responderlle a título individual.

Desta volta, as memorias dos integrantes do Consello de Estado xiraron en torno a temas que se traduciron en debates dos cales algúns xa tiveran o seu inicio nas conversas sobre a reforma de Facenda. Debemos destacar esencialmente a prolixa discusión sobre a participación dos grupos privilexiados en xeral e as cuestións arredor dos seus bens e os arbitrios que lles afectaban en particular. Este resultou ser o asunto principal que ocupou boa parte das discusións, dando lugar a unha profundidade e a uns matices novos no marco dun clima de enfrontamento que debeu ser moito máis apaixonado que o que se vivira meses antes cando se falaba sobre a Facenda[127]. Pero as vendas de bens eclesiásticos que o ministro aragonés contemplaba tampouco foron o único aspecto que se tratou en canto ao tema das fincas vendibles recollidas naquel sétimo anexo da memoria, pois as críticas tamén se estenderon aos bens doutras corporación como foi o caso das ordes militares ou as encomendas. Porén, o tema dos bens eclesiásticos eclipsou as demais cuestións. Por outra banda, deixando xa de lado o proceso de desamortización, tamén nos interesa en segundo lugar a opinión que as memorias transmiten sobre a reforma do sistema tributario recentemente aprobada. Á marxe de como fora presentada esta por Martín de Garay, non podendo esperar moita imparcialidade ao respecto nesta cuestión, o resto dos membros do Consello estaban en disposición de poder emitir un xuízo sobre o seu funcionamento despois

[127] Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol 1, pp. 135.

de que levara xa uns meses en marcha. Por suposto, tamén agardaremos que aquí se presentaran visións parciais en función das posturas persoais e políticas destes homes, polo que tamén haberá que ter coidado ao manexar os contidos. Pasaremos a continuación a analizar estas dúas cuestións tal e como se nos presentan nas memorias dos conselleiros e na segunda memoria sobre o crédito de Garay.

2.2.4.1. A valoración do novo sistema de rendas

En epígrafes anteriores e neste mesmo comprobamos como Garay amosaba un entusiasmo desmedido á hora de confiar na realización dos obxectivos da reforma de Facenda, ao tempo que se trataba de valorar o motivo polo que se manifestaba este optimismo. Non podía ser doutra forma se o aragonés pretendía convencer aos seus opositores e aos sectores máis conservadores para que a reforma saíra adiante, de modo que o escepticismo e as dúbidas debían quedar reducidas á mínima expresión. Porén, o que nos interesa neste apartado non é a opinión que o ministro puidera ter da propia reforma que el mesmo impulsaba, que dende logo non sería neutral, senón como era vista esta polos demais conselleiros unha vez que xa estaba en funcionamento, e sobre todo, en relación a como a valoraban cando estaba sendo discutida. O que temos aquí é, en esencia, un cambio nas opinións ao respecto en moitos casos, pois o clima de debate parece volverse máis hostil, as reservas en canto ao novo sistema de rendas medran con respecto ao debate anterior cando o sistema fora proposto e, en xeral, hai mostras dunha maior desconfianza.

No debate sobre a posta en marcha da reforma do sistema tributario existía unha maioría dos conselleiros favorable, en esencia, á mesma. Os motivos eran outra cuestión e xa tratamos como había quen estaba convencido realmente das bondades do sistema e quen, polo contrario, aceptaba con reservas a modificación dada a falta total de alternativas. Porén, pese a estes matices, a práctica totalidade dos membros do Consello de Estado remataba por estar dacordo coas ideas centrais que Garay presentara, salvo excepcións nalgúns temas onde o debate foi maior (como a participación dos eclesiásticos ou o desconto salarial) ou no caso excepcional da persoa de Francisco Eguía. Algúns dos integrantes da corporación abrazaron moitas das teses de Garay con entusiasmo en primeira instancia. Pero algúns meses despois de que os sistema estivera en marcha, as cousas eran diferentes e xa se miraba con certo receo. Véxase por exemplo o caso que xa citamos de Hualde, principal opositor fronte ao ministro aragonés neste segundo acto reformista, que reclamaba calma antes de valorar positivamente as medidas que se tomaran. Sería necesario, antes de emitir un xuízo favorable, comprobar se realmente a poboación aceptaba de bo grao as novas contribucións, se cumprían con elas sen que os seus intereses foran prexudicados, ou se a recadación se obtiña por vías habituais ou pola contra había que botar man da coerción e as ameazas. Como consecuencia disto, Hualde trasladaba esta desconfianza ao proxecto do crédito e continuaba afirmando que "careciendo de estos datos no puedo formar la verdadera idea del espíritu público para desechar o admitir con seguridad los arbitrios que propone la memoria y listas que la acompañan (Hualde, parágrafo 8)". É dicir, que sen coñecer polo tanto a realidade dos contribuíntes en relación ao novo sistema de rendas, non tiña ningún sentido para este conselleiro debater sobre a forma de afrontar a débeda do erario. Da mesma opinión era o Duque do Infantado, cando recoñecía o seguinte na breve memoria que presentou:

> "Yo desearía participar completamente a la confianza que el señor ministro manifiesta en su exposición y me quiero lisongear de que así se verificará, más no obstante, ínterin no vea los efectos corresponder a nuestras esperanzas me guardaré de aconsejar a V.M. en materia tan ardua, y en la que errado el camino y el tiempo, los efectos serán contrarios a los fines. Así pues opino debe esperarse al año que

> viene en que podrán ya haberse visto y conocido por toda la Nación las consecuencias ventajosas así del decreto de 30 de Mayo como de las demás medidas que deben tomarse para el buen régimen y administración de la Real Hacienda (…) y finalmente en que podrá haber acreditado la experiencia de que las rentas del Estado son más que suficientes para cubrir todas las necesidades en todos los puntos de los dominios de S.M. (Duque do Infantado, parágrafo 5)"

Hai que recoñecer que estes conselleiros non afirmaban nada malo sobre o sistema de contribucións e, mesmo ao contrario, podemos cualificar este razoamento como lóxico. Non obstante, o que debemos ter en conta sobre estas afirmacións é que deixaban sentada a dúbida sobre a eficacia do que se estaba a realizar. O contexto do debate no que estas críticas son lanzadas convértese aquí en algo determinante, pois nunca debemos esquecer que, discutindo no marco do Consello de Estado presidido polo propio rei, calquera dúbida podía traer consecuencias catastróficas para un proxecto, se con elas chegaba a cambiar a opinión que o monarca ou os outros conselleiros tiñan dela. Así, existe aquí un certo distanciamento con Garay, en tanto en canto os conselleiros establecían o éxito do sistema tributario e o cumprimento dos seus obxectivos como condición *sine qua non* para comezar a valorar a posibilidade de levar a cabo a consecuente reforma do crédito, pois de nada serviría dedicar novas figuras impositivas a cubrir as obrigas da débeda se non se podía, antes diso, afrontar os problemas que o Estado sufría internamente. Se o erario non podía cubrir as necesidades propias de nada servirían as promesas que se lle fixeran aos acredores da débeda, pois non poderían levarse a termo, feito que supoñería, aínda máis, o empeoramento da situación vixente. Este razoamento queda perfectamente plasmado da memoria do Duque de San Fernando e Quiroga:

> "He oído decir y con satisfacción mía en este Consejo, y apoyar por el ilustrado Secretario de Hacienda, que la primera y más necesaria cosa, que como preliminar debe empezar a dar crédito al Estado, es la puntual asistencia por la Tesorería General a todas sus atenciones, y que con ella queden cubiertas todas sus diarias y sagradas obligaciones. En vano pretenderíamos buscar auxilios para el Crédito Público, y en valde serían las más solemnes promesas a este efecto, si aquélla no pudiese cumplir con sus cargas y acrecentase la senda del Estado (…) Con mucha satisfacción mía he oído al ministro de Hacienda de V.M. que se habían llenado, si no en todo, en gran parte, estas sagradas atenciones, y bajo esta seguridad podremos proceder al examen de los arbitrios propuestos (…) (Duque de San Fernando, parágrafo 4)"

Este conselleiro estaba dacordo nas condicións necesarias que se deberían cumprir previamente a que se valorara a posibilidade dunha reforma do sistema de crédito e se procedera a analizar os arbitrios propostos destinados a cubrir as obrigas da débeda. Porén, a diferenza dos casos anteriores, personifica un paradigma máis benévolo de cara ao ministro de Facenda, pois nas súas palabras vemos unha maior proximidade e disposición a asumir os informes favorables de Garay. A segunda parte da cita anterior parece concordar co feito de que os primeiros pagamentos foron unha realidade que se levou a termo, polo que, partindo disto, a condición que poñía o Duque de San Fernando semellaba cumprirse. Ou a lo menos esa era a realidade en novembro de 1817, cando estas memorias foron presentadas.

Nesta outra liña que podemos cualificar como máis favorable cara o avance no plan de crédito volvemos atopar a figura do ministro de Mariña. Como lembraremos, Vázquez Figueroa xa se convertera nun importante aliado das teses de Garay trala presentación da reforma do sistema tributario, pois recoñecía que a situación era realmente abafante e

precisaba de auténticos sacrificios para ser corrixida. O odio que este home lle profesaba ás antigas rendas provinciais tamén era considerable e como tal puxérao de manifesto na súa memoria, onde recoñecía que tanto as medidas de aforro e como o novo sistema de rendas eran aspectos necesarios e beneficiosos. Desta vez, a memoria que el mesmo asina presenta unha calidade inferior, de modo que nas partes introdutorias dedícase simplemente a parafrasear moitas das ideas de Martín de Garay sobre a natureza, funcións e razón de ser do crédito, apuntando cos mesmos argumentos por que é tan necesario que un goberno goce de boa confianza de cara ao exterior. Tras este exercicio introdutorio, volve de novo a erixirse como favorable e firme defensor da reforma do novo sistema tributario, establecendo, ao modo das ideas de Garay, a estreita relación entre o seu correcto funcionamento e o crédito público:

> "V.M., por su decreto de 30 de mayo, puso coto a la profusión y a nuevas deudas; y en el día sí a sembrar en el Estado la preciosa semilla de la riqueza y la abundancia, cumpliendo por sus antepasados con los que les han socorrido, y excitando a los presentes y venideros a que se lucren con el mismo bien de la Nación, último y más delicado punto a que pueden llegar las instituciones de una Sociedad. No dudemos de las incalculables ventajas de un Crédito Nacional bien cimentado y seguramente establecido. Sea este un constante supuesto para pasar al examen de los medios de alcanzarlo, baxo la base de que se acredita sólo aquel que religiosamente paga lo que debe. (Vázquez Figueroa, parágrafo 6)"

O secretario de Mariña tamén realizaba un chamamento á unanimidade e a un consenso nas actuacións de goberno. Era necesario chegar a conseguilo nunha cuestión tan importante como a que se trataba, e para elo "debemos entrar desnudos de afectos personales e indiferentes a los estímulos de nuestros individuales intereses, enemigos irreconciliables del bien general". Dacordo en como estivera na memoria anterior con moitas das ideas de Garay, estaba claro que ese acordo tería que darse, non obstante, lonxe de vellas estruturas e de pautas de goberno excesivamente conservadoras. Había dende logo un claro interese concreto nas súas palabras, de forma que tamén introducía a cuestión do medo á situación caótica como garantía de que a liña que se estaba a seguir perdurara no tempo:

> "Ignominiosa esclavitud a un dominio extranjero, inmensa deuda: este es el estado a que han conducido los tiempos pasados. A costa de milagrosos esfuerzos pudimos sacudir aquélla porque, reunidos en ideas y sin otra mira más lo que a todos conviniera y estaba bien, se cooperó de concierto a este gran fin. Libres ya y baxo el paternal régimen de V.M. no debemos dudar de que, con igual unanimidad, alcanzaremos el alivio de una carga que nos abruma y del descrédito en que nos hallamos sumidos. (Vázquez Figueroa, parágrafo 8)"

Tales son algunhas das posturas arredor do recentemente aprobado sistema de contribucións uns poucos meses máis tarde da súa posta en vigor. Interésanos, insistimos, a evolución das opinións, a través das cales podemos comprobar como non soamente teñen cambiado, senón que tamén son empregadas como arma de dobre fío por parte dalgúns dos membros máis conservadores do Consello para tratar de deter o avance do proxecto que se estaba a debater, a lo menos ata que se puideran garantir algúns resultados preliminares. Aínda que o argumento puidera ser valorado como correcto dentro da lóxica, estaba claro que, nas mans de quen o esgrimía, non buscaba outro obxectivo que esa mesma parálise, en tanto en canto se buscaban defender unha serie de privilexios dos que imos falar a continuación. Neste sentido, que homes como Hualde, quen sería o maior inimigo de Garay, empregaran ese tipo de

razoamentos, permite que nos fagamos unha idea do que estamos a dicir. Por outro lado, pese a o uso capcioso que se fixo desas teses, que quedarían ao servizo da defensa das vella ordes, non se debe ocultar tampouco un crecente sentimento de impopularidade cara o sistema de contribución no transcurso deses meses.

2.2.4.2. A participación dos grupos exentos e privilexiados

Esta cuestión viña xa de antigo como demostran os numerosos antecedentes presentados a estas dúas reformas impulsadas por Garay. Como xa tivemos ocasión de comprobar, durante a discusión sobre o que sería o novo sistema de administración da Facenda, volveu rexurdir arredor do subsidio do clero, contándose entre os membros do Consello de Estado posturas enfrontadas, favorables tanto á participación como á continuación da exención dos grupos privilexiados. Agora, nos debates sobre o crédito, o asunto volveu agromar entre os integrantes desta corporación aínda con máis viveza, ata o punto de ocupar boa parte das discusións. Nesta ocasión, pódense citar varios entre os motivos de disputa que foron configurando as posturas presentes, podendo atopar entre as memorias testemuños tanto reaccionarios como máis favorables a un cambio de mentalidade de cara aos grupos privilexiados. O máis sinxelo para abordar as posturas enfrontadas neste debate consiste, na nosa opinión, en recoñecer precisamente esa división no Consello, comprobando cales son os criterios de actuación dos defensores de cada postura, e sobre todo analizando o seu razoamento para proceder do xeito en que o fan. Antes de pasar a isto, porén, consideramos necesario establecer dun xeito máis preciso os motivos que co gallo da discusión sobre a reforma do crédito levaron ao enfrontamento aos membros da corporación. Recoñecelos de forma explícita é importante porque axudan a explicar os puntos centrais sobre os que esa división que se produciu. Unha vez realicemos brevemente esta tarefa, poderemos pasar a ver exemplos concretos de cada un deses dous bandos e a lóxica seguida por cada un deles.

As principais causas que reactivaron os debates desta volta foron, por un lado, as medidas que contemplaban a posible desamortización e venda de certas fincas pertencentes a ordes militares, encomendas e clero regular que aparecían naquel apéndice sétimo da memoria do crédito de Garay. Mentres que nos dous primeiros casos as fincas vendibles estaban bastante máis claras, as medidas contempladas para as pertencentes aos regulares ofrecían unha maior inseguridade en torno ás actuacións posibles sobre as mesmas, posto que o anexo citado recollía como vendibles simplemente as fincas ou efectos que resulten de máis aos regulares na visita mandada facer ou que se determinase no sucesivo. Unha definición bastante vaga e por iso mesmo de ampla interpretación, pese a que esta categoría era a derradeira das once que se establecían no anexo como vendibles. As fincas de ordes militares e encomendas ofrecían quizais menos dúbidas, pero o ataque ás mesmas xa estaba lanzado coa soa posibilidade de contemplar a reforma a súa posible desamortización. Por outra banda, entre os novos impostos que se crearon co obxectivo único de cubrir a débeda do erario estatal, recollidos inicialmente no anexo terceiro da memoria de crédito do ministro de Facenda, había algúns deles que afectaban a beneficios eclesiásticos. O mesmo acontecía con outros que, pese a non ser creados *ex novo*, foran recuperados de documentos e pragmáticas anteriores, aspecto que o ministro aragonés se encargou de puntualizar na súa memoria, como xa comprobamos. O que nos interesa a este respecto é o razoamento que empregarían os defensores dos privilexios destes grupos, pois o mero feito de que se contemplase un cambio de actitude cara eles, aínda que fose por estrita necesidade debido a mala situación económica, xa era considerado unha inxuria e un ataque a estes dereitos e aos grupos que se beneficiaban deles.

Os membros do Consello de Estado favorables á exacción dos grupos privilexiados empregaban fundamentalmente criterios utilitaristas e de necesidade para xustificar estas actuacións sobre os bens e rendas dos grupos privilexiados. Sen tratar de atacar as súas bases, pois estas eran tamén as do propio Antigo Réxime, elevábase a reclamación de que os grupos exentos podían participar máis nas recadacións para evitar o seu afundimento, que redundaría en última instancia no colapso do sistema que lles recoñecía os seus privilexios. Neste sentido, este debate no contexto da modificación do crédito era precisamente unha continuación do producido poucos meses atrás, pero sobre novas bases determinadas polas novas medidas propostas polo ministro de Facenda, e por iso mesmo con motivos diferentes que xustificaban outra vez o estoupido das discusións. Serva como exemplo desta postura a seguinte cita de Vázquez Figueroa:

> "(…) tampoco se desdeñarían los bienes de la Iglesia, antes bien estarían competentemente empleados sirviendo al restablecimiento, al sostén y felicidad del Estado menesteroso hoy, y lleno de necesidades con quien si vacila peligra la misma Iglesia, y que es uno de los pobres más dignos privilegiados y atendibles. (Vázquez Figueroa, parágrafo 18)"

Tamén na mesma liña ía a argumentación do Duque de San Fernando y Quiroga, que na súa memoria exemplificaba á perfección o razoamento utilitarista en canto á participación destes grupos:

> "El clero y la nobleza, Señor, son las clases más obligadas por su interés propio a hacer los mayores sacrificios en favor del Estado, pues que su suerte, su existencia política, y su representación está íntimamente ligada, o por mejor decir, está identificada con la del Trono. Son como los primeros eslabones que forman la gran cadena de la sociedad en una monarquía, a cuya cabeza está el Rey, o el Soberano que la gobierna. Estas clases, Señor, que pueden recibir más de cerca la benéfica influencia del Soberano, son las más obligadas a sacrificarse en su servicio y el de la Patria, pues que ellas sin aquél no existirían, al menos con el lustre que les es debido. Creo que nadie disentirá de mi opinión en este. (Duque de San Fernando, parágrafo 7)"

En virtude destes comentarios, este conselleiro consideraba que ninguén se podería negar a converterse en parte activa das contribucións destinadas ao Estado. Facelo sería unha ofensa ao monarca e á patria mesma, digno de persoas que non se interesan polo ben xeral. Demostrar pasividade ou opoñerse a este tipo de designios emitidos por un goberno lexítimo era un atentado contra o propio sistema social, e polo tanto un ataque á súa propia existencia[128]. Outra mostra da súa memoria deixará ben claro cal era a reacción producida nestes homes ante a negativa dos privilexiados a participar no socorro da Facenda real. Pese a estes razoamentos, o Duque de San Fernando presenta certos matices na súa exposición que o

[128] A censura do Duque de San Fernando cara aqueles privilexiados que se negaran a contribuír en momentos de necesidade como o que se vivía queda tan patente no texto que presentou que mesmo se pode dicir que a súa argumentación rozaba o odio cara este tipo de comportamentos: "Convenidos pues, en que el interés del Clero y de la Nobleza exige hagan grandes sacrificios para salvar al Estado, que es lo mismo que recuperar el crédito perdido, pues que sin éste no podemos políticamente existir, merece toda execración aquel que, animado de un vil y sórdido interés, no se preste gustoso a ejecutarlos. Es como un miembro gangrenado del cuerpo social, y que si posible fuese, el interés público exigía su separación. Mas por fortuna, Señor, los fastos de la historia nacional, y los recientes ejemplos de nuestros días, días de prueba en fidelidad y constancia, han hecho ver que siempre se prestaron a los mayores sacrificios y han estado prontas a quanto se les ha pedido". (Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 2, p. 193, parágrafo 8)"

levan a opoñerse a unha parte dos arbitrios. Por exemplo, consideraba prexudicial a venda dos bens eclesiásticos porque os décimos estaban desacreditados, mentres que os bens de Mestrados non debían ser tocados xa que foran cedidos polos Papas aos reis a condición de non allealos, polo que no caso de facelo sentaríase un precedente perigoso en canto á violación deste tipo de contratos. Sobre as ordes militares afirmaba que certos arbitrios equivalerían a que o rei tomara a decisión de extinguilas directamente, o cal non era posible, xa que estes corpos eran en parte un "tesoro de honor" do propio monarca[129]. O Duque de San Fernando estaba pois, a favor dos sacrificios de man dos privilexiados en xeral, pero non dalgúns daqueles que Garay sinalara en particular.

Había tamén quen se mostraba aparentemente máis neutral no tocante á participación dos bens eclesiásticos para o restablecemento do crédito. Tal era o caso do Duque do Parque, quen evitaba problemas arredando desta candente cuestión afirmando que:

> "(…) sería muy agena de mis conocimientos y profesión; sólo sé que Jesuchristo dixo: dad a Dios lo que es de Dios y al César lo que es del César. La explicación de ese precepto del Divino Maestro, comprende únicamente a los Doctores de la Iglesia, no a mí, ni a ningún Laico; y por lo tanto observaré el más profundo silencio en materia tan extraña a mis estudios y carrera. (Duque do Parque, parágrafo 4)"

O autor da declaración evitaba entrar no tema persoalmente con esta simple anotación, pero con dar a Deus o que é de Deus ben podía estar insinuando que era a Igrexa a que debía decidir sobre os seus bens o que, por extensión, pode entenderse como unha crítica á pretensión de desamortización[130]. Fronte a estes exemplos que acabamos de traer aquí, os sectores máis reaccionarios que se situaban xusto no lado contrario en materia de privilexios, manifestando a súa defensa a capa e espada, dábanlle a volta aos argumentos de quen estaba dacordo coa participación dos grupos exentos. Acabamos de ver a lóxica de como a participación nas recadacións do sistema de Facenda estaba xustificada para estes grupos, porque do contrario, coa súa inacción e pasividade estarían atentando contra a estabilidade social e polo tanto contra o propio edificio do Antigo Réxime. A tradición tamén estaba en certo modo do seu lado, pois algunhas das medidas propostas xa foran postas en marcha con anterioridade. Fronte a isto, os defensores dos privilexios razoan xusto da forma oposta: identificando a estes grupos, nobreza e clero, como bases da sociedade e do propio sistema, atentar contra os seus privilexios era considerado como un ataque contra os cimentos do edificio social, e polo tanto tamén un ataque á estrutura do Antigo Réxime. No outro lado, os favorables á participación dos privilexiados lembraban a lamentable situación económica que había que afrontar. De non facelo, o sistema colapsaría, deixando de existir a sociedade mesma tal e como era coñecida. Na súa opinión, non tiña o menor sentido que os grupos poderosos desa sociedade deixaran morrer o sistema que os sostiña na súa posición tan elevada, recoñecida e por suposto beneficiosa para eles. Máis valía, en consecuencia, decantarse pola participación. Pola súa parte, os defensores dos privilexios tamén contaban ao seu favor con séculos de supostas sabias tradicións (este era polo tanto un argumento que se empregaba nas dúas direccións) e en consecuencia co argumento de que se algo se mantiña durante tanto tempo, necesariamente era porque tiña capacidade de adaptación e polo tanto era bo, pois se non o fora, era lóxico pensar que non tería perdurado tanto. O debate polo

[129] Hernández Andreu, J. (2008), op. cit., p. 250; Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, p. 143
[130] Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, p. 130.

tanto, estaba servido e pivotaba sobre argumentos que, en termos xerais segundo vimos recoñecendo, tiñan pouco ou nada de novidade.

A oposición máis aberta aos ditames de Garay nesta materia personificouse na figura de Guillermo Hualde, que foi sen lugar a dúbidas o que se amosou máis mordaz, incisivo e directo á hora de presentar as súas ideas. A súa actuación nesta materia non se limitou a tratar de formular algunhas dúbidas, pois ao contrario, os seus argumentos e críticas foron máis concretas, de tal xeito que podemos observar un verdadeiro ataque contra as propostas que se centraban en temas de privilexios. Algúns dos apuntamentos, mesmo superaban o ton desafiante e convertíanse en acusacións de gravidade, como a realizada fronte aos arbitrios das ordes militares:

> "Si pudiese dudar de la Religión, fidelidad y amor a V.M. de los que proponen estos arbitrios, sospecharía que desean llevar a efecto las máximas destructoras del Trono y del Altar, que se promovieron en las llamadas Cortes generales para arruinar uno y otro, por medios indirectos, pero muy eficaces, mas apartando de mí semejante idea, devo persuadirme que no han tenido presentes la naturaleza de estos bienes, ni las circunstancias de sus poseedores, y que atendiendo únicamente a la necesidad no han advertido la injusticia, ni han previsto las funestas consecuencias de su ejecución. (Hualde, parágrafo 13)"

Como se pode ver, este home opúxose ás propostas do ministro de Facenda de xeito moi aberto, provocando unha situación no Consello que propiciou practicamente un debate paralelo entre ámbolos dous, abandonándose por momentos a discusión sobre cuestións económicas para entrar noutra que parecía máis propia dun concilio ou dunha reunión de eclesiásticos. Esta disputa acadou niveis nos que saíron a relucir argumentos baseados nos mesmos evanxeos, chegando a deixarse completamente de lado as cuestións técnicas fundamentais que se estaban a tratar inicialmente, nunha deriva por pretender xustificar as orixes daqueles privilexios para ver ata que punto podían ser establecidos certos arbitrios sobre eles. Polo tanto, os argumentos de Hualde adquiriron unha manifesta tintura relixiosa, apelando ao dereito divino, a propiedades sagradas e, por suposto, a unha longa tradición secular de man de anteriores monarcas que mantiveran inalterables ditas prerrogativas. Outro exemplo dos moitos que aquí poderían aparecer, centrábase nas prebendas e beneficios eclesiásticos que se propoñía destinar ao arranxo do crédito público:

> "Confieso, Señor, que me sorprende la facilidad y franqueza con que se intenta disponer de unos bienes que consagrados a Dios en reconocimiento de su Divinidad y supremo Dominio están destinados por él mismo, y por la Yglesia que es el verdadero y legítimo intérprete de su voluntad, a su Culto, sustentación de sus Ministros, y socorro de los pobres. Parece que se miran estos deveres como si fuesen de muy poca consideración y de ninguna importancia, o que adoptando el sistema de los Ateistas, materialistas o Filósofos modernos, que para el caso son iguales, se conspira contra el Clero, cuya ruina traiga consigo la de la Religión en España y la del Trono. (Hualde, parágrafo 29)"

Hai investigadores que xa teñen abordado este debate, que acadou unha magnitude considerable[131]. Tanto foi así que Garay dedicou unha parte significativa da súa segunda memoria a responder a estas cuestións suscitadas a raíz do debate sobre a participación dos estamentos privilexiados con Hualde. Por suposto, tamén houbo espazo para respostar a

[131] Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, pp. 135-153; Hernández Andreu, J. (2008), op. cit., pp. 245-261.

cuestións sobre os bens e arbitrios eclesiásticos e sobre os que afectaban a mestrados e encomendas. Esta terceira memoria de Martín de Garay estaba datada a 1 de decembro de 1817, mais non foi presentada ata algúns días despois, concretamente o 17 daquel mes, logo de que tódolos demais conselleiros interviñeran. Na súa réplica, Garay afirmaba que sostiña unhas opinións "contra las de un sugeto cuyo estado, letras, autoridad, justa opinión de sus luces y anteriores ocupaciones le dan tantas ventajas sobre quien, para este combate no tiene más cánones ni teología que exponer que su Catecismo (parágrafo 4)". Nos seus argumentos, Garay indicaba que Hualde pretende destruír o plan de crédito, pero apela á xustiza do monarca para evitar tal desenlace. Empregando razoamentos históricos que se retrotraían á expulsión dos musulmáns, o ministro falaba de reis piadosos que dotaron, con bens que eles mesmos conquistaran, igrexas e mosteiros, o que demostraría a súa orixe secular. Pero o argumento definitivo seguía a ser o da utilidade e o rescate da monarquía, en directa relación á cita anterior de Hualde:

> "Si la obligación de esta clase de bienes es la del culto del santuario, y decorosa manutención de sus ministros; si sus sobrantes deben destinarse a los pobres; y si no hay en el día otro más pobre que el Estado (…) ni otro, por consiguiente, que tenga más derecho que él a todos estos sobrantes, ni en quien se puedan emplear mejor, por la utilidad que de ello debe resultar a la misma Iglesia (…) (Garay, 2ª memoria de crédito, parágrafo 16)"

Finalmente, despois destes debates levouse a cabo un proceso de votación semellante ao que acontecera poucos meses antes unha vez que foran discutidos os principais aspectos da reforma de Facenda. Aínda así, a valoración foi moito máis detida, xa que os arbitrios destinados ao crédito foron votados un a un a petición do Duque do Infantado, o que fixo que o proceso en conxunto se alongara varios meses[132]. Neste camiño, a venda de fincas que fora proposta quedou moi limitada pola oposición do propio Consello, afectando sobre todo a algunhas fincas de natureza civil, entre as que cabería destacar baldíos e reguengos. Ao mesmo tempo, o pago de intereses tamén se resentiu, porque a recadación dos tributos destinados a semellante fin era demasiado cativa[133]. Polo tanto, a idea da desamortización proposta por Garay desvirtuouse en boa medida e non se arranxou nada ao respecto da necesaria reforma da estrutura da propiedade, que debería esperar algúns anos máis. A partir das súas propostas, despois da participación de diferentes conselleiros e alimentado con todo isto o debate que se produciu no marco da mesma corporación, acabouse elaborando un novo Real Decreto sobre o crédito que viu a luz o 5 de agosto de 1818, máis breve e concreto que o do 30 de maio[134]. De tódolos seus artigos, un total de vinte e un, o décimo sexto resulta ser o máis importante de todos eles xa que constitúe a listaxe de tódolos arbitrios que serían aplicados á amortización da débeda e ao pago dos seus intereses.

Debemos decatarnos de que esta reforma do crédito público estaba supeditada ao éxito ou fracaso daquela do sistema tributario aprobada pouco antes, tal e como deixaran claro moitos dos conselleiros que participaron no debate sobre a segunda das reformas. Se os desexos de consolidar este crédito non chegaron a bo porto foi precisamente en boa medida polo fracaso que ese sistema de Facenda experimentou finalmente (aparte das insuficiencias e a oposición xa mencionadas), situación aproveitada polos inimigos de Garay na súa contra. Pero o decreto sobre o crédito, coa base proporcionada pola primeira das reformas, facía énfase en acometer

[132] Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol 1, pp. 144-145.
[133] Comín, F. (2016), op. cit., p. 136; Hernández Andreu, J. (2008), op. cit., p. 312-313.
[134] Balmaseda, F. M. de (1818-20) vol. 5, pp. 383-429.

a consolidación e reforma do mesmo sobre diversas directrices[135]. Por unha banda, avogábase pola protección das actividades económicas da agricultura, comercio e artes. Por outro lado, o goberno debía garantir a capacidade de entrega ao seu traballo por parte dos funcionarios ocupados nas recadacións e na administración das rendas de Facenda, ademais de tratar de someterse a unha serie de presupostos o máis axustados posibles e comprometerse a cumprir relixiosamente cos prazos do pago da débeda contraída en calquera momento. Por último, habería que manter unha separación tallante e absoluta entre as caixas destinadas ás operacións de crédito público respecto aos fondos que terían como fin cubrir as necesidades da tesourería. Ademais do preámbulo, o resto do Real Decreto ía contemplando toda unha serie de aspectos sobre a débeda que respondían en parte á estrutura que Garay adoptara na súa primeira memoria de crédito. É dicir, que os primeiros artigos do documento trataban aspectos relativos á clasificación da débeda, a continuación dos cales se situaba un segundo grupo de disposicións que facían referencia ás formas de afrontar o seu pago, para no último termo, contemplar un terceiro conxunto de artigos que se encargaban de compendiar e analizar aqueles arbitrios que eran destinados para cumprir ese mesmo obxectivo. Como vemos, unha estrutura que coincidía, aínda que non na súa orde, si nos seus contidos, con aquela memoria redactada polo ministro de Facenda onde presentara as súas propostas para corrixir o sistema de crédito público. En último lugar, o decreto establecía a creación dunha xunta que cumpría fundamentalmente cun obxectivo de control e cun papel de árbitro nestas cuestións. Porén, pese á súa articulación, Fontana conclúe en que as medidas propostas neste arranxo do crédito público non chegaron a implantarse nunca, máxime cando pouco máis dun mes despois, Garay era exonerado do seu posto[136].

Finalmente, como a reforma do crédito de Garay non conseguiu solucionar a situación vixente, o estado das cousas nesta cuestión debe encadrarse na consecuente herdanza de hipotecas e compromisos políticos que recibiron do pasado os gobernos liberais que virían despois, conformando un legado pesado e moi voluminoso. Ademais, dada a pobreza da Facenda, os responsables da súa administración deberon recorrer a métodos heterodoxos para xestionar a débeda, a través dunha serie de hábitos viciados e prácticas irregulares que foron moi difíciles de desterrar[137].

2.3. O REAL DECRETO DO 30 DE MAIO DE 1817

2.3.1. O corpo do Real Decreto

Retomaremos agora a reforma do sistema fiscal exactamente onde a deixáramos aparcada xusto antes de pasar á análise da modificación do crédito. Trala discusión dos diferentes temas presentados por Martín de Garay, estes foran valorados e aprobados, algúns deles con certas modificacións. Aquel proceso marcaría as pautas do futuro decreto do 30 de maio de 1817 que pasamos a analizar. O documento foi presentado aos membros do Consello de Estado con anterioridade á súa publicación oficial, pouco despois de ter lugar as votacións, o 9 de maio. Este día pode ser considerado, polo tanto, como a derradeira data de importancia no marco desta corporación para o asunto da reforma de Facenda. Dende aquí soamente restará unha última data de referencia para a súa posta en marcha, que non sería outra que a da publicación oficial do decreto.

O que aconteceu naquel día de maio quedou ben reflectido na acta correspondente do Consello. Comezouse por ler a entrada que compendiaba as cinco sesións anteriores, tralo cal

[135] Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol 1, pp. 153-156.
[136] Fontana, J. (1971), op. cit., p. 313.
[137] Comín, F. (1996), op. cit., vol. 2, pp. 39-40 e 139.

o ministro de Facenda "hizo presente al Rei Nuestro Señor que por su parte tenía ya pronta la minuta del Decreto que debía servir para sancionar las determinaciones de S.M. con acuerdo del Consejo sobre el importantísimo y difícil negocio del arreglo de la Real Hacienda". Así, neste momento, o decreto presentaba aínda un estado embrionario, o borrador previo á redacción definitiva, traballo que polo tanto tivo que ser levado a cabo nos días seguintes. A acta da sesión continúa emitindo unha relación dos contidos daquela lectura, composta por un exordio e unha serie de artigos que non nos é posible coñecer pois, como o propio escribán apuntou, "no se pudieron transcribir en esta acta por manifestar el mismo Secretario de Hacienda que tenía que rectificar algunos y añadir otros de los últimamente aprobados por S.M. en las sesiones del Consejo en que se han discutido y acordado, pero se registrarán cuando estén nuevamente dispuestos en los Protocolos de la Secretaría según el orden que les corresponda". Concluída a lectura do documento por parte de Garay, o monarca abriu unha rolda de intervencións para que o resto dos conselleiros formularan as dúbidas pertinentes, momento no que o ministro de Graza e Xustiza, Lozano de Torres, "echó de ver que el decreto se extendía a varios puntos que no estaban comprendidos en el plan discutido, y por consiguiente que ni habían sido acordados por el Consejo, ni aprobados por el Rey". A esta observación, o de Facenda puntualizou "que era así cierto, pero que se habían tratado en otras sesiones anteriores a su asistencia al Consejo, y que estaban aprobados por S.M.[138]"

Tras esta sesión, na que non houbo demasiados comentarios, a elaboración do decreto continuou ata a súa forma final, que rematou vendo a luz o 30 de maio. O contido do mesmo, como é lóxico, lembrará aos apuntamentos realizados por Garay na súa primeira memoria, e con vistas a organizar as páxinas seguintes pode ser dividido nun total de catro apartados. O exordio ou introdución, seguido dun primeiro compendio de sesenta artigos onde se dá forma ao novo sistema de Facenda e se establecen os seus principios esenciais, e dous corpus a maiores: unha instrución de trinta e nove disposicións máis que inclúe as regras fundamentais para levar a cabo os repartimentos da contribución e, por último, unha serie de bulas que garantían a aprobación, por parte da Santa Sé, das cargas aplicadas sobre o estamento eclesiástico.

A instrución é unha parte fundamental no conxunto, pero trátase realmente dun anexo que foi engadido ao Real Decreto (conformado estritamente pola introdución e o primeiro grupo de artigos) e que está datado un día despois da aprobación do mesmo, o 1 de xuño. Un corpus lexislativo que, por outra banda, resulta especialmente importante para a nosa investigación, xa que da execución das normas que contén xurdirán as xuntas locais, e con elas as actas destas corporacións, ademais de estipularse a formación de cadernos da riqueza, a saber, dúas das fontes principais desta investigación. Os tres apartados que levamos citado ata o de agora, sen as bulas, representan o fundamental do decreto. Por outra banda, dende o punto de vista da análise práctica e da posta en marcha do sistema tributario, os compendios de artigos son as pezas realmente determinantes. Isto é así porque, mentres que o exordio se pode definir como unha introdución sobre a situación previa do reino e como unha exposición de motivos que leva a tomar unhas medidas concretas, as dúas relacións de artigos son os apartados realmente diferenciais que materializan precisamente as decisións aprobadas e as poñen en marcha. Así, de cara á organización do novo sistema que se ía implantar, o exordio non resulta demasiado útil pese a preceder o primeiro grupo de artigos, pois soamente os introduce e xustifica a existencia da reforma. Isto é soamente, porén, un razoamento práctico, o cal non resta valor aos contidos desa introdución. Pola súa parte, entre as bulas figura o consentimento para que os bens dos eclesiásticos puideran ser incluídos nos repartimentos

[138] Sesión do 9 de maio, en Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, pp. 351-354.

establecidos no marco da nova contribución e tamén o permiso a que o subsidio do clero de trinta millóns de reais durante un período de seis anos fose recadado.

Estes documentos foron localizados xuntos en tódolos arquivos onde, no transcurso desta investigación, se achou documentación sobre o proxecto da contribución xeral[139]. Polo tanto, en conxunto, estas catro partes que acabamos de presentar formaban un todo unificado, o que explica o longo título que presentaba o caderno do Real Decreto do 30 de maio, copiado e remitido aos pobos do territorio estatal:

> "Real Decreto para el establecimiento del Sistema General de Hacienda: Instrucción para el repartimiento y cobranza de la Contribución del Reyno y Bulas dadas por el Santísimo Padre Pío VII en Roma a 15, 16, 17 y 18 de Abril de 1817."

Pasamos agora a considerar as diferentes partes e a analizalas. Baixo o encabezamento de "El Rey", a introdución comeza dando conta da lamentable situación que vive a nación, sobre todo a nivel económico, cumprindo as funcións de contextualizar e xustificar o proxecto que se ía levar a cabo. Un apartado onde prima a escrita en clave catastrófica, pero abrindo as portas cara a esperanza de poder mellorar a situación a través da realización de sacrificios. Aínda que ao final será Martín de Garay a persoa que asine o conxunto formado polo exordio e o primeiro conxunto de artigos, óptase por unha fórmula na que o rei fala en primeira persoa, como se esta introdución tivera sido escrita por el. Da autoría do rei non depende dende logo a realización deste escrito, pero existen unha serie de motivos e obxectivos que levan a adoptar esta fórmula narrativa, os cales aparecen recollidos na derradeira das actas que acabamos de citar un pouco máis arriba, a do 9 de maio:

> "(…) puesto todo en boca de S.M. con un lenguaje enérgico, expresivo, lleno de unción y de aquella sencilla y noble magestad con que los Reyes se anunciaban a sus Pueblos, hace que sirva para preparar el ánimo de sus vasallos, y persuadirles a la necesidad absoluta de concurrir con nuevos sacrificios, aunque menos sensibles, a la salvación de la Patria, por la que los han hecho tan grandes; a que conozcan las ventajas de los medios determinados para hacerlo; y a que se convenzan por último que si el piadoso corazón de S.M. se ha decidido a gravar a sus vasallos, ha sido después de hacerse violencia a sí mismo, de procurar inútilmente otros recursos para contener los males inminentes del Estado y después de bien persuadido a que el sistema, a que no ha podido menos de acceder, es el más suave y más equitativo y el que podrá bien pronto indemnizar a la Nación del nuevo desenvolso que va a sufrir, en el fomento que debe sucederse de la agricultura, artes y comercio[140]."

O exordio presenta os aspectos que levaron ao Estado a tan penosa situación. Comezando o percorrido da situación vixente facendo referencias ata incluso o reinado de Filipe V, esta introdución establece nun vago "compendio de desgracias y pérdidas de otras épocas remotas" o comezo dos males que afectan ao Estado naquel momento de 1817. O crecemento da débeda e o lóxico descrédito asociados a esta realidade deron lugar a que "España llegó a

[139] Tódalas copias, con independencia do arquivo no que se atoparon, foron producidas nunha soa imprenta da cidade da Coruña. As referencias que empregamos para analizar os compoñentes do R.D. descritos proceden desa versión:
RD 1817, de 30 de mayo, para el establecimiento del Sistema General de Hacienda: Instrucción para el repartimiento y cobranza de la Contribución del Reyno y Bulas dadas por el Santísimo Padre Pío VII en Roma a 15, 16, 17 y 18 de Abril de 1817, Coruña, Imprenta de Iguereta.
Existe unha copia dixitalizada pola Biblioteca de Galicia, cuxa ligazón incluímos a continuación, por simple interese consultivo: http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.cmd?id=5715 (consultado o 22/04/2019).

[140] Sesión do 9 de maio, en Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol.1, p. 352.

hallarse sin recursos, sin fuerzas, y obligada a admitir en su seno a un enemigo extrangero que se complacía en su premeditada destrucción". Continúa, sempre falando o rei en primeira persoa, un agradecemento a tódalas persoas que posibilitaron a liberación dese inimigo invasor, gabando as virtudes do pobo español levantado en armas, pero advertindo tamén dos sacrificios que se fixeron e das penurias que esta situación rematou supoñendo. Deste xeito, "no por eso dejé de concebir la esperanza de que bajo un gobierno paternal mis súbditos se repararian con ventaja de las pasadas desgracias, (…) mas entretanto era necesario atender a las obligaciones inmensas de un sin número de tropas que se habían levantado[141]". Os pobos estaban abafados e pedían que se relaxase un pouco a súa situación, e mentres tanto "la deuda pública se habia acrecentado durante la guerra hasta lo infinito". Tres anos despois do regreso do monarca, a débeda era aínda maior, aducíndose a necesidade pese aos auténticos desexos do soberano. Saen aquí a relucir os principios que o levaron a decretar un novo sistema de Facenda para o momento presente:

> "Mis vasallos conocerán algun día el precio de mi previsión, de la resistencia que siempre opuse a todo pensamiento de imponer nuevas contribuciones a los pueblos, reservando para tiempo oportuno, como creo que es el presente, la organización de un sistema, no de arbitrios siempre ruinosos a los pueblos, y sí general de hacienda, que pudiese fundarse en sólidos principios, sin mezcla de arriesgados métodos, dudosas teorías y complicadas operaciones[142]."

Non é necesario dicir, chegados a este punto, que aínda que o rei pretendera de feito a mellora da situación, está claramente reflectido aquí o pensamento de Garay baixo a aparencia da voz do monarca, sendo esta afirmación unha mostra da vontade do ministro aragonés de simplificar o sistema de Facenda. Así, pese a que non é o monarca o que escribiu estas páxinas, en ocasións coma esta vese dun xeito moi claro como se produce unha permeabilidade das ideas de Garay cara a súa figura. O texto introdutorio continúa coas medidas que se comezaron a tomar para tratar de solucionar a mala situación imperante dende o momento da volta de Fernando VII ao trono, entre as cales figuran a creación das xuntas de Facenda ás que se lles encargaría o obxectivo de analizar a situación e tratar de buscar algunha solución. Tras analizar as contas en déficit, o rei é presentado, novamente amosando un traspaso de ideas de man de Garay, como unha persoa disposta "a aliviar por una parte a mis pobres pueblos, (…) y a introducir por otra tal orden en las contribuciones, que ellas basten para satisfacer las verdaderas cargas públicas, (…) que recaigan sobre bienes de toda especie y que se rebajen quanto puedan rebajarse". Outra parte da solución sería que o rei afirmaba que "recurrí al Sumo Pontífice por medio de mi Embajador en Roma, manifestando las ansiedades de mi corazón, los apuros de que me veía rodeado y el pensamiento que habia concebido de arreglar el sistema de la hacienda en todas sus partes sobre principios de rigurosa justicia, por lo qual le supliqué, que mediante estos reinos habian quedado destruidos con la última guerra, (…) se dignase concurrir por su parte concediendo ámplias facultades para que aquel arreglo pudiese verificarse con la perfección que Yu deseaba[143]". Vemos como, para xustificar as actuacións, o papel de actor principal recae sobre a figura do monarca, situado como motor de tódalas actuacións emprendidas.

Tras describir o proceso mediante o cal se discutiu a posibilidade de novas reformas no Consello de Estado, o exordio continúa criticando as rendas provinciais, que presentan por

[141] R.D. do 30 de maio de 1817, Introdución, p. 4.
[142] Ibídem, pp. 5-6.
[143] Ibídem, pp. 7-8.

unha banda, grandes problemas e desigualdades: algunhas recaen sobre o comercio e prexudícano, mentres que outras fano sobre "los consumos de unas pocas especies las más necesarias a la vida". Por outra banda, tamén adoecen dun grave problema na súa xestión, posto que "debiendo producir estas rentas y derechos llamados provinciales una suma exorbitante", en lugar diso "no suben sus produtos de ciento cuarenta y un millones de reales". Pola contra, ao tempo que se criticaba o sistema de Castela, vemos como os vasalos de Aragón "muy aliviados en el modo de contribuir, presentan en el tesoro una suma cierta y libre absolutamente de toda carga y descuento, tanto más apreciable que no resulta de ninguna vejación[144]". Optouse entón por un sistema mixto baseado en parte no establecemento dunha contribución directa que xa se tiña intentado noutras ocasións anteriores, complementada con outro sistema nas principais cidades e portos habilitados, que neste intre soamente se nomean. Non podía ser doutro xeito, xa que o monarca fora advertido de varios dos problemas que afectaban ao sistema de Facenda vixente, en tanto en canto "estas reflexiones movieron naturalmente al Consejo a manifestarme que el sistema actual era sumamente imperfecto, falto de equidad, e incapaz de extension y medida, como se reconoció en todas ocasiones, especialmente en las de guerra y apuros[145]". Este sistema que sobrevivira ata o momento presente, estaba superado e quedara obsoleto, así que debía ser suprimido porque xa non funcionaba e non servía para satisfacer as necesidades dun Estado actual. Nese sentido, "las Rentas Provinciales y sus agregadas traen su origen de épocas muy lejanas, en que los egércitos y grandes gastos no eran permanentes, y en que por consiguiente se desconocían en Europa los sistemas regulares de hacienda, tan felizmente adoptados en los tempos modernos, como traspasados por el exceso de fuerzas enormísimas y desproporcionadas". A solución que se describía a continuación sería a que configuraría a esencia da reforma e de todo canto se derivaba dela, así que aquí estaban expostos nun breve espazo tódalas directrices básicas do proxecto:

> "(…) lo más sencillo, más justo y más conveniente era señalar presupuestos fijos de gastos lo más moderados que pudiesen ajustarse (…), conservar las rentas propiamente dichas, llevar al mayor grado de perfección sus valores, recurrir a la generosidad, acreditado desprendimiento y amor del Clero a mi Real Persona y servicio por cierto tiempo, mientras estos valores no llegan a obtenerse, y formar el verdadero sistema de hacienda, estableciendo una administración fácil, sencilla, libre tambien de trabas interiores, y extensiva a todos los objetos de consumo, según tarifas bien combinadas en las puertas de las capitales de provincia y puertos habilitados a que concurren extrangeros, gentes de gran riqueza y los que no la tienen conocida, y reuniendo en una sola contribución el importe de las que hasta el día se cobraron directa o indirectamente (…) De manera que reunidos los valores de las rentas y fondos anteriores que entraban en el tesoro Real, los de puertas de grandes ciudades y puertos habilitados, los de rentas agregadas hasta aquí a las Provinciales, que deben subsistir separadas por su diferente naturaleza, el donativo, ciertas imposiciones, productos de economías e los de la contribución general, completen e igualen la suma de presupuestos de gastos del Estado. Y el Consejo reconoció por último en conformidad de la Junta de Hacienda, que este sistema no se combinaba con las exenciones e inmunidades de ninguna especie para el repartimiento y egecución de la contribución (…)[146]"

[144] R.D. do 30 de maio de 1817, Introdución, pp. 8-9.
[145] Ibídem, p. 10.
[146] Ibídem, p. 10.

O Consello de Estado, por suposto, non decidiu por unanimidade, pero soamente agora que temos analizado as memorias ao respecto da reforma da Facenda sabemos ata que punto isto é certo. Continuando coa introdución, descríbense algunhas das vantaxes que traería consigo esta nova administración, entre as que se incluían "mejorar el actual sistema de contribuciones, desembarazando su cobranza de enredosas formalidades", beneficios que tamén se manifestaban "disminuyendo notablemente el número de empleados, cuya manutención cuesta a mis súbditos cantidades muy grandes que no entran en el tesoro real", e en xeral posibilitando unha contribución máis xusta e equitativa e polo tanto "menos gravosa a mis pueblos", consecuencia que se derivaba da decisión de facer "participantes sin distinción a todos los españoles de los auxilios que deben prestar a la patria común". Os beneficios favorecerían especialmente a unha capa da poboación, a dos máis pobres; porén, esixíase a cambio outra actuación nun ámbito diferente e complementario, de modo que "este sistema de equidad y justicia (…) quedaría incompleto, sería de corta duración y de poca transcendencia al mismo tiempo, si el Crédito Público no se consolidase con fondos especiales, separados del tesoro, cuantiosos y seguros[147]". A reforma do crédito estaba polo tanto en marcha, e como podemos comprobar aquí novamente, era considerada un complemento indispensable que fai necesaria a análise conxunta que xa se intentamos previamente. Para lograr o principio de xeneralidade exposto "el Santísimo Padre accedió a todos mis ruegos, y a la Secretaría del Despacho de Estado llegaron cuatro bulas" que materializaban as peticións de axuda ao clero e poñían un punto e seguido ao debate sobre a tributación eclesiástica que estoupara nas discusións sobre a reforma do sistema tributario. Segundo o exordio, esas bulas contemplaban que:

> "En cualesquiera [contribucións] territoriales que se carguen y recaigan sobre la riqueza general se comprendan sin excepción, los bienes eclesiásticos del estado secular y regular, guardándose las inmunidades, como Yo lo habia pedido, en las contribuciones indirectas o de pueblos administrados que recaen sobre las ventas, cambios y consumos, y en los diezmos y derechos de estola o pie de altar (…) Tambien para que el mismo Clero auxilie las necesidades del Estado por el término de seis años con un donativo de treinta millones de reales repartido por una junta de tres eclesiásticos que señala, sin ninguna intervención del Gobierno[148]."

Na recta final do apartado introdutorio inclúense algunhas reiteracións respecto ao novo sistema e ás medidas que habería que tomar. Porén, entre estas últimas faise mención por vez primeira no decreto a dúas cuestións importantes: por unha banda e sen dar maiores explicacións, a de efectuar un "moderado descuento a los que gozan cierto sueldo por el estado, el cual se señalará". Por outro lado tamén se contempla a necesidade de tomar medidas "para los repartimientos, desagravios y conocimiento de la riqueza general e individual de las provincias y contribuyentes, que después de repetidas operaciones naturales y consiguientes a este género de contribución se obtengan los resultados exactos o aproximados a exactitud que es posible obtener para que se forme la estadística del reino y en lo sucesivo haya bases ciertas de repartimiento, así para las provincias como para los pueblos". Dúas decisións un tanto ocultas na recta final da exposición que ben poderían pasar desapercibidas, algo que quizais se pretendera tendo en conta que poderían cualificarse como impopulares. Por unha banda a cuestión dos recortes salariais e, pola outra, a intención de obter un coñecemento máis certeiro da riqueza dos contribuíntes, algo que se trataría de poñer

[147] R.D. do 30 de maio de 1817, Introdución, p. 11.
[148] Ibídem, pp. 11-12.

definitivamente en práctica coa elaboración dos apeos e os cadernos da riqueza, unha das nosas fontes fundamentais.

En todo caso, o final do exordio consiste nun compendio de gabanzas ao proxecto, salientando unha vez máis as súas virtudes e as do soberano, gracias ao cal todo isto se podía levar a cabo. Para conseguir o obxectivo final da monarquía, que o rei identifica en conducir aos seus vasalos a un estado de felicidade, unha serie de pautas deberían ser cumpridas "inviolablemente". Esas non son outras que o apartado de sesenta artigos que compoñen o primeiro corpus deste decreto. Pese a que algunhas delas xa foran avanzadas nesta introdución, pois cumpría obxectivos non soamente de contextualización senón tamén de resumo, os artigos abordan polo miúdo todas esas directrices.

De entre tódolos artigos que compoñen o primeiro corpus do Real Decreto para o establecemento do sistema xeral de Facenda, moitos deles presentan contidos que xa foron tratados aquí nas páxinas e capítulos previos. Quizais resulta ocioso dicilo, pero é algo lóxico tendo en conta que as discusións que analizamos a través das memorias e actas son as que deron lugar a o propio decreto tal e como se deu a coñecer. Porén, aínda que isto sexa obvio, hai que apuntar tamén que algúns destes artigos ofrécennos información, senón nova, si máis detallada dacordo a algunhas cuestións determinadas, porque presentan unha linguaxe moito máis directa, e sobre todo concisa e concreta. Algúns aspectos das discusións puideron presentar algún cambio ata seren reflectidos no decreto de xeito definitivo, tal e como se queixaba Lozano de Torres na última das sesións do Consello de Estado, por non mencionar que naquela ocasión Garay soamente presentara un borrador previo á redacción definitiva. A maioría das votacións efectuadas nas sesións do 3 e 4 de maio aparecen despachadas nas actas cun simple "conforme", baixo o cal se englobaban varias cuestións que eran votadas en grupo. Nalgunhas das propostas relativas ao ministerio de guerra, por exemplo, anotouse "que se instrúa máis este punto para a súa decisión" sen que nas actas das sesións relativas á reforma da Facenda se volva mencionar nada destes asuntos. Non pretendemos con todo isto restar valor a memorias e actas, senón chamar a atención sobre os posibles cambios que poden sufrir as decisións dende o momento no que son tomadas ata a súa reprodución nun decreto, de maneira que aínda que as grandes liñas da reforma se decidiran no marco do Consello, o que realmente importa para a aplicación é a forma na que se plasmen no Real Decreto, polo que a súa análise tamén será interesante e reveladora.

O decreto e os seus artigos son o produto definitivo, céntranse nas cuestións esenciais e preséntanas dun modo o máis claro posible, pois da súa interpretación dependía o correcto funcionamento do sistema de Facenda a partir daquel momento. Esta é precisamente unha das vantaxes da súa linguaxe, a claridade expositiva que en teoría deben amosar. A non ser que sexan corrixidos ou completados nun momento posterior á súa publicación por vías oficiais, a forma na que estean escritos pasará a rexer a nova realidade que establecen, o que tamén pon de manifesto as contradicións internas que poidan existir entre uns e outros. Analizando este corpus decatarémonos de que neste proxecto, esas contradicións existiron dende o primeiro momento nas súas pautas básicas, o que fixo necesarios novos documentos oficiais para resolver dúbidas e completar a lexislación que se acababa de aprobar.

Procederemos á análise dos artigos por bloques temáticos, agrupando varios deles na medida en que nolo permitan os asuntos nos que se centran. Os primeiros (do 1º ao 6º) están dedicados ás cuestións de presuposto e gastos, de maneira que, entre outras cousas, fixan a asignación que se votara nas sesións do Consello de Estado, é dicir, as cantidades de diñeiro que correspondían tanto á Casa Real como a cada un dos distintos ministerios para o desenvolvemento das súas tarefas básicas (artigo 2º). Este grupo de primeiros artigos porén, comeza expoñendo o principio fundamental que rexería a economía do Estado, afirmándose

que "los gastos se ajustarán precisamente en lo sucesivo a un presupuesto fijo de cada Ministerio y de mi Casa Real, al valor líquido de las rentas y contribuciones, a la posibilidad de los contribuyentes y a las verdaderas necesidades del estado" (artigo 1º). A primeira contradición desta afirmación salta á vista se pensamos que sería moi cuestionable que todos eses conceptos se mantiveran invariables ante cambios nos contextos nacional e internacional. Efectivamente, o artigo 9º recolle o conflito bélico como situación que daría lugar a gastos extraordinarios, pero aínda en tempos de paz, necesidades do Estado e posibilidades dos contribuíntes son conceptos vagos e dificilmente definibles que non teñen por que evolucionar en conxunto, nin moito menos coincidir. Ademais, se como acabamos de indicar, o artigo 2º establecía as cantidades asignadas á Casa Real e aos ministerios, resulta evidente que as posibilidades dos habitantes non eran realmente tidas en conta. Había un diñeiro que debía recadarse, a suma de todas esas cantidades asignadas, sen importar realmente as capacidades da poboación.

Esta situación explícase perfectamente pola dicotomía existente entre os chamados impostos de cupo (cantidade fixa) e os de cota (porcentaxe). Esencialmente, se a Facenda decretaba unha cantidade a recadar, consigue con elo garantir un certo nivel de ingresos con independencia da riqueza real de cada territorio. Uns ingresos que non estarían garantidos por unha auténtica cota proporcional á riqueza dos contribuíntes medida pola vía dun catastro ou a través de calquera medio para lograr dito obxectivo. Esta contradición que aparece entre un imposto que di pretender ser proporcional e as esixencias ao mesmo tempo dunha cantidade determinada serían o froito dunha serie de ensinanzas aprendidas co tempo a partir do funcionamento doutros sistemas fiscais como eran os dos territorios aragoneses. Unha cantidade fixa buscaría garantir a suficiencia mínima dun imposto determinado, sobre todo ante a carencia de medios efectivos para combater a fraude fiscal[149]. Teoricamente, un repartimento mediante cupo non debería ser máis inxusto que un de cota mentres se respectara a riqueza proporcional de cadaquén, pero resulta que o exercicio da fraude tamén vai ser desigual e non se vai repartir de xeito equitativo entre tódolos contribuíntes. En mans dos poderosos especialmente, estes individuos podían manipular as institucións encargadas dos repartimentos, o que na práctica facía estes impostos máis gravosos para aquelas persoas que gozaban dunha menor influencia[150]. Coñecemos, ademais, os problemas que supuxeron (por seguir usando os mesmos exemplos da Coroa aragonesa) os respectivos cupos durante os primeiros anos de funcionamento de sistemas como o Catastro catalán, que demostraron ser elevados para as posibilidades dos contribuíntes, e tiveron que irse axustando progresivamente á baixa ao longo de varios anos[151]. Tempo de apreciacións e arranxos dos que Garay non dispuxo á fronte do ministerio de Facenda nin tampouco o propio sistema en vixencia antes de ser retirado.

Ese presuposto establecido nos primeiros artigos contemplaba tamén a partida de dez millóns de reais para o fomento da agricultura, o comercio e as artes e debía ser respectado constantemente. En principio, pódese detectar unha certa vontade para tratar de controlar os gastos de cada ministerio e a partida individual dedicada a cada un deles. Por unha banda quedaba establecido que os outros departamentos debían enviar ao de Facenda unha listaxe cos seus presupostos, tarefa que se debía efectuar con anterioridade ao primeiro día de setembro, momento no que se distribuían os caudais entre os ministerios (artigos 3º e 4º). Do mesmo xeito establecíase que "por ningún motivo se confundirán los gastos de un Ministerio con los de otro" (artigo 6º), o que imposibilitaba cubrir a falta de numerario dun coa

[149] Pro Ruiz, J. (1992), op. cit., pp. 3-11.
[150] Artola, M. (1986), op. cit., p. 35.
[151] Segura i Mas, A. (1988a), pp. 33-34.

asignación de calquera dos demais. Ao mesmo tempo, nese mesmo artigo tamén se afirmaba que "todo cuanto tenga relación con el presupuesto de cada uno se entenderá que le pertenece", aspecto que era quizais unha concesión de Garay en recoñecemento da autonomía e independencia de cada despacho, como unha compensación polas restricións que se contemplaban nos artigos anteriores. Porén, o artigo 5º establecía a posibilidade de incrementar as cantidades establecidas para cada despacho baixo certas condicións, en tanto en canto "no se abonará ninguna partida que deje de estar incluida en esta lista sin que se dé cuenta en el Consejo de Estado y preceda Real orden", o que na práctica diluía a idea da firmeza dos presupostos. Ademais estaban os chamados gastos extraordinarios, fixados nunha cantidade máxima de trinta millóns de reais que tamén se recollían no artigo segundo.

A partir do artigo 7º, o tema cambia para centrarse no estado das rendas e na temática dos impostos, polo que entramos nun novo bloque de artigos. En primeiro lugar establecíase que o ministerio de Facenda debería elaborar un informe da situación xeral das rendas que debía presentar ante o Consello de Estado o primeiro día de setembro de cada ano e que estaría baseado nos valores do ano previo, sendo publicado o 1 de decembro o sinalamento de distribución aprobado polo monarca (artigo 8º). No artigo 9º contémplase o caso excepcional de gastos extraordinarios nos ministerios provocados por unha guerra, que debían ser en todo caso comunicados ao soberano para que este decidise o que conviñera arredor da situación configurada segundo os dous anteriores artigos.

Os seguintes artigos perfilan máis concretamente a situación resultante en materia de figuras impositivas. Algunhas rendas estancadas como a da sal, o tabaco ou papel selado subsistirían, sendo necesario establecer medios, que non se contemplan, para aumentar os seus valores (artigo 10º). O mesmo habería que facer cos produtos derivados das rendas de aduanas (segundo o artigo 15º quedaban suprimidas as interiores), debendo fomentarse o comercio exterior. Na administración das rendas decimais e de loterías tamén se establece a necesidade de introducir medidas de economía e exactitude (artigos 11º e 12º). Estas disposicións son moi breves e quedan en meras declaracións de intencións, sen darse realmente pauta algunha para posibilitar as melloras necesarias neses ámbitos, á marxe dunha breve referencia a rematar co contrabando, tamén sen establecerse medidas algunhas ao respecto. Os artigos 13º e 14º establecen os dereitos de portas nas capitais de provincia e nos portos habilitados. Contémplase con todo unha paréntese ata que o novo sistema estivese completamente establecido, posto que "mientras estas tarifas no se arreglen (…), seguirán cobrándose los actuales derechos y contribuciones de toda clase que se recaudan por administración, arriendo, ajuste, imposición o repartimiento según antiguos aranceles y métodos". Do mesmo xeito, o cobro desta nova contribución contemplaba excepcións, xa que "en las mismas ciudades capitales de provincia y puertos habilitados en que deben cobrarse derechos de puertas, el estado eclesiástico secular y regular gozará de las inmunidades y exenciones de que gozó hasta ahora". Segundo os artigos 16º e 17º tamén se mantiñan, debido á súa diferente natureza, as rendas de poboación de Granada, a do décimo do aceite de Aljarafe da ribeira de Sevilla, así como a de augardente e licores "hasta que Yo tenga a bien disponer otra cosa como y cuando convenga". Queda ben patente aquí a subsistencia destes corpos para decatarse de que había excepcións que permanecían fóra da supresión que se estipulara no novo sistema de contribución.

Dentro deste segundo bloque de artigos, a partir do 18º establécense os fundamentos da que sería a nova contribución directa, tales como as rendas que englobaba concretamente, as persoas e grupos que estaban suxeitas a ela e de que modo, a forma na que se levarían a cabo os repartimentos provinciais e os prazos dacordo aos cales se organizaría. Concretamente, nese mesmo artigo cítase o contido exacto desa nova imposición, excluíndo claro está, as que

xa foron citadas de forma explícita con anterioridade e das cales se anunciara o seu mantemento:

> "Todas las demás rentas llamadas provinciales, y las que con ellas corrian unidas con el nombre de alcabalas, cientos, millones, fiel medidor, ramo de velas de sebo, ramo de jabón, nieve hielo, martiniega, sosa y barrilla, las equivalentes de estas mismas, que se hallan establecidas en Aragón, Cataluña, Valencia y Mallorca, la contribución de paja y utensilios, la extraordinaria de frutos civiles, y el subsidio eclesiástico, se refundirán en una sola contribución, y cada una de ellas queda abolida para siempre según el sistema observado hasta el día."

Tras lembrar que esta contribución non se pagaría nas cidades nas que rexerían os dereitos de portas (artigo 19º) e que as alcabalas e outros dereitos vendidos pola Coroa pertencentes ás rendas provinciais quedaban totalmente abolidos (artigos 20º e 21º), no artigo 22º establécese a quen afectaría esta nova contribución equivalente e en que forma:

> "Las personas de todo estado, clase y condición, seculares, eclesiásticos o regulares de mi reino, estarán sujetas a esta contribución, y pagarán a proporción de lo que posean en cada pueblo, sitio y lugar en que tengan propiedades de qualquiera especie que sean.
> Sin embargo, atendiendo al respecto que me merece el Clero secular y regular, lo declaro inmune y exento de pagar esta contribución en la parte de diezmos no secularizados que posee, y derechos de estola o pie de altar."

A contribución presentaba unha suposta vontade universal que como podemos comprobar por partida dobre, non é tal. Á marxe dos dereitos de portas, non se pode cualificar como tal dende a óptica das rendas que comprende, pois hainas que quedan á súa marxe e sobreviven, pero tampouco dende o punto de vista de a quen afectaba, posto que presenta exencións explícitas entre os integrantes do clero (segundo os artigos 14º e 22º). O sistema afectaba efectivamente a persoas de todo estado, clase e condición, pero iso non significa que se aplicara a tódalas persoas deses estados de igual modo. Seguiu habendo dúbidas que tiveron que ser resoltas con sucesivos comunicados e Reais Ordes, as cales ademais se foron dilatando no tempo durante máis dun ano despois de que o decreto orixinal vira a luz. O 10 de outubro de 1817, por exemplo, aínda era necesario lembrar a exención dos décimos non secularizados do clero, esixindo que se lles devolvera aos seus perceptores o que se lles recadara de xeito indebido, recordatorio que foi repetido novamente o 16 de marzo do ano seguinte. Pero para ter unha idea máis exacta de ata que punto se chegou coas puntualizacións neste apartado, podemos sinalar o feito de que, anos máis tarde ao realizar a súa análise sobre a Facenda nestes anos, Pinilla recolleu ata vinte e cinco casos particulares de bens ou rendas que foi necesario aclarar que estaban incluídos na contribución xeral. Se isto aconteceu co que caía dentro da recadación, non foi moito máis sinxelo aclarar aquilo que estaba exento. Na mesma obra que acabamos de citar, o autor recolle outra ducia de casos que desta volta quedaban excluídos de ser contabilizados para o imposto[152]. Entre os colectivos que quedaron exentos de participar na contribución xeral, paga a pena destacar aos xornaleiros que non tiveran máis bens para contribuír que o seu propio xornal, novidade que, porén, non foi recoñecida ata finais de 1818, cando Garay xa non estaba á fronte do ministerio. De tódolos xeitos, tal exención tampouco sería de feito tan real como poida parecer a primeira vista, pois

[152] López Juana Pinilla, J. (1840-48), vol. VI, pp. 40-45.

moitos destes individuos acabarían contribuíndo igualmente ao erario pola vía dos dereitos de portas e os consumos, sobre todo nas áreas próximas ás cidades e vilas.

A continuación, os artigos pasan a dar conta das cantidades que serían recadadas e a forma na que eran calculadas (artigo 23º). Loxicamente, a nova contribución debería sumar unha contía que equivalera ás cantidades que se agardaba recadar pola vía de tódalas rendas que se suprimían e se condensaban nesta nova, pero a esta cantidade ademais engadíanse agora os valores das alcabalas alleadas e, sobre todo, a cantidade que resultara deficitaria nos presupostos elaborados en cada exercicio económico, que como xa sabemos resultaba da diferenza entre ingresos e gastos estimados da Casa Real e dos diferentes ministerios. Finalmente, a suma total a recadar quedaba fixada en douscentos cincuenta millóns de reais. Hai nesta cantidade un detalle importante sobre o que se pode chamar a atención se observamos outras cifras presentadas, por exemplo na primeira memoria de Garay, pois agora pode observarse un incremento importante respecto das cantidades que eran manexadas naquel texto. Como xa se falou máis atrás, Artola levou a cabo a reconstrución do presuposto do que estamos a falar e chegou a detectar a existencia dun superávit nas contas resultantes, claro está, sobre o papel, lóxico froito da contracción do gasto que se viña propugnando de xeito constante.

Posteriormente pásase a afondar no modo no que a contribución equivalente sería cobrada sobre o territorio. Para comezar, "se repartirá entre todas las provincias y pueblos contribuyentes del reino", efectuándose o proceso dacordo cos niveis de riqueza de cada provincia e o nivel actual das rendas que recaeran sobre cada unha, pero deducindo o importe das capitais e portos habilitados. O detalle de provincias contribuíntes resulta importante e deriva do debate final vivido no Consello de Estado, pois sobre os territorios exentos nada se apuntaba. Os repartimentos provinciais serían efectuado pola Dirección Xeral de Rendas canto antes, que realizaría os cálculos oportunos, indicando a cantidade que a cada territorio lle correspondería pagar, inalterable mentres non se dispuxera dunha estatística completa e fundada sobre a produción de cada territorio, que se debería elaborar a partir duns modelos determinados aos que se faría referencia máis adiante. Finalmente, cando esa estatística se formara, pasaría a rexer, en adiante, como norma para a elaboración dos repartimentos (artigos 24º ao 28º). Do nivel provincial báixase ao dos pobos, correspondéndolle a elaboración dos repartimentos respectivos a "Intendentes, gefes y oficinas principales de las provincias que hasta ahora entendieron en la administración de Rentas Provinciales y sus equivalentes" (artigo 29º). A Xunta Principal Provincial de Contribución e Estatística de Galicia, con sede na cidade da Coruña e co intendente á cabeza, sería o organismo superior encargado destas cuestións no territorio galego. En realidade, as vellas estruturas encargadas de administrar a recadación mantíñase, polo tanto, intactas dende o punto de vistas das autoridades e encargados, de onde se deduce facilmente a pervivencia de problemas e abusos de natureza moi semellante.

Contémplase tamén a posibilidade de emendas e desagravios aos repartimentos, xunto con mecanismos de reclamación que non son aclarados neste corpus. Dise simplemente que para todo isto "extendereis y comunicareis una instruccion clara y sencilla que se observará con puntualidad" (artigo 30º). Para afondar no coñecemento dalgúns destes mecanismos habería que agardar á lectura do seguinte corpus de artigos, moito máis centrado na vertente práctica e organizativa dos aspectos que establece o Real Decreto. As cotas establecidas pagaríanse íntegras e sen ningún desconto, aínda que poderían darse casos excepcionais baixo certos supostos (artigo 31º). Por exemplo, "si algún o algunos pueblos sufriesen desgracias, podrán solicitar de mi Real benignidad su exención o alivio en todo o en parte, con la correspondiente justificación, por medio del Intendente respectivo y de la Dirección general

de Rentas". No noso caso, ao atopar fondos no arquivo municipal da cidade da Coruña, onde residía a xunta principal, atopamos algúns exemplos desta correspondencia entre o intendente e os pobos, na que estes piden exencións e rogan pola redución da cota que lles foi asignada. Chegado o momento, no capítulo sobre a conflitividade, veremos exemplos de como os pobos invocaban diversas situacións adversas e escusas para tratar de ver reducida a súa asignación.

A cuestión dos descontos e dos perdóns totais ou parciais das súas respectivas asignacións aos pobos non era de tódolos xeitos algo que preocupara demasiado á administración, pois este particular tamén rematou sendo clarificado axiña, pola vía da R.O. do 12 de agosto de 1817[153]. Nela quedaba apuntado que, xa que a contribución se baseaba nunha cantidade fixa a recadar, se un pobo obtiña un perdón, a súa parte debería ser asumida polos demais da provincia, co obxectivo de non prexudicar o presuposto establecido orixinalmente. Porén, por ser esta unha decisión nova, a propia orde establecía que tal medida non entraría en vigor ese mesmo ano no que era publicada, senón no seguinte. Este feito demostra un claro erro de xestión: a administración central pasara por alto probablemente que nalgunhas áreas da península existían pobos con exencións impositivas que aínda se estaban a reconstruír por mor da guerra contra Francia, pero que recibiron igualmente unha asignación cando se repartiu a nova contribución. Ante a imposibilidade de efectuar os cobros neses lugares, o perdón dese ano non era obra da graza ou favor do monarca, senón que o feito de realizar os novos cálculos daría pé á súa vez a retrasos que non podían tolerarse no contexto de necesidade no que a Facenda se atopaba sumida. Era preferible ignorar a asignación dalgúns pobos a ter que calcular de novo as cantidades de tódolos demais núcleos dunha provincia enteira, polos problemas que tal acción traería consigo.

Seguidamente, establécense que os prazos de recadación se rematen organizando "por cuatrimestres o tercios de año", levándose a cabo a primeira recadación o 1 de setembro (artigo 32º). Unha organización temporal que coincidía, tal e como informa Pinilla, coa execución dos encabezamentos das rendas provinciais que acababan de ser suprimidas[154]. O feito de non alterar os calendarios de pagamento redundaría aparentemente nunha dobre vantaxe, pois non soamente evitaba queixas por parte duns contribuíntes que vían como as datas non variaban, senón que ao facelo, esa continuidade favorecería os intereses da propia Facenda ao eliminar posibles protestas sociais de terse aventurado a facer algunha modificación. Non cabe dúbida de que este aspecto é unha das mostras de continuidade que o novo sistema seguía mantendo respecto do tradicional, pero este feito non evitou que, tal e como veremos no capítulo de conflitividade, os encontróns entre o calendario de pagos e o agrario foran unha fonte importante de malestar. A tradición polo tanto non sempre era un argumento válido, pois o calendario impositivo era demasiado estrito e non sempre respectaba os ritmos naturais das actividades agrícolas. Con todo, como medida excepcional froito da convivencia de dous sistemas distintos, se no tempo transcorrido do presente ano algunha poboación efectuara xa algún pago en concepto de rendas provinciais nun momento anterior á súa abolición, a parte correspondente sería detraída da asignación de contribución que lle correspondera (artigo 33º). Tras dúas breves referencias a débitos e libranzas remata así a parte relativa á nova imposición, con algunhas lagoas e referencias bastante vagas a outras instrucións que deberían ser establecidas dun xeito máis minucioso. Esas pautas figuraban precisamente no segundo corpus de trinta e nove artigos anexo ao Real Decreto, cuxa análise abordaremos pronto.

Trala parte da contribución xeral, existe unha única referencia ao desconto que se ía efectuar sobre os salarios dos empregados, xa que no artigo 36º establecíase unha redución do

[153] López Juana Pinilla, J. (1840-48), op. cit., vol. VI, pp. 113-114.
[154] Ibídem, p. 49.

catro por cento para todo aquel individuo ocupado na administración que cobrara máis de doce mil reais anuais. Unha medida que non coincidía cos designios de progresividade propostos por Garay, pero que quedara definitivamente establecido deste xeito nos debates do Consello. Despois deste apuntamento, comezan os referentes ao novo imposto que afectaba ao estamento eclesiástico e que fora recoñecido mediante bulas papais. Así, no artigo 37º contémplase que "El estado eclesiástico secular y regular auxiliará al tesoro por el término de seis años con un donativo de treinta millones de reales en cada uno sin ningún descuento". O decreto fálanos así dun donativo do clero que realmente lle ven imposto e que polo tanto resulta de obrigado pago. Con todo, tal e como se acordara, establecíase como forma de compensación que o goberno non interviría no seu repartimento nin tampouco na recadación dese novo imposto, a lo menos na teoría. Na práctica, aínda que se contemplaba que todo quedaba en mans dunha xunta eclesiástica, esta estaba "compuesta del Comisario general de Cruzada, Colector de Espolios, y otro eclesiástico que Yo tenga a bien nombrar" (artigo 38º), o que permitía ao monarca ter unha certa influenza, aínda que minoritaria, pois quedaba reducida a un terzo dos integrantes, sobre ese organismo encargado do imposto clerical. A chamada Xunta de donativo estaba en contacto durante o proceso soamente co ministerio de Facenda, ao cal debería dar noticia das cantidades entregadas á tesourería (artigo 39º), o que supoñía en certo modo outro medio de control. O artigo 40º trata algunhas cuestións sobre produtos de espolios e vacantes que completaban o relativo ás novas medidas fiscais sobre o estamento relixioso.

A partir do 41º podemos establecer outro pequeno bloque temático de artigos cuxo tema central versa sobre a débeda pública. Aínda que a reforma do sistema de crédito sería desenvolvida amplamente, tamén aquí se tratan algúns aspectos iniciais sobre estes asuntos, marcándose algunhas das bases da que se sería a futura reforma deste ramo. Trátase unicamente de cuestións previas que a posibilitarían, así que os seguintes seis artigos poden ser considerados como unha introdución ou folla de ruta que se debería seguir unha vez se estableceran as pautas do novo sistema tributario nesta materia. Aparece nomeada xa a Xunta de medios, debéndose proceder "a proponerme el plan de aquellos [medios] que sea bastante para pagar los intereses, gastos y obligaciones del establecimiento, y para amortizar anualmente una parte de la deuda hasta su total extinción" (artigo 42º). Debería publicarse tamén un estado desa débeda, exercicio que ademais tería periodicidade anual (artigos 43º e 44º) co obxectivo de deseñar un plan correcto que tería por obxectivo a súa extinción. Os medios que deberían ser empregados a tal efecto debían manterse no tempo, tal e como se apuntaba no artigo 45º, segundo o cal "ninguno de los medios que Yo tenga a bien aprobar para la extinción de la deuda pública se rebajará a proporción que esta se verifique hasta su fin. Por consiguiente será siempre progresivo el aumento de la amortización". En última instancia, como mecanismo de control, o ministro de Facenda debería formar expediente non soamente dos medios para extinguir a débeda, senón tamén dos acredores que tiñan algunha conta pendente coa Facenda española (artigo 46º). Analizando estas cuestións podemos decatarnos de que o que temos aquí son parte dos obxectivos iniciais que Garay se marcaría na súa primeira memoria de crédito cando a presentou ante o Consello de Estado: coñecer a situación da débeda e dos acredores ademais de clasificalos, establecer unha serie de arbitrios para amortizar a débeda ou garantir que esa serie de medios se mantivesen estables en todo momento para ila reducindo dun xeito progresivo, asegurándose con iso a mellora de confianza do Estado.

Os catorce artigos que restan do primeiro compendio deste Real Decreto tratan sobre toda unha serie de asuntos entre os que predominan as medidas de economía, control e métodos varios para conter os gastos en tódolos ministerios, se ben os temas abordados son numerosos

e sen aparente orde: cuestións que xiran arredor de privilexios, exencións comerciais, admisión de novos traballadores públicos, ascensos ou xubilacións, ademais dalgunhas cuestións relacionadas co exército. Trátase realmente dunha serie de principios en forma de medidas que, expostas na memoria correspondente, foron reunidas ao final do texto para acabar de dar forma ás pautas fundamentais baixo as que rexería o novo sistema de administración fiscal. Polo xeral obsérvase tamén unha linguaxe máis vaga, en tanto en canto estes artigos son menos precisos, empregan fórmulas máis xenéricas e en ocasións son realmente breves. Tendo en conta o importantes que resultaban para Garay algunhas das pautas que aquí aparecen (pensando en tódalas veces que fixo énfase nelas mentres expoñía a súa memoria), chama a atención que figuren ao final do documento. Por exemplo, o artigo 47º dispón que "en todos los ramos de la administración se observará un sistema riguroso de economía, según el cual todos los gastos se minoren y ninguno se aumente". Esta idea esencial completaba o principio dos presupostos fixos do primeiro artigo, mais pese a todo, foi situada case ao final do compendio.

Tamén se fai referencia á sinxeleza como pauta de actuación en tódalas ramas da administración. Por exemplo en materia de empregos (artigos 48º ao 52º), prohibíanse os ascensos civís ou militares mentres quedaran individuos sobrantes nesas mesmas clases ás que se efectuaría a promoción, ao tempo que se ordenaba que tódolos ministerios levaran un exhaustivo control dos seus empregados. Hai aquí, dende logo, unha clara vontade de aforro, pois é lóxico pensar que persoas ascendidas accederían a soldos maiores dos que a administración se debería facer cargo. Pero esa sinxeleza nas actuacións do goberno tiña tamén o seu reflexo en materia de privilexios, posto que se prohibía a súa concesión ao comercio (tanto o peninsular como o americano), o outorgamento de exencións novas, ou o aumento do número de foros e aforados (artigos 54º ao 56º). As reservas que Garay tiña fronte aos privilexios volven aparecer aquí, e estas medidas perseguían probablemente evitar unha diminución das cantidades recadadas polo erario, posto que a concesión de privilexios coas exencións conseguintes, traería consigo esta consecuencia lóxica, que sempre iría en contra das arcas do Estado. En materia concreta de exército, dacordo cos mesmos principios de racionalización e contención de gasto, establecíase que "no se crearán tampoco cuerpos militares de ninguna clase, fuera de los casos de guerra (…), y se reducirán los que convenga suprimir o reducir" (artigo 53º), ao tempo que se establecía a necesidade de reparar os cuarteis canto antes (artigo 57º). O primeiro compendio de artigos remata despois dunhas pequenas consideracións aos aloxamentos, bagaxes e asistencia de tropas (artigos 58º ao 60º)

A nota aclaratoria final resulta moi breve e nela simplemente se sinala que "tendreislo entendido, y lo comunicareis a quienes corresponda". Estas, en aparencia, disposicións reais, rematan coa localización e data (en Palacio a 30 de maio de 1817), a sinatura do monarca baixo a fórmula "Yo el Rey", a continuación da cal figura o nome de Martín de Garay. Dende este momento, entraba en vixencia o Real Decreto, comezando un proceso de reprodución e copia do mesmo que tiña por obxectivo facer que chegara a tódolos recunchos do territorio sobre o que se aplicaría, dende os chanzos máis altos da administración ata os máis baixos a carón da poboación, onde se efectuaría todo o proceso de recoñecemento da riqueza e recadación dos novos impostos. Nese sentido é nestes lugares onde atopamos esta documentación, hoxe en día conservada en arquivos municipais, pero na época normalmente anexa á documentación das actas das xuntas encargadas de executar este decreto a nivel local.

2.3.2. A instrución do 1 de xuño

Pasamos seguidamente a analizar o segundo corpus de artigos, anexo ao decreto do 30 de maio. Tal e como suxire o seu encabezamento, a "Instrución para el repartimiento y cobranza

de la contribución" datada no 1 de xuño de 1817, consistía nun documento cuxo obxectivo principal non era outro que o de establecer as pautas fundamentais para a posta en marcha da nova imposición establecida nos artigos do corpus principal. Ao longo deste documento o seu contido vai facendo referencia aos diferentes chanzos da administración, comezando polas pautas xerais do novo sistema, pasando a continuación ao nivel provincial para, en última instancia, descender ata o nivel do repartimento nos pobos. En xeral prodúcese o uso dunha terminoloxía que se volve máis técnica, pero ao mesmo tempo procura ser sinxela e clara na medida do posible, algo que debía ser así para que a interpretación e conseguinte posta en marcha de tódalas actuacións fose o máis doada posible pois, lembremos, todos estes compoñentes dos que falamos foron reproducidos tipograficamente e enviados ás autoridades locais. Polo tanto, a linguaxe empregada debería tratar de axilizar esa posta en práctica, facilitando a comprensión de tódolos procesos por parte dos encargados de executar as distintas fases da contribución nas respectivas localidades, en directa relación cos habitantes do territorio. Pese a este desexo evidente, o obxectivo de claridade na exposición non sempre se logrou, como teremos ocasión de comprobar máis adiante.

Comezando por aqueles artigos que fan referencias ao comezo dos repartimentos entre os niveis máis elevados da administración central, o primeiro deles recoñece que a cantidade que sería repartida pola vía da contribución sería determinada polo rei. Isto non é máis que unha consecuencia lóxica da linguaxe empregada no decreto, onde parecía que era o soberano quen construía toda a estrutura do novo sistema de Facenda. En consecuencia, tamén sería a el a quen lle correspondería fixar a cantidade a repartir. Por outra banda, o organismo que se encargaría de realizar o proceso de repartimento sería a Dirección Xeral de Rendas dacordo coas pautas do artigo 25º do corpus anterior, é dicir, baseándose na riqueza e nos niveis de rendas de cada provincia, sen ter en conta os das capitais de provincia e portos habilitados, tralo cal deberían emitirse copias aos intendentes de tódalas provincias. O documento orixinal dese proceso quedaría na contadoría xeral, que tamén debería levar conta do estado remitido polas contadorías provinciais (artigos 2º ao 4º).

A continuación, os artigos pasan a ocuparse do repartimento neste nivel da administración, así que efectuamos aquí o primeiro descenso, dende o chanzo da central ao da provincial. Agora, os contadores principais executarían o sinalamento das cantidades correspondentes a tódolos pobos da demarcación provincial, de novo baixo as mesmas regras de atender aos niveis de riqueza e de rendas. Para levar a cabo este proceso deberían ser tidos en conta os produtos das actividades agrarias, industriais e comerciais na súa totalidade, afectando esta regra incluso ás áreas anexas das cidades onde se cobraran os dereitos de portas, aínda cando os propietarios residiran nesas localidades (artigos 5º e 6º). Isto limitaba a aplicación dos dereitos de portas estritamente á riqueza que circulaba no casco urbano destas localidades, pois como vemos, os espazos rurais do seu arredor, aínda que en termos de xurisdición pertenceran a elas, computaban na práctica para a contribución directa. Unha vez que o contador principal presentase o repartimento ao intendente establecíase a condición final de que "con la concurrencia del R. Obispo, o persona eclesiástica que dipute, del Regidor decano de la capital, Síndico personero, Administrador general, del mismo Contador y del Asesor de rentas, se examinará y aprobará con las modificaciones que sean justas" (artigo 7º). Rematado este proceso, as cantidades a recadar serían comunicadas a tódolos pobos de man do intendente, remitindo copia das mesmas á administración central (artigos 8º e 9º). Tamén quedaba establecido que os caudais da contribución serían intervidos nas localidades cabezas de partido, a onde o intendente dirixiría as certificacións do contador principal (artigos 10º e 11º).

De novo volvemos descender un chanzo na administración ata chegarmos ao máis baixo de todos, o dos pobos e parroquias, onde se levaría a cabo o repartimento individual por veciños, do cal se encargan os seguintes artigos. Así, é este nivel dos pobos o que realmente nos aporta unha información máis substanciosa de cara á riqueza persoal das diferentes familias que viviran nunha parroquia determinada ou nun pequeno núcleo de poboación. Isto é así porque, máis adiante, será precisamente nestas unidades territoriais onde se elaboren os apeos e cadernos para coñecer esa riqueza de cada veciño, así que podemos afirmar que é xustamente aquí onde comeza, en esencia, o auténtico funcionamento do sistema tributario en contacto directo cos contribuíntes e onde se empezará a comprobar a adaptación á realidade de tódalas disposicións teóricas establecidas. A tarefa de efectuar os repartimentos nos pobos comezaba coa creación dunha xunta encargada de todo o relativo á súa administración e cobranza, que ademais contaba coa presenza de varios cargos públicos e incluso relixiosos entre os seus integrantes. Estas corporacións debían existir incluso nos núcleos onde rexeran os dereitos de portas, para encargarse de computar a riqueza do seu hínterland, tal e como se dispuxera no artigo 6º. O proceso de creación destas corporacións está exposto no artigo 12º:

> "Para el repartimiento individual, tanto en las capitales y puertos habilitados por lo respectivo a su territorio (…), como en todos los demás pueblos de la provincia, se formará una Junta compuesta del Corregidor o Alcalde mayor, del R. Obispo, si lo hubiese, o persona eclesiástica que dipute, del Cura párroco más antiguo, si no hubiese Obispo, del Regidor decano, Síndico Personero o del Común, y del Secretario del Ayuntamiento sin voto.
> En los pueblos en los que halla más de un párroco concurrirá el más antiguo."

Unha vez realizada esta tarefa, procederíase ao nomeamento doutros persoeiros que, dada a estrutura do novo sistema, estaban chamados a ter un papel esencial dentro da mesma, os peritos repartidores. No seu caso "la Junta a pluralidad de votos elegirá dos o más personas de probidad e inteligencia por peritos repartidores, quienes bajo juramento procederán al señalamiento de la contribución individual" (artigo 13º). Estes dous derradeiros artigos supoñen a proba directa de que todo quedaba en mans das elites, civís pero tamén relixiosas, de cada localidade. Eran elas as encargadas de ocupar os postos da corporación encargada de todo o relativo á contribución no pobo e, máis aínda, tamén tiñan a potestade de nomear as persoas que calcularían a asignación de tódolos contribuíntes. Estes artigos apuntan polo tanto ao que será un dos caracteres fundamentais do sistema da contribución directa de Garay. A escaseza de medios obrigaba a que a súa estrutura funcionase a partir destes grupos de poderosos, o que ao mesmo tempo facilitaba os abusos e arbitrariedades cometidas por estes mesmos persoeiros.

A cantidade a recadar sería a sinalada dende a intendencia no nivel superior do edificio administrativo, cun aumento do tres por cento que sería destinado a cubrir gastos (artigo 14º). Entre estes estaban contemplados, por exemplo, os ocasionados polo propio funcionamento natural do proceso de recadación, onde se incluía, por exemplo, a condución do numerario obtido ata a tesourería da provincia ou do partido que correspondera, ou o estipendio para os agrimensores encargados de posibles medicións. As implicacións desta cuestión son máis importantes do que a primeira vista poida parecer. En primeiro lugar debemos recoñecer que todo o custo da indagación de información para a elaboración da estatística da riqueza repousaba sobre ese incremento porcentual. Se a estatística era á súa vez unha condición indispensable para que a contribución se calculara de forma máis adecuada no sucesivo (artigos 27º e 28º do primeiro corpus), o que temos aquí é que o propio funcionamento futuro do sistema tributario repousaba neste punto. Por outra banda, os ditos custos podían variar en

grande medida en relación a unha morea de factores (extensión do termo territorial, número de veciños ou número de persoas necesarias para os traballos, por poñer algúns exemplo) así que a cantidade resultante dese incremento podía non ser suficiente. Se isto acontecía, con toda seguridade comezarían novos problemas administrativos en forma de retrasos. Porén, non se contemplaba solución algunha na lexislación para semellante eventualidade. Na práctica, isto era unha mostra máis da forte dependencia que o proceso tiña dos poderes locais. Máis grave aínda era a outra cuestión que se desprendía deste feito: a proba da falta de medios, tanto humanos pero sobre todo económicos, que afectaba nestes momentos a un Estado que claramente non podía abordar por si mesmo unha empresa destas características, aspecto que xa teñen posto de manifesto algúns autores nos seus traballos[155].

O artigo 15º tamén resulta moi importante xa que nel figuran exactamente as persoas que quedaban sometidas á contribución e que bens ou beneficios debían ser gravados. Se ben é certo que este artigo é moi semellante ao número vinte e dous do primeiro compendio xeral de artigos, estoutro establece algún matiz máis preciso, especialmente no tocante a que produtos estaban suxeitos a contribución:

> "Serán contribuyentes todos los vecinos del pueblo, y los hacendados forasteros por las haciendas, ganados, oficios, tratos, comercio y utilidades que les resulten en el término de cada uno. Igualmente lo serán los eclesiásticos seculares y regulares, las manos muertas por las tierras, casas, frutos y rentas de cualquiera especie que disfruten, exceptuándose solamente los primeros en la parte de diezmos y derechos de estola."

Tendo en conta isto, xa coñecíamos as excepcións a esta regra, pero cabe chamar a atención sobre a idea de que calquera beneficio que aportase algo á riqueza das persoas do pobo estaba suxeito teoricamente á contribución. Tamén é importante decatarse de que en cada lugar o reconto da riqueza se realizaría para todo o seu termo territorial, polo que na documentación figurarían os veciños doutros lugares que tivesen algún beneficio económico no núcleo no que se estaba a facer o reconto. De cara a unha investigación, isto favorece a visión de conxunto de cada núcleo, pero dificulta o coñecemento exacto da riqueza dos individuos en concreto, xa que non sabemos ata que punto unha persoa obtén ingresos de fontes situadas noutras freguesías máis alá daquela na que reside. A forma de realizarse o proceso de contribución, primando o criterio territorial por riba do persoal, presenta así certas vantaxes e inconvenientes que trataremos cando falemos das fontes da investigación. En todo caso, tamén quedaba establecido que as persoas que debían figurar nos recontos non serían soamente as que obtiñan beneficios económicos dalgunha actividade, pois no artigo 18º tamén se establece que debían ser anotados aqueles veciños que non contribuían, isto é fundamentalmente, os pobres da parroquia.

O proceso de repartimento debería ser elaborado polos peritos "según reglas de justicia, y evitarán cando sea posible las desigualdades y reclamaciones de los contribuyentes, presentando a la Junta, con relaciones claras y circunstanciadas, el juicio en que se apoye la tasa y cómputo de productos, para deducir la cantidad individual de la contribución" (artigo 16º). Cando a xunta coñecese estes traballos dos peritos tería lugar un proceso de revisión no que a dita corporación tiña o dereito a rectificación se o consideraba oportuno, de maneira que a tódolos mecanismo de control que as elites posuían xa sobre o proceso, debemos engadir polo tanto estoutro. Exercida ou non esa capacidade, os datos pasarían a conformar o caderno xeral da riqueza dos veciños (artigo 17º), onde figurarían detalladamente as cantidades a pagar

[155] Pro Ruiz, J. (1992), pp. 18-19.

por cada un deles en función da natureza da súa procedencia (casas, terras, rendas, industria e comercio). Serán estes cadernos os que conformen unha das nosas fontes principais. Porén, neste momento inicial, non se establece pauta algunha ao respecto da súa forma, de maneira que habería que agardar ata o decreto do 18 de febreiro do ano seguinte para que saíran os modelos que determinarían a súa configuración.

Feito isto e unha vez que os peritos realizasen un novo xuramento de que actuaran con rectitude e sen cometer ningún abuso (artigo 19º), o repartimento sería publicado no concello durante quince días, nos cales quedaría aberto un período de reclamacións, cuxos fundamentos se recoñecen nos artigos 20º ao 25º. As queixas sería resoltas pola xunta local, pero no caso de desconformidade co seu criterio, o afectado podería elevar a súa reivindicación ao intendente, contemplándose incluso a posibilidade de que os contribuíntes tomaran medidas da súa propia man para evitar agravios e perfeccionar os traballos de medición xeral, que lles serían reembolsadas nos terzos seguintes. Sexa como fora, tódalas reclamacións que houbera terían que estar resoltas nun prazo de trinta días, momento no cal se executaría definitivamente o repartimento da contribución. Non é necesario dicir que, pese a existencia destes mecanismos de reparación, o acceso aos mesmos non estaría ao alcance de todos, máxime se temos en conta quen controlaba a corporación local, pois elevar unha queixa ao intendente, aínda que fora posible, suporía ir na contra desas autoridades. Por outra banda e como xa se ten indicado, a dubidosa honradez da administración fiscal e a escasa credibilidade da xustiza nas súas actuacións, provocarían que as reclamacións, aínda que posibles sobre o papel, fosen poucas[156].

Por outra banda, os pobos poderían empregar os produtos dos postos públicos para cubrir as asignacións contributivas, descargando así unha parte das mesmas (artigo 27º), tendo que ser entregados os importes en todo caso nos lugares que correspondera e, como xa sabemos, por terzos de ano (artigo 28º). Os últimos artigos da instrución fan referencia fundamentalmente a algúns aspectos do comercio e da súa administración. Nas aduanas dos portos e fronteiras, por exemplo, seguiríanse cobrando os mesmos dereitos "que se cobran en el día", sen que a existencia da contribución alterara as regras do comercio de cabotaxe (artigos 30º e 31º). No caso dos xéneros provenientes do propio territorio ou de América e tamén no caso dos estranxeiros, todos eles poderían circular polo país sen guías, pero facendo as declaracións pertinentes para que se aplicaran os dereitos de portas nos lugares no que estes se cobraran, sendo un requisito adicional para os terceiros a presentación dun selo de aduanas (artigos 32º e 35º). Outros artigos establecen pautas para a circulación de artigos concretos, como moeda ou metais preciosos, ademais de como proceder no caso de que as mercadorías estranxeiras non incluíran os selos imprescindibles (artigos 33º, 36º e 37º).

Por outra banda, como estes derradeiros artigos fan referencia á circulación de mercadorías, podemos observar algunhas mencións sucintas aos dereitos de portas nalgunhas localidades cando certos produtos entraban nelas (artigos 32º, 34º e 38º). Parecería lóxico que, a continuación, algo se dixera destes arbitrios. Porén, tal e como indicaba o título desta instrución (para o repartimento e cobranza da contribución), neste segundo compendio de artigos non había referencias máis claras a esta parte fundamental do novo sistema tributario. Soamente unha anotación no artigo 38º nos fai decatarnos do estado destas tarifas neste momento, pois tal e como se indicaba, aínda estaban pendentes de elaboración:

> "La Dirección general de Rentas procederá inmediatamente a la formación de tarifas para cada una de las capitales y puertos habilitados que quedan en

[156] Comín, F. (2018), p. 491-492.

> administración, arreglando de tal modo los derechos, que cobrándose a la entrada, no se hagan muevas exacciones."

Restaba un só artigo desta instrución, o 39º, que establecía que os empregados que non tiveran ocupación pasarían a cobrar dous terzos do seu salario, podendo ser destinados á realización dos traballos estatísticos nos pobos por orde dos intendentes ou delegados correspondentes. Remataban estes trinta e nove artigos coa data do día 1 de xuño na que foran postos en circulación, seguida da sinatura do ministro Martín de Garay.

Chegados á recta final dos corpus lexislativos que desenvolvían o Real Decreto do 30 de maio, vemos xa claramente que o novo sistema tributario se nos presenta incompleto e pouco descritivo nalgún dos seus caracteres principais: non había pautas sobre a formación da estatística, tampouco sobre a elaboración dos cadernos, falábase de repartimentos realizados segundo criterios xustos pero sen establecer apenas detalles ao respecto, e un longo etcétera. Para colmo, tampouco existían as tarifas para que os dereitos de portas funcionaran debidamente naqueles lugares onde deberían aplicarse, e o peor é que aínda tardarían longo tempo en ver a luz. Estas ausencias converteranse dende o primeiro momento en problemas para o proceso de implantación do sistema tributario dos que falaremos no derradeiro apartado deste capítulo.

2.3.3. Bulas papais anexas

Queda por contemplar brevemente o derradeiro dos compoñentes que foron publicados no conxunto do Real Decreto ademais do texto introdutorio cos seus respectivos artigos e a instrución para a cobranza da contribución xeral. Referímonos, como xa adiantamos, a unha serie de catro bulas papais que tamén figuraban anexas ao documento que se enviou aos pobos, tendo sido xa abordado brevemente o seu contido noutros estudos[157]. Estes pequenos textos céntranse en diversos asuntos que afectaban directamente aos gravames aplicados sobre o estamento eclesiástico, sendo precisamente o seu obxectivo principal o de confirmar como a Santa Sé concedeu o permiso para que se aplicaran novas imposicións sobre os bens e as rendas da Igrexa. Tódalas bulas aparecen asinadas en días sucesivos dende o 15 ata o 18 de abril de 1817, data trala cal figura tamén a do 30 do mesmo mes na que o axente adxunto do rei en Roma dá o seu visto e prace. Se o lembramos, este foi precisamente o día no que os membros do Consello de Estado comezaron a ler as súas repostas no marco das discusións da reforma do sistema de Facenda. Sumidos naquela discusión e segundo se pode comprobar na acta respectiva, estes homes foron conscientes da aprobación das devanditas bulas xusto o día seguinte, 1 de maio, cando o ministro de Estado, García de León y Pizarro, emitiu o comunicado ao respecto unha vez que rematara de ler a súa memoria[158]. Isto significa que tanto o donativo eclesiástico como a contribución aplicable ao clero xa estaba aprobada con anterioridade a que a propia reforma da Facenda, da cal formaban parte ámbalas dúas disposicións, pasara a barreira do Consello e entrara en vigor. Parece polo tanto que os medios para gravar ao clero serían aplicados independentemente do resultado que obtivera finalmente a proposta do ministro de Facenda. Finalmente, xa para rematar co asunto da cronoloxía desta documentación, con data do 23 de maio era verificada a súa tradución ao castelán.

A disposición do texto que se ofrece na documentación ás xuntas é a mesma en tódalas bulas, podendo observar unha columna en castelán e outra en latín, cunha tradución literal, polo que a bula ben escrita en dous idiomas. Estes documentos están escritos loxicamente dende a óptica da Santa Sé, que as emite, así que adoitan comezar cos rogos e loanzas que

[157] Lorente Toledo (1988), vol. 2, pp. 588-591.
[158] Sesión do 1 de maio, en Suárez Verdeguer, F. (1967), op. cit., vol. 1, pp. 332-333.

aquel que suplicaba fixo chegar á persoa do Papa, así como os motivos que o obrigaron a facelo. Neste caso, os rogos proceden do Estado español personificado na figura de Fernando VII, e neles están moi presentes algunhas das ideas que xa formulamos aquí previamente. Para empezar, faise unha énfase considerable na situación excepcional que vive o goberno, así que acudir á bondade do Papa é o último recurso que quedaba. Así, a situación que se reflicte era a da máis absoluta emerxencia, o que provoca que o recurso aos bens do clero sexa froito da necesidade. Para xustificar as peticións, invócanse os graves problemas económicos existentes:

> "(…) apurados de un modo lamentable por causa del trastorno de los anteriores tiempos de calamidad las fuerzas del Real erario, y habiéndose contraído una enorme deuda pública, e introducido un crecido número de papeles de crédito, chamados vulgarmente Vales Reales, en los reinos de España, y hallándose ya abrumados con una desmedida carga los bienes y facultades de los seglares, era indispensable en tal conflicto sacar algún subsidio de los haberes de la Iglesia[159]."

Tamén podemos ver que dende o outro lado como observadoras, as autoridades Papais demostran unha certa consideración pola realidade que afecta ao Estado español, polo que parece que actúan con coñecemento de causa dando por certa esa situación de ruína que afectaba ao reino e da que o goberno se lamentaba, véndose obrigado a pedir estes favores ao estamento eclesiástico:

> "Nos, pues, que deseamos vivamente dar cada día nuevas pruebas de nuestra benevolencia al sobredicho Rey Fernando en consideración a sus excelsas virtudes, y su singular adhesión a Nos, constatándonos muy bien el deplorable estado del Real erario, oprimido de inmensas cargas, y la pública utilidad de la inversión propuesta, hemos creido deber acceder gustosamente a sus ruegos[160]."

Do mesmo xeito, tamén está moi presente nestes rogos a idea, promulgada por Martín de Garay nas súas memorias, de que a Igrexa dun territorio debería axudar ao seu soberano en caso de necesidade, acudindo na súa axuda cando este o solicitara e sen ofrecer resistencia, como acto patriótico e en axuda dun pobo que en boa medida mantén a toda a institución. Ademais, a modo de xustificación para esta ocasión, faise referencia a que este tipo de auxilios xa se terían prestado moitas veces noutras. Tal e como figura no apartado introdutorio da primeira das catro bulas:

> "Mas debiendo la Iglesia dar a la potestad Real sus socorros en las necesidades por razón de la protección que los Soberanos la dispensan para la conservación y salvación de sus posesiones, tenemos en los anales de los tiempos repetidas pruebas de cuantos y cuan grandes subsidios se hayan liberalmente franqueado al Estado de los bienes de las Iglesias en épocas de calamidad por la beneficencia de nuestros Predecesores (…) Bien inteligenciado de esto nuestro muy amado en Cristo hijo Fernando Rey Católico de España, y hallándose en la actualidad, a motivo del sumamente terrible trastorno de las cosas, sobremanera apurado de caudales (…) ha hecho en debida forma su recurso a la Silla Apostólica[161]."

[159] Bulas anexas ao R.D. de 30 de maio de 1817, p. 13.
[160] Ibídem, p. 10.
[161] Ibídem, pp. 1-2.

Destes catro textos, o primeiro e o segundo son probablemente os máis importantes, xa que neles figura o permiso para que a contribución decretada polo goberno afectase aos bens comprendidos entre os integrantes do clero, así como a concesión para que o goberno puidera recadar o donativo eclesiástico de trinta millóns de reais no mesmo estamento. Neste sentido, as bulas que acompañan á documentación do decreto perseguen o obxectivo de lograr unha xustificación de toda actuación que se realizase sobre os bens dos relixiosos, dotando así da lexitimidade necesaria a todo o proceso que estaba por comezar. No caso de desacordo ou resistencia, calquera queixa quedaría desacreditada, en tanto en canto a autoridade da Santa Sé recoñecía as actuacións. As bulas concedían ese dereito ao goberno, pero ademais, ao incluílas entre os escritos finais que acompañaban ao decreto, dito dereito sería perfectamente coñecido por todos, posto que esta documentación era enviada a tódalas xuntas locais do territorio estatal. En canto ao primeiro deses temas, a Santa Sé responde efectivamente dun xeito afirmativo posto que "hemos recibido gustosamente las preces a Nos dirigidas, y accediendo a ellas hemos tenido a bien deferir con la autoridad apostólica a los deseos del ms piadoso Rey". Os termos exactos desta cuestión están perfectamente expostos na primeira bula, así como as exencións que se contemplaban:

> "Damos licencia al sobredicho Fernando, Rey Católico de España, para que en el repartimiento de la contribución extraordinaria señalada o acordada para este año en la cantidad de setenta millones de reales de vellón (…) puedan libre y lícitamente comprenderse en igualdad con los bienes de los seglares todos y cada uno de los bienes territoriales del Estado eclesiástico secular y regular en cualquiera tiempo habidos (…) bien quedando siempre salva e ilesa la inmunidad y exención de todos los diezmos eclesiásticos, que vulgarmente se llaman no secularizados, y de otros derechos llamados de estola o de pie de altar[162]."

As exencións que aquí figuran son as que posteriormente apareceron nos artigos do decreto e como tal foron respectadas e expostas no lugar correspondente. En canto ao outro tema esencial, o subsidio eclesiástico apróbase baixo as mesmas condicións de miseria económica que afectaban ao fisco rexio, e polo tanto "a fin de proveer de remedio a las exhaustas y casi extinguidas fuerzas de su erario". Finalmente, o Papado concluía que:

> "(…) concedemos al sobredicho Rey Fernando indulto para que válida, libre y lícitamente pueda, por el espacio de seis años exigir solo para el alivio de su Real erario de todos y cada uno de los frutos, rentas y productos del clero, tanto secular cuanto regular, el subsidio anual de treinta millones de reales de vellón, así llamados de moneda de aquel país[163]."

Das dúas bulas que restan por comentar brevemente, a primeira delas fai referencia aos novos usos dos produtos e das rendas das mesas arcebispais, episcopais e abaciais. Segundo este documento, os froitos das mesmas "por solo el tiempo de su respectiva vacante" serían invertidos "primeramente en el cumplimiento de todas las cargas, obligaciones, gastos, pensiones hasta ahora asignadas". Despois de aplicadas estas cargas, "quedando suspensa al mismo Colector general toda facultad para señalar nuevas pensiones, puedan y deban invertirse puntual e integramente así en el pago de las pensiones que se señalen a las viudas y familias pobres de los sugetos que se distinguieron en la guerra, peleando esforzadamente por la Iglesia y por la Patria, como tambien en ciertos establecimientos y obras de piedad, útiles a

[162] Bulas anexas ao R.D. de 30 de maio de 1817, p. 3.
[163] Ibídem, p. 6.

la religión y al insinuado reino[164]". Finalmente, na derradeira das bulas, solicitábase "que puedan invertirse en tantas y tan grandes necesidades del fisco los productos que anualmente se cobran o recadan por el Colector general de Espolios". Segundo a providencia que as autoridades Papais ditaban dende Roma, o goberno recibía a facultade de que cos produtos sobrantes destes bens, unha vez que fosen aplicadas tódalas obrigas en relación a obras piadosas, "pueda válida, libre y lícitamente, y deba invertirse integra y puntualmente todo en el alivio del Real erario o en la satisfacción de la deuda, y en la particular extinción de los enunciados papeles de crédito llamados Vales Reales[165]".

Os anteriormente analizados son, en suma, tódolos compoñentes da documentación oficial do Real Decreto do 30 de maio de 1817. Como tal, miles de copias deste caderno terían sido repartidas polos diferentes pobos de todo o territorio co obxectivo de que, baseándose neles, se fora poñendo en marcha o novo sistema da Facenda que ía rexer a administración tributaria durante algúns anos. É nos arquivos municipais das poboacións nas que figuraba unha xunta local onde atopamos estes mesmos cadernos que nos serviron para realizar este apartado, pero ao mesmo tempo, varias copias a maiores deberían ser difundidas entre os pobos e parroquias dependentes desas entidades. Á marxe destes detalles, a continuación veremos como esta documentación que acabamos de analizar non foi suficiente para poñer en marcha o novo sistema tributario dunha forma satisfactoria pois, ao contrario, presentaba toda unha serie de carencias que deron lugar a dúbidas, lagoas e problemas técnicos de diversa consideración. Lonxe de rematar aquí os inconvenientes, o sistema de Facenda impulsado por Garay foi afectado por outros factores que dificultaron a súa implantación e funcionamento dende o primeiro momento. É agora o momento de pasar a ver cales foron esas problemáticas ás que a esta reforma tivo que enfrontarse.

2.4. OS PROBLEMAS DA REFORMA DO SISTEMA TRIBUTARIO

A exposición que fomos realizando nas páxinas previas permítenos comezar a discernir algúns dos problemas que afectaron ao novo deseño e posta en práctica dun sistema tributario que rematou por ser eliminado en poucos anos. Un pouco máis atrás comprobamos como, antes incluso da súa aprobación, xa durante a discusión no Consello de Estado, houbo quen se opoñía completamente a el. Pero se ben foi un factor que influíu, o clima reaccionario do momento estivo lonxe de ser o único responsable da caída do sistema de Facenda impulsado por Martín de Garay e o seu equipo xa que, dende os seus primeiros compases, experimentou ou seus altibaixos e sufriu trabas de diversa consideración derivadas dun considerable número de causas. Estes non poden abordarse cunha sinxela enumeración, pois corremos o risco de perdernos se non nos aproximamos ao tema cunha organización mínima, que nos virá dada pola propia natureza dos contratempos aos que houbo que facer fronte. En función disto que vimos dicindo, nas seguintes páxinas decidimos establecer unha división bipartita deses atrancos en internos e externos, os cales conflúen no desgaste do novo sistema tributario dende os seus cimentos e prexudicando o seu funcionamento tanto dende dentro del como dende fóra.

Os problemas internos son aqueles intrínsecos ao funcionamento normal do propio sistema de Facenda, entendendo como tal a sucesión dos traballos estipulados polos artigos do decreto e a instrución cunha ausencia de conflitos de importancia ou, cando menos, coa fácil solución dos que apareceran. O propio termo de normalidade resulta estraño e mesmo contraditorio nun contexto no que, como veremos, certas pautas eran claramente insuficientes e deixaban un terreo abonado para a aparición dunha serie de problemáticas, pero

[164] Bulas anexas ao R.D. de 30 de maio de 1817, p. 11.
[165] Ibídem, pp. 13-14.

permitirásenos o uso do concepto como o modo de definir unha situación de relativa estabilidade sobre a que construír o relato das seguintes páxinas. Estes contratempos poden ser detectados a partir da análise dunha parte dos materiais que inclúen, por exemplo, os artigos do decreto que establecen as liñas de actuación do sistema ou a documentación que reflicte a posta en marcha das mesmas, como son as actas das xuntas locais ou determinados aspectos dos recontos da riqueza. Aquí teremos por exemplo os contratempos de tipo técnico, que ocuparán un lugar central na exposición desta categoría. Varias consideracións sobre os tempos de execución tamén poden ser tratados nela: como teremos ocasión de comprobar, a comunicación entre os diferentes niveis de actuación era lenta, podendo pasar un tempo considerable dende que a administración central emitía unha orde ou unha circular e esta se poñía en marcha no nivel máis baixo dos pobos, a carón dos contribuíntes. Ademais, esa comunicación entre os diferentes niveis administrativos non sempre era amable nin en absoluto cordial, e neste sentido veremos casos de enfrontamentos entre xuntas a diferentes chanzos (sobre todo nos inferiores) que tamén contribúen a provocar un funcionamento anormal do sistema e que quedaron recollidos nalgunhas actas. Podemos destacar tamén as lagoas na lexislación ou a posible diversidade de interpretacións dunha determinada instrución, sendo derivadas ámbalas dúas dunha exposición deficiente das pautas que deberían ser tidas en conta para poñer en marcha o sistema e posibilitar as súas actuacións dun xeito o máis fluído posible.

Neste sentido, estando a reforma deseñada dende a administración central, calquera dúbida que existise en canto á ou interpretación dun paso a seguir por parte dos chanzos territoriais inferiores (nos niveis de partido ou no local) podía dar pé a que o proceso da contribución se retrasase, se detivese ou mesmo se executase dunha forma diferente a como se pensara inicialmente, tendo que desandar despois o camiño por ter cometido erros. Noutras ocasións, as lagoas foron tales que o retraso na posta en marcha estaba asegurado, como acontecería por exemplo no caso concreto da aplicación dos dereitos de portas, que nin sequera estaban contemplados no Real Decreto orixinal. Entre os problemas internos estaban tamén algunhas normas que levaron a que a aplicación de moitas das pautas principais do novo sistema quedase en mans das estruturas e dos grupos de sempre, os que xa administraban as vellas rendas, posibilitando a continuación de certos abusos. Esta categoría de contratempos representa un serio perigo para o novo sistema tributario porque se trata de cuestións que o boicotean dende a súa propia base, no sentido de que se trata de caracteres que dende o momento de partida se traducen nun mal funcionamento, en deficiencias ou en eivas, e que por iso lastran o procesos da estatística e contribución e os retrasan. Ás veces, se estes problemas eran detectados e, sobre todo cando se convertían en algo común, podían ser corrixidos pola vía de novas ordes lexislativas que cumprían o obxectivo de completar ao decreto orixinal e emendar eses erros existentes. Moitas veces, porén, chama a atención a tardanza en responder, pola vía de circulares ou Reais Ordes, a aspectos realmente básicos.

Na outra man, os problemas externos serían, por descarte dos anteriores, aqueles extrínsecos ao funcionamento do sistema, porque non teñen necesariamente unha relación directa coa súa estrutura, aínda que en ocasións poidan ser unha consecuencia das carencias desta. Aquí entran, por exemplo, aspectos que interferiran ou retrasasen os traballos de rexistro, que no caso particular de Galicia poden ser o seu clima, que dificultaría certas labores en inverno ao influír as inclemencias meteorolóxicas no estado das comunicacións, ou o sistema de propiedade excesivamente parcelado, que retrasaría o inventariado das fincas dado o seu elevado número. Por outra parte, hai que facer referencia tamén a toda unha serie de descontentos ocasionados ante determinados principios da reforma de Facenda e da contribución. Realizar unha análise das discusións que xurdiron arredor das cuestións

fundamentais da reforma impulsada por Garay ou a propia lexislación da mesma permitiunos ir configurando unha idea bastante clara dos sectores que se enfrontaron ao ministro aragonés e que se puideron converter nos seus detractores e inimigos. Cando analizabamos a reforma, por exemplo a través das memorias, quedou moi claro que, aínda que algúns dos membros dos sectores privilexiados vían certas políticas e medidas como algo necesario para tratar de solucionar a lamentable situación económica, moitos outros consideraban que o novo sistema era un atentado contra o seu estatus. Tamén parece lóxico pensar que as políticas de aforro que se traduciron nunha considerable redución do presuposto para ramas de goberno como a militar ou en recortes salariais fomentaron certo descontento entre o persoal destes corpos. Polo tanto, analizar as memorias, o propio decreto e a súa instrución foi tamén un xeito de ir avanzando por algunhas das problemáticas que dende fóra cargaron contra as disposicións tomadas. Algunhas medidas concretas deron lugar a certas resistencias, descontentos e por suposto a unha conflitividade fóra do dito sistema en diversos sectores e en diversas formas. Estes comportamentos supuxeron tamén un problema grave para o proxecto e foron lastrando o seu funcionamento dun xeito progresivo, debilitándoo.

Pero nesta categoría tamén podemos incluír algunhas consideracións sobre o clima político que envolveu a reforma e que nos levan incluso ao terreo persoal dos enfrontamentos de Garay con outros membros do Consello de Estado ou da corte. Persoas que, representando a encarnación dunha serie de intereses de certos grupos, se moverían claramente segundo criterios ideolóxicos máis que mediante argumentos baseados en razóns técnicas e nunha análise concreta do problema financeiro español[166]. Peor aínda, deixabamos ben claro como nalgúns casos as distancias entre os conselleiros co ministro aragonés aumentan na segunda reforma, a do crédito, con respecto á primeira, algo que se pode ver nas respectivas memorias de cada un, que amosan un maior receo cara o sistema de rendas, e establecen como condicións para aprobar unha segunda reforma a necesidade de que se demostrara a correcta implantación da de Facenda. A caída final do propio ministro, se ben non significou a fin do novo sistema tributario, tivo que supoñerlle un prexuízo evidente en tanto en canto, e pese a seguir vixente, perdera ao seu principal impulsor.

Hai que ter en conta, finalmente, que os contratempos de ámbalas dúas categorías que a continuación serán analizados relaciónanse e combínanse, alimentándose mutuamente e dando lugar a consecuencias aínda máis graves por un fenómeno de acumulación. Por exemplo, os problemas técnicos, a non consecución de obxectivos ou o funcionamento ineficaz daba pé a que as resistencias ao sistema se fortaleceran dende tódolos puntos de vista, tanto os da poboación e os grupos sociais que se opoñían á reforma, como os dos inimigos que o ministro de Facenda puidera ter na corte, afectando isto á opinión do rei, quen tiña a última palabra nestas materias, tanto sobre o proxecto como tamén sobre o propio ministro. Ao mesmo tempo, a conflitividade ou a resistencia aos pagos podía dar lugar á reprodución de problemas técnicos no ámbito do cobro e da recadación, e polo tanto a novos retrasos no calendario da tributación. Precisamente este concepto, o dos atrasos, resulta nunha idea central cando falamos sobre a combinación dos problemas que afectaron á reforma. Estes serían precisamente a consecuencia máis clara e visible da conxunción de boa parte das trabas que prexudicaron ao sistema de Facenda, con independencia da súa procedencia, e á vez, un grave problema en si mesmo. Haberá que ter sempre en conta, insistimos, a dobre natureza dos mesmos: parte deses retrasos resultan ser consecuencia das propias carencias administrativas e lexislativas, e polo tanto están xerados dende o interior do edificio. Por outra banda, outros son xerados polas resistencias e a conflitividade que opoñen os diversos grupos

[166] Hernández Andreu, J. (2008), op. cit., p. 315.

sociais ao funcionamento dos traballos e á recadación da tributación, tratándose polo tanto de caracteres externos. Comezaremos a continuación coa análise da primeira destas categorías.

2.4.1. Problemas internos. As carencias estruturais de base

Comezando polos problemas internos, aos que tamén podemos cualificar de tipo técnico, a execución dos tempos presenta xa un considerable problema de base. Levar a conta dos mesmos parécenos tan interesante como importante. Non nos referimos soamente ao intervalo que a administración pode tardar en comunicarse con tódolos lugares do territorio do Estado, que dende logo é un detalle relevante, senón tamén ao período consumido para a propia discusión da reforma e para a súa configuración, que xa xoga en contra do propio proxecto e dos seus impulsores. Neste estado inicial de deseño pouco se pode facer mentres que tódolos conselleiros non exerzan o seu dereito de réplica, pero o tempo segue correndo, non hai solucións e os recursos seguen sendo necesarios, nun contexto económico terrible que autores non dubidan en caracterizar como unha bancarrota permanente da Facenda española, que se estende a lo menos ata 1851[167]. É evidente que o mero devir do tempo sen a obtención de resultados claros corrompe a reforma e faina moito menos atractiva, de maneira que as limitacións impostas polos dilatados procesos e as propias estruturas do Antigo Réxime, dende a simple discusión das propostas ata a posterior comunicación do disposto trala súa aprobación, elevan estes problemas ao seu máximo expoñente. Lembremos o tempo transcorrido dende que Garay presentou a súa proposta ata que esta foi discutida e finalmente aprobada, concretamente dende o 6 de marzo ata o 30 de abril. As semanas que separan ámbalas dúas datas foron unha paréntese que houbo que deixar simplemente para que outros conselleiros elaborasen unha resposta pertinente. Con todo, nin sequera todos participaron, ou a lo menos non se conservaron as súas memorias; outros dos que si quedou constancia simplemente dixeron non ter coñecementos sobre un tema tan importante; menos aínda fixeron polo tanto observacións útiles nalgúns dos temas que se trataron; e outros simplemente abrazaron as propostas do ministro aragonés en diversas materias sen opoñer unha soa obxección. Poucos achegaron nesta materia unha crítica construtiva de utilidade, pero cinco días máis foron necesarios igualmente para ese debate, posterior votación e final aprobación da reforma. Aínda que quizais esteamos simplificando demasiado este proceso, o que se pretende aquí é chamar a atención de que foron necesarios dous meses para levalo a cabo dende o seu comezo. Mentres tanto, a conta do tempo segue adiante, pois case outro mes foi necesario para a redacción definitiva dun decreto que xa tiña aprobadas tódalas súas pautas e ideas principais, ademais dunha instrución que servira como folla de ruta para estruturar o proceso, o que nos deixa na data do 1 de xuño.

Chegados a este punto poderiamos pensar que o ritmo das cousas se aceleraría unha vez deixado atrás o chanzo da administración central, pero a tónica que observamos ata aquí vense mantendo en boa medida para o sucesivo. Debemos ter en conta sempre que, marcado polas comunicacións do momento, o tempo discorre para estas cuestións dun xeito moi diferente a como o fai hoxe, de forma que as actas das xuntas locais amósannos unha considerable dilatación do proceso de implantación da nova reforma de Facenda. Comecemos a nosa viaxe temporal a partires dese 1 de xuño, día no que estableceremos o punto de partida no que as medidas aprobadas pasan aos chanzos sucesivos da administración: o provincial en primeiro lugar, e logo o de partido e o local. No primeiro destes niveis, podemos comprobar gracias ás actas das xuntas un novo retraso acumulado de arredor dun mes, pois a primeira empresa que houbo que levar a cabo foi a da reprodución masiva do Real Decreto. No arquivo da vila de

[167] Comín, F. (2016), op. cit., pp. 122 e 130.

Pontedeume atopamos un escrito que preside toda a documentación do proceso relativo ao novo sistema de Facenda no que o intendente Juan Módenes se dirixe ao Señor Xuíz da Vila de Pontedeume para comunicarlle o inicio dos traballos conducentes á recadación da contribución. Trátase polo seu formato dun documento impreso segundo un modelo xenérico que debeu ser enviado a tódalas poboacións onde debía ser formada unha xunta local, xa que nel aparece escrita a man a cantidade que se debía recadar e a persoa a quen ía dirixida, sendo o resto unha fórmula estándar[168]. O escrito do intendente complétao un texto que pretende animar ao cumprimento do ben común ao tempo que promete castigos contra aqueles que se opoñan ao correcto desenvolvemento do Real Decreto anexo. Esta é a documentación que nós atopamos e que empregamos para realizar a análise previa, e foi asinada na cidade da Coruña o 20 de xuño. Porén, existen dúbidas razoadas arredor de se este foi o día no que as copias da documentación saíron da cidade, pois gracias ás actas das xuntas de pobo podemos establecer outras datas importantes que nos permiten unha maior precisión a este respecto. Por exemplo, na localidade de Ortigueira atopamos unha copia dun oficio no que o intendente se comunica co subdelegado de rendas do partido de Betanzos para que se repartan entre os pobos da súa demarcación as copias do Real Decreto que chegan dende a Coruña e que está datado o 4 de xullo[169]. Esta data si que parece máis certeira e podémola fixar como o momento aproximado no que as copias do decreto que se debían repartir a toda a provincia de Betanzos chegaron á súa capital. De ser así, ou ben as copias saíron da Coruña despois do día 20 ou teríamos que admitir unha demora na viaxe de dúas semanas para un percorrido de apenas 30 quilómetros, que é a distancia que separa os dous núcleos. Tendo en conta a cantidade de copias que se tiveron que realizar do propio decreto nas imprentas da cidade Herculina (nos fondos consultados sabemos que se enviaron a Betanzos cento noventa e tres), quizais o tempo consumido na execución deste paso na administración provincial poida non ser considerado excesivo.

Tomando ese 4 de xullo como data na que a documentación chega ao partido de Betanzos, aquí comezaría o percorrido que nos leva ao derradeiro nivel da administración, pois unha vez repartidas tódalas copias, o traballo quedaría en mans dos pobos. A diversidade de datas queda patente neste chanzo, obviamente en función da distancia da poboación na que nos atopemos respecto do lugar dende o que circulaban as reproducións da documentación. En Pontedeume podemos establecer como data exacta da recepción das copias do decreto o 9 de xullo, coa conseguinte creación da xunta local o día seguinte. Na vila de Ortigueira pola contra, situada máis ao norte e polo tanto máis lonxe do epicentro Coruña-Betanzos, as actas recollen (a xunta local aínda non estaba formada neste momento) a chegada de vinte e seis copias do decreto no día 17 de xullo (para a vila e tódalas parroquias da súa xurisdición). Ao día seguinte enviáronse os avisos ás persoas que formarían parte da xunta local, que foron citadas no concello tres días despois. Deste xeito, a xunta desta vila quedou establecida formalmente o 21 de xullo de 1817. Sendo Ortigueira unha das poboacións de certa entidade máis ao norte e a maior distancia da súa capital no territorio que estudamos, podemos entender que esta data podería ser unha das máis tardías en canto ao establecemento da súa xunta local, o que nos permite facernos unha idea aproximada do devir temporal de todo o proceso. A partir desta última data, claro está, temos que decatarnos de que aínda serían necesarios varios días máis para repartir tódalas copias da documentación pertinente que chegaron a esta vila, o que faría necesario establecer unha data algo máis tardía para dar por

[168] AMP, caixa 140, lote 1, atado 1, p. 42. En adiante, as referencias de arquivo anotaranse abreviadas. As primeiras tres iniciais refírense á localidade do arquivo municipal en cuestión de onde foi obtida a cita transcrita: Pontedeume (AMP), Ortigueira (AMO), Betanzos (AMB) ou Coruña (AMC).
[169] AMO, c. 433/19, a. 2, pp. 1-4.

sentado que tódolos pobos e parroquias que corresponderan estivesen correctamente informados do que debían facer e en disposición de comezar os traballos de apeo e reconto da riqueza dos seus veciños para levar a cabo os repartimentos correspondentes.

Así podemos establecer que o proceso administrativo que abarcou a discusión, deseño e comunicación da reforma da Facenda ata o nivel dos habitantes dos pobos e parroquias teríase estendido, no caso do territorio da antiga provincia de Betanzos, dende o 6 de marzo (data de comezo do proceso en tódolos casos porque foi cando Garay presentou a súa memoria) ata aproximadamente os derradeiros días do mes de xullo ou principios de agosto. Todas estas dilacións temporais semellan inevitables, pero o caso é que estamos ante un considerable arco de tempo no que evidentemente non se obteñen resultados de ningún tipo. A clave de todo isto que fomos exemplificando consiste en comprender que xa antes de que outros problemas técnicos se fixeran patentes, como veremos a continuación, a administración do Antigo Réxime demorouse arredor de catro meses e medio ou incluso cinco dende que un intento de reforma da Facenda foi presentado ante o monarca, ata que os organismos que se ían ocupar da súa administración en directo contacto cos habitantes quedaron establecidos de facto nunha das áreas máis afastadas da periferia peninsular. Estas datas que acaban de ser expostas, entre outras, poden consultarse en relación con outros eventos significativos marcados polo calendario da reforma do sistema tributario no apéndice 1, onde se presenta un esquema da temporalidade da súa implantación e desenvolvemento.

Dende unha óptica temporal do proceso, isto non era máis que o comezo dunha cadea moito maior na que habería que elaborar os repartimentos para cada parroquia, ademais de ir designando e chamando aos peritos para que comparecesen ante a xunta e xuraran o seu cargo, o cal ocupou varios días máis. Todo este tempo pese a estar falando dun asunto tan transcendental no momento como era a reforma que determinaría o novo sistema de recadación para o erario, tendo en conta que sen fondos ningunha das outras ramas de goberno podería funcionar correctamente, e cunha situación tan delicada no tocante á situación económica da monarquía. Os retrasos continuaron, dende logo, pero os problemas técnicos tamén se diversificaron, estando relacionados a partir de aquí máis ben con carencias e lagoas lexislativas, erros de deseño e en xeral problemas de base da reforma que se intentaba poñer en marcha, como veremos agora mesmo. As demoras administrativas nos tempos de execución tamén continuaron, porque eran algo intrínseco ao propio sistema, cuxo desenvolvemento e alcance estarían estreitamente relacionados co estado das comunicacións da época.

Dito isto, ademais destes aspectos relacionados cos tempos da reforma, hai que ter en conta posibles problemas de funcionamento do sistema derivados das carencias que existen nas pautas emitidas para a súa posta en marcha, é dicir, nos artigos e na instrución que acompañan ao decreto que constitúen o corpo e as pautas básicas. Os contratempos que poden derivar deste feito poden ser consecuencia, por exemplo, de posibles diferenzas de interpretación sobre un determinado aspecto, quizais porque a linguaxe empregada non era suficientemente clara, aparecendo lecturas diversas e dúbidas que había que consultar. Outras veces, estas carencias nos artigos podían manifestarse en forma de omisións en toda regra, auténticas lagoas sobre as que nada se sabía ao respecto, o que derivaba nun problema moito máis grave que superaba a solución dunha mera consulta, pois estamos realmente ante un baleiro no proceso de actuación. As dúbidas deste tipo non podían ser consultadas, pois a lexislación ao respecto nin sequera existía, o que obrigaba a agardar a que se completara con documentos posteriores como novas ordes ou comunicados da administración central unha vez que a consulta era elevada á mesma.

Ao respecto do primeiro caso, poñamos un breve exemplo que retrasou o inicio dos traballos da xunta da vila de Pontedeume durante un período de tres días: existía a dúbida de se en cada pobo rural ou freguesía sufragánea había que instalar unha xunta local pese a que non existisen nelas tódolos cargos que debían estar presentes para a súa composición, ou se pola contra debía figurar unha única xunta local na vila central que se encargara de todo o proceso. O artigo 12º da instrución dicía de feito que "tanto en las capitales y puertos habilitados (…) como en todos los demás pueblos de la provincia, se formará una Junta". Polo tanto, a dúbida podía ser xustificada e era razoable porque como se tratará máis a fondo, o termo "pueblo" podía ser interpretado de varias formas distintas. En virtude desa cuestión foi enviada unha carta de consulta ao intendente na cidade da Coruña, sendo devolta a resposta oportuna[170]. Dita carta incluía outras contestacións a cuestións varias que foron resoltas polo tanto nun período de tres días. Feito isto, a xunta comezou os traballos correspondentes para o repartimento sen maiores inconvenientes, a lo menos polo de agora.

Resoltas cunha simple consulta as dúbidas que foran xurdindo, que en todo caso supoñían igualmente importantes perdas de tempo por acumulación que xa de por si xogaban en contra do novo sistema, o proceso de posta en marcha do mesmo podía continuar. Pero a análise dos artigos e das instrucións comunicadas pola administración central para establecer as pautas fundamentais da nova tributación presentaba tamén aquelas outras carencias de base en forma de omisións e lagoas, moito máis graves que as do exemplo que acabamos de citar. Como resultado disto, unha simple lectura dos artigos danos pé a supoñer que de entrada ían existir varias consecuencias adversas na implantación e desenvolvemento do sistema de tributos, pois había certos aspectos que non se poderían levar a cabo polo momento. Tal é o caso, por exemplo, dunha das figuras impositivas principais que se englobaban nel, a dos dereitos de portas que serían esixidos nas capitais de provincia e nos portos habilitados. No momento de publicación do decreto, este imposto carecía de programa algún para a súa posta en marcha, máis alá dalgunhas pequenas referencias xa citadas anteriormente e nas que se aducía a unha vontade de poñerse coa tarefa canto antes. A carencia das taxas que se ían aplicar a este respecto supoñía un problema considerable en tanto en canto os dereitos de portas eran a forma fundamental de recadación que a Facenda estatal posuía nos núcleos onde se deberían aplicar. Fundamental non é un termo que se empregue á lixeira en absoluto, posto que a cantidade que se estimaba recadar a partir da percepción deste dereito era duns nada desprezables corenta millóns de reais segundo as previsións de Garay, tal e como podemos observar no apéndice que figura ao final da súa memoria sobre a reforma da Facenda. Xa vimos noutras ocasións como as previsións realizadas polo ministro eran demasiado optimistas, pero o que nos importa non é tanto a cantidade exacta como o feito de destacar que se trataba dun valor importante. Aínda que as previsións estiveran infladas para ofrecer unhas mellores perspectivas de recadación, semella que esta parte da reforma foi completamente abandonada mentres se preparaba con maior detemento a correspondente á instrución da contribución xeral, cuxo valor de recadación era considerablemente maior. Como consecuencia, a reforma comezou a súa andaina sen tarifas para os dereitos de portas, e aínda que poida supoñerse que a necesidade favorecería a súa pronta publicación, o caso foi que non viron a luz ata máis dun ano despois.

Así, no relativo á lexislación destes dereitos de portas, a primeira norma ao respecto non viu a luz ata o 28 de xaneiro de 1818[171]. Nin sequera se trataba, porén, do corpus lexislativo esencial daquela figura impositiva, pois soamente se citaban as cidades nas que rexería e algunhas cuestións básicas como a independencia destas cargas e separación respecto da

[170] AMP, c. 140, l. 1, a. 2, p. 6.
[171] López Juana Pinilla, J. (1840-48), op.cit., vol. II, pp. 374-375.

contribución xeral. Aspecto este último que, con todo, debeu ser recordado pese a tratarse dun dos asuntos máis esenciais. Para ver en circulación a coñecida como "Instrucción para los derechos de puertas" houbo que esperar aínda ata o 7 de setembro daquel ano, a pesares de que o documento contaba coa firma da administración en data de mediados de xuño[172]. Por outra banda, mentres que o corpus propio dos dereitos de portas non estivo organizado, tal como recollía o artigo 13º do decreto do 30 de maio, continuaban rexendo "los actuales derechos y contribuciones de toda clase". Unha vez en marcha, novas ordes e comunicados completaron a estes dereitos, tratando aspectos moi diversos que ían dende cuestións xerais a outras moi específicas propias de produtos e localidades concretas, entre as que cabe destacar pola súa importancia a cidade de Madrid. Á marxe de todo isto, a situación que aquí se presenta arredor dos dereitos de portas resulta útil como un exemplo paradigmático que nos axude a comprender a falta de reflexión e planificación que había arredor de aspectos fundamentais do sistema tributario, así como o precipitado que resultaba o devir dos acontecementos. Tamén resulta importante salientar que os problemas xurdidos arredor da posta en práctica da outra parte da reforma, a da contribución xeral, máis importante en canto a cantidade de numerario recadada, quizais tiveron parte de culpa nese retraso temporal que tanto afectou á situación vivida nas capitais de provincia e portos habilitados.

As instrucións para estoutro imposto, pese a estar desenvolvidas en moitos dos artigos do primeiro corpus, e dun xeito aínda máis específico nos trinta e nove artigos do segundo compendio do 1 de xuño, tamén presentaron serios problemas e lagoas, de modo que o seu contido deixaba bastante que desexar polas considerables imprecisións que sufría. Para comezar, a base de todo canto había que realizar en termos de recadación e cobranza descansaba sobre a elaboración dunha estatística da riqueza de tódolos habitantes do Estado, pero a documentación explicativa para o seu desenvolvemento, como xa se apuntou, era totalmente inexistente no momento no que o Real Decreto foi redactado e presentado. A elaboración desa estatística e o cálculo da contribución individual estaba lastrada por toda unha serie de complicacións que ían dende imprevistos cotiás a outras dificultades entre as que podemos destacar unha serie de resistencias sociais que incluímos dentro do apartado de problemas externos non dependentes do propio sistema, e que polo tanto trataremos un pouco máis adiante cando cheguemos a esa sección. Tendo en conta xa de entrada este complicado punto de partida, autores como Josep Fontana explican ben unha parte dos problemas técnicos que xurdiron ao respecto en canto á implantación e funcionamento deste novo sistema[173]. O ministro de Facenda tiña a opinión de que unha vez cobrado o correspondente terzo en setembro de 1817, os pobos procederían a realizar con rapidez a dita estatística para formar os cadernos da riqueza en todo o territorio. Con isto conseguiríase cumprir non soamente un obxectivo que o Estado levaba séculos perseguindo, que non era outro que o de coñecer con razoable aproximación a riqueza dos seus habitantes, senón tamén empregar os coñecementos adquiridos para paliar os posibles erros que se puideran ter cometido no primeiro repartimento, elaborado sen referencias. Non obstante, unha serie de problemas conxugáronse para impedir o correcto desenvolvemento deste obxectivo.

Fontana, por exemplo, apunta a que un dos puntos máis febles de toda a administración do proceso constituíano as xuntas de partido, organismos que foran creados *a posteriori*, trala publicación do Real Decreto orixinal, como un chanzo organizativo intermedio entre as provincias e os pobos. Aínda que iremos expoñendo matices a esta afirmación, o que hai que entender agora é que entre eses niveis aparecía unha nova corporación que cumpría os obxectivos de supervisar e asesorar ás xuntas locais, ademais de participar na resolución de

[172] López Juana Pinilla, J. (1840-48), op.cit., vol. II, pp. 413-427.
[173] Fontana, J. (1971), op. cit., pp. 173-175.

posibles agravios, liberando así parte da presión sobre a xunta principal. Nas actas da xunta de Pontedeume existe unha copia, con data do 13 de agosto de 1817, da chegada dunha Real Orde, vía Coruña e Betanzos, pola cal se crean estas novas entidades (R.O. do 31 de xullo de 1817) dun xeito diferencial e específico a como aconteceu na xeneralidade da península[174]. En Galicia existían un total de sete, tendo en conta que o estatus da xunta principal provincial situada na Coruña sería especial en principio, pois tería que cumprir coas labores correspondentes ás novas entidades no territorio do seu respectivo partido (algo que finalmente non se cumpriu, pois ámbalas dúas entidades chegaron a coexistir separadamente, aspecto que pode deducirse da existencia de comunicados entrámbalas dúas). A súa composición tamén aparece recollida nun dos puntos do documento:

> "7º. Que en las ciudades de Santiago, Betanzos, Lugo, Orense, Tuy y Mondoñedo, se formen y establezcan, ademas de la junta prescrita en el artículo doce de la instrucción para su término, una de Partido compuesta del Correxidor o Alcalde mayor, del R. Bispo si lo hubiere, o persona Eclesiástica que dipute, del Sindico personero o del común, de dos Rexidores nombrados por el Aymo. que no existan a la Junta de Contribución de la Ciudad y su término, del Subdelegado de rentas que haya ademas del Correxidor o Alcalde y del Administrador y contador de rentas estancadas (…)[175]"

Os obxectivos esenciais e a razón de ser destas xuntas viñan definidos por unha circular emitida dende a xunta central da cidade da Coruña, datada o 7 de outubro:

> "El establecimiento de las Juntas de partido conforme a la Real Orden de 31 de Julio de este año y el objeto de su institución no fueron previstos cuando se expidió el Real Decreto de 30 de Mayo y la Instrucción adjunta de 1º de Junio. Las circunstancias y la necesidad del fácil y pronto desagravio a los contribuyentes agraviados por el reparto de la contribución general hicieron persuadir al REY nuestro Señor que era preciso hubiese unos cuerpos intermedios entre esta Junta principal provincial y los pueblos situados a los extremos de la provincia para auxiliarla en las funciones de desagraviar a estos cuando no se guardase proporción y justicia en la distribución individual de las cantidades repartidas a los pueblos. Se establecieron, pues, y la experiencia hará ver de cuanta utilidad son las expresadas Juntas, cuando el contribuyente perjudicado, que nunca dexará de haberlos, tenga necesidad de acudir a ellas por el remedio que no halla de otro modo[176]."

[174] AMP, c. 140, l. 1, a. 2, p. 52. Existe unha consideración importante que realizar arredor da data de creación destas xuntas de partido. Tradicionalmente, esta queda fixada un pouco máis tarde, no 15 de agosto, cando se publicou de feito a R.O. para "que se formen juntas de partido que cooperen con las principales de provincia a la formación del plan sobre arreglo de la Contribución general del Reino". Porén, a R.O. do 31 de xullo á que nos referimos, foi enviada a Galicia en exclusiva e cun propósito moi particular. O seu obxectivo non era outro que o de decretar a anulación do repartimento orixinal e a elaboración doutro novo, ante un defecto de cálculo no primeiro, por "haberse incluído en el los cascos de la ciudad de Coruña, Vigo y Ferrol contra lo expresamente dispuesto en el articulo 19º del Real Decreto de 30 de Mayo". Ese erro foi detectado pola xunta de Lugo, que debeu informar da súa existencia á administración central, quen se encargou de responder en consecuencia.
Podemos supoñer con case total seguridade que Garay, que asinaba a orde do día 31, tiña xa en proceso a elaboración e publicación da respectiva de mediados de agosto, pero semella que decidiu avisar antes aos territorios galegos aproveitando estoutro comunicado tan importante. A intención, probablemente, sería a de evitar novos contratempos algúns días máis tarde con novas modificacións administrativas, en vista de que o repartimento do Reino de Galicia tivo que ser elaborado novamente dende principios de agosto, polo tanto con menor tempo para a súa execución. Isto explica que, para cando a creación das xuntas de partido se publicou o 15 de agosto a nivel estatal, algunhas como a de Betanzos xa existían dende había, aproximadamente, pouco menos dunha semana.
[175] AMP, c. 140, l. 1, a. 2, p. 52.
[176] Ibídem, p. 121.

Estes novos organismos, lonxe de solucionar os problemas administrativos, contribuíron a agravalos nalgúns casos. Dinos Fontana que estando integradas por notables das cidades cabeceiras de demarcación, estas persoas víanse obrigadas a desempeñar un papel que nin lles interesaba nin lles producía beneficio algún. Molestos por isto mesmo co cometido que se lles encargaba, estarían ademais totalmente desprovistos dun asesoramento adecuado en temas de Facenda e nos posibles problemas administrativos que poderían xurdir nestas materias. Se temos en conta que o seu labor era o de axudar ás xuntas locais, pero nin sequera os mesmos integrantes destas xuntas de partido estaban versados correctamente nalgunhas cuestións fundamentais, resulta que a tarefa que debían cumprir era practicamente imposible pola súa complexidade[177]. Este tipo de argumentos poden verse fortalecidos cando chegamos incluso a observar como as xuntas de partido eran pouco menos que abandonadas e deixadas á súa propia sorte, confiando dende as instancias superiores nunha especie de talento innato para a correcta resolución dos problemas que foran xurdindo. Dende a xunta principal transmitíase ás autoridades de Betanzos que ían conformar a de partido a seguinte mensaxe nun engadido ao comunicado da Real Orde do 31 de xullo citada un pouco máis atrás, que finalmente rematou sendo transmitida a Pontedeume:

> "(…) considero ocioso hacer a V.S. y a la Junta otras advertencias, porque sus conocimientos les penetrará de la responsabilidad en que están constituidos con esta principal que presido, esperando por lo mismo saberan vencer con prudente entereza cuantos obstáculos se presenten (…)[178]"

Este engadido realízase en canto aquela Real Orde é recibida na cidade da Coruña polo intendente, para inmediatamente ser remitida a Betanzos xunto con algunhas anotacións pertinentes, como esta mesma ou outra na que se animaba a realizar un impulso na realización dos traballos pendentes. É dicir, que unha mensaxe como esta se emite nun momento no que a xunta de partido nin sequera está establecida (quedou instituída formalmente cara o día 10 de agosto segundo as datas que figuran nos engadidos ao mesmo comunicado da R.O). Á marxe disto, tamén é certo que as propias facultades e funcións destas corporacións deberon resultar dubidosas durante varios meses, ou do contrario non tería sentido nin a publicación da descrición que acabamos de citar do mes de outubro, nin especialmente a aparición doutra R.O. emitida polo do ministerio de Facenda o 3 de novembro, na que se incluían varias aclaracións sobre as atribucións e o funcionamento desas xuntas, que de novo volvemos atopar copiada nas actas de Pontedeume. Nela trátanse aínda cuestións básicas sobre composición, localización da xunta, formas de comunicarse coa intendencia ou modos de resolver agravios deparados polos repartimentos, no caso de existiren estes[179].

Porén, se ben parte da culpa dos contratempos pode estar sen dúbida na limitada formación que posuían as persoas presentes nestas corporacións ou nas dúbidas técnicas derivadas das dificultades do novo sistema tributario, gracias aos fondos que atopamos nas actas das xuntas locais, tamén sabemos que os problemas relacionados con estas xuntas de partido ían moito máis alá deses descoñecementos e das posibles limitacións dos seus integrantes. A realidade, como adoita acontecer, resultaba moito máis complexa. A afirmación de Fontana, lonxe de non ser certa como acabamos de demostrar, si nos parece parcial e incompleta, o camiño máis simple para poñer de manifesto as limitacións destas corporacións

[177] Fontana, J. (1971), op. cit., p. 174.
[178] AMP, c. 140, l. 1, a. 2, p. 55.
[179] López Juana Pinilla, J. (1840-48), op. cit., vol. VI, pp. 138-140.

e algúns dos problemas do sistema mesmo. Segundo o noso parecer, non é menos certo que este argumento debuxa a estas entidades como as vítimas pasivas da enorme maquinaria da Facenda, e aos seus integrantes case que como presos do imparable proceso. Pero podemos demostrar que isto non era exactamente así. En primeiro lugar hai que ter en conta que os lexisladores deberon pensar en posibles problemas que poderían xurdir, e como tal trataron de solucionalos en parte coa citada orde do 3 de novembro, a lo menos sobre o papel. Nela recóllese, por exemplo, que "en clase de estadistas se podrán agregar a estas juntas a persona o personas versadas en la ciencia económica que S.M. tenga a bien nombrar". De ser ese o caso, o argumento da falta de formación quedaría invalidado, pero xa que isto era unha mera posibilidade, eses individuos non tiñan que estar presente en tódolos casos. Por outra parte, entre os integrantes da xunta de partido debería haber (neste caso a súa presenza si era obrigatoria) tres individuos que se irían intercambiando por quenda anual, que deberían cumprir unha serie de características específicas. Delas hai que destacar que se trataría de "tres personas legas arraigadas en el mismo [partido], y conocidas por su probidad, ilustración y celo, que representen las tres clases de agricultura, oficios y comercio". Había, en fin, integrantes entendidos nas materias a tratar, coa limitación explícita que figura noutro punto da mesma orde, de que se ben eses tres suxeitos deberían ser do partido, en ningún caso poderían coincidir ao mesmo tempo dous da mesma localidade, aspecto que probablemente fora pensado para evitar tratos de favor a unha poboación concreta.

En segundo lugar, outra forma de demostrar que a indefensión das xuntas de partido non sería tan acusada témola de novo nas actas da xunta de Pontedeume, onde asistimos a máis dunha disputa entre este organismo e a xunta do seu partido correspondente, sita na vila de Betanzos. Nalgún enfrontamento concreto, esta segunda era acusada de actuar dun xeito inadecuado cargando unha cantidade excesiva á vila eumesa, a lo menos dende o punto de vista desta última. Está claro que se a queixa chegou ata o nivel da xunta principal de contribución do reino foi porque non existiu acordo algún entre estes outros chanzos da administración nestes asuntos. Asistimos aquí polo tanto a un choque de administracións por abusos dende un nivel superior que deixa ben claro dúas cousas: que a xunta de partido estaba nunha clara posición de forza e, por outro lado, que a xunta local tampouco actuaba en todo caso de forma pasiva e pretendía defender os intereses da vila (ou cando menos os dos grupos representados dentro desa corporación).

Realizamos neste momento un breve inciso que nos permite referirnos á conflitividade entre os diferentes niveis da administración e que pode ser interpretado tamén como un serio problema de tipo interno, complicando o pano de fondo do funcionamento do sistema. Por suposto, debemos ter coidado coa interpretación deste tipo de episodios en particular xa que soamente vemos o lado da xunta de Pontedeume en tanto en canto estes episodios están anotados nas súas actas, pero non resulta demasiado difícil imaxinar que se os integrantes das xuntas de partido estaban realmente molestos coa tarefa que se lles encomendaba, poderían chegar a cometer algún abuso sobre as locais, intentando pasarlles a estas últimas parte do seu traballo, diminuíndo con iso as súas propias cargas ou incorrendo en erros. Un aspecto que Fontana parece pasar por alto, centrándose moito máis nos problemas técnicos que evidentemente existiron, pero que debemos ter en conta do mesmo xeito. Pois as xuntas, con independencia do nivel onde as miremos, non son entes abstractos, senón que estaban formadas por persoas que podían presentar diferenzas entre elas. Eses encontróns explican ás veces algúns dos problemas que afectaron ao funcionamento do sistema. No seguinte conflito particular, a corporación local de Pontedeume emitía así as súas queixas destinadas á xunta central. Como vemos, aínda que se centran en denunciar á capital, Betanzos, podemos ver

tamén un compoñente a nivel persoal, de modo que tamén observamos unha disputa entre os grupos de elites eumesas e brigantinas:

> "¿Que es esto Señor? ¿Devía tolerarse una arbitrariedad y desproporción tan ruinosa a estos naturales [os habitantes de Pontedeume], tan contraria a las Órdenes que rijen en la materia, tan opuesta a las bondadosas intenciones del Soberano, que no apetece sino la igualdad proporcional entre los contribuyentes? Devía…pues así se ha practicado. Trató esta corporación de reprimir los gritos de estos vecinos vajo la garantía de la solemne promesa que se les ha dado de elevar a V.SS. tan justa queja (…) Es noticia Señor, que aquella capital está acostumbrada a ejecutar en todo tiempo iguales despotismos, en semejantes casos[180]."

Lamentablemente, non atopamos nas actas o desenlace desta queixa. Non sabemos se a resposta se perdeu por non incluírse no diario de actas da xunta local ou se simplemente nunca chegou a redactarse, pero a declaración é importante en si mesma porque senta as bases dun enfrontamento. Estes litixios coa administración superior prodúcense tamén á inversa, dende a xunta de partido, que detecta irregularidades e actúa en consecuencia. Conflitos producidos polo suposto funcionamento deficiente da corporación local, coa denuncia en consecuencia interposta dende a cabeza de partido. Por exemplo, ante o incumprimento de calendarios e prazos, fora ou non culpa directa da xunta local da vila, as súas actas dan conta do rexistro de multas ou da chegada de soldados para apremar os cobros da contribución. En 1819 por exemplo, cando a finais de novembro o pago do terzo correspondente aos meses de maio, xuño, xullo e agosto aínda non se efectuara, cun retraso acumulado tan importante, as actas de Pontedeume recollen a chegada de soldados enviados pola xunta de partido:

> "Y por otra parte hallanse en esta Villa desde el dia de ayer dos soldados apremiantes, con el sueldo cada uno de doce rrs. hasta que se haga efectiva la entrega de dho. tercio en tesorería. A fin de que por este motibo no se detenga y hevitar otros males de mayor consideración, acuerda [a xunta local] que se fije bando, y despachen ordenes a los Pedaneos para que todos los contribuyentes apronten la cuota que se les haya cargado, (…) sin perjuicio de ser enmendado y reintegrado de cualquiera daño[181]."

Con frecuencia, a xunta local consideraba todos estes atropelos e castigos como unha invasión de competencias por parte da xunta de partido, ademais dun ataque frontal con abuso de poder, o que adoita rematar nunha denuncia recíproca que se fai chegar ao intendente, para que actúe con xustiza. No caso anterior dos soldados, por exemplo, na mesma acta recoñécese que a culpa de tanto retraso acumulado era en parte da propia xunta de partido, posto que tardara máis dun mes en enviar unha resposta a unha dúbida que a corporación local tiña sobre os repartimentos. En consecuencia, considerouse a chegada do continxente militar como unha resposta excesiva, desmesurada e totalmente innecesaria. A xunta daba así a súa versión dos feitos no mesmo documento:

> "Y en atención a que ni esta junta ni los señores jueces dieron lugar al entorpecimiento de la cobranza, antes bien dieron enérgicas disposiciones para su efectuación, ni de consiguiente hubo justo motibo para despachar los tales apremios, pasará oficio al Señor Correxidor Subdelegado de la Provincia para que

[180] AMP, c. 140, l. 1, a. 2, p. 125.
[181] AMP, c. 140, l. 1, a. 4, p. 42.

> se sirva disponer se retire, dando el tiempo oportuno para concluhir el cobro del mencionado tercio, por cuanto ya estaría realizado si se diera pronta contestación al oficio del referido día catorce de octubre y se resolviere la representacion de los veinte y seis Pueblos (…)"

Pouco a pouco e como resulta lóxico, a través destes encontróns vaise configurando unha tensa relación entrámbolos dous organismos, a xunta local na vila e a de partido na localidade capital, o que dende logo non contribúe a fomentar a colaboración entre os niveis administrativos e que supón un novo lastre para o proceso de contribución. Debémonos decatar, por suposto, de que isto acontece así porque aínda que esteamos a falar de niveis administrativos, ditas corporacións están formadas ante todo por persoas, que terán os seus propios criterios intereses. Convén recordalo para non despersonalizar demasiado o proceso, pensando que a administración funciona mediante autómatas que cumpren o cometido que se lles ordena sen máis. Pero ese criterio persoal está moitas veces na raíz dalgúns dos problemas máis importantes que afectan ao funcionamento do sistema, e non afecta soamente aos membros das xuntas, senón tamén aos seus axentes, os peritos e empregados administrativos que se moven polo terreo a carón dos veciños.

Á marxe destas consideracións sobre as xuntas de partido, pensamos que a principal carencia das críticas efectuadas por autores que ven o panorama da reforma dende arriba, é dicir, dende a óptica dos lexisladores, dos resultados da recadación, dos resortes de poder ou da administración central, é precisamente unha perda de perspectiva que si pode ter o investigador que se achega á realidade dende os chanzos administrativos máis baixos. Neles pódese entrar en contacto directo coa auténtica praxe da reforma e comprobar como todo o proceso se poñía en marcha, se freaba ou variaba no seu ritmo de aplicación por imprevistos cotiás que non podían ser adiantados nin imaxinados previamente. Proporcionar esta visión é precisamente unha das virtudes que se poden citar dalgúns dos documentos aquí manexados que serán deseguida presentados e analizados polo miúdo. Entre a súa variada tipoloxía atopamos diversos exemplos de a que tiveron que facer fronte os encargados dos traballos para os recontos da riqueza. É aquí onde observamos por exemplo, situacións de conflito para certos cargos que tamén deberon supoñer problemas técnicos internos no seo do sistema, especialmente nos momentos dos seus comezos, se ben é certo que nunca deberon cesar por completo. O 18 de agosto de 1818, por exemplo, a xunta de partido da Coruña comunicábase co intendente, arredor dunha cuestión sobre incompatibilidades de varios cargos que xa foran nomeados para outras labores por outras xuntas:

> "El Licenciado D. Jaime Quiros, con motivo de haberle nombrado vocal estadista de esta junta de Partido, al contestar la administración de este nuevo encargo, ha manifestado la incompatibilidad que consideraba entre este nuevo destino y el desempeño de la comisión del apeo del Pueblo de Bergantiños que esta Junta con la aprobación de V.S. le había conferido y comprendiéndolo así la Jta., acordó nombraran en su lugar al Licenciado D. Manuel Vermudez Pimentel, así como habiendo entendido que D. Manuel Nieto, que obtenía la misma comisión respecto al pueblo del Valle de Veiga se hallaba ya ocupado por la de Betanzos, (…) y a fin de no dilatar en este caso un servicio tan importante, acordó asimismo nombrar en su lugar al Licenciado D. Manuel Espiñeira, también vecino del Pueblo de Bergantiños (…)[182]"

[182] AMC, c. 6759, l. 1, a. 3, p. 76.

No seguinte exemplo, no que pretendemos seguir dando mostras doutros problemas internos do funcionamento do proceso, comprobamos como os individuos que eran nomeados como encargados dos rexistros da riqueza non sempre eran os máis adecuados para facelo. Volve ser a xunta de partido da Coruña na mesma canle co Intendente a que lle comunica en setembro de 1818 a seguinte situación:

> "Habiendo notado la Junta de Estadística de este Partido que los tres alcaldes de las varas del Coto, Valle de Veiga y Crendes no saben leer ni escrivir, de lo que pueden resultar gravísimos perjuicios al servicio del Rey (…) en las circunstancias presentes en que se trata de la formación de Estadística y de repartir con la devida igualdad y exactitud la contribución territorial (…) acordó que yo oficiase a V.E. como lo ejecuto para que se sirva disponer lo conveniente, y que los señores dichos sean relebados por otras personas en que concurran la honradez de los actuales y la circunstancia de que estos carecen, como lo espera del conocido celo de V.E. [183]"

Que houbera encargados que non sabían ler nin escribir non era en absoluto algo raro e os xuramentos situados ao final de moitos dos repartimentos constátano abertamente cando moitos deles recoñecen non saber asinar. O caso anterior non obstante debe ser bastante escaso, no sentido de que nese particular ningún dos encargados tiña esas habilidades, de aí a queixa. Noutros lugares, aínda que houbera algún home nesta situación, sempre era compensado con un ou dous máis que si sabían. O que interesa salientar con casos particulares dos que presentamos soamente un par de exemplos, é que amosan a situación das cousas en niveis moito máis próximos aos contribuíntes, o cal nos ofrece unha visión privilexiada das dificultades constantes que podían acontecer en diversos momentos do proceso. A súa corrección levaba tempo porque necesitaban ser comunicadas, valoradas e contestadas a medida que o proceso seguía avanzando. Ou esa era a teoría, pois tampouco custa crer que os traballos se detiveran completamente durante varios días ata que estes casos non fosen resoltos, baixo o pensamento de que se incorrería en erros ou nulidades mentres non se obtivera unha resposta firme e clara da autoridade pertinente.

Nada do que imos presentando ata o de agora é excluínte porque, lembremos, os problemas adoitaban ser acumulativos. Dito isto, do que non cabe ningunha dúbida é que a implantación do novo sistema trouxo unha grande confusión entre os encargados de administralo e poñelo en marcha, algo comprensible se botamos de novo unha ollada ao que pretenden algúns dos artigos do decreto. Pensemos por un momento na falta de precisión dalgúns contidos dos artigos, ou no significado auténtico, sen o máis mínimo matiz, de expresións como "riqueza das persoas" ou "produtos da agricultura, industria e comercio", e analicemos detidamente as implicacións reais que supoñen que a un conxunto reducido de persoas se lles ordene a realización de tódalas pescudas nestas materias sen ningunha outra axuda práctica que non incluía sequera unhas pautas básicas de procedemento. Tamén a este respecto existían lagoas na instrución. As dúbidas das xuntas locais enviadas ás entidades superiores (de partido e central) acumularíanse nestes chanzos da administración, producíndose un fenómeno de un pescozo de botella, freando a implantación do proceso con novos retrasos. Ante esta problemática era evidente que as avaliacións da riqueza non poderían saír adiante, polo que a administración central rematou elaborando modelos coas pautas a seguir para facilitar todo o proceso. Estes modelos tamén se adoitan atopar entre a documentación dos arquivos municipais, pero hai que destacar o feito de que non foron presentados ata a publicación do Real Decreto do 18 de febreiro de 1818, polo tanto cun

[183] AMC, c. 6759, l. 1, a. 3, p. 132.

significativo retraso respecto do comezo da andadura da contribución xeral. Tamén hai que salientar que uns poucos días antes, o 20 de xaneiro, un comunicado do ministerio de Facenda mandaba aos intendentes deter calquera tipo de instrución que estiveran dando para tratar de aclarar o funcionamento da contribución e da elaboración da estatística da riqueza[184]. Naquel comunicado alegábase que esas instrucións podían entrar en conflito "con el literal y claro sentido del dicho Real decreto [o do 30 de maio]", polo que ante o inminente lanzamento dos modelos oficiais era mellor que cesara calquera outro intento de clarificar o proceso, o que tamén é unha nova mostra da confusión do momento.

Os modelos para a contribución xeral do reino presentaban a estrutura dun caderno onde se podían observar, por fin, as pautas necesarias para recoller correctamente as fontes de riqueza de tódolos veciños de cada poboación[185]. Son en realidade unha reconstrución dos cadernos xerais da riqueza dos pobos, unha das fontes principais desta investigación, e como tal presentan o dito documento tal e como se esperaba que se elaborara, aportando como exemplo o modelo dun pobo. Dito exemplo debería ser tomado como o dun lugar anónimo calquera, imaxinario e hipotético, para facer o propio en cada núcleo a inventariar, seguindo o deseño proposto. Este caderno de riqueza hipotético resulta moi interesante posto que nos amosa a forma exacta que deberían ter os apeos da riqueza que atopamos nesta investigación en diversos arquivos municipais, o que en teoría facilitaría a súa elaboración. A realidade, como veremos cando tratemos dun xeito máis detido o contido da nosa fonte, resulta bastante diferente, pois a información non resulta tan sistemática nin detallada. Algo que dende logo non é un problema para o investigador, xa que o valor da información que ofrece como fonte segue sendo enorme, pero quizais non se poida dicir o mesmo da estatística detallada da riqueza que se pretendía realizar na época con este material.

Porén, os problemas estaban lonxe de desaparecer coa presenza destas novas axudas para a realización do proceso, porque a dificultade non estaba soamente no feito de carecer dunha pauta para recoller a información. Máis grave que isto era a complexidade que radicaba na forma na que se pretendía establecer a cota que lle correspondía pagar a cada veciño, que se baseaba nun concepto de partes alícuotas. A idea pretendida era calcular os rendementos económicos netos que resultaba a partires dun ingreso de calquera natureza, é dicir, a porcentaxe do produto bruto de calquera ben ou renda que se podía estimar como beneficio neto. Dentro deste proceso pedíaselle ás xuntas de partido que establecesen os coeficientes correspondentes a cada actividade económica para que se aplicaran en todo o territorio da súa demarcación, o cal, a lo menos a nivel galego, tamén supuxo algúns inconvenientes como teremos ocasión de comprobar cando falemos dos elementos necesarios para a configuración dos cadernos da riqueza.

Como apunta Fontana, e nisto si estamos dacordo con el, existen toda unha serie de complicacións enormes que impiden calcular correctamente a parte de beneficio exacta que obtén un campesiño dunha actividade agrícola calquera, sen ir máis lonxe, pola grande diversidade de custos de produción entre unhas terras e outras. Parece evidente que non se pode establecer unha taxa única sobre o beneficio neto que obtén unha persoa por traballar unha certa superficie de terra, porque os rendementos non son comparables, porque as horas de traballo e as calidades da terra difiren, ou por toda unha serie de condicionantes naturais que poden darse ou non, afectando dun xeito moi diverso ao desenvolvemento das colleitas, por poñer soamente uns poucos exemplos. Que a administración da Facenda pretendera que os beneficios da agricultura como actividade se reduciran a unha taxa única demostra, ou ben

[184] López Juana Pinilla, J. (1840-48), op. cit., vol. VI, p. 151.
[185] Un destes modelos, que foi dixitalizado, pode ser consultado entre a documetación da Junta de partido de Santiago (1818), pp. 11 e ss.

un descoñecemento absoluto da realidade agraria, ou ben unha neglixencia considerable e un razoamento completamente plano á hora de incorrer nun razoamento semellante, ao supoñerse que os produtos no territorio de toda unha xunta de partido puideran ser remotamente homoxéneos. Tal pensamento ignoraba tamén, por suposto, tódolos condicionantes desa actividade. Se na agricultura acontece isto, pódese deducir sen moita dificultade que aplicar o mesmo criterio a tódalas demais ramas económicas polas cales calquera persoa podía obter un beneficio non sería moito máis sinxelo, incluíndo aquí as actividades gandeiras, industriais, comerciais ou as propiedades inmobiliarias. Sobre este tema das dificultades que podía supoñer o método das partes alícuotas para o cálculo da base impoñible ou do produto neto de calquera actividade económica volveremos máis adiante de tódolos xeitos, cando abordemos, ao presentar os fondos empregados na investigación, a configuración dos cadernos e a forma na que se levaba a cabo todo o proceso previo. O resultado disto, segundo suxire o mesmo Fontana era que o conxunto resultaba nun crebacabezas tan complexo como indescifrable, ante o cal as autoridades locais e as xuntas de partido non fixeron máis que estrelarse[186].

A confusión polo tanto, seguiu imperando entre aquel desexo de realizar unha estatística sobre a riqueza dos habitantes do reino, nun proxecto que finalmente nunca se chegou a completar. Tamén Artola amosou inicialmente unha actitude negativa sobre o escaso nivel de realización que terían acadado os apeos e cadernos de riqueza no marco desta reforma, ao afirmar que o Tesouro non conseguiu que chegaran a realizarse[187]. É certo, por outra banda, que este autor tiña matizado a súa postura e recoñeceu a existencia dalgúns deles, pero seguimos observando en todo caso unha actitude negativa cara a elaboración e conservación destes documentos, dos que se afirma un espolio xeneralizado[188]. As opinións destes dous autores non son as únicas que poden ser citadas na mesma liña, de modo que outras poderían ser traídas a colación dunha forma semellante[189]. Non obstante, unha cousa é que a estatística non chegara a completarse, o cal é algo altamente probable se miramos ao nivel global do territorio do Estado, e outra moi diferente, aceptar sen máis a afirmación sen tratar de ver ata que punto pode ser certa, pois estas visións tan pesimistas sobre o éxito do proxecto ou sobre o grao de realización dos cadernos poden ser matizadas hoxe en boa medida. De feito, tamén hai que recoñecer que dende hai décadas existen indicios claros da realización dos traballos en territorios tan dispares como Segovia, Burgos, A Rioxa, Barcelona ou mesmo en territorios insulares como Mallorca[190]. O feito de que se trate de rexistros de tipo fiscal lévanos a razoar que a localización de aínda que sexan uns poucos exemplos elimina en parte a posibilidade de esteamos ante casos illados. O motivo é en realidade bastante simple, pois tendo en conta que estamos ante unha tarefa molesta, non ten demasiado sentido que un pobo elabore o seu caderno en solitario en relación aos do seu entorno. A realización dos cadernos ben podería realizarse por xeneralización dese comportamento, aínda que sexa de forma forzosa. Non cabe crer, na nosa opinión, que ante unha indagación sobre a riqueza nunha área concreta, soamente un pobo ou dous realizaran o seu caderno. O comportamento debe ser xeneralizado, de aí que a aparición dun caso nos faga supoñer que, aínda que non se conservaran, apeos e cadernos deberon realizarse igualmente nos núcleos circundantes.

Dito isto, é probable que as opinións tan pesimistas sobre o grao de elaboración dos rexistros da riqueza se configuraran a partir de dous factores fundamentais: para comezar, as indicacións dadas polos propios contemporáneos sobre o tema e, en segundo lugar, a falta de

[186] Fontana, J. (1971), op. cit., p. 175.
[187] Artola, M. (1986), op. cit., p. 62.
[188] Artola, M. (1982), op.cit, pp. 99-108.
[189] Pro Ruiz, J. (1987), p. 334; (1992), p. 50;
[190] Quirós Linares, F. (1967); Pegenaute Garde, P. (1977); Mata Olmo, R. e Romero González, J. (1988), p. 223 e 229.

investigacións en profundidade sobre os cadernos da riqueza que se elaboraron no marco da propia reforma, o cal non sucedeu ata tempos bastante recentes. No que se refire á primeira cuestión, comentarios como os realizados xa no seu momento por persoeiros como Canga Argüelles deixaban bastante claro o aparente fracaso da estatística impulsada por Martín de Garay. No seu Dicionario de Facenda, na entrada sobre o concepto "Estadística", apuntaba o seguinte:

> "En el año de 1817 se han expedido en España órdenes multiplicadas, y se han organizado corporaciones para recoger y purificar los hechos, y formar la estadística de la península, recordando a los intendentes la primordial obligacion que por su oficio les corresponde de reunir los datos de sus provincias; mas a pesar de todo, los datos no han coronado aun los nobles y benéficos designios del monarca. A ello, en mi opinión, se oponen, la ignorancia del pueblo, las manos empleadas para la consecución de la empresa y la falta de nociones sobre lo que debe comprender una descripción estadística[191]."

Se como apuntabamos, a este tipo de opinións unimos unha falta de estudos sobre a existencia real dos cadernos da riqueza que non se comeza a corrixir ata datas relativamente recentes, o resultado é fácil de prever, e maniféstase basicamente en actitudes como as indicadas un pouco máis arriba. Porén, o problema vólvese especialmente grave cando se interpretan opinións como a de Canga de forma absoluta, como se asumísemos que o fracaso do proxecto estatístico significase que realmente non se avanzou nada ao respecto, algo que en realidade é completamente falso. Agora, gracias ao avance dalgúns traballos nos últimos anos, a realidade pode verse dun xeito moi diferente. Autores como Bringas Gutiérrez, que entre outras cousas levaron a cabo unha importantísima labor de busca de fondos derivados desta reforma da Facenda, apuntan que pese ás importantes limitacións e problemas polos que se viu afectada, moitos pobos tiveron a ocasión de completar os seus propios cadernos. O número, dende logo incerto pois o labor de busca continúa, é en todo caso moito maior do que se podería pensar inicialmente. Ademais, a tarefa de elaboración dos cadernos foi posible nun período de tempo realmente breve de pouco máis de dous anos, existindo algunhas provincias nas que se chegaron a realizar tódolos da xurisdición, caso de Madrid[192]. Nesta liña, esta investigación é un aporte máis a esta nova realidade, ao descubrir novos fondos desta fonte. Como teremos ocasión de ver, pese a que atopamos un número limitado de cadernos da riqueza e apeos, temos probas suficientes como para pensar que a elaboración de moitos outros foi realmente un feito.

Volvendo ao camiño central deste apartado e continuando coa liña de evidenciar os problemas internos do proxecto impulsado por Garay, os intentos por desenredar as marañas de confusión que se producían no funcionamento habitual do mesmo tiveron quizais na elaboración e reparto deses modelos para os cadernos da riqueza o maior intento para buscar solucións e axilizar o proceso. Porén, esta tentativa non foi a única, xa que poderían ser citados moitos outros exemplos. Non nos volveremos remitir á creación das xuntas de partido, que aínda que viviron tamén os seus problemas naceran coa vontade de mellorar, na teoría, a comunicación administrativa coas xuntas locais así como o seu asesoramento, ao tempo que liberaban á principal provincial dalgunhas cargas. Referímonos concretamente a un considerable número de ordes, circulares e comunicados complementarios ao decreto orixinal, emitidos precisamente para completalo e despexar dúbidas que xurdiron ante numerosos

[191] Canga Argüelles, J. (1833), vol.1, p. 413.
[192] Bringas Gutiérrez, M. A (2008).

aspectos da súa aplicación. Moito máis numerosos ao principio do proceso, por suposto, momento no que o sistema acababa de empezar e no que esas dúbidas eran moito máis frecuentes, novas ordes foron emitidas dende a administración central para corrixir, por exemplo, repartimentos provinciais que foran calculados dun xeito erróneo. Outros incluso contemplaron lixeiras modificacións nos ingresos que formaban parte da contribución, pero a maioría deses documentos oficiais simplemente foron emitidos para despexar dúbidas que xurdiran arredor da interpretación dalgúns preceptos a seguir na posta en práctica da reforma. Por exemplo, foron emitidas reais ordes arredor da tributación dos bens de certas ordes relixiosas, bens de propios ou outros que pertencían ao patrimonio rexio; outras para aclarar a inclusión de certos individuos, cargos ou rendas que se crían exentos da contribución nun principio.

É importante ter en conta o pano de fondo que se configura a partir de todo isto e que non fai máis que confirmar o que xa dixemos anteriormente: que o decreto inicial tivo efectivamente numerosos problemas de base que houbo que tratar de emendar e que, ao mesmo tempo, a capacidade de resposta e comunicación da administración central era limitada e lenta en moitas ocasións. As novas ordes tiñan como obxectivo fundamental, ademais de tratar de axilizar o proceso porque evidentemente era algo que interesaba, o de tapar buratos na estrutura orixinal da reforma da Facenda tal e como fora pensada de entrada. Pero estas solucións producíanse sobre a marcha e non sempre chegaban a tempo. Proba disto poden ser as queixas das xuntas locais que debían realizar igualmente os repartimentos con moitas dúbidas no proceso soamente para cumprir os prazos. Noutras ocasións, esas solucións significaban cambios de certa importancia nas pautas preestablecidas de como se facían as cousas ata o momento, o que obrigaba a desfacer camiño andado. O decreto do 31 de xullo antes citado, por exemplo, impoñía ademais da creación das xuntas de partido, a necesidade de efectuar un novo repartimento das cantidades a recadar en toda Galicia debido a defectos nos cálculos orixinais, o que debeu supoñer enormes complicacións para todo o proceso, ante a necesidade de volver repartir e comunicar a tódolos pobos a súa nova asignación. Tendo todo isto en conta non resulta difícil agardar un aumento progresivo da hostilidade cara esta reforma. Cando analicemos as actas das xuntas locais, veremos varios exemplos destas ordes, pois aparecen copiadas no diario de sesións destas corporacións con frecuencia.

Algunhas desas R.O., se temos en conta cando foron publicadas, revelan situacións que soamente se poden cualificar como auténticos esperpentos no que se refire á eficacia da xestión que se estaba a realizar. Poñamos quizais un dos exemplos máis reveladores que atopamos entre a lexislación que completaba ao decreto do 30 de maio, a R.O. do 14 de agosto de 1817, que simplemente aclaraba o tipo de riqueza sobre a que se debía impoñer a contribución xeral:

> "Teniendo presente el Rey nuestro Señor, varias exposiciones de pueblos en que le preguntan, 'si los cupos de contribucion de los individuos de cada pueblo se han de determinar por el valor de los capitales o por el de sus productos, y por cuál de las dos reglas se debe computar la riqueza territorial' se ha servido S.M. resolver: que en las relaciones de que trata el artículo 16 de la instrucción de 1º de junio de este año, o en otros cualesquiera estados o libros que se formen, se estimen y figuren los valores de los capitales, pero que la contribución se imponga solamente sobre los productos anuales[193]."

[193] López Juana Pinilla, J. (1840-48), op. cit., vol. VI, p. 114.

As implicacións deste comunicado son moi graves se as analizamos á vista da data de aparición, pois dan a entender perfectamente a realidade sobre os problemas que tivo que afrontar o proxecto tributario nos seus inicios. Dous meses e medio máis tarde da publicación do decreto moitos pobos parecían non ter a menor idea de cales eran os elementos da riqueza sobre os cales se debería aplicar a contribución xeral. Ademais, o número de queixas e consultas debía ser certamente importante, pois fixo necesaria a publicación dun comunicado por parte da mesma administración central de Facenda. O problema non era polo tanto algo illado, tal e como se pode comprobar na propia cita. Peor aínda, restaban apenas dúas semanas antes de que vencese o prazo para entregar a recadación dos dous primeiros terzos do ano, pero a estas alturas as dúbidas resultaban ser do máis básico. E este é soamente un exemplo de entre moitos outros que se poderían citar. Moitas das cuestións sobre os cálculos máis esenciais da riqueza non foron resoltos, e con todo as indicacións dadas foron bastante pobres, ata unha R.O. emitida un mes despois, o 12 de setembro de 1817, estando xa superado polo tanto o primeiro prazo teórico de recadación. Isto último contrastaba fortemente co feito de que ese mesmo día, o ministro de Facenda asinaba un comunicado en nome do rei no que se gababa de que a xunta de repartimento da provincia de Madrid fixera xa, ao parecer, a entrega da suma correspondente ao seu territorio[194]. No inicio desa R.O. de setembro pódese ler:

> "Observando el Rey nuestro Señor por varias esposiciones de pueblos y juntas de contribucion celosos del acierto, que aún ocurren algunas dudas las más fáciles de resolverse sobre la desigualdad de cotas repartidas, agravios individuales, deducciones que deben hacerse, sitios y personas sujetos a la contribucion, y que no se emplean en todas partes los medios sencillos pero infalibles de igualar los contribuyentes y la contribución misma, se ha servido S.M., para alejar toda duda e inspirar la más completa seguridad y confianza, mandar y hacer las declaraciones siguientes (…)[195]"

Nesa declaración inténtanse resolver dúbidas diversas en torno a un número significativo de cuestións, e por iso mesmo distintos apartados deste documento serán citados noutros capítulos. Pretendemos chamar a atención, novamente, sobre o alarmante que resulta a data de publicación, pois como acabamos de dicir, xa debería estar feito o pago dos dous primeiros terzos segundo un calendario que, como veremos, non sempre sería respectado. Máis de tres meses despois de ser aprobado o novo sistema de Facenda, a administración central lanzábase a resolver toda unha serie de cuestión sobre as que existían multitude de problemas e que non estaban ben explicadas, sendo algunhas delas tremendamente básicas en canto ao funcionamento da propia contribución. Un aspecto que será un mal crónico e inherente á mesma, pois este tipo de decretos aclaratorios seguiranse emitindo con certa frecuencia.

Con todo, debemos ser xustos e recoñecer que a xeneralización dalgúns problemas tampouco era absoluta e que moitos dos comunicados e ordes serviron para resolver aspectos puntuais, pero este feito tampouco é óbice para restarlle importancia a outros. De feito, incluso cando Garay xa non estaba á fronte do ministerio, publicáronse algunhas R.O. que afectaban a outros asuntos importantes ou que quedaban en simples repeticións de aspectos que non quedaran claros, o que na práctica significaba que máis dun ano despois de implantada a contribución xeral, seguía habendo dúbidas ou aplicacións incorrectas de moi diversa índole. O 30 de novembro de 1818 houbo que emitir un comunicado para confirmar que os descontos salariais tamén se aplicaban aos oficiais do exército, aspecto que só estaba

[194] López Juana Pinilla, J. (1840-48), op. cit., vol. VI, pp. 131-132.
[195] Ibídem, pp. 128-131.

sendo respectado nalgunhas provincias. O 25 de abril de 1819 aínda era necesario aclarar cuestións sobre a presidencia das xuntas de partido que quedaran fixadas había tempo na R.O. do 3 de novembro de 1817. Ademais, naquel mesmo mes, foron necesarios novos recordatorios sobre a exención dos décimos eclesiásticos non secularizados [196]. Como sinalabamos, exemplos como estes, dos que soamente son presentados unha pequena mostra, dannos a entender o tremendo retraso co que se foron abordando e aclarando algúns temas transcendentais. A administración central semellaba estar totalmente superada polas circunstancias.

Tamén nos interesa chamar a atención sobre un derradeiro feito destacado que prexudicaba o funcionamento interno do novo sistema tributario. As novas figuras impositivas e a, en aparencia, novidade que supoñía a forma de recadación que se estaba a introducir, merecen algún que outro matiz. Xa comprobamos, para empezar, como o calendario se mantiña dacordo co das rendas provinciais. Na realidade, o que cambiaba era a forma de recadación na súa estrutura, pero non tanto o pano de fondo sobre o que esta se organizaba. A novidade era en certo modo a forma de pagar (refundindo as rendas provinciais nunha contribución única que como vimos posuía numerosos antecedentes e intentos en anos previos), pero tamén hai que salientar que moito do vello seguía a manterse, algo que nos indican os propios artigos do Real Decreto do 30 de maio pero que quizais poida ser pasado por alto. Por exemplo, as cantidades a recadar eran en esencia a suma do numerario que se esperaba obter das rendas tradicionais xunto co déficit das contas dos ministerios e da Casa Real (artigo 23º), o que como xa vimos eliminaba aquel principio teórico de organizar a Facenda dacordo ás posibilidades dos contribuíntes. Ademais, os encargados de efectuar os repartimentos a nivel provincial seguían sendo os mesmos encargados de sempre, polo que non era complicado esperar que se reproducisen exactamente os mesmos problemas e abusos que afectaran á recadación dos vellos tributos aínda que a administración se simplificara, como xa se indicou. Quizais isto último suavizara o problema, pero é indubidable que non foi unha solución. Estas vellas regras manteríanse, cando menos, ata que a estatística da riqueza estivera lista, o que permitiría teoricamente realizar repartimentos máis axustados á realidade e ás posibilidades dos contribuíntes. Mentres tanto, a administración chegou a establecer algunhas medidas compensatorias para previr as excesivas cargas a determinados núcleos de poboación, pero todo o que vemos en fontes como as actas das xuntas locais é o incumprimento (ou quizais haxa que dicir ignorancia deliberada) das mesmas, sendo cometidos no seu lugar, numerosos abusos[197]. Estas cuestións relacionadas coa presión fiscal serán analizadas máis detidamente noutros capítulos da investigación, pero deben identificarse tamén, de xeito indubidable, como problemas que afectaron á contribución xeral e crear un crecente malestar.

Así, nos altos niveis da administración, os repartimentos serían determinados polos "Intendentes, gefes y oficinas principales de las provincias que hasta ahora entendieron en la administración de Rentas Provinciales y sus equivalentes" (artigo 29º). No nivel local e parroquial, pese a que a posta en marcha da recadación a través da creación de xuntas presentaba unha relativa novidade, pode aplicarse a mesma crítica, posto que os repartimentos

[196] Ibídem, pp. 188 e 200-201.

[197] A R.O. do 28 de agosto de 1817, por exemplo, resulta interesante dende este punto de vista. Con ela previñase aos intendentes á hora de gravar en exceso a determinados pobos e demasiado pouco a outros, ocasionando con elo evidentes malestares aos máis agraviados. Ante a falta dun coñecemento básico da riqueza, a idea era que as xuntas de repartimento anotasen os pobos que se atopaban en valores extremos, para proceder no seguinte repartimento á súa mellor igualación. Este tipo de medidas amosan unha certa vontade de cambiar as cousas dende a administración central, pero tamén unha ignorancia ou mesmo un pensamento idílico ao crer que os executores da contribución os levarían a cabo. (López Juana Pinilla, J. (1840-48), op. cit., vol. VI, pp. 108-109).

quedaban en mans das elites e corporacións locais que se preocupaban máis ben pola defensa dos seus propios intereses. Eses grupos privilexiados, forzados a tributar segundo a definición do propio sistema, estarían nunha posición de oposición ao mesmo, pero de igual xeito situábanse á fronte da administración do proceso. Ao crearse esta situación, o sistema favorecía a aparición dun desigual acceso á fraude, que non se repartía de forma equitativa[198]. Deste modo serán os grandes propietarios con influencia nos concellos, sobre todo aqueles con grandes extensións e difíciles de percorrer e medir, os que podían acceder aos maiores niveis nesta práctica[199]. A falta de medios, tanto económicos como humanos e a conseguinte debilidade das burocracias existentes, impoñía esta forma de funcionamento que deixaba clara a forte dependencia que o sistema tiña respecto das elites locais, mentres que ao mesmo tempo tamén se creaba unha unidade de intereses entre a monarquía e esas oligarquías, que afirmaba o poder da primeira ao garantir a colaboración destas últimas. A renuncia por parte da Facenda a crear unha administración deixáballelo repartimento a elas[200]. Esta relación entre ambas forzas permite ver incluso os límites do propio absolutismo e explicar a súa crise cando a falta de recursos se volve especialmente grave e é necesario buscar novas vías de ingresos, pero no terreo fiscal maniféstase dun xeito tan imbricado que mesmo temos exemplos nos que se apunta, sen saír de Galicia, que as cargas reais non supuxeron grandes problemas mentres que foron precisamente as elites locais as que as repartiron, pero que cando isto non foi respectado, as protestas xeneralizáronse[201].

A documentación consultada deixa constancia deste tipo de simbiose entre as elites e o poder central, que en ocasións se chegaba a desmandar en forma de máis abusos, incluso por riba dos límites da lexislación. Nas actas atopadas no arquivo municipal da Coruña consérvanse algunhas testemuñas que dan conta das advertencias que a xunta de partido realizaba a algunhas das locais tras detectar certas irregularidades na ocupación dos cargos que as conformaban. O 7 de setembro de 1818 escribíase dende A Coruña o seguinte:

> "La Junta de Estadística de este Partido ha llegado a entender que no obstante de que por S.M. está expresamente determinado que los Curas Párrocos más antiguos sean individuos natos de las de Pueblo, procediendo arvitrariamente en esta parte, los electores han elegido, y se han posesionado algunos que no se hallan en este caso, como también que en varias se han constituido vocales algunos parientes, desentendiéndose de lo que en esta parte previenen las Leyes del Reyno (…) A fin de evitar nulidades espera que Vd. en contestación y sin pérdida de momento la informe justificativamente de lo que haya sucedido con respecto a uno y otro punto en la de su presidencia, bajo el supuesto de que Vd. será responsable de las resultas de la omisión que pueda padecerse[202]."

Non sabemos cal era a xunta en concreto á que ía dirixido este comunicado, posto que non é infrecuente ver que os destinatarios son simplemente o "presidente y vocales de esta junta" ou fórmulas similares xenéricas que impiden unha identificación máis precisa, pero o contido é revelador para o tema que tratamos. Nótese ademais que pese a dirixirse a unha soa xunta, a cita fala de varios casos, así que o problema non era un suceso illado. Outro exemplo semellante ao anterior e emitido algúns días máis tarde, esta vez destinado ao presidente da xunta de pobo de Miraflores tamén dende a de partido da Coruña, advertía:

[198] Pérez Picazo, Mª T. (1998), p. 123; Comín, F. (2018), op. cit., p. 482 e (1994), p. 37; Pro Ruiz, J. (1987), p. 337.
[199] Tortella, G. (2006), p. 158.
[200] Fontana. J. (1994), p. 27; Comín, F. (1994), op. cit., pp. 33 e 45.
[201] Saavedra, P. (1993a), p. 16.
[202] AMC, c. 6759, l. 1, a. 3, p. 119.

> "(...) Si en efecto D. Manuel de Aguela y D. Fernando Agra son hermanos políticos no pueden ser individuos de la [junta] de ese pueblo, por lo cual deverá usted proceder a nueva elección de personas en que no concurran estos impedimentos a fin de evitar nulidades[203]."

Vemos polo tanto como as elites locais non parecían ter demasiado reparo en ocupar os cargos que conformaban as xuntas de pobo sen respectar as normas estipuladas para a defensa de intereses grupais ou mesmo familiares. As xuntas de partido eran as primeiras encargadas de mirar polo correcto cumprimento das normas e de facer as advertencias pertinentes, pero o problema estaba contemplado tamén dende outros organismos superiores no organigrama do sistema. A través dunha orde do 22 de xullo de 1818, a propia administración central da Facenda gabábase dun xeito un tanto imaxinativo da superación dun problema secular gracias á posta en marcha do novo sistema:

> "El justo y al mismo tiempo firme Gobierno de S.M. ha vencido por su parte los obstáculos al parecer insuperables que a toda mejora y novedad oponen el espíritu de rutina y el interés particular (…) La nación entera se ha congratulado de ver sustituidos los principios de justicia distributiva en que se funda el nuevo orden de contribución á la tortuosa astucia fiscal, que era el alma y fundamento del antiguo (…) que facilitaba a los más pudientes los medios de eximirse de contribuir, echando sobre los débiles hombros de la pobreza la carga que ella debiera levantar[204].

Pero case un ano despois, a xunta principal provincial, en maio de 1819, era moito máis realista, ao tempo que pesimista, á hora de recoñecer un problema que non soamente non estaba solucionado senón que tardaría aínda moitas décadas en facelo, pois parte da situación era responsabilidade dos malos procedementos dos executores:

> "Por todo ello se comprueba, que a pesar de las medidas enérgicas tomadas, del celo de las Juntas de Partido, algunas de Pueblo, y varios encargados (…) se han sufrido entorpecimientos, ya por efecto de las circunstancias, ya por falta de trabajo proporcionado en diferentes egecutores, a que en parte da lugar la detencion de Justicias y Pueblos en subministrar noticias y socorros, e ya inherentes, especialmente en el principio, a la naturaleza de las tareas catastrales segun conocen los sabios, y acreditó la experiencia de todos los siglos, aun en las Naciones cultas[205]."

A cuestión das resistencias e abusos que proceden de man das elites locais é difícil de situar de tódolos xeitos como problema externo ou interno, e mesmo se pode entender a cabalo entre os dous lados. Por unha parte, a resistencia das elites en defensa dos seus intereses pode entenderse como presión externa, como a dun grupo social que pugna para defender o seu modo de vida ante unha autoridade superior que facía forza para introducir cambios no edificio impositivo, igual que os campesiños exercen resistencia pasiva, por exemplo. Por outra banda, esa resistencia das elites tamén ataca ao sistema dende o seu interior, ao ser as elites mesmas as encargadas de cubrir os postos das xuntas locais e participar nelas como executoras, en tanto en canto xestionan o relativo a temas de rendas nos pobos. Os notables

[203] AMC, c. 6759, l. 1, a. 3, p. 139.
[204] López Juana Pinilla, J. (1840-48), op. cit., vol. VI, pp. 176-179.
[205] Junta Principal Provincial de Contribución y Estadística de Galicia (1819), p. 1.

locais téñeno así moito máis fácil, pois o goberno central non ten máis remedio que pactar con eles. Polo tanto, para o caso das elites, os intereses de grupo introdúcense dentro do sistema e mínano dende o interior ao controlar parte do edificio, incorrendo na fraude e evitando a correcta implantación das reformas de Facenda ou mesmo botándoas abaixo. Aos outros problemas que atacan o sistema dende fóra pasamos a continuación.

2.4.2. Problemas externos. O medio e as resistencias

Os citados ata o de agora foron soamente os problemas intrínsecos do sistema, aqueles derivados de aspectos técnicos que afectaban ao funcionamento do mesmo e que procedían da súa propia base e deseño interno, ou ben de carencias xerais relacionadas coa administración. Por desgraza para o ministro de Facenda e para o propio sistema, os contratempos desta natureza estaban lonxe de ser os únicos que debían ser tidos en conta. Dende fóra, outros factores exercían presión sobre o edificio, contribuíndo a fomentar novos obstáculos aos que se debía facer fronte e que o ían debilitando pouco a pouco. Entramos agora na categoría do que podemos chamar problemas externos.

Os primeiros e máis lóxicos son aqueles que dependen das características do medio no que se desenvolvían os traballos. O clima galego ou a dispersión da poboación son neste sentido un obstáculo para levar a cabo calquera traballo de campo, como sería neste caso un inventario de bens, moitos dos cales son bens inmobles, esencialmente fincas. Hai que ter en conta por suposto as infraestruturas da época e as comunicacións para decatarse de ata que punto os axentes meteorolóxicos poden complicar este tipo de labores. No outro lado, o dos obxectos a inventariar, as parcelas, hai que pensar en como a estrutura de propiedade pode supoñer tamén un problema engadido. Sen lugar a dúbidas, o excesivo parcelamento do agro galego inflúe tamén dun xeito decisivo nesta cuestión. Para exemplificar estas cuestións, serva a seguinte queixa dun encargado dos rexistros que traballaba na xurisdición do Val de Veiga, preto da Coruña, en decembro de 1818:

> "Que en días tan cortos, anegados los terrenos y trabajando y trabajando con toda la intemperie, cualquiera conoce no puede adelantarse más, que aun faltan dos feligresías de las diez de que se compone el valle a dar la simple relación de los vecinos y forasteros de que se componen, que el referido valle tiene una extensión de más de legua y media de longitud y más de una en partes de latitud, cuyos terrenos son inmensos (…) Es tan multiplicada la subdivisión de aquellos que apenas hay partidas de consideración y las más son de partes muy pequeña del ferrado lo que hace embarazosa y detenida la medición, graduación de la qualidad del terreno, del parage y sus llevadores, lo que ocasiona otras tantas cuentas y lo que causará indefectiblemente otras tantas después[206]."

Por outra banda e xa á marxe destas cuestións, nesta categoría de problemas referímonos fundamentalmente á presión e resistencia que exerceron toda unha serie de grupos ou corporacións determinadas en contra do novo sistema de Facenda e incluso sobre a figura do propio ministro no interior da corte. Este acoso viría xustificado, loxicamente, por deferencias persoais co ministro aragonés en particular ou cos principios da reforma que se estaba a levar a cabo dende un punto de vista máis amplo. Ademais, dependendo do grupo cara o que miremos, certas prácticas postas en marcha para obter a recadación correspondente poderían contribuír a xerar unha hostilidade crecente. Se miramos a reforma dende arriba, a análise das discusións que tiveron lugar no Consello de Estado permítenos deducir claramente os grupos

[206] AMC, c. 3971, l. 7, a. 1, pp. 23-24

que se postularon como inimigos de Garay, ou a lo menos, aqueles que lle deixaron de ter simpatía moi pronto. Os privilexiados en xeral volveríanse hostís ás políticas do ministro por motivos obvios, xa que agora estaban suxeitos a novas contribucións que atacaban directamente as súas exencións máis tradicionais.

Dentro destes grupos privilexiados, os máis prexudicados serían os sectores do clero, que vían como por unha banda se lles impoñían novos impostos, mentres que pola outra se intentara ameazar tamén a súa riqueza pola vía dunha desamortización que, non obstante, quedara reducida á mínima expresión. Debemos incluír, chegados a este punto, os descontentos fomentados por esta outra reforma neste debate, pois contribuíron dun xeito indubidable a acrecentar a animadversión que certos sectores sociais terían por Garay. Por motivos coma este dicíamos con anterioridade que ámbalas dúas reformas non se podían analizar por separado, incluso dende o punto de vista dos problemas e resistencias que xeraron.

A estes sectores privilexiados podemos engadir outros corpos do Estado aos que por regra xeral prexudicaron as políticas de Garay e que por iso mesmo non lle gardarían unha grande simpatía, especialmente o dos funcionarios e o dos militares. Pensemos por un momento na cantidade de empregados das distintas ramas administrativas que viron reducido o seu salario nun catro por cento, unha medida que por suposto resultaba máis gravosa a aqueles que percibían un soldo menor por mor da primacía do criterio proporcional sobre o progresivo, pero que afectaba a todos á fin e ao cabo. O empeoramento da situación salarial era máis grave incluso para aqueles funcionarios que quedaban sen ocupación concreta, o que lles supoñía percibir soamente as dúas terceiras partes do seu soldo mentres non se lles atopara unha, tal e como se contemplaba no derradeiro artigo da instrución para a cobranza da contribución. É aquí mesmo tamén onde se contemplaba que para lograr que estes empregados da administración obtivesen algunha ocupación, poderían ser destinados a algúns pobos para contribuír á elaboración da respectiva estatística e das cotas da contribución veciñais nos mesmos. En directa relación con isto último, non fai falla pensar demasiado o que ía supoñer que un funcionario que non tiña por que coñecer un pobo ou unha parroquia elaborase os recontos da riqueza dese territorio ao que fora enviado. Problemas evidentes como serían o descontento de ser destinado á realización dunha tarefa pouco satisfactoria, ou un certo desinterese por comprobar se as pescudas estaban realizadas correctamente, serían de esperar. No outro lado, aínda que supoñamos que ese interese existira e o funcionario en cuestión se preocupara de verdade pola correcta realización do seu traballo, temos que decatarnos que o lugar no que traballaba ben podía resultarlle descoñecido por completo, o que facilitaría a fraude e a mingua na calidade e precisión da estatística consecuente.

Pensemos tamén naquel exército que vía limitado o seu plan de Facenda militar, experimentaba algunha redución no seu presuposto, e vía como un ministro de Facenda se inmiscía nos seus asuntos. Por máis que Garay tivera experiencia en administración do exército na súa carreira, ben podía ser visto como alguén alleo ao corpo militar naquel momento. Finalmente e en conxunto, lembremos a tódolos prexudicados, tanto do corpo de funcionarios como do integrado por militares, pola medida da prohibición de ascensos excepto en casos necesarios e sempre suxeitos á condición de que non quedasen cargos ocupados e libres nos niveis aos que se pretendía a promoción.

Baixo aqueles sectores cortesáns, corporacións locais ou grupos que en xeral, amparados nun descontento, podían realizar presións que facían perigar a estabilidade do edificio da reforma, temos a unha poboación rural que segundo autores como Josep Fontana ou Federico Suárez, esperaban con grandes esperanzas o novo plan de Facenda pero que acabaron por

aborrecer a figura do ministro[207]. Afirmacións coma esta merecen ser puntualizadas, pois aceptalas sen máis pódenos facer perder unha perspectiva importante. Non poñemos en dúbida que efectivamente as clases populares estivesen expectantes e mesmo ilusionadas ante a chegada dunha reforma que prometía menores cargas, ao tempo que esperaban a corrección de moitos dos abusos cometidos por mor da aínda recente guerra ou polo pernicioso sistema das tradicionais rendas provinciais. Se xa comprobamos como moitos dos propios membros do Consello de Estado se manifestaban contrarios a este sistema, non é difícil imaxinar os sentimentos que espertarían nunha poboación á que dito sistema prexudicaba directamente. Serían eles de feito os primeiros interesados en que algo que lles afectaba dunha forma tan directa non chegase a bo porto ou fose suprimido. Pero tampouco podemos aceptar estas afirmacións sen reservas e pretender crer que esas mesmas clases populares esperaban con expresións de xúbilo a imposición dun novo sistema de Facenda que traía novas cargas e que esixía pagos en metálico. Non hai que perder de vista o que se está a facer dende a óptica dos grupos e bandos implicados nunha reforma destas características: por un lado o desexo dun goberno que intenta poñer en práctica certos proxectos encamiñados a coñecer mellor os ingresos e o nivel de riqueza dos seus habitantes. Polo outro, uns contribuíntes que vían estas pescudas con desconfianza, motivo polo cal, na medida do posible, trataría de obstaculizalas. Se efectivamente tiveramos a unha poboación que recibira estas medidas con ilusión non tería sentido recoñecer a existencia dunha resistencia á posta en marcha do novo sistema tributario dende o primeiro momento no que este chega aos pobos, pero isto sucedía porque na realidade e pese ás promesas, o dito sistema establecía polo xeral un aumento das cargas fiscais. Polo tanto, as esperanzas coas que o pobo agardaba o novo sistema poderían ser unhas, pero a realidade final foi outra ben diferente. Así, o certo é que esta resistencia e este descontento existe e pode ser facilmente detectada tanto nas actas e nos recontos e apeos realizados nas parroquias como na correspondencia entre os pobos e a administración da intendencia que analizamos nesta investigación. Unha observación da documentación, especialmente a das actas como a dos recontos da riqueza, revela de inmediato o desexo dos habitantes dos pobos por non cumprir as disposicións que se debían aplicar.

As formas de resistencia empregadas son sutís ata certo punto, tendo en conta que nalgúns casos deben ser deducidas a partir das fontes, pois en boa parte das ocasións soamente se traducen en comportamentos pasivos e na negativa á colaboración, ademais de en diversas formas de fraude que non teñen que ser necesariamente denunciadas ou recoñecidas abertamente. Nese sentido non se fai referencia explícita a, por exemplo, un grupo de persoas que se negan a pagar, de modo que a todo ao que chegamos en canto a resistencia aberta e visible é á formulación de queixas que os pobos da área que estudamos dirixían principalmente ao intendente asentado na cidade da Coruña e que quedan máis en rogos que en desafíos de calquera tipo. Porén, é evidente que estes documentos son boas mostras do descontento popular que se estaba fraguando de forma progresiva e que se unía a tódolos demais problemas que afectaban á reforma. O caso é que tal e como se contemplaba nos artigos orixinais do decreto do 30 de maio, os pobos podían solicitar a redución da cota que lles correspondía en casos excepcionais de tipo catastrófico (artigo 31º). Así, estes documentos van dirixidos ao intendente buscando precisamente ese obxectivo de eludir unha parte do pago, aducindo como argumentos a proliferación de fames ou que a recadación se realiza en momentos do ano moi delicados, coincidindo coa colleita e reducindo as capacidades duns campesiños que ademais teñen outras obrigacións e traballos que cumprir.

[207] Fontana, J. (1971), op. cit., p. 315; Suárez Verdeguer, F. (1967), p. 160.

Hai formas de resistencia que nos amosan a peritos que enferman e que en consecuencia non se poden ocupar de calcular os repartimentos individuais da súa parroquia, polo que hai que buscar a outros novos. Tamén vemos casos nos que os veciños deciden non acudir ás reunións informativas e non participan no proceso máis que cando se ven obrigados, pois tampouco están presentes nas fases de alegacións que se poden realizar durante os días seguintes á publicación dos resultados dos apeos, onde figura a cantidade correspondente que a cada un lle tocará pagar. Os pagos e o proceso en xeral sofren retrasos constantes e crecentes, de xeito que temos entregas de recadacións que chegan á tesourería semanas ou incluso meses despois de que venceran os prazos. Todo isto responde como se pode deducir facilmente, a unha total pasividade arredor do proceso de recontos e posterior cobro da cota de cada veciño. Dende as xuntas locais o único que se alcanza a facer é recorrer á emisión de premas aos encargados da recadación dun xeito reiterativo, sen que pola súa parte se poida observar tampouco, demasiado afán por realizar o proceso.

Pero ademais destas prácticas baseadas na indiferencia, na ignorancia consciente e na non colaboración tamén podemos observar fenómenos de resistencia máis activa entre a poboación. Esas cartas de queixas á intendencia xa son unha boa proba. Por outra banda podemos ver comportamentos que presentan unha actitude de resentimento e de rexeitamento fronte a reforma e máis concretamente contra o propio ministro de Facenda. Estas prácticas traducíronse, por exemplo, na aparición de coplas ou cantigas de tipo popular nas que se criticaba a Garay por enganar á poboación ou por quitárllelo seu diñeiro aos cidadáns e arruinalos[208]. O anonimato ao que favorecen este tipo de composicións é a clave da súa propagación, que sobre todo cabe esperar se daría principalmente pola vía oral. Ademais, aínda que non sexan unha forma de enfrontamento directo per se fronte a un goberno ou fronte ao seu sistema de recadación neste caso particular, estas coplas deixan sentada claramente a idea de que existe un problema de fondo, con sentimentos contrarios ao ministro e de animadversión profesada entre a poboación cara a súa persoa.

Outra forma de resistencia que se produce de forma activa e perfectamente consciente é a que segue a vía da detracción da base impoñible dos contribuíntes, que na nosa fonte toma a forma de ocultación, tanto pola vía das superficies brutas das parcelas como das calidade da súa terra. Esta práctica debe ser deducida a partir do que atopamos nas fontes que manexamos, neste caso principalmente, os recontos de bens dos veciños de cada parroquia. A ocultación é precisamente aquilo que non aparece nesta documentación e que chama a atención debido á súa ausencia. En moitas parroquias das que temos rexistros, as terras de calidade superior simplemente non existen e parecen desaparecer dos inventarios, o mesmo que acontece cos montes comúns, que tamén brillan pola súa ausencia. Resulta moi difícil, senón imposible, determinar o nivel no que estes dous fenómenos afectan a cada freguesía, precisamente porque ao non aparecer na fonte non podemos determinar a súa contía. Pero tamén se trata de fenómenos facilmente demostrables pola súa clara evidencia pois, aínda que esa ausencia de terras das mellores calidades ou de montes comunais pode ser interpretada como un erro puntual nun rexistro concreto, a reiteración do suceso lévanos necesariamente a sospeitar ao respecto, pois xa non pode tratarse dunha coincidencia. Os motivos tras esta práctica estarían fóra de toda dúbida, pois o que se perseguiría sería a redución da cota individual a pagar, no sentido de que menos terras ou menos produtos poderían traducirse directamente nunha menor tributación.

Estas formas de conflitividade que vemos entre a poboación poden ser tomadas efectivamente como un problema externo ao funcionamento do sistema tributario e por iso

[208] Castells, I. e Moliner Prada, A. (2000), p. 90.

figuran aquí (referímonos a isto por oposición a aquela conflitividade que existía entre os diferentes niveis da administración, que polo tanto era inherente ao sistema e que xa foi explicada cando falamos das xuntas de partido). Porén, chegados aquí decidimos simplemente realizar a súa presentación e non tratalas en profundidade neste apartado por un motivo moi simple. No seu lugar, pola importancia que ten o seu estudo a través das fontes manexadas nesta investigación, desenvolveremos esta análise nun capítulo posterior onde lle dedicaremos a atención que merece. Tanto nas actas das xuntas locais, nos recontos dos apeos, e mesmo na correspondencia dos pobos co intendente da Coruña, temos toda unha serie de mostras destas formas de conflitividade e resistencia, así que cremos que unha cantidade de material considerable necesita o seu propio espazo, onde nos centraremos nel en exclusiva, dando boa conta dos exemplos dispoñibles e analizando polo miúdo o seu contido. Nun intento de posta en valor das actuacións da poboación fronte ao sistema, trataremos de demostrar como un dos puntos máis débiles de toda a estrutura deste último era a falta de medios que, entre outras cousas, impediu a esa administración afrontar unha resistencia que se manifestou de numerosas e diversas formas. Pois tal e como se ten sinalado, a historia da Facenda debe atender tamén moi directamente ao elemento humano, xa que detrás das reformas tributarias como esta, da análise dos gastos públicos e dos déficits aparecen personaxes históricos con nomes e apelidos que desenvolveron o papel de ministros e parlamentarios, pero tamén e dende unha óptica máis ampla, grupos de presión ou contribuíntes[209]. Afondando nesta liña, o capítulo correspondente pretende dar voz e reivindicar a eses últimos, que son precisamente os máis numerosos e anónimos. Este tipo de análises permiten unha achega a aspectos que poden ser desprezados noutras de carácter máis xeral, co cal podemos enriquecer a nosa visión do pasado[210].

Deixando de lado estas prácticas, as presións contra o sistema proliferaban tamén no seo da corte real, tomando aquí sobre todo a forma de ataques contra a figura de Garay. Cun monarca como Fernando VII, algúns autores teñen salientado como o seu personalismo se saldaba, ante a falta de homoxeneidade dos seus equipos, con crises ministeriais moi frecuentes nos sucesivos gobernos que se constituían, dende logo, como un forte obstáculo á estabilidade[211]. A oposición frontal de certos conselleiros dende o primeiro momento, que se volveu aínda máis dura ao tratarse a reforma do crédito queda xa ben patente como unha boa mostra dos encontróns aos que o ministro aragonés se debeu enfrontar e os cales seguramente o debilitaron. Estes sucesos, porén, tampouco deberon ser os únicos problemas que lle afectaron persoalmente, tendo que mencionar tamén, seguramente, a cuestión da camarilla e o seu influxo na vida política, aínda que este non sempre sexa fácil de medir[212]. Aspectos que, por suposto, non afectaban en exclusiva a Garay pero que sen dúbida debe ser posto de manifesto como unha fonte de presións externas. Esa forma de gobernar supoñía unha serie de problemas que tampouco escapaban aos ollos dos contemporáneos, que vertían contra ela duras críticas. Serva como exemplo oportuno o dito en 1820 por José Fernández Neira, Vicesecretario da xunta de goberno de Galicia, quen xa naquel ano culpaba por completo ao goberno da imposibilidade de realizar unha estatística en condicións, proxecto no que Garay fracasara:

> "La Estadística consiste en saber, primero: la población; segundo: su extensión; y tercero su riqueza rural, industrial, fabril y comercial. Muchas naciones se

[209] Comín, F. (1996), op. cit., vol. 1, p. 72.
[210] Veiga Alonso, X. R. (2017), p. 325.
[211] Artola, M. (2008), op. cit., p. 430.
[212] Ibídem, pp. 433-434; Fuentes, J. F. (2007), op., cit., pp. 38-39.

> dedicaron a formar en su territorio una estadística exacta: gastaron grandes sumas y el resultado fue y será la imposibilidad de llevarlo a cabo (…) Este problema en mi opinión, nace en la mayor parte del Gobierno; y su desengaño está bien a la vista. Hasta Marzo de 1820 nos regia (bajo inmorales consejeros) un gobierno arbitrario, que sus miras se dirigian a extenuar los españoles, sostener los caprichos del Gabinete (…) Sin acordarse de proteger la agricultura, las artes, y el comercio, concedía privilegios para introducciones y exportaciones, sostenía en América una guerra que proporcionaba la sepultura a muchos miles de españoles, tenía cerrada la puerta a todo ingenio que emprendiese un descubrimiento útil, perseguia los sabios, desatendia los buenos empleados públicos, protegia los defraudadores, el despotismo, y la injusticia, era su divisa; y en fin no había género de mal que no padeciésemos[213].”

Non obstante e pese a todo o que levamos dito, sabemos que a lo menos en primeira instancia, todas estas resistencias sociais, nin as dos privilexiados nin as das clases populares, foron suficientes para rematar co sistema. A caída tamén foi propiciada pola vía do desgaste, en conxunción coas innumerables adversidades técnicas ás que tamén se pode unir un desencanto que proviña do feito de que se lle esixiran unha serie de resultados inmediatos que dende logo non podía garantir, o que se interpretou como unha falta de resultados. Pero antes de chegar a isto, como xa quedou dito no contexto da reforma no capítulo anterior, o que caeu primeiro foi o ministro, e poucos anos máis adiante, o propio sistema tributario case por completo, exceptuando algunhas das recentemente creadas figuras impositivas.

Que todas esas presións e problemas sociais relacionados con resistencias non foran suficientes para derrubar o dito sistema permítenos realizar algunhas suposicións importantes que teñen máis alcance do que en principio poida parecer. Para comezar, o mantemento do sistema implicaba que seguía existindo unha mínima confianza en que funcionara, conseguindo finalmente solucionar (ou no caso de considerar este adxectivo demasiado optimista, si a lo menos mellorar), a situación económica na que estaba sumido o erario. Como pouco, pensaríase que seguía sendo a mellor solución posible a falta doutras. Pero ademais disto, a súa supervivencia da pé a un aspecto aínda máis interesante que nunca debe ser perdido de vista: aínda que o sistema do Antigo Réxime establecía unha serie de exencións para certas clases, o ataque ás mesmas por parte do sistema do que tanto se queixaban algunhas personalidades do Consello de Estado e aqueles grupos privilexiados principalmente prexudicados por estas medidas, non debeu ser considerado como tan grave entre as altas esferas de poder. Aínda que houbera quen estaba en contra do sistema tributario e defendese o mantemento intacto dos privilexios destes sectores da poboación, resulta evidente que a pesar de todo o ruído que estes sectores puidesen facer, as súas protestas pesarían menos que a gravidade da situación económica. É dicir, que pese a esta realidade recoñecida, o sistema persiste. Debemos pensar neste sentido na figura do rei como autoridade última, pois de querelo, puidera telo retirado do mesmo modo que o fixo co ministro. Pero no seu lugar, o sucesor de Garay foi Imaz, un individuo do seu mesmo equipo e de características semellantes, que mantivo o proxecto en funcionamento e intentou realizar o que o xa exministro de Facenda non conseguira, lograr os obxectivos que se marcara cando comezara a súa implantación e mellorar o sistema de recadación para afrontar mellor as cargas do Estado e restablecer o malpocado crédito.

Os problemas técnicos que citamos un pouco máis atrás como parte dos contratempos internos continuáronse sucedendo do mesmo xeito, pois as actas das xuntas locais seguen

[213] Fernández Neira, J. (1820), pp. 3-4.

manifestando a existencia de trabas de xestión de diversa índole despois de que Garay deixara de forma definitiva o seu posto no ministerio de Facenda, algo lóxico, posto que a súa marcha non significou un grande cambio de cara ao mantemento do novo aparello de Facenda. Neste sentido os obxectivos mantivéronse, pero á fronte do ministerio producírase un cambio da persoa ao cargo. Porén, a tódolos problemas que se acumulaban, o cese de Garay puido significar unha perda de apoios aínda maior para a reforma, pois o que desaparecera era o seu principal impulsor. Para explicar o cese do aragonés adúcese con frecuencia á súa mala saúde, escusa que el mesmo chegou a empregar para evitar facerse cargo do ministerio nun primeiro momento. Aínda que isto tamén axudara e se sumara ao grupo de causas que levamos citado, o motivo último que propiciou a súa caída do ministerio foi o de non ter éxito na súa xestión de todos estes problemas en conxunto. Como resultado de todo o que vimos sinalando neste apartado en conxunto, non resulta estraño supoñer que o sistema de Facenda de maio de 1817 non puido ser posto en práctica correctamente, o que derivou nun grave problema de redución do volume da contribución finalmente recadada. Ante un problema coma este, Fontana explícanos que Garay soamente soubo reaccionar cunha xestión que incluíu unha serie de medidas drásticas que aumentaron o xa presente descontento popular, unha vez que fallaron as canles que se supoñía que farían a recadación máis lixeira e equitativa. Foi debido a estes fracasos que rematou sendo substituído por homes que, moi próximos igualmente ao sistema, foron xulgados como máis adecuados para continuar coa implantación da contribución xeral. A falta de caudais monetarios era preocupante debido non soamente á fraude que puidera existir, senón aos retrasos nos pagos. Na vila de Pontedeume, por exemplo, a recadación do derradeiro terzo de 1817 entregouse nos meses de abril e maio do ano seguinte. O 14 de setembro, Garay era cesado xunto co ministro de Mariña Vázquez Figueroa e o de Estado, García de León y Pizarro no marco dunha crise política. A decisión de destitución e desterro foi comunicada ao mesmo tempo aos tres ministros, pero mentres que no caso dos seus compañeiros se estipula simplemente que o rei decidiu exoneralos dos seus cargos, no caso de Garay tamén se fai referencia ao seu estado de saúde. Certamente, debía estar xa afectado da tuberculose que lle causaría a morte catro anos despois[214].

En canto ao sistema, este continuou sobrevivindo algúns anos máis, ata finais de xuño de 1821, cando as Cortes puxeron en vigor os proxectos fiscais de Canga Argüelles[215]. Pero os seus problemas continuaron vixentes, especialmente o do descontento e a resistencia das capas máis baixas da poboación. Algúns defectos foron corrixidos pouco a pouco pola vía de decretos, pero cunha recadación que minguaba de forma progresiva e un goberno necesitado de diñeiro volveuse botar man de medidas drásticas para manexar a situación, de tipo coercitivo, enviando ás tropas aos pobos para obrigar a pagar, pero esta era xa unha vía esgotada que non supoñía apenas beneficios dende había tempo[216]. A este respecto e xa en 1818, unha das xuntas de pobo da provincia da Coruña comunicaba á principal o seguinte estado das cousas:

> "La junta tiene manifestado a V.S. muchas veces y ahora lo hace de nuevo que nada desea más que el que las providencias de la Superioridad no queden ilusorias, y se cumplan puntualmente, pero cree que no cumpliría con sus deberes si omitiese recordar a V.S. la resolución del oficio citado para evitar los perjuicios que de lo contraído pueden seguirse, especialmente cuando le consta que a consecuencia de apremios militares despachados a los pueblos para hacer efectivo el resto de la Contribución del año próximo pasado, se están vendiendo a los infelices labradores

[214] Fontana, J. (1971), op. cit., pp. 311-312.
[215] Artola, M. (1986), op. cit., p. 92.
[216] Fontana, J. (1971), op. cit., pp. 340-341.

> los pocos vienes que tienen para subsistir que a penas sin embargo podrá reunirse aquella, y mucho menos la últimamente repartida, y que el exijirles ahora y antes de la cosecha los gastos del apeo será aumentar la calamidad pública (…)[217]"

Polo tanto, a xestión dos problemas continuaba a ser desastrosa, igual que acontecera nos meses previos, cando Garay estaba aínda no cargo, empregando solucións semellantes que na realidade remataban sendo prexudiciais a curto prazo, posto que o único que conseguían era abafar máis a cada paso a unhas clases populares entre as que soamente se fomentaba un odio cara a Facenda e cara o goberno. Á vista de exemplos como o que acaba de ser citado, a diminución progresiva da recadación era dende logo un resultado seguro, algo que pode ser interpretado como o derradeiro cravo no ataúde do sistema tributario e froito da combinación de tódalas problemáticas que levamos citado. A consecuencia subseguinte non se fixo esperar, de modo que, en palabras de Vallejo Pousada, como a reforma de Garay recadou menos do previsto, en boa medida polos problemas para implantar a súa contribución xeral, fíxose obrigatorio o recurso aos préstamos, obtidos con altas remuneracións aos acredores, de forma que en 1820 a débeda aumentara a 14.021 millóns de reais por aquelas emisións e pola acumulación de intereses con falta de pagamento[218].

Non obstante e xa para poñer punto final a este capítulo, debemos chamar a atención sobre o feito de que os resultados finais do proxecto tampouco deben ser interpretados unicamente en clave catastrófica e poden merecer algún pequeno matiz en función da óptica á que nos acollamos. A nivel financeiro, os resultados obtidos foron dende logo adversos, pois a pesar dun lixeiro superávit das contas entre 1814 e 1819 e dun pequeno aumento dos ingresos gracias ao labor de Garay, semellante saldo debe interpretarse como resultado dun incumprimento das obrigacións básicas por parte de case tódolos ministerios, pois ante a imposibilidade de aumentar a recadación estaba claro que a única vía posible era a redución do gasto[219]. Poucos anos despois, dende o Trienio Liberal, Pinilla valoraba deste xeito o proxecto:

> "(…) se abrieron los cimientos a un nuevo plan de Hacienda en que se creyó hallar lo necesario para llenar los gastos, y se dieron también algunos pasos para la organización del Crédito Público. Sufrieron estas disposiciones la oposicion que siempre es consiguiente a la variacion de prácticas que destruyen exenciones antiguas bien o mal adquiridas; y sea porque no hubo bastante constancia para resistirla, o porque las continuas modificaciones desfiguraron o aun inutilizaron el plan, lo cierto es, que no produjo el efecto que se deseaba[220]."

Porén, a nivel de realización da estatística, os resultados poden ser interpretados nunha clave máis favorable. Xa falamos por exemplo da localización, especialmente nas últimas décadas, de multitude de apeos e cadernos da riqueza, o cal significaba un xiro dos acontecementos en canto ao pensamento habitual que daba por sentado un escaso nivel de éxito nesta empresa. Dentro do territorio galego máis concretamente, a xunta central proporcionou no seu momento unha serie de datos que nos permite achegarnos á superficie que puido chegar a ser inventariada no marco deste proxecto:

[217] AMC, c. 6759, l. 1, a. 3, p. 29.
[218] Vallejo Pousada, R. (2014), op. cit., p. 169.
[219] Comín, F. (2004), op. cit., p. 51; (1989), pp. 188 e 207; (1990), op. cit., p. 36.
[220] López Juana Pinilla, J. (1822), p. 5.

> "A Galicia se computan de extensión en cultura relativa, esto es de todas clases y no precisamente de labrantío, 153 leguas cuadradas de 17 ½ al grado cada una de 7572 varas de lado. Y según los partes recibidos y algunos cálculos supletorios por los que faltan, hechos sobre bases prudentes (…) se consideran hasta ahora medidas, apesar de entorpecimientos y malas estaciones, 50 ½ leguas cuadradas, que es casi la tercera parte de las referidas de 17 ½ al grado, ademas de varias diligencias hechas sobre el Apeo de Ganadería, Edificios, Industria y Comercio. Las cuales conforme á dichos datos se distribuyen en los siete Partidos de Galicia del modo que sigue; en la inteligencia que Lugo y Orense son los mas adelantados con respecto tambien al todo que se supone cultivado en ellos.
> A saber en: Orense 15 ¾ ; Lugo 9 ½ ; Santiago 9 ¼ ; Betanzos 5 ½ ; Tuy 5 ½ ; Mondoñedo 3 $^{1}/_{3}$; Coruña 1 $^{2}/_{3}$[221]."

Este estado dos traballos dátase a finais de maio de 1819. O sistema levaba en vixencia máis de dous anos se temos en conta a data do 30 de maio de 1817 como punto de partida, pero tal vez sexa mellor considerar a data do 18 de febreiro de 1818, na que apareceron os modelos e se decretaron as pautas para os cadernos da riqueza, como o momento no que os pobos se lanzaron a realizar a empresa de inventariado de terras. A cita amosa polo tanto os avances conseguidos nese tempo. Cabe esperar quizais algún avance máis nos seguintes meses, pero en todo caso non moi destacado se temos en conta que non faltaba demasiado para o pronunciamento de Riego, aínda que por outra parte o sistema sobreviviu algún tempo máis. Este reconto pode ser interpretado en positivo para ver o alcance dos rexistros nun territorio tan complicado como o galego, onde sabemos que outras importantes fontes como Ensenada ou os amillaramentos ofrecen tamén máis problemas dos habituais.

Pese a todo o que levamos dito ata o de agora, os problemas nos que se viu sumido o sistema tributario de 1817 non poden ser abordados polo miúdo nunhas poucas páxinas deste capítulo. O que se pretendeu nesta sección principalmente foi realizar unha chamada de atención e tomar conciencia arredor do feito de que esas adversidades eran moitas e moi diversas e que, así mesmo, proviñan dunha ampla variedade de frontes sociais, económicas, políticas ou económicas, entre outras. Algúns deses problemas foron efectivamente expostos aquí con máis ou menos detalle. Porén, durante todo o devir desta investigación, outros serán tratados máis debidamente en diversos capítulos. Agora que coñecemos todos estes detalles sobre o proxecto, o modo no que se desenvolveu e os problemas aos que se enfrontou, temos unha mellor perspectiva sobre a base na que apareceu a documentación á que deron lugar os procesos da súa implantación, rexistro da riqueza e cobranza da contribución, a cal conforma as fontes principais desta investigación, que seguidamente pasamos a presentar.

[221] Junta Principal Provincial de Contribución y Estadística de Galicia (1819), op. cit., p. 11.

CAPÍTULO 3:
FONTES DESTA INVESTIGACIÓN. PRESENTACIÓN, CRÍTICA, PROBLEMAS E TRATAMENTO

No capítulo anterior pretendemos deixar claro como se desenvolveu o proceso da reforma tributaria impulsada por Martín de Garay dende unha serie de ópticas que nos permitiran ofrecer unha visión de conxunto do seu establecemento e funcionamento. Fixemos isto, ademais, dende varios niveis administrativos e tratando de amosar os diferentes momentos claves do proxecto, comezando incluso antes de que este se rematara por formular, presentando toda unha serie de antecedentes dos que obtivo a súa propia base e moitas das súas ideas fundamentais. Despois foi abordado o asunto dende a cronoloxía da súa xestación a partir das memorias dos membros do Consello de Estado e os debates que tiveron lugar no seu seo, para pasar a continuación ao momento no que a administración central se fixo cargo do proxecto, materializándoo a través da publicación dun decreto do que se trataron de analizar os seus aspectos esenciais, así como os dos documentos directamente relacionados con el. Por último, observamos un conxunto de problemas e contradicións nos que incorreu a reforma dende o momento no que se empezou a implantar. Todo isto permitiunos establecer unha perspectiva máis ampla sobre todo o proceso, de maneira que sobre ela construiremos o presente capítulo, empregándoa para facilitar a comprensión dos contidos dos materiais fundamentais utilizados nesta investigación. É dicir, que todo o traballo previo desemboca aquí tendo un obxectivo claro: cando agora presentemos as fontes, teremos establecida xa unha base firme sobre as medidas administrativas e os procesos que as crearon, así como o contexto no que se produciron e, ao mesmo tempo, tamén os problemas aos que deron lugar ou aos que houbo que enfrontarse. Todos estes son os pasos previos necesarios para pasar despois a analizar e desenvolver as distintas cuestións que abordaremos nos capítulos seguintes e que conforman a parte máis orixinal desta investigación. Pasamos polo tanto a presentar as fontes principais manexadas nela, que non son outra cousa que os documentos que xorden como resultado da aplicación práctica de moitas das pautas administrativas e medidas concretas que levamos descrito a partir dos materiais do decreto, que deron lugar a uns problemas ou que tiveron que facer fronte a outros, ademais de acontecer nun contexto que xa determinamos.

Nesta investigación centrámonos concretamente en tres tipos de fondos diferentes, atopados e consultados todos eles en arquivos municipais de poboacións e vilas da xurisdición das antigas provincias de Betanzos e Coruña principalmente, aínda que as posibilidades que ofrece a documentación dixitalizada levaranos tamén a rozar a área da de Santiago nalgunhas ocasións. Con isto, logramos cubrir unha área xeográfica considerable, ao ter dispoñibles unha serie de documentos que nos ofrecen datos sobre un espazo que rodea o arco ártabro, pero que se estende considerablemente tanto cara o norte como cara o leste seguindo a liña costeira. Neste sentido, os fondos atopados na cidade herculina non soamente aumentan as posibilidades de investigación, senón que algúns dos seus contidos tamén resultan un complemento excelente a outros documentos máis xerais, dado que nesta localidade se atopaba a intendencia do reino e a xunta principal provincial. Agora que temos abordado e clarificado todo o asunto administrativo por niveis gracias aos apartados anteriores, sabemos a

importancia que esta institución, co respectivo Intendente á súa cabeza (Juan Módenes nestes anos), tiña no proceso de implantación, posta en funcionamento e administración do novo sistema tributario nun dos chanzos intermedios situados entre a administración central e as xuntas locais. A pesar de que esa documentación da intendencia é escasa, sérvenos igualmente para coñecer o tipo de actuacións que se levarían a cabo dende este nivel. Así, se tomamos as memorias, e sobre todo o decreto de maio, os seus artigos e bulas e por último as ordes e comunicados dende o ministerio de Facenda como os produtos das actuacións dende a administración central, e por outra banda as actas e os recontos da riqueza nos pobos como mostras do ámbito de actuación das múltiples administracións locais, os fondos do arquivo da Coruña dannos unha mostra do xeito de proceder da administración provincial dende o ámbito da xunta central. Gracias a estes fondos poderemos coñecer, a través da correspondencia que os pobos mantiñan co intendente e viceversa, as inquedanzas tanto do un como as dos outros, así como as dúbidas, o malestar os e problemas que xurdiron ao respecto do novo sistema, moitos dos cales xa se foron indicando nos apartados previos.

Así, as fontes primarias das que dispoñemos son esencialmente tres. Concretamente, as seguintes:

1- Actas das xuntas locais establecidas nas vilas principais: estas entidades quedaban encargadas de executar os repartimentos, os recontos da riqueza dos veciños e o cobro da contribución xeral en toda unha serie de parroquias que dependían da súa xurisdición, as chamadas sufragáneas. Presentando unha estrutura tipo diario, esta documentación amosa o proceso de funcionamento cotiá destas corporacións locais e todo o relacionado co mesmo, incluíndo aquí todas cantas cousas puideran pasar no marco deste tipo de corporacións, aquilo ao que tiñan que facer fronte, dende poñer en marcha o proceso ata os problemas que podían xurdir en calquera momento mentres o repartimento e a recadación se executaban. As eventualidades que poden suceder dende este punto de vista son dunha variedade enorme, o que explica que aínda que existan unha serie de sucesos comúns a varios destes organismos, con contidos e temas coincidentes, os diarios de actas de dúas xuntas nunca van ser iguais. Ao estar datadas no día mesmo no que son escritos os rexistros, son unha ferramenta esencial, quizais a única dispoñible, para poder coñecer e analizar os tempos e as cronoloxías nas que a reforma se desenvolveu, moi especialmente a nivel dos pobos e dos seus contribuíntes. Esta documentación é o produto do que poderíamos cualificar como a verdadeira aplicación práctica das medidas aprobadas, máis alá do papel e da teoría da documentación emitida pola administración central.

2- Apeos e cadernos de recontos da riqueza dos pobos: do mesmo xeito que no caso dos fondos anteriores, este proceso de inventariado e catastro de bens e rendas tamén se organizaba e se articulaba dende a localidade na que se quedaba instalada unha xunta local, así que o normal é atopar os recontos das parroquias sufragáneas na propia localidade da dita xunta da que dependen, aspecto que deriva do propio xeito de conservación estipulado pola administración e que presenta unha clara vantaxe para o investigador. Non só porque facilita o traballo de cara a desprazamentos e aforra tempo na busca. Temos que pensar que se os cadernos tiveran que conservarse na súa respectiva parroquia, moitas nin sequera terían un lugar adecuado para facelo, máis alá da igrexa do lugar como centro importante para tódolos veciños, o que favorecería probablemente o seu extravío a medida que pasaba o tempo, por non mencionar o problema da dispersión destes documentos. Así, cando nun arquivo municipal existen fondos dos recontos, sempre aparecen os correspondentes a varias parroquias. Outro asunto diferente será a calidade que presenten, que é un aspecto ao que dende logo chegaremos e que tamén presenta unha variedade moi importante.

3- Documentación da xunta principal da cidade da Coruña: fundamentalmente trátase de documentos de tipo correspondencia entre os pobos e o intendente Juan Módenes afincado nesta localidade, e como tal, cabeza da Xunta Principal Provincial de Contribución e Estatística de Galicia. Os intercambios son con todo, desiguais en canto ao volume de respostas de ámbolos lados. É dicir, que o fondo está composto en boa medida por cartas e chamamentos que chegan á cidade da Coruña dende os pobos que por respostas enviadas dende a Intendencia para resolver as posibles dúbidas e rogos que ata aquí eran remitidos. Moitas das cartas que os pobos envían inclúen precisamente peticións e súplicas para que as autoridades competentes reducisen as taxas de contribución que lles foran asignadas, facendo valer aquel suposto dereito de compensación e de rebaixa da cantidade correspondente a recadar que xa tratamos nos artigos do decreto. Así mesmo, temos tamén moitas das respostas enviadas de parte desa xunta, que foron copiadas, probablemente para deixar conta de que o propio proceso de resposta se levara a cabo. Pese a ser os papeis deste tipo os máis comúns, existen tamén outros contidos de tipoloxía variable e que responden a unha categoría administrativa, onde atopamos documentos determinantes para que diversos aspectos do proceso de rexistro da riqueza, repartimento e cobranza da contribución puideran ser postos en marcha, tales como táboas de prezos e descontos ou asignacións impositivas para distintas xurisdicións e as parroquias que as forman.

Dito isto, consideramos necesario, tal e como adoitamos facer ao comezo de cada capítulo, establecer a forma na que imos proceder ao longo das seguintes páxinas. Basicamente, a cada unha destas fontes corresponderalle un apartado individual que contará á súa vez con diversos subapartados, entre os cales podemos citar varios comúns, con pequenas variacións en función da natureza de cada unha das ditas categorías que presente a documentación. En primeiro lugar aparecerá unha presentación que cumpre o obxectivo de introducir a fonte e onde figurarán cuestións como a súa razón de ser, os seus obxectivos (dende logo non serán as mesmas circunstancias no caso dun reconto da riqueza que no dun conxunto de rogos enviados dende numerosos pobos ao intendente), os motivos ou as circunstancias que levaron á súa aparición, as súas pautas de funcionamento esenciais e en suma, toda unha serie de aspectos que consideramos básicos e que as definen a cada unha delas. Esta parte tentará ser breve posto que algunhas desas pautas veñen xa explicadas polo propio funcionamento da reforma que xa foi tratado, así que algunhas delas xa foron introducidas e explicadas en parte. Neste sentido, a introdución terá unha parte de sistematización ou de recompilación, pero tamén tratará aspectos que son unha novidade, por exemplo, no tocante ao funcionamento dalgunha das fontes, ao entrar nelas máis polo miúdo, afondando en aspectos que con anterioridade soamente significarían un desvío nos temas principais que se estaban tratando.

A continuación, deixando xa de lado esta cuestión introdutoria, pasaremos a establecer unha tipoloxía dos datos atopados nos diferentes arquivos municipais para cada un dos tres fondos. Esta parte terá diferentes estruturas segundo a fonte que presentemos, pero o seu obxectivo pode resumirse nunha listaxe ou relación detallada das informacións que conteñen cada unha delas, así como as diferentes formas nas que poidan ser atopadas. Os datos da riqueza por exemplo, aparecen seriados de xeitos diferentes segundo a parroquia que consultemos, de igual forma que non todos presentan as mesmas características, calidades ou contidos. Por outro lado, as actas non presentan datos seriados, pero si abordan multitude de temas que merecen ser igualmente presentados. Ademais disto, en tódolos casos e a medida que levemos a cabo a análise, daremos mostra das posibilidades de investigación que nos ofrece cada tipo de documento, en función da información que conteñan para os nosos obxectivos, mostrando exemplos cando sexa necesario. A variabilidade que presentan algúns

dos contidos destas tres fontes, caso das actas das xuntas locais como xa dixemos, ofrece sen lugar a dúbidas moitas posibilidades, pero en ocasións pode acontecer o feito de que certas tipoloxías de contidos resulten para nós pouco representativas (por exemplo pola escaseza coa que as atopamos), ou que simplemente superen ou non nos sirvan para axudarnos a completar os obxectivos que aquí formulamos. Aínda que tratamos de dar un uso a todo canto nos atopamos, pois esta investigación tamén debe ser entendida como a presentación dunha fonte ata o de agora inédita e sen explotar no territorio galego, existen algúns recursos dos que quizais facemos un uso limitado, pero quizais outros investigadores poidan darlles outro uso diferente. Nese sentido e para abrir novas portas de interpretación, cando realicemos a análise destas fontes trataremos de enumerar tódolos contidos que estas presenten. Os obxectivos que buscamos con isto son os de fortalecer a idea dunha posta en valor destas fontes, pouco empregadas ata o de agora debido á súa difícil e polo xeral aleatoria localización, ao tempo que contribuímos á divulgación dos seus contidos e posibilidades.

Do mesmo xeito, nun subapartado a continuación, falaremos tamén dos problemas que presentan os distintos tipos de documentos en concreto e para cada caso, dun xeito individual. Así, a cada categoría de fondos corresponderalle un bloque de problemas asociados, ou cando non se trate de contratempos realmente, si a lo menos unha serie de anotacións con referencias a aspectos cos que consideramos que se debe ter coidado á hora de tratar coa documentación que esteamos presentando en cada momento. De entrada, apuntar algo importante en relación a todos estes problemas posibles aos que poidamos chegar a facer referencia: non se tratarán neste caso dos mesmos problemas que xa citamos nos anteriores apartados, aínda que probablemente estean moi relacionados con eles nalgúns casos. Nestes apartados individualizados trataremos de referirnos dun xeito máis específico ás problemáticas que nesta investigación nos atopamos ao tratar estes documentos como fontes históricas a partir das cales pretendemos sacar unha información útil, sexan as que sexan. Por exemplo, cando falemos dos problemas das distintas seccións dos recontos de riqueza, aduciremos á diferenza da calidade de información entre parroquias ou ás dificultades de consulta que presentan tódalas fontes fiscais en canto a ocultación, polo mero feito de que a súa realización foi ordenada pola administración do fisco cun obxectivo recadador. Así, eses problemas da fonte (da lectura e do uso que lle damos hoxe) son o resultado doutros que se experimentaban no momento (adversidades de funcionamento no pasado), como a desidia dos rexistradores ou o recurso á fraude por parte dos veciños. Porén, os problemas da fonte cando a observamos hoxe en día non son eses problemas sociais ou políticos de entón, senón unha consecuencia directa deles. Como resultado, consideramos as consecuencias á súa vez como novos problemas actuais aos que nos debemos enfrontar como investigadores, pero derivadas directamente do uso que lle damos á documentación en funcións dunha serie de obxectivos que queremos cumprir.

Por suposto, abordaremos tamén a metodoloxía que desenvolvemos para recoller, analizar e tratar tódalas informacións dispoñibles nestas fontes. Nas actas e na documentación da intendencia, este apartado non será demasiado extenso, porén, será especialmente importante cando abordemos os contidos dos apeos e cadernos da riqueza, pola natureza masiva que adquiren e a forma na que aparecen recollidos os datos e o tratamento tan diverso que se lles pode dar. Realizados todos estes apuntamentos sobre a estrutura que van tomar as seguintes páxinas que conformarán este capítulo, pasamos a presentar nos seguintes apartados as fontes primarias que manexamos nesta investigación, comezando polas actas das xuntas locais.

3.1. ACTAS DAS XUNTAS LOCAIS

3.1.1. Presentación

Estes documentos abarcan os diarios que estas entidades foron redactando a medida que o proceso de repartimentos, reconto da riqueza dos contribuíntes e cobro das cotas individuais de cada un deles se ía desenvolvendo. Debido á súa propia estrutura, datadas día a día segundo se escribían, esta documentación permítenos analizar a auténtica forma na que os traballos de apeo e cobro de impostos se desenvolvían, con tódolos seus problemas asociados. Pois certamente, temos que ter en conta que baixo o funcionamento sobre o papel que contemplaban os decretos e comunicados que deron forma ao novo sistema de recadación, existiron toda unha serie de obstáculos e problemas para que todo isto se levase a cabo. As actas remítennos, polo tanto, a un funcionamento moito máis real dos traballos, en oposición á documentación que levamos analizada ata o de agora, a relacionada co Real Decreto, os seus artigos e bulas, que se ocupa por establecer as pautas do proceso e de rexer o seu funcionamento teórico. Esta documentación que agora presentamos é unha consecuencia directa da organización do sistema de Facenda a nivel local, que como recordaremos establecía a creación de xuntas nos pobos de todo o territorio (artigo 12º da instrución para a cobranza da contribución). Como resultado, esas novas corporacións, integradas por diversos cargos públicos e mesmo eclesiásticos que xa citamos anteriormente, pasaban a encargarse de todo o proceso relacionado co novo sistema tributario a nivel dos pobos e das parroquias. Para dar conta do proceso que estaban a desempeñar, era lóxico tomar a decisión de deixar conta por escrito de tódalas súas actividades. O resultado, en forma de diario, son esas actas que atopamos nos arquivos municipais.

No transcurso desta investigación foron atopados fondos pertencentes aos diarios de sesións elaborados pola xunta local de Pontedeume e tamén pola de Ortigueira, ademais dalgúns fondos escasos e dispersos correspondentes á corporación da Coruña. Para comezar, hai que ter en conta que aínda que en principio poida parecer que as actas se corresponderían aos pequenos territorios nos que se asentaron, a realidade é ben diferente. De feito, estes casos resultan moi útiles porque os datos destas actas recentemente atopadas inclúen referencias que van máis alá desas dúas vilas. Isto é debido a que, do mesmo xeito que cada xunta local administraba o seu propio espazo como núcleo de poboación no que se asentaba, tamén se ocupaba de xestionar e controlar o cobro dos pagos que resultaban deses recontos no territorio arredor das vilas, incluíndo así ás chamadas parroquias sufragáneas baixo a súa xurisdición. Polo tanto, o ámbito xeográfico que cobre esta fonte supera por moito o da propia localidade, de modo que estende os seus brazos cara toda unha serie de parroquias que dependían desas dúas vilas. No caso de Pontedeume por exemplo, ascendían a un total de vinte e seis, mentres que no caso de Santa Marta de Ortigueira quedaban nun número moi próximo, chegando ás vinte e cinco freguesías. A maior parte das referencias que imos realizar centraranse precisamente nas corporacións desas dúas localidades, pois a súa continuidade e orde no tempo posibilitan algunhas análises que no caso da Coruña, cunha documentación moito máis dispersa, non resultan posibles. Aquí, os fondos resultan en ocasións moi confusos en canto á entidade á que pertencen, aínda que de todas formas están máis estreitamente relacionados coa xunta principal que coa local. Deste modo, non sempre resulta doado distinguir a cal das xuntas presentes na cidade se dirixe un comunicado concreto, de non ser por certas fórmulas nas que por exemplo se cita directamente ao Intendente e que, en todo caso, non sempre están presentes nos escritos.

No caso dos dous núcleos betanceiros, as actas comezan a redactarse nos primeiros días de funcionamento das xuntas, ou incluso algúns días antes. Para o caso das dúas vilas, as actas

xa dan conta da chegada da documentación do Real Decreto do 30 de maio á respectiva localidade, aspecto que nos serviu máis atrás para realizar unha análise sobre as datas da expansión da reforma da Facenda e establecer unha aproximación cronolóxica inicial sobre a implantación da mesma. Por outro lado, se miramos as actas dende o outro extremo, o seu final, o motivo que leva á súa extinción parece ser máis difícil de coñecer. Aparentemente, esa conclusión da actividade resulta bastante abrupta en ambos casos, en datas que non resultan necesariamente significativas e sen chegar a facerse referencias a cambios ou a ordes que levaran a concluír os traballos. As actas simplemente deixan de redactarse, non sabemos se como consecuencia dunha inacción nos traballos de repartimento e cobranza, ou debido a outro tipo de motivos. Quizais soamente se trate dunha cuestión de conservación, da que tamén falaremos chegado o momento. Este tema das datas que abarcan os diarios das sesións é precisamente unha cuestión moi importante. En canto ao arco cronolóxico que cobre o diario da xunta da localidade de Ortigueira, este resulta ser bastante breve, dado que soamente se estende dende o momento no que a documentación do real Decreto chega á vila (feito que como xa dixemos no anterior capítulo tivo lugar o 17 de xullo) e o 15 de agosto. Pouco máis de tres semanas nas que pese a todo, o rexistro de actas indica unha actividade frenética, abarcando toda unha serie de cuestións fundamentais sobre os inicios do proceso de repartimentos a nivel local, como a formación da xunta, a xura de varios cargos, a elección dos peritos repartidores e mesmo a entrega de varios dos repartimentos xa elaborados, completados segundo as indicacións do diario. Porén, sen deixar constancia de ningún motivo, as actas deixan de escribirse e non volvemos atopar rastro delas. O caso de Pontedeume resúltanos moito máis favorable, xa que os fondos abarcan o repartimento de varios terzos durante máis de dous anos. Polo tanto, debido a esta maior dispoñibilidade temporal, as referencias ás actas da vila eumesa serán máis frecuentes que as que fagamos sobre a xunta de Ortigueira. Dende a primeira acta que notifica a chegada da documentación do decreto á vila eumesa o 9 de xullo 1817, dá comezo un diario que se estende ata o 23 de novembro de 1819. Se temos en conta a proximidade ao pronunciamento de Riego, podemos considerar que puido ser a convulsión política a que determinou o cese da actividade da xunta ou, cando menos, daquela plasmada por escrito e que se chegou a conservar, pois nada se pode dicir a partir dese intre. Polo tanto, remitíndonos ás datas dispoñibles, atopamos que o diario de actas de Pontedeume existe mentres que o proxecto estivo vixente dentro da etapa absolutista, aínda que tamén hai que apuntar que os ritmos dos rexistros sofren variacións que nos formulan cuestións arredor da súa fiabilidade ou cando menos sobre a actividade da corporación local, un asunto que trataremos no apartado dos problemas destas fontes.

O importante do uso destes fondos nesta investigación radica precisamente na súa mesma presenza, pois sendo xa a estatística de Garay unha fonte pouco utilizada, as referencias ás actas das xuntas en particular son, ata onde sabemos, practicamente inexistentes. Lorente Toledo, por exemplo, quen analizou hai tres décadas o caderno da riqueza da cidade de Toledo, cita algúns estratos desa documentación acompañando a un discurso moi centrado na análise da riqueza da urbe castelá, atendendo tamén a algúns aspectos sobre resistencias e oposicións aos pagos[1]. Outros autores realizaron importantes traballos sobre diversos aspectos da reforma, pero centrándose principalmente nos cadernos da riqueza para analizar a realidade agraria, entre outros usos, ou na parte lexislativa da mesma, como teremos ocasión de ver cando cheguemos á análise desta documentación na sección correspondente. Na nosa opinión, traballos coma estes últimos son por suposto necesarios, pero confiren demasiada importancia á parte analítica e teórica, sen descender realmente á posta en marcha do propio sistema

[1] Lorente Toledo (1988), vol. 2, pp. 576-673.

tributario sobre o terreo, perdendo con elo en boa medida a perspectiva do que realmente aconteceu ao quedar nun estudio das leis e decretos escritos sobre o papel[2]. Ao respecto disto último, o uso das actas das xuntas locais tratará de paliar precisamente este inconveniente, intentando achegarse á forma na que efectivamente esa teoría se plasmou na práctica. Pois hai que ser conscientes de que é a efectividade da recadación no nivel dos contribuíntes o que determina en boa medida o éxito dun sistema tributario.

3.1.2. Tipoloxía da información contida nas actas

A tipoloxía que pode adoptar a información contida nas actas das xuntas locais é moi dispar posto que a súa temática resulta tremendamente diversa, tanto como a variedade de asuntos nos que se podía ver envolta unha corporación deste tipo mentres desenvolvía as súas actividades habituais. Isto era así simplemente polo feito de que, como se pode entender, durante o proceso de organizar e poñer en marcha o proxecto da contribución xeral, as situacións que podían chegar a darse eran moitas e moi diferentes. Por suposto, o que afecta a unha xunta non ten por que afectar a outra, aínda que como é lóxico, existen asuntos comúns a todas elas que fan que algunhas das entradas que figuran no rexistro das actas sexan semellantes, xa que tratan o mesmo tema. Todas esas actas permiten unha serie de posibilidades de investigación, aínda que tamén poden ser entendidas como unha fonte complementaria a outras ou tomadas como unha ferramenta de apoio para comprender outras realidades. Por exemplo, son un bo instrumento, como xa dixemos, para axudarnos a entender a reforma do sistema tributario no nivel local dende diversos puntos de vista, tanto internos (sobre o seu funcionamento), como externos (algúns aspectos problemáticos que se producen ao seu arredor). Dende o punto de vista do funcionamento interno axudan a realizar estudos temporais sobre a posta en marcha e o desenvolvemento de varios caracteres da reforma. Por outra banda, tamén podemos darlle algúns usos interesantes á marxe do funcionamento estritamente práctico do proxecto e introducirnos no coñecemento dalgunhas das consecuencias que este trouxo consigo. Neste sentido, a fonte é moi útil para coñecer importantes aspectos sobre a conflitividade social, sobre todo aquela que se manifestaba a partir dunha inacción parte tanto por parte dos individuos que participaban directamente na organización do proceso (as persoas que eran nomeadas peritos repartidores), como tamén entre os contribuíntes, que decidían non acudir a certas reunións cando se solicitaba a súa presenza nelas. Cuestións que salientamos aquí pero que serán debidamente explicadas no capítulo que dedicaremos á conflitividade propiamente dita. As actas poden ser empregadas así mesmo para realizar interesantes estudos sobre cargos e corporacións locais, persoeiros importantes das vilas ou tamén sobre elites ou grupos que ocupaban o poder no momento no que se introduciu a reforma, porque nas actas figuran os nomes dalgunhas destas persoas. Tamén poden ser empregadas para estudos arredor das xurisdicións das vilas na que as devanditas actas aparecen, pois en termos territoriais, adoitan ser máis completas incluso que os recontos da riqueza. Neste sentido, estes fondos adoitan remitirse con frecuencia ás parroquias baixo o influxo da vila, o que nos permite ter unha idea do seu territorio de influencia, algo que resulta imposible coñecer a partir dos recontos, que se centran en parroquias individuais e amosan só a información de cada freguesía como se fose unha illa.

Realizados estes apuntamentos xerais pasaremos a recoñecer as diferentes temáticas que abarcan as actas das xuntas locais de Ortigueira e Pontedeume que aquí manexamos, para botar algo de luz e de orde sobre as mesmas. Por suposto, esta clasificación temática, que pode observarse esquematicamente no cadro 3.A, non é máis que un mecanismo establecido

[2] Hernández Andreu, J. (2008).

por nós a modo de guía que nos permite organizar a exposición das seguintes páxinas. Na realidade, o que atopamos é o coñecido diario de actas, onde os feitos se recollen a medida que acontecen. Con todo, hai que apuntar que a orde dos bloques que aparecen a continuación adoita ser a de aparición no propio diario, dende o comezo do proceso ata a finalización dos traballos de cobro en cada un dos terzos nos que se divide cada ano. Procuraremos ademais, ir afondando nas posibilidades de investigación de todo este material, nos usos que se lles podería dar, e máis concretamente nos que nesta investigación lles atribuímos para cumprir os nosos obxectivos. Procuraremos dar tamén exemplos varios sobre as diferentes informacións que as actas nos amosan, mediante o recurso a imaxes e citas:


Cadro 3.A: tipoloxía temática das actas das xuntas locais.

- Actas de inicio das actividades da xunta.
- Xuras de cargos (membros da corporación local e peritos repartidores).
- Repartimentos da contribución xeral para as freguesías sufragáneas.
- Copias de decretos e documentación procedente de administracións superiores (provincial e central).
- Litixios administrativos e agravios.
- Actas para apremar ás parroquias.
- Actas de finalización de traballos de apeo ou de elaboración de repartimentos.
- Recibos de entrega da contribución en tesourería.
- Xustificantes de gastos dos traballos desenvolvidos.

- Actas de inicio das actividades da xunta: as primeiras entradas dos diarios de sesións están reservadas en ámbolos dous casos para rexistrar o inicio das actividades da xunta local. En primeiro lugar aparece o rexistro de chegada da documentación do Real Decreto á vila para a continuación tomar nota de que se mandou aviso aos cargos que deberían formar a corporación local segundo o estipulado nos artigos da organización da contribución. Finalmente, queda recollida a instauración formal da xunta trala xura daquelas persoas que a integrarían. Son polo tanto unha proba moi interesante de cara ao estudo das cronoloxías da reforma de Facenda no ámbito local, aspecto que xa tratamos no capítulo anterior cando falabamos dos problemas técnicos relacionados cos tempos de execución que afectaron ao sistema tributario ao ser instalado.

- Xura dos cargos relacionados co proceso de repartimentos: ademais dos integrantes da xunta local que xuraban realizar o seu labor fielmente na acta de establecemento da corporación, lembraremos tamén como segundo o artigo 13º da instrución para os repartimentos, debían ser escollidas en cada parroquia "dos o más personas de probidad e inteligencia por peritos repartidores, quienes bajo juramento procederán al señalamiento de la contribución individual". Nas actas figura como estes individuos son escollidos e posteriormente mandados chamar pola autoridade da xunta para desenvolver esa tarefa, tamén baixo o xuramento correspondente. A fotografía 1 amosa este proceso por parte dalgúns peritos ante a xunta local de Ortigueira. Paralelamente a isto e en directa relación, algunhas das persoas que eran requiridas para realizar estes traballos negábanse a facelo. Entre os motivos que se daban normalmente para eludir esta responsabilidade primaba un suposto estado de enfermidade que ao parecer impediría desempeñar este labor. Con todo, atopamos casos máis graves onde as actas reflicten directamente a imposibilidade para localizar a algunhas destas persoas, como se tivesen desaparecido ou se escondesen. Os casos nos que este tipo de comportamentos acontecían non foron alarmantes nin demasiado numerosos (pois por cada persoa que dicía non poder desempeñar esta labor había moitas máis que a aceptaban) pero si suficientes para


facernos desconfiar deste tipo de actitudes de cara a detectar comportamentos de conflitividade. Ademais, eran algo constante e recorrente, pois este tipo de comportamentos aparecían sempre que había que nomear peritos ou calquera tipo de encargado para certas tarefas, un proceso que era necesario repetir en cada novo ciclo de contribución. Dende logo, o que parece estar debaixo deste tipo de comportamentos é unha desidia ou oposición por parte destes individuos a desempeñar o cargo de perito repartidor. A pasividade e a mentira transfórmanse nas escusas que levan a evitar o traballo, algo que pode ser considerado unha forma de resistencia. Falaremos disto detidamente no apartado relativo á conflitividade.



Fotografía 1: xura do cargo de varios peritos repartidores para dúas parroquias sufragáneas da vila de Ortigueira (24/07/1817. AMO, c. 433/19, a. 2, p. 22).

- Actas sobre os repartimentos da xurisdición: antes ou despois, nas actas das xuntas locais sempre rematamos atopando entradas sobre os repartimentos das parroquiais da súa contorna. Estes rexistros ofrecen fundamentalmente dúas informacións importantes. Para empezar, presentan unha listaxe ordenada de tódalas freguesías sufragáneas da vila, o que nos permite coñecer a área de influencia que o núcleo central posuía naquel momento a nivel administrativo e de xurisdición, mentres que, por outra banda, temos as cantidades asignadas a todos eses territorios. En principio pode parecer que estes datos sirvan, quizais, para realizar algún achado ou cálculo en canto aos balances de poboación entre as parroquias que aparecen neles. É dicir, poderíase pensar que polo feito de que un territorio teña unha asignación o dobre de grande que outro, ao ser os repartimentos equitativos en canto ás cantidades a recadar, debería presentar aproximadamente o dobre de poboación. Esta idea sería en realidade un erro por algúns motivos moi sinxelos. Para comezar, o repartimento baséase nos niveis de riqueza e non nos de poboación, polo que as cantidades asignadas non teñen relación

cos habitantes dunha determinada parroquia. Por outra banda, atendendo agora a eses niveis de riqueza, tamén é moi probable que non se correspondan moito coa realidade das parroquias do momento, pois o método polo cal se realizaron presenta moitas dúbidas, e a súa suposta equidade pode poñerse en dúbida facilmente se temos en conta a forma na que son elaboradas.



Fotografía 2: repartimento da xunta de pobo de Pontedeume para a vila e as freguesías da súa xurisdición (13/08/1817. AMP, c. 140, l. 1, a. 2, p. 66).

Un feito estreitamente relacionado coas cuestións da fraude na que incorrerían os persoeiros máis poderosos de cada territorio e dos que xa apuntamos algúns caracteres no apartado de problemas da reforma. Ademais, partindo o repartimento dunha cantidade de diñeiro prefixada, hai autores que sinalaron moi acertadamente a flexibilidade que caracterizaba a distribución territorial das rendas, aspecto que se combinaba ao mesmo tempo coa rixidez local, de tal forma que moitas veces distintos lugares facían fronte a pagos invariables sen ter en conta por exemplo o número de veciños e a súa variación[3]. Pese a que esta contribución se pode considerar de novo cuño en oposición ás rendas provinciais tradicionais, ese principio manteríase igualmente. Na fotografía 2 podemos ver un exemplo do reparto xeral que a xunta local de Pontedeume decretou para cada unha das vinte e seis parroquias que conformaban a súa xurisdición.

Sobre o que acabamos de dicir en canto á fidelidade nos cálculos dos niveis de riqueza, neste comparto do exemplo chama a atención a solución tomada á hora de realizalo. Lembremos que nos momentos iniciais aínda non estaban dispoñibles os modelos dos cadernos da riqueza, pois non aparecerían ata febreiro do ano seguinte, nin tampouco había unha estatística que permitise unha maior precisión (ese era un dos obxectivos da reforma precisamente), así que cada xunta local trataba de resolver os problemas arredor dos repartimentos como podía. Na imaxe que acabamos de citar, vemos como a de Pontedeume se basea nun repartimento anterior para elaborar as cotas das súas parroquias sufragáneas. A columna da dereita sería a asignación de 1817 e obteríase pola aplicación da regra de proporción e equivalencia, adaptando a cantidade que naquel outro ano lle tocara a todo o partido. Este repartimento deu lugar a un importante conflito no que tivo que mediar a intendencia da Coruña, entre a xunta e varias parroquias que consideraban as cotas asignadas como abusivas. A estas últimas non lles faltaría razón probablemente, xa que as cifras falan por si soas e á súa vista non resulta estraño deducir o motivo que levaba ás autoridades de Pontedeume a impulsar un cálculo semellante. Pese a ser a vila máis poboada e cabeza de xurisdición, a cantidade que lle correspondía era menor que algunhas das freguesías sufragáneas, o que realmente significaba que a riqueza desas mesmas parroquias era superior á da propia Pontedeume. O baremo que podía ser empregado para realizar rapidamente as asignacións parroquiais era, segundo o punto terceiro da R.O. do 31 de xullo, o repartimento dos trescentos millóns efectuado en 1800 ou ben o da Contribución Subrogada á de Guerra de 1811[4]. No termo de Pontedeume, como podemos comprobar na imaxe, serviu como base este último, pois nas propias actas da xunta local apuntábase na respectiva ao día 13 de agosto que se carecía da división para o imposto dos trescentos millóns, un feito "dimanado del trastorno y destrozo que las tropas francesas hicieron en los papeles de este archivo[5]". Este caso resulta un exemplo paradigmático da dependencia que os traballos do novo sistema tributario tiñan respecto dos poderes locais, así como dos abusos que estes podían chegar a cometer dentro das súas xurisdicións. Por outra banda, podemos pensar tamén na exactitude que podía presentar, en termos de valoración da riqueza das parroquias, unha repartición realizada no contexto dunha contenda bélica.

- Copias de decretos, ordes e documentación procedente de administracións superiores: as actas das xuntas locais son unha fonte importante de copias de determinados documentos enviados dende a administración central en Madrid e dende a xunta principal. Non nos

[3] Saavedra, P. (1993a), pp. 105-106.
[4] AMP, c. 140, l.1, a. 2, pp. 51-57.
[5] AMP, c. 140, l. 1, a. 2, p. 65.

referimos soamente a Reais Decretos, senón tamén a todo tipo de ordes ou aclaracións que eran emitidas dende o ministerio ou dende a Dirección xeral de rendas co obxectivo de aclarar calquera detalle sobre a contribución xeral. Ás veces trátase de simples anotacións sobre algunha dúbida xeral que tiveran as administracións locais e que levaba a administracións superiores a emitir determinados comunicados co obxectivo de resolvelas pero, salvo contadas excepcións, non estamos a falar dun mero resumo de contidos, senón dunha auténtica reprodución manuscrita do comunicado en cuestión. Estes textos, difundidos pola vía da xunta principal provincial, son rexistrados nas actas e debidamente copiados, parece que cun nivel de detalle importante que en boa parte das ocasións inclúe as datas de paso da documentación en cuestión polos diferentes chanzos administrativos intermedios. Por exemplo, podemos atopar unha acta na que figura un documento que ven remitido dende A Coruña, e que á súa vez provén da administración central en Madrid. Neste caso, o rexistro no diario de sesións da xunta local adoita incluír, por regra xeral, o propio documento copiado, tal e como foi escrito na administración central; a copia igualmente das anotacións que se lle engadan na intendencia e que poden incluír algunhas aclaracións, aclaracións nas que se recolle a saída do documento cara os pobos, ou arengas a que o contido se execute o máis axiña posible; e por último, o propio rexistro que o escribán da xunta local realice sobre o dito documento, incluíndo como mínimo a data de entrada.

As posibilidades que nos brindan este tipo de rexistros son varias e moi interesantes, xa que presentan algunhas vantaxes para o investigador. Para comezar, o propio compendio de escritos realizado pola xunta local ten valor en si mesmo, pois presenta á persoa que os lea unha relación de decretos, comunicados e escritos de calquera tipo emitidos pola administración central que afectan ao desenvolvemento da contribución xeral. Estes textos son aquela documentación á que nos referiamos cando tratamos algúns dos problemas do sistema, que era elaborada para cubrir as eivas do decreto orixinal e resolver as dúbidas ou lagoas que a súa interpretación ou falta de información puideran ter xerado. Por suposto, hai que ter en conta que os rexistros das actas non teñen que conter necesariamente tódolos escritos oficiais que afectaran ou modificaran o sistema tributario, pois algúns son moi breves e unha simple lectura daba a coñecer unha idea simple que en adiante pasaría a ser aplicada. Porén, as ordes cun contido máis denso si aparecen copiadas, probablemente para facilitar a súa consulta posterior en caso de ser necesario.

Por outra banda, este tipo de rexistros presentan outra vantaxe que está relacionada coas datas que figuran neles. Cando dicíamos que a miúdo se inclúen as copias das anotacións realizadas na intendencia, hai que ter en conta que o que se copia é absolutamente todo tal e como se recibe, datas incluídas. Por isto mesmo, adoitamos atopar diversas entradas nas actas nas que en realidade temos varias datas diferentes, que veñen explicadas precisamente polo paso da documentación a través dos diferentes niveis administrativos. Aínda que non todas teñen que figurar necesariamente, por regra xeral adoitamos atopar case sempre, en primeiro lugar, o día da emisión oficial do documento por parte da administración central en Madrid, despois a data das anotacións que se lle engaden na intendencia, e por último a da recepción por parte da xunta local que aparece na propia acta. En ocasións tamén atopamos unha cuarta data intermedia, situada entre a saída da intendencia e a chegada á vila, que se corresponde co paso do documento por algunha das autoridades ou pola xunta afincadas na localidade cabeza de partido, que no noso caso sería sempre Betanzos. As vantaxes que presenta este detalle cronolóxico, por outro lado bastante frecuente, son evidentes: estas entradas son tamén unha oportunidade para reforzar un estudo e a favorecer unha comprensión cara a temporalidade e a extensión da propia reforma dende un punto de vista administrativo. Igual que acontecera coas anotacións que realizamos sobre a chegada da documentación do Real Decreto aos pobos

de Ortigueira e Pontedeume, as múltiples datas que figuran nas copias doutros documentos oficiais posibilitan definir e coñecer á perfección o tempo de comunicación necesario entre a administración central e os seus niveis inferiores (provincial, local, e ás veces tamén o de partido entre ambos) no extremo noroeste do territorio peninsular. Ao mesmo tempo, esta datación tamén nos permite observar o tempo exacto que tardan en chegar ata o nivel local as solucións a algúns dos principais problemas técnicos e administrativos que afectaban ao funcionamento do novo sistema tributario, analizando con isto a capacidade e velocidade de resposta que podía chegar a ter a administración da Facenda estatal naquela época a comezos do século XIX. Por iso mesmo, estes comunicados tamén figuran no apéndice 1 sobre a temporalidade da implantación da reforma, coas datas dispoñibles.

Concretamente, pola amplitude dos seus rexistros, volve ser a xunta de Pontedeume a que nos ofrece unha maior cantidade deste tipo de actas. Entrando un pouco máis en detalle, algúns dos documentos máis importantes que figuran nas actas da xunta local de Pontedeume cando pensamos nesta categoría de rexistros son, por exemplo:

- A Real Orde do 31 de xullo de 1817, que establecía a elaboración dun novo reparto para o reino de Galicia ao completo debido a irregularidades detectadas pola xunta de Lugo e que foron froito da inclusións nos repartimentos dos cascos urbanos das cidades da Coruña, Vigo e Ferrol (era un erro grave porque aquí, obviamente, deberían rexer no seu lugar os dereitos de portas e non a contribución directa). Tamén se anunciaba a creación das xuntas de partido en Galicia, o cal imprimía, como tivemos ocasión de comprobar, algunhas particularidades temporais no tocante ao establecemento destas corporacións con respecto a outras áreas do Estado. Esta orde chegou á localidade de Betanzos, cabeza de partido, o 10 de agosto. Logo, a chegada á vila de Pontedeume tivo lugar o día 13 do mesmo mes.
- A Real Orde do 5 de agosto de 1817, que declaraba que as terzas reais alleadas e posuídas por leigos estaban suxeitas á contribución xeral e non ao subsidio eclesiástico dos trinta millóns de reais[6]. Dita orde datouse ao seu paso pola intendencia da Coruña no 18 de agosto, en Betanzos o 1 de setembro, e na vila de Pontedeume o día 6.
- A Real Orde do 8 de agosto de 1817 determinaba medidas e penas fronte a ocultación, ao tempo que se fomentaba a práctica da correcta medición de terras de cara a elaborar mellores repartimentos[7]. Tamén instaba aos intendentes a que permaneceran vixiantes para evitar agravios e inxustizas mentres estes eran elaborados. Remitiuse dende a cidade herculina o día 21 dese mes e chegou á vil eumesa o 12 de setembro.
- A Real Orde do 29 de agosto establecía que estaban suxeitos á contribución xeral como se fosen bens de particulares tódolos bens de propios do reino[8]. Con isto, "S.M. satisface su continuos deseos de hacer aquella [a contribución] mas y mas suave por todos los medios posibles". Datada na intendencia a 12 de setembro. Este comunicado chegou impreso á vila e atouse ás actas nunha data a principios de outubro, por aproximación a partir das entradas anteriores e posteriores.
- A Orde da xunta principal de Galicia do 2 de setembro pola que se establecía que, debido ás dificultades de recadar os dous terzos correspondentes ao primeiro e substancioso pago da contribución xeral, non se tomaran represalias contra ningún pobo ata o día 11 dese mesmo mes, pese a que a data de entrega inicial era o primeiro día do corrente[9]. A partir dese día establecíanse multas e penas de arresto para os encargados dos cobros que non entregaran a recadación a tempo. Neste exemplo quedan moi claras a lentitude da circulación destes

[6] AMP, c. 140, l. 1, a. 2, p. 87.
[7] Ibídem, pp. 113-114.
[8] Ibídem, p. 115.
[9] Ibídem, pp. 96-98.

documentos e as contradicións internas producidas entre os distintos niveis administrativos, posto que este escrito chegou a Betanzos o 7, e a Pontedeume o propio día 11 de setembro.
- A Real Orde do 8 de setembro de 1817 determinaba que "las encomiendas y bienes de toda especie, dependientes del establecimiento del crédito público deben incluirse en la contribución general del reino, satisfaciéndose las cotas que le correspondan en cada sitio y lugar". Ao mesmo tempo, ás autoridades responsables, tales como intendentes ou xuntas, instábaselles a que "cuiden con esmero que las tales encomiendas y bienes no se graben con mas cuota de contribución que la que sea justa, igual y proporcionada[10]". Esta orde aparece rexistrada no diario de sesións da xunta de Pontedeume o 18 de novembro.
- A Real Orde do 12 de setembro de 1817 contiña toda unha serie de declaracións para resolver diversas dúbidas xurdidas en numerosos aspectos da aplicación da contribución xeral[11]. Por exemplo, establecíase que non estaban suxeitos a ela os soldos dos empregados do Estado, xa que sobre estes pesaban descontos que xa analizamos. Tamén se daba orde ás xuntas locais de que foran as encargadas de dar o primeiro paso dun sistema piramidal administrativo de compendios da riqueza: estas corporacións deberían elaborar un resumo do estado da mesma no marco do respectivo pobo para remitilo á xunta de partido correspondente, co obxectivo de que estas elaborasen á súa vez outro resumo sobre a riqueza dos núcleos de toda a súa xurisdición. Ao mesmo tempo, tódalas xuntas de partido enviarían os seus resumos á xunta principal provincial, que faría o propio realizando outro de tipo xeral da riqueza de tódolos partidos que compoñían o seu territorio. Estes datos serían empregados para repartir a contribución xeral con moita maior precisión. O texto desta orde complétase cunha serie de aclaracións máis sobre como establecer e calcular os valores medios dos produtos e froitos de cada territorio.
- A circular do ministerio de Facenda do 3 de novembro de 1817 aclaraba algunhas das pautas do funcionamento das xuntas de partido, pese a que o seu establecemento xa fora contemplado na orde anteriormente citada do 31 de xullo[12]. Incluíanse detalles dos cargos que a compoñen así como algunhas das súas funcións e atribucións.
- A Real Orde do 23 de novembro de 1817 esclarecía algunhas consideracións relacionadas co artigo 27º da instrución da cobranza da contribución[13]. Concretamente, garantía aos pobos a administración dos postos públicos para cubrir cos seus produtos unha parte da contribución xeral baixo unha serie de condicións contempladas no texto. Este está datado na intendencia da Coruña o 4 de decembro, o día 9 do mesmo mes na xunta de partido de Betanzos, pero non chega definitivamente a Pontedeume ata o 26 de xaneiro de 1818.
- O comunicado do 5 de decembro de 1817 facía énfase en que estaban suxeitos á contribución "todos los [individuos] que gocen de utilidades de cualquiera clase que sean[14]", no que parece ser un ultimato aclaratorio para dar a entender que tódalas persoas estaban obrigadas a contribuír no novo sistema de Facenda, aínda que a consulta que deu lugar á súa redacción partía do caso particular dalgúns apoderados da Coroa de Aragón. Temos este texto na intendencia da Coruña o 27 de decembro, o 19 de xaneiro na cidade de Betanzos, e finalmente copiado na acta correspondente da xunta local e Pontedeume o 26 de xaneiro de 1818.
- O Real Decreto do 18 de febreiro de 1818 presenta algunhas referencias en diversas actas, ademais de aparecer impreso en tódolos arquivos municipais nos que atopamos

[10] AMP, c. 140, l. 1, a. 2, p. 132.
[11] Ibídem, pp. 116-119.
[12] Ibídem, pp. 140-142.
[13] Ibídem, p. 149.
[14] Ibídem, p. 151.

documentación relacionada con este sistema de Facenda. A súa circulación debeu ser, pola súa importancia, universal. Como lembraremos, o que máis nos interesa deste decreto é que supuxo a publicación dos modelos para os cadernos da riqueza dos pobos, así que resulta importante coñecer cando chegaron ás mans das xuntas locais. Isto volve ser posible gracias a algunhas das anotacións que aparecen nestas actas en Pontedeume: en primeiro lugar debemos destacar unha misiva enviada pola xunta do partido de Betanzos ás autoridades da vila, datada o 18 de maio de 1818 onde se indica que "esta junta [a de Betanzos] dirije a V.S. el adjunto ejemplar de los modelos para la Contribución General del Rnº. con la Real Orden del 18 de febrero" para que se escollan os peritos agrimensores e se executen os recontos "a la mas pronta brevedad". Polo tanto, a saída desta documentación de Betanzos prodúcese exactamente tres meses despois da publicación dos modelos por parte da administración central, mentres que a referencia á súa chegada nas actas da xunta local da vila de Pontedeume non aparece ata o 2 de xuño[15]. Polo tanto, os modelos tardan uns tres meses e medio en chegar dende a administración central ata a vila, contando co retraso obrigado froito do proceso de reprodución dos mesmos, pois tódalas copias atopadas proceden da mesma imprenta situada na Coruña.

- O Real Decreto do 26 de decembro de 1818, que non está copiado senón resumido, e polo cal, novamente, "S.M. se sirvió conceder a los pueblos los puestos públicos de vino, vinagre, aguardiente, aceite y carne y el producto de ellos aplicados a la Contribución con el fin de hacerla mas llebadera a las clases mas necesitadas[16]". A acta na que figura a lectura deste decreto por parte da corporación local está establecida na tardía data do 22 de marzo de 1819.

- Litixios administrativos e agravios: Esta categoría resulta tremendamente heteroxénea pola variabilidade de situacións que se atopan detrás de palabras como son a de litixio ou a de agravio. Non sería de feito unha categoría en si mesma, pero citámola simplemente a efectos de comprensión e clasificación da documentación dispoñible. Baixo estes termos referímonos a un conxunto moi amplo de casos nos que se produce un enfrontamento aberto entre a administración encargada de realizar os repartimentos e controlar os cobros, con algunhas das outras partes que participan nestes procesos dalgunha forma. Estes episodios sempre involucran á administración dunha xunta local dunha ou doutra maneira. Maioritariamente estaremos a falar dun conxunto de reclamacións, queixas ou denuncias por abusos que por regra xeral se dan en forma de cotas de repartimento consideradas excesivas, sexa cal sexa o nivel da administración que as cometa. É importante ter isto en conta porque nestes conflitos destaca o feito de que a xunta local pode aparecer tanto como parte denunciante sobre a que abusan as os chanzos administrativos superiores ou arredor de certos sucesos coas parroquias do seu termo, como tamén figurar como parte denunciada, sendo a propia corporación local a que comete ditos atropelos.

Por exemplo no primeiro dos casos, como denunciante, a xunta local dunha vila podía reclamar que á súa xurisdición se lle asignara unha cantidade demasiado elevada a repartir entre os seus veciños, o que dá lugar a unha queixa xeralmente fronte ao intendente. O motivo da mesma está a miúdo en niveis superiores, falando en termos administrativos e xa tivemos ocasión de comprobar isto mesmo ao falar dos problemas entre as xuntas locais e de partido no capítulo anterior. Por outro lado, neste punto hai que considerar en que instancia da administración se produce o que a xunta local considera un erro, pois iso afectará á forma que tome a dita reclamación: por exemplo, se o erro provén da propia intendencia, a reclamación terá máis ben un aire rogatorio, no que se pide dun xeito cortés que se elabore un novo

[15] AMP, c. 184, a. 1, pp. 2-3.
[16] AMP, c. 140, l. 1, a. 4, p. 16.

reparto; mentres que se o erro foi cometido pola xunta de partido, a reclamación enviada á intendencia reflectirá xeralmente unha actitude máis amarga e de denuncia, cunha linguaxe na que prima a crítica. Por outra banda, ás veces pode acontecer tamén que, como parte denunciante, unha xunta local dirixira as súas queixas non cara arriba senón cara abaixo, censurando comportamentos impropios por parte das parroquias e pobos do seu territorio dependente e efectuando reclamacións ao respecto.

Por outro lado, cando se nos presenta como parte denunciada, a corporación local adoita aparecer sobre todo como unha entidade que comete unha serie de abusos sobre as parroquias e pobos do seu entorno. As referencias a este tipo de sucesos nas actas son moito menores que no caso anterior, é dicir, que o diario de sesións da xunta local recolle moitos máis procesos nos que a corporación aparece como denunciante que incidentes nos que aparece como suxeito que oprime aos veciños da súa xurisdición. Isto é bastante lóxico ata certo punto, pois as actas son en realidade unha documentación elaborada dende a óptica parcial da propia corporación local e dos membros que a compoñen, así que soamente podemos coñecer a súa versión dos feitos (ou como moito a dos outros niveis da administración cando se inclúe no diario de sesións algunha copia dun comunicado). Porén, entre as actas existe algún que outro rexistro de parroquias que emiten queixas de que a xunta da vila (volvemos falar de Pontedeume) se liberaba de parte das súas cargas contributivas traspasándollas ás parroquias sufragáneas da súa área xurisdicional.

As posibilidades de estudo que nos ofrecen este tipo de actas sobre litixios xiran fundamentalmente arredor da conflitividade a nivel administrativo, pois con elas vemos claro que o proceso de implantación e funcionamento do sistema de Facenda estaba lonxe de ser automático e libre de contratempos. Esta problemática lévanos a chamar a atención sobre as propias persoas que ocupaban os cargos nos diferentes niveis administrativos, que terían cadanseus propios intereses e sobre todo, diferentes criterios e interpretacións á hora de enfrontarse ás diferentes problemáticas, o que podía dar lugar a enfrontamentos cos outros chanzos da administración. Porén, aínda que este estudo da conflitividade administrativa sexa o principal punto que permitan explotar este tipo de actas, temos que destacar aqueles episodios concretos nos que unha ou varias parroquias se enfrontan á xunta local, pois ben poden ser entendidos, ademais da forma que acabamos de describir, como unha mostra da forza dunha comunidade fronte as autoridades. Se facemos isto, entenderemos que xa non estamos soamente nun marco de conflitividade administrativa, pois ao mesmo tempo entramos no ámbito do que podemos identificar como unha forma de resistencia comunitaria en defensa de certos intereses comúns, onde se persegue, como mínimo, o obxectivo de evitar agravios. Por suposto, recoñecer isto non fai que os veciños renuncien a exercer outras formas de resistencia, pero disto falaremos máis polo miúdo no capítulo sobre a conflitividade.

- Actas para apresurar ás parroquias: Este tipo de rexistros son con moito os máis numerosos cando consultamos as actas das xuntas locais, o que nos permite facernos unha idea xeral sobre como se desenvolverían realmente os traballos de repartimento e cobranza da contribución xeral. En determinados momentos do proceso (xeralmente próximos á data de vencemento para efectuar o cobro de cada terzo), a xunta local decide enviar ordes ás parroquias para que se apresuren a completar os apeos ou os pagamentos pendentes, co obxectivo de entregalos a tempo na tesourería. Tal e como amosan os recibos correspondentes a isto último (falaremos deles neste mesmo apartado, un pouco máis adiante), os prazos nunca chegaron a respectarse, pero como resulta evidente, a xunta local tiña igualmente a obriga de esixir o seu cumprimento dentro do deseño do calendario do novo sistema de tributación. Como consecuencia, enviaba este tipo de avisos a pobos, parroquias e persoas encargadas de

velar pola correcta posta en marcha de todo o proceso. Con frecuencia, varios destes avisos partían ao mesmo tempo da vila que cumpría a función de cabeza de xurisdición cara un grupo dunhas cantas parroquias, buscando con isto cubrir un maior terreo e diminuíndo todo o posible o tempo que estes papeis tardaban en acadar os seus destinos. Enviar un so aviso que debera circular por todo o territorio da xurisdición tería probablemente o efecto contrario, pois demoraríase dunha forma considerable, así que por iso mesmo se enviarían varios. Unha vez chegados aos destinos, a persoa correspondente ao cargo asinaba o documento, co cal quedaba plasmado nel o acuse de recibo, de tal modo que rematado o seu percorrido, o papel volvía a continuación á xunta local, que comprobaba como efectivamente o aviso chegara a onde debía. Se o proceso de cobro se continuaba retrasando, algúns días máis tarde a xunta local remataría emitindo novos avisos, cos mesmos obxectivos e a mesma estratexia de difusión. No capítulo sobre a conflitividade volveremos sobre estes documentos e alí veremos algún exemplo deste tipo de papeis.

As implicacións que subxacen baixo este tipo de avisos ben merecen algúns comentarios breves. Para empezar hai que ter en conta que os atrasos que están detrás destas reclamacións para que as parroquias se apresuren nos seus labores pode encerrar tras de si diversos motivos. Quizais en primeira instancia pensemos que o que está detrás dun retraso no proceso que faga necesario este tipo de chamadas de atención sexan, por exemplo, as complicacións de carácter técnico que dende logo existían. É dicir, que debaixo do envío destes avisos non ten que haber necesariamente unha conflitividade social, pero o certo é que dende logo parece que estamos ante un dos seus indicativos máis claros. Á marxe de que todo poida ser debido a algunha complicación de última hora, nas actas non hai indicios disto. Se houbera unha dúbida ou unha reclamación dalgunha parroquia, por exemplo, o lóxico sería que as actas reflectirían probablemente a existencia deses problemas, pero ese non é o caso. Ademais, en numerosas ocasións, os avisos sucédense a varias parroquias repetidamente, ás veces incluso a todas elas, o que nos leva cando menos a desconfiar. Se entre unha quenda de avisos e a seguinte non hai referencias a ningún problema técnico, o que aparece é a sensación dun clima de pasividade entre os contribuíntes das freguesías da xurisdición, como se simplemente se estivesen ignorando os avisos e mandados, que ademais se repiten en tódolos repartimentos para os terzos sucesivos. O proceso de sucesión destes avisos é, de feito, sospeitoso: nun determinado exercicio envíanse avisos a algunhas parroquias para, días despois, repetir o proceso. Meses máis tarde, no seguinte repartimento, o proceso repítese, e dende logo non pode tratarse dunha casualidade que nos faga pensar en problemas técnicos dos que temos escasas noticias. Este tipo de rexistros, polo tanto, pasan a engrosar a listaxe daqueles que permiten detectar a conflitividade social en forma de resistencia pasiva fronte á cobranza da contribución xeral.

- Actas de finalización dos traballos de apeo ou repartimento e celebración de reunións informativas: trátase de entradas moi concretas nas que se alude precisamente a algúns destes tres aspectos. Son importantes no sentido de que posibilitan enriquecer a investigación sobre os tempos dos diferentes traballos no marco da contribución. Ademais, na liña dos anteriores aínda que cunha estrutura diferente, este tipo de rexistros permiten estudar tamén a pasividade da poboación fronte ao novo sistema tributario. Cara finais de 1819, as actas da vila de Pontedeume recollen que os resultados do apeo deberían ser presentados publicamente nas casas consistoriais da localidade e en cada parroquia, unha vez se estableceu que o proceso de reconto remataba. A idea consistía en que a dita presentación sería difundida pola vía dun bando municipal que tiña por obxectivo facer acudir á xente da vila á lectura dos resultados obtidos, para despois proceder a realizar no resto das parroquias sufragáneas da xurisdición un proceso semellante. Como veremos no apartado de conflitividade, isto era soamente a teoría,


pois o que finalmente aconteceu foi moi diferente, posto que as actas dos días sucesivos recoñecen que a pesar do bando oficial, nin un so veciño acudiu á lectura dos resultados dos recontos en toda a vila. Aquel era só o primeiro dunha serie de contratempos que se sucederon ata que o apeo foi finalmente presentado, poñéndose fin a un proceso que unicamente buscaba a confirmación por parte dos veciños de que a información recollida era veraz e correcta.

Outra vez volve saír á luz en todo o seu esplendor a pasividade dos veciños en relación co sistema tributario, boicoteando cun claro espírito de non colaboración o seu correcto funcionamento, a través dun comportamento que contaba tamén cun compoñente importante de actitude desafiante, pero sen incorrer en actuacións ilícitas de ningún tipo, posto que estas reunións eran principalmente de carácter informativo.

- Recibos de entrega da contribución: a recadación debía ser entregada na tesourería correspondente unha vez se tivera efectuado o cobro. Os seus períodos quedaban establecidos en terzos, o que supoñía un total de tres entregas de diñeiro que deberían realizarse en datas preestablecidas. O 1 de maio debía ser entregada a dos catro primeiros meses do ano; o 1 de setembro a dos meses de maio a agosto; e o 1 de xaneiro a cantidade asignada que correspondía aos catro derradeiros meses do ano anterior. A primeira data importante comezado o proceso trala aprobación do decreto do 30 de maio era polo tanto a do 1 de setembro de 1817, aínda máis sinalada para este ano xa que nese día debían entregarse as cantidades asignadas para os dous primeiros terzos. A recadación era neste punto, retrospectiva, pois evidentemente ao estar en discusión a reforma, o primeiro terzo que debera ser entregado o 1 de maio non fora recadado. O esforzo para reunir o correspondente a estes oito meses, como se pode comprender, era considerable tanto dende a óptica dos contribuíntes como da dos administradores, que debían traballar nese contexto e enfrontarse a unha serie de problemas técnicos e de resistencia aos pagos. Toda esa problemática en conxunto rematou por supoñer un retraso que queda perfectamente representado nos documentos que xustifican a entrega das cantidades correspondentes na tesourería. Soamente dispoñemos deles no caso da vila de Pontedeume, pois o arco cronolóxico das actas de Ortigueira non resulta tan dilatado. Neses recibos queda patente que os retrasos estaban á orde do día e que se incrementaban progresivamente, o que remataba propiciando unha entrega tardía da recadación. Pero tamén demostran que o pago se realizou, a lo menos nalgunhas zonas. Baixo esa data xa vencida estarían todos aqueles factores que non están contemplados na teoría, que saen do establecido pola documentación do decreto e que son a auténtica realidade do novo sistema de Facenda: tódalas dúbidas nos diferentes niveis da administración que había que resolver antes de comezar o proceso, os lentos tempos de execución, as dificultades de comunicación cos pobos, a desidia dos encargados dos repartimentos ou as resistencias sociais de todo tipo. Todo iso subxace baixo a data de entrega da contribución na tesourería cun peso variable, unha data que representa ademais a fin dos traballos dun terzo e o inicio do inmediatamente posterior. Na fotografía 3 podemos ver un exemplo destes documentos.

A recadación do primeiro exercicio que se desenvolveu na vila de Pontedeume, correspondente aos oito primeiros meses do ano, chegou á tesourería cun mes de retraso. A cantidade do derradeiro terzo do mesmo ano realizouse mediante un pago fraccionado onde o segundo prazo entrou na tesourería tras catro meses de ter vencido o prazo do 1 de xaneiro. Comprobamos de primeira man o aumento dos atrasos nos pagamentos, que a partir dese momento serán crónicos. Por iso a súa análise resulta moi importante pois, dende logo, cabe preguntarse polos motivos que propiciaron esta situación. Se temos en conta que agora algunhas das dúbidas iniciais sobre a posta en marcha do proceso xa estaban resoltas, os motivos xa non poden ser soamente de tipo administrativo. A explicación debe vir polo tanto

do outro factor que puidera causas eses retrasos, isto é, a resistencia social, tanto dalgúns dos encargados de tarefas no marco da aplicación do imposto como dos contribuíntes. Os recibos coa súa data de entrega son polo tanto unha forma de achegarnos aos tempos e problemas que sofre o sistema. Un maior retraso cando o proxecto xa fora posto en marcha pode ser un indicativo, quizais, dunha maior resistencia social. Trataremos este asunto cun maior detemento no apartado de conflitividade.



DON MATEO DE LA REGUERA, CAPITAN retirado de Infantería, y Caballero de la Real y Militar Orden de San Hermenegildo, y Depositario de todas Rentas en esta Ciudad y Provincia de Betanzos.

Recibí dela Villa y Jurisdicion de Puentedeume [illegible] ordinaria, la Cantidad de Cincuenta y Cinco mil Diez y nueve Reales y Veinte y dos mrs., Aguenta del importe del Mesco de Diziembre del Año Ultimo, Corr.te perteneciente ala Contribucion Provincial, en esta forma.

En Dinero efectivo 51.028

Enzima Certificacion dela Parro.l de Santa Eulalia de Sumade 991

#55.019

De cuya cantidad doy esta Carta de Pago, de la qual ha de tomar razon el Sr. D. [illegible] Contador Interventor de Rentas Estancadas en este Partido; sin cuya formalidad ha de quedar sin ningun valor. Betanzos Ocho de Abril de mil ochocientos y Diez y ocho


Fotografía 3: recibo do pagamento dunha parte do derradeiro terzo de 1817 da contribución xeral en Pontedeume (08/04/1818. AMP, c. 140, l. 1, a. 2, p. 152. Detalle).

- Xustificantes de gastos dos traballos desenvolvidos: se o lembramos, segundo o artigo 14º da instrución para o cobro da contribución quedaba establecido que "el repartimiento recaerá

sobre la cantidad señalada en la orden comunicada por la Intendencia o Subdelegación con el aumento de un tres por ciento, y no mas, para gastos, cobranza y conduccion a la Tesorería de provincia o Depositaría de partido". Eses gastos dos que se falan cubrían un detalle moi importante que posibilitaba o funcionamento de todo o sistema de elaboración dos recontos da riqueza. Falamos por suposto do salario destinado a tódalas persoas que se encargaban das medicións oportunas para realizar o rexistro da riqueza dos veciños veciños, así como o de todos aqueles auxiliares que os acompañaban. Nunha das actas da xunta de Pontedeume, o estipendio para estas persoas en dúas parroquias quedaba fixado como segue:

> "[a xunta local] acuerda: que dn. Josef del Rio, que lo ha sido [perito agrimensor] por esta corporación para el apeo, y mas funciones que le competen de esta recordada villa y parroquia de San Miguel de Breamo y Santa María de Centroña, señalanle como le señala veinte y siete reales diarios, diez y seis al tasador agrimensor Josef Fco. de Anido en atención a que tiene que pernoctar fuera de su casa, catorce a su compañero Agustin Toribio da Veiga, que puede hacerlo en la suya, y seis al escriviente de lexítima ocupación (…)[17]"

Polo tanto, os salarios dos encargados da elaboración dos apeos ocuparían boa parte desa porcentaxe destinada a gastos. Na fotografía 4 temos unha relación ordenada dun destes xustificantes nos que se contabiliza o estipendio entregado a estas persoas segundo os seus días de traballo, incluíndo en ocasións a data de inicio e finalización da tarefa.


Breamo

Al Perito Dñ Franco. Anido se le abonan 12. dias a razon de 18. reales desde el dia 29. de Mayo hasta el 15. de Junio ambos inclusive 180

Al dela misma clase Domingo Quintia se empleó 7. dias a razon de 14. rs. desde el 29. de Mayo hasta el 15. de Junio se le abonan ambos inclusive 126

Al Encargado desde el dia 29. de Mayo hasta el 15 de Junio se le abonan 12. dias a razon de 27. rs. 324

Total . . . 630

Fotografía 4: xustificante de gastos co salario de peritos e encargados do apeo da parroquia de San Miguel de Breamo, baixo a xurisdición da xunta de pobo de Pontedeume (16/06/1819. AMP, c. 184, a. 1, p. 45).

Temos nestas contas a individuos cuxos coñecementos lles permitirían levar a cabo diferentes taxacións, tales como canteiros ou carpinteiros, agrimensores ou escribáns que toman nota do que se lles indica. Estes recibos son, xunto con aqueles que se refiren á entrega da recadación na tesourería, os últimos rexistros que figuran para cada exercicio de cobro dun determinado terzo anual. Trala realización destas contas, outro novo terzo dá comezo, de modo que volvemos comezar o ciclo da documentación: novos peritos repartidores, novas xuras, goteo

[17] AMP, c. 184, a. 1, p. 18.

de ordes e comunicados das autoridades centrais da Facenda, avisos para apremar ás parroquias, e así sucesivamente.

As actas das xuntas locais, en resumo de todo o anterior, ofrecen dúas posibilidades principais de investigación, que se poden separar en varias ramas á súa vez. Por unha banda e dende un punto de vista principal, teríamos o estudo do funcionamento habitual do sistema e todo o que supón, pois tódolos aspectos esenciais da súa maquinaria e do seu movemento cotiá no nivel local están presentes nestas actas. Dentro deste apartado teríamos os datos sobre a temporalidade da reforma, a súa instalación e expansión cara o último nivel administrativo, o do pobos e parroquias, en contacto directo cos contribuíntes que habitan neles. Temos tamén todo o relacionado co establecemento desa estrutura ata chegar a esas persoas, ata o último detalle: a conformacións das propias xuntas locais, a xura dos seus cargos ou o nomeamento dos peritos encargados do repartimento das cantidades para a contribución xeral. Coñecemos quizais un pouco menos os detalles do proceso de cobro en si mesmo, pois as actas non fan referencia *per se* á forma na que as persoas pagaban. No seu lugar, as actas sinalan que os repartimentos están listos e despois vemos os recibos de presentación das cantidades na tesourería correspondente, sen saber o que aconteceu entrementres. Podemos coñecer porén, por simple dedución, algúns detalles sobre o que acontecía, por exemplo cando as actas recoñecen o envío de ordes para apresurar a que se efectúen os pagos nas parroquias ou cando citan a chegada de multas e mesmo a presenza de soldados na vila, enviados por instancias superiores da administración e que teñen por obxectivo apresurar os traballos pola vía da coerción (non necesariamente a través do uso da violencia) e da imposición de sancións. Por último, coñecemos tamén o remate do proceso, coa recollida tamén en recibos, dos gastos de elaboración dos rexistros e repartimentos, que quedan plasmados sobre todo nos salarios das persoas encargadas de realizar estas tarefas. No medio do proceso existen unha serie de adversidades, problemas e dúbidas de tipo técnico ou administrativo que dificultan o funcionamento correcto dese sistema que quedaron igualmente recollidos na documentación formada polos diarios de sesións das xuntas locais.

Pero a historia do sistema de Facenda aprobado o 30 de maio de 1817 tamén foi unha historia de problemas e resistencias fronte ao seu funcionamento, non soamente a nivel técnico ou administrativo, senón tamén entre os contribuíntes, sendo esa precisamente a segunda vertente de investigación que nos ofrecen as actas das xuntas locais. Esta documentación tamén reflicte a realidade do sistema cando non funciona correctamente, con tódolos seus contratempos, algúns dos cales veñen propiciados por unha resistencia popular. De entre as fontes que manexamos nesta investigación, todas elas permítennos identificar, ou a lo menos deducir, unha serie de comportamentos de enfrontamento, pero aqueles que as actas deixan entrever son principalmente de natureza pasiva, aínda que non todos. Haberá outras formas de resistencia, por suposto, pero chegaremos a elas no seu debido momento, principalmente a través da análise dos recontos da riqueza e da correspondencia dos pobos coa intendencia. Unha resistencia a que aparece nas actas, dicíamos, que se manifesta a partir de actitudes de non colaboración e mesmo de total indiferencia cos procesos de repartimento, principalmente. Algunhas das formas que adquire son máis visibles que outras, pero se sabemos onde buscar, vemos que estes comportamentos se plasman en numerosos lugares desta documentación. Obviamente, cando falamos da negativa de certas persoas a cumprir certos cargos, como o caso dos peritos, o compoñente de resistencia resulta ser máis visible na fonte que cando vemos que un recibo dá conta de que a recadación correspondente a un terzo anual en concreto se entregou con tres meses de retraso. O mesmo acontece cando comparamos unha situación na que os veciños non asisten a reunións informativas organizadas polas autoridades do concello con outra na que vemos que a xunta local debe

remitir repetidos avisos para que os traballos de cobranza nas parroquias rematen dunha vez por todas. De novo a visibilidade da resistencia volve a estar moito máis patente no primeiro caso, ademais de que no segundo pode existir un certo compoñente de dificultades técnicas que aumente a dita demora. Pero as casualidades son con moita frecuencia demasiadas, o que nos obriga a desconfiar de certos comportamentos. Aquí avogamos por darlle un papel moito máis determinante aos veciños das parroquias, en lugar de ver ao pobo como un suxeito colectivo que sofre sen máis as consecuencias dun novo sistema tributario. Remitímonos novamente ao capítulo de conflitividade para afondar en todas estas cuestións.

3.1.3. Problemas e inconvenientes

Un dos aspectos máis importantes desta fonte ten que ver coa súa capacidade de supervivencia e a vontade de conservación que se podería ter de cara aos seus fondos. Para entender isto hai que facer referencia á súa propia natureza e ao xeito no que se concibe a súa propia creación. Para comezar, resulta fundamental entender que en ningures se establece a obriga de levantar acta do estado dos traballos, dos problemas cos que se enfronta a xunta nin, en suma, de ningunha das labores ou ocupacións que afectan a calquera destas corporacións locais. En realidade, os artigos da instrución para o cobro da contribución xeral soamente establecen a creación destas entidades xunto cunha serie de persoas que deberían estar incluídas nelas, sen máis detalles. Polo tanto, á marxe das pautas existentes para elaborar os repartimentos e a estatística entre as parroquias dependentes, efectuar os cobros correspondentes ou conservar os datos dos recontos, a forma na que unha xunta calquera abordaba o seu traballo quedaba limitada ao criterio dos seus propios integrantes, ou como moito, aos consellos que lles chegaban de man de instancias superiores cando lles remitían algunha dúbida ou chegaba algún comunicado oficial. Así, se non había obrigación de levar un rexistro escritos do acontecido, quere dicir que cando este existe é simplemente porque os integrantes da xunta decidiron que así fora. Este feito pode parecer tan sinxelo como evidente, pero convén chamar a atención sobre el porque ten consecuencias importantes sobre a existencia e especialmente sobre a conservación destas actas. Unha destas corporacións podía, en primeiro lugar, tomar a decisión de non elaborar un diario daquilo que facía, ou podía simplemente sobrevivir tomando unha serie de notas que en absoluto terían que estar sistematicamente recollidas nun libro semellante a un diario, o que favorecería aínda máis a súa perda ou directamente a súa destrución pasado un tempo. Levar un rexistro das sesións podía ser un costume e era conveniente de cara a organización, pero non obrigatorio, o que explica que quizais as actas dunha destas entidades non chegaran a existir simplemente porque nunca se crearon. Dende outro punto de vista, esas actas poderían existir soamente dende un determinado momento no que, por exemplo debido a cuestións de organización, se tomara a decisión de levar conta de todo canto acontecía. Nos casos que manexamos, con todo, temos a gran sorte de posuír as primeiras entradas destes diarios, pois recóllese o momento da fundación da xunta.

Outra consecuencia do razoamento anterior lévanos a tratar o estado de conservación das actas unha vez cumprían o seu obxectivo, ou máis ben, unha vez deixaban de ter valor, o cal acontecería relativamente rápido. Supoñamos que unha xunta calquera tiña efectivamente un diario de sesións porque decidiu elaboralo, pero aínda así, ¿por qué conservar esta documentación despois dun tempo razoable? Quizais os integrantes da corporación podían chegar á conclusión de que no historial de actas existían problemas que foran tratados e resoltos no seu momento, e que tal vez conservalo serviría para ter unha referencia á hora de actuar, a modo de guía, de cara a contratempos que podían volver a reproducirse. Pero o certo era que despois dun tempo prudencial, a diferenza do que se establecera arredor dos recontos

da riqueza e dos apeos, nada obrigaba a conservar esta documentación. Dun ano para outro ou incluso entre terzos, cando o proceso da contribución volvía comezar, as actas da recadación anterior non eran necesarias en moitos casos, o que afectaría directamente á súa conservación, pois isto podía propiciar a súa destrución. O que dicimos non sería estraño se pensamos que foran elaboradas dende un comezo seguindo un criterio de utilidade que xa fora vencido. Se temos en conta este razoamento, poderemos explicar os motivos polos que as actas de moitas xuntas locais non se conservaron e foron destruídas.

Pero a situación sobre o mantemento no tempo desta documentación que acabamos de citar empeora aínda máis se temos en conta a forma na que os acontecementos se desenvolveron dende o punto de vista do devir do sistema tributario de 1817. Referímonos ao feito de que tamén debemos ter en conta a súa supresión poucos anos máis tarde de ser implantado (a excepción como sabemos dalgunhas figuras impositivas como os dereitos de portas). Se enfocamos o tema dende aquí, ¿que sentido tiña gardar unha documentación que para comezar nunca fora de elaboración obrigatoria, que perdía valor e uso rapidamente, e incluso despois de que o sistema responsable da súa creación desaparecera por completo? A explicación anterior de que podía servir como guía de solución de problemas para certas dúbidas xa non era válida, porque desta volta era o propio sistema o que deixara de existir. Nun contexto reaccionario e de recuperación do vello sistema de rendas, en efecto, non tería moita lóxica manter a documentación producida polo funcionamento dunha xunta local creada por un sistema tributario anterior que deixara de estar en vigor. Nada nos garante polo tanto, dende todos estes puntos de vista aplicados, que as actas non se extraviaran ou que directamente non fosen destruídas a conciencia polos propios contemporáneos, sendo como eran ademais, os restos e testemuñas dun sistema de Facenda extinto e ao que pouca estima se lle profesaba, o que as deixaba sen lugar a dúbidas nunha situación pouco favorable en canto a posuír algún valor que propiciara a súa conservación. Pode acontecer que en determinadas localidades simplemente se gardara toda a documentación relacionada coa corporación do concello, e por iso esta documentación foi conservada, pero tampouco temos modo de coñecer estas motivacións dun xeito definitivo. Estes razoamentos poden ser quizais meras especulacións, pero pretenden ser unha chamada de atención sobre o feito de que, realmente, non había motivo algún para que esta documentación perdurara no tempo, de modo que temos aquí un motivo que nos pode axudar a explicar o porqué de que a conservación desta documentación en arquivos municipais non adoite ser tan frecuente e, por outro lado, o afortunados que somos de achar estas mostras.

Ademais destas cuestións sobre conservación, entre os inconvenientes que poden citarse para este tipo de documentos tamén está a consideración de como detectar se estes diarios de actas están completos ou non, especialmente cara as datas finais. Ao comezo da vida da xunta local existe unha actividade frenética, con entradas practicamente a diario ou mesmo varias diferentes nunha mesma data. Isto resulta lóxico porque, para empezar, non había tempo que perder para todo o traballo que había que facer de cara a emprender tódalas tarefas que remataban co cobro do imposto. Porén, no caso particular desta investigación, as actas de Ortigueira de seguido deixan de ser útiles polo simple motivo de que desaparecen e deixan de existir a partir dunha data temperá. En consecuencia, as actas de Pontedeume son a única mostra que nos queda cun arco temporal considerable, sen posibilidade de establecer unha comparación con outros documentos semellantes, porque neste momento da investigación non dispoñemos deles ao non atoparse máis. Algo que seguramente será solucionado con futuras investigacións, pero un problema co que agora debemos convivir.

O rexistro de sesións da corporación desta vila parece especialmente completo ata que rematan os traballos correspondentes á recadación dos diferentes terzos de 1817, suceso que

con tódolos retrasos acumulados, non acontece ata maio de 1818. Ata aquí, a cantidade de rexistros mantense estable, tódolos problemas da xunta parecen rexistrarse e hai información de todos eles. A actitude da xunta local que se reflicte no rexistro é activa e mesmo combativa, tratando de resolver dúbidas ou dando conta á principal provincial dos abusos que a de partido de Betanzos cometía sobre a área eumesa. Porén, dende esta data, o número de entradas comeza a reducirse gradualmente, igual que a súa tipoloxía e temática. A entidade parece abandonar esa actitude anterior e limítase a dar conta das actuacións estritamente formais e necesarias, como a elección e xura dos peritos, de escritos que chegan dende a administración central, ou o envío de ordes ás parroquias que se retrasan nos pagos unha e outra vez. Da animosidade pásase polo tanto a unha especie de conformismo cos problemas que continuaban existindo, e que se detecta nas actas a través da redución dos rexistros ao mínimo imprescindible. Chegamos incluso a ter semanas e mesmo meses baleiros sen un so apuntamento. A falta de orde nalgúns dos rexistros, que ben puido sela responsable de perdas de fragmentos do diario, tamén contribúe a acrecentar un pouco esa idea, pero en xeral despréndese unha actitude na que semella que a confianza das autoridades locais no sistema de Facenda desaparecera en certo modo, e ante isto se pasara a tomar unha actitude eminentemente pasiva.

Cara o final da vida destas actas, o número de entradas descende dun xeito aínda máis dramático, e pese a que as segue habendo redúcense en ocasións a soamente unha ou dúas ao mes. Non sabemos ata que punto o rexistro das actas resulta fiable ou se hai cousas que quedaron fóra. En principio, non hai maneira de saber se o motivo que levou a este menor rexistro dos acontecementos foi unha crecente desidia, pasividade ou conformismo por parte das persoas que conformaban a xunta local e que soamente daban conta dos sucesos esenciais, ou se realmente todo marchaba como era debido e en realidade había menos dúbidas ao respecto. Isto último parece pouco probable se temos en conta o marco do funcionamento habitual da reforma que establecemos en capítulos anteriores, posto que moitos dos erros de base do sistema tributario seguiron estando vixentes durante toda a vida do mesmo. Proba disto é o constante goteo de Reais Ordes e comunicados de diversa índole, que poden consultarse facilmente en calquera colección lexislativa da época[18]. Ao mesmo tempo o descontento social ía en aumento, o que facía que a recadación da contribución descendera progresivamente. Neste sentido, debemos mirar con coidado a escaseza de rexistros na documentación das actas a medida que avanza o tempo, pois pode deberse tanto a un cambio de actitude como á omisión do rexistro dalgunhas tarefas e sobre todo, dalgúns problemas. Probablemente a resposta este na combinación de ámbalas dúas realidades.

Seguidamente, en relación á composición das xuntas locais temos que enfrontarnos tamén ao problema da parcialidade dos rexistros atopados. Debemos expoñer claramente que o que temos ante nós é realmente o punto de vista dos integrantes da corporación local. Ademais dun escribán que toma nota do sucedido pero que non ten voto segundo as indicacións que figuran na instrución do 1 de xuño que acompaña ao propio decreto, as actas son a versión dos feitos de catro individuos para cada xunta local. Todo canto temos nas actas, polo tanto, provén da interpretación que realicen do acontecido o alcalde maior, o rexedor decano, un cura párroco e o síndico persoeiro da localidade onde a corporación se establece. Hai actas nas que por suposto isto non ten maior importancia, porque nelas aparecen rexistros que son totalmente obxectivos. A opinión dunha persoa ocupada nunha xunta local non conta á hora de copiar un decreto que chega directamente dende a administración central, ou cando un perito xura que realizará o seu labor de xeito adecuado. Pero pode haber algún problema

[18] López Juana Pinilla, J. (1840-48), sobre todo vols. II e VI; Balmaseda, F. M. de (1818-20) e (1819); Señán y Velázquez, J. (1818), (1819) e (1820), atendendo especialmente ás partes lexislativas; Junta General de Estadística (1862).

cando nos enfrontamos a episodios que entran dentro dos rexistros de conflitividade, xa que na xunta, os seus integrantes xulgan os feitos e emiten un veredicto sobre o que se realizarán as actuacións oportunas, e fano dende logo a partir da súa óptica persoal, dacordo co seu criterio social e os seus propios intereses e opinións. Isto queda demostrado claramente nos conflitos coas freguesías e pobos da xurisdición, onde os seus representantes se queixan de abusos cometidos polo ente local. Cando temos a sorte de que nas actas se conserven os escritos emitidos dende as parroquias, que son moi poucas, vemos interpretacións claramente dispares sobre o enfrontamento en cuestión, con posturas encontradas e loxicamente opostas. De aí a necesidade de acudir a un mediador superior, que nos casos que manexamos adoita ser o intendente, á cabeza da xunta principal. Debemos ter en conta este detalle, posto que a versión da outra parte en casos de conflitividade e resistencia non sempre se conserva, o que fai que vexamos soamente unha das posibles caras e interpretacións que pode ter un episodio.

3.1.4. Tratamento da información

Pasamos a explicar de xeito moi breve a metodoloxía empregada con esta fonte, que pese a ser relativamente sinxela, precisa dalgúns apuntamentos e consideracións importantes. Cando realizamos a clasificación das actas por categorías temáticas, algunhas destas foron máis fáciles de establecer que outras debido á maior ou menor homoxeneidade dos rexistros que esta documentación contén. Debido precisamente á gran variedade de temáticas tratadas nas actas das xuntas locais, unha metodoloxía cuantitativa non serviría de axuda neste momento, pois foi necesario analizar tódolos rexistros por separado, un a un, encadrándoos individualmente nunha clasificación que resulta especialmente útil para acceder aos diferentes contidos, reunidos por temas. Varios deses temas poden ser agrupados noutros máis xerais, por exemplo, en función das posibilidades de estudo que nos ofrecen. Podemos chegar así a categorías de actas cunha temática en común arredor dos problemas de funcionamento do sistema, xuntando por exemplo as actas que reflicten litixios administrativos, aquelas nas que quedan patentes os retrasos nos tempos de execución, e os rexistros nos que aparecen comunicados oficiais que tratan de resolver problemáticas técnicas do novo sistema tributario. Dun xeito semellante podemos chegar a estudar unha categoría de conflitividade se xuntamos todas aquelas actas que nos ofrezan posibilidades de estudo arredor da resistencia social, xa sexa activa ou pasiva.

Unha vez temos establecidas as posibilidades que cada tipo de rexistro nos ofrece de cara a un estudo segundo os nosos intereses, a cuantificación comeza a ser máis válida neste aspecto. Se temos en conta que cada acta pode responder a un suceso ou a unha experiencia concreta no marco de cada xunta, a contabilización dun determinado tipo de feitos, a lo menos dende un punto de vista relativo, permite que nos fagamos unha idea da existencia real dese tipo de episodios. Por exemplo, supoñamos que estamos a estudar a conflitividade: observando as actas, axiña comprobaremos que en termos relativos sobre o total, a cantidade de rexistros nos que se envían apremos ás parroquias é bastante superior a calquera outra das naturezas ou temáticas presentes nas entradas das actas. Tamén é moi importante, falando en termos de cuantificación, o peso que teñen aqueles rexistros que recollen a resistencia pasiva de persoas que, sendo designadas peritos, se negan a realizar o seu traballo. Podemos deducir polo tanto o importante que sería no marco dunha xunta local determinada o problema da conflitividade en calquera das súas formas, se temos en conta que esa é a temática principal dentro dos rexistros do seu diario de sesións.

Porén, temos que ter en conta que os fondos dispoñibles son bastante limitados, posto que temos unicamente dous diarios de sesións que presenten continuidade, rematando por desgraza un deles moi axiña despois de comezar a súa elaboración. Isto lévanos a enfocar a

nosa metodoloxía á luz dos problemas que presentan este tipo de fontes. Quizais esa cuantificación se vexa alterada polo feito de que os fondos das actas estean incompletos ou indebidamente conservados, ou simplemente porque como acontece no caso da vila de Ortigueira, o rexistro se interrompa moi pronto, o que ofrece unha visión parcial en canto ao tipo de rexistros que contén. Por exemplo, nestas actas apenas hai comunicados administrativos, simplemente porque cando chegamos á data límite que nos ofrecen, aínda non se tiña enviado apenas ningún. Pero iso non significa que en Ortigueira non se deran problemas administrativos, que por suposto ocorreron. Ademais, pola localización da vila, lonxe da cabeza de partido, a documentación oficial tardaría máis en chegar que se falamos do caso de Pontedeume, localidade mellor situada nas canles de comunicación e máis próxima á capital. O mesmo podería dicirse cos demais tipos de rexistros que si aparecen en Pontedeume, pero non aquí. A extinción do diario, polo motivo que fose, quizais soamente pola súa mala conservación ou destrución parcial, é o responsable destas carencias, así que tamén debemos ter coidado cos procesos de cuantificación.

Por todo isto, é evidente que ante a problemática do limitados que son os fondos dispoñibles, teremos que ter coidado á hora de sacar conclusións, que non poderán ser definitivas a non ser que se atopen novos fondos sobre as actas doutras xuntas. Por outro lado, tampouco temos que restarlle validez necesariamente ao que se obteña destes diarios, pois resulta pouco crible que aspectos como a conflitividade social que se observan nos rexistros das nosas vilas sexan unha problemática exclusiva que aparece soamente nos fondos que nós atopamos. Por outra banda, o tratamento doutros temas máis alá dos nosos casos locais de estudo, como poden ser os problemas técnicos e de funcionamento do sistema, queda fora de toda dúbida, pois o caos na implantación do mesmo leva sendo confirmado dende hai anos por estudos previos máis xerais. Neste sentido, as nosas actas amosan un reflexo fidedigno deses problemas xerais e non fan outra cousa que confirmalos. É dicir, que aínda que nos nosos casos particulares se recollan sucesos moi específicos que afectan a pequenas fraccións de territorio, na realidade, algunhas das conclusións que saquemos a nivel local poden ser aplicables máis alá deses reducidos ámbitos territoriais. Son a proba que reflicte os contratempos do contexto xeral no que se desenvolve o novo sistema tributario. Pero as actas, ademais de confirmarnos isto, presentan a vantaxe de que favorecen un estudo local polo miúdo e en detalle do funcionamento dos problemas do novo sistema de Facenda no nivel máis próximo aos contribuíntes.

3.2. APEOS, CADERNOS E RESUMOS DA RIQUEZA

3.2.1. Presentación

O proxecto que deu lugar á conformación dos apeos e cadernos da riqueza que se constitúen nunha das principais fontes desta investigación pode encadrarse no tradicional debate entre dos catastros gráficos e os literais, as súas funcións, posibilidades e capacidades reais de indagación sobre a riqueza dos contribuíntes. No noso caso estamos ante un exemplo dos segundos, pois como veremos, a información artéllase a partir de listaxes de propietarios e dos seus bens, aos que se unen datos básicos sobre extensión e valoración. Na outra man, o catastro gráfico apóiase en planos e mapas dos termos municipais, de modo que o coñecemento que ofrece sobre os bens dos contribuíntes resulta moito máis completo. Porén, hai poderosos motivos que determinan o curso dos traballos e as posibilidades do seu alcance no contexto no que nos atopamos pois, para comezar, faltan os medios técnicos necesarios

para elaborar tódolos materiais necesarios[19]. Ademais, no contexto que envolvía á Facenda española deste momento, ávida de recursos, os gastos derivados de semellante empresa complicarían máis aínda o panorama. Non obstante, non se trata en exclusiva dunha cuestión de recursos, pois tras dunha decisión que non soamente afecta á forma ou á calidade do resultado hai presente un claro xogo político entre o poder central e os grupos de elites terratenentes que fan presión para evitar un maior control sobre as súas posesións, o cal podería conducir á perda de parte da súa influencia. Así, os traballos desenvólvense no modo en que o fan porque a forma deses rexistros posibilita unhas dinámicas e comportamentos cara a estatística derivados do menor control que favorecen os catastros literais, polo que en consecuencia, este modelo conta co beneplácito dos grandes propietarios[20]. Como resultado desta forma achámonos ante un tipo de rexistro tradicional no que os apeos carecen de representacións gráficas e topográficas con mapas, o cal vai marcar fondamente os seus resultados e alcance real. Ante a falta de materiais de apoio, as comprobacións dos datos son máis complexas, esixen máis tempo e son máis deficientes, aspecto que terá no desenvolvemento da ocultación unha das súas principais contrapartidas[21].

Como resultado da extensión da cuestión arredor da forma na que rexistrar a riqueza dos contribuíntes, aparece a dos posibles usos que se lle poden dar ao catastro á hora de establecer un imposto. Así, este pode ser entendido non soamente como unha ferramenta a través da cal se podería organizar o cobro dun imposto, senón tamén, chegando ao fondo da súa esencia, ser convertido nun medio para evitar inxustizas sempre e cando se realizara un traballo en condicións. Xa entre os contemporáneos, Canga Argüelles alegaba precisamente que o catastro respondía a "datos precisos para establecer y exigir con exacta igualdad las contribuciones de sangre y de dinero, y para dictar las providencias conducentes a asegurar la pública prosperidad[22]". Por outra banda, sobre as dificultades de levar a bo termo unha obra destas características, Duaso y Latre manifestaba a súa opinión ao respecto nos seguintes termos:

> "Primeramente para establecer una contribución directa es preciso formar un catastro de todos los bienes del estado, que es obra de mucho tiempo y de mucho trabajo, en que suelen concurrir, segun la expresion de Montesquieu, la injusticia de la cosa, y la injusticia de los hombres: es decir, la que proviene de la dificultad casi insuperable de tasar justa y uniformemente todas las fincas de una monarquía dilatada, y absolutamente insuperable si tambien se han de tasar las utilidades de la industria y del comercio. La injusticia de los hombres es la que procede de la ignorancia, de la diferencia en el juzgar, de las pasiones, y aun del soborno de los tasadores. Después de hecho el catastro, es sumamente difícil enmendar las desigualdades procedentes del tiempo y de su mala formación[23]."

Porén, á vista do que se leva apuntado sobre as elites e pese a este tipo de interpretacións, estaba claro que se había que deterse a escoller entre un uso simplemente instrumental para o cobro da contribución e outro que axudara a un repartimento máis equitativo, o obxectivo perseguido pola estatística da riqueza nacida a carón da reforma de 1817 sería o primeiro. Na R.O. do 22 de xullo de 1818 dáse a entender perfectamente como se pretendía que fose a estatística, de maneira que non quedaba xa ningunha dúbida ao respecto:

[19] Pro Ruiz, J. (2000), p. 245.
[20] Ibídem.
[21] Tatjer Mir, Mª M. (1988), p. 147-148.
[22] Canga Argüelles, J. (1833), vol. 1, p. 195.
[23] Duaso y Latre, J. (1814), op. cit., p. 67.

> "Aunque los apeos y valuaciones deben hacerse con formalidad y exactitud, no se debe entender por esto que sea necesario un rigor geométrico de imposible ejecucion en muchos pueblos sino un juicio muy aproximado sobre datos ciertos, que únicamente depende de la buena voluntad, y no de gastos interminables ni diligencias curiales repetidas[24]."

Por outra banda e pasando a comentar a cuestión da explotación desta documentación en estudos históricos, temos que partir das análises que sobre a súa estrutura realizou Bringas Gutiérrez[25]. Como fonte, porén, os apeos e cadernos da riqueza dos pobos realizados no marco da reforma de 1817 son polo de agora pouco utilizados polos investigadores pese as posibilidades que ofrecen e, incluso en combinación con outras fontes, non son moitos os que recoñecen ter empregado este tipo de fondos nos seus textos[26]. Aínda que a perspectiva apunta a estar mudando no último par de décadas, pois pode detectarse unha maior desenvolvemento de estudos que se basean esencialmente nesta documentación, hai que indicar que, de forma fundamental, estamos ante traballos de ámbito local en todo caso, moitos deles centrados en aspectos diversos da realidade agraria. Aínda que algúns pivotan arredor de cuestións moi concretas como pode selo caso de cultivos determinados, neste ámbito debemos destacar dende logo a monumental obra sobre a análise da paisaxe e a realidade agrícola realizada por Lozano Salado en Xerez, incluíndo aspectos moi interesantes sobre a configuración da propiedade, os posuidores da terra ou os cultivos, entres outras cuestións[27]. Os usos dos apeos e cadernos ofrecen, porén, máis posibilidades, de modo que podemos velos tamén como unha vía para analizar aspectos sobre a dieta[28]. Por suposto, fóra do ámbito estritamente agrario estes traballos tamén existen. Os enfoques, ademais, tamén se multiplican, como proba das posibilidades que ofrece este tipo de documentación. Algúns céntranse en cuestións de corte social, como o coñecemento de certos oficios, ou dunha forma máis ampla, nas actividades comerciais e industriais de certas localidades, mentres que outros fan o propio coa riqueza urbana atendendo a casas e edificios[29]. Como esta documentación ofrece tamén datos sobre poboación como resultado directo da súa forma de organizarse, tamén podemos ver traballos arredor de censos e padróns municipais máis centrados nunha vertente demográfica[30]. Como se pode observar, boa parte destes estudos son recentes e están xa situados temporalmente dentro do século XXI, cuns límites que veñen marcados polas propias características da documentación conservada e pola natureza desa conservación. A fragmentación da fonte dende o punto de vista xeográfico, cuxa supervivencia é en ocasións froito do simple azar, fai difícil superar ese nivel local cara outro superior en moitos casos.

Unha vez apuntadas estas cuestións introdutorias chega o momento de realizar a análise dos cadernos da riqueza e a documentación estreitamente relacionada con eles. Como xa sabemos, os artigos 24º ao 30º do Real Decreto do 30 de maio establecían a necesidade de efectuar un reparto da contribución por provincias, primeiro, e dentro do territorio de cada unha delas por pobos, despois. Este estaba baseado na elaboración dunha estatística que incluía o coñecemento da riqueza de tódolos individuos do reino, dato que segundo se indica na instrución para a cobranza da contribución sería utilizado para establecer as cotas

[24] López Juana Pinilla, J. (1848), op. cit., vol. VI, p. 179.
[25] Bringas Gutiérrez, M. A. (1994), (2003) e (2008); Santoveña Setién, A. e Bringas Gutiérrez, M. A. (1991).
[26] Domínguez Martín (1996), p. 77; Bringas Gutiérrez, M. A. (2000).
[27] Maldonado Rosso, J. (1991); Lozano Salado, L. (2001).
[28] Moral Gadeo, J. e Rodríguez Delgado, E. (2011).
[29] Sierra de Cózar, P. (2009); Marcelo Marco, V.; Collado Lozano, M.; Nebot Díaz, I. (2012); Moral Gadeo, J. (2013); Bringas, M. A.; del Mazo, I.; Mercapide, G. (2017).
[30] Fariña Pestano, F. (2008).

individuais. Os artigos 16º e 17º deste documento do 1 de xuño de 1817 contemplan que os peritos debían efectuar a graduación seguindo regras de xustiza, comunicando á xunta local "el juicio en el que se apoye la tasa y cómputo de productos, para deducir la cantidad individual de la contribución". Unha vez feito isto, a xunta local "ratificará el repartimiento si lo estimase justo, y dispondrá inmediatamente la formación del cuaderno general, en el que se ha de señalar con toda distincion a cada contribuyente lo que debe pagar por las tierras, casas, rentas, industria y comercio". Esta é practicamente toda a teoría que a documentación do Real Decreto contemplaba sobre a tan necesaria estatística e o coñecemento da riqueza, imprescindibles para a elaboración dun reparto xusto e o máis aproximado posible para cada contribuínte.

Estas pautas eran na realidade, como non resulta difícil supoñer, claramente insuficientes. Cando a documentación do decreto chegou ás diferentes vilas nas que se instalarían as xuntas de pobo coa cantidade correspondente que lle fora asignada para a contribución, as autoridades non tiveron máis remedio que lanzarse a realizar unha recadación sen ter as cousas demasiado claras. Esa primeira recadación, ademais, incluía a particularidade de ser dobre posto que correspondía aos primeiros oito meses do ano en lugar dos catro habituais, así que o resultado traduciuse en presas, apuros e retrasos, con repartimentos ás parroquias realizados segundo criterios dispares. En Pontedeume botárase man da contribución de guerra de 1811 para establecer o comparto entre as parroquias, como tivemos ocasión de comprobar. É de supoñer que a continuación, os peritos fixeron as indagacións necesarias para establecer os repartimentos individuais para os veciños, pero o certo é que non coñecemos ningún detalle sobre este proceso concreto nos terzos correspondentes a 1817, máis alá das datas de entrega destas contribucións gracias aos recibos correspondentes que se conservan nas actas da xunta local. A comezos de 1818 a situación cambiou coa publicación dos modelos para os cadernos da riqueza, uns documentos que circularon de forma impresa por todo o territorio, xa que os atopamos en tódolos arquivos nos que atopamos documentación sobre o sistema de Facenda impulsado por Garay, e que ofrecían un reconto xa elaborado que debía servir como un padrón sobre o que os pobos se basearían para elaborar o seu respectivo. Así, a través desa R.O. do 18 de febreiro de 1818, estes documentos co "cuaderno general de la riqueza de un pueblo" aparecían en escena para tratar de iluminar o proceso de estatística da riqueza de parroquias e pobos, determinar unha serie de pautas para o mesmo e establecer as diferentes tipoloxías de información sobre as que se debía indagar para poder configurar con elas os cadernos xerais da riqueza. Sendo reproducido este modelo en cada núcleo de poboación polos rexistradores correspondentes, os documentos resultantes conforman unha das nosas fontes principais.

Cando nesta presentación establecemos unha diferenciación entre os anos de 1817 e 1818 e nos retrotraemos a un momento no que os modelos aínda non foran publicados, facémolo cun obxectivo en mente. Se dicimos que non coñecemos como se realizaron os repartimentos individuais nos terzos do primeiro ano de vixencia do sistema é para chamar a atención sobre o feito de que tódolos fondos que atopamos nos diversos arquivos sobre apeos e cadernos correspóndense, como pronto, aos exercicios da contribución de 1818. Algo totalmente lóxico se temos en conta que estes documentos responden maioritariamente á forma dos modelos aos que acabamos de referirnos. Tras disto, aparece tamén unha verdade reveladora: a de que a tan necesaria estatística da riqueza dos habitantes do reino non se comezou a realizar ata despois da publicación dos modelos, ou así o pensamos a partir das datas dos fondos que localizamos. Ata entón, no seu lugar e como xa apuntamos, as autoridades locais estarían moito máis preocupadas por reunir as cantidades para a contribución (especialmente no caso do primeiro pago que era dobre), que por coñecer a verdadeira riqueza dos seus veciños. Non foi ata que a

administración principal o decretou cando comezou a realizarse especificamente o novo proceso que buscaba, pola vía do inventario de bens, acceder a un mellor coñecemento dos rendementos económicos dos contribuíntes. Neste sentido, as actas das xuntas son moito máis prolixas en rexistros especialmente ao comezo do proceso de implantación do novo sistema tributario, mentres que ao mesmo tempo e dende o punto de vista específico dos repartimentos individuais, atopámonos en datas bastante escuras en canto ao coñecemento de cómo foron levados a cabo. De feito, Juan Pro afirma que ao comezo do proceso, na primeira das versións dos cadernos, no proxecto de reforma non se pode considerar a existencia dun catastro[31]. O momento de esplendor dos rexistros que atopamos no marco desta investigación son por iso mesmo os anos 1818 e 1819, con algúns datos incluso en 1820. Polo tanto, a lo menos polos fondos que atopamos ata o de agora, nada nos indica a pensar que, nos primeiros momentos de implantación do proxecto, se realizara un reconto de ningún tipo semellante a un apeo nos territorios que estudamos.

Dito isto, cómpre facer un repaso sobre o modo no que estes recontos da riqueza funcionaban antes de pasar revista á información e ás posibilidades de estudo que esta fonte nos ofrece. Para comezar, é necesario advertir unha diferenza fundamental entre o que realmente resultaría nun dobre proceso complementario no que ámbalas dúas vertentes podían chegar a ser bastante confusas. Os modelos dos rexistros incluían unha serie de aclaracións que establecían o seguinte:

> "1º. Ha de formarse apeo y valuación general del capital y productos específicos de todas las tierras, edificios y propiedades y por separado un cuaderno general de la riqueza de cada pueblo. Son, pues, operaciones distintas las del apeo y las del cuaderno, aunque este se funde en aquel despues de concluido.
> 2º. La operacion del apeo, ha de constar en un libro formal, que se conservará como los demas documentos públicos en el archivo del Ayuntamiento (…) Mas el cuaderno general formará un legajo separado para entregarse a la Junta respectiva de pueblo (…)
> 3º. El cuaderno general ha de formarse en el primer tercio de cada año de los sucesivos, tomando por fundamento lo que resulte en el apeo, y atendiendo a las mudanzas de fortuna que hubiese, y ha de renovarse ó reverse en cada uno de los tercios siguientes, si hubiere queja o justo motivo, con decreto de la Junta de Pueblo, procediéndose en esta operación por los peritos que ella ha de elegir anualmente (…)[32]"

O apeo, segundo o mesmo documento, realizaríase "una vez este año, y para lo sucesivo, solo de diez en diez", a modo de actualización, mentres que o caderno se formaría no primeiro terzo de cada ano, tendo que ser revisado nos seguintes e atendendo aos cambios na fortuna dos veciños. Polo tanto, en ámbolos dous documentos figuraban as diferentes ramas da riqueza, pero no caso do caderno, cuxa elaboración e revisión era constante, aparecían tamén os produtos líquidos de tódolos bens e rendas dos veciños, para poder establecer con eles a cota de contribución que correspondería a cada un deles.

Aparte destas cuestións, tamén convén coñecer un pouco mellor todo o proceso de elaboración destes apeos e cadernos, así como o papel que xogaban estes últimos no interior dun sistema de estatística moito máis grande, que ía ascendendo polos diferentes chanzos da administración para configurar documentos sucesivos que irían agrupando de xeito progresivo a cada paso maiores porcentaxes do territorio estatal. O contido exacto dos datos presentes

[31] Pro Ruiz, J. (1992), p. 49.
[32] Junta Principal Provincial de Contribución y Estadística de Galicia (1818), p. 1.

nestes documentos non nos interesa agora, pois soamente pretendemos introducir a forma na que se elaboraban. Máis adiante, nas tipoloxías da información da fonte, entraremos en detalles, pero agora parécenos moito máis determinante coñecer ben este proceso dende o punto de vista administrativo. Os aspectos relativos á elaboración e funcionamento destes documentos están ben expostos en varios artigos por Bringas Gutiérrez, e a el nos remitimos para rematar de configurar este apartado introdutorio[33].

A formación do apeo é bastante simple en esencia, independentemente dos problemas que poida presentar como a fonte fiscal que é, e nos que tampouco entraremos agora. Trátase *grosso modo* dun inventario de tódolos bens, censos e rendas da parroquia, tanto os que posuían os veciños que vivían nela como os forasteiros que, residindo noutro termo parroquial, tiñan algún ben no seu territorio. Todo o proceso era realizado a título individual, sufragándose os gastos derivados da elaboración do rexistro con aquel tres por cento de incremento sobre a cantidade contributiva asignada a cada parroquia que se contemplaba nos artigos da instrución do 1 de xuño (artigo 14º). Por unha parte estarían os bens de tipo inmoble, principalmente parcelas de terra e edificios, pero tamén outros non raíces entre os que cabe destacar o gando. En todo caso debería figurar o valor de todos eles e, no caso das terras, tamén a súa extensión e lindes, con independencia da forma de posesión no caso de que non foran da súa propiedade exclusiva. Ademais de rexistrar estes bens, tamén deberían figurar outras fontes de riqueza que tiveran os veciños en forma de rendas, obtidas por exemplo do desempeño dun oficio ou de calquera outro negocio de tipo industrial ou comercial. En suma, todo efecto produtivo da pertenza de cada individuo no termo territorial no que se estaba a levantar apeo. O proceso de inventariado podería ser levado a cabo de dúas formas posibles: Bringas establece que os encargados serían, por orde da xunta, os propios veciños, que realizarían unha relación de todo canto tiveran baixo xuramento de facelo con honradez. Entre as nosas fontes atopamos algunhas destas relacións individuais, elaboradas con frecuencia pola mesma persoa ou por un número reducido delas, que serían loxicamente, os veciños da parroquia que sabían escribir. Porén, nos nosos fondos, e xa dentro de 1818 polo tanto, atopamos algúns rexistros que demostran que a primeira aproximación podía ser realizada tamén por peritos, que se dedicarían a ir casa por casa realizando a listaxe de bens e rendas de cada un dos veciños da parroquia. Esta dobre orixe deriva dunha dificultade para diferenciar a documentación dentro da nosa área de estudo, da cal nos ocuparemos axiña.

Feito este inventario, a xunta local decretaría a súa correcta elaboración pola vía da comprobación encomendada aos peritos, que terían por obxectivo solucionar as posibles omisións ou equivocacións que se puideran ter cometido. Obviamente, este paso intermedio de revisión xa non sería necesario se eran os mesmos peritos os que facían a relación de bens, pois constatarían a realidade do inventario casa por casa (isto non impide que sega habendo ocultación e que neste momento do proceso, de feito, algúns casos poderían ser descubertos). Se houbese algunha dúbida ou problema ao respecto arredor de cuestións de extensión ou lindes, sería neste momento cando habería que chamar a escena aos agrimensores para eliminar todo contratempo posible. Unha vez que este proceso estaba listo, os peritos procederían a transcribir o apeo propiamente dito, no que figuraría unha relación completa de veciños cos bens e rendas de cada un, debidamente valorados. Realizar este apeo final establecendo unha orde alfabética nos veciños, colocando un índice ou realizando un resumo final coa suma total da relación de terras do territorio por extensións e calidades era un detalle formal que quedaba a disposición dos peritos. Finalmente, na teoría tamén se debían incluír varias follas en branco ao final do reconto co obxectivo de actualizar posibles cambios que se

[33] Bringas Gutiérrez, M. A. (2003), op. cit. e (2008), op. cit.

foran producindo entre os bens parroquiais, para reflectir cambios de mans froito de vendas, cesións, herdanzas, chegada de novos habitantes á parroquia ou calquera outro suceso que propiciara un cambio nos rexistros. Estas anotacións servirían para actualizar cada dez anos o apeo, que debía ser conservado, tal e como establecían as pautas que acompañan aos modelos na R.O do 18 de febreiro "como los demas documentos públicos en el archivo del Ayuntamiento, y sino lo hubiere en el pueblo ni en la capital del distrito, se guardará en una casa segura del pueblo a elección de este, y en arca de tres llaves a cargo de la Justicia o Mayordomo, y dos personas electas para este fin en junta plena del vecindario[34]". Por suposto, como é lóxico, esas actualizacións non chegaron a realizarse en ningures debido a que a limitada vida do novo sistema de Facenda non se estendeu tanto como para chegar ao momento no que a posta ao día fose obrigatoria. Por outra banda, esta forma de conservación que acaba de apuntarse pode ser a responsable do problema de dispersión xeográfica (en canto a conservación) que afecta a estes fondos e que trataremos máis adiante. Está claro que moitas parroquias enviarían os seus documentos a ese pobo ou capital do distrito, o que explicaría a presenza conxunta dos rexistros de numerosas freguesías nos núcleos onde se localizaba unha xunta. Noutros casos, porén, quizais por un simple criterio práctico de distancia e comodidade, pode ser que a documentación se gardara nesoutra casa segura, o que posibilitaría o feito de que rematara en arquivos de particulares, familiares ou mesmo nas igrexas parroquiais.

Co apeo da parroquia xa concluído podía procederse a iniciar os traballos que conducirían á elaboración do caderno xeral da riqueza, que sería o instrumento estatístico encargado de proporcionar o valor total das rendas netas de cada individuo, dato empregado para aplicar a contribución xeral. O apeo era un paso previo e indispensable para o mesmo, e pouco se podía facer se os inventarios de bens non estaban listos. Ao mesmo tempo, o caderno xeral da riqueza do pobo era soamente unha pequena parte dunha tarefa administrativa moito maior. Éste documento estaba estruturado a nivel de pobos e parroquias dunha forma ternaria que coincidía cos tres tipos de riqueza que se pretendía recoller. Por unha banda estaba a rama da riqueza territorial, logo a industrial, e por último a de tipo comercial. Á súa vez, cada unha destas ramas económicas separábase en diversas categorías e contidos. Por exemplo, a riqueza territorial referíase á agrícola, gandeira e á parte dos edificios, así que basicamente estaría medida por boa parte das informacións que foran obtidas para a elaboración do apeo. A riqueza industrial incluiría as actividades fabrís e tamén a pesca, mentres que na riqueza comercial se recollerían os produtos de actividades comerciais en xeral, valla a redundancia, ademais das rendas procedentes da navegación e da actividades dos arrieiros.

Porén, previamente a completar os valores de cada un destes ramos económicos era necesario realizar algúns cálculos relativos a prezos e produtividade. Concretamente, o primeiro deses cálculos (o chamado modelo 1 segundo as pautas da R.O. do 18 de febreiro de 1818) consistía nunha táboa cos prezos medios dos diferentes produtos agrarios no quinquenio previo á instauración do novos sistema de Facenda, isto é, dende 1813. A relación realizábase por partidos para evitar as posibles variacións xeográficas extremas, e o resultado era un baremo que permitía valorar en diñeiro tódolos froitos da terra e do gando dentro do territorio do partido determinado no que dito cálculo se levara a cabo. Un dos posibles problemas marcados por este método ten relación co tempo e o contexto no que nos estamos a mover, pois debemos ter presente o feito de que non había moitos anos que rematara unha guerra, de modo que os seus efectos aínda se poderían facer notar. Pese a que unha media de cinco anos estaría menos afectada polos valores extremos, o influxo da contenda unida a

[34] Junta Principal Provincial de Contribución y Estatística de Galicia (1818), op. cit., p. 1.

posibles episodios de malas colleitas podía malograr o cálculo en boa medida. Conseguimos localizar exemplos do modelo 1 no arquivo municipal da Coruña para os anos 1818 e 1819 (figuran no Apéndice 2), mentres que no caso de Betanzos, as primeiras páxinas do caderno da parroquia de Santo Estevo de Cos contan cunha transcrición dalgúns dos produtos esenciais para 1818 que, en todo caso, se atopa nun estado de conservación lamentable, ata o punto de destruírse moita da información contida nel. Por outra banda, os prezos do partido de Santiago (non son precisos, senón que abarcan un abano de tódolos do seu territorio e distinguen entre territorios distintos arredor desta cuestión) poden ser consultados xunto con outra documentación da súa xunta en liña[35].

O outro cálculo era considerablemente máis complexo e servía para establecer a coñecida tarifa das partes alícuotas (chamado modelo 2 na R.O. de febreiro de 1818), compoñente básico e fundamental para o establecemento das cotas individuais da contribución xeral. O obxectivo desta operación era, en esencia, conseguir calcular a parte do produto bruto de calquera proceso produtivo que se podía considerar como rendemento neto. Como ben define Bringas, as partes alícuotas representan os custos medios de produción de cada un dos froitos ou ramos de riqueza avaliados, e que cada unha das xuntas debía expresar como unha parte do produto total dos mesmos, válida para tódolos pobos do seu partido, para tódalas terras e para tódalas condicións de produción[36]. Este traballo, que debería ser realizado pola xunta de partido correspondente e de aplicación en todo o seu termo territorial non tiña unhas normas fixas establecidas, o que convertía o cálculo nun proceso de considerable ambigüidade que quedaba suxeito ao criterio establecido polos membros desas corporacións. Tamén era arbitrario porque ao aplicarse sobre todo o partido, dábase a entender que os rendementos de tódalas actividades agrarias (así como as taxas de beneficio das actividades industriais e comerciais) eran homoxéneos en todo o seu territorio[37]. En consecuencia, a parte a descontar para cada produto era, con algunhas excepcións, un estándar en calquera parte do territorio dun partido determinado. Con todo, pese ás dificultades que esta parte do proceso puidera supoñer e pese ás arbitrariedades que no seu cálculo puideran cometer as autoridades pertinentes, este aspecto resulta esencial para comprender o funcionamento do sistema tributario de 1817.

Para comezar o proceso, os peritos deberían determinar os rendementos das diferentes actividades económicas. Na agricultura por exemplo, habería que calcular cales eran as produción medias das terras, o que permitiría establecer o seu produto por unidade básica de superficie, por especies cultivadas e para cada calidade, e por unha simple operación de multiplicación cos prezos establecidos no cálculo anterior, o valor total desa produtividade. Unhas estimacións que, dada a falta de regras, deberon quedar ao bo entendemento e xuízo dos peritos[38]. No caso galego nin sequera está moi claro en que nivel administrativo se debeu desenvolver esta acción se observamos detidamente a documentación, pois pese a que os baremos de rendementos se manteñen bastante estables por todo o territorio que estudamos, en moitas freguesías hai pequenas modificacións en clave de adaptacións puntuais para numerosas especies de cultivo. O feito de que coincidan en moitos casos para as parroquias dentro de cada xurisdición local dá pé a pensar que puideron ser tódalas xuntas de pobo as que deseñaron ou adaptaron as súas propias tarifas, aínda que non é menos certo que no caso de tratarse dunha adaptación, tampouco sabemos cal sería o criterio orixinal do cal se partiu, pois non atopamos rastro da documentación da orixe destas cifras en ningún caso.

[35] AMC, c. 6759, l. 1, a. 3, pp. 44-45; AMB, c. 1682, l. 1, a. 1, pp. 2-3; Junta de partido de Santiago (1818), pp. 97-98.
[36] Bringas Gutiérrez, M. A. (2008), op.cit., p. 83.
[37] Lorente Toledo (1988), op. cit., vol. 2, p. 657.
[38] Bringas Gutiérrez, M. A. (2008), op.cit., p. 87.

Avanzando un paso máis despois de solucionar este problema e tendo xa ese dato das producións, habería que pasar a continuación a restarlle tódolos custos nos que incorría o campesiño. A súa contía en diñeiro permitía establecer a porcentaxe, a parte alícuota, que o total dos custos supoñía sobre o valor da produción de cada cultivo. No caso das terras estarían, por poñer algúns exemplos, o custo da semente para a próxima colleita, o valor das operacións de abonado, os gastos en man de obra ou en apeiros, ou a alimentación do gando de tiro, ferramenta esencial en toda explotación agraria. O cálculo desta serie de deducións era realmente algo moi complicado, cando non imposible, pois impoñía a necesidade de converter en diñeiro todas e cada unha das actividades intermedias relacionadas co proceso de obtención dunha colleita dende a preparación da terra ata a recollida. A roza, a sega, ou incluso despois, o almacenamento e por suposto o universal imposto do décimo pagado ás autoridades relixiosas e que tamén habería que deducir. Algúns aspectos incluso experimentarían flutuacións importantes en función do tempo, caso por exemplo dun traballo campesiño que estaba suxeito a factores variables como os tempos de luz ou ás esixencias que os traballos da terra (maiores ou menores segundo a época do ano) puideran supoñer.

Isto soamente no caso das actividades agrícolas, tendo que realizar operacións semellantes no caso da gandería e en suma, de calquera proceso produtivo que puidera supoñer unha fonte de riqueza e ingresos para calquera individuo do reino. Se agricultura e gandería entraban dentro daquela rama de riqueza territorial, habería que facer o propio coas fontes de riqueza comercial e industrial, enfrontándose a semellantes problemas ao ter a necesidade de dar unha valoración monetaria a tódolos compoñentes da actividade económica. No caso da gandería de tiro habería que darlle un valor monetario ao seu traballo sobre o produto agrícola total, mentres que os valores a deducir serían por exemplo o seu propio mantemento ou o custo de ferrar os animais que o requirisen. Para o gando que ademais xeraba algúns produtos había que valorar cousas como o leite, as crías, ou a la, sendo gastos a deducir os de tosquiar os animais, por exemplo no caso das ovellas. Nas actividades industriais e comerciais, no caso de exercer un oficio, o produto bruto era o propio salario ou beneficio anual obtido por ingresos ou vendas, mentres que nos custos a deducir entraríase en cuestións tan complexas como o mantemento e a subsistencia dunha familia a través do dito soldo. O resultado final tras todas estas deducións era, teoricamente, o produto líquido sobre o cal se aplicaría a contribución.

A cuestión, que xa era suficientemente complexa tendo en conta todos estes aspectos, volvíase aínda máis difícil porque, como apuntabamos un pouco máis atrás, as pautas procedentes da administración central para que as autoridades competentes puideran realizar a tarefa eran moi pouco precisas, tanto que podemos cualificalas de directamente inexistentes. Na R.O. do 12 de setembro de 1817, citada xa anteriormente e copiada nas actas da xunta local de Pontedeume, todo o que se chega a dicir sobre estes cálculos nun par dos seus artigos é esta pequena referencia:

> "3º. Que para poder fixar en cada partido el valor líquido de los bienes, se deduzca el capital anual que se anticipa y los hace produtibos, señalando a cada clase por partes de su produto la cantidad de que necesitan según la regla general del pais: por exemplo, a una casa una parte alícuota de su produto, a un molino otra, a una heredad murada la que le corresponda, distinta parte a una viña, otra a una heredad abierta y asi a las demas.
> 4º. Que despues de hechas estas deducciones respectibas a cada clase de bienes se imponga la contribucion sobre los líquidos produtos restantes, en el concepto de que los censos, alimentos, pensiones, y otras cargas deben sufrir su prorrata en cada sitio y lugar en que se hallen, y no en el de la residencia de los censualistas,

> alimentistas, pensionistas y demas, que solamente han de ser comprendidos por los bienes que tengan y utilidades que le resulten en el término de ella con arreglo al artículo 15 de la instrucción[39].”

Aquela orde comezaba cunha fórmula de introdución na que se afirmaba “que aun ocurren algunas dudas, las más fáciles de resolverse”, pero está claro que esa pauta de seguir a regra xeral do país para a obtención dos rendementos netos era dende logo moi vaga, pouco aclaratoria e moi probablemente non contribuiría a outra cousa que a alimentar o desconcerto existente. Polo tanto, os problemas destes cálculos son considerables e saltan á vista dende o primeiro momento, sen ir máis lonxe, polas escasas instrucións a seguir para a súa obtención. Establecer os rendementos de tódalas actividades produtivas dun xeito racional e correcto suporía a necesidade de realizar análises case que individualizadas por explotacións e por profesións concretas. No outro lado, o das deducións, acontecería algo moi semellante debido ás tremendamente diferentes condicións das explotacións de calquera natureza e dos seus compoñentes. E todo isto sen contar, por suposto, co feito de que moitos dos constituíntes dun proceso produtivo presentaban unha dificultade considerable, ou directamente unha imposibilidade, para seren traducidos a valor monetario. Tratar de reducir todo isto a só unhas poucas categorías non amosa máis que un descoñecemento considerable por parte da administración central, ou unha neglixencia, por máis que se poida argumentar que o establecemento de categorías buscaría ter unha utilidade de cara a facer posible a aplicación da contribución xeral. Como consecuencia de todo isto habería que reducir tódolos procesos produtivos a clases cuadriculadas que impoñían unha homoxeneidade forzosa e en boa medida ficticia, co considerable prexuízo para os contribuíntes. Uns poucos anos antes da chegada de Garay ao ministerio, José Duaso y Latre xa recoñecía este tipo de problemas, os cales esgrimía para deixar patentes as carencias do Censo de froitos e manufacturas de 1799 como base do repartimento da contribución directa que as Cortes decretaran en 1813:

> “Por lo respectivo á los [produtos] territoriales, solo es renta liquida sujeta a contribucion aquella parte de frutos que queda despues de deducir los gastos necesarios para producirlos. Esta renta varía al infinito de pueblo á pueblo, y de provincia á provincia según los infinitos grados de feracidad de sus terrenos[40].”

Aquilo ao que Duaso se refería para desacreditar o Censo, continuaba sendo na realidade un problema inmutable que se volvía repetir case un lustro despois nas regras dunha nova contribución directa, o que tamén resultaba ser unha mostra do pouco que se aprendera do sucedido nesta materia durante aquela etapa previa. Así, sen respectar o máis mínimo ese tipo de advertencias, todo o que restaba unha vez que as tarifas das partes alícuotas fosen calculadas era difundilas entre os pobos e parroquias para aplicar o desconto correspondente a cada un dos produtos dos diferentes lugares, fosen estas adecuadas ou non para a realidade dos mesmos. O resultado que cabía esperar era polo tanto bastante reducionista, pois era de supoñer que eses cálculos se simplificaran ao máximo en favor dunha maior facilidade á hora de realizar todo o proceso. Sen ir máis lonxe, tampouco presentaban variacións no caso de que existisen categorías internas en determinados aspectos, caso das calidades da terra, para as cales se aplicaba a mesma tarifa (é dicir, o custo de produción era o mesmo con independencia de que falemos de terras da mellor ou da peor calidade). Na realidade, o que se demostra con isto, cremos, é a vontade real dun Estado que estaba máis interesado en recadar

[39] AMP, c.140, l. 1, a. 2, pp. 116-117.
[40] Duaso y Latre, J. (1814), op. cit., pp. 79-80.

que en coñecer realmente a riqueza dos seus contribuíntes ou o funcionamento das actividades que estes desenvolvían.

No caso que nos ocupa, a solución adoptada en Galicia para calcular as tarifas das partes alícuotas en cada partido parece que rematou contradicindo, outra vez, unha das súas regras principais. Como pouco, ningunha das tres xuntas de partido das cales puidemos obter o modelo 2 (A Coruña, Betanzos e Santiago) elaborou as súas propias tarifas, senón que simplemente se limitaron a facer circular unhas que lle foron remitidas pola xunta principal. Neste sentido, se unimos a este feito o anteriormente comentado de que pode ser que tampouco se inmiscisen no cálculo relativo ás producións, é posible que as xuntas de partido galegas (ou como pouco as citadas) non participasen dunha forma activa neste proceso. Dende este punto de vista, xa non resulta tan claro que a posta en marcha desta medida fose algo tan complicado en termos xerais como criticaban autores como Fontana á hora de falar das dificultades derivadas do establecemento da contribución xeral en relación coas xuntas de partido. O seu cálculo podería resultar caótico, difícil e mesmo estar mal realizado, pero as xuntas de partido galegas simplemente semellan ter asimilado o concepto de partes alícuotas, que era algo moito máis sinxelo que realizar as contas necesarias para establecelas elas mesmas. Na xunta de Santiago, o documento das tarifas en cuestión está datado o 15 de setembro de 1818. Chegaba tarde, case sete meses despois da publicación da Real Orde que decretara o seu establecemento, pero como resultou ser competencia da xunta principal, a lo menos neste caso non hai que aducir novos problemas derivados da existencia das criticadas xuntas de partido. Na práctica, iso si, que o traballo correspondera á principal provincial non significaba outra cousa que afirmar que os custos de produción eran literalmente idénticos para esas tres provincias, non soamente en cuestión de cultivos, senón tamén para o gando, beneficios derivados de todo tipo de inmobles, actividades e aparellos de pesca, produtos obtidos a partir da explotación de embarcacións ou calquera outro dos elementos que contemplara o modelo 2 que difundiron estas xuntas entre as súas respectivas xurisdicións[41].

Por último, arredor destas tarifas debemos apuntar tamén que, pese a tódalas dificultades para sacalas adiante, o resultado final non rematou estando completo e polo tanto tampouco se pode considerar o idóneo. É dicir, non cubrían tódolos bens e rendas posibles, deixando unha certa liberdade aos encargados de aplicar as tarifas, que ben poderían entender isto dende o punto de vista negativo como un problema e unha carga. Así, os propios documentos que acabamos de citar, cara o seu final, inclúen un engadido no que se recoñece o que habería que facer con aqueles artigos que non estiveran explicitamente mencionados entre as súas liñas, o que *de facto* supoñía o recoñecemento de que estaban elaborados de forma incompleta:

> "Para todos los demás ramos y artículos de la riqueza Industrial y Comercial que no llevan en esta tarifa señaladas partes alícuotas que hayan de rebajarse por gastos, y como capital anticipado; deben los encargados y executores del Apeo determinar y expresar buenos cálculos y prudentes bases para poder fijarse sin agravio y arbitrariedad la cantidad de estos gastos (…), sobre todo lo que se les encarga la conciencia y responsabilidad y ha de recaer después el examen de la Junta de Pueblo."

[41] As tarifas das partes alícuotas dos partidos de Betanzos e Santiago poden consultarse online (véxase na bibliografía, Junta de partido de Betanzos (1818) e Junta de partido de Santiago (1818), p. 103), mentres que as correspondentes ao da Coruña están localizadas no arquivo municipal desta cidade (AMC, c. 6759, l. 1, a. 2, pp. 4-5). O contido esencial é o mesmo nos tres casos e soamente hai pequenos cambios nas notas finais ou en pequenos aspectos formais entre uns e outros, tales como a ortografía.

En realidade, o que figuraba no modelo 2 que se fixo circular neses tres partidos centrábase claramente na rama da riqueza territorial, aquela que soportaba o maior peso da contribución. Por outro lado, en canto á riqueza industrial e comercial, contemplábase a parte máis sinxela dos descontos que se podían calcular, por exemplo, os aplicables sobre os beneficios de embarcacións ou aparellos de pesca. Nada se apuntaba, non obstante, daqueles aspectos dos que en realidade resultaría máis difícil obter o seu rendemento neto, tales como salarios ou ingresos obtidos polo desenvolvemento de certos oficios ou profesións que xa comentamos máis atrás. Se temos isto en conta, non resultará difícil concluír que se non se entrou nestes aspectos foi, probablemente, porque ninguén sabía como facelo, por máis que a contribución decretase o cálculo do valor líquido de todas esas rendas e beneficios.

Outro posible problema importante relacionado coa aplicación dos modelos 1 e 2 de prezos e partes alícuotas lévanos a realizar unha consideración importante en relación aos mesmos, pois a forma na que se realizaban deixaba á marxe unha consideración fundamental en relación a como funcionaba o propio sistema agrario. Pese a que unha parte significativa deses produtos podería ser perfectamente destinada ao autoconsumo familiar, as pautas para establecer a valoración dos mesmos non tiñan en conta este detalle, de forma que no seu lugar os cálculos eran realizados segundo termos de mercado. Isto supoñía unha clara anomalía, pois avaliaba o sector agrario como se estivera plenamente comercializado. Este erro, descrito por Juan Pro xa para o caso de Ensenada (lembremos que cando falabamos dos antecedentes deste proxecto, Loynaz xa criticaba tamén este aspecto), volvía reproducirse novamente aquí varias décadas máis tarde e pensamos que segue sendo de plena aplicación neste novo intento de reforma fiscal[42]. Proba dos problemas que efectivamente acabou supoñendo a aplicación destes mecanismos témola no feito de que, a lo menos na provincia da Coruña, as tarifas de prezos acabaron por seren reducidas e as partes alícuotas aumentadas para algúns dos produtos destinados a consumo propio de persoas ou gando. É dicir, a taxa de desconto rematou sendo maior, o que na práctica supoñía recoñecer de forma implícita que o custo de produción estaba subestimado dende o comezo. Porén, isto non sucedeu ata a chegada do Trienio. Con data do 4 de febreiro de 1820, a xunta principal comunicaba o seguinte ás de partido:

> "(…) ha acordado esta junta principal (…) se diga a las juntas de partido, que se hallan autorizadas en bastante forma, y a mayor abundamiento se les autoriza para que (…) puedan en sesión plena que con asistencia de todos los vocales celebrarán sin detención, señalar para los distritos y pueblos que estimen por justo, y hacer llevar a efecto sin esperar por ahora otra aprobación, en los frutos de trigo, centeno, cebada, maíz y vino, alguna rebaja al precio que contiene la tarifa circulada en 6 de diciembre último para los resúmenes y cuadernos de su respectivo partido (…)
> Y en igual conformidad puedan para los países que lo necesiten aumentar la parte alícuota que por caudal anticipado ha de rebajarse, en el vino, especialmente de parra, trigo, centeno, cebada, maíz, lino y prados de yerba si estos se destinan a la manutención del ganado de labor que cada uno tiene, y no para vender, hasta la mitad en los terrenos, que son de segunda y tercera clase, y en los mismos y artículo patatas hasta la cuarta o tercera parte (…)
> Pero se declara que de todos esos nuevos arreglos no se haga aplicación a aquellos pueblos en cuyas operaciones de apeo, se conozca ocultación o fraude en la medida y tasa de sus producciones, o en la clasificación de los terrenos, puesto que los tales se hacen indignos de semejantes consideraciones (…)[43]"

[42] Pro Ruiz, J. (1992), op. cit., p. 23.
[43] AMC, c. 3971, l. 7, a. 1, pp. 46-49.

Pese a atopar este documento na Coruña a fórmula empregada refírese ao conxunto de xuntas de partido, de onde podemos deducir que a medida afectou seguramente a toda Galicia. Vemos polo tanto como os problemas relacionados cos modelos 1 e 2 da contribución xeral se deberon reproducir durante toda a súa duración, pero o afán de recadación non sempre permitiu tomar decisións que, reducindo a base impoñible dos contribuíntes, liberaran parte da súa carga e permitiran un coñecemento máis certeiro da súa riqueza.

Aclarados algúns dos aspectos esenciais sobre ambos cálculos o proceso continuaba. Unha vez establecidos os prezos medios e as partes alícuotas, tendo en conta ou non a administración todos estes problemas que acaban de ser citados, o proceso de elaboración do caderno xeral da riqueza continuaba co establecemento dos valores das tres ramas da riqueza, lembremos, territorial, industrial e comercial:

A valoración da riqueza territorial, que lembrará moito aos datos do apeo, comezaba polos bens e actividades de natureza agraria. De entrada, figuraba unha relación de tódalas terras que posuíra cada individuo do lugar en cuestión, forasteiros doutras parroquias incluídos, xa fosen en propiedade ou explotadas baixo calquera forma de arrendamento, coa extensión e o valor de tódalas parcelas (debían incluírse tamén os bens comunais e os dos concellos, se existían, a lo menos teoricamente). Era necesario anotar tamén o tipo de cultivo que houbera sementado, se o había, para poder calcular o valor dos produtos. Con simples operacións matemáticas, a superficie sementada era multiplicada polos rendementos do cultivo en cuestión (foran establecidos como primeira parte necesaria para o cálculo das partes alícuotas), tendo en conta o tipo de terreo e a súa calidade. Feito isto, a cantidade resultante (que era o produto desa parcela) era multiplicada polo prezo que resultara da táboa de prezos medios, cuxo resultado propiciaba o coñecemento do valor total do produto sementado. Por último, era necesario restar a parte alícuota correspondente para calcular o rendemento neto do cultivo desa parcela. A operación repetíase tantas veces como fora necesaria, para tódalas fincas de cada individuo e para tódalas persoas con explotacións agrarias nese lugar. Despois procedíase a realizar algo semellante coa cabana gandeira de tódolos individuos, establecendo a relación do número de cabezas e das especies animais, para seguidamente valorar os seus produtos e proceder a detraer a parte alícuota fixada. En último lugar nesta categoría de riqueza territorial faríase o mesmo cos edificios con independencia do seu uso. Había que pasar revista ás vivendas habitadas pero tamén ás deshabitadas, igual que a outros edificios que había no lugar como muíños, fornos, tendas, fábricas, etc. Aquí figurarían soamente os valores en tanto en canto eses edificios eran entendidos como meras estruturas e construcións: por exemplo, unha fábrica tería un valor como edificio en si mesmo, pero outro asunto sería o valor das actividades que se desenvolveran no seu interior, que se recollerían precisamente no seguinte apartado da riqueza.

Rematada esta tarefa era necesario valorar a riqueza industrial, onde figuraría a relación das actividades fabrís ou artesanais. Nesta categoría, como aclaración, tamén estarían recollidas actividades como a pesca ademais de toda unha serie de réditos que a xente obtería polo desempeño de oficios que non tiveran que ver co ámbito das labores agrarias do apartado anterior nin coas actividades comerciais do terceiro apartado dos cadernos. Todo oficio que non puidera ser chamado estritamente labrego dende un punto de vista restritivo caía fora desa categoría, incluíndo aos xornaleiros, cuxos ingresos caían xa na riqueza industrial. Aquí entraban os oficios que podemos entender como puramente artesanais tales como carpinteiros, ferreiros ou zapateiros, pero tamén as coñecidas como profesións liberais como avogados, médicos e boticarios, escribáns ou mestres. Por último, un terceiro apartado quedaba destinado para as actividades comerciais, onde irían a parar as rendas derivadas da

comercialización de produtos, ou as percibidas por oficios que entendemos puramente dentro desa rama, tales como comerciantes, tendeiros, e particularmente as relacionadas coa navegación comercial (propietarios de navíos ou mariñeiros) e os arrieiros. Por suposto, como acontecía coa riqueza territorial, nestes casos tamén habería que calcular os rendementos netos destes ingresos aplicando as tarifas das partes alícuotas, aínda que xa coñecemos as limitacións a este respecto.

Tralo cálculo e a cuantificación de todo isto para tódolos veciños e forasteiros que residían noutras parroquias pero que gozaban dalgún ingreso no territorio, o caderno xeral da riqueza estaba listo. Quedaba pendente a pública exposición dos resultados unha vez que estes foran entregados á xunta local, tarefa que se levaría a cabo mediante unha simple lectura nas casas consistoriais ou en calquera lugar público habilitado para tal fin. A este evento poderían acudir tódolos veciños que o considerasen oportuno co obxectivo de comprobar que, efectivamente, os datos publicados coincidían cos datos obtidos e que polo tanto todo estaba en orde. Con todo, este proceso de indagación sobre a riqueza das persoas non se detiña aquí, pois a elaboración dos cadernos era o primeiro dos pasos dunha empresa moito maior dende o punto de vista administrativo e estatístico, se ben é certo que se trataba tamén da parte máis importante e fundamental, sen a cal o resto non podía ser levado a cabo posto que a tarefa tiña unha estrutura piramidal. De cada caderno xeral da riqueza dun determinado pobo ou parroquia deberíase proceder á preparación dun resumo dos mesmos. O resultado era un resumo xeral da riqueza a nivel local que era remitido á xunta de partido (modelo 3 na R.O. de febreiro de 1818). Estoutra entidade recibiría en consecuencia, moitos resumos xerais de man de tódalas xuntas locais da súa xurisdición, que ao mesmo tempo eran procesados para dar lugar a novos compendios ou sinopses que neste caso abarcarían a riqueza de tódolos pobos do partido (modelo 4 na R.O). Ascendendo outro chanzo máis polo edificio administrativo e xa para pechar o proceso, tódalas xuntas de partido enviaban os seus resumos á xunta principal provincial correspondente, que estaría en posición de elaborar con todo este material a sinopse xeral da riqueza dos partidos que formaban a provincia (modelo 5). Ao final desta escalada, todo o que restaba era enviar estes estados xerais da riqueza dende as xuntas provinciais ata a Dirección xeral de rendas de maneira que, en adiante, todos eses datos servirían para rectificar as cotas da contribución xeral que corresponderían a cada partido, e así sucesivamente, pero agora nun movemento descendente polos diferentes chanzos, perseguindo o obxectivo de realizar estas asignacións dun xeito máis preciso e efectivo.

Hai que realizar aínda así unha aclaración do noso caso particular relacionada coa organización do territorio e dos hábitats de poboación da zona que estudamos, que en realidade pode ser extensible á totalidade do territorio galego. Nesta organización piramidal de elaboración progresiva de resumos da riqueza na que se abarca a cada paso un espazo maior, o caso dos cadernos da riqueza dos pobos e as consecuentes sinopses locais comprendidas no modelo 3 presentan unha complicación engadida. Dende o punto de vista xeral da administración, cando se fala do concepto de "riqueza do pobo", a mención refírese en realidade ao territorio baixo a responsabilidade dunha única xunta local. Esta interpretación provén, obviamente, de entender a organización do poboamento dende o punto de vista dun hábitat concentrado onde temos un núcleo central nun territorio determinado. No caso galego, porén, este concepto non é tan sinxelo na súa aplicación, pois en realidade chega a presentar unha acepción dobre que se pode empregar indistintamente dentro do ámbito dos recontos pero que abarca dous tipos de núcleos de poboación moi diferentes. Ademais desa acepción xeral e debido á forma de organización do poboamento en Galicia, un pobo pode ser tamén calquera dos núcleos comprendidos dentro do territorio dunha xunta local. Así, pobo é a vila na que a corporación se asenta, pero tamén se pode aplicar ás súas parroquias sufragáneas,

formen estas un núcleo razoablemente concentrado ou non. É dicir, no noso marco, o concepto tamén é aplicable ao conxunto dos distintos lugares ou aldeas organizados baixo unha mesma igrexa parroquial, isto é, a cada freguesía en si. Por iso cada unha destas unidades elaboraba tamén o seu propio caderno xeral da riqueza do pobo. Como consecuencia disto, o concepto de pobo como núcleo único presenta algúns matices derivados destes apuntamentos de cara a entender esta documentación na nosa zona de estudo. Así, estes teñen en Galicia un compoñente diferente, de tal forma que a "riqueza dun pobo" é en realidade o rexistro de cada parroquia individualizada. Para cada xunta local teriamos polo tanto multitude de cadernos e de documentos do modelo 3, tantos como parroquias existisen baixo a xurisdición de cada unha desas entidades. Poñendo un exemplo sinxelo, en Pontedeume non atopariamos un único caderno e conseguinte resumo da riqueza que englobara á vila e ás súas vinte e seis parroquias sufragáneas, senón vinte e sete documentos diferentes (no caso hipotético de que se tiveran realizado todos), un por cada parroquia (o propio núcleo de Pontedeume conformaría un de seu).

Isto tradúcese na necesidade dun paso máis nese ascenso por chanzos dos resumos, posto que se a xunta local establecida unicamente na vila que era a cabeza do territorio debía remitir un único documento á de partido para que esta elaborase o modelo 4, tería que recoller tódolos resumos das parroquias e elaborar así mesmo o do conxunto de todo o territorio da súa xurisdición. Este apuntamento, porén, realizámolo soamente a nivel teórico, pois o certo é que non temos atopado un só exemplo deste hipotético documento. No seu lugar, polo que temos atopado nos arquivos, quizais as xuntas de pobo remataran simplemente por remitir tódolos resumos das parroquias á de partido obviando este paso intermedio. No caso de que así fora, podemos imaxinarnos o considerable volume de información e as consecuentes dificultades coas que esta corporación se atoparía. Parece que isto último foi o que debeu suceder as máis das veces, pois os escasos resumos da riqueza (modelo 3) que temos atopado apareceron entre a documentación do arquivo da Coruña e, polo tanto están asociados á documentación das xuntas desta capital. Hai que recoñecer de todas formas que a xunta principal recoñecía todas estas particularidades territoriais das que vimos falando, de maneira que nun breve texto que elaborou para difundir xunto cos modelos da R.O. do 18 de febreiro, referíase a esta realidade da maneira seguinte:

> "La estructura civil y política de Galicia es diferente de las demás Provincias de la Península. A excepción de las ciudades capitales, y algunas villas no se hallan Ayuntamientos establecidos y fáciles de reunir en los Pueblos ni en los Distritos. Las Justicias, además de estar envueltas en mil cuidados, son por lo común poco a propósito para el arreglo de estas interesantes operaciones que piden tanto tino; y cuyos defectos perpetuarán á lo menos por diez años perjuicios de mucha trascendencia: las hay que no saben escribir, y apenas leer. En las Parroquias, especialmente rurales, tampoco se encuentran sugetos instruidos en la aritmética y otros conocimientos de quienes pueda fiarse escribir con limpieza y uniformidad el libro del apeo que debe formarse con aseo, exactitud y método. Hay Feligresías en que los más de los hombres salen a ganar su vida en lejanos paises, y quedan solo viejos, niños y mugeres. Las Juntas de Pueblo no están ceñidas á uno solo, para celar bien sus operaciones. En Galicia se llama Pueblo para este objeto, á una Jurisdicción, Merindad, Alfox, Valle o Concejo de quatro, seis ó mas leguas; es decir, a una reunión de veinte, treinta, cincuenta y mas Parroquias diseminadas, ó trozos de Feligresías, pues las hay que corresponden a tres Juntas y Justicias diferentes. No ha influido poco esta embarazosa situación para los agravios de los

> repartimientos; y de la falta de manos útiles dimanó tambien que no se hubiesen formado, y remitido aun los cuadernos de la riqueza[44].”

Este sería o primeiro aspecto a ter en conta dende o punto de vista da organización territorial galega e sérvenos para decatarnos de que un termo como é o de pobo, tan aparentemente simple, resulta non selo tanto. Do mesmo xeito, esta declaración que realiza, non o esquezamos, a máxima autoridade do territorio galego en materia de repartimentos, pode ser entendida como o recoñecemento dun aspecto que estará detrás dalgúns dos problemas aos que deberán enfrontarse os responsables dalgúns dos procesos que derivan da contribución xeral. Tanto as tarefas de inventariado da riqueza como o cobro do imposto terán nesta dispersión parroquial do hábitat un problema engadido e, tal como comprobaremos no derradeiro capítulo, pensamos que esta organización mesmo favorece a posta en marcha de certos comportamentos de resistencia por parte dos contribuíntes.

Tendo isto moi presente, o asunto aínda se pode complicar un pouco máis. Entre as actas da xunta local de Pontedeume e especialmente no arquivo municipal da Coruña atopamos outros resumos da riqueza de parroquias que reciben así mesmo o nome de “resumos da riqueza dun pobo” pero que non teñen nada que ver con ese modelo 3 de elaboración obrigatoria. Estes documentos, onde o concepto de pobo volve referirse novamente ao ámbito territorial da parroquia, están limitados a unha relación dos veciños e forasteiros con bens na parroquia, figurando ao lado dos nomes unha serie de datos que varían en función do lugar onde os atopemos. Para comezar temos, en tódolos casos, a cantidades que lle corresponde pagar a cada veciño en concepto de contribución xeral no terzo do ano no que son elaborados. A este dato únense outros de diversa natureza, podendo aparecer tamén, por exemplo, a valoración total da riqueza do contribuínte ou o concepto polo que se lle impón o gravame, aspecto este último que en moitas ocasións nos serve para coñecer a ocupación ou o oficio da persoa en cuestión. Gracias a estes documentos podemos obter datos importantes dos veciños da parroquia (pois constitúen un padrón dos fogares), tamén informacións profesionais como acabamos de comprobar, ademais de que poden ser empregados incluso para identificar aos cabezas de casa e como veremos máis adiante, para o estudo da presión fiscal. Esta documentación será profusamente empregada, chegado o momento, en distintos apartados nos que analizaremos todos estes temas. Non obstante, dado que a propia nomenclatura empregada na fonte dará lugar a confusións entre o que se pode entender como “resumos da riqueza dun pobo”, diferenciaremos claramente entre os dous documentos. Así, remitirémonos por unha banda aos resumos da riqueza (ou modelo 3 propiamente dito, dos cales temos atopado un número moi reducido en todo caso) e pola outra a estes últimos documentos como resumos contributivos ou resumos de cotas de contribución, evitando con isto calquera tipo de dúbida de a cales nos estamos a referir en cada momento no que sexan mencionados.

Nas derradeiras páxinas e ata chegar aquí tratamos de explicar o sistema de apeos e cadernos da riqueza coas súas funcións, ademais dalgunhas particularidades que podían afectar máis directamente ao contexto particular da nosa área de estudo. Tamén se tratou de observar o seu funcionamento dende os niveis máis baixos da administración ata os máis elevados, así como os procesos e tarefas dependentes de cada un deses distintos niveis. Porén, o que acaba de ser descrito non é máis que un exemplo de idílica teoría, é dicir, a forma na que todo estaría disposto no caso de que o sistema funcionara perfectamente dende un punto de vista formal e lexislativo. Pero tal e como teñen sinalado outros autores, con frecuencia observamos como as disposicións administrativas que teñen que ver coa xestión das rendas rematan por gardar pouca ou ningunha relación coa práctica que se segue, o que engade unha

[44] Junta Principal Provincial de Contribución y Estadística de Galicia (1818), op. cit., p. 2.

dificultade maior á comprensión dos procedementos realmente seguidos e induce, en moitos casos, ao equívoco[45]. Pois ben, o noso caso non é unha excepción a esta regra, de modo que se conforma como un de tantos exemplos nos que se cumpre esa mesma característica. Previamente era necesario, non obstante, presentar a descrición que se acaba de ofrecer para coñecer con ela, na medida do posible, todo o proceso e poder situar perfectamente neste esquema os fondos dos que dispoñemos e que atopamos en diferentes arquivos municipais.

A pregunta que xorde agora é necesariamente a seguinte: ¿que é aquilo que atopamos nas fontes dentro de todo este sistema de apeos e cadernos cando visitamos un arquivo? Xa fomos adiantando algunhas mostras, pero agora sistematizarémolo todo debidamente. Podemos dicir que o que encontramos dentro destes fondos son, especialmente, os cadernos da riqueza de numerosas parroquias, e en ocasións tamén as declaracións dos veciños dalgunhas delas realizadas a título individual co conxunto dos seus bens (principalmente inmobles e gando), que axudarían a configurar a parte dos apeos e cadernos correspondente á riqueza territorial. Tamén, nos arquivos da vila de Pontedeume e sobre todo no da Coruña, atopamos algún daqueles resumos contributivos dalgunhas parroquias, xa citados. Non obstante, nos fondos que atopamos, os cadernos da riqueza poucas veces están completos, faltando ramas enteiras, cálculos e cantidades diversas, ou toda a información para certos grupos, como pode ser o dos forasteiros. Ademais, o nivel de detalle e a calidade da información tamén resulta variable. O motivo é a propia natureza da nosa fonte, pois o que manexamos moitas veces é, non o caderno completo, senón un ou varios borradores soltos dos peritos que, debido á necesidade de efectuar diversos cálculos sobre diferentes tipos de bens (terras, gando, edificios…) ou rendas (ingresos salariais, beneficios de actividades comerciais…), procederían a realizar cada un de forma separada, tomando notas independentes.

Porén, o labor de identificación dos documentos cos que traballamos tamén resulta complicado por un motivo importante. Aínda que teñamos falado da existencia de dous documentos diferentes que se complementaban, apeo e caderno da riqueza, o certo é que no marco desta investigación, distinguir entre eles resulta ser unha tarefa complicada. Falando estritamente e atendendo á descrición de cada un deles, as relacións de veciños, cos bens e as rendas de cada un que manexamos, non se corresponden por completo con ningún dos dous tipos de documentación descrita. Por unha banda, podemos descartar estar ante o que debería ser un apeo, pois os lindes das parcelas nunca aparecen establecidos con exactitude. Como máximo, aspiramos a atopar o lugar onde se sitúan e ás veces algunhas características do seu cerramento (se están pechados con elementos como silveiras ou muros, ou se están abertos), pero en ningún caso atopamos os lindes aos catro ventos que deberían anotarse. En directa contradición con este aspecto, nalgúns casos, xa sexa ao comezo ou ao final do documento, dáse unha relación dos lindeiros da parroquia, algo que si sería propio do apeo. No outro lado, hai informacións que son propias do caderno da riqueza, pero faltan outros datos que serían esenciais e de obrigada presenza no seu interior. Por exemplo, o número de documentos nos que atopamos referencias á tarifa do modelo 2 resulta ínfimo en relación ao total de casos atopados, ao tempo que resulta moi común a ausencia da súa aplicación, pois moi a miúdo as cifras dos capitais anticipados non se anotan. En consecuencia acontece o mesmo coa cifra correspondente á riqueza líquida de cada contribuínte, que tampouco aparece nestes documentos aínda que si o faga nos resumos de cotas de contribución, os cales, porén, pouco teñen que ver con estes apeos e cadernos.


Á vista disto semella que o encargo de elaborar dous documentos distintos non foi respectado, de maneira que o resultado que chega ata os nosos días consiste nunha especie de

[45] Zafra Oteyza, J. (1983).

produto híbrido que conta con múltiples aspectos tanto do apeo como do caderno xeral da riqueza. Abordaremos de seguida a información que conteñen pero hai que adiantar que hai datos que deberían estar e que pola contra nunca vemos, como os lindeiros ou a riqueza líquida. A explicación que nos permitiría aclarar os motivos desta singular configuración pode ser simplemente de tipo práctico: tratouse de incluír nun só documento a cantidade máxima de información que permitira a elaboración simultánea tanto dos apeos como dos cadernos, pero ao mesmo tempo omitiuse aquela información cuxa obtención resultaría máis inconfortable e complexa. Neste sentido, non podemos apuntar como froito da casualidade que non estean anotados os límites das fincas nin realizados os cálculos dependentes das partes alícuotas, cuxos problemas xa comentamos. En consecuencia, resulta difícil incluso darlle nome ao que temos entre mans, e por iso ás veces falaremos de apeos e cadernos en xeral ou só dun deles, indistintamente e sempre dende un punto de vista xenérico, pois polo que levamos dito os documentos que manexamos resultan dun cruzamento das regras marcadas para dous produtos diferenciados dende o punto de vista da lexislación para a reforma. De igual forma usaremos, para evitar repeticións excesivas e abusivas destes conceptos, termos amplos como rexistros ou catastro, sempre referíndonos a estes mesmos documentos.

Aínda que tódolos documentos deste tipo sexan semellantes pola información que conteñen, xa sexa esta máis ou menos completa, existen realmente dúas formas de configuración dos mesmos, motivadas por un dobre criterio na súa orixe ao que xa nos referimos algunhas páxinas máis atrás, que de novo sería resultado dese cruzamento de regras á hora de seren elaborados. Por unha banda, as relacións de bens poden estar realizadas polos propios veciños, en cuxo caso, recordan máis a unha estrutura de apeo, de novo sen lindeiros nin valoracións e a miúdo soamente cunha listaxe de fincas e nalgúns casos tamén datos sobre producións e gando. Nos casos nos que topamos con estes documentos, en realidade hai soamente un reducido número de persoas que se encargan de todo o proceso, algo facilmente detectable polas diferenzas na caligrafía. Estas persoas serían simplemente algúns dos veciños do lugar que saben escribir, o que os leva a realizar o inventario de tódolos demais, pero non necesariamente peritos. Durante o proceso escribirían simplemente o que lles dicía cada veciño, é dicir, a relación dos seus bens listados no seu nome. Desta forma, ao final de cada folla de apeo individual constaría, a maiores, a firma dese propietario, se sabía facelo. Logo, ese veciño que sabía escribir iría á casa doutro e repetiría o proceso cantas veces fora necesario.

Por outra banda, a maioría das veces o que atopamos é o rexistro elaborado por peritos e separado por ramas de riqueza, o que se corresponde máis co proceso de configuración do caderno. Este documento, non obstante, non ten que estar completo, pois en ocasións atopamos os seus borradores previos, separados segundo a información que conteñan. Este é, probablemente, o motivo principal de que con moita frecuencia o caderno estea incompleto. Así, as operacións sobre as terras e os seus produtos serían diferentes ás realizadas, por exemplo, sobre a gandería ou os edificios, o que explica a posta en marcha de procesos de cálculo e de inventario separados. En consecuencia, se o rexistrador estaba a realizar o primeiro, tomaba as notas correspondentes ás terras e logo procedería ás outras categorías, e así sucesivamente para logo, xuntando tódalas informacións dispoñibles, elaborar o caderno definitivo. Aínda que en ocasións atopamos o documento enteiro, moitas veces o que temos son eses borradores soltos das diferentes operacións realizadas por separado. En ocasións temos a sorte de que dous ou máis deses atados se corresponden a diferentes operacións da mesma parroquia, o que nos permite coñecer máis información sobre a mesma. As ausencias máis comúns son as relacionadas coas ramas da riqueza industrial e comercial do caderno, as grandes damnificadas e que se nos presentan como a información máis escasa.



Mapa 1: Parroquias das provincias de Betanzos e Coruña das que se atopou o documento do rexistro da riqueza dos seus contribuíntes. (escala 1:260.000)
Fonte: elaborado con QGIS a partir dos datos de Información Xeográfica de Galicia (mapas.xunta.gal)

Anexo ao mapa 1: referencias numéricas de parroquias (inclúese concello actual)

Provincia de Betanzos:

1- Betanzos (Betanzos)
2- San Fiz de Vixoi (Bergondo)
3- Santa Mariña de Rois (Bergondo)
4- San Salvador de Bergondo (Bergondo)
5- San Salvador de Vilouzás (Paderne)
6- San Fiz de Monfero (Monfero)
7- San Tomé de Salto (Oza-Cesuras)
8- Santa María de Cuíña (Oza-Cesuras)
9- Santo Estevo de Vivente (Oza-Cesuras)
10- Santo Estevo de Cos (Abegondo)
11- Santiago de Meangos (Abegondo)
12- Santaia de Abegondo (Abegondo)
13- San Miguel de Figueroa (Abegondo)
14- Santa María de Sarandós (Abegondo)
15- Santa Cristina de Montouto (Abegondo)
16- Santa Dorotea de Folgoso (Abegondo)
17- Santa Baia de Cañás (Carral)


Provincia da Coruña:

18- San Xurxo de Afora (Coruña)
19- Santiago do Burgo (Culleredo)
20- San Xián de Almeiras (Culleredo)
21- Santo Estevo de Culleredo (Culleredo)
22- San Salvador de Orro (Culleredo)
23- San Martiño de Sésamo (Culleredo)
24- San Pedro de Ledoño (Culleredo)
25- San Silvestre de Veiga (Culleredo)
26- Santa María de Celas (Culleredo)
27- Santiago de Castelo (Culleredo)
28- San Martiño de Rodís (Cerceda)
29- Santa Comba de Xesteda (Cerceda)
30- Santa María de Bardaos (Tordoia)
31- San Mamede de Andoio (Tordoia)
32- San Xoán de Tordoia (Tordoia)
33- San Xián de Cabaleiros (Tordoia)
34- San Cibrán da Vila de Abade (Tordoia)
35- Santa María de Rus (Carballo)
36- Santa María de Ardaña (Carballo)
37- San Salvador de Erbecedo (Coristanco)

Antes de continuar o noso camiño, porén, é necesario facer referencia aos lugares nos que sabemos que ese documento híbrido entre apeo e caderno da riqueza se realizou, pois tivemos a sorte de localizalo nun arquivo. Isto é, en esencia, o conxunto de freguesías que, dentro das provincias de Coruña e Betanzos, realizaron o catastro dos bens dos seus habitantes, concretamente, aqueles que temos atopado no contexto desta investigación e que figuran no mapa 1. A existencia destes case corenta rexistros entronca coa afirmación, realizada no capítulo previo e sobre a que aínda apuntaremos algún aspecto máis en breves, de que o grao de cumprimento da tarefa de inventariado chegaría a ser importante. Por outra banda, tamén hai que saber gardar unha certa distancia co que se afirma, pois unha cousa é recoñecer que nas unidades territoriais que figuran neste mapa se realizara o mandado, o cal é indiscutible, e outra moi diferente recoñecer que a calidade dos distintos rexistros sexa tremendamente variable. Así, a aparición dunha parroquia no mapa non debe ser entendida máis que como a constatación do proceso de catastrado da riqueza dos seus contribuíntes. Pero o rexistro en si mesmo podería, ou ben estar incompleto pola cuestión do traballo con borradores ao que acabamos de facer referencia, ou ser descartado por carencias na información e outros problemas que abordaremos no seguinte apartado. Este primeiro plano complétase con outro de concellos (o mapa 2) que cumpre, en conxunto, un labor de apoio, pois o seu obxectivo non é outro que o de facilitar a localización das áreas ás que se fará referencia en adiante cando se aborden toda unha serie de temas neste mesmo e nos vindeiros capítulos. Por iso poden ser tidos en conta como ferramenta para comprender mellor os territorios e conxuntos espaciais aos que aludiremos.

Anotadas estas particularidades sobre as áreas que contan con rexistros e a forma que poden tomar os principais rexistros, debemos deternos brevemente na súa localización actual nos arquivos como último detalle antes de pasar á análise da súa tipoloxía. En primeiro lugar, os apeos e cadernos da riqueza compoñen case a totalidade da documentación que figura no arquivo municipal de Betanzos. Ata o comezo deste traballo, estes eran os únicos fondos localizados na Comunidade Autónoma de Galicia que tiveran algunha relación coa reforma da

Facenda impulsada por Martín de Garay xunto con outra pequena mostra aparecida en Viveiro. Os recontos da riqueza das parroquias que se localizaron nos fondos deste arquivo correspóndense con territorios dos actuais concellos de Paderne, Oza-Cesuras, Bergondo, un caso único no de Monfero, e especialmente en Abegondo, onde se sitúan case a metade das parroquias atopadas aquí, tal e como se dispón no mapa 1. A dispersión destes fondos nun territorio relativamente amplo viría explicada, como xa se indicou, porque nesta localidade estaba instalada a xunta de partido. Como resultado disto, cabe esperar a presenza neste lugar de datos de calquera territorio correspondente á súa xurisdición. Porén, tamén hai que diferenciar entre as actividades desta xunta de partido e as da propia xunta local que, estando presente na mesma vila, tiña as atribucións, deberes e obxectivos que calquera outra do seu mesmo rango.



Mapa 2: concellos nos que se atopou documentación dos apeos, cadernos e resumos da riqueza. (escala 1:325.000)
Fonte: elaborado con QGIS a partir dos datos de Información Xeográfica de Galicia (mapas.xunta.gal)

Pola súa parte, o arquivo municipal de Pontedeume recolle tamén os datos dunhas poucas parroquias do seu termo xurisdicional. Trátase neste caso daqueles resumos contributivos dunhas poucas freguesías nos que figuran os nomes dos veciños así como dos forasteiros con posesións dentro dos seus límites, acompañados dunha serie de cantidades que se corresponden coa valoración dos seus bens e rendas e coa cota que se lles impón para a contribución xeral. Para a propia vila onde se asentaba a xunta local, existen tamén dúas relacións que inclúen a valoración da riqueza dos seus propios veciños. Unha para os repartimentos de 1818 e outra para o primeiro efectuado en 1819, así como as correccións efectuadas sobre os exercicios da primeira destas datas. Merece a pena chamar a atención sobre estes datos, xa que son practicamente os únicos que presentan referencias ás ramas da riqueza industrial e comercial de todos cantos fondos temos dispoñibles e atopamos nesta investigación (revelar isto tamén nos permite facernos unha idea das carencias que presentaban os recontos e os cadernos da riqueza, aspecto que será debidamente tratado no apartado dos problemas da fonte). Por outra banda, nas actas do arquivo de Pontedeume figuran tamén as cantidades que lle foron asignadas ás vinte e seis parroquias baixo a súa administración nos repartimentos para a contribución, pero sen máis datos que unha cifra que se corresponde coa imposición numérica de cada unha delas.

Outra parte importante da documentación relacionada cos apeos e os cadernos descansa no arquivo municipal da Coruña e presenta un valor importante en tanto en canto se trata tamén de fondos recentemente descubertos. Os rexistros que apareceron aquí fan referencias a varias áreas. A primeira, nos territorios do actual termo municipal da mesma cidade, extramuros, de tal xeito que a súa elaboración respondería aos terreos circundantes da urbe que quedaban incluídos dentro da contribución xeral e non no ámbito de aplicación dos dereitos de portas, como ben sabemos. O segundo lugar onde se concentran os cadernos que atopamos localizados no arquivo herculino agrupa parroquias que coinciden co concello de Culleredo e, por último, outras que se corresponden cos actuais concellos de Tordoia, ademais dalgúns casos máis illados nos de Carballo, Cerceda e Coristanco. Os fondos atopados neste arquivo municipal van máis alá destes, pero hai que establecer unha diferenza derivada do lugar no que nos atopamos que tamén afecta aos que acabamos de citar. Tódolos datos que aparecen nesta cidade poden ser consecuencia tanto das actividades da súa xunta local (como sería o caso das parroquias extramuros do seu termo) como, dun xeito moi especial, da xunta de partido e da principal provincial.

A advertencia polo tanto é semellante á realizada sobre a vila de Betanzos no sentido de que nesta localidade se asentaba máis dunha xunta, pero o caso particular da Coruña é aínda máis complexo pola presenza do Intendente e da xunta central, que manexaría datos dun ámbito territorial moito máis extenso que o dunha corporación responsable dun partido, que tamén estaría presente de todos modos. Por este motivo, neste arquivo municipal aparecen documentos que recollen non soamente os rexistros da riqueza das parroquias que acabamos de citar, senón tamén os resumos das cotas de contribución de numerosas freguesías da antiga provincia da Coruña, boa parte delas incluíndo o seu respectivo padrón de veciños cos repartimentos individuais que lle eran asignados a cada un deles ou a cifra da riqueza que lle correspondía, igual que os localizados en Pontedeume, aínda que aquí son moito máis numerosos, algo seguramente debido á presenza das xuntas de partido e principal. Deberon ser remitidos á cidade da Coruña posiblemente a modo de informe, e alí foron conservados ata os nosos días pois trátase seguramente dunha documentación informativa do estado dos traballos. En total dispoñemos de datos para unhas noventa parroquias do territorio desta provincia, divididas en dezasete xurisdicións e coutos diferentes.

A existencia destes documentos non permite unha análise profunda dende un punto de vista, por exemplo, da actividade agrogandeira, pero iso non nega o seu evidente valor. Estas relacións de veciños coa súa riqueza ou coas súas cotas de contribución poden ser tomadas en realidade como unha das probas de que o apeo ou o caderno da riqueza dese considerable número de parroquias puido chegar a ser elaborado no seu momento, aínda que hoxe non se conserve (ou cando menos, non foi localizado polo momento). Hai varios motivos que nos levan a pensar que realmente o proceso avanzou bastante na provincia da Coruña a partir da análise da documentación do seu arquivo municipal, isto é, máis alá das parroquias reflectidas no mapa 1. Para comezar temos os modelos 1 e 2, prezos medios por quinquenios e partes alícuotas, que rexerían para todo o partido da Coruña. En canto aos prezos, atopamos o modelo correspondente a 1818 pero tamén a 1819, co cal podemos deducir que estes traballos eran tomados en serio e actualizados cando cumpría. A existencia destes documentos da pé a pensar que os cadernos puideron elaborarse perfectamente, pois os prezos e as porcentaxes a descontar dos produtos brutos para convertelos en netos atópanse na base da súa elaboración, e como vemos, estaban listos e actualizados. Por outra banda, aínda que en esencia todos estes resumos de cotas da contribución presentan a información seguindo un modelo moi semellante, non todos están escritos da mesma forma, de xeito que algúns son máis detallados que outros. Neste sentido, algúns deles inclúen xuramentos e sinaturas conforme se trata de resumos doutro orixinal que podería ser o apeo ou o caderno da riqueza en cuestión. Serva como exemplo a seguinte fórmula ao final do resumo da parroquia de San Xoán de Carballo:

> "Es copia del comparto que incluie y que hemos entregado al mayordomo pedáneo para que este lo pudiese hacer al colector que elixiese para la recaudación de dicha contribución y para remitir al Excmo. Sr. Gobernador de la Ciudad y en la Provincia de la Coruña hemos sacado la presente en estas siete ojas de papel sello de oficio[46]."

Ademais, por se todo isto non fora suficiente, atopámonos na zona de Galicia máis próxima ao lugar onde se situaba a xunta principal do reino, así que non sería de estrañar que fose precisamente aquí onde o influxo deste organismo e o poder do Intendente se deixaran notar dunha maneira máis forte e directa. Por último, tampouco podemos pasar por alto a constatación por parte da propia xunta principal da superficie que estaba inventariada en 1819 (xa comentada ao final da parte do capítulo da reforma, como un dos seus resultados), o que anima este pensamento. Probas suficientes, pensamos, para crer esas parroquias da antiga provincia da Coruña realizaron efectivamente os traballos correspondentes aos cálculos e rexistros da riqueza dos seus habitantes.

Tras dos arquivos de Betanzos, Pontedeume e A Coruña hai que salientar que o caso do municipal de Ortigueira é especialmente interesante para analizar os fondos das actas, pero non tanto para o relativo aos recontos da riqueza, pois non dispoñemos de ningún caderno, apeo ou resumo para esta vila ou o seu termo xurisdicional. Con todo, temos algúns datos útiles contidos nesas mesmas actas, como son, igual que atopabamos no caso de Pontedeume, as cantidades asignadas para cada unha das vinte e cinco parroquias que a súa xunta local se encargaba de administrar. Non obstante, sen máis datos ca unha simple cifra, non podemos afirmar que as estatísticas da riqueza destas parroquias se tiveran realizado (o mesmo se pode dicir polo tanto das asignacións parroquiais en Pontedeume) e máis se temos en conta que, dada a curta vida do diario de actas de Ortigueira, a realización dos cadernos nin sequera fora decretada ese mesmo ano. Todo o que podemos afirmar para este territorio, segundo o visto

[46] AMC, c. 3970, l. 9, a. 8, p. 13-14.

nas ditas actas é que esta mesma documentación propias actas asegura que os repartimentos dese primeiro pago de 1817 foron realizados, feito confirmado cara o final da vida do dito diario.

En derradeiro lugar decidímonos por incluír un pequeno paquete de documentación, dixitalizada e de libre acceso, sobre a xunta de partido de Santiago. Trátase dunha serie de fondos nos que se poden consultar, por exemplo, os modelos xerais para os distintos estadios do proceso, comúns a todo o territorio do Estado. A isto pódese engadir a presenza doutros documentos importantes, como os propios modelos 1 e 2, prezos e partes alícuotas, que rexeron na provincia en 1818. Estes documentos foron empregados como un útil complemento a todo o xa presentado[47].

Esta presentación de fondos deixa patente que existe unha ampla variedade de documentos que presentan datos sobre a riqueza dos veciños ao longo do territorio que abarcamos. Cada un deles amosa unha serie de datos dunha forma determinada, e aínda que algúns comparten unha mesma tipoloxía con independencia de onde sexan atopados, non todos expoñen a mesma información ou fano segundo pautas diferentes en función dos criterios de quen os redactara, pese a existir unha serie de modelos que establecían estruturas máis concretas. A este respecto, xa comentamos que sucedera, cando menos na nosa área de estudo, cos apeos e cadernos da riqueza. Temos parroquias con datos que van dende unha mera cifra numérica coa súa asignación para a contribución, ata outras das cales posuímos informacións de apeos de terras, gando, casas, persoas que viven en cada unha delas coa súa idade ou oficios que desenvolven, e mesmo a división interna das vivendas. Existe polo tanto unha enorme variabilidade dos datos, que contan ademais cun peso e importancia moi diferentes. Isto converte en necesaria a sección á que pasamos a continuación, aquela na que presentamos as diferentes tipoloxías da información contida nos fondos atopados, centrándonos dende logo nos apeos e cadernos por ser os máis completos. Xa que existen informacións moito máis numerosas que outras, debemos facer referencia a todas e cada unha delas.

3.2.2. Tipoloxía da información contida nos rexistros da riqueza

Xa sexa nos apeos ou cadernos xerais da riqueza cando os atopamos enteiros, nos borradores dos mesmos ou nos resumos que atopamos no transcurso desta investigación, a información contida en todos eles presenta diversas tipoloxías que podemos clasificar, como aconteceu no caso das actas que presentamos anteriormente. Nesta ocasión, a clasificación é moi simple, pois o guión da mesma virá marcado pola propia división das distintas formas de riqueza que deberían ser recollidas na documentación da que agora nos ocupamos. Ao mesmo tempo, dentro de cada unha das categorías moverémonos dende as informacións que aparecen reflectidas dun xeito máis numeroso cara aquelas que son máis infrecuentes. Porén, advertimos que o peso dos datos que se corresponden coa rama da riqueza territorial terá unha preponderancia case absoluta sobre as fontes de ingresos derivadas das actividades industriais ou comerciais. Resulta lóxico en certo modo se temos en conta que a principal fonte de riqueza resulta ser a terra e as actividades que derivan dela, motivo polo cal a información relativa ás fincas sempre está presente. Pola súa parte, as ramas industrial e comercial presentan algunhas particularidades pese ás pautas establecidas nos modelos publicados en febreiro de 1818 e son en realidade moi escasas, case testemuñais, na maioría dos cadernos que manexamos para esta investigación. Procuraremos realizar unha presentación conxunta destas dúas fontes de riqueza, así como de botar algo de luz sobre os factores que expliquen

[47] Junta de partido de Santiago (1818), op. cit.

esa escaseza nos fondos documentais. Como xa se fixo, para completar esta sección trataranse tamén as diferentes posibilidades de estudo que ofrecen cada unha destas diferentes tipoloxías de datos, ofrecendo exemplos sobre as mesmas cando sexa necesario. Boa parte destas informacións que a continuación presentaremos serán empregadas no seu debido momento cando tratemos o estado da agricultura segundo os datos que temos aquí reunidos.

Hai que puntualizar tamén que neste apartado incluímos unha novidade respecto ao anterior das actas e ao seguinte da documentación da xunta central. A abordaxe das distintas tipoloxías dará lugar a problemas específicos para cada unha delas, en tanto en canto ofrecen informacións diferentes, que merecen ser tratados individualmente por unha mera cuestión de orde expositiva. Pero ao mesmo tempo, eses asuntos específicos que afectan ás diferentes formas que toman os datos serán diferentes dos problemas xerais que nos presentan o uso dos cadernos e apeos como fonte en si mesma e que serán tratados na sección seguinte. Referirnos aos problemas específicos de cada cuestión evitará que no seguinte apartado teñamos que facer referencia novamente a todas elas por separado, clarificando o texto e deixando para logo as problemáticas expresadas dun xeito máis xeral e sinxelo. Pasamos agora si, a presentar as diferentes temáticas que podemos abordar a partir dos datos contidos nestes fondos documentais.

3.2.2.1. A riqueza territorial I: os apeos de terras, núcleo dos rexistros

A parte fundamental dos apeos e cadernos da riqueza está formada habitualmente pola relación de terras dos veciños da parroquia e dos forasteiros que posuían algunha parcela no seu termo territorial. Cando aparecen nos apeos realizados polos propios veciños, estes datos preséntanse listados segundo os vaia recordando a persoa que realice a relación. Unha simple folla na que se anotan, sen ningún criterio de ordenación aparente, as súas parcelas. Nos documentos realizados por peritos, pola contra, os principios de ordenación neste tipo de recontos poden ser dous: por unha banda pode figurar, igual que no caso anterior, o nome dos veciños, un por un, e a partir de aí as parcelas que posúe cadaquén. As parcelas en réxime de cesión, sexa cal sexa o tipo, tamén aparecerán adscritas ao veciño que posúe o dominio útil, aspecto que deriva do feito de que a contribución xeral computa sobre os produtos, de modo que neste sentido pesa máis quen goza dos froitos das terras que quen sexa o seu auténtico propietario. En todo caso, cando rematan de enumerarse as parcelas dun veciño pásase ao seguinte e así sucesivamente. O outro criterio, claramente minoritario, é o do lugar onde se sitúan as parcelas. Neste caso aparece unha localización, por exemplo unha agra ou calquera outro espazo uniforme do cal se dá o seu nome, e a partir de aí anótanse tódalas parcelas que figuran no devandito lugar, seguidas todas elas do nome do respectivo beneficiario. Ao rematar de inventariar esa zona, pásase a outra e así sucesivamente ata cubrir toda a parroquia. Cada un destes criterios ten as súas vantaxes evidentes. A ordenación por veciños favorece a visualización das persoas e das súas explotacións, o que permite a reconstrución de patrimonios dun xeito máis doado, o estudo da diversidade da composición das parcelas dunha explotación agraria por tipos de terreo ou uso agrario, a súa fragmentación ou o seu tamaño medio, por poñer soamente algúns exemplos. O outro criterio, o da ordenación por lugares e agras, dificulta a visualización das cuestións anteriores pero favorece unha mellor observación da configuración da paisaxe agraria e da súa disposición, xa que pon en primeiro lugar os emprazamentos das parcelas e como estas se organizan en unidades de terreo maiores. O traballo pode ser incluso máis sinxelo segundo este segundo criterio se a persoa que analiza o rexistro coñece o terreo, pois moitos dos nomes sobreviven no tempo. En todo caso, estes son soamente criterios organizadores á hora de vertebrar a información nos rexistros, pero resultan intercambiables ao procesar a información dos rexistros, pois se

dispoñemos dos datos do veciño que explota a parcela e o lugar onde esta se atopa, podemos establecer o criterio que máis nos interese.

Agora ben, independentemente de cómo se ordenen as fincas recollidas nos recontos, os datos dos apeos e cadernos ofrecen unha serie de datos sobre cada unha delas, algúns dos cales son practicamente universais (poden consultarse no esquema do cadro 3.B). Basearémonos no criterio ordenador que parte de citar a cada un dos veciños e seguidamente as súas parcelas, por ser o maioritario que nos atopamos na documentación, indo dende a información máis común ata a máis escasa. O primeiro deles é en si mesmo un dato universal que sempre aparece, de modo que o feito de que nos veñan dados os nomes de tódolos veciños sérvenos en primeira instancia como padrón. Incluso aqueles individuos que non teñen terras ou bens doutro tipo e que se atopan en situación de pobreza deberían estar incluídos, pois facelos constar nos recontos era obrigatorio segundo o artigo 18 da instrución para o repartimento e cobranza da contribución, no que se di que "se han de comprender con millar en blanco los vecinos que no contribuyan". Por outra banda, tamén se inclúen os nomes dos forasteiros doutros lugares con bens na parroquia na que se realiza o apeo e xeralmente a súa freguesía de residencia, o que nos permite rastrexar as posesións dalgúns individuos máis alá dos límites dun único territorio.

Cadro 3.B: tipoloxía dos datos contidos nos apeos de terras.

- Relación de veciños e forasteiros con terras na parroquia.
- Localización da parcela (agras, camiños, lugares…).
- Tamaño da finca.
- Calidade da terra e réxime de propiedade.
- Uso ao que se dedica a parcela (terra de labor, prado, horta, monte…).
- Produtos obtidos da parcela e valoracións (do cultivo e tamén da parcela).
- Rendas que pesan sobre a finca.

O segundo dato máis frecuente é o lugar no que se atopa a parcela que se está a inventariar. Despois de nomear a un veciño en concreto procédese a dar conta das parcelas que posúe, ordenadas xeralmente polo criterio de localización. Aquí aparecen referencias a agras, camiños e montes concretos, ou simplemente lugares que se atopen dentro da parroquia, seguindo a denominación veciñal. Isto danos unha información importante sobre a parroquia en si mesma, xa que probablemente e como acabamos de apuntar, esas denominacións teñan perdurado no tempo en moitos casos ata os noso días, o que permitiría, no marco de estudos a nivel micro, observar os cambios aos que se viu sometido o territorio. Ademais, podemos ver tamén en que áreas da parroquia se concentran os terreos de veciños en concreto ou observar en que lugares se concentran as mellores terras.

A continuación dos lugares de localización, outro dato que aparece con moita frecuencia é o do tamaño das parcelas, expresado por norma xeral en ferrados e quizais, se os encargados tomaron a molestia de entrar en detalles máis profundos, nalgunha das súas divisións, os cuartillos ou as concas. Con menor frecuencia é empregada, aínda que tamén se localizaron algúns casos, a medida das terras en fanegas superficiais ou en estadais cadrados. As posibilidades que ofrece este dato, tamén universal, son moi interesantes xa que nos axuda a calcular a extensión inventariada das parcelas nunha determinada parroquia, do mesmo xeito que nos permite facernos unha idea da extensión total que unha familia podía cultivar e administrar con só sumar a extensión de tódalas parcelas dun veciño en concreto. Por suposto,

a este respecto nunca pasaremos por alto que, ao traballar cunha fonte fiscal, deberemos ter coidado cos problemas derivados de posibles ocultacións.

Continuando cos datos que nos podemos atopar nos recontos, con moita frecuencia sinálase tamén a calidade da terra da parcela. Nesta sección, a cada finca asígnaselle unha categoría, de maneira que, por regra xeral, podemos falar de calidades de primeira, segunda ou terceira. Nalgunhas ocasións estes grupos aparecen divididos á súa vez en tres subcategorías que van tamén dende a primeira ata a terceira, así que atopamos que a mellor calidade de todas é a primeira de primeira, vindo a continuación a segunda de primeira, a terceira de primeira, a primeira de segunda, e así sucesivamente ata chegar á calidade terceira de terceira, a inferior de todas. Coñecer a calidade da terra é moi importante para estudar e avaliar os rendementos da mesma, aínda que este dato resulta ser, como veremos, un dos máis problemáticos destes rexistros por culpa do fenómeno da ocultación relativa, segundo o cal unha finca é anotada nunha categoría de calidade inferior á que lle corresponde, co cal se subestima a cantidade de produto que ofrece. Atopámonos así cunha cuestión fundamental arredor deste tema, que é o feito de que, a lo menos entre as parroquias que foron analizadas no marco deste estudo, non foi raro atopar casos nos que non existisen apenas parcelas de primeira categoría. A variable calidade é moi importante de cara aos recontos deste catastro, xa que cada categoría ten uns rendementos asociados para cada zona e que poden variar dunhas ás outras, o que influía directamente tamén, non só nos rendementos, senón tamén no cálculo do valor da propia finca, maior canto máis elevado fora o produto que se lle asociaba.

En canto á información desta categoría, non é raro que se estenda un pouco para incluír outra característica da parcela que é o réxime de propiedade ou cesión da mesma. Este dato, que tamén pode aparecer só noutra sección de información baixo os epígrafes de "propietarios" ou "propiedade", conta en ocasións dunha simple palabra que nos dá a entender se a parcela en cuestión é propia ou está cedida. Lamentablemente e con frecuencia, a información queda na superficie desta realidade e soamente establece unha dicotomía entre fincas propias ou arrendadas, sen especificar necesariamente o tipo de contrato de cesión cando o propietario e o cultivador son persoas distintas, pese a que outras veces, aínda que moi poucas, tamén se fala dun xeito explícito do foro ou mesmo do subforo. Este dato é moi importante por suposto para estudos sobre a tenencia, aínda que poucas veces se poida ir máis alá de saber se un veciño é propietario dunha parcela ou se simplemente posúe o seu dominio útil.

O uso das parcelas é outro dos datos que aparecen con bastante frecuencia nos recontos. Referímonos a se a parcela está dedicada a monte, prado ou se trata dunha parcela de labor ou dunha horta. Especialmente relevante resulta este último caso, pois trátase dun uso que case sempre está rexistrado, de xeito semellante ao de parras e vides, para as cales existe unha categoría de seu. Esta diferenciación establécese dende logo para separar os cultivos máis frecuentes destes outros usos, o de horta e o vinícola, no sentido de que se trata de terreos cun gran valor engadido pola grande achega de traballo que requiren. A natureza da contribución, aplicada sobre os produtos, explica que estes espazos recibisen unha atención maior e en consecuencia estiveran mellor rexistrados, en tanto en canto os valores dos seus produtos podían ser maiores, especialmente cando se falaba de viño. Porén, a miúdo o uso nunha parcela de labor despáchase con palabras como "sembradura" ou moi especialmente "labradío", supoñendo nestes casos que se trata dunha parcela dedicada a cereais, pero sen poder coñecer o produto concreto en moitas ocasións. Tamén hai sorte no caso dos prados e os montes privados, cuxa existencia figura case en tódolos recontos. Hai incluso casos de rexistros nos que, en combinación co que acabamos de dicir simplemente se especifican estes catro usos (vinícola, hortícola, monte e prado), deixando o demais á intuición e ao

descoñecido aínda que nalgúns rexistros podemos atopar indicados de xeito explícito outros espazos como as eiras. Polo tanto, a pesar de que esta sección aparece nunha porcentaxe considerable dos apeos consultados, non é estraño atopala incompleta, de modo que a calidade da información que contén varía moito e depende probablemente da vontade do encargado de realizar o reconto. Outros datos repartidos ao azar que adoitan acompañar aos usos das parcelas permítennos distinguir entre montes abertos ou pechados ou parcelas de regadío ou de secaño, sendo esta referencia especialmente común cando acompaña aos prados.

Así, a sección de produtos ou froitos das terras é, polo que acabamos de apuntar, aínda máis escasa que a dos usos que se lles dera ás parcelas. Ás veces, un uso como o de "labradío" esténdese ata recoñecer un determinado cereal concreto, coa súa produción, e mesmo se existe máis dun produto na mesma parcela como acontece con frecuencia co millo e as fabas. Os usos vinícolas, en ocasións, revelan unha cantidade concreta de cepas, e os de hortas poden incluír un rexistro exacto dun certo número de árbores froiteiras. Sobre os montes, poden figurar tamén produtos como son o toxo, mato, leña ou, dunha forma máis xenérica, facer referencia a monte baixo ou árbores, podendo aparecer mesmo a especie ou o número delas. Tamén se ofrecen con certa frecuencia usos máis completos de áreas de arborado cando estamos ante un souto, palabra que adoita figurar como uso propio do solo, en cuxo caso poden aparecer en ocasións o número de castiñeiros presentes. En canto ás unidades de medida dos produtos recollidos, contamos dende logo co tradicional ferrado para os cereais ou os carros de leña e herba para algunhas parcelas de monte e prado respectivamente. No caso das parras, o produto cóntase en arrobas, e no caso das cepas de viño simplemente se dá o seu número. As posibilidades destas seccións de usos e produtos son realmente enormes, moi variables e diferentes en función do reconto parroquial que esteamos analizando, pese a estar claramente limitadas pola calidade da información. En derradeiro lugar, para esta sección de produtos hai que apuntar que unha cousa era rexistrar o froito concreto que unha parcela producía, e outra, anotar o seu rendemento, pois isto último non sempre aparece. O perito non tería, de feito, a necesidade de anotar este dato, pois podía calculalo en calquera momento unha vez concluíra o rexistro gracias ao deseño dos rendementos preestablecidos para cada produto en función da superficie cultivada e da calidade da terra, como xa dixemos. Nós, porén, non podemos coñecer eses rendementos estipulados a non ser que figuren de xeito explícito ou se non dispoñemos dalgunhas táboas onde figuren, como adoita acontecer moi frecuentemente.

Trala sección específica dos produtos, a seguinte en orde decrecente de presenza, tal e como vimos organizando a exposición, é a relacionada coa cuestión das valoracións. Neste caso debemos establecer unha diferenza entre o valor dado ás parcelas e o valor dado aos produtos que se obteñen delas, aínda que a perspectiva non é boa para ningún dos dous casos. A valoración das parcelas figura con moita máis frecuencia que a dos froitos, e correspóndese cunha cifra en reais que está relacionada coa extensión, a calidade e os uso que se lle dea a cada parcela concreta. A valoración dunha parcela de mellor calidade que outra sería maior en tanto en canto ofrecía maiores rendementos, pero tampouco era o mesmo tela dedicada a monte que a horta, xa que as terras que quedaban destinadas ao segundo destes usos alcanzaban os valores máis elevados, e as do primeiro, os máis baixos. No caso do valor dos produtos, a ausencia dos datos ven explicada como consecuencia lóxica da falta dos datos sobre froitos que acabamos de puntualizar no parágrafo anterior. Resulta lóxico que se non temos produtos de terras, será imposible ter a valoración dos mesmos. Ademais disto, como a valoración non aparece sempre que temos as produción das parcelas, este dato do valor é aínda máis escaso, aínda que podería calcularse a partir da información presente nas táboas do modelo 1 dispoñibles.

A falta destes datos en concreto ten unha implicación considerable, pois fai que algúns dos documentos que manexamos perdan a súa propia esencia, en tanto en canto a contribución se aplicaba sobre os valores dos produtos, ademais de que a idea era que as sucesivas asignacións fosen calculadas en función destas informacións contidas nos cadernos e nos posteriores resumos, como quedou establecido cando analizamos o seu funcionamento. Isto provoca que pese a estarmos diante dun caderno, os datos en canto ás terras quedan limitados aos que atoparíamos nunha simple relación de parcelas, a lo menos nos casos nos que non dispoñemos das valoracións de terras e os seus froitos, que son moitos. De aí tamén o problema que se apuntaba en canto á dificultade de identificar o tipo de documentos que tiñamos diante. A estrutura destes documentos adoita ser máis propia dun caderno da riqueza que dun apeo, pois *grosso modo*, as informacións contidas son as establecidas polos modelos da R.O. do 18 de febreiro, pero ocorre que sen os apartados de valoracións o que temos redúcese a unha listaxe de veciños coas súas parcelas e algunhas das características das mesmas, sen chegar a corresponderse o resultado con ningún dos dous produtos que había que elaborar segundo a lexislación. Non pretendemos con isto restar un ápice do valor destas fontes, pois para nós seguen sendo perfectamente válidas debido ao uso que facemos delas e a que nos ofrecen substanciosa información, pero dende o punto de vista da formación da estatística, que era o obxectivo principal que se perseguía coa elaboración destes documentos, algúns dos cálculos fundamentais non estaban realizados neste momento.

Os motivos da ausencia destes datos poden ser varios: un deles pode derivar simplemente da propia natureza da fonte e do feito xa apuntado de que ás veces o que consultamos é un conxunto de borradores e non o documento definitivo en si mesmo. Isto provoca quizais que os cálculos finais quedaran sen apuntar en espera de rematar a parte correspondente a tódolos traballos de inventariado. En efecto, a persoa que elaboraba o rexistro podía deixar de lado certos cálculos para resolvelos máis adiante, pois unha vez que tiña apuntados os datos relativos a extensión e calidade dunha parcela, podería facer o mesmo que apuntamos un pouco máis atrás para o cálculo dos rendementos, obtendo tamén os valores das terras e dos seus produtos con simples operación matemáticas. Rendementos e valores das terras e os seus froitos eran polo tanto informacións que non necesitaban ser cubertas nun traballo de campo dacordo coas pautas de funcionamento do sistema, porque os seus coeficientes eran prefixados. Porén, pese a que esta hipótese para explicar a ausencia destes datos é asumible, o lugar onde atopamos a fonte fainos desconfiar. Se localizamos todos estes fondos nas grandes localidades nas que no seu momento se asentou unha xunta local e non nas parroquias, resulta obvio que estes cadernos e apeos estaban en posesión da corporación local naquel momento. É dicir, que os peritos das parroquias xa non os tiñan nas súas mans, ou dito doutro xeito, xa entregaran á xunta respectiva estes cadernos. En consecuencia, os encargados non efectuaron estes cálculos nalgúns casos, quizais porque as xuntas de partido aínda non tiñan os coeficientes listos ou debidamente difundidos debido á complexidade do proceso. Pode suceder tamén que eses peritos simplemente decidiran, faltando ao seu deber, que o traballo era demasiado incómodo como para realizalo, pensando que outros se encargarían de facelo. Probablemente ámbalas dúas opcións poidan ser correctas e teñan a súa parte de verdade dependendo do caso, aínda que a motivación auténtica non poida ser confirmada completamente.

Por suposto, a gravidade que hai detrás de cada un destes dous motivos supón diferentes implicacións. Se damos por verdadeira a hipótese dos peritos ignorando a correcta realización destas contas, estaremos ante outra mostra de conflitividade destas persoas en forma de resistencia pasiva, con todo o que isto implicaría sobre o desenvolvemento xeral do sistema de recadación, traducido en atrasos e relacionado cos problemas de funcionamento interno que

xa tratamos. Se pola contra nos centramos na outra cuestión e tomamos por correcta a hipótese de que as diferentes xuntas tardarían un tempo importante en establecer os coeficientes de rendementos, que non todas estas corporacións traballarían ao mesmo ritmo e que, no peor dos casos, algunhas nin sequera conseguirían realizar correctamente estes cálculos, o que definitivamente teremos na man é algo non menos grave e significativo: un dos principais motivos que levaron ao sistema de Facenda impulsado por Martín de Garay ao seu fracaso. A imposibilidade de realizar correctamente as conversións dos coeficientes necesarios impedía o correcto coñecemento da riqueza dos habitantes do territorio segundo a forma que fora concibida. Dende aquí, todo o sistema cae coma un castelo de naipes, pois sen estes cálculos non pode haber cadernos da riqueza elaborados correctamente, e sen estes tampouco se pode fundar unha estatística de xeito adecuado. Sen estatística, o sistema carece, simplemente, de base e de sentido en tanto en canto os seus problemas non poden corrixirse, co conseguinte aumento do malestar entre os contribuíntes.

Queda aínda tras desta aclaración un derradeiro dato por presentar dos que aparecen nos rexistros de terras, que é o relativo ás rendas. Se ben xa apuntamos que o sistema de tenencia era unha información bastante frecuente, a lo menos nun aspecto esencial que permite determinar se unha parcela é propia ou se explota en réxime de cesión, outra cousa moi diferente podemos dicir das rendas que pesan sobre as parcelas, un dato moito menos común e quizais o máis escaso de todos. Ámbalas dúas seccións poden complementarse, pois a presenza de rendas danos a entender que certas parcelas non son propias cando este dato non figura, e dun xeito semellante, podemos combinar as dúas seccións que axuden na realización de traballos de reconstrución de patrimonios.

Cando as rendas aparecen adoitan facelo en paquetes aplicados sobre lotes de terras, é dicir, que normalmente se especifica que sobre un conxunto de parcelas pesa unha determinada carga que aparece citada. Estes lotes, ademais, poden ter a particularidade de incluír tamén en ocasións a casa na que vive o veciño pagador, o que de facto significaría a cesión de todo o necesario para o desenvolvemento de toda unha familia, en forma dunha vivenda e unha explotación agraria. Unha por unha, tódalas rendas que paga un veciño son especificadas deste xeito, tendo en conta tamén que a tipoloxía das mesmas é realmente variable. Estas van dende porcentaxes variables da colleita que oscilan entre o quinto e a metade e sendo moi común tamén o terzo (polo tanto falamos de cantidades flutuantes en tanto en canto a colleita non sempre tería o mesmo volume), ata cantidades fixas en especie dunha grande variedade de produtos (aínda que o fundamental sexan os cereais), pasando por diñeiro en metálico, ou en realidade calquera outro artigo medible que o leve a ser obxecto dun posible intercambio. Nesta categoría entrarían tanto artigos materiais, como poida ser o caso de candeas, como inmateriais, onde aparecen por exemplo, o arranxo e pagamento de misas. Con todo, unha das rendas máis comúns adoita estar fixada nunha certa cantidade de ferrados de trigo, con independencia do que realmente se cultive nas terras cedidas, que ben pode ser ese cereal, pero tamén calquera outro distinto. Ás veces tamén con independencia do verdadeiro uso da parcela, pois sobre un monte ou un prado poden pesar rendas en ferrados de cereal. Neste caso, poderíamos entender que o que a renda indica realmente sería un valor, a saber, o que acadarían eses ferrados de cereal e non necesariamente esa cantidade de trigo en especie, o que favorecería a idea do campesiñado como grupo que realmente pode acceder ao pago en metálico a través do mercado.

Nas descricións das rendas adoitamos atopar tamén os destinatarios das mesmas. Pode observarse así o ámbito xeográfico do destino das rendas, que nalgúns casos quedan na parroquia ou moi preto dela, nas veciñas, mentres que outras veces o radio aumenta ata rematar en propietarios das capitais de provincias ou en institucións relixiosas de provincias

diferentes, por poñer soamente algún exemplo. Porén, o labirinto que forma a sección das rendas nos recontos da riqueza a miúdo complícase bastante, pois esta información non sempre aparece ordenada nin completa. Pode figurar soamente a persoa que percibe as rendas e que cede as terras, pero non a cantidade. No caso dos subarrendos, a situación é aínda máis complexa, xa que poden chegar a figurar máis nomes por riba do perceptor inmediato, que á súa vez debería remitir outra cantidade en conceptos de aluguer a outra persoa.

Presentados tódolos datos que nos atopamos nos apeos de terras, hai que sinalar que cando enumeramos as posibilidades de estudo que nos ofrecen todos estes datos contidos nos rexistros da riqueza, puxemos soamente algúns exemplos simples. Dende logo, outros aspectos moi interesantes poden ser analizados a partir do cruzamento de datos de diversas natureza: o tamaño medio das parcelas segundo o seu uso (monte, prado, terras de labor, horta, etc.), as calidades da terra das parcelas ás que se dedican certos cultivos, ou os rendementos por unidade de superficie poden ser algúns exemplos, e como tal serán abordados no capítulo correspondente. Porén, hai que decatarse de que todos estes datos deben ser analizados á luz de certos problemas que sempre deberán ser tidos en conta. Uns dos máis importantes derivan da natureza dos coeficientes prefixados para coñecer aspectos como os rendementos da terra ou o valor das parcelas e os seus produtos. Dende logo, o que se consegue con isto é unha simplificación a dos procesos naturais e ambientais ao reducir todo a categorías e ao tratar de impoñer o criterio das partes alícuotas, que carece de sentido en boa parte das actividades económicas relacionadas co comportamento do solo, das especies gandeiras, ou en resumo, de calquera proceso vital dentro das actividades agrogandeiras. Máxime, se ademais temos en conta que as taxas de desconto resultaron ser idénticas en a lo menos tres provincias.

Clasificar os rendementos orgánicos dun territorio dacordo cunha serie de categorías organizadas arredor da calidade das parcelas supón reducir a natureza a unha lei matemática restritiva e completamente artificial. Tratar de adecuar tódalas parcelas do territorio a unha clasificación de tres categorías (nove no mellor dos casos se temos en conta que ás veces as categorías de primeira, segunda e terceira calidades se subdividen en tres á súa vez) resulta cando menos, pouco realista, ademais de dar lugar a unha visión reducionista que soamente serve para demostrar unha ignorancia considerable sobre o proceso produtivo ao tratar de reducir tódolos gastos asociados dunha colleita a conceptos monetarios. Por este motivo debemos ter moito coidado ao analizar os datos que, derivados dos rendementos, nos ofrece a fonte que temos entre mans, reducidos a unha serie de números moi simples que soamente teñen por obxectivo facilitar un labor fiscal e conseguir funcionar como base de cobro para un imposto. En ningún momento houbo un traballo de campo para tratar de coñecer os rendementos reais das parcelas, algo que aínda que fose realizado, esixiría dunha actualización constante, pois eses rendementos oscilarían en función dunha morea de condicionantes ambientais igualmente variables. Obviamente, a falta de medios non posibilitaría semellante achega pero, no lado oposto, todo quedou suxeito ao criterio dunhas cantas persoas. Ademais, o cálculo xeral de rendementos non soamente uniforma de xeito artificial as terras, senón que carece dunha pauta de actuación á hora de producirse variacións importantes de produción en situacións concretas, onde o caso máis grave estaría nun momento de malas colleitas, pero non sería o único. Isto acontece porque tendo en conta que os coeficientes de rendementos son medias ou baremos xerais, o nivel de produción dunha parcela manteríase pese ao aumento ou a diminución considerable do mesmo baixo calquera circunstancia natural. Se por exemplo, unha parcela de primeira calidade cunha extensión dun ferrado producía seis ferrados de trigo, ese ía ser o seu produto cando a colleita fora especialmente boa, pero tamén cando a produción se derrubara polas causas que sexan. Esa

clasificación tan reducionista das calidades e dos rendementos dá lugar, en consecuencia, a unha clasificación igualmente reducionista da valoración das parcelas e dos seus produtos, pois estes últimos obtéñense a partir dos primeiros.

Dito isto, os problemas asociados a esta fonte por mor desta configuración de categorías globais continúan. Debemos chamar a atención sobre o feito de que, ao estar as bases deste proxecto da contribución unicamente centradas nos produtos que se podían definir como fontes de riqueza dos contribuíntes, todo aquilo que caía fóra desta consideración estaba excluído tamén dos propios rexistros desa riqueza. Con isto que vimos dicindo estámonos a referir a un grupo de terras concretas, ás que podemos cualificar de forma ampla como incultas, que se ben é certo que non tiñan que ser demasiado significativas, si podían chegar a supoñer unha extensión a ter en conta no seu conxunto. Como resultado, debemos prever que un inventario de terras dunha parroquia non tiña que incluír a súa totalidade, senón soamente as que deran algún tipo de froito ao que se atribuíse un valor económico claro. Certo é que baixo esta consideración serían incluídas a maioría das terras posibles, pero tamén hai que ter en conta que á marxe quedarían unha serie de terreos que quizais polas súas características físicas (lugares pedregosos ou demasiado costentos, por exemplo) ou por outros motivos diversos non ofreceran produtos agrarios a ollos dos rexistradores. No caso de que pese a estas razóns se obtivera destas terras algo de utilidade, como podía ser perfectamente o caso de certas cantidades de toxo, entre outras especies vexetais, estas terras deberían ser inventariadas igualmente, así que quizais algunhas delas fosen recollidas entre as terras de peor calidade. Porén, pensamos que algunhas desas parcelas da peor calidade ben podían pasar desapercibidas dende o punto de vista da lexislación, entrando con isto no ámbito da ocultación de superficies. Tamén teremos serios inconvenientes arredor das terras de aproveitamento colectivo, un dos principais que presenta a fonte, pero estas cuestións serán tratadas en profundidade máis adiante.

Por outra banda, partindo de que a clasificación por calidades xa é problemática en si mesma por ignorar toda unha serie de aspectos produtivos e por dar unha visión excesivamente simplista da actividade agraria, hai novos problemas que se derivan da combinación disto coa natureza fiscal da fonte. Resulta cando menos sospeitoso, aínda que en absoluto sorprendente, que o número de parcelas da primeira categoría sexa tremendamente escaso, incluso cando esa primeira categoría se subdivide en tres. Cando dicimos isto referímonos por suposto ao que atopamos dentro dos rexistros, non a que non existan en realidade parcelas con calidades e rendementos considerados excelentes. Cando si aparecen rexistradas, o seu número e superficie son en todo caso minúsculos e a miúdo testemuñais se os comparamos co total de terras que unha determinada parroquia poida ter rexistradas, un feito que non pode resultar unha coincidencia e está probablemente relacionado coa ocultación levada a cabo polos propios veciños dun xeito plenamente consciente. Pois estamos convencidos que por moi reducionistas e cuadriculados que sexan os baremos de rendementos dende o punto de vista ambiental, está claro que se hai establecida unha primeira calidade de terras á que se lle asocia unha determinada cantidade de froito é porque, necesariamente, terá que haber parcelas na xurisdición desa xunta que dean eses produtos. Pero observando moitas parroquias vemos que esa situación pode cualificarse mesmo de estraña, algo que como salientamos, terá que ver máis coa ocultación que coa verdadeira realidade produtiva das parcelas. Este tipo de consideracións pasa a engrosar as formas de conflitividade que poden ser detectadas a partir das nosas fontes, e como tal será abordada no capítulo correspondente.

Outro dos problemas asociados á existencia destas categorías está relacionado cos datos que se reflicten na fonte, e en parte xa foi citado cando falabamos dos datos de valoración,

concretamente da ausencia dos mesmos. A realidade é que os distintos apeos e cadernos atopados presentan datos diferentes, ordenados en función de diversos criterios e sen reflectir exactamente o que propoñían os modelos, pois a súa forma quedaba en mans do bo obrar do perito que os redactara, dacordo coas pautas que consideraba máis cómodas. Boa parte dos datos esenciais están completos, mais o auténtico inconveniente son os datos que non tiñan que ser recollidos no traballo de campo, xa que ao basearse en coeficientes establecidos por instancias administrativas superiores, podían calcularse máis adiante. O problema destes outros datos (que son fundamentalmente os rendementos das terras e o valor das parcelas así como dos seus produtos, como xa dixemos) radica en que a día de hoxe, salvo contadas excepcións, non dispoñemos das táboas de coeficientes que os encargados de elaborar os cadernos xerais da riqueza debían manexar para calcular esas cifras, aínda que como se apuntou, estes serían similares nos territorios que entraban dentro dunha mesma xurisdición. Ata certo punto bastaría con atopar unha parroquia na que se fixera referencia explícita a unha táboa deses coeficientes para coñecer os das demais parroquias dun xeito aproximado, a lo menos as do seu entorno pero, outras veces, pese a ter varias freguesías dun mesmo partido, non temos tanta sorte e non hai nin táboas nin datos brutos de valoración en ningunha delas, o que imposibilita o coñecemento destes datos.

O derradeiro problema específico destes rexistros sobre fincas ten que ver coas medidas empregadas nas medicións. Non pretendemos por suposto elaborar un tratado sobre a cuestión nin comezar ningún debate ao respecto, pois este asunto xa foi ben tratado noutras ocasións por outros autores e non encerra misterio algún[48]. Trátase en realidade dunha chamada de atención para calquera persoa que se vexa obrigada a tratar con terras e medidas de superficie e capacidade nun contexto galego. Debemos ter coidado co concepto de ferrado xa que encerra as tradicionais dificultades relacionadas coa súa variación en función do lugar no que nos atopemos, polo que ignorar isto pode dar lugar á configuración dunha visión errónea do territorio e da paisaxe. No noso caso, o feito de movernos entre as provincias de Betanzos e A Coruña xa supón algunhas flutuación importantes nalgúns casos, pero a consulta da pregunta nove nos libros de respostas xerais do catastro de Ensenada axúdanos en boa medida a coñecelas e salvalas. Nos concellos actuais da área das Mariñas coruñesas, esas oscilacións resultan pequenas, pois un ferrado varía entre os 444 m² en zonas arredor da cidade da Coruña, ou os 436 m² da área circundante de Betanzos. Se nos afastamos un pouco desta área e pasamos ao caso de Ortigueira, veremos que nesta zona vólvese repetir na actualidade a medida de 444 m², mentres que nos arredores da área de Pontedeume e Monfero atopámonos con superficies de 548 m² para un só ferrado. Finalmente, se nos desprazamos ao concello de Tordoia, área máis occidental onde atopamos rexistros, a medida é aínda máis dispar e cífrase nos 639 m². Convén ter sempre en conta este aspecto, porque é un detalle que afecta tamén ás medidas nas que se subdivide o ferrado como son as concas e cuartillos. Moito menos común é xa o uso doutras magnitudes como as fanegas ou os estadais, atopados en apenas un par de casos concretos.

3.2.2.2. A riqueza territorial II: os padróns gandeiros

Presentados xa os datos que reflectidos no tocante ás terras, procederemos a facer o propio coas informacións que poden ser obtidas dos padróns gandeiros localizados nos rexistros das parroquias que atopamos para esta investigación. O feito de que esta sección figure en segundo lugar débese a que, tamén a nivel xeral, seguimos a disposición da información dende a máis frecuente á menos común, pois os datos sobre os animais

[48] Sobre este tema paga a pena destacar sobre todo o estudo de Fernández Justo, Mª I. (1986).

domésticos, así como as informacións asociadas a isto, son menos comúns que os recontos de terras. Os datos sobre apeos de edificios que veñen despois deste epígrafe son ao mesmo tempo máis escasos, mentres que á súa vez os da riqueza comercial e industrial, en último lugar, son os máis infrecuentes de todos. A nivel interno dentro deste subapartado continuamos expoñendo a información (exposta no cadro 3.C de xeito esquemático) seguindo tamén ese mesmo principio. Como apunte previo en canto á localización dos fondos, hai que sinalar que soamente atopamos datos relativos a padróns gandeiros entre os materiais localizados en Betanzos e na Coruña, pero non en Pontedeume nin en Ortigueira, onde o peso das actas das xuntas é maior.

Cadro 3.C: tipoloxía dos datos contidos nos apeos gandeiros.

- Relación de veciños que explotan gando na parroquia.
- Especie (en ocasións sexo, común no vacún, e uso particular: de cría, de ceba, labranza…) e número de cabezas.
- Idade dos animais.
- Valoración.
- Forma de tenencia (en xeral, só vacún).

A especie e o número de cabezas que un contribuínte concreto posúe son os datos que máis veces se nos proporcionan e sempre aparecen da man. De entrada, aínda que esteamos a falar de gando, o índice dos veciños da freguesía volve aparecer como criterio de organización básico, así que podemos supoñer que este apeo gandeiro pode ser empregado novamente como unha relación de veciños da parroquia. Isto é así se, como acontece a miúdo, os datos do gando e os edificios van da man e se recollen nun mesmo rexistro, por mor dos motivos que recolleremos nesa sección. De non selo caso, o uso da relación de veciños que figura nos inventarios gandeiros como padrón parroquial é desaconsellable. Primeiro, porque en tódolos casos que temos inventario gandeiro temos o de terras (non ocorre ao revés) sendo aquí onde adoitan figurar os veciños pobres e, segundo, porque temos que ter en conta o feito de que non tódolos veciños posúen gando necesariamente, e neste reconto soamente figuran os que si o teñen. En consecuencia, a listaxe de veciños adoita estar incompleta, en maior ou menor grao, case sempre. Ademais, ao ser o gando algo moito máis vinculado á vivenda e en contacto coa explotación familiar, non ten tanta dispersión territorial dende o punto de vista dos rexistros como a poidan ter as parcelas de terra, o que supón que a información que estas listaxes de veciños ofrecen é tamén moito máis escasa para o caso dos forasteiros, pois non é tan frecuente ter animais noutras parroquias.

Á marxe da especie e do número de cabezas, neste apartado pode aparecer tamén algún detalle máis sobre os animais, pero a calidade a este respecto depende de novo e como tantas outras veces, da vontade do encargado en cuestión que elaborou o rexistro. Así, hai cadernos nos que nos atopamos con que un veciño ten simplemente "un ganado cerdoso", pero hai inventarios que inclúen o sexo do animal, ou mesmo a súa utilidade, aparecendo por exemplo "una cerda de cría" ou "un puerco de ceba". Do mesmo xeito hai peritos que diferencian as vacas que son destinadas a labranza das vacas de cría, ou os cabalos das eguas en lugar de sinalar simplemente unha cabeza de equino. Hai que destacar tamén que nesta sección figuran tamén, no caso de que existan na parroquia en concreto, as colmeas de abellas. Neste caso, se hai máis de unha tamén se indica o número que o veciño posúa.

Outro dato que pode aparecer asociado á especie e ao seu número, ademais do uso e o sexo, é a idade do animal, sendo con todo unha información escasa que xeralmente aparece asociada ao gando vacún, que é con moito o que ofrece datos máis prolixos e completos, ata o

punto de termos atopado lugares onde resulta sela única especie inventariada. Tamén podemos coñecer esa idade de forma indirecta e aproximada a través doutras indicacións que dan algúns peritos cando falan de leitóns, poldros, xovencos, ou sinxelamente engaden unha pequena descrición indicando se estamos ante animais novos ou vellos. Todas estas informacións posibles aparecen con máis frecuencia, con todo, entre o gando maior, e vanse reducindo en calidade progresivamente ata chegar a ovellas e cabras, onde en moi poucos casos podemos obter máis información aparte do seu número. Á marxe dos adultos, se existen crías tamén se computan, resultando habitual que se aporten para elas datos semellantes que os dados para os pais. Con todo isto na man podemos aspirar a configurar un censo de animais da parroquia, analizar a súa distribución por unidades familiares ou ver como ser reparten os animais entre os veciños en función das terras que posúan. Os padróns gandeiros ofrecen tamén a posibilidade de observar, ata certo punto, algúns aspectos relacionados cos niveis de vida dos veciños dunha parroquia, pois a presenza de certos animais nun fogar, como os cabalos ou os porcos son un indicativo dun determinado estatus, xa que a súa posesión indica, sen ir máis lonxe, a posibilidade de mantelos.

Tras disto, nos padróns gandeiros pode figurar tamén a valoración dos animais anotados, independentemente da profundidade da información que se dera sobre eles previamente, pois o único que se necesita ás veces para completar este dato é a especie e o número, sobre o cal se aplicaría o coeficiente de valor correspondente calculado para o modelo 1 de prezos, igual que se facía coas terras e os seus froitos. O valor do gando, porén, presenta algunhas variacións que nos permiten facer indagacións sobre outro dato, que é novamente o da idade. Como moitas veces esta non figura no apartado anterior de especie e número, podemos deducila en termos relativos entre os animais dunha parroquia concreta, observando estas variacións que experimenta o valor. Resulta lóxico que unha parella de bois de labranza en plenas facultades se valoren máis que outros que xa van perdendo parte da súa forza física, ocorrendo o mesmo con moitos animais de tiro. Isto introduce unha clara diferenza en termos de valoración entre os animais empregados en labores agrarias e traballos físicos, pois mentres que a do vacún e cabalar decrece, a de ovellas ou porcos aumenta de forma progresiva, especialmente a destes últimos. A idade dos animais aparece polo tanto de xeito menos frecuente e por iso moitas veces temos que adiviñar cales son as cabezas máis ou menos vellas en función do seu valor.

O derradeiro dato que nos proporcionan estes recontos de gando, e polo tanto o menos abundante, é o das formas de tenencia. Xeralmente e a continuación da especie e do número de cabezas figura unha fórmula simple para identificar a forma de cesión segundo diversas fórmulas, por exemplo, "en aparcería", "en arrendamiento" ou "a ganancias" indicándose logo que son doutro individuo, aparecendo o seu nome e nalgúns casos a súa parroquia de residencia. Ao respecto desta información, que se concentra case en exclusiva no vacún, nestes recontos de gando temos o problema de que realmente non podemos saber se os animais son propios ou están en réxime de cesión dalgún tipo salvo nos casos nos que se apunta abertamente. Isto é así porque non estamos convencidos, á luz dos datos e da súa observación, de que nos inventarios nos que non figura nin o réxime de cesión nin o individuo que cede os animais, esteamos ante unha declaración *de facto* da propiedade dos mesmos na man do veciño do que se está a pasar revista. Esta información debe ser analizada parroquia por parroquia de xeito individual. En esencia, o feito de que nalgunhas parroquias haxa unha porcentaxe importante de gando en réxime de parcería, e que noutra próxima non exista ningunha referencia a gando cedido, fainos pensar máis ben que estamos ante unha omisión cometida por parte do encargado do rexistro no tocante a esta información. Os casos nos que non hai unha soa referencia á cesión de gando, polo tanto, fannos desconfiar. Se pola contra

estamos nunha parroquia na que hai algunhas referencias a animais cedidos, aqueles que non as teñen si que poden ser entendidos como animais propios, cunha maior probabilidade de estar no certo. Estas parroquias son as realmente útiles para estudar a cesión do gando, pero lamentablemente trátase de moi poucas.

Enlazando coa sección correspondente aos problemas específicos desta sección, os demais datos atopados nos padróns gandeiros presentan tamén outros inconvenientes diversos. Á marxe dos que poidan supoñer aquelas carencias de información que nos obrigaban a sacar conclusións parciais ou en termos relativos, como acontecía cando traballábamos coa idade do gando, ou o incompletos que son por regra xeral os datos en canto á tenencia, hai outras ausencias que resultan moi significativas. En primeiro lugar hai que advertir a problemática de certas especies cuxa existencia varía de xeito estacional. Por suposto, estamos pensando no caso do porco e no acontecemento peculiar da matanza como un fenómeno que pode facer flutuar de modo extraordinario a súa poboación nun territorio determinado. Neste sentido, a data de realización do apeo gandeiro pode afectar ao proceso de reconto e ofrecernos realidades moi diferentes[49]. Sen ter en conta outras cuestións, e xa que un inventario nos ofrece unha fotografía estática sobre un determinado aspecto no momento da súa realización, un pequeno arco temporal pode ser suficiente para que a presenza do porcino se reduza de forma drástica nunha parroquia calquera. Do mesmo xeito, a idade e o valor destes animais será moito maior en datas próximas á matanza que algún tempo despois de que esta suceda, pois loxicamente, neste segundo caso o campesiño pode ter comezado de novo o proceso de cría con outros animais, evidentemente máis novos e con moito menos valor engadido.

En termos de presenza de animais podemos destacar un par de problemas nos rexistros. O primeiro deles, marcado polas diferenzas entre riqueza territorial e comercial que establecen os propios rexistros, afecta a unha parte da cabana como é a mular, empregada polos arrieiros nas súas actividades de transporte comercial. Como neste caso estariamos ante unha actividade comercial, o seu rexistro debería figurar naquela sección e non nesta da que estamos a falar agora, xa que constitúe os datos da rama territorial do patrimonio persoal dos contribuíntes. Cando desenvolvamos esta cuestión veremos as súas posibles implicacións. Con todo, a problemática que probablemente chama máis a atención entre as relacionadas coa presenza de animais é a ausencia de todo tipo de especies pequenas e de curral entre tódalas recollidas nos inventarios. En ningún caso existen referencias a galiñas ou coellos nunha soa das explotacións que poidamos analizar a partir dos datos atopados nesta investigación. Por suposto, non cabe a posibilidade de imaxinar que exista un mínimo de veracidade nisto, aínda que poidamos chegar a supoñer que xusto nos casos que nós analizamos se dese a enorme casualidade de que estes animais non estiveran presentes. Pero se volvemos a vista atrás cara os apeos de terras, na sección de rendas figuran veciños nos que se recolle algún pago na forma concreta de certa cantidade de ovos ou mesmo en galiñas e capóns propiamente ditos. Efectivamente, se a contribución se aplicaba sobre os produtos de cada veciño, os ovos e as galiñas, entendidos como tales, configúranse como unha fonte de riqueza que debería figurar en tanto en canto poden ser obxecto de comercio a cambio dos cales se pode obter un ingreso, por pequeno que este sexa. Son un produto tan válido como os cereais ou a herba, que si se recollen. Incluso nas táboas de prezos do modelo 1 podemos comprobar como figura o valor en reais de varias destas especies, algo que fai aínda máis difícil explicar o motivo polo que estes animais nunca figuran nos recontos. Como pouco, a propia fonte recolle que poden ser un método de pago para certas rendas ou partes das mesmas, o que faría necesario recoller as

[49] Cordero Torrón, X.; Dopico, F.; Rodríguez Galdo, Mª X. (1983).

aves coa súa valoración e a dos seus produtos, como se fai co resto dos animais presentes na explotación de cada veciño.

Este detalle lévanos a realizar algunha consideración máis sobre as carencias nesa valoración das rendas e ingresos que o campesiño pode obter de man dos animais que posúe e das actividades gandeiras, pois as aves e os seus produtos non son os únicos problemas e ausencias desa sección. Para empezar hai que dicir que así como nas terras se establecía a parte correspondente ao valor do produto, nos padróns gandeiros non acontece o mesmo. No seu lugar ofrécese a valoración bruta do animal, pero non necesariamente a dos seus froitos de xeito separado. Non soamente iso, pois peor aínda, eses artigos gandeiros nunca aparecen identificados neste tipo de rexistros. Se temos, por exemplo, un veciño cun certo número de ovellas, darase o valor das mesmas, pero non se identificará a súa produción de leite nin a de la, nin tampouco se dará o seu valor por separado. As excepcións a isto son moi escasas, e soamente no caso dalgunhas parroquias para as cales se conservou o resumo da riqueza (o modelo 3) se dan algunhas producións dun xeito específico, que ademais son sempre as mesmas: a la de ovellas e carneiros e os produtos obtidos das colmeas, é dicir, mel e cera, medidas en libras e cuartillos.

Outro produto que polo tanto é sistematicamente ignorado nos recontos é o esterco, tan importante para o abono das explotacións agrarias e polo tanto cun evidente valor produtivo. Estamos atados de pés e mans neste asunto, pois como o único que se amosa é un valor numéricos xeral dos animais, non podemos ir máis alá neste tema dos produtos que xeran. A cuestión aquí pivota arredor da interpretación que a contribución lle concede a este recurso agrogandeiro, pois tanto o esterco como a tracción animal son vistos como riqueza soamente cando se comercializan fóra da propia explotación. É dicir, estamos ante recursos que entran dentro dos capitais anticipados de produción, e polo tanto son unha fracción da parte alícuota que converte en netos os rendementos brutos das prácticas agraria.

Para pechar a sección, debemos apuntar que no caso do gando volvemos ter un problema semellante ao que se presentaba coas táboas de coeficientes de valoración no caso anterior, o dos apeos de terras. Coñecer o valor de certas especies é moi sinxelo, especialmente no caso das ovellas, as cabras e as colmeas, xa que ao non haber nestes casos ningunha referencia á idade dos animais, o valor total que se nos ofrece é unha certa cifra invariable multiplicada polo número de cabezas ou polo número de colmeas. Podemos calcular a valoración individual moi facilmente cunha simple división para desfacer esta operación realizada cando se elaborou o rexistro. É sinxelo porque unha ovella ou cabra adulta sempre presenta o mesmo valor con independencia da súa idade, dándose por regra xeral a metade para as crías. Os problemas de non ter esas táboas de valores completas comezan cando tratamos co gando maior e co porcino cuxo valor si oscila coa idade. Se esta non aparece de forma expresa, soamente se nos ofrece un valor variable que nos impide deducila en termos absolutos, de forma que soamente podemos saber que animais son máis novos e cales máis vellos, en termos relativos. Porén, non se atopou ningunha referencia a como valorar as diferentes categorías de, por exemplo, o gando vacún, en función desa idade, o que provoca como consecuencia que o dato da valoración teña pouca utilidade en bastantes ocasións. Un asunto que se pode complicar aínda máis cando certas cabezas de gando son valoradas xunto coas súas crías, o cal ocorre ata que estas últimas acadan certa idade, sen posibilidade de diferenciar entre os diferentes animais.

3.2.2.3. A riqueza territorial III: os apeos de edificios

Os inventarios de edificios son a seguinte información que nos ofrece a fonte por orde de aparición e no cadro 3.D pode observarse a súa relación de contidos. Con certa frecuencia,

os datos sobre as construcións presentes nunha parroquia realízanse da man dos padróns gandeiros, de tal forma que non é raro atopar ámbolos dous rexistros xuntos. Por outra banda, cando falamos de edificios dunha parroquia nos apeos hai que apuntar que o eixo central da organización dos mesmos é o inventariado das casas dos seus veciños, de modo que, aínda que segundo as directrices emitidas polas autoridades centrais da administración deberían figurar outras construcións como poidan ser os muíños, os almacéns ou os talleres presentes na parroquia (cando estes estiveran fóra das casas como edificio separado e non como dependencias da mesma), estes non o fan necesariamente. Polo tanto, o dato máis común que nos proporcionan estes inventarios de edificios é precisamente a relación existente entre cada un dos veciños e as súas casas (incluso pode citarse o lugar ou a aldea concreta onde se localiza), habendo individuos que poden chegar a ter máis dunha na parroquia, incluso en estado ruinoso, debendo figurar igualmente. Do mesmo xeito, se houbese forasteiros que residindo noutras parroquias tiveran casas na freguesía inventariada, tamén figurarían nesta sección, xeralmente despois de tódolos naturais e no apartado correspondente aos individuos foráneos, como era habitual en calquera dos recontos.

Cadro 3.D: tipoloxía dos datos contidos nos apeos de edificios.

- Relación de veciños e forasteiros con edificios na parroquia (fundamentalmente vivendas).
- Valoración do edificio (en función da idade e o estado de conservación).
- Tamaño, dependencias internas e externas (cociñas, fornos, adegas, cortellos, hórreos, currales…).
- Rendas que pesan sobre a vivenda (xeralmente asociadas ás terras).

Antes de continuar analizando os datos deste tipo de rexistros paga a pena destacar o feito de que os apeos de edificios tamén serven como unha relación de individuos de cara a coñecer o padróns dos veciños dunha parroquia. Son ata certo punto incluso máis fiables que os das listaxes de terras se temos en conta que o criterio de veciñanza coincide co de residencia no territorio na parroquia, de maneira que un veciño será todo aquel que teña nela a súa vivenda principal e, aínda que sexa anotado no rexistro como pobre ou caseteiro, esta última aparecerá igualmente. Non obstante, cando comparamos os inventarios de terras e edificios é posible atopar algunha pequena distorsión. Por exemplo, podemos atopar unha persoa que vive na parroquia e que polo tanto é veciño da mesma, pero que aparece no inventario de terras sen parcela algunha. Quizais pode deberse a que se trate dun xornaleiro sen terra ou a un pobre, a que toda a súa explotación se atope en parroquias próximas ou simplemente á omisión ou erro por parte dos peritos. Máis estraños resultan aínda os casos nos que un veciño figura como tal no inventario de terras, pero cando imos ao de vivendas resulta non estar presente. Este caso é raro porque de non ter vivenda na parroquia significaría que non cumpre o criterio de residir nela, o que ao mesmo tempo converte nun erro o feito de que figure como veciño no apeo de terras. A única solución a esta anomalía é que se trate dunha omisión cometida polos peritos, que ou ben non rexistraron a casa dun determinado veciño, ou ben colocaron como tal no reconto de terras a un individuo que realmente non o era e que polo tanto debería aparecer realmente entre os forasteiros. Este tipo de casos, con todo, son raros, pero poden saír á luz cando temos ambos apeos dispoñibles e podemos efectuar a comparación. Nunca aparecen variacións de máis dun ou dous veciños, o que reforza a idea de que o uso desas dúas listaxes resulta aceptable a falta doutros datos mellores, pero en realidade, estes problemas son unha mostra dos erros e omisións que se foron cometendo a medida que se realizaban os recontos da riqueza. Unha nova advertencia sobre a necesidade de tratar con moito coidado tódolos datos dispoñibles.

Volvendo ás informacións contidas nestes apeos, o segundo dato por importancia nos recontos de vivendas, máis alá da identificación do veciño a quen pertence, é o valor da vivenda en cuestión. Este aparece expresado en reais e nel inflúen varios factores, como son a antigüidade da construción ou o seu estado de conservación, o tamaño ou outros equipamentos que poida ter, tanto internos como externos, dos que non sempre se sinala a súa existencia no inventario. Este dato preséntase habitualmente como unha soa cifra numérica, pero tamén pode darse o caso de que aparezan varias se a vivenda conta ademais con outras dependencias, que tamén poden aparecer valoradas á marxe do resto. Tal é o caso de fornos, hórreos e adegas, documentados tamén nalgunhas parroquias e habitualmente valorados de xeito individual. Por outra banda, todos esoutros datos citados que fan variar o valor da vivenda poden aparecer nalgúns casos salpicando a súa descrición xeral, o que dá lugar a inventarios moito máis completos nuns casos que noutros, aspecto que depende, novamente, da entrega do individuo encargado de realizalo. Normalmente adoitase incluír como pouco o estado de conservación da vivenda, o seguinte dato se continuamos coa listaxe dos máis habituais. Así fálase de vivendas de primeira, segunda, terceira vida e así sucesivamente, indicando o número de xeracións familiares que pasaron por ela. Pero esta información sobre a idade da vivenda tamén pode simplificarse bastante, ata o punto de que nalgunhas parroquias se fala simplemente de vivendas novas, de mediano uso ou deterioradas. Realmente non se fan referencias a unha idade en concreto, pero aínda así o dato serve para facernos á idea de cales son as vivendas máis novas e máis antigas da parroquia en termos relativos, ou para poder indagar, de cara a estudos locais, sobre cales eran as familias que levaban máis tempo asentadas nun lugar determinado.

Os datos que completan a descrición do edificio son varios e aparecen totalmente ao azar en función da freguesía na que miremos. Con bastante frecuencia anótanse as dependencias máis importantes da vivenda, de maneira que dunha casa en concreto o encargado do inventario escribiu cousas como cociña, hórreo, curral, cuadra, forno, adega ou eira, en relación coa existencia desas estruturas dun xeito separado. Esta información sobre as dependencias trasládase, como vemos, tamén ao exterior da vivenda para indicar as máis importantes e o seu número. Outra das características que aparecen, xa con moita menos frecuencia é o tamaño, expresado a través da indicación das medidas de longo e ancho da casa en varas, como unha multiplicación desas dimensións (por exemplo "23x18") ou directamente en varas cadradas cunha soa cifra. O problema que se adoita presentar neste apartado ven dado polo feito de que habitualmente se nos dan medidas que parecen demasiado grandes para unha soa casa, o que leva a pensar que o que se mediu en realidade foi a parcela completa na que esta se atopa, podendo incluír en moitos casos unha eira, cuxa presenza se adoita indicar. En última instancia, logo de todos estes datos pode figurar así mesmo, a persoa propietaria da vivenda na que habitan o veciño e a súa familia, en cuxo caso entenderemos que se trata dunha casa cedida. A renda pola casa resulta ser un tema complexo xa que, de existir, figura normalmente coa que corresponde ás terras, como dixemos no apartado correspondente. Coñecer a parte da renda relativa á vivenda polo tanto non é posible na maioría das ocasións, pois nestes caso o contrato de cesión enténdese como un todo indivisible.

Ademais desta última que acabamos de apuntar, estes inventarios de edificios presentan outras problemáticas máis importantes. Para comezar, a esencia da propia denominación de inventario de edificios é ignorada en numerosas ocasións polos propios peritos que realizaron o apeo, non sabemos se consciente ou inconscientemente, pois todo o que dixemos ata agora identifícase máis ben cun inventario de vivendas, non sendo as casas, dende logo, os únicos edificios que existían no territorio dunha parroquia. Nesta sección deberían figurar outras construcións como os muíños, as ferrerías, as tendas, ou calquera outro edificio presente no

territorio. Todos eles terían un valor como construción con independencia de que xerasen réditos por actividades que entrarían dentro da rama industrial ou comercial, e como tal deberían aparecer recollidos aquí, pero non o fan. O feito de movernos en territorios eminentemente rurais podería limitar dende logo a existencia de estruturas importantes dedicadas a actividades fabrís ou comerciais, pero o argumento non resulta válido para explicar tódalas carencias existentes. De feito, ademais das vivendas, o rexistro doutros edificios redúcese de forma dramática e queda limitado case en exclusiva aos muíños, que aparecen anotados, con todo, en poucas parroquias, xeralmente coa súa valoración e, en ocasións, tamén o seu dono. Con menor frecuencia aparece aínda o edificio da Igrexa parroquial que, no caso de figurar, aparecerá xunto cos muíños ao final do reconto de edificios, despois das vivendas de tódolos veciños.

Os inventarios de vivendas tamén nos axudan a botar luz sobre un dos problemas que apuntabamos na sección da riqueza gandeira, que era a non representación e ausencia dos rexistros de toda especie de aves e animais pequenos. Outro dos aspectos que nos axuda a confirmar esta omisión constante é a presenza de currais en moitas das casas dos inventarios que manexamos nesta investigación, de modo que nos casos onde temos a sorte de atopar os inventarios gandeiros e os de edificios, podemos observar a incoherencia que se pon de manifesto cando se rexistra unha construción deste tipo en combinación cunha ausencia total de animais que se críen nela. De novo, o número de exemplos dispoñibles elimina a inxerencia das casualidades e das coincidencias. Podemos pensar que un curral poida estar baleiro nalgún caso, pero a constante reprodución desta situación lévanos a desconfiar necesariamente e a pensar no feito de que se está cometendo unha omisión no rexistro deste tipo de animais.

3.2.2.4. A riqueza territorial IV: os datos sobre poboación

Nos rexistros da riqueza, a información relativa ao aspecto demográfico pode ser obtida de diversos lugares. A medida que iamos analizando as posibilidades de estudo que nos ofrecen os materiais presentados ata o de agora relativos ás tres categorías da riqueza territorial foise comentando que estes fondos presentan en si mesmos un valor importante de cara ao estudo da poboación. Xa que a relación de terras, gando e edificios se realiza fundamentalmente por veciños, a mera consulta destes apeos proporciónanos un padrón dos mesmos para unha determinada parroquia, aínda que a súa calidade poida ser variable. Pero ademais de nos apeos e cadernos dos recontos, tamén existen datos da mesma natureza nos resumos de contribución das parroquias. Neles, ao aparecer rexistrados os veciños da freguesía coa valoración da súa riqueza ou coa parte correspondente que lles tocaría pagar en concepto de imposto (hai ocasión nas que tamén figura a ocupación), os datos poden ser empregados igualmente como un padrón do territorio, ás veces tamén dos forasteiros que tiñan bens no mesmo, incluídos os pobres, que poden aparecer sen cargas asignadas. Deste modo, tendo en conta todos estes documentos, podemos entrar a valorar cuestións importantes sobre niveis de vida, pois o que temos diante é unha relación dos bens e, en suma, da riqueza dos individuos, o que nos permite obter unha valiosa información sobre un amplo abano de temas. O feito de poder observar as parcelas, gandos e vivendas dos veciños dunha parroquia é en si mesmo unha información dun valor inestimable.

Porén, ocorre que en ocasións temos a sorte de que a información contida nestes apeos e cadernos vai incluso máis alá disto, falando en termos de información de natureza demográfica. Xeralmente asociados aos apeos de edificios, en moitos dos recontos deste tipo temos información que nos permite facer auténticos estudos familiares, pois dispoñemos de datos máis detallados sobre os individuos que viven nunha determinada casa (o esquema está

dispoñible no cadro 3.E). Familias e vivendas aparecen xeralmente relacionados as unhas coas outras, é dicir, que na maioría dos casos atopados, se temos unha listaxe dos edificios da parroquia, adoitamos ter tamén a información das persoas que viven en tódalas casas do seu termo. Porén, moi poucas veces acontece ao revés, pois se non hai datos de edificios, tampouco adoita haber informacións familiares detalladas. Estes dous rexistros foron realizados en conxunto moitas veces, de modo que cando se rexistraba a vivenda dun contribuínte tamén se anotaban tódolos compoñentes da súa familia, se ben é certo que como acontece tan frecuentemente, a calidade da información asociada volve ser variable. Se o lembramos, cando falabamos dos inventarios de edificios, indicamos que estes podían aparecer en conxunto cos padróns gandeiros, de maneira que, no mellor dos casos, podemos ter ante nós un reconto triplo no que figuran as tres seccións para cada veciño: o gando que aproveita, os edificios que posúe e explota e os datos das persoas que habitan con el. Dende logo, estas referencia familiares no apeo de edificios son moito máis interesantes que as presentes nos resumos da riqueza parroquial ou que as notas que do mesmo tema poidamos obter dos apeos das demais ramas da riqueza territorial, pois son moitos máis completas e precisas. En lugar de limitarse a un padrón de veciños e quizais de forasteiros o que temos agora ante nós é un auténtico censo dos habitantes da freguesía, fogar por fogar. Os datos de parentesco desta sección resulta, en fin, moi importantes de cara a desenvolver investigacións e estudos sobre a composición dos fogares ou sobre distintos modelos familiares, e os seus contidos máis destacados son os que figuran a continuación.

Cadro 3.E: tipoloxía dos datos contidos nos recontos familiares.

- Asociados aos apeos de edificios.
- Identificación dos cabezas de casa (nome e apelido, estado civil, idade e ocupación principal).
- Relación de persoas de cada fogar (parentesco co cabeza de casa e idade).
- Anotación dos membros do servizo doméstico (indicativo de criada/o, nome e idade).
- Anotación dos pobres da freguesía.

Cando atopamos información sobre as familias, nos rexistros inclúese como mínimo o nome de cada veciño, de novo como criterio básico organizador, a súa idade e as persoas que viven con el, coa relación de parentesco que exista entre eses individuos e o propio cabeza de casa. Normalmente, será soamente este último o que figure co seu nome propio e o apelido, mentres que o resto das entradas para os familiares aparecerán reflectidas como esposa, fillo ou filla, neto, nai ou o vínculo que corresponda. En moi poucas ocasións atopamos os nomes destoutros moradores, podendo entender, con todo, este dato de tipo onomástico que para os nosos obxectivos non pasa de mera curiosidade pois non nos ofrece ningunha posibilidade práctica, como un indicativo da animosidade do rexistrador que levou a cabo o reconto.

De xeito abundante atopamos tamén casos nos que a continuación dese indicativo de consanguinidade se sitúa a idade da persoa en cuestión, que no caso dos neonatos adoita expresarse cunha cifra en meses. A aparición deste dato resulta fundamental para un amplo abano de estudos demográficos, que son posibles sobre todo no nivel local das parroquias pola propia configuración da fonte que manexamos. Un manexo cuantitativo e serial desta información posibilita, por suposto, a superación dese ámbito cara outros maiores e máis amplos.

Ademais dos dous primeiros datos, nesta sección podemos atopar información sobre ocupacións profesionais ou oficios. A miúdo só dispoñible para o caso do cabeza de familia,

este dato pode estenderse a outros membros da unidade, caso da cónxuxe ou doutros homes xoves en idade adulta presentes na casa, sobre todo se desenvolven oficios diferentes ou están casados, tales como fillos que viven aínda no fogar dos pais. Na enorme maioría dos casos esa ocupación do cabeza de casa será definida como a de labrador, pero se en lugar desa fose outra, tamén figurará do mesmo xeito, polo que nalgunhas parroquias podemos identificar aos carpinteiros, ferreiros, profesores ou incluso ao cura párroco. Hai con todo unha excepción clara na que si aparece sempre indicada a ocupación ou o oficio dalgunha das persoas que viven nunha casa en tódolos casos: a daqueles que desenvolven tarefas do servizo doméstico. Estas persoas figuran tamén como membros da unidade familiar xa que conviven de feito dentro da vivenda aínda que non se unan aos demais membros con lazos de parentesco ou consanguinidade de ningunha clase. Deste xeito podemos observar que xunto a fillos e fillas, esposas ou sobriños hai tamén persoas ás que o reconto se refire como criados ou criadas, xeralmente tamén identificados.

As referencias á ocupación inclúen un derradeiro dato interesante de cara ao coñecemento dos grupos sociais presentes nunha determinada parroquia. Do mesmo xeito que se refiren ás actividades profesionais dos cabezas de familia fundamentalmente, e dos empregados do servizo doméstico que poidan estar presentes nunha vivenda, aquí pódense atopar referencias á presenza das persoas sen recursos nese territorio concreto. Como lembraremos, tal e como se establecía na instrución para a cobranza da contribución do 1 de xullo, entre as súas disposicións estaba contemplada a obrigatoriedade de rexistrar entre os veciños as persoas que non contribuían (artigo 18º), unha medida que debía ser explícita polo funcionamento do propio sistema, no sentido de que se o imposto se aplicaba sobre os produtos das diversas fontes da riqueza, aqueles individuos pobres da parroquia non figurarían nos rexistros, así que se o que se pretendía era dar conta deles igualmente, as instrucións deberían ser claras ao respecto. Por este motivo, naqueles lugares onde as relacións de habitantes son completas e están correctamente elaboradas, atopámonos con persoas cuxas ocupacións se refiren realmente á carencia de ingresos, de forma que se realizan anotacións como pobre de solemnidade, pobre mendicante, ou simplemente pobre, sen máis detalles. Tamén é aquí onde podemos localizar aos caseteiros e caseteiras, frecuentemente rexistrados mediante eses mesmos termos nos recontos. Esta característica da fonte dálle un valor engadido pese a que os rexistros de pobres sexan escasos, modestos e poidan conter algúns erros, pois como é ben sabido estes individuos deixaron pouca documentación, o que dificulta considerablemente o seu estudo, que de debe ser abordado de xeito sistemático a través de vías indirectas[50].

Por suposto, existe a posibilidade de deducir en certo modo a presenza destas persoas sen recursos nunha determinada parroquia pese a non dispoñer dos datos familiares, por exemplo, a partir da observación dos diferentes rexistros da riqueza territorial. Con certa frecuencia atopamos veciños rexistrados nos inventarios de terras coa súa respectiva sección completamente valeira ou soamente cunha cantidade de terra tan cativa que resulta evidente que os seus produtos son claramente insuficientes para a subsistencia. Este tipo de persoas poden ser interpretadas como pobres, aínda que carecemos dunha seguridade que nos leve a afirmalo con certeza se non hai referencias explícitas a ese estatus, pois en ocasións estamos diante dun xornaleiro. Os motivos son os xa presentados nos casos anteriores, que derivaban da forma de dar conta dos bens dunha persoa por parroquias, de tal forma que non podemos saber en moitos casos se unha persoa presenta fontes de ingresos noutros lugares próximos ao seu fogar pero fóra da súa freguesía de residencia. As omisións que poden cometerse nos inventarios en xeral, así como as carencias que presentan os inventarios concretos de riqueza

[50] Vaquero Lastres, B. Mª. (1989), p. 96.

industrial e comercial que veremos no seguinte subapartado, tampouco axudan a este respecto, pero está claro que a ausencia de bens rexistrados pode ser un indicativo da pobreza dun veciño. Por outra banda, tamén hai que ter en conta que do que aquí se fala é da pobreza fiscal. A realidade é que pese a que os rexistros contemplaban esa situación de veciños que non posuían ingresos e que polo tanto non contribuían con cota algunha, a existencia de persoas sen ningún recurso computable sería realmente algo moi estraño. A presenza de montes veciñais en moitas comunidades, dos cales se beneficiaban tódolos seus membros, evitarían esa situación de indefensión absoluta que a fonte reflicte, pois garantían a estas persoas certos recursos mínimos. Esta cuestión estaría relacionada cun problema relativo á aplicación da idea da contribución individual sobre os montes comunais, da que en todo caso falaremos chegado o momento.

Finalmente, como derradeiro dato importante nestes recontos familiares temos aquel que se refire ao estado civil das persoas rexistradas. Ás veces aparece de forma explícita a referencia á viuvez ou ao celibato xunto a ocupación, a idade ou a relación de parentesco da persoa en cuestión co cabeza de familia do que se realizan os inventarios. Este dato do estado civil non sempre figura nos rexistros, pero hai casos nos que este pode ser facilmente deducido, aínda que a certeza depende da situación individual de cada persoa e especialmente do completos que sexan o resto dos datos que se nos dean sobre ela. Esa dedución pode ser realizada de maneira indirecta por varias vías bastante simples: como resulta lóxico, a presenza de fillos ou netos no fogar é o indicativo máis evidente. Se por exemplo atopamos rexistrado a un home con fillos nun reconto no que non figura unha muller que cumpra o papel de nai ou esposa, sabemos case con total seguridade que estamos diante dun home viúvo. Este caso é máis complicado no caso das mulleres, xa que se vemos a unha en compañía de fillos pero sen figurar o seu estado civil, é probable que esteamos ante unha muller viúva, pero nunca saberemos con total seguridade que esa muller non tivo fillos como solteira. No caso de que non haxa fillos, levar a cabo a dedución do estado civil cando este non aparece escrito é moito máis complicado ou directamente imposible, pois nunca saberemos a ciencia certa se estamos a falar de solteiros que aínda non formaron unha familia ou de persoas que enviuvaron sen chegar a ter fillos, especialmente cando se dá o caso concreto de observar a unha persoa relativamente nova que ten idade de estar a cabalo entre ámbalas dúas posibilidades. Porén, á marxe destes inconvenientes, este dato é tamén moi revelador de cara a coñecer por exemplo as taxas de matrimonios ou elaborar estudos relacionados co celibato definitivo.

Os datos de poboación que podemos obter directa ou indirectamente a partir das diferentes seccións que configuran os diferentes rexistros da nosa fonte presentan así mesmo algúns problemas específicos sobre os que hai que chamar a atención. O primeiro deles é consubstancial á forma na que os datos aparecen recollidos dende o punto de vista espacial. A organización en parroquias dos rexistros, que presentaba algunhas vantaxes e inconvenientes noutras seccións ten tamén aquí o seu correlato, de xeito que se potencian algunhas posibilidades de estudo e se limitan outras. *A priori* debemos destacar a idea de que a parroquia non é, a lo menos no caso da España atlántica, a unidade básica de poboamento, pois esta función cúmprea nestes territorios a entidade aldeá. Organizadas dentro do marco territorial consuetudinario que son as parroquias, as aldeas son os pequenos e múltiples núcleos de poboación que constitúen esas unidades elementais do hábitat[51]. Tal e como teñen sinalado algúns autores, coñecer o número de habitantes dunha parroquia ou dunha freguesía pouco ou nada nos aporta sobre a organización dos mesmos sobre o territorio. Na nosa fonte,

[51] Precedo Ledo, A. e Gallego Priego, M. (2001), p. 14-15.

que se cingue perfectamente a estas observacións, non sempre temos a sorte de atopar a referencia á aldea ou ao lugar de residencia dunha persoa, dato que no caso de aparecer adoita facelo nos rexistros de edificios, como se o que se pretendera fora dar unha dirección aproximada da vivenda do contribuínte. Cando dicimos aldea ou lugar, referímonos tamén ao feito, igualmente salientado noutras investigacións, de que estas denominacións a miúdo se solapan sen criterio aparente, e que a miúdo as referencias a aldeas, lugares ou casais se empregan indistintamente nun barullo terminolóxico para referirse a un número reducido pero as máis das veces indeterminado de casas[52]. O estudo do hábitat polo tanto, preséntase complicado dende estes fondos, aspecto que por outra parte se converte nunha característica propia de moitas outras fontes fiscais.

En canto aos datos que nos dan pé a configurar un padrón de veciños da parroquia, pese a ser moi útiles, debemos pensar en todo momento en que non nos permiten coñecer exactamente ás persoas que viven na parroquia, pois traballamos soamente con veciños e fogares e non con habitantes propiamente ditos. O uso de sistemas de conversión para conseguir calcular dun xeito razoable cantos habitantes vivían nunha parroquia en concreto presenta un problema, pois o resultado será soamente aproximado xa que se basea en medias de persoas que poden habitar unha casa. Estes coeficientes, con todo, poden ser elaborados por nós mesmos a partir dos datos dispoñibles nos censos familiares doutros lugares nesta mesma fonte e que si están completos. Precisamente, eses datos sobre familias que aparecen asociados aos apeos de edificios eliminan en boa medida este problema xa que, pese a poder cometerse neles erros ou omisións, son moito máis precisos en canto ao número de habitantes das parroquias, xa non os veciños. Pese a isto, tampouco podemos dar os seus datos por totalmente certos e pasar por alto a existencia de certos problemas presentes no seu interior, motivo polo cal debemos ter moito coidado ao manexar a información que nos proporcionan cando apuntamos unha posibilidade concreta de estudo nas páxinas previas, por varios motivos. Como pasa moitas veces cando analizamos este tipo de rexistros, as fontes presentan unha descrición concreta, pero ocorre que as cousas que quedan fóra dela son moitas veces igual de importantes e implican poderosos matices á información, de tal forma que non deben ser pasados por alto. Isto é o resultado dos usos que facemos da propia fonte, diferentes en moitos casos dos obxectivos para os que foi concibida.

Por exemplo, debemos ter en conta que o que os recontos familiares nos ofrecen é información sobre os individuos vivos cun marcado carácter estático. Se chamamos a atención sobre isto é precisamente para que se valore que, obviamente, non hai forma de detectar aspectos relacionados por exemplo coa mortalidade, á marxe de anotacións relacionadas coa situación de atoparmos a unha persoa viúva. Calquera cálculo que efectuemos e que deba ter en conta esta realidade debe ser manexado con coidado. Podemos detectar ou intuír, por exemplo, a existencia dun episodio de segundas nupcias entre dúas persoas cunha diferenza de idade acusada, pero non hai forma de saber nada sobre o primeiro cónxuxe, ou canto tempo leva viúva unha persoa, un detalle que complica máis aínda algunhas análises nas que se interpón a mortalidade infantil, máis elevada que a mortalidade xeral, como ben sabemos. Se temos os datos dunha familia no momento no que se introduciu o novo sistema de Facenda, non podemos saber detalle algún sobre os fillos dunha parella en momentos anteriores, en concreto se algún deles faleceu. Cuestións como o número de fillos por muller ou os intervalos xenésicos entre fillos deben ser tratadas con cautela por este motivo, pois non hai forma de saber se entre dous nacementos separados no tempo varios anos, houbo outro fillo nacido que quizais xa non vivía cando a información dos recontos foi recollida. Por este

[52] Saavedra, P. (1997), pp. 173-177.

mesmo motivo, en función da idade das nais, ás veces tampouco podemos estar seguros de se o fillo máis novo dun matrimonio é realmente o primoxénito ou se pola contra houbo algún máis antes.

Todos estes exemplos pretenden chamar a atención sobre a realidade de que os recontos de persoas ofrecen unha fotografía das unidades familiares nun momento moi concreto, co cal perdemos un compoñente esencial da súa evolución na longa duración, pois non esquezamos que de feito, a familia é unha entidade que cambia co tempo. Deste xeito, en ocasións pode ser mellor non aventurarse a sacar conclusións precipitadas sobre certos datos que puideron experimentar variacións por mor dos avatares da vida e do tempo de forma incerta, sometidos ás pautas xerais da mortalidade nun determinado contexto demográfico. Todo isto, unido a posibles defectos contidos nos propios rexistros cando foron recollidos, provoca que algunhas das conclusións obtidas sexan aproximadas en moitos casos. Debemos ter en conta polo tanto as limitacións derivadas de tratar cunha fonte catastral, pois como xa indicaron algúns estudos, non se debe confundir a fotografía estática que unha fonte deste tipo nos pode dar sobre un grupo de poboación coa posibilidade de determinar regras, estratexias ou comportamentos matrimoniais ou familiares. Ademais, como a natureza fiscal da fonte tende a individualizar os grupos familiares pechados sobre si mesmos no seu fogar, prímase o criterio de residencia a cambio de perder o compoñente de horizontalidade das relacións entre os distintos fogares. Deste xeito, resulta imposible observar lazos afectivos ou de parentesco entre diversas familias dunha mesma área, así como as importantes relacións e dinámicas comunitarias que tamén eran fundamentais, pois impoñían pautas de convivencia de grupos que non podían ser ignoradas e que chegaban a ser tan importantes como as que puideran existir de portas cara dentro da propia familia[53].

Por outra banda, os datos relativos a ocupacións profesionais e traballos desenvolvidos tamén presentan inconvenientes debido a que poden facer que vexamos a situación dun xeito un tanto reducionista. Cando un rexistro se refire a un veciño co termo de labrego ou labrador, o que temos aquí é a ocupación principal, pero a realidade que se plasma é a dunha persoa que desenvolve única e exclusivamente unha serie de tarefas relacionadas co mundo agrícola e gandeiro, e isto é lóxico ata certo punto, pois efectivamente esas serían as actividades que levaría a cabo con maior frecuencia. Porén, esta visión tan cuadriculada dos labores do campesiño deixa de lado toda unha serie de actividades complementarias que moitos individuos desenvolverían, especialmente en certos momentos do ano nos que os traballos agrícolas son menos esixentes e polas que recibirían unha serie de ingresos que deberían estar recollidos nas seccións correspondentes a outras ramas de riqueza. Os datos sobre ocupacións e oficios son así, en parte, outra mostra das carencias que presentan os apartados de reconto tanto da riqueza industrial como comercial que serán abordadas na seguinte sección. Peor aínda, os apuntamentos sobre ocupacións amosan de forma maioritaria, como indicamos, o traballo do cabeza de casa, algo que tamén presenta problemas que se deducen facilmente: non hai rastro do resto do traballo familiar en boa medida, e de feito merece a pena chamar a atención sobre a ocultación que sofre o traballo feminino en concreto, que figura en contadas excepcións. Dos poucos casos nos que ese traballo das mulleres aparece recollido é cando estamos ante unha viúva, de forma que poderemos ver o seu oficio. Non obstante, tampouco resulta estraño que, debendo figurar esa ocupación, esta sexa obviada e simplemente se nos proporcione o estado civil, aínda que tamén pode suceder que se a muller, pola falta de casamento ou por ter enviuvado quedou nunha situación precaria, na ocupación figuren tamén os termos de caseteira ou pobre.

[53] Dubert García, I. (1992), pp. 17-18 e 362-363; Saavedra, P. (1994), pp. 106-110 e 122; (1995a), p. 126.

Por último, habería que referirse a unha cuestión importante relacionada cos datos presentes neses recontos familiares e que nos leva a formularnos unha dúbida arredor da súa propia existencia, pois realmente esta non está xustificada por completo dende o punto de vista da información que se ofrece e, máis importante, do que se buscaba ao elaborar os rexistros. Atendendo estritamente aos mandados da administración da Facenda, á hora de cobrar un imposto como a contribución xeral non hai disposicións de ningún tipo que nos leven a supoñer que era obrigatorio recoller os compoñentes familiares como un produto da riqueza territorial, pois as persoas non poden ser reducidas a un valor como se estiveramos a falar dun froito da terra, do gando, ou de calquera outra renda que unha persoa recibe. Os propios modelos emitidos pola administración central de Facenda pola vía dunha R.O. para a elaboración dos cadernos da riqueza non contemplan nada semellante en canto aos datos familiares. E aínda máis, incluso a nivel lexislativo se demostra facilmente que o volume da contribución xeral a pagar non variaba nin contemplaba ningún eximente en función do número de fillos, aspecto que se recoñecía directamente nun comunicado do 9 de decembro de 1817[54]. Tampouco era necesario realizar unha recollida de datos coa profundidade coa que esta se leva a cabo en ocasións, pois algúns deles como o estado civil, o oficio desenvolvido e sobre todo a idade, non parecen moi relevantes á hora de calcular o imposto que un veciño concreto debería pagar, máis alá de identificar a renda que se percibira por desenvolver o oficio en cuestión.

A existencia deste tipo de informacións nos recontos debe explicarse polo tanto a través doutros motivos. A razón para explicar a anotación dos oficios pode ser bastante simple: quizais esa información era unha simple forma que empregaban os rexistradores para saber se había outras fontes de ingresos na unidade familiar, de natureza non agraria sobre as que indagar. En canto aos outros datos, tal vez algúns encargados puideron pensar que para aplicar o principio das partes alícuotas o número de persoas da unidade familiar tamén era fundamental, pois efectivamente, podería ser así. Dende logo, unha familia maior tería máis man de obra dispoñible, o que permitiría o mantemento dunha explotación maior e polo tanto un maior produto dispoñible sobre o que aplicar o imposto. Porén, debido precisamente a estar composta por máis persoas que manter, a cota de desconto sería maior, o que finalmente significaría a redución do beneficio restante ao final do proceso produtivo. En canto á idade, está claro que á hora de realizar descontos para calcular o beneficio neto da explotación, se o criterio de mantemento dunha familia era aplicable, os adultos consumirían máis que os nenos, do mesmo modo que os vellos aportarían menos traballo que os mozos. Sobre un produto determinado, o custo de manutención de, por exemplo, tres adultos, non era o mesmo que o de un adulto e dous nenos. Dende este punto de vista, todas estas informacións poderían ter un uso de cara ao cálculo da contribución e, no caso de seren necesarias nalgún momento, era mellor recollelas canto antes. A cuestión é que, en realidade, estes razoamentos que presentamos son exemplos que levan ao extremo os principios do tributo, o que levaría a unha situación na que os peritos deberían afondar nun nivel de detalle moi importante respecto do cálculo das partes alícuotas, e que por iso mesmo obrigaría a ir casa por casa calculando as porcentaxes de consumo de cada familia, dando lugar a unha tarefa tan complexa como de imposible execución cos medios da época e o tempo dispoñible. Por suposto, nada diso se levou a cabo, e xa sabemos que se o nivel de detalle mínimo non se respectou en aspectos máis importantes relacionado cos ramos da riqueza territorial, nada semellante cabe esperar neste outro campo.

[54] López Juana Pinilla, J. (1848), op. cit., vol. VI, p. 145.

3.2.2.5. A riqueza industrial e comercial. Os grandes esquecidos

Con todo o dito ata o de agora completamos a parte da fonte relativa aos recontos da riqueza territorial, que incluía pasar revista ás terras, gando e edificios que posuíra e explotara cada contribuínte nunha parroquia concreta. Ademais, como información adicional e para o beneficio investigador, houbo rexistradores que recolleron os datos das persoas presentes en cada fogar cando rexistraron os datos das vivendas. Os recontos da riqueza estaban aínda incompletos, porén, con estes datos. Restaban outras dúas categorías da riqueza que os completaban, en tanto en canto calquera persoa podía recibir algún ingreso procedente de actividades á marxe daquela riqueza territorial, pese a ser claramente a rama central e máis importante sobre a que se aplicaría a contribución xeral. Como xa quedou indicado cando presentamos a estrutura dos recontos da riqueza, estamos a falar dos beneficios percibidos por actividades de natureza industrial e comercial. Na primeira destas ramas entraban, lembremos, os ingresos procedentes da pesca, xornaleiros, actividades fabrís e artesanais ademais das rendas obtidas polo desenvolvemento das chamadas profesións liberais; na segunda, todo o relacionado coa comercialización de produtos e as rendas procedentes de oficios comerciais como tendeiros, arrieiros, así como tamén do comercio marítimo, isto é, patróns de embarcacións e os seus mariñeiros. Esta teoría, porén, era completamente pasada por alto en moitas ocasións por culpa de varios problemas que veremos un pouco máis adiante neste mesmo apartado, o que daba lugar, con moita frecuencia, a que os datos destas fontes de riqueza fosen simplemente ignorados. Presentaremos os datos dispoñibles e as súas posibilidades antes de abordar as dificultades ás que debemos enfrontarnos cando tratamos con eles, e se o facemos en conxunto para as dúas fontes de riqueza é porque as súas problemáticas son similares.

Os recontos que atopamos nos fondos sobre ámbolos dous ramos distan moito de ser adecuados e completos. Un primeiro achegamento a esta realidade témolo nas informacións xa citadas sobre familias, onde a anotación da ocupación do cabeza de familia e quizais dalgún outro dos membros do grupo nos pode proporcionar un indicativo do desenvolvemento dunha das actividades que agora perseguimos. Pese a que podemos obter noticia destas actividades por esta vía, o certo é que os rexistros de riqueza comercial e industrial, porén, son distintos e deberían funcionar de xeito máis específico. Para comezar, cabería esperar quizais que moitos dos individuos que se ocuparían nos oficios e actividades propias de artesáns, comerciantes e profesións liberais se concentraran no entorno das vilas máis importantes e nos maiores núcleos de poboación, pero a segmentación das fontes debido á perda de moitos dos seus fondos non nos permite comprobar esta afirmación. Pese a ter rexistros pertencentes a tres deses núcleos na antiga provincia de Betanzos, soamente en Pontedeume atopamos algún vestixio do inventariado desas fontes de riqueza industrial e comercial. Os fondos con referencias ás mesmas redúcense a apenas tres documentos, sendo un deles unha serie de anotacións destinadas a corrixir os erros cometidos nun dos repartimentos realizados en 1818, do que tamén dispoñemos[55]. Se cambiamos de provincia, nada en absoluto podemos saber da cidade da Coruña, posto que nesta localidade rexerían os dereitos de portas cuxas pautas, como lembraremos, non foron sequera establecidas nos momentos iniciais do antedito sistema.

Centrándonos nos documentos da vila eumesa, atopámonos coa cuestión do escaso nivel de detalle que presentan, o que nos impide afondar a miúdo en actividades concretas. Nun deles aparecen sumadas tódalas percepcións e valores das rendas, incluíndo tódalas fontes de riqueza sen diferencialas, sendo ás veces as referencias ás actividades desenvolvidas simples

[55] AMP, c. 140, l. 1, a. 3.

alusións xenéricas como industrias, emolumentos ou utilidades, sen afondar máis nas funcións ou detalles concretos. Porén, aínda que non poidamos entrar en cuestións de valoracións de salarios ou rendas percibidas, a información contida ofrece a posibilidade de estudar certos aspectos comerciais da vila, tales como tendas ou almacéns, ou certos oficios dentro da riqueza industrial. Non dende un punto de vista monetario que nos permita estudar o seu auténtico volume e valor, pero si dende a óptica da súa presenza. Podemos realizar un estudo local sobre algunhas das actividades comerciais ou artesanais da vila, cantas persoas se dedicaban a elas, posuían tendas ou desempeñaban algúns oficios. A valoración dos beneficios percibidos, pese a estar expresada en termos totais, pode ser útil igualmente xa que permite realizar un estudo local sobre niveis de ingresos, o que á súa vez redunda na posibilidade de analizar cuestión relacionadas cos niveis de vida. No segundo dos rexistros que temos para a vila de Pontedeume, as cantidades aparecen separadas por ramas económicas, pero desta volta son as categorías as que aparecen referidas con fórmulas xenéricas e demasiado globais que impiden diferenciar actividades concretas en moitos casos. Tódolos ingresos por actividades industriais entran na categoría de "fábricas, pesca, profesores de ciencias, empleados de la curia con dotaciones y sueldos, oficios y artes mecánicas", mentres que as correspondentes ao comercio caen dentro da clasificación chamada "comercio por mayor y menor, navegación y arriería". Estes documentos serán abordados brevemente máis adiante.

Estas son as principais referencias explícitas que atopamos das fontes de riqueza de tipo industrial e comercial no transcurso da nosa investigación, e as anteditas son algunhas das súas posibilidades de estudo dacordo á forma na que os datos aparecen recollidos. Como vemos non son demasiadas, pero a cuestión é que fóra desta vila a situación tórnase aínda peor, o cal nos permite enlazar coa sección dos problemas específicos destas seccións dos recontos. Nos apeos das parroquias rurais, moitas veces non aparecen nos rexistros como resultado da habitual fragmentación das operacións de reconto en varias fases, porque o que temos realmente ate nós son simplemente, por exemplo, os cálculos da riqueza territorial. Pero hai lugares nos que, en presenza de recontos da riqueza máis completos, si se fai referencia a elas, en cuxo caso o resultado máis frecuente é o de negar a existencia de tales fontes de ingresos e seguir adiante sen deterse en absoluto. A miúdo, unha breve referencia cunha mensaxe como "non existen actividades deste tipo nesta parroquia" é suficiente para seguir adiante ignorando completamente as ocupacións e actividades que caen dentro da riqueza industrial e comercial. É por iso que na maioría das ocasións a riqueza xeral dunha freguesía remata por coincidir soamente coa súa riqueza territorial, o que nos leva a pensar nunha mestura de ocultación por parte dos veciños e especialmente de desidia por parte dos rexistradores á hora de tratar de explicar as evidentes ausencias. Os primeiros porque soamente declaran a actividade principal, que sería a de labrador, e os segundos, porque probablemente non se molestaran en seguir afondando por esa vía das ocupacións. Probablemente tamén teña que ver neste feito a dificultade das operacións, tal e como as indicamos ao falar da configuración dos cadernos de riqueza. Aínda que os coeficientes necesarios estiveran realizados, e xa sabemos que en certos aspectos especialmente complexos precisamente destas ramas non foi así, as dificultades derivadas dos abstractos e complexos conceptos que se incluirían nos descontos das partes alícuotas non serían un aliciente para a realización dunha tarefa tan complicada.

Máis alá deste último apunte era de esperar que en ocasións houbera problemas á hora de diferenciar unha rama da outra, pois algunhas cuestións non sempre estaban claras, ofrecían dúbidas ou mesmo dependían dunha certa interpretación subxectiva que facía que a fronteira entre o industrial e o comercial non sempre fora clara segundo o punto do proceso produtivo

no que nos atopásemos. Sendo rigorosos e seguindo a definición de ámbalas dúas fontes da riqueza, algunhas cousas estaban fóra de toda dúbida. O pago que recibía un asalariado ou aquel que desenvolvía unha profesión liberal entraban na riqueza industrial, mentres que os beneficios dun comerciante formaban parte da comercial. O problema aparecería nos casos, por exemplo, de oficios artesanais cunha clara vocación comercial, pois se ben era certo que as rendas obtidas a partir do exercicio destes oficios caía dentro da riqueza industrial, no momento no que os produtos fabricados se comercializaran, poderíase entender que pasarían a ser riqueza comercial se atendemos estritamente á definición de ámbalas dúas ramas. Este era un problema engadido que complicaría máis aínda o labor dos encargados de tomar nota dos ingresos de tódalas persoas, e moi probablemente, existirían casos particulares que requiriría unha análise máis detida e que suporían novos e constantes contratempos polas dúbidas que xerarían. Como resultado, era moito máis sinxelo, por suposto, afirmar que tales fontes de riqueza non existían na parroquia e centrarse no inventariado de bens inmobles e gando, traballo en principio moito máis sinxelo pese ás dificultades adicionais causadas polos temas de valoración e determinación dos rendementos e calidades. Esta determinación, como resulta evidente, axudaría ao mesmo tempo a encubrir a posible ocultación que se dera entre os veciños.

A ausencia destas actividades de natureza industrial e comercial ten importantes consecuencias que se estenden aos demais apartados dos rexistros de riqueza e dan pé a que observemos unha realidade alterada e incompleta. Negar de entrada a existencia de ingresos deste tipo nas parroquias implicaba contradicións e problemas incluso arredor dos rexistros das outras ramas de riqueza, algúns dos cales pódense intuír facilmente. O razoamento que acabamos de facer podería ser o responsable, por exemplo, de que na información dos oficios que figura nos datos familiares soamente se recolla a ocupación principal, e non outras de tipo artesanal, secundarias e complementarias que entrarían dentro da riqueza industrial. Non ten sentido que nun lugar non haxa actividades comerciais ou industriais e logo, cando acudimos á información de ocupacións nos rexistros de poboación, comprobemos como nese mesmo lugar atopamos carpinteiros, ferreiros ou taberneiros. Por outra banda, a falta de recontos de riqueza industrial podería ser a responsable, en parte, da ausencia en moitos casos doutras construcións que non fosen vivendas no apartado de apeo de edificios. Se polo motivo que fose se ocultaban, porque se pasaban por alto, estas actividades ou non se rexistraban, é lóxico pensar que os edificios nos que estas actividades teñen lugar tampouco apareceran. Pode acontecer que eses mesmos carpinteiros, ferreiros e taberneiros desenvolveran o seu oficio nunha parte da súa casa preparada a tales efectos, pero o certo é que nunca atopamos unha soa referencia a un taller ou a unha taberna en todos cantos rexistros atopamos. Peor é cando o que non figura nos recontos correspondentes non é xa o edificio onde unha persoa leva a cabo esa actividade, senón tampouco as rendas obtidas polo seu desenvolvemento. Neste caso, a contradición tamén é obvia, pois estamos ante persoas que desenvolven certos oficios, segundo podemos ver nos rexistros familiares con datos de ocupacións, que non obteñen ningún ingreso nin beneficio a cambio de facelo. Pode suceder por último a contradición inversa, que consiste en que tendo rexistrado o edificio no rexistro correspondente, non haxa ninguén na parroquia que desenvolva o oficio que se desenvolve nel, algo que é moi común para o caso dos muíños. Estes problemas serán tratados máis detidamente nunha sección destes mesmo capítulo na que se desenvolverá a análise sobre as ocupacións da poboación vistas a través destes fondos.

Por extensión do antedito, a carencia deste tipo de rexistros contamina a visión que podemos ter das actividades económicas desenvolvidas polo campesiñado en moitos dos territorios analizados. Os datos atopados, en consecuencia, non amosan en absoluto a imaxe

polivalente do campesiño galego que autores como Aurora Artiaga e Ángel Fernández puxeron de manifesto hai agora dúas décadas, realizando eles mesmos un compendio de estudos que por aquel entón xa compartían esta postura e chamaban a atención sobre este fenómeno[56]. No seu lugar, as actividades do grupo campesiño redúcense case exclusivamente á agricultura e á gandería se nos remitimos á información que nos ofrecen os rexistros, na liña do comentado cando falamos dos oficios na sección anterior. Como resultado lóxico, a contribución gravaría aínda dunha forma moito máis estreita as actividades agrogandeiras, mentres que sería de esperar que as de tipo comercial e industrial quedasen máis liberadas, dados tódolos problemas arredor do seu rexistro.

Por outra banda, as carencias dos rexistros de actividades comerciais saltan á vista incluso cando observamos os produtos das terras. Chama a atención poderosamente o que acontece, por exemplo, no caso do cultivo de parras e vides. En moitas ocasións pode observarse unha clara actividade vinícola que seguramente estaría destinada, a lo menos en parte, á comercialización, pero as valoracións miran soamente cara o produto que certas terras proporcionarían, sen afondar máis nesta cuestión. Así, non hai rastro do que acontece finalmente co viño, se por exemplo foi comercializado cun valor engadido, o que suporía unha nova fonte de riqueza que debería aparecer precisamente na rama comercial. Esta actividade non aparece reflectida en ningún caso, nin sequera no daqueles propietarios que teñen unha produción tan enorme que resulta difícil pensar que sería dedicada soamente ao simple autoabastecemento. Outro tanto podería dicirse do gando se lembramos por exemplo o caso das ovellas ao falar dos apeos correspondentes, pois topámonos co feito de que, independentemente do tamaño dos rabaños e a pesares de atopar indicadoras de prezos para a la, ningún veciño comercializa unha parte do produto obtido segundo os rexistros, o cal supón sen dúbida unha nova contradición. Estes exemplos deixan ver claramente como polo xeral, os rexistros de actividades comerciais e industriais pasan por alto de xeito sistemático as actividades complementarias desenvoltas polas familias campesiñas, e menosprezan ou simplemente ignoran por completo a capacidade das explotacións labregas para acceder ao mercado.

Ao final, temos que ver todas estas carencias como o que realmente son. Ante nós aparecen novas mostras de omisións nos recontos, que se ben é certo que poden ser froito de meros erros cometidos polos rexistradores, a súa repetición lévanos a pensar que tamén poden ser ausencias interesadas que polo tanto se relacionarían con mecanismos de conflitividade e ocultación que veremos en próximos capítulos. Ademais, estas carencias son novas mostras do mal funcionamento dos inventarios da riqueza, con problemáticas que estaban na base dos propios rexistros, entre algúns dos seus principios máis fundamentais, e que a estas alturas xa resultan patentes por completo. Porén, os problemas que ofrece a fonte e sobre os que merece a pena chamar a atención están lonxe de rematar aquí. Deste xeito, no seguinte apartado tratamos unha serie de contratempos xerais aos que debemos facer fronte, relacionados non soamente co funcionamento do sistema senón co uso que nós facemos da documentación como fonte histórica e en relación ao tratamento dos datos que nos ofrece. Xa non se trata de cuestións específicas que afectan a un tipo de rexistro determinado, senón a todos eles en conxunto, sen importar o tipo de información que recollan.

3.2.3. Problemas xerais da fonte

Entramos agora na sección na que tratamos as problemáticas xerais que afectan a estes fondos de apeos e cadernos da riqueza. Aquí serán incluídas cuestións que poden estar

[56] Artiaga Rego, A. e Fernández González, A. (1997).

relacionadas en certo modo con algúns dos problemas específicos que foron destacados en cada unha das tipoloxías, pero que son en realidade máis xenéricas e polo tanto afectan a tódolos rexistros, ou a lo menos a varios deles. Algúns dos aspectos abordados a continuación sairán da expresión e da suma de varios dos contratempos específicos, e por iso algúns poden soar familiares, mentres que outros, pola contra, son novos. Inconvenientes que son o suficientemente xenéricos como para ser analizados dende unha óptica común con independencia da temática da que esteamos a falar ou do rexistro no que nos atopemos. Referímonos por exemplo a cuestións de conservación de fondos, fiabilidade xeral dos datos e aspectos arredor da cobertura xeográfica que ofrecen, arbitrariedade na súa recollida ou detalles que nos levan a pensar ata que punto os rexistros están completos nas diferentes partidas de información analizadas.

Comezaremos por aqueles problemas relacionados con cuestións de forma, é dicir, cos aspectos relacionados con como atopamos a información cando analizamos esta fonte en particular. Á marxe do tipo de apeo ou reconto que esteamos analizando, debemos lembrar que cara mediados de febreiro de 1818, a administración central emitiu unha serie de modelos que pretendían servir como pauta e clarificar o proceso de elaboración deses inventarios, resumos e posteriores tarefas que debían finalizar na consecución dunha estatística xeral sobre a riqueza dos habitantes de todo o Estado. A primeira cuestión importante a este respecto e un dos nosos principais problemas radica no feito de que ditos modelos non foron respectados, pois non se seguiron nunca ao pé da letra tal e como foran deseñados. O que aconteceu en realidade foi unha nova interpretación dos mesmos, tomando as pautas máis básicas pero cambiando en moitos casos a forma na que se debían levar a cabo, probablemente con visos a tratar de simplificar o proceso e en función da vontade dos peritos que elaboraban cada reconto, adecuando a recollida de información ao xeito que a cada un deles lle resultara máis cómodo e considerara oportuno. Moitos deses encargados deseñaban un modelo propio que en ocasións se podía estender a outras freguesías próximas, e por iso non é infrecuente atoparnos cunha situación na que, en función da localización, algunhas seccións estean cambiadas de lugar ou existan diferentes datos recollidos e criterios de ordenación distintos. Como resultado disto indicabamos que os documentos resultantes eran produtos híbridos que cumprían con algunhas das características tanto dos apeos como dos cadernos, incluíndo detalles de ambos pero sen corresponderse completamente a súa estrutura con ningunha das de ambos tipos de rexistros.

A consecuencia do que vimos dicindo, as informacións contidas nos distintos apeos e inventarios non sempre eran as mesmas, de aí que fose necesaria a propia exposición que realizamos nas páxinas previas. De entre tódalas ramas, as fontes da riqueza industrial e comercial estaban claramente subrepresentadas e eran as informacións máis escasas, moitas veces ignoradas de forma sistemática. Ese problema afecta enormemente á calidade e variedade dos contidos e está relacionado de xeito indubidable coa recollida de información que debía realizar o perito correspondente. Hai que ter en conta que estes cadernos foron elaborados por moitas persoas diferentes que non sempre tiveron o mesmo espírito á hora de desempeñar o seu labor recollendo a información necesaria dacordo coas pautas establecidas. En consecuencia, a calidade da información atopada é moi variable, e esta pode aparecer presentada dun xeito moi diferente dende o punto de vista formal, algo que afecta ás posibilidades de análise que podemos realizar, de modo que estas quedan en mans daquel sentido do deber que tiveran as persoas que no seu momento foron as responsables de elaborar os recontos.

Outra cuestión de forma estaría relacionada co xeito no que se realizaban os propios recontos. O feito de que o criterio ordenador seguido para o proceso sexa fundamentalmente

territorial (por pobos, vilas e parroquias) e, por outra parte, persoal (atendendo aos contribuíntes de xeito individual), ten unha serie de vantaxes pero tamén de inconvenientes. Por suposto, resulta adecuado para realizar estudos locais e para coñecer a disposición da paisaxe e do terreo das explotacións agrarias sobre un espazo concreto, aquel que se está a inventariar. Porén, ese criterio de ordenación territorial presenta unha limitación importante cando queremos estudar aspectos relacionados coa totalidade dunha explotación agraria ou pretendemos realizar algunha indagación relacionada coas posesións e patrimonio global dalgunha persoa. Aínda supoñendo que tomemos un exemplo dun reconto da riqueza parroquial e demos por certo que está completo, os bens listados para un veciño non teñen que ser necesariamente tódolos que posúa, pois pode haber máis noutras freguesías diferentes. Para o caso do gando sería aínda máis difícil rastrexar se un individuo ten cedidas reses noutras parroquias, pois como xa apuntamos, o dato que inclúe o réxime de tenencia na sección de inventarios gandeiros é moi escaso. Non nos referimos polo tanto a cuestións relacionadas con erros, omisións ou ocultación que por suposto tamén poden existir. Nunca poderemos estar seguros de se unha explotación agraria está completa pese a dispoñer dos datos das tres categorías de riqueza territorial a non ser que teñamos tamén os recontos de toda unha serie de parroquias limítrofes e comprobemos se un determinado veciño figura entre os forasteiros dalgunha delas. Lamentablemente, a dispersión dos fondos ou o feito de que non sempre dispoñamos de tódolos recontos dos distintos ramos de riqueza non favorece a busca dunha solución para este problema, que se volve especialmente acusado nos casos nos que se pretendan estudar grandes patrimonios, xa que estes están espallados por varias parroquias distantes con toda seguridade, nun radio realmente amplo cando falamos de grandes propietarios acomodados, nobres ou institucións eclesiásticas importantes. Existen moreas de casos soamente entre os habitantes de lugares como a vila de Pontedeume ou a cidade da Coruña, que aparecen anotados como perceptores de rendas en parroquias a quilómetros de distancia do núcleo onde habitan.

Este último problema vese agravado aínda máis por outro dos criterios de organización básicos do sistema de Facenda de 1817. Ao valorarse a contribución sobre os produtos e non por propiedades, o que prima é a consideración do dominio útil da terra, o que de novo se pode converter nunha arma de dobre fío. Se por exemplo nos centramos nas terras, debemos ter en conta que ao aparecer para cada veciño aquelas parcelas polas cales esa persoa obtén algún beneficio, o estudo da explotación agraria será máis fácil nuns casos que noutros. Será máis doado ver o conxunto de terras explotado por un campesiño arrendatario e que quizais mesmo ten algunhas fincas en propiedade. Pero como acontecía no caso anterior, o problema aparece de novo no caso dos grandes arrendadores, pois as súas parcelas aparecerán esparexidas entre as explotacións de tódolos campesiños que se beneficien do dominio útil das mesmas. Este feito engade outra complicación e dificulta ata o extremo a reconstrución de grandes patrimonios, xa non soamente para aqueles bens que se sitúan máis alá dos límites da súa propia parroquia, senón tamén para os que se localizan dentro da mesma. En zonas onde o foro e o subforo son moi comúns, pode supoñer un problema de imposible solución que tamén pode afectar a determinadas vivendas, pois non sempre figuran tódolos nomes que deberían na cadea da cesión. No caso do gando de renda tamén atopamos o mesmo problema, o que supón un novo obstáculo para o estudo de cuestións como a parcería.

Por último hai que realizar alusións ao feito de que en non poucas ocasións traballamos con borradores e non tanto con documentos pechados e definitivos, o que afecta á nosa seguridade á hora de afirmar como de completas poden estar as informacións que temos entre mans. Ás veces non poderemos estar seguros de se foron pasados a limpo ou transcritos por completo a non ser que figure un índice dalgún tipo que nos permita comprobar que tódolos

veciños listados están presentes no caderno, ou unha mensaxe tralo inventario que indique dunha forma explícita a súa finalización. Esta mensaxe adoita ser unha declaración dos encargados correspondentes coas súas sinaturas acompañadas dun xuramento de ter realizado o traballo cumprindo o seu deber. Ás veces, porén, esa mensaxe non aparece, pero o rexistro conta con páxinas en branco que fan que non poidamos saber se están incluídos tódolos veciños ou se pola contra se trata dun espazo para altas, baixas ou para reflectir actualizacións e cambios na riqueza dos contribuíntes. Hai tamén situacións nas que salta á vista que o documento está incompleto, pois atopamos exemplos de recontos definitivos que se ían comezar a transcribir, pero que quedaron inconclusos de xeito que soamente figuran os nomes dos veciños en cada páxina e con sorte as informacións dalgúns deles. Nos casos extremos de borradores, atopamos tódolos datos tachados, como se a persoa que os transcribiu os fose riscando a medida que os pasaba a un documento final, que tampouco ten por que aparecer. Con estes exemplos chamamos a atención sobre os modos nos que pode aparecer recollida a información, dende follas soltas, ata libros perfectamente dispostos e pechados (isto non exclúe dende logo as carencias que poidan ter, pois referímonos soamente á cuestión da forma), pasando por todo tipo de estadios intermedios de borradores e anotacións realizadas rapidamente á espera de que fosen transcritas máis adiante a documentos definitivos.

Apuntados os problemas relacionados coa forma na que se dispón a información, entramos nos aspectos relativos á súa fiabilidade, habendo dúas cuestións moi importantes que afectan á mesma. Unha relaciónase co modo no que se fan os propios recontos e a outra coas prácticas que desenvolvería a xente para reducir unha parte da presión fiscal que lles afectaba. Dende o punto de vista da primeira cuestión debemos chamar a atención sobre aqueles datos cuxo cálculo estaba baseado na aplicación de coeficientes preestablecidos, o cal limita dun xeito moi considerable a percepción dunha realidade moi variable en canto aos produtos de tódalas ramas de riqueza, especialmente os agrícolas e os gandeiros. Como resultado disto, estes datos presentan unha fiabilidade menor en tanto en canto os encargados de levar a cabo os recontos da riqueza estaban obrigados a encadrar tódalas fontes de ingresos posibles nunhas poucas e limitadas categorías establecidas de xeito matemático. Este aspecto xa foi suficientemente criticado e non afondaremos máis por este lado. Pero si que hai que apuntar que dispoñemos dalgunhas das táboas sobre as categorías de rendementos e calidades ás que estaban suxeitas as terras, de tal forma que, pese a considerar este método como unha mostra do descoñecemento existente dende a administración cara a diversidade agraria, a lo menos podemos coñecer os criterios empregados para establecer a súa clasificación. Pese a criticar o criterio, podemos comprender que se trataba dunha forma utilitarista e práctica para converter a vertente natural destas actividades nun modelo matemático cunha serie de estándares que perseguía claramente o obxectivo económico do cobro dun imposto.

Pero tampouco pensamos que sexa necesario desbotar por completos os datos deses coeficientes preestablecidos. Se ben é certo que reducen a realidade á mínima expresión dunhas poucas categorías, tamén debemos pensar que é o único que temos dispoñible, e debemos tratar de traballar con elo. Por suposto, non ten sentido crer que os centos ou milleiros de parcelas dunha parroquia nas que se sementaba trigo renderan tres, catro ou seis ferrados de cereal por ferrado de superficie sementada en función da súa calidade. Porén, esas cifras poden ser interpretadas a modo de baremo ou como estándar produtivo, tendo en conta que a este respecto existiría tamén unha ocultación relativa cuxo influxo tamén será abordado. No fondo, aqueles que elaboraron ditos baremos eran contemporáneos insertos na súa propia época e realidade, de tal modo que aínda que teñamos claro que as cifras de rendementos dadas para as calidades da terra dunha freguesía son un criterio demasiado reducionista, podemos entendelas tamén como datos reais de produción media da terra neses momentos.

O modo no que se realizan os apeos afecta á fiabilidade da información dende outro punto de vista. Se como xa apuntamos anteriormente, os repartimentos están a nivel local nas mans dos membros das elites e dos grupos sociais dominantes, hai que pensar ata que punto isto afecta á percepción e ás indagacións sobre a riqueza real. Quizais máis importante aínda, tamén hai que interesarse e facer unha crítica de ata que punto o Estado se preocupa realmente por coñecer a situación auténtica desa riqueza dos contribuíntes que promulgaba (obxectivo da realización da estatística), ou se pola contra se contenta con establecer un sistema de administración da Facenda máis simplificado que en última instancia se agardaba que dera tamén maiores rendementos. No fondo, temos que lembrar que seguimos ante un gravame que impón unha cantidade fixa preestablecida que debería ser recadada, de modo que habería que preguntarse se, con todos estes problemas, a fonte dos recontos se pode considerar como válida para un estudo da riqueza, ou se pola contra soamente podemos procesar os seus datos para empregalos, coa cautela e a crítica suficiente, na análise doutras realidades como a agraria, a gandeira, ou a demográfica, que por suposto son obxectos igualmente válidos e interesantes.

No outro lado, á hora de analizar a fiabilidade dos nosos datos, debemos prestar atención ás prácticas nas que a poboación incorría para liberarse de parte da presión fiscal que debían soportar. Neste sentido, debemos afrontar tódolos problemas xerais que afectan a toda fonte fiscal, pois en esencia é ao que se reduce a parte da nosa fonte conformada por recontos e inventarios de bens. Especial atención merece a fiabilidade que terán as distintas informacións por mor da ocultación, pero tamén hai que ter en conta que esta pode ser maior ou menor en función de certas variables. É de esperar que ante as labores dos rexistradores, os contribuíntes podían tratar de incorrer nunha ocultación consciente, en vista de que calquera ben que fose inventariado podería repercutir nun aumento da carga contributiva. Porén, tamén hai que pensar que a natureza do ben a ocultar determinaba as posibilidades de conseguir agochalo, pois non sería o mesmo a ocultación aplicada a un inmoble que facelo co gando, que como ben vivo pode así mesmo desprazarse para facilitar o seu acocho. A forma de xestión dos bens en cuestión tamén serían un detalle importante de cara á súa ocultación, de maneira que ando dicimos isto estamos a pensar de forma moi concreta nos bens de tipo comunal e colectivo. Sendo a contribución xeral un imposto sobre os produtos das posesións de cada veciño, suponse claramente que se trataba daquelas que se explotaban ou das que se obtiñan beneficios dunha forma privada. En consecuencia, os bens xestionados polas comunidades locais, sobre todo os montes, quedaban nunha situación complexa á hora de afrontar a forma na que se aplicaría o cobro aos veciños, da que falaremos chegado o momento.

Estes últimos non son máis que algúns exemplos que tratan de poñer de manifesto a grande variabilidade que pode experimentar tanto o fenómeno da ocultación como, por extensión, as súas prácticas, o que nos serve para decatarnos de que tiña polo tanto varias particularidades que debemos ter en conta. Porén, podemos pensar do mesmo xeito que hai algúns aspectos nos que non era necesario mentir ou ocultar a verdade e que por iso se trata informacións máis fiables. Partamos en concreto dos datos sobre familias que atopamos asociados moitas veces aos apeos de edificios das parroquias. Como seguen sendo parte dunha actuación fiscal da administración, podemos pensar que por mor da desconfianza, os veciños incorrerían en novos fenómenos de ocultación, tal e como podían facer cando se estaba a pasar revista dos seus bens mobles e inmobles ou das súas rendas. Porén, como xa explicamos na sección correspondente, datos como o estado civil ou a idade dunha persoa non parecían tan determinantes á hora de calcular a cota da contribución xeral, así que existe a posibilidade de que estes datos sobre compoñentes familiares sexan máis fiables. Así, debido

a todo o dito e pese a considerar estes fondos como unha soa fonte, hai problemas específicos de fiabilidade para moitos dos seus contidos, e por iso foron mencionados no seu debido momento.

Finalmente, no apartado dos problemas desta fonte, deixando xa de lado os aspectos relativos á fiabilidade da información, quedaría por facer referencia á cuestión da conservación. Esta pode resultar en ocasións un problema serio polas condicións do arquivo e sobre todo pola situación na que esa documentación puido estar sumida ata o momento no que foi almacenada debidamente. Un problema que realmente pode ser aplicado a calquera documento do pasado e por iso ben coñecido por calquera investigador. Non obstante, as cuestións de conservación máis importantes ás que aquí queremos referirnos están moi relacionadas con aquelas sobre as que chamamos a atención cando falabamos das actas das xuntas locais, con algunhas particularidades especiais. Aquela problemática que se centraba na vontade de conservación dunha documentación que xa non era válida, pois nacera ao amparo e como consecuencia da aplicación dun sistema de Facenda que durou soamente uns poucos anos é, quizais, algo menos acusada no caso desta fonte. Isto pode ser así porque un reconto de riqueza ou unha relación dos habitantes dun territorio a modo de padrón pode ter diversos usos futuros e ser aproveitada para novos encargos ou mesmo en gravames posteriores. Deste xeito, algunhas autoridades locais mesmo se puideron interesar en conservar estes datos por se a administración central volvía decretar que, noutro intento por realizar unha estatística da riqueza da poboación, se fixera algo semellante á empresa que acababan de acometer, co que se tería un documento previo do que partir.

Este feito déixanos, en canto a cuestións de conservación, ante unha realidade particular: o que temos ante nós é unha documentación producida polo funcionamento dun sistema que se rematou extinguindo rapidamente, que durou poucos anos e que ademais causou malestar entre a poboación. Este era quizais un bo punto de partida para explicar os problemas actuais de localización que atopamos hoxe. Porén, esa volta á vida dos fondos do catastro parece que si puido ocorrer xa que cando, algunhas décadas máis tarde, a mediados do século XIX, os amillaramentos comezaron a ver a luz, parece que se ordenou ás súas comisións de estatística que estudaran os diversos documentos antigos que puideran atopar sobre a riqueza territorial. A idea detrás dese mandado era a de elaborar estados da riqueza dos pobos con toda esa documentación, que serían empregados para controlar a veracidade das declaracións sobre esa riqueza[57]. A amálgama de carencias e imprecisións que presentarían todas esas fontes xuntas, dende Ensenada, provocou seguramente que tal estudo non dera moitos resultados, pois de sobra coñecidos son tamén, e xa non sorprenden, os problemas que afectaron a esa fonte fiscal que conformaban os amillaramentos.

Por outra banda, a conservación arbitraria da que estamos a falar tradúcese no caso dos rexistros da riqueza nun problema que, non resultando tan grave cando atendiamos á presenza das actas, agora si se converte nun dos inconvenientes máis graves á hora de traballar con esta fonte. En esencia, a localización azarosa e ata certo punto aleatoria dos fondos tradúcese nunha evidente limitación xeográfica para o alcance dos estudos que pivotan sobre a súa información. Non resulta posible efectuar polo de agora estudos que dean lugar a propostas xerais de considerable ámbito xeográfico. A diferenza de fontes como Ensenada, o territorio cuberto é moi descontinuo, froito deses azares da conservación dos fondos. En ocasións xa resulta complicado elaborar unha serie de conclusións para a nosa área de estudo, pola dificultade de atopar extensións que resulten representativas, de modo que a configuración de estudos máis extensos pasa pola localización de novos fondos noutras zonas representativas

[57] Pro Ruiz, J. (1992), op. cit., p. 84.

do territorio galego. En consecuencia, as conclusións non poden ser senón provisionais e non nos atrevemos a xeneralizalas máis alá da comarca que tratamos, aínda que algunhas pautas moi probablemente, como poden ser aquelas arredor de dinámicas de conflitividade, poidan ser inseridas noutras de comportamento máis xeral para o territorio galego.

Todas estas cuestións afectan notablemente ás nosas posibilidades de estudo en función dos usos que queiramos darlle á fonte, e deben ser entendidos como a consecuencia directa de toda unha serie de problemáticas froito dos conflitos e da resistencia que a aplicación do sistema de Facenda manifestou no seu momento (fundamentalmente entre os contribuíntes e os encargados de poñelo en marcha), así como das súas propias carencias de funcionamento que expuxemos no capítulo anterior.

3.2.4. Tratamento da información

Tendo xa clara a información existente nos fondos que manexamos desta fonte, pasaremos a indicar brevemente as formas nas que aquela foi tratada, abordando a metodoloxía seguida e o tratamento que se aplicou aos datos recollidos, procurando facelo á luz dos problemas específicos indicados en cada unha das seccións previas. En conxunto, tamén deben ser tidos en conta os problemas xerais, especialmente os que afectan á cuestión da fiabilidade da información.

A metodoloxía básica empregada para tratar a información contida nesta parte da fonte é sensiblemente distinta á que se empregou á hora de abordar os contidos das actas das xuntas locais. Se ben nesa outra fonte tiñamos unha estrutura de diario con diferentes entradas que podían chegar a tratar situacións totalmente únicas que nos obrigan a unha análise individualizada de cada unha delas, o que temos ante nós agora é unha serie de informacións seriadas, moitas delas en cantidades considerables. Un abano inmenso de posibilidades, xeralmente expresadas de forma numérica, para representar aspectos como o tamaños de parcelas, rendementos, valoracións ou idades de persoas, entre moitas outras. A natureza desta fonte, de tipo catastral, favorece, pola súa estrutura en forma de recontos e pola índole numérica e contable da práctica totalidade dos seus datos, o emprego dunha metodoloxía e tratamento da información de corte cuantitativo. En primeiro lugar procedéronse a identificar os criterios de ordenación fundamentais e as informacións máis frecuentes (que son as que presentamos na sección de tipoloxías), pasando a continuación ao deseño dun modelo para a súa organización que seguía a pauta fundamental de ordenación por veciños, o dato máis básico en todas e cada unha das informacións sobre as que versaban tódolos tipos de recontos con independencia da súa forma. O resultado inmediato foron unhas táboas, diferentes para cada tipo de reconto (é dicir, un para cada fonte da riqueza), sobre as que se plasmarían as secuencias dos datos obtidos. Seguiuse tamén aquí o criterio de ordenación tantas veces citado, de ir dende os datos máis frecuentes aos máis escasos, salvo excepcións puntuais de certas informacións que se comprendan moito mellor cando se ven en relación con outras, de cara a facilitar a súa comprensión e interpretación.

Despois desta primeira toma de contacto cos datos da fonte, procedeuse ao baleirado sistemático da información en follas de cálculo informáticas que seguían a estrutura daquelas táboas deseñadas previamente. Aproveitando os medios informáticos facilitamos de forma considerable a cuantificación, favorecemos a ordenación da información dende distintos puntos de vista e segundo diferentes criterios, así como o seu tratamento de formas diversas cun gasto pequeno de tempo e traballo en comparación cun proceso de contabilización manual. Ese baleirado levouse a cabo do mesmo xeito no que os apeos e cadernos se elaboraron no seu momento, por termos parroquiais, de maneira que cada freguesía con documentación deste tipo contará con varias táboas, as que sexan necesarias en función das

distintas fontes de riqueza que foran atopadas para cada lugar. Así, existe a táboa de baleirado da información referente a terras, outra para o gando e outra para a sección de edificios, sendo esta derradeira dobre xa que pode incluír tamén a información familiar, todas elas dispostas en columnas e filas. Nas primeiras figuraría a tipoloxía a recoller, mentres que nas segundas anotaríanse os casos individualmente (as expresións concretas que adquiren as categorías das columnas para cada parcela, cada especie determinada de gando ou cada edificio). Comezando sempre na primeira columna polo veciño en cuestión, que é o criterio de ordenación de toda a información, as diferentes táboas inclúen de forma sucesiva:

- Táboa de baleirado de terras: lugar onde se atopa a parcela, tamaño, valoración, características xerais (fundamentalmente a calidade e, se está dispoñible, tamén o réxime de propiedade), uso ao que se destina e/ou especies cultivadas (produtos), valoración das colleitas e por último e as rendas que pesan sobre ela e o identificador do seu perceptor.
- Táboa de baleirado de gando: especie, número, idade, valor e réxime de tenencia.
- Táboa de baleirado de edificios: Características do edificio (tipo, tamaño, dependencias), valor, rendas que pesan sobre o mesmo e perceptor. Se hai datos familiares inclúense as persoas por ringleiras, parentesco co cabeza de casa, estado civil, idade e oficio.

En cada táboa cubriranse, como resulta lóxico, aquelas informacións que o respectivo apeo ou caderno proporcione, de maneira que aínda que todas elas son semellantes en estrutura, o contido resulta practicamente único. Unha vez a información está recollida, o seu tratamento informático facilita moito as cousas, especialmente de cara a realizar cálculos daquilo que interesa nun momento dado, para ordenar os datos dacordo cos criterios que nos interese estudar e tamén para a elaboración de gráficos que inclúan as variables que máis nos conveñan segundo aquilo que estamos analizando. Ao realizar o reconto parroquial de forma individual en tódalas unidades territoriais das que dispoñemos e arredor de certas tipoloxías de información importantes, acontece con bastante frecuencia que quedan patentes aqueles datos que presentan unha distorsión importante coa regra xeral. Deste xeito podemos detectar cales son as parroquias que difiren da realidade máis común e que é máis probable que conteñan erros (e especialmente carencias) máis graves nos seus recontos da riqueza. Tódolos datos recollidos, agrupados por categorías, serán empregados chegado o momento para presentar, fundamentalmente, un estado da agricultura e da gandería nas datas nas que os recontos foron realizados. Para levar a cabo esta tarefa, por suposto, haberá que ter en conta as posibles limitacións, erros, omisións, ocultacións e carencias que viñemos poñendo de manifesto nas páxinas previas e sobre as cales chamamos a atención con tanta insistencia, polo que haberá que analizar tódolos datos dispoñibles á luz dos problemas específicos e xerais que vimos describindo. En función disto e como é lóxico, será máis doado realizar análises arredor de certos aspectos cuxos datos son máis frecuentes, que sobre aqueles nos que os recontos se deteñen menos e nos que detectamos maiores carencias.

Coa cautela como unha das nosas principais ferramentas de análise trataremos de evitar todos eses posibles problemas na medida do posible, ou mesmo constatar certos comportamentos a partir da súa reiteración, ademais de tratar de analizar as actividades agrícolas e gandeiras que podemos observar a través desta documentación. O uso de indicadores estatísticos como as medias axudaranos a reducir as posibles eivas que os datos dalgunhas parroquias puideran presentar. Atopamos con todo casos particulares extremos por cuxo volume de erro non teremos máis remedio que descartar, aínda que o feito de non poder ser tratados de modo cuantitativo non significa que non poidan ser empregados para outras análises diferentes. Para evitar caer en todos eses problemas apuntados á hora de tratar esta

información, contamos tamén co uso dun mecanismo comparativo dobre, a nivel de territorio pero tamén de tipo temporal. En primeiro lugar, ao aplicar unha comparación territorial entre os rexistros das propias parroquias conformarase, como xa apuntamos, unha pauta xeral de comportamento en distintos ámbitos para os datos recollidos. A maior número de casos dispoñibles, maior será tamén a validez das afirmacións que obteñamos e das conclusión que saquemos, aínda que estas teñan que ser tomadas como parciais e provisionais como xa indicamos. Por outra banda, o outro mecanismo de comparación será temporal, pois ao establecer unha perspectiva dinámica con datos procedentes do catastro de Ensenada poderemos ter unha idea máis clara sobre a situación das actividades agrogandeiras e os seus cambios nun período no que non existen demasiadas fontes para o seu coñecemento. Do mesmo xeito, a observación de ambas fontes servirá como mecanismo de control mutuo entre os rexistros das dúas épocas, de maneira que algunhas variacións extremas poderán ser máis facilmente identificables como erros, de darse o caso. Pero iso será nun seguinte capítulo, posto que por agora aínda nos resta por presentar a terceira categoría das fontes empregadas nesta investigación.

3.3. Documentación de Intendencia e da Xunta Principal

3.3.1. Presentación

No arquivo municipal da cidade da Coruña atopamos documentación moi diferente que pertence a distintos niveis administrativos. Esta variedade aparece como froito da configuración de tipo piramidal que seguía a implantación do sistema de Facenda de 1817, dende a administración central en Madrid ata chegar ás vilas e núcleos de poboación máis importantes coas xuntas locais. Tendo en conta esta disposición estrutural, na cidade herculina atopábase afincado un importarte organismo intermedio encargado de conectar eses diferentes niveis, a chamada Xunta Principal Provincial de Contribución e Estatística de Galicia, á cabeza da cal estaba o intendente, cargo ocupado no comezo deste período por Juan Módenes. Debido a esta organización das cousas, neste arquivo temos, xunto a unha documentación moi escasa producida pola xunta de partido e a corporación local da cidade (cunha porción moi curta de actas e composta principalmente por apeos e cadernos das freguesías extra muro), a fonte que é a que realmente nos interesa agora presentar, derivada das actuacións desa xunta principal, intermediaria entre os niveis inferiores (xuntas locais e, despois de seren creadas, tamén as de partido) e os superiores, representados na administración central. Para entender correctamente a natureza desta documentación debemos ter en conta algunhas consideracións previas.

En primeiro lugar debemos apuntar o que entendemos baixo a denominación que figura como cabeceira do epígrafe. A documentación da xunta central é moi diversa e, dende un punto de vista espacial, pode ser atopada en calquera arquivo onde haxa rastros da contribución de 1817. Neste caso, porén, estes achados son froito da labor intermediaria que esta corporación desenvolvía, polo que non podemos poñer dentro desta categoría ordes, decretos ou comunicados que en realidade proviñan do ministerio de Facenda ou da Dirección xeral de rendas. A central simplemente reproducía estas misivas e facíaas circular polo territorio como parte do seu traballo cotiá pero, estes documentos non son, en esencia, elaborados por ela. Esta é precisamente unha das claves para entender os fondos dos que aquí imos falar, o compoñente de orixinalidade dunha serie de documentos que xorden arredor do labor desta xunta, única no territorio galego. Aparte disto, como unha das súas funcións era precisamente a de resolver dúbidas e litixios arredor do funcionamento do sistema de Facenda, debemos ser conscientes de que as respostas que emitía poden ser localizadas entre

as actas das xuntas locais, na medida en que se establecía unha vía de comunicación entre estas e central provincial. Eses documentos atopados nas actas, porén, son engadidos que están integrados nelas, xeralmente mediante copias do comunicado da xunta central. Nunca terían sido atopadas de non ser pola conservación deses diarios de actas, de modo que pertencen por completo a eles. Por iso o que agora analizaremos é un corpus atopado en exclusiva no arquivo municipal da Coruña.

Esta documentación, polo tanto, non debe ser confundida coa das xuntas locais que foi presentada no primeiro apartado deste capítulo, pois pese a que ámbalas dúas teñen en común que foron producidas por entidades administrativas dentro do contexto dunha mesma reforma, as diferenzas son ben palpables. Trátase de fondos completamente distintos, non soamente por unha cuestión evidente de grao, pois a xunta principal abarca un territorio inmenso en comparación con aquel sobre o que unha corporación local pode ter influencia, senón tamén por aspectos de forma e contido. Para comezar, non hai unha estrutura definida en ningún caso, polo que non podemos falar do achado do diario de actas desta corporación. Os distintos atados que compoñen a documentación adoitan gardar unha correlación temporal, pero a miúdo prima a ordenación temática do material. É dicir, un atado pode incluír simplemente follas diversas sobre reclamacións tendo casos acumulados de varios anos, pero o importante á hora de que foran reunidos nese conxunto non foi o tempo no que se elaboraron, senón o feito de versar sobre ese asunto concreto. Hai outros grupos de documentos cuxa materia central son os avisos da xunta ás locais, ou outros nos que se reúnen casos sobre atrasos, por poñer algúns exemplos, pero dado o ámbito de actuación da xunta, esta disposición semella cumprir evidentes criterios de organización temática para facilitar a abordaxe de todas estas cuestión no seu momento.

3.3.2. Tipoloxía da información

Realizadas estas consideracións iniciais, os fondos da xunta principal provincial non poden ser definidos máis que coma un conglomerado heteroxéneo de documentos de diversa natureza onde, se queremos establecer unha orde fundamental, podemos falar de a lo menos dúas categorías. Por suposto, tal clasificación non existe cando o investigador visita o arquivo, de modo que debe ser entendida simplemente a modo instrumental para tratar de iluminar aínda que sexa lixeiramente a complicada realidade arredor do que aquí nos atoparemos. Por unha banda teriamos o que podemos chamar documentación administrativa interna, podendo falar na outra man da correspondencia intercambiada entre a xunta central e as locais. Estas categorías deben ser necesariamente vagas e abertas para poder englobar os contidos tan diversos que pasamos a describir a continuación.

En canto ao primeiro apartado, o que atopamos nel, por regra xeral, son unha serie de fondos necesarios para a posta en marcha do sistema de contribución xeral. Así, aquí teríamos, por exemplo, os baremos necesarios para que puideran comezar a funcionar os cadernos da riqueza, a destacar por exemplo as táboas de prezos ou de porcentaxes das partes alícuotas (modelos 1 e 2). Aparte disto, unha das seccións máis interesantes desta documentación contén as asignacións impositivas a diversas xurisdicións e ás parroquias que as compoñen. Mediante listaxes, nestes papeis figura simplemente a xunta local en cuestión coas parroquias que dependen dela, a cantidade global e a parte dese total que lle correspondería recadar a cada freguesía en concreto. O aspecto máis importante radica na cantidade, pois foi así como atopamos a asignación correspondente á maioría das parroquias que conforman a antiga provincia coruñesa. Esta documentación administrativa céntrase tamén nun conxunto de comunicados que a xunta central emitía cando detectaba unha serie de problemas no funcionamento dalgunhas das corporacións locais, adoptando un rol que

podemos cualificar como de solución de conflitos que entran en contradición coa normativa máis básica contemplada pola lexislación. Estes labores levan á entidade a realizar advertencias cando os compoñentes dunha de pobo non son os que deberían ou simplemente cando detecta irregularidades nalgún proceso de repartimento que non se desenvolve de forma correcta. Esta primeira categoría complétase con outros papeis diversos, moitos dos cales foron elaborados para a resolución dun problema administrativo concreto. Así temos, por exemplo, exercicios e cálculos de rectificación de cotas contributivas ou estados puntuais de atrasos en diferentes xurisdicións. Á hora de analizar as posibilidades de estudo, algúns destes materiais poden ser empregados para chegar a unha mellor comprensión dalgúns aspectos relativos á conflitividade entre os distintos niveis administrativos, pero quizais o uso maioritario de moitos deses documentos pivote arredor de numerosos aspectos da configuración da presión fiscal soportada polos contribuíntes.

O segundo tipo de documentación atopado é claramente maioritario en canto a volume de presenza e está conformado pola correspondencia que os pobos e parroquias, a través das súas respectivas xuntas locais, mantiñan coa xunta principal. Noutros casos, son os responsables dos cobros os que deciden elevar un comunicado a esta corporación para denunciar, por exemplo, unha situación de miseria dos contribuíntes. De novo volvemos a estar ante un conxunto de fondos diverso en canto a composición e temática, pois os motivos que levarían a elevar unha reclamación á corporación central podían ser tamén dunha variedade considerable. Se empregamos a palabra correspondencia para definir a esta documentación é debido á estrutura formal que presentan os documentos que incluímos dentro desta categoría. Normalmente, esta adoita ser de tipo epistolar, dirixida ao intendente (identificado polo seu nome ou por calquera dos seus títulos de cortesía) ou ben á propia corporación como organismo impersoal que era a xunta central. Na estrutura sucédense a continuación, como fórmula de maioritaria aparición entre estes documentos, unha serie de rogos ou queixas e, posteriormente, algúns argumentos contra aquilo que se considera un agravio que debía solucionarse mediante un cambio nas pautas xerais e no funcionamento do sistema. Esta documentación é polo tanto, de xeito fundamental, de tipo rogatorio pero tamén cun ton de reclamación en ocasións, buscándose pola vía da súa emisión a modificación dunha característica do novo sistema de Facenda por consideralo un atropelo contra os intereses dos veciños e das comunidades.

Aínda que os motivos que leven a emitir unha reclamación do tipo que sexa poidan ser numerosos, os obxectivos perseguidos son moito menos variados, o que nos permite, de novo co obxectivo de achegarnos ao contido destes documentos, realizar unha pequena aproximación temática aos mesmos. En primeira instancia, as críticas cargan contra o tempo no que a contribución se realiza, mentres que en segundo lugar relaciónase coa consideración de que a carga tributaria resulta excesiva. Falando do primeiro aspecto que leva a establecer unha destas reclamacións é moi común, efectivamente, chamar a atención sobre as incompatibilidades dos calendarios administrativo e agrario, referíndonos no primeiro caso ás pautas temporais establecidas para realizar as pescudas necesarias de cara á elaboración ou á actualización dos datos dos apeos e cadernos, ou para efectuar o cobro da contribución. Fundamentalmente, o que se di é que nos momentos nos que os campesiños están ocupados nas tarefas agrícolas, resulta inoportuno ter que emprender estes labores porque distraen aos labregos do seu labor, resultando isto nunha perda de forza de traballo no marco da súa explotación nun momento fundamental para a mesma. Unha situación incómoda que se pode prolongar durante varios días e que afecta a tódolos fogares do lugar. Esa subtracción na forza de traballo pode converterse nun serio problema nos momentos clave dos labores agrarios, de aí a queixa en consecuencia. Por outra banda, hai tamén moitos exemplos nos que os pagos

non puideron ser atendidos a tempo pola imposibilidade de recoller antes a colleita. Neste caso, a reclamación non se debe polo tanto a que os campesiños estean sumidos nunha situación de miseria, senón simplemente ao feito de que por mor de aspectos que non controlan, como o clima, certos traballos tiveron que retrasarse e en consecuencia non dispoñen do necesario para atender os pagos antes de que se cumpran os prazos fixados polo Estado. Temos aquí outros exemplos claros do descoñecemento que arrastraba esa administración sobre a realidade e o funcionamento do mundo agrario, que non tiña por que rexerse por prazos exactos.

Outra cuestión que leva a emitir unha misiva rogativa é a relacionada coas elevadas cotas contributivas asignadas ás parroquias. En determinados momentos e debido a certas eventualidades adversas, o esforzo que o campesiñado debería realizar para afrontar o pago do imposto era moito maior, por exemplo, nun período de malas colleitas. Quizais o motivo que levaba a ese sacrificio extra era incluso máis sinxelo e estaba relacionado coa configuración de repartimentos abusivos que emanaban de prognósticos da riqueza totalmente errados ante a ausencia da esperada estatística que se debería elaborar. Partindo destas situación e dado que o propio decreto do 30 de maio contemplaba dun xeito explícito a posibilidade de que en casos extraordinarios se aplicaran reducións nas cantidades da contribución xeral, teoricamente para evitar afogar aos habitantes dun territorio se tiñan sufrido algunha desgraza, foron moi frecuentes as queixas ás autoridades superiores pola vía de escritos. Porén, dada a ambigüidade coa que os propios artigos do decreto recollían eses supostos episodios extraordinarios, en absoluto definidos de xeito concreto, a multiplicación deste tipo de misivas debeu ser bastante acusada. O que si estaba claro era o destinatario das mesmas, pois o decreto coidaba de establecer ao intendente como o cargo administrativo ao que habería que enviar estas reclamacións. Este é o motivo que explica, loxicamente, a localización deste tipo de papeis en arquivos como o da cidade herculina no noso caso. Son numerosos os exemplos nos que observamos reclamacións que buscan esa redución ou cando menos, o cambio da data de recadación, debido a causas como as malas colleitas que provocan fame e penurias entre os veciños do lugar.

Á hora de falar das posibilidades de estudo desta segunda categoría de documentos, o que temos ante nós sen lugar a dúbidas é a demostración patente dun descontento entre os diferentes corpos sociais. Estamos polo tanto, ante unha forma de resistencia que toma a modalidade de reclamacións fronte os niveis superiores da administración, deixando claro que os grupos obrigados a contribuír non son suxeitos pasivos que simplemente admiten o que se lles impón. Como pouco ofrecen unha opinión negativa e discordante á marxe da resposta que reciban, así que este tipo de manifestacións poden ser entendidas como unha vertente de conflitividade que, a través de queixas e rogos, busca poñer solución ao que se considera un agravio, dun xeito activo e perfectamente visible, demostrando ademais un grao considerable de iniciativa. O feito de que estas queixas se fagan chegar ás autoridades demostra un malestar patente, e debido a el outras prácticas de resistencia poden ser entendidas e explicadas mellor, ante a innegable existencia desa desconformidade. Estamos a movernos xa polo tanto no estudo da conflitividade, aspecto que terá un peso moi importante no marco desta investigación. Chegado o momento recuperaremos esta fonte para describir unha forma desa mesma resistencia que queda perfectamente plasmada na documentación, pero que está lonxe de ser a única posible, pois ao presentar outras fontes trouxemos a escena outras vertentes diferentes. En función da súa visibilidade na documentación, así como do compoñente de iniciativa que aqueles que a leven a cabo demostren, efectuaremos unha clasificación de tódolos perfís de enfrontamento, resistencia e conflitividade que se dan fronte ao novo sistema de Facenda.

3.3.3. Problemas coa fonte

A documentación que chamabamos administrativa interna non presenta complicacións importante no seu manexo, debido a que o seu volume non é considerable en comparación coa documentación de reclamacións e queixas. Como acontecía coas actas das xuntas locais, a súa variada tipoloxía e en ocasións a súa total singularidade debido a que algúns papeis tratan cuestión únicas, obrígannos a abordar o seu contido de forma individualizada, dunha forma máis acusada aínda que como o fixemos coa documentación presentada no primeiro apartado. Non obstante, cando tratamos coa documentación que reflicte o malestar das comunidades debemos ter en conta unha serie de consideracións e interpretación que no caso contrario poden alterar os matices das situacións que nos están a presentar estes pequenos escritos:

Para comezar, hai que decatarse de que os argumentos empregados para efectuar un rogo destas características tenden a ser moi esaxerados, o cal resulta comprensible ata certo punto se temos en conta o contexto no que se producen. Se o que se pretende é a solución de algo que se considera un agravio, o panorama que un destes documentos nos presenta tenderá a ser dunha maior gravidade e alcance, probablemente, que o grao que teña en realidade. O obxectivo disto non sería outro que o de dotar dunha maior forza de convicción ao escrito, de maneira que, como consecuencia directa, estes documentos levan ata o extremo as situacións de indefensión e miseria que pretenden denunciar, ata o punto de que todo abuso remataría na práctica destrución e ruína das xentes e economías dos lugares de onde proceden estas queixas.

Outro dos problemas que esta documentación presenta é o da dirección única das comunicacións. No arquivo da cidade da Coruña, esta documentación aparece bastante espallada e sen unha orde aparente, aspecto que pode ser debido á propia forma destes documentos: cartas individuais que proceden de diversos puntos do territorio e que simplemente eran almacenadas en espera de darlles unha resposta, se é que esta chegaba a producirse. Non podemos, porén, establecer nada semellante a unha porcentaxe desas reclamacións que foron contestadas pola autoridade da xunta central, na medida en que esa resposta non aparece por ningures e non hai forma de saber os comunicados que a obtiveron e os que non. Cabería esperar que quizais estivera nas actas das xuntas que enviaban as queixas e, en efecto, hai ocasións nas que conseguimos atopalas. Pero as contestacións localizadas nas actas das xuntas que manexamos danse máis ben fronte a dúbidas técnicas nas que evidentemente interesaba mediar e acadar unha resolución porque estaban relacionadas directamente coa correcta marcha e aplicación de aspectos fundamentais do cobro da contribución. Deste xeito, se a xunta central interviña nesas cuestións sería porque ao facelo melloraría a aplicación e funcionamento do sistema de Facenda. Pero se somos rigorosos, non atopamos unha soa carta de resposta da xunta central ante unha reclamación das que presentamos anteriormente. Así, ao non lograr atopar esa resposta, volvemos ter antes nós un problema semellante que se nos presentara cando falabamos das actas das xuntas: que soamente vemos un dos posibles puntos de vista dos implicados en cada reclamación concreta, o dos solicitantes, pero non o das autoridades, de maneira que tampouco podemos valorar o comportamento destas últimas ante estes eventos.

Por último, de novo temos que ter presente unha importante cuestión relacionada coa conservación dos fondos. Sendo a xunta central o destino destas comunicacións, cabería esperar unha cantidade moito maior de documentación deste tipo da que realmente atopamos. Porén, hai que ser conscientes de que como acontecía con outros dos nosos fondos, a conservación destes documentos non tería ningunha utilidade máis alá de mantelos o tempo suficiente como para darlles unha resposta, se é que chegaban a obtela, incluso mentres o sistema de Facenda estaba vixente. E aínda máis, unha vez suprimido este último, a

conservación dos fondos non obedece a ningún criterio útil. Como resultado, a cantidade de documentación que poidamos ter dispoñible ante nós non ten que ser necesariamente representativa do peso dun tipo de reclamación en concreto sobre as outras, xa que realmente non existe nada parecido a unha estatística da temática das queixas que chegaban a este organismo situado inmediatamente por debaixo dos chanzos da administración central. Non podemos dicir que existira un problema que preocupaba máis ás autoridades locais que outro, porque isto podería depender simplemente das circunstancias de cada momento concreto e de cada lugar do que poderían chegar estes comunicados. Isto débenos servir como advertencia á hora de como valoramos e tratamos esta documentación, aspecto ao cal pasamos a continuación.

3.3.4. Tratamento da información

Xa que estamos a falar fundamentalmente dunha documentación que toma a forma de correspondencia e pese a que poidamos establecer algunhas temáticas fundamentais ou algúns asuntos aos que se refiren dunha forma maioritaria, cada exemplo presenta as súas propias características e algúns matices diferentes que converten en únicos tódolos documentos que conforman os fondos desta fonte. Como resultado, pese á estrutura semellante que presenta en común toda a documentación que incluímos nesta categoría, debemos proceder do mesmo xeito que coas actas das xuntas locais, tratando cada caso dun xeito individual. Para facilitar o seu manexo, esta documentación clasificouse por temáticas. Se ben é certo que todas estas cartas dirixidas dende os pobos á sede central da intendencia pivotan arredor dunha materia de reclamacións, as cuestións demandadas e os argumentos empregados para xustificalas son diferentes, sendo isto é precisamente o que as fai máis interesantes, o feito de ser distintas dentro de que presentan abundantes semellanzas estruturais. Estes caracteres poden facilitar un primeiro achegamento a esta documentación. Porén, debido aos problemas aducidos sobre a conservación no parágrafo anterior, a súa contabilización non resultaría útil nin en termos absolutos nin relativos. Pensamos que atopar entre a documentación supervivente maior cantidade de referencias a unha determinada reclamación pode ser froito do mero azar, se consideramos o amplo número de queixas que a xunta central podía chegar a recibir e a manexar, de maneira que a cantidade de documentos de que dispoñemos non nos permite xeneralizar.

Pero ademais disto, existen varias particularidades nesta documentación que merece a pena ter en conta á hora de traballar con ela, posto que matizan a realidade da fonte e condicionan aínda máis o noso traballo, ademais das conclusións que podemos obter a partir do seu tratamento. En primeiro lugar temos que tratar a cuestión do ámbito do que proveñen estes documentos, que resulta ser un territorio moito máis amplo que calquera outro dos que manexamos. A xurisdición da xunta principal provincial era moito máis ampla que o ámbito local que nos atopabamos cando o que tiñamos ante nós eran unhas actas dunha xunta de pobo ou os inventarios dunha soa parroquia. As reclamacións responden a unha ampla variedade de circunstancias moi particulares que poden variar ao longo deste extenso territorio, o que dificulta o tratamento da fonte e as xeneralizacións máis alá dalgúns aspectos obvios. Por outra banda, temos que considerar que como os diferentes documentos deste corpus non están dispostos en cadernos pechados como acontecía coas actas, os problemas de conservación citados poden ser aínda maiores, polo que resulta a cada paso máis difícil coñecer o peso que a conflitividade que reflicten representa en termos xerais.

En conclusión, esta fonte permítenos constatar a presenza dun certo tipo de conflitividade e resistencia (a través da expresión do descontento e da opinión negativa cara algúns caracteres do novo sistema de Facenda e fronte a administración central, demostrando que os

contribuíntes son suxeitos activos) pero non tanto a súa valoración e estudo en termos absolutos ou relativos debido ás limitacións expostas anteriormente. O tratamento máis adecuado resulta a análise individual de tódolos casos, co obxectivo de coñecer tódolos motivos e argumentos posibles que levaban aos pobos a efectuar estas reclamacións.

Coa presentación das fontes da investigación rematamos unha tarefa esencial que supera con creces, pensamos, o obxectivo de ofrecer unha listaxe e unha análise das mesmas, en tanto en canto tamén se cumpre outro que consiste na posta en valor dos ditos fondos, inéditos en boa medida ata o de agora e pertencentes a un corpus documental con enormes posibilidades pero aínda de limitado uso na investigación histórica. Agora, unha vez que se levaron a cabo estes labores, podemos pasar a desenvolver de xeito práctico as oportunidades de estudo que estes rexistros nos ofrecen. Comezaremos por apuntar, dada a posición central dos contribuíntes nesta investigación, algúns caracteres fundamentais sobre cuestións demográficas.

3.4. Unha breve achega á poboación de comezos do século XIX a partires dos rexistros

Tal e como quedou indicado no apartado correspondente, algúns dos rexistros realizados nas parroquias co gallo dos repartimentos da contribución xeral inclúen importantes datos sobre os seus habitantes que permiten realizar unha análise dos mesmos e dalgunhas das súas características esenciais. Sempre condicionados pola forma de recollida dos datos, a súa conservación e a considerable variabilidade que nos atopamos entre territorios a nivel de detalle da información, hai que ter en conta que, se xa non era doado obter unha área representativa no relativo aos rexistros parcelarios, este problema volvíase máis grave aínda con tódolos demais rexistros, entre eles os que contaban cos datos de poboación. Porén, debemos saber adaptarnos a este feito e observar as diferentes maneiras nas que esta información aparece recollida como algo positivo, pois esa variabilidade impídenos a análise de certos aspectos vitais daquelas persoas, pero ábrenos a posibilidade de aplicar outras.

O máis doado a nivel do estudo da poboación sempre é localizar o padrón de veciños, que poderá ser obtido dalgúns dos rexistros de bens inventariados, aínda que dende logo, moito máis interesantes son aqueles datos que podemos cualificar propiamente como familiares e que aparecían asociados aos recontos de vivendas. Será precisamente a súa información a que nos permita realizar unha parte importante das análises contidas neste apartado, pero non a única. Á luz dos problemas enunciados no apartado correspondente para este tipo de rexistros, sabemos que hai certas realidades nas que non podemos entrar a facer valoración algunha debido á natureza da nosa fonte. O seu exclusivo compoñente estático fai que esta se centre no momento exclusivo no que se leva a cabo a recollida de datos, o que nos impide tratar aspectos relativos a estratexias familiares ou matrimoniais porque carecerían de base. Por outra banda, o individualismo que a fonte lle outorga a cada un dos fogares, aos que interpreta como illas sobre as que descargar unha figura impositiva como era a contribución xeral, impide que poidamos establecer relacións entre eles, o cal condicionará tamén as nosas posibilidades. Con todo, para o estudo destes temas, a fonte segue sendo válida sempre e cando se complemente con outras que o permitan, o cal abre posibilidades novas para o exame da poboación nun momento tan importante e con tan poucos datos como é a segunda década do século XIX, despois da Guerra de Independencia. Futuras investigacións teñan seguramente nestes materiais unha morea de oportunidades.

Dito isto, este apartado no que nos atopamos non existiría se estes datos familiares non foran útiles para abordar outras realidades, concretamente aquelas para as cales a visión a través dunha fotografía dos fogares si resulta válida. Podemos entrar pese ao dito

anteriormente en varias cuestións igualmente esenciais, como son o tamaño e a composición dos fogares (cabezas de familia e os seus estados civís, fillos por fogar, idades ou sexo dos integrantes) ou a súa estrutura (familias nucleares e extensas), a presenza do servizo doméstico no seu seo (número, sexo ou idade) ou aspectos relacionados co estudo das profesións e os oficios dalgúns dos seus integrantes. Abondará con ter en conta que os resultados que se ofrezan respecto a todos estes temas serán válidos para o momento no que todo o volume de información que manexamos foi recollido, no reducido arco cronolóxico de 1817 a 1820 no mellor dos casos. Unha a unha iremos examinando estas e outras cuestións nas próximas páxinas gracias a tódolos datos de poboación que temos dispoñibles.

Ademais, ese compoñente estático do que falabamos un pouco máis arriba e que é un dos principais inconvenientes da nosa fonte pode ser superado en parte pola vía da comparación diacrónica con outras fontes, especialmente co catastro de Ensenada ou con dicionarios xeográficos e estatísticos, o que nos pode servir para ver certa evolución entre varias épocas diferentes separadas por varias décadas. Collendo como mostra determinadas parroquias que sirvan de base territorial, poderíase chegar a comprobar a evolución dalgúns destes parámetros, especialmente aqueles aos que se lles pode atribuír unha natureza cuantitativa. Poderemos observar os cambios entre dúas épocas se observamos a variación entre magnitudes que informen dunha mesma realidade. Por exemplo, as mudas no número de habitantes poden ser estudadas de forma directa ollando ao número de veciños rexistrados, ou de forma indirecta a partir da análise das casas existentes que estean habitadas na parroquia, aspecto este derradeiro que pode empregarse como unha forma de detectar a formación de novos núcleos familiares independentes e que empregaremos en futuros capítulos para realizar diversas apreciacións.

Por último debemos recordar que os rexistros de corte demográfico son algúns dos menos abundantes, de modo que en ocasións o número de casos pode parecer algo reducido, o cal nos obriga a supoñer que algunhas das afirmacións que aquí digamos deberán ser tidas en conta simplemente como provisionais e introdutorias, á espera de que futuras buscas en arquivos da contorna amplíen o noso horizonte para confirmar, matizar, ou se fora necesario, desmentir o que aquí se expoña. Trataremos pois coa cautela como principal ferramenta, tendo tamén en conta que estamos ante un contexto comarcal bastante segmentado marcado pola propia conservación das fontes. Pasamos así a explotar e analizar a información que nos ofrecen os rexistros da contribución xeral de cara aos individuos principalmente dende os contextos de ocupación e actividades, familiar e presión fiscal.

3.4.1. Ocupacións e oficios da poboación segundo os rexistros da riqueza

A cuestión da ocupación dos contribuíntes pode ser abordada a partir dalgunha documentación que conforma os rexistros da riqueza. Os datos de oficios que nos interesan para este apartado atópanse principalmente en dous lugares: a primeira opción e a máis fiable, os rexistros de poboación que aparecen xunto cos de vivendas e, a segunda, os resumos coas cotas de contribución e riqueza dos veciños de cada parroquia que atopamos entre a documentación dos arquivo municipais de Pontedeume e sobre todo no da Coruña. No primeiro caso, xa sabemos como a documentación correspondente incluía en boa parte dos casos o dato da ocupación. No segundo dos documentos, en certos resumos, os peritos puideron chegar a apuntar a actividade sobre a cal se impón o gravame ao contribuínte, de feito que podemos ler ao lado do seu nome que paga unha determinada cantidade por ingresos obtidos ao ser xastre, ferreiro, canteiro, mestre ou a que corresponda. Outras veces tamén podemos ver nestes resumos aos veciños agrupados en seccións, de xeito que tódolos que aparezan nela comparten oficio, algo bastante frecuente no caso de ocupacións especialmente

comúns como son a de labrador ou a de xornaleiro. Nestes documentos porén, este dato non é frecuente, de xeito que podemos dar simplemente cunha listaxe que mestura sen diferenciación algunha a veciños con forasteiros sen referencias máis alá de nomes e apelidos. Así, o máis conveniente é traballar cos datos que nos ofrece a primeira opción, que recollen a realidade da ocupación de xeito máis sistemático, e tomar os posibles aportes desta segunda como un apoio que enriquece as mostras que poidamos ter xa recollidas.

A limitación anterior non é a única que hai que apuntar á hora de tratar cos rexistros que manexamos. Aínda que xa foi mencionada previamente nos apartados de problemas dalgúns dos rexistros, convén lembrar que o oficio que figura é o do cabeza de familia salvo raras excepcións: algunhas veces pode figurar tamén o dato para outro dos membros da unidade familiar (xeralmente as cónxuxes ou os fillos maiores que quedaron a vivir no fogar dos pais) que se ocupaba noutro oficio diferente ao do dito cabeza o tempo suficiente ao ano ou obtendo un volume de ingresos suficientemente significativo como para facelo constar no rexistro da riqueza. Quizais no rexistro deste feito interveña tamén, como sucedía frecuentemente nos recontos, a afouteza do rexistrador. Desta forma, o número de persoas das que temos o dato da ocupación é en realidade bastante pequeno, especialmente se temos en conta a cantidade delas que poden vivir dentro dun fogar.

Ademais, nas sociedades agrarias do Antigo Réxime existía unha importante división do traballo en termos múltiples, tanto dende o punto de vista da idade como dende o de xénero. No primeiro dos casos, sabemos ben gracias a interesantes estudos que a vellez como estatus cultural ou como consideración social non excluía o feito de que tanto homes como mulleres continuasen a ter unha participación activa en moitos aspectos da vida cotiá. Por exemplo dende a óptica da socialización, os anciáns manteñen e salvagardan a difusión da cultura popular e da memoria colectiva mentres que, dende o punto de vista económico, o seu peso segue sendo capital, a miúdo como xefes de familia se as súas forzas llelo permitían, contribuíndo á vida familiar ata o derradeiro alento[58]. Algo semellante se podería dicir dos máis pequenos, con traballos adaptados ás súas posibilidades. Esta división do traballo, lóxica dende o punto de vista fisiolóxico e vital por outra banda, debe ser combinada nas sociedades antigoreximentais con outra marcada por cuestións dos roles sociais asignados a cada sexo. O concepto de división do traballo por xénero en contraste co de división sexual do traballo, cun contido máis cultural que biolóxico parécenos especialmente útil para explicar esta realidade pese a contar con xa máis de dúas décadas de camiño[59]. No marco non altruísta e patriarcal da unidade familiar, as mulleres posúen un estatus subordinado dentro do traballo destes grupos, e en consecuencia traballan máis horas ao teren que dedicarse tamén ás tarefas domésticas ademais das agrarias e doutras ocupacións complementarias cando a carga de traballo o permitía. Nos membros femininos da unidade familiar, polo tanto, ademais de rexer a regra da división do traballo por idades prima tamén estoutro, o cal as converte en suxeitos de estudo de grande interese.

O problema máis grave que deriva desta cuestión para o caso da documentación fiscal que manexamos é fácil de deducir unha vez comprendemos a realidade do funcionamento do traballo no ámbito da familia campesiña. Estamos a falar por suposto da práctica invisibilidade do traballo do resto dos membros do grupo, tendo en conta ese feito de que cada persoa desempeña certas ocupación dacordo coas súas posibilidades físicas pero tamén cun rol social asignado dentro do mesmo, en tanto en canto tódolos seus membros son tamén man de obra activa. En directa relación con isto, consecuencia destas carencias resulta, falando máis en concreto, a dificultade de achegarnos nesta fonte ao traballo feminino en particular,

[58] Sobrado Correa, H. (2006), pp. 419-436.
[59] Domínguez Martín, R. (1993), pp. 97-136 e (1996), pp. 82-84.

pois adoita cumprirse que soamente no caso de que esteamos ante mulleres que se sitúan á fronte de fogares poderemos observar a súa ocupación principal. Un fenómeno que tamén foi exposto para outras fontes como Ensenada[60]. Peor aínda no noso caso, cando se trata de abordar esta cuestión, a fonte adoita ser aínda menos precisa: en non poucas ocasións soamente figura o estado civil en lugar de facelo en conxunto coa ocupación ou, dende o punto de vista económico, cando as mulleres están á fronte de fogares, é frecuente ver tamén referencias ao estado de pobre ou caseteira máis numerosas que no caso dos homes, en lugar de ofrecernos un dato de ocupación máis concreta.

Realizados estes apuntamentos, é o momento de presentar a mostra dispoñible e as categorías nas que clasificamos aos individuos que nela se integran. Conseguimos identificar algo máis dun milleiro de casos (1081) a partir de rexistro de 1818 e 1819, nos que quedan englobados fogares dun total de dezanove parroquias situadas fundamentalmente (dezaseis sobre o total) nos actuais concellos de Abegondo, Culleredo, Carballo e Tordoia e que, a comezos do século XIX se correspondían polo tanto, con territorios tanto da provincia de Coruña como da de Betanzos. As tres freguesías que restan sitúanse en concellos limítrofes aos que acabamos de citar (Oza-Cesuras, Cambre e A Laracha). A mostra está formada, segundo as características que xa apuntamos, por cabezas de familia fundamentalmente, aos cales hai que engadir algúns correlativos que, principalmente por diferir na súa ocupación respecto daquel, remataron cos seus oficios rexistrados de maneira individualizada. Polo tanto, a cifra non se corresponde directamente con fogares analizados (que sería realmente algo menor) posto que en ocasións dun só podemos obter os datos de ocupación de máis dunha persoa.

Dividimos a nosa mostra de persoas ocupadas en cinco grupos esenciais: Labradores, Xornaleiros, Artesáns, Outros e unha derradeira categoría, marxinal en número de efectivos en comparación coas demais, onde figuran os casos Indeterminados. É necesario destacar que non hai que entender estas categorías como algo estanco pois, movéndonos por parroquias rurais como estamos a facer, é frecuente que un ferreiro ou un mestre posúan e cultiven terras con independencia da categoría á que sexan adscritos. Esta cuestión de desenvolver máis dunha actividade será recorrente nesta sección e falarase dela en máis ocasións dada a súa importancia. Por outra banda e en referencia á composición, se nas categorías de labradores, xornaleiros e artesáns pode estar máis claro cales serán os seus integrantes, debemos puntualizar moi brevemente as dúas restantes. A categoría de Outros é en realidade un recipiente onde podemos colocar as profesións de categorías que non podemos situar nas anteriores, o que inclúe persoal relacionado con algunhas profesións liberais, o comercio, militares e mesmo algún eclesiástico que é gravado en tanto figura como propietario particular. A cuestión é que a efectos de presentación dos datos, se decidimos agrupar a estes individuos nunha amálgama tan heteroxénea (o nome da categoría dá conta disto perfectamente) foi co obxectivo de que resultaran máis visibles e non se perdera tanto a súa escasa presenza, pois falamos de cifras moi pequenas en relación sobre todo cos dous primeiros grupos se os chegásemos a presentar por separado a todos e cada un deles. A categoría restante de Indeterminados aglutina a individuos que por varios motivos figuran sen oficio recoñecido ou que se achan nunha situación particular ao respecto desta cuestión. Como vemos, non está aquí recollido o caso do servizo doméstico, ao cal dedicaremos algunhas liñas unhas páxinas máis adiante. Os resultados obtidos tras dunha labor cuantitativa, que a continuación pasamos a comentar de forma sucinta, poden verse reflectidos no cadro 3.F.

[60] Sobrado Correa, H. (2006), op. cit.

Cadro 3.F: distribución da poboación por grupos de ocupacións:

GRUPO	NÚMERO DE CASOS	PORCENTAXE SOBRE O TOTAL
Labradores	729	67,44
Xornaleiros	226	20,9
Artesáns	73	6,75
Outros	42	3,89
Indeterminados	11	1,02
TOTAL	1081	100

Fonte: Recontos da riqueza e resumos de cotas contributivas. (AMC, c. 3971-3974; AMB, c. 1684, 1686)

Comezando pola categoría dos labradores, debemos destacar a considerable superioridade dos ocupados neste grupo por riba de tódolos demais, pois os seus integrantes representan máis dos dous terzos da mostra dispoñible (67,44%). Labrador é un vocábulo que collemos directamente da propia fonte como a ocupación maioritaria, pero é tamén, porén, un termo co que debemos ter coidado porque inclúe certas connotacións que parten dende a óptica da contribución que se busca repartir. Como o propio substantivo indica, labrador é o que labra a terra, e dende este punto de vista tan reducionista, aparecerá caracterizado como tal o cabeza de familia que dispoña dunha serie de fincas que, sendo cultivadas por el mesmo e a súa familia, propias todas elas ou non, lle permita obter unha colleita coa que garantir a súa subsistencia. En esencia, o reconto non se preocupa de nada máis á hora de colgar esta etiqueta a unha persoa aínda que a información dispoñible e recollida no propio documento sexa moito maior. Non hai preocupación por outras realidades, aínda que estas poidan entrar en conflito entre elas, sendo isto precisamente o que garante contradicións internas entre os datos dispoñibles para un individuo concreto. Así, un labrador pode ser, dende a óptica da fonte, unha persoa que simplemente cultiva a terra pero que non está relacionado en absoluto con outras actividades complementarias, nin sequera de tipo gandeiro, pois por claras omisións moitos deles carecen de cabana algunha. Dende logo, tampouco importa como se relaciona con outras unidades familiares a partir de regras na explotación dos montes comunais, porque este labrador aparece como unha illa na que á vista do cobro dun imposto, soamente interesa a terra que cultiva para si. Todo isto está estreitamente relacionado con cuestións de lagoas nas diferentes partes da documentación sobre as que non é necesario volver. O importante con isto é decatarse de que o problema con esta denominación procede polo tanto, como xa se indicou noutros estudos, de identificar a este axente con unha das actividades que desenvolve, a de agricultor[61]. Pese a que os propios rexistros realizan esta asociación de primeiras e sen ter en conta necesariamente outras actividades que poida realizar, sabemos que a realidade é moito máis complexa, de xeito debemos tratar de ordenala un pouco para poder dar unha imaxe máis certeira sobre o concepto do que en realidade abrangue a dúas de cada tres persoas rexistradas na nosa área de estudo.

O labrador do que aquí se fala é o que nalgúns estudos se ten caracterizado como campesiño, nun concepto moito máis amplo especialmente dende o punto de vista das actividades e as relacións máis alá do fogar propio. Deste xeito, cada un destes individuos é a cabeza de cada unha das unidades que conforman un grupo social que, caracterizado por un modo de vida eminentemente rural, organizado familiar e comunalmente, estratificado internamente pero subordinado a poderes externos ao grupo e ás forzas do mercado, obtén os

[61] Domínguez Martín, R. (1993), op. cit., pp. 98-103.

seus medios de subsistencia da produción agropecuaria, así como doutras actividades desenvolvidas pola unidade familiar de rendas mixtas e a partir dunha estratexia multiuso na súa relación co ecosistema[62].

O colectivo dos labradores ven seguido en número polo grupo dos xornaleiros, aqueles campesiños que traballan unha serie de terras que non posúen a cambio dun xornal. Trátase efectivamente da segunda categoría máis numerosa, aínda que xa a unha grande distancia da anterior, con aproximadamente un de cada cinco casos da mostra analizada (20,9%). Por regra xeral, as familias que contan con xornaleiros á súa cabeza teñen, como resulta lóxico, menos recursos a nivel económico: un número reducido de parcelas de terra e unha cantidade máis reducida de animais, entre o que priman as especies de gando menor (xeralmente cabras e ovellas). A miúdo estamos tamén ante fogares máis reducidos en integrantes, sendo unha unidade típica, por exemplo, a formada por un núcleo conxugal cun número reducido de fillos polo xeral, que a meirande parte das veces oscila entre un e dous pero que ás veces pode chegar a tres ou mesmo catro. Dito isto, non sorprende que moitos dos caseteiros e mesmo algúns dos pobres da parroquia aparezan adscritos a esta ocupación, ata o punto de que a etiqueta de caseteiro nos rexistros implique ver ao cabeza de familiar que aparece baixo dela traballando as terras alleas a cambio dun xornal. Esta situación de vida, moito máis precaria seguramente que a dos individuos presentes no grupo dos labradores, foi declarada como exenta da contribución dende a administración central, como xa insinuamos anteriormente, pola vía da publicación da Real Orde do 26 de decembro de 1818, firmada xa de man de Imaz, sucesor de Martín de Garay. Neste documento afirmábase:

> "1. Los jornaleros, como tales, no serán incluidos en el repartimiento de la contribución general del reino que toque a cada pueblo.
> 2. Los jornaleros que por otra parte sean propietarios se incluirán en el repartimiento y pagarán la cuota que les corresponda por sus propiedades, pero no por la parte de salarios[63]."

Dacordo co dito no segundo punto os xornaleiros pasaban a ser contribuíntes en tanto en canto fosen tamén propietarios, pero non pola súa condición profesional. De tódolos xeitos, tal debeu ser o caso dun número considerable dos xornaleiros cos que tratamos nesta mostra, pois resulta significativo o feito de que é bastante raro atopar a unha persoa dentro deste grupo sen posesión algunha dentro do ámbito da riqueza territorial, o mellor documentado nos rexistros da fonte. Dentro dos rexistros familiares tamén son as cónxuxes destes mesmos cabezas de casa xornaleiros as que vemos con máis frecuencia, segundo os rexistros, ocupadas no desenvolvemento doutras tarefas e oficios que buscaban diversificar e completar os ingresos para o fogar. Lamentablemente podería ser un problema, de cara ao seu rexistro, o daqueles xornaleiros que dispuxeran soamente do seu salario, pois a efectos da contribución quedarían en ocasións nun nivel de pobreza fiscal que os eximía de participar nos repartimentos. Tendo en conta o que se apuntará sobre a situación do grupo de persoas en situación de pobreza nesta mesma sección, que non dista demasiado dos problemas habituais que hai moitas veces con eles no marco das fontes fiscais, esta situación abría a porta a un posible comportamento laxo na contabilización dalgúns destes suxeitos.

Con dous grupos presentados ata o de agora podemos observar claramente como, segundo os datos de ocupación dos contribuíntes recollidos na documentación da contribución xeral nos seus diferentes formatos, o conxunto de persoas relacionadas directamente co

[62] Domínguez Martín, R (1993), op. cit., especialmente p. 122; (1996), pp. 15-16.
[63] López Juana Pinilla, J. (1848), vol. VI, pp. 192-194.

traballo da terra é realmente elevado. Practicamente en nove de cada dez casos o cabeza de familia está representado nun labrador ou xornaleiro que cultiva a terra (88,34% en total). Dentro desta categoría, porén, debemos apuntar que nalgunhas ocasións temos en realidade ata tres clases de individuos. A diferenza entre labrador e xornaleiro na fonte que manexamos é a habitual e queda marcada principalmente pola dispoñibilidade dos produtos procedentes das terras de labor explotadas para a propia supervivencia, pois mentres que os que entran no primeiro grupo posúen parcelas das que obteñen directamente os recursos para a subsistencia da súa familia, os xornaleiros traballan cun obxectivo diferente, que é como sabemos a percepción dun xornal ante a escaseza, ou directamente inexistencia, de terras explotadas da súa man. No caso do oficio de labrador e para considerar a alguén como tal, non importa se as terras son propias, é dicir, coinciden o dominio directo e o útil na mesma persoa, ou arrendadas en calquera modalidade de cesión da propiedade. O que conta é ese factor de explotalas para a obtención de produtos destinados directamente ao mantemento da familia. Porén, nalgúns recontos de riqueza aparece outra figura baixo o oficio de labrador que introduce un matiz no seo da mesma, a do terratenente. Nos lugares nos que esta ocupación aparece, baixo a denominación de "hacendado" en tódolos casos, o que temos é a un labrador propietario que, pese a que non ten por que posuír o dominio directo de tódalas parcelas que explota, é autosuficiente coas súas propiedades e incluso pode chegar a arrendar algunhas delas percibindo con elo unha renda. Por oposición a esta figura nos rexistros nos que aparece presente, o termo de labrador pasa a englobar ás persoas cuxo dominio sobre as parcelas que explotan se reduce principalmente ao de tipo útil, sen chegar a percibir renda algunha da terra pola vía da cesión de parcelas. Con todo, dentro da fonte, a fronteira entre ámbalas dúas figuras non sempre é clara nin empregada con frecuencia. Por isto mesmo, na nosa clasificación, terratenentes e labradores aparecen xuntos baixo esta segunda denominación, pois o máis común é precisamente que aparezan mesturados, tendo en conta soamente a diferenza que os separa dos xornaleiros.

A terceira categoría en importancia segundo a orde de aparición é a que inclúe os oficios artesáns, pero como acontecía coa dos xornaleiros respecto da dos labradores, a cantidade absoluta dos individuos dentro dela é moito máis reducida. Non en van, o grupo non chega ao 7% dos casos atopados. No seu interior temos, en primeiro lugar, os ocupados en oficios relacionados co tecido. Valla a redundancia, o oficio de entre estes que atopamos con máis frecuencia é o de tecedor, que ocupa indiferentemente tanto a homes como a mulleres, seguido polas ocupacións de xastre e costureira, onde, quizais pese a realizar en ocasións traballos semellantes, xa observamos na nomenclatura unha clara división dos traballos por cuestións de xénero. Seguindo con este grupo tamén destacan en número no seu interior, xusto por detrás dos tecedores, os carpinteiros. Incluímos tamén a outros traballadores de materias primas bastante comúns no marco das comunidades rurais como son os ferreiros e os canteiros, mentres que finalmente, entre os oficios menos rexistrados e para rematar a categoría podemos citar a curtidores e cordoeiros. Moitos destes oficios poderían ser desenvolvidos de xeito complementario á actividade agropecuaria, aspecto que presenta implicacións importantes e sobre o que volveremos en breve. Por outra banda, outras das ocupacións aquí apuntadas serían necesarias dentro do contexto das propias comunidades: por exemplo carpinteiros e ferreiros para a elaboración ou reparación de apeiros de labor ou para ferrar animais, ou canteiros na construción de novas vivendas.

Ao respecto destes colectivos temos que salientar o feito de que os seus datos quedaron rexistrados gracias á configuración dos rexistros familiares, e non aos recontos da riqueza comercial e industrial, os cales deberían dar conta das actividades que estes individuos desenvolveron. A culpa disto é a escasa calidade dos rexistros destas dúas ramas da riqueza,

aspecto xa comentado e no que non volveremos entrar novamente. Se ben é certo que nos movemos en contextos maiormente rurais pese á proximidade dalgunhas das parroquias da mostra a certos núcleos vilegos ou urbanos, a porcentaxe de persoas etiquetadas baixo esta categoría semella de todos modos demasiado reducida. De seguido abordaremos este fenómeno, pero debemos rematar previamente coa descrición dos segmentos restantes da clasificación.

Na heteroxénea categoría de "Outros" incluímos, baseándonos en simples criterios de favorecer a súa visibilidade conxunta, aos ocupados en diversos oficios entre os que podemos destacar a individuos relacionados co comercio, a carreira militar, a eclesiástica ou con algunhas profesións liberais, entre outros casos illados. Tomamos esta determinación debido a que, pese a xuntalos a todos, a inferioridade desta agrupación queda patente na escasa porcentaxe que representa sobre o total da mostra, algo menos dun 4%. Separados, a maior parte dos compoñentes non aparecería sequera nun de cada cen casos, o que empobrecería a visibilidade de certas ramas ou familias de oficios, de aí outro dos motivos que determinaron a preferencia pola súa agrupación. Por relacionados co comercio entendemos aquelas persoas cuxa actividade se centra nalgunha destas dúas realidades: ou ben a prestación dun servizo que inclúa o transporte de mercadorías, caso dos arrieiros, ou ben o desenvolvemento dunha actividade cunha clara vocación de venda dalgúns produtos. Taberneiros ou panadeiros entrarían nesta consideración e, no caso de vilas de maior tamaño, tamén tendeiros. Na carreira relixiosa quedarían contemplados, loxicamente, membros deste estamento en tanto en canto deberían contribuír dacordo coa súa riqueza como se fosen un propietario ou perceptor de rendas máis. Temos así, fundamentalmente, aos propios párrocos de cada lugar, que tamén cultivan a terra na súa propia explotación para manter aos membros do seu fogar. A maiores destes suxeitos, ás veces na mesma parroquia aparecen outros referidos como presbíteros, así como monxes pertencentes a ordes regulares. Continuando o percorrido por este heteróclito grupo de ocupacións temos aos compoñentes do que chamamos carreira militar, sobre todo milicianos. Porén, como algunhas das parroquias da mostra están a escasos quilómetros da cidade da Coruña, podemos atopar algún oficial de baixa gradación (cabo ou sarxento por exemplo) ou alabardeiros, probablemente empregados no continxente militar da mesma. A categoría complétana finalmente os integrantes dalgunhas profesións liberais entre outros casos moi illados, como mestres, escribáns ou membros do estado nobre, que chaman a atención pola súa escasa presenza nos rexistros de parroquias concretas dos cales nos servimos para a configuración da mostra.

O derradeiro grupo, ao que chamamos "Indeterminados", abrangue unha serie de individuos, moi escasos en número, dos cales carecemos de información algunha sobre a súa ocupación, por varios motivos. Temos, para comezar, aquelas persoas nas que o rexistrador correspondente anotou explicitamente a fórmula "sin oficio" para dar a coñecer a súa ocupación. Por outra banda estarían as persoas sen datos por mor de omisións e carencias dos propios rexistros. Probablemente debido a erros ou simples despistes, a persoa que realizou o reconto ignorou o dato para un determinado contribuínte e non anotou a súa ocupación correspondente. En terceiro lugar están os chamados, as máis das veces, impedidos. Baixo esta mesma e outras denominacións atopamos a persoas que por circunstancias, xeralmente físicas, non poden desempeñar un oficio en condicións normais. Cegos ou mudos entran nesta categoría, pero tamén debemos comprender que se trata dun colectivo heteroxéneo, pois os males poden ser moitos e variados e dende logo non todos supoñen os mesmos graos de impedimento á hora de desenvolver diferentes tarefas. Do mesmo xeito, unha cousa é non poder ocuparse nun oficio e outra moi distinta é non poder contribuír á propia familia, dacordo coa idea da división e reparto dos traballos en función das posibilidades de cadaquén.

Por último temos o grupo dos pobres mendicantes, persoas sen recursos das que neste punto e a efectos de clasificación simplemente nos interesa o feito de que, aparentemente, non están ocupados en ningunha tarefa ou a lo menos figuran como tal. Aquí entrarían estritamente os pobres mendicantes, de esmola, aos cales non é infrecuente que se lles etiquete como vagos no contexto da fonte fiscal que manexamos. Sobre estes individuos realizaremos algunha consideración máis adiante, nesta mesma sección.

Analizando a mostra máis detidamente, hai varias cousas que saltan á vista, ademais das que xa fomos comentando brevemente. Chámanos a atención especialmente a falta de mención, en non poucas ocasións, a certas actividades *a priori* esenciais dacordo coa realidade agraria na que nos estamos a mover. O caso dos muíños e os muiñeiros é bastante particular por ser os primeiros unha das construcións máis rexistradas despois das propias vivendas e os hórreos, e o segundo unha das ocupacións máis comúns entre os campesiños, aínda que fora a tempo parcial, pois estamos a falar, como dixemos, dunha tarefa consubstancial á colleita, aproveitamento e procesado dos cereais en calquera lugar do territorio. A cuestión é que resulta curioso que pese a que atopemos parroquias con rexistros de muíños, ocorra ao mesmo tempo que non haxa ninguén nelas que obteña beneficio algún polo seu uso. Aínda que pensemos que algúns poden ser comunais, tamén temos documentada a presenza de casas-muíño nos inventarios de edificios onde nin sequera o seu propietario e ocupante presenta o dito oficio nin ingresos de ningún tipo pola súa posesión e uso. Advertir esta cuestión sobre a inexistencia de muiñeiros non pretende ser simplemente anecdótica, pois sérvenos para introducir a problemática principal dos rexistros de ocupacións desta fonte, pois resulta que os datos que aquí se ofrecen sobre os oficios desenvolvidos polos contribuíntes son enganosos ata certo punto, debido a un dobre motivo que xa insinuamos pero que non convén esquecer. Por unha banda, o oficio que figura nas relacións de veciños para o cabeza de familia é aquel que se percibe como o principal, pero que na realidade non ten que tratarse necesariamente do que ocupe todo o tempo dese individuo de forma exclusiva. Por iso mesmo, a presenza de labradores é tan clara. Se ben moitos deles eran efectivamente cultivadores da terra, non debemos esquecer que estes datos agochan a realidade pluriactiva de boa parte do conxunto. Este feito podería quedar mellor reflectido noutra parte dos rexistros, a dedicada ás actividades comerciais e industriais, mais, e aquí aparece precisamente o segundo dos inconvenientes que atopamos neste tema, volvemos chocar de fronte novamente contra as deficiencias que estes presentan.

Na mostra que temos entre mans podemos observar como o número de persoas que se ocupan en artes mecánicas e artesanais é polo xeral moi reducido, por non mencionar que apenas existen referencias a actividades derivadas da pesca pese a movernos por lugares próximos ao Océano Atlántico, por poñer soamente un par de exemplos. E isto acontece nunha zona na que sabemos que se desenvolveron labores relacionadas co curtido de peles, a produción e o transporte de madeira, e precisamente esa pesca (especialmente da sardiña na área eumesa), ou as actividades derivadas dela, como a salga, das que mesmo algúns contemporáneos dan boa conta[64]. Máis aínda, algunhas delas quedaron ben plasmadas en parte da documentación en núcleos de maior importancia, como veremos axiña. Para algunhas desas actividades dentro da nosa área de estudo, incluso está perfectamente documentado o feito de que experimentaron un crecemento significativo nos anos previos á reforma da Facenda que nos ocupa[65], e algúns estudos mesmo defenden de forma contundente que na alternancia coas labores agrícolas, as familias destas áreas participaron nestas actividades para

[64] Meijide Pardo, A. (1986), (1991), (1993) e (1995); López Calvo, X. A. (2011); Labrada, L. (1804), p. 27; Larruga, E. (1787-1800), vol. XLIII, pp. 29-34.
[65] Meijide Pardo, A. (1998).

garantir a súa subsistencia[66]. Algo que por outra banda resulta do máis lóxico, posto que os campesiños dun determinado territorio estarían inseridos nas actividades económicas que se desenvolveran na súa comarca.

Entre as artes que máis escapan de seren reflectidas na sección dos oficios dos contribuíntes debemos facer unha breve referencia ás relacionadas con algúns produtos téxtiles. Na sección correspondente ao estado da gandería poderemos comprobar como, nalgunhas parroquias temos atopado unha cabana ovina significativa que suxire un acceso ao mercado pola vía da explotación da súa lá. Porén, a situación que alí será descrita entraría en clara contradición co baixo continxente de artesáns que presentamos hai un pouco adicados ás tarefas do tecido, como cardadores ou teceláns, ou ao curtido, algo que reforza os argumentos que agora defendemos. Incluso na sección dos rexistros desas mesmas parroquias nas que podemos comprobar as ocupacións da súa poboación, este tipo de ocupacións son tremendamente escasas. O caso do liño pode ser outro exemplo similar. Xa son tradicionais os estudos que sinalan que nos tempos de esplendor da industria liñeira a maior parte dos fogares rurais tería un tear na súa casa, podendo atopar entre os nosos fondos mostras do cultivo habitual desta materia prima nalgunhas das freguesías nas que atopamos rexistros[67]. A pesar de que no século XIX asistamos á liquidación destas manufacturas estamos aínda, dende o punto de vista temporal, nos inicios deste proceso de desarticulación, ata o punto de que tamén se ten apuntado que nin sequera as excepcionais circunstancias bélicas serían as súas causantes, aínda que nos anos inmediatamente seguintes o contrabando comezara a danar o mercado para as produción internas, reducíndoo[68]. Joám Carmona precisamente, refírese de feito ao primeiro terzo da centuria como a etapa de comezo da decadencia do sector. As referencias que temos aos oficios que se englobarían baixo as actividades téxtiles son polo tanto claramente insuficientes, esteamos a falar de lá ou de liño.

Por todo isto estamos convencidos de que moitos deses supostos labradores que representan unha porcentaxe tan destacada na clasificación por ocupacións desenvolverían labores complementarias nesas outras tarefas, das cales podemos dicir que practicamente todas elas están subrepresentadas, cando non directamente omitidas nalgúns dos rexistros. Labradores si, pero moito máis que iso. Lamentablemente, as fontes non nos deixan chegar ata eses outros traballos en profundidade porque non pasan de indicar a ocupación principal. O caso da vila de Pontedeume, espazo cun mínimo compoñente urbano para o que temos algúns datos de actividade comercial e industrial e a riqueza derivada delas, aparece como un faro que ilumina unha fonte na que vemos unha cantidade abafante de labradores, pero presenta así mesmo inconvenientes importantes neste terreo[69]. Para o ano de 1818 dispoñemos dun padrón de veciños sobre o cal se executou o repartimento da contribución xeral, que xa foi citado na sección correspondente por ser un dos poucos documentos que contiña referencias explícitas a esas dúas fontes de riqueza. Inicialmente podemos observar como figuran as orixes das rendas dos primeiros veciños da relación, de xeito que observamos anotacións que falan de tendas de panos, fábricas de sardiña, adegas ou oficios concretos. Non en van, autores como Larruga falaban algúns anos antes dunha cantidade importante de teares manexados por mulleres na vila[70]. Porén, estes niveis de detalle duran pouco nos recontos e

[66] López Calvo, X. A. (2011), p.181.
[67] Nadal, J. (1999), pp. 185-222.
[68] Carmona Badía, J. (1990), pp. 191-194.
[69] Tomamos a liberdade de empregar o termo "urbano" para establecer un contraste e por oposición ao territorio claramente rural que circunda un núcleo deste tipo. En realidade, estamos neste momento de finais do Antigo Réxime ante un dos compoñentes do mundo de pequenas vilas galegas situadas a cabalo entre o campo e a cidade, como parte da trama urbana que se configuraba sobre este territorio en varios niveis (Dubert, I. (2002), pp. 67-72).
[70] Larruga, E. (1787-1800), op. cit., vol. XLV, p. 271.

vemos como se dilúen enseguida, pois a medida que avanza a listaxe de veciños observamos como o encargado do reconto, probablemente por comodidade, pasa a anotar palabras soltas e moito máis vagas e imprecisas como oficio, tenda ou industria, sen especificar nada máis.

Pese a isto, podemos apuntar algunhas cousas sobre a vila por cativas que sexan, pois eses datos ofrecen a posibilidade de observar por exemplo aos tendeiros, e dentro deste grupo a aquelas persoas que teñen adegas, pois esta denominación mantense durante toda a extensión do padrón. Por exemplo, arredor do 10% dos veciños recollidos na documentación deste repartimento inclúen referencias a tendas, xa sexa de forma xenérica ou entrando en ocasións nun nivel de detalle maior (nos casos máis frecuentes dáse a entender que estamos por exemplo diante de tendas de panos, de comestibles ou adegas para a venda de viño e augardente). Existen así mesmo outros oficios de natureza comercial nos que non hai constancia da existencia de establecementos físicos para o seu desenvolvemento, entre os cales podemos destacar a certos individuos que tributan por actividades relacionadas co tráfico dalgunhas mercadorías como os grans ou a madeira. Estas profesións conviven con outras habituais de artesáns que xa mencionamos na mostra das ocupacións nas parroquias rurais (carpinteiros, canteiros, xastres ou zapateiros), se ben é certo que baixo a simple denominación de "oficio" perdemos a posibilidade de ollar aquelas que son máis comúns. Por outra banda, algunhas ocupacións máis específicas séguense anotando de xeito explícito pola súa rareza, caso dos mestres ou os escribáns. Aquí si temos documentadas referencias á pesca e ás artes de mar, a través da mención a persoas que desenvolven o oficio de mariñeiros ou a contribuíntes que pagan a súa cota polos réditos que lles aporta a explotación de lanchas e outras pequenas embarcacións.

Este documento de grande interese, especialmente local, non permite un estudo en profundidade dende o punto de vista cuantitativo en moitos aspectos, pero si posibilita algúns apuntamentos cualitativos sobre as actividades desta vila. Por exemplo, que como era de esperar, resulta moito máis habitual ver a xente ocupada en profesións máis propias de núcleos de poboación de certa consideración e con máis habitantes, caso por exemplo dos avogados ou doutras ocupacións que son tipicamente urbanas e vilegas como os rexedores ou os alguacís. Tamén podemos apuntar que entre as numerosas referencias a esas actividades comerciais e industriais non é raro atopar pequenos negocios familiares que abarcarían tódalas partes do proceso de produción, pois a lo menos no respectivo á sardiña atopamos referencias a quen obtén beneficios pola explotación simultánea dunha traíña, unha fábrica de sardiña e tendas de comestibles. Temos ante nós claramente os procesos de pesca, procesado e comercialización do produto. Hai dende logo quen se centra soamente nunha soa ou en dúas desas tarefas e quen as combina con outras formas de negocio, aproveitando o establecemento para a venta de panos, adegas ou almacéns. Os casos son moitos e esixirían un estudo en profundidade que levaría a unha análise caso por caso.

Non obstante, debemos apuntar que estes breves comentarios exclusivos para a situación da vila de Pontedeume non entran en consideración coa mostra previa de ocupacións dende un punto de vista cuantitativo, pois tendo en conta o número de casos que analizamos e sabendo que o padrón da vila recolle catrocentos trinta veciños, a presenza dun continxente abundante de certos grupos no seu seo (caso deses comerciantes de sardiña ou dos tendeiros que xa apuntamos) farían os sobrevaloralos no contexto dunha mostra global en relación coa realidade das outras parroquias, de carácter eminentemente rural e moito máis pequenas en comparación con este núcleo.

Rematadas as anotacións previas pasaremos a realizar algúns apuntamentos para o caso concreto do traballo feminino o cal, como adiantabamos ao comezo da sección, constitúe unha das partes máis escuras na información subministrada pola fonte que manexamos. Afectadas

por tódolos problemas xa apuntados, o descoñecemento das súas figuras dende o punto de vista da ocupación deriva principalmente de que se constitúen como cabezas das explotacións familiares con moita menos frecuencia que os homes, tal e como teremos ocasión de comprobar deseguida. A non ser que se sitúen á fronte de fogares, chegar a coñecer a actividade á que se dedican transfórmase nun problema de moi difícil solución. Nos datos familiares, como un integrante máis do fogar, a ocupación da cónxuxe pode aparecer se, dado o caso, fora diferente da do seu marido e os beneficios fosen suficientes como para seren rexistrados. Pero o máis frecuente debeu ser ignorar este feito, ou do contrario non teríamos presentado os problemas que salientamos en relación á mostra do cadro 3.F. Non polo feito de ser mulleres que se atopaban baixo o influxo da figura masculina que estivera á fronte da casa, senón máis ben pola propia configuración da estrutura dos rexistros, que concede unha clara primacía ao oficio do cabeza de casa. Neste sentido, esta escuridade non é maior para as mulleres que para calquera outro dos membros do fogar, pois a fonte considéraos como claramente secundarios. Por outra banda, nos resumos das cotas da contribución poden aparecer desdobradas do cabeza de casa como contribuíntes individuais, e aínda así os casos son sumamente escasos, especialmente cando a familia obtén ingresos pola súa parte de man de oficios artesanais cando o marido figura nos rexistros como labrador. No caso particular da vila de Pontedeume, no documento que acabamos de deixar atrás, ás veces atopamos tamén algunhas referencias a cabezas de familia aos que na descrición se lle inclúen algúns conceptos que fan referencia á súa respectiva esposa. Así, un contribuínte paga o que lle corresponda por conceptos por exemplo como o de "por su oficio y la industria de su muger" ou simplemente por "el oficio de su muger". Neste padrón de repartimento temos tamén referencias a ocupacións claramente femininas como pode ser o caso das augardenteiras, que pese á súa escaseza trátase dun oficio desenvolvido en tódolos casos por mulleres. Na mostra parroquial que presentamos tamén hai algún oficio tipicamente feminino se o lembramos, como as costureiras.

Pois efectivamente, tal e como xa se ten apuntado nalgún estudo, o ámbito de traballo das mulleres é a miúdo aínda máis amplo que o dos varóns, xa que vai moito máis alá das labores agrarias dentro do ámbito familiar, nas que por suposto tamén participan de xeito activo. Hai que ter en conta non soamente outro tipo de tarefas imposibles de cuantificar e valorar dentro deses mesmo grupos (pensemos por exemplo nas actividades domésticas que as mulleres desenvolven xa dende nenas incluíndo o coidado dos pequenos do fogar), senón tamén diversos traballos a xornal, xa foran agrarios ou non (por exemplo de tipo artesanal), ou diversas actividades destinadas ao transporte de mercadorías para a súa venda en feiras e mercados, as cales podían traer consigo importantes desprazamentos, non soamente en radio de acción, senón tamén en tempo[71].

Dende este punto de vista non hai labor da que as mulleres estean realmente excluídas, aínda que convén facer énfase en que existían algunhas que si lles estaban reservadas. Isto último ía máis alá do ámbito doméstico, de xeito que tamén no agrario as mulleres se encargaban, moitas veces en exclusiva, de labores relacionadas coa vendima, as rozas, o desherbado ou o repartimento do esterco. Un traballo que aínda se volvería máis importante tanto en termos relativos e absolutos no ámbito da familia cando as migracións masculinas aumentaban en intensidade[72]. Arredor deste particular, polo enorme valor que as mulleres acababan supoñendo ao ocuparse das tarefas que poderían ter desenvolvido homes que agora estaban ausentes, hai autores que afirman que é precisamente no norte da península onde o

[71] Domínguez Martín, R. (1996), op. cit., pp. 84-92.
[72] Saavedra, P. (1995a), op. cit., p. 131.

traballo feminino desempeñaba o papel máis importante na agricultura[73]. De novo podemos acudir a Larruga para decatarnos das numerosas referencias que hai na súa obra en relación con traballos desenvolvidos maioritariamente baixo roles femininos e dos que a nosa fonte apenas dá testemuña. Non nos referimos dende logo a tarefas que poden ser imposibles de medir en tanto en canto resultaría moi difícil asignarlles un valor no marco dunha fonte fiscal (como as rozas ou o desherbado que acabamos de citar), senón por exemplo as relativas ao fiado e ao tecido, das que incluso se afirma que existen en considerable abundancia, ocupadas a tempo parcial, unha cantidade moi considerable de mulleres[74]. Incluso estas donas que achegan réditos ás familias e que polo tanto deberían figurar ou deixar algún rastro nos rexistros, teñen unha presenza certamente escasa. Un argumento máis por outra banda, que fortalece a nosa idea do pouco representados que están nesta fonte os oficios complementarios ou os que se desenvolven a tempo parcial.

Considerando todo o dito neste apartado, poderiámonos preguntar polas razóns que levan a ese claro subrexistro das actividades profesionais que caen fóra da considerada como principal. A este respecto, a busca nas fontes pode ofrecernos algunhas das motivacións que estaban tras destes comportamentos. Unha anotación que figura ao final do repartimento elaborado en 1818 en Santa María de Noicela, na xurisdición de Caión (hoxe concello de Carballo), pode resultar reveladora a este respecto:

> "Nota: La es de que en esta parroquia no hay artes ni oficios sino algunos sastres y tejedores que se egercitan aun la metad del año, y por lo mismo no les lucra utilidad alguna que quasi no les reditúa para su propio valimiento, en quanto a la producion de las tierras que cultivan los labradores aun no les llegan para subvenir a las urxencias conque se hallan: paga de rentas, paga de jornales y otras rentas concejiles que a la continua se les recargan[75]."

Outra aclaración moi semellante, desta volta na parroquia de Santa María de Caión, na mesma xurisdición (ámbolos dous repartimentos son moi parecidos e seguen o mesmo esquema incluso nas alegacións e razoamentos como este), apunta na liña dun motivo moi semellante:

> "Nota: La es que en esta [parroquia] no hay comercio ni otro ramo de industria sino la agricultura de los labradores, y algunos marineros pobres que estos solo tal cual se dedica a la pesca sinque tenga otro comercio ni industria alguna. También hay algunos tejedores, zapateros pero no les lucra actividad, por no exercerlo aun en la maior parte del año (…)[76]"

Pensemos no que estes exemplos supoñen. Para comezar, os rexistradores encargados de realizar os rexistros son conscientes da existencia destas actividades secundarias. Isto é algo lóxico por outra parte, pois moitos destes individuos son habitantes das mesmas áreas que inventariarían, ou viven en zonas próximas e parroquias veciñas. En consecuencia, a decisión de que estoutras ocupacións non figuren entre a riqueza dos veciños correspóndelles a eles mesmos. Chegados a este punto podemos asumir simplemente como explicación deste fenómeno a que se nos dá: dedicadas á subsistencia e polos seus escasos réditos de cara á contribución, xa sexa polo pouco tempo ao ano que os contribuíntes as desenvolven ou polos

[73] Simpson, J. (1997), p. 87.
[74] Larruga, E. (1787-1800), op.cit., vol XLV, pp. 28-29; Ibídem, vol. XLII, pp. 123-126, 178 e 192, onde incluso se recoñece a posibilidade de que as mulleres participen en cultivos hipotéticos como o do azafrán, o cal sería posible e mesmo beneficioso para o territorio galego en opinión do autor.
[75] AMC, c. 3970, l. 6, a. 1, p. 15.
[76] AMC, c. 3970, l. 6, a. 4, p. 11.

tan escasos beneficios que lles reportan, esas actividades non principais non están recollidas. De feito, na listaxe de contribuíntes destas dúas mesmas parroquias non aparecen por ningures, entre as súas ocupacións, aquelas que as notas citadas sinalan. Unha mala praxe por parte dos peritos, pois esas actividades proporcionaban ingresos aos contribuíntes na medida na que os produtos obtidos podían ser valorados en diñeiro, de forma que deberían ter sido gravadas coa correspondente porcentaxe asignada no repartimento. Porén, comentarios como os anteriores que neste caso, por sorte, si quedaron reflectidos, poden ser en realidade parte dun fenómeno de non rexistro deses oficios que sería o responsable de que a fonte nos ofreza unha imaxe dos contribuíntes sumida case en exclusiva na actividade labrega. Por outro lado, argumentacións como a anterior poden ocultar tras de si outras consideracións que terían en conta os peritos e que quizais nunca sexamos capaces de confirmar: non sería estraño pensar que a comodidade ou a preguiza dos rexistradores puideran estar tras esta forma particular de realizar os rexistros. Ao fin e ao cabo, estas persoas podían chegar a razoar que se efectivamente os beneficios eran tan escasos, non pagaba a pena chegar sequera a contabilizalos, aínda que con iso estiveran a cometer quizais unha pequena neglixencia. Desta forma os encargados dos inventarios aforrarían unha parte do seu traballo.

Á marxe destes apuntamentos e continuando coas ocupacións desenvolvidas pola poboación, hai quizais unha que destaca por riba de todas en canto á precisión coa que se recolle. Falamos concretamente sobre a situación do servizo doméstico, sobre o cal podemos realizar algúns pequenos apuntamentos, aínda que quizais soamente sirvan para situar futuras investigacións sobre a cuestión que pretendan o uso dalgunhas fontes pouco tratadas ata o de agora. Para comezar hai que dicir que algúns dos problemas fundamentais expostos para as demais ocupacións desaparecen no caso desta en boa medida: en principio non importa quen estea á fronte da casa nin o seu oficio, ou que haxa unha clara descompensación cara a presenza de labradores nos rexistros, pois iso non é un problema en si mesmo que afecte á información dispoñible sobre os criados. Por suposto, os que si nos seguen acompañando son os problemas habituais derivados da fragmentación da fonte e da escasa presenza de datos familiares nos recontos. A cuestión é que cando estes últimos aparecen, os criados e criadas adoitan facelo tamén a maioría das ocasións, gozando ao mesmo tempo dunha información que inclúe, normalmente, o sexo e a idade. Estes individuos aparecen xunto cos demais membros da familia, pero no lugar de ofrecérsenos unha referencia a un parentesco, o que aparece reflectido no seu lugar é unha anotación que dá conta de que se trata dun empregado doméstico. Na maioría dos exemplos a relación mutua recóllese cunha simple referencia a criado/criada, pero tamén hai situacións nas que estamos ante fogares de maior nivel económico onde temos documentada a presenza dun servizo doméstico máis experimentado, baixo a figura, por exemplo, das amas de chaves que destacan entre un grupo de varios destes criados. Con menor frecuencia poden aparecer xunto a estes datos o nome e incluso o apelido dos individuos en cuestión e, en menos casos aínda, podemos observar como a persoa que se ocupa como criado ten algunha relación de parentesco co cabeza de casa, no caso de que esta exista. Esta é a regra xeral, pero tamén aparecen algúns casos excepcionais pola súa calidade, con exemplos nos que pode incluso suceder que os oficios dos cabezas de casa presenten erros ou lagoas para algúns veciños, pero os criados aparezan ben documentados, con idades e nomes completos, sendo nos casos dalgunhas parroquias os únicos individuos que aparecen nos rexistros incluso cos seus apelidos correspondentes.

A cuestión do problema da representatividade xeográfica da fonte si nos afecta máis directamente no estado da nosa investigación particular, posto que se a mostra dispoñible de parroquias é pequena, non podemos agardar dispoñer dun corpo o suficientemente grande de individuos ocupados neste sector do servizo doméstico como para que as pautas detectadas

sexan representativas e concluíntes. Neste sentido, nas freguesías onde atopamos os rexistros familiares cos integrantes do grupo, que é onde aparecen listados os individuos empregados no servizo doméstico, unicamente atopamos 110 persoas baixo esta caracterización. Determinadas tendencias de certas parroquias, onde se observa, por exemplo, que pode existir unha preferencia na ocupación dun sexo sobre o outro nesta tarefa, poden afectar ao balance entre os casos de homes e mulleres contabilizados en total cando a mostra é tan reducida. Un pequeno inconveniente cuxa solución pasa por continuar cunha busca exhaustiva de novos fondos que incremente os casos dispoñibles, así como por interpretar os resultados obtidos con moita cautela. Deste xeito, os nosos modestos aportes quedarán á espera de seren confirmados por novos achados de fondos na nosa área de estudo ou noutras próximas, ou por outra vía, complementados co uso doutras fontes da mesma época que nos aporten datos sobre esta realidade.

Hai dous aspectos esenciais sobre os que podemos realizar algúns breves apuntamentos respecto deste tema. O primeiro deles refírese á composición por sexos do servizo doméstico, mentres que a segunda pivota arredor da idade dos seus compoñentes. En canto á cuestión do reparto por sexos, o balance resulta por moi pouco favorable aos homes, que ocupan o 52,7% (58 dos casos), sendo o 47,3% restante (52 dos casos) o que queda exercido por mulleres empregadas como criadas. Observarase que os resultados non coinciden cos presentados hai xa máis de vinte e cinco anos en destacados estudos sobre o tema do servizo doméstico desenvolvidos por Isidro Dubert na universidade de Santiago de Compostela[77]. De todas formas, isto pode ser debido a que o que detectamos nestes rexistros é a ausencia dunha pauta en canto á ocupación por sexos, ou dito doutra forma, unha sorte de comportamento aleatorio que quizais nos acabe situando en valores próximos a un 50/50, que evidentemente non serán exactos, pero que se aproximarán aos resultados dun experimento aleatorio, falando dende un punto de vista estatístico. O que nos fai pensar isto é o feito de que se atendemos ao reparto individualizado por parroquias, o balance queda a miúdo distribuído en valores próximos ao central, pero hai, como dicimos, algunhas freguesías nas que parece haber unha tendencia de contratación dun sexo sobre o outro, de xeito que no cálculo global, un dos xéneros, neste caso o masculino, acaba primando.

A cuestión da idade tamén pode ser comentada brevemente. A xuventude é a característica principal da pequena mostra de persoas ocupadas no servizo doméstico que logramos configurar a partires dos rexistros atopados nas nosas fontes. Non en van, máis da metade dos criados e criadas se sitúan nun rango de idade ata os vinte anos (incluíndo esta cifra atopámonos con, aproximadamente, o 52% dos individuos nesta ocupación). Se miramos un pouco cara adiante, un 30% dos empregados no servizo doméstico presentan unha idade comprendida entre os vinte e os trinta anos, o que significa que en adiante, a redución é xa moi notable, pois con máis deses trinta anos temos soamente á quinta parte escasa que resta para completar a totalidade dos integrantes da pequena mostra atopada. Non obstante, pese a esta redución e á particularidade de que a xuventude sexa o carácter maioritario entre os integrantes do servizo doméstico, non se exclúe o feito de que realmente atopamos a xente de tódalas idades. De feito, hai dous aspectos que chaman a atención arredor desta ocupación en canto a cuestións de idade relacionadas cos valores extremos, tanto polo lado da nenez como polo da vellez. En primeiro lugar hai que recoñecer a presenza de nenos, pois non é algo estraño atopar criados e criadas de idades arredor dos dez ou doce anos ou incluso menos. En segundo lugar, hai que destacar a figura dos criados maiores e anciáns, con máis de sesenta anos, que polas súas facultades xa non poderían contribuír demasiado ao esforzo e traballo da

[77] Dubert García, I. (1992), op. cit., p. 76.

explotación na que se atopan. En ningún dos dous casos estamos ante persoas dispostas, falando dende un punto de vista das súas posibilidades, a asumir e desenvolver tarefas físicas de grande importancia, ben por falta de formación ou por excesivo desgaste vital. Quizais nestes casos de idades situadas cara os extremos esteamos, aínda que non temos forma de comprobalo na maior parte das ocasións, ante o fenómeno da asimilación ou acollemento dos parentes como criados, é dicir, individuos da rama familiar que aparecen no fogar ocupados baixo estas condicións.

Son varias as situacións nas que nun determinado fogar podemos atoparnos coa figura das persoas ocupadas no servizo doméstico. Para comezar, explotacións grandes en extensión, onde o peso dos demais familiares que viven xunto co cabeza de casa é reducido. En segundo lugar, explotacións onde o número de fillos é reducido, ou sendo este de certa importancia, estamos na presenza de cativos que presentan aínda idades temperás. Por último, unidades familiares nas que, debido á condición do cabeza de casa, o número de descendentes dificilmente pode aumentar, por exemplo por cuestións de celibato. Tódolos escenarios posibles cumpren porén cun mesmo cometido, pese á diferenza de motivos que leven á presenza destes individuos e que non é outro que o de solucionar unha situación de carencia de man de obra na explotación familiar. Xa sexa por ausencia doutros parentes correlativos, polo reducido número de fillos ou pola súa xuventude, relacionado todo isto co feito de que cada integrante da familia realiza traballos dacordo coas súas facultades, o denominador común a todas estas situacións adoita ser un desfase entre a explotación agraria e a forza de traballo necesaria, con balance negativo para este último compoñente. Tendo en conta esta realidade, o claro predominio de xente nova ocupada no servizo doméstico estaría estreitamente relacionado con isto que vimos dicindo, pois sendo necesario suplir unha falla de traballo ou carencia de man de obra, resulta evidente que se recorra en maior medida a persoas mozas, na flor da súa vida e polo tanto en condicións físicas próximas ao seu óptimo. Á vista disto entenderemos mellor que preto dun 82% dos criados que localizamos nos rexistros familiares teñan como moito unha idade de 30 anos (hai que ter en conta, porén, o apuntamento que realizamos sobre os nenos que figuran como criados, que tamén están aquí contabilizados). Por este motivo, os criados están especialmente presentes en certos fogares, por exemplo en boa parte daqueles que contan con eclesiásticos á fronte e, onde por motivos lóxicos, resulta complicado aumentar a man de obra pola vía do aumento dos familiares que residen baixo o mesmo teito e que xeralmente se reducen xeralmente a pais xa nun momento vital da vellez e quizais algún que outro irmán ou irmá solteiros. Ante esta situación non é infrecuente atopar servizo doméstico nas vivendas de curas párrocos, presbíteros ou monxes. Deixando de lado aos eclesiásticos, algo semellante pode suceder naqueles fogares onde individuos que en circunstancias normais aportarían un continxente importante de enerxía e traballo, aparecen ocupados noutros oficios que lles restan unha parte importante do seu tempo de participación na explotación familiar. Falamos de homes e mulleres en idades novas pero xa na plenitude da súa vitalidade física, entre os dezaoito ou os vinte anos e ata os corenta aproximadamente, dependendo claro está das circunstancias persoais de cadaquén. Non nos referimos aos oficios non rexistrados e que se poden levar a cabo temporalmente, pois precisamente moitos deles son desenvoltos cando os calendarios agrícolas así o permiten, senón a profesións principais que simplemente detraen o tempo dispoñible para actividades de cultivo, aínda que a ocupación de labrador se poida desenrolar a tempo parcial con esoutra. Por exemplo, persoas ocupadas en oficios artesanais ou de carreira militar, que indubidablemente non poderían ocuparse mentres tanto nas tarefas agrarias. Tamén nestes casos podemos documentar a aparición de criadas e criados nos fogares da contorna, que en

todo caso se seguen correspondendo cunha situación de necesidade de aumentar os aportes de traballo.

Os datos de ocupacións permítennos coñecer unha derradeira información que non está estritamente relacionado con elas, pero que ao figurar nesta sección nos rexistros situaremos neste punto. Referímonos á situación de pobreza económica na que poden estar sumidos algúns dos habitantes dunha parroquia determinada. Á marxe das deducións que poidamos facer a partir de rexistros de riqueza baleiros ou de veciños que non teñen bens nin rendas nos seus inventarios, hai dúas formas de coñecer a situación de pobreza dunha persoa, de novo a partir dos dous tipos de documentos que vimos manexando ao longo de todo este apartado particular. Nos rexistros de datos familiares dos veciños os pobres adoitan figurar normalmente nos últimos lugares e son facilmente identificables a través dunha mención explícita da súa condición. Así, no lugar dunha referencia a un oficio ou ocupación aparecerán expresións como "pobre de solemnidad", caseteira (esta é unha cualificación que especialmente se atribúe ás mulleres, e aínda que poidamos atopar algúns varóns trátase de casos moi illados) ou simplemente, pobre. Nos resumos de cotas contributivas a forma de identificalos pode ser igualmente a mención directa ou, se nos fixamos nas cantidades asignadas, unha carga nula a diferenza do resto dos contribuíntes.

A inclusión dunha persoa nesta categoría presenta non obstante numerosos problemas que dificultan dun xeito considerable o estudo deste grupo. Para empezar, non coñecemos o criterio segundo o cal certos individuos foron identificados como pobres a efectos da contribución xeral de 1817, pois o único que se indica na lexislación é que se deben recoller tamén xunto co resto de veciños aínda que non contribúan, posiblemente por se a súa condición mudaba ou para cumprir tamén unha función de padrón cos rexistros. Debemos salientar que para a xente que figura en situación de pobreza adoitamos perder o dato da ocupación en boa parte das ocasións, especialmente se atendemos ás listaxes das cotas contributivas. Porén, non debemos pensar que isto se traduce en que unha persoa pobre é un individuo sen actividade algunha, xa que nalgunhas parroquias onde os rexistros familiares aparecen ao completo atopamos pobres ocupados como xornaleiros, labradores ou desenvolvendo algún oficio artesanal. Esta confusión habitual procede do feito de que, moitas veces, os propios rexistros da riqueza mesturan baixo a denominación de pobre, sen diferenciación aparente, un dobre criterio desta condición que realmente debe ser matizado: por unha banda o da persoa que non ten recursos nin ocupación algunha e ao que nos podemos referir como pobre de solemnidade ou mendicante e, pola outra, o individuo que podemos chamar pobre fiscal, que desenvolve un oficio do cal obtén unha serie de recursos moi reducidos, apenas ten propiedades (ou directamente carece de posesión algunha) e presenta en consecuencia unha cantidade contributiva testemuñal ou queda directamente exento de realizar pagamento algún. Un caseteiro ocupado como tecedor, por poñer un exemplo, podería entrar neste derradeiro caso. Entendemos en consecuencia e baixo esta óptica ao pobre como un suxeito que simplemente obtén moi poucos réditos da súa actividade, pero que na presentación da nosa mostra queda diluído entre outras ocupacións que desenvolve con certa frecuencia. O outro criterio de pobreza, o do individuo mendicante, é extremadamente raro, a lo menos entre os rexistros parroquiais que logramos atopar para este traballo. Isto podía deberse a un simple criterio práctico dos rexistradores, que aforraban tempo ao non rexistralos, aínda que outra cuestión sería a de que, como sabemos, tal práctica contradixera a lexislación.

En segundo lugar, debemos ter en conta que a variabilidade entre parroquias é moi acusada neste apartado, pois hai bastantes que non rexistran correctamente aos seus pobres (con independencia de que sexan fiscais ou mendicantes) e incluso hai lugares onde se lles

reparten contribucións moi pequenas (ás veces simplemente de un ou dous marabedís), o que axuda a enturbar as dúbidas sobre os criterios seguidos para identificar a unha persoa dentro desta categoría. Por último, existe tamén a situación de parroquias nas que se pode ver facilmente que os pobres non están en absoluto rexistrados, probablemente por incumprimento do estipulado naquel artigo 18º da instrución do 1 de xuño que obrigaba a facelo. Neste caso primaría fundamentalmente un criterio práctico de rexistrar soamente ás persoas sobre as cales se ía repartir a contribución, que eran a efectos da mesma, as que efectivamente importaban. A disparidade de criterios seguidos e a indefinición que se deriva desa situación fai que renunciemos, sobre o reducido número de casos dispoñibles que conseguimos configurar, ao estudo da pobreza a partir desta fonte, o cal podería non obstante ser posible no caso de seren atopados novos fondos que aumentaran a base de estudo para a súa análise. Quizais noutras áreas do territorio galego estas persoas puideron ter sido rexistradas con maior nivel de detalle, o que permitiría o seu estudo máis detallado. As particularidades coas que estes individuos se recollen (ou en ocasións se deixan de recoller) suporán, porén, complicacións engadidas para o estudo de certas realidades e fenómenos, como se verá.

3.4.2. Análise dos grupos familiares

A fonte presenta, por regra xeral, unha moi boa calidade á hora de recoller os datos das familias en canto a estruturas de parentesco e idades. Claro está, se temos en consideración as limitación habituais de que é moi difícil poder estudar un territorio amplo pola fragmentación dos fondos, e que enriba disto os datos de poboación figuran entre os máis escasos dos que aparecen nos rexistros. Porén, hai que salientar a súa calidade cando están presentes, pois son poucos os exemplos nos que non fomos quen de identificar a estrutura dun fogar debido a omisións de lazos de parentesco. O caso das idades tamén é digno de mención pois resulta igualmente moi preciso incluso para os nenos máis novos, sendo moi común que figuren mesmo as idades dos pequenos que teñen menos dun ano, en meses. Neste sentido, parece que non existen nestes rexistros algúns dos erros habituais doutras fontes de natureza fiscal como o catastro de Ensenada neste ámbito do estudo das familias, e que supoñían importantes carencias ao privilexiar as idades rematadas en cero para os cabezas de familia e sobre todo problemas cos datos das idades das mulleres, especialmente graves nos casos das nenas e das menores de idade en xeral[78].

Por outra banda temos que ter en conta o estatismo da fonte para realizar un apuntamento importante arredor da cuestión das estruturas familiares, que non debemos entender necesariamente como un inconveniente senón como algo a valorar para non incorrer en posibles erros de interpretación. Cando falamos de estruturas familiares como faremos a continuación, non debemos tratar de supoñer máis cousas que as que a fonte nos indica. Neste sentido, aventurar as pautas previas que permitiron chegar á situación da estrutura do fogar que quedou plasmada no rexistro podería ser resultado dun autoengano froito de concepcións previas que non teñen que ser verdade en ningún caso. Por exemplo, o feito de falar dunha familia nuclear formada por unha parella con fillos non nos debe levar a supoñer que dúas persoas casaron e remataron tendo descendencia, pois as posibilidades que puideron levar a ese escenario puideron ser varias e diversas. Quizais esteamos ante unha nova unidade familiar formada tras dun episodio de segundas nupcias onde os fillos son soamente dun dos cónxuxes, como tamén puido ocorrer que cada un tivera un fillo dun matrimonio previo. O exemplo serve como chamada de atención para dar a entender que, como resulta totalmente

[78] Dubert García, I. (1992), op. cit., p. 19.

imposible chegar a coñecer esa información a través da fonte manexada, absterémonos por completo de facer calquera tipo e cábalas ao respecto. Polo tanto cando se fale dunha estrutura familiar, calquera que sexa, estarémonos remitindo en exclusiva ao retrato que os rexistros nos ofrecen sen entrar a valorar o que puido suceder para chegar a configurarse dita unidade.

Tendo isto en conta pasamos a presentar a grandes trazos algúns dos datos familiares máis significativos que a fonte que manexamos nos ofrece. Como acontece con outras seccións deste mesmo apartado, estamos simplemente ante unha serie de caracteres introdutorios que pretenden poñer en valor o uso dos rexistros da riqueza mandados realizar no marco da reforma de 1817 como fonte para o estudo destas cuestións. O dito aquí debe ser necesariamente ampliado por investigacións posteriores que moi probablemente irán aparecendo pouco a pouco, pois as posibilidades son abundantes. Polo que a nós respecta, os datos atopados e analizados levarannos a falar principalmente de dúas cuestións fundamentais coas cales comezamos a continuación: as estruturas familiares e o estudo das xefaturas, tratando de poñer énfase tamén naquelas que está baixo a dirección dunha figura feminina.

Baseámonos para esta parte do traballo nalgúns aspectos clave do monumental estudo, xa citado nestas páxinas, sobre a historia da familia en Galicia realizado hai xa máis de dúas décadas por Isidro Dubert, de onde collemos multitude de ideas en canto a conceptos e arredor da forma de presentar certos datos e cifras. Hai dúas ideas fundamentais que tomamos por consideralas especialmente útiles. Por unha banda coincidimos no criterio residencial dos fogares para definir as unidades familiares, empregando ademais de forma indiferente conceptos como os de familia, fogar, núcleo ou casa, entre outros. Por outro lado consideramos tamén de grande interese e utilidade á hora de tratar cos fondos familiares dos nosos rexistros, a clasificación empregada nese estudo para analizar os agregados domésticos que manexamos[79]. Esta clasificación, que segue o modelo creado por Laslett, presenta como sinala o autor, a virtude da posibilidade de modificación para adaptarse aos contextos e realidades nos que se queira aplicar, para reducir con elo a perda de información. As categorías que empregaremos para presentar os datos analizados serán cinco en total, que describiremos brevemente a continuación, máis unha sexta que será necesariamente a dos fogares de organización indeterminada e onde irán a parar aqueles exemplos dentro dos cales atopamos individuos cuxa relación co cabeza de casa nos é imposible determinar. Estes son, por sorte e como xa dixemos gracias á calidade da información dos rexistros, bastante escasos. Porén, a categoría debe existir para non perturbar a mostra nin variar a porcentaxe dos demais agregados que conforman a clasificación.

Apuntado isto, as cinco categorías principais serían as seguintes, seguindo sempre, e isto é algo que debe quedar claro, un criterio de residencia común, segundo o cal toda estrutura que se rexistra consiste nunha serie de suxeitos que se achan vivindo baixo o mesmo teito: os solitarios (1) inclúen loxicamente aqueles fogares onde atopamos individuos vivindo sos, xa sexan solteiros, célibes, etc.; en segundo lugar os fogares sen estrutura familiar (2), aqueles formados por individuos que non se organizan arredor dun núcleo familiar pese a que poden ter lazos de consanguinidade (o caso máis común é o de varios irmáns vivindo xuntos, pero tamén podemos ter por exemplo unha persoa vivindo cun sobriño); logo estaría o fogar nuclear (3), recoñecido a partir da dobre vía do matrimonio e a relación paternofilial, sen que a ausencia dunha delas rompa a consideración da categoría (aquí caerían polo tanto parellas, solteiros ou viúvos con fillos aínda que sexan ilexítimos, ou así mesmo parellas conxugais sen eles). As dúas categorías restantes, ás que se lles denomina tradicionalmente en conxunto fogares complexos, inclúen por unha banda as familias extensas (4), formadas por fogares

[79] Dubert García, I. (1992), op. cit., pp. 13 e 22-24.

principais xunto aos que conviven outros de tipo secundario provenientes da mesma rama de parentesco (por exemplo un matrimonio con fillos convivindo cun dos pais ou cun irmán dun dos cónxuxes); e as familias múltiples (5), aquelas nas que podemos dar conta de máis dun núcleo baixo o mesmo teito (sendo o caso máis común o dunha parella en cuxo fogar reside tamén un dos fillos casados coa súa parella e a miúdo algún fillo destes últimos, é dicir, neto dos patrucios). Á marxe destes cinco grupos contémplase, como apuntabamos algo máis arriba, a existencia doutro para as familias de estrutura indeterminada, onde quedan recollidas aquelas unidades conxugais en cuxo interior existe, a lo menos, unha persoa da que descoñecemos a súa relación co cabeza de familia. Nos rexistros, este tipo de fogares aparece cando a maiores do veciño rexistrado, atopamos outra persoa recollida cun apelido diferente ao familiar ou do que non se especifica relación algunha pese a existir esoutro criterio residencial.

Sobre esta clasificación debemos realizar ademais unha dobre aclaración. En primeiro lugar debemos dicir que aínda que cada unha destas clases poida incluír dentro dela varias subcategorías (por exemplo colaterais, ascendentes e descendentes no caso das familias complexas en función da relación dos achegados dentro do fogar) decidimos non entrar nun nivel de detalle tan profundo debido a que a mostra dispoñible non é dun tamaño suficiente como para impedir que, ao facelo, determinadas desas subcategorías poidan presentar un peso que non lles corresponde na realidade, pois soamente quizais no caso das familias nucleares teríamos unha cantidade suficiente de exemplos como para evitar este problema. En segundo lugar hai que apuntar que a presenza de criados nos fogares non altera a categoría á que estes pertencen dentro da clasificación, a non ser que dun xeito explícito se diga que un criado ten certo parentesco co cabeza de familia, pois primamos esta relación entre achegados familiares por riba doutros posibles criterios. Se non tomásemos en consideración este derradeiro apuntamento, veriámonos na obriga de clasificar como fogares de estrutura indeterminada case todos aqueles que contaran con servizo doméstico, pois é moi raro que poidamos coñecer a relación destes individuos co cabeza de casa na que se ocupan.

A mostra que logramos reunir conta con algo menos dun milleiro de casos (en concreto 969) que se corresponden cun total de dezaseis parroquias das antigas provincias de Betanzos e A Coruña. Estas están distribuídas en tres conxuntos claramente diferenciados que son, de leste a oeste, os seguintes: catro parroquias atópanse na provincia de Betanzos, tres delas na súa mesma xurisdición, limitando entre elas, no que hoxe é o concello de Abegondo. Moi próxima a elas, a cuarta parroquia deste conxunto áchase no termo municipal de Oza-Cesuras. O segundo conxunto, de seis parroquias e xa situado na provincia da Coruña, correspóndese coa antiga xurisdición do val de Veiga, hoxe concello de Culleredo. Trátase de novo de parroquias moi próximas, algunhas das cales tamén limitan entre si e áchanse nunha área próxima á cidade da Coruña. Por último, o derradeiro conxunto coas seis parroquias restantes correspóndese coas antigas xurisdicións de Villarprego e Rus. Na actualidade, este derradeiro conxunto repártese entre o sur do concello de Carballo e o norte do de Tordoia, de forma que algúns destes territorios tamén comparten lindes entre eles. As unidades de Abegondo e esta derradeira serán recorrentes na investigación pola calidade dos seus rexistros e aparecerán de novo no capítulo dedicado á análise do estado da agricultura.

Esta distribución en tres conxuntos tan ben diferenciados non responde a un criterio totalmente aleatorio, senón que ao contrario, é o resultado dun dos trazos que afectan á configuración da documentación dos rexistros, que aquí se deixa notar especialmente: a miúdo ocorre, ao realizarse os recontos por xurisdicións que están baixo a influencia dunha única xunta de pobo, que a documentación resultante para boa parte das parroquias que a compoñen segue un patrón semellante. É dicir, que a organización e aínda máis, o propio

contido dos rexistros, segue os mesmos modelos nas parroquias veciñas que pertencen á zona administrada por unha destas corporacións. Isto é así porque en ocasións, algunhas das figuras relacionadas coa elaboración dos recontos poden chegar a repetir o mesmo cometido en diferentes lugares. Por outra banda, é lóxico chegar a supoñer que unha única xunta de partido recomendaría as mesmas pautas a tódolos peritos baixo o seu influxo, ou que varios deles levaran a cabo o traballo de forma semellante a como o farían os seus veciños, por imitación. Isto é o que explica que parroquias veciñas presenten información semellante, incluso na súa disposición á hora de ser recollida e ordenada sobre o papel. Parroquias veciñas presentan con frecuencia modelos de rexistros idénticos e este é o motivo polo que atopamos continuos territoriais con estes datos de poboación, alternados con outros onde nada se recolleu ao respecto.

Lonxe de considerar esta distribución como pouco representativa, xa que as mostras proceden de territorios que poden presentar diferenzas entre eles a pesares da súa relativa proximidade, pensamos que mesmo pode tratarse dunha vantaxe. Abarcando unha área máis grande evitamos caer en parte na análise da situación dun territorio demasiado pequeno que quizais presentara unha serie de comportamentos familiares determinados. Se isto sucedera, incorreriamos nun erro no caso de chegar a tomar os resultados obtidos como a realidade do momento para a nosa zona de estudo, pese a que segue sendo necesario, por suposto, seguir ampliando a busca de fondos e con ela a base para estudos coma este. Os resultados obtidos, coa clasificación dos agregados domésticos segundo a súa estrutura, poden ser consultados no cadro 3.G. Non obstante, antes de entrar a valorar cada categoría e algunhas das características principais que detectamos nelas, cómpre realizar algunha anotacións xerais previas sobre os fogares que atopamos nos rexistros familiares manexados neste pequeno estudo en canto a dúas cuestións importantes, como son o tamaño das unidades domésticas e a presenza de fillos no seu seo:

Cadro 3.G: clasificación dos grupos domésticos segundo a súa estrutura:

TIPO DE ESTRUTURA	NÚMERO DE CASOS	PORCENTAXE SOBRE O TOTAL
Solitarios	57	5,88
Sen estrutura familiar	30	3,1
Familia nuclear	618	63,78
Familia extensa	108	11,15
Familia múltiple	145	14,96
Indeterminada	11	1,13
TOTAL	969	100

Fonte: Recontos e resumos da riqueza. (AMC, c. 3971-3974 ; AMB, c. 1684, 1686)

O tamaño dos fogares queda establecido segundo os datos recollidos na nosa mostra na cifra de 4,58 individuos por fogar, un dato que é algo superior aínda que garda bastante similitude co ofrecido por Isidro Dubert para o conxunto de Galicia, empregando para a súa obtención informacións extraídas a partir dos libros de persoais do catastro de Ensenada[80]. Pero se observamos máis concretamente dentro deste estudo as cifras de persoas por fogar na área que aquí se analiza, poderemos comprobar que a media se sitúa nun arco comprendido entre os 3,8 e os 4,7 a excepción dunha pequena franxa na zona costeira centro-leste de Arteixo onde o valor é un pouco superior e na cal non atopamos en todo caso rexistros familiares que poidan

[80] Dubert García, I. (1992), op. cit., pp. 83-88.

alterar os nosos datos. Polo tanto, a cifra que obtivemos encaixa aínda neste segmento pese á distancia temporal de algo máis de seis décadas que separa a fonte ensenadina da que aquí utilizamos. Se facemos ademais unha análise por conxuntos parroquiais, comprobamos que ningunha das tres áreas nas que temos exemplos presenta variacións importante de comportamento, pois todas as cifras están en realidade moi próximas entre si (4,67 persoas/fogar nas parroquias da área de Abegondo, 4,5 no caso das de Culleredo e finalmente 4,6 no conxunto máis occidental dos tres, o de Carballo e Tordoia). Pola súa banda, o valor da relación de masculinidade queda na cifra de 90,1 se ben é certo que neste caso, o valor do conxunto central (97,9) enmascara quizais unha tendencia máis á baixa dos outros dous (87 en Carballo e 85,1 en Abegondo). A mostra non é tal vez o suficientemente grande como para confirmalo pero é posible que no caso das parroquias da xurisdición do val de Veiga a maior proximidade da cidade da Coruña supuxera unha maior variedade de oportunidades laborais, o que puido redundar nunha menor necesidade de desprazamento por parte da poboación masculina neste caso concreto.

Cadro 3.H: distribución dos fillos nas familias da mostra (porcentaxe):

NÚMERO DE FILLOS	PORCENTAXE SOBRE O TOTAL
0	14,96
1	18,27
2	22,09
3	19,4
4 ou máis	25,28
TOTAL	100

Fonte: Recontos e resumos da riqueza. (AMC, c. 3971-3974 ; AMB, c. 1684, 1686)

No tocante aos descendentes hai que realizar tamén algunhas anotacións. Centrámonos aquí nos fillos que aínda viven cos pais, estean ou non casados. Son un colectivo de grande importancia dentro da mostra pois, baixo a etiqueta da filiación temos nada menos que ao 45,05% da poboación analizada neste estudo de caso. De tódolos xeitos, aínda que aquí entran tódolos fillos que seguen a vivir na casa paterna independentemente da súa idade e estado civil, o que máis interesa neste grupo é por suposto o feito de que é aquí onde se atopa o relevo xeracional do corpo social, pois se ollamos soamente aos fillos menores de 18 anos comprobamos que eles abarcan o 40,51% do total da poboación. Efectivamente, hai que ter en conta que o cualificativo de fillo como resultará obvio, non se perde chegada a maioría de idade, senón, e isto por suposto soamente a ollos da fonte fiscal, cando se extingue a relación paternofilial dentro do criterio de residencia conxunta, que é o que estamos a seguir para configurar a clasificación de unidades familiares que nos ocupa. Esta situación acontece ou ben despois de que se abandona o fogar para formar outra familia ou simplemente pola desaparición dos pais debido á súa morte. O segundo caso é lóxico, mentres que o primeiro vennos imposto pola propia natureza da fonte. É por isto mesmo que podemos observar en primeiro lugar o número de fillos por fogar, pero non o de fillos por matrimonio pois, como xa se indicou, a fonte presenta un estatismo que nada nos di sobre o posible pasamento doutros con anterioridade á situación que quedou plasmada nos rexistros familiares. Segundo a mostra configurada, esta cifra quedaría establecida en 2,13 fillos/fogar. Por outra banda tamén hai que ter en conta que, como resulta lóxico, eses fillos non se distribúen de forma uniforme, en absoluto, polos distintos agregados domésticos. Ao contrario, existe unha

variabilidade de situacións considerable e moi repartida no que ao número de fillos por fogar se refire: na mostra de familias que empregamos, podemos comprobar que mentres que o 85,04% das familias teñen a lo menos un fillo, o 21,48% delas teñen un soamente un, o 25,97% figura con dous, o 22,81% con tres, e por último o 29,73% dos fogares preséntasenos con catro ou máis fillos. As porcentaxes, en termos globais, tendo en conta o número de fillos por fogar, pero incluíndo tamén nesa cifra aos agregados domésticos que non teñen descendentes con relación de filiación, poden verse no cadro 3.H.

Realizados estes breves apuntamentos xerais, pasamos agora si a analizar algúns aspectos á vista da información contida no cadro 3.G de distribución das estruturas familiares. Os dous primeiros grupos son realmente escasos, porque probablemente responden en moitos casos a momentos transitorios da vida. Os solitarios adoitan ser en boa medida viúvos de certa idade, salvo casos excepcionais que en todo caso son pouco abundantes, como os de párrocos que a falta doutra familia poden chegar a convivir baixo o mesmo teito con algún criado. Por suposto, tamén podemos atopar entre o grupo dos solitarios a viúvos e viúvas mozos, pero dada a existencia das segundas nupcias non parece frecuente que unha persoa na plenitude da súa vida postergara demasiado esta situación. Os solteiros nesta categoría son aínda máis infrecuentes, pois non é de estrañar que, como fillos, agarden a casar para formar un novo fogar ou, no caso de non logralo queden vivindo como colaterais do cabeza de familia, formando familias extensas. Algo semellante podemos dicir das unidades domésticas do segundo grupo, aquelas que carecen de estrutura familiar porque non se organizan arredor dun núcleo. As asociacións de irmáns son o modelo máis frecuentes dentro dos casos presentes nesta categoría pero, se estamos ante un caso de persoas novas, podemos pensar que algún deles pode chegar a casar, o que transformaría a estrutura familiar en extensa, dacordo coas regras segundo as cales organizamos esta clasificación. Poden ter un carácter definitivo, porén, cando os seus compoñentes se atopan nunha idade máis avanzada na que as posibilidades de reprodución xa foron pasando a un segundo plano. Por este motivo, pensamos que estas estruturas son menos comúns, especialmente as formadas por persoas aínda en idade de formar familias e reproducirse.

Como familia nuclear definense algo menos das dúas terceiras partes dos grupos domésticos que forman parte desta mostra, de maneira que temos aquí o modelo máis habitual, con moito, a nivel de composición dos fogares na área de estudo, coincidindo co apuntado noutros estudos. Se nos centramos en idades novas, o que adoitamos ver máis comunmente baixo esta denominación é unha parella xove cuxo número de fillos que oscila entre cero e dous, xeralmente pequenos, mostra de que os cónxuxes non levan un longo tempo establecidos como tal. Aínda que por suposto pode haber outras formas de familia nuclear nestas idades temperás, a variedade comeza a ser máis acusada cando os pais van experimentando un certo avellentamento, dacordo cos avatares vitais. É principalmente a partir da terceira década de vida, arredor dos trinta anos, cando se volven máis frecuentes os agregados que contan con proxenitores en estado de viuvez. Nesta categoría resultan moi interesantes os grupos formados por mulleres solteiras con algún fillo, se ben falamos dunha fórmula que resulta ser máis escasa que a anterior.

Os fogares complexos confórmanse coa suma das familias extensas e as de tipo múltiple, cuxa diferenza esencial radicaba, lembremos, na convivencia dun núcleo en ámbolos dous casos, cun de tipo secundario e incompleto no caso das extensas, ou con fogar ben diferenciado no caso das múltiples. A efectos prácticos isto remata traducíndose na existencia dun fogar nuclear en calquera das súas formas posibles xunto ao cal habita un correlativo dun dos cónxuxes (ou simplemente do cabeza se este é solteiro ou viúvo) no caso das familias extensas, e de dous fogares nucleares, tamén en calquera das súas estruturas, no caso das

familias múltiples. A relación de parentesco entre ámbolos dous compoñentes pode ser, falando dende un punto de vista das xeracións, cara un mesmo nivel (o correlativo é da mesma xeración que a persoa que figura no rexistro como cabeza de casa ou a súa cónxuxe; por exemplo un irmán ou cuñado formaría unha familia extensa, e unha múltiple se dito individuo estivese casado), ascendente (o correlativo é, por exemplo, un dos pais dos cónxuxes do núcleo principal), ou descendente (sendo o correlativo, por exemplo, un sobriño). O que marca a diferenza entre o núcleo principal e o que non o é son as propias relacións tradicionais que establecen certas primacías a nivel familiar, que simplemente quedan plasmadas sobre os rexistros da riqueza cando se elaboran. É dicir, as relacións non igualitarias entre os distintos membros da familia co seu correlato no papel determinan a posición dos núcleos dentro da familia: mentres que os patrucios non se retiren para deixar paso aos fillos á fronte do fogar, o núcleo dos pais prima sobre o dos fillos casados, entre estes os homes sobre as mulleres, entre os homes os maiores sobre os novos, e así sucesivamente.

No que se refire a familias extensas, a fórmula máis común é a que podemos chamar ascendente, e está formada por un individuo casado, con ou sen fillos, xunto co cal vive o pai ou a nai dun dos cónxuxes, normalmente xa en idade avanzada e polo tanto en estado de viuvez. En ocasións, é certo que é o fillo a persoa que figura nos inventarios da riqueza como cabeza de familia, pero esta non é unha regra universal, de xeito que o patrucio viúvo pode seguir á fronte da unidade durante un tempo, especialmente se segue contribuíndo de xeito activo ao seu mantemento dende o punto de vista económico e do aporte de traballo. No caso das mulleres, esta situación de nai cunha certa idade que se mantén á cabeza da familia en presenza dun fillo casado é máis escasa, o que suxire que quizais, no caso de que sexa o marido o falecido, as mulleres viúvas que quedan na casa tralo seu pasamento sexan máis propensas a pasar a un segundo plano, tomando os fillos casados o papel protagonista, especialmente cando se trata de varóns.

Nos caracterizados como fogares múltiples a fórmula máis común pola cal dous núcleos se configuran baixo un mesmo teito é a da parella de patrucios que vive na mesma residencia xunto cun fillo que á súa vez contraeu matrimonio. Neste caso, o sexo do fillo casado é un detalle que importa, pois o certo é que a mesma fórmula sendo a casada a filla e o novo correlativo o seu marido, xenro do cabeza de casa, resulta moito menos frecuente. Isto resulta lóxico por outra parte, pois é de esperar que se a fórmula con fillo casado se reflicte de xeito a máis frecuente, isto será debido a que é a filla a que marcha do fogar paterno para instalarse como nova correlativa na casa do seu marido, figurando como nora do cabeza de casa. Polo tanto, estamos ante unha parella de pais de arredor de corenta, corenta e cinco ou cincuenta anos (o cabeza de casa é na maioría dos casos o marido deste matrimonio en tanto que se trata do pai) xunto con outro núcleo conxugal formado por un fillo novo, dos maiores dese matrimonio presentes no fogar, tamén casado. A miúdo, se esa parella moza conta xa cunha idade de entre vinte e dous ou vinte e cinco anos pode contar xa con descendencia e ter un ou dous fillos pequenos. A parella de patrucios, así mesmo, pode ter outros fillos de idade semellante ao fillo ou filla que casara ou máis novos, que conviven na mesma casa.

O derradeiro grupo, o das unidades familiares de estrutura indeterminada abrangue a unha serie de persoas cuxa relación non podemos identificar respecto do núcleo principal presente nese fogar. Nos rexistros, estas unidades aparecen sempre segundo a mesma fórmula: persoas cun nome e un apelido diferentes dos do cabeza de familia, sen unha relación de parentesco anotada ou recoñecible, o que nos confunde en consecuencia a unha situación sen saída e irresoluble. Pois hai que apuntar que os parentes do cabeza de familia carecen de apelido case

sempre nos rexistros coa única excepción lóxica da cónxuxe, se é que se inclúe o apelido e non soamente o nome de pila e a relación.

Comparando a situación que a nosa mostra debuxa para a poboación de finais da segunda década do século XIX coa existente algúns anos antes, apreciamos tanto similitudes como diferenzas. Trala análise da nosa mostra, os resultados obtidos coinciden en grande medida cos expostos no estudo citado de Dubert en canto ás familias nucleares e á presenza global dos fogares complexos[81]. Difiren así mesmo noutros aspectos importantes, como son a menor porcentaxe de solitarios e, ademais, a inversión no peso que cada unha das fórmulas complexas ten sobre o total desa categoría. Polo tanto, con pequenos aumentos porcentuais respecto da situación atopada en Ensenada, parece que a porcentaxe de fogares nucleares e complexos non varía demasiado: baixo a primeira fórmula atopamos practicamente aos dous terzos da nosa mostra (63,78%), mentres que a fórmula complexa afecta a algo máis da cuarta parte da mesma (26,11%). Dentro deste último grupo chama a atención a maior presenza de familias múltiples, aquelas que posúen máis de dous núcleos (14,96%), que extensas (11,15%). Unha situación que podería ser interpretada quizais como unha solución puntual ás dificultades que trouxeron consigo episodios adversos que tiveron tamén o seu correlato demográfico, e que algúns autores sinalan que non comezaron a reverter ata arredor de 1815, momento a partir do cal se pode observar unha recuperación da poboación máis veloz[82]. Referímonos por suposto, entre outras cousas, ás consecuencias dunha guerra que rematara hai poucos anos e que, se ben é certo que non debeu afectar por igual á poboación en todas partes, tamén habería que combinar cunha serie de crises de subsistencia que a golpearon en varios anos dos comezos desta centuria[83]. No capítulo sobre o estado da agricultura teremos a ocasión de comprobar como 1817 debeu contribuír precisamente a postergar este estado das cousas no apartado demográfico, cunha colleita de millo arruinada a lo menos nalgunhas das parroquias que conforman o conxunto máis occidental dos tres nesta mostra que ofrecemos. Así, todo isto unido pode axudar a explicar a configuración que atopamos nos grupos familiares deste momento, os cales estarían fondamente influenciados polo contexto no que se desenvolvían, sendo claro que unha tesitura de adversidade como puido ser esta non era a máis indicada para formar novos fogares, o que puido favorecer unha maior presenza, probablemente temporal, dos fillos casados no fogar dos pais dun dos cónxuxes.

A cuestión arredor do menor número de solitarios pode ser algo máis complicada que a de limitarnos a observar unha simple variación porcentual. Pensamos que é aquí onde a fonte pode presentar un grao de erro maior xa que moitas veces é precisamente neste grupo onde están concentrados unha parte significativa das persoas con menos recursos, e que por iso mesmo poden simplemente ser ignoradas na fonte á hora de elaborarse os rexistros da riqueza. Pensamos nisto porque as informacións recollidas para estas persoas son as que presentan habitualmente máis eivas: non é raro atopar o nome solto, por exemplo, dalgunha caseteira viúva da que non queda rastro algún máis alá do seu nome e o seu estado civil. Custa crer que nalgúns lugares, estas persoas non sexan simplemente ignoradas, ou os seus escasos datos queden esquecidos nun borrador entre o volume de información que os rexistradores manexaban para outros veciños. Se lembramos as consideracións expostas un pouco máis atrás que afectaban ao rexistro de persoas con menos recursos ou en situación de pobreza comprenderase máis facilmente o que pretendemos dicir a este respecto da menor presenza de solitarios nos rexistros.

[81] Dubert García, I. (1992), op. cit., pp. 89-104.
[82] Pérez Moreda, V. (1999).
[83] Ibídem.

Por outra banda, esta redución tamén se pode deber a outra cuestión como é o contexto que se estaba a vivir nestes anos, especialmente nos inmediatamente anteriores. Pensamos claramente, outra vez, nos avatares adversos que acaban de ser apuntados como unha posible causa para explicar esta situación, pois dacordo con eles, unha situación de vida solitaria tampouco sería dende logo a mellor opción. Pode suceder por exemplo que algunhas persoas con poucos recursos que en principio estaban soas se asocien e comecen a vivir en conxunto para facer fronte en mellores condicións ás adversidades que se lles presentaran, o que modificaría, a efectos da clasificación, a estrutura dese fogar a unha unidade sen estrutura familiar. Neste sentido, nos rexistros temos observado algún caso de persoas que se clasifican neste segundo grupo e que coa condición de pobres, presentan apelidos diferentes e ningunha relación de parentesco aparente. Tamén pode suceder, pois temos observado situacións, que un pobre figure como tal convivindo con outro núcleo baseado nunha estrutura conxugal. Sen detectar lazos entre esta persoa e o cabeza de familia, esta unidade pasaría a clasificarse dentro da categoría das indeterminadas, pero pensando nos motivos que deron lugar a esta situación, quizais exista aquí, por exemplo, un comportamento solidario. É interesante polo tanto valorar as posibles mudas que poden suceder na clasificación dos agregados en función da posta en marcha de certas decisións de convivencia, que se ben é certo que non podemos deducir porque a fonte non no lo permite, si podemos ter en conta para pensar o que puido suceder con algúns individuos das comunidades. Por esta vía de razoamento, quizais poidamos comprender un pouco mellor o que puido pasar con eses individuos de vida solitaria.

Realizadas algunhas aclaracións arredor da estrutura das familias pasaremos a algunhas consideracións das súas xefaturas, prestando atención fundamentalmente ás que teñen figuras femininas á súa fronte. O estudo deste tema a partir da nosa fonte presenta diferentes matices e complicacións en función dos datos nos que queiramos centrarnos. Para estudar idades ou estados civís temos que remitirnos soamente aos escasos rexistros familiares motivo polo cal dispoñemos dunha base de estudo moito máis reducida para analizar estes asuntos. Porén, dende o punto de vista do sexo por exemplo, a análise é relativamente máis sinxela porque a nosa fonte ofrécenos unha mostra ampla de casos cuxa análise tampouco é complicada. Por iso nos centraremos principalmente neste apartado. Neste caso podemos partir tanto dos datos dos recontos familiares como dos resumos das cotas de contribución, aínda que novamente os primeiros son os máis fiables porque sempre reflicten a persoa que se sitúa á cabeza da casa, é dicir, o xefe da unidade familiar, que é o dato que nos interesa agora. Desta volta para a nosa sorte, é bastante sinxelo combinar estes documentos, que como dicimos son máis escasos, cos dos resumos das cotas contributivas, se ben é certo que debemos ter coidado e descartar algúns problemas que nos podemos atopar ao tratar con eles. Non serven por exemplo aqueles nos que aparecen mesturados veciños e forasteiros por razóns obvias: cando isto acontece, cada persoa pode ser un residente da parroquia ou unha das quizais moitas outras que tendo bens nela figuran igualmente nesa lista. En consecuencia, cada nome da listaxe non representa realmente un fogar da freguesía, senón un suxeito contribuínte cuxo lugar de residencia nos é imposible identificar. Polo tanto, para o asunto que analizamos soamente foron tomadas aquelas relacións de contribuíntes nas que existe a certeza de que todos eles, ou unha parte correspondente, son os veciños da parroquia coa que traballamos. Normalmente é moi fácil diferenciar este tipo de rexistros pois son aqueles que inclúen de forma explícita baixo un mesmo epígrafe unicamente a estes individuos, separando veciños e forasteiros en categorías distintas. Unha vez observamos que temos antes nós esta relación, podemos tomar cada nome como se fose un fogar, pois tódolos membros da familia tributarán en realidade baixo un só cabeza de casa.

Hai porén algúns casos nos que a regra anterior tampouco se cumpre e debemos ter coidado con eles. Non obstante, supoñendo que haxa máis dunha persoa baixo o mesmo teito que perciba ingresos de distinta natureza (poñamos por exemplo un cabeza de familia labrador e ao mesmo tempo un fillo que tributa por outro oficio artesanal) os propios resumos adoitan reflectir esa relación de parentesco e o feito de convivencia no mesmo fogar, o que nos advirte de que realmente estamos ante unha mesma unidade familiar. Por outra banda, o que na sección anterior era un problema para identificar a variedade de oficios desenvolvidos pola poboación é aquí unha sorte de seguro de que eses casos que poden enturbar a nosa mostra son en realidade moi reducidos. O subrexistro de oficios de natureza comercial e industrial así como a tendencia a recoller como labrador (ou en menor medida como xornaleiro) a tantas persoas garántenos en boa medida que os distintos membros da familia se ocuparán nas mesmas tarefas que o cabeza de casa, o que eliminará nomes das listaxes de contribuíntes que, sendo dos mesmos fogares, perciban ingresos doutros oficios. Se temos en conta todo isto e coidámonos de escoller soamente os resumos das cotas contributivas que cumpren con estas advertencias que acabamos de realizar, estaremos seguros en boa medida de que a nosa mostra é fiable a lo menos para estudar a realidade das xefaturas en canto á súa división por sexos. Este método é, porén, un recurso empregado como solución temporal, pois o ideal sería ampliar a busca de fondos dispoñibles con rexistros familiares e traballar soamente coa documentación desta natureza.

Resta aínda outro problema máis grave e ao mesmo tempo común aos dous rexistros, tanto os familiares como os resumos das cotas, que se relaciona co feito de que en ocasións non aparecen listados, como xa se indicou, os pobres que poden configurar fogares independentes. Estas persoas poden configurar dende logo outros fogares diferenciados, polo que se topamos con parroquias que ou ben non presentan rexistro de pobres ou ben os elaboraron de forma laxa e difusa, estarannos faltando unha parte, por pequena que sexa, dos grupos familiares dese lugar, o cal pode afectar efectivamente ao balance de mulleres e homes á fronte dos fogares da zona. Puntualizaremos axiña as consecuencias que derivan disto.

Á vista de todo o dito conseguimos reunir unha mostra de 2846 fogares repartidos nun total de trinta e dúas parroquias, das cales oito se sitúan na provincia de Betanzos (concellos de Pontedeume, Bergondo, Oza-Cesuras e Abegondo) e o resto na de Coruña (concellos de Culleredo, Cambre, Arteixo, Carballo e A Laracha, principalmente). Os datos en canto ás xefaturas en función da distribución por sexos quedan como segue: do total de fogares presentado, 456 dos mesmos, o que significa un 16,02% deles, dispoñen de mulleres á súa fronte. Isto supón, aproximadamente, un de cada seis fogares baixo xefatura feminina na nosa área de estudo. Esta porcentaxe é porén un valor medio dentro do cal se perde unha considerable variedade de situacións, pois as porcentaxes individuais por parroquias móvense, nos casos que atopamos, nun amplo abano que vai dende o 3-5% ata o 25-27%, se ben é certo que a maioría dos casos oscilan ao redor do 13-20%. As cifras, tanto en termos globais como atendendo a parroquias individuais, son algo máis baixas que as presentadas noutros estudos realizados fundamentalmente a partir do catastro de Ensenada, pero tamén con algúns censos de mediados do XIX[84].

Con todo, a cifra real podería ser algo superior á que obtivemos, debido a certas cuestións que paga a pena resumir: en primeiro lugar, tivemos en conta no total de casos os fogares de eclesiásticos, que en ningún caso están dirixidos por mulleres. Pese a ser un número limitado, pois como vimos na mostra de ocupacións quedan reducidos a pouco máis que algúns párrocos, presbíteros e monxes con propiedades, preferimos incluílos na mostra para facela

[84] Saavedra, P. (1995a), op. cit., p. 109 e Dubert García, I. (1992), op. cit., p. 61.

máis representativa. Pero debemos ter en conta que este tipo de casos soamente aumentan o total sen proporcionar situacións con mulleres á fronte. A súa escasa presenza de tódolos xeitos, modificaría soamente en moi pequena medida as porcentaxes obtidas. Máis determinantes nese cálculo de mulleres á fronte de fogares son as consideracións que fixemos para o caso dos pobres, principalmente por un motivo: se ben o subrexistro das persoas con menos recursos podía afectar ao balance obtido de homes e mulleres pola simple dedución de que é posible que nalgúns lugares non sexan tidos en conta, naqueles padróns familiares onde si atopamos a estes individuos hai que salientar que o balance resulta favorable ás mulleres. É dicir, que cando nos referimos a quen está á fronte de fogares, debemos recoñecer que existen máis persoas de sexo feminino que homes nunha situación desfavorable, falando dende o punto de vista económico, o que realmente supón a este respecto un problema maior. As referencias a algunhas parroquias da mostra servirán como exemplo e darán a entender perfectamente isto que vimos dicindo. Na parroquia de Santo Estevo de Culleredo, actualmente no concello homónimo, das mulleres que están á cabeza de fogares, o 62% aparecen caracterizadas como xornaleiras con apenas propiedades ou directamente como pobres. En San Cibrán de Vila de Abade, en Tordoia, a metade das mulleres que dirixen casas están na mesma condición, o mesmo que en Santa María de Ardaña, no concello de Carballo. Hai por suposto casos onde estas cifras son máis baixas, pero tamén outros exemplos onde a escaseza de recursos afecta aínda a máis unidades domésticas con xefaturas femininas. En Santa María de Rus por exemplo, tamén no actual concello de Carballo, tres de cada catro mulleres que se rexistran na dirección de fogares figuran como caseteiras ou pobres. Finalmente e a modo de resumo, se queremos dar unha cifra media de mulleres que, estando á fronte de agregados domésticos, aparecen sumidas nunha situación desfavorable dende o punto de vista económico, a que nós obtivemos a partir da nosa mostra sitúase no 49%. É dicir, que a metade dos fogares dirixidos por mulleres están nunha situación económica precaria, ben porque a cabeza de casa figura como pobre, como caseteira ou como xornaleira con apenas recursos nos outros padróns da riqueza cando estes están dispoñibles. Tendo deixado de lado casos dubidosos como fixemos, esa porcentaxe podería ser incluso algo maior. Este dato que xa presenta interese en si mesmo, explica, como apuntabamos, por que é posible que a cifra do 16% de fogares con mulleres á fronte sexa probablemente menor do que debería. Como resultado de todo o exposto, se temos en conta que existen máis mulleres que varóns á fronte deses fogares pobres e que estes están subrepresentados en ocasións, teríamos recollido, no caso de que tódolos rexistros estivesen elaborados máis correctamente, un maior número de donas sobre o total nun papel central das familias, o que faría aumentar en consecuencia a porcentaxe presentada.

Ademais da composición por sexos, a fonte permite ver outras realidades sobre as xefaturas femininas. Porén, para estudos máis en profundidade a este respecto, os resumos de cotas contributivas deixan de sernos útiles porque en realidade conteñen moi poucos datos, así que no seu lugar debemos botar man da mostra empregada para a análise das estruturas familiares e traballar a partir de aí unicamente con aquelas familias nas que a xefatura feminina é unha realidade, o cal nos deixa cunha base moito máis reducida de 171 exemplos. A cantidade é pequena pero poderá ser ampliada en futuras investigacións, ademais de que sobre ela podemos realizar algún apuntamento que resulta facilmente recoñecible. Podemos salientar que na fonte existen ata tres situacións diferentes nas cales unha muller pode situarse á fronte dunha unidade familiar. En primeiro lugar estaría a figura da viúva, que é ademais o caso máis repetido na mostra que logramos configurar. Este caso está acompañado polas mulleres solteiras e en derradeiro lugar por aquelas que, estando casadas, teñen ao seu marido fóra do fogar, polo que se colocan á súa fronte no seu lugar, xeralmente de forma temporal.

Todas elas responden a un denominador común que, loxicamente, non é outro que a ausencia dun home que ocupe o posto de cabeza de casa, pois no caso de existir no fogar un pai cunha idade que lle permitira estar nas súas facultades, un marido ou un irmán que xeralmente debería ser maior, a muller quedaría apartada da xefatura da familia. O caso dos irmáns é particular porque tamén temos atopado casos nos que sendo o varón máis novo que a muller, asume igualmente a posición de cabeza de casa. A situación depende tal vez das idades de cada un no momento no que se realizou a sucesión na xefatura, ou simplemente dunha decisión por parte do cabeza de casa anterior que determinou o que cumpriría.

Dicíase que a viuvez é, con moito, a principal vía pola que se configuran as xefaturas femininas. Unha considerable porcentaxe do 68,4% das cabezas de casa están encadradas dentro deste estado civil, o que significa que dúas de cada tres cabezas de casa sono polo falecemento do seu marido. As viúvas, cando se colocan nesta posición central, dan lugar principalmente a tres formas maioritarias de familia, seguindo as estruturas da clasificación que empregamos. A primeira delas a de tipo nuclear, onde a muller queda a cargo do mantemento dos fillos, é a máis común entre as viúvas máis novas. Nunha etapa de madurez engádese a familia extensa, cando un dos fillos casa e o cónxuxe se traslada a vivir a esa residencia, tomando a viúva o papel de parente correlativo ascendente (o tipo de familia extensa que se configura dende o punto de vista da viúva cabeza de casa sería logo xusto o contrario, de tipo descendente). Por último, aínda que pode ser a calquera idade pero por regra xeral máis común nas avanzadas, a viúva pode configurar un fogar en solitario, quedando caracterizada esta moitas veces como caseteira.

Como solteiras aparecen rexistradas o 19,3% das mulleres que se sitúan á fronte de familias dirixidas por mulleres, pasando a configurar tres tipos de fogares esencialmente: nucleares, solitarios, e fogares sen estrutura familiar. Porén, a diferenza do caso das viúvas, non existen idades concretas na fase vital das mulleres onde poidamos dicir que é máis frecuente configurar este ou aquel tipo de fogar. Onde moi probablemente tamén poidamos establecer unha diferenciación importante é nas motivacións que levan a configurar unhas ou outras estruturas, de modo que, para comezar, temos que ter en conta a principal variante entre unha situación de viuvez e outra de celibato, que a da relativa previsión. A viúva é unha persoa a quen a morte do seu marido pode deixar á fronte do fogar de xeito totalmente inesperado, así que o plan de vida antes de que esta situación ocorrera era outro, e este é dende logo un factor moi importante na situación que podemos atopar dentro de cada fogar. Por exemplo, no tocante ás familias nucleares, as solteiras teñen un número de fillos menor que as viúvas polo xeral, e isto é así porque a súa situación é diferente. Como solteiras, a previsión da soidade na vellez podía levar a que estas mulleres tiveran un fillo, ou en ocasións dous, co cal se buscaría evitar que esa situación se chegase a producir. Esta sería a consideración que establecería a transformación dos fogares de solteiras solitarias noutros de tipo nuclear, e un dos motivos principais polos que se podería tomar a decisión de ter fillos pese a non ter casado.

Pero a facultade de previsión que ofrece a realidade da persoa solteira fronte a circunstancia, en ocasións súbita, que pode ocasionar a viuvez, permite evitar a soidade seguindo outra fórmula, que é a que da lugar precisamente aos agregados domésticos que chamamos sen estrutura familiar. Estes fogares consisten xeralmente en asociacións de irmáns, onde a muller figura á cabeza por ser a maior de todos. É o caso máis común por repetición pero tampouco o único dentro desta categoría, pois en ocasións podemos atopar mulleres soas que, sen ningunha relación de parentesco aparente, se unen para e conviven baixo o mesmo teito. Hai que indicar tamén que a solución da asociación de irmáns solteiros é

igualmente común ao sexo masculino, de xeito que tamén atopamos varóns cabezas de casa na mesma situación.

O caso das mulleres á fronte de fogares por marido non presente no momento no que o rexistro se realiza aparece como bastante escaso (6,5%) e pode aparecer recollido segundo dúas posibilidades diferentes: en primeiro lugar figura o estado civil da muller como casada, pero no rexistro de membros da vivenda non hai referencia algunha a ningún compañeiro. Estamos polo tanto ante dúas posibilidades, pois ou ben o marido non está no fogar ou ben o rexistrador cometeu un erro ao anotar o estado civil da muller en lugar de poñer o correcto, que sería solteira ou viúva. O outro caso polo que podemos identificar é máis concluínte xa que inclúe directamente a denominación de "marido ausente". Esta derradeira é a situación máis rara das tres que poden levar a que unha muller asuma a xefatura dun fogar e hai que apuntar que, ata onde puidemos observar nos fondos dispoñibles, nunca atopamos un só caso no que se especifique o motivo da marcha do marido, polo que tampouco poderemos chegar a supoñer a duración da estancia que o afatou do fogar, nin tampouco o seu carácter temporal ou definitivo. Se esta situación é a minoritaria, resulta interesante, porén, o feito de que isto é debido a que non se trata dun fenómeno universal. É dicir, que non o observamos en tódalas parroquias da mostra a diferenza dos dous casos anteriores, pois en calquera freguesía sempre están presentes viúvas ou solteiras en maior ou menor medida. Deste xeito, como nos estamos a mover sobre a base dos fogares da mostra de estrutura das familias, podemos apuntar que o fenómeno do marido ausente aparece soamente no conxunto máis occidental desas parroquias, as que se atopaban na área de Carballo e Tordoia. Recuperando datos, recordaremos que esta área tiña unha relación de masculinidade arredor de 87, o que quizais explique en parte por que aquí, e non nas outras áreas máis próximas aos núcleos máis poboados da Coruña ou Betanzos, este fenómeno parece ser máis frecuente. Non obstante, os casos son demasiado poucos como para permitirnos converter este razoamento en algo máis que unha posibilidade, sobre todo se pensamos que nas parroquias da área de Abegondo, porén, onde a relación entre é homes é mulleres está aínda máis descompensada, este fenómeno tampouco se detecta.

Finalmente, notarase que as cifras destas tres circunstancias expostas (viávas, solteiras e maridos ausentes) non rematan de cadrar. Isto é así porque hai unhas poucas mulleres, o 5,8%, de cuxos datos non dispoñemos. Non semella que sexa debido a unha menor preocupación por estes fogares femininos en concreto por parte dos rexistradores, pois os erros deste tipo rematan afectando a calquera dos cabezas de casa con independencia do seu sexo. Trátase máis ben dunha cuestión de calidade dos rexistros de certas parroquias, pois as eivas aparecen máis nunhas que noutras como acontece con tódalas informacións. Si que é posible, non obstante, que a porcentaxe de fogares dirixidos por mulleres estea máis afectada, polas anotacións que xa realizamos sobre a menor preocupación que, en xeral, parece haber en torno ao rexistro dos fogares en peor situación económica debido á súa moito menor, ou en ocasións inexistente, cota de contribución. Non é necesario volver insistir nesta cuestión, á marxe de apuntar que debido a eses casos que quedan na escuridade, as porcentaxes poderían ser algo diferentes e variar no caso de ter tódolos datos perfectamente dispostos e recollidos.

Podemos concluír, porén, que pese a que esta mostra sexa pouco representativa pola escaseza de casos, sérvenos aínda así para detectar unha serie de tendencias no estado civil das mulleres que se sitúan á fronte dos fogares que parecen bastante claras. Non resultaría práctico, baixo unha base tan reducida e ata que non consigamos aumentala, realizar análises tan interesantes como por exemplo as idades desas mulleres que se constitúen como cabezas de casa, pero pese a elo, vemos como a fonte permite certas posibilidades moi interesantes en relación a este tema, que poderán ser explotadas en futuras investigacións dos historiadores sociais e da familia.

Rematamos con isto o capítulo das fontes desta investigación despois de tratar de presentar algúns dos aspectos dunha poboación que se sitúa no centro da análise. Puxéronse de manifesto ao facelo, cremos, algunhas das potencialidades e posibilidades duns dos rexistros máis escasos que atopamos no conxunto deste corpus documental. Por suposto, este modesto aporte presenta tamén numerosas carencias derivadas desa mesma escaseza, ademais dunha serie de inconvenientes que proveñen das eivas coas que a información foi recollida en moitas freguesías, pero tamén pensamos que a localización de novos exemplos poderá solucionar, cando menos, a primeira destas problemáticas. Queda aberta aquí, en esencia, unha liña de investigación da que se poderán ocupar futuras investigacións que se preocupen por coñecer as particularidades da poboación nun momento como foi o primeiro compás do século XIX. Dito isto, pasamos ao seguinte capítulo, no que será abordado o estado da agricultura e da gandería a partires dos rexistros correspondentes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 4:
ESTADO DA AGRICULTURA E DA GANDERÍA NAS ANTIGAS PROVINCIAS DE BETANZOS E CORUÑA A COMEZOS DO SÉCULO XIX

Nos capítulos anteriores temos comprobado en profundidade as problemáticas que afectaron ao proceso de configuración e posta en marcha da contribución xeral decretada o 30 de maio de 1817, así como os inconvenientes aos que se tivo que enfrontar e as dificultades principais que xurdiron no decorrer da súa existencia. Máis aínda, tratamos de analizar non soamente os problemas que sufría o edificio administrativo ou a lexislación naquel momento, senón tamén os que presentaban os apeos e cadernos da riqueza dentro do noso contexto de estudo, en tanto podían ser empregados como fonte histórica. Como xa se ten indicado noutros estudos clásicos, debe quedar ben claro que o investigador que chegue a facer uso dos fondos que presentamos nesta investigación terase que enfrontar a cuestións importantes derivadas da orixe fiscal dos mesmos, tales como a ocultación ou a fraude, entre outro tipo de resistencias sociais despregadas polos contribuíntes ás que tamén chegaremos neste mesmo e en próximos capítulos. Hai que ter en conta toda unha serie de factores xa destacados que afectan profundamente á calidade da información: a participación dos poderes locais na recollida dos datos, vinculados a certos intereses de clase e propietarios, ou a falta de mecanismos de control por parte dunha administración ávida de recursos son algúns deles. Se ben é certo que toda esta problemática pode chegar a supoñer o descarte deste tipo de fontes nalgúns casos, non o é menos que no momento histórico no que nos atopamos, a comezos do século XIX, non existen grandes alternativas documentais que nos permitan realizar estudos municipais sobre a distribución dos cultivos, a estrutura da propiedade da terra ou a cabana gandeira, entre outros numerosos aspectos. En consecuencia, pódese concluír que non parece lóxico descartar unhas fontes que permiten unha información de carácter global sobre eses aspectos, sempre e cando exista a cautela necesaria no momento de extraer conclusións dado o elevado grao de falsidade que pode presentar a información orixinal[1].

No caso da nosa fonte, afirmacións coma estas teñen quizais un peso especial polo momento concreto no que apeos e cadernos foron elaborados. Estamos nun período de grande importancia, o da crise do Antigo Réxime, xusto despois dunha Guerra de Independencia e no que están a piques de comezar a suceder toda unha serie de cambios en moitos niveis, non soamente dende o punto de vista agrario que agora abordaremos. Os fondos manexados ofrécennos unha visión privilexiada dun momento de efervescencia e cambio onde a posibilidades de botar man dunha documentación que cubra amplas áreas do territorio é moi escasa. Ademais, gozamos da vantaxe de que se achan situados a medio camiño entre dous rexistros esenciais como son o Catastro de Ensenada de mediados do século XVIII e os amillaramentos, elaborados aproximadamente un século despois. Os cadernos da riqueza da época de Garay revisten para o caso galego en concreto unha importancia aínda maior dados os graves contratempos que aquí presentaron os fondos da segunda desas fontes e que xa foron advertidos por varios autores[2]. Problemas que en todo caso, sendo probablemente máis

[1] Segura i Mas, A. e Canet Rives, I. (1988), vol. 1, pp. 185-186.
[2] Pro, J. (1992), pp. 93-94 e 141; Vallejo Pousada, R. (2000).

graves que aqueles aos que nós nos enfrontamos, non impediron a elaboración, con parte da súa documentación, de recentes estudos locais de grande interese sobre importantes aspectos da realidade agraria[3]. O momento histórico no que os fondos que manexamos se sitúan presenta por todo isto certas vantaxes, pero quizais tamén algúns inconvenientes. Precisamente por seren elaborados pouco despois da francesada, os seus efectos pódense facer notar aínda, de modo que as informacións recollidas poden estar afectadas pola recente contenda, con algúns espazos sumidos aínda nun contexto de recuperación, especialmente na parte do noso territorio de estudo correspondente ás grandes vilas e cidades da área de Pontedeume, Betanzos e A Coruña, nas que diversos corpos militares estiveron presentes.

Temos polo tanto ante nós unha fonte que non soamente presenta a novidade da recente descuberta, senón que ademais resulta privilexiada dende o momento histórico sobre o que nos ofrece información. Dito isto, unha das realidades que mellor permite estudar a fonte derivada da elaboración dos apeos e cadernos da riqueza no marco da reforma de Facenda de 1817 é, efectivamente, a agrogandeira. Non en van, a nova contribución xeral que se debía repartir mediante as indagacións sobre os bens e as rendas dos contribuíntes de todo o reino pesaba fortemente e dun xeito especial sobre a rama da riqueza territorial, que como ben sabemos estaba fundada sobre os bens agrarios (parcelas e rendas), gandeiros e inmobles de habitación dos contribuíntes. Por mor desta configuración, os rexistros que afectan a estas realidades son os máis numerosos, aínda que con importantes variacións internas en canto á calidade dos distintos tipos de información contida, como xa apuntamos.

Neste apartado da investigación basearémonos en todos estes invntarios, especialmente nos agrarios e nos gandeiros, para tratar de ofrecer unha visión sobre o estado desas actividades cara os últimos momentos da segunda década do século XIX. As diferentes informacións contidas xa foron tratadas e os seus principais problemas expostos cando presentamos os diferentes rexistros, polo que en xeral non volveremos sobre este tema. Esas diversas informacións localizadas serán empregadas en diferente grao e en ocasións dende distintos enfoques para axudarnos a configurar cada un dos epígrafes temáticos deste capítulo. Así, iremos avanzando polos cultivos e as rotacións, os usos do solo, o tamaño das parcelas ou a presenza e importancia do gando, entre outros, sempre dende a óptica que nos ofrece a fonte e empregando para algúns aspectos a comparación con outras parroquias da área e co catastro de Ensenada, fundamentalmente.

Trataremos estas cuestións, como non pode ser doutro xeito polo alcance xeográfico dos nosos fondos, dende o punto de vista rexional das antigas provincias de Betanzos e Coruña. Temos que advertir, porén, que non podemos abarcalas na súa totalidade, pois como xa indicamos ao presentar os fondos, nas áreas de Pontedeume e Ortigueira unicamente atopamos as actas das xuntas, sen datos agrogandeiros significativos que permitan unha análise en profundidade sobre esta realidade nesas zonas. Na provincia de Betanzos, os recontos da riqueza territorial concéntranse polo tanto cara as áreas meridional e occidental da mesma, nos actuais concellos de Abegondo, Oza-Cesuras, Bergondo ou Paderne. Por outra banda, na provincia da Coruña, localizamos rexistros espallados por diversos concellos que van dende as áreas antigamente extramuros da capital ata a de Carballo, pasando por outros concellos a medio camiño como o de Cerceda. O groso de parroquias con recontos da riqueza territorial concéntrase non obstante nos concellos de Culleredo e Tordoia. Estas terras presentan loxicamente certas particularidades que establecen diferenzas entre elas, porén, son varios os expertos que en diversas ocasións recoñeceron a posibilidade de analizalas conxuntamente atendendo a grandes trazos da evolución do sistema agrario, tales como as

[3] Corbacho González, B. (2017).

rotacións. É dicir, que á hora de establecer unha división xeral de Galicia para analizar áreas que presentan unha certa homoxeneidade de comportamentos en varios aspectos, non é estraño atopar un conxunto no que se inclúan as terras nas que nos movemos neste estudo. Por exemplo á hora de dividir as parroquias litorais galegas nos seus estudos sobre poboación, Pegerto Saavedra falaba de catro grandes conxuntos representativos, un dos cales se correspondía coas de Betanzos, Coruña e nordeste de Santiago. Esta división, apuntaba tamén, non era caprichosa senón que, ao contrario, respondía a unha serie de diversidades que no terreo agrario presentaba Galicia[4]. Porén, é tamén este autor quen, ao fío do mesmo tema, puntualizaba que existían pautas diferentes en certos aspectos relacionados coa poboación dentro das áreas litorais da mesma área[5]. En tempos máis recentes e máis centrado nas cuestións agrarias, David Soto recoñecía, ao mesmo tempo que sinalaba a extrema dificultade de falar dunha soa Galicia debido ás diferenzas edafoclimáticas e da estrutura da propiedade, unha serie de grandes espazos rexionais dentro do agro galego. Un deles sería, en acordo con Bohuier, o que engloba a unha serie de comarcas costeiras dende unha liña na área Cee-Camariñas ata Santiago ao sur e toda a mariña lucense, podendo establecer á súa vez dúas áreas que teñen a comarca de Bergantiños como liña divisoria[6]. A disposición do relevo axudou dende logo a facer desta área un certo continuo, sen grandes obstáculos e coa costa como factor de articulación, o que posibilita en boa medida a visión de conxunto da nosa área de estudo, se ben é certo que nalgún momento quizais teñamos que recoñecer e matizar algunhas diferenzas internas.

Unha vez teñamos realizado o percorrido polos diferentes aspectos que nos ofrecen os rexistros agrogandeiros presentes na rama da riqueza territorial dos rexistros, polas súas potencialidades e por aquelas materias que nos ofrezan un maior problema de cara ao estudo das cuestións máis relevantes para a análise do agroecosistema da nosa área de estudo, trataremos de sintetizar os coñecementos adquiridos a través da posta en marcha dun exercicio de análise dos fluxos enerxéticos mediante un caso práctico nun espazo máis localizado. Este método, desenvolvido na Universidade Pablo de Olavide, permitiranos poñer a proba a fonte e comprobar dous aspectos: primeiro, verificar a fiabilidade das informacións dos rexistros e, segundo, comprobar se o sistema agrario resulta sostible e estable dende o punto de vista da satisfacción das necesidades das persoas, esencialmente en termos enerxéticos e de alimentación. Este estudo de caso será realizado a nivel micro nunha parroquia (San Miguel de Figueroa) escollida segundo unha serie de criterios que en todo caso presentaremos no seu debido momento. Os datos sobre cultivos, rendementos ou usos do solo irán sendo presentados previamente ao longo dos epígrafes que veñen a continuación e aos cales damos paso. As referencias aos diferentes aspectos tratados serán realizados ás veces en termos xerais coa información cruzada obtida de diversas parroquias localizadas nos arquivos municipais, pero tamén haberá información específica sobre o territorio no que realizaremos este exercicio, que irá aparecendo a través de diferentes exemplos que ilustrarán certas realidades a medida que vaiamos avanzando na nosa exposición. Sen máis, damos paso ao núcleo da cuestión que nos ocupará neste capítulo, os caracteres agrogandeiros da área betanceira e coruñesa segundo os cadernos da riqueza da contribución xeral de 1817.

4.1. CULTIVOS E ROTACIÓNS

Por regra xeral existe a posibilidade de comprobar os cultivos sementados a partir das informacións contidas nos recontos de parcelas da riqueza territorial que conseguimos

[4] Saavedra, P. (1992b), pp. 213-214.
[5] Saavedra, P. (1993b) p. 110.
[6] Soto, D. (2006), pp. 84-86.

localizar. Porén, existen algúns problemas á hora de consultar estes datos nunha parte importante das parroquias, relacionados coa forma coa que os produtos da terra se recolleron, pois en ocasións poden presentar imprecisións e non sempre están completos na súa totalidade. Esta cuestión deriva, non necesariamente da omisión consciente á hora de apuntar o produto dunha parcela de labor en concreto, senón do recurso a termos demasiado vagos que quizais foran comprensibles para o rexistrador en cuestión que os anotou no seu momento, pero que para o uso que facemos da fonte se transforman en lagoas de información. Os máis comúns son, en tódolos casos, principalmente dous: "labradío" ou "huerta". Baixo o primeiro áchanse multitude de parcelas das que, se ben é certo que podemos deducir facilmente que se trata de cultivos cerealeiros, non podemos recoñecer a especie sementada en cuestión. Porén, hai exemplos de parroquias onde os produtos se recollen perfectamente, así que este entorto pode ser resolto con facilidade atendendo a estes outros casos. A denominación xenérica das hortas é non obstante máis problemática salvo quizais para a pequena excepción das árbores froiteiras, das cales pode aparecer anotado incluso o seu número pero sen entrar a valorar tampouco en ningún caso as especies coas que tratamos. Sobre este problema das hortas en concreto volveremos cando falemos dos usos do solo máis en profundidade, pero para o obxectivo de coñecer os cultivos, que é o que agora mesmo nos interesa, abonda con saber que a escasa concreción destas palabras déixanos, a efectos prácticos, sen posibilidade de afondar demasiado nesta realidade en moitos casos. Con todo, podemos adiantar que son probablemente estas mesmas referencias tan xenéricas as que explican os escasos rexistros dispoñibles que testemuñan a presenza das patacas nesta fonte.

Por outra banda temos que ter en conta que estes rexistros ofrecen, como adoita ser habitual nun rexistro catastral como o que temos entre mans, unha fotografía estática sobre a realidade que pretenden recoller. Se ben é certo polo tanto que de cara a coñecer os cultivos que están presentes nas terras dunha parroquia determinada non temos maior inconveniente e en moitos casos abonda con botar unha ollada aos rexistros de parcelas (con excepción dos comentarios sobre o anterior problema onde os cultivos non figuran), coñecer a sucesión de sementes entre colleitas non sempre é tan simple. Aínda cando temos os datos de cultivos, como estamos ante unha imaxe inmóbil, non debemos caer no erro de supoñer que ano tras ano, a produción dunha parcela será sempre a mesma, pois un comportamento semellante non tería sentido para a reposición dos nutrientes da terra. Este factor tan importante non interesa en absoluto ao rexistrador nin ao erario, que simplemente pretenden coñecer os produtos dun campesiño para calcular a súa riqueza e asignarlle unha carga impositiva en consecuencia. Como xa se sinalou con anterioridade, os rendementos das parcelas obtéñense xeralmente de modo automático a partir da extensión e da calidade, e a partir deles os produtos. Como o repartimento se realiza por terzos de ano, o erario non necesita saber, para cumprir os seus obxectivos, o que se sementou o ano anterior nin o cultivo que ocupará a terra no seguinte.

Poñemos a continuación algúns exemplos ilustrativos ao respecto que nos amosan a produción dende unha óptica bienal. Algúns son longos porque conteñen información de diversa natureza, pero en todo caso volveremos sobre eles para realizar algunha referencia máis adiante, porque nos servirán para presentar e explicar outros aspectos. O primeiro deles correspóndese ao caso dun veciño da parroquia de Santo Estevo de Cos, no concello de Abegondo, para quen no ano 1818 o rexistrador encargado recoñeceu o seguinte uso para unha das súas parcelas:

> "D. Miguel Brandariz, presbítero, vecino de S. Esteban de Cos. Posee 5 ferrados en labrantío de secano de 2ª calidad en una pieza cerrada de zarzas al sitio do castro, cuyo principal se considera en 1250 rr. Comúnmente y en ordinaria cultura se aplica y siembra de la forma siguiente: Los 5 ferrados sembrados a trigo el primer

> año producen 17,5 ferrados y a 17 rr el ferrado importan 297rr y 17 mrs. Después de cogido el trigo se siembran nabos y producen 55 arrobas, y a un real cada arroba son 55 rr. Estos mismos al año siguiente sembrados a maíz producen 17,5 ferrados y a 11 rr ferrado valen 192 reales y 17 mrs. Entre el maíz se siembran habas pardas y producen un ferrado y cuarto y a 7 rr según tarifa son 8 rr y 26 mrs[7]."

Temos aquí polo tanto unha rotación bienal na que no primeiro exercicio de cultivo se sementan trigo e logo nabos, e a continuación, no segundo, millo con fabas mesturadas. Porén, este exemplo de rotación nos cultivos pódese complicar un pouco máis, de xeito que ma mesma parroquia, outros veciños que realiza particións semellantes na súa explotación obteñen en dous anos algunhas colleitas máis diversificadas[8]. Isto ven a demostrar a complexidade das rotacións incluso no nivel micro, ademais da súa considerable variabilidade, non soamente entre parroquias, senón incluso de lugar a lugar, como xa teñen indicado algunhas investigacións[9]. Atopámonos así con rotacións que, sendo moi semellantes entre si, inclúen, por exemplo, unha variación no cereal de inverno que pode relacionarse coa calidade da terra, ou unha diversificación na parte do cultivo destinado ao alimento da cabana gandeira que se sementa unha vez que se ten recollido aquel. Neste sentido, ollamos referencias ao "alcacer", que é o coñecido como alcacén, termo sinónimo de ferraña noutras partes do territorio galego e que tamén localizamos salpicando os rexistros, sendo tal vez esta outra nomenclatura máis empregada.

Este modelo é, con moito, o máis común dentro da nosa área de estudo, coa particularidade de que é precisamente ese cereal de inverno o que varía en función da calidade da terra, pois no caso de estar ante as da peor calidade será moito máis frecuente atopar centeo en lugar de trigo. O alcacén pode estar presente ou non, xeralmente acompañando a unha produción de nabizas como complemento, pero a substitución total destas pola súa parte é extremadamente rara nos casos de parroquias que puidemos analizar. De feito podemos afirmar que a lo menos entre as mostras que son o suficientemente detalladas como para coñecer estas informacións sobre os cultivos, os nabos son practicamente universais, algo que non podemos apuntar para o caso da ferraña, de modo que aínda que falemos dela, é de xustiza afirmar que a súa presenza é moito máis escasa. No tocante ás fabas entre o millo, as referencias son tan comúns ás brancas como as denominadas de cores, sen que exista unha regra determinada na súa aparición. Nalgunhas parroquias non obstante, as fabas brancas aparecen xunto co millo cando estamos nas parcelas de mellor calidade, de forma que as de

[7] AMB, c. 1682, l. 1, a. 1, p. 6.

[8] Na mesma freguesía que no exemplo anterior atopamos o seguinte exemplo de posta en cultivo de terras:
"José García, vecino de San Esteban de Cos. Lleva en arrendamiento de María Brandariz vecina de la Coruña, 50,5 ferrados de tierras labrantías de secano en la forma siguiente: 42 ferrados y ½ de 2ª calidad en seis piezas cerradas con otras de cómaro y zarzas. 8 ferrados de 3ª calidad en tres piezas cerradas de lo mismo. Comunmente y en ordinaria cultura se aplican y producen de la manera siguiente. 22 ferrados de los de 2ª calidad sembrados el primer año de trigo producen 77 ferrados que según tarifa a 17 rr importan 1309 rr. Después de cogido el trigo se siembran nabos y producen 220 arrobas y a un real cada una son 220 rr. Estos mismos 22 ferrados al año siguiente sembrados a maíz producen 77 ferrados y a once reales según tarifa son 847 rr. Entre el maíz se siembran habas mezcladas y producen 5 ferrados y ½ y a 7 rr ferrado son 38 rr y 17 mrs. Los 20 ferrados y ½ de 2ª calidad restantes sembrados el primer año a maíz producen 71 ferrados y ¾, son 778 rr y 8 mrs. Entre el maíz se siembran habas mezcladas y producen en 5 ferrados, que a 7 rr ferrado son 35 rr. Estos mismos ferrados al año siguiente sembrados a centeno producen 71 ferrados y ¾ y a nueve reales ferrado son 648 rr y ¾. Después de cogido el centeno se siembran nabos y alcacer y producen 205 arrobas y a un real cada una son 205 rr. Los 8 ferrados restantes de 3ª calidad sembrados a maíz temprano en el primer año producen 20 ferrados, y a once reales el ferrado según tarifa son 230 rr. Entre el maíz se siembran habas mezcladas y producen un ferrado y tercio que a siete reales ferrado son 9 rr y 11 mrs. Estos mismos ferrados al año siguiente sembrados a centeno producen 20 ferrados que a nueve reales según tarifa son 180 rr. Después de cogido el centeno se siembran nabos y producen 24 arrobas y a un real cada una son 24 rr." (AMB, c. 1682, l. 1, a. 1, p. 10)

[9] Soto, D. (2006), p. 86.

cores quedan reservadas ás calidades inferiores de terceira. Así, segundo o dito, a rotación queda establecida na seguinte forma:

(1º ano): Trigo ou centeo, nabos (e/ou/sen ferraña). (2º ano): Millo + fabas.

Unha rotación que viría a ser exactamente a mesma da que darían conta os enxeñeiros agrónomos varias décadas despois, nos compases finais do mesmo século XIX[10]. É necesario comentar, con todo, unha pequena variación que atopamos presente na área de Bergantiños, que se correspondería coa zona máis cara o occidente de todo o territorio que estudamos e para o cal temos rexistros parroquiais, aproximadamente no límite da antiga provincia coruñesa. Na parroquia de Santa María de Rus (Carballo), por exemplo, observamos como en 1818 a enorme maioría dos veciños declaran de forma explícita a presenza dunha pequena extensión con liño nas súas explotacións. Un exemplo dun dos contribuíntes desta freguesía pode ser o seguinte:

> "Las tierras labradías las destino ordinariamente en esta forma:
> A lino la sembradura de dos ferrados de la mejor calidad. A patatas tres ferrados de la inferior calidad. Y la restante, mitad a maíz y la otra a trigo sinque siembre de otras semillas en lo labradío de primera mano y algunas abas entre el maíz de colores. De segunda mano siembro a nabos cinco ferrados y de alcacer tres ferrados[11]."


A cuestión é que as patacas, o liño e os cultivos forraxeiros, en comparación cos cereais, ocupan unha extensión moito menor, pois o cultivador desta explotación recoñece ter sementado, tanto para o caso do trigo como no do millo, arredor duns vinte ferrados de cada un. É posible polo tanto que cultivos como as patacas e o propio liño estean reservados á área das cortiñas en exclusiva, de produción máis intensiva, ou a pequenos espazos pese aos cales, a rotación anterior segue primando claramente. No caso dos nabos e da ferraña non hai dúbida da sucesión xa que se apunta directamente a que estes cultivos son sementados trala recolla dos cereais, o que nos deixaría seguramente na mesma situación bienal proposta xusto arriba. Parece que, respecto do que se ten apuntado para esta mesma área nos tempos do catastro de Ensenada, a situación non ten variado moito, a lo menos en termos de rotacións no cultivo[12]. O que si parece terse completado é a evolución da situación proposta por Bouhier, na que o millo miúdo é desprazado polo millo, estando este presente en todas e cada unha das parroquias para as cales atopamos datos. Esa situación que describía estaba moi estendida xa a mediados do século XVIII, pero aínda inacabada[13]. Cara finais da segunda década da centuria seguinte, o primeiro deses cereais semella ter desaparecido practicamente, pois salvo escasas referencias en documentos como o dos prezos dos produtos do partido da Coruña, as testemuñas nos rexistros son tremendamente escasas, case se podería dicir que inexistentes. Así, se ben esas referencias son unha proba clara de que se seguiría cultivando, a súa presenza debe ser entendida como practicamente marxinal. A complexidade destas rotacións é polo tanto importante, pero en esencia respondendo a unha lóxica de mixed-farming e da primeira revolución agrícola, procurando a combinación nas mesmas rotacións de cultivos destinados á alimentación humana e animal[14].

[10] Dirección General de Agricultura, Industria y Comercio (1891), vol. I, pp. 436-437.
[11] AMC, c. 3974, a. 2, pp. 31-32.
[12] Soto, D. (2006), p. 93.
[13] Bouhier, A. (2001), p. 724.
[14] Fernández Prieto, L. e Soto, D. (2010), p. 239.

Outro dos caracteres esenciais desta rotación que se observa ben nos exemplos ofrecidos é a práctica dunha forma de cultivo alterno, entendendo isto como a actuación onde a terra se divide aproximadamente á metade, de xeito que nunha delas se sementa o cereal de inverno e na outra o millo, realizando a operación xusto da forma oposta no ano seguinte. Deste xeito o agricultor diversifica as colleitas que obtén e polo tanto tamén os produtos obtidos, protexéndose de posibles continxencias adversas que afecten a un cultivo en concreto e que resultarían en complicacións moito máis serias no caso de dedicar a terra a un único cereal. Estes exemplos amosan perfectamente a sucesión de cultivos nunha parcela durante dous anos e inclúen tamén os rendementos, tema ao que pasamos agora, e as valoracións, dacordo coas táboas elaboradas polas xuntas de partido, explicadas na R.O. do 18 de febreiro de 1818 e coñecidas co nome de modelo 1, ás que xa nos temos referido.

4.2. ALGÚNS APUNTAMENTOS SOBRE OS RENDEMENTOS

Nos exemplos presentados no apartado das rotacións, os dous primeiros situados na parroquia de Santo Estevo de Cos fan referencia non soamente á sucesión e ordenación dos cultivos sobre o terreo, senón tamén aos rendementos que teoricamente obtiveran os seus cultivadores tras levantar a colleita á que fan referencia. Sinalar que se trata da teoría ten aquí un peso especial, pois unha simple ollada lévanos a razoar que os rendementos aducidos non poden ser de ningún xeito reais nin polo tanto exactos. Quizais, como moito, poidamos conceder a esas cifras de rendemento o cualificativo de aproximadas, pero o certo é que son claramente cuadriculadas e de aí a crítica. As referencias son importantes porque o que figura nesas citas é o método principal de cálculo da produción das terras na fonte que manexamos, con independencia da forma na que esa información se anote (nun texto como neste caso, ou nunha táboa, por exemplo, en moitos outros). Esta é a forma aritmética da produción que criticabamos como pouco realista cando presentamos os rexistros da riqueza. Nalgúns deles, ao seu comezo, atopamos un pequeno cadro que recolle, ás veces xunto cos prezos de valoración de cada froito, estas cifras de rendemento por unidade de superficie e calidade da terra, sendo o produto final de cada parcela en cuestión o resultados dunha simple operación de multiplicación. Un destes cadros, correspondente á parroquia de San Miguel de Figueroa e ao couto de Gudín no concello de Abegondo, pode verse na fotografía 5.


Valoración de Productos.

	Ferr. Trigo. a 18 ½	Ydem. Mo. a 9 ½	Ydem. Centeno a 12 ½	Ydem. Abas. a 12 ½	Ydem. Viño a 12 ½	Ferr. Cast. a 8 ½	Rs. vn.
1as. clases	a 6	"	a 6	a 3	6	6	"
2as. id	a 4	"	a 4	a ½	4	5	"
3as. id	a 3	a 4	a 3	a ¼	3	4	"
Prados Regadios						a 60 a 40 y a 30	
Prados Secanos						a 50 a 35 y a 24	

Fotografía 5: táboa de valoración de produtos do couto de Gudín e da parroquia de San Miguel de Figueroa (Abegondo, 1819). Pese ao encabezamento, a táboa amosa tamén os rendementos das principais especies cultivadas nas súas terras en ferrados (de esquerda a dereita: trigo, centeo, millo, fabas, viño [en arrobas] e castañas), ademais dos rendementos dos prados en reais (24/10/1819. AMB, c. 1684, l. 1, a. 4, p. 1).

Os datos da mesma lembrarán seguramente á información contida na pregunta 12 das respostas xerais do catastro de Ensenada, pois efectivamente son moi semellantes aínda que aquí se presente en forma máis esquemática. Neste sentido, unha simple ollada pode servir para facernos unha idea elemental sobre posibles cambios e evolucións que o paso do tempo introduciu nos rendementos dunha freguesía en concreto. No caso deste exemplo, os datos de rendementos son semellantes pese á diferenza de anos que van dunha fonte á outra, pero suxiren algunhas melloras significativas[15]: no caso da primeira e a segunda calidade as cifras son as mesmas, de modo que un ferrado de superficie sementado a trigo ou millo renderá seis ou catro ferrados en función desa calidade respectivamente. Pola súa parte, o ferrado de terceira calidade sementaríase con centeo (engadindo de forma explícita que o trigo está fóra das parcelas desta calidade), ofrecendo este unha produción de tres ferrados, ou de millo, cun produto de dous ferrados. É aquí precisamente nesta terceira calidade onde as diferenzas transcorridas máis de seis décadas se empezan a notar tal e como se pode comprobar na imaxe. O trigo, aínda que de xeito moi escaso, teríase introducido nas peores terras e como tal o seu rendemento aparece estipulado, concretamente en tres ferrados. Por outra parte, o centeo e o millo viron aumentada a súa cota de produción, cada unha nun ferrado bruto respecto aos baremos establecidos en 1752, ata a cifra dos catro e os tres ferrados respectivamente.

Este método para anotar os rendementos, se ben é o claramente maioritario, non é o único existente, pois cabe destacar outro que podemos observar especialmente cando son os propios veciños os que realizan as relacións dos seus bens e produtos. O terceiro exemplo citado ao falar do sistema das rotacións, referente a Santa María de Rus, continúa trala anotación dos cultivos para pasar a recoller os produtos obtidos por ese mesmo contribuínte na súa explotación en dous anos consecutivos:

> "Producciones de 1817:
> En dicho año sembré del modo indicado [dacordo coas pautas da cita en cuestión] y recogí lo siguiente:
> Trigo sembré 23 ferrs y cogí setenta y dos. Maiz diez y nueve y no produjeron. Lino dos ferrados y cogi tres arrobas en rama. Patatas tres ferrs. y me produjeron veinte y cuatro ferrados. Abas ninguna. En el monte sembré seis ferrs. y cogi quince.
> En 1818:
> Sembre 21 ferrs. de trigo y cogi setenta y dos. Maiz sembré 20 ferrs. y cogi cien. Abas mezcladas cogi un ferrado. Lino sembre dos ferrados y no cogi una libra. Patatas para tres ferrs. y cogi veinte y ocho. En el monte sembré seis de trigo y cogi quince. Cada ferrado de alcacer y ferraña produce seis arrobas y de nabos dos arrobas, que solo sirven para el alimento de los ganados[16]."

En contraste cos casos presentados naqueles dous exemplos aos que nos referiamos anteriormente, este derradeiro semella dende logo máis realista. Nos primeiros casos abonda con desfacer a operación do rexistrador dividindo o produto obtido pola superficie cultivada para obter o rendemento da especie correspondente, que sempre seguirá unha progresión aritmética. Por esa sinxela operación podemos deducir que, na freguesía de Cos, un ferrado de terra de segunda calidade sementado de trigo produce 3,5 ferrados do mesmo cereal, e o mesmo rendemento se aplica en función da mesma superficie plantada para o centeo ou o millo. Neste derradeiro exemplo, porén, a produción experimenta variacións anuais, pois cantidades diferentes de trigo producen resultados moi semellantes en función da bonanza da

[15] Respostas Xerais da parroquia de San Miguel de Figueroa. Consulta online.
[16] AMC, c. 3974, a. 2, p. 32.

colleita. O rendemento das patacas é especialmente difícil de predicir, de modo que as súas flutuacións son moi considerables. O exemplo representa un só contribuínte pero pode estenderse ao resto da parroquia ademais de a outras freguesías da zona que teñen rexistros da riqueza que seguen modelos moi similares. Por outra banda, o feito de que estes rendementos expresados polos propios agricultores semellen máis realistas, tampouco se traduce en que sexan correctos necesariamente, pois neste caso poderían estar influídos por un fenómeno de ocultación do que tampouco escapaba, como veremos axiña, o método de cálculo aritmético dos mesmos. Realismo refírese aquí polo tanto, simplemente, a que as declaracións dos agricultores gardan un maior parecido coa forma na que calquera actividade de produción desenvolta nun marco natural se comporta, neste caso, con variacións, cambios e flutuacións na produción dunha terra constantemente influída por aspectos ambientais dos que nunca se poderá ter unha certeza e que son precisamente os que introducen modificacións, ás veces moi importantes, nos resultados obtidos. Pero en termos de rendementos e como acabamos de apuntar, máis realista neste sentido non ten que significar, necesariamente, mellor.

Á vista dos exemplos presentados quedan patentes algunhas das diferenzas esenciais entre un método de cálculo aritmético dos rendementos e un rexistro dos mesmos mediante as declaracións individualizadas de cada un dos veciños da parroquia, ademais das posibilidades que cada un ofrece de cara a unha observación da realidade agraria.

Os exemplos de rendementos aritméticos son artificiais, como cabería esperar dunha vía que soamente ten en conta unha serie de cifras asignadas para unha determinada unidade de superficie e unha calidade. Non existe a máis mínima variación ou flutuación entre parcelas porque as súas condicións reais ou os medios empregados para poñelas en produción son en boa medida ignorados e reducidos a unha fracción que debe deducirse da produción bruta co único obxectivo de conseguir valorar un rendemento neto sobre o que habería que cobrar un imposto. Os rexistros de produción elaborados polos agricultores son totalmente diferentes, non soamente cos da outra categoría senón entre eles, pois teñen moito máis en conta a realidade dunha produción que oscila en función de numerosos factores ambientais, de traballo ou de abonado. Atendendo ao noso exemplo de Rus para o cultivo das patacas, este veciños di ter sementado tres ferrados e recollido vinte e catro en 1817. Ao ano seguinte, o mesmo veciño plantou de novo os mesmos tres ferrados e recolleu vinte e oito. Este é soamente un exemplo que pretende chamar a atención e poñer de manifesto os graves problemas derivados dunha determinada forma de realizar as cousas por parte da administración, pero poderíamos dar ducias sen saír desta mesma parroquia, e milleiros dentro do espazo que estudamos, porque a miúdo explotacións veciñas presentan rendementos dispares. Vemos como por esta vía, a idea de impoñer un baremo de produción baseándose na existencia dunhas poucas calidades non resulta ser xusta, e deixa ao contribuínte baixo a sorte de obter unha boa ou unha mala colleita. Realmente, a efectos impositivos, ás terras do contribuínte do exemplo impoñeríaselles un rendemento estándar para a súa calidade, o correspondente que tivera establecido a autoridade pertinente, pero ao mesmo tempo comprobamos como en anos consecutivos esa terra experimenta unha variación de case o 17% na súa produción de patacas ou arredor dun 10% se atendemos ao trigo dacordo coa declaración de quen a explotaba. É de agardar que isto influíse de xeito importante incluso na forza coa que a presión fiscal golpeaba a cada contribuínte, moitas veces incluso de forma individualizada, pois o esforzo para o pago como vemos, podería variar dun xeito considerable en función de como resultara a colleita dese ano.

Máis aínda que estas flutuacións puntuais que xa consideramos moi importantes, o que preocupa dos primeiros exemplos é que ao non achegarse á realidade agrícola por estar elaborados sobre o papel, non soamente ignoran esas pequenas variacións entre parcelas,

explotacións, ou anos de colleita, senón tamén as de tipo máis extremo, para ben e sobre todo para mal. Por ese método non habería, diciamos, variación dos rendementos nos anos de boas colleitas, o que podía favorecer a uns campesiños que estaban en mellor disposición de efectuar os pagos cun maior excedente dispoñible. Pero especialmente preocupante para eles sería a situación oposta, aquela na que se producía un afundimento na produción dalgunha colleita, como sucedeu co millo en 1817, tal e como vemos no segundo exemplo, nos produtos obtidos nese mesmo ano, pois a situación dese veciño é extensible a tódolos demais da parroquia e a outras veciñas. Enriba disto, coa práctica metade da colleita arruinada, os contribuíntes desta gran parroquia (con case 28 km² na actualidade, Santa María de Rus é unha das máis grandes de tódalas atopadas) deberon afrontar igualmente a contribución que se lles asignara, pois o método de repartimento non tiña en conta as variacións cíclicas de ingresos do campesiñado[17]. Non temos porén, referencia algunha a ese episodio fóra dalgunhas parroquias das xurisdicións de Rus e Villarprego onde parece que os rexistros da riqueza territorial foron elaborados polos propios campesiños a lo menos nunha parte importante dos casos, pero o certo é que este ano ten sido caracterizado como de escaseza nalgúns estudos clásicos[18]. Este é precisamente o maior problema de efectuar un cálculo matemático dos rendementos, pois se ben podemos aducir que tal vez as pequenas variacións se compensaran en anos sucesivos, uns en beneficio dos campesiño e outros na súa contra, non existía pauta de actuación algunha por parte dunha administración que non se preocupaba pola situación real dos contribuíntes ante un descenso acusado das colleitas, máis alá de posibles exencións ou reducións das cotas en virtude da mercé real. Os niveis de riqueza serían mantidos baixo o uso dos mesmos baremos produtivos e das mesmas taxas de desconto, mantendo abafado a un campesiñado que en episodios coma este tería que loitar duramente pola súa supervivencia. Neste tipo de episodios teremos por suposto, novas fontes de descontento arredor do funcionamento da nova contribución xeral.

Estas formas de cálculo aritmético dos rendementos representan así unha serie de complicacións de cara á análise dos mesmos que, con todo, están lonxe de ser as únicas que este aspecto da fonte nos presenta. Ao contrario, existe unha cuestión que a continuación pasamos a tratar e que representa un dos principais problemas que o investigador pode atopar cando consulta os fondos dos apeos e cadernos da riqueza de Garay. Falamos do fenómeno da ocultación relativa, pola cal entendemos simplemente, a práctica de atribuírlle a unha parcela unha calidade inferior á que lle corresponde, con independencia do seu uso, o que acabaría redundando na aplicación dun cociente de rendemento inferior ao que en realidade lle tocaba, coa conseguinte suma final menor da real en concepto de riqueza para o seu explotador. Unha boa ferramenta para comprobar o alcance deste fenómeno, a lo menos dende un punto de vista relativo, pode ser a vía comparativa entre os estados da calidade da terra en dous momentos temporais distintos nun mesmo territorio, un dos cales debe ser loxicamente o que nós estudamos. En virtude disto ofrecemos a continuación varias táboas onde figuran, para distintas parroquias que serven como exemplos, a extensión de terra e as calidades, por usos do solo, segundo os rexistros da segunda década do século XIX e os do catastro de Ensenada. A comparación parte da asunción lóxica de que, transcorridas unha cantas décadas e nun contexto de agricultura orgánica, as calidades da terra deberían ser semellantes, pois non pensamos que sexa posible que en cuestión de pouco máis de sesenta anos a terra dunha parroquia teña mellorado de forma excepcional ou que ao contrario, experimentara un fenómeno de decaemento produtivo que a levase á ruína. Referímonos única e estritamente ás súas posibilidades físicas, e non a outros posibles factores que inflúan na produtividade, como

[17] Fernández González, A. (1994), p. 125.
[18] Sánchez-Albornoz, N. (1963).

pode ser un maior aporte de traballo. Que esteamos precisamente nun sistema orgánico axuda a pensar nisto, pois pese a que puidera experimentar cambios co tempo adaptándose e actualizándose, o dito sistema víñase desenvolvendo dende antigo sen extinguirse e seguiuno facendo durante décadas. Máis perigoso sería supoñer isto nun contexto de agricultura industrial, onde o uso de certos químicos si podería afectar profundamente á terra nun período de tempo curto.

Como nota aclaratoria sobre estas táboas, debemos indicar algunhas cuestións. Para comezar hai que dicir que as categorías que figuran nelas son as denominacións maioritarias dos usos do solo que figuran nos rexistros. O primeiro paso é recoñecer a que se refire cada unha delas, se ben é certo que, cando nos próximos epígrafes abordemos os distintos usos do solo, estes breves apuntamentos serán ampliados. Entendemos por labradío aquelas terras que, sendo explotadas esencialmente en réxime de secaño, se dedican ao cultivo das especies vexetais que figuran na rotación antes exposta e que inclúen, polo tanto, aos cereais dun xeito maioritario. As hortas, pola súa parte, responden a unha dobre realidade tanto de espazo físico como tipolóxica: son as áreas próximas á casa ás que tamén podemos referirnos como hortos ou cortiñas, pero que tamén se definen polo seu cultivo de plantas hortícolas e de froiteiras. Logo estarían as áreas destinadas á produción de herba para a alimentación do gando. Falamos aquí de prados, cunha diferenciación interna entre os de secaño ou regados e, por outro lado o pasto, sendo esta última unha categoría que presenta algunhas particularidades en canto á súa configuración nos cadernos do século XIX, que en todo caso serán expostas no apartado correspondente. Finalmente, nas táboas aparecen as áreas de monte e arborado. Aberto e pechado fan referencia á forma de posesión e explotación, común ou privada, mentres que souto, carballeira ou devesa responden a esas organizacións boscosas particulares onde se concentran especies determinadas.

Por outra banda hai que aclarar que, pese a que nos exemplos que presentamos as distintas categorías de terras aparecen equiparadas, non debemos pensar que ámbalas dúas fontes inclúen na súa estrutura unha clasificación idéntica, un aspecto que pode ser pasado por alto como resultado do modo no que presentamos a información. Ámbalas dúas formas de efectuar o rexistro das terras dende o ámbito das calidades presentan sutís diferenzas que deben ser tidas en conta. No caso das respostas xerais e persoais que empregamos do catastro de Ensenada, por exemplo, existe unha categoría de terras improdutivas que os apeos do sistema impulsado por Martín de Garay recoñecen moi rara vez aínda que aquí tamén vexamos algunha mostra, un aspecto que deriva da propia forma de entender a contribución que se pretendía poñer en marcha. Sendo a instaurada en 1817 un imposto que pretendía gravar os produtos obtidos polo desenvolvemento de oficios, cobro de rendas ou produción agrogandeira, non sería necesario, estritamente falando, ter un grande nivel de detalle con todo aquilo que non se encadrara dentro destas realidades. Tendo isto en conta e centrándonos nas terras, se o importante era precisamente computar o valor dos seus produtos para o cálculo das cotas da contribución dun individuo, para aqueles terreos considerados improdutivos ou inútiles non existía necesidade algunha de incluílos nos inventarios.

En terceiro lugar, loxicamente, tanto nos rexistros de Ensenada como nos cadernos da contribución xeral a unidade de medición de terra empregada é o tradicional ferrado. Chegados a este punto e xa que imos levar a cabo un exercicio comparativo, resulta preferible neste momento expresar os resultados en hectáreas por varios motivos. Para comezar, as hectáreas son máis útiles que outras unidades como o quilómetro cadrado porque fai as cifras máis manexables e adáptase mellor ás diferentes extensións de tódolos usos, especialmente aos máis pequenos. Non habería problema por exemplo en medir en quilómetros cadrados grandes extensións de monte, pero para o caso das pequenas hortas o uso excesivo de

decimais faríanos perder perspectiva. Por outra parte, pese a movernos nunha área que a nivel rexional non é demasiado grande, a extensión do ferrado difire frecuentemente ao longo do territorio que estudamos, de modo que adquire distintos valores en función do lugar no que nos atopemos. Cómpre coñecer primeiro ao que nos enfrontamos exactamente para realizar unha correcta conversión de unidades. O ferrado ten, na resposta nove do catastro de Ensenada, unha equivalencia en varas cadradas que nos sirve como base das nosas operacións. Esas unidades, porén, tampouco son sempre iguais, de maneira que seguindo as indicacións de Fernández Justo, mentres que a vara castelá que podemos chamar estándar equivale a 0,835905 metros, na provincia da Coruña empregábase outro concepto desta medida, denominada tamén vara de Madrid, cunha equivalencia de 0,843 metros[19].

Dito isto, nas áreas dos concellos de Betanzos, Abegondo, Culleredo ou A Coruña a unidade superficial empregada na maioría dos casos é o ferrado de vinte e cinto varas en cadro, ou o que é o mesmo, 625 varas cadradas. Non obstante e dada a consideración anterior, tras realizar as operacións pertinentes, ese ferrado será equivalente a 436,7 m² nas parroquias da antiga provincia de Betanzos, mentres que no caso das situadas na da Coruña, a conversión será lixeiramente superior, quedando o ferrado nos 444,16 m². Se imos ás freguesías do outro extremo do noso territorio, nos actuais concellos de Carballo ou Tordoia (seguimos dentro da provincia da Coruña, polo que usamos a vara de Madrid), emprégase pola contra o ferrado de trinta varas en cadro de forma maioritaria, ou sexa, 900 varas cadradas que equivalen a 639,58 m², pero tamén outro de 676 varas cadradas, que será convertido á cifra de 480,4 m². A alternancia entre un e outro pode deberse a unha variación entre xurisdicións, posto que mentres que o ferrado de 900 varas cadradas aparece por exemplo nas parroquias do territorio de Rus, o de 676 utilízase nas de Villarprego. A cuestión pode complicarse aínda un pouco máis posto que, nalgunhas das parroquias, a extensión desa unidade de medida cambia segundo a fonte que observemos. Así, é precisamente nalgunhas das parroquias de Carballo e Tordoia onde, se atendemos a Ensenada, observaremos que se usa nas medicións o ferrado de 900 varas cadradas, mentres que cando se realizan os novos rexistros na segunda década do século XIX se empregaba no seu lugar o de 676 ou o de 625, este último quizais por influxo das autoridades da xunta central, pois estoutro era o empregado na súa área. Así, para evitar unha confusión froito de variacións que soamente complicaría o labor de comparación que pretendemos levar a cabo, a lóxica lévanos a optar nesta ocasión pola solución de converter tódalas unidades nunhas de uso máis actual e frecuente.

Unha derradeira anotación respecto destas táboas lévanos a falar dunha serie de cuestións importante en canto á súa forma. Pensamos, precisamente, que as diferenzas no modo no que a información foi recollida amosan tamén as distintas maneiras de levar a cabo o proceso de rexistro da riqueza dos contribuíntes, polo que mirar estas táboas é en certa forma un reflexo de como se fixeron as cousas en cada parroquia aquí exemplificada. Comecemos apuntando que na columna máis situada á dereita, a que ofrece as cifras totais de superficie catastrada para cada uso concreto segundo os datos dos apeos e cadernos da riqueza, pódese observar como o ano non coincide en tódolos casos. Isto é así porque esa cifra representa o ano no que o rexistro foi finalizado. Partindo da data de emisión dos modelos de febreiro de 1818 e trala súa posta en circulación, os inventarios da riqueza comezaron a realizarse en moitos casos xa ben entrada a segunda metade daquel ano (lembremos que os modelos non chegaron á vila de Pontedeume ata o 2 de xuño). Algunhas parroquias remataron en poucos meses o traballo pero, noutros casos, aspectos desencadeados por certos retrasos ou polo propio tamaño do territorio a catastrar levaron a que en 1819 aínda estiveran sen rematar moitos deles. En lugar

[19] Fernández Justo, I. (1986), p. 44-48.

disto, simplemente pode suceder que os cadernos estean realizados noutros momentos do ano, en virtude de que tiñan que ser elaborados sucesivamente, pero en todo caso, a data de peche quedaría reflectida igualmente desa forma.

Continuando con cuestións de forma, hai que salientar que en Ensenada, a cifra de monte e prado preséntase como un dato global nalgúns exemplos, de xeito que inclúe os dous subtipos de cada uso respectivo no recadro dun só deles. É dicir, pese a que os datos de extensión de superficie de monte aparecen na sección de monte aberto, as cifras son en realidade correspondentes a monte en xeral, tanto común como privado. O mesmo acontece coas superficies de prado, onde os datos se ofrecen en ocasións en conxunto ou simplemente non se establece diferenza nos inventarios, de forma que a partida de prados de regadío se corresponde en realidade coas dúas variedades, sendo incluídos nela tamén os de secaño. Non é este un problema exclusivo dos rexistros ensenadinos, pero nos exemplos escollidos conseguimos evitalo no caso dos elaborados no século XIX, o cal non exclúe que haxa inventarios de parroquias neste momento nos que tampouco se realizaran distincións internas nos usos de prado ou monte.

Por outra banda, tamén se poderá observar que, especialmente nos rexistros do século XIX, cada calidade pode aparecer, á súa vez, segmentada en tres. Cando un chanzo das calidade de terra presenta divisións, falamos da categoría superior (S), media (M) e inferior ou ínfima (I), adoptando as mesmas fórmulas tal e como figuran na nomenclatura dos propios cadernos da riqueza. Por debaixo da terceira calidade pode existir así mesmo outra, soamente nas superficies de monte, onde se anota o espazo considerado improdutivo ou inútil, xeralmente aducindo como razóns para dar esta cualificación a existencia dun terreo costento ou especialmente pedregoso. Con todo, os motivos non teñen que darse necesariamente e o normal é que non saibamos exactamente o que fai que unha certa superficie de monte sexa incluída dentro desta denominación. Notarase, por último, que hai ocos de información nalgunhas das seccións das táboas. O valor correspondente para o número cero en calquera calidade indica que non hai ningunha extensión recoñecida para esa categoría en cuestión nunha determinada parroquia, pero iso non exclúe que si existan extensión do mesmo uso con calidades diferentes (pode non haber monte de primeira, pero si das dúas restantes, por exemplo). A ausencia de valores numéricos, pola contra, afecta a un uso enteiro e significa que non hai terras do mesmo en toda a parroquia, é dicir, que non apareceron anotadas no rexistro de terras con esa natureza. Isto acontece coa categoría chamada pasto en Ensenada xa que, como veremos, soamente aparece nos apeos e cadernos da riqueza da época de Garay. Tamén sucede co souto, que ás veces non aparece como tal nos rexistros do século XIX, ou co prado en réxime de secaño e o monte pechado polas razóns xa citadas.

Volveremos sobre estas táboas de xeito recorrente, de xeito que o que agora nos interesa é chamar a atención unicamente sobre as diferentes categorías de calidade da terra que hai asignadas en cada unha das unidades territoriais presentadas e, dun xeito especial, a transformación que para cada unha desas calidades experimentan as cifras entrámbalas dúas fontes. Se ollamos os datos ofrecidos en calquera destes exemplos decatarémonos do motivo polo que advertiamos un pouco máis atrás que o asunto da ocultación relativa era un dos problemas principais destes rexistros da riqueza. Afirmamos, de feito, que esta é a cuestión máis grave á que se deberá enfrontar o investigador que manexe esta fonte, exceptuando outras complicacións que en todo caso non derivan da súa propia natureza, como pode selo caso do seu grao de conservación e a fragmentación dos fondos, que son cuestións que responden a outros motivos. A advertencia refírese, logo, ao aspecto relativo á calidade interna da información.

Táboa 4.1: superficie catastrada en San Cibrán da Vila de Abade (Tordoia), provincia de Coruña, xurisdición de Rus.

USO	CALIDADE		CATASTRO ENSENADA	CADERNOS GARAY	TOTAL (1752)	TOTAL (1818)
LABRADÍO	1ª		24,3	0	115,12	106,02
	2ª		52,32	0		
	3ª	S	38,5	13,72		
		M		37		
		I		55,3		
HORTA	1ª		0,448	0,89	2,175	1,82
	2ª		1,471	0,49		
	3ª		0,256	0,44		
PRADO REGADÍO	1ª		2,3	1,51	14,585	5,64
	2ª		2,175	2,53		
	3ª		10,11	1,6		
PRADO SECAÑO	1ª		...	0,09		1,73
	2ª		...	0,58		
	3ª		...	1,06		
PASTO	1ª		...	1,38	...	19,5
	2ª		...	3,73		
	3ª		...	14,39		
MONTE PECHADO	1ª		...	1,47	1808,67	9,73
	2ª		...	1,91		
	3ª		...	6,35		
MONTE ABERTO	1ª		1,98	0		1802,36
	2ª		3,84	0		
	3ª		1802,85	1802,36		
SOUTO	1ª		0,19	...	0,19	...
	2ª		0	...		
	3ª		0	...		
DEVESA/ CARBALLEIRA	1ª		0,063	...	0,189	...
	2ª		0,063	...		
	3ª		0,063	...		
				TOTAIS	**1940,929**(1)	**1946,8**

(1) A superficie total catastrada é superior, pois recoñécese unha extensión de 66,64 Ha que non está incluída no total e que estaría ocupada polas casas, eiras, camiños, etc.

Fonte: Rexistro da riqueza de San Cibrán da Vila de Abade. (AMC, c. 3973, a. 1)

Táboa 4.2: superficie catastrada en Santa María de Rus (Carballo), provincia de Coruña, xurisdición de Rus.

USO	CALIDADE		CATASTRO DE ENSENADA	CADERNOS GARAY	TOTAL (1752)	TOTAL (1818)
TERRAS DE LABOR	1ª		35,43	0	227,63	331,43
	2ª	S	53,28	0		
		M		6,27		
		I		6,28		
	3ª	S	138,92	67,49		
		M		111,35		
		I		140,04		
HORTA	1ª		0,58	0	2,88	5,74
	2ª	S	0,64	0		
		M		0,5		
		I		0,2		
	3ª	S	1,66	2,85		
		M		1,7		
		I		0,49		
PRADO REGADÍO	1ª		0,64	0	7,09	12,28
	2ª	S	1,53	0		
		M		0,44		
		I		0,4		
	3ª	S	4,92	5,7		
		M		4,74		
		I		1		
PRADO SECAÑO	3ª	S	...	0,29		2,65
		M		0,99		
		I		1,37		
PASTO	3ª	S	...	1	...	14,32
		M		3,8		
		I		9,52		
MONRE PECHADO	3ª	S	...	23,95	1511,2	172,46
		M		77,36		
		I		71,15		
MONTE ABERTO	1ª		23,34	0		1235,91
	2ª		38,57	0		
	3ª	S	1449,29	169,49		
		M		195,07		
		I		743,45		
	Inútil		...	127,9		
SOUTO	1ª		1,22	0	2,56	4,19
	2ª		0,64	0		
	3ª	S	0,7	0,45		
		M		3,17		
		I		0,57		
DEVESA/ CARBALLEIRA	1ª		0,76 (1)	0	2,87	5,7
	2ª		0,83	0		
	3ª	S	1,28	0		
		M		0,13		
		I		5,57		
				TOTAIS	**1754,23(2)**	**1784,68**

(1) Nesta partida hai 0,5 Ha dunha devesa real da que non temos noticias nos rexistros de Garay.
(2) A superficie total catastrada é superior, pois aparecen outras 51,17 Ha para casas, eiras, camiños, etc.
Fonte: Rexistro da riqueza de Santa María de Rus. (AMC, c. 3974, a. 2)

Táboa 4.3: superficie catastrada en San Xoán de Tordoia (Tordoia), provincia de Coruña, xurisdición de Villarprego.

USO	CALIDADE	CATASTRO ENSENADA	CADERNOS GARAY	TOTAL (1752)	TOTAL (1819)
LABRADÍO	1ª	1,92	1,95	24,02	24,77
	2ª	21,62	6,99		
	3ª	0,48	15,83		
HORTA	1ª	0,1	0,14	0,29	0,38
	2ª	0,19	0,19		
	3ª	0	0,05		
PRADO REGADÍO	1ª	0,1	0,05	0,48	0,96
	2ª	0,19	0,91		
	3ª	0,19	0		
PRADO SECAÑO	1ª	0,1	0	0,38	0,28
	2ª	0,14	0,14		
	3ª	0,14	0,14		
PASTO	1ª	...	0,19	...	2,64
	2ª	...	0,65		
	3ª	...	1,8		
MONTE PECHADO	1ª	...	0	153,73	6,1
	2ª	...	1,63		
	3ª	...	4,47		
MONTE ABERTO	1ª	9,61	0		250,43
	2ª	72,06	48,51		
	3ª	72,06	201,62		
DEVESA/ CARBALLEIRA	1ª	0,29	...	0,96	...
	2ª	0,19	...		
	3ª	0,48	...		
			TOTAIS	**179,86**(1)	**285,26**

(1) A superficie total catastrada é superior, pois recoñécese unha extensión de 2,69 Ha que non está incluída no total e que sería aquela ocupada polas casas, eiras, camiños, etc.

Fonte: Rexistro da riqueza de San Xoán de Tordoia. (AMC, c. 3973, a. 3)

Táboa 4.4: superficie catastrada en San Mamede de Andoio (Tordoia), provincia de Coruña, xurisdición de Villarprego

USO	CALIDADE		CATASTRO ENSENADA	CADERNOS GARAY	TOTAL (1752)	TOTAL (1819)
LABRADÍO	1ª		0,96	0	38,43	57,94
	2ª		13,45	0		
	3ª	S	24,02	3,65		
		M		24,02		
		I		30,27		
HORTA	1ª		0,19	0,29	0,96	0,72
	2ª		0,77	0,24		
	3ª		0	0,19		
PRADO REGADÍO	1ª		0,29	0,48	0,96	1,88
	2ª		0,19	1,06		
	3ª		0,48	0,34		
PRADO SECAÑO	1ª		0,14	0	0,48	0,33
	2ª		0,15	0,19		
	3ª		0,19	0,14		
PASTO	1ª		...	1,35	...	9,71
	2ª		...	2,16		
	3ª		...	6,2		
MONTE PECHADO	1ª		...	0	149,88	13,02
	2ª		...	1,44		
	3ª		...	11,58		
MONTE ABERTO	1ª		19,21	24,6		529,11
	2ª		48,04	48,04		
	3ª		57,65	456,47		
	Inútil		24,98(1)	...		
				TOTAIS	**190,71**	**612,71**

(1) A partida de superficie rexistrada como monte inútil no catastro de Ensenada inclúe tamén o espazo para as casas e camiños, polo que unha parte importante da mesma podería serlle detraída, ao non tratarse estritamente de espazo agrario propiamente dito.

Fonte: Rexistro da riqueza de San Mamede de Andoio. (AMC, c. 3973, a. 2)

Táboa 4.5: superficie catastrada en Santa Susana de Arcai (Tordoia), provincia de Coruña, xurisdición de Villarprego. (Inclúese tamén o número de pezas para cada uso do solo en cada rexistro)

USO	CALIDADE		CATASTRO ENSENADA	Nº DE PEZAS	CADERNOS GARAY	Nº DE PEZAS	TOTAL (1752)	TOTAL (1819)
LABRADÍO	1ª		2,88	296	0	292	28,81	41,94
	2ª		16,33		0			
	3ª	S	9,6		7,16			
		M			13,5			
		I			21,28			
HORTA	1ª		0,19	32	0	22	0,57	0,59
	2ª		0,38		0			
	3ª	S	0		0,24			
		M			0,05			
		I			0,3			
PRADO REGADÍO	1ª		0,38	10	0,86	31	0,77	1,77
	2ª		0,39		0,67			
	3ª		0		0,24			
PRADO SECAÑO	1ª		0,19	11	0	10	0,58	0,26
	2ª		0,19		0,24			
	3ª		0,2		0,02			
PASTO	1ª		...	...	0,12	10	...	1,61
	2ª		...		0,77			
	3ª		...		0,72			
MONTE PECHADO	1ª		0,12	35	0	13	2,79	4,18
	2ª		1,61		1,49			
	3ª		1,06		2,69			
MONTE ABERTO	1ª		2,93	86	21,62	8	58,9	288,25
	2ª		40,67		163,34			
	3ª		10,5		81,67			
	Inútil		4,8(1)		21,62			
SOUTO	1ª		0,29	4	...	...	0,39	...
	2ª		0,1		...			
	3ª		0		...			
DEVESA/ CARBALLEIRA	1ª		0,19	14	0	23	1,44	2,83
	2ª		0,29		0,62			
	3ª		0,96		2,21			
						TOTAIS	94,25	341,43

(1) A partida de superficie catastrada como monte inútil no catastro de Ensenada inclúe tamén o espazo para as casas e camiños, polo que unha parte importante da mesma podería serlle detraída, ao non tratarse estritamente de espazo agrario propiamente dito.

Fonte: Rexistro da riqueza de Santa Susana de Arcai. (AMC, c. 3973, a. 4)

Táboa 4.6: superficie catastrada en San Miguel de Figueroa (Abegondo) en conxunto co couto de Gudín, inserto na mesma parroquia, provincia de Betanzos, xurisdición de Betanzos[20].

USO	CALIDADE	CATASTRO ENSENADA	CADERNOS GARAY	TOTAL (1752)	TOTAL (1819)
LABRADÍO	1ª	10,92	1,2	65,51	86,56
	2ª	17,47	30,75		
	3ª	37,12	54,61		
HORTA	1ª	0,39	0,09	1,44	2,75
	2ª	0,48	2,25		
	3ª	0,57	0,41		
VIÑEDO	1ª	1,09	0	4,37	4,54
	2ª	1,09	1,36		
	3ª	2,19	3,18		
PRADO REGADÍO	1ª	0,35	0,24	1,14	7,83
	2ª	0,44	6,48		
	3ª	0,35	1,11		
PRADO SECAÑO	1ª	0,91	0	3,05	6,58
	2ª	0,92	0,88		
	3ª	1,22	5,7		
MONTE PECHADO	1ª	2,62	0,48	10,91	110,27
	2ª	4,8	18,4		
	3ª	3,49	91,39		
MONTE ABERTO	1ª	24,59	0	122,28	198,26
	2ª	46,9	41,92		
	3ª	50,79	156,34		
SOUTO	1ª	0,44	0	4,36	7,9
	2ª	1,74	1,78		
	3ª	2,18	6,12		
DEVESA/ CARBALLEIRA	1ª	0,96(1)	...	1,66	...
	2ª	0,26	...		
	3ª	0,44	...		
			TOTAIS	214,72	424,69

(1) Nesta partida hai 0,79 Ha correspondentes a unha devesa real da que non temos noticias nos rexistros de Garay.

Fonte: Rexistro da riqueza de San Miguel de Figueroa e Couto de Gudín. (AMB, c. 1684, l. 1, a. 1 e 4)

[20] Neste caso, hai que puntualizar que como couto redondo, o de Gudín depende directamente do marqués de Figueroa e non do Correximento de Betanzos. [Erias Martínez, A. e González Fernández X. M. (1989), p. 64.]

Táboa 4.7: superficie catastrada en Santa María de Sarandós (Abegondo), provincia de Betanzos, xurisdición de Betanzos.

USO	CALIDADE	CATASTRO ENSENADA	CADERNOS GARAY	TOTAL (1752)	TOTAL (1819)
LABRADÍO	1ª	34,94	5,67	152,85	138,96
	2ª	43,67	49,24		
	3ª	74,24	84,05		
HORTA	1ª	0,87	0,2	3,93	3,34
	2ª	1,31	2,57		
	3ª	1,75	0,57		
VIÑEDO	1ª	4,37	0,48	17,47	23,87
	2ª	6,55	11,42		
	3ª	6,55	11,97		
PRADO REGADÍO	1ª	2,17	3,5	8,73	10,77
	2ª	2,19	6,55		
	3ª	4,37	0,72		
PRADO SECAÑO	1ª	1,97	0,36	8,75	1,66
	2ª	2,4	1,19		
	3ª	4,38	0,11		
PASTO	1ª	...	1,15	...	10,6
	2ª	...	8,43		
	3ª	...	1,02		
MONTE PECHADO	1ª	2,22	2,84	6,55	133,08
	2ª	1,71	68,45		
	3ª	2,62	61,79		
MONTE ABERTO	1ª	21,84	0	126,65	188,48
	2ª	34,94	0		
	3ª	52,4	188,48		
	Inútil	17,47	...		
SOUTO	1ª	4,35	0,68	17,46	10,75
	2ª	4,38	9,46		
	3ª	8,73	0,61		
DEVESA/ CARBALLEIRA	1ª	1,18 (1)	2,49 (1)	2,05	2,49
	2ª	0,52	0		
	3ª	0,35	0		
			TOTAIS	344,44	524

(1) Nestas partidas hai contempladas, para ámbolos dous momentos, unha área de devesa real. En 1752 ascende a 0,87 Ha e en 1819 ocupa a totalidade da extensión anotada para esta superficie, o conxunto das 2,49 Ha.

Fonte: Rexistro da riqueza de Santa María de Sarandós. (AMB, c. 1686, a. 1)

Estes poucos exemplos tamén reflicten como esa ocultación relativa, dentro de ser grave, chega a presentar diferentes niveis que poden responder a motivacións e contextos comunitarios diferentes. Por exemplo, a parroquia de Santa María de Sarandós mesmo se pode considerar como unha excepción á regra da degradación de calidades, resultando ser o único caso dun caderno no que estas resultan mellor paradas que na fonte de Ensenada nalgúns caso. Para certos usos, mesmo podemos comprobar como existe unha tendencia á aglomeración na calidade intermedia, pero este é un caso practicamente único. Nos demais, o que queremos dicir queda moito máis claro. Pensemos o que acontece por exemplo no caso dalgunhas parroquias das xurisdicións de Rus ou Villarprego como son Vila de Abade, Arcai ou Andoio, todas próximas entre elas e cuxas parcelas de secaño aparecen recollidas na súa totalidade en categorías dentro da terceira calidade, a peor das contempladas nos cadernos. A cuestión é que eses rexistros de terras de labor presentan realidades difíciles de asumir precisamente cando se poñen en relación, ou ben coas categorías expostas no catastro de Ensenada, ou por outra banda, cando se trata de buscar exemplos semellantes noutras parroquias próximas para ver o que sucede nelas. Por calquera destas dúas vías aparece unha contradición que salta rapidamente á vista. No primeiro caso é imposible unha muda tan considerable entrámbalas dúas fontes, pois como xa dixemos, nun contexto de agricultura orgánica non se pode aceptar que extensións tan grandes de terra se arruínen en cuestión dunhas poucas décadas. Quizais, as parcelas de mellor calidade poderían verse reducidas en termos relativos sobre o total da superficie cultivada no caso de que se puxeran en cultivo novas terras e estas foran de categorías inferiores, pero esta argumentación non sería suficiente para explicar os fondos cambios que acontecen en termos de calidades entre un rexistro e outro. No caso de aceptar esas mutacións, deberíamos adoptar un discurso en clave de desastre ecolóxico, xa que habería que asumir que seguindo esta progresión de degradación, a terra remataría esgotándose nunhas poucas décadas máis, o cal resulta inverosímil. Polo tanto, sendo estes razoamentos incorrectos, debemos asumir a situación máis plausible, que pasa por recoñecer simplemente a anotación incorrecta das calidades.

A segunda vía de comparación, que pasa por observar a situación noutros lugares próximos do territorio tamén destapa algunhas incoherencias a este respecto na situación da terra dos rexistros dalgunhas parroquias. Por exemplo, localizados nas mesmas xurisdicións que os tres exemplos previos temos outros dous, tamén presentes nas táboas, que son os das freguesías de San Xoán de Tordoia ou Santa María de Rus, onde vemos que a situación é bastante diferente. Contando co mesmo problema en relación ao pequeno peso sobre o total das terras da mellor calidade, en Rus a lo menos, o rexistro parte da segunda calidade intermedia cara abaixo, mentres que en San Xoán mesmo chegamos a ver listadas parcelas da máxima categoría entre as terras ocupadas polo secaño de labor.

O que importa resaltar a través de todos estes exemplos polo tanto é que, con independencia de a onde miremos, todos eles son a mostra dun fenómeno que se nos presenta como universal e consubstancial aos rexistros da riqueza agraria atopados e que salta á vista claramente, manifestado a través da escasa cantidade de terras rexistradas nas categorías de calidades superiores nas diferentes parroquias, salvo contadas excepcións. Ademais, hai que destacar que non estamos en absoluto ante un inconveniente exclusivo do noso territorio de estudo, senón que se trata dun feito xa apuntado para outras áreas peninsulares, o que nos fai albergar poucas esperanzas de que futuros achados de rexistros no marco desta fonte estean libres dunha problemática que non soamente afecta á determinación dos rendementos, senón tamén á valoración da terra, que aparecerá claramente devalada[21]. Máis ben ao contrario, o

[21] Lozano Salado, L. (2001), pp. 58-62 e 94-95.

feito de que fondos tan distantes presenten unha mesma eiva, leva a pensar que se trate dunha omisión xeneralizada. O que si é moi probable para o caso galego, ou cando menos para a nosa área de estudo concreta, é que este problema pode ser aquí aínda moito máis grave que noutras áreas da Península Ibérica, no sentido de que a cantidade de terra rexistrada na calidade inferior alcance, non soamente niveis moi importantes, senón tamén claramente maioritarios e alarmantes. Trataremos de medir o grao no que esta cuestión afecta aos fondos manexados cando nos ocupemos polo miúdo do fenómeno da ocultación relativa.

Estamos polo tanto ante un problema de primeira orde na fonte, de tal xeito que incluso temos atopado exemplos peores onde o fenómeno se pode chegar a presentar aínda dun modo máis acusado. Santa Comba de Xesteda é unha parroquia situada hoxe no concello de Cerceda onde, segundo o seu cadernos da riqueza se rexistraron, atendendo soamente a un uso de terras de labor de secaño, as cantidades seguintes: 67 ferrados da primeira calidade, 552 de segunda e 1747 de terceira. Os resultados son *a priori* os habituais, cunha cantidade nimia de terras de calidade superior que nin sequera chega ao 3% da superficie dedicada a secaño, pero a cuestión empeora cunha anotación que tamén figura no reconto, na que se indica:

> "Las calidades que se hallan en cada una de las especies de tierra que adelante se mencionan a cada uno (…) son de primera, segunda y tercera de la tercera calidad mala[22]."

Dito doutro xeito, o rexistro afirma que nesta parroquia soamente hai terras da peor calidade, e que as referencias a primeira, segunda e terceira son en realidade os chanzos presentes dentro desa última. Pero o máis grave é que se fai alusión a tódolos usos do solo, de maneira que nesta parroquia nin sequera se contempla para o caso das hortas ou dos prados unha calidade superior. O peor desta cuestión é que estas parroquias non son casos illados, de xeito que podemos atopar un número considerable delas onde esta situación se reproduce da mesma maneira ou en forma moi similar. Non obstante, pese a que este problema sexa grave, unha vez recoñecido merece a pena analizar o que ocorre coa división da terra por calidades nos diferentes recontos atopados e para os distintos usos do solo. Esta cuestión resulta de grande interese porque aínda dentro desta práctica fraudulenta se poden detectar unhas pautas de comportamento concretas ao seu redor. É dicir, a declaración de calidades segue, en moitos casos, unha serie de regras determinadas en función do uso agrario que teña a terra sobre a que nos atopemos. Isto é algo que veremos nas vindeiras páxinas cando no seguinte apartado nos centremos en analizar a distribución deses usos diversos, e a súa análise pode ser importante para explicar algunhas das lóxicas presentes tras desa ocultación, así como o alcance desas prácticas e os seus obxectivos.

Á vista da información presentada ao respecto do fenómenos da ocultación relativa, entenderemos que a efectos do estudo dos rendementos, se trate dun problema aínda maior que o de establecer un cálculo dos mesmos baseado en cifras prefixadas ou baremos. Isto é así porque a ocultación relativa é un fenómeno aínda máis enraizado na base dos rexistros da riqueza que esoutro dos rendementos fixos de produción, porque cando estes se aplican, partimos xa dun problema anterior que consiste nunha grave detracción dos produtos posibles da terra, que tivo lugar en cada parcela cuxa categoría de calidade se anotou reducida no rexistro de fincas correspondente a cada veciño. Se o rendemento dunha parcela de, poñamos un exemplo, terceira calidade, xa podía ser criticado pola falta de achegamento á realidade agraria e ás situacións particulares que puideran darse en relación ás variacións nos produtos

[22] AMC, c. 3973, a. 6, p. 4-5.

obtidos, imaxinemos o que significa para os rendementos que esa parcela fose en realidade dunha calidade superior, o que implicaría xa na base do rexistro rendementos maiores. As conclusións sobre a ocultación dos rendementos quizais se poderían encadrar no dito por outros autores para o caso de Ensenada, pois nesta fonte detéctanse niveis importantes no litoral occidental pero moito menores cara a Galicia interior[23]. Polo que nós atopamos, parece que a tendencia á ocultación nas áreas costeiras se segue mantendo e mesmo se acentúa gravemente na nosa zona de estudo en concreto, se ben é certo que unha serie de mostras parroquiais localizadas na orde de entre os vinte ou os vinte ou os cinco quilómetros de distancia respecto da costa tampouco se poden identificar, nin moito menos, coa Galicia interior ata o punto de deducir un comportamento semellante da ocultación na nosa fonte respecto do catastro de Ensenada. Haberá que seguir localizando fondos en diversas áreas do territorio para avanzar nesta liña ou desbotala.

O que aquí se constatou agora foi a existencia dunha dificultade palpable que supón trabas importantes á hora de estudar a cuestión dos rendementos a partir desta fonte, debido aos problemas particulares que representan a aplicación duns modelos preestablecidos para o cálculo dos mesmos por unha lado, e a ocultación relativa polo outro. Se ben consideramos debidamente tratada e amplamente criticada, agora mesmo ou xa con anterioridade a primeira destas cuestións, en canto ao tema da ocultación relativa apenas comezamos a rascar a superficie ofrecendo algúns trazos. Porén, a raíz desta cuestión tan interesante non será explicada aquí neste momento, pois facelo levaríanos a pasar necesariamente por camiños teóricos e de análise de motivacións dos contribuíntes que caen fóra do que pretendemos facer neste capítulo, que non é outra cousa que tratar de presentar a visión da agricultura a través do uso dos cadernos de Garay como fonte histórica. Por iso, deixamos esta cuestión de lado neste intre pero tendo presente a idea de volver a ela máis adiante, no apartado dedicado en exclusiva á conflitividade, onde trataremos esoutros temas, máis propios da análise social, para poder seguir a continuación centrándonos na realidade agraria.

Non podemos dar por certos sen máis, á vista de todo o dito, os rendementos ofrecidos en moitos dos rexistros da riqueza dos que dispoñemos, de tal xeito que ante esta tesitura, cremos que soamente se poden facer dúas cousas no caso de que se queira sacar algo en claro deste asunto e poder realizar un estudo sobre este tema. Por unha banda, quizais sexan máis aproximados en canto a rendementos os datos proporcionados polos rexistros da riqueza elaborados polos campesiños, pois como ben dixemos estaban máis achegados á realidade das flutuacións habituais entre parcelas e explotacións nas distintas colleitas. Realizando medias entre os resultados de diversas explotacións quizais poidamos chegar á obtención duns rendementos adecuados ao noso contexto. Este método presentaría a vantaxe de que ignora en boa medida as malpocadas categorías das calidades, pois dos datos que obteriamos do campesiño que elabora a relación simplemente nos interesarían os relativos á superficie cultivada e ao produto obtido. En consecuencia, aínda que o dato da calidade tamén estaría presente, se os outros dous son correctos, non importaría realmente a categoría da terra sobre a que un cultivo se sementara de cara a coñecer o rendemento dunha parcela concreta ou das de toda unha parroquia. Porén, esta vía presenta tamén un par de problemas que deben ser tidos en conta. En primeiro lugar, estes rexistros poden presentar un certo grao de ocultación de man do propio campesiño que os elabora, pois é el mesmo, o propietario ou o explotador directo da terra aquel que está a declarar o que esta rende. Temos exemplos concretos onde, efectivamente, os rendementos dados polos cultivadores semellan demasiado baixos como para ser auténticos, dando cifras que apenas superan o 2 por 1 ou o 2,5 por 1 para os cereais

[23] Soto, D. (2006), pp. 63-64.

principais aínda en terras de calidades medias. A este respecto, pensemos no exemplo dos agricultores de Rus aos que en 1818 lles preguntaron polas súas producións que obtiveran nese ano e no anterior de 1817,e nas oportunidades que un rexistrador tería de comprobar se especialmente estas últimas eran certas ou non. Por suposto, esa posibilidade era remota ou directamente inexistente. Por outra banda, tamén cabe destacar que aínda que conseguísemos superar este primeiro inconveniente neste tipo de declaracións, esta variedade de rexistro é non obstante, como xa apuntamos, moi escasa, sendo a maioritaria a dos baremos prefixados. Nun estadio tan inicial da investigación con esta nova fonte, a escaseza deste tipo de rexistros desaconsella quizais o seu uso con estes fins por simple falta de representatividade e polos posibles problemas de ocultación que poidan presentar algúns deles. A solución do inconveniente volve pasar pola localización de máis fondos.

Precisamente debido a isto último e por máis que poidan ser criticados, os baremos de produción son o único dato firme que posuímos a efectos de rendementos. Estas cifras foron elaboradas por persoas insertas e coñecedoras do seu propio contexto agrario, de maneira que pese aos problemas que poidan presentar, poden ser entendidas tamén dun xeito positivo como unha solución práctica e xeral para poder calcular uns rendementos que non habería forma de coñecer de primeira man, parcela por parcela, cos limitados medios da época. Así que a idea é que eses baremos poden ser tomados como estándares produtivos co obxectivo de desenvolver a través deles un exercicio aproximado de produtividade da terra, onde as flutuacións por riba ou por baixo respecto a eses niveis se compensan mutuamente. Existe principalmente un motivo que nos leva a pensar nisto, pois debemos ter en conta que dos tres aspectos que se nos presentan mediante baremos prefixados para o cálculo das distintas magnitudes de cara a configurar as cotas de cada veciño para a contribución xeral, é dicir, prezos, tarifas das partes alícuotas e rendementos, son estes últimos aqueles dos que non temos noticia algunha de que se tiveran modificado en ningún momento. A modificación dos prezo é dende logo lóxica pois baseábase nun valor medio e podía variar en función das lóxicas oscilacións económicas, a cuestión da oferta e tamén da demanda. Polo que respecta ás partes alícuotas, cando falamos da súa configuración ofrecemos testemuñas de como se chegaron a modificar. Pero nada podemos dicir do apartado de rendementos, que semella permanecer inalterable unha vez se establece a primeira vez. Dito isto, sendo o principal problema o xa apuntado das calidades da terra en relación ao seu rendemento, está claro que non se poderían tomar ao pé da letra as cifras aportadas nos diferentes inventarios, así que unha posible solución para superar esta cuestión da ocultación relativa pode pasar por ignorar precisamente esa división por categorías de calidade e tomar unha vía segundo a cal establecemos un termo medio para todas elas. É dicir, establecer que tódalas terras da parroquia que consultemos son da calidade intermedia. En consecuencia teremos unha única cifra media de rendementos, pero nela estaría corrixido o problema do excesivo número de parcelas de terceira calidade e a escaseza das que se rexistran na primeira categoría. Un exemplo pode ser o da xa citada parroquia de San Miguel de Figueroa: os cálculos medios de rendemento da terra ofrecen cifras de 1008 Kg/Ha para o trigo, 1384 Kg/Ha para o millo (e 180 Kg/Ha para as fabas que se sementan con el en cultivo conxunto), 918 Kg/Ha para o centeo, 1191 Kg/Ha para o caso das castañas e finalmente, 15 Hl/Ha para o cultivo vinícola. Valores que poden ser considerados aceptables para a época e a zona se temos en conta as calidades da terra (as reais, non as declaradas) nas que se sementan os diferentes cereais. O rendemento no caso do viño pode ser considerado algo escaso, pero pode responder a particularidades desta zona que abordaremos cando tratemos este produto.

Unha das cuestións que xoga no noso favor á hora de tomar estas cifras para os rendementos como posibles é que, pese a que estes deberían ter sido establecidos polas xuntas

de partido como xa explicamos, existían pequenas variacións de adaptación en moitas freguesías, de tal forma que, en ocasións, os baremos de produción son lixeiramente diferentes en cada unha delas, incluso para aquelas onde soamente se recoñecían terras de terceira con varias subdivisións internas para cada un deses chanzos. Xa sabemos que non podemos dar as calidades declaradas nos inventarios por boas, pero máis alá diso, que este proceso de adecuación se levara a cabo pode ser indicativo en certo sentido de que realmente existiu por parte das autoridades, pese ás arbitrariedades que puideran cometer noutras partes do proceso de configuración da contribución xeral, un certo grao de preocupación e vontade por tratar de determinar os rendementos das terras dun xeito cabal, razoable e aproximado. Dentro do feito de que se estivera cometendo a trampa da ocultación relativa, pensamos que os rendementos poden ser válidos, así que poderemos coller as cifras intermedias e estendelas, como se dun valor medio se tratase, ás terras da parroquia, agardando que as flutuacións evidentes se compensen unhas con outras. Se asumimos esta idea mesmo poderemos recoñecer a sorte de que ese cálculo se realizase da forma en que se fixo e non dacordo coas pautas establecidas pola lexislación vixente. De terse feito correctamente segundo os criterios estipulados, agora estariamos falando de cifras reducionistas aplicables para toda a extensión dun partido enteiro e, moi probablemente por isto mesmo, menos válidas por ser pouco realistas e xeneralizar demasiado nunha cuestión tan importante.

4.3. ANÁLISE DOS USOS DO SOLO SEGUNDO OS REXISTROS DA CONTRIBUCIÓN XERAL

Unha vez que coñecemos os detalles esenciais sobre a forma na que aparecen na fonte a rotación dos cultivos e os seus rendementos, pasaremos agora a ver como eses cultivos se distribúen sobre o terreo, para o cal teremos que analizar os diferentes usos do espazo agrario e a súa disposición a partir dos datos que nos proporcionan os rexistros. A análise a nivel parroquial preséntasenos neste punto como unha ferramenta moi útil que nos permite ver certos cambios experimentados pola nosa fonte en canto ao rexistro de parcelas de natureza fiscal respecto doutra anterior como é, novamente, o catastro de Ensenada. A comparación dos recontos de varias parroquias en dous momentos temporais separados varias décadas permítenos ver varias cousas: por unha banda e como froito da superposición de dúas imaxes estáticas dun mesmo agroecosistema, loxicamente, poderemos constatar os cambios propiciados polo paso do tempo entrámbolos dous momentos nas distintas informacións que os rexistros conteñen, obtendo así unha visión dinámica. Por outra banda, a observación cara dúas fontes diferentes asegúranos, pese aos problemas que cada unha poida ter por separado, un certo control que se exerce mutuamente. Así, no caso de atopar grandes variacións en aspectos concretos, poderemos interpretar máis facilmente se estamos de feito ante alteracións importantes ou se polo contrario estamos ante un erro producido por unha mala recollida de información nun dos recontos en particular. É dicir, que as dúas fontes se complementan en certo modo, e deste xeito, a comparación tamén nos serve para observar os aspectos máis problemáticos de ámbalas dúas. Dende a óptica dos rexistros da contribución xeral que se presentan nesta investigación, veremos en virtude disto os puntos fortes e potencialidades dos inventarios dos que dispoñemos, pero tamén os febles, todo elo orientado a coñecer mellor a nosa fonte en relación á precisión coa que rexistra os distintos usos do solo e do que deles se apunta. Por isto mesmo volveremos botar man das táboas comparativas que presentamos cando falabamos dos rendementos e da ocultación relativa. Unha das cousas que poderemos observar nelas é a variación de superficie dedicada aos diferentes usos, aspecto do cal nos ocuparemos neste apartado. Tendo en conta que como se ten sinalado, unha parte do crecemento produtivo descansaría sobre un aumento da superficie cultivada, a realización de

estudos a nivel micro pode ser moi útil para precisar tanto a cronoloxía como a importancia real do proceso[24].

A práctica da comparación a nivel parroquial está polo tanto xustificada dende este punto de vista, máxime se temos en conta que nos achamos estudando un momento no que as fontes para lograr estes obxectivos destacan pola súa ausencia e que a novidade do uso destes fondos é precisamente a súa recente descuberta e explotación. Un exercicio que ademais nos axudará a solucionar un dos principais problemas desta fonte, relacionado coa súa conservación e que máis pesan sobre ela, como é a considerable fragmentación territorial que afecta aos fondos dos apeos e cadernos da riqueza atopados. Podendo seleccionar as parroquias nas que realizaremos a nosa observación solucionamos en boa parte este inconveniente, co cal nos podemos centrar na análise, tanto de xeito individual dalgunhas freguesías nalgúns casos, como organizadas nun par de conxuntos noutros momentos. Ditos conxuntos gardan ademais unha coherencia interna porque presentan a vantaxe de que se atopan moi próximos entre si no espazo, mesmo chegando a contactar nos seus lindes tal e como se pode comprobar no mapa 1 do capítulo previo. Por outra banda, como eses dous conxuntos se sitúan ao mesmo tempo a bastante distancia un do outro, corremos quizais un menor risco de xeneralizar as conclusións que obteñamos nun destes territorios por separado para o conxunto da nosa área de estudo. Evitamos así un dos principais problemas dos estudos efectuados a niveis locais, xa posto en relevo hai varias décadas, segundo o cal se poderían identificar como xerais situacións que en realidade serían particulares[25].

Estes territorios son as áreas nas que se sitúan as sete parroquias que figuran nas táboas do apartado anterior, debendo ser entendidas dende o ámbito territorial do seguinte modo: por unha banda temos as parroquias da área do concello de Abegondo, San Miguel de Figueroa e Santa María de Sarandós, das cales hai que apuntar unha particularidade engadida, pois estamos en realidade diante dun corpo de tres territorios xa que no interior do primeiro deles tamén se inclúe o couto redondo de Gudín, dependente directamente do marqués de Figueroa. No catastro de Ensenada, ámbolos dous territorios son abordados en conxunto, pero nos rexistros de Garay cada entidade ten un caderno de seu no que se rexistran con independencia os veciños que residen en cada un cos seus respectivos bens inmobles, gando e familias. Ámbalas dúas parroquias limitan fisicamente e de feito as súas respectivas igrexas distan a unha da outra apenas un par de quilómetros na actualidade. O outro conxunto é máis extenso e está formado por cinco parroquias das xurisdicións de Villarprego e Rus, hoxe situadas todas elas no norte do concello de Tordoia e no sur do de Carballo. Algunhas tamén comparten lindeiros e as que non o fan conservan de tódolos xeitos un criterio de proximidade suficiente como para consideralas parte dunha mesma paisaxe agraria e dun agroecosistema con idénticas ou moi semellantes regras de funcionamento. Algúns datos dos que se ofrecerán, con todo, serán apoiados por outros que se obtiveron doutros rexistros de freguesías das mesmas áreas correspondentes a eses dous conxuntos.

Coa información proporcionada polas táboas do epígrafe anterior iremos avanzando polos diferentes usos da terra, observando non soamente as posibles transformacións entre os dous momentos para os cales establecemos a comparación, senón tamén as particularidades que os espazos de cada natureza presentan na fonte. Resta aínda unha das características máis importantes e que debería figurar previamente, pois neste sentido, ningún estudo deste tipo pode estar completo sen unha análise do tamaño das fincas que se dedican a cada fin produtivo dentro da explotación agraria. Isto permitiranos analizar tamén un dos principais caracteres no que se refire á disposición e a configuración interna dos distintos usos que se lle

[24] Fernández Prieto, L. (1999), p. 260; Fernández Prieto, L. e Soto, D. (2010), op. cit., p. 238.
[25] Anes, G. (1974), p. 151.

dan ao agro. Así, os cadros 4.A e 4.B presentan a distribución, por tamaños e natureza das fincas segundo o seu destino produtivo, das parcelas dunha mostra de dezasete unidades territoriais da nosa área de estudo. Porén, debemos realizar algunhas notas aclaratorias sobre a forma na que a información aparece neles. Para comezar e tal como se verá, a diferenza do que acontecía nas anteriores táboas, volvemos obrigados polas circunstancias ao uso do ferrado como medida de base, pese ás pequenas dificultades de interpretación que isto poida traer consigo. Non pensamos que haxa ningún conflito importante pois se ben nas primeiras táboas se expresa a extensión que un uso determinado ocupa dentro dunha parroquia, neste outro cadro a clave é ver os tamaños das parcelas de cada un deses usos dende o punto de vista da súa división individual e de organización do terreo.

Cadro 4.A: fincas por usos do solo dacordo co tamaño das parcelas (en ferrados):

	CULTIVO	HORTA	PRADO	PASTO	MONTE	VIÑEDO	TOTAL
≤ 1 ferrado	42,96%	14,17%	13,51%	4,61%	18,94%	5,8%	100%
(1-5] ferrados	63,83%	2,5%	7,38%	3,62%	18,52%	4,14%	100%
(5-10] ferrados	57,79%	0,89%	2,23%	1,96%	32,86%	4,27%	100%
> 10 ferrados	36,70%	...	...	0,44%	60,22%	2,64%	100%

Cadro 4.B: tamaño das fincas para cada un dos diferentes usos do solo (en ferrados):

	CULTIVO	HORTA	PRADO	PASTO	MONTE	VIÑEDO
≤ 1 ferrado	33,49%	82,42%	60,37%	50,55%	38,21%	50,70%
(1-5] ferrados	57,31%	16,74%	38,01%	45,64%	43,03%	41,72%
(5-10] ferrados	7,32%	0,84%	1,62%	3,49%	10,76%	6,07%
> 10 ferrados	1,88%	...	...	0,32%	7,99%	1,52%
TOTAL	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Fonte: rexistros de parcelas dunha selección de territorios das provincias de Betanzos e Coruña. (AMB, c. 1682, 1684, 1686 e 6241; AMC, c. 3971, 3972 e 6760)

A este respecto, o uso das hectáreas carece dende logo de toda razón de ser se temos en conta o reducido tamaño que teñen algunhas das parcelas e a importante subdivisión que afecta ao agro galego. Incluso os seus submúltiplos, pensamos, non farían xustiza á realidade parcelaria do territorio, pois é de feito o espazo que representa o ferrado aquel baixo o cal se organiza non soamente a división das parcelas, senón tamén a súa produción. Así, o que nos levou a decantarnos de xeito definitivo polo mantemento da medida tradicional foi poder analizar, en termos característicos da organización do terreo no seu propio contexto histórico, o que esta unidade significa realmente en relación á división de parcelas. Isto é así porque a propia medida da unidade do ferrado marca a fronteira entre dúas realidades ben diferenciadas no que se refire ao tamaño das fincas, posto que algúns determinados usos, como veremos,

oscilan en extensión que abranguen entre diversas divisións desta unidade pero sen chegar a superala, ou facéndoo en raras ocasións. Por todo isto non tería sentido tampouco falar de parcelas de unha, tres ou cinco áreas xa que estas cifras non presentan o seu correlato útil sobre o terreo. No caso de quedarnos con este tipo de unidades, as cifras a manexar serían máis complexas ao realizar a conversión.

Para evitar desta volta confusións entre as diferentes medidas que os ferrados poden adoptar dentro do noso espazo de estudo como xa puxemos de manifesto, coidámonos de non mesturar distintas realidades escollendo parcelas para a mostra en parroquias nas que esa unidade de medida represente un estándar asumible en todas elas. Do contrario, non tería sentido o uso do concepto, pois no caso de non manexar unha idea clara e unívoca desta unidade, a idea de falar dun ferrado sería diferente nas distintas áreas do territorio no que nos movemos. Por isto mesmo e de forma máis concreta, sendo o maioritario e presente nun maior número de parroquias, escollemos o ferrado de 625 varas cadradas equivalente como dixemos máis atrás, ou ben a 436,71 m² ou a 444,16 m². Desculparásenos por incluír nestes cadros parcelas presentes en parroquias con ámbalas dúas dimensións, pero dado que a variación non é significativa, decidimos proceder así igualmente, pois neste caso o importante é pensar en termos de ferrados, aínda que entre eles haxa unha pequena diferenza interna. Do contrario, teríamos que descartar aínda máis parroquias e configurar con elo unha mostra menos extensa e de menor representatividade.

Cómpre facer quizais algunhas aclaracións sobre a lectura destes cadros. A información coa que ámbolos dous foron deseñados é exactamente a mesma, isto é, as parcelas de dezasete parroquias situadas hoxe nos concellos de Abegondo, Oza-Cesuras, Bergondo (estes na provincia de Betanzos), Culleredo e A Coruña (na provincia da Coruña), que tiñan como elemento común o uso do ferrado de 625 varas cadradas nas súas dúas versións posibles. Dado que os dous cadros poñen en relación os usos do solo e as parcelas das fincas sobre as que se asentan, a diferenza esencial entre ámbolos dous é simplemente a forma na que a información se pode ler. No cadro 4.A a visualización dos datos realízase de esquerda a dereita, mentres que no 4.B o sentido e dende arriba cara abaixo, de forma que no cadro A, a lectura parte dos tamaños das parcelas e, no B dos usos desas fincas. No primeiro destes cadros vemos a porcentaxe de fincas de cada uso que ocupan unha extensión dun ferrado ou menos, entre un e cinco, etc. Por exemplo, atendendo a ese primeiro cadro e ás parcelas dun ferrado ou menos, resulta que o 42,96% delas son terras de labor, o 14,17% de horta e así sucesivamente indo cara a dereita. Se nos fixamos nas parcelas de máis de dez ferrados de extensión, resulta que algo más do 60% áchanse ocupadas por monte, mentres que non hai nin unha soa tan grande dedicada a horta nin a prado, que é o que significa a ausencia de datos numéricos. Atendendo aos datos dunha mesma fila do cadro, poderemos ver tamén a relación da cantidade de parcelas existentes entre os distintos usos. Por exemplo, atendendo a parcelas de entre un e cinco ferrados, poderíamos dicir que existen rexistradas o triplo de prado (7,38%) que de horta (2,5%). Pola contra, no cadro 4.B ofrécese o tamaño das parcelas dentro de cada uso. Segundo a información contida aquí, interpretamos que, poñendo outro exemplo, do total de terras de cultivo de secaño, un terzo teñen unha extensión dun ferrado ou menos, mentres que a maioría das parcelas recollidas neste uso (57,31%) ocupan unha superficie de un a cinco ferrados. Así seguiríamos sucesivamente, lendo a información por columnas, a diferenza de facelo por filas como no cadro anterior. Como non existen fincas de horta nin de prado de máis de dez ferrados, os ocos sen datos son novamente os mesmos.

Podemos realizar de entrada algunhas consideracións sobre a información que podemos obter de todas estas táboas e cadros, tanto os presentados agora mesmo como no apartado previo, o que no fondo se traduce tamén en falar sobre a calidade da información que a fonte

nos ofrece en termos de usos do solo e superficies en comparación co catastro de Ensenada. O que diremos neste momento é soamente, porén, unha serie de apuntamentos xerais sobre estas informacións contidas nos rexistros atopados, sen entrar en comentarios sobre as calidades xa apuntados no anterior apartado, nin tampouco en cuestións de usos particulares, xa que despois destas consideracións trataremos de realizar unha análise máis detida dos mesmos. Hai principalmente dous aspectos a salientar:

En primeiro lugar, se ollamos ás táboas de superficies que corresponden a cada uso podemos observar dúas situacións ben diferenciadas: unha é a das parroquias onde a terra computada é moi semellante respecto a fonte do catastro de Ensenada, como pode ser o caso dos exemplos que atopamos na xurisdición de Rus. Trátase de tódolos xeitos, segundo podemos observar, de cifras semellantes ou non moi inferiores, con niveis de efectividade dos rexistros semellantes aos de mediados do século XVIII, onde a variación se atopa especialmente na parte relativa ao monte. Na outra man temos a situación que se configura como a oposta á que acabamos de describir, e polo tanto refírese ás parroquias nas que a superficie catastrada aumenta en relación aos rexistros realizados a mediados do século anterior. Son varios os exemplos onde podemos detectar un aumento importante da superficie que aparece anotada nos rexistros, moitas veces correspondido coa extensión dunha certa natureza das parcelas. Os montes, tendo en conta certos inconvenientes relacionados coa súa aparición nos rexistros, concentran habitualmente os incrementos máis significativos.

Sobre todo cabe notar o feito de que hai situacións de cambio espectaculares, como pode selo caso de San Mamede de Andoio ou Santa Susana de Arcai, onde a superficie rexistrada se multiplica por máis de tres en ámbolos dous casos. Estes incrementos, como veremos cando falemos da ocultación absoluta de extensións de terreo, non representan en absoluto cifras disparatadas nin excesivas, e incluso son perfectamente asumibles cando poñemos estes novos datos en relación coas superficies que hoxe en día ocupan as ditas parroquias, das que podemos supoñer que non experimentaron unha variación significativa en termos de extensión ou fronteiras. Sobre esta primeira cuestión debemos realizar un derradeiro apunte, pois se nos decatamos, mesmo podemos chegar a entrever que os comportamentos diferenciais en termos de efectividade ou precisión dos rexistros da contribución xeral se producen tamén entre xurisdicións distintas, mentres que o resultado de parroquias dentro dunha mesma adoita ser, por regra xeral, moi semellante. Así, vemos por exemplo como nos exemplos da xurisdición de Rus, os rexistros empeoran respecto aos efectuados varias décadas máis atrás, mentres que os incrementos espectaculares da superficie catastrada que acabamos de mencionar pertencen ao veciño partido de Villarprego. Semella que como outras variacións que detectamos na fonte, por exemplo en canto a calidade ou nivel de detalle das informacións, este tipo de fenómenos están moi relacionados coa presenza e distribución das distintas xuntas de pobo sobre o territorio e, quizais tamén, coa idea diferente sobre o cumprimento do deber que se lles encomendara, podendo variar este entre unhas entidades e outras. Os exemplos para demostrar isto son dende logo poucos, e aínda que o podemos intuír, tamén estamos seguros de que este tipo de comportamentos tamén estaría relacionado en ocasións coa voluntariedade maior ou menor que tiveran os rexistradores e peritos correspondentes.

En segundo lugar, respecto do número de parcelas, apuntamos unha cuestión en canto á cantidade de pezas nas que se divide o terreo segundo os rexistros da época de Garay. Un dos inconvenientes que a fonte nos presenta por regra xeral de cara ao estudo da fragmentación do espazo agrario queda patente cando nos centramos naquelas parcelas que presentan unha maior extensión dentro de cada uso específico. Hai que destacar neste sentido o aspecto de que canto maiores son as parcelas e en menor cantidade se estima o valor económico do seu terreo, máis tendencia existe a agrupalas sen identificar as súas posibles divisións internas,

especialmente se están xuntas nun mesmo lugar e pertencen a un mesmo propietario. En consecuencia, o número de parcelas vese reducido ás veces, aparecendo extensións de terreo considerables que en realidade estarían separadas en varias fincas máis pequenas. En numerosas ocasións o número de fincas é polo tanto máis reducido aínda que na fonte ensenadina, que xa aducía de problemas semellantes, marcados hai anos por outros investigadores[26]. Para que se entenda perfectamente o que aquí se pretende dicir basta con ollar a táboa correspondente á parroquia de Santa Susana de Arcai, caso particular no que tamén incluímos o número de parcelas destinadas a cada uso agrícola. Verase así o alcance deste fenómeno, que afecta a tódalas categorías en maior ou menor medida pero especialmente a aquelas susceptibles de conter os terreos máis extensos. Tendo isto en conta, compróbase facilmente como o caso particular dos montes abertos, sobre os que falaremos en breve, é o máximo expoñente deste fenómeno. Outro inconveniente derivado desta menor precisión nos terreos de grande extensión é o do redondeo da súa extensión cara cifras exactas que resultan a primeira vista pouco cribles, tema sobre o que tamén volveremos e que podería estar relacionado coa ocultación. Estes inconvenientes contrastan coa maior precisión existente que hai nas parcelas de reducido tamaño en moitos dos lugares inventariados, o cal é lóxico se pensamos que estas parcelas son terras de secaño ou horta que aportan boa parte da riqueza computable dos contribuíntes para o cálculo da contribución.

Á vista destes comentarios podemos apuntar que, se ben debemos ter sempre presente o que acontece coa ocultación relativa en relación ao afundimento das calidades da terra, en termos de superficie total recollida pode que a situación sexa diferente respecto de épocas pasadas, tendo en conta sempre que as variacións a este respecto poden presentarse incluso en parroquias veciñas. Parece que salvo algunhas excepción nas que os resultados son peores (aínda así habería que apuntar matices nalgúns casos) e en todo caso non moito máis que en Ensenada, a cifra global de superficie catastrada nos cadernos da contribución xeral parece mellorar en relación aos recontos de mediados do século XVIII. Os matices veñen do feito de que hai que decatarse dun detalle importante, pois as superficies nos apeos impulsados por Garay carecen dunha partida que recolla as casas, camiños, eiras ou demais estruturas humanas que poden ocupar un espazo importante e que si veñen contemplados na fonte ensenadina con frecuencia. Baixo disto pode quedar oculto o feito de que, pese a rexistrarse unha superficie total menor no século XIX, o reconto remate sendo mellor de tódolos xeitos se atendemos soamente á superficie agraria que foi inventariada. Tal é o caso dos dous exemplos da xurisdición de Rus.

Pero tampouco hai que obviar o feito de que esta posible mellora en termos de extensión rexistrada non significa, nin moito menos, que os ditos inventarios estean elaborados correctamente. Acabámolo de comprobar se atendemos a realidades como as calidades ou o número de parcelas e, por outra banda, que haxa máis superficie rexistrada non quere dicir que o reconto das terras dunha parroquia estea completo. De feito, a calidade dos rexistros neste aspecto dista moito da consecución deste obxectivo. Hai que ser consciente por outra parte de que pouco máis de media ducia de exemplos agora presentados non son suficientes dende logo como para que poidamos facer desta aparente mellora unha conclusión definitiva, pero hai lugar para o optimismo nesta liña, pois temos atopado outros exemplos en situación idéntica onde, en xeral, había máis superficie agraria catastrada en 1818-1819 que respecto a 1752, que finalmente non apareceron entre estas liñas porque non fomos capaces de reconstruír por completo os seus diferentes usos do solo ou estes estaban claramente incompletos.

[26] Mata Olmo R. e Romero González, J. (1988), p. 220.

Por último, habería que salientar que a miúdo tamén convén realizar a observación das mudas de superficies dacordo con certas consideracións, para evitar que as variacións producidas en termos de cifras brutas nos leven a cometer erros de perspectiva: en primeiro lugar tamén hai que ter en conta, loxicamente, que o agroecosistema proporciona unha serie de recursos aos seus ocupantes, entendidos estes amplamente, pois con este termo referímonos tanto ás persoas como aos animais que compoñen a cabana gandeira. Dende esta óptica, as posibles mudas poden ser postas en relación coas flutuacións que os consumidores dos recursos que ofrece o sistema agrario poidan experimentar co paso do tempo. Na parroquia de San Cibrán da Vila de Abade, por exemplo, os rexistros familiares deixan conta dun número menor de veciños cando o seu inventario de bens foi realizado en 1818 que naquel realizado para o catastro de Ensenada. Se ben é certo que podemos estar ante un erro, tamén hai que ter en conta que un número menor de persoas pode ser o responsable da redución na extensión de certos usos.

Por outra banda, en ocasións pode ser interesante efectuar a comparación sen ter en conta as superficies de monte, claramente maioritarias e superiores en extensión ao resto de tódolos usos en conxunto, porque a cifra total desas áreas rexistradas pódenos levar a ver unha situación diferente con respecto a se realizamos a análise das extensións dedicadas a cada tipo de terreo unha por unha de xeito individualizado. É dicir, que se observamos que hai unha melloría considerable na superficie de monte rexistrada, o cal é un fenómeno habitual, non debemos quedarnos soamente co feito de que isto se traduce nun avance da extensión catastrada dunha parroquia, asumindo sen máis este dato. No seu lugar deberemos atender tamén ao que ocorre co resto dos rexistros dos diferentes usos do solo, pois a melloría no detalle dun deles non debe levarnos a obviar o que sucede cos outros, xa que nalgunhas ocasións, experimentan evolucións dispares nos recontos das dúas épocas. Baixo unha mellora en termos globais atribuída especialmente á parte do monte pode ocultarse un empeoramento xeral do rexistro dos demais usos. Ou tamén ao revés, lugares nos que en 1818-19 se anota unha menor superficie en total poden ter experimentado aumentos dignos de mención en certos usos pero unha baixa significativa na superficie a monte, cuxo rexistro pode presentar problemas, cando se da o caso, por exemplo, de que os comunais aparecen en Ensenada pero non nos apeos da época de Garay. En esencia, con isto queremos dicir que maior superficie rexistrada non se traduce nun rexistro mellor, nin pola vía oposta, tampouco debemos asumir que a anotación de menos superficie nunha freguesía calquera se deba identificarse cun peor rexistro, pois as variacións do que aconteza co monte relativizan en moitos casos os resultados finais, ao ser a súa presenza tan maioritaria no espazo agrario. Dito todo isto, pasemos agora si a analizar a información que nos ofrece este corpus de táboas, cruzando a información de usos, a súa extensión, o tamaño das parcelas e tamén con especial coidado dados os problemas apuntados, as calidades da terra.

4.3.1. O "labradío". As terras de secaño

Comezamos o noso percorrido polos diferentes usos do solo e as súas particularidades esenciais polas que son as principais terras de labor no espazo agrario no que nos estamos a mover. Os apeos e cadernos da riqueza realizados a finais da segunda década do século XIX establecen unha diferenza moi marcada entre terras de secaño e de regadío, de tal xeito que baixo esta segunda denominación se entenden por riba de todo as terras que entrarían na categoría de hortas, das cales falaremos no seguinte apartado. Así, por oposición a elas, baixo este epígrafe de terras de secaño incluiríase o continxente maioritario e esencial da superficie cultivada en tódalas parroquias. Dedicadas á produción cerealeira fundamentalmente, estas terras son tamén, pola súa importancia dentro da parroquia e polo valor dos seus produtos,

aquelas parcelas sobre as que descansa a carga principal da contribución xeral de 1817. Non estamos ante o uso máis extenso da terra en termos de superficie (este será, como resulta lóxico, o monte), pero si ante aquel que aporta un valor de riqueza maior aos seus propietarios e explotadores. As denominacións baixo as cales se coñecen as parcelas que entran a formar parte desta categoría son diversas, aínda que como xa indicamos, existe unha forma case universal que se recolle baixo o termo "labradío", se ben outros como "sembradura" son tamén maioritarios nalgunhas parroquias, aínda que xa moito menos frecuentes no común de rexistros. Xunto con estas palabras, o engadido "de secano" ou simplemente "secano" completa a nomenclatura desta primeira natureza dos usos do solo das parroquias na fonte que manexamos.

Se analizamos a fonte de forma detida, dificilmente seríamos quen de recoñecer unha regra xeral en canto ao destino deste tipo de terras atendendo á distribución de calidades nas parroquias cuxos apeos e caderno logramos atopar. A diferenza doutros usos que se adoitan concentrar máis comunmente en certas calidades, as terras de labor de secaño distribúense por tódolos chanzos das mesmas. Por este motivo é moito máis difícil medir o fenómeno da ocultación relativa nestes terreos, xa que non coñecemos o punto de partida real das calidades, un aspecto que si pode ser máis facilmente identificable no caso doutros usos. Pola contra, existen varias fórmulas que loxicamente están estreitamente relacionadas coas formas nas que esas calidades da terra se nos presentan nunha freguesía determinada, de modo que podemos identificar a forma maioritaria de distribución, que basicamente pivota sobre a división que normalmente se establece entre as terras de calidade superior e as da categoría inferior: falando do cereal de inverno concretamente, nun territorio no que teñamos a división de primeira, segunda e terceira calidades (independentemente de que a superior apenas teña peso) ou simplemente a segunda e a terceira, a mellor calidade irá sempre destinada ao trigo, mentres que a peor será ocupada polo centeo. O caso do millo é moi diferente pois non parece seguir unha regra fixa en canto á distribución por calidades, senón máis ben ao xa referido método do cultivo alterno, segundo o cal a metade da terra se destina a cereal de inverno e a outra metade a millo. Neste caso, este último adoita ocupar as terras de peor calidade nesta rotación, reservando as mellores para poder sementar trigo en lugar de centeo. Así, pese a que poida existir un devalo importante en termos de calidades, estás seguen a rexerse por unhas determinadas regras que reservan certas categorías no seu seo para determinados cereais, de maneira que algunhas situacións serán raramente observables. Custará moito ver, por exemplo, aínda que dende logo haberá excepcións, trigo en parcelas que foron declaradas como de terceira calidade. Incluso nos casos de parroquias nas que a situación semella moito máis escandalosa, como aquelas que soamente declaraban parcelas na calidade inferior, se segue a este respecto unha lóxica na degradación: é con frecuencia nestes lugares onde xorde a subdivisión desa calidade inferior das terras de labor en tres, de xeito que son sempre os cereais mellor valorados como o trigo os que ocupan a categoría superior desa curiosa nova clasificación. Podería chegar a identificarse así, por esta vía de relación trigo/centeo, cales son as terras que experimentan reducións de calidade máis claras.

En canto ao tamaño das parcelas podemos observar como claramente a maioría delas figura no tamaño de entre un e cinco ferrados, se ben é certo que a porcentaxe de fincas menor a unha destas unidades ten un peso moi importante con arredor dun terzo da representación. Non é esta, con todo, unha regra universal, xa que pode haber casos particulares, como o de Santo Estevo de Vivente (no concello de Oza-Cesuras) onde sexan as parcelas de menos dun ferrado as que conformen unha clara maioría no tocante ás terras de labor. Aparte, tamén habería que ter en conta que o feito de que exista un continxente maioritario de fincas no grupo de un a cinco non debe facernos perder de vista que unha parte importante das mesmas

están realmente nunha área de entre un e dous ferrados, de modo que non se pretende dar a entender polo tanto que as pezas de labor desta área de estudo sexan máis grandes por regra xeral que noutros lugares do territorio galego. Tal impresión procede unicamente da agrupación que se efectúa nos chanzos dos cadros 4.A e 4.B, pero se a división fose outra, o certo é que as parcelas de menos de dous ferrados aglutinarían un pouco máis da metade do total. A media de superficie está sen dúbida moito más preto dun valor de 1,5 e 2 ferrados que dos 5 que quizais se poden desprender da interpretación deses cadros.

Existe, porén, outro motivo de peso que explica a existencia dun continxente tan importante de parcelas no grupo entre un e cinco ferrados e, máis aínda, a presenza de tantas parcelas que superan esta extensión e mesmo a barreira dos dez. Esta cuestión radicaría simplemente na tendencia a agrupar pezas que, baixo un mesmo beneficiario da súa explotación, se achan situadas nun mesmo lugar (por exemplo nunha mesma agra). Ás veces o que atopamos é unha referencia a unha extensión total e a alusión a que a mesma está realmente dividida nun número concreto de pezas, sen posibilidade de saber en ningún caso o tamaño de cada unha delas. O comportamento de agrupar parcelas, e polo tanto a que nos rexistros o seu número absoluto diminúa porque no seu lugar atopamos fincas máis extensas, sería especialmente común no caso daquelas que comparten lindeiros, pois a ausencia de calquera estrutura de cerramento, o cal non sería estraño se o explotador era o mesmo, favorecería estas prácticas. Por outro lado, como en tantas outras ocasións, razoar dende o punto de vista dos rexistradores resulta de utilidade para comprender este tipo de procederes: como soamente interesaba rexistrar a produción final das parcelas para poder calcular a riqueza do contribuínte en cuestión, non importaba demasiado anotar varias parcelas ou unha soa coa súa medida e produción conxuntas. Ao contrario, facer isto mesmo aforraría tempo, pois soamente había que realizar unha entrada no rexistro escrito en lugar de varias. Así, casos como o de Vivente non son especiais porque no seu terreo haxa un parcelamento maior (se ben é certo que pode haber variacións entre parroquias no tamaño medio das parcelas), senón polo feito de que nese territorio o fenómeno da agrupación de parcelas acada cotas menores, o cal redundou no rexistro dunha cantidade de fincas asentadas no chanzo das máis reducidas da clasificación.

A comparación de superficies de terras de labor nos dous momentos das fontes ofrece resultados diferentes que apuntan, na nosa opinión, nunha dirección semellante en boa parte dos casos. En principio hai que observar que hai exemplos onde se observa un claro aumento destes espazos, en combinación con outros casos nos que ese incremento non sempre é tan claro ou nos que mesmo temos, ao establecer a comparación, algunha pequena diminución nos rexistros. As terras de labor son, pensamos, un dos espazos agrarios máis susceptibles de experimentar aumentos e diminucións en relación aos movementos que experimente o continxente de poboación presente, o que nos leva a examinar estes datos dispoñibles caso por caso para tratar de comprender mellor as situacións diferentes que temos entre mans. Seguindo a orde das táboas 4.1 a 4.7, os exemplos da xurisdición de Rus son os primeiros. Vila de Abade, por exemplo, é unha parroquia que se mantén, segundo os datos de poboación dispoñibles, nunhas cifras de veciños estables durante a segunda metade do século XVIII e as primeiras décadas do XIX. Se ben debemos manexar con coidado os datos, a cifra, que se presenta sempre arredor dos 80 fogares, alcanza un mínimo de 77 precisamente en época de Garay e un máximo de 86 segundo o dicionario Miñano[27]. Esta derradeira fonte, non obstante, tende a esaxerar as cifras respecto dos datos de poboación do catastro de Ensenada e dos cadernos da riqueza para algúns dos exemplos aquí presentes, chegando en ocasións a

[27] Miñano, S. (1826-1828), vol. VIII, p. 473.

duplicala ou a triplicala, aspecto que deberemos ter moi en conta e que en ocasións nos obrigará a establecer outra comparación co apuntado no dicionario de Madoz, pese a que nos estaremos movendo máis do desexable cara o futuro. A diminución experimentada nos terreos de labor neste lugar pode explicarse en parte por un menor continxente de poboación, que obviamente consumirá menos recursos e que necesitaría menos terras para producir os alimentos necesarios. A tendencia á baixa na poboación desta parroquia parece confirmarse de feito se atendemos á cantidade de veciños a mediados de século, dos cales atopamos unha cantidade moito menor, 55 concretamente[28]. A cantidade é quizais moi baixa, pero sérvenos, por aproximación, para validar as cifras das fontes de Ensenada e Garay, ou como mínimo para identificar esa tendencia de perda da poboación que pode explicar a menor cantidade de terras de labor en cultivo. Nada parece ter mudado claramente nesta freguesía á vista do panorama descrito, de modo que podemos considerar ese pequeno descenso como normal.

Na parroquia de Rus (táboa 4.2), por outra banda, non semella posible realizar unha comparación por esta vía que nos resulte de utilidade, xa que o número de persoas anotado a mediados do XVIII debe estar claramente equivocado por defecto (85 veciños fronte aos máis de 200 que figuran nos cadernos da riqueza, non parecendo factible un aumento tan considerable en pouco máis de sesenta anos). A cifra de Garay, parece máis acertada pois garda unha maior relación tanto con Miñano como con Madoz[29]. O aumento de terras de labor rexistradas, bastante importante, pois o incremento é próximo ao 50%, semella responder por isto mesmo a unha mellora dos rexistros, onde unha cantidade considerablemente maior de contribuíntes foron incluídos nos recontos. Os erros pasados poderían deberse á importante extensión superficial desta parroquia, que xa definimos como unha das máis grandes das que atopamos rexistros, e ao elevado número de núcleos de poboación no seu seo, coa posibilidade de que algún fose ignorado ou esquecido completamente nos rexistros efectuados a mediados do século XIX.

Nas tres parroquias dos exemplos que se corresponden coa xurisdicións de Villarprego, a mesma análise parece que podería concluír con resultados diferentes aos dous casos anteriores. O incremento da superficie de terras de labor deberá ter nestes tres lugares unha explicación distinta se temos en conta a situación do número de persoas que atopaban nestes espazos a súa principal forma de sustento, que será exposta nos próximos parágrafos. Tordoia, Andoio e Arcai son tres territorios cunha poboación moi estable non soamente no transcurso das algo máis de seis décadas que separan as fontes que comparamos, senón tamén máis cara adiante segundo nos indican as fontes de Miñano primeiro, e Madoz despois. Trátase de parroquias pequenas nas que, lonxe de ser considerado un inconveniente, este feito pode ser interpretado incluso como unha vantaxe. Para empezar porque poderiamos supoñer que, ante espazos reducidos e comunidades pequenas, estes territorios estarían mellor controlados, o que á súa vez posibilitaría que un inventario da riqueza se puidera realizar con maior detalle, ou a lo menos máis facilmente en condicións normais (dando xa por sentado que haberá un certo nivel de ocultación como resultado de prácticas de resistencia entre a poboación). Non en van estamos ante algunhas das escasas parroquias nas que as tres ramas da riqueza territorial foron recollidas, o cal nos permite apuntar precisamente nesa liña. Ademais, e isto é esencial para a comprensión do que imos dicir, calquera pequena modificación na poboación destes lugares, precisamente polo seu reducido tamaño, tería un reflexo importante sobre a cantidade de terras traballadas en xeral, aínda que agora soamente nos esteamos centrando nas de secaño. Isto non se vería dun xeito tan claro nas grandes parroquias con máis habitantes, onde para poder notar estes cambios deberíamos ter importantes mudas na poboación.

[28] Madoz, P. (1845-1850), vol. XVI, p. 113.
[29] Miñano, S. (1826-1828), vol. VII, op. cit., p. 383; Madoz, P. (1845-1850), op. cit., vol. XIII, p. 598.

É dicir, cunha poboación máis pequena, o universo micro que forman esta e os recursos explotados nunha determinada freguesía, veríase afectado dunha forma máis profunda ante posibles cambios que non terían que revestir unha grande importancia. Nunha fonte escrita de tipo fiscal, esas mudas son, por iso mesmo, máis fáciles de seguir neste tipo de contextos reducidos que noutros máis grandes, porque a variación nos recursos consumidos estaría moito máis marcada. Dito doutra forma para que se entenda perfectamente o que pretendemos explicar e remitíndonos ao caso que nos ocupa no que intentamos poñer en relacións dous factores como son as terras de labor e os veciños que os explotan, entendidos estes como fogares ou familias: a variación (xa sexa por desaparición ou creación) dun ou dous fogares modificará en moita maior medida a cantidade global de terras en cultivo se a comunidade parroquial está composta por vinte veciños que se está composta por douscentos. Isto é así loxicamente por unha cuestión de números, pois no primeiro caso, unha variación arriba ou abaixo dun par de veciños pode supoñer arredor dun 10% sobre o total da poboación, mentres que dentro do contexto dunha comunidade moito maior, eses mesmos dous veciños arriba ou abaixo suporían cambios semellantes na extensión das terras postas en cultivo pero quedarían máis diluídos, especialmente nunha documentación pouco precisa anterior á época estatística como a que manexamos. Atopámonos así con que estes cambios, nunha fonte fiscal que trata de catastrar os bens (esencialmente esas terras das que falamos, entre outras), quedarán tamén máis fondamente marcados entre os momentos que retratan ámbalas dúas situacións, cando había máis poboación e cando había menos, polo que identificalos será máis doado. Por suposto, este tipo de contextos comunitarios tan reducidos teñen tamén os seus inconvenientes, principalmente a súa falta de representatividade. A clave pasa polo tanto pola localización de varios exemplos nos que poidamos chegar a detectar un determinado comportamento en concreto.

Dito isto e centrándonos na situación concreta das tres parroquias anteditas, o aumento de terras de labor é importante claramente en dúas delas e pode verse facilmente con ollar as táboas. A excepción, San Xoán, onde o nivel de terra rexistrada é practicamente idéntico nas dúas épocas é precisamente a única das parroquias da mostra nos que tres dos catro datos de poboación consultados apuntan a un descenso da mesma, que ademais debeu ser bastante importante. Dos 22 veciños que presentaría a mediados do século XVIII (insistimos, manexamos estes datos sempre como aproximados e con cautela, simplemente para tratar de recoñecer unha pauta no comportamento xeral da poboación co paso do tempo) pasamos a soamente 14 en 1819. Se ben é certo que pode terse cometido algunha omisión, o certo é que a tendencia a unha redución de poboación queda tamén reflectida a mediados de século, pois a cifra de Madoz queda fixada en tan só 12 veciños, mentres que os 46 anotados no Miñano son elevados incluso para a cifra de partida e parecen novamente un dato incorrecto[30]. Da poboación das outras dúas freguesías podemos dicir, se atendemos aos datos de poboacións das catro fontes, que se mantén nun estado de estancamento durante todo un século, ou a lo menos, que se nos presenta moi estable nos catro momentos nos que se dá conta dela. Por suposto, puideron darse outras flutuacións entre eses momentos, especialmente entre os rexistros de época de Ensenada e Garay, máis distanciados no tempo. Andoio ten segundo o catastro 33 veciños, 35 nos cadernos do século XIX e 40 tanto unha década despois como a mediados da mesma centuria[31]. Pola súa parte, Arcai é un pequeno territorio de soamente 16 veciños en ámbolos dous momentos, que descenden a 15 cando se elabora o dicionario de Madoz. No de Miñano aparece en dúas ocasións, pero a cifra de 24 veciños parécenos demasiado elevada á vista das outras tres. No suplemento, dáse por outra banda a de 109

[30] Madoz, P. (1845-1850), op. cit., vol. XV, p. 29; Miñano, S. (1826-1828), op.cit., vol. VIII, p. 473.
[31] Madoz, P. (1845-1850), op. cit., vol. II, p. 297; Miñano, S. (1826-1828), op. cit., vol. I, p. 203.

habitantes, que pode parecer máis próxima á realidade, pero quizais tamén demasiado elevada tendo en conta os 80 que figuran listados, un por un, na fonte que manexamos, para 1819[32].

Realizados estes apuntamentos, indicabamos ao comezo do parágrafo anterior como en Andoio e en Arcai (táboas 4.4 e 4.5) se podía observar un incremento da superficie catastrada que era posta en cultivo segundo un réxime de secaño. Non estamos ademais ante cifras modestas, pois o aumento sitúase arredor do 50% en ámbolos dous casos. Podemos pensar, e seguramente teñen parte de responsabilidade, que este aumento se produciu por cuestións relacionadas coa información contida nos propios rexistros. Parte do incremento deberíase, sen dúbida, á mellora da calidade dos mesmos, do mesmo xeito que se podería aducir un erro nas cifras anotadas nos dous documentos: ou ben omisión no caso do catastro de Ensenada ou ben sobrevaloración de superficies nos cadernos da riqueza de Garay. No primeiro destes rexistros, non obstante, hai que ter en conta que certos estudos teñen apuntado o feito de que boa parte do ocultado, ou máis ben non catastrado, sería en realidade superficie de monte, de xeito que se podería aceptar que para o caso galego a superficie agrícola real non estaría moi lonxe da apuntada nesta fonte[33]. Precisamente é o incremento desa superficie de monte, máis ou menos significativo pero en todo caso importante na maioría dos exemplos aquí expostos, o que viría a apoiar este tipo de razoamentos. Dito isto, para o caso dos rexistros de 1818-19, non parece probable que un continxente de poboación igual ou menor traballe a cantidade de terras que se lle indica se non se produciu algún cambio entre ámbolos dous momentos, pois a variación é demasiado significativa nalgúns territorios. Ademais, os rexistros están asinados ao seu cerre polos propietarios e cultivadores sinalando que estaban dacordo co anotado, o que nos leva a pensar que o erro non poderá ser, a lo menos nestes casos particulares, moi significativo, e dende logo, que non podemos estar ante un fallo por sobrevaloración de superficie. Trataremos de medir ese erro cando abordemos de cheo a cuestión da ocultación absoluta, pero por agora razoaremos simplemente que, como a extensión total das parroquias segue sendo a mesma en boa medida e, para Ensenada, algúns estudos recordan que as eivas en canto ao tamaño das explotacións son inferiores, como termo medio, ao 50% da superficie das parcelas (excepto, novamente, nos montes colectivos), cifras parecidas de extensión dadas anos despois nos cadernos suporán, loxicamente, erros de índole semellante[34]. Por extensión, cifras máis elevadas supoñerán polo xeral erros menores e medicións máis axustadas, sempre e cando non se supere a extensión total da parroquia en cuestión, o cal nos axuda novamente a desbotar un posible problema de sobrevaloración de superficies inventariadas. Con todo, aínda recoñecendo unha marxe para o erro nas dúas fontes e mesmo para a mellora no caso dos cadernos da riqueza, que dende logo existirán, a cuestión importante é salientar que un continxente semellante de poboación traballa e obtén recursos dunha cantidade de terra maior.

En San Xoán de Tordoia (táboa 4.3) por outra banda, a situación era un pouco diferente froito da distinta evolución da súa poboación segundo os datos atopados. A cantidade de terra apenas varía, pero o que temos no seu lugar é unha comunidade de explotacións familiares bastante máis reducida que a que estaba presente no mesmo lugar hai pouco máis de seis décadas, a cal é quen de xestionar, pese a este feito, unha cantidade de terra moi semellante á catastrada na fonte ensenadina. A terra cultivada en réxime de secaño non aumentou, de xeito que o que queda claro neste caso é, cando menos, unha mellora da produtividade do traballo ou un aumento do esforzo deses campesiños, xa que un menor número de produtores é capaz de facer render unha extensión de terras que ocupaba a unha comunidade que nos últimos sesenta anos se reducira arredor dun 30%. Esa mellora da produtividade, que se observa no

[32] Madoz, P. (1845-1850), op. cit., vol. XV, p. 29; Miñano, S. (1826-1828), op.cit., vol. VIII, p. 473 e (1829) vol. XI, p. 65.
[33] Fernández Prieto, L. e Soto, D. (2010), op. cit., p. 237.
[34] Saavedra, P. (2007), p. 811-813.

número medio de hectáreas que cada veciño traballa segundo os cadernos da riqueza respecto da que administraba a mediados do século XVIII tamén se pode deducir nos outros dous casos, pois é a consecuencia lóxica de que un conxunto de persoas sexan capaces de poñer en marcha unha cantidade maior de terras en réxime de secaño. Neste sentido e dacordo cos datos das táboas 4.3 á 4.5, cada veciño de San Xoán de Tordoia pasa de xestionar 1,09 Ha en 1752 a 1,77 en 1819; mentres que en Andoio pasamos de 1,16 a 1,66 Ha; e en Arcai de 1,80 a 2,62 Ha. É dicir, estamos ante unha intensificación na que o nivel traballo de cada explotación veciñal aumenta, e en consecuencia esa explotación pode poñer en cultivo máis terras de labor de secaño. Como estamos ante un continxente de poboación moi similar ou mesmo inferior pese ao paso do tempo, unha muda semellante debe explicarse tamén, en parte, pola vía dunha maior eficiencia dese traballo, que polo tanto debeu aumentar a súa produtividade nalgún grao, aínda que este sexa difícil de medir porque é claro que esta serie de cifras de Ha/veciño enfrontadas por parellas son calculadas a partires de datos que presentan unha certa porcentaxe de ocultación absoluta.

A cifra de Arcai pode ser quizais demasiado elevada se soamente temos en conta o esforzo humano cando falamos dese factor traballo. É aquí onde nos toca dilucidar ata que punto a melloría dese factor se deriva efectivamente do compoñente humano ou do outro tipo de esforzo físico que tamén contribúe en grande medida á posta en cultivo das terras de labor, que non é outro que o de natureza animal. Pois esa melloría do traballo pode vir tanto dun maior aporte do mesmo como dunha mellora efectiva da produtividade, polo lado humano, ou dun maior aporte de traballo animal, no outro. Porén, nun contexto de agricultura orgánica no que a organización do esforzo se determina polos ritmos solares habituais, un maior aporte de traballo por parte das persoas parece pouco probable se o número de mans non aumenta, así que a explicación queda polo tanto para os outros dous aspectos. Se ben é certo que como acabamos de ver en San Xoán, semella que hai indicios dun aumento da produtividade do traballo, os aportes da cabana gandeira terán que ver tamén nesa posibilidade de aumentar a cantidade de terras de labor en cultivo. Comprobaremos en que medida isto é posible, pero o certo é que o caso concreto de Arcai é o dunha das parroquias que temos localizado cunha maior presenza de gando de labor no seu interior.

Nas parroquias correspondentes á provincia de Betanzos que aparecen reflectidas nas táboas 4.6 e 4.7 a situación preséntase dunha forma máis complexa debido a algunhas puntualizacións que debemos anotar. Comezaremos analizando o caso de San Miguel de Figueroa, semellante en parte ao que acabamos de describir para as freguesías da xurisdición de Villarprego. Esta freguesía incluía no seu interior o couto de Gudín, dándonos a fonte de Ensenada para este territorio en conxunto a cifra de 76 veciños. Pola súa parte, ese número aumenta a 81 nos rexistros dos apeos e cadernos da riqueza e a 84 segundo a obra de Miñano. Na de Madoz a baixada é importante, rexistrándose unha caída ata os 56 fogares, pero neste caso pode haber unha explicación a este feito que non nos debe facer descartar ningunha desas cifras[35]. Do mesmo xeito que diciamos que os inventarios de bens se realizaban en conxunto para os dous territorios (aínda que en cadernos diferentes no caso de 1819), en Madoz, o número de veciños inclúe exclusivamente o territorio da parroquia, pero non o do couto. Se poñemos en relación esa cifra cos veciños rexistrados en 1819 soamente para a parroquia de San Miguel, veremos que a cifra de 57 se corresponde moito máis neste caso coa anotada a mediados do XIX. Tódalas cifras son polo tanto factibles, só que algunhas se refiren a partes distintas do territorio, debido ás particularidades que o mesmo presentaba e que nos levan a falar do seguinte punto.

[35] Miñano, S. (1826-1828), vol. IV, op. cit., p. 148; Madoz, P. (1845-1850), op. cit., vol. VIII, p. 95.

Efectivamente, a mediados do século XIX, o dicionario de Madoz xa non contempla a existencia do couto de Gudín, así que é posible que a desaparición do mesmo supuxera algunha reordenación do entorno a nivel administrativo ou algunha pequena modificación na extensión da parroquia que chegou ata os nosos días, pois por un total de 30 Ha, a cifra de superficie total medida en 1819 e reflectida na táboa 4.6 supera a extensión de 3,94 km² que este territorio presenta hoxe en día[36]. Por outra banda, quizais fora posible que, ao realizarse un reconto para cada lugar en 1819, estando o couto inserto dentro do territorio da parroquia, existise algún dereito compartido entre montes veciñais que se contabilizaran dúas veces, aínda que o feito de que o encargado dos rexistros dos dous lugares fose a mesma persoa descarta quizais en boa medida este pensamento. Tamén pode asumirse, simplemente, unha explicación máis sinxela que radica no feito de que o problema procede das partidas de monte comunal, as cales, ocupando practicamente a metade da superficie rexistrada, se reparten en tan só cinco lotes e cuxas extensións, como se mencionará noutros exemplos, están afectadas claramente por un fenómeno de redondeo. Non sería raro cometer aquí un erro de aproximación á alza que podería explicar en boa medida a superficie sobrante. Estas últimas explicacións supoñerían recoñecer, porén, que a superficie catastrada neste territorio é en esencia, a total existente, pero que existe unha eiva por exceso que converte a este territorio nun exemplo moi particular. Esta idea, con todo, tampouco sería algo totalmente insensato neste caso particular, sobre todo se de novo volvemos ter en conta a existencia, perfectamente organizados, con índice de veciños e pechados con sinaturas, dos tres recontos da riqueza territorial como un indicativo da boa actuación dos encargados das labores de rexistro neste lugar.

Pese a esta pequena puntualización, a comparación que vimos facendo como co resto de exemplos das táboas segue sendo posible porque, nos dous intres que nos interesan, o territorio sería o mesmo, de modo que os posibles cambios que se introduciran en futuras décadas, no caso de terse producido, aínda non se aplicarían en ningún destes momentos. Dito isto e centrándonos nas terras de labor en réxime de secaño, que é o asunto que agora nos interesa, observaremos como efectivamente, a situación é semellante á dos anteriores exemplos descritos en Villarprego. O incremento neste caso non resulta tan significativo para este uso, pese a que en termos globais a superficie rexistrada practicamente se multiplique por dous, principalmente debido ao feito de que en Ensenada xa se partía dunha cifra importante. Tampouco experimenta unha variación tan significativa como nos anteriores exemplos a cantidade de terreo xestionado baixo a dirección de cada veciño, que en termo medio pasa de 0,86 a 1,07 Ha. Isto é así porque o aumento de superficie dedicada a terras de labor, pese a ser importante, lixeiramente superior ao 30%, repártese neste caso entre un número de habitantes maior, pois neste caso non podemos aducir, se atendemos aos datos de veciños, un estancamento da poboación nesta freguesía. Non estamos xa na mesma provincia, pero tendo en conta que a cifra é só a relativa ao espazo de terras de labor en réxime de secaño, é posible que, de engadir outros espazos como as hortas se acadasen ou mesmo se superasen os valores medios de hectáreas cultivadas por veciño para o territorio betanceiro en 1752, estimados por Pegerto Saavedra en 1,44 Ha[37]. Para esta freguesía, pensamos que o razoamento dos casos anteriores segue a ser posible posto que a tendencia resulta moi semellante, pois volvemos ter de novo un incremento da superficie de cultivo rexistrada tanto en termos globais como en canto a extensión xestionada por cada veciño. Así, de novo, aínda recoñecendo un espazo para o erro e un incremento desa extensión catastrada de secaño froito dunha mellora do rexistro,

[36] Tódalas referencias á extensión de parroquias que figuran neste traballo foron extraídas de Precedo Ledo, A. e Gallego Priego, M. (2001). Serva esta nota para aclarar esta cuestión, polo que non se volverán facer referencias ao respecto.
[37] Saavedra, P. (1992b), p. 214.

as probas volven apuntar, tal vez non dun xeito tan espectacular, a un incremento do traballo ou a un maior rendemento do mesmo, que deriva nun aumento da superficie media cultivada por parte de cada explotación familiar, na mesma liña que os exemplos anteriores.

En derradeiro lugar, Sarandós é, dos sete exemplos aquí presentes, un caso paradigmático do que podían chegar a supoñer os choques entre xurisdicións diferentes de cara a realizar un proceso de rexistro da riqueza dos habitantes dun territorio para repartir entre eles unha contribución. Para comezar, esta freguesía garda un certo parecido co caso previo de San Miguel, no sentido de que a extensión total catastrada no século XIX tamén supera a extensión de 4,46 km² que presenta a parroquia na actualidade. Neste caso, porén, a diferenza entre esta cifra e o total rexistrado xa é moito máis significativa que a que tiñamos en comparación co caso previo, o que nos leva a preguntarnos novamente polos motivos que causan esta distorsión. Para comezar, desta volta si estamos seguros de que o territorio desta freguesía non é o mesmo que o que se nos presenta na actualidade: os rexistros infórmannos dunha entidade territorial cuxo inventariado da riqueza se realizou en conxunto co desta freguesía, unha área coñecida como partido de Reboredo que presenta, así mesmo, certas particularidades. Non sabemos a extensión exacta dese territorio porque hoxe en día non está nesa parroquia, senón que resulta formar parte da veciña de Santo Estevo de Paleo, que na época xa era parte da provincia de Coruña e non da de Betanzos. Como resultado desta muda, Reboredo non soamente pasou a formar parte dunha parroquia distinta, senón que a día de hoxe mesmo falamos de concellos diferentes, posto que mentres que Sarandós se acha en Abegondo, Paleo atópase no municipio de Carral. Por outra banda, como se acaba de apuntar, a parroquia da que nos estamos a ocupar non soamente se sitúa nun límite xurisdicional, senón moi preto do vértice das tres provincias de Betanzos, A Coruña e Santiago, aínda que dende territorialmente pertenza claramente á primeira, mesmo á xurisdición da súa cidade capital. Isto pode traer consigo algunhas dificultades engadidas que poden non chegar a suceder noutros lugares, ou non a lo menos dun xeito tan marcado, como estamos a piques de comprobar.

Pese a que os aspectos territoriais comentados non terían mudado entre 1752 e 1819 e, polo tanto a efectos do exercicio que aquí realizamos, a comparación sería posible, en teoría, do mesmo xeito que no caso de Figueroa, tampouco sería difícil supoñer tódolos problemas que a simple situación xeográfica desta parroquia podería chegar a supoñer para os encargados de levar a cabo a elaboración dos rexistros da riqueza se temos en conta o dito no anterior parágrafo. Se ben os cadernos poden estar razoablemente completos, e tal parece se temos en conta a cantidade de terra catastrada, o certo é que o gran número de forasteiros, que neste caso pertencerían a nada menos que a tres provincias diferentes, fannos desconfiar sobre a calidade das informacións contidas. Non soamente por isto mesmo que acabamos de comentar, senón tamén polas dúbidas que nos incita o relativo ao partido de Reboredo, que fai que non poidamos coñecer a extensión do territorio ao que nos enfrontamos, de modo que ante unha situación tan complexa, resulta moi complicado valorar a calidade das informacións do apeo respectivo. Aínda dando os datos por correctos, o que nos levaría a recoñecer unha eiva moi importante da superficie documentada nos recontos efectuados no século XVIII (pois o territorio a medir era non soamente a parroquia actual senón tamén o antedito territorio anexo), certos cambios seguen introducindo moitas dúbidas ao respecto. Por exemplo, pese ao aumento global da superficie catastrada (que resulta ser de algo máis do 50%), as terras de cultivo en réxime de secaño, nas que nos centramos nesta sección, experimentan un descenso significativo (arredor dun 15%). As explicacións da flutuación dunha poboación que consume menos recursos xa non serven, pois dos 92 veciños apuntados en 1752, pasamos a 89 nos cadernos da riqueza. Porén, este número foi obtido do padrón de vivendas e familias da

parroquia debido ás dificultades que se manifestan para diferenciar entre veciños e forasteiros no reconto de terras (basicamente porque non se dan anotacións ao respecto sobre o lugar ao que pertence cada persoa), pero o seu grao de fiabilidade debe ser considerado como moi semellante. Polo tanto, a poboación mantense, como pouco, estable e mesmo é moi posible que aumente, de aí que a perda de terras de secaño en cultivo carece de sentido, especialmente se poñemos este comportamento en relación coa redución da extensión doutros usos que tamén aquí se experimentan. Á vista de todo o dito, unha posible explicación que se pode estender a outros usos nesta mesma parroquia é a de que moi probablemente, unha cantidade importante desas terras de cultivo quedaron sen catastrar, pero estas non serían as pertencentes precisamente aos veciños da parroquia. En concreto, pola situación xeográfica e as particularidades que dela se puideron derivar, moitas das terras ausentes dos rexistros estarían en realidade en mans de persoas ou entidades externas á parroquia, posto que, lembremos, neste caso recoñecer tal feito supón un cambio de provincias, o que seguramente dificultou no seu momento o seguimento e a identificación dos propietarios e quizais incluso dos propios explotadores cando ámbalas dúas figuras non coincidían. En canto aos primeiros, témolos documentado nos núcleos de Santiago ou A Coruña. Para os segundos, os criterios de proximidade parroquial seguirían primando como é lóxico, porque era o que resultaba máis práctico, coa complicación engadida esta vez de que os rexistradores se enfrontaban a dar conta de individuos de tres provincias.

Presentados estes sete exemplos e tratando de centrarnos no tema do apartado, hai que apuntar que o aumento da superficie cultivada en terras de secaño parece claro nalgúns dos casos presentados, mentres que outros tiveron que ser descartados polos problemas presentes nos datos, o cal tampouco exclúe que nestes lugares se dera tamén o mesmo fenómeno, o cal, evidentemente, resulta imposible de documentar polas eivas presentes na documentación. En termos xerais e como nota final a esta sección, esas modificacións no espazo ocupado por este uso do solo poden explicarse por dúas vías, presentando cada unha delas unha implicación esencial: por unha parte, poderiamos recoñecer unha simple mellora dos rexistros respecto doutros anteriores, o que nos leva a recoñecer as posibilidades da fonte, favorecendo a súa posta en valor, a defensa do seu uso como corpus histórico para a investigación e o recoñecemento da súa fiabilidade, a lo menos para este aspecto concreto. Na outra man, a situación reflectida correspóndese coa conxuntura do momento, de maneira que nos atopamos ante un proceso de incremento da superficie cultivada e da presión sobre a terra. Este levaría a unha pugna entre a produción de alimentos para as persoas e aqueles destinados ao gando, que se saldaría coa progresiva redución da cabana a medida que avanzaba a centuria, e que soamente puido ser solucionada definitivamente coa introdución dos fertilizantes químicos en datas moito máis recentes. Segundo vaiamos tratando outros usos, daremos probas destes fenómenos na mesma liña. Por último, tampouco debemos esquecer que a solución para o descrito, como acontece en tantos outros casos, estea na conxunción de ambas posibilidades.

4.3.2. Hortas e cortiñas

Os apeos e cadernos da contribución xeral recoñecen as hortas en función do aporte de auga que se realiza sobre os cultivos sementados nelas, por oposición á categoría anterior que englobaba aquelas terras de labor en réxime de secaño. Porén, a regra do regadío non ten que ser necesariamente universal, habendo casos de investigadores que detectaron nesta mesma fonte pero noutros lugares da xeografía española, exemplos de secaño de horta[38]. Á hora de definir este espazo, está moi presente tamén, polo tanto, un segundo criterio que non é outro

[38] Lozano Salado, L. (2001), op. cit., p. 82.

que o de proximidade á vivenda. Neste sentido, tamén pensamos que as terras de cortiñas, entre as que podemos atopar cultivos cerealeiros ou patacas (que non son cultivos de regadío dun xeito específico) ademais de hortalizas, poden estar en boa medida contempladas dentro desta sección. Existen, de feito, unha serie de problemas en canto ao cultivo destas terras e a forma na que se anotan os datos relativos a elas que pasamos a considerar a continuación. Como xa deixamos introducido con anterioridade, estas fincas son un dos espazos agrarios que presentan maiores inconvenientes á hora de analizar os seus caracteres internos nos rexistros da fonte que manexamos. Por iso mesmo pensamos, dada a situación das patacas nos recontos, que hortas e cortiñas se deben mesturar en moitas ocasións indistintamente, aínda que representen usos semellantes pero non idénticos. As patacas poden estar contempladas dentro destes espazos, ademais de presentar outras particularidades que serán citadas en canto á súa localización, ou do contrario a súa presenza nos rexistros de produtos debería ser máis prolixa se simplemente fora considerado un cultivo máis dentro das terras de secaño da categoría anterior. Pero o seu escaso reflexo danos a entender que se mesturan cos produtos das hortas porque efectivamente, as terras nas que se sementan deben estar consideradas tamén dentro desa categoría, xa que aducen dos mesmos problemas de detalle nos rexistros da riqueza. Sabemos tamén que algunhas das terras que poden ser cualificadas como cortiñas, de aproveitamento máis intensivo, incluso con rega, poden estar contabilizadas en parte dentro da categoría anterior das terras de labor, a lo menos nalgúns casos. De feito, na parroquia de Santa María de Sarandós temos atopados mencións a unhas poucas parcelas nas que o uso indica "labradío de regadío", o cal pode ser unha referencia a estoutros terreos. Porén, o seu encadramento neste caso naquela categoría lévanos a pensar que existe a posibilidade de que outras parroquias fixeran o mesmo pero non marcaran a diferenza como si fixeron os encargados dos rexistros nesta freguesía en particular. En resumo, se ben é certo que podemos establecer unha diferenza esencial entre a categoría de secaño anterior e esta das hortas, marcada polo aporte de auga aos cultivos de cada uso, a regra non é universal, de xeito que podemos atopar terras de labor de regadío que non son hortas, ou hortas de secaño que non reciben aportes adicionais de auga. Por outra banda, a nula referencia como tal ás cortiñas, que poden ter un cultivo mixto cerealeiro e hortícola, regado ou non, sitúase a cabalo entre estes dous usos e, aínda que pensamos que boa parte destas terras computan como hortas nos rexistros, compartindo con elo os cultivos de todas elas os mesmos inconvenientes, hai indicios nalgunha parroquia de que tamén se poderían contabilizar entre as terras de labor, o cal dificulta a identificación de certos cultivos en concreto, especialmente a pataca, como se verá axiña.

Cando nos referimos ás terras baixo esta denominación, estamos ante un dos usos do solo máis estendidos entre os veciños de calquera parroquia, e pese a isto é, con diferenza, aquel que representa unha menor extensión de territorio en termos globais. Dito doutro xeito, a enorme maioría dos contribuíntes rexistrados posúe algunha extensión de terreo dedicada a horta, pero esta é, en todo caso, de moi reducido tamaño en comparación con calquera dos outros usos. Esas son polo tanto as súas principais características: presenza case universal e escaso tamaño. Incluso entre os individuos de menos recursos como poden ser os xornaleiros, que apenas posúen terras para o cultivo de cereais ou que directamente carecen delas, non é raro atoparnos un pequeno terreo destinados a sementar algunhas hortalizas. Neste sentido, como se apunta na táboa respectiva, o tamaño das hortas en poucas ocasións supera o ferrado, e en termos medios podemos dar como cifra de orientación a extensión dos 0,75 (uns 330 m²). Aínda que por suposto haxa casos que saen desta regra e que na táboa figuren dentro da categoría de 1 a 5 ferrados, temos que destacar, como se apuntou no caso das terras de secaño, que isto resulta nunha realidade bastante enganosa para o caso destes terreos, pois a maioría

das fincas dedicadas a horta que entran neste chanzo da clasificación quedan en cifras de extensión situadas en valores moito máis próximos ao un que ao cinco, xeralmente inferiores ou iguais a 1,5 ferrados. As hortas que superan a extensión de 2 ferrados (873,4 m²) son xa realmente unha auténtica rareza.

Estas fincas, ademais, tamén están afectadas en ocasións, aínda que nun grao moito menos acusado que no caso das terras de secaño ou os montes, polo fenómeno da agrupación de parcelas que se sitúan nos mesmo lugares, o que provoca que a cantidade destas fincas que aparecen computadas cun tamaño de entre 1 e 5 ferrados sexa algo ilusorio ata certo punto. En realidade, parte desas fincas estarían máis fragmentadas, o que se traduciría nun menor peso deste chanzo da clasificación e na inclusión de aínda máis parcelas no inferior, o da extensión menor a un ferrado. O peso desta categoría é xa enorme á vista dos datos do cadro 4.B, pois máis do 82% das parcelas de horta se sitúan nela, o cal significa que non superan os 440 ou 450 m² de extensión, dun xeito aproximado. Pero se temos en conta que en realidade a seguinte categoría se atopa sobrevalorada, o certo é que esta porcentaxe podería chegar facilmente ao 85 ou mesmo ao 90%, posto que estamos convencidos de que hai parroquias onde ese problema da agrupación de fincas nin sequera quedou reflectido na fonte, é dicir, que houbo extensións de parcelas dalgúns usos que seguramente se anotaron en cantidades totais e agrupadas, pero sen apuntarse cantas pezas compoñían o conxunto, dato que si se indicou en moitas outras. Isto levounos, por descoñecemento, a contabilizar esas parcelas máis grandes como se realmente superasen a extensión do ferrado.

O comportamento das calidades cando as observamos dentro do contexto das hortas resulta particular, e o primeiro que debe ser apuntado é que a este uso quedan dedicadas moi habitualmente as terras de mellor categoría dentro dos inventarios. Se nunha parroquia atopamos terras de primeira, aínda co escaso peso que seguramente representen sobre o total, poderemos estar seguros de que boa parte delas estarán dedicadas a usos hortícolas. Dun xeito semellante, se soamente atopamos terras de segunda e terceira categorías, tamén poderemos comprobar como as excepcións de hortas nos terreos de peor calidade son contadas. Nas táboas anteriores, podemos observar o caso particular da parroquia de Santa Susana de Arcai como unha *rara avis* na que tódalas fincas de horta se clasifican dentro da categoría inferior das calidades da terra. Se atendemos ás demais mostras, en efecto, observamos como esta situación resulta claramente excepcional, non só entre estes poucos exemplos senón entre tódalas freguesías das cales atopamos rexistros, con independencia da área na que foran localizadas. Hai que atender, por suposto, aos contextos particulares que poden afectar a cada territorio para tratar de determinar os motivos polos cales os rexistros destas terras acaban por configurarse na forma en que o fan. Quizais no caso de Arcai, ante o limitado número de veciños (soamente 16 como xa apuntamos), o cal podía redundar nun maior control dos rexistros por parte dos encargados e das autoridades encargadas do control do proceso de inventariado, a vía escollida para tratar de liberar un pouco a carga tributaria foi precisamente a da degradación das calidades, en lugar de levar a cabo unha práctica de diminución das superficies, pois algo así podería ter sido descuberto máis facilmente ao tratarse de fincas pequenas, ocasionando problemas aos contribuíntes en forma de sancións.

Así, o repartimento das fincas dedicadas a horta por calidades nos rexistros presenta a relación máis favorable en comparación con calquera outro dos usos contemplados, pero está, con todo, claramente desequilibrada incluso dentro da mostra destes exemplos. Pese a isto estes espazos son, salvo contadas excepcións, un dos usos onde as categorías máis se resisten a caer. Vexamos por exemplo o que acontece con San Miguel de Figueroa (táboa 4.6), onde a maioría das hortas son de segunda categoría, aspecto compartido con boa parte do resto de exemplos, ou mesmo Vila de Abade (táboa 4.1), onde as terras de horta de primeira son clara

maioría e case igualan en extensión a suma das dúas categorías restantes. Se ben é certo que igual que Arcai, Vila de Abade é un caso estraño pola súa rareza, aínda que neste caso polo feito oposto (é dicir, o elevado grao de calidade das súas hortas), debemos decatarnos do motivo destes comportamentos. Ademais de aducir aos contextos particulares de cada parroquia, que poden facer variar a regra, os rexistros de hortas configúranse do modo en que o fan pola propia natureza intensiva destes espazos, sempre ben traballados e aboados, polo que cabe esperar que algunhas das mellores terras lles foran reservadas. Non resultaría crible, e por iso mesmo comentamos anteriormente o de Arcai como un exemplo de rexistro estraño, que non haxa unha diferenza en canto á produtividade natural entre estes terreos e as terras de labor nas que os rendementos son máis modestos, o que a ollos dun rexistrador podía parecer sospeitoso. Segue habendo aínda así, de xeito moi probable, unha ocultación pola vía da degradación de calidades, de modo que desas hortas, moitas serían en realidade de categoría aínda superior. Este tipo de comportamentos pode estenderse a outras áreas de aproveitamento intensivo, como se verá.

Por outra banda confírmase a situación destes terreos preto das casas dos campesiños. Proba disto témola no feito de que as hortas figuran moi poucas veces nos rexistros de forasteiros, é dicir, que non estaban situadas en parroquias veciñas, senón na propia na que o seu explotador residía. Debido a isto e á súa forma de explotación, cun maior aporte de auga, estes terreos estarían tamén sometidos a un maior aporte de traballo humano, polo que os seus rendementos serían tamén considerables, tal e como demostra a elevada valoración dos terreos destinados a este uso. Ademais, á marxe do hortícola, o cultivo de árbores froiteiras combínase con moita frecuencia sobre estas parcelas, pero a súa análise preséntasenos bastante complexa, como veremos a continuación. Tódalas características das hortas ás que fixemos alusión, en relación ao seu reducido tamaño, presenza habitual ou localización próxima á vivenda familiar lévannos a entender estes terreos maiormente como unha pequena despensa campesiña destinada ao autoconsumo.

Dito isto, os problemas arredor das hortas e cortiñas chegan ata o extremo de que non conseguimos atopar nin un so caso, entre os milleiros de parcelas catalogadas baixo este uso para multitude de veciños nun número considerable de parroquias para as cales temos datos dispoñibles, no que se detalle o seu cultivo, nin dende o punto de vista das especies hortícolas nin tampouco das arbóreas. Con independencia da parroquia na que miremos, xa sexa na provincia de Coruña ou na de Betanzos, este problema é intrínseco a tódolos apeos e cadernos e, polo que parece, non se trata dun aspecto exclusivo deste extremo da península, pois o mesmo sucede a lo menos na área xerezana[39]. A nula concreción no que se acha nestas terras maniféstase de varias formas, pasando a máis común pola forma na que os rexistradores anotan estas parcelas e sobre todo os seus produtos. Á hora de sinalar estes últimos adoita darse a denominación común e xenérica de "hortaliza" (particularmente o termo emprégase en singular a maioría das veces) sen máis detalles e como moito co seu valor en reais, se o rexistro parroquial en cuestión inclúe os datos de taxación de producións. Un problema, este último, compartido con outras investigacións recentes nas que tamén se fai énfase nas dificultades para avaliar a produción destes espazos[40]. Existen casos particulares nos que a produción das hortas se traduce, a través dun arranxo por equivalencia, ao seu valor correspondente en ferrados de trigo. Na parroquia de Santo Estevo de Culleredo, no val de Veiga na provincia coruñesa, por exemplo, anótase sobre as hortas a súa produción por calidades no seguinte xeito:

[39] Lozano Salado, L. (2001), op. cit., p. 86.
[40] Corbacho González, B. (2017), op. cit., p. 234.

> "De qualidad 2ª de 1ª su riqueza 450 reales. Su producion arreglada a ferrados de trigo, quatro ferrados y medio de trigo.
> De qualidad 3ª de 1ª su riqueza 400. Producion de esta qualidad por el mismo arreglo quatro ferrados de trigo[41]."

E así sucesivamente, restando una cantidade de produto e de valor da parcela ata chegar ás hortas de terceira calidade, cuxa produción se fixa en medio ferrado de trigo segundo este arranxo. Isto non quere dicir por suposto que nas hortas desta parroquia se semente trigo, senón que a súa produción equivale en diñeiro, aos ferrados indicados desa especie. Esta fórmula para presentar os produtos e producións das hortas, porén, non é común.

En segundo lugar podemos apuntar o caso doutras parroquias nas que, como xa indicamos previamente, dispoñendo do modelo 3 (o dos resumos da riqueza da parroquia), a situación ao respecto tampouco mellora. Nestes compendios, na parte correspondente aos produtos, figura a produción das terras de novo baixo o xenérico termo de hortaliza ou a fórmula "hortalizas de todas clases", pero desta volta tampouco podemos coñecer o seu volume de produción global. Mentres que doutros cultivos como os cereais si podemos observar, grazas a estes documentos, o froito que aparentemente se obtiña en toda a parroquia, pois anótase sempre unha certa cantidade de ferrados, o caso das hortas é diferente. A produción desa hortaliza valórase simplemente en diñeiro, pero é case sempre o único uso da terra (en ocasións sucede o mesmo coa categoría do pasto, que non se debe confundir coa de prado, pero delas que falaremos máis adiante) para o cal non se da un produto específico nin unha cantidade de produto recollido. Os resumos inclúen así as arrobas de herba, os carros de leña, os ferrados de cada especie de cereal que se recolleron ese ano nas terras da parroquia, pero soamente unha valoración en reais do que se obtivera nas hortas.

Por último, nas tarifas do modelo 2, o que indicaba as partes alícuotas que habería que deducir da cantidade bruta de produto de cada especie para obter o líquido computable para a contribución xeral, os produtos de horta e cortiña figuran novamente de xeito moi xenérico. Lembremos que o organismo responsable para a creación destas tarifas para o caso de a lo menos as provincias de Betanzos, A Coruña e Santiago fora a propia xunta central e que, a partir de aí, o documento fíxose circular ao seguinte chanzo administrativo onde non sufriu modificación algunha. Polo tanto, tampouco as xuntas de partido que difundiron este documento se preocuparon en exceso por establecer unha diferenciación interna que permitise distinguir entre os distintos produtos de horta que eran cultivados. As tarifas que foron anunciadas recoñecían, concretamente, tres categorías en canto aos produtos que se obtiñan nestes terreos, cada unha co desconto que lle correspondía para posibilitar o cálculo do seu rendemento neto. En primeiro lugar, ás patacas aplicaríaselles unha taxa de desconto da sexta parte do seu valor en concepto de custos de produción. Logo estaban as chamadas "hortalizas principales" ás que se lles asignaba o desconto da terceira parte do valor da colleita e, por último, as demais hortalizas, aquelas "que no exigen tanto gasto como Navizas" coa porcentaxe tamén da sexta parte para fixar os seus respectivos gastos. Unha ollada a estas especificacións abonda para que agromen algúns posibles problemas: para comezar debemos salientar a pouca concreción existente no tocante ás dúas últimas categorías xa que, de feito, poderían supoñer posibles dúbidas arredor de calquera especie que non fora patacas e nabos, as únicas especificadas. Diferenciar entre as que eran as hortalizas principais e as que non esixen tanto traballo non podía ser unha cuestión que houbera que tomar á lixeira, pois a taxa de desconto para as primeiras era o dobre que para as outras. En consecuencia, sería desexable

[41] AMC, c. 3971, l. 1, a. 1, p. 55.

aplicar a taxa do terzo, pois deixaría un menor valor líquido que fora computable para o pago da contribución.

Por outra banda, o feito de que o resto de hortalizas se agruparan en dúas categorías pode ser representativo da ampla variedade de cultivos deste tipo que poderían darse nas cortiñas e nas hortas neste momento. Se ben non resulta doado diferenciar entre aquelas hortalizas principais e as que por outra banda esixirían menos traballo, o modelo 1 cos prezos para o partido da Coruña atopado no respectivo arquivo municipal danos algunha información sobre cales eran as especies cultivadas sen fixar distinción algunha entre elas. Témola sorte de que entre os prezos dos produtos de cara á súa valoración figuran en concreto froitos como as cebolas, allos, pementos, repolos, coles, leituga, escarola, coliflor e chícharos, cuxa medida de valoración era o cento de unidades, a excepción dos pementos que serían valorados por milleiros. Porén, insistimos, a través da fonte resulta imposible determinar nada que faga referencia ao grao de cultivo ou consumo destes distintos produtos ou á maior presenza duns sobre outros sobre o terreo.

Deterémonos brevemente para comentar un par de aspectos destacados en relación cos dous cultivos hortícolas que si se citan explicitamente, nabos e patacas. Aínda que os primeiros son propios das terras comentadas no subapartado anterior, tratámolos nesta sección porque a fonte realiza unha agrupación entre esta planta e o resto de hortalizas e as súas problemáticas son semellantes. O caso de ámbalas dúas especies no modelo 2 que atopamos para 1818, tanto no caso da provincia de Betanzos como no da Coruña e mesmo no de Santiago, contrasta como apuntamos coas tan escasas referencias que existen entre os datos de cultivo dos rexistros de moitas das parroquias que consultamos para esta investigación. As mencións concretas sobre os mesmos existen, por suposto, pero hai parroquias enteiras nas que semellan desaparecidos do espazo agrario. Para estes dous froitos, as referencias máis habituais atópanse nas declaracións de producións como as que empregamos no apartado de rotacións para axudarnos precisamente a determinar a súa configuración. Esta estrutura dos recontos é útil dende logo para coñecer a sucesión e forma dos cultivos, pero non informa sobre a organización das fincas en si mesmas, pois soamente nos aporta datos de extensións globais de terra baixo a explotación dun mesmo campesiño, o modo en que as cultiva e, dun xeito aproximado, como renden, isto é, os produtos e as cantidades que a grandes trazos se obteñen delas, cos problemas xa comentados que isto podería chegar a supoñer.

Esta fórmula de anotación de bens non é, porén, a maioritaria á hora de realizar os rexistros, pero o certo é que as referencias a nabos e patacas neste tipo de documentos que veñen sobre todo do lado dos campesiños son moi comúns. Como se acaba de apuntar, se a isto lle engadimos o feito de que dun xeito explícito e tamén na documentación oficial, nos modelos 1 e 2, se fan referencias a ditos cultivos, poderemos supoñer que tanto un coma outro estarían xa moi presentes entre os recollidos polos agricultores nestes momentos. Todas estas son de feito, probas da súa importante presenza real. O aspecto negativo destas referencias é que son principalmente indirectas e non permiten un estudo da súa distribución, posto que coñecer os prezos, as taxas de desconto e o suposto rendemento nas parcelas dun campesiño é algo moi diferente que saber as terras concretas nas que se sitúan ou canta extensión ocupan. Isto é así porque, na fórmula máis común de anotar as parcelas, unha por unha e facendo referencia ao cultivo directamente, as patacas especialmente, están practicamente desaparecidas. Esta fórmula de rexistro de bens é, por outra banda, a que nos permite coñecer de forma efectiva como se organiza o terreo dun xeito máis preciso. As referencias aos nabos son máis frecuentes, e en todo caso máis fáciles de deducir por extensión da rotación que se comentou no apartado anterior. O nabo seméntase unha vez levantado o cereal de inverno, previamente a unha nova colleita de millo mesturada con fabas, de onde podemos supoñer que

moitas das mesmas terras nas que se colleita o cereal de inverno estarán despois sementadas destoutra especie da que as persoas aproveitarían tamén as súas follas. Autores como Bouhier atopáronse tamén coa escaseza de mencións a este cultivo en época de Ensenada, alegando que tal situación se puido deber ou ben ao esquecemento nas declaracións ou a que o seu valor estivera incluído no da colleita principal[42]. Se ben esta última explicación podería ser certa, a primeira non sería válida a lo menos nesta fonte, pois falamos dunha situación tan xeral que aceptala non resulta posible. Que parroquias enteiras, en número considerable, non reflictan o dito cultivo non pode ser interpretado como un simple esquecemento.

Pero as referencias á pataca son moito máis escasas nas seccións de produtos dos rexistros maioritarios, o que se converte nun importante problema para determinar onde determina a fonte a súa localización. Pensamos que, dito todo isto, esa escasa representación dentro dos datos de cultivo non pode derivar senón das referencias xenéricas que sempre se utilizaban para referirse a hortas e cortiñas nos rexistros: por regra xeral as patacas seméntanse en cortiñas, estas contabilízanse como hortas, e todas elas están indistintamente afectadas por un problema segundo o cal os seus cultivos non se identifican. Non podemos polo tanto, á vista da información dos apeos e cadernos, determinar a forma na que o cultivo da pataca se organiza.

O que nos queda, á vista dos datos da fonte para tratar de determinar a importancia do cultivo das patacas respecto dos demais son os resumos da riqueza dalgúns pobos que os elaboraron. O modelo 3 dalgunhas das parroquias dos exemplos de Villarprego e Rus aquí presentes conservouse, de xeito que nel podemos observar as producións dos seus territorios expresadas en termos globais. Por suposto, hai que manexar estes datos con coidado porque seguramente estarán afectados por un importante redondeo que nos fai mirar estes produtos como simples aproximacións orientadoras. En Vila de Abade, por exemplo, na xurisdición de Rus, anótanse como produtos recollidos os seguintes: 2102,5 ferrados de trigo, 1804 de millo, 1476 reais de "hortalizas de todas clases" e 400 ferrados de patacas. Na veciña xurisdición de Villarprego temos por exemplo a parroquia de San Mamede de Andoio, onde se recollen, segundo o seu respectivo modelo 3: 1013 ferrados de trigo, 863 de millo, 540 reais de hortaliza e 240 ferrados de patacas. Quizais os nabos estiveran recollidos na categoría do secaño xunto co trigo, o que confirmaría a idea de que o seu valor se refundira e sumara nesa denominación e non haxa aquí unha referencia explícita aos mesmos. Por outro lado, estes exemplos de producións axúdannos tamén a comprender a situación xeral das hortas e o pouco grao de nitidez co que se rexistraban os seus produtos. Centrándonos na producións de patacas ofrecidas, as cifras distan de ser asombrosas e non poden compararse coa producións cerealeira de ningunha especie, pero aínda así son un cultivo amplamente presente e común nas terras dos campesiños desta área. O que pretendemos poñer de manifesto polo tanto é o importante problema da escasa representación deste cultivo en particular, pois atendendo aos rexistros de parcelas e á súa sección de produtos, resultaríanos case descoñecido .

Esa representación tan marxinal das patacas pode ser consecuencia dunha serie de cuestións bastante simples: por unha banda, da tamén escasa valoración en termos monetarios e de mercado que tiña este produto. Se temos en conta os prezos dos distintos produtos quizais atopemos unha clave para explicar a clara ausencia das patacas nos rexistros. Efectivamente, a valoración das patacas afundiuse entre os anos 1818 e 1819, ou a lo menos así o indicaba o modelo 1 que as autoridades do partido coruñés fixeron circular para eses dous momentos. De catro reais por ferrado pasouse a unha taxación de entre un e medio e dous reais, que rematou sendo precisamente a máis baixa, un real e medio, nos exemplos de

[42] Bouhier, A. (2001), op. cit., p. 724.

producións que acabamos de presentar. A un prezo tan baixo, as patacas soamente serían destinadas, probablemente, ao autoconsumo. Pese ao descenso da taxación, tamén importante, de cereais como o trigo e o millo, de 21 a 14 reais e de 19 a 9 respectivamente segundo eses dous documentos, segue sendo lóxico que a maioría da riqueza dos produtos da terra e polo tanto da cota de contribución, dependera da produción cerealeira, o que podía dar lugar a que produtos como a pataca foran en boa medida ignorados de cara aos rexistros. Esta idea é soamente unha suposición que non podemos demostrar dados os poucos datos dispoñibles sobre este cultivo, pero o comportamento semellante arredor doutros produtos pouco valorados dende o punto de vista do mercado, lévanos a pensar nesa dirección. Pois unha situación moi semellante á que describimos tamén acontecerá nos produtos obtidos noutros espazos como pode ser o caso do monte, como teremos ocasión de comprobar. En segundo lugar, outra cuestión importante a ter en conta para tratar de identificar as causas desta escasa presenza das patacas nos cadernos pode ser a temporalidade do cultivo e a súa relación co calendario de realización dos traballos de inventariado da riqueza. Se, como diciamos con anterioridade os cadernos non se comezaron a realizar ata ben avanzada nalgúns casos a segunda metade do ano 1818, o cal supuxo rematar os traballos nos últimos meses do mesmo ou nos primeiros meses de 1819, as patacas poderían terse recollido antes ou durante o tempo no que se efectuaron os rexistros, desaparecendo do agro nos meses do inverno e ata que a maior benignidade do clima volvese posibilitar a súa sementeira. Isto deu lugar a que quizais nalgúns lugares se conseguise eludir a contabilización das patacas, que ademais, foran producidas nos terreos das cortiñas, á marxe doutras terras de labor onde rexían outras rotacións distintas. Do mesmo modo, neses meses do ano tampouco estarían en fase de crecemento, polo cal o rexistrador en cuestión tampouco tería que anotalas necesariamente, en tanto en canto o seu produto tampouco podía ser computado aínda como riqueza. Mesmo a combinación destas dúas teorías pode resultar nunha explicación a esta tesitura que os apeos nos ofrecen. Por último, temos que ter presente como posible factor explicativo a diversidade da pataca no tocante á súa presenza sobre o terreo, pois aínda que esteamos a falar das cortiñas, non debemos esquecer testemuños que dan conta da diversidade de lugares nos que podía aparecer. Dentro da mesma provincia de Betanzos compróbase, para finais do século XVIII, a súa presenza en lugares tan dispares como prados, hortas, cabeceiras ou arredores e en montes reducidos a cultura que non acostumaban a producir froitos decimables[43]. Se temos isto en conta, o rexistro podía primar unicamente ese uso principal sobre outros secundarios, de maneira que aquí poderían quedar ocultas, cando menos, algunhas das patacas producidas nunha determinada freguesía.

Deixando de lado o sucedido coas diferentes especies de hortalizas e tamén os nabos e as patacas en concreto, apuntabamos un pouco máis atrás o semellantes que resultaban ser os problemas que aparecían coas de árbores froiteiras presentes nestes terreos, e a elas ímonos dedicar nas seguintes liñas. Realmente, o certo é que ao estaren dentro das hortas, é posible que os inconvenientes particulares destoutros cultivos sexan aínda máis graves, posto que neles se combinan os problemas propios daquel uso do solo con algúns propios e específicos que afectan aos rexistros destas árbores. En primeiro lugar, como acontecía coa xeneralidade das hortas, nunca podemos identificar a especie arbóreas en cuestión, con moi contadas excepcións en certas parroquias nas que se fai referencia a dúas especies concretas que son a nogueira (pese a non ser unha froiteira contarémola como tal xa que aparece nos mesmos lugares) ou a parra, aínda que o produto desta última fora empregado máis ben, seguramente, para a produción de viño en moitos casos. Así, a referencia máis detallada sobre a presenza

[43] Meijide Pardo, A. (1984), p. 62.

destas árbores non vai máis alá do apuntamento numérico a unha serie de froiteiras (a palabra emprégase de forma xenérica para referirse indistintamente a tódalas especies) presentes nunha parcela determinada. Este dato, que non é exclusivo das parcelas de horta, pois aparece tamén en superficies de monte onde para documentar especies como pinos ou carballos, e ás veces castiñeiros dentro dos soutos, é o único que podemos atopar sobre a presenza de froiteiras no espazo agrario. Pese a que estamos diante dun dato importante, hai que apuntar que o nivel de concreción non pasa de aí porque, dende a óptica da fonte, á hora de aplicar a parte alícuota correspondente ao desconto do gasto de produción, esta non variaría demasiado pese á variedade da especie plantada, de modo que a este respecto sería indiferente ter, por exemplo, un limoeiro que unha laranxeira xa que o seu mantemento e coidados serían semellantes. De feito, as tarifas atopadas para as tres xuntas locais gardan unha categoría, de novo moi xenérica, que fai referencia ás froitas obtidas destas árbores. Segundo o documento correspondente, xa citado anteriormente, aplicaríase un desconto da décima parte en concepto de capital anticipado para converter en líquido o produto bruto obtido "de las frutas, leña y madera que no sea de construcción", co cal efectivamente, comprobamos como o custo de tódalas froiteiras se calculaba na mesma porcentaxe.

En canto a referencia aos prezos das froitas, aspecto que nos permitiría realizar algún comentario sobre a súa variedade, debemos apuntar que neste campo nos atopamos en xeral cunha imaxe bastante desalentadora, semellante á que describimos para outros produtos de horta. Porén, se no caso destes últimos tiñamos que acudir ao modelo 1 da xunta da Coruña para poder identificar a variedade presente, no caso das froitas a cuestión complícase, xa que na documentación que fai referencia aos prezos de valoración dos produtos dentro do noso territorio de estudo non atopamos unha soa anotación a froitas concretas, o cal si é agora un claro erro por omisión, pois non hai forma algunha de coñecer o seu valor, con independencia da especie, atendendo á documentación proporcionada polas autoridades competentes en toda a provincia de Betanzos nin tampouco na da Coruña. Afortunadamente, unha das vantaxes de manexar documentación de tres xuntas de partido é que as omisións dunhas son cubertas en ocasións polos fondos das outras, de tal modo que neste caso atopamos referencias aos prezos e ás variedades de froitas nos da xunta de Santiago. Non obstante, pese a que isto nos favorece a nós en termos de investigación, non anula o feito de que nas outras dúas provincias, a documentación nada di ao respecto deste tema. No partido de Santiago polo tanto, si temos referencias a froitas concretas, pero o apartado relativo ao prezo presenta un inconveniente importante, pois soamente aparecen valoradas as que debían ser consideradas as maioritarias (laranxas e limóns e, aínda que non sexan propiamente froitas, as noces). En canto ao resto (en concreto, as variedades citadas son pavías, melocotóns, peras, mazás, guindas, cereixas, figos e a maiores "brebas y otras cualesquiera frutas") a regra de valoración varía e segue outras pautas distintas marcadas polo seguinte comentario

> "Se valuarán según la costumbre de venderse, bien por árboles y ajuste alzado, bien por cestas, esplicando si es de ferrado, ferrado y medio, ó dos &c. ó por piezas, y según los países, de manera, que no se cause agravio, aumentándose o disminuyéndose su verdadero valor[44]."

As implicacións que estas palabras supoñían eran en realidade de bastante peso, pois a través delas a xunta de Santiago estaba incumprindo a regra fundamental en relación ao establecemento dos prezos segundo as regras que marcaba o sistema, que fixaba claramente a referencia ao quinquenio anterior como baremos para evitar posibles abusos ou grandes

[44] Xunta de partido de Santiago (1818), p. 98.

variacións nos prezos. Unha directriz que mesmo figuraba na cabeceira do propio documento pero que a lo menos neste particular se expresaba de forma un tanto contraditoria. Por outra banda, este caso é outra proba máis de como unha xunta de partido incorría novamente nun traspaso de responsabilidades cara outros niveis administrativos, sen encargarse de cumprir a propia entidade as tarefas que lle tiñan sido encomendadas pola lexislación. Polo tanto, se xa tiñamos dúbidas do seu comportamento e participación no tocante ao cálculo dos procedementos necesarios para a obtención dos rendementos e das tarifas das partes alícuotas, tampouco parece que no asunto dos prezos se comportaran como deberan facelo, a lo menos nalgúns casos particulares. Certo é que o incremento na riqueza dun contribuínte que podían aportar os produtos que obtivera de man dunhas poucas froiteiras da súa horta non sería demasiado e non marcaría unha diferenza significativa, menos aínda se temos en conta toda unha serie de problemas moito máis graves que afectaban ao proceso de cálculo e repartimento das cotas contributivas correspondentes a cadaquén. O que importa realmente, porén, é que aqueles outros problemas non invalidan unha falta coma esta que, ao ser producida no nivel administrativo do partido, lastraba todo o resto do proceso de cálculo destes produtos cara abaixo e en fervenza.

Dito isto, non houbo que agardar moito para que as consecuencias derivados deste comportamento se comezaran a notar nos rexistros. O feito de que o produto destas árbores non se puidera valorar correctamente polas lagoas presentes na documentación é probablemente o responsable doutro dos problemas que afectan a este cultivo de horta que son as froiteiras. Hai que apuntar que, moi posiblemente, o uso destinado ao cultivo de froiteiras se desenvolvera nuns termos moi superiores aos que a propia fonte recolle. Esta idea xorde da observación de diversos exemplos de apeos e cadernos da riqueza e da situación diversa que se pode contemplar para as árbores de horta, pois mentres que nalgúns casos figura o número exacto delas, temos tamén exemplos onde desaparecen por completo dos rexistros. Este feito, que carece por completo de sentido, ben pode deberse a unha solución práctica relacionada precisamente coas lagoas existentes na documentación en canto á súa valoración.

Para comezar, non resulta crible que entre parroquias que son veciñas haxa froiteiras nalgunhas delas mentres que noutras non se documente en absoluto a existencia dunha soa delas. Todo parece indicar que cando isto ocorre esteamos en realidade ante unha omisión en toda regra desta actividade para toda a parroquia observada. Entre a calidade da información contida nalgúns rexistros, de feito, hai parroquias nas que as árbores non son anotadas en xeral, independentemente do uso no que se encadren. Non se da un número de cepas nas fincas, nin aparecen árbores nas parcelas de monte, polo que as froiteiras das hortas son soamente un máis dos damnificados destas neglixencias nos recontos. Porén, no caso das froiteiras, deducir o motivo polo que isto acontece é simple se temos en conta o que se acaba de apuntar nestes parágrafos previos. Un rexistrador non tiña que considerar necesario recollelas se, a efectos de repartir a contribución, non sabía que valor lle ía asignar aos produtos que se obtiñan delas. Que o número de árbores estivera presente nos rexistros sería de feito inútil en boa medida como extensión da idea anterior, pois se as autoridades non fixaban un prezo para a froita dunha forma máis certeira, non habería forma de valorar a súa produción e, polo tanto, recollelas podía ser percibido incluso como unha perda de tempo. Esta lagoa, derivada como dicimos dun incumprimento por parte da xunta de partido dos seus deberes non sería, efectivamente, de grande volume se observamos a un suxeito en particular, pero o certo é que en ningunha parroquia das que atopamos rexistros dentro das provincias de Betanzos e A Coruña se ofreceron máis datos sobre as froiteiras que os indicados, nin se valoraron os seus produtos en ningún caso dun xeito explícito. Pola natureza do problema, enquistado no nivel administrativo de partido, non albergamos demasiadas esperanzas de que

outros cadernos recollan estes datos, de xeito que o inconveniente podería ser extensible a lo menos ao territorio destas dúas provincias, e esa cantidade de riqueza si podería ser dunha certa entidade a ter en conta, pois falamos nin máis nin menos que da omisión do valor dos produtos de tódalas froiteiras dos dous territorios.

Realizados estes apuntes previos é momento de observar o que acontece con estes espazos en termos de cambio temporal, realizando a comparación coa fonte do catastro de Ensenada, se ben é certo que os principais caracteres da distribución que atopábamos nos recontos da segunda década do século XIX xa foron apuntados nas páxinas anteriores. Unha primeira ollada revela unha situación dispar xa que neste caso non parece haber un comportamento máis definido como acontecía coas terras de secaño. Nas parroquias que conforman a xurisdición de Rus (táboas 4.1 e 4.2) podemos supoñer, con todo, explicacións semellantes ás dadas no apartado anterior, pois o comportamento destas superficies é parecido. Deste xeito, a redución de superficie hortícola no caso de Vila de Abade pode deberse a unha redución da súa poboación, mentres que o incremento de Santa María de Rus, onde a extensión das hortas se multiplica por dous, viría explicado sobre todo polas melloras dun rexistro que incluíu a tamén máis do dobre de contribuíntes. Como acontecía no apartado de terras de secaño, parece que estes dous exemplos tampouco son demasiado útiles para tratar de deducir o que sucedeu nas terras de uso hortícola transcorridas pouco máis de seis décadas. Nun caso porque a perda de poboación se pode traducir na redución da superficie necesaria e, no outro, porque o rexistro do que partimos no momento inicial da comparación simplemente presentaba carencias moi importantes que nos impiden ver algúns cambios que poden ser máis sutís.

Tratemos de analizar o que sucede coa superficie de hortas nos casos da xurisdición de Villarprego (táboas 4.3 a 4.5). É aquí onde vemos un comportamento diferente ao que acontecía nas terras de secaño, pois non existe unha pauta que poidamos cualificar como común a grandes trazos. Ao contrario, temos un abano de situacións segundo as cales a extensión dos terreos clasificados como horta aumenta en San Xoán de Tordoia, diminúe en Andoio e mantense practicamente invariable nos territorios da pequena freguesía de Arcai. San Xoán sería o único destes tres exemplos onde un razoamento semellante aos do apartado anterior podería selo responsable da nova realidade que atopamos nesta parroquia tralo paso dos sesenta e sete anos que separan as dúas fontes: pese a unha perda de poboación importante que xa é bastante clara na segunda década do século XIX, a superficie de horta aumenta. Isto déixanos nunha situación na que podemos observar non soamente un crecemento bruto en termos de extensión total deste uso, senón novamente un contínxente de poboación que se reduce no tempo dunha forma importante e que se nos amosa xestionando unha cantidade de terras maior, coas posibles conseguintes melloras do factor traballo. Con todo, unha mellora da produtividade no caso das hortas seguramente non podería ser aducida, pois a acumulación de maiores cantidades do factor traballo nestes terreos de aproveitamento secularmente intensivo resultaría complicada, xa que falamos de parcelas sempre ben traballadas e aboadas.

Porén, apuntar un incremento de terras de horta a partires dunha variación de apenas 900 m² baseándonos en fontes fiscais de Antigo Réxime das que levamos advertindo varios capítulos a multitude de problemas que poden presentar pode ser demasiado ousado. Temos quizais un problema de rexistro relacionado coa pequena extensión destas parcelas que probablemente poidamos estender a boa parte dos recontos que se teñan realizado nesta época. Sen forma de asegurar a precisión do rexistro, calquera omisión no inventariado das hortas pode dar lugar a unha variación importante da súa superficie e aquí estámonos a mover constantemente entre cifras de extensión moi pequenas que nos esixirían un nivel de detalle

importante para poder afirmar a aplicación de posibles mudas. Parece que a vantaxe que nos aportaba manexar algunhas parroquias pequenas para detectar máis facilmente algúns cambios nos rexistros non parece tan útil neste caso, xa que estamos, como dicimos, ante espazos considerablemente reducidos. As omisións poden chegar a diluír probablemente calquera cambio que se produza, pois falamos de superficies moi pequenas nas que a suma de tódalas hortas en conxunto e para cada un destes tres exemplos é inferior a unha hectárea, e en dous deles o resultado é mesmo inferior a media. Por outra banda, pese a tratarse de pequenas superficies, hai que contar tamén coa realidade diferencial das hortas, pois para comezar, este uso estaría conformado en conxunto por unha multitude de fincas, minúsculas en moitas ocasións, dacordo cos apuntamentos que realizamos sobre o seu tamaño. Tamén hai que ter en conta a grande importancia económica destas áreas en canto a termos de valoración das súas parcelas, o que dende logo provocaría que os esforzos de inventariado de terra se centraran en boa parte nestes espazos. Polo tanto, aínda que pode existir dende logo unha ocultación superficial, pode que o nivel de detalle dos rexistros das hortas sexa en realidade bastante preciso, en vista ademais de que, como comentamos, era moito máis factible desenvolver unha ocultación relativa pola vía das calidades.

Se temos en conta estes detalles, tal vez poidamos asumir ese aumento de superficie cultivada e incluso tamén unha mellora da produtividade do traballo nas hortas da parroquia de San Xoán de Tordoia en concreto. O malo, chegados a este punto, é que non podemos reafirmarnos nesta teoría cos exemplos próximos a este lugar, pois como dicíamos antes, atopamos unha situación do máis variada. Andoio é incluso un caso no que os datos apuntan a un retroceso da superficie de hortas pese ao crecemento modesto do seu nivel de poboación, mentres que en Arcai, a extensión de solo dedicada a hortas se mantén case invariable, do mesmo modo que o fai o seu número de veciños residentes. A explicación a estes comportamentos de estancamento ou mesmo de retroceso nas hortas habería que buscala noutro lugar e este pode ser, como veremos nas seccións correspondentes, a situación dunha cabana gandeira que en ámbalas dúas parroquias polo seu tamaño e posible orientación, puido levar a determinados espazos á expresión dun mínimo imprescindible. Ou se queremos darlle a volta ao argumento para velo dende outra perspectiva, existiu tal vez unha preferencia de aproveitar o espazo para satisfacer as necesidades desa cabana gandeira, o cal tamén estará estreitamente relacionado coa situación dos prados que nos imos atopar nestas parroquias.

Nas parroquias da provincia de Betanzos podemos atopar a lo menos un exemplo semellante ao sucedido no caso de San Xoán, aínda que quizais neste caso, por tratarse dunha parroquia con moitos máis habitantes, a situación que describimos para ela poida quedar reflectida dunha forma máis clara. A unidade formada pola parroquia de Figueroa e o couto de Gudín (táboa 4.6) amosa segundo os rexistros un incremento importante da superficie destinada ao cultivo hortícola, nada menos que dun 91%. Existe tamén, como deixamos indicado no apartado precedente, un aumento do número de veciños (de 76 a 81), que non obstante non pode selo responsable directo e único deste espectacular aumento das hortas, xa que este é demasiado elevado. Así, tal e como xe se apuntou noutras comparacións, aínda que deixemos un espazo para unha mellora do nivel de detalle dos inventarios, que neste caso resulta moi evidente, ou para unha porcentaxe de erros das fontes, o crecemento do uso hortícola é demasiado importante como para dalo por explicado baixo estes argumentos. Debeu existir novamente un cambio nas formas de explotación do terreo, traducidas nun aumento da superficie cultivada segundo este réxime intensivo. Como o crecemento da poboación posto en relación co da superficie é favorable a este último, tamén podemos supoñer, tal vez, unha mellora na eficiencia do traballo de cada de individuo por unidade de

superficie. O caso que aquí atopamos é semellante ao de Tordoia, pero pode verse dun xeito máis claro porque as magnitudes empregadas tamén son un pouco maiores.

Para o caso de Sarandós non temos demasiado que engadir ao razoamento apuntado para as terras cultivadas en réxime de secaño. Seguindo o razoamento de que as hortas se sitúan, por regra xeral, preto das casas dos seus explotadores, desbotaríamos en boa medida a problemática que introducía a variable de identificar a explotadores e propietarios que poderían estar espallados por tres provincias, a lo menos pola parte que respecta aos primeiros. Segundo este criterio de concentración debería haber máis hortas documentadas das que temos anotadas, pois a enorme parte delas serían aproveitadas polos propios veciños da propia freguesía, pero o certo é que non é así, pois atendendo aos datos dos rexistros, a súa superficie redúcese arredor dun 15%. O problema desta volta preséntasenos a partir dos veciños do territorio de Reboredo, pois a cantidade de hortas que traballan os agricultores deste territorio resulta ser escasa en comparación co resto da parroquia. Dito doutra forma, boa parte das hortas atópanse en realidade en Sarandós, de modo que a superficie das mesmas en Reboredo resulta sospeitosa, ata o punto de pensar que aquí poida faltar unha extensión importante por inventariar. A configuración do caderno, cos seus habitantes cara o final do mesmo, con ocos en branco para posibilitar, supoñemos, que os rexistros se completaran máis adiante, axúdannos a pensar nesta mesma liña, de modo que parece que temos motivos suficientes como para supoñer que o reconto da riqueza deste lugar foi elaborado dun xeito moito menos preciso, malogrando a labor desenvolta en Sarandós, e con elo os resultados do caderno para moitos dos usos recollidos, pois os erros seguiranse reproducindo noutras seccións.

Par tratar de solucionar estes inconvenientes poderíamos tratar de excluír aos agricultores desta área e traballar unicamente cos do territorio da parroquia, o cal redundaría probablemente nun beneficio que posibilitaría unha mellor comparación tamén nos outros usos, pero isto resulta nun imposible, pois se ben os veciños de Reboredo son fáciles de identificar, nunca poderíamos establecer unha diferenza entre os forasteiros con terras na propia parroquia de Sarandós e aqueles que as teñen no propio termo de Reboredo. Máis aínda, habería individuos que as posuirían nos dous lugares, o que imposibilita o coñecemento exacto das terras de cada un. Non podemos, á vista destes argumentos, separar os territorios da parroquia de Santa María dos de Reboredo, o cal imposibilita comparación algunha tamén no tocante á extensión do uso de hortas. Desta forma, os rexistros desta parroquia presentan serias dúbidas á hora de efectuar comparación algunha.

Presentados os exemplos previos, temos que concluír este apartado sen a posibilidade de analizar novos casos que nos confirmen ou desmintan a liña aquí presentada que nos levaría a distinguir un certo grao de intensificación pola vía, ben do aumento da superficie dedicada a horta, ben polo da produtividade do traballo que as pon en funcionamento. En parte, isto sería debido aos problemas que os rexistros presentan respecto da información para os cultivos das hortas, pois a fonte non nos permite ver dentro delas e analizar a realidade soamente en termos de superficie para este uso concreto non sempre dá lugar a resultados como os que si se poden obter para outros. Pero as escasas probas atopadas a favor dunha posible intensificación tamén son difíciles de manexar cando nos movemos en superficies tan reducidas e tendo poucos casos que analizar nos que, ademais, a calidade dos datos se dea nunha conxunción tal que nos permita aventurar algunhas conclusións. Polo tanto, salvo quizais coas excepcións de San Xoán de Tordoia e San Miguel de Figueroa, as cales dende logo non podemos tomar como representativas de ningunha situación de cambio, non podemos asegurar unha muda importante no transcurso do tempo que separa os rexistros da época de Ensenada e de Garay para o caso das hortas, menos para o caso das cortiñas que

poden presentar aínda unha escuridade maior ao seu redor. No marco desta investigación conseguimos atopar algúns exemplos máis de freguesías nas que, en comparación coa situación na que se atopaban cara 1752, a súa superficie de horta tiña aumentado, pero que non obstante remataron sendo descartadas porque non se puido comprobar exactamente a pauta tras deses comportamentos, debido fundamentalmente a que os apeos deses lugares estaban incompletos, o que dificultaba a análise. Neste sentido, haberá que seguir buscando casos en investigacións futuras que nos permitan matizar mellor a situación destes espazos, pero dende logo semella que dito exercicio é posible a partires dos rexistros da riqueza da segunda década do século XIX, sempre e cando se logren atopar máis fondos para posibilitar unha análise nun grao maior, sobre todo con apoio noutras fontes.

4.3.3. Prados e pastos

Dentro desta categoría entrarían, como é lóxico, os pasteiros destinados á obtención de recursos alimentarios para a cabana gandeira, falando aquí de superficies consolidadas como tal dentro do espazo agrario, onde os animais podían circular e pacer libremente. Esta caracterización é necesaria xa que o alimento para o gando podía ser obtido noutras áreas nas que os animais non entraban necesariamente. Pensemos por exemplo na obtención pola vía de rozas en toxeiras ou, máis concretamente nas zonas litorais que atopamos na nosa área de estudo, en xunqueiras costeiras de onde se extraía material que servía tanto como alimento para o gando como para abono[45]. Non obstante, mentres que nos rexistros realizados a mediados do século XVIII estaba ben claro que baixo este tipo de aproveitamentos entraban principalmente os terreos cuxa principal característica debera ser a produción de herba, nos apeos e cadernos elaborados para o repartimento da contribución xeral introducíronse novidades ao respecto. Así, nesta materia, a diferenza principal que podemos establecer entre ámbalas dúas fontes é a aparición, nun número importante de parroquias, dunha nova categoría que acompaña aos prados de regadío e de secaño, que é a que aparece denominada como pasto. Non logramos atopar unha descrición que indique as terras que deben entrar baixo esta nomenclatura particular, polo que é posible que se tratara dunha categoría que levara a confusión precisamente porque se pode situar nun lugar que dilúe as fronteiras entre dous espazos tradicionalmente ben diferenciados. Pensamos que isto pode ser así porque nalgúns parroquias das que dispoñemos do rexistro de parcelas, esta denominación equipárase frecuentemente á de braña, pero este terreo, non obstante, é por definición unha zona húmida que pode ser tanto prado como monte baixo. Establecer esa diferenza nun terreo caracterizado como tal pode ser sinxelo pola observación ou mediante unha descrición máis ou menos detallada do que temos diante pero, se como acontece nos rexistros manexados, simplemente figura un nome, comprender exactamente o que temos diante pode non ser tan sinxelo.

É precisamente aquí onde aparece o problema, pois non sabendo os criterios seguidos nun rexistro específico, non podemos coñecer tampouco o tipo de terreos que aparecen exactamente dentro desa denominación de pasto. Baixo dela podemos entender que se engloban algúns espazos que non sendo prados, se dedican fundamentalmente á alimentación do gando como uso principal. Establecer unha diferenciación clara entre prado e pasto partindo da clasificación do uso do solo é simple porque, na propia fonte, a produción dos prados mídese nunha cantidade de herba (xeralmente arrobas pero algunhas veces tamén se usa a unidade do carro), mentres que a produción do pasto como categoría de uso se mide nunha cantidade de pasto como produto que se valora en diñeiro pero da que nunca se ofrece unha cantidade concreta en ningún tipo de unidade de medición, igual que acontecía coas

[45] Larruga, E. (1787-1800), vol. XLII, pp. 200-205.

hortalizas. Pasto é polo tanto o terreo, pero tamén o produto, que probablemente estivera composto por vexetación de monte baixo, con especies como a uz ou a queiroa entre outras de tipo arbustivo, por poñer algúns exemplos. Por iso, cremos que estas áreas serían asimilables máis ben ao monte baixo, e que polo tanto parte destes terreos estiveran contabilizados nesa outra categoría. A clave para a diferenciación destes terreos sería polo tanto, fronte á creación artificial que supoñen os prados, a súa espontaneidade, de maneira que se trata de lugares xerados de forma natural onde o gando pode pacer facilmente. O razoamento para supoñer isto é bastante sinxelo, pois se estes terreos puideran ser realmente asimilados aos prados, figurarían de feito nesa categoría. A calidade da parcela, no marco desta clasificación podería ser tamén importante, de modo que o tipo de produción que dera a finca podería influír nela, en función por exemplo, de se as plantas producidas eran máis ou menos aproveitables polas distintas especies de gando, aínda que tampouco atopamos probas documentais que poidan afirmalo ou desmentilo.

Esta clasificación en prado e pasto presenta as súas vantaxes e inconvenientes, pois por unha banda, as áreas nas que o gando pace semellan máis facilmente identificables nos rexistros do século XIX con independencia da súa configuración. Isto pode axudar a que nos acheguemos con máis precisión á realidade da cabana gandeira, precisamente porque se coñecemos con máis detalle os espazos nos que esta se alimenta, quizais poidamos definir mellor as súas posibilidades de mantemento ou os seus límites de crecemento. Na outra man, non obstante, a nova categoría de pasto pode enturbar os límites entre algúns prados de configuración e rendementos máis mediocres e o monte baixo con uso destinado á alimentación do gando, polo que dende a óptica da nova clasificación, estudar estas dúas superficies diferenciándoas perfectamente pode ser un pouco máis complicado. Ademais, aínda que aquí pensemos que dentro do pasto hai unha certa serie de terreos concretos, a regra non ten que ser universal, novamente, de modo que pode haber un comportamento diferencial entre parroquias no tocante ao seu contido exacto, ou simplemente, deixar un límite á libre interpretación, de modo que os criterios de diferentes rexistradores poden afectar ao que se anota cando non existen unhas pautas moi claras ao respecto. Dende logo, tal parecía selo caso.

A categoría de pasto non é, porén, tan común como poida parecer á vista dos exemplos de parroquias que figuran neste capítulo, pois aparece reflectida en seis das sete que aquí presentamos. Isto é algo que se comproba máis facilmente nos cadros relativos ao tamaño das parcelas (4.A e 4.B) elaborados con mostras dun número de parroquias maior e onde, vendo a porcentaxe que ocupa cada uso en relación ao tamaño das fincas, comprobamos que o pasto pode ser sobrevalorado se soamente se atende aos exemplos parroquiais das táboas 4.1 á 4.7 nos que ademais, mesmo pode ocupar unha maior extensión que o conxunto dos prados. En realidade a nova categoría aparece aproximadamente na metade dos cadernos atopados, pero en termos de número bruto de parcelas a súa presenza é moito menos significativa que a dos prados. Atendendo concretamente ao cadro 4.A vemos como o número de parcelas de prado dun ferrado ou menos é case o triplo que as correspondentes a pasto para a mesma extensión (13,51% fronte a 4,61%), o dobre na categoría de fincas de un a cinco ferrados (7,38% fronte a 3,62%) e unha cantidade semellante nas de entre cinco e dez. O que sucede é que nalgunhas das parroquias das xurisdición de Rus e Villarprego é onde están algúns dos inventarios máis completos e detallados, que son tamén as que, tendo un modelo semellante de configuración dos seus cadernos, introducen unha diferenza entre prado de regadío, de secaño e o pasto do que estamos a falar. O caso de San Miguel de Figueroa, como vemos, é diferente. Quizais neste lugar as superficies de pasto estean incluídas dentro do monte particular, o que explicaría a maior proximidade de superficies dos dous tipos de monte nesta parroquia.

Ao final, o certo é que como non podemos coñecer o criterio que se seguiu no apeo correspondente dunha parroquia calquera para clasificar os terreos que pasaron a formar parte desta categoría, a presenza dos pastos pode supoñer efectivamente para o investigador un problema á hora de clasificar estas extensión como prado ou como monte baixo, aínda que aquí nos inclinemos por esta segunda opción. O monte sempre foi unha fonte de alimento para o gando, de maneira que cando se elaborou o catastro de Ensenada, tal uso xa existía por suposto dentro desas áreas. A única diferenza é que as zonas de pasteiros de monte non estaban separadas dese uso matriz na devandita fonte porque, efectivamente, estaban dentro del e non era necesario recoller a información con tanto detalle. Por iso temos sempre un problema que pode deformar a realidade en canto á superficie dedicada para o mantemento da cabana gandeira. Isto é así porque, seguramente, unha parte do monte baixo foi extraída deste uso nos cadernos da contribución xeral e anotada nesa categoría de "pasto", pero a cuestión e que tal uso existiu dende moito antes, e que simplemente o catastro de mediados do século XVIII non o contemplaba por separado. En consecuencia e debido a esta consideración, na enorme maioría dos casos imos ter unha superficie maior de terras dedicada á alimentación do gando na fonte de Garay que na de Ensenada, o cal non significa en absoluto que existira un incremento desa superficie en cuestión nas seis décadas e media que separan un rexistro doutro. Polo tanto resultaría incorrecto supoñer, por exemplo, que nunha serie de parroquias temos unha maior dispoñibilidade de alimentos para a cabana gandeira como primeira premisa para tratar de xustificar un cambio no seu tamaño ou na súa composición. Non podemos afirmar isto porque non sabemos a superficie dentro do monte na cal a alimentación do gando era o uso principal na fonte ensenadina. Como consecuencia, a superficie de pasto nos apeos e cadernos da riqueza non resulta fácil de comparar con ningunha outra respecto dos rexistros de mediados do XVIII, xa que neles non existe ningún correlato de uso do solo semellante, falando claro está, sobre o papel. Tendo isto en conta e a efectos de posibilitar unha comparación, o único que podemos facer a este respecto é mirar cara as superficies concretas que sabemos que non se confunden entre elas e que non presentan este problema, xa que ademais son categorías que se manteñen nas dúas fontes. Falamos por suposto dos prados, tanto dos de regadío como dos de secaño.

Antes de entrar a ver o que ocorre con estas superficie no tempo que separa os dous rexistros que manexamos, debemos tratar as demais características esenciais coas que este tipo de terreos son recollidas na fonte da segunda década do XIX. Tal e como vimos realizando en tódalas seccións previas, centrarémonos esencialmente na cuestión das calidades e na do tamaño das parcelas. En canto ao asunto das calidades, a diferenciación entre os prados de regadío e os de secaño introduce unha consideración moi importante entrambas áreas pese a que o destino das dúas sexa, en esencia, a obtención de herba para o gando. Por regra xeral, os mellores terreos quedan dedicados ao regadío, mentres que os inferiores son acoutados para o desenvolvemento de prados de secaño, algo lóxico se temos en conta os maiores rendementos dos primeiros. Neste sentido, se atopamos un prado asignado dentro da primeira categoría de rendemento, a maioría das veces estaremos ante un de regadío, pois os de secaño, se ben é certo que tamén existen, son moito máis escasos nas terras de calidade superior. A medida que imos baixando polos seus chanzos, a tendencia vaise invertendo, de forma que cando chegamos á inferior, a maioría dos prados serán marcados como de secaño, sendo moi escasos aquí os de regadío. Existe unha fronteira moi clara na categoría intermedia, que se reparte entre ambos tipos de pasteiro, pero por regra xeral podemos dicir que o prado regadío ocupa a primeira e a segunda categoría, mentres que o de secaño se reparte máis ben entre a segunda e a terceira. Esta regra é soamente, con todo, unha liña que pretende marcar unha diferenciación entre ámbalas dúas superficies, pero o

certo é que podemos atopar prados dos dous tipos en tódalas categorías de calidade, sen perder nunca de vista o feito da corrupción que existe en canto a este tema, en termos de ocultación relativa, nos rexistros que manexamos.

Este comportamento xeral explícase pola propia configuración e formas de produción destes espazos. Como acontecía coas hortas, a produción máis intensiva dos prados regados leva a que os contribuíntes manteñan máis altas as súas calidades nos rexistros, realizando aquí tamén unha sorte de degradación ou ocultación selectiva das mesmas, de forma que se resisten a caer, a diferenza do que podía suceder noutros usos. Polo tanto e pese a que a súa existencia queda perfectamente patente con só ollar a algúns dos rexistros das táboas, parece que a ocultación relativa se produce tanto nestas superficies de prado como nas hortas dunha forma máis comedida. Este fenómeno obsérvase dun xeito bastante claro, por exemplo, nos rexistros de prado de regadío das parroquias de San Xoán de Tordoia ou San Miguel de Figueroa (táboas 4.3 e 4.6 respectivamente), onde a maioría deles caen dentro da categoría intermedia, aparecendo moi poucos na primeira. O obxectivo tras disto estaría ben claro, e non sería outro que o de declarar unha superficie de produción intensiva de herba en abundancia, pero apuntando un calidade lixeiramente inferior co cal se reduciría a riqueza final. Ao facer algo así, os contribuíntes buscan a credibilidade evitando crear unha situación na que a maioría destes espazos se apuntasen nunha categoría excesiva e sospeitosamente reducida. A realidade tras disto é que aínda que non podemos adiviñar a cantidade exacta, moitos dos prados de regadío asignados en categorías intermedias poderían ter sido anotados, de xeito moi probable, entre as superiores. Algo moi semellante sucedería cos de secaño, pero moitas veces baixando un chanzo na categoría de clasificación, de maneira que o xogo da degradación de calidades se produce entre a segunda e a terceira categoría. Nos mesmos exemplos podemos observar como o reparto de prados de secaño en Tordoia resulta bastante equilibrado, pero tamén como no caso de Figueroa as calidades se afunden ata o punto de que máis do 86% dos prados de secaño da freguesía son da calidade inferior, non habendo nos rexistros de ningún dos dous territorios terreos deste tipo na primeira categoría. O pensamento, novamente, volve ser que moitos deses prados que aparecen como de terceira poderían ter sido anotados, como mínimo, no tramo intermedio da clasificación.

Por outra banda, aínda que estamos a falar da diferenza entre os dous tipos de prado centrándonos no asunto das calidades, hai que decatarse tamén de que neste caso este factor non tería por que ser o esencial que determinaría o feito de que un prado fora de regadío ou de secaño aínda que o rendemento real da terra (non o que se anota, que pode ser moi diferente como acabamos de ver) puidera influír na decisión de orientar un prado dunha ou doutra forma. Máis alá das consideracións que acabamos de describir sobre as calidades do terreo, que por suposto influirían e se terían en conta, está claro que tomar a decisión de subministrar auga a un prado ou de non facelo estaría relacionado moito máis en realidade, por unha banda e loxicamente, coas posibilidades de acceso á auga nunha determinada finca e, pola outra, coas necesidades alimenticias que puidera presentar a cabana gandeira presente nunha explotación determinada.

Tratando de establecer unha comparación entre épocas, hai que apuntar primeiramente que estudar as superficies dedicadas a prado e observar a súa evolución entre as dúas fontes non sempre é doado porque pese a existir a diferenza esencial entre o regadío e o secaño, esta non se dá de forma explícita en tódolos casos, de feito que nalgunhas ocasións temos unicamente a extensión xeral de prados, sen coñecer a súa natureza en canto ao aporte de auga. Tal e como queda reflectido nas táboas, un dos problemas era precisamente que para este uso, nos datos do catastro de Ensenada non sempre era posible atopar esa división. Os datos das táboas poden levar a supoñer que este inconveniente non existe nos rexistros que

manexamos para o século XIX xa que tódolos exemplos contemplan esta diferenciación, pero isto tampouco sería correcto. Efectivamente, nos rexistros parcela por parcela dalgunhas das parroquias que atopamos, o dato "prado" pode chegar a englobar tamén tódolos tipos nos que poidamos dividir a categoría, sen especificar máis información.

A comparación, atendendo en exclusiva aos prados e non ao pasto, do que pouco podemos dicir polos motivos ofrecidos previamente, segue sendo posible en termos totais cando menos, centrándonos cando poidamos nos tipos de regadío e secaño nos casos nos que as fontes o permiten. Como regra xeral e para os exemplos das freguesías que están representadas nas táboas, observamos un incremento xeral da superficie destinada a prado. As excepcións resultan ser os territorios retratados na primeira e na derradeira delas, San Cibrán da Vila de Abade e Santa María de Sarandós, onde o descenso desta superficie resulta manifesto á vista dos datos recollidos en ámbolos dous momentos. Se ata o de agora dicíamos, en canto aos dous usos do solo comentados previamente, terras de secaño e hortas, que as mudas na súa extensión estaban relacionadas intimamente coa presenza de máis ou menos individuos que exerceran diferentes graos de presión sobre unha terra que lles proporcionaba os recursos máis básicos de subsistencia, nos prados acontecerá exactamente o mesmo. A cuestión é que, loxicamente, quen se aproveita dos seus produtos no caso deste uso concreto non son as persoas, senón soamente a partir dun xeito indirecto beneficiándose da enerxía que estas terras proporcionan aos auténticos consumidores dos seus froitos, que son boa parte dos animais integrantes da cabana gandeira. Para tratar de identificar as causas das mudas que se producen nestes espazos haberá que ollar tamén, polo tanto, ao estado dese gando.

Retomando o fío da argumentación, Vila de Abade é, como se verá, unha freguesía con algunhas das medias de cabezas/veciño máis baixas de entre as aparecidas na súa área xeográfica para moitas das especies que conforman a cabana, é dicir, que presenta cifras máis modestas que as que atopamos nas súas parroquias veciñas en termos de presenza de animais domésticos. Centrarémonos neste asunto máis detidamente no respectivo apartado, pero tamén poderiamos relacionar unha parte da responsabilidade dese descenso da superficie pratense coa redución da poboación, en tanto en canto menos explotacións poderían necesitar unha cabana gandeira menor en condicións semellantes. Por outra banda unha redución de arredor do 50% desa superficie semella demasiado brusca, o que pode deberse tamén en certo modo a algunhas carencias ou erros presentes na fonte. Ademais, a pesar da idea que presentamos sobre o uso do pasto e de que pouco poidamos dicir das áreas que ocupa, debemos ter en conta novamente as posibles implicacións que a súa configuración exacta, que non nos é coñecida, introduza en certas superficies de prado. Para o caso de Sarandós veremos o que sucede coa súa cabana gandeira igualmente no respectivo apartado, pero o certo é que de novo volvemos observar un comportamento anómalo tamén neste uso se o poñemos en relación cos demais exemplos aquí presentes, como comprobaremos axiña. O caso desta parroquia pode compararse en parte co de Vila de Abade, xa que temos tanto unha redución da superficie de prado a nivel global como unha configuración semellante dos seus subtipos a nivel interno. A cuestión é que aquí partimos xa dun historial de problemas que nos leva a pensar en posibles erros de reconto na súa superficie pratense, precisamente á vista do sucedido nesta parroquia nos anteriores usos do solo que xa se comentaron.

Así, salvo estas excepcións, podemos observar un incremento xeral da superficie de prado nos demais exemplos, xa sexa esta máis ou menos significativa en termos porcentuais. Como acontecía no caso das hortas, dada a limitada extensión que ocupan frecuentemente estes espazos, esta muda pode resultar máis fácil de observar e de confirmar nos lugares onde a súa superficie é maior e ocupa varias hectáreas. Nos exemplos das freguesías da xurisdición

de Villarprego (táboas 4.3 á 4.5) o aumento citado lévanos a pasar dunha superficie de 0,86 a 1,24 Ha en San Xoán de Tordoia, de 1,44 a 2,21 Ha en Andoio e de 1,35 a 2,03 no caso de Santa Susana de Arcai. Estes aumentos, se ben son importantes e para os cales, como ben sendo habitual, deberemos gardar unha certa marxe de mellora no nivel de detalle á hora de efectuarse os recontos, responden tamén ás elevadas medias de cabezas por explotación que nos imos atopar nalgunhas destas freguesías para determinadas especies animais. A explicación desta realidade aquí descrita non quedará satisfeita tampouco para estes casos ata que non abordemos a sección relativa á cabana gandeira, polo que aquí simplemente nos limitamos a poñela de manifesto.

Nestes tres exemplos precedentes a taxa de aumento da superficie de prados sitúase arredor do 50%, pero entre os casos que restan por presentar, temos algúns nos que esa porcentaxe acada cotas moi superiores, das cales merece a pena realizar un pequeno apuntamento. Incrementos tan importantes como os de Santa María de Rus (táboa 4.2), ou especialmente o caso da unidade conformada por Figueroa e o couto de Gudín na provincia de Betanzos (táboa 4.6), poden responder a novos condicionantes ou a mudas nas formas de explotación onde o gando adoptou un peso moito máis importante. No primeiro destes exemplos a superficie de prado multiplícase entrambas fontes por 2,1 (pasamos de 7,09 a 14,93 Ha), mentres que no outro caso a superficie pratense rexistrada supera nunha relación de case 3,5 a 1 (os rexistros pasan de 4,19 a 14,41 Ha) a anotada sesenta e sete anos antes. Para este tipo de exemplos, especialmente no segundo destes casos, hai que deixar a porta aberta á posibilidade dunha importante carencia de base no inventario realizado en 1752. Por outra parte debemos atender tamén ao contexto ou á forma concreta en que cada rexistro foi efectuado para conseguir explicar este tipo de feitos. No caso de Figueroa debemos supoñer, quizais, posibles distorsións motivadas pola distinta consideración de certos espazos, ao non contemplarse nesta parroquia en particular a categoría de pasto, o que puido posibilitar que algunhas brañas fosen anotadas, de feito, como prados.

Realizados estes apuntamentos sobre os posibles cambios producidos nun nivel xeral, trataremos de afondar un pouco máis na realidade da composición dos prados e no que sucede con cada unha das categorías que os compoñen. O aumento da superficie en termos globais que vimos describindo, se ben parece claro, agocha non obstante un comportamento diferencial que soamente lograremos identificar se cambiamos a óptica da nosa análise. Se en lugar de realizala en conxunto pasamos a observar dun xeito illado ao prado regadío e ao anotado como de secaño, veremos como se manifesta unha tendencia diferente que non obstante se combina perfectamente con estoutra que acaba de ser identificada e que ademais, desta vez si, resulta cumprirse en tódolos exemplos dun xeito claro. Observando os balances entre regadío e secaño poderemos comprobar como a superficie que realmente aumenta é a primeira, mentres que a outra non soamente non se mantén, senón que en ocasións decae de xeito notable. Dito doutra forma, o balance entre os dous tipos de prado rexistrados nas dúas fontes rómpese dun xeito claro cara o regadío. Se poñemos en conxunción as dúas pautas obteremos unha dobre conclusión: por unha banda, como a superficie total de prado aumenta, deducimos que esas áreas de nova creación son na súa enorme maioría prados de regadío. Pola outra, como a superficie de prado de secaño diminúe en boa parte dos casos, podemos estar ante unha auténtica reconversión destes terreos, onde a novidade pasa por regar unhas superficies que antes non recibían aportes adicionais de auga. Incluso os exemplos de Vila de Abade e Sarandós cumpren a regra, aínda que nestes lugares pode ser debido á existencia dunha clara carencia de prado de secaño dadas as baixas cifras de extensión que aparecen documentadas. A pesar de que a superficie global de prado diminúa, xa sexa porque esa foi a situación real ou ben por erros ou omisións no rexistro, que pensamos que poden ser máis

claras nestes casos, a presenza maioritaria de prados de regadío semella que tamén podería terse cumprido. Nestes dous exemplos especialmente, porén, esa inclinación a unha sorprendente superioridade do prado de regadío sobre o secaño debe ser tida en conta unicamente como unha simple tendencia que confirmaría o comportamento concreto que agora defendemos.

Así, no século XIX chama a atención de forma destacada o feito de que nese balance existen, por regra xeral, moitos máis prados de regadío que de secaño o que, dada a maior produción dos primeiros, pode ser interpretado como un signo de intensificación da produción de herba para o gando. En Ensenada esa superioridade podía existir, pero o que hai que destacar nos apeos e cadernos de Garay é que esta queda clara dunha forma moito máis patente. De feito, podemos observar como incluso hai casos nos que a superficie de prado de regadío multiplica por entre tres e cinco (ás veces máis) a extensión deste uso en réxime de secaño. Santa María de Rus, San Mamede de Andoio ou Santa Susana de Arcai son exemplos disto. Esta observación supera posibles erros de medicións superficiais, pois a superioridade é moi clara aínda recoñecendo un certo grao e marxe para posibles erros. Tamén queda á marxe dos posibles problemas das calidades, xa que a realidade do balance regadío/secaño non depende tanto desta variable como do acceso á auga, polo que sigue sendo igualmente visible atendendo aos datos das táboas. Hai que salientar polo tanto que un aumento real desa superficie pode ser constatado para este uso en concreto, ademais do novo balance interno que agora aparece no seu seo. A importancia destes cambios sería significativa, pois como se ten apuntado en estudos destes espazos en lugares próximos á nosa zona de estudo, esta expansión contribuiría a configurar a paisaxe agraria tal e como permaneceu ata o século XX[46]. A súa principal consecuencia sería, sen lugar a dúbidas, un aumento importante da cantidade de alimento que ía destinado ao gando. Por suposto, medir o grao segundo o cal cada un deses fenómenos corresponde a eses aumentos da superficie rexistrada é dende logo, como sucede con outros usos diversos, o que sempre rematará por ser máis complicado.

Chegados a este punto, a sección sobre as superficies destinadas ao mantemento da cabana gandeira queda momentaneamente en suspenso, pois somos conscientes de que non poderemos pechar este apartado mentres non abordemos a realidade do principal destino dos seus produtos. Preferimos non obstante continuar a división da nosa exposición por usos do solo como criterio organizador para tratar de cinguirnos na medida do posible aos temas que en cada apartado tratamos, aínda que neste caso nos supoña realizar unha pequena paréntese, pois está claro que nin os animais da explotación se entenden sen estes espazos de prado, nin tampouco estas áreas se poden interpretar correctamente sen a presenza daqueles. Polo tanto, recuperaremos esta información cando falemos máis detidamente da presenza da cabana gandeira, pois se non facemos isto estaremos observando soamente unha parte da realidade deste uso agrario, ao deixar de lado os animais que realmente se configuran como os seus principais usuarios e consumidores e para satisfacción de cuxas necesidades alimentarias existen estes lugares.

4.3.4. Áreas de monte

A importancia do monte está xa fóra de toda dúbida. Este espazo foi tradicionalmente tanto unha fonte de fertilizante como tamén de alimento para o gando, de aí a súa enorme importancia no marco do sistema agrogandeiro. Nun contexto como o galego no que a existencia de forraxe cultivada era escasa e cativos os prados, debido ademais ás importantes dificultades que atopaba en Galicia a transformación de terras de monte en terras de pasto

[46] Saavedra, P. (1985), p. 188.

(ben edafolóxicas, relacionadas coa estrutura da propiedade ou co esforzo necesario para a conversión), a alimentación dos animais, polivalentes en aporte de abono e traballo, dependería en grande medida dos recursos que o monte era capaz de fornecer[47]. Ademais de soporte do sistema, no proceso de cambio que este experimenta, o monte é tamén un motor das transformacións, de modo que sen entender os cambios que se producen nel (nos usos que inclúen, por exemplo, o cultivo do toxo para mellorar as posibilidades de fertilización e de alimentación do gando, liberación de terras para gando e cultivos, ou repartimentos e privatizacións de montes comúns) é imposible comprender as condicións e posibilidades das transformacións nos sistemas de cultivo[48].

O monte é na fonte que manexamos, probablemente, o espazo que presenta unha maior diversidade de comportamentos no tocante ao contido das distintas informacións que podemos atopar sobre el nos rexistros da riqueza elaborados entre 1818 e 1820. Deste xeito, resulta moi complicado ser capaces de establecer unha pauta fundamental sobre como se comportan os datos que atopamos sobre este espazo na documentación consultada. Isto débese a diversos factores, entre os cales cabe salientar algúns como a súa considerable extensión e dificultade de medición, a complexidade dos dereitos de explotación e aproveitamento sobre unha porcentaxe considerable das súas terras ou, a efectos do repartimento da contribución, as dificultades que estes caracteres supoñían para levala a cabo, ademais da relativamente escasa valoración dos seus produtos se efectuamos unha comparación cos beneficios obtidos pola explotación doutro tipo de terras. Unha taxación en termos de prezos de mercado que nada tiña que ver, evidentemente, co inestimable valor que os produtos obtidos no monte supoñían para o funcionamento da explotación agrogandeira.

Pese á ampla extensión que ocupan os montes no espazo agrario ou á súa importancia no mantemento do sistema, non podemos pretender abordar a súa realidade dende a óptica singular e simplista de que nos atopamos diante dunha área uniforme. Para tratar este tema podemos axudarnos dos criterios de diferenciación que os propios fondos contemplan, co obxectivo de organizar o noso discurso e dotalo dun fío condutor. Dentro do espazo ocupado polo monte existe unha distinción fundamental que nos levaría a establecer unha primeira fronteira entre os conceptos de monte privado e aberto para tratar de observar algunhas pautas á hora de clasificar os datos dispoñibles e tratar de identificar tanto as súas particularidades na fonte que manexamos como algunha regra sobre como se efectúa o reconto deste tipo de terreos. Loxicamente, a diferenza entrámbolos dous tipos radica na súa titularidade e nos beneficiarios do seu aproveitamento: os montes privados son explotados por unha unidade familiar, xa sexa o cabeza da mesma o propietario real ou un explotador que goza do dominio útil, mentres que os montes abertos se corresponden coa titularidade colectiva dunha comunidade de individuos. Non nos deteremos, entre os montes abertos de aproveitamento colectivo, no caso particular dos que poidan ser cualificados como parte dos bens de propios. O motivo que nos leva a tomar esta decisión é ben sinxelo, posto que non hai rastro deles nun só dos rexistros parroquiais dos que logramos atopar. Estes poderían estar ocultos baixo algunhas das fórmulas xenéricas de monte colectivo que se empregan nos cadernos para referirse a aqueles que non son aproveitados por unha única unidade de explotación agraria, pero o certo é que de xeito moi probable a súa presenza fora realmente moi escasa, como xa se ten apuntado noutros estudos[49]. Establecida esta diferenza entre as dúas formas existentes nos rexistros para clasificar os espazos de monte, pasamos a analizar os principais aspectos que afectan a cada unha delas.

[47] Balboa López, X. (1990), pp. 35-37.
[48] Soto Fernández, D. (2006), op.cit., pp. 127-128.
[49] Balboa López, X. (1990), op. cit., pp. 52-53.

Comezando polas características do monte privado, nas súas parcelas observamos, loxicamente ao corresponderse con espazos de explotación individual, fincas de tamaño moito máis reducido. De feito, nos cadros 4.A e 4.B, nos que se amosaba a extensión das parcelas segundo os diferentes usos do uso agrario, a sección de monte inclúe soamente as parcelas que podemos caracterizar como privadas, pois as de explotación colectiva presentan unha serie de particularidades como veremos a continuación, especialmente no tocante á súa extensión, que poderían enturbar as posibles comparacións que realizásemos. É por isto polo que trataremos as características desas superficies de xestión colectiva de forma individual, separando as dúas formas que podemos observar nos rexistros dos cadernos da riqueza. As fincas de monte privado, para comezar, poden ser recollidas nalgunhas parroquias á súa vez como abertas ou pechadas. Non obstante, chegados a este punto, o cualificativo de aberto non ten o mesmo significado que o que lle demos ata agora, cando o interpretabamos como indicativo de xestión colectiva. Nesta ocasión, falando estritamente dentro do monte privado, a dualidade aberto/pechado refírese simplemente á característica do cerramento e da individualidade da parcela. Cómpre aclarar este aspecto pois, téndoo en conta, unha parcela de monte pode aparecer ao mesmo tempo nos rexistros como privada e aberta, sen que isto implique confusión algunha na súa forma de aproveitamento. O adxectivo faría alusión neste caso a que a parcela en cuestión non presenta valos, muros, peches, sebes ou calquera tipo de barreiras físicas co resto de parcelas que a circundan.

En cuestións de extensión, as parcelas de monte privado son, dicíamos, moitos máis pequenas que as de monte aberto de tal xeito que, ao igual que nos demais usos, o seu tamaño resulta ser inferior aos cinco ferrados de xeito maioritario (≈ 2200 m²). Neste sentido non semellan ter un comportamento demasiado diferente ao dos outros usos do espazo agrario e contribúen a configurar a tradicional situación da grande división que afecta ao mesmo no caso particular galego. Porén, ao mesmo tempo son un dos usos do solo, xunto coas terras de labor, que claramente superan en boa medida na súa extensión a dita barreira dos cinco ferrados e, se atendemos ás parcelas de máis de dez (4367 m²), estes espazos de monte presentan unha clara preponderancia entre as fincas máis grandes. Neste caso, as táboas teñen tamén a limitación de non amosar correctamente como de grandes poden chegar a ser esas parcelas, pero o certo é que non é raro atopar fincas de entre vinte e corenta ferrados. Dada a enorme variabilidade da extensión do monte, ofrecer un dato medio a este respecto non tería sentido, pois facelo sería pretender estandarizar un espazo que presenta unha grande dispersión en área, forma e aproveitamentos. Iso si, que haxa grandes fincas non é óbice para que, como acontece con outros usos do solo, sega existindo unha considerable fragmentación entre as pezas de monte privado. Nos rexistros da riqueza, os montes individuais non ocupan un lugar especial, de xeito que como calquera outra parcela figuran entre as do seu beneficiario cos mesmos datos que as terras de labor, as hortas ou os prados. En canto ao repartimento na clasificación por calidades, á marxe dos erros que a esta se lle poida atribuír, os montes privados presentan como acontece con moitos dos demais usos, as súas propias pautas de distribución. Por regra xeral, estas parcelas presentarán sempre unha clara maioría da súa extensión sobre os terreos da peor calidade, sendo xa pouco comúns os da intermedia e aínda máis raros os montes de particulares inscritos na primeira categoría das terras en canto a rendementos. Este derradeiro aspecto será aínda máis acusado, como veremos, nos montes de explotación colectiva, cuxas particularidades pasamos a abordar a continuación.

Pasando logo ao monte aberto, temos que indicar que non elaboramos unha táboa sobre o tamaño das fincas que aparecen baixo esta nomenclatura porque o uso que se lle podería dar sería en realidade moi limitado. Neste sentido, aínda que efectuásemos unha clasificación destes terreos, non seríamos capaces de detectar unha pauta de distribución das súas

extensións pola sinxela razón de que non podemos dar con ela, de tal forma que a análise debe ser realizada caso por caso, existindo grandes diferenzas incluso dentro das mesmas parroquias. Ademais, os montes veciñais son o uso do espazo agrario nunha situación máis comprometida de cara á forma de ser da contribución xeral que se pretendía repartir, é dicir, os lugares onde as regras para levar a cabo o repartimento son máis dificilmente aplicables. Habería que coñecer moi en profundidade unha comunidade determinada para poder entrar no grao de aproveitamento que cada veciño podería gozar e poder asignarlle así a cota correspondente. Este traballo, porén, supoñería un tempo que a administración non se podería permitir, o que deixa aos montes veciñais nunha situación moi particular na que o sistema de Facenda proxectado por Garay simplemente non consegue entrar, por falta de tempo pero tamén de medios. Soamente un esforzo considerable que, como indicamos, requiriría dun tempo considerable que desencadearía os conseguintes retrasos, sería capaz de vencer unha situación semellante. Esforzo que por outra banda non interesaba probablemente a ninguén: falamos non soamente de tarefas de medición de enormes espazos que, a diferenza dos outros usos do solo, agora si chegarían a abarcar un número considerable de hectáreas na maioría dos casos, de cálculos para establecer os rendementos da multitude dos produtos que os beneficiarios obterían nestes espazos ou de pescudas para coñecer a participación de cada unha das explotacións familiares presentes nestes montes. Tarefas fatigosas e ingratas para ser realizadas ás veces, segundo a parroquia, por unicamente un par de peritos rexistradores que nin sequera tiñan que contar coa colaboración dos veciños, a quen lles abondaba polo tanto con facer uso dunha certa pasividade para evitar que lles fora calculada a parte da súa riqueza correspondente a estes montes. Por este motivo estas áreas non figuran moitas veces nos rexistros e son ignoradas de xeito sistemático.

Ademais destes aspectos salientados, moi relacionados todos eles coa ocultación tanto relativa como absoluta e sobre os que volveremos na sección correspondente para analizar certas motivacións ao seu respecto, temos que apuntar que os montes de explotación colectiva presentan así mesmo outros problemas de importancia para o seu estudo, algúns novos incluso con relación á fonte ensenadina. En primeiro lugar cabe destacar a dificultade que aparece arredor da determinación da natureza xurídica dos montes colectivos recollidos nos recontos da riqueza. É dicir, ser quen de discernir se estamos en concreto ante exemplos dos coñecidos como montes veciñais ou se pola contra estamos a falar de montes de varas. Lembremos que mentres que os primeiros, os montes en man común, presentan unha definición bastante sinxela pois a súa titularidade queda reducida á pertenza a un grupo veciñal en concreto segundo un estrito criterio de residencia, a situación dos segundos non resulta tan simple. Os tamén chamados montes de voces quedan organizados baixo unha forma de copropiedade que non ten que ser necesariamente igualitaria, pois cada explotación posúe unha cota determinada pola pertenza a unha determinada casa, podendo esta herdarse ou venderse. Os dereitos de uso preséntanse dun xeito claramente individualista e os comportamentos nestes espazos responden a unha escasa cohesión social[50]. Para este segundo tipo, mantéñense en boa medida os problemas relacionados co feito de chegar a coñecer se foron anotados como bens particulares ou comúns nos rexistros, xa anotados no seu día noutros estudos[51].

Dito isto, para poder indagar sobre a forma ante a que nos atopamos, analizar a propia nomenclatura segundo a cal figuran nos rexistros pode ser suficiente en ocasións para decantarnos sen demasiado esforzo por unha destas dúas naturezas. Na parroquia de San Miguel de Figueroa, por exemplo, a expresión que figura ao final do reconto para recoller estas áreas é a de "Montes abiertos de todo el pueblo", referencia semellante á que podemos

[50] Balboa López, X. (1990), op. cit., pp. 56-66.
[51] Bouhier, A. (2001), op. cit., p. 789.

observar no couto de Gudín, inserto nas súas fronteiras, onde se pode ler "Montes comunes del pueblo". Estas alusións son baixo claramente inclusivas de tódolos habitantes do territorio e, polo tanto, un signo inequívoco de que estamos ante un caso de montes en man común. Esa concreción que nos permite detectar os distintos tipos de montes colectivos non é, por desgraza, a norma xeral, de feito que moitas veces a fórmula de nomenclatura non pasa dun simple "montes abiertos", o cal trunca as pretensións de realizar identificación algunha nesta materia por falta de detalle, xa que non sabemos se o cualificativo se aplica ao conxunto da comunidade ou soamente a uns poucos beneficiarios. Baixo esta problemática, os poucos montes abertos que conseguimos identificar quedan maioritariamente baixo o tipo dos veciñais, aínda que probablemente constitúan a maioría dos casos posibles, conseguindo atopar apenas un caso de montes de varas ou voces na parroquia de Santa Mariña de Rois sobre o que volveremos máis adiante noutro capítulo polo interese que esperta. Pese a que tratemos de establecer unha serie de regras en canto ao que nos atopamos nos rexistros de forma maioritaria e que poida parecer que esteamos tratando de xeneralizar, o certo é que os casos atopados son moi escasos como para afirmar nada dun xeito firme. Non obstante cabe destacar que estamos en numerosas ocasións ante unha observación moi individualizada que nos leva a ter que ver cada monte recollido como de xestión colectiva dunha forma particular, caso por caso, ou corremos o risco de incorrer en erros de xeneralización.

Outra das dificultades que afecta ao estudo dos montes veciñais procede do tratamento que se lle dá a determinadas parcelas, concretamente ás que contan cunha ampla extensión, de modo que, por regra xeral, rexístrase un número de fincas moito menor que o que figura no catastro de Ensenada. O problema xa quedaba patente noutros usos como o das terras de labor, onde o feito de que existiran varias fincas nun mesmo lugar explotadas por un mesmo campesiño era motivo moitas veces para agrupalas, dando a súa extensión total sen contemplar a súa división interna. No caso dos montes veciñais esta cuestión acada o seu máximo expoñente. Na parroquia de Santa María de Sarandós unha única partida de monte das soamente tres que hai anotadas para ese territorio ocupa unha extensión de 174 Ha, pero este dista de ser o único exemplo que salientar a este respecto, de maneira que podemos converter esta forma de rexistro nunha tendencia practicamente xeral. Lembremos o caso dos montes de Santa Susana de Arcai atendendo á súa táboa de superficie (4.5), onde algo máis de 54 Ha de monte aberto se repartían nun total de oitenta e seis parcelas segundo os rexistros de Ensenada, mentres que nos recontos do XIX, figurando máis de 288 Ha do mesmo uso dita superficie se concentra en soamente oito fincas. Tamén no couto de Gudín da freguesía de San Miguel de Figueroa, onde 181 Ha figuran rexistradas en só catro lotes. Estes son soamente algúns exemplos pero o certo é que a cuestión é algo consubstancial a tódalas parcelas desta natureza.

En estreita relación con este problema está a cuestión do redondeo, estimación ou aproximación das extensións de moitas delas. De novo, o uso dos montes abertos volve ser o máximo expoñente deste fenómeno, cos conseguintes problemas asociados de cara á ocultación absoluta que veremos no capítulo de conflitividade. O fenómeno obsérvase á perfección cando se vota unha ollada nos rexistros ás supostas partidas nas que estes espazos se reparten, onde claro está, figuran segundo a unidade tradicional do ferrado. As mesmas 174 Ha de Santa María de Sarandós son obtidas dunha área cuxa superficie anotada resultan ser 4000 ferrados exactos. Pola súa parte, as que figuran no exemplo de Figueroa que acabamos de citar (táboa 4.6) son obtidas a partir da conversión de lotes anotados cunha superficie de, por exemplo, 1100 ou 1000 ferrados, cifras demasiado perfectas para ser consideradas como correctas. A aproximación que representan podería mesmo terse realizado á alza, incorrendo en posibles problemas como os que xa se comentaron para esta mesma parroquia.

Nos inventarios da riqueza, os montes abertos figuran nun lugar especial, sempre ao final do reconto, ás veces xunto con outros bens inmobles da parroquia que poden ser de uso compartido, como o caso de muíños comunais ou xunto coa igrexa parroquial. En canto ás calidades, a tendencia a anotar estes montes entre as peores categorías acentúase ao máximo, ata o punto de que a porcentaxe de montes colectivos de categoría intermedia presenta unha parte moi pequena do total, por non dicir que os anotados na categoría superior son practicamente inexistentes. É certo que a regra anterior non é universal e que nos exemplos aquí expostos mesmo podemos ver documentados montes de primeira categoría en réxime de explotación colectiva en Santa Susana de Arcai ou na de San Mamede de Andoio, na mesma xurisdición (táboa 4.4). A cuestión é que estes casos son soamente un número reducido de parcelas entre tódalas parroquias que logramos atopar, así que a súa superficie é realmente pequena en relación co total dos montes desta natureza que temos localizado.

Por outra banda, cando falamos dos montes abertos, estamos en todo caso ante parcelas dun tamaño considerable onde facilmente podemos atopar unha única extensión de terra que é equiparable ou mesmo supera ao resto dos demais usos do solo sumados en conxunto. Isto fai que cando efectuemos certas comparativas os excluamos das contas, pois a súa presenza supoñería unha distorsión importante en certos cálculos, dando lugar, por exemplo, a unha extensión media das parcelas totalmente imaxinaria e demasiado elevada. Se nos montes privados xa había problemas moitas veces para identificar as árbores que puideran estar presentes, nos montes abertos resulta un esforzo inútil tratar de atopar información ao respecto, a lo menos nos casos que foron atopados nesta investigación. Diferenciar entres superficie arborada e monte baixo é imposible en non poucas ocasións á vista da fonte.

A historia dos montes de xestión colectiva nos rexistros impulsados por Garay é polo tanto un produto directo da suma de tódolos seus caracteres, traducidos en diversos inconvenientes para a aplicación da contribución xeral tal e como estaba concibida. Por unha banda a escasa valoración das terras e produtos do monte nalgunhas ocasións, por outra, o feito de que as calidades nas que se anotan estas parcelas figuraran sempre entre as peores como acabamos de apuntar, o que se traduce por riba nun rendemento aínda máis escaso dos produtos. Non é raro ver como, en termos de valoración de mercado, unha parcela de monte deste tipo recibe unha taxación dos seus produtos dun só real por cada ferrado de extensión, o que dá lugar a que unhas poucas parcelas de terras de labor dunha calidade elevada rendan, economicamente falando, un valor moi superior a unha superficie de monte veciñal de moitas hectáreas. Se ademais incluímos na ecuación as conseguintes dificultades para indagar o grao de participación de cada explotación sobre os seus recursos, teremos probablemente os principais caracteres responsables de moitos dos problemas asociados ao reconto deste tipo de espazos. O que no fondo demostra este limitado nivel de detalle é unha falta de preocupación que aparece como consecuencia da combinación de todos eses caracteres que definen aos propios montes colectivos.

Se ata o de agora separamos a exposición en dous camiños co obxectivo de observar os aspectos diferenciais de montes privados e colectivos, as cuestións que figuran a continuación son comúns tanto para uns como para outros. É dicir, que ademais das xa indicadas, con independencia do tipo de parcela de monte na que nos movamos, estes espazos presentan nos rexistros que empregamos outras complicacións diversas comúns a ámbalas dúas vertentes. A primeira delas xa pode ser deducida pola descrición que levamos feita ata o de agora dos dous tipos de parcelas e radica basicamente na dificultade para diferenciar o tipo de paisaxe ante a que nos atopamos debido a que as árbores presentes nun lugar ou o seu número non sempre aparecen anotadas. Cando se manifestaba, este problema relativamente común afectaba, por regra xeral, a tódalas extensións arbóreas da parroquia e traducíase na ausencia de froiteiras

nas hortas ou en non contabilizar as cepas nas áreas de viñedo. Unha parcela deste último tipo, porén, non deixa de selo polo feito de que non saibamos cantas cepas medran nela, pero a ausencia dunha referencia a árbores cando estas si están presentes ten no monte unha implicación moito máis grave, pois o seu aspecto varía fondamente en función desta característica. Neste sentido, nunha parcela pode figurar en canto ao seu uso, por exemplo, "monte con pinos" e, pese a non indicarse o seu número exacto, seremos capaces de imaxinarnos a súa configuración a través desta información. O problema vólvese máis grave cando atopamos parroquias completamente baleiras, sen árbore algunha en todo o seu termo territorial, pois neste caso o monte aparece presentado coma un territorio totalmente indefinido onde non poderemos observar a diferenza, dende o punto de vista do rexistro, entre un ermo e unha área arborada.

Hai non obstante algunhas excepcións a este fenómeno, marcadas naquelas superficies arboradas que podemos definir como posuidoras dunha identidade propia. Referímonos ás devesas, carballeiras e especialmente aos soutos. Situamos aquí estas superficies en tanto en canto se trata de extensións de árbores de tamaño variable que por iso mesmo poden ser asimiladas, aínda que sexa soamente en termos de organización do noso discurso, como áreas de monte ou bosque, pois algúns dos seus usos son semellantes e coincidente en ocasións. Pese a que fagamos isto, no noso caso trátase unicamente dun criterio organizador, pois debe quedar ben claro que, tal e como acontecía no catastro de Ensenada, os apeos e cadernos do século XIX recoñecen unha diferenciación clara entre calquera destoutros espazos e o resto do monte, pois sempre figuran como usos distintos e en partidas separadas, con contas sempre individuais para cada un deles.

Estes espazos tamén se ben afectados polo problema da non anotación do número de árbores, pero ao darse o uso específico podemos imaxinar de tódolos xeitos a configuración da paisaxe nestes lugares, a diferenza do que sucedía co monte, se entendemos o souto como unha área cuxo uso principal é o crecemento de castiñeiros, e o mesmo coas carballeiras. Devesas e carballeiras son en moitas ocasións equiparadas en ámbalas dúas fontes pese a que se trate de termos que hoxe en día poidan diferenciarse claramente, por exemplo no tocante ao espesor da cuberta arbórea ou simplemente nas especies presentes en cada tipo de parcela. A de devesa é, con todo, unha denominación que en ocasións se asocia a un certo coidado e organización do espazo, especialmente cando se relaciona coa posesión rexia que detectamos nalgunhas parroquias. Nestes casos particulares, moi escasos por outra parte, non hai dende logo lugar ao engano ou á trampa, a lo menos inicialmente: os case 8000 m² dedicados a "dehesa de S.M." da parroquia de San Miguel de Figueroa a mediados do século XVIII repousan sobre terras da máxima calidade, pero décadas máis tarde non hai rastro desta propiedade, que desapareceu por completo nos rexistros do século XIX.

Pola súa parte, os soutos, como espazos que non soamente cumpren con aproveitamentos tradicionais de monte como o da leña, presentan ademais un uso fundamental de cara á dieta campesiña pola súa produción de castañas. Esta mídese sempre en ferrados deste froito e a súa presenza nos rexistros tamén experimenta certos altibaixos cando realizamos a comparación coa fonte ensenadina. Non hai unha regra específica sobre o seu grao de reflexo nos apeos e cadernos da riqueza que manexamos, pois a variabilidade no seu rexistro parece ser a nota fundamental. Aínda que en termos de superficie poidamos observar aumentos nalgúns dos casos presentados, soutos e carballeiras sempre aparecen mellor recollidas nos rexistros de mediados do século XVIII, pois nos do XIX non é estraño que desaparezan por completo. Porén, nunca temos o caso contrario, aparecendo estes terreos nos cadernos da riqueza e sendo ignorados no catastro de Ensenada. O considerable número de parroquias que, nos territorios das provincias de Betanzos e Coruña, afirmaban ter soutos e que foi posto de

manifesto en estudos sobre a materia debe levarnos a desconfiar ao respecto, de modo que a única forma de análise posible ante isto que dicimos é a de ir caso por caso, parroquia por parroquia[52]. Tamén hai que ter en conta que o recoñecemento deste tipo de superficies se debe asociar, sen dúbida, á presenza dunha certa cantidade de árbores ou á ocupación dunha parte importante de terra, pois o souto é, por definición, un bosque de castiñeiros. Por isto mesmo, o feito de que non se recoñeza unha superficie de souto, non significa a ausencia de castiñeiros na parroquia, de forma que aínda que nalgúns lugares se recoñecen fincas moi pequenas con este uso, noutras simplemente se anota un número pequeno de castiñeiros no interior dunha parcela que pode ter calquera outro uso como principal. O mesmo se pode aplicar tamén aos carballos neste sentido, sendo esta unha cuestión que pode ter algunhas implicacións a ter en conta cando se analizan as superficies e os usos. Isto pode supoñernos un problema segundo o cal, a superficie de souto rexistrada pode ser en realidade inferior á real, xa que nunha parroquia pode haber un número importante de fincas que, tendo un número reducido de castiñeiros, figuren noutro uso diferente e sen que estas árbores se indiquen. Por este motivo, aínda que aparecen nas táboas dalgúns exemplos aquí expostos, estes usos particulares non figuran como diferenciados nos cadros 4.A e 4.B por falta de representatividade xeral e porque pensamos precisamente que o número de parcelas que se recoñecen tanto para soutos como para devesas ou carballeiras están claramente expresadas en números por debaixo da realidade. De ter realizado este exercicio para o caso dos soutos, o resultado sería que en termos medios teríamos contabilizado sobre todo parcelas grandes e intermedias, o que nos daría unha imaxe equivocada de como se distribúen sobre a terra. Isto é así porque as ignoradas serían precisamente as parcelas máis pequenas onde a miúdo vemos soamente un ou dous castiñeiros contabilizados dentro doutro uso distinto.

Estreitamente relacionado coa cuestión de identificala paisaxe, nas áreas de monte queda patente tamén a miúdo, á marxe dos espazos que acabamos de citar, unha dificultade importante para determinar o seu uso específico así como para medir os seus produtos. Un problema que deriva precisamente da falta de concreción á hora de reflectir a propia forma destas parcelas e que poñiamos de manifesto nos parágrafos anteriores. Falamos simplemente da produción derivada do seu uso principal, polo que non nos referimos en ningún caso a posibles actividades secundarias, pese á importancia que poidan ter para as explotacións familiares. Nesta liña, para o caso das actividades cinexéticas, por exemplo, debemos renunciar por completo á súa identificación pola vía desta fonte. A súa nula presenza en calquera tipo dos rexistros atopados era froito dunha clara neglixencia por parte de contribuíntes e rexistradores, pois hai que salientar que pola parte da Facenda existía, cando menos, a vontade de rexistralas. Outra cousa moi distinta era, dende logo, a realidade, pero o certo é que no modelo 2 das partes alícuotas ao que xa remitimos tantas outras veces, o apartado de gandería incluía un desconto da sexta parte do valor bruto "de los productos de la caza", o cal podemos tomar como mostra inequívoca das intencións de recoller e gravar este tipo de servizos. Porén, está claro que a práctica imposibilidade para realizar sobre eles un seguimento real explica que este mandado non fora levado a termo.

Determinar ese produto principal a miúdo xa reviste unha certa complicación, porque ás veces na súa sección correspondente figura unha simple anotación que soamente indica "a monte" trala declaración dun uso no que tamén se indica a mesma realidade. É dicir, que non é raro que a fonte nos presente a información de forma redundante, estando ante parcelas "de monte" que producen "a monte". Polo tanto, como moitas veces non sabemos se estamos ante unha parcela de monte baixo ou pola contra arborada, tampouco podemos saber os produtos

[52] Bouhier, A. (2001), op. cit., p. 590.

aos que se refiren exactamente anotacións coma esa, pois neste sentido, unha parcela de monte baixo pode producir toxo, por exemplo, mentres que outra con árbores pode ser empregada maiormente para a obtención de leña. Temos que traballar coa realidade de que certas expresión poden significar polo tanto produtos diferentes en función do tipo de parcela na que nos atopemos. Outras veces, porén, temos a sorte de que se produza a situación oposta, de maneira que é a identificación do produto a que nos ofrece a posibilidade de coñecer o uso específico dunha determinada parcela, o cal nos permite á súa vez recoñecer o seu aspecto e reconstruír a paisaxe con maior detalle. O nivel de precisión nos produtos é de feito a principal vía que temos para poder levar a cabo este proceso e conseguir recoñecer exactamente a forma de monte ante a cal nos atopamos.

Toxo e leña son sempre os principais, pero tampouco debemos entendelos como exclusivos nin excluíntes, pois de feito a combinación de produtos sería probablemente o máis frecuente aínda que a fonte non nos proporcione máis que o que resulta ser o principal. Segundo a parroquia na que nos atopemos, os produtos do monte poden aparecer rexistrados cun maior ou menor grao de detalle, e esta é de feito a norma xeral como acontecía noutros usos, o cal nos obriga de novo a recorrer a unha análise caso por caso como a mellor forma de coñecer os produtos do monte a través dos cadernos da riqueza. En Santiago de Castelo (Culleredo) por exemplo, chama a atención que naquelas parcelas arboradas cuxo uso principal non é a obtención de madeira, chegan incluso a contabilizarse aproveitamentos como "un carro de ramas cada tres años", período que pode reducirse a dous se a finca se sitúa nunha terra de mellor calidade. Outro exemplo pode ser o feito de que en contadas ocasións atopamos a anotación, na sección de produtos, dunha parcela concreta de monte na que hai referencias explícitas ao toxo, o que pode ser un indicativo do seu cultivo, e xa non soamente da súa recollida para aproveitamentos diversos que incluirían a cama do gando e futuro abono ou mesmo alimentación para a cabana cando se atopaba nun estado tenro de crecemento e maduración.

En canto a como se miden eses produtos, aínda no caso de que figuren, tampouco se segue sempre unha fórmula idéntica, de xeito que esta presenta unha certa variedade. Algunhas veces a unidade de medida é o carro, que nalgunhas parroquias tamén aparece referido como carro do país e ao cal se lle atribúe unha capacidade xeral de vinte e cinco arrobas do produto que corresponda. Esta forma de medida emprégase principalmente para tres produtos como son a leña, outros subprodutos obtidos de árbores con outros usos non madeireiros como os castiñeiros, fundamentalmente as pólas que xa citamos, e en terceiro lugar o toxo. Este derradeiro entendido a miúdo tamén dende un punto de vista amplo, englobando de forma xenérica outros restos vexetais de diversas especies para formar o estrume, louza, ou calquera outra nomenclatura equivalente que se lle poida dar segundo o lugar no que nos atopemos. Non en van, a referencia concreta ao produto é realizada moitas veces conxunta ao "tojo y esquilmo". A referencia a estas medidas en relación a certos produtos tamén nos permite coñecer o tipo de parcela de monte que temos diante nun determinado rexistro pero, igual que acontecía con outros usos do solo como as hortas, tamén existe a tendencia, bastante común, a valorar a produción simplemente nunha cantidade determinada de diñeiro, co cal perdemos boa parte do posible detalle sobre produtos. Se sumamos isto aos posibles problemas atopados nas outras sección de datos, se estamos ante unha finca cuxo uso é monte, cunha produción valorada en certa cantidade de reais, decatarémonos realmente da pouca información da que dispoñemos: non sabemos nada sobre a forma dese monte e, polo tanto, tampouco podemos deducir a súa produción.

En resumidas contas, o monte presente nas fincas dos rexistros que manexamos é certamente unha realidade complexa pola variedade de casos que pode representar e pola

diversidade de modos nos que a información se pode reflectir. Neste sentido, os distintos rexistros poden deixar constancia dunha parcela cuxa configuración auténtica é difícil de coñecer, o mesmo que os seus produtos, o que no fondo non é máis que unha mostra das múltiples posibilidades e aproveitamentos que se obtiñan destes espazos. Realizar unha valoración correcta de todo isto non sería dende logo posible cos medios dispoñibles que a administración tería ao seu alcance nestes intres, menos aínda coas urxentes necesidades económicas que afectaban á Facenda. Por sorte, como dicimos, se ben é certo que o extremo oposto do rexistro perfectamente elaborado tampouco é habitual, estes problemas de lagoas pódense ir solucionando coa diversa información que podemos obter do conxunto de tódalas seccións que fomos comentando, aspecto que a grandes trazos nos permite ir reconstruíndo a paisaxe do monte dunha determinada zona.

Seguindo coa cuestión dos produtos do monte, temos que gardar necesariamente un espazo destacado para referirnos aos froitos obtidos pola vía do cultivo mediante a práctica das estivadas, nas que nos deteremos momentaneamente para analizalas máis detidamente. As rozas ou searas, como tamén se lles coñece, entre outros termos, supoñen xa en si mesmas un uso diferencial aos aproveitamentos xerais do monte como fonte de recursos, posto que realmente se trata dunha práctica que en esencia consiste en queimar ese monte de xeito controlado, transformando o seu uso para posibilitar a sementeira de determinadas especies vexetais. Ademais disto, lográbase tamén a renovación da cuberta de toxo, que mesmo se podía sementar ao mesmo tempo que cereais como o centeo[53]. Non se trata de obter produtos mediante labores de recolección, que nos recontos da riqueza aparecen simple e insuficientemente valorados. Neste caso, unha parcela do monte é illada co obxectivo de cambiar a súa natureza temporalmente, desaparecendo como tal o que houbera antes para dar paso a un espazo agrario novo, abonado gracias ao emprego do propio lume e das cinzas resultantes, que permite a obtención de novas colleitas complementarias. Temos que entender isto previamente para a continuación poder comprender aquilo que atoparemos na fonte que manexamos e, sobre todo, a forma en que esta nova terra de cultivo é interpretada no contexto destes inventarios de riqueza.

Unha cuestión fundamental pola cal debemos comezar pasa por remitirnos ás formas nas que as estivadas poden ser detectadas na documentación sobre o territorio dunha parroquia cando manexamos estes fondos, a saber, principalmente tres. Dúas delas poden deducirse a través dos inventarios de terras realizados individualmente para cada veciño, mentres que a restante consiste en referencias á propia organización temporal desta práctica situadas en distintos lugares do caderno da riqueza. No primeiro caso, normalmente entre a información correspondente aos cultivos sementados nas distintas fincas, podemos atopar unha clara referencia á existencia desta práctica, de tal modo que podemos ver reflectida a fórmula "a estivada" como denominación preferida para deixar constancia do fenómeno. Cando isto acontece, a parcela en cuestión aparece contabilizada baixo o uso de terras de labor e non como se estivésemos ante o que realmente temos ante nós, o uso dunha finca de monte para obter unha colleita complementaria. Con frecuencia, esa fórmula confórmase como o dato único da sección de produtos cultivados, así que non é raro que descoñezamos a especie de cereal concreta que se sementou. Podemos aventurarnos á súa dedución polo contexto do resto de terras da parroquia en cuestión, se temos en conta que, como apuntamos, certas calidades de terra tiñan asociados determinados cultivos cerealeiros concretos. Por outra banda, a degradación que supón a práctica da ocultación relativa poderíanos facer errar no razoamento ao crer, de modo incorrecto, que unha destas parcelas terá sementado centeo, por

[53] Bouhier, A. (1984), p. 12.

exemplo, soamente polo feito de que o rexistro indique terceira calidade, xa que realmente, nada nos asegura que non pertencera a unha categoría superior. Así, coñecer o cultivo cerealeiro destas parcelas concretas pode presentar un problema.

Derivado do que acabamos de apuntar atopámonos co detalle de que nos recontos, polo tanto, as parcelas dedicadas a estivada perden a súa denominación de monte e pasan a formar parte da categoría de superficie agraria cultivada dentro da explotación de cada veciño. Vemos como o que prima é o feito de obter unha colleita, en lugar de ver que detrás diso o que hai realmente é unha parcela de monte transformada para cumprir ese obxectivo. Esta cuestión introduce outro problema a considerar, que é precisamente a forma na que aparecen clasificadas, en canto ao seu uso, as parcelas de monte convertidas en terras de cultivo temporais, e como isto afecta ás nosas posibilidades de contabilizar, falando en termos de extensión, tanto as terras de cultivo como as de monte. De feito, as referencias á estivada por esta vía son tan escasas que debemos supoñer que moitas parcelas nas que se estaba a desenvolver esta práctica non se diferenciarían, a efectos de rexistro, das terras de labor habituais. Pero se temos isto en conta, realmente estarían a introducirse distorsións na extensión de cada uso, pois en realidade, nun rexistro parroquial figuraría unha certa cantidade de terras que sendo de monte, temporalmente convertidas, rematarían anotadas como destinadas a labor. Isto non é un problema porque a rotación de terras en réxime de estivada podería manterse en termos de extensión absoluta bastante estable no tempo, gracias ao rompemento de terras novas sucesivamente, pasando a rexenerarse as xa sementadas en colleitas anteriores. Hai que realizar a consideración pensando máis ben que por pequena que fose, existe unha porcentaxe de terras de labor que presenta unha orixe diferente, e que esa cantidade de terras en constante rotación é en realidade terreo de monte que rematou convertido nese outro uso agrícola.

Dentro dos inventarios das terras de cada veciño, a referencia ás estivadas pode aparecer doutra forma máis encuberta pero tamén bastante fácil de deducir, que é facendo referencia a cultivos obtidos directamente no monte. Como a referencia é tan clara e aparece recollida xunto as demais terras de cultivo que si figuran como tal, debemos supoñer que dun xeito inequívoco nos atopamos ante a práctica dunha roza. Un dos casos que citamos ao comezo do subapartado de rendementos deste capítulo incluía un exemplo deste tipo, e outro podería ser o que figura a continuación, na parroquia de Santa María de Ardaña, para un veciño que di obter os seguintes produtos das súas terras. Temos que destacar para a cuestión que o que nos interesa é loxicamente, a última mención, que fai alusión a estes cultivos de monte:


> "Sembré a trigo veinte ferrados que me produjeron noventa y seis ferrados. A mais sembré treinta ferrados, que me produjeron noventa ferrados. Abas entre el mais dos ferrados. A lino dos ferrados de linaza que me produjo una arroba. A patatas un ferrado de tierra que me produjo 12 arrobas. Trigo en el monte sembré tres ferrados que me produjeron treze ferrados[54]."

Unha alusión polo tanto directa e moi clara que tamén deixa constancia da práctica desta técnica, pero que soamente aparece, e non o fai sempre, nas información sobre produtos recollidos que son elaboradas polos propios campesiños. Unha fórmula que como xa apuntamos, non resulta demasiado común.

Á marxe destas, existe unha derradeira forma mediante a cal se fai referencia ás estivadas nesta fonte. Nalgúns dos rexistros da riqueza de certas parroquias podemos atopar alusións directas ás estivadas e a algúns dos seus detalles básicos de funcionamento, especialmente o

[54] AMC, c. 3973, a. 7, p. 3.

tempo que deberá pasar entre que unha parcela de monte sexa posta en cultivo dúas veces, expresado en anos. A fotografía 6 amosa un detalle dunha táboa de valoracións de produtos. Esta táboa figura ao comezo do inventario da parroquia, na primeira páxina e xusto baixo a súa cabeceira, antes de que comece o reconto por veciños. A información presente non alude a veciños en concreto ou ao desenvolvemento da práctica en parcelas específicas, pero podemos deducir que a súa presenza na parroquia é real, ou en caso contrario, como resulta lóxico, o rexistrador non se tería molestado en copiar os detalles sobre o funcionamento das estivadas. Vemos como, con independencia de estar fronte a montes abertos ou pechados, os períodos de descanso da terra en función das súas calidades quedan fixados "cada 20 años los de 1ª, 30 años los de 2ª y 40 años los de 3ª". En canto a esta forma de representar a estivada, resulta moi reveladora para poñer de manifesto a enorme variabilidade que pode existir en canto a esta práctica en territorios moi próximos que mesmo chegan a ser veciños. Se a imaxe se corresponde co territorio do couto de Gudín, vexamos por exemplo o que acontece na parroquia de San Miguel de Figueroa, onde se sitúa o dito couto. Mentres que para o caso dos montes abertos se contemplan as mesmas regras, o caso dos pechados é bastante diferente en canto a intensidade, xa que se estipula "estibada los de primera, cada 10 años, los de segunda cada 15 y los de tercera a 20[55]". Noutra parroquia limítrofe con estes territorios, Santa María de Sarandós, ponse tamén un límite de extensión para a práctica mentres que se contempla un único ritmo para poñela en marcha, xa que se afirma que "de todos estos montes solo de 40 en 40 años se podrán romper 300 ferrs[56]". Temos aquí polo tanto tres regras diferentes pese á súa semellanza nunha mesma práctica, en tres unidades territoriais que como xa indicamos chegan a compartir os seus lindeiros.



Fotografía 6: táboa de valoración de produtos do couto de Gudín da parroquia de San Miguel de Figueroa (detalle)(Abegondo, 1819). Dá conta da práctica da estivada e dos tempos de descanso da terra segundo as calidades da mesma, fixados en vinte, trinta e corenta anos respectivamente. Xa sexan montes abertos ou pechados, os tempos de ámbolos dous, coinciden. Aparecen tamén os datos dos produtos dos montes, expresados en carros de leña, pero incompletos, sen dato numérico concreto. (24/10/1819. AMB, c. 1684, l. 1, a. 4, p. 1).

Este tipo de informacións tamén nos axuda a coñecer algúns detalles sobre a evolución desta práctica co paso do tempo. Por exemplo, atendendo aos datos da freguesía de Figueroa e o couto de Gudín, a práctica da roza debeuse intensificar, especialmente en terreos comunitarios, co paso dos anos, pois na pregunta 4 das respostas xerais de Ensenada para este mesmo territorio, os tempos son lixeiramente diferentes nos dous tipos de montes. Para os montes pechados, segundo a calidade fora de primeira, segunda ou terceira, a posta en cultivo de terras de monte realizábase cada dezaseis, vinte e trinta anos respectivamente. No caso dos montes comúns, eses tempos eran no seu lugar de trinta, corenta e cincuenta anos[57]. É dicir,

[55] AMB, c. 1684, l. 1, a. 1, p. 1.
[56] AMB, c. 1686, a. 3, p. 33.
[57] Respostas Xerais da parroquia de San Miguel de Figueroa. Consulta online.

mentres que os tempos das estivadas nos montes pechados parecen relaxarse un pouco no couto (non así no caso de Figueroa como acabamos de ver no parágrafo anterior, onde se reduce o intervalo), no seu lugar, o monte comunitario descansa dez anos menos en tódalas categorías en ambas unidades territoriais, o cal pode ser entendido quizais como unha consecuencia directa dun aumento da presión sobre a terra e ao mesmo tempo como un incremento da produción cerealeira con orixe no monte, a lo menos nestes territorios en particular. Por outra banda e tamén para estoutro tipo de monte, hai que comentar que tampouco hai forma de coñecer, porén, o destino destas parcelas comunitarias que remataron a estivada producindo outras colleitas adicionais. Non se poden diferenciar os seus beneficiarios porque, do mesmo xeito que acontecía coas parcelas de monte privado transformadas ao mesmo uso, a fonte tende a facer unha amálgama con tódalas fincas de cada explotador, sen pararse a diferenciar a súa orixe exacta, se son terras de secaño tradicionalmente, ou se pola contra se trata de áreas de cultivo temporal froito da conversión de zonas de monte.

Ámbalas dúas formas de recoller os inventarios a práctica da estivada presentan as súas vantaxes sobre a outra, así como unha serie de inconvenientes. Por regra xeral, a referencia a que unha parcela concreta se atope a estivada proporciónanos o resto de datos básicos existentes no rexistro sobre a dita parcela. Podemos observar o seu tamaño fundamentalmente, pero tamén o lugar onde se sitúa dentro da parroquia ou calquera outro dato singular que figure entre as anotacións, podendo variar estas entre parroquias de xeito moi habitual. Porén, aínda que pode aparecer o réxime de cultivo e o de descanso, neste primeiro caso non é frecuente que aparezan os datos relativos a esta característica. Así, estes datos sobre tempos son máis propios da outra forma na que as estivadas poden aparecer reflectidas na fonte, as da derradeira imaxe á que aludimos. A cuestión é que neste segundo caso, ao non facerse referencia a parcelas particulares, este é o único dato dispoñible, o dos tempos de repouso da terra. Dende este punto de vista, o que este dato nos ofrece é principalmente a constatación da existencia desta práctica agraria na parroquia na que atopemos a referencia dunha forma global, sen poder valorar, porén, nada máis ao respecto, nin a súa importancia relativa nin o seu alcance.

Outra cuestión importante relacionada coa estivada nesta fonte extráese do tratamento que o rexistro lle confire a este tipo de parcelas. En primeiro lugar hai que volver lembrar de novo a cuestión básica de que a contribución xeral era un imposto que perseguía gravar os produtos individuais de cada veciño. A estivada como práctica agraria entendida como a transformación do monte en terreo de cultivo non presenta serias implicacións a este respecto cando o monte é explotado por un veciño en concreto, é dicir, cando ese monte é unha propiedade privada súa. Dacordo co funcionamento dos recontos, á parcela de monte transformada correspondíalle un rendemento determinado segundo a súa calidade e ao seu produto unha valoración en función do prezo que tivera asignado. Os cambios particulares comezan cando esa estivada se produce, non nunha parcela privada, senón nunha xestionada polo conxunto dunha comunidade, é dicir, nun monte veciñal. Xa tivemos ocasión de comprobar o difícil que resultaría aplicar os principios básicos dos beneficios individuais dunha parcela sobre unha área de monte explotada en común polos veciños, pero no caso de ter lugar unha estivada podería darse lugar, dende a óptica dos seus rexistros, a unha situación moi particular que paga a pena deterse a analizar. Neste caso, a estivada pode representar unha individualización dunha parcela do monte en relación ao total do monte comunal sobre o que esta práctica se desenvolve. Aínda que o resto do monte comunal sega sendo igualmente administrado, esta parcela separada pasaría a ser explotada por un veciño soamente, de modo que a efectos da fonte fiscal que manexamos, a estivada marca agora unha grande diferenza.

Os froitos dunha parte dun terreo comunal foron parar a un só veciño, así que agora poden contabilizarse os seus produtos como beneficio dese individuo concreto que explote a nova parcela. O problema de medir os beneficios individuais queda resolto a lo menos para ese fragmento de terra individualizado, pois aos ollos dos inventarios da riqueza agora non hai dúbida de que existe un beneficio individual claro con independencia do tipo de xestión que dera lugar á aparición desa dita parcela. Ao pasar isto pode haber confusión nos rexistros, de forma que un fragmento de terra comunal individualizado ben pode ser rexistrado entre as parcelas do veciño que o explota, posto que a fonte organízase en función do destinatario dos produtos e apenas recoñece a propiedade comunal. Igual que as parcelas arrendadas aparecen no inventario de quen posúe o seu dominio útil, o mesmo pode acontecer con parcelas comunais a estivada explotadas por un so veciño. Polo tanto e se temos isto en conta, sen referencias ao réxime de propiedade, non podemos saber se estamos ante unha parcela privada ou ante unha individualización temporal do monte comunal a favor dun veciño.

Realizados tódolos apuntamentos en canto ás formas nas cales a práctica das estivadas pode aparecer reflectida na fonte, podemos apuntar algunhas cuestións esenciais en canto ao seu alcance e grao de posta en uso. A súa importancia dedúcese facilmente polas referencias que realizaban os propios autores contemporáneos, deténdose a explicar o seu funcionamento ou apuntando incluso a importantes implicacións relacionadas coa división do traballo por xénero e por idades [58]. Na nosa fonte, polo xeral, debemos recoñecer que debido principalmente á cuestión de que estas parcelas deben ser reducidas e equiparadas nos inventarios, seguramente, ao resto de terras de cultivo normais, chegar a medir o alcance desta forma de cultivo resulta practicamente imposible. Porén, debemos ter en conta certas cuestións que nos permiten ver, a lo menos en termos relativos, a grande importancia á que acabamos de facer alusión. Para comezar, temos que pensar nas referencias que atopamos en canto á temporalidade da posta en cultivo deste tipo de terras, pois o feito de que figuren, moitas veces incluso nas primeiras páxinas dos inventarios de terras, pode ser tomado como un indicativo da súa transcendencia real. A práctica realízase pero o que sucede é que non queda reflectida como debería nos rexistros debido a que, como acontece con tantos outros aspectos da realidade agraria, a efectos da contribución non resulta esencial o seu recoñecemento. Neste caso, resulta indiferente a natureza da parcela e que apareza como resultado dunha estivada, pois o único que importa é deixar constancia de que se obtivo unha certa cantidade de produto, valorado ao prezo que corresponda e que en consecuencia dita produción aparece contemplada entre a riqueza do seu beneficiario.

Dito isto, se intentásemos realizar unha aproximación, por simple que fose, da cantidade de cereais que poden ser producidos mediante a práctica da estivada, as testemuñas dispoñibles serían certamente escasas como para permitirnos aventurar sequera un cálculo aproximado. Temos, porén, un único exemplo que nos permite botar algo de luz sobre esta cuestión, e que citamos precisamente polo grande interese que constitúe. En Santa Susana de Arcai localizamos o modelo 3 de resumo da riqueza do pobo no que, entre outras cousas, figura un compendio dos produtos obtidos nas súas terras, quedando a colleita como segue:

> "Productos: Se recogen por cosecha los siguientes:
> 606 ferrados de trigo valorados en 7878 rr, 315 de centeno valorados en 2520 rr, 928 de maíz a 7424 rr, 25 de avena que valen 100 rr, 16 ferrados de habas mezcladas a 160 rr, 225 rr en hortaliza, 96 ferrados de patatas valorados en 144 rr, 633 arrbs de hierba verde a 298 rr y 54,5 rr de pasto.

[58] Larruga, E. (1787-1800), op. cit., vol. XLII, pp. 123-129.

> Tojo y esquilmo: 768 carros de 25 arrbs valorados en 2304 rr y 37,5 arrobs de lino valoradas en 468,5 rr. Total de valor de los productos: 21576 rr[59].”

No mesmo resumo, nunha anotación á marxe que non tiña por que estar presente, pois nada obrigaba a elo, o rexistrador correspondente anotou, para a nosa sorte, a produción de cereais obtida na superficie correspondente ao monte. Isto é, efectivamente, o produto obtido mediante a práctica das rozas. A anotación é moi importante porque se traduce na única referencia clara que temos, en tódolos apeos e cadernos atopados, á produción pola vía das searas nunha parroquia. A nota establece que, da produción cerealeira recollida na cita anterior, un total de vinte e cinco ferrados de avea e noventa de trigo foron producidos “en el monte”, o cal supón o total da colleita do primeiro cereal e case un sexto do segundo. En termos de riqueza, dunha colleita de cereais valorada segundo os propios datos do resumo en 17.922 reais, 1.270 correspóndense aos cultivados no monte, o cal significa algo máis dun 7% desa cantidade. A cifra, pese a ser baixa, explícase polo menor prezo atribuído a un cereal como é a avea, que ronda aproximadamente un valor equivalente a entre un terzo e a metade doutros cereais moito máis comúns, especialmente en comparación co trigo, pero tamén o millo ou mesmo o centeo. Por outra banda, a presenza de trigo tamén nos dá algunha pista sobre o tipo de terras que poderían ser destinadas para a obtención destas colleitas. Tendo en conta detalles como o de que o trigo moi rara vez aparecía sementado en terras da peor das calidades, podemos chegar a supoñer que os aproximadamente noventa ferrados que se recolleron deste cereal nesas zonas estarían cultivados, como pouco, en terras de monte de calidade intermedia.

Deixando de lado as estivadas e con elas a sección dos produtos obtidos nas parcelas de monte, á vista de tódalas particularidades apuntadas en canto a estas fincas nos apeos e cadernos da riqueza, da súa configuración e produciónS, cómpre pechar a sección apuntando algunhas consideracións sobre as modificacións que observamos nestas superficies ao realizar o exercicio comparativo entre os rexistros dos séculos XVIII e XIX. Cando observamos un aumento da superficie catastrada, o monte é sen lugar a dúbidas o uso de tódolos contemplados dentro da paisaxe agraria que responde máis claramente a unha mellora nos recontos. Por simple sentido común, resulta imposible que a superficie de monte se incremente, en ocasións, en varios centos de hectáreas no tempo que transcorre entre a elaboración do catastro de Ensenada e os cadernos da riqueza de finais da segunda década do século XIX. Evidentemente, ese monte xa estaba aí cando se tratou de catastrar a mediados do século XVIII, pero rematou sendo ignorado e quedou fóra dos recontos, probablemente porque moitos dos problemas que apuntamos para os rexistros da contribución xeral que manexamos xa estaban presentes máis de sesenta anos atrás. Debe quedar ben claro polo tanto que sobre a variación da superficie de monte en xeral, pouco se pode dicir en termos de cambios brutos na extensión deste uso, pois insistimos, o aumento responde esencialmente a melloras e a maiores niveis de detalle nos rexistros, e isto é algo que queda patente en boa parte dos exemplos aquí expostos, nos cales sucede precisamente iso. Como tal, o monte non aumenta nin diminúe a súa superficie per se, senón que é sobre el o modo no que outros usos poden medrar, a partir, loxicamente, do rompemento e transformación de terras ocupadas previamente por espazos de monte. Nesta liña, podemos razoar que, se como levamos dito ata o de agora, atopamos indicios do aumento da superficie cultivada de terras de labor, ademais de hortas e prados nalgúns casos, a superficie de monte unicamente puido ir a menos no lapso de tempo que separa as dúas fontes que comparamos, por máis que algúns exemplos nos remitan a un rexistro de maior cantidade de terras de montes. Aínda que resulte polo tanto nun

[59] AMC, c. 3973, a. 4, p. 18.

paradoxo, o monte experimenta variacións superficiais enfrontadas en función do que observemos, pero os comportamentos non son contraditorios porque en realidade responden a aspectos diferentes que simplemente hai que saber interpretar. Sobre o papel, as melloras nos recontos fan aumentar a superficie de monte, pero na realidade, se damos por certos os aumentos comentados noutras superficies, o certo é que a súa extensión soamente se puido ver reducida xa que eses outros incrementos terían lugar á súa costa.

Decatarse disto é moi sinxelo se efectuamos unha simple valoración da extensión de monte e a súa relación co resto de usos do solo presentes en cada parroquia concreta, pois como ben sabemos, o monte debe presentar un certo equilibrio con eses outros usos, un aspecto esencial que xa foi medido noutras ocasións por diversos autores[60]. Comentarios como o de Kondo, que afirma unha escaseza de solo practicable dende o punto de vista agrícola, de maneira que a extensión das terras de labor quedou restrinxida en Galicia a un 15% da superficie da rexión, ignoran o auténtico papel do monte e a súa importancia[61]. Falando neste sentido, dáse a entender que toda a vertente produtiva do sistema agrícola recae sen máis nas terras de labor, o cal contribúe a que o monte sexa desvinculado, en parte, do mesmo. A superficie de monte en varias das parroquias que aquí presentamos como exemplo resultaba simplemente insuficiente para a sustentabilidade do sistema agrario, pois o equilibrio necesario entre estas áreas e as terras de labor non se cumpría. Por isto mesmo non sorprenden os incrementos, ás veces espectaculares, da súa superficie catastrada anos máis tarde. En último lugar, cabe destacar tamén a existencia de rexistros como os da xurisdición de Rus onde a superficie de monte decae, de xeito que en termos globais temos unha extensión menor de terra rexistrada. Nestes casos tamén hai que decatarse de que pese a isto, a preponderancia do monte oculta unha mellora no grao de efectividade catastral nalgúns dos demais usos do agro, encubertos pola suma total da extensión recollida. De aí que por cousas coma esta decidísemos organizar a análise dos usos por separado, ou algúns destes detalles poderían ter sido pasados por alto. Pode suceder, de feito, xusto o caso contrario, a situación onde un aumento importante da superficie de monte agocha un retroceso na calidade dos rexistros. Tal pode selo caso da parroquia de Sarandós (táboa 4.7), onde unha mellor labor de documentación dos comunais e especialmente das parcelas privadas de monte oculta un empobrecemento dos apeos de terra de secaño, horta ou superficie pratense en termos globais, tal e como vimos comentando nos apartados que previamente foron descritos.

Hai que considerar aínda así algúns exemplos particulares que se comportan de forma distinta, como é o caso das variacións de superficie arborada de carballeiras e soutos, que presenta a miúdo unha evolución diferenciada dos espazos entendidos estritamente como monte. De feito, non é raro, como xa se apuntou e se pode observar nalgunhas das táboas comparativas de usos do solo que unha destas superficies, cando non as dúas, sexan ignoradas e pasadas por alto por completo, o cal debemos atribuír, loxicamente, a un erro por omisións ou a unha ausencia de detalle máis que á desaparición efectiva de ditos espazos arborados. Dado que os soutos presentan un comportamento diferente, menos preciso en termos xerais, no tocante á súa anotación nos rexistros dos tempos de Garay, a análise da variación da súa superficie debe ser abordada parroquia por parroquia, buscando exemplos onde estean presentes nas dúas fontes que comparamos. Como o número de casos dispoñibles é reducido, e enriba disto, os soutos non están presentes nalgúns dos apeos e cadernos da riqueza, resulta imposible tratar de establecer neste caso unha pauta de comportamento xeral. Por outra banda, estamos convencidos de que a súa presenza debería ter sido mellor documentada, pois

[60] Balboa López, X. (1990), op.cit, pp. 32-34; Artiaga Rego, A. e Balboa López, X. (1992), p. 2; Fernández Prieto, L. e Soto, D. (2010), op. cit., p. 245.
[61] Yoshiyuki kondo, A. (1990), p. 34.

algunhas das freguesías que aquí se presentan como exemplo inclúen referencias ás castañas entre as súas rendas aínda nos casos nos que neses territorios non hai recoñecido un espazo de souto. O motivo desa falta de representación pode ser simplemente, como xa indicamos, o froito dunha conxunción de factores entres os que cabería destacar a súa dispersión e as formas de disposición que poden presentar sobre o territorio os castiñeiros, en ocasións caótica e azarosa, ou o feito de que nalgunhas parroquias quizais non haxa un espazo unificado o suficientemente grande como para ser denominado souto, entendido este como bosque de castiñeiros e polo tanto dunha certa entidade en canto a tamaño. No seu lugar poderíamos ter simplemente pequenas concentracións dunhas poucas árbores que, aínda que ás veces se recollan nos rexistros, tamén poderían estar influídas polo problema da non inscrición e reconto que nalgúns lugares tanto lles afectaba. Unha proba máis da dificultade que supón analizar a extensión deste tipo de especies arbóreas pese ao grande interese que indubidablemente espertan.

4.3.5. O viñedo

Neste cultivo existen en ámbalas dúas fontes algunhas consideracións importantes sobre as unidades de medición orixinais que quedan ocultas pola conversión que se realiza nas táboas e que merecen de tódolos xeitos algún comentario, pois afectan tanto á ocupación do terreo como á cuantificación do produto. En canto ao primeiro punto, a extensión deste uso en concreto mídese, nalgúns casos e sobre todo na fonte do catastro de Ensenada, en xornais de viña, o cal nos esixe a realización dunha conversión adicional de magnitudes para poder ofrecer unha equivalencia da superficie ocupada por este uso con respecto aos cadernos da riqueza, onde a unidade empregada segue a ser en todo caso o mesmo ferrado. Nas respostas xerais da parroquia de San Miguel de Figueroa, dise que a devandita medida "tiene diez y siete varas y dos tercias en cuadro, y llena medio ferrado de centeno en sembradura", espazo que equivale a 217,92 m² e polo tanto a medio ferrado case exactamente do tipo de 625 varas cadradas que vimos manexando maioritariamente[62]. As cifras que corresponden ao terreo ocupado polo uso vinícola que ofrecemos están convertidas de tódolos xeitos, como xa indicamos, ás mesmas unidades que os demais. Os datos dos cadros 4.A e 4.B teñen polo tanto neste punto unha consideración adicional, pois se ben é certo que en moitos inventarios os datos de extensión deste cultivo están dados en ferrados ou anotándose neles mesmos a conversión de xornais a esta unidade, nalgunhas parroquias fomos nós os que efectuamos a dita conversión. O proceso non é complexo en absoluto pois soamente hai que dividir entre dous a cantidade de xornais que se nos ofrece para ter o equivalente da superficie da parcela en ferrados. Non obstante, é importante puntualizar que na clasificación da extensión destas parcelas hai un pequeno compoñente de artificialidade introducido da nosa man para poder sistematizar, clasificar e representar os datos dunha forma máis sinxela e sobre todo, uniforme.

En canto á segunda variación en termos de medición, é dicir, a que afecta á cuantificación froito obtido, a unidade máis frecuente é a arroba do produto final. É dicir, que no caso particular dos terreos dedicados á obtención de viño existe unha diferenza esencial co resto dos cultivos presentes no espazo agrario, que non é outra que a expresión no apartado de produto, do xénero final e xa elaborado, neste caso, o viño. Así, a produción expresada en arrobas recolle, para este tipo de fincas, o resultado xa procesado no seu estadio final, e non o froito bruto, que sería a uva, a diferenza do que ocorre con outros cultivos. O feito de que a

[62] Respostas Xerais da parroquia de San Miguel de Figueroa. Consulta online.

uva teña como principal destino a produción desta bebida alcohólica leva quizais a pensar que esta decisión presenta unha certa lóxica, e efectivamente, podemos recoñecer que tal é o caso.

Hai que indicar, ademais, que temos dúas realidades diferentes baixo o uso destinado á obtención de viño na fonte da época de Garay, que non sempre se diferencian en tódolos rexistros parroquiais pero que pese á súa similitude, presentan comportamentos perfectamente diferenciados. Falamos concretamente da vide e da parra. Pese a que o produto final remata sendo convertido a viño, os coidados e procedementos que require cada modo de produción determinan a existencia dunha serie de diferenzas bastante marcadas entre unha e outra en diversos aspectos. Mentres que as vides, ás que tamén se fai referencia como cepas redondas, se ocupan en parcelas individuais destinadas a tal uso, as parras poden cumprir o mesmo cometido e plantarse ordenadamente nunha finca, pero así mesmo, son moitos máis os exemplos dispoñibles que amosan un uso compartido e moito menos ordenado. Hai tamén algunhas diferenzas en canto a volume de produción destas parcelas, pois o daquelas que presentan parras no seu seo ofrecen, segundo a fonte, un rendemento maior en viño que os que están ocupados por vides. A produción das parras, porén, debido á forma na que moitas veces se nos presentan sobre o espazo agrario, reséntese moito máis que a das vides e non aparece en boa parte dos casos, como comprobaremos de seguido. Por último, en canto a termos de produción, parras e vides presentan tamén algúns aspectos diferenciais. Aínda que finalmente o viño remata sendo un produto valorado indistintamente cun único prezo en moitos casos con independencia de se foi obtido de uvas de parra ou de cepa, as autoridades encargadas de realizar os cálculos relativos á riqueza dos contribuíntes souberon recoñecer a diferenza entre ámbalas dúas, quedando esta reflectida nas diferentes partes alícuotas que se debían descontar en cada caso. Pois efectivamente, nestas tarifas ás que xa nos referimos con anterioridade, ao viño de parra seríalle efectuado un desconto da terceira parte, mentres que o de cepa quedaría rebaixado nunha cuarta. Unha excepción particular a esta regra do prezo único do viño témolo no modelo 1 da xunta de partido de Santiago, onde se establece unha diferenza entre o de Ulla, moito mellor valorado, e do resto do territorio da provincia[63].

Un dos datos máis interesantes sobre os espazos dedicados á produción de uva para viño é dende logo a información referente ao número de plantas presentes en cada finca concreta, o cal, porén, non sempre figura. Ás veces, xunto co produto simplemente se anota "parra" ou "viña", e xunto a este último un espazo en branco e o termo "cepas", onde sen lugar a dúbidas debía figurar o número das mesmas, que finalmente non se completou. A diferenza do que acontecía nos espazos de monte e dun xeito semellante á situación dos soutos, o problema aquí non se presenta como tan grave. Para empezar porque podemos reconstruír igualmente a paisaxe correspondente a este tipo de fincas xa que se trata dun uso moi específico, de modo que a este respecto, o feito de que teñamos ou non a cantidade de plantas non resulta significativo, en tanto en canto esta pode ser deducida con certa aproximación por un motivo bastante simple como son as condicións que require o plantío destas especies. Neste sentido, as plantas necesitan unha esixencia mínima en canto a termos de espazo para medrar e desenvolverse, así que aínda que se poidan colocar de xeito máis espazado, resultaría lóxica dende o punto de vista do explotador a idea de tratar de maximizar o aproveitamento dunha parcela cun número óptimo delas. Deixar más espazo entre cepas suporía para o explotador un desperdicio de solo útil. Ese condicionante parece transcender incluso á realidade das calidades que a fonte nos poida dar, sexan estas correctas ou non. Por suposto, isto último é o máis probable pero, tal e como dicimos, as necesidades de espazo mínimo garántennola posibilidade de realizar un cálculo razoable sobre o número de plantas por unidade de

[63] Xunta de partido de Santiago (1818), op. cit., p. 97.

superficie. As calidades da terra que figuran nos rexistros, polo tanto, non inflúen tanto na cantidade de vides presentes na finca como no rendemento que todas elas presentan en conxunto, o que ao mesmo tempo lle outorga un grao de confianza maior ao dato sobre o número de cepas que, novamente, o relativo á calidade da terra. As peores condicións das terras de menor calidade serían paliadas con maiores aportes de abono.

Así, pese a que o número de vides presentes nunha finca, cando aparece, se ofrece redondeado nunha cifra de varios centos, podemos supoñer que esa cantidade sería bastante aproximada á realidade, pois seguramente os propios agricultores de cada zona se guiarían por unha regra que relacionara as posibles vides a colocar nunha determinada parcela co espazo dispoñible na mesma. A partir disto pódese colixir que estes números, pese a ser redondeados e evidentemente aproximados, non responden a un cálculo medio aritmético deseñado pola xunta pertinente, senón que son en realidade o óptimo e, ao mesmo tempo probablemente, un límite para este uso da terra. Na parroquia de San Miguel de Figueroa, por exemplo, podemos deducir facilmente que as vides sementadas nas súas fincas, con independencia da calidade da terra, non superan o número das 600 por ferrado de superficie que, lembremos, neste territorio equivalía a unha extensión de case 437 m². Máis da metade das parcelas de viñedo nesta freguesía presentan lagoas e datos incompletos en canto ao número de vides existentes, pero a reconstrución desta información é bastante simple grazas a todo o que se apuntou previamente e que permite recoñecer unha regra de comportamento bastante evidente. Outros exemplos poden ser Santiago de Castelo, en Culleredo, onde o número de cepas se sitúa entre as 600 e as 625 por ferrado de superficie, ou San Pedro de Ledoño, tamén no mesmo concello, onde a cifra é a mesma e queda xa na máis elevada das dúas, establecendo por norma as 625 cepas por ferrado, correspondéndolle a cada vide un espazo dunha vara cadrada.

Non se trata por suposto dunha regra universal, pois hai excepcións claras a estas cifras, aínda que minoritarias. Nestes mesmos exemplos temos parcelas onde a cifra queda establecida ao redor de 500 cepas/ferrado, normalmente cando estamos ante terras das calidades máis inferiores. Isto pode ter, na nosa opinión, diferentes explicacións. Unha primeira levaríanos a pensar nun intento de ocultación por parte do propietario, que pretende facer crer que ten menos plantas e polo tanto menor produción. Naturalmente, esta práctica non garante tal cousa pola propia natureza dos cálculos de produción, pois o que determina o produto da finca é a súa extensión e non o seu contido. Ademais, tendo en conta que hai parcelas de terceira calidade nas que o baremo que ofrecemos antes semella cumprirse sen maior inconveniente, non hai motivo para pensar que a mesma cantidade de espazo en dúas parcelas distintas poida acoller cantidades tan dispares de cepas. A non ser que se opte pola segunda explicación, que valora a configuración interna da finca. Esta pasaría por supoñer a presenza dun uso secundario presente na parcela que, non obstante, non aparece documentado como debería, o cal faría que, en termos de superficie útil para o uso do viñedo, soamente unha parte da finca fose empregada para tal fin. De ser así, un número menor de cepas estaría distribuído nunha superficie igualmente menor, co cal a relación podería aproximarse á que ofrecemos como habitual, sen grandes alteracións. Ou pode suceder tamén que pola configuración da finca, a súa forma ou os caracteres do terreo, non todo o espazo dispoñible sexa aproveitable para produción vinícola. En todo caso isto non pasa dunha suposición e nunca se podería estar seguro do motivo auténtico tralo dato. A solución da ocultación é, porén, inútil a efectos de rexistro, de maneira que con 500 ou 600 cepas na parcela, para unha superficie determinada anotaríase sempre a mesma produción. Isto lévanos a supoñer que a segunda explicación pode ser máis probable,.

Por outra banda, esta regra da densidade deixa de cumprirse especialmente nas parcelas de tamaño máis reducido, onde o balance de plantas/ferrado pode verse alterado cara o outro

extremo, disparándose cara unha relación superior. Seguindo no territorio destes derradeiros casos, en Figueroa podemos observar como mentres que a maioría das parcelas máis pequenas se estenden nunha superficie aproximada que ronda o medio ferrado e onde polo tanto a tendencia é ter arredor de 300 vides, hai documentadas algunhas fincas aínda máis pequenas, que chegan a medir arredor dun terzo do mesmo (algo menos de 150 m²), onde se anota exactamente o mesmo número de plantas que nesoutras máis grandes, tamén 300. O rendemento destas parcelas, sendo aritmético coma sempre en función da superficie, é polo tanto menor que o dunha parcela de medio ferrado pese a contar co mesmo número de cepas. Concretamente nesta parroquia, e este si é xa un cálculo efectuado polos responsables pertinentes como tódolos relativos á produción, o ferrado de viñedo de 2ª calidade rendía catro arrobas de viño, mentres que o da 3ª categoría proporcionaba un total de tres. Isto tradúcese nun produto de arroba e media para a parcela de medio ferrado e dunha arroba para a que ocupa un terzo de ferrado, claro está, dentro das regras dos rexistros da contribución xeral para fincas de terceira categoría. A realidade daquelas fincas tan pequenas sería outra posiblemente, de forma que dito rendemento se aproximaría máis ben á cifra das parcelas de medio ferrado (pois como dicimos posuían as mesmas cepas pese ao menor espazo dispoñible) quizais a costa dun maior aporte de abonado marcado sempre pola súa dispoñibilidade.

De tódolos xeitos, estes exemplos son moi puntuais, de modo que nos atopamos diante de fincas moi pequenas en tódolos casos (un terzo ou mesmo un sexto de ferrado) onde aquí si, o número puntual de cepas aumenta considerablemente, superando por moito esa barreira das 625 cepas/ferrado, o que no fondo se traduce nunha produción moito máis intensiva, pois de non ser así non tería sentido aumentar tanto o seu número. A existencia destas parcelas tan pequenas cunha concentración tan elevada de vides é non obstante moi rara, o que demostra que a cifra das 600 ou 625 plantas por ferrado ben podía ser un límite produtivo por enriba do cal o solo se vira superado e a terra se empobrecera en termos de nutrientes. Non obstante, a escaseza destas fincas cunha produción tan intensiva pode ser indicativo de que quizais esteamos soamente ante usos temporais e aproveitamentos puntuais para a obtención de viño, quizais polo seu valor comercial tendo en conta que estas parroquias se achan en zonas de produción vinícola como son o entorno de Betanzos ou da cidade da Coruña, que por ser núcleos importantes tamén tirarían da oferta dispoñible. Non en van, tal e como se pode comprobar nos modelos 1 presentes nos apéndices, o valor do viño foi un dos poucos produtos de orixe agraria que non se afundiu cando se compara a evolución dos valores que se lle chegaron a dar, observando os prezos de 1818 e 1819, a lo menos no partido da Coruña. Se ben é certo que un uso comercial dunha parte da produción de viño podería aportar algún ingreso á economía campesiña, tampouco hai que esquecer por outra banda, a súa importancia a nivel de dieta, aportando en conxunto con outras bebidas alcohólicas unha porcentaxe de calorías nada desprezable sobre o total diario (arredor do 7,5%) aínda décadas despois, á altura de 1900 e nunha situación de crise alimentaria, segundo as estimacións de varios expertos[64].

Cambiando de obxecto, cara aos inicios deste subapartado dicíamos que existían, baixo a realidade da produción vinícola, dous aspectos ben diferenciados en moitas das parroquias das que atopamos apeos e cadernos da riqueza. Efectivamente, se os parágrafos anteriores se centraron na organización do espazo das parcelas dedicadas ao cultivo da vide, resta aínda por realizar algunhas anotacións pertinentes á outra fonte de obtención da materia prima para a obtención do viño, que non é outra que a parra. En xeral, de feito, pouco ou nada do que

[64] González de Molina, M.; Soto, D.; Aguilera, E. e Infante, J. (2014).

levamos dito ata este punto se pode aplicar para tratar de definir e caracterizar o espazo ocupado por un cultivo tan semellante pero que ao mesmo tempo presenta tantas diferenzas coa vide. Estas virían marcadas pola propia natureza da planta que manexamos, pois mentres que as vides son controladas con procesos de poda, o cal nos permite aventurar certas pautas en canto ao espazo mínimo que precisan para desenvolverse como fixemos ata o de agora, as parras presentan unha natureza moi diferente. Tanto é así que tratar de ofrecer algunhas regras sobre estes preséntasenos como algo moito máis difícil. En primeiro lugar debemos recoñecer, respecto dos plantíos de vides, as dúas características que se lles poden atribuír ás parcelas con parras como principais: a primeira é que o seu número adoita ser moito máis reducido, mentres que por outra banda a súa presenza preséntase como menos organizada e máis caótica e espallada polo territorio nunha cantidade importante de casos.

No tocante ao primeiro destes caracteres temos que destacar que a existencia de fincas das que dun xeito explícito se anota un uso específico para a produción de viño baseado na produción de parras é de feito moi escasa. Por uso específico referímonos a unha forma de cultivo que denota unha organización ordenada e cuxo uso principal é a produción de viño, tal e como acontecía coa maioría de fincas nas que as vides estaban presentes. Neste sentido, se miramos dende o punto de vista das parcelas que claramente producen viño como modo de definir o seu uso principal, a porcentaxe delas con vides é moi superior ao conxunto das que a produción se obtén a través dunha concentración importante de parras. É dicir, que as fincas que os rexistros recollen como "parral" existen, pero a produción de caldos nunha forma que poderíamos definir a grande escala está moito máis estendida en terras con cepas redondas. As súas características xerais difiren bastante das que indicamos para o caso das fincas con vides, pois o seu número é moito máis reducido por unidade de superficie e o seu rendemento, porén, máis elevado segundo podemos observar nos rexistros da riqueza. Seguindo cos exemplos que presentamos para o caso da vide, en San Miguel de Figueroa, onde efectivamente as parcelas onde soamente se documenta a presenza de parras para a produción de viño son moi escasas, a tendencia numérica de plantas por ferrado sitúase nas 30 ou nas 40. Outros exemplos presentan, con todo, un amplo abano de posibilidades a este respecto pois, a escasos 10 km deste lugar, en Santo Estevo de Vivente (hoxe concello de Oza-Cesuras), o número pode ser fixado a partir dos casos alí presentes nunhas 150 parras/ferrado. Todo depende neste caso da propia natureza da planta e de ata onde se lle permita desenvolverse, pero resulta interesante decatarse, cando menos, de que dentro dunha mesma parroquia adoita seguirse unha mesma regra, ás veces con pequenas variacións pero outras de forma máis estrita, o que de novo nos leva a pensar na existencia de regras comunitarias como destacamos no caso das vides.

Por outro lado, en termos de rendemento, o ferrado da peor calidade fixouse, volvendo ao caso da parroquia de Figueroa nunha produción de cinco arrobas de viño, mentres que a da calidade intermedia quedaba establecida en seis. Cantidades que como podemos ver son sensiblemente superiores ás cifras de tres e catro arrobas que se contemplaban para as fincas de cepas redondas. Tal e como acontecía coas vides e dada a natureza da fonte, o factor responsable dun maior rendemento non era o número de plantas sobre o terreo, senón a extensión da terra e a súa calidade. Sexa como fora, cando unha destas parcelas centradas no cultivo de parras aparece, o rexistro ofrece a súa produción xeral en arrobas de viño e a valoración do produto realízase igual que acontecía coas fincas con vides.

Respecto da segunda característica da plantación de parras, que facía referencia á súa disposición máis caótica sobre o terreo, temos que apuntar que a diferenza das cepas, as parras atópanse, por regra xeral, moito máis esparexidas no espazo. A diferenza do tipo de parcela que acabamos de describir nos parágrafos anteriores, debemos destacar que moi a miúdo, as

parras aparecen en lugares quizais moito máis próximos á vivenda, aproveitando calquera pequeno oco dispoñible e sen gardar unha ordenación que sega regra algunha en aparencia. Nalgunhas das parroquias da xurisdición do val de Veiga, próxima á Coruña, podemos ver como estas plantas se achan presentes incluso dentro das hortas xunto con outras árbores froiteiras e sempre en números moi reducidos, ou incluso fóra do espazo agrario habitual, en pequenísimas fraccións de terra que doutro xeito nin sequera terían sido contabilizadas nos rexistros con toda probabilidade. No caderno de Santo Estevo de Culleredo ou no de Santa María de Celas podemos ver algún exemplo disto, figurando unha anotación entre as parcelas dalgún contribuínte que fai referencia á presenza dunha ou dúas parras ao lado mesmo da súa casa[65]. Polo tanto, estoutro tipo de organización das parras sobre o territorio, leva ao máximo expoñente a primeira característica que describimos sobre a súa presenza nun menor número. De feito, con moita frecuencia, estas parcelas nin sequera contan como tal, pois no caso de non estar as parras presentes, seguramente non terían un uso agrario efectivo e simplemente formarían parte do terreo que circunda a casa, sen máis, debido ao seu pequeno tamaño, que podemos deducir sempre polo número tan escaso de pés de parra presentes neles. De feito, os rexistradores nin sequera se adoitan preocupar por dar un uso ás parcelas deste tipo en cuestión, nin de anotar a súa extensión, pois o único que hai nelas son esas plantas. En consecuencia, o único comentario que se fai delas adoita ser a referencia "junto a la casa" ou algunha fórmula similar que nos refira a unha localización. Non obstante, como este tipo de casos volven ser exemplos dun considerable nivel de detalle nos rexistros, pensamos que pode ser moi probable que nalgunhas parroquias nas que as parras non están documentadas, algunhas solitarias ou agrupadas nun reducido número neste tipo de espazos simplemente non foran recollidas, sendo pasadas por alto ou ignoradas conscientemente pola preguiza dalgún rexistrador que pensaría que os produtos dunha ou dúas parras non poderían aportar moita riqueza ao seu dono. Tamén ao revés, o feito de que estean documentadas cando aparecen en espazos tan pequenos pode ser tomado como un indicativo dun elevado nivel de detalle dos rexistros, a lo menos para o caso concreto do uso vinícola. Por outra banda, hai que ter en conta outro feito que pode explicar a desaparición dun número importante de parras dos recontos da riqueza. A súa presenza nas hortas xunto con outras especies de froiteiras pode supoñer que nalgúns casos os rexistradores as equiparasen a estas, como plantas produtoras de froita que son. Dados os problemas que xa indicamos que afectaban a estoutras árbores na sección das hortas, moitas parras puideron quedar ocultas entre elas.

En canto aos comportamentos deste cultivo sobre o terreo en termos de calidades da terra debemos apuntar que non temos unha pauta identificable como acontecía con outras superficies de aproveitamento máis intensivo como hortas e prados, onde as calidades, aínda que degradadas, presentaban con frecuencia un certo nivel de sostemento nas calidades intermedias. A pauta do viñedo en canto a calidades volve sela xeral, é dicir, a anotación á baixa, con indiferencia de que miramos a cepas ou a parras. Se ben era certo que Sarandós era nesta cuestión unha excepción na que esa ocultación relativa podía ser considerada menor, o certo é que para o viñedo concretamente tampouco temos terras de calidade superior. Na calidade intermedia, porén, a caída de categoría das terras semella deterse, de maneira que se reparte a medias o viñedo considerado como tal co presente en terras de calidade inferior. O comportamento máis normal é aínda máis pobre como ven sendo habitual. Casos como o do outro exemplo, o da veciña parroquia de San Miguel de Figueroa, resultan ser moito máis habituais, tamén sen rexistro de terras de primeira categoría pero cun grupo de fincas moito máis nutrido na base inferior da clasificación. Unha cuestión importante, porén, é que aínda

[65] AMC, c. 3971, l. 1, a. 1 e AMC, c. 3972, a. 2.

que exista un certo grao de ocultación relativa, este pode ser en realidade menor que no caso doutros aproveitamentos agrarios do solo, pois como xa se ten documentado, os campesiños preferirían, dado o evidente valor comercial do produto, este cultivo sobre outros, en terras nas que tiñan a posibilidade de plantar parras ou vides. Hai que ver aquí unha lóxica campesiña de claro acceso ao mercado, obtendo a cambio unhas utilidades ben recibidas no fogar[66]. Neste contexto particular, os aportes do comercio de viño á economía familiar axudarían a afrontar o pago en metálico da contribución xeral. Ese uso comercial preferente do viño podería explicar tamén os rendementos máis modestos que se daban nalgunhas parroquias como a devandita de Figueroa, en tanto en canto, para aproveitar os beneficios da súa venda aproveitaríase o espazo ao máximo, e parras e vides serían instaladas tamén en terras de peor calidade, o que redundaría nuns rendementos medios peores. Como xa teñen apuntado outros estudos, este tipo de lóxicas segundo as cales o campesiño se pode permitir dedicar algúns espazos dos que explota para a produción de viño, soamente serían posibles gracias aos elevados rendementos no cultivo do millo[67]. Para os casos aquí presentes, o viñedo nas parroquias de Figueroa e Sarandós (táboas 4.6 e 4.7) responde probablemente á demanda dos núcleos da Coruña e Betanzos, e a súa presenza estaría relacionada coa tradición arredor da produción desta bebida na área betanceira, precisamente para satisfacer esta demanda.

En canto ao tamaño das parcelas na que este uso se asenta, hai que sinalar que a produción en fincas de viñedo e parra aparecen mesturadas nos cadros 4.A e 4.B, aínda que como viñemos apuntando, a distribución das dúas plantas sobre o terreo non é igual. O tamaño das fincas destinadas á produción de parra de forma organizada e en grande número nunha finca preparada a tal efecto pode situarse en niveis semellantes aos de parcelas con vides, que a grandes trazos ocupan, en termos medios, áreas que oscilan maioritariamente entre o medio e os dous ferrados, chegando ata os cinco. Un arco no que quedan localizadas boa parte das parcelas dedicadas á produción de viño. A mestura de parcelas de parras e de vides en canto ao seu tamaño déixase notar especialmente no chanzo inferior da clasificación, pois, no caso de non contar coas parras, as fincas de viñedo experimentarían unha distribución no cadro 4.B un pouco diferente. Existirían menos parcelas inferiores a un ferrado, de modo que o chanzo da clasificación correspondente ao nivel de entre un e cinco ferrados sería o claramente maioritario. O motivo de que isto non sexa así é, efectivamente, a inclusión das parcelas con parras neste cadro, pois, aínda que falemos do escaso tamaño dos terreos destinados a outros usos como a horta, o certo é que os máis pequenos son os ocupados precisamente por estas especies produtoras de uvas. Naqueles lugares onde aparecen documentadas, non resulta raro atopar parcelas minúsculas, dun só cuartillo de extensión (un vinte e catroavo dun ferrado) ou dous. Unhas extensións que, segundo as medidas da provincia da Coruña que vimos manexando, se poden calcular entre os 18 e os 35 m² de xeito aproximado. O importante número de parcelas ocupadas por parras dacordo a esta disposición introduce unha pequena modificación nos datos dos cadros, de modo que sumando isto ao feito de que, obviamente, moitas vides tamén aparecen en parcelas pequenas, os resultados son os que aparecen expostos. As parcelas de vides de menos dun ferrado son, porén, considerablemente máis grandes que as do mesmo chanzo para o caso das parras, de forma que xa é moito máis común atopar extensións de entre o medio ferrado e os tres cuartos do mesmo (cara 220-330 m²).

[66] Meijide Pardo, A. (1961), pp. 10-13.
[67] Saavedra, P. (1990a), p. 306.

4.4. IMPORTANCIA E ANÁLISE DA CABANA GANDEIRA A PARTIR DOS REXISTROS DA CONTRIBUCIÓN XERAL

Dentro da configuración da paisaxe e do sistema agrarios, a gandería xoga un papel esencial, de maneira que estamos ante realidades tan imbricadas mutuamente que a análise das mesmas non ten sentido a non ser que se teñan en conta relacionadas unha coa outra. Este apartado é por iso necesario. Este papel tan destacado que a cabana gandeira xogaba nos agroecosistemas galegos foi perfectamente captado por algúns ilustrados como Pedro Antonio Sánchez a comezos do século XVIII, quen por aquel entón xa advertía que a Facenda debía coidarse de non prexudicala:

> "Pero la cría del ganado, unido a la labranza, como por fortuna está en Galicia, lejos de ofenderla, se enlazan íntimamente con ella y la socorre de un modo admirable. En efecto, si estas tierras montuosas y ligeras rinden dos o tres cosechas al año, se debe a los estiércoles que hacen los ganados: sin ellos quedarían incultas, porque no pagarían el trabajo. Las viñas, árboles, los prados, todo recibe aumento con los estiércoles. El labrador con los frutos que le suministra el ganado consume menos granos. La leche, el queso y la manteca, al paso que son un regalo, minoran el gasto de pan (…) De todo esto resulta con la mayor evidencia que el interés general de la nación, y por consiguiente el de la Real Hacienda, exige que la cría de ganados, y en especial los que sirven para la labranza, sea tratada por el ministerio en la imposición de derechos con la misma indulgencia con que son tratadas las manufacturas nacionales y sus primeras materias; que en la marcha que debe tener este ramo para llegar al mejor estado habrá que allanársele el camino y desembarazarle de cualesquiera obstáculos; que debe protegérsele del mismo modo que a las fábricas, facilitando su extracción y embarazando cuanto sea posible la entrada de semejante género[68]."

Dito isto, iremos organizando a exposición deste apartado avanzando polos diversos temas, tratando de diversificar a análise da cabana gandeira por especies, atendendo aos seus principais caracteres á vista dos problemas presentados na sección correspondente, e abordando tamén cuestións, en última instancia, sobre a propiedade dos animais, esencialmente o vacún. Non tería demasiado sentido, pola problemática endémica da fragmentación territorial que tamén presentan os recontos da rama gandeira da riqueza territorial na nosa área de estudo, tratar de falar dunha cabana gandeira da provincia da Coruña, da de Betanzos ou das dúas en xeral. A forma de proceder neste apartado deberá ser necesariamente por isto mesmo outra diferente, de modo que no seu lugar trataremos de abordar exemplos parroquiais particulares que nos permitan ir analizando a situación existente naquel momento coa existente algunhas décadas antes e co que determinados estudos aportan a esta cuestión. Trataremos tamén, dun modo fundamental, de abordar os datos dispoñibles mediante a agrupación dos mesmos, ofrecendo algunhas medias básicas en canto ás cabezas de animais de determinadas especies. A calidade dos datos faranos descartar algúns dos recontos gandeiros forzosamente, pero as medias que se presentarán teñen a vantaxe, en oposición á presentación dos exemplos parroquiais illados, de sistematizar a realidade de fondo e agrupala dunha forma xeral, o que elimina en boa medida posibles tendencias individuais que poidan alterar a análise que vaiamos realizando. Isto permitiranos observar dun xeito moi práctico a evolución da situación respecto da fonte do catastro de Ensenada, para a cal existen estudos diversos sobre o gando, incluso en áreas que, *grosso modo*, mesmo coinciden en parte coa nosa propia. Este aspecto non só facilitará enormemente as

[68] Sánchez Vaamonde, P. A. (1973), pp. 119-120.

posibilidades de comparación, senón que ao mesmo tempo fará válido o exercicio ao tratarse en esencia de áreas moi semellantes á nosa ou o máis próximas na medida do posible.

Polo que respecta á información de época de Garay, os datos de gando poden obterse por unha dobre vía, a dos censos gandeiros e a dos resumos da riqueza, é dicir, o documento do modelo 3 ao que tantas veces se fixo alusión. As oportunidades de estudo que nos ofrece cada un son moi diferentes e máis limitadas mediante o segundo documento, de modo que nos atopamos atados frecuentemente cando o que atopamos é o extracto e non o propio padrón de animais. Tódalas posibilidades que foron comentadas no apartado correspondente á presentación da fonte, as posibles informacións que podiamos atopar e os problemas aos que podería ter que enfrontarse o investigador que as empregara para o seu traballo referíanse en concreto ao caso dos censos gandeiros. Os documentos que atopamos e que podemos definir como modelo 3 son en realidade moito máis escasos e redúcense a uns poucos exemplos, e por iso o seu comentario na presentación das fontes para o estudo do gando non nos pareceu oportuno, porque o que conteñen é simplemente un resumo de datos numéricos que non supón ningunha dificultade. No caso do gando que nos ocupa, o seu aporte limítase a anotar o número de cabezas por especie ademais dos valores monetarios globais, por unha parte dos propios animais e, pola outra, dos produtos aos que dan lugar de cara aos seus beneficiarios. O detalle dos mesmos pode variar lixeiramente de todos modos pois, aínda que a grandes trazos as categorías de animais son as mesmas, pode introducirse unha distinción entre aqueles que son "de puerta" e os que polo contrario son "de monte". Nos casos nos que non aparece este dato, non podemos saber se é debido a que o gando de monte non está presente ou se simplemente a ausencia é debida ao uso de categorías xenéricas nas que soamente prima a intención de resumir ao máximo a información. Pese a estas limitacións, a existencia do modelo 3 tamén é importante porque resulta reveladora en canto ao traballo que en realidade se rematou levando a cabo nun determinado lugar, xa que estes documentos son, non obstante, unha proba das ramas da riqueza que se chegaron a catastrar, aínda que *de facto* non teñamos localizados tódolos recontos en si mesmos. Isto é así porque, como resumo que é, o modelo 3 é un reflexo da situación contemplada nos propios cadernos da riqueza, o que nos leva a supoñer que estes últimos deberon ser elaborados en primeiro lugar antes de proceder coa configuración dun extracto da situación. Tendo isto en conta, é importante destacar que a diferente procedencia dos datos, segundo o tipo de documentación de onde foron obtidos, condicionará algunhas das posibilidades de estudo, como veremos de seguida.

Comezaremos por presentar, á vista de todo o apuntado, tres novos cadros que se refiren á presenza do gando en varias parroquias da nosa mostra para as cales logramos reconstruír o seu censo gandeiro. No primeiro deles (4.C) ofrécense o número de cabezas para as diversas especies que conforman a cabana por cada veciño, sobre o total deles que residen en cada territorio, mentres que o segundo (4.D) fai o propio, tomando no seu lugar, porén, o número de veciños que posúen cada tipo de gando en cada territorio. Non é o mesmo, de feito, falar do modo no que se reparte cada especie de gando sobre o total de explotacións existentes, que sobre aquelas que en concreto concentran a súa posesión, pois isto pode supoñer algún cambio de perspectiva e ter implicacións interesantes, por exemplo sobre a tenencia do gando ou as relacións que se crean nas comunidades a partir do seu uso entre aqueles que o teñen e os que non. Loxicamente, as cifras do cadro D sempre serán máis elevadas, pois o divisor é menor, ou como moito, igual ao do cadro C se tódolos veciños da parroquia teñen unha determinada especie de gando na súa casa. Ademais, existe un claro correlato entre as cifras destes dous cadros que pode ser interpretado da seguinte forma: cifras moito máis elevadas no cadro D respecto do C suporán altas concentracións dunha determinada especie en mans dun grupo reducido de veciños, mentres que cifras semellantes indicarán que o número de posuidores

das cabezas dunha determinada especie achegaranse ao total de veciños da freguesía, tanto máis canto máis se aproximen os valores, o que á súa vez se traduce nun reparto máis equitativo do gando nun territorio concreto.

Por outra banda, poderase observar que no cadro D non hai unha columna que recolla a suma do ovino máis o caprino coma no caso anterior, pois estes datos, en realidade, son illados e non poden sumarse en termos brutos. A explicación é simple: a columna de ovino recolle as ovellas por veciño soamente nas explotacións nas que hai ovellas, mentres que a pertencente ao caprino recolle as cabras por veciño nas explotacións nas que só hai cabras (e así sucesivamente coas demais). O número de veciños cun e outro tipo de gando poden non coincidir en número ou en persoas concretas, polo que a suma non é posible, o que nos leva a non incluír a columna referida. Estes dous primeiros cadros permitirannos polo tanto unha primeira aproximación á realidade da presenza do gando sobre as distintas explotacións agrarias, en tanto en canto podemos entender que cada veciño, como cabeza de casa, é tamén a persoa á fronte dunha explotación. O segundo deles permitiranos ver, ademais, ata que punto se concentra cada especie gandeira nas explotacións nas que cada unha delas se atopa presente. Por último, observarase que as parroquias do cadro D son menos que as do C, e isto é debido ao lugar de onde obtemos a información. Dado que como dixemos, nalgúns casos soamente atopamos o modelo 3 e non o censo gandeiro en si, nestes casos, o documento soamente dá conta do número total de cabezas por especie, pero non dos propietarios particulares. A partir deste dato podemos calcular, sabendo o número de veciños, os datos para o cadro C, pero non temos forma de proceder para incluír estas freguesías no D.

En derradeiro lugar, o terceiro cadro (4.E) presenta, para a mesma listaxe de parroquias do cadro C e tamén para o mesmo conxunto de especies, unha cifra que se corresponde co número de cabezas por hectárea, o que nos permitirá comprobar a densidade e o grao de dispersión da cabana de cada unha das freguesías presentadas sobre o seu propio territorio. Resulta da simple división do número de cabezas de cada especie pola extensión da parroquia na que se asentan (segundo a súa dimensión na actualidade), así que este cadro permitiranos analizar a presión que a cabana gandeira de cada territorio exerce sobre o solo. Debe quedar claro polo tanto que unha cousa é como se organiza o censo gandeiro por explotacións, mentres que outra moi diferente é como o fan sobre o territorio determinado que é cada parroquia, pois neste sentido cada unha delas constitúe un pequeno universo no que nos atoparemos cousas moi diferentes. A organización das informacións obtidas mediante estes cadros, especialmente o primeiro e o terceiro, cumpre ademais con outro obxectivo importante, como é facilitarnos o entendemento en canto a posibles problemas que os padróns gandeiros das diferentes parroquias poidan presentar.

Ditos cadros presentan, ademais, algunhas particularidades de contido e de lectura que pasamos a expoñer, como xa temos feito anteriormente. Principalmente, o primeiro aspecto que pode estrañar son as filas relativas a medias territoriais, provinciais ou rexionais, que hai anotadas, en presenza variable, segundo as especies. Neste sentido, os datos que aparecen baixo a denominación de certas medias para Galicia ou para as provincias de Betanzos e A Coruña foron obtidas de estudos diversos sobre a distribución do gando que se elaboraron hai algúns anos. Eses estudos serán citados sempre de forma conveniente, igual que cando sexan traídas a colación outras cifras que poden resultar útiles en momentos determinados aínda que non figuren nos cadros concretamente. Estas medias para territorios máis amplos correspóndense case sempre coa época do catastro de Ensenada e cumpren cun claro obxectivo, que é o de funcionar como punto de partida e referencia para os datos parroquiais expostos no resto de filas das táboas, o que permitirá que comprobemos o estado dos

diferentes grupos das especies animais en función de posibles cambios, ademais de detectar algúns problemas de rexistro, se os houbera.

Á marxe disto e respecto do contido dos cadros, a pesar de que a sección nos introduce ao apartado gandeiro, non todo o que figura neles serán os animais que podemos clasificar propiamente como tal, pois unha primeira ollada deixa ver por exemplo a presenza das colmeas como recurso de gran valor en moitas parroquias. As abellas, como dicimos, pese a non ser de xeito específico un animal que se poida computar como gando, figuran nestes padróns e por este motivo as poñemos tamén nestes cadros. Cera e mel son un recurso moi común que, como se verá, aparece frecuentemente reflectido nas rendas, ademais de estar sempre contemplado nos modelos 1 e 2 da contribución. Por outra banda, hai que apuntar que estes cadros tampouco reflicten unha parte da información que temos dispoñible sobre as distintas especies de gando, polo que trataremos de introducir algunhas consideracións diversas a medida que vaiamos analizando cada grupo animal. Por exemplo, o vacún é claramente a especie mellor recollida, de feito que para configurar a información relativa a estes animais mesmo resultaría posible efectuar unha distincións entre sexos, establecendo ademais unha tripla clasificación na cal se distingue entre os bois, as vacas e en terceiro lugar as crías. Cando afondemos nas diferentes especies veremos o criterio seguido para esta clasificación, aínda que á marxe das distincións obvias, as crías responden basicamente a motivos de idade bastante concretos e perfectamente estipulados. Noutras especies resulta imposible realizar esta diferenciación, non soamente en termos de sexo senón tamén de idade, resultando complicada, por sorte en casos illados, mesmo a contabilización do número de crías. Peor pode selo caso das colmeas, que tamén presenta algunhas complicacións froito quizais da súa localización en espazos apartados, lonxe das vivendas, o que puido favorecer a que nalgunhas parroquias mesmo foran ignoradas por completo; ou o das especies menores de animais como galiñas e coellos, das que nada poderemos dicir porque nunca figuran nos recontos, como xa indicamos no apartado dos problemas desta fonte.

Á vista dos cadros podemos comprobar como temos, efectivamente, un abano importante de situacións diferentes, onde a heteroxeneidade en canto á presenza do gando parece a nota dominante. Algunhas parroquias parecen presentar problemas a simple vista no tocante ao rexistro de animais domésticos, pero aínda que así fora, tódolos exemplos resultan dalgunha utilidade pois, deixando de lado agora situacións concretas que iremos abordando segundo avancemos polas diferentes especies, como pouco permítennos configurar en conxunto unha idea da fiabilidade e do estado da fonte en canto ao rexistro da riqueza gandeira. En lugar de ir tratando caso por caso, a análise dos datos será presentada fundamentalmente de esquerda a dereita segundo as distintas especies gandeiras. Por suposto, tamén abordaremos casos concretos en momentos puntuais, especialmente nas parroquias correspondentes ás táboas 4.1 á 4.7 que xa foron descritas nos seus diferentes usos do solo nos apartados previos e que merecen unha valoración que complete o que fomos dicindo delas ata o de agora, pois na situación do gando poden radicar algunhas das causas para situacións anotadas.

Con todo, hai que ter en conta unha serie de condicionantes que nos fan valorar novamente a necesidade de comprender os contextos particulares de cada freguesía ou grupo delas dacordo coa avaliación das distintas situacións coas que podemos chegar a atopar. Un matiz importante nalgúns dos censos gandeiros aquí presentes lévanos a falar, tendo en conta o tempo no que nos atopamos, de posibles impactos da guerra, rematada hai poucos anos, e as posibles implicacións en parroquias moi próximas á cidade da Coruña. A situación na que a cabana puido rematar cando finalizou a contenda pode ser importante de cara a comprender as posibilidades de recuperación da mesma, tras anos nos que algunhas áreas sostiveron, en momentos dados, a dous exércitos ademais de aos seus propios residentes e onde mesmo se

chegaron a producir enfrontamentos directos. Algunhas das parroquias do actual concello de Culleredo, das que aquí temos varias (Santo Estevo de Culleredo, Almeiras, Ledoño, Orro ou Celas) están situadas moi preto da Coruña, nun radio de apenas 15 km. A freguesía de Almeiras, en concreto, a que amosa peores resultados en canto ao reconto de gando sobre o seu territorio e cuxos datos serían duramente criticados en circunstancias normais, resulta gardar unha distancia de tan só 10 km co núcleo herculino. Máis significativa resulta sela súa posición en termos de paso nos tempos que manexamos, pois resulta ser unha das freguesías situadas na franxa de terra onde comeza a abrirse ao mar a área da ría da Coruña e polo tanto lugar de tránsito case obrigado para quen pretenda chegar a esa posición dende outros núcleos de importancia no golfo Ártabro como o de Betanzos, ou vindo dende máis lonxe, Pontedeume. As seguintes parroquias que nos atopamos se nos desprazamos en dirección oeste e suroeste son precisamente as outras citadas. De modo que estas tesituras deben ser tidas moi en conta como posible condicionante dun estado da cabana gandeira nestes momentos, antes de culpar por completo dos pobres resultados obtidos nestas freguesías en concreto a fenómenos como o da ocultación, o cal non exclúe, dende logo, que esta teña a súa parte de culpa.

Cadro 4.C: cabezas/veciño das principais especies gandeiras en varias parroquias:

	Vacún	Ovino	Caprino	Ovino/ caprino	Porcino	Cabalar	Mular/ asnal	Colmeas
Media Galicia (1)	3,66			8,57	2,34	0,48	0,05	
Media Betanzos (2)	4,48			8,49	2,06	0,89		
Media Coruña (3)	4,39			15,32				
S. Cibrán da Vila de Abade	2,99	9	3,32	12,32	0,25	1,84	0	1,9
Sta. María de Ardaña	2	4,81	0,49	5,3	0,26	0,24	0,024	0,35
Sta. Susana de Arcai	5,31	8,38	10,06	18,44	0,06	0,88	0	2,13
S. Mamede de Andoio	4,66	17,83	4,8	22,63	0,51	1,74	0	1,03
S. Xoán de Tordoia	3,71	13,71	6,86	20,57	0,36	2	0	1,43
Sto. Estevo de Culleredo	2,06	3,83	0,73	4,56	0,45	0,02	0,02	0,2
S. Xián de Almeiras	1,03	0,37	0	0,37	0,2	0	0	0
S. Pedro de Ledoño	1,31	2	0	2	0	0,07	0	0
S. Salvador de Orro	0,97	3,54	0,94	4,48	0,11	0	0	0,74
Sta. María de Celas	1,94	3,03	0,43	3,46	0,52	0,13	0,02	0
S. Miguel de Figueroa	2,3	3,35	0,85	4,2	0,59	0,05	0	0,37
Sta. María de Sarandós	1,73	1,89	0,07	1,96	0,4	0,01	0,01	0,27
Sto. Tomé de Salto	1,59	1,99	0	1,99	0,07	0,01	0	0
Medias xerais	2,43	5,67	2,20	7,87	0,29	0,54	0,006	0,65

(1) Cifras obtidas de Cordero Torrón, X.; Dopico, F. e Rodríguez Galdo, Mª X. (1983).
(2) Cifras obtidas de Rodríguez Galdo, Mª X. e Cordero Torrón, X. (1981).
(3) Cifras obtidas de Saavedra, P. (1992b).

Cadro 4.D: cabezas/veciño (en relación aos veciños que posúen cada especie de gando) en varias parroquias:

	Vacún	Ovino	Caprino	Porcino	Cabalar	Mular/ asnal	Colmeas
Sta. María de Ardaña	4,15	12,03	7	2,2	2,5	1	4,28
Sta. Susana de Arcai	5,31	9,57	12,38	1	2,33	0	3,09
Sto. Estevo de Culleredo	2,9	20,41	6,71	1	1	1	3,71
S. Xián de Almeiras	2,55	15	0	1	0	0	0
S. Pedro de Ledoño	2,38	7,25	0	0	1	0	0
S. Salvador de Orro	1,48	8,27	5,5	1	0	0	13
Sta. María de Celas	2,61	6,98	4,83	1	1	1	0
S. Miguel de Figueroa	2,7	9,34	5,31	1	1	0	6
Sta. María de Sarandós	2,11	6	6	1,2	1	1	6
Sto. Tomé de Salto	2,84	8,69	0	1	1	0	0

Cadro 4.E: cabezas/Ha das principais especies gandeiras en varias parroquias:

	Vacún	Ovino	Caprino	Ovino/ caprino	Porcino	Cabalar	Mular/ asnal	Colmeas
Media Galicia ([1])	0,35			0,79	0,22	0,04	0,004	
Media Betanzos ([2])	0,51			0,86		0,08		
Media Galicia (1752) ([3])	0,31	0,68	0,22	0,9	0,198	0,033	0,004	
Media Galicia (1865) ([3])	0,26	0,52	0,11	0,63	0,2	0,027	0,007	
S. Cibrán da Vila de Abade	0,11	0,34	0,12	0,46	0,009	0,07	0	0,07
Sta. María de Ardaña	0,19	0,46	0,05	0,51	0,025	0,022	0,002	0,03
S. Mamede de Andoio	0,13	0,51	0,14	0,65	0,014	0,05	0	0,03
S. Xoán de Tordoia	0,14	0,52	0,26	0,78	0,014	0,076	0	0,05
Sto. Estevo de Culleredo	0,37	0,68	0,13	0,81	0,08	0,01	0,004	0,04
S. Xián de Almeiras	0,2	0,07	0	0,07	0,03	0	0	0
S. Pedro de Ledoño	0,16	0,24	0	0,24	0	0,01	0	0
S. Salvador de Orro	0,05	0,19	0,05	0,24	0,006	0	0	0,04
Sta. María de Celas	0,23	0,35	0,05	0,4	0,06	0,02	0,003	0
S. Miguel de Figueroa ([4])	0,44	0,64	0,16	0,8	0,11	0,009	0	0,07
Sta. María de Sarandós ([5])	0,35	0,38	0,01	0,39	0,08	0,002	0,002	0,054
Sto. Tomé de Salto	0,44	0,55	0	0,55	0,02	0,004	0	0

([1]) Cifras obtidas de Cordero Torrón, X.; Dopico, F. e Rodríguez Galdo, Mª X. (1983).
([2]) Cifras obtidas de Rodríguez Galdo, Mª X. e Cordero Torrón, X. (1981).
([3]) Cifras obtidas de García Sanz, A. (1994). Lembremos que a anotación da data figura soamente a título informativo para diferenciar as dúas cifras que saen do mesmo estudo, pois en realidade, a media para Galicia da primeira fila e a de Betanzos tamén foron obtidas en estudos centrados tamén no catastro de Ensenada.
([4]) Na parroquia de San Miguel de Figueroa empregamos como divisor a superficie total catastrada que figura na táboa 4.6 (≈ 4,25 Ha) en lugar da extensión de 3,94 Ha que presenta a parroquia actualmente.
([5]) Os datos superficiais para Sarandós son os da parroquia actual, pero como xa comentamos anteriormente, esta debeu ser un pouco máis grande no pasado. Así, a cifras para esta freguesía deben ser algo máis baixas.

Fonte: rexistros de gando dunha selección de territorios das provincias de Betanzos e Coruña. (AMB, c. 1684 e 1686; AMC, c. 3971, 3972 e 3973)

4.4.1. O gando vacún

Pasando agora si a tratar coas diferentes especies aparecidas nos recontos e comezando polo caso do vacún, a análise da información contida no cadro 4.C revela unha situación bastante diferente na que podemos observar varios conxuntos moi marcados en canto á presenza deste gando. Por unha banda temos as parroquias das xurisdicións de Rus e Villarprego, algunhas das cales aparecen nas táboas 4.1 á 4.5 e onde cabe destacar os exemplos de San Xoán de Tordoia e especialmente Santa Susana de Arcai e San Mamede de Andoio, con elevadas medias de vacún por veciño que non soamente superan os niveis estándares de Ensenada para o conxunto galego, senón tamén, nos dous derradeiros casos, as propias medias da mesma época da provincia na que se atopan.

É agora, momento no que empezamos a vela situación da cabana gandeira nestes lugares, cando podemos comezar a explicar dunha forma moito máis satisfactoria a situación que se describiu para algunhas das superficies destas freguesías. O caso máis claro é, obviamente, o que fomos apuntando sobre os seus prados. Pero a elevada dispoñibilidade do vacún tamén pode contribuír a explicar a intensificación que foi suxerida en canto ao aumento de produtividade pola vía do aporte de traballo e que daba lugar a que un número semellante de persoas explotara unha cantidade de terra maior. Parte dese fenómeno podería estar motivado por unha cabana de labor (esencialmente de vacún) mellor alimentada gracias a eses prados reconvertidos que producen máis herba que hai unhas poucas décadas. Os exemplos das táboas 4.3 á 4.5 correspondíanse con territorios onde a superficie de prados rexistrada en 1819 era maior que varias décadas atrás, ademais de cumprirse tamén a que parecía unha pauta xeral en canto á configuración interna dos que eran de regadío e de secaño. Esta relación ten agora o seu correlato na existencia desa elevada dispoñibilidade de vacún por parte dos seus habitantes, cuxa presenza podería ser tamén o principal motivo que explicara a necesidade de aumentar a superficie pratense no decorrer temporal dende mediados do século XVIII, aínda que non necesariamente o único. Un incremento arredor do 50% nos tres casos que, como sempre á marxe da categoría do pasto, perseguiría o obxectivo de manter esas elevadas dispoñibilidades, non soamente presentes no vacún, senón tamén, nalgúns destes exemplos máis que noutros, da poboación de ovellas presente nos tres territorios.

Por outra banda, a veciña parroquia de San Cibrán da Vila de Abade, con cifras de tres cabezas de vacún por veciño, tamén pode atopar na situación que se reflicte nos seus prados unha parte da explicación para esa cantidade de reses, pois se os comparamos cos seus tres veciños que acabamos de citar, o valor desta freguesía resulta ser o máis baixo de todos. Dicíamos anteriormente que a variación experimentada na superficie pratense catastrada neste lugar (táboa 4.1) podería estar relacionada con algún problema no seu respectivo rexistro, xa que a situación coa que topamos reflectía unha importante redución na extensión destes espazos. Se ben é certo que unha redución tan importante (falabamos dun 50% respecto do total anotado en 1752) podía ser estraña e pensar en consecuencia que, efectivamente, poderiamos estar ante un problema de subrexistro de prados, pensamos tamén que ben pode haber algunha relación entre a cifra de cabezas/veciño de vacún desta freguesía, o feito de que esta sexa a máis baixa respecto doutras da contorna e este comportamento á baixa (sexa este máis ou menos importante, pois parece que as faltas no rexistro nolo ocultan) na superficie de prados. A redución dos mesmos, con independencia do problema dunha posible omisión que nos leva a ter unha menor superficie catastrada neste territorio, puido ter lugar en realidade se atendemos ás cabezas repartidas entre a veciñanza en termos medios, por comparación coa situación dos seus veciños. Isto podería indicar que unha tendencia á baixa estaba xa presente á vista da menor cantidade de reses, pero a redución real resultaría difícil de medir porque o

rexistro conta cun erro por defecto. Ademais, aínda que agora nos centremos no vacún, non soamente se trataría dunha menor cantidade deste, senón tamén das ovellas e cabras, pois a súa respectiva cifra tamén resulta ser unha das máis baixas da contorna. Deste modo, a comparación do que sucede co gando en relación con áreas limítrofes pode axudarnos, non a identificar o grao ou a profundidade coa que se producen fenómenos concretos, pero si quizais algunha tendencias ou pautas xerais de comportamento de certas superficies. A densidade do vacún nestas parroquias é, con todo, bastante reducida, o que se explica tamén pola amplitude das freguesías ou pola escasa cantidade de explotacións nalgunhas delas.

Non hai máis exemplos que inviten a pensar en clave de optimismo en canto a un desenvolvemento á alza da cabana gandeira de vacún pois, salvo estes casos particulares, podemos comprobar como se afunde a presenza deste gando, tanto nos exemplos betanceiros como especialmente nos do resto da provincia da Coruña. Sobre todo neste último caso temos casos de freguesías con cifras moi reducidas, alcanzando Almeiras, Ledoño ou Orro a cifra de apenas unha res por veciño nalgúns casos. A situación tampouco mellora demasiado para estes exemplos se acudimos á análise da posesión do vacún para aqueles veciños que en concreto explotan este tipo de gando, o que significa que tampouco os propietarios en cuxas mans se concentra posúen un grande número de cabezas en comparación con outros lugares ou coas cifras medias da provincia para décadas antes. En consonancia con estes apuntamentos, a presión que este gando exerce sobre o territorio tamén resulta ser baixa en tódalas parroquias desta antiga xurisdición do val de Veiga, sobre todo as tres que acaban de ser citadas. Son precisamente estes lugares os que ofrecen uns resultados máis modestos, pero como se acaba de advertir, teremos que valorar o contexto temporal e xeográfico no que nos atopamos, antes de culpar das posibles carencias dos seus rexistros a outros fenómenos de erros e omisións nos seus rexistros, que dende logo tamén poden estar presentes.

Por outra banda, podemos afondar un pouco máis, como xa se apuntou, na realidade do vacún, tratando de analizar algunhas das pautas da súa composición interna a partires da información que nos subministran estes rexistros, en adultos e crías. Estas últimas non presentan diferenciación entre machos e femias porque a fonte non afonda na cuestión de xeito sistemático ata que a res ten a lo menos un par de anos de vida. No primeiro ano concretamente, dita diferenciación non se realiza case nunca, de tal modo que a fórmula segundo a cal se anota o xato é xunto coa nai, dando conta frecuentemente de "una vaca con cría" sen máis detalles. É xa o momento no que a cría medrou un pouco cando comezamos a atopar referencias a "novillos" ou xovencos, termos que tamén se empregan en feminino. Neste período do desenvolvemento do animal, a distinción soamente resulta segura nalgunhas parroquias, mentres que noutras, estes termos son empregados en forma xenérica e sempre en masculino para distinguir ao conxunto desas cabezas aínda novas de dous ou tres anos de idade. Polo tanto, xa que a diferenciación por sexos non queda claramente patente nestes primeiros anos de vida para boa parte dos exemplos da mostra, non temos outra opción máis que xuntar as crías nunha única categoría en termos de análise. A partir da barreira dos tres anos de idade (en ocasións catro), estas problemáticas desaparecen e xa existe unha clara diferenza entre vacas e bois perfectamente marcada. Esta forma de recoller os datos era algo establecido pola propia normativa que marcaba a configuración da contribución xeral, pois tal e como se pode comprobar entre a documentación da xunta de Santiago, no apartado da valoración dos produtos pódese ler o seguinte:

> "Á las crías hasta los tres años cumplidos no se les debe cargar cosa alguna de utilidad separada, porque el aumento que van teniendo todos los años ya va considerado en la utilidad de la madre, y desde los cuatro años entrarán á ser

> regulados por sí, según queda dicho en órden á las vacas si fueren Juvencas, y si fueren Novillos según lo que va a decirse de los Bueyes[69].”

A ausencia da idade do gando vacún ata esa barreira concreta de idade responde polo tanto, como tantas outras veces, a unha resposta práctica que simplemente buscaría evitar a anotación de información que non resultaría útil de cara ao obxectivo que se perseguía de levar a cabo o repartimento dunha contribución. Como ata os tres anos as reses non verían cargado ningún concepto polo seu produto, resultaba inservible recoñecer o seu sexo mentres se tiveran claras as utilidades que se obtiñan a través da nai. Soamente cando eses beneficios comezaban a diferir a partir desa idade, en función de estar ante unha vaca ou un boi, sería necesario recoller o dato do seu sexo dado que de cada un resultaban utilidades diferentes. Ese tempo marca polo tanto unha fronteira na madurez desta especie, a lo menos en canto a produción, de modo que esta regra que acabamos de citar se cumpre con razoable exactitude nas distintas parroquias nas que dispoñemos de datos sobre o gando vacún. Resulta importante recoñecer isto, xa que o que poida acontecer a partir deste punto cos datos da idade destes animais obrigaríanos a realizar un estudo local, caso por caso, posto que o número de parroquias que contan con esta información para as súas reses correctamente recollida é moi escaso. Así, esta diferenciación primaria resulta útil para unha primeira aproximación á idade, pois o feito de falar de crías por un lado e bois e vacas polo outro supón establecer unha barreira neses tres anos, así que podemos tomar este indicativo como unha aproximación básica para orientarnos.

Ademais, cremos que esa diferenciación primaria entre as crías e o resto se cumpre xeralmente, incluso naquelas freguesías nas que non temos dispoñibles estes datos de idade, pois as fórmulas empregadas para rexistrar aos animais son sempre moi semellantes. En virtude desta información podemos presentar outro cadro cuxo obxectivo é reflectir a distribución interna das reses, por sexo e diferenciando entre adultos e crías, a grandes trazos. Soamente pode realizarse de modo sistemático para esta especie porque a distinción, tal e como foi descrita previamente, é realizada nun bo número de parroquias onde atopamos o censo gandeiro de vacún. Para outras especies podería ser posible en casos illados dalgunhas freguesías, pero o certo é que a mostra resultaría demasiado reducida ata que fosen localizados máis casos. Debe terse en conta, ademais, o detalle que apuntamos un pouco máis atrás, de que non tódalas freguesías respectaron as normas contempladas pola lexislación, segundo as cales as crías deberían pasar a computar como adultos, xa estiveramos falando de vacas ou bois, dende os tres anos de idade cumpridos. En consecuencia, como hai algunhas parroquias que seguían incluíndo como crías algunhas reses de ata catro anos, o grupo respectivo estará lixeiramente sobrevalorado en detrimento das dúas categorías de reses adultas. Con todo, a variación que isto poida supoñer non será moita, pois a situación máis común foi a de respectar a norma antes citada á hora de contabilizar estes animais.

Os resultados obtidos poden observarse no cadro 4.F, que non é máis que a descomposición dos datos da columna de vacún do 4.C, parroquia por parroquia. Se a suma non resulta exacta por unha variación arriba ou abaixo dunha centésima é debido unicamente a cuestións de redondeo, pois soamente manexamos dous decimais. Por outro lado, aínda que soamente aparece como baremos a media de Betanzos para mediados do século XVIII extraída do estudo de Rodríguez Galdo e Cordero Torrón, lembremos que as medias de vacún para o caso da provincia da Coruña eran moi semellantes (4,48 cabezas/veciño en Betanzos fronte ás 4,39 suxeridas por Pegerto Saavedra), de maneira que a súa composición interna non ten que ser moi diferente, podendo tomar esa cifra como unha guía orientadora. As cifras de

[69] Xunta de partido de Santiago (1818), op. cit., p. 99.

vacún, separadas deste xeito, revelan elevadas concentracións de machos adultos en moitas das explotacións, o que se explica principalmente pola presenza da figura dos bois de labranza, case sempre anotados en parella, que resulta ser a entrada nos rexistros de reses que máis habitualmente se repite en moitos lugares do territorio estudado. O seu peso na explotación segue sendo, polo tanto, fundamental, de modo que aínda que poidamos recoñecer unha redución da cabana de vacún, non parece que esta afecte tanto ao caso dos bois, seguramente polas necesidades existentes de tracción animal para o funcionamento do sistema de cultivo. Incluso na freguesía de San Xián de Almeiras, onde uns malpocados rexistros gandeiros nos facían sospeitar seriamente da súa fiabilidade, podemos comprobar como a figura dos machos está claramente presente dentro da cabana de vacún do territorio, de maneira que resulta evidente a súa importancia capital no marco dos traballos agrarios. O número de cabezas de vacún poderá reducirse en termos xerais, pero esa subtracción afectará en última instancia aos bois de traballo porque son un requisito indispensable para que as terras poidan seguir sendo postas en cultivo, e como tal tardarán en ser substituídos[70]. Por outro lado, existen excepcións claras a isto que vimos dicindo, marcadas por lugares onde a preponderancia dos bois sobre vacas e crías non existe. Neste sentido, situacións como a que nos atopamos en San Miguel de Figueroa explícanse acudindo ao seu padrón gandeiro, que é onde podemos comprobar que existen máis parellas de vacas de labranza que de bois que son destinados ao mesmo cometido. De feito, isto é algo que resulta estar comunmente reflectido nos rexistros gandeiros daqueles lugares onde as femias superan amplamente aos machos neste tipo de labores.

Cadro 4.F: composición interna do vacún en varias parroquias (en cabezas/veciño):

	Vacas	Bois	Crías
Media Betanzos (1)	1,8	0,69	1,99
S. Cibrán da Vila de Abade	1,31	0,9	0,78
Sta. María de Ardaña	0,51	0,92	0,58
Sta. Susana de Arcai	1,75	1,44	2,13
S. Mamede de Andoio	1,74	1,49	1,43
S. Xoán de Tordoia	1,57	1,14	1
Sto. Estevo de Culleredo	0,52	0,94	0,61
S. Xián de Almeiras	0,15	0,77	0,12
S. Pedro de Ledoño	0,48	0,69	0,14
S. Salvador de Orro	0,2	0,51	0,26
Sta. María de Celas	0,6	1,06	0,29
S. Miguel de Figueroa	1,47	0,3	0,53
Sta. María de Sarandós	1,13	0,58	0,01
Sto. Tomé de Salto	1,09	0	0,5

(1) Cifras obtidas de Rodríguez Galdo, Mª X. e Cordero Torrón, X. (1981).

Fonte: rexistros de gando dunha selección de territorios das provincias de Betanzos e Coruña. (AMB, c. 1684 e 1686; AMC, c. 3971, 3972 e 3973)

[70] Bernal Rodríguez, A-M. (1999), pp. 152-153.

En derradeiro lugar, chegar a coñecer a organización interna da cabana dunha especie como a do vacún segundo as posibilidades que nos ofrece a fonte, permite tamén detectar posibles problemas internos que nos poden levar a desconfiar de certas situacións e que quizais terían sido pasadas por alto no caso de non ter realizado este exercicio. Tal é o caso, por exemplo, da freguesía de Sarandós, onde chama a atención a tan escasa presenza de crías, o que nos leva a pensar que quizais nesta parroquia non foron anotadas. Deste territorio poderíamos dicir, en xeral, que as súas cifras de vacún, vistas á luz dalgunhas das demais nos tres cadros anteriores, non presentaban máis problemas que outras da mostra, ou que incluso poderían espertar menos receos. Porén, baixando un nivel máis atopámonos cunha situación tan pouco común como aceptable, na que as crías resultan ser practicamente inexistentes. Polo tanto, poder coñecer a estrutura interna de cada especie gandeira redunda nunha serie de vantaxes coas que por desgraza non poderemos contar para os sucesivos grupos de animais por regra xeral. Con todo, sobre estes mesmos datos que nos amosan a clara superioridade do vacún de labor volveremos un pouco máis adiante, polo que convén ter estes datos a man.

O gando vacún merece aínda un último comentario que non resulta posible realizar para outras das especies que compoñen a cabana gandeira doméstica a través desta fonte, que é o referente á súa propiedade. Aínda que atopemos algúns animais, á marxe deste vacún, afectados por contratos de cesión como a parcería (tal pode selo caso dalgunhas mulas) os casos particulares rexistrados son realmente moi poucos, de tal forma que soamente coas reses esta información remata sendo recollida dunha forma máis sistemática, algo que probablemente sexa debido ao seu papel central na explotación agraria, o que ao mesmo tempo lle confire nos inventarios da riqueza unha posición privilexiada como xa apuntamos e que se adoita traducir nun maior nivel de detalle das súas informacións. En termos xerais, se nos atemos aos datos proporcionados polos inventarios da riqueza, o campesiñado de moitas das parroquias que nos aparecen reflectidas para esta época na provincia da Coruña resulta ser o propietario directo das reses que explota nunha clara maioría dos casos atopados. Así atopámonos co feito de que, dun xeito aproximado, arredor das tres cuartas partes destes animais son, efectivamente, explotados directamente polo seu propietario. Por exemplo, na parroquia de San Salvador de Orro, na xurisdición do val de Veiga (hoxe concello de Culleredo), temos baixo esta forma ao 68% das reses, obtendo por outra banda, cifras máis elevadas no outro extremo da provincia, en Santa María de Ardaña (concello de Carballo, cun 81%). Porén, o dato máximo atopámolos en Arcai, onde o 85% destes animais aparecen anotados baixo unha forma de propiedade directa, o que non obstante cadraría coa situación que tiñamos en canto á distribución deste tipo de gando, pois lembremos que este territorio resultara ser aquel onde a cantidade de vacún por veciño era a máis elevada de todos cantos compoñían a nosa mostra.

Se de novo tratamos de descender un chanzo máis e tratar de ver o que acontece no nivel interno desta cabana, topamos con que os bois, tan necesarios para o desenvolvemento das labores agrarias, resultan ser dentro dese vacún os animais máis afectados polos contratos de cesión, algo que se debería precisamente á súa indispensable presenza. O razoamento tras desta realidade é tan simple como recoñecer que o sistema agrario non pode funcionar sen un aporte de tracción animal, e por isto mesmo, naqueles lugares onde son máis comúns as vacas de labranza tamén adoitan ser máis habituais os contratos de cesión que afectan ás femias que os dos machos. Pero volvendo ao caso dos bois, máis comúns nestes traballos por regra xeral, centrándonos nos mesmos tres exemplos antes citados, ata case o 40% dos que están presentes na freguesía de Orro non pertencen por enteiro aos campesiños que se aproveitan da súa forza de traballo. Nos outros dous, os contratos "a ganancias" que afectan a estes machos déixannos

cifras algo máis reducidas, do 35% do seu total no caso de Arcai e dunha cuarta parte para o exemplo de Ardaña.

É posible que estes datos dos que falamos sexan, con todo, demasiado optimistas, pois sendo os inventarios gandeiros polo xeral de menor calidade que os das terras, a identificación dos beneficiarios dos contratos de parcería é máis deficiente se os comparamos coa información dispoñible para as terras cedidas, que abordaremos máis adiante. É dicir, pese a interpretar terras e reses como bens cedidos, a identificación dos propietarios resulta máis defectuosa no caso do gando. Como resultado, é de esperar que ante a falta dese dato, o perito correspondente non se molestara en reflectir a dita condición no rexistro correspondente, o que pode redundar nunha menor representación deste tipo de fenómenos. Polo xeral temos un comportamento máis laxo a este respecto nos animais.

4.4.2. O gando ovino e caprino

Ovellas e cabras serán analizadas a continuación de modo conxunto xa que comparten algúns dos seus comportamentos, non soamente dende a óptica da súa evolución no marco dos cambios que se producen no sistema agrario senón tamén dende a da propia fonte e o modo no que se rexistran. Un primeiro detalle en canto a este derradeiro aspecto, por exemplo, lévanos a falar no tocante a estes animais, da situación relativa á cuantificación de crías, un inconveniente que xa foi sinalado para moitos dos censos gandeiros realizados antes da Guerra Civil e onde coñecer se este dato estaba incluído podía ser obxecto de dúbida e desconfianza[71]. Esta problemática por sorte é minoritaria e sucede nun número moi escaso de parroquias que teñamos atopado nos cadernos da riqueza de Garay, de modo que podemos afirmar que a lo menos nos territorios das antigas provincias de Betanzos e especialmente da Coruña, as crías dos ovicápridos si están recollidas salvo poucas excepcións. De todas formas, cando nos referimos a freguesías que quedan fóra da norma do reconto de años e cabritos, tampouco quere dicir que nestes casos dito exercicio non se tivera levado a cabo, senón que máis ben, algunhas anotacións resultan confusas e poden dar lugar a dúbidas sobre o que os rexistradores quixeron apuntar. Isto acontece tanto nos padróns gandeiros dos apeos e cadernos como nos resumos da riqueza gandeira correspondentes a seccións do modelo 3. Vexamos en que modo acontece isto.

Nos apeos e cadernos hai parroquias nas que a referencia a estas especies se realiza de modo moi xenérico, de tal forma que tódalas cabezas da cabana figuran como ovellas ou cabras sen máis aclaracións. Cando topamos con esta situación, sen especificar as crías de modo explícito, non podemos asegurar se años e cabritos están presentes nos rexistros. Aínda que isto pode suceder, porén, o normal ao consultar un censo gandeiro é que, para as crías de cada veciño, se anote o número de nais adultas seguido das crías para ese grupo de animais (por exemplo “10 ovejas y 4 crías” ou “6 cabras y 6 crías”). Baixo esta fórmula, que por sorte para o investigador é o modo de anotación maioritario, non hai confusión posible posto que o número de adultos e crías está perfectamente recollido. Porén, esta indicación pode experimentar cambios, de modo que os posibles problemas comezan cando, en lugar de anotar nos padróns ese número exacto, aparecen fórmulas moi semellantes pero que dan lugar a diferentes interpretacións. Para complicar o noso labor, pode resultar que todas elas rematen sendo posibles, ou mesmo pode darse o caso de que se reproduzan varias ao longo dun mesmo inventario, de modo que unha desas lecturas á hora de anotar os animais poida ter ao mesmo tempo varias solucións posibles. Aclaremos isto mediante algúns exemplos. Nos padróns gandeiros, en ocasións, a fórmula de anotación que acabamos de citar pode variar

[71] Soto, D., González de Molina, M., Infante-Amate, J. e Guzmán, G. (2016), pp. 2-3.

lixeiramente, pasando a informar o dato da presenza dun número de ovellas ou cabras concreto e doutro de crías que non o é (por exemplo: "5 ovejas y crías" ou "7 cabras con crías"). Nestes casos, os matices de interpretación poden levar a pensar de varias formas. Por unha banda, que o único número representa o total de animais ("5 ovejas y crías" supoñerían, logo, cinco animais en conxunto, aínda que non saibamos cantos adultos e crías hai exactamente); por outra, que o número representa ás nais, pero que a cifra de crías non figura porque é o mesmo, xa que cada animal adulto ten unha ("7 cabras con crías" pasaría a representar así a catorce animais exactamente); e en última instancia, que o número representa ás nais adultas, pero que existe ademais un número indeterminado de crías que non se reflicten. Este último sería o peor suposto posible xa que o mesmo exemplo de "7 cabras con crías" representaría un número mínimo de oito ou nove animais, e un máximo indefinido onde cada nai pode ter unha cría ou máis, quizais de varias camadas anteriores, mentres que algunhas ao mesmo tempo, poden non ter ningunha. Por último habería que engadir problemas derivados da escritura, onde algúns borranchos sobre os números poden volver a información ilexible. Como estes animais se anotan en grupo, a falta dun número pode supoñer un inconveniente, sobre todo se este se repite de forma acumulativa en varias ocasións.

O caso do modelo 3 é un pouco diferente, pero en esencia representa o mesmo problema que acabamos de describir, é dicir, unha fórmula que non sabemos a que se refire de forma exacta. Nestes documentos, as femias destas especies aparecen separadas en dous grupos, as que teñen crías e as que non. Atoparnos con toda a cabana gandeira de ovellas e cabras onde vemos escrito simplemente "ovejas con crías: 100" representa un inconveniente importante. Cando estes problemas aparecen, o único modo no que podemos tratar de resolver o entorto é acudindo ao detalle da valoración do grupo de animais, o cal nos pode proporcionar algunha pista do número de cabezas que o compoñen de forma máis exacta. Gracias a eses datos deducimos, por exemplo, que as crías non están sumadas ás nais nos datos do modelo 3 e que, en consecuencia, as cen ovellas con crías son en realidade douscentos animais como mínimo, pode que algún máis en función de camadas máis grandes.

Todos estes inconvenientes son, en realidade, moito menos comúns do que poida parecer e debemos advertir que quizais o feito de expoñelos aquí dá a entender que revisten maior gravidade da que realmente teñen. O derivado dos documentos do modelo 3 resólvese rapidamente atendendo ao valor dos animais, e os dos padróns gandeiros afectan por regra xeral a un número moi reducido de explotacións sobre o total da parroquia e pode ser resolto na maioría dos casos pola mesma vía. Porén, está claro que afectan ao reconto global aínda que sexa de forma feble, así que por este tipo de problemas, en conxunto, os datos de ovino e caprino deberán ser tomados como un mínimo, por outra parte, bastante próximo á realidade, especialmente no caso das ovellas. Ao ter estes animais camadas máis pequenas, asumir que cando temos unha serie de nais existe o mesmo número de crías non resultará algo disparatado, sobre todo porque sempre temos o prezo conxunto dos animais que nos indica que moitas veces parece que tal debeu ser precisamente a conta realizada polo perito rexistrador, unha cría por ovella en idade parideira. Para o caso das cabras, con camadas máis grandes, a situación complícase algo máis. Non coñecer, aínda que sexa nunha soa explotación, o número exacto de crías en freguesías pequenas onde o número destes animais xa é elevado con cálculos básicos (caso de Santa Susana de arcai ou San Xoán de Tordoia) pode supoñer un problema porque a cifra pode aumentar bastante ao haber poucos veciños entre os que dividir o total (afortunadamente, nestes lugares particulares non atopamos problemas deste tipo). Non obstante, contamos con dous aspectos ao noso favor e que disimularían posibles erros de rexistro: por unha banda na nosa mostra contamos con

freguesías máis grandes nas que temos un número de veciños máis elevado que, ao actuar de denominador no repartimento, diluiría en boa medida un incremento producido por algúns animais que non estiveran cuantificados. Pola outra, o feito de que as cabras adoitan ser, salvo as claras excepcións que temos nas táboas e que acabamos de citar, un continxente moito menor que as ovellas, o que dificulta que haxa unha grande cantidade de crías que quedara oculta, ao haber tamén moitas menos nais potenciais que se estiveramos a falar de ovellas.

Sexa como fora, no caso das crías de cabras e ovellas tampouco se introduce distinción algunha por sexos, novamente ata unha idade mínima que, mentres non era acadada, non computaba por separado, senón que as utilidades que aportara ao propietario eran contabilizadas xunto coas da nai. Esa idade era a barreira dos tres anos novamente, de modo que a partir dela, o año ou cabrito en cuestión pasaría a ser considerado macho ou femia adulto da especie á que pertencera, pasando a ser valorado como tal segundo o prezo que se correspondía (no partido da Coruña, porén, había un pequeno recoñecemento para as crías de entre un e tres anos respecto as que aínda non acadaran o ano de idade). Como apuntabamos no caso anterior do vacún, o baleirado sistemático de información sobre sexo e idade de cabras e ovellas non se pode realizar para outras especies a grande escala por falta de exemplos. Facelo tampouco resultaría tan interesante como o era para o caso do vacún, posto que entre as ovellas e as cabras non hai unha diferenza tan marcada en canto a usos dentro do marco da explotación agraria, é dicir, debido a que non son empregadas como unha fonte de tracción. De aí que o único aspecto polo que paga a pena coñecer a distinción por sexos sexa unicamente para tratar de indagar algo máis profundamente sobre os produtos que xeran estes animais. Porén, sendo precisamente un dos principais problemas dos censos gandeiros aparecidos no marco desta fonte a sección onde se anotan os produtos de tódolos animais que compoñen a cabana gandeira, a distinción tampouco resulta demasiado útil cando se realiza, salvo algunhas excepcións que comentaremos axiña. De feito, con moita frecuencia pode acontecer que nun reconto de ovino e caprino soamente atopemos anotados femias e crías, o cal non tería moito sentido dende un punto de vista reprodutor e de conservación da especie. Está claro que os poucos carneiros e castróns presentes nun territorio dado, que probablemente existirán aínda que foran escasos, serían contados coas ovellas e anotados en grupos. Pero como dicimos, un número pequeno de machos non supón un erro moi grande nin sequera a nivel de produtos obtidos, de aí que esta mesma poida ser a explicación a esta pequena omisión. Como dato aproximativo, cara finais do século XIX recoñécese un macho por cada vinte ou vinte e cinco cabras, de modo que efectivamente o erro non sería demasiado importante se temos en conta que non existen grandes rabaños en ningunha das freguesías coas que aquí tratamos[72].

Non obstante, o certo é que entre as parroquias da mostra temos algúns exemplos nos que, para o caso destes animais, podemos realizar tamén este exercicio de diferenciación de crías e sexos no caso dos adultos como o que se fixo para o caso do vacún, cuxos resultados nos permiten obter algunhas conclusións interesantes. Unha excepción na que de feito compensa poder acceder a esta clasificación é nos casos nos que o número destes animais resulta moi elevado, pois pode ser interpretado como un indicador de actividades comerciais de certa importancia. Así, temos atopado exemplos na nosa mostra nos que as cifras de cabras e ovellas manexadas polos veciños son tan altos que non é posible imaxinar outra solución. Lamentablemente, por tratarse de casos illados, non podemos coñecer alcance exacto destas actividades máis alá da área inmediata a estas parroquias, e quizais nin tan sequera iso se temos en conta as grandes variacións locais que nos encontramos entre freguesías veciñas

[72] Dirección General de Agricultura, Industria y Comercio (1892), vol. II, p. 79.

para un mesmo animal. As xa tantas veces citadas parroquias de Santa Susana, San Mamede e San Xoán na xurisdición de Villarprego poden ser un exemplo revelador disto que vimos apuntando.

Nas tres freguesías temos unha situación semellante en canto ao manexo da cabana das dúas especies animais das que agora nos ocupamos. En Andoio, o ratio de ovellas supera ao das cabras nunha proporción de case tres a un, mentres que en Tordoia, ese equilibrio queda establecido, aproximadamente, no dobre, tamén favorable ás ovellas. O caso de Arcai é un pouco diferente, pois a situación resulta non soamente máis equilibrada senón que tamén chega a inverterse, resultando favorable a superioridade neste caso ao gando caprino. A cuestión é que, en conxunto, tódolos veciños manexan arredor de 19-21 cabezas de ovino/caprino en termos medios. Aínda que non podemos coñecer o que acontece en canto á organización interna das explotacións gandeiras de dous deses tres territorios porque os seus datos foron obtidos do modelo 3, o caso de Arcai revélanos (cadro 4.D) unha distribución moi equitativa tanto de ovellas como cabras, pois a maioría dos veciños posúen animais das dúas especies, non existindo en ningún caso unha soa explotación que careza de efectivos de ambas. Nestas parroquias, polo tanto, o número de cabezas que cada veciño manexa resulta importante, pero o interesante aparece cando, baixo esta media xeral entramos a valorar o que acontece coas ovellas e as cabras segundo as súas idades e sexos, especialmente coas primeiras.

Na mesma freguesía de Arcai, por exemplo, resulta moi interesante que, a partir do estudo da composición da cabana ovina, o 69% da mesma resultan ser carneiros adultos, ou dito doutro modo, nunha pequena parroquia de apenas dezaseis veciños, estas persoas manexan a noventa e dous carneiros, o cal nos deixa unha cifra de case seis por explotación como termo medio. Se poñemos en relación estes datos conforme a produción que estes animais ofrecen, estaremos máis preto de comprender a situación desta parroquia. Nos produtos dos carneiros, a lá resulta ser loxicamente o principal, arranxado por termo medio segundo datos dos propios documentos modelo 3 nunha libra por cabeza ao ano. Non hai que desprezar tampouco a produción doutras vinte e nove ovellas, cunha produción establecida de media libra que tamén habería que sumar á produción dos carneiros. A poboación ovina do territorio estaría completada cun número reducido de crías que axudarían á súa renovación progresiva, con vistas a seguir mantendo este uso ao longo do tempo, sen excluír tamén posibilidades de venda nestas idades temperás. A idade destes machos, anotada en practicamente tódolos casos, habendo animais de oito a dez anos, podería confirmar isto que dicimos. A cuestión é que, con tantos carneiros e sendo o tecido da súa lá a súa principal saída económica, xunto quizais coa produción de carne, non podemos senón destacar este uso de clara orientación artesanal e comercial por parte da poboación deste territorio. Sobre o caprino, visto o comentado das ovellas, sería posible que tamén se sustentara algún uso comercial, neste caso leiteiro ou cárnico, sobre todo se temos en conta as elevadas medias de animais por explotación (superiores ás do ovino) e o seu reparto por boa parte dos fogares da freguesía.

Pola súa parte, en Andoio, a poboación de carneiros experimenta unha importante redución sobre o total, ata algo máis do 14% da cabana ovina, destacando no seu lugar outro tipo de aproveitamento para este gando. O que temos nesta freguesía en lugar de carneiros é unha cantidade significativa de ovellas, que abarcan o 56% da cabana destes animais, tendo máis da metade das mesmas a lo menos unha cría, abarcando estas o case 30% que resta para completar a poboación total da especie. Segundo estes datos, ademais dunha cantidade importante de lá, xa fora para ser traballada polos mesmos campesiños ou para vendela, cada fogar desta parroquia conta cunha media de 5,29 años á súa disposición, e iso contando con

que cada ovella que o seu respectivo modelo 3 recolle con crías, teña soamente unha. Se de novo volvemos razoar as posibilidades comerciais dunha cabana destas características, avanzaremos pola liña dos seus posibles destinos. O uso da lá segue estando claramente presente, pois a presenza de carneiros, que producen segundo a fonte o dobre que as femias, segue tendo un peso importante sobre a cantidade final (segundo os datos do modelo 3 desta freguesía, a lá de carneiro supón o 34% da total producida neste territorio). Pero xunto a este uso temos, probablemente, outro consistente no aproveitamento dos años para a súa venda. De feito, cabe destacar ademais que a cantidade de femias que o inventario anota con crías é ademais, moi próxima á metade, pois mentres que o 53% das ovellas censadas teñen años, o 47% restante carecen deles, o cal pode ser unha mostra calculada e perfectamente dirixida de partos separados, o que sempre garantiría un número estable en canto á presenza de crías, reforzando a idea dun claro uso comercial das mesmas, e onde cunha estratexia semellante non sería raro poder conseguir ata tres camadas sucesivas nun período de dous anos.

Nesta freguesía pode dicirse outro tanto seguramente das crías de cabra, pois a situación que atopamos é moi semellante á que se acaba de describir para as ovellas. Aínda que en menor número que estas últimas, as cabras con crías representan unha porcentaxe importante do total do caprino, superior á metade. Sobre o total de cabras que poden ter crías, o modelo 3 respectivo a esta freguesía indícanos que o 56% delas posúen a lo menos unha, pero neste caso, os cálculos poden ser realizados cunha aproximación menor debido á propia natureza desta especie, con partos máis numerosos que os das ovellas como xa apuntamos un pouco máis arriba. Supoñendo novamente unha cifra moi conservadora dun só cabrito por nai, cada explotación deste territorio manexa, en termos medios, 1,66 destes animais, un aspecto que se xa había que considerar como un mínimo no caso das ovellas, haberá que facer agora nel unha énfase aínda maior. Se en lugar desa cifra establecemos como media de crías o dato de 1,5 por nai, o resultado aumenta en consecuencia ata case os 2,49 cabritos por explotación e para cada camada, e isto sen saber realmente nada ao respecto da presenza dalgún animal que aínda estea presente de partos anteriores. A cantidade, quizais non moi extraordinaria, debe ser entendida en conxunto, pensamos, co anotado no parágrafo anterior para o caso dos años, de maneira que observamos como, realizando cálculos á baixa, cada fogar desta parroquia dispón dunhas sete crías de ovellas e cabras por camada, no que parece ser unha clara estratexia de partos programados se atendemos ao balance de nais con crías e sen elas.

Sobre o caso restante de San Xoán de Tordoia non hai moito máis que afondar porque as situacións descritas previamente serven en boa medida para explicar o que nos atopamos nesta freguesía. De novo unha poboación de ovino significativa onde, como acontecía en Andoio, o número de carneiros non é moi elevado, aínda que si importante (aproximadamente dun 15%). A produción de lá segue sendo importante pola cantidade de ovellas presentes en cada explotación, sendo esta completada co aporte realizado por estes carneiros, uns dous por explotación, que por suposto tamén debían cumprir con funcións reprodutivas. Efectivamente, se volvemos atender aos aspectos de cría, observaremos como algo máis da metade das ovellas as teñen (o balance do 53% con crías e do 47% sen elas vólvese repetir coma na parroquia descrita no parágrafo anterior). Mirando ao número de años e supoñendo outra vez que cada nai que figura no resumo do modelo 3 teña soamente unha cría, cada fogar manexa en termos medios 4,07 crías por cada camada. Neste caso, o comportamento arredor da cría de cabras non semella reflectir unha pauta estratéxica á hora da súa reprodución, pois apenas o 23% das cabras teñen crías. Non obstante, habería que seguir contando con 1,21 cabritos por explotación e parto, como mínimo, que se poderían sumar á cifra de años do mesmo xeito que se razoou no exemplo anterior.

Se pretendemos buscar máis probas que apoien o uso comercial destas dúas especies de gando máis alá destes usos de explotación, podemos realizar un exercicio que nos permita ver a dispoñibilidade de carne por habitante nestas parroquias, adiantando con isto un dos aspectos que será desenvolvido ao final do capítulo cando se poña en práctica o método dos fluxos enerxéticos. Esta aproximación foi calculada dacordo a uns criterios elaborados por investigadores da universidade Pablo de Olavide para mediados do século XIX a partir do estudo do censo de 1865 e das memorias gandeiras de 1891 e 1917[73]. Mediante a aplicación de varios coeficientes, resulta posible realizar unha aproximación da carne dispoñible para o consumo[74]. Tendo en conta que foron estes mesmos investigadores os que estimaron unha cifra de 22 Kg deste alimento por persoa e ano para mediados do século XIX, partimos da asunción de que, cifras moito máis elevadas poden ser tomadas como un indicador de comercialización do produto. A cuestión é que, aplicando este método aos padróns gandeiros destes territorios de Arcai, Andoio e Tordoia, a dispoñibilidade media de carne por persoa e ano pode estimarse en 41,3; 38,5 e 33,6 Kg respectivamente. Destas cifras, nas tres parroquias repítese a constante de que uns 12-12,5 Kg desa carne procede de gando ovino e caprino. Os resultados semellan tanto interesantes como reveladores.

Tales usos, tanto da lá como os da posible comercialización de crías, son pola contra, difíciles de constatar na fonte manexada a ciencia certa, máis alá dos razoamentos que agora puidemos levar a cabo dada a importante presenza destes animais así como dos recursos que ofrecen. Por exemplo, en directa relación con estes datos de produtos obtidos de man das ovellas especialmente, hai que salientar a cuestión da importante escaseza de oficios relacionados co aproveitamento destes animais nestas parroquias. Non nos referimos xa a cuestións relacionadas co seu coidado, pois resulta lóxico que ante o tamaño reducido dos grupos e debido a que estes pacen en superficies próximas á casa ou nos montes das inmediacións, non sería necesaria a presenza de pastores profesionais para facerse cargo deles. Neste sentido, resulta raro que, de forma conxunta, os rabaños excedan da cantidade das 25 ou as 30 cabezas vistas as cifras que nos atopamos nos cadros 4.C e 4.D, sendo o máis común que cada explotación posúa arredor dunhas dez ou doce ovellas e arredor de seis ou oito cabras por termo medio. Ao contrario, pretendemos facer referencia máis ben á realidade do aproveitamento e traballo da lá ou da pel e á escasa presenza, incluso en lugares como os anteriores onde a súa existencia debería ser moito máis clara, de ocupacións como cardadores, teceláns, curtidores ou fiadores, que brillan pola súa ausencia tanto no caso dos homes como das mulleres. Derivada do modo no que os rexistros de poboación recollen os datos das ocupacións dos contribuíntes, esta cuestión ocúltanos en boa medida uns aproveitamentos gandeiros que probablemente estiveran máis fondamente enraizados e amplamente desenvolvidos.

Eran estas as parroquias ás que faciamos referencia ao falar da subrepresentación de certas ocupacións campesiñas no capítulo anterior. As súas dedicacións múltiples e complementarias non quedan reflectidas na documentación que recolle aos grupos familiares en tanto en canto os rexistros contemplan maioritariamente aos contribuíntes como individuos cuxa ocupación principal é o cultivo do agro. Ademais, dada a primacía absoluta do varón cabeza de familia como único integrante do grupo para o cal adoita figurar o dato do oficio, a mesma consideración resulta válida para o resto dos seus compoñentes. Non é a do aproveitamento do gando, como resulta obvio, a única cuestión que este aspecto se nos oculta no tocante a ocupacións, pero interésanos salientalo agora porque tal é o tema que nos ocupa.

[73] Dirección General de Agricultura, Industria y comercio (1892) op. cit.; Ministerio de Fomento. Dirección General de Agricultura, Minas y Montes (1920).
[74] González de Molina, M.; Soto, D.; Aguilera, E.; Infante, J. (2014) op. cit., p. 174.

Isto, unido ao feito de que os rexistros de gando presentan unha serie de complicacións en canto ao recoñecemento dos produtos obtidos dos animais domésticos por regra xeral, como veremos en breve, dificulta máis aínda realizar unha análise correcta e en profundidade destas cuestións.

Para rematar este apartado dedicado ao gando ovino e caprino podemos apuntar que a situación desta cabana gandeira, unida á xa descrita para algunhas destas mesmas parroquias no caso do vacún pode explicar en boa medida a evolución constatada para as súas respectivas superficies pratenses. Ao falar destas últimas no apartado anterior, suxerimos que en lugares como Vila de Abade, a comparación de reses e ovellas coa situación que atopabamos nas freguesías veciñas podería axudar a explicar en parte o que acontecía con estas superficies nese caso particular. Pola súa parte, a idea pode ser quizais menos aplicable para o caso das cabras, máis acostumadas a aproveitar espazos de monte e pastos de peor calidade que as ovellas. Non obstante, estas últimas poderían terse beneficiado nos tres exemplos anteriormente descritos das vantaxes que ofrecía unha maior presenza de prados de regadío se comparamos a situación presente en Ensenada coa que temos analizado para finais da segunda década do século XIX. A cuestión que interesa destacar é que esa herba dispoñible puido favorecer unha mellora na alimentación non soamente do vacún nestas freguesías, senón tamén dalgúns destes grupos de ovellas. A súa correcta alimentación tería, no caso de aceptar os usos reprodutores destes animais para a comercialización das crías ou para a produción de lá, unha importancia capital por este mesmo motivo.

4.4.3. O gando porcino

Nos rexistros da riqueza queda ben claro, á vista das táboas, que os porcos son uns dos animais cuxa presenza é menor segundo os datos recollidos nesta documentación. Non importa neste caso de onde saquemos a información, se dos padróns gandeiros veciñais ou dos resumos da riqueza que seguen o esquema do modelo 3, pois ámbolos dous documentos reflicten para o porcino unha situación moi clara, marcada pola súa importante escaseza en relación a épocas anteriores. Comparar desta volta as cifras que nesta investigación se obtiveron para estes animais con outras medias como as obtidas de estudos diversos para a época de Ensenada, que figuran nas primeiras filas do cadro 4.C principalmente, resulta nun exercicio que nos permite decatarnos disto facilmente. Efectivamente, nin unha soa das freguesías da mostra supera ningunha das medias de distribución do porcino, nin por veciño nin tampouco por superficie. Non soamente iso, senón que os datos están ademais lonxe da situación que as cifras reflicten para mediados do século XVIII, moi por debaixo delas.

Tratando de atopar unha explicación que nos permita definir os motivos que levan a que os rexistros reflictan os datos tal e como o fan, o primeiro obxectivo que nos deberiamos propoñer sería o de buscar posibles erros nos propios recontos da riqueza, o que significaría que a situación do gando porcino sería outra diferente, e que en consecuencia non está correctamente recollida na documentación. No peor dos casos, se isto fose así, a documentación sería inválida para esta especie animal, e veriámonos forzados a descartala. Poderíamos crer que as cifras das táboas son tan baixas porque o número de crías non se recolle, pero aínda que poida ser así como acontecía nalgunhas parroquias coas ovellas, o certo é que a tendencia xeral segue sendo a de anotalas. Entre as mostras atopadas, a variedade na calidade da información é como en tantos outros casos a norma xeral, de modo que hai freguesías nas que, por exemplo, se inclúen datos de idade mentres que noutras non. Como acontecía co caso de ovellas e cabras, a maior dúbida arredor do rexistro de crías aparece cando, a falta dunha mención á idade, a alusión a estes animais se realiza, para todo un territorio, de modo totalmente xenérico e tamén sen referencias explícitas aos leitóns.

Agrupar a tódolos animais baixo o estándar "cerdo" sempre resulta sospeitoso, pois nunca poderemos estar completamente seguros de se os animais máis novos están incluídos. Pese a ter algúns casos que se poderían incluír nesta descrición, a tendencia habitual é a de empregar tamén o termo cría ou algún derivado de fácil identificación, diferenciando así os animais maduros dos que aínda non medraron o suficiente, e mesmo hai lugares onde o rexistrador se toma a molestia de diferenciar se os porcos son de ceba ou de cría. As cabezas do porcino, polo tanto, parecen estar recollidas dacordo coas mesmas pautas que as das demais especies, pero aínda supoñendo unha representación á baixa por falta de crías, ou unha ocultación que viría posibilitada quizais por algunhas das características de habitación destes animais que veremos axiña, as cifras seguen sendo demasiado reducidas. Por outra banda, aínda que algunhas crías se nos escapen, debemos ter presente en todo momento o contexto orgánico no que nos atopamos, de maneira que non podemos pensar nestes animais como grandes produtores de crías, pois non será ata o cambio vivido coa industrialización da cabana gandeira cando os porcos produzan leitóns practicamente durante todo o ano[75]. Ante esta tesitura parece claro que deben existir outras cuestións que nos permitan explicar os datos aparecidos para o gando porcino na documentación que manexamos, é dicir, que os posibles problemas da situación que os rexistros reflicten deben atoparse, a lo menos en parte, fóra dos mesmos.

Debémonos preguntar polo tanto polos motivos que poden explicar esta situación dos porcos nos rexistros da riqueza gandeira elaborados nestes anos. Poderíamos aducir, principalmente, dúas explicacións: a primeira tería relación directa cos tempos de implantación e desenvolvemento da contribución, e moi concretamente, co momento do ano no que os rexistros da riqueza se realizan e a relación que estas datas poidan ter co carácter flutuante destes animais nas explotacións agrarias, pois a súa presenza varía en función da época na que nos atopemos, quizais nun grao maior que calquera outro dos animais presentes no fogar. Por outra parte, a segunda cuestión volve estar relacionada coa posible situación de crise e recuperación na que poden estar sumidos algúns territorios e da que xa falamos. Non hai motivos para pensar que se unha contenda bélica afecta a unha especie, non teña tamén consecuencias para as demais, aínda que por suposto o grao no que afecta a cada unha poida chegar a ser diferente.

En canto á primeira cuestión, debemos recoñecer que as flutuacións estacionais de certas especies da cabana gandeira poden chegar a alcanzar no caso do gando porcino o seu punto álxido. Outros animais poden ser sacrificados dun xeito similar en determinados momentos para o consumo humano, pero hai que pensar na importancia, no peso relativo e nos recursos que consume cada especie para distinguir modelos diferentes de comportamento dentro da explotación para cada un deles. Se pensamos por exemplo en animais pequenos como certas aves, o seu reducido tamaño e, en consecuencia, o seu menor consumo de alimentos, favorece unha rotación así como unha presenza constante dos mesmos na explotación. O seu limitado talle e doado consumo conseguinte entre os membros dunha familia elimina en boa medida moitos dos requisitos de conservación da súa carne, o que favorece que non haxa calendarios nin pautas concretas para o seu sacrificio. En previsión deste evento, unha cría pode comezar a ser mantida para efectuar unha substitución un tempo antes, precisamente porque o alimento consumido por un só destes pequenos animais resulta máis facilmente asumible para o seu dono. A relativa liberdade á hora de consumilos favorece o mantemento dunha poboación estable dos mesmos, salvo episodios de morte catastrófica por enfermidades, das que realmente ningunha especie está completamente a salvo. Pero en circunstancias normais, dar

[75] Soto, D., González de Molina, M., Infante-Amate, J. e Guzmán, G. (2016), op, cit., p. 4.

morte a un destes animais e criar un substituto pode ser algo que ocorra en varios momentos do ano, principalmente marcado polas necesidades e as posibilidades de cada explotación, realizando cada unha a administración de modo individual, segundo conveña.

No caso dun porco, estes razoamentos son inválidos en boa medida. Salvo no caso dos fogares máis acomodados, se unha familia mantén un destes animais, o custo de facelo cun segundo en previsión da matanza do primeiro é demasiado elevado, porque a cantidade de alimento para mantelo é, loxicamente, moito maior que cando falabamos dos animais de curral. Deste modo pode pasar un período de tempo, quizais non moi longo, ata que despois deste episodio, outro porco novo ocupe o lugar do anterior. Aparte, a matanza non pode ter lugar tampouco nun momento ao azar do ano, posto que para facilitar a conservación, o comezo dos meses fríos resulta ser o idóneo para que dito episodio teña lugar, dada a cantidade de carne que será obtida como resultado. A data do tradicional día de San Martiño, a mediados de novembro, sérvenos a este respecto como un bo punto de referencia. Chegamos así á cuestión que resulta máis interesante dentro deste primeiro apunte. As cifras que quedan reflectidas nas táboas chocan por ser tremendamente baixas, o que converte a este gando en concreto nunha das especies peor documentadas nos rexistros da riqueza impulsados a finais da segunda década do século XIX. Pode haber ocultación dende logo, o que en parte podería explicar as baixas cifras que atopamos. Porén, como xa apuntamos anteriormente, non debemos facer a esta práctica responsable de tódolos problemas cos que poidamos topar nos rexistros, de modo que debe haber outro motivo tralo cal estas cifras poderían non ser tan estrañas. Ese factor ben podería ser a propia data na que os recontos foron realizados, especialmente se agora atendemos tamén aos razoamentos, simples pero necesarios, dos parágrafos anteriores.

Hai autores que establecen para a fonte ensenadina que algunhas cuestións arredor da flutuación estacional dalgúns animais da cabana, froito de que os rexistros se leven a cabo en momentos diferentes do ano, poden ser compensadas pola diversidade de casos atopados, posto que nunha mostra o suficientemente grande, uns exemplos compensaríanse con outros[76]. Se atendemos ao modo teórico no que os cadernos da riqueza deberían ser elaborados, dita explicación sería válida para a fonte que manexamos, pero por desgraza, non parece que tal cousa poida ser así, a lo menos para o caso concreto dos porcos. Para explicar o motivo debemos recuperar unha das pautas de elaboración dos documentos da contribución xeral. Como lembraremos, os cadernos da riqueza deberían ser realizados, segundo decretaba a Orde do 18 de febreiro de 1818, no primeiro terzo de cada ano e renovados en cada terzo sucesivo da contribución en función das mudas que na riqueza dos contribuíntes se puideran ter producido. Se tomamos isto por certo, non deberiamos ter inconveniente, pois o normal sería encontrar rexistros realizados en varios momentos, o cal daría validez ao argumento da compensación tamén no noso caso.

Porén, os rexistros máis frecuentemente conservados no territorio sobre o que nos movemos son os que foron iniciados na segunda metade de 1818 e rematando, ou ben a finais deste mesmo ano para o caso das parroquias máis pequenas, ou prolongándose ata 1819 no caso dos territorios máis extensos e con maior número de veciños que inventariar (incluíndo probablemente unha paréntese nas peores semanas en canto a tempo atmosférico). O importante é a de comezo máis que a data de finalización, posto que o tempo que tardaron en circular polo territorio das provincias de Betanzos e A Coruña esa Real Orde de febreiro xunto cos modelos dos cadernos da riqueza establece un tempo máis ou menos estable para o comezo dos traballos. Polo tanto, non hai unha variedade de datas que compense a situación

[76] García Sanz, A. (1994), pp. 86-87.

recollida para o caso do porcino, polo que a teoría de que uns casos resultan equilibrarse con outros non é útil para esta fonte a lo menos nestas provincias, posto que moi poucas freguesías terían comezado os traballos conducentes a elaborar os seus cadernos da riqueza, poñamos, en pleno verán, o que si garantiría en maior medida, probablemente, un mellor rexistro dos porcos. O azar da conservación lévanos a contar polo tanto, a miúdo e de xeito inevitable, coas consecuencias marcadas polo episodio da matanza nos resultados dos rexistros, de modo que é moi probable que, partindo da tradicional data de San Martiño e tendo en conta o momento no que o rexistro transcorre en moitas freguesías, sobre todo con poucos veciños, estea xusto en medio da elaboración de moitos destes documentos. Por suposto, habería excepcións, ben fora porque algúns problemas retrasaron o catastro, posibilitando a substitución de moitos dos efectivos porcinos sacrificados que si entrarían no rexistro agora, ou ben territorios máis grandes onde efectivamente haxa unha auténtica diversidade de datas nas que estes foron elaborados. Así, quizais en boa parte dos territorios de provincias máis grandes como a de Santiago este problema non chegue a manifestarse, porque a diversidade nas datas de inicio dos rexistros existiría *de facto*, posibilitada por un territorio máis extenso que faría que a documentación conducente a elaborar os cadernos chegara ao seu destino en distintos momentos, facendo o propio co comezo dos traballos de reconto.

Se a todo isto lle engadimos a cuestión de que pode pasar un espazo de tempo, máis ou menos dilatado, ata que un novo porco ocupe o espazo do anterior, a problemática vólvese máis grave, en tanto en canto o período de tempo sen porcos nunha explotación, pode aumentar, e con ela as posibilidades dun mal rexistro. Aquí entra en xogo, ademais, o comportamento e a psicoloxía dos contribuíntes dunha forma particular que nin sequera pode ser considerado como ningún tipo de fraude pero que pode interferir nos rexistros destes animais: aínda que a fonte non nos dea información ao respecto, non sería de estrañar que a súa presenza se altere de modo consciente se o tempo o permite. Dende este punto de vista, o desenvolvemento do rexistro pode acelerar un pouco a morte do animal se a data da matanza está próxima co obxectivo de ocultar a peza, que xa non podería ser contabilizada como gando vivo, nin polo tanto como fonte de riqueza. Do mesmo xeito, se o sacrificio xa tivo lugar, o contribuínte ben pode esperar a poñer na súa corte un novo porco, pois agardando a que remate o proceso de contabilización de gando tamén evitaría o seu reconto. Ou pode suceder tamén que, tendo sido substituído o porco de maneira recente, o novo animal sexa tan pequeno que en termos de riqueza aínda non lle proporcione ningún beneficio ao seu dono, de maneira que non conste nos rexistros, pois a efectos de contribución aínda non proporciona produto algún. En realidade, este razoamento tamén resultaría válido sabendo que a idea orixinal era a de ir actualizando os cadernos nos sucesivos exercicios de pagamento da contribución. Este último caso non sería unha forma de ocultación consciente, pero afectaría igualmente á contabilización global de animais.

En canto a segunda cuestión, a que se relaciona cunha posible situación de crise posbélica que afectou ao gando para explicar o baixo número de porcos nos rexistros destes anos, esta lévanos a considerar tamén a propia natureza destes animais e do seu papel na explotación agraria para tratar de explicar a situación que nos atopamos. O porco, sendo un animal do que se pode dicir que compite coas persoas pola súa alimentación, é en certo modo un luxo cuxo mantemento non está dende logo ao alcance de calquera. Pode manterse con desperdicios da dieta humana e compensa a súa presenza coa fabricación de estrume ou mesmo co aporte de crías e por suposto de carne e graxa cando se produce a matanza, pero a cantidade de alimento que consume pode lastrar a súa recuperación máis que a doutros animais, que ademais serían máis importantes dentro das dinámicas agrarias. Dito doutro xeito e dende outra perspectiva

diferente, resulta evidente que despois dunha guerra que golpea á cabana gandeira dun modo importante, as preferencias iniciais para a recuperación da mesma son outras. Neste sentido, resulta claro que o vacún é un recurso moito máis esencial dende tódolos puntos de vista para o mantemento da explotación, así como dos seus propios moradores, xa que non soamente proporciona esterco necesario para o abono, senón tamén forza de tiro e un subministro moito máis estable de alimento en forma de leite, en lugar das estacionais crías ou a carne que aportan os porcos, aspecto que as reses cobren tamén. Isto explicaría, por exemplo, por que os bois e vacas de labranza seguen estando presentes en número importante, ao tempo que o porcino puido experimentar nestes anos un descenso puntual para comeza a recuperarse despois.

Con todo, o porco, entendido como un certo signo de estatus nestes momentos de crise é por suposto máis facilmente recuperable para os campesiños que presentan unha situación máis acomodada, de modo que a situación que vimos describindo non resulta universal a tódolos fogares. Un signo disto pode sela información contida no cadro 4.D, onde para o caso dos porcos podemos observar como existen casos de parroquias (por exemplo Ardaña ou Sarandós) nas que as baixas cifras destes animais contrastan con algúns veciños que concentran unha cantidade maior dos mesmos, tal e como queda reflectido nas cifras máis elevadas de dispoñibilidade. De aí que a cifra de 0,26 porcos por veciño en Ardaña se transforme en 2,2 se no seu lugar atendemos soamente aos veciños que posúen gando porcino, pois lembremos que canta máis diferenza existise entre as cifras dos dous cadros, máis significativa sería a concentración dunha especie determinada en mans duns poucos veciños. O caso de Sarandós, onde a media de 0,4 pasa a 1,2 supón tamén unha concentración importante aínda que non tan acusada como o exemplo previo. Porén, hai outro detalle interesante que podemos comentar a este respecto, e é o feito de observar que hai varias parroquias nas que as cifras que no cadro 4.D expresan con bastante frecuencia a cantidade dun animal exacto por veciño. Isto, que se pode comprobar que ocorre tamén para outras especies que tamén comentaremos, debe traducirse en que neses lugares o número de porcos declarados por propietario é exactamente ese, un animal en total como caso máis repetido. É dicir, a tódolos posuidores aos que se lles contabilizan porcos, teñen anotado un exactamente. Se damos por certo o que dixemos antes sobre o feito de que a matanza se interpón a miúdo nos recontos destes animais, ese único porco poderían ser en realidade dous, pero o fogar en cuestión quizais si se podía permitir mantelos. Por outra banda, na nosa opinión, pode ser que este fenómeno sexa un indicativo de ocultación, posto que a situación de recuperación á que se aduce podería dar incluso lugar a certas vantaxes para estes individuos que afrontan a situación adversa dunha forma máis desafogada. Isto podería ser así porque se a tendencia xeral parece dirixirse a unha presenza de porcos menor entre a xeneralidade dos veciños, estes contribuíntes máis podentes poderían declarar unha cantidade menor de animais á vista da situación doutros veciños, quedando protexidos ademais polas paredes das súas propias casas, sendo como é o porco un animal de cortello. Ter porcos e declarar só un animal aínda que se posuíran nun número maior podería ser unha estratexia aproveitada polos individuos mellor situados, economicamente falando, da freguesía.

Podemos concluír este subapartado apuntando a que a situación dos porcos segundo se nos presenta nos rexistros da riqueza da época de Garay resulta particular por todo o dito. Se ben parece que na longa duración os estudos xa citados de García Sanz atribúenlle á evolución do número de cabezas destes animais unha estabilidade importante (pois a variación, aínda que se manifesta á alza, é moi lixeira), o que aquí nos atopamos é bastante máis complexo. Nos rexistros da riqueza elaborados cara 1818 a situación semella bastante máis desfavorable do que poida parecer se temos en conta esa evolución secular segundo a cal, o porcino non

soamente se mantén en todo o territorio de Galicia, senón que aumenta en termos absolutos, aínda que sexa de xeito moi tímido. Porén, a realidade que se manifesta ante o investigador a partires destes rexistros, con resultados non soamente pobres para estes animais, senón tamén moi baixos nalgunhas freguesías da mostra, non pode ser explicada sen máis por un fenómeno de ocultación. No caso de asumir este motivo como o único que inflúe na situación destes animais, teríamos que recoñecer que estamos ante un fenómenos realmente grave. Non obstante, visto o que levamos analizado para as especies anteriores, non podemos contentarnos soamente con esa explicación, habida conta de que a súa posta en marcha, no caso de darse, debería ser o suficientemente comedida como para non espertar demasiadas sospeitas que poderían redundar en problemas para os ocultadores. A favor desa práctica temos que, a diferenza do vacún, do ovino e do caprino, os porcos adoitan ser animais de portas cara dentro, sendo o cortello o seu hábitat principal dun xeito máis manifesto que no caso desoutras especies. Desta maneira, este fenómeno pode, para este caso particular, afectar aos recontos de cabezas nun grao maior que no relativo a outros animais. Na súa contra, ou a lo menos tratando de non darlle máis importancia que a real, nese mal rexistro tamén puideron influír, como tivemos ocasión de comprobar, as conxunturas derivadas dun momento de recuperación así como a temporalidade na elaboración de boa parte dos rexistros que atopamos. Estas explicacións, que poden afectar ás outras especies, son no caso do porco de moito peso. A primeira porque estes animais derivan nunhas pautas de consumo e mantemento que os converten nun luxo en determinados contextos adversos, e a segunda porque a flutuación da súa poboación é máis acusada que a doutras especies en momentos puntuais do ano. Razóns de peso para crer que as baixas cifras que quedan reflectidas nas táboas non teñen que ser, necesariamente, tan deficientes como a primeira vista poida parecer.

4.4.4. O gando cabalar, mular e asnal

Continuando coa análise por especies, nas seguintes liñas que dedicaremos ao gando equino faremos referencia tanto aos cabalos como ás mulas e aos asnos ou burros. Comezando polo caso particular do gando cabalar, unha primeira aproximación deixa ver unha distribución bastante irregular como nota fundamental á hora de examinar a súa distribución. Se atendemos á media xeral presente na derradeira fila do cadro 4.C veremos como a cifra de 0,54 resulta próxima ao dobre que a obtida para o caso dos porcos. Isto que comentamos resulta ser unha clara distorsión que aparece como resultado de manexar unha mostra reducida de parroquias nas que a configuración da cabana gandeira resulta ser moi heteroxénea e onde unha serie de comportamentos dados en caso particulares poden afectar a uns resultados xerais dunha forma considerable. No caso do gando cabalar, a explicación desta situación resulta bastante sinxela se atendemos ao propio cadro, pois como ben podemos observar, existen unha serie de parroquias nas que a presenza destes animais resulta ser bastante importantes, superando amplamente as cifras medias existentes, incluso para época de Ensenada. O motivo non é outro que a presenza nestas freguesías, todas elas situadas nas áreas de Carballo e Tordoia, dos cabalos de monte en estado de semi liberdade. A existencia destes continxentes de animais eleva consecuentemente os valores medios desas parroquias en cuestión, de modo que os seus efectos se deixan notar nos resultados medios globais, dando a sensación de que realmente os cabalos están distribuídos dunha forma máis homoxénea ou que son máis comúns que os porcos. As cifras que se obtiveron, seguramente rematen descendendo e quedando moito máis suavizadas e en valores moito máis modestos cando se consiga analizar a situación dun número maior de parroquias pola vía do achado de novos fondos documentais. De feito, a situación xa se soluciona en parte se atendemos á distribución espacial do gando cabalar no cadro 4.E, onde comprobaremos como efectivamente, a presenza

destes animais sobre o terreo resulta ser escasa por regra xeral, salvo loxicamente algunhas excepcións onde precisamente temos presentes os cabalos de monte.

Por outra banda, tal e como acontecía precisamente co caso do porcino, a partires do cadro 4.D podemos comprobar como boa parte dos propietarios de cabalos declaran ter un único animal. Este adoita ser, no caso daqueles contribuíntes máis podentes, unha das denominadas eguas de porta, aínda que quizais con máis frecuencia detectamos tamén un comportamento tendente a restarlle valor ao animal, o cal figura simplemente expresado como "jaco", entendido este como cabalo ruín e a miúdo escasamente valorado. Soamente nos casos daquelas freguesías de Carballo e Tordoia está estendida unha forma de posesión distinta, na que os respectivos propietarios poden chegar a declarar máis dun destes animais, tal e como pode comprobarse no mesmo cadro.

Xa á marxe do cabalo, a situación de mulas e asnos dedúcese facilmente a partires dos tres cadros. Son os animais que con diferenza teñen unha presenza máis escasa nas explotacións agrarias de calquera das parroquias aquí presentadas, sendo a nota xeral mesmo a súa ausencia en freguesías enteiras. Os valores por veciño (cadro C), aínda nos lugares onde están presentes, son tan baixos porque a miúdo non atopamos máis que un ou dous destes animais en mans doutros tantos propietarios. Con cifras tan sumamente escasas en canto á súa presenza, porén, determinar a súa evolución no tempo tampouco resulta doado, pero aínda que poidamos recoñecer algúns problemas de rexistro para esta especie concreta, a pouca importancia que aínda así resultan ter nos apeos e cadernos da riqueza é probablemente a mellor proba de que, a lo menos para estas datas nas que nos movemos, a súa presenza real debeu variar pouco. A súa pauta de distribución nas explotacións (cadro D) resulta ser idéntica á dos cabalos, xeralmente cun só animal por explotación naqueles fogares nos que os localizamos. Por outra banda, nos poucos casos particulares nos que demos con estes animais, non parece tampouco que teñan substituído en modo algún, polo de agora, ao vacún como elemento que aporta a enerxía de tiro nas labores agrarias, posto que na maioría dos casos, a parella de bois ou vacas de labranza segue presente na mesma explotación na que atopamos mulas ou asnos. O seu uso podería quedar entón simplemente como o de elemento de carga e transporte de determinados produtos de monte cara á explotación ou dende a casa en dirección a feiras ou mercados próximos. De cara a un uso agrario como forza de tiro no caso de darse, o gando mular podería ser empregado en parcelas máis reducidas aproveitando unha maior mobilidade destes animais.

Podemos realizar, non obstante, un apuntamento importante ao fío desta última cuestión, a do uso agrario do gando mular como forza de tiro e a relación que se establecería polo tanto arredor desta cuestión cos outros animais empregados para estas tarefas, isto é, o gando vacún adulto en xeral, pero atendendo aos bois dunha forma moi especial. Unha cuestión que resulta ser moi interesante porque se refire á presenza de dous animais totalmente diferentes nas terras de labor, pero que ao mesmo tempo presentan unha clara semellanza arredor dos seus usos no marco dos traballos agrícolas, e onde se pode falar mesmo dunha pugna mutua na que co paso do tempo e cada vez en maior medida, o mular iría gañando terreo aos bois como forza de tiro nos traballos do agro. Comentarios como os realizados por autores como García Sanz, que documentan un aumento espectacular en termos numéricos da cantidade de mulas e tamén de asnos entre a fonte de Ensenada e o censo gandeiro de 1865 para o caso de Galicia. Aínda que o incremento que este autor constataba era moi significativo porque como el mesmo recoñecía, era moi probable que o número de asnos estivese subestimado no catastro do século XVIII, o certo é que tamén había que matizar a situación para o caso galego en particular, pois o vacún seguiu estando especialmente presente nestas terras do noroeste

peninsular, onde o seu peso xa era tradicionalmente moi forte[77]. O que nos interesa deste tipo de argumentos en realidade é, sobre todo, o pano de fondo, é dicir, o fenómeno tan importante que chegou a producirse entre as datas para as que García Sanz establece a comparación, marcado por un aumento de grande importancia nos efectivos dese gando mular e asnal. Dito isto, cando nos preguntamos pola situación destas especies no momento temporal no que se sitúa a nosa fonte, transcorrida xa máis da metade do tempo que separa ámbalas dúas fontes, resulta que os datos que manexamos aquí falan por si sos, posto que apenas hai rastro algún destes animais.

Como xa comprobamos neste apartado segundo os datos do cadro 4.F, os bois son, como parte do gando vacún, unha das especies mellor documentadas nos padróns parroquiais da riqueza territorial. A súa superioridade, ás veces moi clara en relación incluso co resto da súa familia bovina (a lo menos cando non son as xugadas de vacas as que toman o papel central nas explotacións), contrasta dun xeito chocante coa presenza moito máis pobre das mulas e dos asnos nestes mesmos inventarios gandeiros. Para tratar de explicar esta situación, podemos facer referencia a algúns aspectos derivados tanto doutros usos aos que estes animais eran destinados como á forma dos propios rexistros que tiñan por obxectivo servir de base para efectuar o repartimento da contribución xeral. En primeiro lugar, a situación en relación á escasa presenza do gando mular que vimos salientando pode deberse en boa medida ao seu uso tamén comercial, como parte das actividades de transporte de mercadorías desenvolvidas polos arrieiros. Recoñecer isto supón unha novidade importante á hora de realizar os traballos de rexistro, posto que en virtude da separación da riqueza en tres ramos, os animais que fosen dedicados a tales traballos comerciais deberían figurar como activos desa riqueza, o que supoñía que, de feito, o padrón gandeiro contase con esta excepción á hora de levar a cabo o rexistro parroquial. Esta distinción de uso non supoñía en realidade ningunha diferenza na práctica, pois o propietario dunha mula ou dun asno érao con independencia da actividade na que o animal fose empregado, agraria ou de porte de diversos produtos. A efectos da contribución, porén, esta distinción era moi importante, pois como pouco, o animal debería estar rexistrado noutro apeo diferente, xa non no gandeiro dentro da rama da riqueza territorial, senón no comercial, como ferramenta de transporte de mercadorías. Chegados a este punto convén traer de volta tódolos problemas que afectaban a este tipo de rexistros, a súa escaseza e mesmo a frecuencia coa que directamente tales actividades eran ignoradas e en consecuencia, non rexistradas debidamente nun apeo.

Serva como proba do que dicimos o feito de que nunca atopamos unha soa mula ou asno anotada nun rexistro de actividades comerciais en ningún dos casos atopados. Nin nos moi escasos á par que breves atopados nalgunhas parroquias rurais, nin tampouco nos casos particulares de núcleos máis importantes como Pontedeume, onde atopamos algúns documentos que fan alusión a este tipo de traballos de modo directo e aos que xa fixemos referencia. Máis grave aínda, neses recontos eumeses hai outras actividades nas que o propio traballo se basea no movemento de mercadorías, falándose por exemplo de auténticos comerciantes dedicados ao tráfico de panos ou alimentos, entre outros produtos, entre os que tampouco atopamos animais dedicados a tarefas de transporte. Dito isto, podemos pensar dende logo que estamos ante unha cuestión que quizais prexudicara especialmente ao reconto das mulas do territorio. O razoamento sería, logo, o de supoñer que temos poucas mulas rexistradas porque estas son sobre todo entendidas como ferramentas das actividades comerciais, e os rexistros deste ramo da riqueza son poucos e malos.

[77] García Sanz, A. (1994), op. cit., pp. 91-95.

Non obstante, debemos salientar que pese a tódolos erros que se puideron ter cometido en canto ao tratamento de certos animais, parece que na distinción das actividades de mulas e asnos non foi o caso. A consideración do que se debería facer e de como valorar as mulas destinadas a uso agrario aparece citada de xeito explícito, por exemplo, na documentación da xunta de Santiago á hora de definirse os beneficios dos animais, probablemente para previr que se cometeran erros deste tipo ao respecto. En concreto, o prezo de taxación para o gando mular exclusivo da actividade agraria apuntábase do seguinte xeito: "por una mula o macho no empleado en arriería o tragineo (pues de la utilidad de estos se hará graduación separada en su respectivo artículo, según el país, destino o viages del ganado)[78]". A continuación, figuraría o valor numérico convido para estes animais, pero cabe destacar que a diferenza era clara e estaba ben marcada. Desta consideración deducimos as complicacións derivadas de anotar a valoración dun destes animais con propósito comercial, pois loxicamente, os beneficios que aportaría ao seu propietario flutuarían en función do número de viaxes ou do destino dos mesmos, entre outras consideracións.

Por outra parte, aínda que poida ser posible que o gando mular sexa escaso nos rexistros da riqueza territorial por estas cuestións que acabamos de describir, o certo é que hai motivos para pensar o contrario e que efectivamente, as cabezas que se poderían incluír nesta categoría están maioritariamente presentes nos apeos gandeiros que manexamos, polo que os rexistros serían razoables. O principal motivo que nos leva a pensar desta forma é, por suposto, a mala calidade dos propios rexistros da riqueza comercial. Neste sentido, os propios problemas das outras ramas dos recontos poden ser unha proba de que a diferenciación, pese a estar ben marcada, non se tería realizado como regra xeral. Ademais, aínda que o problema de subestimar o número de mulas puidera ser unha realidade en casos moi puntuais como o da vila de Pontedeume que acabamos de citar, onde as actividades comerciais si serían unha realidade, non sería menos certo que as mostras que aquí temos correspóndense a freguesías eminentemente rurais, quizais coa excepción das localizadas na xurisdición do val de Veiga máis próximas á Coruña, onde estas actividades poderían chegar a ter un certo peso. Así, ao movernos por territorios que son sobre todo rurais, habería unha tendencia a recoller a tódolos animais no mesmo padrón, en virtude de ignorarse unhas actividades comerciais (que no caso de existir tampouco ocuparían a unha cantidade significativa de animais de todas formas), como apuntamos nos problemas deste tipo de rexistros. Aparte disto, as mulas que aparecerían nos rexistros da riqueza territorial deberían ser precisamente as empregadas en actividades de tiro, o cal seguiría sendo indicativo do seu pobre uso con tales fins, aínda que deramos por feito que as empregadas para o comercio non estivesen rexistradas no caso de non considerar válidas por completo estas explicacións, o cal era pouco probable, como acabamos de razoar.

Anotado todo isto, non se nos ocorrería apuntar unha tendencia xeral a partir dunha serie limitada de casos parroquiais individuais en relación a esta cuestión pero, o certo é que a partires dos datos analizados no marco desta investigación non hai rastro aínda, a lo menos nestes anos, dun aumento no tamaño da cabana asnal e mular que si será máis patente pasada a metade deste mesmo século XIX. Non a lo menos dende un punto de vista dun aumento numérico que permita desprazar o máis mínimo polo de agora a un vacún fortemente asentado no marco das labores agrarias. Aínda que se supuxera que parte das mulas e asnos non foron anotados e que no seu lugar estiveran presentes en hipotéticos rexistros da riqueza comerciais, o certo é que o escaso alcance desta documentación, polas súas baixas cotas de elaboración, desaconsella pensar nun traspaso deste tipo. Falamos, claro está, dende a perspectiva dun territorio reducido que é o que nos permiten observar as mostras territoriais atopadas, de

[78] Xunta de partido de Santiago (1818), op. cit., p. 100.

modo que as solucións posibles a esta cuestión son dúas en relación a ese aumento do mular/asnal: ou ben o territorio das antigas provincias de Betanzos e Coruña non coñeceu este cambio e o conxunto de cabezas destas especies se corresponde maioritariamente co resto do territorio galego, ou ben este cambio aínda non tiña comezado cara estes anos. Podería aducirse tamén que, tal e como se recolle en estudos sobre este gando realizados case ata un século máis tarde, a finais do mesmo século XIX ou a principios do XX, a cría do mular debeu quedar reservada, dentro da provincia da Coruña, para áreas de montaña[79]. Porén, o certo é que aínda que nas antigas provincias de Betanzos e Coruña poidamos falar dunha área costeira e doutra de interior, tampouco nos exemplos desta última área podemos falar dese aumento, como amosa a situación de freguesías como as dos concellos de Abegondo en Betanzos, ou as de Tordoia, na da Coruña. Habería que seguir buscando novos fondos que confirmaran se estas áreas de cría, ou a lo menos de maior presenza deste gando, existen xa nestes anos da segunda década do século XIX, pois cabanas máis numerosas destes animais poderían contribuír a aumentar as baixas medias que manexamos para estas especies. Mentres tanto debe quedar clara a cuestión de que o incremento do que falan autores como Sanz producido entre os anos de Ensenada e 1865, non se detecta en absoluto na nosa fonte para este tipo de gando a lo menos nunha área significativa das provincias nas que nos movemos.

Fóra destas consideracións, quizais podemos aducir tamén a aínda recentemente rematada guerra como un suceso que puido provocar a desaparición dalgúns destes animais, empregados a diferenza doutras especies como recurso máis ben loxístico, como ferramenta de tiro, máis que alimentario. Deste modo tamén se explicaría que a cabana desta especie estivera, como o resto, nun proceso de recuperación de varios anos que, no momento de elaboración dos rexistros estaba en pleno auxe pero reflectindo aínda un número baixo de cabezas. Non obstante, aínda que a contenda bélica puidera ter parte de culpa e esteamos ante unha explicación múltiple da situación que nos atopamos, tampouco podemos darlle máis importancia da que ten. Non debemos esquecer que as cifras de mulas e asnos son moito máis baixas, ás veces testemuñais, en relación ás doutras especies, o que volve ser unha proba do seu aínda moi escaso peso nestes anos, a lo menos na nosa área xeográfica de estudo.

Rematados estes comentarios sobre os gando equino, mular e asnal, podemos anotar, antes de pasar ao seguinte punto deste subapartado que nos levará a analizar o tratamento que reciben nesta fonte os distintos produtos que se obteñen das distintas especies de animais domésticos, algo sobre o derradeiro dos compoñentes aparecidos nas táboas que introducimos nesta sección. Falamos do caso particular das abellas que, agrupadas en colmeas, se nos presentan tamén como un recurso importante nalgunhas explotacións dos territorios que estudamos. A pauta fundamental da súa distribución, segundo se pode comprobar no cadro 4.C, queda marcada por unha presenza que podemos definir como frecuente nos territorios para os cales atopamos o respectivo padrón gandeiro, posto que o 70% dos exemplos posúen, aínda que de xeito moi variable, algunha colmea no seu termo territorial. Este dato xa presenta un valor importante en si mesmo posto que nos pode permitir establecer algunhas pautas na distribución destes animais sobre o territorio. Deste modo, sen atender aínda a posibles problemas de rexistro, as abellas están presentes en tódalas parroquias das xurisdicións de Rus e Villarprego, ademais de nos dous casos das veciñas parroquias próximas á cidade de Betanzos na provincia homónima. O número de exemplos é dende logo moi reducido e non pode ser traspasado a unha pauta xeral, pero sérvennos como toma de contacto con estas actividades apícolas, de modo que, coñecendo que as colmeas son habituais en certas áreas xeográficas, como mínimo estaremos advertidos de que podemos agardar atopar máis

[79] Dirección General de Agricultura, Industria y Comercio (1892), op. cit., vol. II, p. 43; Ministerio de Fomento. Dirección General de Agricultura, Minas y Montes (1920), op. cit., vol. II, p. 89.

actividades relacionadas coa súa presenza en lugares próximos, aínda que os seus rexistros non teñan sido atopados. Como recurso de alto valor calórico para a dieta que resulta selo mel polo seu elevado contido en azucres, completado cunha cera que tamén permite varios aproveitamentos, non sería raro pensar que a explotación das abellas se estenda polas parroquias dunha mesma comarca unha vez temos demostrado a súa presenza en varias delas, habida conta de que compartirán unha serie de caracteres físicos e climáticos que permitirán o desenvolvemento destas actividades.

Aparte destas pautas de distribución xerais, o asunto relacionado coa disposición interna e o aproveitamento que realizan destas colmeas os distintos veciños resulta, iso si, tremendamente irregular como norma estándar, tal e como pode comprobarse nos datos do cadro 4.D. Salvo o caso de Santa Susana de Arcai, onde a repartición resulta ser algo máis equitativa, a tendencia que se observa é a de que as colmeas aparezan concentradas nun número relativamente reducido de propietarios dentro do pequeno universo que conforma cada parroquia. O caso de San Salvador de Orro resulta ser o exemplo particular onde isto sucede dun xeito máis claro, posto que o número de trece colmeas por veciño por termo medio contando soamente con aqueles que explotan abellas é o resultado de que tódalas colmeas da parroquia se concentren en mans de apenas tres ou catro propietarios. O mesmo que acaba de ser anotado para Orro pode servir para o caso doutros exemplos onde a situación non é dende logo tan acusada, pero segue estando presente en boa medida. Tal sería a situación das dúas parroquias do actual concello de Abegondo, Figueroa e Sarandós, ou no concello de Culleredo, en menor medida, a homónima freguesía de Santo Estevo.

En relación a este fenómeno de concentración de colmeas, se ben dita situación pode resultar algo común, de modo que soamente unhas poucas explotacións as administren e se aproveiten dos seus froitos, pensamos que tal comportamento tamén pode ser indicativo dalgún posible problema cos rexistros se temos en conta a natureza dos animais cos que tratamos e as posibilidades da súa localización. No caso de Arcai por exemplo, podemos comprobar como a distribución máis equitativa redunda no feito de que boa parte dos veciños explotan algunha colmea, pero en Ardaña (hoxe en concellos distintos pero a unha distancia real de apenas 18 km), a diferenza entre as cifras dos cadros 4.C e D revela unha concentración moito maior das colmeas presentes en poucas mans. Por suposto, o seu modelo de explotación e aproveitamento pode ser diferente, incluso entre lugares próximos como o dos dous casos citados. O tratamento das abellas esixe unha serie de procedementos, coñecementos e tempo dos que non todos poden dispoñer, o que efectivamente, contribuiría a explicar a distribución desigual que atopamos en moitos lugares. Por outra banda, tamén hai que decatarse, como acabamos de suxerir, dos lugares onde as abellas desenvolven a súa actividade e onde os veciños situarían as súas colonias para, como mínimo, desconfiar da situación que temos entre mans, pois as colmeas sitúanse en lugares illados, lonxe das vivendas. Dito doutra forma, a natureza destes insectos determina a súa situación dentro do agroecosistema, lonxe das persoas e dos lugares onde habitualmente se atopan e polos cales circulan, xeralmente nun monte que funcionaría perfectamente como agocho natural, o que sen lugar a dúbidas tería un evidente correlato nos rexistros. Unha relación que suporía, obviamente, un reconto á baixa destas colmeas. O razoamento sería semellante ao que nos leva a pensar que as especies de gando en estado de semi liberdade poden presentar maiores problemas no seu reconto que as que conviven dun xeito moito máis habitual coas persoas do fogar. A maior distancia da casa, maior probabilidade de que pasen desapercibidos para un rexistrador que non coñeza correctamente aos veciños e as súas fontes de ingresos. Do mesmo xeito que os cabalos de monte, por exemplo, as abellas tamén entran perfectamente nesta situación.

O problema pode estenderse, non soamente de cara ao que sucede coas colmeas dos demais veciños (de se efectivamente non posúen ningunha ou se pola contra estas foron pasadas por alto nos rexistros debido á súa situación), senón tamén ás parroquias do entorno, especialmente cando temos varios exemplos circundantes nos que si temos abellas presentes. No caso de Rus e Villarprego, vemos como efectivamente os cinco exemplos da contorna explotan abellas nalgunha forma, pero outras unidades territoriais que podemos configurar por proximidade, difiren nesta pauta. En canto aos casos da provincia de Betanzos, o exemplo da freguesía de Salto, moi próxima ás de Sarandós e San Miguel, que aparece sen unha soa colmea, resulta semellante ao das que forman parte da xurisdición do val de Veiga nos arredores da Coruña. Aquí podemos observar como Culleredo e Orro posúen colmeas, estando situados estes territorios no medio dos outros casos da mesma unidade xurisdicional que declaran non ter nin unha soa (as parroquias de Almeiras, Ledoño e Celas). Situacións, insistimos, que deben ser analizadas con reservas.

Anotados os caracteres esenciais das distintas especies de gando tal e como se nos presentan na fonte dos apeos e cadernos da riqueza e antes de pechar o apartado, o seguinte aspectos no que nos deteremos será o trato que reciben, dende un punto de vista máis concreto, os produtos que dos animais domésticos se obteñen. Hai que aclarar, para comezar, que a idea que temos en mente cando nos referimos a un produto animal debe ser entendida de forma ampla, de modo que aquí non soamente nos referimos á realidade física dos mesmos, é dicir, aqueles que se poden procesar, aproveitar ou consumir en termos de alimentación ou vestido, por exemplo (leite, lá, ovos, cera ou mel, entre outros) e que repercuten directamente sobre os explotadores dos animais en cuestión. Falamos tamén, ademais, doutros aproveitamentos indispensables para o funcionamento da explotación agraria, xa sexan estes tanxibles (pensamos principalmente no esterco) ou non (derivados da forza de traballo que aportan algúns animais aos distintos procesos agrícolas exclusivamente, polo que se exclúen os usos comerciais anteriormente comentados e dos que en todo caso xa coñecemos os seus problemas). Nas seguintes páxinas procederemos, para comezar, polos primeiros, aqueles entendidos como materia prima para a alimentación ou o vestido das persoas, para continuar cos produtos que se traducen en aproveitamentos esenciais para o correcto desenvolvemento das colleitas.

En primeiro lugar, é necesario recordar que a recollida e valoración dos produtos obtidos das distintas especies animais da explotación agropecuaria é un dos principais problemas que atopamos na rama gandeira dos rexistros da riqueza. Xa o apuntamos cando presentamos a fonte no capítulo correspondente ademais de neste mesmo apartado, pero neste caso, temos que comentar algunha complicación engadida. Mentres que para outras dificultades podemos atopar solucións posibles dentro da propia fonte, por exemplo nos rexistros doutros territorios que poden non presentar os mesmos inconvenientes, o certo é que os inconvenientes que nos atopamos á hora de rexistrar os produtos dos animais domésticos resulta consubstancial a todos cantos documentos da riqueza territorial temos atopado. Non poderemos dicir moito ao respecto deste tema precisamente debido a estas cuestións, posto que se nos presentan como barreiras practicamente insuperables para tratar de coñecer os beneficios animais.

As utilidades procedentes das diferentes especies non figuran de forma específica en un só dos apeos gandeiros achados no contexto desta investigación. Salvo moi poucas excepcións que comentaremos axiña, non atopamos ningunha referencia concreta a froitos tan habituais como leite, manteiga ou mel, cuxa presenza resulta claramente obvia tendo en conta os animais que aparecen documentados. A ausencia dalgúns como a carne pode ser xustificada en parte aducindo unha certa carestía en momentos puntuais, ou períodos do ano nos que o seu consumo resulta menor. No caso de artigos cuxa presenza no fogar resulta

moito máis estable e continua no tempo, estas xustificacións son totalmente inservibles, de modo que a ausencia dos produtos non se pode interpretar máis que a través dunha omisión manifesta. No seu lugar, tal e como apuntamos no apartado correspondente aos problemas dos apeos e cadernos, o que figura son as valoracións dos propios animais, cun simple dato numérico ao lado de cada unha das especies que se anotan para cada veciño.

O que máis chama a atención a este respecto é que, pese a ser un problema universal, a normativa que proviña dos chanzos superiores da administración non ofrecía dúbidas sobre o que se debería facer para anotar os produtos. Máis aínda, se ben noutros casos poderían presentarse dúbidas ou interpretacións varias e contraditorias, o certo é que neste particular as pautas mesmo resultaban claras e concisas. Entre a documentación que a xunta de partido de Santiago fixo circular polo seu territorio para explicar os detalles da elaboración das estatísticas da riqueza dos contribuíntes, co gallo desta cuestión dábanse unhas pautas moi sinxelas onde simplemente se estipulaba que "se explicará en cada artículo del ganado: Tanto en leche y queso, En crias vendidas, En lana del pais tantas arrobas[80]". A descrición de produtos polo tanto non se realiza pese a que as normas o contemplan, salvo cunha excepción na contabilización de crías, e non sempre de xeito correcto en tódolos casos como xa tivemos ocasións de comprobar. Á vista desta simple aclaración incluída entre os modelos de elaboración dos apeos e cadernos da riqueza, a situación que estamos a describir resulta aínda máis rara, pois en realidade, o que estamos dicindo é que non hai nin un só exemplo de entre os atopados nos que a anotación dos produtos animais se realizara correctamente, cando en realidade, aquilo que se pedía era bastante simple.

Para esta regra xeral hai que puntualizar outra excepción a maiores que atopamos, non obstante, fóra dos padróns gandeiros en si mesmos. Referímonos aos datos gandeiros que podemos atopar nos resumos da riqueza das parroquias. Se o lembramos, cando falabamos do ganado ovino e caprino no caso das parroquias de Villarprego, referiámonos tamén a unha certa produción de lá que efectivamente estaba medida e reflectida nun rexistro. Naquela documentación aparece expresada unha cantidade deste tecido recollida en libras, loxicamente a que era obtida en bruto e aínda sen ningún tipo de tratamento, ao dereito do proceso de rapa. Gracias a estes documentos sabemos que naquelas tres parroquias a produción de la de cada ovella quedaba fixada en media libra, mentres que a dos carneiros se establecía nunha destas unidades. Do mesmo xeito, no mesmo documento e conformando a outra excepción á pauta xeral, os produtos obtidos das colmeas tamén aparecen medidos, quedando expresada en cuartillos a cantidade de mel obtida e de novo en libras o total recollido en cera. Hai un acordo xeral nas tres parroquias citadas para establecer a produción de mel en medio cuartillo por colmea dun xeito estándar, mentres que para o caso das libras de cera, as cantidades varían entre o 0,1 e as 0,15 destas unidades.

O resto dos produtos animais que podemos atopar nestes resumos si están valorados, pero en ningún caso especificados, de modo que o único que podemos facer con esa información é tratar de deducilos. Na maioría dos casos non podemos afondar na súa composición ou aventurar uns niveis de produción determinados para cada produto porque o dato que se nos proporciona non é máis que a suma en conxunto de todos cantos froitos proporciona cada especie, a miúdo sen a máis mínima diferenciación salvo as tres excepcións comentadas. Para poñer un exemplo podemos ollar á situación do vacún en Santa Susana de Arcai, freguesía onde o modelo 3 apunta a que a riqueza dos produtos que as vacas con crías lles reportan aos seus donos ascende a un total de 760 reais, mentres que pola súa parte, o valor dos produtos que xeran as reses sen crías queda nun total de 240 reais. A efectos de contribución, como o

[80] Xunta de partido de Santiago (1818), op. cit., p. 100.

obxectivo do modelo 3 non é outro que resumir a riqueza do lugar, a cifra cumpre dende logo a finalidade perseguida. Para nós, non obstante, esta cantidade non resulta demasiado útil posto que non se proporcionan máis información que a que acabamos de citar. Sabemos que a cantidade relativa ás vacas con crías debe englobar, como mínimo, o valor do xato e unha produción incerta de leite, pero non sabemos ata que punto se poden ter contemplado outros posibles beneficios que quizais se obteñan a maiores pese á presenza dunha cría, especialmente se tampouco sabemos a súa idade exactamente, que lembremos, podía ir ata os tres anos ou mesmo catro nalgunhas parroquias. Sobre a capacidade de labor desas vacas, por exemplo, coa conseguinte contrapartida económica para o seu propietario, aspecto do que falaremos a continuación, soamente podemos especular. Por todo isto, cando vemos unha cifra de taxación de produtos como a que atopamos nun modelo 3, non podemos dar por sentado nada en relación a que produtos poden estar incluídos e cales non, ou no caso de facelo poderíamos chegar a incorrer en erros de valoración, o que nos levaría a interpretar que se obteñen unhas cantidades de determinados produtos que en realidade son erróneas.

Neste estado das cousas, a escasa información expresada nos parágrafos anteriores é todo canto se pode obter en relacións aos froitos de orixe animal que son destinados dun modo específico ao consumo humano. É dicir, que os tres documentos baseados no modelo 3 das freguesías de Arcai, Andoio e Tordoia, aos que podemos engadir un cuarto procedente de San Cibrán da Vila de Abade, son as únicas mostras que atopamos de produtos recollidos anotados correctamente na documentación, dándose unha cantidade dos mesmos así como unha valoración específica, separada dos animais que os producen. Así, esas anotación sobre os tres produtos concretos de la, cera e mel, ademais destas referencias de valoración global nos resumos da riqueza, son o máximo nivel de detalle ao que podemos aspirar a este respecto sobre os produtos dos animais domésticos.

Por outra banda, se como acabamos de comentar, para os produtos dos que o home se beneficiaba directamente existen serias complicacións que nos impiden achegarnos ao seu correcto coñecemento, o relativo a aqueles outros que repercutían nos procesos de funcionamento da explotación agraria resulta nunha situación aínda máis complicada. Tanto é así que podemos afirmar que a partires dos rexistros da riqueza manexados nesta investigación non temos forma posible de analizar, dunha forma directa, aspectos como os beneficios do traballo animal en canto a forza de tiro, nin tampouco arredor dos seus aportes para a formación do indispensable esterco. A explicación disto que vimos dicindo está novamente na propia configuración da contribución directa e na súa mesma razón de ser. O aproveitamento animal para estes dous obxectivos non é contemplado como unha fonte de riqueza do campesiño que se beneficia deles porque o destino destes artigos é posibilitar o mesmo funcionamento do sistema agrario. Por isto mesmo, dende a óptica do sistema de Facenda que estamos a analizar, traballo mecánico animal e abono son parte esencial do proceso produtivo, de modo que non soamente non son un beneficio a ter en conta, senón que son unha parte a descontar da produción bruta para que esta poida ser traducida a froito neto. Dito doutro modo, estes conceptos están contemplados dentro da parte alícuota que debía ser descontada a cada cultivo para que a cota de cada veciño puidera ser calculada. Por isto mesmo resultaría moi complicado achegarnos a estas realidades, pois soamente interesan no momento inicial no que o modelo 2 debe ser establecido e, como xa indicamos, os criterios empregados son complexos e dificilmente convertibles a termos monetarios precisamente polas dificultades que supón a súa valoración.

Pero neste punto, as pautas establecidas na documentación oficial tamén resultaban bastante claras. Sirvan como exemplo algúns extractos do que se dicía destes produtos na

sección de valoración dos froitos gandeiros do vacún para xustificar a súa ausencia, neste caso concretamente, correspondentes á xunta de partido de Santiago:

> "Y nótese que nada se calcúla al ganado vacuno por estiércoles, puesto que los necesita el labrador para beneficiar la tierra que da el fruto. Y tampoco por el tiempo que ocupa y utilidad que presta en arar la tierra de su dueño, ó tenedor, porque este empleo se dirige a la misma cultura, y hace parte de las anticipaciones para la producción. Por lo cual, si el labrador o tenedor del ganado lo emplea á ganar jornal en casa de otro alguna temporada del año, (…) en tal caso se deberá calcular por separado, lo que ganan por esto, deduciendo de ello una 4ª parte por razón de gastos de este egercicio (…)[81]"

Algo moi semellante se dicía un pouco máis adiante do esterco das ovellas, do cal se indicaba, trala súa recollida:

> "Pues el estiércol se deja al labrador para el beneficio de sus tierras, a no ser que sea un ganadero que lo venda, en cuyo caso se le considerará por esto lo que corresponda de utilidad[82]."

Polo tanto, aclarado isto, quedaba ben claro que o esterco soamente sería valorado en tanto en canto se convertera, antes que en abono, en mercadoría comerciable que aportara algún beneficio a quen realizara transaccións con el. Un aspecto que se pode aplicar case que de igual forma ao uso da forza de tiro do gando, soamente valorado cando aportaba algún rédito ao dono dos animais cando estes eran postos a traballar en explotación alleas á súa. Por outro lado, non deixa de ser notorio que, dado ese caso, esas ordes que facían calcular a utilidade destes produtos por separado, esta vez si como produto gandeiro, non tiveran estipulada a máis mínima pauta ao respecto de como facelo. É dicir, aínda que se contemplara o feito de que o esterco ou a tracción animal eran produtos que se podían chegar a vender, en ningún dos documentos do tipo modelo 1 que recollían os prezos atopamos referencias a unha posible valoración dos mesmos.

Á marxe destas cuestións e recompilando datos para pechar este apartado sobre os animais domésticos, dacordo cos datos presentados nel, os inicios dun movemento cara a redución da cabana gandeira parecen claros, aínda que coma sempre debamos deixar unha marxe para o desenvolvemento dunha práctica da ocultación que como veremos máis en profundidade nun próximo capítulo dedicado á existencia da conflitividade, tivo claramente as súas oportunidades para desenvolverse. Comprobámolo neste mesmo capítulo cando falamos da ocultación relativa nos rexistros agrarios. A situación de redución da cabana gandeira da que nos falan autores como García Sanz a partires da comparativa de dous rexistros como son o catastro de Ensenada e o censo gandeiro de 1865 estaría xa en marcha neste momento intermedio á vista das informacións dos rexistros dunha serie de parroquias. Unha caída no peso en vivo da cabana gandeira que suporía segundo cálculos estimados por este autor arredor dunha porcentaxe do 17%, o cal contribuíu a que se reduciría consecuentemente o peso relativo da cabana galega en relación á do resto do Estado, sen por elo deixar de sela rexión máis gandeira na data final dese período[83].

Habería por suposto excepcións onde tal vez a situación non se tivera modificado demasiado, como os casos que expuxemos dentro da xurisdición de Villarprego. En lugares

[81] Xunta de partido de Santiago (1818), op. cit., p. 99-100.
[82] Ibídem, p. 100.
[83] García Sanz, A. (1994), op. cit., p. 91.

como Andoio ou Arcai, elevadas concentracións tanto de vacún como de lanar-caprino ou en menor medida, quizais tamén o cabalar, mesmo poderían explicar a situación que atopamos vixente na superficie de prado nestas freguesías, se ben é certo que parte deses cabalos eran de monte e que polo tanto aproveitarían outras superficies de pasto, tamén no propio monte. Nesta mesma área, Vila de Abade é unha das parroquias nas que os prados experimentan unha redución, o cal tamén podería coincidir e relacionarse coas medias máis modestas desta freguesía en relación a outras do seu entorno máis inmediato.

Por outra parte, esa redución no tempo longo á que acabamos de referirnos, acontecida nun período de algo máis dun século, non exclúe a combinación cunha situación de crise e restablecemento da cabana gandeira que afectaría a algúns dos lugares cuxos datos atopamos no decorrer desta investigación. É dicir, que dentro da tendencia descendente que podemos observar en termos medios para algunhas das especies domésticas que aquí fomos comentando e que quedan patentes nos cadros do inicio deste apartado, hai lugares nos que debeu ter lugar pouco menos que unha calamidade para o gando. Pois efectivamente, ademais de freguesías onde a situación da cabana gandeira soamente pode ser cualificada como de bonanza, tamén habería outras nas que a situación se nos presenta como desoladora, como acontecería nalgunhas das parroquias da área do val de Veiga, próximas á Coruña. Pode suceder que, dentro do marco dese proceso de redución da cabana que acontece na longa duración, o que temos ante nós nalgúns dos exemplos aquí presentados é tamén unha etapa de recuperación puntual, que segue como resposta natural aos sucesos ocorridos despois dunha guerra de invasión, onde algunhas das áreas aquí expostas foron sometidas á presión de distintos corpos militares que debilitarían unha cabana que xa estaba indo a menos. Non hai dúbida de que a contenda golpeou con dureza aos distintos grupos animais domésticos, chegando a reducir moito o seu número e afectando especialmente a un gando ovino que en ocasións foi directamente aniquilado polos exércitos franceses[84].

Se temos en conta esta situación, a fotografía que os rexistros da riqueza nos ofrecen pode ser realmente particular se volvemos a vista atrás e lembramos o que apuntamos anteriormente en canto á evolución de certos espazos, pois nalgúns lugares do territorio podemos chegar a atopar casos paradoxais que incluso parecen enfrontar situacións aparentemente contraditorias. Hai que salientar, precisamente, unha cuestión relacionada coa situación dos espazos de prado que nos atopamos nalgúns rexistros, posto que o aumento da súa superficie que se podía deducir na meirande parte dos casos aquí traídos non cadraría co panorama gandeiro que atopamos nalgúns dos territorios que describimos como exemplos. Ademais, sinalouse tamén o feito de que a preponderancia dos de regadío sobre os prados de secaño resultaba claramente manifesta, o que redundaba nunha dispoñibilidade aínda maior de alimentos para o gando. A cuestión sobre a que neste aspecto queremos facer énfase pivota arredor dos tempos que afectan á creación dun prado partindo de cero e polo tanto á importancia que ten tomar a decisión de poñelo en marcha. Dependendo do uso previo, esta posta a punto pode levar un tempo considerable, como mínimo de varios meses no mellor dos casos, intervalo no que o produto obtido en forma de herba resulta ser moi escaso[85]. Dado o escaso rendemento destes espazos nos seus primeiros compases, debemos decatarnos do grande valor que recollen precisamente polo seu custo, o esforzo e o tempo que se necesita para que produzan en condicións adecuadas. A decisión, polo tanto, non pode ser tomada á lixeira por parte do propietario, ao tempo que polas propias características do proceso tampouco se pode desfacer nin considerarse como un uso efémero da terra, pois a

[84] Anes, G. (1974), op.cit, p. 433.
[85] Dirección General de Agricultura, Industria y Comercio (1892), op. cit., vol. II, pp. 20-21.

transformación da parcela non compensaría debido aos custos nos que se incorreu para a súa posta en funcionamento.

En consecuencia e tendo isto moi en conta, debémonos preguntar pola situación na que poñemos en relación un aumento da superficie de prados e da súa capacidade para producir herba e o que parece ser un proceso de descenso da cabana gandeira xa iniciado, sendo este máis ou menos acusado en función do lugar concreto. É aquí precisamente onde podería entrar a explicación dunha cabana gandeira minguada pola guerra e que probablemente se estaría a recuperar nestes anos en moitas partes do territorio que analizamos. Os prados, sobre todo os de regadío que teñen un valor engadido tan importante, non se tiveron que poñer en marcha, loxicamente, nos anos inmediatamente anteriores á elaboración dos recontos da riqueza, senón que se trataría dun proceso de aumento que se viría dando nos momentos que separan ambas fontes, as de época de Ensenada e Garay. Lonxe de seren reconvertidos a outros usos nos momentos nos que a contenda supuxo unha redución forzosa da cabana, tralo episodio bélico puideron ser un recurso que nalgúns lugares permitira alimentar e coidar a unha cabana reducida polos acontecementos pero que neste momento debería estar seguramente en franca recuperación. Porque a contenda bélica foi, en termos de situación do gando, unha anomalía que nestes anos estaría sendo sandada, probablemente a un ritmo acelerado naqueles lugares onde a presenza de prados de regadío era maior e, con ela, a cantidade de alimento fornecida. Esa dispoñibilidade de alimento en prados podería ser incluso un indicativo temperán dun proceso de estabulación do gando, hipótese que nos permitiría explicar de modo satisfactorio o que parecen ser dous fenómenos perfectamente contrapostos, o dunha cabana que en ocasións parecer ser demasiado reducida, coa duns prados que aumentaron en superficie e en produción se os comparamos co que había algo máis de sesenta anos atrás. Todo isto, insistimos, non excluiría a posibilidade do influxo de certas prácticas de ocultación.

4.5. APUNTAMENTOS SOBRE A PROPIEDADE DA TERRA E AS RENDAS

Hai que indicar previamente que nesta sección falaremos fundamentalmente do estado da terra referíndonos concretamente a fincas e parcelas. Farémolo dende unha dobre vía, abordando en primeiro lugar a tenencia (analizando fundamentalmente se as figuras de propietario e cultivador da terra coinciden ou non) e polo outro as rendas, é dicir, o canon que os posuidores do dominio útil pagan ao propietario *de facto*. Porén e dada a natureza da nosa fonte, este camiño levaranos a falar non soamente das parcelas, senón tamén de moitas vivendas presentes nos inventarios, xa que o que manexamos en realidade ao abordar os cadernos da riqueza é a rama territorial da mesma, onde queda patente como terras e residencia están estreitamente ligadas nalgúns dos contratos de cesión da propiedade. Ámbalas dúas aparecen ante nós presentando con bastante frecuencia un conxunto indivisible, de tal forma que unha parte non pode ser entendida separada da outra nun número significativo de casos. Así, resulta habitual que cando queremos observar a propiedade dunha casa, atopemos o correspondente dato situado na sección das rendas da terra que un determinado campesiño debe satisfacer, pois é aquí onde se indica que moitas residencias son cedidas en virtude do pagamento dun canon a un propietario concreto xunto cun determinado lote de terras, conformando un paquete conxunto. Por outra banda, nada diremos ao respecto do gando, cuxo análise da propiedade foi abordado, soamente para o caso do vacún como única posibilidade e con tódalas trabas que presentaba, na sección correspondente.

Reconstruír a propiedade da terra e as formas de cesión non sempre é unha tarefa simple a partir dos rexistros da riqueza da contribución xeral decretada por Garay, e isto é así por varios motivos. En primeiro lugar, cando falabamos dos problemas da fonte, apuntabamos a

este respecto que a información referente á forma da propiedade ou ao grao de tenencia sobre determinados bens inmobles era relativamente frecuente nos rexistros. Neste sentido, pese a que este pode parecer a primeira vista un tema de fácil tratamento, tamén hai que ter en conta o inconveniente da presenza de problemas internos no seo de moitos recontos da riqueza que dificultan a análise desta realidade. O atranco esencial radica nas flutuacións dos datos sobre a propiedade da terra, pois non é raro que os atopemos perfectamente recollidos para certos contribuíntes da parroquia, mentres que por outra banda esta situación convive con eivas e carencias nas relacións pertencentes a outros. Estes problemas maniféstanse en forma de lagoas de información que van dende un pequeno número de parcelas baixo un labrego das cales non temos información, ata grandes ocos que nos deixan sen información dispoñible para o conxunto das fincas dun veciño na súa práctica totalidade. No peor dos casos, esta situación pode estenderse incluso a varios individuos, o que en termos de análise se traduce, no caso de darse, na total perda de representatividade das terras da parroquia en materia de réxime de propiedade, pois non sabemos se as terras ausentes son precisamente de dominio propio ou se pola contra se trata de fincas cedidas, e moito menos cal sería o tipo de contrato neste segundo caso.

Por suposto, os habituais diferentes niveis de detalle da información presente na documentación en función da parroquia na que nos atopemos tamén nos afectan dun xeito importante neste aspecto como o fixo en tantos outros, o que nos leva a falar do segundo punto conflitivo que complica este tipo de análises. En concreto referímonos á existencia dunha diferenciación en canto á forma de entender a cesión da terra, que non sempre se dá de forma explícita nos recontos e que fai referencia á nomenclatura empregada para definir o tipo de contrato no que se incorre cando a terra é cedida por un propietario a un colono labrador. Incluso recoñecendo que nos atopemos ante un caso de caderno da riqueza no que non nos vexamos afectados pola situación que acabamos de describir no parágrafo anterior e a práctica totalidade das parcelas estean correctamente anotadas en canto á súa forma de posesión, pode estar presente outra problemática distinta que xira arredor do que nos diferentes rexistros se entende cando se cita o termo arrendo, pois pode referirse a dúas realidades diferentes. Na primeira delas asimílase co significado do que podemos chamar arrendamento, entendido concretamente como o tipo de contrato específico de cesión da propiedade con ese nome. Por outra banda, na segunda acepción, o termo adquire o simple significado de cesión dunha parcela ou dunha serie delas, a modo de aluguer e sen ofrecerse máis detalles. Neste segundo caso estamos polo tanto ante algo moito máis laxo e amplo, un mero sinónimo de alugamento, arrendo entendido dende o seu significado de ceder unha propiedade a cambio dunha renda, en calquera das súas formas. Polo tanto, a segunda acepción engloba a primeira, pero ao mesmo tempo que alberga o contrato concreto que entendemos propiamente como arrendamento, tamén inclúe no seu seo outras formas de cesión calquera como o foro ou o subforo. O contrato tan variable que resulta ser a parcería da terra é seguramente outra das realidades contidas baixo esta concepción ampla da cesión de fincas.

Esta segunda situación que describimos non sempre é fácil de identificar pero, por regra xeral tenderemos a desconfiar de parroquias onde aparezan, como únicas realidades en termos de tenencia, a propiedade directa e o arrendo, dada a extensión do fenómeno do aforamento. En ocasións, consideramos esta dicotomía como demasiado simple, especialmente en casos nos que podemos obter probas que indican que a realidade semella ser bastante máis complexa. Por exemplo cando efectuamos unha comparación con parroquias próximas nas que claramente podemos observar que, efectivamente, temos unha variedade de contratos de cesión considerablemente maior. Por outra banda, cando dentro da propia freguesía dispoñemos da información sobre rendas e constatamos que estas cambian amplamente tanto

en estrutura como en condicións, podemos estar ante un indicador da existencia de distintos tipos de contratos: algunhas rendas baseadas, por exemplo, en cobros fixos dunha certa cantidade de cereais (determinados ferrados de trigo como fórmula máis común) mentres que outras se organizan a partir de porcentaxes concretas de colleita (terzo ou metade adoitan ser as máis frecuentes), podendo incluír, ou non, a casa que habita o explotador da terra como parte dos bens cedidos. Aínda que non se poida medir exactamente o alcance das distintas formas de contrato, saberemos que sen lugar a dúbidas estamos ante unha situación máis complexa e que baixo o termo de arrendo poden haber ocultas outras formas de cesión. Pero o certo é que en realidade tampouco hai forma algunha de que poidamos acceder a certas condicións do contrato a través da fonte, como a súa duración, aspecto esencial para distinguir entre foreiros e arrendatarios, en tanto en canto a súa diferenza fundamental estaría na menor duración do contrato destes últimos, fixado xeralmente en nove anos, aínda que en áreas próximas como Mondoñedo quedaba estipulada tamén dende os tres e ata os nove[86]. Deste xeito, se non se estipula na nomenclatura, a identificación pola nosa parte de distintos modelos de cesión será moi difícil.

Dos problemas anteriores dedúcese que a análise debe ser realizada atendendo aos libros de rexistro de cada parroquia de xeito individualizado, valorando a calidade de cada un deles caso por caso e tratando de esquivar cando menos o primeiro dos inconvenientes descritos, que é o realmente grave posto que non permite avanzar na análise e mesmo forza o descarte da información para este apartado concreto. Isto é así porque detrae valor á información presente sobre a realidade da tenencia no resto de propiedades da freguesía na que nos atopemos, pois as que si teñen os datos correctamente anotadas pasan a converterse nunha mostra aleatoria de dubidosa calidade xa que poden presentar un desequilibrio entre a relación existente entre propiedade directa e propiedade cedida. É dicir, que non poderemos apuntar, despois de realizar un exercicio de cuantificación, que unha determinada porcentaxe de terras da parroquia sexan explotadas directamente polo seu propietario, porque simplemente non temos dispoñibles tódolos datos necesarios para realizar semellante afirmación. Esa porcentaxe podería variar considerablemente, tanto a cifras maiores como menores, se coñecéramos a situación na que se atopan esas parcelas cuxos datos de posesión non temos. Mesmo pode ocorrer que as fincas sen este dato anotado sexan maioritariamente as que presenten algún tipo de contrato por alugueiro, pois o feito de ter que recoller información da persoa perceptora así como das rendas correspondentes pode ser un dos motivos que levou ao rexistrador a non completar a información como debía, o que de feito remataría por supoñer un maior peso das parcelas en propiedade directa, por omisión de moitas en situación de cesión. Así, se queremos realizar un achegamento á realidade da cesión de parcelas verémonos na obriga de descartar parroquias enteiras por falta de representatividade nos seus datos cando este problema se presente dunha forma grave nos seus rexistros correspondentes. Por outra banda, o segundo problema, aínda que menos grave pois a lo menos permite realizar unha diferenciación básica en termos de propiedade distinguindo entre os dominios eminente e útil, obríganos a quedar, precisamente por ese motivo, no nivel superficial desa realidade xa que a información recollida tampouco afonda máis na cuestión. Como resultado non se poderán realizar máis que afirmacións preliminares sobre cuestións que non poderemos xeneralizar e que en todo caso debemos tomar con tino.

Por outra banda e tal como viñemos introducindo nos parágrafos previos, para lograr o obxectivo de realizar unha análise e tratar de reconstruír as formas de propiedade, os datos contidos nos rexistro sobre as rendas son tamén unha ferramenta de suma utilidade que

[86] Villares, R. (1982), p. 13; Saavedra, P. (1985), op. cit., p. 430.

debemos utilizar. Entendidas como detraccións de produto agrario bruto procedentes de contratos agrarios que teñen como referencia a terra e a súa explotación, soamente unha información globalizada como un catastro permite coñecer o seu peso e importancia[87]. Partimos, sen máis complicacións, dende a simple asunción de que a presenza de determinadas rendas sobre unha parcela ou sobre un lote delas pode traducirse directamente na existencia dun réxime de cesión do dominio útil aplicable ás mesmas, o cal nos pode servir de moita axuda cando a información sobre a propiedade non figura en certos casos. Polo tanto e como pouco, a sección das rendas contribúe a mellorar os coñecementos que xa poidamos ter en canto á separación dos individuos que dispoñen do dominio eminente e dos dereitos de explotación. Ademais, a combinación dos datos de propiedade cos de rendas presenta así mesmo outras vantaxes. En primeiro lugar, en ocasións permite identificar unha forma particular de contrato cando o dato non figura na sección de propiedade. Naqueles lugares onde pode resultar dubidosa a realidade ante a cal nos encontramos, poden resultar de grande utilidade algunhas anotacións que completan a carga que supón a renda, ao indicarse por exemplo que unha persoa paga "en concepto de foro" unha certa renda que a continuación aparece especificada, co cal temos, efectivamente, a natureza do contrato perfectamente identificada.

Por outra banda, a sección de rendas é o principal modo de identificar os distintos paquetes de fincas baixo un mesmo arrendador. Porque unha cousa é saber o modo ou contrato baixo o cal unha serie de terras son cedidas e outra moi diferente o conxunto de parcelas que engloban concretamente un lote determinado e sobre o cal a renda que se contempla é aplicada, xa que non é raro que un só veciño responda con cargas ante máis dun rendeiro. Así, a orde das parcelas ao anotarse no rexistro pode estar relacionada precisamente coa presenza de cada un destes paquetes, de forma que o rexistrador pode, na sección correspondente do mesmo veciño, debuxar unha chave ou corchete para abranguer tódalas fincas que se organizan baixo unha determinada carga. Outras veces, as parcelas que se corresponden cun mesmo lote poden ter debuxados certos símbolos (asteriscos ou cruces xeralmente) de forma que resulta doado agrupalas baixo o mesmo alugador.


Realizados os apuntamentos previos sobre as seccións que ofrecen información sobre a propiedade das parcelas e as rendas que pesan sobre elas, á vista dos inconvenientes presentados e dos fondos de que dispoñemos, vémonos na obriga, por unha parte, de descartar algunhas parroquias por enteiro dado o estado incompleto da sección de propiedade en varios casos. Por outra banda e dada a presenza relativamente frecuente do segundo inconveniente do que falabamos ao comezo, aquel referente á existencia moitas veces dunha definición demasiado ampla do termo do arrendo, quedarémonos en moitos casos, dadas as circunstancias, nunha análise superficial desta realidade, xa que soamente poderemos penetrar no primeiro chanzo da diferenciación entre propiedade directa e desfrute do dominio útil. Doutro xeito, o espazo de mostraxe dispoñible sería demasiado reducido como para poder sacar algunha conclusión xeral en canto aos distintos tipos específicos de contrato de cesión da terra. Con todo, a calidade dalgúns dos rexistros da riqueza a este respecto é considerable e non consideramos xusto descartalos por completo soamente polo feito de non ser un número importante, de forma que, sendo posibles algunhas análises a nivel micro de parroquias concretas, trataremos de combinar na medida do posible ámbalas dúas vertentes. Así, comezando por unha visión na que simplemente diferenciaremos o grao no que a fonte nos presenta a dicotomía existente entre propiedade directa/dominio útil, trataremos de afondar puntualmente nalgúns dos enguedellos deses contratos de cesión da terra a partir de exemplos

[87] Villares, R. (1982), op. cit., p. 106.

de determinadas freguesías para as cales a reconstrución da súa situación si nos foi posible en boa medida.

Tratando de localizar unha serie de freguesías que nos permitisen configurar un espazo representativo pola unidade que conformaran, tal e como fixemos noutros exercicios deste mesmo capítulo, desta volta conseguimos seleccionar un conxunto de seis territorios dentro da antiga provincia de Betanzos. Estas son Santo Tomé de Salto, Santa María de Cuíña, Santo Estevo de Vivente, Santa Dorotea de Folgoso, e a xa tantas veces citada San Miguel de Figueroa que inclúe no seu termo territorial o couto redondo de Gudín. Estes espazos poden ser presentados como unha unidade posto que se sitúan en dous concellos limítrofes entre si na actualidade. En concreto, as tres primeiras no de Oza-Cesuras, mentres que Folgoso tamén forma parte de Abegondo, onde xa apuntamos que estaba situada a freguesía de Figueroa. Os apeos e cadernos da riqueza de todas elas presentan cando menos unha primeira diferenciación básica entre terras explotadas directamente polos seus propietarios e aquelas nas que, por outra banda, o explotador resulta selo soamente en virtude dun acordo que lle transfire o dominio útil da parcela, sen que poidamos especificar nalgúns dos casos atopados o tipo de contrato en concreto polo cal se acorda a dita cesión.

Gráfico 4.G: terras recollidas en réxime de propiedade ou cesión nun conxunto de parroquias da área Oza-Cesuras-Abegondo (porcentaxe).



Fonte: rexistros da riqueza de varias parroquias da provincia de Betanzos. (AMB, c. 1682, 1684, 1686)

Os resultados, tendo en conta soamente esta diferenza poden verse no gráfico 4.G, e como podemos comprobar, amosan que nesta pequena mostra de territorios do suroeste da provincia de Betanzos, as terras en propiedade directa son case un terzo do total, o que significa que aquelas que estaban afectadas por algún tipo de contrato de cesión son o dobre, pois agrupan un pouco máis que os dous terzos das parcelas. Este simple achegamento preliminar resulta selo único posible en termos de propiedade da terra en moitas das parroquias nas que atopamos este tipo de datos, e iso nos casos nos que chegan a figurar, o que nos amosa realmente a escasa preocupación que en ocasións os rexistros catastrais desta época tiñan por coñecer quen era o auténtico propietario da terra. Se nos queremos preguntar polos motivos que levan a que as seccións de propiedade da terra e rendas non estean en mellor estado, as posibilidades máis lóxicas dada a propia natureza da documentación que atopamos, en relación á súa forma, virían a ser principalmente dúas. Podería ser que moitos dos seus datos estivesen anotados noutros documentos á vista de que habitualmente podemos chegar a atopar as distintas ramas da riqueza anotadas en libros e documentos separados. Porén, o feito de que

as rendas sexan parte constituínte da rama territorial da riqueza reduce esta posibilidade ao mínimo, pois o lóxico sería que figuraran nestes cadernos, tal e como acontece de feito en moitas parroquias. En segundo lugar, tamén podemos aducir que eses datos sobre contía de rendas se completasen despois, e o feito de traballar con borradores nalgunhas áreas posibilita esta explicación. Por outra banda, non é menos certo que atopamos cadernos concluídos sen a máis mínima referencia a rendas ou con estas claramente incompletas. Así, debemos buscar a explicación a este feito fóra da documentación dos apeos e cadernos

En principio, é certo que a contribución xeral se aplicaba sobre os produtos desta, de modo que os seus perceptores vían gravados os froitos que obtiñan das parcelas que explotaban. Pero tan perceptor deses froitos da terra era o agricultor que os cultivaba como aquel individuo que, con independencia da súa natureza, recibía un pago en concepto de rendas. Anotar o seu valor era de importancia capital por isto mesmo, para saber a parte obtida que quedaba en mans do cultivador e a que ía parar ao propietario que cedía a finca e recibía por elo unha contrapartida en forma de alugueiro. En virtude disto, nun teórico funcionamento perfecto das pautas desta figura impositiva, ao capital anticipado (a parte alícuota) habería que sumarlle a parte cargada como renda antes de calcular o líquido impoñible, que xustamente ao revés, era sumada á riqueza do propietario que cedía a parcela sen efectuar desconto algún[88]. Isto era así posto que este era xa un produto neto ao non incorrer o perceptor da renda en ningún gasto cando recibía o pagamento. Así, a cota que lle correspondía pagar a cada unha das partes contratantes podía ser calculada correctamente.

No caso contrario, e por iso falamos dun funcionamento teórico perfecto, se a renda non se coñecía, ou simplemente non había interese en coñecela, o cultivador vía como se lle cobraba por unha riqueza que en realidade non era súa, pois tería que desfacerse dela igualmente en concepto de canon en virtude do acordo de cesión que correspondera en cada caso, pero que aparecía computada baixo o seu haber, co conseguinte incremento contributivo. O pago estaba, en realidade, duplicado. Mentres tanto, o perceptor non sufriría, por extensión desa situación, gravame algún. Para poder realizar todo o proceso que acaba de ser descrito, loxicamente, o primeiro era saber cales eran as parcelas propias e as cedidas e isto xa é algo que non sempre se pode coñecer a través dos rexistros. Por outra banda, teñamos en conta que soamente fomos quen de reunir apenas media ducia de territorios para expoñer unha información da propiedade da terra sobre un espazo unificado que compartira algunhas características, e que nalgúns destes mesmos casos non é posible afondar máis na realidade da propiedade da terra que a un nivel tal como o amosado na figura 4.G. Dende esta perspectiva, permitirásenos poñer en seria dúbida a efectividade do cálculo da contribución directa para os perceptores de rendas, cando en moitos dos territorios atopados, estas tampouco foron recollidas, a lo menos non nos propios rexistros da riqueza.

Non digamos xa sobre a capacidade de realizar *de facto* o cobro se cota contributiva chegara a calcularse para estes propietarios. Quizais sería factible para o caso dos que posuísen un patrimonio máis localizado, nun territorio relativamente reducido, por un simple concepto de proximidade. Pensemos por un momento, porén, na posibilidade real de que, falando dun gran propietario ou corporación cun considerable patrimonio espallado por unha extensión significativa de territorio e en numerosas freguesías, se lle comunicasen perfectamente todas cantas rendas percibía, de forma sistemática e agrupada, para permitir o cálculo correspondente da súa cota de contribución xeral de maneira correcta. Tendo en conta o que levamos dito do estado e calidade da información sobre propiedade da terra e rendas, que non se recolleu ou que se fixo de maneira incompleta, esa posibilidade non sería dende

[88] Bringas Gutiérrez, M. A. (2008), p. 91.

logo moi elevada. Desta forma, non sería raro supoñer que moitos perceptores de rendas puideron escapar das súas obrigas tributarias sen facer absolutamente nada, favorecidos simplemente pola mala praxe no proceso e polos limitados medios de que dispoñía a Facenda da época. Mal obrar porque, non o esquezamos, aínda que a súa anotación era esencial para configurar correctamente o imposto, a renda detraída non computaba en realidade como riqueza do contribuínte que se estaba a inventariar, que é o obxectivo do exercicio do catastro, senón de quen a percibe. Cabe esperar por suposto unha cantidade considerable de omisións e de propiedades pasadas por alto, que habitualmente rematarían repercutindo sobre os campesiños, incrementando máis aínda o que a eles lles correspondía. Como a cada xurisdición, e dentro delas, a cada parroquia, correspondía a recadación dunha cantidade determinada, o resultado de que algunhas rendas de grandes propietarios quedaran exentas por esta vía en calquera territorio non podía ser outro que un aumento da carga sobre os máis desfavorecidos, pois a cada individuo que si contribuía tocaríalle no seu respectivo repartimento unha cantidade maior.


Continuando co estado das cousas, os datos do gráfico 4.G necesitan aínda un matiz adicional, pois é necesario chamar a atención sobre un aspecto esencial que complica aínda máis o panorama de tratar de identificar a través desta fonte as distintas formas de propiedade. Referímonos ao feito de que onde non está contemplado nun nivel primario da clasificación da propiedade das terras, o foro pode chegar a ser considerado como unha forma de propiedade directa de cara aos inventarios da riqueza. Dito doutra forma, cando soamente figuran como formas de propiedade conceptos máis simples como "propio" e "arrendo", o foro pasa a clasificarse non como unha forma de cesión da terra a cambio dunha renda que se achega pola súa natureza á cesión por arrendamento, senón como unha forma de propiedade máis próxima á primeira opción que á segunda. Tal resulta selo caso de San Xurxo de Afora, parroquia extra muros da urbe coruñesa, onde directamente se apunta, para as parcelas en foro, a expresión "propia por foro" ou "propia en foro", establecendo así unha diferenza entre estas fincas e as que simplemente inclúen o cualificativo "propio", das que se entende, son as que se configuran como propiedade plena, onde dominio directo e útil coinciden[89]. Non sabemos se este matiz se incluíu noutras parroquias, ou se simplemente o termo "propio" pasou a englobar tanto ás parcelas de dominio directo como ás de dominio útil por foro como regra xeral noutros lugares alí onde soamente figura a dicotomía inicial de propio/arrendo, pois este caso de San Xurxo resulta ser único. Como consecuencia deste fenómeno, a porcentaxe de terras que figuran como propias podería estar sobreestimada se temos en conta que nalgunhas freguesías o foro pode estar considerado no outro grupo da clasificación no que nós o situamos. Os resultados representados no cadro 4.G tampouco poden ser, con todo, moi diferentes á situación real, posto que neste caso, o distinto tamaño das parroquias que tomamos como exemplos favorécenos. Así, dous dos territorios aquí considerados, os situados en Abegondo, son tamén algúns dos que presentan un maior número de parcelas, tendo a sorte de que establecen perfectamente a distinción entre tódalas formas de propiedade plena e cesión (arrendo, foro e subforo). A estas freguesías pasaremos a continuación.

Temos polo tanto dous casos que nos permiten afondar un pouco máis no nivel de detalle desa dicotomía entre as persoas que explotan as súas propias terras e aquelas que soamente posúen o dominio útil segundo un acordo a través dalgunha forma de cesión da propiedade. Por unha banda está o territorio conformado pola parroquia de San Miguel de Figueroa e o couto de Gudín e, pola outra, a parroquia de Santa Dorotea de Folgoso, cuxa configuración interna das terras en termos de tenencia pode verse máis detidamente nos gráficos 4.H e 4.I,

[89] AMC, c. 6759, l. 2, a. 1.


de forma que se distingue a porcentaxe de parcelas que se atopan en forma de propiedade directa, arrendo, foro e subforo, atendendo estritamente aos datos proporcionados polos respectivos inventarios de cada un destes dous territorios. Aquí xa non temos posibles dúbidas en canto á identificación das posibles formas de posesión como as que podían xurdir no cadro anterior, posto que todas elas figuran de forma independente e identificadas con máis detalle.

Gráfico 4.H: terras recollidas en cada réxime de propiedade sobre o total na parroquia de San Miguel de Figueroa e couto de Gudín, Abegondo (porcentaxe).



Fonte: Rexistro da riqueza de San Miguel de Figueroa e Couto de Gudín. (AMB, c. 1684, l. 1, a. 1 e 4)

Gráfico 4.I: terras recollidas en cada réxime de propiedade sobre o total na parroquia de Santa Dorotea de Folgoso, Abegondo (porcentaxe).



Fonte: Rexistro da riqueza de Santa Dorotea de Folgoso. (AMB, c. 1684, l. 2, a. 1)

Entrando en materia podemos observar unha serie de aspectos diversos nos que ben merece a pena deterse brevemente. O primeiro deles é o comportamento das terras en propiedade directa e a porcentaxe que estas representan sobre o total. Como ben podemos comprobar, a súa presenza redúcese bastante se comparamos calquera dos dous casos coa tónica máis xeral que aparece debuxada no cadro 4.G. O 32% de parcelas en propiedade directa que aparece

naquel é o resultado de casos concretos como o de Vivente, onde case a metade das fincas aparecen anotadas como propias dos seus explotadores, pero que non obstante, ao ser esta parroquia pequena, tampouco afecta gravemente ao resultado global. Folgoso e Figueroa pola contra, son os dous territorios con menor porcentaxe de fincas en propiedade, o que nos levaba a pensar na posibilidade, comentada máis arriba, de que existiran criterios distintos de clasificación nas outras freguesías nas que non se estipulaba con máis detalle a forma de tenencia. Con todo, salvo excepcións como a comentada en Oza-Cesuras onde a porcentaxe se pode disparar ata niveis de algo máis do 40% de terras propias, a pauta xeral de comportamento resulta ser máis próxima aos casos de Abegondo que a estes mesmos. Deste modo, noutras freguesías cuxos cadernos atopamos salpicados por outras áreas da provincia coruñesa (e que non figuran aquí precisamente por esa característica, a de non ser útiles de cara a tratar de formar parte dunha unidade territorial mínima), atopamos cifras situadas, en termos medios, entre a quinta e a cuarta parte sobre o total de terras, ou mesmo do terzo nalgúns casos puntuais. Superar esa barreira é polo tanto algo que resulta ser pouco corrente.

O segundo comentario meréceno as terras en réxime de cesión e o balance tan diverso que nos amosa a relación existente entre foro e arrendo, considerablemente variable. Aínda que non poidamos sacar conclusións firmes a partir dunha mostra tan reducida de exemplos, o arrendamento aparece como a forma de tenencia máis común, non soamente entre os posibles contratos de cesión do dominio útil, senón entre as distintas formas de propiedade en termos globais. Isto é algo que tamén temos constatado noutros exemplos illados esparexidos ao longo do territorio da provincia da Coruña e, se ben é certo que o caso de Folgoso, con dúas terceiras partes da terra baixo este tipo de contrato de cesión resulta ser un dos exemplos máis extremos desta realidade que describimos, non o é menos o feito de que a cifra de San Miguel poida ser tomada como un caso habitual. Tendo en conta os casos atopados nos fondos analizados, non resulta estraño, especialmente na área da Coruña onde se concentran a maioría dos exemplos que nos permitiron abordar esta realidade da propiedade, atoparnos coa metade da terra en réxime de cesión por arrendamento. A duración do contrato, lamentablemente, escápasenos por completo, pois os inventarios da riqueza non recoñecen en ningún caso un dato semellante que nos permita un achegamento a este tipo de aspectos. Por outra banda, os problemas da sección de rendas volven aparecer de novo aquí no caso do subforo en particular, pois hai moi poucos casos nos que se especifique a cadea dos diversos pagamentos que configuran este tipo de contratos. As parcelas que recollemos nos cadros 4.H e 4.I baixo esta categoría son recoñecidas como tal de forma explícita na sección de propiedade de cada unha delas. En xeral, podería ser que o número destas parcelas fose maior, pero pode suceder tamén que non sexamos quen de identificar o subforo como tal porque soamente se fai referencia ao perceptor de rendas que está inmediatamente por riba do campesiño que posúe o dominio útil en lugar do propietario orixinal que sería o seguinte elo da cadea.

Pese a que nesta sección os datos sobre propiedade da terra e rendas que pesan sobre as parcelas foron empregados para tratar de reconstruír a situación arredor do alcance da explotación en directa propiedade e da cesión de fincas, este é soamente un dos aspectos que podemos abordar a partir destas informacións. Son tamén, especialmente agora o caso das rendas, unha forma efectiva para levar a cabo unha reconstrución dos patrimonios de propietarios que residen na mesma ou noutras parroquias, en combinación cos datos de forasteiros dos que poidamos dispoñer. Mentres que os forasteiros son aqueles que residindo noutra freguesía teñen bens nela e que os explotan directamente (con independencia da forma de propiedade), a sección de rendas danos datos moi interesantes sobre a parte das propiedades que se achan nun réxime de cesión. É dicir, se unha persoa que reside noutra

parroquia posúe ou leva en calquera tipo de réxime de cesión unha finca ou un inmoble que explota directamente na freguesía que se está a inventariar, dito individuo figurará na listaxe dos forasteiros. Se pola contra se trata do propietario directo sendo el o que cede a finca a algún dos campesiños da parroquia da que se está facendo reconto, o seu nome figurará na sección de perceptores de rendas, no apartado do campesiño ao que lle teña cedido as súas propiedades. Con isto podemos seguir a pista ao patrimonio de moitos rendistas, non soamente persoas senón tamén institucións, comprobando ata onde poden estar espalladas as súas propiedades e ata onde chega o seu radio de actuacións e a súa esfera de influenza.

O principal uso dun exercicio coma este terá interese especialmente a nivel local para tratar de identificar as propiedades dos habitantes das freguesías veciñas ou ben de certas personalidades importantes a nivel comarcal e rexional como nobres ou determinadas entidades relixiosas. Con todo, o exercicio terá sempre un certo compoñente aleatorio, marcado non soamente polo grao de conservación dos fondos, senón pola distribución das parcelas e pola forma na que a fonte recolle aos perceptores de rendas. Isto obriga a combinar esta fonte con outras nas que se poidan localizar os bens das persoas ou entidades que se pretendan atopar, empregando a comparación a nivel territorial para poder realizar buscas frutíferas. Isto é debido a que, como ben sabemos, soamente existe unha listaxe ou índice de persoas cando estas explotan directamente bens na parroquia, xa sexan veciños residentes ou forasteiros, pero en ningún caso existe unha relación que permita identificar aos rendistas que hai nela pese a que sexan os propietarios.

Outro aspecto das rendas a tratar aquí é que, a pesares de que poidan ser empregadas como información complementaria para realizar un estudo da propiedade, poden ser perfectamente en si mesmas un tema de análise dende un punto de vista individualizado. Se ben nos parágrafos previos deixamos de lado en boa medida o seu contido e as empregamos unicamente como indicador de que unha serie de fincas estarían afectadas por un contrato de cesión, a información que nos brindan é moita máis e pode ser empregada dende outros enfoques diversos. Deixamos xa de lado polo tanto a parte da análise da propiedade e os datos correspondentes para pasar a centrarnos brevemente na propia figura das cargas e pagamentos que deben ser satisfeitas en concepto de contrapartida dunha cesión de terras. A análise da composición desas rendas, precisamente, resulta importante porque nos axuda a valorar aspectos moi interesantes sobre a realidade agraria do momento, como pode ser o grao de participación das economías campesiñas no mercado.

En canto á composición das rendas que podemos atopar nos fondos dos rexistros da riqueza, cómpre destacar esencialmente dous tipos de estruturas diferentes. Temos por unha parte aquelas para as cales a carga contemplada queda definida por unha porción fixa de produto, xeralmente unha certa cantidade de cereal (trigo ou centeo principalmente) expresada en ferrados. En segundo lugar estarían aquelas rendas cuxa cantidade de produto a satisfacer varía dacordo coa calidade da colleita, posto que se conforman mediante unha porcentaxe preestablecida da mesma. Normalmente ditas porcentaxes son variables e representan entre un cuarto e a metade da produción total da colleita, existindo o caso intermedio do terzo e mesmo o do sexto en moi raras ocasións. Hai polo tanto, falando en termos de composición, rendas tanto variables como invariables, en función de se a carga que se establece se axusta ao produto obtido ou se pola contra se mantén fixa. Non obstante, a petición dunha cantidade determinada de cereal como esixencia a satisfacer, tampouco ten que ser entendida como un indicador de estabilidade na renda, a lo menos en termos relativos, se atendemos aos esforzos nos que pode ter que incorrer o campesiño para a súa obtención. Isto é así porque se o dito campesiño que ten que pagar debe ademais completar a carga por outras vías, o peso real que a renda lle supón pode diferir en función do prezo do cereal solicitado. De feito, existen unha

cantidade considerable de exemplos de veciños que, sementando outras especies de cereais, fundamentalmente millo e centeo, non chegan a dispoñer dunha cantidade de trigo suficiente como para satisfacer a carga que se lles impón. Dita imposición pode ser satisfeita en parte pola colleita de trigo da que se si dispoñan, de ser o caso, pero a insuficiencia leva a que nos preguntemos, como consecuencia disto, pola vía de obtención da cantidade restante.

Xa sexa satisfeita en especie a través da compra do trigo do que non dispón, co obxectivo de entregalo ao arrendador, ou por outro lado, coa entrega dunha cantidade de diñeiro en metálico que satisfaga o valor equivalente do dito produto, a actuación supón unha consideración importante arredor da figura do campesiño, que non é outra que o seu grao de participación no mercado. O campesiño, nesta situación, debía recorrer a el de forma habitual para satisfacer, ademais doutras posibles necesidades primarias, o pago de rendas. Faríao, loxicamente, ou ben acudindo cos seus propios produtos para vendelos, ou ben obtendo o numerario necesario a partir do desenvolvemento de actividades económicas complementarias que desenvolvería a tempo parcial cando as tarefas e o calendario agrarios lles permitiran, debido ás menores esixencias que demandaría o agro en certos momentos, unha maior cantidade de tempo para dedicalo a este tipo de tarefas. O interesante da situación que imos encontrar agora, no contexto no que nos movemos, é que esta participación habitual quizais debeu ser incrementada pola necesidade de satisfacer o novo imposto de contribución xeral en metálico, o cal se combinaría entón con este recurso xa tradicional para satisfacer unha parte das rendas.

Por outra banda, cando falamos de solicitar unha determinada cantidade de ferrados de trigo, hai que apuntar tamén que esta é, con frecuencia, soamente unha parte daquilo que se pide como pago, un aspecto que nos leva a falar doutra cuestión interesante que podemos observar nos cadernos da riqueza. Falamos concretamente da composición e do contido desas rendas. A este respecto obsérvase unha grande variabilidade entre os produtos solicitados, unha listaxe que basicamente se pode estender a calquera produto comerciable e medible, fóra tamén da categoría dos cereais. Así e xa obviando a estes últimos, entre os produtos alimentarios figuran, maioritariamente, ovos ou aves de curral (sobre todo capóns), certas pezas ou partes concretas dalgúns animais trala matanza (lombos ou lacóns por exemplo), mel, castañas ou algunhas froitas, medidos todos eles segundo corresponda, por unidades, cestos ou libras e cuartillos. As cantidades estipúlanse polo tanto, como non podería ser doutro xeito, dunha forma precisa e metódica.

Máis alá dos alimentarios, que son claramente os principais, calquera outro produto susceptible de ser medido e co cal se poida comerciar en tanto en canto se lle pode atribuír facilmente un valor económico, pode figurar como parte do pago dunha renda. Isto lévanos a ver como tal determinados produtos como liño ou lá (traballados ou en bruto), carros de leña ou incluso un certo número de misas anuais. Aínda que é posible que algúns destes produtos soamente figuraran como parte dun posible contrato pasado e o seu pago se efectuara realmente en diñeiro, non é menos certo que algúns destes produtos poderían ser esixidos efectivamente en virtude e como resultado dunha lóxica mental de posición dominante por parte do alugador quen, ao percibir unha serie de produtos naturais que ademais son frescos en boa parte das ocasións, garante unha calidade mínima dos mesmos, o cal pode ser entendido en certo modo como unha forma de dominio social. Tampouco podemos esquecer en última instancia a esixencia, aínda que en ocasións sexa simplemente testemuñal, de certas cantidades de diñeiro en reais, o cal nos confirma o recurso ao mercado das familias nas que este concepto aparece, en calquera das súas formas posibles para poder satisfacelo.

O estudo da composición das rendas resulta moi útil noutro sentido, pois danos información válida para coñecer certos produtos que poden ser obxectos das principais

transaccións. Neste sentido, as rendas son tamén un espello das actividades agrarias, pecuarias e tamén das do mercado, pois como parte importante do sistema agrario están inseridas no seu propio contexto e como resulta lóxico adoptarán a forma dos produtos dispoñibles. Partindo de aquí, as rendas amósannos algúns aspectos que en ocasións poden quedar fóra doutras seccións dos rexistros. En concreto, hai dous tipos de produtos que destacan por riba de tódolos demais a este respecto, aínda que non son os únicos. O primeiro deles é o que procede dos que poden ser chamados animais de curral, determinadas especies de animais de pequeno tamaño que en ningún caso figuran nos inventarios da riqueza, un aspecto que contrasta coas referencias que a eles podemos atopar na documentación. Por exemplo, remitíndonos ao modelo 1 que se fixo circular polos partidos da Coruña e Santiago, no primeiro caso podemos atopar facilmente a referencia á valoración de polos e galiñas, mentres que no segundo as mencións aumentan ata contemplarse, ademais deses dous animais, os capóns, as perdices, os coellos e as lebres. Pola súa parte, entre as tarifas das partes alícuotas recoñécese un desconto da cuarta parte do produto bruto para a obtención do rendemento neto "de las Aves y Cuadrúpedos domésticos que atrás no vayan especificados", o cal significa indubidablemente que estes animais deberían figurar nos rexistros da riqueza como outro calquera. Deste xeito, non habería testemuña algunha na documentación á marxe destas breves referencias de non ser polas rendas, pois é aquí onde vemos ovos, polos, capóns e galiñas como pago a cambio da cesión de terras. As referencias a estes animais están moi lonxe en termos cuantitativos dos pagos que esixen cereais en especie, pero iso é algo que sucede con tódolos demais produtos á marxe do propio trigo, pois a súa solicitude como pagamento nos casos atopados é practicamente universal. Os coellos son, curiosamente, unha das especies máis descoñecidas na documentación pois non atopamos casos que se refiran a eles, xa non soamente nos recontos, senón tampouco entre os pagos das rendas. As aves de curral e os seus produtos derivados seguen sendo, pese a estes comentarios, unha das moedas de cambio máis solicitadas, o que de feito demostraría o habitual da súa presenza e en consecuencia, a grave omisión que se comete nos apeos e cadernos ao non recollelos.

En segundo lugar destaca o caso do liño que, pese a seu importante valor comercial, non está correctamente documentado en bastantes das parroquias atopadas. É un produto importante precisamente porque garante ao campesiño un ingreso en metálico importante pola vía da comercialización incluso sen procesar. O valor dun "haz de Lino Gallego en rama y por aderezar, cada haz que tenga dos arrobas" amósase no documento do modelo 1 tanto en Santiago como na Coruña cun valor considerablemente superior en contraste co "lino de afuera", cuxa taxación era considerablemente menor en comparación, arredor dun 40% menos que o da propia terra. Hai freguesías nas que, porén, a única referencia ao liño figura nas rendas que deben satisfacer algúns dos campesiños, o cal nos leva a supoñer que loxicamente, nese lugar non estamos ante un produto tan descoñecido como poderiamos supoñer atendendo á información doutras seccións dos apeos e cadernos da riqueza como poidan ser as dos cultivos.

Pese a que o liño é probablemente o caso máis interesante pola súa importancia, xa que ao seu redor pode chegar a xirar unha industria doméstica de considerable importancia que chegue a ocupar a un grande número de persoas segundo os lugares, o seu caso non é único. Nunha situación moi semellante á súa atópanse, ademais dos animais de curral, outros produtos do sistema agropecuario dos cales tampouco chegariamos a ter noticia de non ser porque aparecen reflectidos nas rendas dalgunha forma. Outro pode ser por exemplo o caso das colmeas, cuxa recollida presenta algúns problemas, ata o extremo de desaparecer en moitas parroquias por completo. Hai lugares onde, na liña de todo o que levamos dito, as rendas acostuman a incluír pequenas cantidades de cera ou mel, localizando así posibles

lugares onde a súa presenza podería ser maior. Por último e xa para rematar con estes exemplos, cómpre facer referencia nesta liña a certas especies de árbores que, tal e como falabamos na sección respectiva dos montes, semellaban estar claramente ignorados nos rexistros, pois as castañas son tamén outro dos produtos que temos atopado nas rendas de parroquias onde os soutos non figuran nos recontos da riqueza. A análise das rendas resulta polo tanto de grande interese non soamente para completar as informacións doutras partes da documentación, senón tamén para descubrir algunhas das súas carencias, erros e trampas.

Ter en conta todos estes produtos tan diversos como parte integrante das rendas lévanos así mesmo a considerar outra cuestión importante coa que poñeremos fin a este subapartado do capítulo. Se ben as rendas son o principal mecanismo de extracción da riqueza agraria dende os produtores a outros axentes económicos que as perciben, temos que entender tamén o que estas supoñen para a contribución directa á que deu lugar a reforma da Facenda da que aquí nos ocupamos. Dende este punto de vista, as rendas que os locadores reciben a cambio de ceder o dominio útil das súas propiedades son simplemente ingresos percibidos, con independencia da súa natureza e procedencia exacta. Por iso mesmo son entendidos como unha fonte de riqueza e, como tal, un concepto que debía ser gravado pola contribución xeral. Tal e como acabamos de comprobar, porén, a composición dos elementos que integraban as rendas era tremendamente diversa atendendo aos diferentes compoñentes que podían formar parte delas. Esta configuración tan heteroxénea das rendas non escapaba á lexislación, de modo que era necesaria unha estratexia para converter tódolos produtos a unha valoración equivalente en diñeiro que permitira simplificar o proceso e calcular de modo máis sinxelo a cota que lle correspondería pagar ao seu perceptor en concepto de contribución. Con este obxectivo, a documentación da xunta de partido de Santiago recolle, entre o apartado correspondente á valoración monetaria dos distintos produtos que conformarían a riqueza dos contribuíntes (o modelo 1) unha breve sección chamada "Servicios" na que se apuntaba o seguinte:

> "Como en Galicia se pagan varias rentas que llaman servicios en otras especies, que si no se tarifan para el caso en que no tengan tasa, o reducion á dinero en los foros ó contratos (pues teniéndola ya se sabe lo que por ellas se satisface, y ha de cargarse al que las percibe) se da lugar tambien á dudas y arbitrariedades, se añaden los arreglos siguientes:
>
> | | |
> |---|---|
> | Un capón | Desde 4 á 6. |
> | Una gallina | Desde 4 á 5. |
> | Un pollo | Desde 1½ á 2. |
> | Una perdiz | Desde 1½ á 3. |
> | Una liebre | Desde 2 á 3. |
> | Un conejo | Desde 1 á 2. |
> | Una marranilla | Desde 12 á 16. |
> | Un carnero | Desde 12 á 16. |
> | Un cabrito | Desde 4 á 5. |
> | Una lamprea fresca o curada | Desde 4 á 6. |
> | Un ciento de Sardinas curadas del humo | Desde 4 á 6. |
> | Id. saladas sin prensar según su clase y temporada | Desde 2 á 4. |
> | Id. frescas segun su clase y temporada | Desde 1 ½ á 3[90]." |

A variedade de prezos nun pequeno arco pretendía cubrir as diferenzas posibles de valoración que estes produtos puideran presentar en función da parte da provincia na que se estivera, pois

[90] Xunta de partido de Santiago (1818), op. cit., p. 99.

os custos de obtención ou transporte, entre outras cuestións relacionadas coa feracidade das distintas áreas podían facer diferir nos valores dos produtos en certo grao. A listaxe está reproducida ao completo porque, loxicamente, os produtos que aparecen recollidos de forma explícita son aqueles que conformarían os compoñentes que máis comunmente entraban a formar parte deses pequenos pagos que, sendo esixidos en especie, completaban as rendas. Chegados a este punto, non podemos saber se un perceptor recibía en especie ou en diñeiro algunha parte determinada das rendas que se lle pagaban, pero si podemos saber o que pagaría el cando se lle arranxara a súa contribución respectiva, pois cada un dos produtos listados presenta un valor de conversión a diñeiro. Esta cita, que pon punto e final a este apartado, pretende ser tamén unha chamada de atención sobre a dificultade á que o sistema de contribución xeral se enfrontaba cando pretendía gravar tódalas fontes de ingresos dos suxeitos que percibían rendas. O resultado, vistas tódalas trabas, dificultades e o mal funcionamento que acusaba o imposto neste aspecto debeu contribuír, sen dúbida, a que o resultado final rematara sendo moi diferente do que se esperaba, causando con elo novas fontes de descontento.

4.6. SÍNTESE DA INFORMACIÓN MEDIANTE O MÉTODO DOS FLUXOS ENERXÉTICOS NUN ESTUDO DE CASO: A PARROQUIA DE SAN MIGUEL DE FIGUEROA EN 1818-1819

A confluencia de boa parte do que levamos dito neste capítulo pode aplicarse no exercicio de desenvolvemento dun método segundo o cal trataremos de conseguir votar algo de luz sobre a composición da dieta e o aporte calórico consumido polos habitantes dunha freguesía que tomamos como estudo de caso no territorio que estudamos. Optamos por este tipo de análise porque é neste nivel local onde se organizan dun xeito máis esencial os fluxos enerxéticos e onde o concepto do agroecosistema pode ser analizado máis correctamente dende un enfoque múltiple. É tamén aquí onde se ven claramente os marcos sociais do agricultor: a explotación familiar e a comunidade local[91]. As pautas básicas para realizar este exercicio témolas nalgunhas publicacións realizadas polos membros do Laboratorio de Historia de los Agroecosistemas da Universidade Pablo de Olavide de Sevilla, mentres que os datos básicos sobre o aporte calórico de moitos produtos foron extraídos de obras que conteñen a composición básica de grande cantidade de artigos de alimentación[92]. Agradecemento especial merece David Soto, guía de inestimable valor para a posta en marcha do proceso que pasamos a detallar.

En canto ao criterio de selección do territorio que finalmente foi escollido, prima claramente o de dispoñibilidade de información. Como xa sabemos, San Miguel de Figueroa consta en realidade de dous territorios, a parroquia e o couto de Gudín, cada un cos seus respectivos recontos da riqueza completos e pechados con índice de veciños. Para un exercicio destas características, porén, non abondaba con isto, pois era necesario ademais un certo nivel de detalle e calidade para poder coñecer unha serie de datos sen os cales o método dos fluxos enerxéticos non se podería aplicar dun xeito completamente satisfactorio sen realizar unha serie de estimacións aproximadas que restarían valor aos resultados obtidos. No apartado das terras debemos ter dispoñibles os rendementos e os cultivos de cada parcela do xeito máis detallado posible co obxectivo de reconstruír coa máxima precisión os produtos dispoñibles. En canto ao nivel de colleitas, o ano no que os rexistros se elaboraron (1819) parece normal en termos produtivos e non se atopan referencias a anadas malogradas, o cal

[91] González de Molina, M. (2001a).

[92] González de Molina, M.; Soto, D.; Aguilera, E.; Infante, J. (2014) op. cit.; Guzmán, G.; Aguilera, E.; Soto, D.; Cid, A.; Infante, J.; García Ruiz, R.; Herrera, A.; Villa, I.; González de Molina, M. (2014); Moreiras, O.; Carbajal, A.; Cabrera, L.; Cuadrado, C. (2016).

reviste tamén unha grande importancia. Por outra banda, é conveniente ter dispoñibles as rendas que afrontan os campesiños arrendatarios para que, unha vez detraídas aquelas dos produtos da terra, poidamos coñecer a dispoñibilidade real de recursos da forma máis aproximada posible. O mesmo acontece co gando, que tamén deberá estar presente posto que os seus produtos son parte importante do aporte calórico ás persoas da parroquia, fundamentalmente en forma de carne e lácteos. En derradeiro lugar o rexistro de familias tamén é necesario pois necesitamos coñecer o número de habitantes, e non soamente o de veciños, para saber o aporte enerxético que se podería destinar a cada persoa. O uso dun coeficiente de conversión a nivel dun territorio tan reducido a nivel micro podería ser unha solución válida, pero contribuiría a restar precisión ao exercicio. O territorio escollido é un dos exemplos atopados nos que todas estas informacións están presentes.

É necesario apuntar que, antes de realizar tódolos cálculos pertinentes, o resultado obtido sería aproveitado de tódolos xeitos, pois a realización do traballo pensouse como unha proba para coñecer a veracidade dos datos contidos nos rexistros. No caso de obterse unhas cifras aceptables, poderán observarse aspectos importantes no campo da dieta das persoas e dos fluxos enerxéticos alimentarios a este respecto. Se polo contrario aparecen carencias importantes, o exercicio tampouco debe desbotarse, xa que no caso de haber insuficiencias graves nos valores de enerxía que cada persoa pode obter diariamente, estas poden ser entendidas en clave de defectos ou eivas da fonte, por exemplo en forma de ocultación presente nos rexistros gandeiros ou parcelarios. Así mesmo, haberá que ter en conta tódolos problemas que fomos tratando e que agora xogan na contra do correcto desenvolvemento do que se propón levar a cabo. Xa de entrada atópanse algúns lastres que dificultarán o labor, pero a aplicación do método dos fluxos de enerxía soluciona tamén algún problema da fonte. Son os que figuran a continuación, a modo de síntese.

Nunha primeira aproximación cos datos anotados tal e como aparecían nos recontos comprobouse o que resultaba ser un fenómeno que xa resultaba evidente, que non é outro que a evidente redución das calidades da terra á hora de seren inventariadas as parcelas. Cos datos orixinais de rendementos, as cifras de calorías aportadas polos cereais, produto esencial, resultaban demasiado reducidas. Tanto é así que habería que falar, no caso de aceptalas, dunha situación de fame crónica nesta parroquia que por suposto non resulta aceptable. Para resolver este problema optouse, como xa se apuntou no apartado segundo deste capítulo, por coller os rendementos das calidades intermedias e estendelas a tódalas terras da parroquia, de maneira que ao facelo, a escaseza das terras da mellor calidade e a grande cantidade de parcelas anotadas na inferior delas quedaran compensadas.

Por outra banda, xa sabemos que teremos problemas con determinados cultivos, os cales nos impiden incluír certos produtos ante a imposibilidade de achegarnos a eles de forma cuantitativa. Nos rexistros, en xeral, e nos do territorio analizado, en particular, non hai datos sobre froiteiras, hortalizas ou patacas, así que pouco se pode dicir delas a efectos da súa achega calórica. Non obstante, as castañas terán un peso importante, o que nos leva a pensar que tal vez compensaran o consumo do tubérculo nesta parroquia en particular. Os nabos, pese a saber que están presentes claramente nas rotacións, presentan aquí un claro problema: se lembramos un dos exemplos citados ao comezo do segundo apartado deste capítulo, un dos contribuíntes de Santa María de Rus afirmaba ter plantado nabos "que solo sirven para el alimento de los ganados". Naturalmente e como xa apuntamos, isto non é certo, de modo que nabizas e grelos serían consumidos tamén polas persoas. Porén, non temos ningunha cifra aproximada da cantidade, de maneira que tamén deixamos este produto á marxe, pois calquera cifra que nos atreveramos a dar sería, probablemente, tan imprecisa como azarosa, co conseguinte risco de imprecisión e incerteza, ante a ausencia de referencias firmes.

Finalmente, das carencias dos rexistros gandeiros dedúcense outras tantas ausencias nos produtos de orixe animal. Non hai rastro dos pequenos animais de curral, o que nos deixa sen alusións posibles para a súa carne e os ovos. O mesmo podemos dicir doutras actividades básicas para as economías campesiñas como a caza, totalmente desaparecida dos rexistros, igual que outras prácticas como a recolección, a pesca ou o espigueo, que proporcionaban recursos esenciais especialmente aos máis pobres[93].

O cálculo do consumo aparente que se define como aquilo que é producido, sumando as importacións e restando as exportacións, podería aplicarse a nivel micro pero con importantes limitacións. A fonte non recolle a relación dos campesiños co mercado en termos xerais, e dende logo sabemos que se venden e se mercan produtos nel que poden facer variar os cálculos aquí presentados. Sen ir máis lonxe, á hora de reunir a suma da contribución o campesiño deberá obter metálico, recorrendo a actividades complementarias ou á venda de produtos como os cereais e quizais tamén, o viño. Por outra banda, sabemos que a alimentación dos españois gozaba dun amplo grao de autonomía e o que hoxe chamaríamos soberanía alimentaria[94]. Amplo non significa total, pero para este exercicio e dadas as circunstancias dos rexistros, sen que se pretenda negar en absoluto o acceso dos campesiños ao mercado, vémonos na obriga de supoñer que, cunha capacidade de autosuficiencia importante, as entradas e saídas de produtos compénsanse entre si.

No outro lado, o método pode aplicarse con independencia de que teñamos ou non a sección de forasteiros anotados nos rexistros. Como o que queremos ver é precisamente o fluxo de enerxía que queda para os veciños rexistrados na parroquia, é dicir, aqueles que residen nela e teñen propiedades dentro dos seus límites, soamente son necesarias as súas posesións, mentres que as dos forasteiros non entrarían no cálculo en sentido estrito. Aparecería, porén, o inconveniente de que os propios veciños tamén terían, quizais, algunhas parcelas fóra da parroquia que lles aportaran recursos. Por iso mesmo podemos conceder que a cifra de enerxía obtida pode experimentar un pequeno incremento procedente dos produtos desas fincas situadas fóra da parroquia de residencia. Como ben sabemos non hai maneira de coñecelas pola fragmentación dos fondos, pero tamén hai que pensar que non se trataría soamente de parcelas que aportaran recursos exclusivos para a dieta humana, pois aquí habería tamén prados e montes.

Por outro lado, tamén debemos dar a coñecer de onde obtemos os datos de produción dos froitos que figuran no exercicio. Para os principais cultivos cerealeiros, legumes como as fabas ou para as castañas, empregamos os datos proporcionados polos propios rexistros da riqueza dos territorios analizados, no chanzo da segunda calidade. Para solucionar as eivas coas que nos atopamos en relación ás hortas optouse por tomar un dato conservador que se corresponde coa produción que para estas áreas se obtivo recentemente na provincia de Lugo para mediados do século XIX[95]. A produción nas hortas das mariñas coruñesas e betanceiras sería probablemente maior, pero a cifra pode resultar aceptable incluso para algunhas áreas de transición ao interior. En canto aos produtos de animais domésticos, recollemos do mesmo estudo as cantidades dispoñibles por persoa e ano para ovos e carne de aves de curral, que son á súa vez os recollidos polos membros do GEHR a comezos dos anos 90[96]. En canto a produción leiteira, esta foi obtida da memoria gandeira de 1891, seleccionando sempre os datos máis baixos proporcionados para tódalas especies[97]. No caso do vacún estableceuse

[93] Saavedra, P. (1994), p. 80; (1995a), p. 122.
[94] González de Molina, M.; Soto, D.; Aguilera, E.; Infante, J. (2014), op, cit., p. 167.
[95] Corbacho González, B. (2017), op. cit., p. 235.
[96] Ibídem, p. 244; GEHR (1991).
[97] Dirección General de Agricultura, Industria y comercio (1892), op, cit.

unha diferenciación básica que os rexistros permiten fixar: nunha man teríamos reses de uso leiteiro e, na outra, vacas de uso mixto, empregadas estas últimas ademais, en labores agrarias como forza de tiro. Como se pode ver, algúns datos proceden de fontes elaboradas xa ben avanzado o século XIX ou mesmo do XX, porén, considerámolos factibles posto que tanto para estes momentos como, por suposto, para o que aquí se estuda, a introdución masiva de fertilizantes aínda non era unha realidade. As hortas sempre foron terreos ben abonados e abundantes en man de obra, de modo que os rendementos non serán moi cambiantes ata que tal fenómeno teña lugar. Algo semellante se pode aplicar aos animais, pois no caso do vacún, por exemplo, os datos escollidos correspóndense en todo caso coa raza de vaca do país, de modo que non se tiveron en conta outras variedades foráneas máis especializadas na produción leiteira que irían irrompendo en escena máis adiante.

Os rendementos daqueles produtos expresados en ferrados, porén, deben ser convertidos a medidas actuais. Empregando coeficientes recollidos en obras sobre metroloxía tradicional, a unidade dos ferrados pode ser facilmente convertida a litros e, dende aí, con novos coeficientes, os cultivos máis comúns poden ser expresados en quilogramos, unha medida coa que traballar dun xeito máis doado nas táboas de composición alimentaria[98]. Para outros produtos dos que non puidemos atopar unha equivalencia entre un volume en litros e unha masa e quilogramos, como as castañas, obtivemos a axuda de técnicos do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), dependente da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, que levaron a cabo ensaios e probas para determinar a masa do volume dalgúns froitos. Realizadas todas estas apreciacións, calculadas as producións cos datos indicados de rendementos e obtido o produto bruto, soamente restaba coñecer a produción neta que quedaba para a alimentación das persoas da parroquia, para o cal foi necesario realizar unha dobre detracción. En primeiro lugar aquela correspondente á semente, para cuxo cálculo nos valemos do informe da Dirección Xeral de Agricultura de 1890[99]. Por outra banda, os campesiños debían facer fronte a unha serie de cargas en forma de rendas, de maneira que estas tamén terían que ser restadas dos froitos totais da terra. Finalmente, convertendo as cantidades resultantes en enerxía, as cifras resultantes de quilocalorías (Kcal) por persoa e día para os produtos que compoñían o aporte enerxético esencial na dieta, son as reflectidas no cadro 4.J.

Cadro 4.J: aporte calórico dos habitantes de San Miguel de Figueroa e couto de Gudín (Abegondo, 1819) (en Kcal/persoa/día):

PRODUTO	APORTE CALÓRICO
Cereais	1637
Castañas	211
Legumes (fabas)	26
Hortalizas	46
Viño	56
Lácteos	250
Carne	160
TOTAL	**2386**

Fonte: Rexistro da riqueza de San Miguel de Figueroa e Couto de Gudín. (AMB, c. 1684, l. 1, a. 1 e 4)

[98] Fernández Justo, Mª I. (1986); Bringas Gutiérrez, M. A. (1996).
[99] Dirección General de Agricultura, Industria y comercio (1891), op. cit.

As cifras reflectidas merecen un pequeno comentario. En primeiro lugar, o aporte dos cereais pode estar un pouco sobrevalorado, pois lembremos que entre as subtraccións non se efectuou a que resultaría dun hipotético cálculo da contribución xeral que, se ben é certo que foi recadando a cada paso unha cantidade menor, demos probas do seu pagamento íntegro na zona de Pontedeume nos primeiros compases da súa implantación. O contribuínte que tiña que obter metálico podía acudir ao mercado con produtos cerealeiros e viño, unha das principais vías de acceso ao mesmo. Isto podería levar a unha venda de cereais, o que explicaría a súa menor presenza e o descenso do aporte calórico conseguinte, aínda que non é menos certo que tampouco estamos considerando outros posibles aportes de numerario procedentes de actividades complementarias que a fonte reflicte de xeito tan deficiente. Por outro lado, o aporte modesto das fabas explícase porque forman parte dun cultivo mixto tal e como se expuxo ao falar das rotacións, compartindo o mesmo espazo que o millo con beneficios mutuos, aproveitando este o nitróxeno fixado por aquelas, e as propias fabas a cana do millo como soporte[100]. Por outra banda é posible que esta mesma práctica favoreza a declaración de rendementos á baixa no caso do legume. Así mesmo, os datos que se manexan para o viño, cun rendemento de 15 Hl/Ha tamén semellan algo baixos se os poñemos en relación cos doutras áreas, mentres que outros estudos sobre dieta outórganlle un maior peso na mesma[101]. As castañas, que como xa se adiantou, tiñan un peso moi importante, poderían substituír en boa medida ás patacas, se comparamos o seu aporte co suxerido polos membros da universidade de Sevilla para as raíces e tubérculos no seu estudo e para a data de 1900[102].

En canto á carne, o aporte calórico sinalado correspóndese a unha dispoñibilidade duns 25 Kg por persoa e ano aproximadamente, que foron obtidos pola mesma vía empregada que cando falabamos do gando ovino e caprino. Se comparamos estes valores cos do excelente estudo realizado por algúns dos membros do Laboratorio de Historia de los Agroecosistemas, atoparémonos con cantidades moito máis elevadas neste momento da segunda década do século XIX que no cambio de centuria cara o XX. Os pouco máis de 14 Kg que resultan das estimacións destes investigadores son superados amplamente, tanto en dispoñibilidade como, loxicamente e por extensión, en aporte enerxético[103]. Á hora de realizar a conversión calórica desta carne, empregamos valores intermedios de produto semi graxo en tódalas especies que o permiten, que pensamos que son máis correctos que empregar un baremo de carne magra. Cremos incluso que, dados os aproveitamentos cárnicos de animais como o porco, ricos en lípidos, a cifra que se ofrece na táboa mesmo pode pecar de reducionista. Hai que notar, de feito, que en ningún caso hai unha referencia a aceites de orixe vexetal, que cara o cambio de século si compensarían en boa medida a menor dispoñibilidade de graxas animais. Neste intre, en 1818-1819, a situación arredor dos aceites sería ben diferente, visto o acceso aos produtos animais. Os lácteos, fonte de graxas e para os cales se podería aplicar o mesmo razoamento que para a carne dende o punto de vista temporal, axudarían a cubrir tamén a necesidade deste nutriente. As estimacións brutas anuais de lácteos sitúanse lixeiramente por riba dos 124 kg de materia fresca segundo os cálculos máis restrinxidos, tamén moi por riba dos apuntados polos autores do citado estudo.

Se damos estes datos por certos, teremos proporcionado unha proba da teoría que defende o ese mesmo estudo, segundo a cal o consumo per cápita de carne (e por extensión de produtos animais en xeral, como os lácteos) sería maior conforme se retrocedía no tempo cara

[100] Remmers, G. (1993), p. 210.
[101] Corbacho González, B. (2017), op. cit., pp. 104-106; González de Molina, M.; Soto, D.; Aguilera, E.; Infante, J. (2014), op, cit.
[102] González de Molina, M.; Soto, D.; Aguilera, E.; Infante, J. (2014), op, cit., p. 171.
[103] Ibídem, p. 167.

os inicios do século XIX. Isto deberíase á posterior pugna polo espazo entre agricultura e gandería, e significou o descenso paulatino da segunda a medida que avanzaba a centuria, co conseguinte impacto na dieta, que se iría modificando obrigatoriamente. Unha situación que sería solucionada, en parte, coa introdución masiva de fertilizantes químicos que aumentaran os rendementos da terra. Os propios investigadores estimaban a dispoñibilidade anual de carne a mediados da centuria xa en 22 Kg/persoa e aventuraban que non sería estraño que a cifra fose maior no caso de retroceder máis no tempo, pois a redución dos pasteiros xa se tiña iniciado por aquel entón. O exercicio que acaba de ser exposto, discorre polo tanto, seguindo esta liña. Refórzase a teoría de que cara 1900, os datos reflectían unha crise socioecolóxica que debeu suceder nas décadas inmediatamente anteriores, e non un punto intermedio dunha pauta de consumo ascendente que asegura a interpretación da transición nutricional. Polo tanto, con este exercicio apóiase tamén que a visión dramática para a agricultura e a alimentación no século XIX, con presenza de desnutrición, non é correcta[104].

O exercicio, tal e como foi realizado, desprende unha adecuación coa cifra mínima de calorías establecida por Cussó, quen estimou un consumo enerxético diario de 2270 Kcal por persoa para 1860[105]. Porén, de tódolos apuntes realizados colíxese que o que aquí temos é soamente unha achega preliminar e que a suma calórica obtida, aínda que suficiente, está incompleta. Para empezar non hai ningún desconto realizado en función das posibles perdas que se darían nos sucesivos pasos do proceso alimentario, que por outra banda serían menores en sociedades preindustriais[106]. Por outra banda, xa sabemos que faltan cando menos os aportes de nabos e froita, ademais dos produtos obtidos mediante actividades complementarias de recolección ou posibles aproveitamentos de comunais que son moi difíciles de medir. Se ademais existen outras achegas mediante azucres, estes non poden ser detectados na fonte, pois como se lembrará polo cadro 4.C de animais domésticos, a presenza de colmeas, aínda que real, era case testemuñal nesta parroquia. O volume de mel producido era tan escaso en termos medios para o conxunto dos habitantes destes dous territorios que optamos por deixalos fóra da suma final. Aínda así, esas colmeas concentrábanse nun número bastante reducido de casas segundo os rexistros, o que sen dúbida favoreceu á alimentación dos seus moradores.

Se con todo houbera que dar unha estimación para completar o exercicio, poderíamos coller algúns datos que ofreceron os investigadores da Universidade Pablo de Olavide para 1900, que serían tomados como conservadores dada a situación de crise xa descrita. Valorando soamente eses azucres, as froiteiras e unha modesta partida de ovos segundo as fontes citadas, poderíamos elevar a suma ofrecida nunhas 200 Kcal máis por persoa e día, o que nos deixaría nun resultado estimado arredor das 2550-2600 Kcal, suficiente para cubrir as necesidades alimentarias dunha persoa e situándonos nuns valores moi semellantes aos doutros países europeos como Francia ou Italia[107]. Faltaría aínda, insistimos, unha partida obrigada procedente dos nabos que foi imposible medir a partires dos rexistros e quizais unha certa cantidade, máis modesta do que se calcula para o cambio de século grazas á dispoñibilidade de produtos animais, de aceites vexetais. Pero por riba de todo o apuntado, tamén habería que ter en conta que o panorama que aquí se debuxa debe ser entendido como unha caracterización dunha alimentación estándar que, loxicamente, sería moi variable en

[104] González de Molina, M.; Soto, D.; Aguilera, E.; Infante, J. (2014), op, cit., pp. 171-175.
[105] Cussó Segura, X. (2005), p. 335.
[106] González de Molina, M.; Soto, D.; Aguilera, E.; Infante, J. (2014), op, cit., pp. 165-166.
[107] Aínda que estariamos a falar de cifras para mediados do século XIX, podemos basearnos nos valores de arredor de 2500 Kcal/habitante/día subministrados en estudos como o de Cussó, X. e Garrabou, R. (2007).

función dos sectores sociais, das comarcas, das sazóns do ano, dos sistemas de cultivo e, por suposto, das oscilacións das colleitas[108].

Con estes datos, as posibilidades da fonte parecen probadas para realizar este tipo de análises, sempre que se teñan en conta por suposto, os problemas que por outra parte saltan á vista en moitos casos e nos que non volveremos entrar. Algúns deles, non obstante, son solucionables se existen informes ou estudos nos que apoiarse en zonas ou épocas próximas, polo que é de supoñer que a precisión deste tipo de traballos sexa cada vez maior. A que temos ante nós é unha agricultura moi produtiva que, dados os aspectos comentados ao longo deste capítulo, probablemente dedicaría unha parte da súa produción á venda, xa fora ben de produtos gandeiros como se apuntou nalgunhas das parroquias da xurisdición de Villarprego ou ben viño, aproveitando as oportunidades ofrecidas polos núcleos do arco ártabro, que xerarían unha demanda importante.

A situación descrita a partir da análise da fonte amósanos unha agricultura e unha gandería insertas nun proceso de cambio constante que xa tería comezado tempo atrás. O que se apuntou para as terras de labor de secaño e para as hortas e cortiñas resulta indicativo dun aumento da superficie cultivada, probablemente modesto polas posibilidades do agroecosistema, e da presión sobre a terra, aspecto no que tamén conflúe a redución dos intervalos de estivada nalgunhas freguesías. O anotado para os prados demostra un incremento da produtividade destes espazos, coa conseguinte maior cantidade de alimento para o gando. Este último preséntasenos nunha situación en ocasións contraditoria, onde semella que a pugna entre as áreas para alimento humano e animal xa puido ter comezado. A conversión dos prados ao regadío pode se entendida, neste sentido, como unha primeira solución a este problema. Ao mesmo tempo, ese gando puido verse afectado pola contenda bélica contra Francia en solo propio, polo que tamén se pode recoñecer unha situación de recuperación nalgunhas parroquias, sen que por isto haxa que descartar os apuntamentos realizados por diversos expertos dun movemento secular de redución da cabana. Esta tendencia á baixa do número de animais sería, polo tanto, un feito puntual polos anos nos que nos movemos, tal e como se pode comprobar na análise da dieta, da cal se desprende aínda un importante peso dos produtos de orixe gandeira.

[108] Saavedra, P. (1994), op. cit., pp. 129-130.

CAPÍTULO 5:
O REFLEXO DA CONFLITIVIDADE NA DOCUMENTACIÓN. UNHA PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN SEGUNDO O GRAO DE DINAMISMO E A VISIBILIDADE NAS FONTES

Limitándonos en exclusiva ao marco da reforma do sistema de Facenda impulsada por Martín de Garay, agora analizaremos as formas de resistencia levadas a cabo fronte á súa implantación e contra o seu funcionamento habitual, dificultándoo. Máis importante aínda, trataremos unicamente daquelas resistencias que podemos detectar a partir da análise das fontes que presentamos no capítulo correspondente, xa sexa de forma directa ou indirectamente, pois mentres que algunhas son moi claras, outras requiren unha análise máis profunda en tanto en canto responden a lóxicas totalmente diferentes.

Á hora de xustificar o estudo dos aspectos da conflitividade no marco da análise do sistema fiscal que nos ocupa, defendemos de xeito firme o descenso aos niveis máis achegados aos contribuíntes, onde a teoría e a lexislación se transforman en práctica, pois é aquí onde se poden ver en realidade as vicisitudes que experimenta todo o proceso da contribución. Tal e como indicaba Fontana, é absolutamente necesario descender ata as provincias e ata os pobos para ver como e canto pagan efectivamente os contribuíntes, e seguir logo o camiño que percorren estes recursos ata chegar, cando o fan, á tesourería real[1]. A lo menos esa parte de ver como pagan os pobos pode verse nas fontes manexadas, pensamos, dende unha posición privilexiada e, ademais, en directa relación cunha conflitividade fiscal en calquera das súas formas, que é a outra cara da mesma moeda e pode entenderse como unha serie de obstáculos para que eses recursos sexan recollidos. En esencia, análises como as que realizamos no capítulo sobre os fundamentos da reforma son dende logo moi útiles, pois ofrecen un primeiro achegamento á materia que imos tratar. Porén, nunca deixaremos de insistir no feito de que a observación que se pode realizar analizando a lexislación, pouco pode ter que ver co que o investigador se pode atopar cando aborda o traballo de campo que os responsables dos distintos procesos asociados á configuración do imposto realizaron á marxe deses papeis. É sobre o terreo, nos pobos e fronte aos contribuíntes, onde o alcance real da reforma da Facenda pode ser medido. Non somos nin moito menos os primeiros en realizar esta reclamación, pero convén recordar que se nos limitásemos ás descricións da lexislación tributaria e ás análises cuantitativas da recadación dos impostos, quedariamos na superficie do problema da distribución da carga fiscal, sen chegar a coñecer a realidade da tributación. Deste modo, é fundamental non permanecer na superficie da análise formal e cuantitativa da tributación porque proporciona unha idea un tanto compracente do repartimento da carga fiscal[2]. Estas ideas estarán sempre presentes cando analizamos os comportamentos que serán expostos nas seguintes páxinas deste capítulo.

Como xa apuntamos no capítulo respectivo á análise da reforma, na sección relativa aos problemas que a afectaron, pensamos que esta conflitividade resulta moi importante, incluso determinante en certa medida, para explicar o seu fracaso final en acumulación co resto de

[1] Fontana, J. (1989), p. 135.
[2] Comín, F. (2018), p. 482; (1996), vol. 2, p. 94.

problemas, a nefasta xestión dos mesmos e falta de solucións que explicamos naquela parte. A resistencia levada a cabo, en tódalas formas que veremos neste capítulo, non foi por si soa loxicamente, a responsable única dese colapso, pero o descontento popular crecente combinado con diversas prácticas agravaron, por un mecanismo de acumulación, as fraquezas do sistema e contribuíron a debilitalo en grande medida. Certas prácticas desenvolvidas entre algúns sectores da poboación (individuos concretos pero que, ao cabo, actuarían dun xeito organizado) puxeron de manifesto certas carencias e problemas de base que o sistema da contribución xeral padecía, de tal forma que, aproveitándoas, contribuíron a aumentar os problemas técnicos xa presentes neses cimentos. Con isto, fixeron medrar dun xeito considerable as adversidades de cara ao funcionamento correcto de todo o edificio que se asentaba por riba deles.

Escalando pola estrutura da administración ata os máis elevados niveis políticos na corte, certas persoas e sectores souberon aproveitar estas dificultades para debilitar progresivamente a figura do ministro de Facenda e ao propio sistema. Con Garay fóra do ministerio, unha situación explicada tamén por causas médicas, o sistema continuou funcionando, pero tendo en conta que xa perdera un dos seus principais valedores e que os problemas continuaban a sacudilo, rematou por caer definitivamente algún tempo despois. Tratouse polo tanto dun proceso de retroalimentación no que, como apuntamos anteriormente, se combinaron unha serie de cuestións internas relacionadas co funcionamento do sistema, con outros factores externos que daban lugar a novos contratempos e complicaban aínda máis os xa existentes. Xa falamos disto no seu respectivo momento e non afondaremos máis no asunto, de modo que o importante agora é situar a conflitividade que imos tratar a continuación como un deses contratempos externos cos que o sistema de Facenda se debeu enfrontar. Dende logo, non tódalas formas de conflitividade que veremos afectaron do mesmo xeito á situación, pero tamén cómpre observar as cousas dende unha perspectiva de grao. Se ben é certo que os problemas que un individuo illado podía provocar serían nimios dende o punto de vista da totalidade do sistema, a cuestións podía complicarse seriamente cando, dende unha observación en perspectiva, comprobamos que certos comportamentos se xeneralizaban moi a miúdo. Neste caso, este factor tamén conta, e moito, pois a referencia ao que ocorre nun pobo determinado ou cunha persoa en concreto é en realidade a exemplificación dun comportamento maior, frecuentemente común. Desa forma, unha cantidade importante de contribuíntes desenvolvendo unha certa práctica prexudicial para o sistema podían converterse nun auténtico e novo problema de gravidade considerable.

Por outra parte, cando neste apartado empregamos os termos de conflitividade ou resistencia farémolo dende unha óptica ampla. Convén deixar clara esta postura e realizar algunhas aclaracións sobre a idea que aquí imos manexar antes de afondar máis na cuestión. Primeiramente, os conceptos non teñen que equipararse en absoluto a nada semellante a un comportamento violento, pois de feito, nin unha soa das prácticas e formas de proceder que aquí veremos presenta o máis mínimo compoñente de violencia no sentido do enfrontamento ou abuso físico. En lugar disto, referímonos a unha serie de condutas que entrañan unha forma de resistencia dalgún tipo, por suposto tamén fraudulentas, sempre coa limitación de que poidan ser detectadas a partir das fontes que manexamos na análise do proceso que nos ocupa. Como xa se ten indicado, se empregamos conceptos como o de resistencia é porque se trata dunha noción máis ampla que outras coma a de fraude, xa que comprende o engano e toda gama de tácticas defraudadoras que resultan difíciles de rastrexar, non só a nivel documental, dada a lóxica escaseza de indicios, pero que en todo caso alude ao rexeitamento aberto a

determinados aspectos da fiscalidade[3]. Por outra banda, o termo tamén inclúe matices máis amplos, xa que a idea da resistencia supera amplamente a simple idea do engano.

Polo tanto, ¿que é aquilo que entendemos baixo estes conceptos? Simplemente, a non obediencia e mesmo a expresión dunha desconformidade fronte as pautas marcadas pola administración que impulsa o sistema de Facenda. Existen tamén varias formas para interpretar isto, tantas como prácticas diferentes pode haber e que se poidan entender como desobediencia ou como expresión dun descontento. Por unha banda, este tipo de procederes poden producirse dende un claro desafío ás normas establecidas mediante a resistencia activa, sabendo a persoa que incorre nunha determinada práctica que está violando algunha desas pautas. Algunhas formas de ocultación entran neste apartado dun xeito claro, pero non todas elas. No outro lado, esa resistencia non ten que darse necesariamente a partir dunha transgresión explícita das normas establecidas, pois pode tratar de aproveitarse simplemente de certos baleiros que quedan na lexislación. Por exemplo, a falta de definición de cómo valorar os produtos individuais dos veciños no marco dun monte explotado en comunidade pode favorecer ás veces a que este tipo de terras sexan ignoradas sen que estritamente falemos dun incumprimento da lexislación. A resistencia pode manifestarse tamén a partir de tratar de forzar ao máximo os calendarios de prazos fixados polas autoridades, por exemplo, efectuando os pagos das cotas da contribución no último momento, ou nos primeiros avisos enviados de man das mesmas autoridades, cando os castigos son menores ou directamente inexistentes. Non en van, algúns dos procederes que serán descritos neste capítulo, traducíronse en importantes retrasos nos tempos previstos para os procedementos deseñados en relación á contribución xeral. Por último, hai formas de conflitividade que seguen por completo as vías formais contempladas na lexislación, como poden ser as cartas de rogos e reclamacións ao intendente, mecanismo de expresión do descontento contemplado nos artigos anexos ao propio decreto do 30 de maio. Todas esta son formas de conflitividade segundo o uso amplo que facemos do concepto, porque supoñen unha resistencia ou a expresión dun descontento ante diversos aspectos do sistema impositivo que xeran malestar.

Ademais disto hai que ter sempre claro que, de xeito violento ou non coma no noso caso, o exercicio deste tipo de prácticas e comportamentos que incluímos no concepto de conflitividade que manexamos sempre implica unha plena consciencia. Sexa pola vía que sexa e con independencia da forma que tome, toda persoa que desenvolve un comportamento incluído nesta exposición faino de xeito deliberado, perfectamente a sabendas e trala toma dunha decisión racional. Ver isto pode caer no terreo do obvio e ser evidente nalgúns casos, pero noutros non será tan doado, de xeito que demostrar esa intencionalidade nas actuacións será unha parte importante do proceso de análise.

En directa relación con isto hai que facer referencia tamén a unha cuestión relacionada co individualismo ou coa solidariedade dos demais integrantes da comunidade ao levar a cabo este tipo de comportamentos. Aínda que non é necesario que todo o mundo os desenvolva, podemos comprender que a solidariedade comunitaria reforza moitos destes procedementos porque favorece, ou ao contrario, obstaculiza, que os demais compoñentes da comunidade fagan algo semellante. Pois baixo estas prácticas subxace, a miúdo, unha complexa pauta de comportamento de grupo, unha alternativa colectiva ás estratexias de supervivencia individualistas e familiares[4]. Un aspecto fundamental de moitas destas prácticas é precisamente que se adoitarían desenvolver de forma comunitaria, de xeito que a miúdo cabe esperar unha retroalimentación de certas condutas en función do número de veciños que os leven a cabo. Precisamente, a importancia que estas prácticas poden chegar a supoñer, no

[3] Muñoz Dueñas, Mª D. (1994), p.157.
[4] Thompson, E. P.: (1995), p. 302.

sentido dos problemas que poden causar, radica esencialmente no número de persoas que as poñen en práctica (segundo o principio de que ante un grande número de infractores, a resposta das autoridades é moito máis limitada). Isto último ten moito que ver tamén seguramente co compoñente punitivo, que afecta á hora de tomar ese tipo de decisións e relaciónase coa cuestión da oportunidade, pois un compoñente esencial de moitas das prácticas de resistencia é que a súa posta en marcha debe ser o resultado dunha análise sensata e dun proceso de valoración de posibilidades e de riscos por parte de quen as está a desenvolver. Deste xeito, a perspectiva dun castigo severo diminúe, así como o ánimo a levar a cabo algúns destes procederes aumenta, se unha persoa percibe que ao seu redor tal fenómeno resulta ser algo ata certo punto normalizado. Este mecanismo de conciencia colectiva tamén funcionaría exactamente igual á inversa, de maneira que existirían menos alicientes para desenvolver un comportamento que pode ser considerado conflitivo se o resto da comunidade non o tolera ou se soamente unha minoría dos seus compoñentes o leva a cabo. Por suposto, nalgúns casos pode existir un compoñente individual fundamental, relacionado por exemplo coa psicoloxía de cada suxeito, aspecto no que en todo caso non podemos penetrar a través das nosas fontes. Porén, podemos supoñer facilmente que un número escaso de veciños poden decidir incorrer en prácticas de ocultación por si mesmos aínda cando boa parte do resto da comunidade decide non facelo, pois estes últimos non teñen que converterse tampouco en delatores. En todo caso, tamén poderíamos entrar a tratar unha dinámica de denuncias e encubrimentos en función de certas relacións sociais particulares. Pero non podemos seguir tampouco por este camiño sen entrar no terreo da especulación, así que non afondaremos demasiado nestes aspectos. Cómpre non obstante telos en conta á hora de entender as motivacións que levan a moverse e a actuar a veciños, en particular, e a comunidades, en xeral.

Tamén hai que ter en conta que eses razoamentos individuais e colectivos que levan á resistencia están fondamente imbricados no contexto no que se desenvolven, e neste sentido debemos anotar posibles cambios nas motivacións dos contribuíntes de cara a desenvolver certas prácticas que se derivan dos acontecementos que tiveran lugar recentemente, nos últimos anos. Algúns investigadores teñen marcado por iso mesmo a importancia que sucesos como a Guerra de Independencia ou o Decreto de abolición de Señoríos de 1811 supuxeron en materia de conflitividade, que actuarían como unha sorte de catalizador neste tipo de cuestións, de modo que estariamos a falar dun antes e un despois respecto desas datas[5]. É así como nestes anos se producen nalgunhas áreas do norte de Galicia episodios contra o pago do décimo ou a coñecida revolta de Ortigueira da que diversos autores se teñen feito eco como exemplo disto que describimos[6]. Porén, isto contrasta co feito de que, historicamente, a fiscalidade agraria ten sido un factor relevante para a configuración e fortalecemento dos poderes públicos, para a estruturación do territorio e para, no tránsito do Antigo Réxime ao liberalismo, conformar o Estado fiscal[7]. Estamos polo tanto nun contexto temporal no que as circunstancias poden fomentar motivacións novas de cara á resistencia fiscal debido a novos condicionantes derivados dun cambio nos equilibrios de poder. Non falamos soamente dun suceso resultado da acumulación dun descontento ante un abuso ou exceso fiscal, senón que tamén intervén o baleiro de poder da etapa previa[8]. É dicir, a crise, que como xa comprobamos ten varias vertentes sendo unha delas a da lexitimidade dun sistema que atravesa polas súas horas máis baixas, alimenta a resistencia, e isto é algo plenamente vixente

[5] Saavedra, P. (1996), p. 23.
[6] Ibídem, p. 23; Comín, F. (1996), op. cit., vol. 2, p. 95; Fernández González, A. (1994), pp. 116-124.
[7] Vallejo Pousada, R. (2008), p. 88.
[8] Comín, F. (1996), op. cit., vol. 2, p. 95; Artola, M. (2008), pp. 67-68.

nos anos nos que nos movemos no marco desta investigación. O desenvolvemento da fraude está dende logo influído fondamente pola lexitimidade do réxime político e fiscal entre outros factores relacionados, por exemplo, coa imprecisión xurídica ou coa profesionalidade nas recadacións e na xestión das rendas da Facenda[9].

Outra cuestión importante arredor deste tema lévanos a facer tamén referencia ás posibles interpretacións que se lle poden dar á conflitividade que aquí abordamos. Pensamos que tódalas prácticas e comportamentos que imos tratar supoñen, en maior ou menor medida, unha resposta ao que un determinado individuo, pero máis frecuentemente unha comunidade enteira, interpretan como un agravio, unha inxuria ou unha ofensa contra os seus intereses e mesmo contra a súa propia subsistencia. Ao mesmo tempo, baixo esas actitudes subxace un claro descontento, con independencia das formas que tomen. Sen importar que se trate dunha queixa por escrito, dunha práctica como a ocultación, ou dunha actitude pasiva de non colaboración, o que teremos diante é a busca dun contrapeso ante os mandados dunha figura impositiva que abafa aos contribuíntes. O xeito no que aquí interpretamos todos estes comportamentos polo tanto, non é outro que o de funcionar como mecanismos de compensación ante o sistema, pola vía de rogos formais, prácticas que buscan reducir a cota individual ou procederes de non colaboración que, ao desenvolverse, conseguen retrasar as súas disposicións.

Para comprender isto, debemos esbozar un pouco a realidade dos abusos que os contribuíntes sufrían de mans da administración. De entrada, sabemos gracias ás actas das xuntas que o sistema comezou a cometer diferentes agravios dende o primeiro momento en que foi posto en marcha. Lembremos por exemplo aquel repartimento abusivo que as autoridades de Pontedeume decretaran para o seu termo xurisdicional dacordo cos datos da contribución subrogada de 1811. É polo tanto a percepción de que o imposto resulta lesivo o motivo esencial que leva á posta en marcha de formas de resistencia e compensación, un caldo de cultivo idóneo para que se desenvolvan prácticas como a fraude, en diversas formas. Un sentimento que se agudiza cando o sistema tributario é inxusto, ben pola definición das bases, pola súa forma de recadación, polo sobre esforzo fiscal esixido ou polo caos en que se move toda a xestión financeira, que como consecuencia, é posta en cuestión activa ou pasivamente[10]. Aspecto no que, como xa teñen indicado algúns autores, interveñen caracteres tradicionais que axudan a explicar estes comportamentos e que podemos cualificar case como inherentes na sociedade ante calquera intento de fiscalización por parte dos poderes centrais. Por unha banda, Comín aduce a unha conciencia nacional de cumprimento fiscal inexistente, por mor de motivos relacionados coas clases poderosas e os seus abusos en materia de corrupción e fraude[11]. Por outro lado habería que falar da xa clásica e practicamente universal idea de que os contribuíntes perciben como prexudicial calquera pescuda decretada polo poder central, o cal era xa posto de manifesto por parte dos propios autores contemporáneos[12].

A pesares de que o sistema recollía a existencia de mecanismos de revisión e corrección de resultados, a necesidade de ingresos por parte da Facenda estatal e as perspectivas pouco realistas (xa vimos anteriormente como o propio Garay asegurara que todo podía estar en marcha en apenas dous ou tres meses) redundaron nunha imposibilidade por parte das administracións inferiores para cumprir os prazos que lles eran asignados. Certamente, con tódolos problemas que levamos apuntado, era francamente complicado que todo saíse como se esperaba, o que daría lugar a que os prazos dados non puideran cumprirse. Ante tal

[9] Comín, F. (1996), op. cit., vol. 1, p. 225.
[10] Vallejo Pousada, R. (1997), p. 1799.
[11] Comín, F. (2018), op. cit., p. 492; (1994), pp. 34, 38 e 43; Comín, F. e Zafra, J. (1994), p. 6.
[12] Larruga, E. (1798), vol. XLI, p. 37.

conxuntura pode comprobarse como, pese a isto, as propias autoridades locais decidiron non respectar o proceso para tratar de adecuarse o máximo posible aos tempos estipulados para a recadación, pese a que eran claramente insuficientes. O primeiro que se fixo foi ignorar eses mecanismos correctores e realizar os cobros igualmente, sen ter en conta que moita xente podería estar suxeita a unha cota maior que a que lles correspondería realmente. Dado o contexto de necesidade imperiosa de fondos, o que importaba realmente era efectuar a recadación a toda costa como principal obxectivo. Na vila de Ortigueira, por exemplo, os repartimentos por parroquias e veciños rematáronse antes de vencer o prazo establecido para efectuarse o primeiro pagamento de 1817 que incluía os dous primeiros terzos do ano. Pese a que parecía que todo se desenvolvía cando menos dunha forma aceptable en termos temporais e semellaba que o calendario se cumpriría, os problemas para os contribuíntes comezaron enseguida, cando as autoridades locais violaron os prazos para as compensacións e as correccións de erros. O 11 de agosto de 1817, unha acta recolle a seguinte mensaxe enviada ao intendente:

> "(…) Se ha echo el comparto general por Parroquias y ya muchas de estas están compartidas individualmente, pero como la Jurisdicion es tan larga que abraza veinte y seis partidos con mas de quatro mil vecinos de vecindario, no será posible que se efectue la cobranza de los dos tercios pertenecientes a este año para el primero dia de Setiembre, segun previene el Real Decreto, si se ha de conceder el plazo de quince dias para que esta Junta oiga los agravios, y otro igual para que la de esa capital confirme o reboque lo que aqui se determine, sobre lo qual espero que V.S. se sirva prevenirme lo que sea de su subperior agrado, en el concepto de que se ha comunicado el Real Decreto a esta Jurisdicion con un atraso grande (…)[13]"

Finalmente, pouco despois, na marxe da mesma acta e con data do 16 de agosto, anotouse respecto a este caso concreto que "no permitiendo la cortedad del tiempo dar audiencia a los agravios, se hará la exacción y pago de la contribucion al término prevenido con reserva de enmendarse los perjuicios en el tercio siguiente". Esas emendas pola contra, non se producirían en moitas ocasións se temos en conta que os atrasos foron aumentando, aínda que temos localizado a lo menos un caso no arquivo da vila de Pontedeume, no cal, con data do 9 de maio de 1819, se realizaron varias correccións en dous repartimentos correspondentes ao ano anterior, o cal demostra que tamén foron imprecisos e demasiado gravosos para os contribuíntes. É precisamente tamén neste lugar onde detectamos novos casos semellantes ao descrito en Ortigueira, pero xa en pleno 1819, o que leva a pensar novamente que este problema non era estraño en absoluto e que este tipo de medidas puideron ser moi comúns por parte das autoridades locais encargadas da recadación. O motivo que levaba a que ese cobro se producise igualmente sen recoñecer as mínimas garantías de corrección non tiña que ser necesariamente o mesmo en tódolos casos, de forma que moitas escusas poderían servir neste sentido. Un deses casos producidos na vila eumesa recolle o seguinte:

> "Pese a que esta junta conoce la informalidad de este reparto dimanado de los pocos dias que han tenido los repartidores para su formacion a causa de que la de Partido de Betanzos no remitió el anexo (…) por oficio de 24 de abril último recibido en 26 del mismo, que al momento se circuló a las parroquias de este termino, faltando unicamente cuatro dias para el vencimiento del tercio cabido, (…) dispuso que por esta vez se efectue la cobranza por los padrones que se

[13] AMO, c. 433/19, a. 2, pp. 33-34.

> presenten, enmendando los defectos y agravios en el segundo [terzo do ano], acuerdan que se despachen los cobradores, para que sin dilación se proceda a exigir de los contribuyentes su respectiva cuota, a fin de evitar apremios y gastos que son consiguientes siempre que se experimenta retardo (…)[14]"

Os motivos alegados desta volta eran as eivas e erros cometidos por parte da xunta de partido e a necesidade de evitar incorrer en novos gastos froito de posibles demoras, pero o resultado era o mesmo, é dicir, a esixencia do pago das cotas asignadas a tódolos veciños, con promesas de arranxos en futuros exercicios económicos pero sen ofrecer garantía algunha de cara a que o repartimento estivera ben elaborado, ou directamente como sucede neste caso particular, recoñecendo os seus problemas abertamente.

Aparte, hai que salientar tamén que os descritos nin sequera eran os únicos agravios cometidos sobre os contribuíntes. De entre todos eles, a propia administración recoñecía, como veremos, que os máis prexudicados eran a miúdo os forasteiros con bens noutras parroquias que non eran a súa propia. Dende a administración central animábase ao correcto comparto das cotas e a non cargar en exceso a estes individuos, pero estaba claro que unha cousa era a vontade amosada e outra moi diferente o que determinaran finalmente os poderes locais no nivel dos repartimentos individuais. Na R.O. do 8 de agosto de 1817, ademais de recoñecerse estes problemas, tamén se animaba ás autoridades a promover prácticas correctas que axudaran a evitar agravios, o que redundaría nun mellor funcionamento do sistema de contribución:

> "Se ha servido S.M. mandar que los Intendentes y Juntas de contribucion, asi de la capital de provincia como de los pueblos, sin perjuicio de estimular a las personas mas acomodadas para que promuevan la medición general de tierras del distrito, tasacion de edificios ú otras diligencias semejantes, propias para evitar agravios, y perfeccionar los repartimentos, (…) tomen las mas enérgicas providencias y velen que en ninguna parte de cada provincia se cometan injusticias, ni se perjudique a ningun contribuyente; ocurriendo con esto a las incomodidades individuales ocasionadas por los resarcimentos de los agraviados, con las cuales se confundirian y detendrian las igualaciones y desagravios de los pueblos entre sí por las cuotas de sus contribuciones que S.M. tiene mandado se egecuten en los tercios sucesivos[15]."

O que pretendemos destacar ata aquí con estes exemplos é o feito de que, ante semellantes abusos por parte da administración e pese á suposta protección existente no aparello lexislativo, as formas de resistencia eran tan necesarias como inevitable a súa aparición, e mesmo cabía esperar que estas foran máis desenvolvidas por certas persoas, como sería o caso deses propietarios foráneos. Estas medidas buscarían precisamente contrapesar en parte estes atropelos, de aí que digamos que poden ser vistas como formas de compensación e de expresión dun descontento patente con independencia da súa forma. Estes apuros á hora de recadar fomentaban, como era lóxico, un descontento crecente entre os contribuíntes.

Finalmente debemos realizar un último apuntamento arredor dunha serie de problemas que podemos atopar cando analizamos os fenómenos cos que aquí tratamos. Algúns, como a cuestión de como definir os conceptos aquí empregados xa foron tratados, pero esa non era máis que a punta do iceberg. Tamén temos que ter en conta unha serie de cuestións relacionadas co territorio e a súa organización, un aspecto que tamén afectaba á configuración do propio sistema de Facenda de 1817. Debido á natureza das propias fontes atopadas, tódalas

[14] AMP, c. 140, l. 1, a. 4, p. 24.
[15] AMP, c. 140, l. 1, a. 2, p. 114.

referencias que fagamos se refiren, non á totalidade do sistema, senón á parte esencial do mesmo que afecta en exclusiva á contribución xeral, unha cuestión relacionada cos límites que presentan as nosas fontes. Nas cidades, onde rexía outro sistema diferente, o dos dereitos de portas, moitos destes comportamentos de resistencia serían inútiles, ou simplemente non existirían porque as pautas directivas de funcionamento eran outras. Ante unha estrutura diferente das cargas impositivas, as prácticas e comportamentos que se enfrontan a ela deberán ser necesariamente diferentes, aínda que é posible que algúns aspectos concretos tamén se manteñan. Advertimos, porén, que ao non ter atopado fontes que traten da situación do interior dos núcleos que se dirixían por ese outro método, a análise que aquí se presenta debe excluír esas zonas, de modo que o que pasa en certas urbes resúltanos descoñecido, a lo menos ata a aparición de nova documentación. En canto ás posibilidades de xeneralización do que aquí se diga, podemos ser optimistas en certa forma. Pese a que o que analizamos é unha serie de documentos que se reducen a pequenas áreas salpicadas polas antigas provincias de Betanzos e Coruña, ninguén pensaría que a resistencia era un fenómeno propio e exclusivo dos habitantes das zonas e concretamente das parroquias que estudamos e poñemos como exemplos. Comportamentos semellantes aínda que con posibles matices locais ou comarcais froito de contextos máis reducidos cabe esperalos en todas partes, especialmente dentro do marco galego. Dende logo, hai que ter en conta tamén que a dispersión da poboación que moitas veces atopamos na realidade do rural galego, axuda probablemente a unha maior incidencia de moitas destas condutas de resistencia, en tanto en canto o control que podían exercer as xuntas locais era máis limitado.


Ademais, moitas destas prácticas non deixan rastro, e isto é algo que influirá na clasificación que efectuaremos e que figura a continuación. En tanto en canto procederes como a fraude teñen unha natureza oculta, as dificultades que experimentaremos para abordar algunhas cuestións relacionadas con ela engaden novas problemáticas dende o punto de vista de seren tratadas a través das fontes. Mentres que algunhas formas de resistencia maniféstanse de forma clara, fenómenos como a ocultación, precisamente por esa natureza esquiva, presentan testemuñas máis escasas con frecuencia, de tal modo que ás veces soamente pode aspirar a estimar o seu espectro[16]. Por outra banda, aínda que soamente se aplica á realidade da fraude, autores como Zafra fálannos do seu carácter mudable, podendo aparecer baixo moitas formas, comportamentos e actitudes. Desta forma, as súas múltiples posibilidades de cara a adaptarse ás posibilidades de transgresión que ofrecen os ordenamentos fiscais convértese nun dos principais impedimentos e problemas que se poden manifestar ante o investigador de cara ao seu estudo, ao tempo que a súa cuantificación se volve máis complexa[17]. Aquí pensamos que esta consideración se pode estender en boa medida e sen perder un ápice de validez a outras prácticas de resistencia fiscal que aquí trataremos, pois a variedade destes comportamentos maniféstase perfectamente.

Para organizar este apartado, tendo en conta estas consideracións sobre variabilidade, trataremos de clasificar as diversas formas de conflitividade atopadas nas fontes que manexamos en varias categorías segundo dous criterios. Un refírese ao grao de dinamismo que supón para as persoas o feito de levar a cabo unha determinada práctica, falando así de resistencia activa e de resistencia pasiva. O outro criterio é o da visibilidade, e debe ser entendido a partir da posibilidade de observar directamente nas fontes determinados comportamentos. Isto tradúcese nun razoamento segundo o cal pensamos que determinadas prácticas poden ser detectadas nas fontes a partir de certas omisións de informacións nos datos contidos nas mesmas. Así, para algúns dos aspectos relativos a análise da conflitividade

[16] Vallejo Pousada, R. (1994), p. 272.
[17] Zafra, J. (1994), op. cit., p. 145-146.

resulta incluso máis importante o que as fontes non nos amosan, é dicir, aquilo que se ocultou aos rexistros cando estes se realizaron. Dacordo con esa organización vertebrada segundo os criterios citados, podemos detectar medios de resistencia máis ou menos visibles nas fontes, e ao mesmo tempo, que supoñan un maior grao de pasividade ou dinamismo para ser levados a cabo. Realizando o cruzamento destas dúas vertentes, o resultado é o esquema que figura a continuación, o cadro 5.A, con catro apartados que empregaremos para analizar os contidos deste capítulo.

Cadro 5.A: clasificación das formas de conflitividade nas fontes segundo os criterios de dinamismo nas actuacións e visibilidade nos fontes.



Antes de comezar a analizar as diferentes categorías, debemos realizar varios apuntamentos en relación cos criterios empregados para elaborar este esquema, pois poderían presentar algunhas dúbidas. A cuestión de a que nos referimos exactamente con visibilidade nas fontes pivota arredor da idea fundamental deste apartado, a de analizar as formas de conflitividade que se poden detectar na documentación. Como extensión desta idea, porén, o certo é que non todas esas prácticas se poden observar do mesmo xeito no seu interior. Co feito de que unha práctica concreta sexa visible ou non alúdese soamente a esa característica, o reflexo nas fontes, sen referirse a outros aspectos como a percepción que as autoridades puideran ter dela no momento de implantarse a contribución xeral, nin ao tratamento que lle deran a esa práctica ou ás denuncias que puideran levar a cabo. Polo tanto, debe quedar ben claro que nos baseamos unicamente no criterio de se cando observamos a fonte, vemos ou non a existencia dun certo comportamento, ou se o detectamos por outras vías e indicadores, por exemplo, de forma indirecta. Por isto mesmo dicimos que as formas de resistencia visibles obsérvanse na documentación, pero as non visibles dedúcense a partir dela, e de aí a afirmación de que tan importante pode ser o que a fonte di como aquilo que non menciona de forma explícita. A falta de colaboración que demostran algúns veciños á hora de ser nomeados peritos, por exemplo, queda plasmada perfectamente nas actas das xuntas, como tamén se reflicte un descontento mediante o envío de cartas á xunta central provincial. Como estes feitos están

recollidos na documentación e soamente temos que lelos para analizalos, dicimos que estamos ante formas de conflitividade visibles.

Os retrasos nos pagos, por outra banda, deben ser deducidos a partir da existencia dun recibo que deixa constancia da entrega dunha cota da contribución varias semanas máis tarde de ter vencido os prazos, ou a partires de avisos emitidos pola corporación local onde se lembra a data de vencemento dos mesmos ou se advirte de esta xa pasou. Neste caso, entre outros que tamén se verán, debemos deducir unha serie de problemas e comportamentos que se ocultan detrás dun determinado feito ou dunha serie de acontecementos, o que nos leva a falar de conflitividade non visible que require dunha maior sutileza para a súa análise. Debemos ser conscientes do que isto significa en termos de estudo, pois eses atrasos explícanse, en realidade, por unha conxunción de problemas moito máis ampla onde a práctica conflitiva pode ser soamente un factor que os fai empeorar e medrar. Así, a visibilidade na fonte é unha valoración a consecuencia do uso que facemos no presente da documentación que manexamos. Loxicamente todo isto que dicimos afectará á calidade das nosas indagacións e conclusións nalgúns casos, xa que ás veces non poderemos pasar de constatar a existencia dun fenómeno de ocultación deducido das omisións nos rexistros, por exemplo, pero non seremos capaces necesariamente de determinar o seu alcance real. Resultará máis doado analizar a conflitividade visible que a que non o é, pois hai que ser conscientes de que para abordar algunhas formas de resistencia teremos materiais e exemplos en abundancia. Pero para aquelas outras que se deducen ou se detectan por outras vías indirectas apenas temos material, xa que a omisión de boa parte dos datos é o que precisamente nos confirma a súa existencia e desenvolvemento.

No tocante ao outro criterio, o do grao de dinamismo que nos levaría a preguntarnos pola diferenza entre comportamentos activos e pasivos, a cuestión non está na decisión de levar a cabo unha determinada práctica, senón na forma de resistencia que se presenta ante certos aspectos concretos do sistema de Facenda. Como xa dixemos, tódalas que foron detectadas en calquera das fontes xorden de decisións plenamente conscientes e buscan un obxectivo claro. A clave para diferenciar aquela resistencia activa da pasiva é que nesta segunda, a conduta pasa por unha inacción ou simplemente o que podemos chamar un comportamento de non colaboración, buscando permanecer á marxe do funcionamento do sistema todo o tempo posible (por exemplo, retrasando un pagamento ou non indo a unha reunión de lectura do apeo). O mero feito de decidir non colaborar implica un certo grao de dinamismo e de decisión, pero moito máis baixo que no caso das actividades da outra categoría. As formas de resistencia activa, pola contra, supoñen unha clara iniciativa para ser levadas a cabo por parte dos veciños, pois estaremos dacordo en que existe unha clara diferenza entre decidir enviar unha carta á intendencia e tomar a decisión de non colaborar no proceso, aínda que ámbalas dúas prácticas reflictan un compoñente de desconformidade. Pero insistimos, pasivo non significa inoperante, pois non se pode acadar ningún obxectivo sen facer absolutamente nada. Por suposto, cun comportamento de non colaboración tamén se emite unha clara mensaxe de desconformidade e descontento ante algo que pode ser considerado un agravio, ao mesmo tempo que por ese mesmo motivo se xustifican as propias actuacións, cumprindo tamén o obxectivo de prexudicar aquilo que as persoas consideran daniño para os seus intereses, neste caso, o funcionamento esencial e correcto do propio sistema tributario. Finalmente, queda por apuntar que a dualidade activo/pasivo non debe ser tomada no extremo de que todo é branco ou negro. Debemos evitar este tipo de reducionismo maniqueísta e comprender que os graos de dinamismo poden adoptar tamén posturas intermedias.

O esquema ofrecido, en relación con isto último que apuntamos, non pretende ser polo tanto pechado como se houbera algún tipo de verdade absoluta no que dicimos, senón todo o

contrario. Non buscamos encadrar sen remisión tódolos comportamentos que describamos a unha única categoría, pois comprobaremos que moitos deles presentan aspectos variables que, baixo distintos razoamentos, poden facer que varíen na clasificación que suxerimos. Nese sentido, os criterios que seguimos e, a partir deles, a clasificación que se presenta non é máis que unha suxestión para orientar o discurso e guialo. Probablemente, unha de tantas opcións. Así no eixe da actividade/pasividade, pode haber cuestións dentro da ocultación que nos leven a ver compoñentes de non colaboración comunitaria ademais de decisións de iniciativa persoais, como veremos cando falemos desta cuestión no caso particular dos montes veciñais. Por outra banda, no eixo da visibilidade, hai comportamentos que deben ser necesariamente deducidos a partir de probas máis escasas que no caso doutras. Existen diferentes graos intermedios de visibilidade nas fontes, así como de colaboración coas pautas do proceso por parte da poboación. Por suposto, o esquema tampouco debe ser interpretado mediante categorías excluíntes, como se os veciños puideran desenvolver soamente unha das formas de conflitividade e resistencia que aparecen nel en función das posturas que adopten. Os contribuíntes dun lugar poden desenvolver calquera das prácticas que recollemos no cadro, unha ou dúas, como todas elas ou ningunha, dacordo coa defensa dos seus intereses e como resultados do contexto propio en cada lugar concreto. O cadro é, por iso mesmo, puramente organizativo e como tal debe interpretarse.

Xa para rematar, temos que apuntar tamén que os niveis administrativos e os momentos onde se detectan os comportamentos que aquí citaremos non son sempre os mesmos, o que ao final se remata traducindo nun trato diferente destes procederes por parte da administración. É dicir, que a preocupación cara as distintas actitudes de resistencia non é a mesma e o trato que reciben é diferente segundo o caso. Esta resposta posible que a administración pode desenvolver viría determinada, na nosa opinión, por dous factores: un deles sería a gravidade da situación á que dá lugar un determinado comportamento e, o outro, o propio nivel dende o que a actitude de resistencia en cuestión se afronta, máis local ou pola contra máis rexional. Por unha banda, aínda que boa parte das actitudes de resistencia se acaban traducindo finalmente nunha serie de dificultades técnicas que toman a forma de retrasos xa no nivel local, hai que ter en conta que non todas supoñen a mesma gravidade e que polo tanto a resposta que se lles dá dende os diferentes chanzos da administración será diferente, tamén por mor das propias posibilidades de resposta desas mesmas administracións. Por exemplo, aínda que sabemos, como se verá, por determinados decretos ou circulares enviados dende a administración central que a ocultación estaba castigada de forma severa, non detectamos a nivel local, nas actas das xuntas, nin unha soa referencia a este fenómeno. Pola contra, si vemos que existía unha preocupación moi importante por cumprir os prazos fixados para efectuar os cobros, pois as actas das xuntas están cheas de premas aos peritos das diferentes parroquias solicitando o seu cumprimento e advertindo da proximidade das datas límites no calendario. A visibilidade nas actas deste asunto dos retrasos en comparación coa da ocultación supoñía a curto prazo un problema moito maior para as autoridades locais, o cal explicaba que existise así mesmo un interese moito maior por garantir ese cumprimento temporal que por atallar os problemas relacionados con aquilo que os contribuíntes puideran agochar. Nun contexto dunha Facenda ávida por obter diñeiro e tremendamente necesitada a problemática dos prazos sería moito máis urxente. Sabido o contexto económico e as esixencias do erario, a necesidade de obter fondos para a Facenda convertía calquera retraso en intolerable, á marxe da calidade coa que estiveran realizados os cálculos ou de se este ou aquel veciño ocultaban algúns dos seus bens, pois outros aspectos do funcionamento do sistema compensaban isto último. Esencialmente, as autoridades locais nin sequera terían por que coñecer o alcance real desa ocultación aínda que dende logo souberan que o problema

existía. Pero a cuestión do retrasos era algo que prexudicaba directamente á corporación, pois podería ser multada ou reprendida co envío de soldados. O nivel de insistencia respecto a ese problema é por iso, maior, e en consecuencia o seu reflexo na documentación tamén o é.

Por outra banda, o nivel no que un certo comportamento de resistencia se produce condiciona tamén a posibilidade de resposta cara o mesmo. Non é o mesmo un fenómeno de ocultación ou unha actitude de non colaboración en relación a un repartimento local que unha situación de queixas e reclamacións a un nivel administrativo superior no marco da xurisdición dun organismo provincial. Outra das claves da resposta que se lle dea a unha determinada conduta, ademais da perspectiva da súa gravidade dende o punto de vista das necesidades da administración, radica na cuestión dos números nos que se produce, é dicir, na cantidade de casos existentes. No nivel local, atallar un problema pode ser máis sinxelo debido ao compoñente cuantitativo do mesmo, mentres que no nivel dunha xunta provincial unha cuestión pode volverse, por ese mesmo motivo, inabarcable. Pensemos por exemplo en tódalas misivas que a intendencia situada na cidade da Coruña podería chegar a recibir procedentes das parroquias e pobos que compoñían a provincia e quizais con iso consigamos explicar un pouco a súa menor capacidade de resposta en comparación con outros problemas que se producen no ámbito local, onde a xunta de pobo ten que tratar con moitos menos individuos nun territorio que, ademais, coñece moito mellor. A cuestión concreta das reclamacións, ademais, sería menos grave que outras sempre e cando a orde social se mantivera e os pagos se foran realizando pese ás queixas suscitadas. Estamos polo tanto ante dous condicionantes importantes que explican a existencia de diferentes formas de afrontar e de interpretar, por parte das administracións, os distintos comportamentos que pasamos analizar segundo o esquema presentado. Non entraremos tanto a valorar esas formas segundo as cales serían tratados (salvo cando as fontes nos ofrezan a posibilidade de facelo) como os propios procederes en si mesmos, as súas motivacións e razón de ser a partir das fontes, pero convén ter en conta todos estes aspectos á hora de explicar algúns dos motivos que explican a súa existencia. Indubidablemente, esa capacidade de resposta efectiva da administración debido aos condicionantes expostos, ten moito que ver coa proliferación das actitudes que expoñeremos.

5.1. Conflitividade Activa/Visible. Queixas e reclamacións

Traballamos con dous tipos de escritos para observar os conflitos e comportamentos que encadramos dentro desta categoría: a documentación de intendencia e as queixas que as parroquias emitían cara a súa propia xunta de pobo. Os motivos que dan lugar a uns e outros poden ser diferentes, pero en esencia, tódolos exemplos que aquí ofreceremos se reducen a unha cuestión en común, e é que estamos ante comportamentos que demostran un principio fundamental de iniciativa, aquela necesaria para expresar e plasmar nunha queixa formal un descontento ou unha denuncia fronte ao que se considera un agravio para envialo á administración que corresponda, a autoridade da xunta principal nestes casos. Como o que observamos nos fondos que manexamos é un comunicado de queixa ou de expresión dun malestar patente entre a poboación (sexa elaborado este pola propia comunidade veciñal ou por un responsable da contribución), a existencia dese conflito queda fóra de toda dúbida e non é necesario deducir nada ao respecto. É dicir, que a cuestión se presenta dun xeito inequívoco nas fontes, incluíndo incluso as razóns que levan a formular ese descontento. Por estes dous motivos clasificamos os fenómenos que aquí serán descritos dentro da categoría de conflitividade activa e visible sen lugar a dúbidas.

Esas queixas e rogos deben ser entendidos, igual que moitas outras formas de conflitividade e resistencia, como o resultado de contextos particulares das parroquias e das

áreas que os emiten. Polo tanto, son representativas dunha determinada área xeográfica ata certo punto, pois poden facer referencia a lugares moi concretos e dar conta dalgúns dos problemas que afectaron á zona no momento no que os comunicados son emitidos. De modo máis amplo, tamén poden ser a expresión dunha situación adversa xeral pese a que o comunicado en cuestión veña dunha área relativamente reducida, confirmando se unha zona concreta chegou a sufrir particularmente unha situación que se aplica a un contexto maioritario. Por todo isto, estes escritos poden ser empregados para estudar as conxunturas nas que estas zonas se viron sumidas, a lo menos cando son de signo negativo, pois é de esperar que unha situación favorable non espertaría, como é lóxico, oposición algunha. Por exemplo, algúns dos documentos desta categoría son particularmente interesantes para a observación de episodios relacionados coas malas colleitas.

Comezamos a continuación co primeiro tipo de escritos, os da chamada documentación de intendencia, deixando as queixas das comunidades fronte as xuntas locais propias para un pouco máis adiante, e afondando nalgunhas das cuestións que foron introducidas cando presentamos aquela documentación nun capítulo anterior. A documentación de intendencia que manexaremos agora era enviada a este organismo dende os pobos e parroquias, e se sabemos da súa existencia é porque localizamos algúns exemplos no arquivo municipal da cidade da Coruña, onde se localizaba a xunta central provincial. Porén, o seu volume debeu ser moito maior, habida conta da enorme xurisdición que abarcaría a devandita corporación. Centrarémonos agora en tratar os seus contidos e, a través deles, en expoñer as pautas fundamentais que presenta a conflitividade que observamos a partir destes documentos.

Unha primeira aproximación lévanos a falar das causas que hai detrás da expresión do descontento popular que queda patente neles. Aínda que as cuestións que levaban a emitir estes tipo de correspondencia poden ser moi diversas, por regra xeral podemos agrupar as queixas que se reciben na intendencia baixo unha dobre temática: para comezar, aquelas que pretenden poñer de manifesto os conflitos existentes entre os diferentes calendarios, o fiscal da recadación e o de traballos agrarios dos campesiños contribuíntes, cando ámbolos dous deben coexistir. O outro tema maioritario nos rogos céntrase en solicitudes para a modificación na natureza da contribución, debido a situacións adversas que os contribuíntes experimentan en momentos determinados e a reclamacións por agravios que se considera que foron cometidos ao elaborar os repartimentos. Estes son os asuntos tratados principalmente porque ocupan a grande maioría dos escritos que manexamos, pero por suposto non son os únicos. Existen ademais un número significativo de casos que proceden de particulares ou de pequenos grupos de persoas que se asocian para elaborar un escrito de reclamación e que se queixan de algo que consideran un abuso. Aquí, o compoñente de iniciativa tamén resulta significativo, de modo que misivas deste tipo tamén poderían ser clasificados perfectamente neste grupo de conflitividade activa e visible. Sen ir máis lonxe, os conflitos que se inclúen no apartado de presión fiscal ao final deste capítulo poderían figurar aquí. O que ocorre é que estes casos responden a situacións moi específicas que nos tomarían demasiado tempo, polo que nos vemos na obriga de tratar de xeneralizar na medida do posible, polo que deixamos para aquela sección estes casos máis particulares.

Primeiramente, logo, temos as queixas dirixidas ao momento do ano no que se establece a realización dos traballos destinados a dar forma e a cobrar a contribución veciñal, ou o que é o mesmo, unha serie de reclamacións que se centran na superposición e incompatibilidade dos calendarios administrativo e de traballo, especialmente o agrícola. Isto non é en absoluto sorprendente, pois os diferentes procesos que se desenvolvían no funcionamento habitual do sistema de Facenda ocupaban un tempo considerable que loxicamente entraría en contacto coas actividades cotiás dos contribuíntes nalgún momento. Se non se están realizando apeos

ou recontos hai que comprobar posibles actualizacións de riqueza, logo o cálculo das cotas individuais e finalmente o cobro, nun proceso que se repite ciclicamente tres veces ao ano con pequenas variacións. Numerosos documentos sobre rogos atopados no arquivo municipal da Coruña dan conta de que o calendario dos recontos e cobranzas coincide en ocasións con importantes traballos agrarios, o que supón un problema serio para os campesiños. Era algo que tiña que ocorrer antes ou despois necesariamente debido á propia forma do imposto, que determinaba tres momentos clave para os pagos, fixos en principio, sen atender o máis mínimo aos tempos agrarios. Sen demasiada dificultade, cabe supoñer que habería ocasións nas que eses pagos non se puideran efectuar a tempo, non por situacións de miseria, senón porque certos traballos agrarios se retrasaron, o que impediu dispoñer da colleita a tempo para cubrir as cantidades cargadas en concepto de contribución. Sendo os produtos da terra a principal forma de riqueza dos labregos, non se pode afrontar ningún pago ata que esta non estea lista e almacenada. Por exemplo, tal era a situación que experimentaban os recadadores de varias parroquias da área circundante á cidade da Coruña, facéndolle chegar a noticia ás autoridades correspondentes:

> "Habiendo pasado sin detención a las feligresías de San pedro de Visma, San Cristóbal das viñas, Santiago de Arteixo, Santa María de Pastoriza y Santirso de Oseiro, para que concurriesen a pagar a la tesorería el importe de la contribución de que se halla en descubierto, contestaron los colectores que: en el resto de este mes bendrian sin falta a pagar, y el no haberlo hecho mas antes, fuera la causa de no estar capaz el tiempo para hacer la maja del trigo y centeno de la presente cosecha. En este intermedio boy prosiguiendo con algunos omisos de la parroquia de San Jorge de Afuera aunque será difícil hacer esta paga por los motivos que ya tengo indicado a V.SS en los del corriente (…)[18]"

Neste caso, algúns territorios da zona non tiveron máis remedio que non efectuar o pago ante a falta de recursos, pero o que destaca é o feito de que a reclamación non se emite debido a que se busque unha redución da cota. No seu lugar, as parroquias que non pagaron non puideron facelo debido á imposibilidade de realizar a malla do trigo e do centeo, xa recollidos, por mor do tempo atmosférico. Este tipo de situacións apelan a un comportamento, ao que podemos referirnos como dignidade comunitaria, no que simplemente se solicita a concesión dunha sorte de prórroga que para a veciñanza resulta totalmente lóxica. En ningún momento se observa unha escusa nin un comportamento que sexa indicativo de querer liberarse dun pago da contribución, senón que ao contrario, o único que se solicita é o tempo necesario para que as tarefas de colleita e as que veñan despois, como a malla neste derradeiro exemplo, se poidan realizar correctamente. O descontento neste sentido busca simplemente cumprir co ditaminado, pero nunhas condicións lóxicas dentro das posibilidades do campesiñado, pois o feito conflitivo en si mesmo deriva da definición daquilo que a comunidade en cuestión considera xusto[19]. O que realmente temos detrás destes casos é un novo exemplo dun dos problemas máis básicos que afectaron ao sistema tributario de 1817: a forma de recadación establecida, ao pretender levar a cabo toda unha serie de tarefas nun tempo claramente marcado interfire coas tarefas agrarias e crea problemas derivados deste feito aos labradores. Estes inconvenientes non son outra cousa que a expresión, outra vez máis, dun descoñecemento dos ritmos agrícolas e da realidade da terra por parte da administración central que se une a outros exemplos xa tratados, como o establecemento de categorías

[18] AMC, c. 6760, l. 6, a. 3, pp. 3-4.
[19] Scott, J. C. (1985), p. 27.

limitadas de rendementos para clasificar as parcelas á hora de realizar os recontos das riquezas e súa obtención pola vía de cálculos aritméticos. Nalgúns casos, o propio pago non pode nin sequera realizarse porque os campesiños aínda non teñen os produtos da terra listos e dispostos a tales efectos. Se este derradeiro exemplo especificaba a incompatibilidade do pagamento con certas labores agrarias, algo moi semellante acontecía nos outros momentos do proceso de posta en marcha do sistema de Facenda. No exemplo que figura a continuación, o xuíz pedáneo da parroquia de San Clemente de Mercurín, na provincia da Coruña, expuña o seguinte ante as dificultades que estaba a experimentar para cumprir co seu encargo:

> "(…) se me cominico una horde por los señores de la ciudad de la cruña con fecha de treze de agosto mesmo que corre sobre la contribución (…) y le daré el dibido cunplimiento pero dientro del término que espresa la horde no puedo por que aze menester algo de tienpo para azer el conparto bien a cada uno lo que le puede corresponder y así suplico a los señores a quien corresponda no se me despache comisionado por alguno tienpo mas por azer el conparto bien echo y por que estan los honbres que andan con el estan en tienpo de cosecha y perder el fruto y por eso mesmo despacho el presente a donde convenga[20]."

Como vemos con estes exemplos, con independencia de que miremos no proceso de repartimento ou no de recadación, os traballos do campo sempre acababan por entrar en conflito antes ou despois dalgunha forma co calendario administrativo. É dicir, que os casos expostos deixan patente a existencia dun descontento entre as comunidades coas pautas temporais e co calendario fixo do sistema de Facenda que estamos analizando en calquera das súas fases. As situacións que expoñemos aquí son pese a todo, un factor que pode ser común a calquera imposto decretado pola administración e que por iso mesmo poden darse en calquera momento. É dicir, non estamos ante algo exclusivo que suceda como consecuencia da implantación da contribución xeral de 1817, aínda que cómpre telo en conta dentro da conflitividade xeral á que o sistema pode dar lugar. A cuestión máis importante e quizais tamén a máis diferencial dese contacto entre os diferentes calendarios, o agrícola e o administrativo, no caso concreto da reforma impulsada polo ministro Garay e o seu equipo, era outra diferente. Cómpre decatarse de que xa de entrada, o conflito estaba servido pola propia natureza das tarefas que había que realizar dende a óptica do proceso fiscal. O que supoñía un maior problema, concretamente, era o feito de que o sistema recoñecera unhas cotas de traballo considerables para os propios habitantes de cada lugar. Algúns notables locais compoñían a xunta, pero sobre todo, había que designar a certas persoas para que desempeñaran labores concretas e incluso aos campesiños se lles gardaban algunhas en ocasións, tendo que realizar ás veces os seus propios inventarios de parcelas ou tal vez atender ao encargado de realizalos. É dicir, que parte do corpo dos traballadores ao servizo dos mandados da contribución estaba formado por persoas cuxa profesión non era a de funcionarios da Facenda. O que é peor, e aquí estaría a fonte de descontento por esta vía, é que esas tarefas restaban tempo esencial das auténticas labores que esas persoas desenvolvían.

Moitos dos traballos que emanaban da posta en funcionamento do novo sistema tributario debían ser cumpridos necesariamente por persoas arrincadas doutras ocupacións persoais e por iso mesmo obrigadas a desenvolver unha serie de tarefas que interpretarían como pouco gratificantes, pesadas e molestas na súa opinión, ou que quizais nin sequera comprendían correctamente. En consecuencia, o malo non era soamente a escasa formación na materia que estas persoas puideran ter de cara a enfrontarse con tarefas que non tiñan que coñecer, asunto

[20] AMC, c. 3970, l. 13, a. 7, p. 1.

que como xa sabemos daría lugar a problemas técnicos dende o primeiro momento que xa tratamos. Outra consecuencia negativa deste feito, tanto ou máis importante que esa outra, era a perda de tempo que toda esa xente sufriría respecto aos seus quefaceres e ocupacións habituais, unha problemática que dun xeito fundamental se traduce na subtracción de forza de traballo de todo aquel que tivera que desenvolver algunha labor no marco do novo sistema fiscal. Pensemos en tódolos problemas que esta derradeira afirmación lles pode supoñer, especialmente, ás persoas designadas como peritos. Pensemos agora máis concretamente, aplicando ese razoamento, no que pode supoñer iso mesmo para unha persoa que se ocupa nas labores agrarias, que pode ser solicitada para certas tarefas relacionadas coa contribución xeral cando o campo máis traballo necesita porque o sistema de impostos non entende de tempos agrícolas. Por riba de todo, pensemos no feito de que moi probablemente, desa actividade agraria á que un campesiño non se pode dedicar por enteiro, dependa a súa propia supervivencia e a da súa familia. O conflito estaba dende logo servido e era completamente inevitable baixo as pautas nas que o sistema fora pensado e posteriormente executado. Este conflito aberto é moito máis importante do que parece, e de feito pode empregarse para explicar a aparición dunha serie de comportamentos que entran dentro da resistencia pasiva que trataremos máis adiante. Pero agora continuaremos coa problemática que isto que dicimos esperta ao chocar co calendario agrario dos labregos, así como coa análise das queixas que a ese respecto quedan plasmadas nas fontes.

Esa mingua na forza de traballo da que falamos prodúcese tanto indirecta como directamente. No primeiro dos casos, os cabezas de familia deben deixar de lado a súa explotación, a lo menos dun xeito momentáneo, sexa para atender ao encargado de realizar os labores de rexistro de bens, ou ben para preocuparse eles mesmos de cumprir a tarefa de realizar o seu propio inventario. No outro lado, a resta na forza de traballo de certas familias afecta especialmente a aqueles fogares dos que un dos seus membros é designado perito repartidor, pois se lembramos a instrución para a cobranza da contribución (no seu artigo 13º), estes individuos poderían ser escollidos entre os veciños da parroquia con tal de que cumpriran, loxicamente, algúns requisitos básicos de formación (que como xa sabemos, non sempre se cumpriron). Tal e como dito artigo recollía, "la Junta a pluralidad de votos elegirá dos o más personas de probidad e inteligencia por peritos repartidores", o que dende logo consumiría un tempo valioso de cara a outras labores necesarias. Certo era tamén que estes individuos poderían ser, segundo o artigo 39º da mesma instrución, empregados da Facenda que non tivera outra ocupación, e que por iso mesmo podería ocuparse como perito repartidor dun pobo segundo os seguintes supostos, que aparecen recollidos no devandito artigo:

> " (…) si concurriesen en algunos [empregados sen ocupación] la instruccion y actividad necesarias para obtener en los pueblos las noticias estadísticas que han de proporcionar las apreciables ventajas de poder arreglar la contribucion en el todo y en sus partes con la justicia e igualdad que S.M. desea y conviene, los destinarán los Intendentes y Subdelegados principales a estos trabajos (…)"

Pero a verdade é que esta medida non aparece aplicada nin unha soa vez nas xurisdicións das vilas para as cales dispoñemos dos diarios de actas, Pontedeume e Ortigueira, pois nelas podemos comprobar perfectamente como son as propias corporacións locais as que nomean a tódolos peritos repartidores de cada parroquia e os seus substitutos cando a situación así o require. Algo totalmente lóxico por outra banda se temos en conta a dinámica das elites locais dentro dos repartimentos da contribución. Así pois, baixo unha serie de argumentos que adquirían matices esencialmente catastróficos a longo prazo, os pobos e parroquias buscaban defenderse desta situación, que era considerada como o comezo da ruína dos campos como

froito da destrución do traballo dos labradores. O 15 de maio de 1818, por exemplo, o intendente recibe o seguinte comunicado dunha das xuntas locais coruñesas:

> "Por otra parte es casi impracticable la reunión de algunos pueblos para formar una sola junta de esta clase, por que compuestas estas como no puede ser menos, de uno o más vecinos de cada uno de ellos: la sola circunstancia de sacarles de su casa para ocuparse en los trabajos que ofrece la formación de los apeos y quadernos, sería suficiente para acabar de arruinar sus casas y familias y aun a los propietarios de las pocas tierras que cultivasen: V.S. sabe demasiado que en lo general de este partido, y aun casi en la mayor parte de los de Galicia el colono o Ynfiteuta que llega a cultivar quarenta o sesenta ferrados de tierra de todas clases, se tiene por un labrador considerable, y que si a este tal se le arranca de su casa para hacer los repartimientos individuales, los quadernos, y apeos, como es preciso, es visto que el lugar quedará a campo, y él y su familia y el dueño y la suya arruinados para siempre, y si esto sucede en uno o dos en cada pueblo en el primer año a poco tiempo y progresivamente, pues debe turnar este encargo, se arruinará la cultura y con ella el poco comercio y la industria que posehemos[21]."

Dende logo, a perda de traballo que supoñía para os campesiños o desenvolvemento de certas tarefas relacionadas coa posta en marcha e o funcionamento da contribución sería un inconveniente para eles, pero outro asunto diferente é a linguaxe na que a situación se describe. Entre os argumentos empregados, os tons esaxerados levan a elevar os problemas que estes conflitos xeran ata a mesma destrución das actividades económicas e incluso da mesma estrutura socioeconómica. A creba dun campesiño levaría á fin de toda a súa familia, que entendida como unha unidade de explotación, suporía ao mesmo tempo, se continuamos ascendendo pola pirámide social, un tráxico desenlace para o fogar do propietario que cede a terra. Aplicando isto na máxima potencia, coa rotación dos cargos de perito e a conseguinte perdición progresiva das demais familias da zona, o escenario final era a ruína inevitable da agricultura e de tódalas actividades asociadas a ela. Os argumentos, como vemos, son esaxerados e adoptan unha tintura totalmente catastrófica, o cal debe ser entendido ante todo como un recurso para dotar de máis forza o discurso que se comunica. A cuestión que nos volve interesar aquí novamente é o pano de fondo que podemos observar unha vez máis: o descontento da poboación con certos aspectos básicos do sistema, cos seus tempos e agora tamén coa forma de realizar os traballos, o cal encamiña os ánimos das comunidades, de xeito tan irremediable como lóxico, a outras actitudes de resistencia que veremos ao longo deste capítulo.

O segundo tipo maioritario entre os rogos que temos rexistrados nesta correspondencia coa intendencia céntrase, lembremos, na redución das cotas de contribución. En momentos puntuais, estas poden ser consideradas demasiado elevadas debido ás circunstancias particulares dos campesiños, especialmente cando se trata de adversidades. Remitíndonos aos artigos 30º e 31º, xa comentados, do corpus do decreto do 30 de maio, existían algúns mecanismos de compensación e de exención do imposto para casos especiais que, non obstante, non estaban moi ben especificados. Esta indefinición foi probablemente un dos principais motivos que levou a unha proliferación considerable de queixas deste tipo, pois nese cualificativo de desgrazas podían entrar unha morea de consideracións que supoñían un prexuízo dalgún tipo para os pobos á hora de contribuír. Tamén é moi probable que as queixas proliferaran de igual forma se non se contemplaran mecanismos deste tipo, pero é posible que non tanto a nivel escrito como rematou sucedendo. No seu lugar quizais fose máis esperable

[21] AMC, c. 6759, l. 1, a. 3, p. 21.

un menor reflexo deste tipo de reclamacións aínda que os ánimos da poboación estivesen na mesma situación, incluso ata o extremo de non incorrer nesta posibilidade de protesta por considerala unha vía inútil, e poñendo en práctica no seu lugar outro tipo de formas de resistencia menos visibles (que en todo caso tamén se deron). Pero gracias a estes apuntamentos no decreto, os rogos estaban perfectamente xustificados, e a vía da queixa formal por escrito ante a autoridade do intendente e a xunta central provincial volveuse posible ao estar recoñecida na propia lexislación xa dende un tempo inicial. Outras cuestións a ter en conta e nas que entraremos un pouco máis adiante serían por suposto o alcance real desta práctica, é dicir, a atención que se lle daría ás reclamacións e ata que punto estas terían a capacidade de lograr os obxectivos de acadar algún alivio auténtico. A existencia desta especie de mecanismo legal para dar conta do que se consideraba un agravio na cota correspondente da contribución xeral favorece ao mesmo tempo a localización desta correspondencia, pois aínda que non estaba claro o que entraba naquela definición do termo de desgrazas, o que si o estaba era o seu destino, que non era outro que o intendente correspondente.

O que temos agora ante nós, como se verá claramente, presenta unha diferenza substancial coas queixas analizadas ata este momento, de xeito que podemos detectar un cambio esencial na natureza da situación que leva á elaboración do comunicado, posto que se configura como algo excepcional. As reclamacións en canto á incompatibilidade dos calendarios administrativo e agrario poñían de manifesto unha actitude crítica ou mesmo combativa e de advertencia por parte das comunidades fronte aquilo que consideraban que prexudicaba os seus intereses, ben porque o vían como unha mingua na súa forza e posibilidades de traballo para coas súas explotacións, ben porque interpretaban que un proceso estaba en conflito con certas tarefas inconclusas que eran consideradas máis importantes. Estas actitudes desaparecen por completo nos casos que temos entre mans neste momento para deixar paso á manifestación dunha situación que xeralmente se caracteriza pola descrición da máis triste miseria e penuria entre os habitantes dos pobos e parroquias. Con este cambio tan importante na base que leva a escribir un comunicado á xunta central, xa non podemos falar de queixas como acontecía ata agora, senón máis ben de rogos e lamentos, xa que a existencia dunha suposta situación de indefensión é a que leva a termo a presentación deste segundo tipo de escritos. O descontento por suposto segue presente, pero identifícase baixo supostos diferentes, pois ante unha serie de circunstancias tan opostas para os contribuíntes, cómpre dar a coñecer o seu malestar para buscar unha medida de compensación de mans da administración. Este malestar ou descontento, expresado por escrito, pensamos que pode seguir sendo interpretado como unha forma de conflitividade, ao mesmo tempo que pode empregarse igualmente como unha forma de xustificar tamén outras condutas de resistencia a modo de compensación. Os exemplos que a continuación se ofrecen buscaban así a redución ou o cambio de data para efectuar os pagamentos da contribución xeral debido á situación de miseria dos campesiños, a lo menos ata o momento no que se recollera a seguinte colleita. Como se dunha forma de economía moral se tratase, os campesiños agardaban algunha contrapartida no seu beneficio, de xeito que a xustificación do rogo é precisamente a de estar sumidos nestas complicadas tesituras.

Polos diferentes ritmos agrarios e debido a posibles colleitas malogradas, é evidente que o campesiño non podía facer fronte a un imposto sempre co mesmo nivel de esforzo. En certos casos, este tería que ser moito maior pois o nivel da colleita podía chegar a reducirse de xeito considerable. Xa coñecemos, por exemplo, a situación que deberon atravesar moitos dos campesiños das xurisdicións de Rus e Villarprego en 1817, nos territorios occidentais da antiga provincia da Coruña, debido a unha colleita de millo arruinada. Porén, como tamén

sabemos, este problema non era contemplado pola maquinaria de cálculos puramente aritméticos do sistema que resultaban de reducir as leis da natureza a outras de tipo matemático. De novo, tal e como se podería dicir de moitas das formas de resistencia, volvemos estar ante situacións que se presentan cun certo principio de individualidade, dende o punto de vista de que unha ou varias parroquias emiten rogos dacordo a contextos e situacións concretas que lles afectan a elas pero que poden ser diferentes no caso dos seus veciños. Pero ao mesmo tempo inclúese un compoñente colectivo, pois son as comunidades de veciños parroquiais as que expresan o seu malestar no marco desa conxuntura particular que as envolve. Con este enfoque poñemos un caso que tivo lugar no 20 de agosto de 1817, cando as tarefas de apeo e reconto de riqueza estaban en plena realización. A xunta de pobo de Miraflores da provincia de Coruña, encargada de catorce parroquias, expresaba ao intendente a existencia dunha desalentadora situación, e facíao nos seguintes termos:

> "La junta de partido establecida en la jurisdicción de Miraflores para la nueva contribución dirige a V.E. el adjunto testimonio que manifiesta sus puntuales operaciones y comparto que se ha celebrado de la cantidad total entre las miserables catorce parroquias de su distrito con lo más que contiene, y actualmente quedó apurando aquellas para que sin pérdida de momento hagan sus compartos parroquiales, cobranza y apronto al término prefijado. La junta, a pesar de que ofrece todos sus exfuerzos y desvelos para hacer efectivo dicho apronto, no responde de ello, porque está viendo con el mayor dolor la aflicción y miseria en que están constituidos los naturales, tal que carecen del indispensable alimento, y se persuade que no obra dinero ni quien lo dé por vienes que puedan vendérseles al efecto, al paso que por desgracia parece muy gravoso su cargo, en cotejo de otros pueblos de la circunferencia, que poseiendo muchas más riquezas se miran aliviados en más de la metad, razón por que varios naturales se han presentado con sus clamores anunciando que pudo inferirse alguna equibocación natural en el comparto echo por esta capital, mas la junta sin oir ni admitir por aora ninguna clase de quejas y razones, consuela aquellos con el devido resarcimiento de agrabios para el tercio subcesivo, como espera alcanzar si llegase el caso de que se acredite[22]."

Neste primeiro caso que expoñemos, está presente a idea da redución da taxa que a esta xurisdición lle foi asignada no reparto elaborado dende as instancias superiores da administración provincial. Porén, hai que prestar especial atención á linguaxe que se emprega na declaración. Como xa indicamos anteriormente, o ton de protesta xa non está tan presente ou mesmo desapareceu por completo, mentres que no seu lugar observamos outro máis rogatorio que tamén é froito de que a xunta local se dirixe precisamente a esas instancias más elevadas personificadas na figura do intendente. O feito de estarse dirixindo a unha figura de autoridade superior é algo que se nota claramente cando a posibilidade de que existise un erro como desculpa para esa redución é suxerida de xeito tan respectuoso. Con todo, o responsable desa maior carga de cortesía non se debería tanto a este aspecto (pois o intendente tamén era o destinatario nos casos das demandas por conflitos e incompatibilidades cos calendarios agrícolas) como a outro aínda máis determinante neste tipo de escritos. No seu lugar, esa maior solemnidade na escrita deriva máis ben, pensamos, do feito de que estamos ante unha petición rogatoria que ante unha reclamación ou demanda de agravio. A responsabilidade do comunicado xa non se pode atribuír a unha incompatibilidade froito de erros do sistema de contribución, senón que no seu lugar, o rogo é debido a unha circunstancia extraordinaria para

[22] AMC, c. 3970, l. 1, a. 11, p. 1.

a que se busca unha compensación e que resulta dunha situación de miseria por malas colleitas, asunto co que a administración non ten relación. Tamén chama a atención o feito de que a xunta trate de cubrirse as costas ante posibles males arredor do proceso de recadación, alegando que quizais existan algúns problemas no repartimento, un comportamento que quizais encerre outras motivacións non tan evidentes e sobre o que volveremos axiña. Continuando coa situación que describirmos, en maio de 1818, neste outro exemplo, a xunta central provincial recibía dun encargado de efectuar os cobros a exposición do seguinte caso en termos aínda máis agónicos que o anterior:

> "En el día y después de algunas cosechas, por desgracia malogradas, se hallan casi todos los pueblos de este districto constituidos en la más horrenda miseria; los labradores parecen más bien espectros que hombres, y la mayor parte después de no haver pagado sus rentas a los propietarios por falta de haver comido en su necesidad los pocos granos que reservaron, van mendigando su sustento de puerta en puerta como lo ve V.S. en esta capital, y sucederá en las demás, de modo que más bien necesitan de ausilios que más bien están en capacidad de pagar contribuciones, por tanto si mereciesen la consideración de la Junta principal provincial estas circunstancias, sería muy bueno suspender el apeo prevenido por la subperioridad hasta la cosecha y cree esta junta que aun así, hecho aquel por pueblos o parroquias, no porque se suspenda este corto tiempo, dejará de estar concluido antes de que se venza el mes de octubre porque más manos acordadas en las bases, lo concluyrán con más brevedad (…)[23]"

Neste outro caso danse alternativas ao pago, mentres que no caso anterior soamente se suxería a posibilidade dun erro para xustificar unha posible redución da cota contributiva a unha serie de parroquias. Volve aparecer novamente aquela idea da dignidade comunitaria, segundo a cal non se solicita a suspensión ou redución do pagamento, senón o seu aprazamento ata un momento máis adecuado, cando a colleita estea lista e os labregos dispoñan de recursos. Parece como se o comunicado pretendera, ademais de modificar esa data para o pago, presentar ás comunidades parroquiais como entidades fieis que sempre cumpren, e como tal acabarían por facelo sempre e cando as autoridades foran razoables e abriran a man en cuestións que para os contribuíntes resultaban totalmente lóxicas, como era agardar á seguinte colleita para que houbera recursos dispoñibles cos que pagar os impostos. O feito de que se expoña que os labradores non pagaron rendas aos propietarios tampouco é casual, pois busca seguramente sentar o precedente de solidaridade ante as adversidades que se están vivindo nese momento baixo ideas de economía moral. A diferenza do que acontecía no caso das anteriores reclamacións, os motivos aducidos para solicitar ese cambio no calendario dos pagos son loxicamente outros, pois neste caso o que pesa máis é a situación de miseria.

Porén, observamos que gardan en común o emprego de argumentos en claro ton esaxerado e catastrófico, quizais nun grao aínda máis acusado, pero perseguindo o mesmo obxectivo de fortalecer a mensaxe e causar impacto nos que o reciben. Por iso mesmo, estes testemuños deben ser manexados con moito coidado e mantendo unhas distancias coa información que nos ofrecen. O uso da esaxeración pode ser en todo caso desmedido, ou máis acusado do que debería para lograr precisamente ese impacto nas autoridades que len o comunicado, o que nos leva a pensar que a descrición das situacións que conteñen poden estar alteradas no sentido de que o que se relata pode ser en moitos casos a peor visión posible dos feitos. Pois como ocorre en tantas ocasións, estes comunicados amosan soamente unha única

[23] AMC, c. 6759, l. 1, a. 3, p. 22.

perspectiva dun feito determinado, neste caso a de certas autoridades locais e a das comunidades. Se quixeramos comprobar a opinión do outro lado, é dicir, a resposta que a xunta central dá a estes comunicados, habería que buscala nas actas das xuntas locais, pero hai que destacar que as contestacións céntranse principalmente en dúbidas sobre aspectos prácticos arredor do funcionamento do sistema tributario e non tanto neste tipo de comunicados sobre rogos. Se ben é certo que no noso caso, dende as áreas de Pontedeume e Ortigueira non aparecen escritos rogatorios entre as súas actas, quizais por situacións de conxuntura favorables, os de preguntas e dúbidas si existen, e é de esperar que a súa resolución, estendendo a situación a tódalas xuntas do territorio que operarían baixo a xunta central, ocuparan a maioría do tempo do que este último organismo dispoñería. Dende este punto de vista, a non ser que en futuras investigacións se atopen unha cantidade considerable de diarios de actas de xuntas locais, resultará moi difícil analizar o nivel de resposta que a xunta central provincial levou a cabo fronte a este tipo de rogos que deixaban patentes as situacións de miseria que afectaban aos contribuíntes.

Con todo, pese aos exemplos presentados, hai un apuntamento esencial que debe ser considerado con independencia do contido das misivas, e é que sempre debemos ter en conta quen pode realizar estas reclamacións e baixo que circunstancias se poden producir estas. É de supoñer que moitas veces, esas queixas aparecesen como a manifestación dos desexos dos veciños dunha ou varias parroquias, que se senten agraviados e que comunican ese descontento aos peritos e autoridades locais para que actúen consecuentemente. Outras veces, non obstante, poden ser as propias xuntas locais as que chegan a emitir comunicados desta índole, pero non baixo a vontade dos veciños falando estritamente, senón baixo a súa propia de grupo social no poder no que se atopan os seus membros. Por iso, que as xuntas locais emitan un comunicado de queixa non significa necesariamente que o fagan en defensa dos intereses de tódolos veciños das parroquias que entran baixo a súa xurisdición. Ao contrario, como xa indicamos ao falar dalgunhas cuestións sobre as actas que elaboraban ao desenvolver o seu labor, estes organismos non se conformaron precisamente como paladíns da defensa dos intereses das masas populares que dependeran delas. Ao estaren constituídos por unha serie de persoas moi concretas que respondían á categoría de elites locais, o que estarían a defender eran os seus propios intereses, cubrindo as súas propias costas de cara a eventualidades desfavorables que puideran chegar a suceder en diversos momentos do desenvolvemento da contribución. A existencia doutros sucesos nos que tiñamos a comunidades parroquiais que denunciaban ás corporacións locais por cometer abusos e asignar unha taxa maior da correspondente ás parroquias sufragáneas diminuíndo en consecuencia a cota da vila central, reforzan este tipo de argumentos. A eles pasaremos agora precisamente como outra mostra do descontento das comunidades veciñais e parroquiais no marco da reforma de 1817.

Tendo en conta que, como xa vimos, temos detectado casos de xuntas de partido que apremaban a corporacións locais con multas e soldados que estas últimas debían custear, as queixas sobre estas cuestións poden ser entendidas, efectivamente, como un mecanismo de protección ante os máis que probables atrasos que se ían producir, e que en última instancia suporían unha serie de castigos á entidade local por incumprimento do seu deber. Polo tanto, hai que ter todos estes matices en conta para comprobar ata que punto as xuntas locais defenden os intereses xerais ou os seus propios de elites locais, así como para determinar en que grao estas queixas e rogos son a expresión real dun descontento xeneralizado dos veciños que indubidablemente se atopa aí. Un bo exemplo de todo isto que acabamos de dicir é o da xunta de Miraflores citado un pouco máis atrás. Se lemos novamente a cita comprobaremos que o que a xunta pide é unha redución da contribución das parroquias da súa xurisdición suxerindo un posible erro dos encargados provinciais á hora de calcular os repartimentos, ou

cando menos unha revisión deses cálculos. Porén, esas mesmas autoridades tamén alegan que debido á situación de miseria dos contribuíntes, non poden chegar a garantir que as parroquias executen as cotas individuais por veciños correctamente e a tempo. É dicir, que esta xunta aproveita a demanda da miseria dos veciños para cubrirse as costas ante posibles contratempos, preparando con isto ás autoridades superiores do que poida suceder. Baixo esta interpretación un pouco máis particular subxace unha actitude moi diferente da inicialmente aparente, de xeito que a xunta xa non parece tanto unha firme defensora do benestar da poboación, e no seu lugar pensamos que tamén pode estar empregando o malestar presente como unha escusa para tapar os problemas que sabe que van suceder, pois as previsións temporais recollidas para que o sistema comece a funcionar son claramente insuficientes. A cuestión é que sexa como fora, a intendencia recibía un documento que reflectía un descontento ou un malestar social, e iso é o que a nós nos interesa como parte do estudo dunha serie de prácticas de conflitividade e de resistencia. Non importa tanto que baixo o comunicado, a autoridade local tamén defendera os seus propios intereses, porque isto non exclúe a existencia dunha desconformidade totalmente confirmada entre os veciños contribuíntes. Simplemente se trata dun apunte que hai que ter presente á hora de considerar os motivos que levaban ás autoridades a actuar e emitir unha queixa ou un rogo. O malestar está presente e como tal trasládase por escrito á cabeza da administración provincial, o organismo que tería facultade para palialo pola vía da concesión de grazas en forma de, por exemplo, alivios e reducións de cotas impositivas en repartimentos elaborados sucesivamente no tempo.

Deixando xa de lado estes rogos ao intendente aos que acabamos de referirnos, outro tipo de fenómenos poden ser clasificados dentro desta categoría de conflitividade visible nas fontes e que ademais presenta un amplo compoñente de iniciativa. Algunhas queixas poderían ser emitidas dende parroquias concretas ou grupos das mesmas fronte ao que consideraban un abuso cometido pola súa propia xunta local. A diferenza fundamental cos rogos destinados ao intendente é que agora quen emite o comunicado xa non son as autoridades ou as persoas encargadas de repartimentos e cobros, senón algunhas freguesías concretas que se desmarcan da autoridade dunha xunta local para denunciar algo que as comunidades conciben como un problema. O obxecto da denuncia é outro diferente, pero o obxectivo que se persegue é o mesmo en esencia, é dicir, a manifestación dun descontento ante un problema que afecta á integridade da comunidade e que por iso mesmo interpretamos como unha forma de resistencia. Ademais, outro trazo que se conserva en común cos documentos descritos ata o de agora nesta sección é que se mantén a conduta de demanda, reclamación ou rogo. Desta volta, o destinatario pode seguir sendo o intendente, pero tamén serviría outra instancia administrativa superior á xunta local, como a xunta de partido, pois o que se pretende con estas reclamacións non é outra cousa que denunciar un comportamento impropio por parte da corporación local. Como resultado, tanto o nivel de partido como a intendencia son destinatarios válidos para a queixa.

A conservación destes documentos entre os diarios de actas é máis estraña debido a un factor fundamental. Para empezar, non hai razón algunha para que estes comunicados pasen pola xunta local, posto que a queixa se dirixe sempre a instancias administrativas superiores que buscan precisamente solucionar un problema entre as autoridades locais e unha ou varias comunidades parroquiais. Por outra banda, non tería moito sentido que a xunta levara un rexistro de ter cometido un abuso, especialmente se o poñía en marcha dun xeito consciente. Aínda así, entre as actas de Pontedeume existe algún destes casos nos rexistros, sendo quizais os motivos que levaron a deixar constancia destes casos simplemente protectores. É dicir, que a xunta local se interesase por deixar rexistrado o fenómeno para ter probas documentais do

que aos seus ollos sería un acto de rebeldía por parte dalgúns dos veciños da súa xurisdición fronte a súa autoridade. Esta prudencia das autoridades no seu momento danos a oportunidade de encontrar estes conflitos rexistrados dentro duns fondos nos que estritamente falando, non terían por que estar presentes episodios deste tipo. Tal foi o suceso acontecido en Pontedeume cunha das súas parroquias, que se estendeu durante varios días, do 14 de xullo de 1817 ao 24 do mesmo mes. Esta remataba por declararse en aberta rebeldía e consideraba como propio o dereito de establecer unha xunta local de seu, co obxectivo de evitar que se cometeran abusos sobre o conxunto dos veciños por parte da xunta da vila central. Nas actas desta última quedou recollida a queixa formal escrita por varios dos veciños daquel pobo que ía dirixida ao intendente. Ante un sobrecargo nas súas cotas de contribución, aqueles representantes, constituídos nunha delegación dos veciños, aseguraban ter na súa freguesía os persoeiros necesarios para establecer a súa propia xunta, non podendo admitir as determinacións do alcalde de Pontedeume polos "notorios perjuicios que se le van a causar". Eles mesmos poderían nomear os peritos e repartir a súa cota "con todo conocimiento y sin gravamen a percibirla". En consecuencia, daban a súa propia visión dos acontecementos:

> "Al querer el alcalde de Pontedeume interbenir en ello [o repartimento do pobo] hes un atentado de la mayor consideración, tratando por este medio de entorpecer el espíritu del savio decreto de Sª.M. a cuyo Alcalde solo le compete interbenir en su pueblo, y no en otro alguno. A V.S. hes a quien pertence como superioridad inmediata castigar y tomar las máis seberas providencias contra los infractores del Decreto Soberano (…) suplicandole se sirva prebenir a dho. Alcalde de Puente de Hume bajo su responsabilidad, no se mezcle ni embaraze con este Pueblo de Mariños en el reparto de la cota que le a cavido en el reparto xeral (…) imponiendole, y a los mas que intentaren entorpezer el cumplimiento de lo determinado las mas rigurosas penas, pues de otro modo no tendrá efecto, y la boluntad de Sª.M. será frustrada, los pueblos serán agoviados, los repartos se harán sin conocimiento, y en fin, todo tomara el aspecto feo que no prepara el esplicado decreto[24]."

Os contribuíntes desta parroquia estaban a entender incorrectamente os principios organizadores para o repartimento da contribución, pero iso non impediu que se lanzasen á defensa dos seus propios intereses cando o consideraron oportuno e necesario. As autoridades da xunta local de Pontedeume, nun comunicado enviado tamén ao intendente catro días máis tarde, o 18 de xullo, denunciaron os feitos dacordo coa súa propia versión e reclamaron o restablecemento da orde nesta cuestión, esgrimindo o repartimento que se fixera dende a administración central. De maneira forzosa, a única vía que lle quedaba á corporación local era a de reclamar xustiza ás instancias superiores. O asunto foi remitido á intendencia baixo as seguintes circunstancias:

> "(…) V.S. para que en consideración a todo lo que ba expuesto se sirva determinar se recoja y quede sin efecto la providencia dictada a solicitud de la parroquia de Mariños dejando libres y expeditas las funciones de esta junta que quedan paralizadas en tanto aguarda su resolución, y de así no estimarlo, se berá en la precisión de elebarlo a los pies del trono por la vía del Exmo. Señor Ministro de Hacienda con producion del expediente, y de la estadística fehaciente que reconoció arreglada la contaduría[25]."

[24] AMP, c. 140, l. 1, a. 2, p. 31.
[25] Ibídem, p. 27.

Finalmente, o intendente ditaminou unha solución dacordo coas pautas do real decreto, e facendo referencia a algúns dos seus artigos estableceu que "el artículo 29º del real decreto de 30 de Mayo previene que el reparto de la contribución general se egecute por pueblos. El 30º repite lo mismo, y así se egecuto entre los de esa jurisdiccion [a de Pontedeume]. S. Salvador de Mariños es uno de ellos y como tal fue considerado en dicho repartimiento con su cuota". O comunicado tamén incluía un aviso de que a xunta debía respectar exactamente os repartimentos elaborados dende a administración central, así que tamén era un aviso a esta corporación para que se coidara de cumprir a legalidade establecida. Unha resolución que chegou o 24 de xullo e que, pese a ser resolta con bastante rapidez, non evitou que mentres tanto se perdera un tempo valioso de cara á implantación do novo sistema de Facenda.

Na mesma vila eumesa, tamén no mes de xullo de 1817, atopamos outro conflito deste tipo onde cinco das súas parroquias sufragáneas denunciaron á xunta de pobo ante o intendente por supostos abusos mediante os cales se impedía o correcto desenvolvemento dos traballos de repartimento, ademais de traspasar a corporación local parte das súas cargas a estas parroquias. Segundo a denuncia, cando nas parroquias se estaba a poñer en marcha o proceso, aconteceu o que segue:

> "(…) comenzavan la operación y la hallaron interrumpida en un momento por el Ayuntamiento de la Villa de Puente de Eume, embiando para cubrir sus hierros un Alguacil, que les yntimo (…) cesasen en tal procedimento y que los Alcaldes les entregasen todos los exemplares e hijuelas [do repartimento] que tenían por disposición de V.S. [o intendente] y que de lo contrario serían encarcelados y vexados con fuertes apremios de tropa (…) El Alcalde maior de la Villa de Puente de Eume reunido con su Ayuntamiento, pudo conseguir y acaso con sorpresa, por V.S., la reformacion del nuevo comparto y hazer una masa de las cotas cargadas a las Vte. y seis Parroquias de la jurisdicion (…) Con la nueva providencia dictada por el Ayuntamiento (…) sin yntervención de las Parroquias, ha hecho el reparto quedandose solo la villa con nueve mil Reales, y la parroquia de S. Miguel de Breamo, deviendo corresponderle una octava parte da cantidad señalada a la villa, (…) y de ahí es que esta parroquia se haya unido con aquel Aymº. Esta operación conoze la justificación de V.S. es escandalosa, y solo se empeñaron en urdirla para quedarse con una miserable cantidad como lo hicieron (…)[26]"

O contido destas citas é importante, pero tamén o é a actitude que nelas se pon de manifesto: a dunha serie de parroquias que deciden deixar de seguir á autoridade local pertinente e desafiala abertamente, emitindo un comunicado de protesta fronte aquilo que consideran unha vexación, elaborado por un reducido número de veciños que son nomeados apoderados e que figuran ao comezo do texto, para encargarse das cuestións desta disputa. Non estamos nin moito menos ante casos habituais, pero estes episodios deixan constancia de que as comunidades podían chegar a saírse da estela dos poderes locais na súa propia defensa.

A documentación desta sección amósanos polo tanto unha forma de conflitividade que se basea principalmente na expresión dun descontento e que se manifesta pola vía da reclamación. Porén, analizar os contidos dos documentos que aquí incluímos permítenos abrir a porta a outra posibilidade de estudo moi interesante como é a das motivacións dos contribuíntes a actuar de determinadas formas. As cartas dirixidas á intendencia e en xeral os documentos que adoptan a forma de reclamacións poden servir para explicar os motivos que hai detrás doutras prácticas que veremos neste mesmo capítulo, moi especialmente as que

[26] AMP, c. 140, l. 1, a. 2, p. 42.

entran dentro da categoría de resistencia pasiva. O que temos ante nós é unha resposta activa ante aquilo que se considera un agravio, pero ademais de deixar patente a iniciativa á hora de defender os intereses propios e de expresar un descontento, esta documentación constitúese na principal fonte de onde podemos obter as razóns que levaban aos contribuíntes e ás autoridades locais a actuar. A queixa formal debe ser entendida polo tanto como unha vía posible de reclamación, pero sempre deberemos lembrar que este feito non exclúe, en absoluto, a posta en práctica doutro tipo de medidas de resistencia que deben ser interpretadas tamén como formas de protección e de resarcimento ante os agravios. Polo tanto, aquilo que se constitúe no tema central para elaborar o escrito é ao mesmo tempo o motivo que leva a unha comunidade a actuar na forma en que o fai. Quizais un so problema non sexa un motivo suficiente para dar lugar a unha destas reclamacións, de forma que pode ser necesaria a acumulación doutros agravios de forma progresiva, pero indubidablemente aquel que se cita está na base da cuestión ou cando menos, foi o detonante que levou á elaboración da reclamación. Eses motivos, do mesmo xeito que deron lugar á formalización de queixas e rogos por escrito, poden dar lugar a outras formas de resistencia, funcionando o que se diga no comunicado como unha das motivacións para que se produzan. As posibilidades de que isto suceda virán dadas polas propias comunidades e os seus contextos particulares, pero en esencia, os motivos que aquí se recollen permítennos explicar certas actitudes que veremos nas próximas páxinas.

5.2. CONFLITIVIDADE ACTIVA/NON VISIBLE. AS VÍAS DA OCULTACIÓN

Dacordo coa clasificación que estamos a seguir neste capítulo, os comportamentos que serán tratados baixo este epígrafe correspóndense a fenómenos que pese a non aparecer directamente recollidos nas fontes (e cuxa dedución se volve polo tanto esencial de cara a posibilitar a súa identificación e análise) supoñen un alto grao de iniciativa por parte das persoas que os desenvolven. Condutas que dende logo non se inclúen dentro da resistencia pasiva da non colaboración, senón que supoñen a toma dunha decisión firme que leva a desenvolver unha serie de aspectos concretos. Chegados a este punto debemos indicar que baixo este epígrafe ímonos referir fundamentalmente ao fenómeno da ocultación fronte aos inventarios da riqueza cuxa elaboración estaba contemplada na base do funcionamento do sistema de Facenda de maio de 1817, e dun xeito máis especial, a partires da publicación da R.O do 18 de febreiro de 1818. Unha práctica que como veremos, admite matices dentro do cadro que presentamos ao comezo deste capítulo.

Para tratar de establecer unha pauta básica que nos axude a movernos polo terreo da ocultación, adoptamos a clasificación, xa citada en capítulos anteriores, que nos leva a diferenciar entre dous tipos da mesma en función do obxecto sobre o que incorren. Por unha banda falaremos da ocultación absoluta, que consiste no encubrimento de bens concretos (por exemplo, acocho de superficie bruta nunha finca declarando menos extensión da que se debería) e por outra parte da chamada relativa, baseada na depreciación da rendibilidade atribuída aos diferentes compoñentes da riqueza dos individuos (por exemplo, declarar calidades de terreo inferiores ás que corresponden realmente)[27]. Se ben anteriormente falamos deste tipo de comportamentos, o obxectivo principal nesta sección é tratar de quedar coa parte de teoría e motivacións que había tras deles, interpretándoos non dende un punto de vista estrito da agricultura como fixemos ata o de agora, senón dende o da práctica en si mesma. O que aquí se pretende é ver ata onde se desenvolve, cal é o seu alcance e como se configuran estas pautas de actuación das persoas e das comunidades que integran.

[27] Segura i Mas, A. (1988b) p. 116; Gallego Martínez, D. (1991), p. 39.

Convén elaborar, en primeiro lugar, un contexto da situación que nos atopamos en materia de pagamento de impostos para comprender a existencia das prácticas de ocultación. Como ben sabemos, derivado da existencia dunha realidade moi diferente en canto ao acceso á fraude, eran as clases privilexiadas as máis beneficiadas polo sistema, mentres que pola súa parte, ocorrería o contrario con aquelas menos favorecidas. Así, hai autores que insisten na idea de que os impostos non os pagaban aqueles que estaban obrigados pola lei tributaria, senón quen carecía da capacidade política para evadilos, o que supoñía que, na práctica, nunca se acadou a xeneralidade dos impostos nin a equidade tributaria[28]. Non pretendemos dende logo discutir a validez deste tipo de argumentos pois estamos totalmente dacordo con eles, pero si debemos engadir un pequeno matiz que pon en valor as actuacións dos campesiños, que poderían chegar a ser interpretados, baixo este tipo de argumentos, especialmente se os entendemos de forma absoluta, como suxeitos pasivos e totalmente indefensos. É algo co que se debe ter coidado, pois pódese caer facilmente en ignorar ou en subestimar as estratexias, a capacidade ou a forza destas comunidades para intentar protexerse fronte a o que se considera un ataque da administración, neste caso fiscal. Por suposto, o sistema non era equitativo na práctica e non hai dúbida de que os campesiños rematarían pagando porque a cantidade fixa decretada dende a administración garantía a suficiencia mínima do imposto, porén, o común da xente seguía defraudando ou intentándoo, aínda que baixo este tipo de sistemas, a súa capacidade para eludir os impostos sería menor[29]. Os poderosos serían os que se libraban, pero estas cuestións non deben evitar que vexamos a realidade de que os campesiños tamén o intentaran, aínda que tal e como estaba deseñado o sistema, non o conseguiran. Estamos ante aspectos completamente diferentes que en absoluto son excluíntes. É máis, mesmo podemos dicir que a fraude dos non privilexiados si funcionaba, pero o deseño do sistema de Facenda sempre repercutía novamente neles, non podendo esquivar o pagamento da contribución. Tal é a única explicación posible ante os datos que atopamos na fonte e que expoñeremos nas seguintes páxinas, tanto para a ocultación absoluta como para, especialmente, a relativa.

Pois efectivamente, ao ministerio de Facenda non lle importaba a ocultación xeneralizada, a fraude nin a equidade tributaria, xa que o que as clases con poder conseguían esquivar recaía sobre os contribuíntes indefensos para quen esta opción non era posible[30]. Do que se trata aquí, antes de explicar os procesos de ocultación, é de intentar comprender o motivo polo cal, se a maioría dos contribuíntes non podía chegar a esquivar o pagamento da contribución, seguían intentando ocultar. A cuestión fundamental radica no feito de que o Estado toleraba isto porque o cupo establecido íase cubrir con ou sen ocultación, pero neste contexto, a sensación de discriminación convertíase nun aliciente en si mesmo para a fraude, ademais de que sen un catastro, a administración renunciaba a coñecer as bases impoñibles reais, que eran inferiores, gracias á ocultación, á capacidade fiscal real dos contribuíntes. Por acumulación, a recadación resulta a miúdo insuficiente, o que redunda en novos tributos que crean unha sensación de abafamento entre os contribuíntes, e con elo un novo aliciente para a fraude[31]. A xustificación para que os pequenos contribuíntes intentaran poñer en marcha estas prácticas está, logo, nos procederes dos que si conseguen evitar o gravame pois, como había conciencia de que certos sectores evadían, xurdía un malestar fiscal que creaba a xustificación para que os demais o intentasen[32]. Así, estamos ante unha decisión económica dos contribuíntes, que racionalmente calculaban, valorando diversos factores, que defraudando

[28] Comín, F. (2018), op. cit., p. 482.
[29] Fernández González, A. (1994), p. 125.
[30] Comín, F. (2018), op. cit., p. 496.
[31] Ibídem, p. 492-493 e 497; Comín, F. (1994), op. cit., pp. 43-44.
[32] Comín, F. (2018), op. cit., pp. 495, 498 e 501.

obtiñan un aforro fiscal superior aos custos en que incorrerían se o seu delito fose descuberto, aínda que para valorar isto hai que ter presente que a ocultación tamén se producía a nivel das comunidades como un intento para protexerse como grupo, de modo que, no noso contexto, a parroquia pode xogar un papel aglutinante de solidaridade moi importante[33].

Os problemas aos que dá lugar a ocultación dende a óptica do sistema de Facenda son dunha natureza diferente por completo aos causados polas actitudes que analizamos no subapartado anterior. Aquelas queixas e rogos podían traducirse en serias complicacións se o malestar social que reflectían chegaba a estoupar pero, para a administración que as recibía, aquelas misivas podían ser interpretadas como un aviso do que podía suceder, sen causarlle problemas propiamente ditos máis alá de ter que manexar un considerable volume de reclamacións. As dificultades que supón para o sistema a ocultación tamén son moi diferentes que as que se desprenderán das actitudes de non colaboración que veremos nos apartados dedicados á resistencia pasiva. Mentres que estes últimos favorecen por riba de todo a proliferación e o aumento dunha serie de complicacións no funcionamento do sistema que se traducen sobre todo en retrasos acumulados, a ocultación supón unha subtracción da base impositiva dos bens totais sobre os que a contribución se aplica. A maior ocultación, menor será a cantidade de bens rexistrados e, como resultado lóxico, menor será tamén a riqueza que aparentemente posúen os contribuíntes. Como a contribución xeral é un imposto proporcional aplicado sobre os produtos desa riqueza, a ocultación debería supoñer finalmente unha menor recadación, pois a base de beneficio sobre a que se aplica é menor. Porén, isto non é así gracias á existencia do mecanismo compensatorio consistente no establecemento previo dunha cantidade fixa que garantía un rendemento mínimo do imposto. Porén, no tocante á ocultación que nos ocupa agora, é moi importante decatarse de que este mecanismo soluciona parte do problema porque garante unha certa suficiencia, pero non atalla en absoluto os comportamentos arredor da práctica en si, que se seguen reproducindo.

En relación con isto, un detalle moi importante deste tipo de comportamentos é que poden producirse de múltiples maneiras que, á súa vez, ofrecen algunhas vantaxes (que tamén comparten as prácticas de resistencia pasiva que veremos nos seguintes subapartados): o feito de non necesitar coordinación ou planificación, de poder realizarse de xeito individual e de evitar a confrontación directa coas autoridades, o que tamén suaviza a respostas destas últimas, son algunhas delas[34]. É dicir, que os contribuíntes poden escoller entre moitos métodos diferentes nos distintos procesos nos que a contribución se configura para tratar de defraudar e reducir con elo o seu nivel de riqueza a ollos do sistema tributario. Non hai máis que pensar en tódolos procesos que levan ao cálculo definitivo da cota de cada contribuínte para decatarnos disto. O mero feito de ter que inventariar para cada veciño dunha parroquia os beneficios das distintas ramas da riqueza que percibe dá pé a que en cada unha delas se introduzan trampas: pode alterarse o produto dunha parcela, a súa extensión ou a súa calidade; o gando pode esconderse ou un artesán pode mentir sobre as rendas que obtén do desenvolvemento do seu oficio. O triunfo nunha soa desas estratexias supón xa unha alteración na parte que lle correspondería pagar a cada veciño. Por suposto, aínda que haxa moitas estratexias posibles para conseguir este obxectivo, nas fontes que manexamos detectamos unhas poucas por riba de tódalas demais posibilidades, así que consideramos que existen determinadas tácticas preferidas de ocultación que con todo non exclúen a posta en marcha doutras que quizais non podemos detectar a partir dos fondos dispoñibles. Dende logo, para entender aquelas que se desenvolven dunha forma maioritaria, teremos que comprender en primeiro lugar toda unha serie de compoñentes que afectan á práctica da

[33] Comín, F. (2018), op. cit., p. 485.
[34] Scott, J. C. (1985), pp. 29 e 33.

ocultación en si mesma dende a postura dos ocultadores, a percepción que a administración e os contribuíntes teñen dela, ou os caracteres que dun xeito específico afectan a este fenómeno no marco do sistema tributario que aquí tratamos. A análise que realizamos a continuación permitiranos, polo tanto, coñecer toda unha serie de aspectos e variables que se relacionan intimamente coa ocultación e que nos axudarán a comprender as motivacións detrás das súas formas que detectamos nas fontes, as cales serán abordadas un pouco máis adiante, despois de rematar esta tarefa.

Para comezar, temos que ter en conta que este tipo de conduta depende dun importante compoñente psicolóxico individual no que entran en xogo dous factores fundamentais que son realmente as dúas caras dunha mesma moeda. En primeiro lugar está o que podemos chamar a análise de oportunidades, que basicamente pasa por avaliar a posibilidade de que a ocultación poida ser lavada a cabo. Tal e como acabamos de dicir un pouco máis atrás, no marco do sistema tributario de 1817 existen multitude de posibilidades e puntos onde unha fraude deste tipo se pode levar a cabo. Obviamente, será no momento no que os rexistros da riqueza se están elaborando, pois sendo aquilo que se oculta un ben, renda, ou en xeral, un beneficio económico de calquera tipo, a oportunidade deberá ser posta en marcha necesariamente cando dita fonte de riqueza vaia ser rexistrada. O momento da ocultación é, logo, o arco temporal no que os apeos están sendo elaborados, pero dentro diso, calquera compoñente da riqueza dun contribuínte pode ser susceptible de ocultación. Por outro lado, cando diciamos que detectamos prácticas concretas sobre bens e rendas determinadas, decatámonos de que pese a ser factible ocultar calquera compoñente desa riqueza, os escollidos son soamente uns poucos. Isto é o que nos leva a falar precisamente do segundo compoñente esencial da ocultación dende a percepción de quen a leva a cabo, que non é outro que a valoración de riscos.

Unha vez analizadas as oportunidades posibles, facer o propio coas dificultades e problemas que poden xurdir á hora de incorrer na ocultación actúa como un filtro á hora de tomar unha decisión firme. O risco esencial será, como veremos a continuación, que a súa posta en marcha resulta nunha serie de sancións económicas no caso de que o contribuínte fora descuberto. Pero isto é soamente o compoñente máis visible, ou máis ben a consecuencia final e máis clara do fracaso da ocultación. Moito antes de chegar a valorar este inconveniente, que sempre estará aí como algo presente, o posible ocultador terá que analizar toda unha serie de factores que escapan en boa medida ao seu control como individuo en solitario, e que tamén son determinantes e esenciais para que a práctica poida chegar a triunfar. É dicir, que o propietario é quen decide se trata de defraudar ou non, pero a súa decisión está condicionada por unha serie de aspectos alleos, relacionados por exemplo cos seus veciños, cos encargados de realizar os recontos ou co propio calendario administrativo da cobranza. Con todo, a decisión final corresponde ao propio contribuínte como individuo capaz de razoar, pois aínda con todo a favor de cara á ocultación, un propietario pode decidir non facelo. Isto que apuntamos para a ocultación pode aplicarse tamén en certo modo a outras prácticas de resistencia aquí tratadas, pero é especialmente importante no caso particular do agocho das fontes de riqueza, en tanto en canto se trata dunha acción que pode supoñer unha dura sanción. Por este motivo, as valoracións de oportunidades e riscos deben ser moito máis importantes, ao mesmo tempo que minuciosas, pois o contribuínte pon en xogo moito máis que cando se envía unha reclamación por unha vía legal ou se incorre nunha resistencia pasiva que pode ser difícil de demostrar.

Dende o punto de vista da administración central, a práctica estaba perfectamente recoñecida e podemos ver incluso as penas que serían impostas aos contribuíntes que incorreran en prácticas de ocultación a través da copia da Real Orde do 8 de agosto que atopamos nas actas da xunta local de Pontedeume. Así, xa dende os inicios da aplicación

reforma, a documentación oficial déixanos ver claramente cal era a percepción que a administración tiña deste tipo de prácticas:

> "Para impedir que haya falta de equidad en la contribucion general del reino, y evitar los perjuicios que pudieran resultar a los contribuyentes de la ocultación de bienes y utilidades de toda especie sobre que aquella recae, tuvo a bien el REY nuestro Señor, imponer y señalar al ocultador la pena del quatro tanto del importe de la contribucion que corresponda al respectivo contribuyente, la cual se aplicará al descubridor (…) Lo manifestamos a V.S. para su mas exacta observancia, pues que con ella necesariamente se evitará la ocultacion de bienes y utilidades, las cargas indebidas a los particulares forasteros, las injusticias, los disgustos personales, y por último se logrará en la medición exacta de las tierras y tasación de edificios datos seguros para impedir los agravios (…)[35]"

Como vemos, as autoridades comezaron a fomentar dende moi pronto a práctica de delatar ás persoas que incorreran en actuacións de ocultación entre outro tipo de comportamentos que buscaban garantir a correcta elaboración dos recontos da riqueza, o cal remataría redundando nunha estatística moito máis exacta. Porén e pese a todo o dito nesta orde, non atopamos nin unha soa referencia a casos concretos de ocultación entre as actas das xuntas ou á conseguinte imposición de sancións. A explicación a isto está, en parte, na pouca vontade da administración para decatarse do malestar fiscal que causaba o propio sistema. En consecuencia, os contribuíntes non se vixiaban entre si, que é a idea que se desprende deste tipo de disposicións como a que acaba de ser citada, senón que dacordo co que se apuntaba ao comezo desta sección, uníanse para impedir que a Facenda elevase as cantidades xerais que afectaban a todos[36]. Esta é precisamente unha das bases e obxectivos esenciais da práctica da ocultación.

Se non atopamos accións punitivas como tal impostas polas autoridades, quere dicir que todo o que podemos detectar ao respecto destas prácticas procede esencialmente das carencias, máis ou menos obvias, que existen nos recontos da riqueza e que poden ser identificadas mediante un exercicio de análise dedutiva. Esta falta evidente de noticias sobre a imposición de multas e as deficiencias nos rexistros tamén teñen moito que ver co feito de que a conflitividade fiscal non é culpa soamente dos contribuíntes, xa que dende o goberno, a falta de vontade para loitar contra estas prácticas de ocultación, a súa incapacidade para dotarse dun corpo de persoal e de funcionarios capaces de realizar funcións de inspección, os malos salarios ou a falta de formación deses traballadores son factores que tamén contribúen en boa medida á proliferación destes fenómenos[37]. Polo tanto, aínda que existía unha disposición formal para castigar estes comportamentos, as súas posibilidades de aplicación real cos medios da época son outro asunto moi diferente. De feito, como sinala Vallejo Pousada, toda reforma tributaria consta dunha serie de fases das cales unha pode ser definida como aquela na que son deseñados os mecanismos de sanción e punitivos, o cal deixa ben clara a idea de que se agarda un incumprimento das normas fixadas en todo caso[38]. Porén, non é menos certo que canto máis laxa sexa a lexislación ao respecto, maiores serán as posibilidades de eludila, ademais do feito de que nesta época certas prácticas non eran perseguidas. A fraude mesmo gozaba dunha importante lexitimidade social, de modo que resultaba difícil converter en delito un comportamento xeralmente aceptado mentres que non existisen uns determinados

[35] AMP, c. 140, l. 1, a. 2, pp. 113-114.
[36] Comín, F. (1994), op. cit., p. 44.
[37] Zafra, J. (1994), op. cit., pp. 148-149.
[38] Vallejo Pousada, R. (1997), p. 1791.

valores no grupo en cuestión, cando aparecera a conciencia de que era necesario protexer un determinado valor social ou económico. Pero reformar este cadro resultaba inviable, porque para facelo sería necesario romper coa intervención das oligarquías locais en materia de rendas dos pobos[39].

O fomento que a administración realizaba dos comportamento delatores fronte ás prácticas de ocultación lévanos a falar tamén doutro dos aspectos esenciais destes tipo de actuacións, que non é outro que o compoñente de complicidade dos veciños, aspecto intimamente ligado ao encubrimento e tamén ás relacións que se dan no interior dunha comunidade. A pesar de que a decisión de defraudar fose tomada por cada propietario de forma individual, podemos entender a ocultación como unha extensión desas relacións comunitarias ata certo punto, de tal forma que un dos compoñentes primarios para o seu triunfo é a existencia dunha solidariedade nos encubrimentos no nivel da comunidade na que se produce. Dacordo con isto, pesarían tamén as relacións entre individuos concretos dentro da comunidade á hora de ocultar ou delatar estes comportamentos, pois o feito de que todos ocultaran crearía un sentimento de complicidade entre todos, unha moral popular de tolerancia[40]. Evidentemente, non podemos entrar a valorar as relacións entre os diferentes propietarios dun determinado grupo comunitario entre os anos 1817 e 1820 a través das fontes que manexamos sen entrar no terreo da pura especulación, como tampouco é a nosa intención entrar a analizar en profundidade dinámicas psicolóxicas de grupo. Porén, cómpre ter en conta este tipo factores como pano de fondo para comprender correctamente este tipo de situacións. A solidaridade comunitaria é polo tanto esencial á hora de que esa ocultación teña éxito.

O factor da complicidade pode estenderse tamén á figura dos agrimensores ou dos peritos repartidores, e tamén neste nivel a cuestión volve ser fundamental de cara á posibilidade de que a práctica da ocultación poida triunfar. Sobre todo, interesan sobre estes individuos dous aspectos fundamentais que poden estar moi ligados o un co outro: un primeiro punto sería o seu lugar de procedencia, e outro o seu sentido do deber. Cando falamos da primeira das características estamos a referirnos de novo, como xa dixemos en numerosas ocasións, a certos aspectos recollidos nas pautas esenciais do sistema tributario. Ao respecto da procedencia dun perito repartidor, a lexislación contemplaba a posibilidade de que estes foran escollidos segundo os designios da xunta local, o que podía dar lugar, por simple comodidade, a que saíran seleccionados algúns dos veciños propietarios do pobo ou parroquia a inventariar. Por outra banda, existía a posibilidade de destinar a este traballo a un funcionario que nese momento non tivera outra ocupación. Xa falamos dos inconvenientes que isto podería ter de cara á mingua na forza de traballo dunha explotación, pero a relación disto mesmo coa ocultación é diferente. O que debemos valorar aquí é que a presenza dun perito ou rexistrador nunha zona supón diferentes condicionantes de cara á ocultación en función dos dous caracteres citados. As variables que isto pode supoñer sucederán de xeitos tan diversos como diferentes poidan ser as interaccións sociais e relacións que se dean entre estes axentes e os contribuíntes.

Que estes individuos sexan persoas da propia veciñanza non fai outra cousa que potenciar as relacións comunitarias existentes no grupo, sexan como sexan estas, pois agora entrarían en xogo tódalas relacións persoais e veciñais que tivera a comunidade cos individuos que foran escollidos para estes cargos. Se por exemplo estamos ante unha comunidade con cohesión, un perito da veciñanza podería dar pé á introdución de certas trampas na dinámica de recontos e de cálculo de cotas contributivas que favorecera aos locais. Nunha comunidade desunida (ou soamente algúns dos seus membros), un perito nativo podería quizais favorecer a certas

[39] Vallejo Pousada, R. (1997), pp. 1799-1804.
[40] Pro Ruiz, J. (1992), p. 94.

persoas en función de determinadas relacións persoais positivas con algúns individuos, dando lugar a queixas e reclamacións por parte dos demais. Entre ambos extremos, moitas outras situacións entrarían dentro dun espectro de escenarios posibles.

Se os asignados a este tipo de cargos resultaban ser foráneos, todas estas condicións variaban, pois como xa non falamos de persoas que son parte da comunidade, as relacións entre ámbalas dúas partes son, en consecuencia, totalmente diferentes. Como pouco e dun xeito fundamental, é esperable que foran máis distantes. Pode semellar en principio que as posibilidades de levar a cabo a ocultación de certos bens ou rendas sería menor, pero neste caso as comunidades terían outra vantaxe que non se contemplaba no escenario anterior, cando o perito era do lugar, que non é outra que o descoñecemento do territorio que podería ter o rexistrador foráneo, aspecto que dende logo facilitaría que certos bens ou rendas percibidas polos veciños do territorio quedaran sumidos nunha situación de anonimato. Por último, a procedencia do perito tería tamén unha pegada importante en certos aspectos relacionados coa cobranza da contribución, pois os atrasos poderían verse favorecidos por peritos nativos, en tanto en canto estaríamos a falar de membros da comunidade que participan do mesmo contexto dos veciños cando existen algúns problemas e que, precisamente por seren parte do grupo, ben poderían axudar a fomentalos.

A outra cuestión, a da vontade de cumprimento do deber por parte dos repartidores e rexistradores, non faría outra cousa que alterar, máis aínda, as posibilidades xa contempladas nas liñas anteriores. Unha boa disposición ao traballo podería dificultar a ocultación con independencia da procedencia dos peritos, aínda que o feito de vir dende o exterior e o descoñecemento do terreo seguirían favorecendo esta práctica. Por outra banda, unha mala disposición do encargado correspondente para cumprir co seu deber podía suscitar dous aspectos diferentes, ambos beneficiosos de cara ao triunfo do encubrimento de bens e rendas. Nunha primeira posibilidade sucedería que os veciños verían facilitada a ocultación ante a falta de vixilancia e control, quizais incluso con independencia das relacións de cohesión da comunidade. Segundo, ocorrería que, co obxectivo de facilitar o seu propio traballo, fora o mesmo perito o que incorrera na ignorancia consciente de certos aspectos, como veremos por exemplo no caso particular dos montes veciñais, ou de certas rendas como as derivadas de actividades industriais e comerciais. Neste suposto no que é o perito o que incorre na ocultación pola vía da omisión voluntaria, o obxectivo tras disto ben pode ser simplemente o de evitarse complicacións co proceso de recontos e cálculos arredor dos beneficios económicos que os contribuíntes obtiñan desas fontes, por ser especialmente complexos. Un feito que estaría derivado dalgúns dos problemas que apuntamos cando presentamos eses inventarios concretos. Neste sentido tamén debemos comprender que ao facer certas cousas, estes individuos tampouco están incorrendo en algo que fora directamente contra o sistema, pois en numerosas ocasións soamente estarían deixando de lado algunhas realidades difíciles de interpretar e para as cales a lexislación non ofrecía unha solución firme e clara.

As présas ás que xa fixemos referencia neste mesmo capítulo serían outro dos grandes aliados da ocultación. Cando chamamos a atención sobre este aspecto facemos énfase concretamente nas previsións tan pouco realistas que se marcou a administración central de cara ao desenvolvemento do calendario establecido e, aínda máis, ás posibilidades reais de cumprilo e levalo a termo. A importancia desta cuestión radica precisamente no feito de que a necesidade de desenvolver o proceso de repartimento e cobro da contribución nun tempo que a miúdo resultaba insuficiente podía constituírse nunha arma de dobre fío. Efectivamente, ao comezo deste capítulo xa demos un par de exemplos que nos permitiron ver como o sistema remataba por incorrer moitas veces e dun xeito constante, debido á falta de tempo, en abusos que xustificarían o desenvolvemento de certas prácticas de resistencia que podían entenderse

como mecanismos compensatorios, pero a cuestión é que ese apuro podía volverse na súa propia contra. Pois do mesmo xeito que en numerosas ocasións o cobro se realizaba de xeito obrigatorio sen contemplarse un período para a revisión e a corrección dos resultados obtidos das pescudas da riqueza dos veciños, tamén quedaban cubertas do mesmo xeito as ocultacións que estas puideran cometer.

Nun proceso de dobre dirección, a publicación dos datos para a súa confirmación podía ser a última oportunidade para as autoridades de sacar á luz irregularidades cometidas por parte dos veciños antes de decretar que se procedera á recadación das cotas dacordo a eses resultados obtidos. Esa revisión funcionaba polo tanto para uns e outros, de xeito que a présa enterraba as omisións cometidas tanto por posibles erros dos peritos como por ocultación consciente dos veciños. Por outra banda, a forma na que os apeos e recontos da riqueza se realizaba no contexto da realización da estatística neste sistema tributario podía converterse facilmente noutro dos motivos que posibilitaban a ocultación. A este respecto non temos máis que lembrar, por exemplo, como había casos nos que os apeos estiveran feitos polos mesmos veciños. Aínda cunha revisión posterior que pretendera confirmar a veracidade do testemuño dos contribuíntes, calquera outro escenario que non pasara por unha comprobación de campo directamente sobre o terreo era claramente insuficiente para lograr ese obxectivo. Por suposto, hai que valorar ata que punto factores como ese apuro administrativo ao que acabamos de facer alusión, ou a vontade do perito por cumprir coa súa obriga afectaban a esas posibilidades de revisión, e por suposto condicionaban o éxito ou o fracaso do seu desenvolvemento.

A posta en práctica da ocultación vai moito máis alá polo tanto da análise individual que poida realizar a persoa que a desenvolve. Hai como sempre unha valoración das posibilidades de éxito e de riscos, que neste caso deben ser aínda máis minuciosas que cando se van desenvolver outras prácticas de resistencia que entren dentro, por exemplo, da pasividade. O fracaso e conseguinte descubrimento supoñerían un castigo real fundamentalmente de tipo económico, que aparece recollido na propia lexislación de modo explícito. Pero ademais de valorar este risco, existe un compoñente fundamental relacionado coa comunidade, de cara á colaboración ou ao encubrimento de posibles casos. A figura dos peritos e rexistradores tamén resulta esencial en canto a detalles como a súa procedencia, extracción e grao de implicación coa tarefa e sentido do cumprimento do seu deber. Mesmo a forma na que levan a cabo os recontos, se son os propietarios os que realizan a súa propia relación de bens ou a amplitude do calendario administrativo para a recadación, poden favorecer a proliferación ou diminución deste tipo de procederes. Ademais, por enriba da valoración de todos estes factores, tanto técnicos como psicolóxicos (e estes ao mesmo tempo individuais ou colectivos) hai que decatarse de que a ocultación non supón o mesmo risco en función do tipo de ben ou renda sobre o que se aplique. Nas parcelas, ademais, a probabilidade de éxito pode chegar a variar en función do tipo de espazo ou do uso ao que se dedique.

Este breve compendio deixa constancia de moitos dos aspectos que influían nos procesos de ocultación dacordo co funcionamento do sistema de contribución xeral aprobado en maio de 1817. Tan importante como decatarse da súa importancia é darse conta tamén de que moitos dos elementos citados nestas páxinas previas poden e mesmo deben confluír para que a práctica teña éxito e se poida levar a cabo sen prexuízo para o encubridor. Ao mesmo tempo, as diferentes formas nas que todos estes factores se relacionan dan lugar a diferentes condicións sobre as que a ocultación pode desenvolverse. Pero mentres que todos eses factores deben configurarse dun xeito determinado para que a ocultación teña éxito, abonda soamente cun fallo nun deles para que a práctica sexa descuberta e remate fracasando.

A cuestión que imos abordar agora, despois de aclarar todas estas materias previas, é fundamental: ¿qué é o que vemos exactamente nas fontes para detectar estes fenómenos de ocultación? A este respecto, hai efectivamente varias probas e indicadores que nos fan desconfiar necesariamente dos datos que os inventarios recollen. Xa os coñecemos en parte porque foron presentados no capítulo do estado da agricultura, pero agora serán analizados máis polo miúdo, aportando novos datos e exemplos. Todo o que apuntamos previamente neste subapartado serviranos como unha folla de ruta dos comportamentos dos contribuíntes nesta materia, e baixo esas afirmacións analizaremos eses indicadores nos que deseguido entraremos. Neste caso, a ocultación pode ser identificada observando certos datos de diversos inventarios a partir dalgúns dos problemas que apuntamos cando os presentamos nun capítulo previo. Estes inventarios son sobre todo os de terras, gando e rendas industriais e comerciais, e non tanto os de edificios e poboación. Os procederes de ocultación poden ser deducidos a partires da ausencia de informacións que deberían estar presentes neles, pero que en lugar diso non aparecen reflectidas nunca ou fano só en moi poucas ocasións e presentando eivas de diversa consideración. Como acontece en tantos outros comportamentos analizados neste mesmo capítulo, á hora de identificar algunhas pautas de resistencia servímonos da existencia dunha reiteración de certos fenómenos como unha das probas principais que nos indican que aquilo que detectamos non pode tratarse dunha simple coincidencia nin tampouco dun erro humano puntual. Pois está claro que a ausencia de datos pode deberse a que un perito cometeu un erro ou unha omisión nun momento dado, mais cando este fallo sucede unha morea de veces e sempre da mesma forma, nun mesmo territorio ou mesmo en varios, o sentido común lévanos a desconfiar necesariamente do que aparece nas fontes. Ademais, a maiores disto temos que recordar que algúns cargos, como os de perito repartidor, eran designados segundo a lexislación como mínimo en parellas dependendo do tamaño dos territorio en cuestión, e as actas de nomeamento e xura dos cargos así o demostran. Partindo desta sinxela realidade, o feito de que moitas persoas puideran traballar en grupo contribuiría a reducir en parte as posibilidades de erro que un deles puidera cometer realizando o seu labor de forma individual. Se eliminamos polo tanto o factor casualidade e ao mesmo tempo reducimos en certa medida as posibilidades de omisións debido a erros humanos, a solución máis sinxela que nos queda é a de pensar que estaremos ante unha pauta de comportamento determinada (xa sexa esta máis ou menos xeral) por parte dalgúns contribuíntes ou dos propios encargados dos recontos da riqueza. Pasamos a continuación a valorar os indicadores dos recontos nos que nos baseamos para afirmar existencia de episodios de ocultación.

Comezamos introducindo novas táboas cuxo obxectivo é o de reflectir, mediante varios exemplos xa presentados anteriormente, a presenza das dúas formas do fenómeno da ocultación, relativa e absoluta. Estes sete cadros correspóndense cos mesmos territorios presentados previamente, de tal xeito que a información que ofrecen resulta dunha nova interpretación dos contidos das táboas 4.1 á 4.7 dende unha óptica diferente, na que se pretende dar unha maior visibilidade ao grao que poden acadar as prácticas das que estamos a falar. Por este motivo, a súa información pivota arredor de dous criterios centrais: o primeiro é o asunto das calidades da terra en comparación coa fonte do catastro de Ensenada, o que nos permite ver a súa evolución claramente dende unha perspectiva temporal ampla para observar ata que punto a degradación desa calidade da terra se converte nun problema. Nunha segunda vertente, as táboas conteñen os datos superficiais dos inventarios de cada unha desas freguesías nas dúas fontes, o catastro de mediados do século XVIII e as indagacións sobre a riqueza decretadas a finais da segunda década do século XIX, tratando de comparar as extensións anotadas coa actual de cada un dos territorios presentados, a lo menos cando sexa posible (algúns cambios territoriais dificultan en ocasións o traballo, como se apuntará

nalgunhas táboas). Os resultados obtidos poden observarse nas táboas numeradas dende a 5.1 ata a 5.7.

Táboa 5.1: extensión catastrada de terra segundo calidades, variación e porcentaxe sobre o total en San Cibrán da Vila de Abade (Tordoia), provincia da Coruña, xurisdición de Rus (Hectáreas):

	Extensión Ensenada	Porcentaxe sobre o total	Extensión Garay	Porcentaxe sobre o total	Extensión inventariada (Ensenada)	Extensión inventariada (Garay)	Extensión actual
1ª calidade	27,301 (29,281)	20,64% (1,51%)	3,87 (5,34)	2,87% (0,27%)	2007,569 (97,8 %)	1946,8 (94,83 %)	2053
2ª calidade	56,029 (59,869)	42,36% (3,08%)	7,33 (9,24)	5,44% (0,48%)			
3ª calidade	48,929 (1851,779)	37% (95,41%)	123,51 (1932,22)	91,69% (99,25%)			

Táboa 5.2: extensión catastrada de terra segundo calidades, variación e porcentaxe sobre o total en Santa María de Rus (Carballo), provincia da Coruña, xurisdición de Rus (Hectáreas).

	Extensión Ensenada	Porcentaxe sobre o total	Extensión Garay	Porcentaxe sobre o total	Extensión inventariada (Ensenada)	Extensión inventariada (Garay)	Extensión actual
1ª calidade	36,65 (61,97)	15,42% (3,53%)	0 (0)	0% (0%)	1805,4 (64,83%)	1784,68 (64,08%)	2785
2ª calidade	55,45 (95,49)	23,34% (5,44%)	14,09 (14,09)	3,85% (0,85%)			
3ª calidade	145,5 (1596,77)	61,24% (91,02%)	352,33 (1642,69)	96,15% (99,15%)			

Táboa 5.3: extensión catastrada de terra segundo calidades, variación e porcentaxe sobre o total en San Xoán de Tordoia (Tordoia), provincia da Coruña, xurisdición de Villarprego (Hectáreas):

	Extensión Ensenada	Porcentaxe sobre o total	Extensión Garay	Porcentaxe sobre o total	Extensión inventariada (Ensenada)	Extensión inventariada (Garay)	Extensión actual
1ª calidade	2,22 (12,12)	8,8% (6,74%)	2,33 (2,33)	8,02% (0,82%)	182,55 (48,6%)	285,26 (77,09%)	370
2ª calidade	22,14 (94,39)	88% (52,48%)	8,88 (59,02)	30,59% (20,69%)			
3ª calidade	0,81 (73,35)	3,2 % (40,78%)	17,82 (223,91)	61,39% (78,49%)			

Táboa 5.4: extensión catastrada de terra segundo calidades, variación e porcentaxe sobre o total en San Mamede de Andoio (Tordoia), provincia da Coruña, xurisdición de Villarprego (Hactáreas):

	Extensión Ensenada	Porcentaxe sobre o total	Extensión Garay	Porcentaxe sobre o total	Extensión inventariada (Ensenada)	Extensión inventariada (Garay)	Extensión actual
1ª calidade	1,58 (20,79)	3,87% (12,55%)	2,12 (26,72)	3% (4,36%)	190,71 (15,62%)	612,71 (50,18%)	1221
2ª calidade	14,56 (62,6)	35,66% (37,77%)	3,65 (53,13)	5,17% (8,67%)			
3ª calidade	24,69 (82,34)	60,47% (49,68%)	64,81 (532,86)	91,83% (86,97%)			

Táboa 5.5: extensión catastrada de terra segundo calidades, variación e porcentaxe sobre o total en Santa Susana de Arcai (Tordoia), provincia da Coruña, xurisdición de Villarprego (Hectáreas):

	Extensión Ensenada	Porcentaxe sobre o total	Extensión Garay	Porcentaxe sobre o total	Extensión inventariada (Ensenada)	Extensión inventariada (Garay)	Extensión actual
1ª calidade	3,64 (7,17)	11,85% (8,02%)	0,98 (22,6)	2,12% (7,07%)	94,25	341,43	N/A(1)
2ª calidade	17,29 (59,96)	56,26% (67,03%)	1,68 (167,13)	3,64% (52,26%)			
3ª calidade	9,8 (22,32)	31,89% (24,95%)	43,51 (130,08)	94,24% (40,67%)			

(1): este territorio resulta ser hoxe unha parte integrante da freguesía de Santa María de Bardaos (1109 Ha), no concello de Tordoia, polo que a súa extensión exacta nos resulta descoñecida ao non poder atopar medicións precisas debaixo do nivel parroquial. A mellora do rexistro parece estar patente en todo caso.

Táboa 5.6: extensión catastrada de terra segundo calidades, variación e porcentaxe sobre o total en San Miguel de Figueroa (Abegondo) en conxunto co couto de Gudín, inserto na mesma parroquia, provincia de Betanzos, xurisdición de Betanzos (Hectáreas):

	Extensión Ensenada	Porcentaxe sobre o total	Extensión Garay	Porcentaxe sobre o total	Extensión inventariada (Ensenada)	Extensión inventariada (Garay)	Extensión actual
1ª calidade	13,66 (42,27)	18,09% (19,69%)	1,53 (2,01)	1,41% (0,47%)	214,72 (54,5%)	424,69 (1) (107,79%)	394
2ª calidade	20,4 (74,1)	27,02% (34,51%)	41,72 (103,82)	38,54% (24,45%)			
3ª calidade	41,45 (98,35)	54,89% (45,8%)	65,01 (318,86)	60,05% (75,08%)			

(1): a extensión medida neste territorio superaba por 30 Ha á actual da parroquia, o cal podía deberse ou ben a un exceso de apreciación ao redondear algunhas cifras de superficie, seguramente de montes, ou ben a certos cambios territoriais derivados da desaparición do couto redondo que aquí existía. De ser así, o territorio sería máis grande no pasado, o que nos levaría a reducir lixeiramente (ata un 50% aprox.) a porcentaxe sobre o total parroquial correspondente á época de Ensenada, posto que a cifra de 54,5% está calculada sobre a base das 394 Ha. Maior superficie territorial suporía, loxicamente, menor porcentaxe medido sobre o total.

Táboa 5.7: extensión catastrada de terra segundo calidades, variación e porcentaxe sobre o total en Santa María de Sarandós (Abegondo), provincia de Betanzos, xurisdición de Betanzos (Hectáreas):

	Extensión Ensenada	Porcentaxe sobre o total	Extensión Garay	Porcentaxe sobre o total	Extensión inventariada (Ensenada)	Extensión inventariada (Garay)	Extensión actual
1ª calidade	44,32 (73,91)	23,12% (22,61%)	11,36 (17,37)	6% (3,32%)	344,44 (77,23%)	524 (117,49%)	446(1)
2ª calidade	56,12 (97,67)	29,27% (29,87%)	79,4 (157,31)	41,97% (30,02%)			
3ª calidade	91,29 (155,39)	47,61% (47,52%)	98,44 (349,32)	52,03% (66,66%)			

(1): lembremos que a extensión deste territorio no pasado era maior, pero unha pequena parte rematouse integrando nunha freguesía veciña. Como consecuencia, ámbalas dúas porcentaxes deben ser máis reducidas.

Fonte: A información de tódalas táboas é unha reinterpretación dos datos das numeradas da 4.1 á 4.7.

A información contida nestes cadros require algunhas aclaracións de lectura para comprender o significado de tódalas cifras e axudar á súa mellor interpretación. Para comezar, debe quedar ben claro que os cadros poden ser divididos en dúas partes ben diferenciadas, cada unha das cales axuda ao entendemento dunha forma concreta de ocultación. Comezando pola esquerda, as catro primeiras columnas recollen, por calidades, a extensión de terra que foi anotada como tal en cada categoría, tanto na época de Ensenada (columna 1) como na de Garay (columna 3), así como a porcentaxe que representa a extensión de cada calidade sobre o total de terras que foron catastradas en cada momento (columnas 2 e 4). Hai, non obstante, dúas cifras distintas en cada cela, o cal deriva de ter en conta ou non a superficie de monte que se atopa anotada para cada calidade en concreto (esa cifra que si a valora é o dato entre paréntese). Por exemplo, na primeira táboa, en Vila de Abade foron rexistradas a mediados do século XVIII 27,301 Ha de terras de primeira calidade sen ter en conta o monte e 29,281 téndoo en conta (a diferenza entre as cifras é polo tanto a superficie de monte anotada en cada calidade). Esas 27 Ha correspóndense co 20,64% do total de terras rexistrada sen contar as áreas de monte, pero as máis de 29 son apenas o 1,51% das terras da freguesía se temos en conta eses espazos, que como vemos se concentran claramente na calidade inferior (máis do 95% das terras catastradas, monte incluído, son de terceira calidade). Tanto as porcentaxes sen paréntese por un lado, como as que están entre el polo outro, suman o total do 100% para cada criterio. Dito isto, realizaríase a mesma lectura nas columnas 3 e 4 para os datos da segunda década do século XIX.

Tomouse a decisión de facer esta dobre distinción porque, como xa dixemos anteriormente, as superficies arboradas (soutos e devesas cando están presentes) e de monte poden chegar a ser moi considerables, ao mesmo tempo que adoitan ser anotadas devalando a súa calidade. Por isto mesmo, a visión de conxunto estaría en xeral moi afectada en todo momento por unha clara tendencia a favor da terceira categoría. Para tratar de solucionar este inconveniente ofrecemos tamén unha cifra que permite observar por separado as calidades dos outros usos agrarios, isto é, terras de labor, hortas, prados, pasto e viñedo. O obxectivo destes datos é tratar de dilucidar o alcance da ocultación relativa, comprobando ata onde se produce unha degradación das calidades da terra dun xeito claro, observando como punto de comparación a situación que tiñamos no mesmo lugar pouco máis de seis décadas atrás.

Inmediatamente despois das catro primeiras columnas, as tres derradeiras non presentan ningunha dificultade de interpretación, posto que simplemente se recolle a extensión

inventariada a mediados do século XVIII, a respectiva en 1818-1820, e a extensión total da freguesía na actualidade. Neste caso, o número entre paréntese correspóndense simplemente coa porcentaxe que a superficie inventariada en cada catastro supón sobre esa extensión total na actualidade. Con estes datos vemos dun xeito máis claro o verdadeiro alcance e precisión dos traballos de inventariado dos espazos que compoñen en conxunto o espazo agrario, o que nos achega un pouco máis a coñecer o alcance da ocultación absoluta. Pasemos, agora si, a analizar esa ocultación nas súas dúas vertentes esenciais.

5.2.1. Ocultación relativa

No tocante a este tema non engadiremos moitas cousas novas porque, estando a cuestión tan intimamente relacionada coa dos rendementos, na sección correspondente o fenómeno xa foi introducido e, algúns dos seus principais aspectos, comentados. Ademais, coa posta en marcha tamén no capítulo anterior do método dos fluxos de biomasa, a ocultación pola vía da detracción das calidades volveuse evidente, quedando claro que non se podían asumir os datos que nos aportaban a este respecto os rexistros de parcelas. Soamente cando se estendía a tódalas terras dunha freguesía o baremo dos rendementos da calidade media, os resultados a nivel de alimentación resultaban aceptables, o que se traduce en que todo o que vaia por debaixo dese nivel é inaceptable a nivel de calorías. O que máis nos interesa para o que tratamos agora mesmo é que a aplicación deste método se converte nunha vía que nos ofrece unha proba desta ocultación relativa.

Á vista dos exemplos presentados queda ben claro dende logo ata que punto afecta a ocultación relativa á fonte que manexamos. Hai dous aspectos que quedan reflectidos nas táboas que chaman poderosamente a atención: por unha banda temos unha tónica xeral que leva a un rexistro maioritario das terras na calidade inferior, salvo algunhas excepcións, fenómeno que, ademais, se combina cunha práctica ausencia de parcelas de primeira calidade. A superioridade desa terceira categoría queda sempre patente de forma moi clara nos cadernos da riqueza realizados entre 1818 e 1820, teñamos en conta o monte ou non, salvo no caso de Santa Susana de Arcai (táboa 5.5) soamente cando si temos presentes as ditas áreas. Debemos apuntar tamén que, non obstante, nesta freguesía acontece a anomalía de que desta volta é a mellor calidade coa que o monte foi rexistrado a que equilibra a balanza, pois se no seu lugar atendemos aos espazos pertencentes aos demais usos vemos como en realidade atopamos resultados moi semellantes aos atopados noutros lugares. Esa primacía, ademais, se ben é certo que parece clara, resulta absoluta en moitos dos exemplos. Observemos por exemplo os lugares do concello de Abegondo, onde a segunda categoría abarca aínda arredor dun cuarto ou mesmo dun terzo da superficie catastrada, porcentaxes bastante significativas, e vexamos como, no outro lado tampouco resulta estraño que nalgúns territorios se supere a barreira do 90 ou mesmo do 95% da extensión declarada en parcelas da categoría máis reducida como acontece nas parroquias da xurisdición de Rus. O denominador común a esas dúas situacións, sexa máis ou menos clara a citada preponderancia da terceira calidade, configúrase como a segunda das características esenciais dos rexistros de terras realizados nesta época, e consiste en que a primeira calidade é sempre escasa e nin sequera se achega ao nivel do 10%, con independencia de como realicemos a observación, é dicir, tanto se atendemos ás superficies ocupadas por monte como se estas son descartadas. Se ben é certo que nun capítulo anterior apuntamos que este fenómeno de detracción das calidades era común a outras áreas peninsulares, o que aquí podemos ter con respecto a outros lugares é a súa execución nun grao superior, con máis intensidade[41].

[41] Lozano Salado, L. (2001), pp. 58-59.

Se tratamos de buscar un razoamento que nos permitira explicar o comportamento que leva a unha proliferación tan importante da ocultación relativa, está claro que, nun primeiro termo, defraudar non indicando os auténticos rendementos da terra resultando clasificada a parcela nunha categoría inferior, era dende logo moito máis sinxelo que facer desaparecer unha extensión de terra dos rexistros correspondentes ou conseguir que os encargados correspondentes do inventario a ignoraran. En consecuencia, é de esperar que a ocultación de terras no marco do sistema tributario de maio de 1817 fora moito maior pola vía das calidades que pola do agocho directo ou a non declaración de parcelas. Xa que o que realmente importaba para calcular a cota de contribución xeral correspondente a un veciño eran os produtos e beneficios que obtiña das tres fontes de riqueza que se contemplaban nos labores do catastro, unha terra de menor calidade supoñía a ollos da estatística da riqueza, chamémoslle como queiramos, un menor rendemento, menor colleita ou menor produto final da terra. Como a valoración dos froitos dunha parcela era o resultado obtido dunha simple operación aritmética que consistía en multiplicar a extensión polos rendementos en función da calidade anotada, o resultado final era unha resta no nivel xeral de riqueza para o contribuínte en cuestión. A menor calidade, menor produto que tributaba para o imposto, e polo tanto posibilidade dunha menor cota individual. As consecuencias que isto ten nas fontes para os usos que nós facemos delas son claras. Por unha parte caberá esperar que os datos de superficies sexan razoablemente correctos con algunhas excepcións que terán lugar especialmente nos montes e ás que chegaremos máis adiante, mentres que por outra banda os datos de rendementos vense aínda máis prexudicados. Se xa criticamos con dureza o que supoñía para eles o establecemento de tres simples e cuadriculadas categorías, a ocultación a este respecto soamente pode empeorar as cousas.

A cuestión é que, dende o punto de vista dos contribuíntes, esta vía de ocultación era moito máis beneficiosa que calquera outro truco ou trampa que se puidera aplicar sobre o apeo de terras, por razóns diversas. En primeiro lugar, porque era máis difícil de detectar. Os labregos podían tratar de enganar aos encargados do inventario de terras ocultando unha parcela ou mentindo sobre a súa extensión dando datos inferiores á realidade, sendo estas actuacións unha posibilidade que tamén contribuiría a reducir o resultado final de froitos que unha persoa obtiña da súa explotación agraria. Porén, como xa comprobamos, moitos aspectos tiñan que confluír para garantir o éxito deste tipo de prácticas, de modo que calquera situación que dera lugar a unha comprobación de campo remataría co descubrimento deste tipo de enganos, e probablemente coa conseguinte sanción económica que expuxemos máis atrás. Era certo que as obrigas temporais do calendario de recadacións podían encubrir esas ocultacións, pero a posibilidade de ser descuberto cando existía outra forma moito máis sinxela de reducir o produto final obtido na explotación agraria reduciría estas formas de fraude.

A comprobación de rendementos e calidade, no seu lugar, non podía ser realizada sobre o terreo agás no momento inmediatamente posterior ao que a colleita fose levantada. Se os rexistros de terras se realizaban antes de que esta tarefa tivera lugar, medir o rendemento sería moi complicado, así que habería que facelo por aproximación, facilitando que os propietarios puideran dar estimacións á baixa. Se pola contra o inventario se realizaba unha vez a colleita xa fora realizada, parte dela xa podía ter sido consumida pola unidade familiar, outra porcentaxe importante ter sido destinada ao pago de cargas tales como o décimo, ou simplemente comercializada, así que calcular o produto total neste momento sería tamén algo complicado. Por iso, todo o que non fose medir a colleita inmediatamente despois da súa almacenaxe xogaba a favor dos testemuños dados polos propietarios. Esta forma de fraude supoñía polo tanto, e esa é precisamente a segunda das razóns fundamentais que levarían á súa proliferación no marco deste sistema tributario, un menor risco que outras prácticas de

ocultación. Se había que dar por certo o que os propietarios dicían sobre as súas terras, é evidente que se darían datos de rendementos quizais non na forma máis desfavorable posible para evitar chamar demasiado a atención, pero si inferiores á realidade. Xusto o necesario a lo menos para que en moitos casos as terras con mellores rendementos dunha explotación foran clasificadas xa na segunda categoría. Neste sentido, nas seccións correspondentes fixemos algúns apuntamentos sobre a degradación selectiva que se podía levar a cabo en determinados espazos como podían ser as hortas ou algúns prados. Convén lembrar como nestes lugares de produción intensiva regada a ocultación semella estar perfectamente medida e moitas veces realízase dun xeito moi particular, posto que as calidades redúcense, pero non se afunden de xeito dramático como si acontece noutros usos. Nestas superficies, onde estarían algunhas das mellores terras, esa redución das calidades non consiste nunha carreira para acadar a terceira categoría no máximo posible de terras, posto que no seu lugar, víamos como hai exemplos de parroquias nas que se pasaría dunha primeira a unha categoría intermedia. Por suposto hai excepcións e exemplos onde se pode ver claramente que a redución se realiza ao máximo, tal e como pode selo caso de Santa María de Rus (táboa 5.2) onde nin sequera atopamos fincas na primeira categoría.

Con todo, pese a que esta práctica estivera estendida, e tal parecen demostrar os datos das táboas anteriores, hai que sinalar que loxicamente tampouco se pode cualificar como universal. Se o fora, veriámonos obrigados a afirmar que as terras de primeira calidade non existen directamente nos apeos, pero isto non é así en absoluto, pois tampouco era algo que interesara aos propios campesiños, para os que un resultado pouco crible tamén podería supoñer un problema, como acabamos de apuntar. O que acontece polo tanto como resultado destas prácticas é que esta categoría superior en produción aparece profundamente desprezada nos rexistros en comparación coa intermedia e sobre todo coa inferior. A porcentaxe que corresponde en calquera parroquia ás tres categorías é moi favorable á segunda e á terceira, e isto é algo que sucede en tódolos casos que foron atopados e analizados, aínda que en diverso grao.

Por outra parte, os datos das táboas, como ben se indica, aparecen computados en hectáreas, de maneira que quizais se poida pensar que, sendo algunhas áreas tan vastas en relación a outras (caso obvio dos montes), o balance xa estea desequilibrado de entrada, polo feito de que existise unha tendencia a anotar na mellor das calidades certos usos determinados. Isto é así ata certo punto pero, precisamente para evitar caer neste problema optamos por separar as áreas de monte do resto, ofrecendo os datos dos demais usos agrarios de forma illada. Por outra banda, aínda dentro dos outros aproveitamentos restantes, podemos seguir pensando que existe un desequilibrio en canto a superficies, posto que existen parcelas considerables de pasto, prado ou labor en comparación ás ínfimas extensións que atopamos moitas veces de horta e viñedo. Esta cuestión pode solucionarse por outra vía, mirando ao número de parcelas en lugar de observar a área que ocupan. Deste modo, unha parcela minúscula de horta computa o mesmo que unha de monte moitas veces maior. Porén, a cuestión é que se atendemos ao número de parcelas recollidas en cada calidade en lugar de á superficie medida en conxunto como fixemos ata o de agora, descubrimos resultados moi semellantes aos que levamos exposto. Algúns casos concretos poden axudar a aclarar esta cuestión, prestando agora unha maior atención ao que acontece na calidade superior da clasificación, pois trátase de terras máis escasas e de maior valor, onde é máis sinxelo detectar algúns patróns.

Na parroquia de San Miguel de Figueroa, por exemplo, foron inventariadas case novecentas parcelas englobando tódolos diferentes usos. No respectivo rexistro, o número daquelas que se incluían dentro da primeira calidade é tan reducido que apenas acada a ducia,

o cal nos deixaba unha porcentaxe do 1,23% do total de parcelas inventariadas de toda a parroquia. Se pretendemos buscar outros casos onde aconteza o mesmo coas terras clasificadas dentro da clase superior non resulta difícil atopalos, senón todo o contrario porque, como suxerimos, se trata dun fenómenos moi estendido. En San Xurxo de Afora, parroquia das inmediacións da cidade da Coruña, a cantidade de parcelas de calidade superior sobre o total queda establecida nun 2,25%, e en San Xulián de Almeiras, parroquia do concello de Culleredo, nun 1,3%. Outros lugares con datos lixeiramente superiores que poderíamos situar no termo medio desta estatística serían, por exemplo, Santo Tomé de Salto, no concello de Oza-Cesuras, que queda cunha porcentaxe un pouco máis elevada, no 4,4%, ou Santa María de Cuíña, moi próxima a este derradeiro caso, cunha cifra próxima, no 3,8%. Todos estes datos son moi baixos igualmente, de modo que se pon de manifesto que non se trata soamente dunha cuestión de extensión de parcelas, senón tamén de número de fincas.

Lembremos agora, con todo o que levamos dito sobre a clasificación da terra por calidades, que unha xunta se tivera que preocupar por realizar unha serie de cálculos de rendementos estandarizados que, porén, na primeira categoría da clasificación, afectaban a unha cantidade ínfima e nimia das terras en moitas das parroquias da súa xurisdición, tanto en extensión como en número de fincas. Peor aínda, en moitos casos podemos ver como os rexistros desa primeira calidade incluso se chegaban a subdividir en tres á súa vez, pero moi a miúdo sucede que non había nada rexistrado baixo eses criterios de máxima calidade (o caso extremo de Santa María de Rus volve ser paradigmático). Cando presentamos isto o que pretendemos é poñer de manifesto unha situación que no caso de ser tomada por auténtica soamente podería ser cualificada como ridícula. En consecuencia, debemos desconfiar dela necesariamente e suxerir que dita circunstancia podía ser consecuencia dun fenómeno de ocultación que en ocasións, como as destes exemplos presentados, podía chegar a ser dunha importancia moi considerable.

Con todo, se seguimos analizando o fenómeno pola vía da cuantificación de parcelas, atopamos algúns casos que engaden matices ao que levamos dito sobre a ocultación relativa, sendo posible atopar lugares onde as informacións recollidas presentan valores máis equilibrados para as parcelas clasificadas na mellor das categorías. Tal é o caso de Santa Dorotea de Folgoso no concello de Abegondo, da cal atopamos tamén o reconto efectuado en 1819. Un territorio no que, se efectuamos a mesma comparación que nos casos anteriores, a porcentaxe de terras de primeira calidade ascende a aproximadamente un 11% sobre o total das parcelas que aparecen no apeo. Outro exemplo semellante pode ser o de Santo Estevo de Vivente, freguesía situada en Oza-Cesuras onde a relación de terras de primeira categoría sobre o total de parcelas queda fixada no 9,45%. Nestes casos, a ocultación relativa seguiría a ser importante, pero debemos recoñecer que a contabilización de parcelas pode resultar útil para matizala, pois no caso de observar soamente a extensión que estas ocupan, podería dar a impresión de que o fenómeno fora aínda máis grave. É dicir, que unha elevada porcentaxe de extensión anotada na calidade inferior pode non ter un correlato tan directo no número de fincas que son anotadas na mesma calidade. Un aspecto que se deriva da propia natureza dos distintos usos agrarios do solo, xa que son as parcelas máis pequenas e con usos máis intensivos aquelas que a maioría das veces aparecen nas categorías superior e intermedia. Ao sumar o que ocupan, poden aparecer diluídas no conxunto global, pois neste sentido, unha grande parcela de monte na categoría inferior pode ocupar en extensión o mesmo que ducias de pequenas hortas recollidas nos mellores chanzos da clasificación.

De entre este exemplos, chamamos a atención sobre dous en concreto, o do tándem formado polas parroquias de Folgoso e Figueroa, porque resultan estar moi próximas, de forma que os seus núcleos distan o un do outro en apenas catro quilómetros. De entrada, como

nos atopamos en territorios veciños cabería esperar que os datos relativos ás calidades reais foran semellantes, en tanto en canto nos estamos movendo sobre terreos moi próximos no espazo. Dende o punto de vista edafolóxico polo tanto, a composición xeral do solo en canto a rendementos debería ser moi semellante. Pero ademais, ao quedar eliminado o factor distancia, asegurámonos tamén doutros aspectos importantes de cara a poder establecer unha comparación. Primeiro, que os condicionantes ambientais serían os mesmos, pois ademais, hai que ter en conta que os dous apeos están realizados no mesmo ano. Segundo, que se limitan as posibilidades de que nunha das parroquias se produciran afundimentos na produción por causas particulares dunha zona determinada, que si poderían existir se comparásemos zonas máis distantes ou anos distintos. Tendo en conta polo tanto que eliminamos en boa medida particularidades froito da distancia e o tempo, se efectuamos unha comparación entre os datos que nos ofrecen estas parroquias, observaremos de xeito claro unha disparidade considerable, xa que a relación de terras de primeira calidade en ambos casos é case nove veces superior en Folgoso que en Figueroa.

Outro caso semellante a este derradeiro aínda que tamén menos acusado é o das parroquias que se inclúen no concello actual de Oza-Cesuras, é dicir, Vivente, Cuíña e Salto. As dúas primeiras presentan datos semellantes (3,8 e 4,4%) mentres que entre os seus veciños a porcentaxe foi calculada nun 9,45%, ou o que é o mesmo, bastante máis do dobre. Analizar estas diferenzas tan marcadas, sobre todo no primeiro caso, entre os datos que nos ofrecen os rexistros destes grupos de parroquias a este respecto resúltanos útil porque nos ofrece casos concretos de variacións importantes nas calidades entre territorios moi achegados no espazo. Lonxe de contradicir a existencia do fenómeno de ocultación que vimos describindo, pensamos que estas comparacións axudan a deixar constancia do que apuntabamos algunhas páxinas atrás sobre o contexto particular de cada unidade territorial, de modo que realmente estamos ante unha práctica que resulta moi variable e que sucede nunhas parroquias máis ca noutras pese á súa proximidade, engadindo importantes matices locais ao fenómeno. Con isto podemos recoñecer que cada freguesía é unha unidade propia, un territorio independente onde as análises de oportunidades e riscos podían variar incluso con respecto aos propios veciños inmediatos. É dicir, que os condicionantes para poñer en marcha a ocultación eran moi variables, de forma que cada comunidade veciñal podía presentar os seus propios e responder ante eles dunha forma determinada. Como xa apuntaron algúns investigadores, as causas tras disto poden ser moitas, de modo que as diferenzas entre lugares en materia de conflitividade poden deberse sen máis ao peso da tradición litixiosa da súa comunidade e dende logo á fortaleza da mesma[42]. En directa relación con isto, o que temos é unha situación na que os rexistros que manexamos responden a unha lóxica local cuxos factores e condicionantes determinan a súa calidade, o que no fondo explica que o reflexo do coñecemento sobre a riqueza poida ser tan diferente ao longo do territorio e nos suxire cautela ante a extrema casuística local[43]. Factores como este son os que nos levaron a advertir tantas a veces a necesidade de achegarnos individualmente a cada tipo de rexistro en cada territorio, e explicarían polo tanto a importante variabilidade destas cifras. Se ben é certo que resulta complicado coñecer e analizar o alcance real desta práctica, podémola detectar polo tanto a partires das vías aquí descritas.

Hai que lembrar, de todas formas, que as parcelas de mellor calidade adoitan ser aquelas documentadas como hortas, prados de regadío ou pequenos lotes de terras situados preto das casas, onde se leva a cabo unha práctica agraria máis intensiva. Falamos polo tanto de pequenas parcelas, así que en extensión bruta de terras este fenómeno que vimos describindo

[42] Saavedra, P. (1996), op. cit., p. 41.
[43] Vallejo Pousada, R. (2008), op. cit., pp. 100 e 104-105.

afectaría a unha superficie pouco importante das mesmas. A súa menor presenza permítenos analizar unha realidade moi interesante, relativa a onde e como se atopan rexistradas as terras de primeira categoría, o cal tamén nos pode dar pistas sobre algunhas pautas de comportamento sobre a ocultación relativa. Dito doutro modo, resulta importante analizar a forma na que estas parcelas aparecen dispostas en función dos seus propietarios, con dous escenarios posibles: pode acontecer que a maior parte das terras de primeira calidade se concentren en mans dun grupo reducido de propietarios, o que sería resultado, quizais, de que eses contribuíntes en concreto decidiron non defraudar e rexistraron correctamente as súas parcelas. Se pola contra estas parcelas aparecen máis repartidas, unhas poucas entre un número maior de mans, pode deberse a que os contribuíntes intentaron a fraude, conseguindo un rebaixe de calidade nalgúns casos, pero non noutros. Estes son soamente un par de razoamentos simples que pretenden poñer de manifesto que resulta moi útil, en contextos reducidos, ver onde están situadas as mellores parcelas, o que nos leva a insistir na idea das particularidades e polo tanto nunha análise caso por caso na que prime o sentido común. As cifras son polo tanto importantes á hora de detectar este tipo de ocultación, pero indicadores elevados non supoñen necesariamente un inventario de mellor calidade en tódolos casos, pois hai que ver como se dispoñen esas terras en cada parroquia.

Acabamos de realizar o exercicio comparando soamente parcelas de primeira calidade, pero debemos comprender que, pese a isto, o uso da degradación beneficia especialmente ás fincas que sendo de segunda pasan a terceira, porque son clara maioría tanto en número como en extensión. A proba disto témolo nas propias táboas, e resulta evidente se temos en conta a deriva tan clara que se produce cara a categoría inferior atendendo ao estado das calidades a mediados do século XVIII, onde sen lugar a dúbidas esa ocultación relativa xa existía. Dunhas clasificacións onde arredor da metade da extensión catastrada, ou máis, se corresponde coas calidades superior e media, pasamos á situación xa exposta de clara preponderancia da máis reducida. Casos como os das freguesías da xurisdición de Villarprego (táboas 5.3 á 5.5) parecen claros exemplos disto mais, precisamente pola súa cantidade, medir os traspasos que se producen pola vía da redución entre as calidades media e inferior resulta máis complicado. Pero se temos en conta o que levamos dito, este traspaso sería quizais máis xeneralizado porque neste nivel de calidades o límite que hai entre a primeira e a segunda resulta máis difuso, de modo que a práctica pode facerse dun modo máis discrecional. Por exemplo, non hai que preocuparse por reducir demasiado a calidade dunha finca intensiva en traballo para non espertar sospeitas, ao tempo que os grandes espazos de monte poden ser declarados sen preocupación no chanzo inferior de rendementos, porque a súa valoración dende o punto de vista da contribución é bastante reducido, moito menor que as hortas e as principais terras cerealeiras.

Por todo isto, a existencia de moitas máis terras da categoría intermedia que da primeira compensaría sobradamente o aforro que se lograría coa práctica se esta era o suficientemente xeneralizada. É debido a isto que pensamos que o nivel de ocultación destas parcelas de segunda categoría era incluso maior e máis importante que os casos que puideran darse coas de rendementos superiores, aínda que velo non sexa tan sinxelo. Se ben podemos estar bastante seguros de que isto sería certamente así polos datos atopados, especialmente naqueles rexistros onde a información foi ofrecida polos propios veciños, chegar a medir o impacto real do fenómeno volve ser de novo un problema, posto que as parcelas de segunda e terceira categoría ocupan en tódalas parroquias unha porcentaxe enorme do total, a miúdo do 90% ou máis, de tal forma que resulta difícil medir o balance real das mesmas, máis aínda no pasado.

5.2.2. Ocultación absoluta

É agora quenda de recoñecer e analizar a outra posibilidade nestas prácticas de ocultación de parcelas, aquela de tipo absoluto. A súa execución tamén resulta nunha forma dobre de detracción dos niveis de riqueza do campesiño pero por vías diferentes ás explotadas pola ocultación relativa, pois mentres que esta derradeira afecta ás calidades, a modalidade que agora nos ocupa afecta ás superficies declaradas. Por unha banda, menor extensión declarada significa menor valor dunha parcela concreta en termos brutos, pois esa cifra non é máis que o resultado da multiplicación dun espazo por un prezo determinado por unidade de superficie fixado para cada categoría. No outro lado, esta práctica tamén contribúe a reducir a riqueza produtiva dunha finca, que se obtiña do produto da extensión polo rendemento determinado para cada calidade. Así, se a detracción de calidades afectaba ao resultado final reducindo o factor rendemento, a declaración dunha superficie menor afectará loxicamente ao outro factor, co cal se reduce igualmente o resultado final aínda que a calidade da finca en cuestión estea anotada correctamente. Por suposto, ámbalas dúas vertentes poden chegar a combinarse.

O tema esencial desta cuestión radica no lugar do espazo agrario onde esa ocultación absoluta se pode concentrar, é dicir, o tipo de terras onde esta forma de fraude se desenvolverá dunha forma máis frecuente. Por extensión, tamén podemos preguntarnos en que áreas é máis factible que ambas modalidades se combinen. Para contestar a estes interrogantes, que aquí trataremos de resolver, debemos recordar brevemente algúns dos caracteres presentados no capítulo do estado da agricultura, porque algunhas pautas que nos axudarán a resolvelas xa foron introducidas alí. O fundamental pasa por recoñecer que o problema da ocultación relativa é un fenómeno xeral, en maior ou menor medida, en case tódolos usos agrarios do solo, mentres que o acocho de superficies resulta en realidade moito máis complicado. Como xa se apuntou, seguindo a liña do que indicaban para a fonte de Ensenada investigadores como Soto ou Fernández Prieto, pensamos que a extensión da superficie agrícola real non estaría demasiado lonxe da indicada pola fonte que manexamos, mentres que no seu lugar, a maioría dos espazos non catastrados se corresponderían co monte[44]. Isto axuda a despexar xa algunhas incógnitas, pois tal e como deixamos patente no capítulo anterior, tiñamos algunhas probas de que parte dos usos que podemos chamar de labor, prados incluídos, viran incrementada a súa extensión durante o transcurso dalgunhas décadas dacordo coa evolución local da súa poboación. Por isto mesmo, aínda que recoñezamos a posibilidade de levar a cabo a práctica, está claro que o nivel que acade nestes terreos non pode ser moi significativo pola vía das superficies brutas. É lóxico ata certo punto, pois as posibilidades de facelo en fincas de tamaño reducido son moito menores.

Para non incorrer nunha práctica demasiado evidente, a acción debe darse en estreita relación co tamaño da finca. Deste modo, pequenas detraccións son posibles, pero está claro que a exposición a un risco importante ben podía desanimar, máxime cando apuntamos que neste caso a vía da ocultación relativa parecía máis segura. Como falamos de parcelas pequenas (incluso moi reducidas) ou medianas, unha resta considerable podía facer evidente a práctica, polo que o aforro podería non compensar o risco que se ía correr en moitos casos. Dado este razoamento, a ocultación absoluta tiña que concentrarse, necesariamente, naqueles espazos o suficientemente grandes como para que a detracción dunha extensión de terra significativa non se notara dun xeito tan evidente, o cal non exclúe como xa suxerimos, que a súa calidade tamén fose reducida en termos xerais. O monte convértese así, pensamos, no lugar predilecto onde defraudar pola vía das cantidades e superficies, a través dunha práctica de ocultación absoluta que afectaría tanto aos particulares como aos veciñais, habida conta de

[44] Fernández Prieto, L. e Soto, D. (2010).

que unha grande extensión de terreo sempre resulta máis susceptible de ser sometida a unha redución que pasaría máis facilmente desapercibida.

Á vista das táboas 5.1 á 5.7 esta práctica é importante, tal e como mostran as derradeiras tres columnas nas que se recolle a superficie catastrada nas épocas de Ensenada e Garay e a súa comparativa coa extensión actual da parroquia. A comparativa en materia de superficie total que nos permite analizar a ocultación absoluta resultaría posible posto que as parroquias non terían variado moito en termos xerais en varios séculos[45]. Porén, convén marcar dous aspectos importantes en relación a estes datos. Por unha parte, a práctica aparece como variable se atendemos á porcentaxe de extensión catastrada sobre o total parroquial, mentres que, por outro lado, o alcance desta forma de fraude semella terse reducido con respecto á época de Ensenada se observamos a variación que experimenta a cantidade de terra rexistrada no transcurso de varias décadas entre ámbalas dúas fontes, a lo menos nunha parte dos exemplos. Hai lugares onde a situación non varía demasiado ou mesmo empeora lixeiramente, pero estes casos parecen compensados por aumentos espectaculares na superficie rexistrada doutras freguesías. Aínda que teñamos algúns problemas en lugares como os exemplos das parroquias de Abegondo, xa explicamos que son debidos a posibles erros de estimación no rexistro correspondente ou a pequenos cambios territoriais. De feito, estas parroquias están moi próximas ao límite das antigas provincias de Betanzos, A Coruña e mesmo Santiago, o cal puido supoñer algunha reordenación trala nova configuración territorial decretada máis avanzado o século XIX. Estas cuestións, porén, non deben impedirnos ver unha mellora importante da superficie anotada respecto a épocas anteriores. Por outra parte, como nos imos centrar nos montes, debemos levar a vista novamente cara atrás e lembrar as táboas 4.1 á 4.7 do capítulo anterior, co obxectivo de decatarnos de que esas melloras de superficie catastrada aparecen especialmente nestas áreas, o que nos anima a seguir pensando na liña de que era aquí onde tiñamos o principal problema en termos de extensións de terreos omitidas algunhas décadas atrás. A maior precisión tampouco evita que recoñezamos que este inconveniente segue estando moi presente na segunda década do século XIX, aínda de xeito significativo nalgúns lugares. Pois, aínda que teñamos freguesías onde a superficie rexistrada parece próxima ao total, tamén hai outras que quedan en porcentaxes máis discretas do 50-70%.

A ausencia de espazos de monte salta á vista e resulta obvia en moitos rexistros parroquiais de terras, xa que cunha simple ollada, o que detectamos en numerosos casos é unha extensión deste uso bastante limitada ou claramente insuficiente entre os propietarios para que o agroecosistema se manteña. Hai parroquias nas que, pese a que teoricamente os montes comunais aparecen no rexistro, nin sequera todos sumados (o conxunto dos privados e dos veciñais) son suficientes para manter a proporción necesaria entre terras de labor e monte da que falan diversos autores e á que xa nos referimos no correspondente apartado. Aínda co aporte de abono animal, ese equilibrio non se logra e a miúdo mesmo está lonxe de cumprise. Contando cos máis que probables erros e omisións que poderían darse en calquera dos inventarios, pensamos que detrás deste feito pode haber algo máis, que evidentemente estaría relacionado coa ocultación. Se atendemos ás auténticas extensións das parroquias que analizamos, o problema queda perfectamente exposto.

Hai que indicar que en capítulos anteriores levamos feito tamén unha distinción interna dos montes, cando menos dende unha óptica da súa explotación, individual ou colectiva, para tratar de explicar algúns dos criterios identitarios que se manifestaban en cada espazo. Para abordar agora a cuestión da ocultación absoluta, serán necesarias tamén algunhas distincións entre áreas de monte de distinta natureza e forma, pois como veremos, pensamos que a

[45] Saavedra, P. (2007), p. 808.

afirmación de Fernández Prieto e Soto pode ser matizada, sen por elo restarlle o máis mínimo ápice de validez. Efectivamente, a ocultación de superficies maniféstase sobre todo no monte, pero non en todo o seu espazo do mesmo xeito, nin tampouco no mesmo grao, así que o obxectivo é ver como esta modalidade de fraude que agora tratamos afecta de forma diferente ás distintas áreas deste uso que podemos ver na fonte. É dicir, que os principais caracteres que presentan os distintos espazos deste uso (xestión particular ou colectiva, parcelas máis grandes ou máis pequenas ou con mellor ou peor produción, por exemplo), unidos á forma de recolección da información para a elaboración dos rexistros da riqueza, dan lugar a comportamentos diferentes en canto á ocultación absoluta. De feito, se intentamos explicar a cantidade que resta para completar a extensión total dunha freguesía nas táboas dos exemplos presentados, mesmo pensamos que non tódolos espazos ausentes responden á mesma lóxica activa de fraude. Realizar este exercicio permitiranos tamén responder á cuestión de por que non aparecen rexistrados moitos destes espazos.

Para tratar de demostrar o que acaba de apuntarse no parágrafo previo, comecemos tratando en primeiro lugar, por agora con independencia da forma de explotación e propiedade, unha serie de terras das peores calidades que, debido aos seus rendementos, debían ser colocadas xa por defecto precisamente nesa derradeira categoría da clasificación. Pensamos que neste caso, a ocultación tampouco tiña motivo para deterse ou para non producirse, pero cremos que neste caso afectaría a un tipo de terras en concreto, por riba doutras posibilidades e especialmente en forma de ocultación absoluta. Referímonos polo tanto e dun xeito especial a unha serie de montes das peores calidades dende o punto de vista do baremo produtivo dos recontos da riqueza que poderían, facilmente, xa non só ser doadas de agochar, senón ser pasadas por alto directamente dende a óptica daqueles que deseñan as pautas para a busca da riqueza. Como o sistema se preocupa soamente das parcelas con produtos, a propia clasificación dos rendementos non di nada ao respecto de que acontecía con aquelas terras que eran consideradas incultas ou inútiles. Neste contexto, pode haber terras da peor categoría que entren dentro deste grupo e por iso mesmo non ser recollidas polos inventarios, pois *a priori* o seu produto non existe de cara á contribución directa. Estas parcelas, que entrarían aquí por exemplo debido a certos caracteres físicos adversos (terras pedregosas ou situadas en emprazamentos demasiado costentos) podían igualmente proporcionar produtos coma os toxos, pois inculto non significa en absoluto falto de froitos.

Se ben é certo que este produto tamén estaba recollido e valorado en moitos rexistros individuais de terras, sabemos perfectamente que o toxo era unha especie que se sementaba, e quizais moitos dos rexistros recollan este froito da terra como recollen calquera outro. Porén, é posible que neste caso particular das terras de peor calidade, ese toxo chegase a ser totalmente ignorado polas características tan pouco favorables de certas parcelas nas que podería atoparse e que serían consideradas inútiles polos lexisladores. Por moi baixos que fosen os seus rendementos, unha parcela de labor resulta inconfundible e dificilmente pode ser pasada por alto, pero o caso dunha parcela de monte baixo non é tan claro. Entre a ocultación dos rexistros de terras efectuados para o caso exclusivo dos montes temos que diferenciar polo tanto un dobre fenómeno. Por unha banda existirían terras dedicadas a este uso que podían ser dunha calidade razoablemente boa (nos rexistros, as mellores terras a monte son xa de segunda categoría, sendo as de primeira un caso absolutamente excepcional), onde a ocultación se produciría pola vía da degradación da categoría produtiva como en calquera outra terra de labor. Pero na calidade inferior, onde son asentados precisamente a maioría das terras para este uso, abríanse novas posibilidades ao acocho. Como resultado da amplitude do que pode ser considerado unha parcela de monte, algunhas delas podían ser ignoradas ou facilmente interpretadas como terras non fértiles ou sen produción útil algunha.

Pero esas parcelas de monte baixo, pese ás súas características adversas seguían proporcionando, por suposto, recursos valiosos para as explotación agrarias, aínda que fora en cantidades menores.

Os continxentes da terra clasificada como inútil son por iso unha proba perfecta do que vimos explicando. Nos rexistros do catastro de Ensenada existía esta categoría, contemplada en numerosas ocasións como un caixón no que podían entrar dende os espazos ocupados polas casas e os camiños a aquelas áreas de monte improdutivo que pola súa configuración non darían, ao parecer, beneficio algún aos seus propietarios. A situación cambia nos apeos e cadernos de 1818-1820, onde a categoría aparece en moitas menos ocasións dada a inclinación produtiva que persegue a contribución xeral. Exemplos como os de Santa María de Rus ou Santa Susana de Arcai no capítulo anterior (táboas 4.2 e 4.5 respectivamente) son de feito os dous únicos exemplos que atopamos de parroquias nos que aparece, sendo o primeiro territorio un dos exemplos máis evidentes de ocultación relativa (táboa 5.2). Non existindo máis que terras de labor e hortas de terceira categoría, non sorprende tampouco a creación dunha categoría que clasifica como improdutivo o 10% dos montes abertos da freguesía. O importante é que, por este motivo, na enorme maioría das parroquias non hai unha preocupación real mínima por recoller este tipo de áreas, que simplemente son ignoradas, o mesmo que ocorre coas ocupadas por camiños, que aínda que sexa dunha forma pouco precisa, son relativamente frecuentes nas respostas xerais do catastro de Ensenada, principalmente na cuestión 10.

Como resultado disto, podemos ter aquí xa unha detracción importante de superficie parroquial posto que, a consecuencia do anterior, esas terras inútiles nin sequera figuran nos inventarios. As motivacións tras disto, ademais, poden ser diferentes. A non inclusión dos camiños, por exemplo, non pode ser considerada ocultación propiamente dita entendida como fraude, pois non estamos ante un terreo produtivo e polo tanto non pode haber interese real en ocultalos, así que se non se anotan é porque non é necesario facelo. Pola contra, non anotar os espazos de monte de mala calidade considerados improdutivos é outro asunto, pois estas áreas poderían seguir ofrecendo produtos aos seus propietarios, aínda que pola súa configuración non resultaran adecuados para o cultivo ou para a súa conversión noutro tipo de usos. Aquí é onde si podería estar presente a vontade explícita de non declarar estas parcelas, aducindo a súa inutilidade, a súa practicamente nula produción ou simplemente ignorándoas. Se recoñecemos este comportamento, estaremos en consecuencia ante unha forma de resistencia activa que podemos clasificar como ocultación absoluta.

Esta é soamente unha das formas que esta práctica pode tomar nos espazos de monte. Porén, resulta insuficiente a todas luces se queremos tratar de aclarar os motivos que levan a que nalgúns casos as porcentaxes de terra catastrada estean tan lonxe da extensión total da parroquia. Sen lugar a dúbidas unha parte do monte de categoría máis ruín pode ser obviado nos rexistros por esta vía, pero estariamos a falar en todo caso de superficies non demasiado grandes por regra xeral. No exemplo de Vila de Abade por exemplo (táboa 5.1), onde case o 95% da superficie actual da freguesía figura no inventario, podemos admitir explicacións deste tipo para chegar ao total do 100%, pero noutros lugares como San Xoán de Tordoia ou San Mamede de Andoio onde as porcentaxes de rexistro son máis baixas, resultan insuficientes. Isto é así porque no caso de dalas por correctas teriamos que admitir que unha parte enorme da freguesía está composta de monte totalmente inútil a ollos da contribución, impracticable ou practicamente estéril, o cal non resulta nunha explicación satisfactoria nin tampouco válida. En consecuencia, debemos buscar novas formas e motivos que levan a explicar a desaparición dos rexistros da riqueza de amplas superficies de monte. Neste aspecto, o que acontece cos montes veciñais resulta de grande interese.

A situación que se dá nos montes xestionados por comunidades pode ser algo distinta pola realidade particular na que se constitúen este tipo de espazos, de maneira que podemos observar algunhas cuestións diferenciais e matices, especialmente cando ollamos para elas dende a óptica do sistema de Facenda de maio de 1817, que é necesario tratar. Se ben ocultar a calidade ou reducir o tamaño dunha parcela de labor entra claramente en conflitividade activa, a ocultación do monte comunal pode derivar, simplemente, da falta de ferramentas que tiña o sistema tributario para incluír este tipo de fincas e tratalas da forma adecuada segundo os principios básicos dos recontos da riqueza, é dicir, dende o punto de vista dos produtos individuais que as terras de cada contribuínte producían. Como os mecanismos dos inventarios non podían entrar nas valoracións individuais de como os veciños aproveitaban estas parcelas de monte comunal, estas terras non tiñan cabida entre os recontos tal e como o sistema fora deseñado. Entrar nestas cuestións remataba por converterse nun labirinto para un proceso de recadación que debía ser realizado, primeiro de todo, nunha previsión temporal claramente insuficiente. Se o tempo xa era un problema para realizar os rexistros das parcelas de labor individuais coñecidas, imaxinemos por un momento a dificultade que supoñería para os rexistradores diferenciar a cota produtiva dun monte colectivo para cada veciño.

Esta é precisamente a cuestión fundamental que transformaría nun crebacabezas tan complexo a cuestión da contribución sobre os montes veciñais, xa á marxe da estrita limitación temporal: ¿como se podería calcular exactamente o produto ou beneficio que corresponde a cada veciño concreto que participa dunha porcentaxe determinada nun monte colectivo cun abano tan considerable de aproveitamentos? A cuestión é aínda máis complicada se temos en conta que, a miúdo, o grao de beneficio de cada veciño podía variar en certos casos, en tanto en canto o desfrute das terras de propiedade colectiva en Galicia, con moi poucas excepcións, era igualitario soamente a nivel xurídico, pois na realidade o seu acceso efectivo estaría determinado en última instancia polas posibilidades e necesidades de cada explotación. É dicir, que pese a que os individuos máis desfavorecidos da comunidade atopaban no monte o imprescindible para sobrevivir, o acceso aos recursos do monte estaba marcado polo desigual potencial económico de cada unha das explotación, establecéndose unha relación directamente proporcional entre os recursos consumidos e o potencial gandeiro e de traballo que tivera un grupo familiar[46]. Dacordo con isto, habería que realizar a complicada tarefa de calcular a porcentaxe exacta do produto do monte que ía parar a cada veciño, facelo ademais con tódolos usos posibles desa parcela (leña e combustible, alimento para o gando, materiais de construción, abono, caza ou cultivos complementarios nos momentos de estivadas, por poñer algúns exemplos) e realizar unha conversión monetaria dos mesmos para poder establecer a cota que a cada un lle tocaría pagar, con tódalas dificultades que iso poida supoñer.

Xa tivemos ocasión de comprobar tamén, cando falabamos do cálculo das partes alícuotas, o extremadamente complexo que sería valorar correctamente os rendementos netos dos produtos dunha terra de labor tendo en conta que habería que descontar tódolos elementos que tomaban parte no proceso de produción. Se aplicar ese principio sobre un concepto de colleita era complicado, facer servir un criterio semellante sobre a multitude de actividades derivadas do aproveitamento do monte daría lugar a unha empresa aínda máis ardua se había un mínimo interese por realizala correctamente. Claro está, levar a cabo dunha forma correcta a valoración de recursos que estaban intimamente ligados ao propio ecosistema, por exemplo cando se fala dos animais aproveitados nas actividades cinexéticas, sería dende logo un obstáculo importante que habería que ter en conta. Por outra banda non é menos certo que

[46] Balboa López, X. (1990), pp. 44-48.

vendo as aplicacións que se remataron realizando sobre outros bens, ese interese tampouco existiría sobre as parcelas de monte, e moito menos aínda nos de xestión colectiva.

Dende este punto de vista, incluso os individuos pobres dunha parroquia para os cales o monte funcionaba como sustento da súa existencia, poderían verse obrigados a pagar unha cota, pois falando estritamente, estas persoas obtiñan beneficios e produtos destas áreas. Se ademais, nunha parroquia calquera existía máis dun terreo de monte comunal, o cal non sería en absoluto estraño tal e como amosan os propios rexistros, aos que chegaremos, cando recollen este tipo de parcelas, a operación complicaríase ata niveis que practicamente podemos definir como inabarcables para os recursos dispoñibles na elaboración dos apeos da riqueza. A tarefa polo tanto, se ben non sería completamente imposible tendo tempo suficiente, transformábase precisamente niso cando tiña que ser realizada nun tempo tan escaso como o que contemplaban as bases organizativas dos prazos de recadación, tendo en conta o contexto polo que atravesaba a Facenda estatal naquel momento, tan falta de ingresos como ávida de recursos. Ante esta serie de complicacións polo tanto, os recontos da contribución xeral non podían facer outra cousa que estrelarse fronte as particularidades e excepcionalidades dos montes comunais, ao non poder desenmarañar o complicado sistema de relacións e aproveitamentos ata os niveis individuais de cada participante nos mesmos. De novo volvemos estar ante un caso claro de descoñecemento da realidade agrícola por parte da administración, que por todo o dito experimentaría grandes dificultades para valorar unha parte tan importante do territorio e dos seus produtos.

Tendo todo isto en conta, unha dúbida remata por entrar en escena: ¿por que non aparecen en moitos casos estas parcelas rexistradas? Varios poden ser os motivos na nosa opinión. En primeiro lugar, os encargados do inventario non anotaban a parcela de monte común porque, asaltados polas mesmas dúbidas que acaban de ser formuladas nas liñas previas, non sabían como se poderían realizar os cálculos exactos que levarían a establecer a cota exacta para cada veciño que obtiña produtos dese monte. Neste caso, a vontade desas persoas non é tanto a de non realizar o rexistro e incorrer con iso nunha ocultación consciente da parcela como a de non levar a cabo a tarefa por simple descoñecemento de como abordar a situación que se lles presenta. Quizais existise unha vontade de completar o rexistro cando o proceso de cálculo estivera clarificado. No segundo caso, o rexistro non se realizaba porque, de novo asaltados por todas esas dúbidas, era mellor deixar correr a situación por comodidade, debido á dificultade da tarefa. Ao fin e ao cabo, veremos como había persoas que se intentaban librar de seren ocupados de certas ocupacións consideradas incómodas, e xa comprobamos como había quen a tomaba máis en serio, e por suposto quen a facía por obrigación e soamente pretendía cumprir. Se este segundo caso acontecía, porén, debemos decatarnos de que sería o rexistrador o que, para evitarse complicacións excesivas, estaría incorrendo *de facto* nun comportamento de ocultación. Existiría aínda outro caso no cal os peritos poderían crer directamente que ditas parcelas nin sequera tiñan que ser rexistradas. Xa que os apeos soamente buscaban compilar a riqueza individual, o razoamento dos peritos podía ser moito máis simple e limitarse a descartar esas parcelas polo mero feito de ser administradas e explotadas por unha colectividade. A seguinte declaración dun encargado do rexistro parroquial de Santiago de Castelo (hoxe concello de Culleredo) que informaba sobre o estado dos traballos, pode servir para exemplificar o que aquí se di:

> "(…) En cuyo estado se alla la medición, faltando aun la quarta parte de la parroquia excepto los montes aviertos que estos nada producen, sino que sean queiroa, para que ninguna utilidad tienen[47]."

[47] AMC, c. 3971, l. 4, a. 1, p. 128.

O feito de que o monte producía era tan certo como que esa queiroa tiña usos no marco da explotación agraria, aínda que, efectivamente, o seu valor de mercado non fose demasiado. Porén, o perito aforraba un traballo importante con esa declaración tan sinxela pois, ao facela, descartaba sistematicamente todo o relativo aos montes abertos da parroquia, dos que por suposto non atopamos testemuña. O esencial de todo o dito é que como resultado, estas parcelas non tiñan que ser necesariamente ocultadas de forma consciente por parte dos veciños, pois estes aspectos que acabamos de citar poderían dar pé simplemente a que foran ignoradas, consciente ou inconscientemente. Fosen cales fosen os motivos, os labradores que participaban nos produtos deste tipo de terreos quedaban nunha situación claramente beneficiosa de cara ao rexistro dos mesmos: non era necesario tomar a decisión de ocultar estas parcelas de forma consciente, pois aos veciños bastaríalles con non facer absolutamente nada, xa que ao fin e ao cabo, o cálculo das cotas contributivas non se podería desenvolver correctamente. Por suposto, se fose necesario, como as áreas de monte ocupan habitualmente extensións significativas, os veciños sempre podían optar por declaracións á baixa, incorrendo nunha ocultación pola vía das cantidades que por outra banda sería difícil de detectar dada a propia configuración do espazo. Desta forma, o proceder dos veciños neste punto podería identificarse como pasivo, é dicir, de non colaboración, mentres que pola contra o proceder activo quedaba neste caso particular máis ben en mans dos peritos. Isto deixa claro que a clasificación esquemática que aquí se presenta non é máis que un fío organizador para conducir a nosa argumentación, pero diferentes matices e percepcións poden facelo variar.

Se temos todo isto en conta, hai que pensar en que as prácticas de ocultación adquiren novos matices para este caso do monte veciñal, e precisan novamente dalgunhas breves aclaracións. Dende logo, se damos por certo que agora estamos, particularmente, ante un comportamento pasivo de non colaboración, teremos que deixar de cualificar esta práctica como se fose responsabilidade dos veciños, trasladando a en boa medida esa culpa das eivas nos rexistros aos rexistradores nalgúns casos ou ás carencias do propio sistema. É a incapacidade dos mecanismos e das ferramentas da contribución (xa sexan os peritos, a lexislación, a falta de vontade xeral ou o descoñecemento do mundo agrario) as que non son capaces de penetrar nesta realidade, e non os veciños os que fomentan a práctica. Porén, non é menos certo que a falta de actuación dos veciños é completamente interesada. Estes, por suposto, coñecen perfectamente o monte e son conscientes de que a súa ausencia na documentación resúltalles beneficiosa no sentido de que a súa riqueza resulta ser peor coñecida. Deste modo, pensamos que aínda con estes matices, podemos continuar incluíndo ese comportamento na nosa clasificación, dentro deste apartado.

Baixo estes supostos, retomamos aquí o dito sobre este tipo de parcelas cando presentabamos a súa situación no tocante ao capítulo do estado da agricultura, pero tratando de interpretar e enfocar agora, de xeito máis específico, aquela situación cara unha realidade de ocultación, e esta entendida como forma de conflitividade. Do que se trata agora é de analizar como se recollen estes montes de xestión colectiva nos apeos parroquiais e de afondar aqueles aspectos nos que podemos atopar posibilidades de ocultación nos mesmos. Para comezar, hai que lembrar que, probablemente dacordo co razoamento que acaba de ser presentado, o rexistro en si mesmo deste tipo de montes nos apeos da riqueza das parroquias non é algo común en absoluto, pois ao contrario, son moi escasos. Cando aparecen recollidos, adoitan estar presentes ao final do inventario realizado para o conxunto dos veciños, separados de tódalas terras polas que cada contribuínte obtén o beneficio correspondente. Ese treito final dos inventarios das parcelas funciona ás veces como unha especie de amálgama onde poden aparecer reflectidas varias cousas coas que os encargados dos rexistros non

souberon tratar correctamente, de aí precisamente a variedade daquilo que nos podemos chegar a atopar. Por exemplo, pese a estarmos nun inventario de terras, poden aparecer edificios que non son estritamente vivendas familiares, tales como muíños comunitarios, capelas, e mesmo a igrexa parroquial. Na mesma liña poden ser inventariados os montes xestionados pola comunidade. A fotografía 7 é unha mostra de cómo poden aparecer recollidos os montes de veciños presentes nunha parroquia.

O rexistro é extremadamente útil para nós porque deixa noticia da existencia dunha superficie considerable de monte comunitario nun emprazamento concreto dentro da freguesía o que permitiría algún estudo de corte local, a nivel micro sobre o propio territorio. Estes rexistros presentan, así mesmo, algún que outro inconveniente. O máis importante quizais é que cabe agardar fallos ou omisións nas medicións, pois algunhas das cifras foron claramente redondeadas a cantidades máis manexables de cara aos cálculos que habería que facer con elas trala fase de recollida dos datos da riqueza. Do mesmo xeito, aceptar sen máis unha calidade homoxénea para extensións de terreo tan grandes tampouco parece algo válido, polo que cabe esperar problemas que xa nos resultan moi familiares, pero agravados pola considerable extensión de terreo que ocupan os comunais. Esa xeneralización de calidades ben pode realizarse cara a categoría inferior, mentres que o manexo de superficies aproximadas pode agochar unha considerable ocultación, que agora si pode ser claramente de tipo superficial ao ser as áreas de comunais tan extensas, pois como vemos, existen exemplos de parcelas que xiran arredor do milleiro de ferrados, ou o que é o mesmo tendo en conta a extensión desta unidade nesta zona, unhas 44 Ha.



Fotografía 7: rexistro dos montes comunais do couto de Gudín da parroquia de San Miguel de Figueroa (Abegondo). Indícase o lugar onde se atopan as partidas, a súa extensión en ferrados, a calidade e a súa condición de abertos. As columnas de valoración das fincas e a de produtos están incompletas (24/10/1819. AMB, c. 1684, l. 1, a. 4, p. 26).

Aparte disto, se observamos estes rexistros dende o punto de vista do uso que o apeo debería cumprir no momento no que foi realizado, estas anotacións non resultaban ser tan útiles como poida parecer. Como podemos comprobar perfectamente a partir da fotografía, os montes xestionados polas comunidades non pasan de estar simplemente indicados, medidos e valorados en cifras totais. En tódolos rexistros atopados, con independencia da zona da que proveñan, soamente atopamos un único caso onde o rexistro destes montes afondara de xeito práctico cara o camiño dos cálculos individuais dos seus distintos beneficiarios. Dito doutro

modo, a fórmula de rexistro que se amosa na imaxe ofrecida é case que a máis detallada que existe para analizar a existencia de montes de xestión comunitaria no marco dos recontos da riqueza que atopamos entre os fondos atopados no transcurso desta investigación. Dende logo, nas poucas ocasións nas que contamos con algo parecido a un rexistro de comunais, a fórmula empregada é esta, o cal era o reflexo dun recurso que xa se utilizaba en moitas parroquias cando se realizou o catastro de Ensenada, onde os montes abertos podía aparecer rexistrados baixo a simple entrada de "emolumentos del común[48]". Dada a configuración do sistema tributario e os principios da contribución, non hai demasiadas perspectivas de atopar algo mellor. Por outra banda, aquel exemplo tan excepcional e de gran valor polo que nel se intenta, que podemos citar como o único caso atopado no que se realiza un conato para tratar de individualizar os froitos producidos por un souto aberto, correspóndese á parroquia de Santa Mariña de Rois, no concello de Bergondo, e citámolo polo seu interese:

> "La parroquia de Santa Mariña de Rois tiene un Soto abierto que ocupa la estension de cincuenta ferrados, incluso los caminos que por el pasan, y se hallan 369 castaños grandes y pequeños de 3ª clase y mala calidad a los que son acriedores varios sugetos de la parroquia y fuera de ella, el qual se a valorado en rs. de vn., 4800.
> Se ha calculado que produciria en un año comun 80 ferrados de castañas verdes que al precio de tarifa valen 320 reales. Se deduce el diezmo eclesiástico (32 reales), líquido, 288 reales. Los 288 rrs. los aplicará la parroquia por regla de proporción a los dueños de dhos. castaños[49]."

Os cincuenta ferrados aos que se refire o exemplo apenas supoñen 2,2 Ha. Porén, o exemplo resulta de grande utilidade porque nos permite ver como existe claramente un correcto entendemento, a lo menos nalgúns casos, do funcionamento e da natureza deste tipo de terreos fronte á contribución, o que reforza a idea de que en ocasións serían os peritos os que non reflectían estes montes para evitarse problemas derivados dos complexos cálculos que deberían realizar obrigatoriamente se pretendían desenvolver o seu traballo como era debido. Se había unha boa comprensión do fenómeno, o que faría falla sería a vontade de levar a cabo un repartimento en condicións, válido para cada veciño que participara dos beneficios dese monte concreto. Pero o certo é que neste mesmo exemplo, esa vontade tampouco acaba de materializarse por completo, pois hai varios problemas que permanecen presentes. Unha cousa é comprender o funcionamento do sistema, e outra moi diferente aplicar correctamente os principios de individualización da riqueza necesarios. Pese a que o primeiro factor, o da comprensión, está claramente presente, o caderno da riqueza desa parroquia continúa e remata sen que o caso deste souto aberto se solucione. Non hai sequera un rexistro de quen son os donos das árbores, nin moito menos das súas cotas de participación nas castañas que producen ou doutros aproveitamentos dos que se beneficien. Como pouco, parece que nese monte participan soamente algunhas persoas concretas, e non o total da comunidade polo mero feito de formar parte dela. De todo isto quizais poidamos entrever que neste caso concreto estamos ante un monte de varas pero de tódolos xeitos, esta descrición dun monte comunitario é excepcional e un único exemplo non nos pode levar a ningunha conclusión xeral.

Estes dous exemplos, os montes veciñais en San Miguel de Figueroa e o souto veciñal de Santa Mariña de Rois, amosan o proceso de repartimento no seu estadio inicial. Como acabamos de apuntar, non atopamos probas, en ningún dos dous casos, de novos avances na

[48] Saavedra, P. (2007), op. cit., p. 793.
[49] AMB, c. 6241, l. 2, a. 1, p. 60.

liña de que os dereitos colectivos de explotación desas áreas chegasen a ser individualizados, o que permitiría calcular a cota contributiva que a cada participante lle correspondería aboar en contrapartida dos produtos obtidos nelas. Estamos polo tanto ante un par de exemplos frustrados nos que o sistema de Facenda intenta entrar na propiedade colectiva. Son así mesmo moi valiosos porque nos poden axudar a comprender a práctica da ocultación arredor dos montes veciñais, posto que, ante este tipo de fracasos, non sería disparatado en absoluto razoar que ditos intentos nin sequera chegasen a ser iniciados, o que deixaría estes a espazos nun limbo administrativo, ignorados, non cuantificados e ocultos na documentación en boa parte dos casos. Temos aquí polo tanto, un motivo de peso para explicar unha das eivas máis importantes que levan a non rexistrar os comunais nos apeos e cadernos da riqueza elaborados a finais da segunda década do século XIX. Aínda que non o podemos comprobar por falta de casos, resulta lóxico supoñer que este problema será tanto máis patente canto máis nos atopemos en zonas de Galicia onde estes montes colectivos teñan maior peso e importancia.

É por iso mesmo polo que niveis de detalle á hora de rexistrar estes montes veciñais como os destes dous exemplos (especialmente este derradeiro) non son en absoluto frecuentes. Noutras parroquias, todos estes montes poden aparecer sumados nunha soa partida do rexistro, eliminando con iso a posibilidade de coñecer se en realidade esas terras se localizaban en varios lugares ou nun só emprazamento. Por outra parte e como xa sabemos, o feito de que as columnas da valoración e dos produtos estiveran valeiras non supoñía ningún problema, porque tendo a extensión abondaría con multiplicala pola produción calculada para cada calidade. O resultado, posto en relación co prezo do froito en cuestión suporía a obtención da columna dos produtos. Pero estes cálculos nin sequera foron realizados, moi probablemente, porque dacordo co que xa apuntamos non habería maneira de aplicalos aos veciños beneficiarios en tanto en canto non fosen coñecidas as porcentaxes aproximadas de participación deses produtos por parte de cada un deles.

Esta segunda vía para tratar de explicar a desaparición ou o máis ben o non rexistro de montes nos apeos e cadernos da riqueza resulta quizais máis satisfactoria que a primeira, que soamente atende a espazos de produción marxinal. A ausencia dos montes comunais permite explicar dende logo eivas de grande consideración nos rexistros, posto que alí onde foran de importancia considerable, o feito de ignoralos pode chegar a supoñer importantes detraccións superficiais sobre o total dunha freguesía concreta. Non obstante, tampouco debemos buscar na ausencia destes montes a causa única que nos axude a explicar as superficies que non aparecen recollidas nos recontos. Facelo sería un erro porque estariamos atribuíndo todo o peso desa falla ao monte colectivo en exclusiva, cando o certo é que, no peor dos casos, pode haber outras causas. Por exemplo, o feito de que teñamos rexistradas as parcelas de monte de particulares non debe facernos admitir a cegas que os seus respectivos datos son correctos, pois estes poden estar afectados igualmente pola práctica da ocultación absoluta. O importante pasa logo por identificar o problema que temos ante nós, precisamente a partir desa idea de que unha falta clara de equilibrio entre as superficies dos diferentes usos no agroecosistema en relación ao monte pode ser observada nos rexistros. Dito doutra forma: se non existe unha certa extensión de monte para a cantidade de terras de labor rexistradas, o correcto mantemento e fertilizado desas terras non é posible, co cal o agroecosistema non pode perdurar porque estaría forzado ao colapso. Por suposto, ese monte existiría na realidade ou do contrario a existencia da comunidade naquel tempo non tería sentido, así que damos por sentado que o problema sería outro, e que o que estaría mal nestes casos serían, loxicamente, os rexistros de parcelas.

Iso si, á marxe das explicacións proporcionadas e a efectos prácticos, non hai forma de que saibamos diferenciar, a partir da nosa fonte, con que tipo de espazo debería ser

completado o inventario, o que nos obrigaría a empregar outras complementarias de tipo local, municipal e persoal para solucionar esta cuestión: ou ben montes veciñais non rexistrados polos motivos que xa ofrecemos, ou pola contra montes privados que foron ignorados debido ás súas condicións físicas ou porque, estando constituídas as súas parcelas en espazos grandes, aínda que non tanto como os comunais, tamén nelas se pode dar un fenómeno de ocultación absoluta. Aínda que quizais a resposta volva ser como tantas outras veces unha combinación de ámbalas dúas posibilidades, inclinámonos máis a pensar que o centro do problema estea neses montes de xestión colectiva (sobre todo onde estes teñen maior peso) polas razóns que demos neste mesmo subapartado: veciños que non dan indicacións sobre estas terras ou peritos que non rexistran estas parcelas porque ou ben non saben como incluílas nos repartimentos, ou ben non queren facelo para evitarse complicados procesos de cálculos que non saben resolver. A situación de Figueroa e o couto de Gudín sérvenos como exemplo do que queremos apuntar. Se atendemos aos distintos usos que configuran a paisaxe agraria tal e como foron recollidos na táboa 4.6, atoparémonos a grandes trazos con que, de entre toda a extensión catastrada neste territorio, a superficie agrícola (é dicir, todo o que non sexa monte estritamente falando) ocupa un 26% do total, mentres que os montes de particulares abarcan pola súa parte o 27%. O total restante polo tanto, algo menos da metade (47%), está ocupado neste lugar polos montes de xestión colectiva. De non anotarse esas partidas que presentamos na imaxe 7 estariamos a falar dun inventario no que todo ese espazo estaría, de golpe, sen identificar. No caso de que isto sucedera poderiamos supoñer que algúns dos veciños podían obter recursos procedentes doutros montes localizadas en parroquias diferentes, pero o certo é que a falta deste tipo de terras sería demasiado significativa como para supoñer que tódolos recursos necesarios eran obtidos de parcelas da mesma natureza situados noutros lugares próximos. Ademais, dada a fragmentación territorial dos fondos non é habitual atopar os rexistros doutras freguesías próximas para saber se isto que dicimos é certo, e un par de parroquias limítrofes das que si temos localizados os apeos non son suficientes para eliminar esta dúbida. Por outro lado, seguiriamos tendo o problema da ausencia da terra da propia freguesía.

A situación arredor da cuestión da ocultación absoluta no monte que vimos describindo resulta ser aquela que introduce o matiz máis importante á apreciación que realizamos sobre a mellora da superficie catastrada no contexto dos apeos e cadernos da riqueza. Os exemplos aquí presentados, nas táboas ao comezo deste apartado, son casos nos que o inventario está completo e onde o monte, especialmente o de xestión colectiva, foi anotado dalgunha maneira, aínda que os problemas comentados fixesen imposible que a contribución entrase nesas áreas. Son polo tanto exemplos seleccionados de inventarios que conteñen tódolos usos agrarios, de modo que é soamente nestes casos onde, loxicamente, dita mellora de superficie catastrada pode ser constatada. Non pensamos que isto sexa, con todo, un problema grave que nos faga descartar a importante cantidade de apeos incompletos, pois estes seguen a ser perfectamente válidos en boa parte dos casos para realizar unha análise do espazo agrícola que non está constituído polo monte, xa que esta parte si adoita estar completa con maior ou menor calidade de información. O importante nestes casos sería tratar con precaución estes rexistros, sendo conscientes de tódolos problemas comentados nos parágrafos anteriores que poden afectar ás superficies de monte.

Para pechar este apartado sobre a ocultación, debemos apuntar que de todos estes exemplos concluímos, en resumo, varios aspectos importantes. O primeiro é que, en xeral, a ocultación relativa resulta máis importante que a absoluta. Non soamente iso, tamén aumenta en intensidade respecto a épocas anteriores, posto que a degradación das calidades resulta moito maior que a que se desenvolveu cando se trataron de rexistrar as terras dos

contribuíntes a mediados do século XVIII. Así atopámonos con que, de rexistros onde a terceira calidade non era maioritaria ou apenas superaba a metade das terras anotadas en época de Ensenada, habendo incluso casos onde a intermedia aparece en superioridade (Santa Susana de Arcai e especialmente San Xoán de Tordoia, na táboa 5.3), a situación cambia bastante en moitos dos exemplos aquí recollidos. Isto é así porque, en xeral, o avance da calidade inferior nas declaracións dos propietarios resulta moi importante. Dito isto, tal e como apuntabamos no capítulo da agricultura, non podemos dar os resultados presentados nas táboas por certos, pois isto supoñería recoñecer que o sistema se degradou enormemente nunhas poucas décadas. Pero este levaba funcionando séculos con cambios e adaptacións e continuouno facendo aínda varias décadas ata a chegada das innovación científicas máis modernas de finais do século XIX e sobre todo do XX, de modo que o desastre ecolóxico ante o que nos atoparíamos cun afundimento tal dos rendementos desafía toda lóxica. Se optamos por este razoamento, non queda outro remedio que botar a culpa dos contidos dos rexistros a unha ocultación relativa que, á vista de moitos dos datos das táboas 5.1 á 5.7, acadaría cotas insospeitadas, incriblemente elevadas e case xeneralizadas. Esta modalidade de fraude ten tamén un maior peso económico, pois as terras de labor son as que concentran a maior riqueza dos campesiños nos seus produtos, de aí que haxa unha maior preocupación no seu rexistro, cuxos datos son sempre os mellores de todo o caderno da riqueza parroquial.

Pola súa parte, o fenómeno da ocultación de terras a través da subtracción da superficie útil pode existir e desenvolverse máis facilmente sobre todo en parcelas de considerable tamaño onde se perde perspectiva de conxunto, de tal modo que non resultaría demasiado importante en fincas pequenas de terras de labor ou prados. Sendo o engano pola vía das calidades moito máis sinxelo e máis difícil de detectar, é lóxico pensar que nestas fincas máis pequenas tal práctica sería máis frecuente. Nos espazos de monte a situación cambia, de modo que neles observamos unha combinación de ámbalas dúas modalidades de ocultación, pois o propio deseño do sistema de Facenda e os seus principios de aplicación posibilítano. Por unha banda, as terras de monte son as que dunha forma máis habitual figuran entre a terceira categoría, mentres que, pola outra, non é raro que a ocultación absoluta faga desaparecer importantes extensións de montes. Ademais, hai que recoñecer tamén que as motivacións e formas polas que esas amplas áreas non son anotadas nos apeos presentan matices interesantes, algúns dos cales nos poden levar a discutir mesmo se estamos ante prácticas de resistencia activa e fraude propiamente ditas.

Porén, en calquera das súas vertentes, estamos ante unha práctica de natureza moi variable no que ao recurso á mesma por parte dos contribuíntes se refire, dacordo cos distintos condicionantes e o contexto de cada parroquia e da súa comunidade veciñal. Por iso, as respostas non sempre son as mesmas incluso en territorios moi próximos. Á marxe das comunidades veciñais, as respostas eran diferentes incluso entre grupos sociais, de tal modo que como indican algúns estudos, a nobreza titulada tería unha menor tendencia á ocultación, especialmente á de tipo absoluto, tralo cal habería unha intención de garantir o afianzamento dos seus dominios territoriais[50]. Como a comparación entre lugares veciños é unha das principais formas das que dispoñemos para comprobar a existencia desta práctica, a posibilidade de detectala pasa tamén por suposto por atopar o máximo posible de fondos de rexistros de parroquias, situadas nun espazo o suficientemente próximo que nos permita supoñer que as condicións nelas son semellantes. É importante tamén que o tempo deses rexistros coincida, para evitar posibles variacións de rendementos por calquera causa medioambiental que poida darse nun momento concreto. Isto non sempre é doado e, pese a

[50] Pro Ruiz, J. (1992), op. cit., p. 92.

que neste momento os fondos son limitados, confiamos en que se realizarán novas descubertas en futuras investigacións, xa sexa como extensión desta mesma ou noutras novas, tanto para esta mesma zona de Galicia que estudamos agora ou para outras áreas. Por outra banda, á hora de analizar o alcance destas prácticas, se ben é certo que detectalas resulta relativamente sinxelo a través de certas ausencias nos rexistros, determinar cal é precisamente o grao desas fallas é moito máis difícil. Necesitamos valorar as diferentes cantidades de terras de cada tipo, de xeito que hai que ver como se dispoñen entre os propietarios. Aínda así, valorar este aspecto dentro do marco dunha fonte fiscal segue sendo moi complicado, pero podemos apoiarnos na comparativa temporal con outras fontes de natureza semellante, tanto anteriores como posteriores que, se ben é certo que tamén poden presentar eivas nos seus rexistros, permiten botar algo máis de luz sobre este particular asunto.

Con estes apuntamentos rematamos coas cuestións da ocultación na sección da riqueza territorial inmoble. É a principal e a que ocupa boa parte dos nosos esforzos nesta investigación, pero como ben sabemos, abarca soamente unha parte da información que podemos obter a partir dos cadernos da riqueza. Non entraremos demasiado nas demais ramas neste punto porque os seus aspectos esenciais xa foron tratados, pero convén, non obstante, chamar a atención sobre estas outras realidades para decatarse de que a ocultación non pivota en absoluto arredor da situación da terra, aínda que esta sexa a rama na que resulta máis prolixa, senón que a súa práctica se estende a outros apartados da riqueza económica que debía ser rexistrada neses apeos e cadernos. Nos apeos gandeiros, por exemplo, poderiamos facer referencia á ausencia de calquera tipo de aves ou animais pequenos de curral, pese a que como xa vimos cando presentamos este tipo de recontos e analizamos estas cuestións, as súas valoracións estaban presentes nas táboas correspondentes de prezos.

Moi importantes resulta tamén, con respecto aos comportamentos dos que agora nos estamos a ocupar, as problemáticas derivadas de actividades industriais e comerciais. O asunto da ocultación nas rendas industriais e comerciais presenta algunhas particularidades e matices respecto das outras ramas da riqueza que eran inventariadas que merecen un breve comentario. En primeiro lugar, as propias fontes dispoñibles e a súa forma dificultan o coñecemento destes tipos de riqueza, así que en consecuencia, os aspectos da ocultación relacionados con elas son así mesmo, moito máis difíciles de analizar. Para empezar porque os fondos dispoñibles entre os rexistros con referencias explícitas a este tipo de ingresos son tremendamente escasos. Pero este non é o único problema e hai outros relacionados coa propia forma e disposición dos fondos. O feito de traballar con borradores é unha característica desta investigación que se nota especialmente nestes apartados da riqueza, en forma de problemas ao estudo, principalmente. Tal vez si que foron recollidas no seu momento nun conxunto de papeis aparte ao tratarse dunha tarefa de rexistro esencialmente diferente. É dicir, que o feito de non atopar os recontos destas fontes de riqueza á marxe da territorial non é, por si só necesariamente, motivo suficiente para concluír que o proceso non foi realizado. Por outra banda, a existencia de tan poucas referencias é en certo modo, dunha forma indirecta, unha proba que nos inclina na liña de pensamento de que estas actividades non foron recollidas na maioría dos casos, ou que no caso de terse feito, o proceso resolveuse deficientemente. O argumento de traballar con borradores funciona tamén para as demais ramas económicas, de tal modo que, admitindo que moitos deses documentos se perderan, a situación deles en canto a conservación tamén debería ser mala. Porén, atopamos, aínda que en menor medida que os rexistros de terras, padróns gandeiros ou familiares. Mentres tanto, as probas de que as actividades comerciais e industriais se teñan recollido, son francamente escasas.

A situación é moi diferente cando esa referencia ás rendas industriais e comerciais existe de forma explícita. Neste tipo de casos, xa falamos de dúas posibilidades diferentes, aínda que unha vez máis debemos insistir na constante escaseza destes rexistros. Segundo a primeira posibilidade, o inventario destas fontes de riqueza está realizado, de modo que, sen entrar a valorar polo de agora as posibles omisións que neles se cometan, temos unha estrutura idéntica ao resto dos inventarios. Un a un, enuméranse para tódolos contribuíntes os diferentes beneficios que se clasifican nestas categorías. Como xa indicamos, existen apenas dúas ou tres listaxes deste tipo, todas elas dos veciños da vila de Pontedeume, e non se tratar de rexistros unicamente comerciais ou industriais. No seu lugar, estas riquezas aparecen como unha categoría máis entre os ingresos percibidos polos diferentes contribuíntes, pois o que temos en realidade son os recontos xerais que inclúen tódalas ramas posibles da riqueza que estaban contempladas no deseño orixinal elaborado pola administración central. A segunda posibilidade dacordo a como pode estar realizada a referencia a estes recontos responde a unha simple negación da súa existencia no territorio no que o inventario se está levando a cabo. É dicir, o reconto levouse a cabo pero está baleiro, pois non se recoñeceron ingresos de ningún deses dous tipos entre os contribuíntes das listaxes. Nestes casos, cando dispoñemos de cadernos da riqueza de determinadas parroquias que sabemos que están completos, as ramas de comercio e industria quedan reducidas a unha simple anotación que dá conta da súa ausencia nese territorio.

Este asunto estaba moi relacionado coas ocupacións e traballos desempeñados pola poboación, unha cuestión que tamén foi desenvolvida. As informacións ao respecto, non obstante, nin sequera foron obtidas de rexistros comerciais e industriais, senón de padróns familiares onde se indica a ocupación do cabeza de familia, o cal nos permite facernos unha idea dos problemas cos que o investigador debe tratar para abordar este tema a partir da fonte que manexamos. Por suposto, debemos ser conscientes do contexto eminentemente rural no que nos movemos para tratar de explicar unha menor presenza deste tipo de actividades. Estas prácticas eran dende logo de menor peso que as agrícolas e gandeiras que garantían o sustento das persoas, pero isto non debe facernos caer nunha visión simplista da realidade na que o campesiño vive soamente por e para a súa terra e os seus animais. O caso deses recontos onde o único detalle ao que se alude é a non existencia de ingresos de natureza industrial ou comercial convértese en realidade no que quizais sexa a demostración clara da existencia dun fenómeno de ocultación. A negación destes ingresos supón ao mesmo tempo a negación da existencia de calquera persoa que, simplemente, realice calquera outra actividade que non sexa puramente agraria. Na riqueza industrial deberían estar presentes os xornaleiros ademais dos oficios de transformación de materias primas, tales como artesáns de todo tipo. Entre os ingresos de tipo comercial, como o seu propio nome indica, entrarían os beneficios procedentes da comercialización de calquera tipo de produto. Son profesión moi comúns no rural, aínda que sexan a tempo parcial, de modo que tal negación da actividades carece dende logo de validez.

Neste aspecto concreto cremos que estas carencias tamén se poden apoñer á responsabilidade dos rexistradores. Afirmar que nunha parroquia non había máis que riqueza territorial non podía realizarse á lixeira, pois non resulta crible que un rexistrador negue a existencia dun muiñeiro, dun artesán de calquera tipo, dun profesor ou dun xornaleiro entre tódolos veciños dunha parroquia. Ao contrario, estes oficios quedaban reflectidos na sección do rexistro de familias. Dada a facilidade de comprobar isto, é igualmente sinxelo supoñer que esa omisión non se debería a un erro do rexistrador, senón que ao contrario, este sería plenamente consciente. A cuestión pivotaría arredor da que era considerada a ocupación principal, que na maioría dos casos si sería agrogandeira, pero o certo é que ao ser rexistrada

unicamente esta, o rexistrador en cuestión cometía a neglixencia de ignorar todo o demais, algo que sen lugar a dúbidas, tratándose do diversificado campesiño galego, deixou sen rexistrar importantes beneficios procedentes doutras actividades económicas complementarias. O motivo tras desta decisión ben pode ser o mesmo que foi presentado no caso dos montes comunais: as dúbidas en canto ao proceso e a aplicación das pautas da contribución xeral sobre estas fontes de riqueza puideron ser as causantes de que un perito pasara por alto certas ocupacións secundarias dos membros dun grupo familiar, co cal se aforraba tamén un traballo considerable. Este razoamento, porén, se ben resulta posible, é difícil de confirmar pola escaseza dos materiais arredor destas fontes de ingresos, de modo que tampouco resulta complicado comprender que sexa o achegamento á ocultación na rama territorial a que resulte máis factible de abordar.

5.3. CONFLITIVIDADE PASIVA/VISIBLE. ENFERMOS, DESAPARECIDOS E IGNORANTES

Os modos de resistencia que implican comportamentos pasivos poden ser máis difíciles de detectar. O motivo é que non sempre é fácil determinar o feito de se unha persoa ou un grupo concreto de xente están a desenvolver unha actitude de non colaboración ou se pola contra simplemente ignoran unha realidade, o que levaría de xeito irremediable a que esa xente non participase nun proceso ou nun sistema por simple e mero descoñecemento. Dende a óptica do observador externo, a situación resultante sería moi semellante con independencia de cal desas dúas fora a resposta auténtica para explicar esa non cooperación: unha sensación de inactividade por parte desa persoa ou dese grupo en cuestión en relación ao obxecto observado. Pese a que o resultado sexa semellante en ámbolos dous casos explicativos, o que leva a cada un deles é unha cuestión moi diferente, pois no caso da resistencia pasiva hai unha decisión plenamente consciente e polo tanto un certo grao de desafío que non se desprende da simple ignorancia dunha realidade concreta. Baixo unha actuación de resistencia pasiva subxacen ademais outros aspectos, tales como unha estratexia ou a busca dun obxectivo, igual que acontecía nos comportamentos descritos dentro do que chamabamos resistencia activa. Certos fenómenos que serán tratados neste subapartado quedan plasmados nas fontes perfectamente xa que causan unha serie de prexuízos ás autoridades e encargados da contribución cando intentan poñer en marcha o sistema de Facenda de 1817, de modo que o que trataremos de facer aquí é demostrar que se trata de feitos sucedidos tras tomar a decisión de non participar, e ao mesmo tempo sen chegar a entrar na práctica dunha forma de sabotaxe activa.

Certamente, as consideracións anteriores poderíannos levar a entrar nun bucle de difícil saída para tentar de separar a palla do trigo, tratando de diferenciar se certos comportamentos caen dentro da ignorancia dos feitos ou da decisión consciente de non colaborar. Errar finalmente nestas consideracións levaríanos a caer nun problema de análise, xa fora por exceso ou por defecto. Ver ao campesiñado nun caso concreto como artífice dunha resistencia pasiva e desenvolvendo unha actitude de non colaboración cando realmente non era así levaríanos a nunha situación na que estariamos sobreestimando as súas capacidades. Por outra banda e dun xeito oposto, poñer a ese mesmo campesiñado como grupo ignorante das disposicións da administración central da Facenda cando en realidade estaba a obrar totalmente a sabendas daría lugar á problemática xustamente contraria, a de menosprezar as súas aptitudes e outorgarlle unha postura inocente que non merece.

De entrada, o derradeiro deses supostos xa nos parece menos probable, pois custa crer que as autoridades locais non se preocuparan por facer chegar a toda a poboación baixo o alcance da súa xurisdición tódalas novas medidas, ou a lo menos as máis importantes, que se extraían da implantación e posta a punto do novo sistema tributario, tardaran estas en chegar

ao seu destino máis ou menos tempo. O sistema de contribución xeral non durou demasiado en funcionamento, pero este foi, con todo, o suficiente como para que certos comportamentos sexan inxustificables meses ou mesmo anos despois de ter entrado en vigor. Como veremos nestas páxinas, efectivamente, a ignorancia era unha situación difícil de crer nalgunhas situacións e isto xa pode ser por si mesmo unha forma de constatar o desenvolvemento do tipo de comportamentos que aquí tratamos de describir. Pero ademais, coa análise das fontes dispoñibles, podemos dar probas suficientes da existencia dunha serie de condutas que demostran sen lugar a dúbidas que existiron persoas que dun xeito totalmente voluntario decidiron ignorar certas pautas ou procesos do funcionamento do dito sistema de Facenda que se estaba implantando e non colaborar. Esa pasividade convértese nunha auténtica barreira e nunha importante forma de obstrución ao correcto desenvolvemento das tarefas relacionadas tanto coa recolleita de datos para a estatística como á hora de realizar os cobros, a través duns comportamentos que se estenderon mentres que a contribución xeral estivo vixente e non soamente nos seus compases iniciais, pois existen rexistros deles nas actas das xuntas locais mentres estas estiveron activas. Ao tratarse de comportamentos que quedaron recollidos de xeito explícito nas fontes amosando unha actitude de non colaboración, clasificámolos nesta sección de conflitividade pasiva e visible. Falamos principalmente de dous procederes diferentes: por unha parte, a pasividade dalgúns veciños á hora de seren nomeados peritos repartidores ademais dos intentos para tratar de liberarse do cargo e, pola outra, a ignorancia consciente dos veciños ante as reunións informativas en relación aos procesos de repartimento e cobro da contribución xeral. Ámbolos dous aparecen perfectamente rexistrados nas actas das xuntas locais.

En canto á resistencia de certos veciños a ser nomeados peritos repartidores, as actas non deixan lugar a dúbidas, pois estamos ante un comportamento moi repetido polo considerable número de rexistros que o recollen. Cando as cotas correspondentes ás parroquias eran calculadas, a xunta local procedía ao nomeamento destes suxeitos en cada unha delas (dacordo co establecido no artigo 13º da instrución do 1 de xuño), para que se encargaran de asignar a contribución individual a cada veciño. Neste particular contexto, as actas das corporacións locais comezan dende datas moi temperás a recoller diversas escusas mediante as cales, algunhas das persoas nomeadas a tal efecto pretendían librarse de desempeñar o dito labor. Un bo exemplo témolo o 5 de febreiro de 1819 na vila de Pontedeume, cando o diario de actas da xunta local recolle a declaración de imposibilidade de desenvolver o cargo de perito por parte de ata tres persoas ao mesmo tempo:

> "En las Casas Consistoriales de la Villa de Puentedeume (…) se hizo presente un oficio de Dn. Josef Fco. Labora, escusandose de acetar el encargo de Perito repartidor para que ha sido nombrado, y respecto la indisposición que en el expone, no le priba de poder desempeñar los deberes del mencionado encargo, acuerdan [os membros da xunta local] que el Sr. Presidente le manifieste lo combeniente a que concurra sin mas escusa a las seis de la tarde del dia siete del actual a hacer la acetacion y jura que le esta prevenido.
> Y respecto Dn. Josef Andres Varela otro de los nombrados se ha presentado a esta corporacion manifestando que en observancia de las soberanas resoluciones no podia escusarse de aceptar, desde luego lo haría con la protexta de ser exhonerado siempre que S.M. tenga a bien prebenirle el cumplimiento de su destino que obtenia de Admon. en la Villa de Mugardos, o siempre que le acometa la Gota que es público y notorio padece, cuya protexta asi estimó la Junta en caso obcurra cualquiera de los dos particulares mencionados.
> Que respecto Alberto Vazquez, en cuanto se halla actualmente enfermo, y que por esta razon no puede acetar el oficio de repartidor, ni menos concurrir para la devida jura, desde luego

en su lugar se nombra y elije a Manuel do Casal, a fin de que no se dilate el repartimiento e mas asuntos anexos a el un solo momento (…)[51]"

A firmeza da xunta no primeiro dos casos deixa entrever que este tipo de argumentos non eran descoñecidos en absoluto. O veciño en cuestión foi obrigado a presentarse nas dependencias municipais, pero pese a insistencia da entidade local non o fixo na data que se lle indicara, senón varios días despois, o 12 de febreiro. O caso foi analizado polo miúdo tal e como se sinala na acta correspondente:

> "(…) Estando reunidos los señores de la Contribución general (…) se presento ante ellos el Lic. Dn. Josef Fco. Labora uno de los peritos repartidores para la cuota del presente año manifestando personalmente sus dolencias que le imposivilitan de poder esecutar el mencionado encargo, y despues de ohida su relacion, y reconocido por el individuo de esta junta Dn. Diego Rodríguez cirujano de la Rl. Armada con la atencion que exige el caso, manifestó que dho. Labora padece [enumérase un longo cadro médico sintomático], siendo subsiguiente la debilidad, vahidos, perdimiento de vista y mas que manifestó a la junta, considerandole por todo ello incapaz de poder sugetarse al repartimiento para que se le nombró, ni otro asunto que merezca alguna atención. En vista de lo cual dhos. señores le hubieron por exonerado al Lic. Labora (…)[52]"


Este individuo recibiu finalmente a exención da tarefa, pero o detemento co que as autoridades locais examinaron o caso, coa presenza incluso de persoal médico, confirma que as escusas de cara a librarse de certos encargos non eran algo raro. A reacción da corporación local neste caso debémola entender como un claro indicativo do comportamento dun número non desprezable de individuos. Pois ante unha escusa, a xunta local reaccionou da peor forma posible, dun xeito autoritario, ordenando a unha persoa acudir a desempeñar a tarefa que por obriga lle correspondía. Ante as posibles opcións que se lle presentaban, os encargados da contribución xeral da vila eumesa responderon cunha absoluta desconfianza, o cal é mostra na nosa opinión, dos intentos reiterados dalgúns veciños de librarse de certos encargos. Pois dende logo, non habería motivo para unha reacción semellante no caso de que este tipo de escusas fosen algo illado.

Pero aínda máis, este tipo de rexistros non son a única proba do exercicio da autoridade de mans da xunta local que temos dispoñible. Outro exemplo do que podía chegar acontecer cando as persoas que eran designadas para un cargo non comparecían ante a xunta local témolo na anotación dunha acta localizada no arquivo de Pontedeume datada no 14 de xullo de 1817. Nela demóstrase que a corporación tiña potestade para requirir a presenza desas persoas pola vía da coerción, incluso mediante o envío de soldados. Esta solución extrema tampouco debeu ser moi frecuente posto que soamente atopamos este único caso, pero resulta reveladora á hora de analizar as facultades e os mecanismos que as autoridades locais terían ao seu alcance para controlar determinadas actitudes:

> "Por la inovediencia de Manuel Vizoso y Juan Cancela en no concurrir como se le mando por esta junta en perjuicio del Real Servicio, pasan dos Soldados a apremiarles a su costa, hasta que lo cumplan, ademas de la responsabilidad y providencias conbenientes[53]."

[51] AMP, c. 140, l. 1, a. 4, p. 11.
[52] Ibídem, p. 12.
[53] AMP, c. 140, l. 1, a. 2, p. 29.

Os argumentos empregados para conseguir a exención desta tarefa son diversos, pero todos quedan reducidos a un único e claro obxectivo, o de conseguir a liberación da ocupación de perito. Xeralmente estamos ante xente enferma, pero tamén temos casos de persoas que non poden ser localizadas e das cales tampouco se coñece o seu paradoiro actual. A isto hai que engadirlle o feito de que loxicamente, non toda persoa do pobo ou da parroquia podería desenvolver este labor, posto que cabe esperar que fose necesaria unha formación mínima que xa vimos que non sempre se cumpría. Neste sentido, aquel artigo 13º da instrución ao que nos referimos xa varias veces e que trataba sobre a designación dos peritos, podía entrar en conflito co desenvolvemento da actividade dalgúns dos escollidos, que debían renunciar igualmente aínda que esta vez de xeito xustificado. Neste caso, o desenvolvemento dese oficio irrenunciable era empregado tamén como escusa. Un caso particular que aconteceu na localidade de Ortigueira témolo datado no 27 de xullo de 1817 (pode observarse na fotografía 8) e sérvenos de exemplo para ilustrar estes dous últimos argumentos presentados polos escollidos.


Auto
En atencion a que Dn Francisco Crego y Castri
llon sin embargo dela orden que se le pasó no concurrio
a esta Casa consistorial ni menos se save en que paraxe
se encuentra exerciendo su oficio de Perito contador par
tidor y Agrimensor, y aque Aguirre ausente encuentro en
primeras letras de esta Villa tampoco puede hacerlo p.r
no faltar al cumplimiento de su obligacion, para no se
tardar ni atrasar la que se previene por el Señor Yn
tendente de este Reino y mas Superioridades protesta y
ta Junta precediday las indicaciones necesarias para
a hacer por si mysma la division dela cantidad principal
delos ciento once mil ciento noventa y ocho r.s y treinta
y un mrs de vellon entre las Parroquias de esta Juris
dicion para saber lo que acada una corresponda y deva

Fotografía 8: acta da xunta local de Ortigueira na que se observa que a corporación debe asumir as tarefas de repartimento ante a suposta imposibilidade dos peritos nomeados a tal efecto (22/07/1817. AMO, c. 433/19, a. 2, p. 8).

A acta correspondente a ese día deixa constancia de que o repartimento por parroquias da cota asignada á xurisdición da vila tivo que ser asumido pola propia xunta local ante a suposta imposibilidade dos dous individuos nomeados para levar a cabo a tarefa orixinalmente. O

primeiro deles nin sequera chegou a presentarse ante as autoridades locais pese a orde de chamamento emitida, de modo que "ni menos se save en que paraxe se encuentra exerciendo su oficio". O segundo deses suxeitos, mestre de primeiras letras da vila, alegaba non poder renunciar ao seu traballo para encargarse do encargo que lle fora encomendado, pois apuntaba que "tampoco puede hacerlo por no faltar al cumplimiento de su obligacion".

Dende logo, podemos supoñer que realmente algúns destes casos serían verdade (como o presentado un pouco máis atrás), de modo que algúns individuos estarían realmente indispostos para desenvolver o cargo de peritos, ou que o desenvolvemento da tarefa era incompatible, efectivamente, co oficio habitual que os ocupaba. Pero o que nos dá o convencemento de que estamos ante unha actitude de non colaboración é, non soamente a existencia destes argumentos, senón o número considerable de casos que nos atopamos. Esa reiteración, recadación tras recadación é a que nos confirma sen lugar a dúbidas que unha parte importante destes casos non son outra cousa que meras escusas para evitar desenvolver un traballo considerado pouco satisfactorio. Outra proba que nos axuda a confirmar isto que vimos dicindo témola noutra parte da documentación que manexamos, concretamente nas queixas e rogos enviadas dende os pobos ao intendente. Entre algúns daqueles documentos saía a relucir en ocasións unha desvantaxe que supoñía para un veciño o ser designado repartidor, que non era outra que a perda de forza produtiva no seu fogar. Este argumento reforza os nosos razoamentos ao este respecto.

A cuestión é que, en realidade, este tipo de sucesos nin sequera nos deben resultar sorprendentes, posto que se atendemos á configuración da propia contribución xeral atopamos que estes individuos non recibían compensación algunha a cambio de desempeñar este labor, por pequena que fose. Non é difícil supoñer como, aos seus ollos, a ocupación non era máis que unha perda de tempo que, peor aínda, lles impedía desenvolver outras ocupacións persoais. Nun traballo pouco gratificante como sería o caso, tampouco resulta difícil supoñer posibles eivas á hora de cumprir co seu deber, aspecto moi relacionado con outras cuestións xa expostas nos anteriores subapartados deste capítulo. Un comunicado de Facenda do 25 de novembro de 1817 no que se explicaba como se debía distribuír o aumento do 3% para gastos sobre a cota de cada núcleo que contribuíra deixaba ben claro este aspecto:

> "Siendo honrosa y comun á todos los vasallos la obligacion de desempeñar el encargo de individuo de las juntas de estadística y repartimiento, en cuyo concepto se incluyen los peritos repartidores del pueblo, serán gratuitos sus servicios, y no recibirán ninguna recompensa pecuniaria[54]."

Isto polo que respecta á resistencia das persoas que eran designadas como peritos repartidores. Porén, tal e como indicamos ao comezo deste apartado, existía outro comportamento de non colaboración co funcionamento do proceso tributario que quedaba perfectamente plasmado nas fontes que manexamos. Referímonos en concreto ás actitudes dos veciños de cara á ignorancia consciente daquilo que tiña que ver coa estatística da riqueza. De novo podemos entrar nun debate de se estamos ante unha mera ignorancia ou ante unha actitude pasiva de non participación dun xeito consciente. Porén, a proba de que estamos ante isto último dánnola de novo os rexistros das actas das xuntas locais, pois temos casos reiterados nos que podemos observar os esforzos das autoridades locais para que os resultados dos recontos da riqueza chegaran a tódolos veciños. Como mínimo, unha vez rematados os recontos (sempre e cando os prazos o permitiran, e isto non sempre ocorría como tivemos ocasión de comprobar), as actas recollen a exposición dos resultados obtidos nas dependencias do concello, onde

[54] López Juana Pinilla, J. (1848), vol. VI, p. 142-143.

calquera podía velos e comprobar que eran correctos, ademais de formular os agravios e demandas oportunas en caso de crer que se cometera algún erro. Outras veces, esa exposición tomaba a forma dunha lectura pública para tódolos veciños. Como exemplo da primeira destas situacións, o diario da corporación de Ortigueira recolle o seguinte, con data do 13 de agosto de 1817:

> "En la Villa de Santa Marta de Ortigueira (…) yo escrivano, pongo por certificacion como en este dia reformo un edicto publicando en el las Parroquias o feligresías que tienen concluhidos y acavados sus repartimientos y entregados en la Junta de Comisión para que los que quieran enterarse de ellas, y cerciorarse de la partida que le correspondio, concurra a la Casa Consistorial a verificarlo, en donde se pondran de manifiesto al publico desde la ora de ocho por la mañana hasta las doce, y por la tarde desde las tres hasta las cinco, y el que se sienta gravado concurra ante los Señores de la misma Junta a proponer sus agravios (…)[55]"

Certamente, non sempre sería factible dirixirse á vila dende unha parroquia para verificar a corrección dos datos recollidos polos rexistradores, así que a decisión de comprobar esta exposición podería responder a un uso práctico do tempo dos campesiños e non tanto a unha actitude de non cooperación. Porén, sabemos que en Pontedeume, esa presentación se levou a cabo tamén mediante unha lectura pública dos resultados por parroquias, tal e como se recolle na acta correspondente ao 11 de outubro de 1819[56]. Nela sinalábase que, unha vez lido o reconto da vila, se devolvese o libro á xunta local co obxectivo de traspasar avisos ás diferentes parroquias, onde a mesma tarefa de lectura debería ser levada a cabo. Queda xa ben claro polo tanto que dunha ou doutra forma, as autoridades locais se preocupaban por difundir de xeito ben aberto a finalización dos recontos e o resultado dos mesmos, o que nos permite descartar a desculpa do descoñecemento entre os veciños. Ademais, unha cousa era non poder acudir a comprobar a veracidade destes datos nun momento no que os traballos agrarios requirían importantes atencións e traballo por parte dos veciños, e outra moi diferente dar por sentado que os campesiños non coñecían o evento desa publicación de resultados. Por outra banda, as actas dannos exemplos de que outras veces as cousas se complicaron aínda máis, de xeito que podemos deducir sen lugar a dúbidas que estamos ante actitudes de non colaboración por parte dos contribuíntes, que ademais se podían agravar pola falta de colaboración das persoas que eran encargadas de certas tarefas. Tal foi o que aconteceu na mesma vila de Pontedeume, onde a partires de mediados de setembro de 1819 asistimos a un caso paradigmático cuxa exposición eliminará toda dúbida que poida quedar ao respecto de recoñecer auténticas condutas de non colaboración. Neste caso eliminamos ese factor distancia que puidera existir entre o lugar onde estaban publicados os datos e o lugar de residencia dos veciños, pois os implicados nos feitos que a continuación aparecen descritos son os propios habitantes da vila eumesa.

O 17 de setembro concretamente, as actas das vila recollen un "acuerdo sobre la presentación del libro de apeo", tal e como figura no encabezamento do propio rexistro. O obxectivo deste proceso era o habitual, é dicir, publicar as indagación realizadas sobre a riqueza e abrir un proceso para que as reclamacións que puideran darse entre os particulares puideran ser abordadas. Para tales efectos, a xunta local publicou un bando municipal en nome do presidente da corporación:

[55] AMO, c. 433/19, a. 2, p. 29.
[56] AMP, c. 184, a. 1, p. 43.

> "(…) Hago noticia de que abiendo el encargado D. José del Río y Puente presentado al Aymo. de este pueblo el libro de apeo del mismo, cuando en conformidad de lo prevenido (…) se proceda a su lectura en las Casas Consistoriales a las once de la mañana del día diez y nueve del que rige para inteligencia de este vecindario, a fin de que teniendo que exponer y aclarar sobre él lo que sea justo lo ejecute sin descompostura ni exceso vajo seria providencia contra el vecino que hiciese lo contrario. Y para que asi se cumpla lo dispuesto por la dha. corporación se fija el presente [bando] (…)[57]"

Aquí atopámonos, polo tanto, co libro do apeo da localidade de Pontedeume xa completado. Chegado o día da lectura e tras pasar a hora na que dito acto tería lugar, unha nova acta que leva por título "certificación de no concurrir el vecindario" deixa constancia da situación que comezou a vivirse na vila nos días seguintes:

> "Estando reunidos los señores que avajo firman, y con ellos dn. Josef del Rio y Puente encargado de la formación del catastro (…) para la lectura del libro de apeo formado por dho. encargado, como dia señalado por el Aymo. en el acuerdo y bando que anteceden, apesar del tiempo que han permanecido en estas dhas. Casas, no concurrió vecino alguno al indicado obgeto de la lectura, por lo que dhos. Señores reservan acordar lo combeniente acerca del particular (…)[58]"

A solución a este suceso materializouse o 6 de outubro seguinte na acta encabezada pola mensaxe "acuerdo nombrando dos sugetos por calle para la lectura del libro de apeo", segundo o cal quedaba establecido un cambio de estratexia por parte da xunta local co obxectivo de dar a coñecer os resultados dos rexistros. A cuestión quedaba enfocada mediante unha lectura ante representantes dos distintos lugares de toda a vila, entendendo que os veciños non puideran acudir ao consistorio por ter que atender outras obrigacións:

> "(…) no aber concurrido para el indicado obgeto como resulta de la precedente acta, no habiendose adelantado mas en este asunto dimanado del rompimiento de vendimias en que todos estubieron ocupados, a constancia de que ahora ha cesado (…) para que se practique la mencionada lectura por ante dos hombres de cada calle se elijen por tales a [figuran os nomes de varios veciños], a todos los cuales se comboque para que a las diez de la mañana del dia diez del que rige concurran a esta Casas Consistoriales a presenciar dha. lectura a la que asistirá el encargado dn. Josef del Río con los peritos que entendieron en dha. operación al motibado obgeto (…)[59]"

Un total de vinte e dous veciños foron citados nas dependencias das autoridades locais catro días despois para escoitar, esta vez xa de forma obrigatoria, a lectura dos resultados, de forma que darían constancia dos mesmos aos seus inmediatos veciños. Todos estes individuos foron requiridos a título persoal, é dicir, que se contactou con eles directamente. Porén, incluso baixo este mandato, algúns deles alegaron non poder asistir ao evento ou resultou imposible localizalos, o que supuxo a necesidade de nomear algúns substitutos. Isto aconteceu un día máis tarde de realizarse o anuncio precedente, o día 7 de outubro. De novo, a acta correspondente dá conta do suceso:

[57] AMP, c. 184, a. 1, p. 38.
[58] Ibídem, p. 39.
[59] Ibídem, p. 40.

> "Estando juntos los señores justicia y Aymo. que avajo firman, dixeron: Que mediante el alguacil veedor dió cuenta que abiendo pasado a combocar a los sugetos señalados en el acuerdo precedente para la reunion prevenida el dia diez del que rige, hallava que Bernardo da Leiva, Bartme. Soler y Andrés Pereira estan ausentes, Bartme. Allegue y Rosdo. Salgado enfermos, y el Licenciado dn. Josef Labora no lo allara para dho. aviso; En vista de lo cual, acuerdan, que habiendo por exonerados a los seis referidos desde luego elijen en lugar de ellos a [figuran os nomes dos seis substitutos escollidos], a quienes se comboque para que verifiquen la concurrencia para la lectura del libro de apeo prevenido (…)[60]"

Por fin, chegado o día 10 de outubro, reunidos os membros da xunta, o encargado do apeo e os peritos correspondentes xunto cos veciños solicitados, procedeuse á lectura do rexistro nos seguintes termos:

> "En las Casas Consistoriales de la Villa de Puentedeume a diez dias del mes de octubre, año de mil ochocientos diez y nueve estando juntos [procédese a citar a tódolos asistentes] y en presencia de todos ellos, y de los peritos tasadores, el encargado dn. Josef del Rio Puente y Ruiz, ha lehido el libro de apeo de esta Villa, y despues de bien enterados, instruhidos e informados expusieron que nada se les ofrecia que exponer contra dha. operación, contemplandola por lo mismo justa, conforme y arreglada, a excepción de alguna otra pensión equibocada que el encargado ofrecio enmendar (…) En vista de lo cual, se ha dado por concluso este acto, firmando los que asertaron saber (…)[61]"

Aínda que a lectura do apeo se levou a cabo finalmente, hai que chamar a atención sobre o feito de que, pese a tódolos inconvenientes vividos, nin sequera nesta derradeira ocasión acudiron a totalidade dos veciños citados, pois esta última acta soamente deixa constancia de vinte nomes das vinte e dúas persoas que estaban chamadas a comparecer aquel día nas dependencias do concello. Polo tanto, aínda coa resistencia que puido presentar algún dos veciños citados orixinalmente e tendo en conta que as autoridades locais deberon, ademais de nomear novos substitutos, esixir a confirmación de asistencia, algún dos elixidos decidiu non asistir ao evento. Esta sucesión de feitos prolongouse durante un total de vinte e tres días, o que significa que ese foi precisamente o espazo temporal que necesitou a xunta local asentada na propia vila para facer chegar os resultados aos veciños que vivían alí mesmo, nun proceso que case podemos caracterizar de persecutorio. Por suposto, durante ese período de tempo, outros procesos non deberon avanzar o máis mínimo, pois nestes días nos que se desenvolve este episodio, o diario da xunta non recolle máis actividades. É probable que as autoridades locais puideran ter evitado este procedemento, pois como tivemos ocasión de ver neste mesmo capítulo, houbo casos de procesos de corrección que non foron respectados, algúns citados incluso para o exemplo desta mesma vila. Pero nesta ocasión a corporación decidiu proceder do xeito que acaba de ser descrito, obtendo dos contribuíntes os resultados expostos.

É certo que as propias autoridades chegaron a escusar en primeira instancia aos propios veciños aducindo a problemática da coincidencia no tempo da reunión informativa co desenvolvemento de certos traballos agrícolas relacionados coa vendima. Pero o feito de que non asistira nin un so veciño á lectura, unido a que posteriormente houbera que decretar a concorrencia obrigatoria á mesma, producíndose nese marco novos episodios de ausencias inxustificadas ou enfermidades, elimina todo tipo de dúbidas ao respecto da escasa ou nula

[60] AMP, c. 184, a. 1, p. 41.
[61] Ibídem, pp. 41-42.

vontade de colaboración por parte dos habitantes deste núcleo. Case un mes foi necesario para presentar un caderno de recontos que xa estaba rematado, tendo en conta que ademais ningún dos veciños tivo apenas nada que alegar nin reclamar. Por riba de todo isto, ese proceso de presentación de resultados non fixera máis que comezar, pois Pontedeume era só o primeiro lugar onde esa tarefa se ía levar a cabo. Pendentes do mesmo encargo quedaban aínda as vinte e seis parroquias que conformaban a xurisdición da xunta local asentada na vila. Unha actuación á que se daba comezo xusto un día despois de concluír a complicada lectura en Pontedeume, o 11 de outubro, quedando recollida nunha acta que xa foi citada algunhas páxinas máis atrás. Non sabemos, porén, como se desenvolveu este proceso nas parroquias, nin sequera se chegou a comezar debido á inminente proximidade no tempo do pronunciamento liberal que deu inicio ao Trienio Liberal. Este que citamos é de feito un dos derradeiros rexistros das actuacións da xunta local da vila eumesa, pois as súas correspondentes actas rematan pouco tempo despois.

En relación con este tema dos tempos tamén debemos observar polo tanto as datas dos rexistros nas que todos estes sucesos se recollen, pois cumpren así mesmo outro obxectivo importante. Ademais de dar conta do propio feito en si, a data sérvenos ademais como indicativo do alcance deste fenómeno a través do tempo. Traer ata aquí exemplos tanto do comezo mesmo do proceso de implantación do sistema tributario como dos momentos finais do absolutismo antes da chegada do Trienio Liberal abre ante nós a posibilidade de comprobar que este tipo de comportamentos non se limitaron a un tempo concreto. Non se trataba polo tanto dun proceder que ocorrera especialmente ao comezo do proceso como consecuencia dunha desconfianza cara un novo sistema fiscal, nin tampouco se pode xustificar como unha resposta ante a crise final que afectaba ao sistema goberno dende había anos xusto antes do pronunciamento liberal de Riego. En lugar disto, aínda que esa desconfianza inicial e a situación de descomposición final poidan fomentar estas prácticas, queda bastante claro que este tipo de actuacións se produciron realmente mentres o sistema de Facenda estivo vixente, sempre que fosen necesarios peritos ou sempre que os veciños tiveran que colaborar para que o proceso puidera seguir avanzando.

5.4. CONFLITIVIDADE PASIVA/NON VISIBLE. APROVEITAMENTO DOS TEMPOS AO MÁXIMO

Referímonos neste apartado a unha serie de comportamentos desenvolvidos polos contribuíntes e que consisten, basicamente, no aproveitamento ao máximo dos prazos que ofrecen as administracións para efectuar os seus respectivos pagos contributivos, e mesmo en pequenas violacións deses prazos sen chegar a incorrer en tempos que supoñan castigos severos. Como xa acontecía coa outra vertente da resistencia non visible nas fontes, as cuestións que caen dentro desta categoría deben ser deducidas a partir daquilo que as fontes non nos amosan, isto é, dun xeito indirecto. Como aquí entramos ademais, novamente, no debate que formulamos ao comezo do subapartado anterior, é dicir, se estamos ante un acto de ignorancia ou ben ante un comportamento pasivo de non colaboración propiamente dito, esta vertente da conflitividade é a máis difícil de confirmar das catro que aquí presentamos, debido á suma destes dous inconvenientes. Con respecto a esta categoría do noso esquema, ao contrario do anterior apartado, non temos a constancia directa nas fontes dun fenómeno concreto, senón que debemos deducilo a partir doutros indicadores. No apartado anterior tiñamos unha serie de comportamentos, e a nosa tarefa consistía unicamente en demostrar que estabamos ante algo que sucedía de xeito consciente. Neste caso, a cuestión é un pouco máis complicada nalgúns dos aspectos que presenta.


Para comezar, existen dous indicadores fundamentais para detectar os comportamentos que entran na categoría que estamos a describir. En ámbolos dous casos movémonos dentro

das actas (fundamentalmente nas de Pontedeume polo seu maior arco cronolóxico cuberto), pois estamos ante dous tipos diferentes de rexistros que atopamos sempre no seu interior: por unha banda estarían as actas de prema ás parroquias e, polo outro, os recibos de pagamento das cotas correspondentes á xurisdición dunha xunta local. En primeiro lugar centrarémonos en analizar o que podemos obter con estes rexistros en termos de temporalidade da reforma, pois xa se trata dunha información valiosa en si mesma, para pasar logo a tratar os razoamentos segundo os cales pensamos que poden ser empregados para detectar unha serie de comportamentos de resistencia pasiva.

Os primeiros destes documentos citados consisten, basicamente, en mensaxes de carácter urxente que a xunta local envía ás freguesías e aos encargados das diferentes fases do proceso de contribución, para solicitar o cumprimento das disposicións administrativas que sexan necesarias. Estes avisos pretenden apremar os traballos, xa sexa de inventariado cando estes se realizan, e sobre todo o pagamento da cota dos veciños no momento de realizar a recadación. Por regra xeral son breves e o seu contido non pasa de indicacións moi concisas nas que se ordena a determinadas parroquias que aceleren estas tarefas. Dentro das actas, este tipo de comunicados concéntranse, como resulta lóxico, nos momentos próximos ao vencemento dos prazos de recadación, cando as autoridades locais buscan cumprir co que se lles pedira e respectar o calendario fixado pola administración central. Así mesmo, o máis frecuente é ver este prazo de cobro superado, de maneira que podemos observar un grande número de rexistros deste tipo que xa son enviados cos prazos vencidos, esixindo o cobro inmediato da recadación e a súa entrega no lugar no que corresponda.

Un dos motivos polos que este tipo de rexistros son tan frecuentes nas actas débese a que sempre existen varias copias que eran enviadas ao mesmo tempo polas autoridades. No caso particular de Pontedeume, a corporación local mandaba, non unha, senón varias disposicións iguais, cada unha das cales circularía soamente por algunhas parroquias. O motivo para facer isto sería simplemente práctico, para aforrar tempo, pois con isto dábase máis velocidade ao aviso, de xeito que tamén se cubría máis terreo con varias copias, que loxicamente serían enviadas en distintas direccións. O único que diferenza uns documentos dos outros son as parroquias polas que circula, que aparecen xeralmente anotadas nunha das marxes do texto do aviso. Así, as particularidades do hábitat galego aparecen como un problema que, ao dificultar o control do territorio por parte das autoridades, prepara o terreo para o desenvolvemento de formas de resistencia. Tras este proceso de circulación, o documento volvía a mans da xunta local reflectindo a sinatura dos encargados da recadación en cada territorio, proba inequívoca da recepción do documento. Un exemplo deste tipo de rexistro témolo na fotografía 9. Cos prazos xa vencidos, a xunta local de Pontedeume esixe que se efectúe unha recadación.

Esa imaxe fai referencia a un comunicado enviado pola xunta local o 6 de setembro de 1817, cando, en teoría, xa debería estar entregada a primeira cota da contribución xeral. Segundo o que estaba estipulado, ao non estar cumprido este punto, os documentos envíanse a modo de aviso e ultimato, ameazando con que "se despacharán irremisiblemente los apremios determinadas por dicho Señor Intendente". Do mesmo xeito, a xunta local advirte aos pedáneos da necesidade de acudir en vinte e catro horas coa noticia de que recadación das parroquias que correspondan a cada un está lista, pois "en concepto de que no lo haciendo se despacharan contra ellos los correspondientes apremios, y seran responsables ademas de los que expida la capital de Betanzos". Pese a ser un comunicado oficial, chama a atención que neste momento, as sancións son definidas de forma bastante vaga, pois en principio non hai nada que nos indique que se contemplaban medidas concretas á marxe deses "apremios". Porén, a situación cambiou nos días seguintes, aumentando bastante o clima de tensión respecto da recadación.



Fotografía 9: comunicado emitido pola xunta de pobo de Pontedeume para apremar a unha serie de pedáneos a que entreguen a recadación da contribución xeral (06/09/1817. AMP, c. 140, l. 1, a. 2, p. 91).

Se seguimos o curso dos acontecementos no que sería este primeiro pago dende que se instaurara o novo sistema de Facenda, comprobaremos que para efectuar aquel cobro especial (lembremos que incluía os dous primeiros terzos do ano) concedeuse unha pequena ampliación dos prazos ata o día 11 de setembro, data a partir da cal se comezaría novamente coa imposición de sancións. Na xurisdición de Pontedeume, esa prórroga non cambiou moito as cousas, aparte do feito de retrasar o que acontecera unha semana antes. O día 6, a xunta local non coñecía a prórroga, así que emitiu as ordes para urxir ás parroquias a efectuar as

respectivas recadacións. Como o aviso da nova data chegou á vila o propio día do vencemento da mesma (o día 11), o único para o que serviu ese comunicado foi para reiniciar o contador dos atrasos tras un período de dez días. O retraso dun mes na entrega dos dous primeiros terzos dos que xa falamos convertíase, por medio desta graza, en vinte días.

De todos modos, chegado o día, a situación volvíase repetir posto que case ningunha parroquia tiña entregado a cantidade que lle correspondía por asignación, e como proba disto temos o envío de catro novos documentos que deberían circular por nada menos que vinte das vinte e seis parroquias que compoñían a xurisdición administrada pola corporación local de Pontedeume. Neste caso, as ameazas aos encargados da recadación son moito máis explícitas, ademais de volverse máis concretas. En cada unha destas ordes estaba recollido o seguinte enunciado:

> "La junta de contribución de la Villa de Puentedeume y parroquias de su término: Hace saber a los Pedaneos que al marjen se señalan, pasando esta de unos a otros sin la menor dilación, que dentro del preciso, perentorio y último término de veinte y cuatro horas presenten en esta Villa la cantidad de la contribución real que les ha cavido a fin de cumplimientarse en esta parte lo mandado por la superioridad en el concepto de que pasado dho. término no solo sufrirán los mas rigurosos apremios, sino que seran arrestados en esta, y multados cada omiso en trescientos reales, todo lo que se ejecutará irremisiblemente. Y para que no aleguen ignorancia se expide la presente, en la que de quedar enterados lo anotarán a continuación de esta (…)[62]"

Existen unha morea de exemplos coma estes que se repiten de xeito constante mentres as actas seguen recollendo rexistros e que se volven recorrentes cada vez que temos un período de recadación en marcha, o que demostra que estamos ante un problema que non é en absoluto illado. Ao contrario, estamos ante un mal completamente endémico do sistema. É dicir, que pese a que os exemplos que describimos se refiren aos problemas que tiveron lugar no primeiro dos pagos unha vez implantado o sistema tributario, outras mostras poderían ser traídas aquí dos exercicios de cobro seguintes nos dous anos que viñeron a continuación. A estrutura destes sería moi semellante e a estratexia de difusión e os obxectivos que buscaban, os mesmos. Porén, a variación que observamos segundo avanzamos no tempo é que o retraso acumulado nos pagamentos se volve cada vez maior. Para analizar isto basta con observar as datas dos rexistros: por exemplo, no seguinte terzo correspondente a decembro de 1817, hai avisos que foron remitidos o 21 de xaneiro de 1818 cando o cobro debera terse realizado a comezos dese mes. Por outra banda, no terzo de agosto de 1819 (correspondente aos meses de maio, xuño, xullo e agosto) que debería ser cobrado a principios de setembro, observamos rexistros de avisos nas actas a finais dese mesmo mes. A recadación, porén, non se levou a cabo naquel momento, pois temos unha nova emisión de avisos varias semanas máis tarde, o 23 de novembro. Estas actas de prema son polo tanto un indicativo da existencia dun atraso no pago, a lo menos cando observamos que se emiten despois da data de vencemento do prazo correspondente, o cal sucede na enorme maioría dos casos dispoñibles. No seu lugar, cando se emiten en datas próximas cumpren soamente a función de advertir (no arquivo de Ortigueira vemos avisos de prema que son emitidos moito máis cedo, a mediados de agosto de 1817 e polo tanto aínda dentro do prazo de pagamento). Non obstante, a principal limitación deste tipo de rexistros radica no feito de que soamente dan conta da existencia dun atraso, pero non nos permiten coñecer a data concreta de entrega da contribución. O que si nos aporta esta

[62] AMP, c. 140, l. 1, a. 2, p. 100.

información de xeito definitivo é a data que figura no recibo correspondente á entrega da recadación na tesourería, que pasamos a abordar a continuación.

Eses recibos son o outro tipo de documento localizado nas actas que nos pode axudar a deducir a existencia dunha resistencia pasiva por parte dos contribuíntes a partir da constatación dun atraso no pagamento da contribución xeral. A súa estrutura non esconde ningunha dificultade, como xa vimos nunha imaxe anterior (a número 3), e limítase a un modelo impreso básico no que se apuntan, de forma manuscrita, os datos sobre a entrega de numerario correspondente a un terzo anual determinado. Estes documentos ofrecen moita menos información que os avisos de prema, no sentido de que non coñecemos nada sobre o proceso que levou á expedición dese recibo: información relativa á circulación dos avisos ou das sancións impostas que si aparece reflectida no caso dos documentos anteriores. Pero os recibos son moi útiles dende outro punto de vista, no sentido de que nos permiten coñecer a data na que finalizou cada exercicio de recadación, ademais de determinar o atraso sufrido na mesma de xeito exacto.

Se atendemos ás datas que figuran nestes documentos, grazas a eles sabemos que as autoridades da vila de Pontedeume depositaron a cantidade correspondente aos dous primeiros terzos de 1817 ante o depositario das rendas da provincia de Betanzos o 1 de outubro, tralo cal, o contador de rendas do partido asinou o documento. O retraso, tendo en conta a importancia e dificultade que probablemente supoñía a empresa de recadar a contribución correspondente a oito meses de 1817 dunha soa vez, pode ser considerado como moderado, sobre todo se temos en conta o tempo que pasara soamente para que a documentación da contribución chegara á vila de Pontedeume, feito que se demorou ata o 9 de xullo. Lembraremos tamén que ese primeiro repartimento mesmo tivo que ser realizado de cero porque contiña erros graves. Afortunadamente, podemos comparar este retraso con aquel que aparece noutros recibos gracias ao tempo no que se estenden as actas desta vila, de maneira que é así como comprobamos que o seguinte terzo, o de decembro, se atrasou aínda máis, co que a cantidade recadada non foi entregada ata o 8 de abril. Nesta data o numerario solicitado nin sequera se correspondía co total a entregar, de forma que un segundo prazo correspondente a unha cuarta parte da cantidade requirida foi depositado case un mes máis tarde, o 5 de maio. Dun retraso dun mes pasamos a outro de catro para a lo menos parte da recadación, aínda que tamén é importante apuntar que, pese a esta dilación, a cantidade entregada a principios de maio era o total que lle fora asignado á vila para o ano 1817, que polo tanto cumpriu co que se lle encomendara en materia de contribución xeral á marxe dos posibles problemas que evidentemente deberon presentarse.

Avanzando un pouco no tempo traendo de volta os avisos do 23 de novembro de 1819 que citamos un pouco máis atrás, o certo é que non atopamos o recibo desta entrega, pero tendo en conta que os tres meses de vencemento xa case pasaran aquí sen que a recadación estivera feita, cabe esperar unha demora aínda maior. Iso se en realidade se levou a cabo, o cal non é en absoluto seguro se valoramos o devir político do estado dos seguintes meses. Polo tanto, con estes recibos non soamente podemos comprobar os retrasos para tratar de ver certos comportamentos nos contribuíntes. Estes pequenos documentos van moito máis alá, xa que son unha mostra da culminación do proceso que hai trala contribución e do seu grao de efectividade. A través deles observamos o alcance real dos mecanismos de captación de recursos que a Facenda posúe, así como ata que punto o sistema logra o seu obxectivo de recadar.

O que levamos dito ata o de agora neste apartado non é en si mesmo un indicativo nin un sinal que confirme un tipo de proceder concreto por parte dunha serie de veciños dunha parroquia, senón unha proba documental nas actas da xunta local da existencia dun atraso

temporal a partir dos datos ofrecidos por dous tipos de rexistros distintos. Polo de agora, logo, non se trata dunha confirmación de actuacións concretas, senón da descrición dunha determinada situación. As demoras das que falamos quedan demostradas *de facto* cando localizamos un recibo de entrega do terzo correspondente cunha data xa vencida ou unha acta de prema emitida nesa mesma situación, e o seu coñecemento é necesario para organizar a nosa argumentación. A nosa dedución comeza necesariamente a partir da análise do comportamento e da natureza deses atrasos sufridos nos exercicios de recadación da vila de Pontedeume, é dicir, que partimos da constatación de que ese tempo aumenta de xeito progresivo a medida que os exercicios de recadación se suceden (ou a lo menos mantense en cifras elevadas), algo que salta á vista como acabamos de comprobar.

Detrás deste feito pensamos que existen a lo menos dúas posibilidades explicativas, é dicir, dous motivos fundamentais que provocan eses atrasos, sendo a solución moi probablemente, unha combinación das mesmas. Esas causas serían concretamente a existencia de problemas técnicos xa expostos e de sobra confirmados na base do sistema, por unha banda, pero tamén a actitude de resistencia pasiva dos veciños no outro lado (agora en forma de aproveitamento ao máximo dos prazos establecidos, por exemplo), que é o que trataremos de demostrar a continuación. Quizais todo isto se vexa axudado tamén por unha terceira vía, a relaxación progresiva no cumprimento do deber por parte das autoridades locais pese as sancións que podían chegar a impoñerse, pois observamos que os avisos e premas son remitidos a cada paso en datas máis tardías, pero que isto sexa así isto non resta importancia ás dúas primeiras cuestións, nin tampouco exclúe a súa existencia. De atopar aquí un comportamento de resistencia pasiva nos veciños, deberíamos caracterizalo como algo distinto aos confirmados no subapartado anterior, pois estamos xa noutro momento diferente no funcionamento do sistema. Aquí xa non interfiren as persoas que non queren ser nomeadas peritos, nin tampouco os veciños que se resisten ao máximo a acudir ás exposicións dos datos, porque esas condutas afectan ao funcionamento do sistema antes de que as cotas individuais estean calculadas. Pero agora, con todo isto superado o único que resta é realizar a recadación do que corresponda, así que novos retrasos deben ser explicados por novas e diferentes condutas de resistencia, desta vez ante o pagamento.

¿Cales son, pois, as probas e indicios concretos que nos permiten ver nas fontes que manexamos estoutros comportamentos? Para empezar, a constatación que fixemos xusto no apartado anterior de que efectivamente existe unha resistencia pasiva por parte dos veciños das parroquias que os leva a non colaborar no correcto desenvolvemento e funcionamento do sistema. Polo tanto, xa non partimos de cero e sabemos que estas actitudes existiron. Neste sentido, a práctica de alongar o pago da contribución ao máximo non sería máis que outra mostra da resistencia pasiva que expuxemos no subapartado anterior, é dicir, unha forma máis na que esa actitude se materializa, pero nun intre diferente do proceso. Do mesmo xeito, debemos ser conscientes de que o atraso no pago pode explicarse en parte tamén por causas alleas aos contribuíntes que non podemos diferenciar nas fontes, como podería ser o esgotamento das súas capacidades produtivas, pois non esquezamos que a agricultura non é unha ciencia matemática e que as colleitas poden experimentar variacións en función de certos condicionantes ambientais e meteorolóxicos, tanto á hora da sementeira como da recollida da colleita e doutras labores posteriores, podendo requirir algunhas delas un tempo atmosférico determinado. Isto pode axudar tamén á demora, pero cremos que non debemos darlle máis importancia da que realmente ten, pois este factor non pode explicar as enormes dilacións de varios meses das que estamos a falar aquí, aínda en concorrencia e combinación con outros dos que falaremos agora. Pese a que este factor afecta aos tempos de pagamento, non podemos poñelo como o único responsable do lado do campesiño, pois no caso de facelo

estaríamos valorando de novo estes grupos como comunidades inoperantes que sofren sen máis os avatares que se lles impoñen. É precisamente o feito de constatar actitudes de resistencia pasiva no apartado anterior o que nos axuda a pensar polo tanto nesa mesma dirección neste outro momento do proceso contributivo.

Por outra banda e para caracterizar os comportamentos dos que falamos agora, debemos ter en conta que neste momento do proceso as autoridades e figuras ao cargo da recadación están atadas en boa medida. Nun contexto de ameazas como as que citamos recentemente, con substanciosas multas e mesmo avisos de detención, está claro que o que podía chegar a ser un comportamento de complicidade sucedería aquí en moita menor medida. A ocultación podía ter orixe nalgúns dos encargados da contribución, pero agora esta idea queda descartada se nos atemos a esas posibles penas, así que o retraso xa non pode explicarse tanto pola non colaboración dos individuos encargados de efectuar o cobro. Algo moi semellante acontecería coas propias xuntas locais, as cales tamén podían chegar a ser multadas, sufrindo sancións de diversa índole se non cumprían os prazos estipulados dun xeito razoable, das que xa vimos algún exemplo ao falar dalgúns dos problemas do sistema de Facenda. Noutro deles, entre as actas do arquivo municipal de Pontedeume, temos novas mostras deste tipo de altercados. As multas incluso se podían impoñer en retrospectiva, como é o caso dunha que a xunta de Pontedeume recibiu de mans da de partido de Betanzos o 1 de marzo de 1819:

> "Hallandose reunidos y congregados los señores de la junta de contribución de este pueblo, dijeron: Que respecto son noticiosos que acaba de llegar a él el Lic. dn. Eduardo Failde vocal de la del Partido de Betanzos (…) auxiliado con un sargento y seis soldados para exigir de esta corporación la injusta multa de cincuenta ducados que parece le ha impuesto a pretexto de no haber exigido el tercio de la contribución correspondiente a esta villa y tercio de agosto del año último (…) y otros particulares infamatorios y denigratibos al carácter y circunspección de este Cuerpo que desde su instalación procuro el mejor acierto en el cumplimiento de sus deberes y rápida ejecución a las órdenes superiores (...)[63]"

Pese a tódalas penas e sancións contempladas e que podían ser impostas dende o punto de vista da lexislación, tamén hai que destacar que as actas non recollen en ningún momento a aplicación das mesmas ante o vencemento de prazos de recadación. Neste sentido, a documentación non confirma nada ao respecto, por exemplo, sobre a aplicación desas multas de trescentos reais reservadas aos encargados do correcto desenvolvemento do proceso de cobro, de xeito que parece que os avisos eran máis ben intimidatorios que unha resposta real. Os únicos castigos reflectidos nas actas en canto a demoras na entrega da contribución xeral son precisamente aqueles aos que se refire o derradeiro exemplo citado, os que veñen dende chanzos superiores da administración para reprender ás autoridades locais asentadas na vila. Polo tanto, pese a que falando estritamente podemos catalogar os atrasos no pagamento (cando estes superan os prazos fixados) como prácticas ilícitas en certo modo, o alcance limitado da administración e a súa capacidade de resposta á hora de impoñer castigos pode explicar que estes comportamentos desafiantes se chegaran a producir.

O que pretendemos demostrar con isto tamén é que, no momento do cobro, cando as xuntas locais e os peritos fixeran xa o groso do seu labor e soamente restaba que os veciños pagaran, estas autoridades non estarían especialmente interesadas en que os atrasos se mantiveran, pois no caso de producirse, o resultado soamente resultaría nun prexuízo para elas mesmas, en forma de diversas sancións das que a documentación deixa boa proba. É aquí

[63] AMP, c. 140, l. 1, a. 4, p. 15.

onde cremos que entra precisamente a resistencia pasiva dos veciños ao pagamento. Pero temos máis motivos para crer na súa existencia. Outra razón que nos leva a pensar na presenza dese tipo de procederes témolo no propio paso do tempo e no mantemento dos problemas trala implantación deste sistema tributario. Para comprender isto debemos tomar as delongas e a súa evolución como un indicativo dos problemas que sofre o sistema de Facenda de 1817. Sen entrar a valorar a calidade do sistema ou a xustiza e equidade presente na súa aplicación, é de supoñer que as dúbidas e problemas técnicos de aplicación se foran solucionando co paso do tempo, o que suporía unha redución dos atrasos na entrega das contribucións. Ou aínda que isto non fose así e esas dificultades se mantiveran no tempo, como efectivamente sucedeu, tal situación soamente explicaría o mantemento dos tempos de demora, pero non un escenario no que estes se disparan. A elaboración dos apeos e cadernos da riqueza introduciu seguramente unha distorsión nisto que dicimos, porén, tampouco parece haber un correlato lóxico entre a creación destes documentos e a evolución dos retrasos no pagamento. O máis difícil tivo que ser elaborar o apeo de tódolos contribuíntes en cada parroquia, o cal debía ser actualizado cada dez anos unha vez listo. Por suposto, nunca se chegou a iso, pero anteriormente xa indicamos como houbo freguesías que remataron o inventariado das súas terras nun momento a cabalo entre os anos 1818 e 1819, en función de caracteres lóxicos como extensión ou número de veciños. Os traballos deberían ter ido dende aquí, por lóxica, a mellor, xa que o único requirimento institucional era o de actualizar o caderno da riqueza no primeiro terzo de cada ano sucesivo.

Porén, isto non é así, de modo que o atraso aumenta progresivamente tal e como nos indican os diversos exemplos. A finais de 1819, con tres meses de dilación, o cobro aínda non ten visos de efectuarse realmente e, o que é peor, na provincia coruñesa comezaremos a ver casos de xurisdicións que chegan a acumular case dous terzos consecutivos sen pagar (verémolo no apartado de presión fiscal que sucede a este). Se diciamos que ese atraso era consecuencia da combinación de problemas técnicos e resistencias sociais, é lóxico pensar que, ante o mantemento dos primeiros, os comportamentos que explican as segundas se manteñen ou mesmo se agravan. Isto é ao mesmo tempo unha confirmación da súa presenza entre os contribuíntes. O outro factor explicativo, o da flutuación do tempo de recollida nas colleitas, pensamos, non pode ser o termo diferencial que explique que o atraso nos pagos pasou de menos dun mes a máis de tres en apenas dous anos. Isto podería explicar algún atraso puntual, pero a súa evolución como xa quedou demostrado, discorre cara o aumento constante. Por suposto, debemos ter en conta que a relaxación das autoridades axudaría, pero iso sería de novo outra proba que favorece a confirmación definitiva dunha actitude pouco colaboradora entre a poboación, xa que ao deixalos máis libres, os veciños empeoran os seus comportamentos a este respecto.

Se a autoridade se relaxa nos seus deberes e os envíos de avisos son cada vez máis tardíos, o desenvolvemento dunha actitude que xa estaba de manifesto soamente pode aumentar ante a falta dun control estrito. É dicir, que a pasividade duns fomenta a desenvolvida polos outros. Por outra banda, tamén pode suceder que pese a que a pasividade das autoridades fora en aumento, estas culparan aos contribuíntes dos atrasos, sendo conscientes de que co seu comportamento estábanos fomentando. A relaxación resulta patente neste sentido, pois cando nos achegamos á paréntese liberal do Trienio, as autoridades encargadas dos cobros son criticadas abertamente pola súa falta de rigor no proceso. Na Real Orde do 12 de novembro de 1819, tras constatarse unha redución da recadación no terzo anterior de agosto, a administración carga contra unha preguiza cunha orixe clara:

> "(…) no deja de conocer también [o rei] la culpa que tienen los empleados de la Real Hacienda y las mismas justicias de los pueblos, los cuales, dejando por una omisión culpable pasar las ocasiones mas á propósito para las cobranzas, son causa de que los pueblos se vayan atrasando mas y mas de dia en dia hasta llegar al punto de insolvencia[64]."

Se damos por válidas as probas presentadas nestes últimos dous subapartados teremos confirmado algúns indicios da existencia de diferentes comportamentos de resistencia pasiva por parte dos veciños en dous momentos diferentes do proceso da contribución. Primeiro, no momento de inventario da riqueza e do cálculo e presentación das cotas individuais. Despois, cando eses traballos están xa realizados, detectamos unha nova vaga de actitudes pouco colaboradoras dos veciños fronte ao pago. Indirectamente, comprobamos que podía existir unha certa pasividade crecente co paso do tempo de man das propias autoridades locais, pero neste caso, o termo si que podería equipararse cun comportamento inoperante, pois parece que a xunta de pobo que nos permite realizar un estudo de caso segue un camiño de manter, simplemente, as súas funcións básicas, dilatando cada vez máis algunhas das súas actuacións. En suma, as actitudes de resistencia pasiva transformáronse a miúdo nunha problemática que ocasionaría importantes demoras no proceso de posta en marcha e recadación do sistema tributario que viu a luz en 1817. Sen entrar nunha sabotaxe aberta, as prácticas descritas nos últimos dous subapartados supuxeron seguramente unha auténtica dor de cabeza para as diferentes corporacións locais. Agora, estas debían enfrontarse, ademais de a tódalas dúbidas que xa puideran ter en canto a aspectos técnicos como consecuencia doutras carencias do sistema, a veciños que non queren ser nomeados peritos repartidores, a persoas que non asisten a reunións informativas e que hai que perseguir, ou a retrasos nos pagamentos que se traducirían en multas e premas ás propias autoridades locais por parte dos chanzos superiores da administración, incluso pola vía do envío de soldados. As actas da xunta de Pontedeume deixan constancia deste tipo de castigos como acabamos de ver, o que demostra que ese tipo de comportamentos deron lugar, efectivamente, a unha desorde que se combinaría con outros problemas e dificultades de diversa natureza, alimentándoos e contribuíndo ao bloqueo do sistema dende a súa base. De xeito indubidable, isto contribuíu ao seu desgaste e caída final en combinación con outros factores que fomos expoñendo no capítulo das problemáticas que afectaron a esta reforma tributaria.

Unha cuestión importante que resta aínda por abordar consiste en determinar o alcance desa resistencia pasiva xeral en comparación co resto de problemas que alimentan as demoras que sofre constantemente o funcionamento do sistema. Aínda que xa fomos tratando algunhas cuestións ao respecto a medida que avanzaba a exposición, non se aludiu a este tema directamente. Hai que dicir que a partir das fontes manexadas non é doado distinguir os diferentes compoñentes e problemáticas que alimentan os retrasos no proceso. Porén, en principio pensamos que existen algúns indicadores a partir dos cales podemos analizar o alcance destas prácticas ata certo punto e sempre en termos relativos, en comparación cos outros factores que inflúen nos atrasos, é dicir, os problemas técnicos e a relaxación do control por parte das autoridades co paso do tempo. O coidado vólvese especialmente importante cando se trata con este tipo de cuestións ocultas, ou caemos no perigo de ver as armas do feble por todas partes, cando en realidade certos resultados poden responder a caracteres diversos, distintos ás formas de resistencia que estamos a buscar. Neste sentido, o retraso no pagamento por parte dos campesiños tanto se pode deber a unha resistencia pasiva como ao feito de que as súa capacidades se van esgotando progresivamente pero, aínda que

[64] López Juana Pinilla, J. (1840-48), vol. VI, p. 220.

ambos factores poidan ser admitidos, tampouco son en absoluto excluíntes[65]. Sobre o aspecto dos problemas técnicos mantemos a idea de que cabe esperar que vaian en descenso a medida que se van resolvendo dúbidas de xestión ou que a lo menos se manteñan no tempo, e non insistiremos máis neste feito. Polo lado da relaxación do control das autoridades locais, este parece menor non soamente porque os avisos de pagamentos son cada vez máis tardíos, senón porque tamén observamos un descenso acusado nos rexistros das actas en termos xerais a medida que o diario avanza. O seu número diminúe en grande medida co paso do tempo, ata o punto de que parece que soamente se desenvolve o funcionamento máis básico da corporación local. Tendo isto en conta, se a delonga no proceso aumenta, en termos relativos podemos afirmar un aumento desa resistencia popular ao pago, unido quizais ao aumento de toda forma de resistencia pasiva, situación favorecida por ese menor control das autoridades.

Porén, esta conclusión obtense a partir da análise dun único caso principalmente, o da vila de Pontedeume e a súa xurisdición, e quizais sexa precipitado afirmar tal cousa sen ter localizado outros diarios de actas completos en boa medida. Pero tamén está claro que a favor do pensamento de que estes comportamentos están moi estendidos xoga de novo o feito da reiteración coa que este fenómeno parece producirse, e como tal reflíctese nas actas. Que en relación á non colaboración, a xunta local recollese tantas escusas de supostos enfermos non pode ser unha mera casualidade. Que esa mesma corporación enviara avisos apremando o pagamento da contribución a máis das tres cuartas partes das parroquias que conforman a súa xurisdición tampouco pode selo. Máis ben ao contrario, poderían ser probas do que estamos a dicir nestas liñas. O propio contexto da vila favorece aínda máis este feito, pois a súa situación preto da capital do partido (Betanzos), e tamén da xunta provincial (Coruña), garantiría en todo caso un control aínda maior por parte das autoridades superiores, no sentido no que a comunicación non sería un problema grave. Isto elimina en parte a visión que poidamos ter do caso particular de Pontedeume como un lugar especial no que, debido á distancia, o sistema funcionara peor e se experimentaran máis problemas que noutras zonas. Por último, que as actas das xuntas non reflictan nada ao respecto da aplicación de sancións que con todo estaban previstas arredor dos retrasos dos pagos nas parroquias, ben pode ser indicador de que estas condutas estaban bastante xeneralizadas, pois esa sería precisamente a clave do seu éxito, ao non poder dar as administracións unha resposta efectiva fronte a elas.

Por outra banda, debemos apuntar que o estudo dos motivos que levaron a este tipo de actitudes de resistencia pasiva ante a contribución escápasenos por completo nestes documentos. Os diferentes rexistros das actas dan conta da existencia da dilatación excesiva do tempo necesario para efectuar os pagos, ou de persoas que incorren en certas prácticas que rematan por prexudicar o funcionamento do sistema, pero non ofrecen nin un so motivo que permita explicar os feitos, é dicir, por que isto é así e sucede desa forma. Para analizar estoutra vertente debemos recuperar outro tipo de documentos xa analizados neste mesmo capítulo, especialmente as misivas de queixas, rogos e reclamacións enviadas dende os pobos e vilas á xunta central e que vimos dentro da categoría activa e visible. De entre tódolos documentos dispoñibles, soamente nestes podemos ver algunhas das razóns, referidas de maneira explícita, que levaban ás comunidades a actuar do xeito en que o facían. Agora que xa analizamos as demais formas de conflitividade, é o momento no que se entende moito mellor aquela afirmación de que os motivos que se expoñían nas cartas enviadas á intendencia, do mesmo xeito que deron lugar a unha forma de conflitividade que era a formalización da propia queixa en si mesma por escrito, podían dar lugar a outras formas de resistencia diferentes. Así mesmo, as reclamacións e rogos eran unha manifestación do

[65] A presenza destes contextos de penuria económica nestes momentos, con pobos incapaces de satisfacer os impostos debido á miseria xeral tamén foi posta de manifesto en estudos recentes (Veiga Alonso, X. R. (2017) pp. 173-174).

descontento ou do malestar que provocaban determinados procesos do sistema ou certas situacións adversas, pero non excluían en absoluto a posta en marcha doutras medidas e actitudes diferentes. Cando as comunidades facían énfase en que o calendario de recadación entraba en conflito co agrícola, entenderemos mellor a práctica de retrasar o pago, a resistencia dos veciño a ser nomeados peritos ou a acudir a unhas reunións que na súa opinión lles impedían traballar no campo que garantía a súa propia subsistencia. Incluso os rogos de redución das cotas que aducían malas colleitas e unha situación lamentable entre a poboación da parroquia poden xustificar o desenvolvemento da práctica da ocultación que buscaba compensar esa situación adversa.

Tódalas actitudes e prácticas descritas, analizadas dende o punto de vista destas motivacións non son levadas a cabo á lixeira, nin se pode dicir delas que se puxeran en marcha polo mero feito de fomentar a desobediencia pola desobediencia, como se o único obxectivo fose boicotear ao sistema para acabar con el. Con todo, esas motivacións que se recollen de forma explícita naquela outra documentación, tampouco teñen que supoñer a totalidade das existentes. Outras poden ser deducidas facilmente a partir de certas reaccións e comportamentos que analizamos neste capítulo. Por exemplo, cando observamos certas resistencia entre os veciños, o conflito pode deberse á incompatibilidade de calendarios, pero tamén hai que saber deducir que moitos dos traballos encomendados serían en realidade pouco gratificantes para os encargados de realizalos pola ausencia de remuneración, problemáticos na práctica porque lles restaban tempo para dedicarse aos seus intereses pero tamén quizais dende o punto de vista da súa comprensión. O que había detrás de todo iso era algo moito máis importante, pois os contribuíntes eran, en esencia, campesiños que tiñan en xogo a súa propia subsistencia e supervivencia. Ante tal tesitura, podemos confirmar que todas estas mostras de conflitividade buscaban en boa medida emendar as desvantaxes que o novo sistema de Facenda lles supoñía aos contribuíntes, pois o que estaba en xogo era moito, de forma que efectivamente, existía un compoñente de compensación de agravios fundamental.

Por suposto, debemos comprender tamén que o que aquí amosamos é soamente o que podemos interpretar a partir das nosas fontes, como xa apuntamos en varias ocasións. En consecuencia, as formas de conflitividade que presentamos son unhas poucas das que puideron suceder no marco da implantación do proxecto de reforma que estudamos. Pero dende logo existen máis. Entre outros exemplos, hai autores que recollen mesmo coplas ou composicións populares que se difundiron nestes anos en contra do persoeiro Martín de Garay, criticando a súa xestión do erario ou a falta de compromiso e palabra nas relacións económicas cos debedores e acredores do mesmo[66]. Serva este exemplo para sumar un xeito máis á multitude de fórmulas que podían desenvolver os habitantes e contribuíntes para protexerse, denunciar certos abusos ou para expresar o seu descontento. A clasificación aquí proposta ben podería recoller polo tanto moitas outras formas de resistencia, como tamén adaptarse e modificarse dacordo a outros criterios diferentes aos que aquí se suxeriron e arredor dos cales xirou a nosa argumentación dentro deste capítulo.

A modo de conclusión, recuperamos para matizala, a idea de Fontana de que un dos aspectos máis febles da administración do sistema era o chanzo das xuntas de partido ou o modo no que se configuraban os repartimentos. Por suposto que estes eran asuntos problemáticos pero, á vista de todo o que se apuntou nas páxinas previas deste capítulo, cremos ter posto de manifesto outra realidade bastante diferente que tamén debe ser moi tida en conta. Avogamos así por outra interpretación na que as prácticas que acabamos de

[66] Castells, I. e Moliner, A. (2000), p. 90.

describir tiveron un papel de importancia fundamental. O punto máis feble da administración do sistema tributario de 1817 sería en esencia, a falta de medios que impediron ao propio sistema manexar e afrontar os problemas derivados de todos estes comportamentos. Foron estas problemáticas, polo seu alcance e polo seu carácter imprevisible ata certo punto, as que desequilibraron en boa medida o funcionamento do sistema con retrasos sistemáticos e crecentes, explotando e aumentando as súas carencias de base e poñendo de manifesto a súa ineficacia a medio prazo.

Ademais, á vista das fontes, ese peso tan fundamental de sostemento do proceso que efectuaban as xuntas de partido, non parece tan significativo como se puidera pensar ao comezo. Por suposto que eran importantes, pero as actas amosan a unhas xuntas locais que en non poucas ocasións están soas nun mar de dúbidas que deben solucionarse, aínda que poidan dirixir de cando en cando as súas consultas á xunta de partido e, fundamentalmente, á xunta central e á figura do intendente. Pero o certo sería que á hora da verdade, debido a un factor determinante como era a velocidade da comunicación, as autoridades locais soamente recorrerían a esta vía consultiva en casos nos que fora complicado continuar co seu labor, nun momento do proceso no que seguir adiante fose arriscado sen coñecer o parecer que tivesen ao respecto as instancias administrativas superiores. Proba disto ben poden ser os escasos comunicados que se establecen entre os niveis local e de partido, a lo menos nos casos para os que nós atopamos actas dispoñibles, que son soamente dous. Ámbalas dúas xuntas locais recollen nos seus diarios de actuación unha maioría de cuestións que son abordadas e solucionadas por elas mesmas se comparamos o seu número en relación á cantidade de consultas emitidas a entidades superiores, administrativamente falando. En Pontedeume, nalgunhas ocasións, comprobamos tamén a chegada de soldados apremando as entregas das recadacións, pero incluso nestes casos, estamos ante respostas automáticas da xunta de partido, seguramente superada polo volume de obrigacións ás que debía enfrontarse. Os contidos dos contactos efectuados entre os nosos exemplos de xuntas locais e a súa xunta de partido respectiva limítase en boa parte dos casos a manter unha liña de comunicación que proviña dende a administración central, e onde o chanzo do partido actúa soamente como intermediario no camiño cara os pobos. Por exemplo, no reenvío de comunicados e ordes ministeriais.

A tónica que detectamos nas fontes, polo tanto, é a dunha dinámica que nos fai restarlle importancia ao nivel de partido e a darlle un protagonismo moito maior do que se cre ao que acontece nas vilas e parroquias, algo que por outra banda resulta bastante lóxico, pois é neste nivel onde realmente ten lugar a pugna pola elaboración de recontos, polo coñecemento da riqueza dos contribuíntes, pola configuración de estatísticas ou pola recadación da contribución. Por suposto que a aparición das xuntas de partido puido prexudicar ao sistema, e seguramente o fixo volvéndoo a cada paso máis vagaroso, pero o certo é que observando as actas das xuntas locais, a independencia destas últimas á hora de tomar decisións era importante. Lamentablemente, o feito de ter tan poucos fondos deste tipo xoga sempre na nosa contra de cara a xeneralizar, como tamén o fai o feito de non ter atopado no arquivo municipal de Betanzos ningunha acta da xunta de partido correspondente. Porén, se vemos unha iniciativa importante tanto en Ortigueira como en Pontedeume, non temos motivos para pensar que noutros pobos non puidera suceder algo moi semellante.

Por suposto, tampouco pretendemos dar a entender que foi esa resistencia nos pobos e parroquias a responsable de rematar co sistema definitivamente. Centrarnos exclusivamente na temática da conflitividade pode dar lugar a que se entenda tal cousa. Ao contrario, seguimos defendendo, como fixemos ao falar de tódalas problemáticas que afectaban ao sistema, sendo esta outra máis, que foi a suma de todas elas as que contribuíron ao colapso

final do sistema posto en vigor aquel 30 de maio. Do que se trataba aquí era de poñer en valor precisamente as actuacións das persoas en defensa dos seus intereses, identificándoas como unha forza que non sempre se ten en conta o suficiente, e atendendo menos ao devir político ou ás pugnas dos diferentes bandos enfrontados na corte, aspectos que xa foron obxectivo doutros estudos previos.

5.5. APUNTAMENTOS SOBRE A PRESIÓN FISCAL E A SÚA RELACIÓN CO MALESTAR SOCIAL E A RESISTENCIA NA CONTRIBUCIÓN XERAL DE 1817

Incluímos para pechar este capítulo un apartado dedicado a esta interesante cuestión debido a que se acha na base mesma do malestar experimentado polos contribuíntes no marco dun sistema de Facenda como o que estamos a analizar. Moitas das formas de conflitividade expostas nas catro seccións previas explícanse en directa relación coa presión fiscal exercida sobre aqueles, pois é tamén a percepción que unha persoa ten desta última a que frecuentemente determina as actuacións e relacións que desenvolverá de cara ao erario. A impresión de abafamento que sabemos que existía nos sistemas tributarios do Antigo Réxime axudaba a xustificar unha serie de comportamentos fraudulentos e de resistencias, de maneira que camiñar pola análise dunha presión fiscal que facía aparecer eses sentimento é tamén unha forma de achegarse ao coñecemento dese tipo de procederes. Por iso as anotacións que figuran a continuación constitúen unha parte importante deste capítulo e figuran aquí.

Cando falamos de presión fiscal estámonos a referir principalmente á forza coa que a Facenda grava a riqueza dos contribuíntes nun momento e contexto determinados. Esa forza que agora pretendemos analizar e medir a través de varios exemplos maniféstase na súa forma máis clara a partir dunha cifra porcentual que agocha tras de si unha realidade complexa, pois o significado que hai tras dela lévanos a identificar a parte da riqueza de cada contribuínte que lle é subtraída teoricamente e de forma anual polo Estado. Sendo a actividade agraria a esencial para estes momentos nos que nos movemos, resulta fácil comprender que será es rama da riqueza a que soporte a maior carga. Por outra parte debemos ser conscientes de que o contexto particular no que nos movemos nestes momentos resulta especialmente influínte para o fenómeno da carga fiscal decretada pola Facenda central. Algúns estudos para o caso de Galicia indican que, especialmente nas circunscricións rurais e a lo menos ata principios do século XIX, a presión exercida polo fisco real non competiu coa de natureza eclesiástica ou coa señorial. Nas cidades e vilas, aínda que esa presión era maior, existía unha maior variedade de profesións e tráficos que permitían diversas estratexias para distribuír as cantidades a pagar. Un peso escaso polo tanto o desta fiscalidade nas freguesías rurais, onde en concepto de rendas provinciais o gravame nunca superaba o 10% e o que é máis, en moitos dos territorios nin tan sequera o 5%, o cal tampouco nos debe levar a supoñer que as cantidades satisfeitas pola poboación galega neste concepto foran nin moito menos insignificantes[67]. Non obstante, tralo cambio de século debemos ter en conta unha serie de cambios que puideron propiciar que, en adiante, esta situación comezase a experimentar certas mudas. Debemos ser conscientes das situacións bélicas que se viviron nos anos inmediatamente precedentes á implantación do sistema de Facenda que estamos a estudar, e especialmente para o asunto que nos ocupa, debemos considerar por suposto o que estaba a acontecer ao outro lado do Atlántico dende facía xa algúns anos. Son varios os estudos nos que se afirma que a partires da Guerra de Independencia, os ingresos procedentes dos tributos peninsulares convertéronse na principal fonte de recursos da Facenda real[68]. Non quedaba outra solución ante a redución das remesas de ingresos procedentes de América.

[67] Saavedra, P. (1993a), pp. 47-49 e 139.
[68] Fontana, J. (1970), pp. 185- 210; e (1971), pp. 63-68.

Se temos en conta os cálculos efectuados para os anos nos que nos movemos, decatarémonos de como de complicada era a situación, en tanto en canto os caudais con orixe nas colonias se terían reducido dun 11% a un 1% sobre o total de ingresos do Estado entre o período 1801-1807, que corresponde á primeira porcentaxe, e o Trienio, ao cal lle corresponde a segunda. Unha calamidade que nin sequera foi gradual, pois afírmase que entrambas datas os ingresos americanos foron directamente nulos. Esta dramática redución non sería o único motivo polo cal a dependencia do erario real dos tributos peninsulares experimentaría un soberbio aumento, pois habería que atender tamén ás dificultades para conseguir créditos, vista a situación de desatención da débeda[69]. Ante esta tesitura non sería complicado imaxinar, e incluso agardar, unha subida dos impostos dentro dos territorios da Península Ibérica, o que xa de por si supoñería un aumento da presión fiscal no caso de que os niveis de riqueza dos seus habitantes se mantivera estable. Se a isto lle engadimos a destrución causada por unha guerra de invasión que rematara hai escasos anos, co seu conseguinte e lóxico retroceso económico, o panorama complícase aínda máis.

Algúns autores marcaron precisamente os estragos consecuencia desta guerra, a carestía que lle sobreveu ou as crises agrarias e de subsistencia destes anos como posibles indicativos dun aumento da presión fiscal sobre os sobreviventes[70]. Para o caso concreto do que debeu suceder a raíz da implantación da contribución xeral de 1817, hai estudos que se refiren a un aumento da carga real do erario debido a un pago que debía realizarse en metálico nun contexto de descenso dos prezos agrarios, se ben é certo que para o caso galego xa se ten afirmado o aumento do peso fiscal das institucións estatais e municipais ao longo de toda a centuria[71]. A cuestión da forma de pagamento é importante porque revela o estadio de desenvolvemento dunha economía agraria, en tanto en canto o pago en diñeiro presupón unha incursión na economía monetaria e a erosión dos seus sectores máis tradicionais e atrasados[72]. Falamos iso si, de esixencia de impostos estatais e non de rendas, o que pode supoñer que esa incursión se dea dunha forma máis forzosa. Con todo, estes caracteres establecen un aumento da presión fiscal baseado en esencia en cuestións relativas, pois son a necesidade de maior liquidez, así como as dificultades para obtela pola baixada dos prezos dos produtos agrarios os factores que se traducen no maior abafamento que a Facenda supón sobre as posibilidades de pago dos contribuíntes, que deben realizar un esforzo maior para cumprir cos seus deberes co fisco. Porén, estes argumentos non significan necesariamente unha inclinación por pensar que a presión do erario aumentara de facto en cifras absolutas, en forma de maiores requirimentos pola vía dos impostos. Quizais os datos que expoñeremos en breve poidan botar algo de luz sobre esta cuestión particular, pois efectivamente, podemos adiantar que a situación debeu cambiar sensiblemente se temos en conta que as porcentaxes satisfeitas en concepto de rendas á coroa, en forma de contribución xeral, parecen ter aumentado bastante a lo menos nos casos que nesta investigación atopamos ou fomos quen de reconstruír. Unha pequena subida pode ser esperada xa de base, posto que a contribución xeral engloba varias figuras ademais das rendas provinciais tradicionais, pero a cuestión é que en ocasións os resultados son moi elevados, como teremos ocasión de ver.

Por outra banda, ademais de asentar o marco no que nos movemos, tamén son importantes e necesarias algunhas consideracións previas para comprender completamente aquilo que pretendemos realizar nas seguintes páxinas desta sección: en primeiro lugar e aínda que xa pode ter quedado claro, cómpre insistir no feito de que cando falamos de Facenda real,

[69] Comín, F. (1989), pp. 106-107 e 114-116.
[70] Cuenca Esteban, J. (1981), p. 205; Tedde de Lorca, P. (1987), pp. 183-184 e 194.
[71] Comín, F. (2004), p. 44; (1989), p. 206; Villares, R. (1982), p. 210.
[72] Villares, R. (1982), op. cit., p. 34.

tal cualificativo pretende dar, xa de entrada, boa conta dos límites do que aquí nos propoñemos. Nun contexto de Antigo Réxime como no que nos estamos a mover, temos que lembrar a multitude de niveis aos que os contribuíntes están suxeitos no tocante ao pagamento de impostos. Ata a supresión definitiva de figuras como o décimo, os grupos que non gozaban de privilexios de exención deberon facer fronte a cargas que podían ter a súa orixe en dereitos señoriais, eclesiásticos ou reais, falando polo tanto, non dunha soa Facenda senón de varias, tantas como institucións ou entes destinatarios dos pagamentos que realizaban esas persoas. Así, conceptos e ideas como os de presión fiscal ou recadación de impostos, son en realidade nestas épocas bastante difusos se non concretamos precisamente en cales deses niveles nos estamos a mover. Na contribución xeral que nos ocupa nesta investigación, como ben sabemos, incluso os privilexiados deixan de selo para pasar a estar cubertos tamén polo manto da administración do Estado, de modo que tamén estes grupos nobiliarios e eclesiásticos pasaban a ser obxecto de cargas impositivas de orixe real. Pois ben, esta é a parte da presión fiscal que imos tratar aquí, única e exclusivamente a que se deriva das imposicións derivadas da Facenda rexia, fundidas todas elas para o caso das parroquias máis alá das capitais e portos habilitados para o comercio, na contribución xeral. Cos datos dos que dispoñemos, todo canto digamos será válido concretamente para os anos 1818 e 1819, un arco cronolóxico que gracias aos fondos do arquivo municipal da Coruña se poderá ampliar nalgúns casos aos primeiros meses de 1820.

En segundo lugar, aínda que nos esteamos a referir a esta presión fiscal con cualificativos como o de rexia ou estatal, unha cuestión é a teoría sobre o seu destino e outra moi diferente a realidade resultante. Referímonos con isto a que o feito de que a recadación acabe nas mans do tesouro real pode cumprirse ou non. Para comezar, a recadación pode non levarse a cabo debidamente, e proba disto serían a morea de atrasos dos que poden dar conta os centos de apremos que atopamos no conxunto de arquivos visitados, xa que son a tipoloxía de documentación que máis abunda, con diferenza, entre as actas das xuntas. Por outra banda, a falta de unidade de caixa na administración da Facenda do Antigo Réxime supoñía que, aínda que a recadación se levara a cabo perfectamente, non tódalas partidas recollidas acabaran cuantificadas e en mans dos administradores do erario. A este respecto debemos ter sempre presente que non podemos saber, a través de ningún dos fondos que esta fonte nos ofrece, o que acontece co diñeiro recadado máis alá do momento no que é depositado nas contadorías correspondentes a cada partido, aínda que o que aquí nos interesa especialmente para estudar a presión fiscal é a súa orixe na figura do Estado, na Facenda central e na vontade do rei.

En derradeiro lugar debemos saber como calculamos os índices de presión e de onde obtemos os datos. Os documentos máis útiles para levar a cabo esta análise son os resumos das cotas de contribución de veciños que moitas parroquias elaboraron, probablemente, para manexar máis facilmente estes datos de cara a outros cálculos, cobros, ou para remitir ás xuntas de partido co obxectivo, por exemplo, de informalas sobre os seus avances e progresos ou da finalización dos seus traballos. A partir destes documentos, por regra xeral bastante breves pois a súa estrutura básica organízase arredor dunha listaxe de nomes e apelidos de propietarios, podemos comezar o noso traballo. Para comezar hai que dicir que non é raro atopar o criterio seguido polo propio repartidor á hora de calcular as cotas correspondentes a cada veciño. Cando este dato aparece, a porcentaxe figura de xeito explícito nunha pequena cabeceira introdutoria que adoita situarse antes da listaxe de veciños, onde tamén se describe o contido do documento así como o proceso que deu lugar ao mesmo. Nese pequeno prólogo de apenas media ducia de liñas proporciónase tamén o nome da freguesía e a data, mediante a indicación do terzo e do ano para o cal a relación é válida. O noso labor consiste en recompilar esas porcentaxes para traballar con elas, pero pode suceder que o limiar non estea

presente, en cuxo caso o traballo pasa por levar a cabo outros cálculos en función da información dispoñible, que pasamos a describir, para poder acadar o dato da presión fiscal nunha determinada freguesía. Polo tanto, a medición pode realizarse a partir dunha serie de datos bastante simples e dos que afortunadamente existe unha dispoñibilidade aceptable. Ademais, existen varias vías para efectuar o cálculo, o que en ocasións facilita o traballo.

A maioría das veces o que atopamos son relacións de veciños xunto aos cales figuran a súa riqueza líquida (isto é, lembremos, o montante total do valor dos seus produtos, descontadas as partes alícuotas correspondentes a cada un deles segundo marcaba o modelo 2) e a cota correspondente a pagar de contribución xeral. Con estes dous datos observamos facilmente como a relación se mantén estable e idéntica para tódolos individuos que figuran no padrón, así que o que resta é simplemente calculala para saber a porcentaxe deses produtos líquidos cos que cada persoa contribúe ao erario. Facéndoo con varios individuos asegurarémonos de que, en efecto, o baremos e igual para todos. Cun exemplo todo queda máis claro: poñamos que un veciño ten anotada unha riqueza líquida de 100 unidades monetarias e que a cota que paga ascende a 6 u.m. Obviamente, a esta persoa correspóndelle contribuír cunha porcentaxe do 6% da súa riqueza (insistimos, tal e como se debían elaborar os cadernos falamos de riqueza líquida, non de produción bruta).

Outras veces dispoñemos da cota contributiva total da parroquia e da suma da riqueza dos seus veciños. Unha vez nos aseguramos de que estamos efectivamente ante a riqueza líquida, abondará con calcular cal é a porcentaxe que se deberá subtraer da riqueza da parroquia para obter a cantidade que lle foi asignada dende as instancias superiores. Ao tratarse a contribución directa dunha figura impositiva que grava a tódolos veciños na mesma proporción, o resultado será válido para tódolos propietarios. De novo un exemplo clarificará esta cuestión: supoñamos agora unha parroquia á que se lle asignaron por contribución 1000 u.m., e que nese mesmo territorio aos propietarios foilles cuantificada unha riqueza líquida, acumulada entre todos eles, de 10.000 u.m. Polo tanto o pago para esa freguesía ascenderá loxicamente ao 10% da súa riqueza. Polos propios principios rexedores da contribución, esa porcentaxe será a que deberán pagar tódolos propietarios con bens e rendas desa parroquia, con independencia da súa condición.

Nestes escenarios descritos vemos, porén, que se apunta a un funcionamento estándar e perfecto do sistema que, por suposto, non existiría na realidade. Habería que ter en conta unha certa marxe para a ocultación, de maneira que a riqueza líquida dos veciños sería maior, un aspecto que podería afectar ao repartimento aínda que estaba compensado en boa medida, como xa apuntamos, polo establecemento dunha cantidade fixa para a recadación. Por outra banda, a equidade tampouco era tal dacordo co fenómeno do desigual acceso á fraude, o que podería supoñer variacións á hora de que algúns dos veciños máis poderosos do territorio desprazasen parte da súa carga a aqueles con menor influencia. Teremos que ter en conta, polo tanto, que algunhas das porcentaxes que serán expresadas, poderían experimentar pequenas variacións en consecuencia.

Realizadas estas aclaracións sobre o noso obxectivo de estudo e sabida a forma mediante a cal obtivemos os datos, analizaremos agora diversas situacións en función de diversos exemplos repartidos pola xeografía da nosa área de estudo segundo nolo permitan os fondos das fontes. Este último aspecto remítenos a tratar unicamente con parroquias da área de Pontedeume e da antiga provincia da Coruña, pois foi nos arquivos municipais deses dous núcleos onde se atoparon os documentos necesarios para a elaboración desta análise dos que acabamos de falar. Os modestos resultados que poidamos obter nas seguintes liñas serán por suposto provisionais, á espera de que máis documentación poida ser atopada, de tal xeito que máis casos poderán reforzar o que aquí apuntamos.

Táboa 5.8: porcentaxe de gravame que representa a contribución xeral sobre a riqueza dos veciños de varias parroquias.

PARROQUIA	GRAVAME(%)	XURISDICIÓN	CONCELLO
Santiago de Arteixo	5	Vara do coto da Coruña	Arteixo
S. Vicente de Elviña	6	Vara do coto da Coruña	A Coruña
Sta. María de Oza	5	Vara do coto da Coruña	A Coruña
S. Pedro de Visma	8,5	Vara do coto da Coruña	A Coruña
S. Cristovo das Viñas	4,65	Vara do coto da Coruña	A Coruña
S. Xurxo de Afora	9 (1818)	Vara do coto da Coruña	N/A (1)
Sta. María de Cambre	5	Cambre	Cambre
S. Xulián (ou Xián) de Cela	7,5	Cambre	Cambre
S. Tomé de Monteagudo	12,5	Erboedo	Arteixo
Sta. María de Erboedo	15	Erboedo	A Laracha
S. Xián de Lendo	10	Erboedo	A Laracha
S. Xoán de Carballo	12,5	Erboedo	Carballo
Sta. María de Bértoa	10	Erboedo	Carballo
S. Lourenzo de Berdillo	10	Erboedo	Carballo
Santaia (ou Sta. Eulalia) de Liáns	14,8	Miraflores	Oleiros
S. Pedro de Nós	9,6	Miraflores	Oleiros
S. Pedro de Soandres	10,8	Soandres	A Laracha
Sta. María Magdalena de Montemaior	11,7	Soandres	A Laracha
S. Pedro de Sorrizo (ou Sorriso)	13	Soandres	Arteixo
S. Bieito de Golmar	11	Soandres (2)	A Laracha
S. Xulián (ou Xián) dos Cabaleiros	17,2	Villarprego	Tordoia
Sta. María de Bardaos	16,7	Villarprego	Tordoia
S. Mamede de Andoio	16,7	Villarprego	Tordoia
Sta. Comba (ou Columba) de Xesteda	16,7	Villarprego	Cerceda
Sto. Estevo de Morás	16,7	Coto de S. Tirso de Oseiro	Arteixo
S. Pedro de Armentón	8,3	Coto de Anzobre	Arteixo
Sto. Estevo de Larín	8,3	Coto de Anzobre	Arteixo
Sta. María Magdalena de Aldemunde	27,5	Bergantiños	Carballo
S. Salvador de Sofán	23,8	Bergantiños	Carballo
S. Xurxo de Artes	27,5	Bergantiños	Carballo
S. Miguel de Vilela	27,5	Bergantiños	Carballo
S. Breixo (ou Benigno/Verísimo)de Oza	27,5	Bergantiños	Carballo
Santiago de Sísamo	27,35	Bergantiños	Carballo
Sto. Estevo de Goiáns	27,5	Bergantiños	Carballo
S. Martiño de Razo	27,4	Bergantiños	Carballo
Sta. María de Soutullo	27,5	Bergantiños	A Laracha
Sta. María de Torás	27,5	Bergantiños	A Laracha
S. Martiño de Lestón	27,35	Bergantiños	A Laracha
Santiago de Vilaño	27,5	Bergantiños	A Laracha
S. Román de Cabovilaño	27,5	Bergantiños	A Laracha
S. Xián (ou Xulián) de Coiro	27,5	Bergantiños	A Laracha
Sta. María de Traba	27,5	Bergantiños	Coristanco
S. Pedro de Grandal	15,6	Pontedeume	Vilarmaior
Sta. Eulalia de Limodre	18,9	Pontedeume	Fene
Santiago de Pontedeume	10	Pontedeume	Pontedeume

(1): San Xurxo de Afora desapareceu ao quedar inserta nas rúas da Coruña. Outras igrexas urbanas asentáronse sobre a área, dando lugar a outras parroquias que se reparten por varios barrios e que configuran a lo menos unha parte do chamado arciprestado de Catro Camiños. Non sucedeu o mesmo coas demais freguesías do mesmo partido, xa que se sitúan na periferia da cidade e conservan a súa propia entidade.
(2): San Bieito de Golmar figura nalgún documento dentro da xurisdición de Soandres da provincia de Coruña. Noutros afírmase que esta última está composta soamente polas tres parroquias antecedentes nesta táboa.
Fonte: Resumos de cotas contributivas. (AMC, c. 3970; AMP, c. 140.)

Na táboa 5.8 preséntanse as fraccións coas que a Facenda gravaba a riqueza dos contribuíntes, é dicir, a porcentaxe de riqueza coa que teoricamente quedaba o erario sobre o total neto que lles fora rexistrado, dun total de corenta e cinco parroquias. Tras do nome figura a devandita cota de gravame e a continuación a xurisdición á que pertencía cada territorio, rematando por apuntar o concello actual no que cada freguesía se sitúa. Como notas adicionais hai que sinalar que, se non se especifica, os datos son os do ano 1817, ademais de que, no caso de haber varias denominacións nas fontes para unha parroquia, estas sitúanse entre paréntese. A maior parte delas (corenta e dúas) sitúanse nunha sorte de triángulo imaxinario cuxos vértices serían a grandes trazos, na costa, a ría da Coruña e a área de Razo (no concello de Carballo), e cara o interior, o centro do concello de Tordoia. A maioría das mostras situaríanse porén cara o interior da figura, nos actuais concellos de Carballo e A Laracha, onde se localizan vinte e dúas parroquias en total, seguidas de Arteixo con seis e Coruña con outras cinco. Completan esta parte da mostra dez freguesías máis esparexidas polos concellos de Oleiros, Cambre, Cerceda, Tordoia e Coristanco. Estes exemplos sitúanse polo tanto en concellos das comarcas actuais de Bergantiños, Ordes e A Coruña. No outro lado, as tres parroquias restantes aparecen ao outro extremo do arco ártabro, arredor da área de Pontedeume e, no seu momento, administradas no seo do seu territorio. Sendo unha delas a que se corresponde coa propia vila e polo tanto no concello homónimo, as outras dúas están hoxe en día nos concellos de Vilarmaior e Fene.

Da observación e análise dos datos da táboa pódense sacar algunhas ideas moi interesantes. O que máis chama a atención probablemente é a repetición das mesmas porcentaxes en casos de parroquias que corresponden á mesma xurisdición, como poden ser moitas das xurisdicións de Bergantiños ou Villarprego. Porén, en directo contraste con isto, vemos como esta regra non é universal, pois no caso dos exemplos dispoñibles nas áreas de Pontedeume ou da Coruña, tal correspondencia non existe. A explicación a este fenómeno radica probablemente na forma na que a xunta de pobo correspondente decidiu elaborar o repartimento. No caso das parroquias de Bergantiños, a xunta debeu tomar seguramente a cifra asignada a todo o seu territorio para repartila proporcionalmente a cada parroquia dacordo coa riqueza de cada unha. Ao facelo de forma conxunta o resultado porcentual obtido remata sendo o mesmo para tódalas parroquias e, por extensión, para tódolos habitantes das mesmas. En Pontedeume, como xa tivemos ocasión de tratar, a repartición levouse a cabo de forma diferente e a todas luces, moito menos equitativa. Para empezar, o punto de partida foi aparentemente proporcional, pero realmente os cálculos foron realizados a partir dunha base moi pouco fiable como era a contribución de guerra de 1811. Tal método combinaba os erros de medición que probablemente sucederon nun contexto bélico coa falta de realismo á hora de ter en conta as mudas nos niveis de riqueza ou as variacións de habitantes ao longo de varios anos, resultando a carga fiscal definitiva nun abano de porcentaxes variables. Os inconvenientes e a escasa validez daquel reparto non escapaban a ninguén e, aínda máis, temos atopado testemuñas nas que os encargados das repartición criticaban o feito de ter que botar man del. Tal era o caso da parroquia de San Xián de Soñeiro na xurisdición de Miraflores (hoxe concello de Sada), onde os peritos se lamentaban pola falta de tempo que tiveran para facer as partillas veciñais cunha base tan pouco realista no primeiro dos repartimentos, pois non permitía outra cousa que unha aproximación:

> "El propio interés de la execución de los soberanos deseos que solo concluyen al honor, fomento y utilidad de la nación, el incesante anhelo de poseernos el bien xeneral prometido, y la rapidez que por gravísimas cominaciones se nos encargó, aunque superfluas según el amor que a nuestro Rey y Señor profesamos, no nos permitieron descubrir otro principio sobre que acimentar el repartimiento de los

> siete mil doscientos y diez reales cargados a este pueblo más que una hijuela de la contribución de guerra que a fuerza de desbelos pudimos allar, por la que sirviéndonos de vase para hacer una aprosimación y guardando proporción por una regla trimestral, repartimos a cada contribuyente (…) La ciega obediencia nos haría cometer errores de cálculo mas no de voluntad, y aquellos emmendaremos en el tercio que viene (...)[73]"

O lamento procede como sinalamos, da pouca marxe coa que os traballos tiveron que facerse, pero este non parece ser o caso da xunta de Pontedeume, quen simplemente cambiou o documento base do repartimento para beneficiarse dunha redución considerable na cota coa que a vila debeu contribuír finalmente, en detrimento claro está, do aumento da carga nas parroquias da súa xurisdición.

Destaca tamén na táboa a considerable variabilidade de cifras pese a proximidade de moitos dos territorios, a excepción dos comentarios que acabamos de realizar para algunhas das parroquias que se organizan dentro da mesma xurisdición. A pesar de que hai casos de áreas con valores idénticos, o arco das porcentaxes fixadas vai dende un modesto 4,65% ata unha significativa cantidade do 27,5% ao que se viron sometidas as parroquias da área de Bergantiños, cunha variabilidade tamén importante no interior dese abano. É dicir, que aínda que nos movemos nun territorio de estudo relativamente reducido, a carga fiscal varía de forma moi significativa ao longo do mesmo. Desta forma, as situacións posibles son moi diversas e dende logo, a lo menos pola vía da análise dos exemplos atopados, non podemos establecer unha pauta xeral no comportamento da presión fiscal. Hai lugares onde dende logo esta era moi reducida, de xeito que os comentarios realizados por estudos como o xa citado de Pegerto Saavedra para os séculos da época moderna no caso galego aínda poden seguir sendo perfectamente válidos nestes anos que tratamos. Pero ao mesmo tempo observamos como se producen situacións totalmente opostas noutras parroquias, onde a carga é moito máis elevada e seguramente difícil de asumir para os contribuíntes. Aínda que fose consecuencia de repartimentos defectuosos xa na súa base ou recoñecendo que no seu cálculo entrasen criterios arbitrarios e mesmo intereses de certos grupos locais, non se pode negar á vista dos datos obtidos un aumento significativo da carga fiscal en determinadas parroquias. Iso si, sen poder dar as regras que permitan identificar esa distribución. Quizais isto pode ser consecuencia da fragmentación que afecta á propia fonte, pois existen moitos ocos no territorio analizado que sen dúbida dificultan sacar conclusións máis firmes. A aparición de novos fondos podería solucionar este problema, aínda que nos inclinamos a pensar que podería ser precisamente a arbitrariedade nos repartimentos e a variedade de fórmulas para os mesmos a responsable da falta de homoxeneidade en xeral, salvo algunhas excepcións xa comentadas a nivel interno dalgunhas xurisdicións. Como consecuencia, tal vez non consigamos chegar a identificar un modelo de conduta da carga fiscal, porque simplemente este non existe e no seu lugar o que se presenta son unha serie de pautas que máis ben deberíamos caracterizar como aleatorias.

Estas cifras tan dispares que aquí presentamos chocan bruscamente coa idea teórica que a administración central de Facenda tiña sobre a carga que a contribución xeral supoñería sobre a riqueza dos contribuíntes. A Real Orde do 22 de xullo de 1818 presentaba unha visión, non só moito máis asumible ao respecto desta cuestión, senón tamén algo imaxinativa e pouco realista á vista de moitos dos casos presentados na táboa que acaba de ser exposta:

> "(…) El cálculo más exagerado no puede llevar más allá de un 6 por 100 en general la cuota de 250.000.000 con respecto a la total riqueza ó producción anual de

[73] AMC, c. 3970, l. 10, a. 4, p. 3.

> España. Pero la nación aun no disfruta en todas las provincias de sus felices resultados, porque la contribución aun no está nivelada de provincia a provincia, de pueblo a pueblo y de individuo a individuo (…)[74]"

Vemos claramente como ese obxectivo de non gravar a ninguén cunha porcentaxe superior ao 6% estaba aínda moi lonxe de cumprirse, pois esta cifra era, a miúdo, triplicada ou mesmo cuadriplicada. Por outra parte, aínda que se poida alegar que moitas destas porcentaxes de carga fiscal estean datadas nos primeiros exercicios de 1817 e que quizais a situación melloraría co paso do tempo a medida que os traballos de cálculo da riqueza melloraran, o certo é que non atopamos probas que apunten nesa liña. Por exemplo, na parroquia de San Xurxo de Afora, extramuros da cidade da Coruña, unha das poucas para as cales posuímos os rexistros de varios exercicios consecutivos de 1818 e 1819, ofrece un panorama pouco alentador. Nesta freguesía, o repartimento comezou fixando unha porcentaxe do 9% para o primeiro terzo de 1818, cifra que se duplicou nos restantes do ano para pasar a un 17 e a un 18,6%. O ano 1819 deixou unha situación mellor, pero con todo sensiblemente superior a como comezaron as cousas, pois o primeiro terzo gravou a riqueza dos contribuíntes nunha porcentaxe do 12,3% mentres que no segundo volveu remontar lixeiramente para asentarse nun 13%. Non temos datos para o que aconteceu na derradeira repartición dese ano, pero no primeiro terzo de 1820, último para o cal dispoñemos de datos nesta freguesía, experimentouse unha pequena baixada que deixou a cifra de contribución no 12% da riqueza dos contribuíntes. Nada máis e nada menos que o dobre do que cabía esperar na teoría e contando con xa case tres anos co novo sistema en marcha.

¿Como reaccionaban a estas cargas os naturais? Exactamente como cabería esperar, botando man da emisión de queixas para a reparación de agravios e incorrendo noutras prácticas de resistencia que xa vimos neste mesmo capítulo. As elevadas cotas que aquí presentamos non deixaban indiferentes aos contribuíntes, de xeito que non é infrecuente observar como determinadas autoridades incorren en procesos de reclamación por agravios xeralmente a título colectivo e en defensa dos intereses de toda unha comunidade. O asunto da excesiva carga fiscal das parroquias da comarca de Bergantiños, por exemplo, deu pé a numerosas queixas que foron conservadas no arquivo da Coruña. O 22 de agosto de 1817 a situación chegou á propia xunta principal de mans do síndico persoeiro da xurisdición, avogado da Real Audiencia:

> "(…) y a pesar de haberlos apurado en todo lo posible, salió según se conoce a veinte y siete y medio por ciento solo en los dos tercios, y de consiguiente a cada parroquia las cantidades que humanamente no pueden sufrir los naturales quienes se hallan asombrados y muy descontentos (…) Para manifestar la injusticia no se necesitan otros datos que los que presenta el mismo comparto y un ligero conocimiento de la provincia. El que se reforme el repartimiento, o quando menos para el último tercio, y forme un verdadero arreglo para lo subcesivo es obra de absoluta necesidad y digna de atención de V.S. (…)[75]"

Esta queixa non foi a única, de tal forma que no expediente sobre o tema podemos ver incluso algún exemplos de particulares que envían reclamacións á xunta principal, de novo a título colectivo, en representación de toda a xurisdición para que se solucione o abuso. As argumentación baséanse a miúdo nunha batería de datos sobre a feracidade das terras de cada área da provincia, do rendemento das actividades artesanais e comerciais ou de comparacións

[74] López Juana Pinilla, J. (1848), vol. VI, pp. 176-179.
[75] AMC, c. 3970, l. 14, a. 1, pp. 12-13.

entre o número dos veciños de cada zona. O obxectivo destes argumentos é evidente, e non é outro que o de tratar de xustificar que a carga propia é demasiado elevada, especialmente porque outras zonas terían maiores riquezas e máis veciños para contribuír. A campaña parece que chegou a callar finalmente, pois con data do 30 de agosto o propio Intendente advertía aos responsables do repartimento na cidade da Coruña nos seguintes termos:

> "Remito a V.E. de acuerdo de esta Junta principal provincial una instancia presentada por el Síndico personero de la Jurisdicion de Bergantiños en que expone el agravio que ha padecido en el repartimiento que V.E. ha executado del total de la contribución que ha tocado al partido de esta capital, pues que se le ha considerado como una cuarta parte de el, siendo así que ni aun en una sexta, y espero que en vista de lo que se dice se sirva V.E. informarme con devolución lo que se le ofrezca para hacerlo presente a la Junta con el fin de que delibere lo conveniente para el desagravio o lo que sea justo[76]."

O exemplo sérvenos para poñer de manifesto un aumento salvaxe da presión fiscal nalgúns casos (este caso afectaba en modo moi semellante a un total de quince parroquias, as que compoñían a xurisdición de Bergantiños) aínda que fose por mor de claros erros á hora de elaborar as particións das cotas da contribución xeral, de modo que o que temos aquí é tamén unha nova fonte de descontento e malestar entre a poboación que van contribuír ao colapso definitivo do sistema. Hai que apuntar que o grave caso que afectou á área de Bergantiños foi emendado no repartimento do ano seguinte, así que parece que as queixas deberon servir para algo, aínda que a situación saltaba claramente aos ollos de calquera, pois unha área de quince parroquias soportaba teoricamente a cuarta parte da tributación anual de toda a provincia. Nos fondos do arquivo municipal da cidade herculina atopamos un documento no que, baixo o nome de "extracto de utilidades", se ofrece unha corrección ás cantidades cargadas en 1817, proporcionando outras teoricamente máis equilibradas que rexerían no ano de 1818 nas dezasete xurisdicións que compoñían a provincia[77]. O documento está asinado o 9 de xaneiro de 1818 e lamentablemente non sabemos quen son exactamente os seus responsables: vai dirixido ao Intendente e á xunta central para tratar de corrixir unha situación que se recoñece como preocupante, pero os autores non se identifican nin tampouco asinan cos seus nomes, polo que quizais se trate dalgúns peritos ao servizo da propia xunta principal que tiñan como misión, precisamente, a de resolver ese problema da asignación de cupos. Este novo arranxo dá comezo cunha táboa que copiamos aquí para dar mostra dos cambios introducidos nas asignacións de cada territorio (táboa 5.9). Resulta de grande interese porque inclúe as cantidades asignadas en concepto de contribución xeral para os territorios da provincia da Coruña, tanto para o ano de 1817 como para 1818.

Comprender e interpretar a táboa é sinxelo: as primeiras columnas están copiadas directamente do documento no que figuran, mentres que a derradeira situada máis á dereita na que aparece a variación porcentual, é un engadido realizado da nosa man que permite, pensamos, ver os cambios experimentados entre as dúas columnas nas que figuran as asignacións cunha rápida ollada. A primeira delas, que figura co nome "cupos cargados" correspóndese coas cantidades que foron repartidas entre os contribuíntes, para cada xurisdición correspondente, no ano 1817. A outra, chamada "cupos que corresponden" inclúe xa o arranxo realizado, así que as cantidades que aparecen nela foron as que se determinaron para 1818. As novas cantidades estaban calculadas, teoricamente, aplicando unha regra máis

[76] AMC, c. 3970, l. 14, a. 1, p. 5.
[77] AMC, c. 6760, l. 1, a. 1, pp. 1-4.

equitativa e atendendo a informacións de peritos e autoridades de distintas zonas da provincia que os autores dicían ter en conta, pois afirmaban que se tiñan determinado con "exactitud así de las noticias ultimamente pedidas a las Justicias, como de los compartos anteriormente recogidos y la reforma de repartimiento ajustada en todo a las reglas de proporción". A columna de variación non é máis que o incremento ou a detracción, segundo corresponda, en reais e marabedís, que sofre a segunda columna respecto da primeira. Porén, hai que decatarse de que as sumas totais en ámbolos dous casos para tódalas xurisdicións dan como resultado a mesma cifra, o que significa que a asignación decretada sobre a provincia da Coruña nestes dous anos non variou en absoluto. É dicir, que a presión fiscal se mantivo nos mesmos niveis en termos globais, pero como podemos observar polas variacións entre territorios, o que si tivo lugar foi unha configuración da mesma de forma diferente, con cambios enormes nalgúns dos territorios. Dito isto, cabe sinalar que unha análise conxunta das dúas táboas presentadas nesta sección, a da presión fiscal e esta derradeira dos repartimentos xurisdicionais, danos unha información moi valiosa sobre o acontecido en materia de carga fiscal nos primeiros compases da instauración do sistema da contribución xeral. Se o dito na primeira das táboas era válido fundamentalmente para o primeiro dos repartimentos de 1817, esta nova información ofrécenos a posibilidade de observar, en conxunción con aquela, o que aconteceu un ano despois.

Táboa 5.9: repartimento da contribución xeral das xurisdicións da provincia da Coruña (1817 e 1818).

PARTIDOS	CUPOS CARGADOS (reais)	CUPOS QUE CORRESPONDEN (reais ; marabedís)	VARIACIÓN (reais ; marabedís)	VARIACIÓN (%)
Vara do Coto	69503	152450 ; 28	+ 82947 ; 28	+ 119 %
Val de Veiga	74829	89848 ; 22	+ 15019 ; 22	+ 20 %
Vara de Crendes	55905	51235 ; 30	- 4669 ; 4	- 8 %
Miraflores (1)	110142	161917 ; 16	+ 51775 ; 16	+ 47 %
Temple	864	1773 ; 14	+ 909 ; 14	+ 105 %
Oseiro	35330	44257 ; 4	+ 8927 ; 4	+ 25 %
Anzobre	8934	13722 ; 8	+ 4788 ; 8	+ 54 %
Erboedo	56344	53104	- 3240	- 6 %
Caión	38945	31556 ; 16	- 7388 ; 18	- 19 %
Bergantiños	228775	102971 ; 4	- 125803 ; 30	- 55 %
Rus	35118	29243 ; 20	- 5874 ; 14	- 17 %
Villarprego	47669	35358 ; 22	- 12310 ; 12	- 26 %
Mercurín	3828	3443 ; 16	- 384 ; 18	- 10 %
Soandres	29543	43364 ; 24	+ 13821 ; 24	+ 47 %
Encrobas	39966	31565 ; 4	- 8400 ; 30	- 21 %
Sesamo	6882	5165 ; 6	- 1716 ; 28	- 25%
Cambre	39966	31565 ; 4	- 8400 ; 30	- 21%
TOTAIS	882543	882543		

(1): A xurisdición de Miraflores non figura na súa totalidade porque, sendo dependente do Conde de Lemos, o seu territorio estaba dividido entre as provincias da Coruña e Betanzos. Había polo tanto varias parroquias en cada unha delas (Erias Martínez, A. e González Fernández X. M. (1989), p. 20). É de supoñer por isto que a cantidade asignada se corresponde coa área correspondente á provincia da Coruña.

Fonte: AMC, c. 6760, l. 1, a. 1, pp. 1-4.

Para comezar, vemos como se corrixen as situacións de abusos máis flagrantes, especialmente a de Bergantiños, que experimenta unha redución da carga soportada polos seus contribuíntes en máis da metade. Se temos en conta que a porcentaxe coa que o erario gravaba a riqueza das parroquias desta zona se situaba arredor do 27,5% nos peores casos, a reparación era máis que necesaria, de tal forma que de aplicarse o desconto, a nova porcentaxe pasaría a situarse en algo máis do 12%, moito máis acorde aos datos doutras parroquias da provincia no repartimento de 1817, aínda que novamente, moi por riba das perspectivas marcadas polas autoridades da Facenda central. Algo semellante pasaría, aínda que en menor grado, coas parroquias de Villarprego, que tamén viron reducida en boa medida a súa participación cara unha situación máis igualitaria coas demais parroquias. Pese a estes exemplos, tamén hai que facer notar que as reducións non sempre solucionaban situacións de auténtica necesidade como era o caso das anteriores, pois pese a que soamente temos dous exemplos para o caso do primeiro repartimento, non se pode dicir dende logo que as parroquias da xurisdición de Cambre soportaban unha carga abafante se observamos as cifras do 5 e do 7,5% de gravame antes da redución que lles tocou.

Tan importantes como as subtraccións parécennos que poden ser os incrementos que se produciron no montante da contribución de certas áreas. O que máis destaca, probablemente, polo avultado das cifras, son concretamente dous territorios onde o crecemento da contribución se duplicou como pouco, facéndoo de súpeto, dun ano ao outro. O primeiro caso pode non resultar representativo: Temple refírese a un pequeno couto correspondente á parroquia de Santa María do Temple, hoxe no concello de Cambre, que contaba, segundo o dicionario Miñano con 46 veciños e 28 segundo o de Madoz[78]. Non obstante, como non atopamos datos do que acontecera neste lugar en 1817 nin da súa riqueza, tampouco podemos saber se unha contribución dupla significaba realmente un novo atropelo aos contribuíntes da área ou pola contra era unha auténtica equiparación, se fose o caso de que a cantidade do ano anterior fose demasiado baixa. Outro asunto ben distinto e do que si que podemos falar é o que acontece coa chamada vara do coto, xurisdición que abranguía as parroquias arredor da cidade da Coruña e que quedaban baixo a súa influencia. Se ollamos cara a táboa 5.8 novamente, lembraremos como entre as parroquias extramuros desta localidade se nos presentaban os exemplos nos que a presión fiscal era menor, pois oscilaban entre un 4,65 e un 9%. De facerse efectivo o aumento que se propón no arranxo, podemos imaxinar que estas porcentaxes se dispararían tamén a máis do dobre. O resultado seguiría sendo asumible para algunhas delas, as que presentaran as cifras máis baixas dese abano, pero podería chegar a ser perigoso para outras. Este aumento queda patente, de feito, no exemplo xa presentado de San Xurxo de Afora, do que falamos un pouco máis atrás e onde puidemos comprobar como a porcentaxe da contribución xeral rozou o 19% da riqueza dos seus contribuíntes nalgúns momentos de 1818. Por outra banda, á marxe destes dous territorios, está claro que os incrementos tamén se fixeron notar duramente noutros lugares nos que xa tiñamos mostras documentadas de porcentaxes de gravame elevadas, como sería o caso das parroquias de Oseiro, Soandres ou Miraflores, onde había varios exemplos de territorios que xa roldaban ou mesmo superaban en 1817 a barreira do 12 ou do 13% antes de que se lles aplicara un aumento que nalgúns casos rozou case a metade da asignación orixinal.

As novas asignacións froito do arranxo de 1818 seguían sen convencer totalmente aos seus creadores. Non obstante, a situación previa era considerada tan grave en materia de agravios que se facía necesaria unha primeira actuación de urxencia para tratar de equilibrar un pouco a balanza. Esta medida que acabamos de analizar, polo tanto, era entendida como un

[78] Miñano, S. (1826-1828), vol. VIII, p. 410; (1829), p. 497; Madoz, P. (1845-1850), vol. XIV, p. 691.

parche que habería que seguir mellorando. Proba disto eran unha serie de comentarios dos autores da táboa que transcribimos máis arriba, trala cal apuntaban o seguinte:

> "(…) La premura de tiempo no nos ha permitido poder fijar con toda la seguridad que deseamos las primeras bases sobre las que se establece [este repartimento]. Mas siendo indudable el enorme agravio que se causó a algunos partidos y exigiendo de consiguiente una pronta enmienda aproximada a lo justo aunque sea solo provisionalmente; por eso nos apresuramos a presentarla a V.E. sin perjuicio de que se recojan los datos más seguros y conducentes a su confirmación o rectificación un arreglo difinitivo[79]."

Parece que continuaba estando patente, pese a esta suposta vontade de arranxar e equilibrar a situación e evitar agravios, unha importante arbitrariedade á hora de realizar os repartimentos no territorio, e os enormes cambios que experimentaron en cuestión dun ano algúns territorios poden ser unha proba disto que dicimos. Alegando esa vontade foron corrixidos os problemas máis graves, pero a pesares de que os niveis dalgúns territorios se suavizaron e se equilibraron con outros en valores máis asumibles, non é menos certo que deberon aparecer novos problemas se temos en conta algunhas das subas que se experimentaron noutros lugares. Aínda con eles, parece que as novas porcentaxes, tendo en conta aumentos e reducións, quedarían fixadas, a grandes trazos, nun nivel bastante variable entre un 13 e un 17-18% en boa parte dos casos, claro está con excepción tanto por arriba como por abaixo. Cifras moi lonxe en todo caso daquel utópico 6% ao que aparentemente se pretendía chegar. Resulta moi probable que cos coñecementos da riqueza dos habitantes que se posuían nese momento e sen emprender un proxecto de indagación máis profundo (que en todo caso sería imposible por resistencias e por falta de medios materiais e humanos por parte do Estado), fose imposible por completo mellorar esas cifras, pese ao que a administración central publicara en Reais Ordes.

Todo o dito ata o de agora pode ser aplicado á situación colectiva de comunidades e parroquias enteiras. As reclamacións, con todo, non eran enviadas soamente para a defensa de intereses comunitarios como os que vimos en anteriores apartados, pois chegaban a aparecer incluso a título individual ou de man de pequenos grupos de contribuíntes que compartían intereses comúns dentro dos abusos que se cometían sobre eles co obxectivo de solucionalos. Aínda así, o máis normal era, con todo, que as reclamacións fosen emitidas polas autoridades encargadas do cobro dos repartimentos, pero o seguinte comunicado é un exemplo daqueles outros. Trátase dunha reclamación interposta por tres veciños á xunta de partido da Coruña o 14 de xaneiro de 1819 por irregularidades nos repartimentos do ano anterior:

> "D. Antonio Rivero, D. José Prina y Ramón Cosmed (…) manifestamos a V.SS.: que habiendo establecido cada uno de nosotros un puesto público para veneficiar carnes fuera de la puertas de esta plaza y en sus arrabales atemperándonos a la libertad concedida por el Real Decreto de treinta de mayo del año pasado de mil ochocientos diez y siete, en el primer tercio del siguiente de mil ochocientos diez y ocho, los repartidores nombrados para la repartición de la contribución de la parroquia de San Jorge de afuera, graduándonos por cálculos imaginarios y nada proximativos un capital exorbitante de utilidades por razón de industria, nos cargaron la cota correspondiente arreglada a un nueve por ciento, contradiciendo de este modo lo dispuesto por S.M. relativamente a que no devia exceder de un seis. Sin embargo, para que no pudiese protestarse la menor cavilación ni resistencia nos

[79] AMC, c. 6760, l. 1, a. 1, p. 1-2.

> hemos sometido voluntariamente al apronto de las cantidades que nos han cargado, en la firme persuasión de que este hecho no los alarmaría a incurrir en lo subcesivo en iguales excesos; pero nos engañamos en nuestra opinión, porque atribuyendo sin duda dichos repartidores a devilidad lo que solo hera efecto de una condescendencia por no entrar en discusiones desagradables, tuvieron bastante arrojo para, en el reparto del segundo tercio del mismo año de diez y ocho, imponernos unas cotas tan excesivas que exceden a más de la metad de lo que en el primero nos habían cargado (…) ascendiendo en este nuevo reparto la graduación del nueve por ciento a un diez y siete, sin más pretesto que el de aumentar a la contribución total de la parroquia, de treinta y ocho mil setecientos nueve reales, diez mil setecientos setenta y tres más por razón de gastos de apeo, y pico que no se había cobrado en el primer tercio[80].”

O razoamento efectuado por estas persoas para denunciar o que consideran un claro abuso e un atropelo continúan máis abaixo no mesmo comunicado, que alcanza as tres páxinas de argumentacións:

> “Por otra parte, nosotros ninguna culpa tenemos en que no se hiciese efectivo el cobro del total importe del primer tercio porque suponiendo que el reparto fuese arreglado como devia, sería una morosidad criminal en los colectores el no recaudarlo, y en la junta de Pueblo en no compelerles a ello, indolencia que no deve servir para obligarnos a responder de la cota que faltase, y en todo caso siempre deverian dirijirse a los omisos en quien esté el descubierto. No es menos injusto el cálculo de capital que quisieron suponernos por razón de utilidades dichos repartidores para poder descender a cargarnos a los tres unas cotas tan exorbitantes como llevamos manifestado (…) Aun en esta sencilla operación no guardaron la igualdad devida por la diferencia que se observa en tales cargos siendo iguales la industria y los medios de ella. Otros muchos agravios podríamos enumerar si tubieramos a la vista el indicado reparto del segundo tercio (…)”

Finalmente, estes individuos expoñen o motivo real polo que, na súa opinión, pensaban que foran gravados con cotas tan elevadas. Tras esa decisión existía unha especie de complot levado a cabo polas autoridades da xunta de pobo por razóns tamén expostas:

> “su resultado [o do repartimento] los convence de lleno, y hace ver que con respecto a nosotros ha jugado la intriga y los resentimientos privados, y el fraude, excesos que no hemos conseguido se reparasen por la junta del pueblo, cuyos individuos de resultas de un pleyto que hemos disputado con ellos en el juzgado de la Intendencia, tal vez habrán sido los principales autores del desorden y parcialidad con que se ha caminado en la operación.”

A demanda conclúe cos tres individuos solicitando a nulidade dos repartimentos citados “declarándolos desarreglados”, ademais da petición de que “se reformen a cuenta de sus autores” para que se lles poida devolver aos demandantes a cantidade que tan inxustamente se queixaban de que se lles cobrara. Finalmente, reclamaban que a xustiza actuara para castigar aos responsables desta situación. Non parece ser certo que eses individuos recibiran un trato especialmente vexatorio por parte das autoridades da xunta ou de man dos peritos repartidores, pois as porcentaxes que indican coinciden coas en teoría fixadas para o común dos contribuíntes desa parroquia segundo foron expostas máis arriba. E se empregamos ese

[80] AMC, c. 6760, a. 32, pp. 1-3.

cualificativo de *en teoría* novamente non é á lixeira, pois como os propios afectados se queixaban neste exemplo anterior, parte da carga impositiva parecía responder a recargas nos sucesivos repartimentos que proviñan de certas cantidades de atrasos que non conseguiran ser recadadas nos anteriores. Este feito axuda a pensar que efectivamente, nalgúns lugares a carga fiscal debeu ser elevada para as posibilidades dos contribuíntes.

A consecuencia directa desa recarga era o aumento da presión fiscal, aínda máis, pola vía da acumulación de atrasos, o que nos leva a destacar o feito de que nalgúns lugares podemos estar falando dunha carga que non se axusta á realidade, podendo afectar ás cifras que demos para as freguesías nas que logramos obter este dato. É dicir, que a presión do erario sobre a riqueza dos contribuíntes en San Xurxo de Afora pase do 9 ao 17% por, entre outras cousas, atrasos resultantes do primeiro deses terzos, significa tamén que a porcentaxe do 9% non se chegou a recadar en primeira instancia. A diferenza ata a cantidade establecida sobrecárgase á marcada para o terzo seguinte de modo automático e poderá, igual que no primeiro caso, cumprirse ou non, desprazando á súa vez unha parte da carga cara o seguinte de modo sucesivo.

Non parece que este fenómeno sexa algo xeral se atendemos aos datos de recadación, a lo menos no comezo da vida da contribución xeral, polo que as cifras de presión fiscal ofrecidas poden considerarse correctas xa que se corresponden precisamente con eses primeiros compases do tributo. Existen varias probas para pensar nisto. En primeiro lugar xa apuntamos como en Pontedeume, pese ao retraso de varios meses, a cantidade fixada para todo o ano de 1817 se rematou entregando no mes de maio de 1818. Aparte disto, a administración central daba testemuñas de que este comportamento era xeral pois, nun comunicado procedente do ministerio de Facenda do 20 de xaneiro de 1818, apuntábase que a recadación dos dous primeiros terzos entrara completa nas caixas do tesouro salvo pola excepción dun "cortísimo número de provincias" e en ningún caso debido á falta de vontade dos pobos. Ao mesmo tempo, nese mesmo comunicado, reclamábase o pagamento do primeiro terzo dese ano, vencido había tres semanas[81]. Na mesma liña, na introdución da Real Orde do 18 de febreiro de 1818 pódese ler que están "satisfechos ya casi en todas las provincias los dos primeros tercios del año de 1817, estando pagándose en todas partes el último con el mayor celo por parte de los pueblos[82]". Pero esta situación favorable, se tan sequera podemos chamala así, debeu cambiar máis adiante, especialmente cara finais de 1818 e xa dun xeito máis claro en 1819, sobre todo se temos en conta a evolución dos atrasos que temos apuntado nos apartados anteriores. De feito, entre a documentación da xunta de partido da Coruña poden observarse algúns cálculos que deixan constancia dun número considerable de parroquias que debían atrasos incluso de terzos consecutivos. Neste sentido, as táboas 5.10 e 5.11 recollen esas cantidades pendentes de pagamento no derradeiro terzo de 1819 e no primeiro de 1820, xa trala volta do goberno constitucional, anotados nun comunicado do contador principal da contribución xeral datado o 5 de xuño de 1820[83].

Á vista dos datos contidos nelas podemos observar a problemática da incidencia dos atrasos detidamente, efectuando un cruzamento coas cantidades que foron asignadas en 1818 que tiñamos na táboa 5.9. Temos que ter en consideración que as cifras das táboas de atrasos se corresponden con terzos, mentres que os do cadro das asignacións engloban a cantidade de repartimento anual. Á vista disto, áreas como o termo territorial da cidade herculina ou as parroquias da Vara do Coto e do couto de Oseiro parecen totalmente abafadas pola contribución xeral. Se a esta listaxe de atrasos lle engadimos o que se anotou máis atrás, que

[81] López Juana Pinilla, J. (1848), vol. VI, p. 152.
[82] Ibídem, p. 155.
[83] AMC, c. 6760, l. 7, a. 1, pp. 32-41.

unha parte das cantidades decretadas non chegaron a cobrarse en certos casos e que se cargou en terzos sucesivos, podemos supoñer dúas cousas: a primeira, que ou ben os mecanismos de resistencia da poboación fronte ao pago da contribución foron tan efectivos que estes non se efectuaron como debería, ou ben que os contribuíntes non podían afrontar as cantidades que se lles asignaban, quedando abafados por elas. Vista a evolución descendente da recadación do imposto e os chamamentos que algunhas xuntas de pobo realizaron a autoridades superiores, tal e como comprobamos ao final do apartado dos problemas aos que se enfrontou o sistema, a segunda opción parece a máis probable, se ben é certo que como se apuntou no apartado da conflitividade pasiva/non visible, esta situación non exclúe a presenza dunha resistencia importante ante os pagos. As táboas 5.10 e 5.11 son tamén unha proba que redunda nisto mesmo. En segundo lugar é moi probable que nalgúns lugares a presión fiscal resultara en certo modo ilusoria. É dicir, ter un cálculo aproximado da carga que un imposto supoñía sobre a poboación dun determinado lugar sempre resulta ilustrativo, pero hai que ter coidado co feito das cantidades que non se cubrían. De pouco serve apuntar unha carga fiscal concreta se resulta que unha parte do diñeiro reclamado remata sen recadarse. Habería que falar entón dunha carga teórica, a calculada nos repartimentos, e outra real.

Táboa 5.10: débeda recoñecida de varios territorios da provincia de Coruña, correspondente ao derradeiro terzo da contribución xeral de 1819 (vencido o 1 de xaneiro de 1820):

XURISDICIÓN	DÉBEDA EN ATRASOS (reais ; marabedís)
Termo territorial da capital	11335 ; 4
Vara do Coto	26028 ; 10
Oseiro	5782 ; 11
Bergantiños	95

Táboa 5.11: débeda recoñecida de varios territorios da provincia de Coruña, correspondente ao primeiro terzo da contribución xeral de 1820 (vencido o 1 de maio):

XURISDICIÓN	DÉBEDA EN ATRASOS (reais ; marabedís)
Termo territorial da capital	36344 ; 30
Vara do Coto	26683 ; 6
Oseiro	7794
Val de Veiga	14626 ; 16
Sesamo	905
Vara de Crendes	14654 ; 24
Temple	336
Caión	4872 ; 33
Bergantiños	11055 ; 4
Rus	2834 ; 6
Villarprego	2388 ; 20
Miraflores	27188 ; 2
Mercurín	603
Soandres	6990 ; 30
Encrobas	3919 ; 7

Fonte: AMC, c. 6760, l. 7, a. 1, pp. 32-41.

Dito isto e volvendo ao exemplo citado das queixas dos tres asociados, este caso permítenos observar tamén outros fenómenos: por unha banda vemos como funcionaban os resortes de

poder encargados dos traballos a nivel local, onde non era estraño o feito de prexudicar a certas persoas por mor de diferenzas persoais, aínda que neste caso concreto a crítica non parece ter demasiada base. Ademais, queda moi clara outra realidade (en realidade en tódolos exemplos aquí citados e non soamente neste último), que non é outra que un descontento e unha frustración que se ve claramente presente nestes individuos. Comezaba dende moi pronto seguramente a configurarse, xa dende os primeiros compases da implantación da reforma, un malestar entre a poboación que, unido a certas prácticas de resistencia froito ou non desa inquietude, se convertería nunha fonte de problemas para a administración, ao mesmo tempo que axudaba a poñer de manifesto a medio prazo algunhas das dificultades e contradicións que o sistema de Garay presentaba na súa propia base. Queixas como estas pódennos axudar a comprender algunhas das motivacións que expliquen determinadas formas de conflitividade xa abordadas.

Ese exemplo sérvenos ademais para abrir as portas cara a ruptura dunha situación de homoxeneidade que quizais esteamos pintando sen que sexa realmente a nosa intención. Os datos dos que ata agora falamos son, en esencia, as porcentaxes coas que o erario real gravaba a cada parroquia en principio a título individual. Chegados a este punto, pode xurdir unha nova pregunta, a de que acontecía dentro de cada un deses territorios. Polo dito ata o de agora pode parecer que, pese a que a carga variara entre freguesías, esta afectaba a tódolos propietarios dentro da mesma por igual, pois estamos a falar de porcentaxes aplicables a tódolos contribuíntes. Esa sería soamente a teoría, pois o certo é que a situación non tiña que ser necesariamente así como pronto comprobaremos (non entraremos xa no caso particular de privilexiados que conseguían eludir, como ben sabemos, os pagos). Os datos e as situacións que acabamos de analizar serven para demostrar que a porcentaxe coa que a Facenda gravaba aos contribuíntes era bastante elevada nalgúns casos, pero a situación podía chegar a complicarse aínda máis para determinados colectivos. Especialmente dramática para os seus intereses resultaba en ocasións a realidade que afectaba aos forasteiros, os propietarios con bens ou rendas nunha parroquia pero que residen fóra dos seus límites. A documentación coa que nos atopamos nas actas demostra claramente que non era estraño que estes individuos foran cargados con porcentaxes superiores ás dos veciños da parroquia, é dicir, que os naturais desprazaban parte da súa carga á destes outros propietarios. A práctica estaba perfectamente recoñecida polas autoridades, de xeito que non resulta complicado atopar documentación oficial na que se efectúe unha censura e se cargue contra ela. Tal era o caso por exemplo da Real Orde do 8 de agosto de 1817, un documento, do cal debemos insistir no seu carácter oficial, que recolle perfectamente o prexuízo que por riba de tódolos contribuíntes recibían estes forasteiros nalgúns casos, ao tempo que continúa impulsando a correcta realización dos traballos de medición da riqueza[84]. Estaba claro que o problema debía ser digno de consideración se, tendo en conta tódolos inconvenientes cos que debía afrontar, a administración central da Facenda reparaba nel e trataba de denuncialo e atallalo. Un exemplo máis próximo aos niveis locais que aquí estudamos pode ser o seguinte, e resulta claramente ilustrativo. No escrito, un grupo de propietarios elevaba unha queixa pola súa situación á autoridade da xunta central:

> "Los hacendados forasteros que como tales tienen rentas en la jurisdiccion de Bergantiños que abajo firman hacen presente a V.E. que acaban de experimentar que en la contribución se les carga a seis y nueve reales por cada ferrado de trigo

[84] Nela pode lerse: "(…) Y habiendo llegado con disgusto a noticia de S.M. que en algunos pueblos se cargan mas de lo justo los bienes de particulares, especialmente de forasteros, graduándose de mayor equivocadamente su riqueza porque aparece mas reunida (…). AMP, c. 140, l. 1, a. 2, p. 113.

> calculado a diez y once reales, que sale a un cincuenta por ciento cuando en otros parajes a los propietarios les cargan un real o medio por cada ferr., cuya proporción tan enorme y gravosa no puede menos que llamar la atencion de la Junta Superior para que se remedie con la prontitud que exige un perjuicio tan enorme[85].”

Ante semellante situación, era lóxico que a administración denunciara este tipo de abusos, pois estamos falando de porcentaxes autenticamente escandalosas. Neste exemplo, falamos de que a riqueza que os forasteiros obtiñan do desenvolvemento da actividade agraria quedaba gravada cunha abafante porcentaxe arredor do 50%, cifra a todas luces insoportable e excesivamente elevada, máxime se a comparamos coa que o mesmo exemplo ofrece para os veciños, que quedaría comprendida entre un 4 e un 9%, aproximadamente. Por outra banda, se isto podía chegar a acontecer, haise que preguntar en que situacións este tipo de abusos consistentes no desprazamento da carga fiscal podían chegar a ser posibles.

Debemos ter en conta, para comezar, algúns aspectos sobre o discorrer dos traballos de rexistro da riqueza. Os apeos dos veciños podían realizarse un por un, incluso co propietario presente, pois ao residir na comunidade o factor de proximidade facilitaba este proceso. Porén, o caso dos propietarios doutras parroquias sería moito máis complexo. Como resulta lóxico, resulta impensable debido á distancia que o perito correspondente se tivera que desprazar á residencia de cada un deses propietarios para inventariar os seus bens. Se xa era difícil cumprir os prazos tan pouco realistas que impuxera a administración, e estando afectado o proceso por dúbidas e dificultades técnicas, calquera outro contratempo que supuxese unha perda de tempo complicaba aínda máis o estado das cousas. Partindo de aquí, había dúas solucións lóxicas que se podían tomar respecto dos bens dos veciños forasteiros. Primeiro, que o seu explotador estivera presente no momento do inventario e, segundo, que a propia comunidade parroquial se encargara de enumerar os bens das persoas que vivían noutras parroquias diferentes para que os peritos puideran desenvolver o seu labor. A primeira posibilidade estaba limitada polo propio traballo do propietario, principal condicionante da súa dispoñibilidade, cuestión que ben podería ser dificultada quizais nalgúns casos, tamén polo factor distancia. Así, non resulta difícil comprender que un número considerable de inventarios dos bens dos forasteiros se elaborasen polos peritos dacordo coas indicacións que obtiñan doutros veciños. Dito doutro xeito, un inventario feito a partir das informacións facilitadas por terceiros. Neste caso, porén, os principios de solidariedade comunitaria que poderían estar presentes noutros casos de ocultación entre os veciños, non serían respectados agora, pois falamos de individuos alleos ao grupo veciñal. Ademais, debido á menor vixilancia que poderían desenvolver os propietarios doutras parroquias polos motivos que acabamos de citar, os posibles abusos cometidos polos propios peritos á hora de cadrar determinadas contas tamén entrarían dentro do posible, de forma que os veciños podían aproveitar esta conxuntura para desprazar a estes outros propietarios parte da súa carga fiscal. Diante desta tesitura non sería raro agardar que fosen precisamente os labradores forasteiros os que desenvolveran, en caso de poder facelo, prácticas de ocultación, pero as mesmas estarían claramente limitadas polos factores que acabamos de expoñer e que se acabaron convertendo en abusos sobre os mesmos forasteiros. Efectivamente, non sería moi probable, por non dicir imposible, que unha persoa doutra parroquia conseguira beneficiarse dunha posible ocultación ante os ollos da comunidade de residentes á que el mesmo non pertencía e que en ningún caso consentiría a aldraxe. En consecuencia, a principal vía que quedaba libre para estas persoas era a de reclamar, xuntándose con outros individuos que estiveran nunha situación semellante, tal e como acabamos de comprobar neste mesmo exemplo.

[85] AMC, c. 3970, l. 14, a. 1, p. 2.

Pero continuando por este camiño, tampouco debemos pintar aos forasteiros como persoas indefensas que se limitaban a sufrir estoicamente os abusos de comunidades de veciños das que non formaban parte e que lles pretendían traspasar parte da súa carga fiscal, tendo como única solución a da reclamación. A miúdo, para os residentes tampouco sería doado ter éxito nesta práctica, especialmente nas parroquias rurais. Pensemos por un momento na lóxica do individuo que ten a súa explotación dividida en varias parcelas e na súa capacidade de movemento real polo territorio: sería moi normal que a residencia habitual destes propietarios estivese situada en freguesías veciñas ou moi próximas, o que facilitaba de feito un control sobre a explotación e as súas diferentes partes aínda que algunhas estivesen en parroquias diferentes. A relativa proximidade entre as parcelas facilitaba así mesmo o control das asignacións da contribución, sendo difícil que a estes forasteiros se lles cargara unha cantidade maior que aos naturais polo mero feito de vivir máis lonxe. Tal cousa non era posible porque a dinámica agraria facía que o campesiño mantivera un control estrito sobre todo o relacionado coas súas parcelas. Pero nas parroquias máis próximas ás cidades, onde isto non estaba quizais tan claro, a situación podía chegar a complicarse ata extremos moito máis graves, resultando moito máis prexudicada a figura deses forasteiros. Existían ademais algúns recursos, contemplados dende os chanzos superiores da administración, para que fosen os propios forasteiros os que puideran exercer un certo control sobre os posibles abusos aos que poderían chegar a enfrontarse. No documento aclaratorio elaborado pola xunta central e difundido a toda Galicia en conxunto cos modelos da riqueza da Real Orde do 18 de febreiro de 1818 e que xa citamos noutras ocasións, apúntase o seguinte a este respecto:

> "38. Si los hacendados forasteros quisiesen poner un asociado para asistir a las operaciones de dichos Peritos parroquiales, lo expondrán oportunamente con nominacion de sugetos de probidad que sean de su confianza, entre los cuales elegirá uno la Junta de Pueblo, á fin de que se convenzan todas las clases de que el deseo del Gobierno, es que se obre sin misterios, y con justificacion para conseguir el alivio general[86]."

Por suposto, o feito de que este tipo de mecanismos estiveran contemplados por parte das autoridades non fai outra cousa que confirmar como de presente tiñan este problema e ata que punto estaba recoñecida a súa existencia. Se existían pautas para corrixir un posible problema de abusos sobre as propiedades dos forasteiros dende o comezo, tiña que ser debido dende logo a que eses abusos eran algo realmente habitual. Por outra banda, era unha boa forma de evitar os abusos, antes de que se producisen e mentres se realizaban os rexistros, pois ninguén máis interesado en evitalos que os mesmos propietarios.

Como resultado de todo o dito e á vista dos exemplos que presentamos nas respectivas táboas, podemos facer algunha reflexión global arredor da cuestión da carga exercida polo erario sobre os contribuíntes, as cales poden servir como regras xerais do comportamento da propia presión fiscal no marco da reforma da Facenda de 1817. En primeiro lugar hai que destacar que esa carga pode ser en realidade moi heteroxénea, xa non territorialmente como acabamos de comprobar, senón mesmo a nivel individual, en tanto en canto ao realizarse os repartimentos por parroquias, un único suxeito contribuínte podía verse sometido a diferentes porcentaxes de gravame en función de onde tivera situadas as súas posesións ou dependendo de onde percibira rendas. Pensemos por exemplo nos casos de partidos como o da Coruña ou Pontedeume, onde xa comentamos como parroquias lindeiras estaban sometidas a distintas esixencias e cargas. No caso da Coruña especialmente, a documentación amósanos a

[86] Xunta Principal Provincial de Contribución y Estadística de Galicia (1818), p. 6.

propietarios aos que por ter parcelas na parroquia de San Xurxo de Afora se lle impoñían detraccións na riqueza respectiva deses terreos que variaron entre o 9% e ou 18,6%. Iso era, claro está, dentro da teoría, pois como acabamos de comprobar, a realidade para os forasteiros podía ser moito máis complexa e seren sometidos a abusos e recargas de diversa consideración. Pero ao mesmo tempo, eses individuos, nas súas respectivas parroquias das que eran veciños, observaban como a súa carga se reducía de forma notable ata acadar cifras a metade ou mesmo a terceira parte das que soportaban nesa outra freguesía (caso, neste exemplo coruñés, de San Vicente de Elviña ou Santa María de Oza, tamén extramuros da cidade e onde as cargas se situaron nalgúns momentos no 6% e no 5% respectivamente). Polo tanto, o simple feito de que nunha parroquia atopemos uns niveis de carga que poidamos caracterizar de lixeiros, non exclúe ao mesmo tempo da posibilidade de sufrir abusos ou de soportar un maior gravame máis incómodo polas propiedades que se tiveran noutros lugares. Dous veciños podían soportar segundo esta realidade, cargas moi desiguais.

A nivel individual, a incidencia da presión fiscal tamén experimentaba certas variacións en función da calidade das colleitas de cada labrador en cada ano. Lembremos por exemplo as flutuacións habituais que experimentaba a produción nas explotacións de moitos agricultores, que vían como en anos consecutivos os produtos obtidos podían experimentar aumentos ou descensos. Porén, ao ser a contribución xeral un cupo fixo a repartir e ao calcularse mediante un baremo os rendementos das parcelas, esa flutuación da colleita podía supoñer unhas veces unha mellor situación de cara ao pago, mentres que noutras ocasións ofrecería unha desvantaxe: se a produción era superior ao esperado, é dicir, a explotación rendía por riba dos baremos prefixados polas autoridades encargadas da contribución, habería un excedente maior co que afrontar o pago. Xusto o contrario acontecería no caso de menores rendementos aos esperados. Como xa deixamos patente no capítulo da agricultura, certas colleitas poderían malograrse debido a condicionantes ambientais que escapaban do control dos cultivadores, pero tamén hai que contar coa existencia de flutuacións na produción a nivel de explotacións familiares particulares (en función por exemplo da dispoñibilidade de abono), un aspecto que individualizaría máis aínda o feito de como a presión fiscal afectaba a cada contribuínte. Todo isto por suposto nunha situación transparente na que non estamos tendo en conta factores de resistencia e ocultación que tamén alterarían esta ecuación. Así, a variedade e a disparidade puideron ser a norma que afectou a moitos pagadores nos poucos anos nos que rexeu esta contribución xeral.

En segundo lugar e como nota final podemos sinalar que a presión fiscal debeu aumentar nestes anos á vista da situación exposta por estudos para o caso galego nas épocas anteriores e en comparación con eles. Máxime se ademais temos en conta os apuntamentos xa citados sobre o aumento da carga dende unha perspectiva relativa marcada polo pagamento en efectivo dos impostos nun contexto de baixada de prezos. Ese aumento non foi dende logo universal e de feito podemos observar como a presión do erario sobre os contribuíntes se mantivo baixa nalgunhas das parroquias que logramos analizar, incluso en niveis que as autoridades consideraban adecuados e perfectamente asumibles. Non é menos certo porén, pese a estas excepcións, que ese aumento se produciu (a media de pago para tódolos exemplos déixanos unha porcentaxe do 16,56%), froito probablemente en moitos casos do uso dun poder arbitrario por parte das elites locais, en relación co emprego de bases pouco fiables para os repartimentos. Pero tamén sucedeu en base a asignacións pouco realistas de man dos chanzos superiores da administración. Esa mesma arbitrariedade que podía favorecer a uns, deixaba a outros nunha complicada situación á que facer fronte. En conxunto, e como resultado de todo o dito na parte do pago de impostos, tamén resulta evidente supoñer que o grao de acceso ao mercado por parte do campesiñado debeu aumentar en consecuencia, e non

precisamente en circunstancias harmoniosas, aspecto que xa se ten feito eco nalgún estudo para a segunda metade do século XVIII[87]. Á satisfacción das rendas habituais habería que sumar este novo contexto impositivo con tódalas súas características para comprender, a lo menos nestes anos nos que a contribución xeral estivo vixente, un recurso forzoso ao mercado nunha posición de clara desvantaxe para poder afrontar tódalas cargas que ao campesiño se lle viñan enriba.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[87] Domínguez Martín, R. (1996), op. cit., pp. 58-68.

CONCLUSIÓNS

Os rexistros da riqueza e as actas das xuntas elaboradas entre 1817 e 1820 co gallo da aplicación da contribución xeral decretada a partir da aprobación do Real Decreto do 30 de maio constitúen un corpus documental de indubidable valor e múltiples posibilidades de estudo. Tan prolixos como estas posibilidades, estes fondos presentan unha serie de problemas que deben ser tidos en conta, algúns propios de toda fonte fiscal e outros máis específicos. A dispersión e o aleatorio da súa conservación constitúen un dos máis graves, dificultando a configuración de áreas uniformes sobre as que poder realizar un estudo en condicións. A diversidade en canto á calidade da información contida nos rexistros realizados a nivel parroquial coarta moitas das posibilidades do investigador que manexe esta fonte. Non obstante, no decurso desta investigación, ao longo dos capítulos anteriores, cremos ter demostrado as súas potencialidades, aportando unha serie de coñecementos que nos permiten entender mellor certos aspectos sociais, económicos ou agrogandeiros da área que aquí se propuxo como obxecto de estudo, nun momento convulso e de recuperación tras dunha contenda bélica de independencia no que as fontes son moi limitadas, como son as primeiras décadas do século XIX. Aquí radica sen lugar a dúbidas o valor da fonte, que posibilita un achegamento privilexiado a multitude de realidades a nivel local e rexional.

Algunhas das conclusións alcanzadas das que figuran a continuación, especialmente as dos apartados agrogandeiros, son probablemente máis restrinxidas, en tanto en canto responden a un contexto socioeconómico propio da área na que nos movemos. Outras pola contra, poderían ser máis xeneralizables, xa que hai aspectos que son consecuencia dunha serie de caracteres comúns ás formas de organización que podemos atopar en moitos lugares do territorio, cando menos o galego. Tal pode selo caso do apuntado respecto das cuestións sobre a conflitividade, estreitamente ligada a unha determinada forma de relación e solidaridade comunal, ou sobre a presión fiscal, conectada cunha forma específica e arbitraria de repartimento dos impostos. Moitos dos aspectos organizativos da contribución tamén responden a pautas xerais, aínda que a lo menos a nivel galego algúns deles implantáronse de xeito particular.

Por outra banda e antes de entrar nestas materias máis particulares, a análise realizada da reforma de Facenda de 1817 levounos a avanzar un pouco máis sobre o coñecemento do ideario do seu propio impulsor que, pensamos, quedou algo máis clarificado. Martín de Garay non soamente participou activamente para posibilitar a reunión das Cortes, senón que atacou as exencións de certos colectivos, tanto aqueles de tipo social e xurídico como tamén os privilexios territoriais das provincias exentas, obxectivos que non obstante quedaron perdidos e malogrados nos debates sobre a reforma da Facenda. Idéntica sorte correu a idea de progresividade nalgúns gravames, como os descontos salariais que propuxo, pero que se rematou perdendo e quedou plasmada apenas nun imposto sobre algúns artigos de luxo. Por outra banda, no ámbito da reforma do crédito tamén debemos lembrar o reducido alcance que tiveron as súas propostas sobre a desamortización, que no caso de progresar terían significado un profundo ataque contra as propiedades eclesiásticas ou das ordes militares. Medidas que sen lugar a dúbidas xurdían da extrema necesidade, pero que non se repetirían ata a época das desamortizacións liberais, e que en 1818 quedaron enterradas baixo unha férrea defensa dos privilexios que realizaron algúns membros máis reaccionarios do Consello de Estado. É dicir,

as concesións que Garay debeu realizar coartaron e diluíron as súas propostas, e con elo o seu ideario, de maneira que pode parecer que, como as medidas foron discutidas e limitadas dentro dun contexto absolutista onde si había presentes importantes elementos conservadores, as reformas que rematamos vendo son as que Garay propuxo. Nada máis lonxe da realidade. O feito de tratar de cambiar dende dentro o sistema tampouco debe afectar necesariamente á interpretación que se poida facer das súas ideas que, á vista do dito, están moito máis próximas a un ideario liberal. Porén, optar por esta decisión cando a propia rixidez das estruturas do Antigo Réxime impedía claramente calquera posibilidade de cambio profundo pesou moito na súa contra, de maneira que o persoeiro foi tratado pola historiografía como alguén que, cunha escasa amplitude de miras, non era quen de decatarse precisamente desa situación.

A reforma de Facenda impulsada por Martín de Garay implantouse con certas particularidades en Galicia. A orde que deu lugar ás xuntas de partido remitiuse algúns días antes que a data que estableceu a súa creación de forma oficial para o conxunto dos territorios da península, sendo estas unhas corporacións que non sempre cumpriron cos cometidos que lles foron asignados. No proceso de rexistro da riqueza dos contribuíntes atopámonos cunha serie de documentos híbridos entre os apeos e os cadernos que debían redactarse separadamente o que, de entrada, complica xa o feito de achegarnos á súa mera denominación. Por outra banda, algúns dos caracteres específicos da reforma dentro do territorio galego foron impostos obrigatoriamente pola forma de poboamento existente. As xuntas locais tiveron a cargo, non soamente a vila central na que se situaban , senón tamén multitude de parroquias das inmediacións, o que deu lugar a que os repartimentos e os procesos de cobro se desenvolveran de forma particularmente lenta, xa que era necesario enviar avisos a tódolos núcleos da xurisdición para coordinar as actuacións. Probablemente, a dispersión favoreceu tamén en boa medida un menor control, que redundaría nunha maior liberdade para poñer en marcha certas prácticas de resistencia e fraude.

O proxecto rematou fracasando polas oposicións que atopou entre os membros da corte e entre os poderes locais que se opoñían a un coñecemento da súa riqueza. Non podía ser doutro xeito dada a estrutura do Antigo Réxime, sustentada sobre unhas normas xurídicas de privilexio, pero tamén é importante ver que ao que aquí se asiste non resulta exclusivo do contexto español, pois esa resistencia dos poderosos fronte as reformas tributarias foi algo común noutros estados[1]. Non obstante, ese fracaso debe ser matizado. Lonxe do que se aventurou nun principio, estudos coma este axudan a cuestionar a idea de que os traballos de inventariado da riqueza realizados nestes anos foron bastante limitados, e é moi probable que futuras investigacións a desboten definitivamente. Por outra banda, ademais de entre os privilexiados, tamén existiu unha importante actitude de resistencia entre un pobo que despregou unha serie de prácticas para tratar de ver reducidas as asignacións que se lle ían impoñer. A maioría destes contribuíntes, sen influencia nin poder a diferenza das elites locais, estaban en franca desvantaxe para conseguir acadar semellante obxectivo, pois a propia forma dos repartimentos que establecía cantidades fixas a recadar supoñía un mecanismo compensatorio e de protección fronte algunhas destas prácticas. O desigual acceso á fraude supoñía, ademais, que parte das cargas destinadas aos poderosos remataran sendo soportadas igualmente polo común dos contribuíntes. Porén, isto non debe levarnos a velos baixo unha mirada condescendente como se fosen meras vítimas da maquinaria do erario. Nun intento de posta en valor das súas actuacións, queda demostrada a problemática que supuxo para o sistema o feito de ter que enfrontarse a esas formas de resistencia que desenvolveron eses

[1] Comín, F. (1996), vol. 2, p. 64.

contribuíntes. Non se pretende darlle máis importancia da que estritamente merecen, pero si está claro que axudaron a alimentar algúns problemas existentes e a crear outros novos, de modo que, a través da vía acumulativa, o sistema de Facenda rematou colapsando entre atrasos ante a falta de resultados e cunha recadación a cada paso máis cativa.

Así, existen unha serie de prácticas que, podendo ser clasificadas dentro do ámbito da conflitividade entendida dende un punto de vista amplo, cumpriron un papel crucial dentro da caída deste sistema tributario. Porén, hai que ter coidado coa perspectiva que ofrecen as fontes que nos permiten aproximarnos á observación destes fenómenos. A visión que nos dan as actas das xuntas locais, por exemplo, é parcial porque corresponde ao punto de vista dos membros que compoñen ditas corporacións, isto é, parte das elites locais dos pobos onde estas se asentan. Por isto mesmo a visión das recadacións semella bastante tranquila pese aos atrasos, sen episodios de coerción nin recadación forzosa, de xeito que os únicos casos denunciados polas xuntas de pobo son aqueles nos que elas mesmas saen prexudicadas, como cando son multadas por incumprimento dos deberes que lles foron asignados. Existen de tódolos xeitos, pese ao influxo que as autoridades locais poidan ter, varios mecanismos que os contribuíntes poñen en marcha para tratar de facer máis facilmente asumibles as súas obrigas co fisco. Dende o aproveitamento ao máximo dos calendarios ás actitudes de mínima colaboración, desenvolvendo por unha banda unha resistencia pasiva cuxo alcance e efectos concretos son moi difíciles de medir, pero que deixa unha clara pegada na documentación das actas das xuntas locais. Na outra man, existiron tamén mecanismos de resistencia máis activos que tiveron na ocultación a súa manifestación máis clara, aínda que non a única, pois tamén habería que ter en conta a multitude de reclamacións por agravios ás que as autoridades superiores que estaban presentes na xunta central provincial se deberon enfrontar. En canto á ocultación, aquela produciuse tanto pola vía absoluta, desaparecendo dos rexistros unha parte importante da superficie de moitas parroquias, como polo fenómeno da ocultación relativa que deu lugar a un auténtico afundimento dos rendementos ao declararse calidades da terra menores ás reais. Valorar estas formas de resistencia mediante esta vía tamén é complicado e require cautela, pois o traballo desenvólvese a partir das carencias da fonte que son detectadas en forma de eivas. Mentres que a ocultación relativa se manifesta a través da mentira nas calidades da terra, a absoluta materialízase directamente en datos de superficies ausentes nos rexistros. Así, á hora de abordar a conflitividade, xa tratemos con actas de xuntas ou con rexistros da riqueza, os problemas son constantes e complexos en ámbolos dous casos. Por outra banda, a cuestión da ocultación relativa é probablemente o maior problema que presenta a fonte dos rexistros de tipo catastral de cara ao traballo do investigador.

Moitas destas prácticas que analizamos como conflitividade responden a unha forma de afrontar e tratar de reducir a presión fiscal, aínda que o seu triunfo non supón necesariamente a consecución do obxectivo porque os repartimentos efectúanse sobre cantidades preestablecidas. Nesta materia, a incidencia do fisco sobre as economías dos contribuíntes varía, segundo as regras sobre as que se asenta este sistema de contribución xeral, a lo menos nunha dobre vertente. En primeiro lugar existe un criterio territorial marcado polos lugares nos que se asentan as parcelas que compoñen unha explotación. Cando se decretan as cantidades do imposto, estas repártense de forma arbitraria mediante as estimacións da riqueza dos contribuíntes de cada área, de maneira que o proceso de rexistrar a riqueza servira, unha vez realizado, para corrixir posibles erros. Como a presión fiscal varía nas distintas áreas, incluso a nivel parroquial, a localización das parcelas da explotación determina en parte a porcentaxe que o seu dono deberá afrontar. Nisto tamén inflúen outros criterios, como o de ser veciño ou forasteiro nunha determinada parroquia, pois parte da carga pode ser desprazada a estes últimos. Por outra banda, a práctica da ocultación inflúe de forma

negativa nese obxectivo de acadar un equilibrio impositivo, porque altera as bases da riqueza sobre as que se efectúan os cálculos.

En segundo lugar, o fisco incide sobre a economía dos contribuíntes segundo un criterio produtivo. Ao tratarse dun imposto proporcional, a cada contribuínte cobraríaselle unha porcentaxe determinada da súa riqueza, a que resultara de rexistrar tódalas súas fontes de ingresos. O que sucede é que, sendo a principal a terra, a súa produción flutúa debido a ritmos naturais e vese moi afectada polas inclemencias meteorolóxicas que mesmo poden chegar a arruinala, aparecendo oscilacións que non son tidas en conta polas pautas e regras sobre as que se asenta o sistema de cobro da contribución. O peor escenario posible neste caso sería a improdutividade dunha colleita en xeral en caso de que esta se malograra, o que suporía non soamente unha catástrofe para a subsistencia das propias unidades familiares, senón un esforzo moito maior de cara a afrontar o pago do imposto ao ter menos recursos dispoñibles, especialmente se non se poñían en marcha medidas compensatorias para paliar a situación dende autoridades superiores que supuxeran, por exemplo, a redución das cotas a satisfacer.

Estas serían, porén, soamente as formas polas que se podería explicar que a presión fiscal afectaría dun xeito diferente a comunidades e a familias dacordo coas regras oficiais do sistema de Facenda. Existían outras non oficiais pero igualmente recoñecidas que podían facer variar a presión do erario en amplos territorios dun xeito totalmente distinto. Estas outras formas que podemos cualificar de ilícitas ou non reguladas legalmente estaban dirixidas con frecuencia polos intereses grupais das elites locais dun determinado territorio ou vila que, a miúdo, controlaban os resortes administrativos nos niveis locais dos repartimentos e que influían, pola vía de prácticas abusivas, na súa configuración. Con elo eran capaces de configuralos dacordo cos seus desexos e desprazar parte da carga fiscal aos demais contribuíntes. Tanto o criterio territorial como o produtivo vense influídos por este tipo de prácticas, das que novamente debemos insistir, gozan dun desigual acceso. Así a presión fiscal, ademais de verse influída por estes caracteres arbitrarios, resulta en ocasións ilusoria ao esgotarse as posibilidades dos contribuíntes de afrontar os pagos, pois se os atrasos se cargan en exercicios sucesivos de recadación, o que temos ante nós realmente é o feito de que os cupos marcados non se recadan debidamente.

No tocante á agricultura e á gandería pensamos que temos demostrado a validez da fonte para realizar estudos sobre estas realidades se atendemos a problemas presentes nos rexistros e que se derivan dalgunhas das prácticas anteriores. A aplicación satisfactoria do método dos fluxos de biomasa cumpriu como unha forma de test dos rexistros da riqueza unha vez que os erros máis evidentes foron valorados e corrixidos. Máis alá disto, o resultado do exercicio en si mesmo permitiunos observar a realidade alimentaria dunha poboación que queda fóra da idea do progreso continuado nas pautas de consumo. Noutra liña de investigación, a composición da alimentación variou debido á pugna polo espazo que se deu entre actividades agrarias e gando a medida que avanzaba o século XIX, de modo que a comezos desa centuria a dispoñibilidade de produtos animais sería maior.

En canto á configuración da paisaxe agraria, en termos xerais podemos detectar algún incremento da superficie de certos usos en comparación co catastro de Ensenada, que nos serve como punto de referencia para observar a situación vixente a mediados do século XVIII. Temos que ter en conta que, dun xeito semellante ao que acontecía nel e pese a que hai que ter coidado debido á existencia de ocultación, nos rexistros da riqueza elaborados na segunda década do XVIII a maioría da superficie non rexistrada correspóndese tamén con área de monte, o que nos permitiría aceptar que a superficie agrícola real non estaría moi lonxe da sinalada nesta fonte. Sabemos que o problema do inventariado de montes ten nos apeos e cadernos de Garay unha situación dispar, pois mentres que nalgunhas parroquias non aparecen

máis que as parcelas privadas e se ignoran as comunais por completo, as táboas comparativas de superficies que foron presentadas amosan a situación doutras freguesías nas que o seu rexistro ten mellorado. Neste caso segue habendo eivas, pero temos noticia dunha extensión maior de monte que por suposto non é de nova creación, pois é evidente que xa existía pero que non fora documentada na fonte ensenadina. Nalgúns dos exemplos presentados a maioría do incremento bruto que se detecta na superficie rexistrada respecto dos dous momentos correspóndese efectivamente con superficie de monte, así que non podemos observar, baixo este feito, un incremento tan importante da extensión catastrada e atribuílo, todo elo, a un aumento da superficie agraria, pois o que temos ante nós é en realidade unha mellora nos rexistros nalgúns dos casos atopados. Pero se descartamos a superficie de monte e nos centramos na dedicada a cultivo (secaño e hortas) e a alimentación do gando (prados principalmente, polos problemas apuntados para o pasto), poderemos observar as mudas que se produciron no decorrer das décadas que separan ambas fontes. Os cambios que se detecten por esta vía poderán entón responder a dúas posibilidades: ou ben estamos ante unha mellora da calidade dos rexistros (ou tamén empeoramento en canto a determinados usos, dependendo da parroquia na que miremos), que simplemente rexistran unha porcentaxe maior de terras de labor e prados, ou pola contra estamos ante o que efectivamente sería un aumento e posta en produción de novas terras desas categorías. Tal era o caso do que dicíamos nalgunhas das freguesías de Villarprego ou da provincia de Betanzos.

Asumindo que exista un aumento da superficie que responde a melloras no rexistro de parcelas, que é moi claro nalgúns exemplos para o caso do monte, parte dese aumento agocha tamén un incremento da superficie cultivada (terra de secaño dedicada a labor e hortas regadas) e tamén da produtividade, fenómeno este último que por unha banda se manifesta cando se atende á configuración interna dos prados. É aquí onde se observa que, ademais dun aumento bruto da súa superficie nalgúns casos, o balance existente entre os que son de regadío e os de réxime de secaño cambiou no decorrer das décadas dende mediados do século XVIII, aparecendo claramente nos rexistros unha maioría favorable aos do primeiro tipo. Unha innovación en si mesma que se pode observar de xeito recorrente e que implica, loxicamente, unha maior produción de herba por unidade de superficie dedicada a uso pratense, o que pode ter implicacións de cara a unha cabana gandeira mellor alimentada. Mediante outra vía, esa intensificación tamén se pode detectar nunha redución do tempo de estivada nalgúns lugares, o cal pode interpretarse como un síntoma inequívoco dunha maior presión sobre a terra e quizais tamén nun aumento dos repartimentos de fincas destinados a xerar superficies de cultivo novas nun contexto previo á desamortización onde a necesidade de recursos nun momento de recuperación e posterior expansión obrigaba á busca de solucións alá onde fora necesario. Por último, esa intensificación, neste caso pola vía do factor traballo, pode observarse ao cruzar os datos das terras cos de poboación, onde se detectan casos nos que aos feitos anteriores hai que engadir que son un número inferior ou igual de veciños os que xestionan eses usos que aumentaron en superficie ou en produtividade. Un vacún mellor alimentado por ese aumento de produción de herba podería axudar a explicalo. En canto ao aumento de superficie agraria, xa sexa de cultivo ou prado, este fenómeno resulta difícil de detectar en tanto en canto sería limitado, pois no contexto dos agroecosistemas galegos o balance necesario entre estas superficies e as terras de monte impide que se produzan grandes variacións, as cales poderían ameazar o dito equilibrio.

Todo isto comezou a ocorrer, convén non perdelo de vista, nun contexto posbélico de recuperación. A diminución do gando durante a contenda repercutiu no desenvolvemento posterior da agricultura, debido ao descenso de efectivos animais, tamén para traballo, coa

conseguinte redución dos niveis de abono[2]. Os avances que se conseguen analizando algúns dos exemplos atopados contrastan con profundas situación de escaseza que podemos chegar a contemplar en ocasións noutros rexistros. Resulta moi complicado chegar a saber cando esa conxuntura responde a unha práctica de ocultación xeneralizada ou aos desastres desa guerra de invasión rematada había aínda poucos anos. Os cadernos, ademais dos problemas que poidan presentar, non poden amosar en ocasións a progresión real dunha agricultura e unha gandería para as cales a guerra significou unha paréntese ou mesmo un retroceso manifesto. O sucedido en áreas arredor da cidade da Coruña coa cabana gandeira, se damos por certos os lamentables datos dos seus padróns de animais domésticos, aínda que soamente sexa en parte, son unha boa mostra de a que nos referimos.

Por outro lado, ademais das agrogandeiras, haise que referir a outras actividades que quedan silenciadas en boa medida baixo as eivas dos rexistros ou a forma de levalos a cabo, xa que se privilexiaba outro tipo de información de cara á elaboración dun rexistro de tipo fiscal. Os rexistros das ocupacións de natureza industrial e comercial son grandes damnificados neste sentido, un factor que limita o estudo, mediante esta fonte, dos traballos secundarios desenvolvidos por un campesiñado pluriactivo. Moitas destas actividades quedaron ocultas, ben fora porque os contribuíntes non as declaraban ou polo escaso sentido do deber que podían experimentar os peritos ante as dificultades de calcular os seus rendementos netos, sentimento que tamén debeu afectar aos rexistros agrícolas e gandeiros nalgunhas das súas categorías, afortunadamente para o investigador, en menor medida. A maiores deste problema, temos outro igualmente grave que volve invisible o traballo dos demais membros da familia, mulleres incluídas, en tanto en canto os inventarios da riqueza concedían prioridade unicamente a coñecer a ocupación do cabeza de familia. Aínda así, moitos rexistros son útiles para o estudo, cando menos, das estruturas familiares, así como o dunha ocupación que figura en case tódolos padróns familiares conservados, como é o servizo doméstico.

Finalmente poderíase dicir algo das ensinanzas que a agricultura pode obter deste tipo de sistemas agrogandeiros tradicionais. Actualmente, falar en conxunto de actividades múltiples que, na escala das grandes producións para o consumo, nos permitan referirnos precisamente a un sistema agrogandeiro, xa resulta algo complicado. É dicir, que as actividades de cultivo da terra, as explotacións gandeiras e as plantacións arbóreas no monte funcionan como illas separadas unhas das outras, o que na práctica se traduce nunha dificultade manifesta para poder atopar espazos nos que a integración de actividades agrícolas, gandeiras ou de silvicultura non se dean as costas unhas a outras. Polo tanto, do sistema agrario tradicional deberíase tomar a práctica da integración de tódolos seus compoñentes, non en termos produtivos da época que resultarían hoxe claramente insuficientes, senón mediante a idea de relación das partes que o integran. A conexión entre unha explotación agrícola cuxos refugallos orgánicos poderían ser aproveitados para a alimentación dun gando que fornecera certas cantidades de abono resulta tan evidente como beneficiosa para ambas partes, que poderían ver reducida a dependencia de abonos químicos e pensos do exterior. Outra vantaxe sería a redución dos desperdicios, que soamente son vistos como tal porque quedan fóra das pautas de consumo humano, pero que poderían ser aproveitados en procesos diferentes no marco doutras explotacións, o que evitaría en parte os perigos ambientais do seu tratamento e podería reducir os custos de procesamento. De modo semellante, o gando pode axudar a controlar a cuberta vexetal de matogueira que serve como combustible principal aos incendios que cada ano devastan a enormes extensións de monte que, correctamente disposto e

[2] Anes, G. (1974), pp. 434-435.

ordenado podería servir para protexer áreas de cultivo e outros terreos de fenómenos como o vento, freando a erosión, tamén a producida pola auga.

Para facer isto, a agroecoloxía conta ao seu servizo cunha ciencia actual moito máis desenvolvida en calquera das disciplinas implicadas no deseño de posibles solucións e, se existe a vontade para levalas a cabo, maiores posibilidades marcadas polo desenvolvemento económico sen precedentes ao que se asiste. É necesario tamén ao mesmo tempo, por suposto, o desenvolvemento dunha conciencia medioambiental no que a educación debería xogar un papel fundamental, para contribuír a que cada vez máis xente sexa partícipe da existencia das problemáticas que afectan á paisaxe e aos seus compoñentes. A contribución da historia a este respecto resulta importante para dar a coñecer as raíces das mesmas e para a busca de solucións.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

APÉNDICE 1: DATAS DO AVANCE DA REFORMA DE FACENDA DE 1817

Na seguinte táboa figuran unha serie de feitos significativos sobre o desenvolvemento da reforma de Facenda decretada en 1817 en orde cronolóxica. Tomando como data de partida a publicación do Real Decreto do 30 de maio, preséntanse as diferentes datas nas cales se tomaron certas decisións importantes ou nas que deberían acontecer determinados eventos clave dende o punto de vista do calendario sinalado pola administración na capital. Así, na marxe esquerda vemos en primeiro lugar os momentos nos que unha orde ou comunicado foi aprobado (cun resumo moi breve do seu contido que manifesta o abraiante que resulta que certas dúbidas aínda existisen en relación a cando foron aclaradas), ademais dos tempos nos que debería ter lugar un pagamento dun terzo da contribución. Xunto a isto temos, por contraposición, as datas nas que tales realidades se aplicaron no nivel dos contribuíntes, o que permite ver mellor o proceso de implantación e desenvolvemento do novo sistema tributario e os inevitables atrasos. As fontes empregadas para compoñer este cadro son tódalas actas das xuntas que atopamos nos arquivos municipais, con independencia de que pertenzan ao nivel local ou de partido.

DATA/ EVENTO		DESCRICIÓN	DATA DE CHEGADA/APLICACIÓN NO NIVEL DOS CONTRIBUÍNTES
1817	30 de maio/ 1 de xuño	Aprobación do RD que pon inicio ao novo sistema tributario e da instrución para elaborar os repartimentos.	Non antes do 20 de xuño: reprodución da documentación e saída da Coruña.
			4 de xullo: a documentación chega á vila de Betanzos e dende aquí sería repartida aos núcleos onde ía figurar unha xunta local.
			9 e 10 de xullo: chegada da documentación á localidade de Pontedeume e constitución da xunta local.
			17 e 21 de xullo: recepción das copias en Ortigueira e formación da xunta local.
	R.O. do 31 de xullo	Establece un novo repartimento para o reino de Galicia a consecuencia de defectos no orixinal. Decrétase a creación das xuntas de partido nas capitais de provincia.	9-10 de agosto: referencias aos acordos de creación da xunta de partido de Betanzos. 10 de agosto: a orde é remitida dende a vila de Betanzos para a súa posta en circulación. 13 de agosto: chegada da R.O. á vila de Pontedeume.
	R.O. do 5 de agosto	As terzas reais alleadas e posuídas por leigos están suxeitas á contribución xeral e non ao subsidio eclesiástico de 30 millóns de reais.	18 de agosto: posta en circulación dende A Coruña. 1 de setembro: chegada á xunta de partido de Betanzos. 6 de setembro: chegada a Pontedeume.
	R.O. do 8 de agosto	Establece penas contra os ocultadores ao tempo que anima aos intendentes a velar polo correcto desenvolvemento do proceso de repartimento.	21 de agosto: remítese dende a cidade da Coruña para a súa circulación. 12 de setembro: chegada á vila de Pontedeume.
	R.O. do 14 de agosto	A contribución xeral deberá impoñerse soamente sobre os produtos anuais.	18 de novembro: chegada a Pontedeume.

1817	R.O. do 29 de Agosto	Tódolos bens de propios do reino quedan suxeitos á contribución xeral.	12 de setembro: orde de saída da xunta principal. Cara principios de outubro: chegada á vila de Pontedeume.
	1 de setembro	Vencemento para o prazo do pago dos primeiros dous terzos do ano (meses de xaneiro a agosto).	6 de setembro: en Pontedeume, rolda de premas ás parroquias da xurisdición para que se efectúe o pagamento.
	Orde da xunta principal do 2 de setembro	Mándase que non se tomen represalias contra ningún pobo ata o día 11 dese mesmo mes dadas as dificultades habidas co primeiro terzo. O prazo de vencemento atrásase.	7 e 11 de setembro: chegada do documento ás vilas de Betanzos e Pontedeume, respectivamente. 1 de outubro: Pagamento dos dous terzos correspondentes aos oito primeiros meses do ano en Pontedeume.
	R.O. do 8 de setembro	Orde para que se inclúan na contribución os bens e encomendas de toda especie dependentes do crédito público.	18 de novembro: chegada á vila de Pontedeume.
	R.O. do 12 de setembro	Aclaracións varias sobre dúbidas existentes para a correcta elaboración dos repartimentos.	Sen data de rexistro nas actas da xunta de Pontedeume pero xunto coa anterior. É probable que chegaran xuntas.
	R.O. do 3 de novembro	Detalla algunhas funcións das xuntas de partido.	Cara finais de decembro: chegada á vila de Pontedeume.
	R.O. do 23 de novembro	Cede aos pobos a administración dos postos públicos para cubrir cos seus produtos unha parte da contribución xeral.	4 e 9 de decembro: documento datado na Coruña e Betanzos, respectivamente. 26 de xaneiro de 1818: recepción en Pontedeume.
	Comunicado da Dirección Xeral de Rendas do 5 de decembro	Lémbrase que toda persoa que goce de utilidades está suxeita á contribución	27 de decembro: faise circular o comunicado dende A Coruña. 19 de xaneiro de 1818: saída dende Betanzos. 26 de xaneiro de 1818: chegada a Pontedeume.
1818	1 de xaneiro	Vencemento do prazo para o pago do último terzo de 1817 (meses de setembro a decembro).	21 de xaneiro: en Pontedeume, rolda de premas ás parroquias da xurisdición para que se efectúe o pagamento. 8 de abril e 5 de maio: datas do pagamento fraccionado do último terzo de 1817 que se efectuou en Pontedeume.
	R. D. do 18 de febreiro	Aparición dos modelos segundo os cales deberían ser elaborados os cadernos da riqueza dos pobos.	18 de maio: envíase dende Betanzos o exemplar da copia dos modelos cara Pontedeume. 2 de xuño: recepción do modelo do caderno na vila eumesa.
	R.O. do 26 de decembro	Concédese aos pobos o produto dos postos públicos de aceite, vinagre, viño, carne e augardente para que se apliquen á contribución.	22 de marzo de 1819: recepción da orde na vila de Pontedeume.

1819	1 de setembro	Vencemento do prazo para o pago do segundo terzo do ano (meses de maio a agosto)	23 de novembro: na vila de Pontedeume, rolda de premas ás parroquias da xurisdición para que se efectúe o pagamento.
1820	1 de xaneiro	Vencemento do prazo para o pago do último terzo de 1819 (meses de setembro a decembro).	5 de xuño: un documento recoñece importantes atrasos no pagamento destes dous terzos en parroquias da área da cidade da Coruña (ver apartado de presión fiscal, táboas 5.10 e 5.11). A estas alturas, algunhas delas debían case dous terzos enteiros.
	1 de maio	Vencemento do prazo para o pago do primeiro terzo de 1820 (meses de xaneiro a abril).	

Fonte: actas das xuntas de Pontedeume e Ortigueira.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

APÉNDICE 2: TARIFAS DE PREZOS PARA O CÁLCULO DA RIQUEZA DOS CONTRIBUÍNTES

Partido da Coruña. Ano de 1818. Contribución xeral do reino.

Tarifa dos prezos medios resultantes do quinquenio que comprende dende 1813 a 1817 formada pola xunta de repartimento deste partido para a valoración en diñeiro de tódalas especies de froitos e producións do seu termo (…)

ESPECIES	MEDIDAS	VALOR (en reais de vellón).
Trigo	Ferrado	21
Centeo	Id	14
Millo	Id	19
Millo miúdo	Id	15
Cebada	Id	16
Avea	Id	8
Patacas	Id	4
Fabas brancas	Id	29
Fabas negras	Id	20
Castañas verdes	Id	9
Castañas secas	Id	15
Viño	Moio	80
	Arroba	10
Liño galego en rama cada atado que tería	2 arrobas	27
Liño de fóra	Id	18
La do país	Libra en sucio	2
Mel	Cuartillo	7
	Arroba	75
Cera	Arroba	60
Manteiga	Cuartillo	7
Palla de trigo	Arroba	3
Palla centea	Arroba	2
Herba verde	Arroba	2
Leña	Cada carro	8
Id nas inmediacións da capital	Id	12
Cebolas	O cento	2
Allos	O cento	2
Pementos	O millar	2
Repolos para plantar	Id	5
Repolos pechados	O cento	19
Coles	O cento	9
Leituga atada	O cento	2
Leituga teatina	O cento	3
Escarola	O cento	2
Coliflor	O cento	23
Chícharos	O ferrado	8
Galiñas de renda	Unha	4
Polos de renda	Un	2
Marranchos	Un	16
Carneiros	Un	16
Cabritos	Un	3
Sardiñas salgadas	O cento	5
Cerros	libra	5
Por dúas cabezas de gando vacún de porta		55
En leite e manteiga		15
En crías		40

Por cada egua de porta parideira coa súa cría		70
Pola de monte		35
Por cada mula que non está en arrieiro		30

Fonte: Fonte: AMC, c. 6759, l. 1, a. 3, p. 44.

Partido da Coruña. Contribución xeral do Reino. Ano de 1819.
Nova tarifa dos prezos medios resultantes segundo as combinación que teñen se deberon facer por tódalas circunstancias, atendidas as últimas alteracións que houbo nos principais artigos que se van expresar, a cal debe rexer para o caderno e resumos que se mandan formar (…)

ESPECIES	MEDIDAS	VALOR (en reais de vellón).
Trigo	Ferrado	13-14
Centeo	Id	8
Cebada	Id	9-10
Avea	Id	4-5
Millo	Id	8-9
Viño	Arroba	10
Patacas	Id	1,5-2
Fabas brancas	Id	14-15-16
Fabas mesturadas	Id	10-11-12
Millo miúdo	Id	4
Herba verde	Id	16-24-32 mrs.
Cada cabeza de boi de porta	Utilidade anual	25-33
Por cada unha de monte	Id	A metade
Por cada ovella coa súa cría ata un ano	Id	2-3
Dende un ano ata tres	Id	4
Cada carneiro	Id	2
A libra de la do país en sucio	Id	1,5-2
Cada cabra coa súa cría dende un ano ata tres	Id	4

Fonte: AMC, c. 6759, l. 1, a. 3, p. 45.

BIBLIOGRAFÍA

AA.VV. (1994): *Antiguo Régimen y liberalismo. Homenaje a Miguel Artola*, 3 vols., Vol. 1: *Visiones generales*, Madrid.

AGUIRRE, Joaquín de (1759): "Abusos que se cometen en el manejo y dirección de todas las rentas reales. Universales remedios para que logre el erario los beneficios que hoy le faltan, y la Monarquía Española toda la gloria y explendor que se merece" en *Semanario Erudito*, vol. XI, 1788, pp. 36-80.

ALCALÁ-GALIANO, Vicente (1783): "Sobre los Nuevos Impuestos" en Actas y m*emorias de la Real Sociedad Económica de los Amigos del País de la Provincia de Segovia*, vol. II, pp. 181-200.

_ (1788): "Sobre la necesidad y justicia de los tributos, fondos de donde deben sacarse y medios de recaudarlos" en *Actas y memorias de la Real Sociedad Económica de los Amigos del País de la Provincia de Segovia*, vol. IV, pp. 269-358.

ALLEN, Robert C. (2004): *Revolución en los campos. La reinterpretación de la revolución agrícola inglesa*, Zaragoza.

ALONSO GARCÉS, Nuria (2006a): *Biografía de Martín de Garay*, tese de doutoramento, 2 vols.

_ (2006b): "Ideas y pensamiento político de Martín de Garay" en *Historia constitucional. Revista Electrónica de Historia Constitucional*, nº 7, pp. 11-90.

_ (2011): "Documentos relevantes de Martín de Garay durante la Guerra de la Independencia y las Cortes de Cádiz" en *Historia constitucional. Revista Electrónica de Historia Constitucional*, nº 11, pp. 515-577.

_ (2012): "Martín de Garay y su influencia en la formación de las Cortes de Cádiz" en *Revista de historia Jerónimo Zurita*, nº 87, pp. 225-258.

ÁLVAREZ NOGAL, C. e COMÍN, F. (2015) (eds.): *Historia de la deuda pública en España (siglos XVI-XXI)*, Madrid.

ANES, Gonzalo (1966): "Las fluctuaciones de los precios del trigo, de la cebada y del aceite en España (1788-1808): un contraste original" en *Moneda y crédito*, nº 97, pp. 69-150.

_ (1970): "La agricultura española desde comienzos del siglo XIX hasta 1868: algunos problemas" en Hernández Andreu, J. (1978), pp. 211-246.

_ (1974): *Las crisis agrarias en la España moderna*, Madrid.

_ (1982) (ed. lit.): *La economía española al final del Antiguo Régimen, vol. 1: Agricultura*, Madrid.

_ (1999) (ed. lit.): *Historia económica de España. Siglos XIX y XX*, Barcelona.

ANES, G.; BERNAL, A.; GARCÍA, J.; GIRALT, E.; VILAR, P. et al. (1979): *La economía agraria en la historia de España: propiedad, explotación, comercialización, rentas*. Madrid.

ARIAS DE SAAVEDRA ALIAS, Inmaculada (1983): "Las rentas generales y los economistas de la segunda mitad del siglo XVIII" en Artola (1984) (dir.), pp. 17-34.

ARIAS Y COSTA, Antonio Sandalio de (1808): *Cartilla elemental de agricultura acomodada a nuestro suelo y clima*, Madrid.

_ (1816): *Lecciones de agriculturas explicadas en la cátedra del Real Jardín Botánico de Madrid el año 1815*, 2 vols., Madrid.

ARTAZA MONTERO, Manuel Mª de (2009): "Galicia y la crisis del Antiguo Régimen. Levantamiento, guerra y soberanía (una interpretación neoinstitucional)" en Portillo, J. M.; Veiga, X. R.; Baz, M. J. (2009) (eds. lits.): *A Guerra da Independencia e o primeiro liberalismo en España e América*, Santiago de Compostela, pp. 191-218.

_ (2011): "Betanzos: la agonía de una capital de Antiguo Régimen" en *Anuario Brigantino*, nº 34, pp. 237-268.
ARTIAGA REGO, A. e BALBOA LÓPEZ, X. (1992): "La individualización de la propiedad colectiva: aproximación e interpretación del proceso en los montes vecinales de Galicia" en *Agricultura y Sociedad*, nº 65, pp. 101-120.
ARTIAGA REGO, A. e FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, A. (1997): "Labradores, gandeiros, artesáns e traficantes. Unha aproximación ás actividades productivas da poboación rural en Galicia, 1750-1900" en *Sémata. Ciencias Sociais e Humanidades*, nº 9: espacios rurais e sociedades campesiñas, pp. 307-341.
ARTOLA, Miguel (1957): *Memorias de tiempos de Fernando VII*, 2 vols., Madrid.
_ (1976): *Los orígenes de la España contemporánea*, vol. 1, Madrid.
_ (1982a) (ed. lit.): *La economía española al final del Antiguo Régimen, vol. 4: Instituciones*, Madrid.
_ (1982b): *La Hacienda del antiguo régimen*, Madrid.
_ (1984) (dir.): *Estudios de Hacienda. De Ensenada a Mon*. Comunicaciones presentadas al Seminario de Hacienda Pública Española: Del antiguo régimen al sistema liberal (UIMP, Santander, 16-20 de agosto de 1983), Madrid.
_ (1986): *La Hacienda del siglo XIX. Progresistas y moderados*, Madrid.
_ (1998): "Los orígenes de la contribución sobre la renta: de Ensenada a Mon" en García-Zúñiga, M. e de la Torre, J. (1998) (eds. lits.), pp. 99-108.
_ (1999): "Cambios en la propiedad de la tierra en el siglo XIX" en Anes, G. (1999) (ed. lit.), pp. 63-81.
_ (2008): *La España de Fernando VII*, Madrid.
BALBOA LÓPEZ, Xesús (1990): *O monte en Galicia*, Vigo.
_ (1999): "Historia de los montes públicos españoles (1812-1936): Un balance y algunas propuestas" en *Historia Agraria: Revista de agricultura e historia rural*, nº 18, pp. 95-128.
_ (2000): "Comunidade campesiña e terras de propiedade colectiva: a utilización do monte na Galicia do século XIX" en Fernández Prieto, L. (2000) (dir.), pp. 285-404.
_ (2002): "Al margen de la Ley. La defensa de los montes vecinales de Galicia (1848-1968)" en Dios, S. de et al. (2002) (coords.): *Historia de la propiedad en España. Bienes comunales, pasado y presente*, II Encuentro interdisciplinar, Salamanca 31 de maio-3 de xuño de 2000, pp. 451-492.
_ (2008): "Da cultura do lume á barbarie incendiaria" en Axeitos, X.L.; Grandío, E.; Villares, R. (eds. lits.): A *patria enteira: homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, pp. 815-839.
BALBOA LÓPEZ, X. L. e FERNÁNDEZ PRIETO, L. (2000): "Evolución das formas de fertilización na agricultura atlántica entre os séculos XIX-XX. Do toxo aos fosfatos" en Fernández Prieto (2000) (dir.), pp. 275-302.
BALLESTEROS, Pío (1941): "Martín de Garay, ministro de Hacienda bajo Fernando VII" en *Anales de la Asociación Española para el progreso de las Ciencias*, vol. VI, pp. 75-119 e 380-409.
BALMASEDA, Fermín Martín de (1818-20): *Decretos del Rey Don Fernando VII*, vols. 4, 5 e 6 correspondentes aos decretos dos anos 1817, 1818 e 1819, Madrid.
_ (1819): *Apéndice a los tomos I, II, III y IV de la obra Decretos del Rey D. Fernando VII, o séase colección de Reales Resoluciones respectivas a los años de 1814, 815, 816 y 817*, Madrid.

BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (2007): *Historia política da Galicia contemporánea*, 5 vols., *Vol. 1: A transición política (1789-1833)*. É o vol. 22 (t. 11) de Barreiro Fernández, X. R. e Villares Paz, R. (2007) (dirs.): *A Gran Historia de Galicia*, A Coruña.

BELTRÁN, Lucas (1983): "Precedentes doctrinales de la reforma de Mon" en Artola (1984) (dir.), pp. 53-65.

BERNAL RODRÍGUEZ, Antonio-Miguel. (1999): "La agricultura y la ganadería españolas en el siglo XIX" en Anes, G. (1999) (ed. lit.), pp. 83-183.

BLOCH, Marc (2002): *La tierra y el campesino. Agricultura y vida rural en los siglos XVII y XVIII*, Barcelona.

BOSERUP, Ester (1967): *Las condiciones del desarrollo en la agricultura. La economía del cambio agrario bajo la presión demográfica*, Madrid.

_ (1983): *Población y cambio tecnológico. Estudio de las tendencias a largo plazo*, Barcelona.

BOUHIER, Abel (1984): "Las formas tradicionales de utilización del monte. Su evolución reciente. Las perspectivas de porvenir" en *Cuadernos da área de Ciencias Agrarias,* vol. 5, Seminario de estudos galegos, pp. 11-28.

_ (2001): *Galicia: Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Santiago de Compostela.

BOUTELOU, Claudio (1816): *Discurso acerca del origen y progresos de la agricultura, de sus ventajas y de la necesidad de su enseñanza*, Alicante.

_ (1817): *Elementos de Agricultura*, Madrid.

BRINGAS GUTIÉRREZ, Miguel Ángel (1994): "Los cuadernos generales de la riqueza (1818-1820): La localización de una fuente histórica en España" en *Noticiario de Historia Agraria*, nº 7, pp. 155-179.

_ (1996): "La metrología. Un problema para la historia agraria" en *Noticiario de Historia Agraria*, nº 12, pp. 221-248.

_ (2000): "La productividad de los factores en la agricultura española (1752-1935)" en *Estudios de Historia Económica*, nº 39, pp. 7-204.

_ (2003): "Un catastro poco conocido: el apeo y valuación general de Martín de Garay, 1818-1820" en *CT Catastro*, nº 47, pp. 143-157.

_ (2008): "Estructura documental de los Cuadernos Generales de la Riqueza de Martín de Garay, 1818-1820" en *CT Catastro*, nº 64, pp. 79-109.

BRINGAS, M. A.; DEL MAZO, I.; MERCAPIDE, G. (2017): "Valoración catastral de la propiedad urbana en una ciudad española. El apeo de casas y edificios de Logroño, 1818-1820" en *CT Catastro*, nº 91, pp. 83-114.

BRINGAS, M. A. et al. (1991): "La persistencia del Antiguo Régimen en las estructuras agrarias de Cantabria: el valle de Toranzo (1817-1867)" en *Investigaciones Históricas. Época moderna y contemporánea*, nº 11, pp. 131-156.

CABANO VÁZQUEZ, José Ignacio (1995): "Betanzos según Antonio Rioboo y Seijas: Una inédita descripción de principios del siglo XVIII" en *Anuario Brigantino*, nº 18, pp. 83-90.

CALVO ALONSO, Carlos (1988): "El catastro de Ensenada. Proyecto de única contribución en la corona de Castilla" en Segura i Mas, A. e Canet Rives, I. (1988) (coords.), pp. 89-112.

CANALES, Esteban (1982): "Los diezmos en su etapa final" en Anes, G. (1982) (ed. lit.), pp. 103-188.

_ (1985): “Diezmos y revolución burguesa en España” en García Sanz, A. e Garrabou, R. (1985) (eds. lits.), pp. 245-274.
CANGA ARGÜELLES, José (1802): “Memoria. Sobre nivelar en tiempo de paz los ingresos y los gastos del erario español, escrita de orden superior en 1802 por D. José Canga Argüelles, siendo oficial de la secretaría de estado y del despacho de hacienda” en Canga Argüelles, J. (1833), vol. 2, pp. 198-212.
_ (1820): “Memoria sobre los presupuestos de los gastos, de los valores de las contribuciones y rentas públicas de la nación española y de los medios de cubrir el déficit; que presentó a las cortes ordinarias de 1820 D. José Canga Argüelles, secretario de estado y del despacho de hacienda de España y de Ultramar, leída en las sesiones de 13 y 14 de julio de 1820” en Canga Argüelles, J. (1833), vol. 2, pp. 234-293.
_ (1821): *Memoria sobre el estado de la Hacienda pública de España, que presenta a las Cortes ordinarias del año de 1821Don José Canga Argüelles, Secretario de Estado y del Despacho de Hacienda*, Madrid.
_ (1833): *Diccionario de Hacienda con aplicación a España*, 2 vols., Madrid. Consulta online:
Vol. 1: https://play.google.com/books/reader?id=nSaaPce-xK8C&hl=es&pg=GBS.PA1
Vol. 2:https://play.google.com/books/reader?id=C9rHUP4vnRAC&hl=es&pg=GBS.PA1
_ (1840): *Suplemento al diccionario de Hacienda con aplicación a España*, en Fontana, J. (1980).
CARMONA BADÍA, Joám (1990): *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)*, Barcelona.
CARRO OTERO, J. e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C. M. (1989): “La epidemia de ‘tifus’, de 1853, en Betanzos” en *Anuario Brigantino*, nº 12, pp. 129-144.
CASAS i ROCA, Jordi (1994): “Ayuntamientos y hacienda central (1802-1868): Marco jurídico y referencias a un caso concreto (San Cugat del Vallès)” en *Hacienda Pública Española*, nº Extra 1, pp. 115-121.
CASTELLS, I. e MOLINER PRADA, A. (2000): *Crisis del Antiguo Régimen y Revolución Liberal en España (1789-1845)*, Barcelona.
CHAMBERS, J. D. e MINGAY, G. E. (1966): *The agricultural revolution, 1750-1880*, Londres.
COMÍN, Francisco (1983): “Algunos resultados de la reforma tributaria Mon-Santillán” en Artola (1984) (dir.), pp. 85-104.
_ (1989): *Hacienda y economía en la España contemporánea: 1800-1936,* 2 vols*., Vol. 1: el afianzamiento de la hacienda liberal (1800-1874)*, Madrid.
_ (1990): *Las cuentas de la Hacienda preliberal en España: 1800-1855*, Madrid.
_ (1994): “El fraude fiscal en la historia. Un planteamiento de sus fases” en *Hacienda Pública Española*, nº Extra 1, pp. 31-46.
_ (1996): *Historia de la Hacienda pública*, 2 vols., Barcelona.
_ (1999): “La hacienda pública en el siglo XIX” en Anes, G. (1999) (ed. lit.), pp. 341-400.
_ (2004): “La metamorfosis de la hacienda (1808-1874)” en AA.VV.: *Josep Fontana: historia y proyecto social*, Barcelona, pp. 31-101.
_ (2016): *La crisis de la deuda soberana en España (1500-2015)*, Madrid.
_ (2017): “Las trampas de la deuda en la España contemporánea” en Comín, F.; Hernández, R.; Moreno, J. (2017) (eds.), pp. 157-185.
_ (2018): “La corrupción permanente: el fraude fiscal en España” en *Hispania Nova, Revista de Historia Contemporánea*, nº 16, pp. 481-521.

COMÍN, F.; HERNÁNDEZ, R.; MORENO, J. (2017) (eds.): *Instituciones políticas, comportamientos sociales y atraso económico en España (1580-2000)*, Salamanca.
COMÍN, F. e VALLEJO POUSADA, R. (1996): "La reforma fiscal de Mon-Santillán ciento cincuenta años después", Monografía de *Hacienda Pública Española*, nº Extra 1996.
COMÍN, F. e ZAFRA, J. (1994): "El fraude fiscal en la Historia de España" en *Hacienda Pública Española*, nº Extra 1, pp. 5-21.
COMPOSTELA, José de (1819): *Memoria, presentada a los señores presidente y vocales de la Junta de repartimiento de la M. N. y L. Ciudad de Santiago, para facilitar el repartimiento individual de la Contribución general del Reyno entre sus ilustres habitantes*, Santiago de Compostela, imprenta de D. Juan Bautista Moldes, 34 paxs.
Consulta online: http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.cmd?id=419052
CONDE DE CABARRÚS (1783): "Memoria al Rey Nuestro Señor Carlos III para la extinción de la deuda nacional y arreglo de contribuciones" en *Cartas sobre los obstáculos que la naturaleza, la opinión y las leyes oponen a la felicidad pública*, 1808, Vitoria. Consulta online: https://archive.org/details/cartassobrelosob00caba/page/n121
CORBACHO GONZÁLEZ, Beatriz (2017): *Intensification of a peasant agricultura and soil fertility in an atlantic territory: Galicia, 1750-1900*, tese de doutoramento, Santiago de Compostela.
CORDERO TORRÓN, Xosé (2016): "Los foros en la desamortización. Etapas de Mendizábal y Madoz" en *Revista Galega de Economía*, vol. 25, nº 1, Santiago de Compostela, pp. 35-51.
CORDERO TORRÓN, X.; DOPICO GUTIÉRREZ DEL ARROYO, F., RODRÍGUEZ GALDO, Mª X. (1983): "A distribución espacial do gando en Galicia segundo o Cadastro de Ensenada" en *Revista Galega de Estudios Agrarios*, nº 9, pp. 70-83.
CORNIDE y SAAVEEDRA, José Andrés (1991): *Descripción circunstanciada de la costa de Galicia y raya por donde confina con el inmediato Reino de Portugal, hecha en el año 1764*, Sada.
CUENCA ESTEBAN, Javier (1981): "Ingresos netos del Estado español, 1788-1820" en *Hacienda Pública Española*, nº 69, pp. 183-208.
CUSSÓ SEGURA, Xavier (2005): "El estado nutritivo de la población española 1900-1970. Análisis de las necesidades y disponibilidades de nutrientes" en *Historia Agraria: Revista de agricultura e historia rural*, nº 36, pp. 329-358.
CUSSÓ, X. e GARRABOU, R. (2007): "La transición nutricional en la España contemporánea: las variaciones en el consumo de pan, patatas y legumbres (1850-2000)" en *Investigaciones de historia económica*, nº 7, pp. 69-100.
DAVIÑA SÁINZ, Santiago (2001): "Pontedeume a través del Catastro de Ensenada" en *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, nº 8, pp. 113-157.
_ (2002): "Las parroquias de la jurisdicción de la villa de Pontedeume a través del interrogatorio del Catastro de Ensenada" en *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, nº 9, pp. 179-230.
DELGADO BARRADO, José Miguel (2001): *El proyecto político de Carvajal. Pensamiento y reforma en tiempos de Fernando VI*, Madrid.
DIRECCIÓN GENERAL DE AGRICULTURA, INDUSTRIA Y COMERCIO (1891): *Avance estadístico sobre el cultivo cereal y de leguminosas asociadas en España formado por la Junta Consultiva Agronómica, 1890, quinquenio de 1886 a 1890 ambos inclusive*, 3 vols., Madrid, Tipolitografía de L. Peant e hijos, vols. I e II.
Consulta online: http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000014553&page=1

_ (1892): *La ganadería en España: Avance sobre la riqueza pecuaria en 1891 formado por la Junta Consultiva Agronómica conforme a las memorias reglamentarias que en el citado año han redactado los ingenieros del servicio agronómico,* 5 vols., Madrid, Tipolitografía de L. Peant e hijos, vol. II.
Consulta online: http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000010680&page=1

DOMÍNGUEZ MARTÍN, Rafael (1993): "Caracterizando al campesinado y a la economía campesina: pluriactividad y dependencia del mercado como nuevos atributos de la 'campesinidad' " en *Agricultura y Sociedad*, nº 66, pp. 97-136.

_ (1996): *El campesino adaptativo. Campesinos y mercado en el norte de España, 1750-1880*, Santander.

DUASO Y LATRE, José (1814): "Vicios de la contribución directa decretada por las cortes extraordinarias en 13 de septiembre de 1813" en *Vicios y agravios de la contribución directa (1814 y 1820), Biblioteca Ernest Lluch de Economistas Aragoneses*, nº 5, 2010, pp. 63-123. Estudio introdutorio de Fernando López Castellano.

DUBERT GARCÍA, Isidro (1992): *Historia de la familia en Galicia durante la época moderna, 1550-1830. Estructura, modelos hereditarios y conflictividad*, Sada.

_ (2002): "Las dinámicas demográficas de las pequeñas villas gallegas a finales del Antiguo Régimen" en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 11, pp. 61-100.

_ (2008): "Comercio y tráfico marítimo en la Galicia del Antiguo Régimen, 1750-1820" en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 17, pp. 211-243.

_ (2016): "La conflictividad social en la Galicia litoral durante el Antiguo Régimen" en *Historia Social*, nº 85, pp. 21-43.

EIRAS ROEL, Antonio (1975): "Evolución del producto decimal en Galicia a finales del Antiguo Régimen" en Eiras Roel, A. et al. (1975): *Actas de las I Jornadas de Metodología Histórica Aplicada*, vol. 3, Santiago de Compostela, pp. 51-90.

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1993): "Un caso de privatización de montes veciñais nas Mariñas de Betanzos: (1848-1854)" en *Anuario Brigantino*, nº 16, pp. 87-94.

ERIAS MARTÍNEZ, A. e GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, X. M. (1989): "O marco xurisdiccinal na antiga provincia de Betanzos" en *Anuario Brigantino*, nº 12, pp. 17-84.

ESTAPÉ Y RODRÍGUEZ, Fabián (1971): *La reforma tributaria de 1845: estudio preliminar y consideración de sus precedentes inmediatos*, Madrid.

ESTEBAN DE VEGA, Mariano (1996): "Cambios y permanencias en las élites políticas y administrativas del reinado de Fernando VII" en *Historia Contemporánea*, nº 13-14, pp. 229-238.

FARIÑA PESTANO, Febe (2008): "El padrón de habitantes de Santa Cruz de Tenerife de 1818. La génesis de un registro poblacional derivado de la reforma hacendística del ministro Martín de Garay" en *Boletín Nautis et Incolis*, pp. 9-44.

FERNÁNDEZ ALBADALEJO, Pablo (1983): "Monarquía ilustrada y haciendas locales en la segunda mitad del siglo XVIII" en Artola (1984) (dir.), pp. 157-173.

_ (1987): "León de Arroyal. Del Sistema de Rentas a la Buena Constitución" en Fernández de Pinedo, E. (1987) (coord.): *Haciendas Forales y Hacienda Real*, Bilbao, pp. 95-112.

FERNÁNDEZ CLEMENTE, Eloy (1982): "Martín de Garay: la primera reforma fiscal española" en *Cuadernos aragoneses de economía*, nº 6, pp. 179-190.

_ (1990): "La enseñanza de la agricultura en la España del siglo XIX" en *Agricultura y Sociedad*, nº 56, pp. 113-141.

FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo (2012): "La cabaña ganadera en la Galicia de transición (siglos XVII-XVIII): Evolución, composición y estructura de la propiedad" en Pérez

Álvarez, M. J. e Martín García, A. (2012) (eds.): *Campo y campesinos en la España moderna*, León, pp. 313-331.
FERNÁNDEZ DE ROTA Y MONTER, José Antonio (1984): *Antropología de un viejo paisaje gallego*, Madrid.
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Carlos (1994): "Salud pública y medio urbano en Betanzos durante el siglo XIX" en *Anuario Brigantino*, nº 17, pp. 179-186.
FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Ángel (1994): "As estratexias antifiscais nas sociedades campesiñas tradicionais. Galicia, 1700-1840" en Fernández Prieto, L. (2000) (dir.), pp. 103-128.
FERNÁNDEZ JUSTO, Mª Isabel (1986): *Metrología tradicional gallega: aportación a los estudios sobre el medio rural*, Madrid.
FERNÁNDEZ NEIRA, José (1820): *Memoria sobre estadística y economía política*, A Coruña. Consulta online: http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.cmd?id=8835
FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (1992): *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1850-1939*, Vigo.
_ (1999): "No todos dormían" en *Historia Agraria: Revista de agricultura e historia rural*, nº 18, pp. 249-260.
_ (2000) (dir.): *Terra e progreso: historia agraria da Galicia contemporánea*, Vigo.
_ (2001): "Caminos del cambio tecnológico en las agriculturas españolas contemporáneas" en Pujol, J.; González de Molina, M.; Fernández Prieto, L.; Gallego, D.; Garrabou, R. (2001), pp. 95-146.
FERNÁNDEZ PRIETO, L. e SOTO, D. (2010): "El Atlántico no es el Mediterráneo. El cambio agrario al otro extremo de la Península Ibérica: el mismo estado, otros paisajes, ¿los mismo campesinos?" en Garrabou, E. e Robledo, R. (2010) (eds. lits.), pp. 231-264.
FONTANA LÁZARO, Josep (1967): "Una edición inadmisible: la de las memorias de hacienda de Garay por el padre Federico Suárez Verdeguer" en *Moneda y Crédito*, nº 103, pp. 113-118.
_ (1970): "Colapso y transformación del comercio exterior español entre 1792 y 1827. Un aspecto de la crisis de la economía del Antiguo Régimen en España" en Hernández Andreu, J. (1978), pp. 185-209.
_ (1971): *La quiebra de la monarquía absoluta: 1814-1820. La crisis del Antiguo Régimen en España*, Barcelona.
_ (1972): "La supervivencia del mito de la Única Contribución. Noticia de algunos arbitristas españoles de comienzos del siglo XIX" en *Hacienda Pública Española*, nº 27, pp. 111-129.
_ (1973): *Hacienda y Estado. 1823-1833*, Madrid.
_ (1980): *La hacienda en la historia de España, 1700-1931*, Madrid.
_ (1983): *Cambio económico y actitudes políticas en la España del siglo XIX*, Barcelona.
_ (1985): "La crisis agraria de comienzos del siglo XIX y sus repercusiones en España" en García Sanz, A. e Garrabou, R. (1985) (eds. lits.), pp. 103-128.
_ (1987): "El alimento del Estado. Política y Hacienda en el 'Despotismo Ilustrado' " en *Hacienda Pública Española*, nº 108-109, pp. 157-168.
_ (1989): "Estado y Hacienda en el 'Despotismo Ilustrado' " en Bennassar, B.; Ladero, M. A.; MacKay, A.; Ruiz Martín, F. e Fontana, J.: *Estado, hacienda y sociedad en la historia de España*, Valladolid, pp. 123-147.
_ (1992): *La crisis del Antiguo Régimen (1808-1833)*, Barcelona.
_ (1994): "Las reglas y el juego. Algunas reflexiones históricas sobre la corrupción" en *Hacienda Pública Española*, nº Extra 1, pp. 25-29.

_ (1998): "López Ballesteros y la reforma de la Hacienda: algunas reconsideraciones" en García-Zúñiga, M. e de la Torre, J. (1998) (eds. lits.), pp. 109-118.
FUENTES, Juan Francisco (2007): *El fin del Antiguo Régimen (1808-1868). Política y sociedad*, Madrid.
FUENTES QUINTANA, Enrique (1990): *Las reformas tributarias en España: teoría, historia y propuestas*, Barcelona.
GALLARD, Diego (1787): "Ventajas políticas de España por los nuevos reglamentos de Rentas Provinciales, tanto en la menor, mas uniforme y equitativa contribucion del Vasallo, como por el fomento que resulta a la Agricultura, al Comercio y las Artes" en Actas y m*emorias de la Real Sociedad Económica de los Amigos del País de la Provincia de Segovia*, vol. III, pp. 81-363.
GALLEGO MARTÍNEZ, Domingo (1991): "Patrimonio y mercado: los condicionantes del proceso de toma de decisiones en los hogares rurales" en *Noticiario de Historia Agraria*, nº 2, pp. 35-48.
_ (2001a): "Sociedad, naturaleza y mercado. Un análisis regional de los condicionantes de la producción agraria española (1800-1936)" en *Historia Agraria: Revista de agricultura e historia rural*, nº 24, pp. 11-57.
_ (2001b): "Historia de un desarrollo pausado: integración mercantil y transformaciones productivas de la agricultura española (1800-1936)" en Pujol, J.; González de Molina, M.; Fernández Prieto, L.; Gallego, D.; Garrabou, R. (2001), pp. 147-214.
GALLEGO MARTÍNEZ, D.; IRIARTE, I.; LANA, J. M. (2010): "Las Españas rurales y el Estado (1800-1931)" en Garrabou, E. e Robledo, R. (2010) (eds. lits.), pp. 85-116.
GARCÍA DE LEÓN Y PIZARRO, José (1998): *Memorias*. Edición, prólogo, apéndices y notas de Álvaro Alonso-Castillo, Madrid.
GARCÍA-LOMBARDERO, Jaime (1973): *La agricultura y el estancamiento económico de Galicia en la España del Antiguo Régimen*, México.
GARCÍA GARCÍA, Carmen (1994): "Oligarquías urbanas y haciendas municipales: irregularidades en la gestión de los fondos locales vallisoletanos en el siglo XVIII" en *Hacienda Pública Española*, nº Extra 1, pp. 101-113.
GARCÍA SANZ, Ángel (1994): "La ganadería española entre 1750 y 1865: los efectos de la reforma agraria liberal" en *Agricultura y Sociedad*, nº 72, pp. 81-119.
GARCÍA SANZ, A. e GARRABOU, R. (1985) (eds. lits): *Historia agraria de la España contemporánea*, 3 vols., *Vol. 1: Cambio social y nuevas formas de propiedad (1800-1850)*, Barcelona.
GARCÍA-ZÚÑIGA, M. e DE LA TORRE, J. (1998) (eds. lits.): *Hacienda y crecimiento económico: la reforma de Mon 150 años después*, Madrid.
GARDOQUI, Diego (1794a): "Memoria del Sr. D. Diego Gardoqui a S.M. el Sr. D. Carlos IV, 19 de mayo de 1794" en Canga Argüelles, J. (1833), vol. 2, pp. 169-171.
_ (1794b): "Memoria de D. Diego Gardoqui a S.M. el Sr. D. Carlos IV, en 28 de noviembre de 1794" en Canga Argüelles, J. (1833), vol. 2, pp. 171-172.
_ (1796): "Memoria de D. Diego Gardoqui al Sr. D. Carlos IV, 12 de octubre de 1796" en Canga Argüelles, J. (1833), vol. 2, pp. 172-176.
GARRABOU, Ramón (2001): "Crecimiento agrario, atraso y marco institucional" en Pujol, J.; González de Molina, M.; Fernández Prieto, L.; Gallego, D.; Garrabou, R. (2001), pp. 215-243.
_ (2017): "Políticas agrarias y desarrollo de la agricultura española contemporánea: unos apuntes" en Comín, F.; Hernández, R.; Moreno, J. (2017) (eds.), pp. 333-346.

GARRABOU R. e GONZÁLEZ DE MOLINA, M. (2010): *La reposición de la fertilidad en los sistemas agrarios tradicionales*, Barcelona.
GARRABOU, R. e NAREDO J. M. (1996) (eds. lits.): *La fertilización en los sistemas agrarios. Una perspectiva histórica*, Madrid.
GARRABOU, R. e ROBLEDO, R. (2010) (eds. lits.): *Sombras del progreso: las huellas de la historia agraria*, Barcelona.
GEHR (1978): "Contribución al análisis histórico de la ganadería española, 1865-1929" en *Agricultura y Sociedad*, nº 8, pp. 129-182.
_ (1991): *Estadísticas históricas de la producción agraria española, 1859-1935*, Madrid.
GEORGESCU-ROEGEN, Nicholas (1996): *La ley de la entropía y el proceso económico*, Madrid.
GIL MERINO, Antonio (1982): "La vendimia en las mariñas de Betanzos durante el siglo XVIII" en *Anuario Brigantino*, nº 5, pp. 92-94.
GÓMEZ MENDOZA, Antonio (1999): "Los transportes y el comercio interior en España en el siglo XIX" en Anes, G. (1999) (ed. lit.), pp. 223-249.
GONZÁLEZ ALVARADO, Sonia (2001): "Las raíces del modelo tributario de Martín de Garay", comunicación no VII Congreso AEHE 2001, sesión 12: taller sobre nuevas investigaciones en historia del pensamiento económico en España, 18 paxs.
GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Juan Miguel (2015): "Gobierno político municipal y sociedad en Betanzos: entre la reacción y la revolución (1809-1833)" en *Anuario Brigantino*, nº 38, pp. 163-194.
GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio (1980): *Entre el Antiguo y el Nuevo Régimen, absolutistas y liberales: el reinado de Fernando VII en Galicia*, A Coruña.
_ (1987): *Luis López Ballesteros (1782-1853). Ministro de hacienda de Fernando VII*, A Coruña.
GONZÁLEZ DE MOLINA, Manuel (1993): *Historia y medio ambiente*, Madrid.
_ (2000): "La crisis del Antiguo Régimen desde una perspectiva socio-ambiental. El caso del reino de Granada" en *Brocar: Cuadernos de investigación histórica*, nº 24, pp. 213-241.
_ (2001a): "Algunas consideraciones sobre historia local e historia medioambiental" en Ruiz Carnicer, M. A. e Frías Corredor, C. (2001) (coords.): *Nuevas tendencias historiográficas e historia local en España. Actas del II Congreso de Historia Local de Aragón*, Huesca, pp. 55-71.
_ (2001b): "Condicionamientos ambientales del crecimiento agrario español" en Pujol, J.; González de Molina, M.; Fernández Prieto, L.; Gallego, D.; Garrabou, R. (2001), pp. 43-94.
_ (2010a): "A guide to studying the socio-ecological transition in European agriculture", *Sociedad Española de Historia Agraria. Documentos de trabajo*, DT-1006, 42 paxs.
_ (2010b): "Crecimiento agrario y sostenibilidad de la agricultura española de los siglos XVIII y XIX" en Garrabou, E. e Robledo, R. (2010) (eds. lits.), pp. 321-352.
GONZÁLEZ DE MOLINA, M. e GUZMÁN CASADO, G. (2006): *Tras los pasos de la insustentabilidad. Agricultura y medio ambiente en perspectiva histórica (siglos XVIII-XX)*, Barcelona.
GONZÁLEZ DE MOLINA, M. e INFANTE AMATE, J. (2010): "Agroecología y decrecimiento. Una alternativa sostenible a la configuración del actual sistema agroalimentario español" en *Revista de Economía Crítica*, nº 10, pp. 113-137.
GONZÁLEZ DE MOLINA, M.; INFANTE AMATE, J.; HERRERA GONZÁLEZ DE MOLINA, A. (2014): "Cuestionando los relatos tradicionales: desigualdad, cambio

liberal y crecimiento agrario en el Sur peninsular (1752-1901)" en *Historia Agraria: Revista de agricultura e historia rural*, nº 63, pp. 55-88.
GONZÁLEZ DE MOLINA, M. e MARTÍNEZ ALIER, J. (2001) (eds. lits.): *Naturaleza transformada. Estudios de historia ambiental en España*, Barcelona.
GONZÁLEZ DE MOLINA, M. e ORTEGA SANTOS, A. (2000): "Bienes comunes y conflictos por los recursos en las sociedades rurales, siglos XIX y XX" en *Historia Social*, nº 38, pp. 95-116.
GONZÁLEZ DE MOLINA, M e POULIQUEN, Y. (1996): "De la agricultura orgánica tradicional a la agricultura industria: ¿una necesidad ecológica? Santa Fe, 1750-1904" en Garrabou, R. e Naredo, J. M. (1996) (eds. lits.), pp. 127-170.
GONZÁLEZ DE MOLINA, M. e SEVILLA GUZMÁN, E. (1993) (eds. lits.): *Ecología, campesinado e historia*, Madrid.
GONZÁLEZ DE MOLINA, M.; SOTO, D.; AGUILERA, E.; INFANTE, J. (2014): "Crecimiento agrario en España y cambios en la oferta alimentaria, 1900-1933" en *Historia Social*, nº 80, pp. 157-183.
GÓNZALEZ REMUIÑÁN, Alberto (2016): "O catastro de Martín de Garay na antiga provincia de Betanzos. O caso da vila de Pontedeume" en *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, nº 23, pp. 7-34.
GUZMÁN CASADO, G. e GONZÁLEZ DE MOLINA, M. (2008): "Preindustrial agriculture versus organic agriculture. The land cost of sustainability" en *Land Use Policy*, nº 26, pp. 825-835.
GUZMÁN CASADO, G.; GONZÁLEZ DE MOLINA, M.; SEVILLA GUZMÁN, E. (2000) (coords.): *Introducción a la agroecología como desarrollo rural sostenible*, Madrid.
GUZMÁN, G.; AGUILERA, E.; SOTO, D.; CID, A.; INFANTE, J.; GARCÍA RUIZ, R.; HERRERA, A.; VILLA, I.; GONZÁLEZ DE MOLINA, M. (2014): "Methodology and conversion factors to estimate the net primary productivity of historical and contemporary Agroecosystems", *Sociedad Española de Historia Agraria. Documentos de trabajo*, DT-1407, 119 paxs.
HERNÁNDEZ ANDREU, Juan (1972): "Evolución histórica de la contribución directa en España desde 1700 a 1814" en *Revista de Economía Política*, nº 61, pp. 31-90.
_ (1978): *Historia económica de España*, Madrid.
_ (1993): "Vicente Alcalá Galiano, los frutos civiles y la influencia Smithiana" en *Revista de Historia Económica – Journal of Iberian and Latin American Economic History*, año 11, nº 3, pp. 647-654.
_ (2003): "La ilustración en el orden tributario español del Antiguo Régimen" en AA.VV. (2003): *Estudios de historia y de pensamiento económico: homenaje al profesor Francisco Bustelo García del Real*, Madrid, pp. 213-240.
_ (2008): *Orígenes de la Fiscalidad Contemporánea en España. La reforma de Garay (1817-1818)*, Madrid.
_ (2009): "Los orígenes de la fiscalidad española contemporánea" en *Empresa y Humanismo*, vol. XII, nº 1, pp. 63-88.
HERR, Richard (1974): "El significado de la desamortización en España" en Hernández Andreu, J. (1978), pp. 247-292.
_ (1991): *La Hacienda Real y los cambios rurales en la España de finales del Antiguo Régimen*, Madrid.
HERVÉS SAYAR, H.; FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, A.; FERNÁNDEZ PRIETO, L.; ARTIAGA REGO, A.; BALBOA LÓPEZ, X. L. (1997): "Resistencia e organización. A

conflitividade rural en Galicia desde a crise do Antigo Réxime ao Franquismo" en Fernández Prieto, L. (2000) (dir.), pp. 129-162.
HOPPENBROUWERS, P. e ZANDEN, J. L. van (2001) (eds. lits.): *Peasants into farmers? The transformation of rural economy and society in the Low Countries (middle ages-19th century) in light of the Brenner debate*, Turnhout.
IGLESIAS ESTEPA, Raquel (2004): "Las quiebras del orden cotidiano: comportamientos criminales en la sociedad gallega de fines del Antiguo Régimen" en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 13, pp. 277-302.
_ (2005): "Aproximación a la criminalidad gallega de fines del Antiguo Régimen" en *Hispania: Revista española de historia*, vol. 65, nº 220, pp. 409-442.
_ (2007): "Violencia física y verbal en la Galicia de finales del Antiguo Régimen" en *Sémata. Ciencias Sociais e Humanidades*, nº 19: guerra, violencia e conflitividade na historia, pp. 135-157.
INFANTE AMATE, J.; SOTO FERNÁNDEZ, D.; IRIARTE GOÑI, I.; AGUILERA, E.; CID, A.; GUZMÁN, G.; GARCÍA-RUIZ, R.; GONZÁLEZ DE MOLINA, M. (2014): "La producción de leña en España y sus implicaciones en la transición energética. Una serie a escala provincial", *Asociación Española de Historia Económica. Documentos de trabajo*, DT-AEHE 1416, 109 paxs.
ITURRA, Raúl (1988): *Antropología económica de la Galicia rural*, Santiago de Compostela.
JONES, E. L. e MINGAY, G. E. (1967) (eds. lits.): *Land, labour and population in the Industrial Revolution. Essays presented to J. D. Chambers*, Londres.
JOVELLANOS, Gaspar Melchor de (1795): "Informe de la Sociedad Económica de esta Corte al Real y Supremo Consejo de Castilla en el expediente de Ley Agraria, extendido por su individuo de número el Sr. D. Gaspar Melchor de Jovellanos, a nombre de la Junta encargada de su formación y con arreglo a sus opiniones", imprenta de Sancha, Madrid. Consulta online: https://archive.org/details/informedelasocie00soci/page/n3
JUNTA DE PARTIDO DE BETANZOS (1818): *Contribución General del Reino. Tarifa de partes alícuotas de los productos totales de la riqueza*, 3 paxs. Consulta online: http://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.cmd?id=6812
JUNTA DE PARTIDO DE SANTIAGO (1818): Compendio documental onde se poden consultar algúns textos e compoñentes importantes do proceso de contribución, 130 paxs. Consulta online: http://hdl.handle.net/10347/8149
JUNTA GENERAL DE ESTADÍSTICA (1862): *Colección legislativa de Estadística*, Madrid, Imprenta Nacional.
JUNTA PRINCIPAL PROVINCIAL DE CONTRIBUCIÓN Y ESTADÍSTICA DE GALICIA (1818): "Declaraciones de la Junta principal de contribución de Galicia para facilitar la inteligencia y egecución uniforme del apeo y cuaderno general de la riqueza de cada Pueblo", A Coruña. 9 paxs. Pódese consultar entre a documentación da Junta de partido de Santiago (1818), pp. 65-73.
_ (1819): "Medidas económicas y eficaces acordadas por la Junta Principal Provincial de Contribución y Estadística de Galicia para alivio de los pueblos", A Coruña. 18 paxs. Consulta online: http://hdl.handle.net/10347/8180
LA PARRA LÓPEZ, Emilio (2004): "El legado político del Antiguo Régimen" en Llopis Agelán, E. (2004) (Ed.), pp. 77-95.
_ (2010): "Politización y movilización popular en España" en AA.VV. (2010): *Ciudadanos: El nacimiento de la política en España (1808-1869)*, pp. 19-38.
LABRADA, José Lucas (1804): *Descripción económica del Reyno de Galicia*, Ferrol.

LABRADOR, Camilo (1850): *Economía político-práctica o examen del proyecto de arreglo de la deuda de España*, Madrid.
LARRUGA, Eugenio (1787-1800): *Memorias políticas y económicas sobre los frutos, comercio, fábricas y minas de España, con inclusión de los reales decretos, órdenes, cédulas, aranceles y ordenanzas expedidas para su gobierno y fomento*, 45 vols., Madrid. Volumes correspondentes a Galicia, do XLI ao XLV.
LASARTE ÁLVAREZ, F. J.; ARIAS DE SAAVEDRA ALIAS, I.; CASTELLANO, J. L. (1988): *La Hacienda en la bibliografía del siglo XVIII: noticia de obras impresas*, Madrid.
LISÓN TOLOSANA, Carmelo (1971): *Antropología cultural de Galicia*, Madrid.
LLOPIS AGELÁN, Enrique (1982): "Las explotaciones trashumantes en el siglo XVIII y primer tercio del XIX: la cabaña del Monasterio de Guadalupe, 1709-1835" en Anes, G. (1982) (ed. lit.), pp. 1-102.
_ (2004) (Ed.): *El legado económico del Antiguo Régimen en España*, Barcelona.
_ (2004): "España, la 'revolución de los modernistas' y el legado del Antiguo Régimen" en Llopis Agelán, E. (2004) (Ed.), pp. 11-76.
_ (2010): "La crisis del Antiguo Régimen y la Revolución liberal (1790-1840)" en Comín, F.; Hernández, M.; Llopis, E. (2010) (eds.): *Historia económica de España. Siglos X-XX*, pp. 165-202.
LLUCH, E. e ARGEMÍ, L. (1985): *Agronomía y fisiocracia en España, 1750-1820*, Valencia.
LÓPEZ BALLESTEROS, Luis (1826): "Memoria ministerial sobre el estado de la Real Hacienda de España en los años 1822, 1824 y 1825. Por el exmo. Sr. D. Luis Lopez Ballesteros" en Canga Argüelles, J. (1833), vol. 2, pp. 657-736.
LÓPEZ CALVO, Xesús Andrés (2011): "O comercio marítimo en Pontedeume nos séculos XVII e XVIII" en *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, nº 18, pp. 147-187.
_ (2018): "A economía vinícola da comarca eumesa segundo uns datos do século XIX" en *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, nº 25, pp. 183-194.
LÓPEZ DÍAZ, María (2010): "Oligarquías urbanas, crisis del antiguo régimen y primer liberalismo en Galicia, 1750-1815" en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 19, pp. 187-214.
LÓPEZ ESTUDILLO, Antonio (1992): "Los montes públicos y las diversas vías de privatización en el siglo XIX" en *Agricultura y Sociedad*, nº 65, pp. 65-99.
LÓPEZ GARRIDO, Diego (1983): "La autonomía del aparato hacendístico en la transición al régimen liberal (notas para un estudio)" en Artola (1984) (dir.), pp. 355-372.
LÓPEZ JUANA PINILLA, José (1822): *Situación de la Hacienda Pública de España en marzo de 1822, y medios de mejorarla*, Madrid.
_ (1840-48): *Biblioteca de hacienda de España*, (continuada por D. Domingo López de Castro y Pinilla), 6 vols., Madrid, imprenta de D. José Aguado.
LORENTE TOLEDO, Luis (1988): *Economía y sociedad en Toledo durante el período liberal: 1810-1868. Caracteres y desarrollo de la evolución fiscal*, 3 vols., Madrid.
LOYNAZ, Martín de (1749): "Instrucción que para la subrogación de las Rentas Provinciales en una sola Contribucion dió Don Martín de Loynáz al Exmo. Señor Marqués de Ensenada" en *Miscelánea económico-política o discursos varios sobre el modo de aliviar los vassallos con aumento de el Real Erario*, Pamplona, edición de 1749, pp. 181-216.
LOZANO SALADO, Lola (2001): *La tierra es nuestra. Retrato del agro jerezano en la crisis del Antiguo Régimen*, Cádiz.
MACANAZ, Melchor Rafael de (1787): "Auxilios para bien gobernar una monarquía católica, o documentos que dicta la experiencia y aprueba la razón para que el Monarca

merezca justamente el nombre de Grande" en *Semanario Erudito*, vol. V, Madrid, pp. 215-303.
_ (1788): "Avisos políticos, máximas prudentes y remedios universales que dicta la experiencia y remite al Señor Rey Don Fernando el VIº, en el principio de su reynado, para que su práctica restablezca la decadencia de la Monarquía Española, de los innumerables males que padece" en *Semanario Erudito*, vol. VIII, Madrid, pp. 217-237.
MADOZ, Pascual (1845-1850): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de ultramar*, 16 vols., Madrid, establecimiento literario-tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti.
Consulta online: https://bibliotecadigital.jcyl.es/es/consulta/registro.cmd?id=16877
MALDONADO ROSSO, Javier (1991): "El cultivo de la vid en El Puerto de Santa María a principios del siglo XIX" en Torres Ramirez, B. (coord.): *Andalucía y América. Propiedad de la tierra, latifundios y movimientos campesinos: Actas de las VIII Jornadas de Andalucía y América*, Santa María de la Rábida, pp. 215-234.
MARCELO MARCO, V.; COLLADO LOZANO, M.; NEBOT DÍAZ, I. (2012): "Olleros, alfareros y fabricantes de loza en Ribesalbes, entre 1742 y 1817" en *Boletín de la Sociedad Española de Cerámica y Vidrio*, vol. 51, pp. 269-274.
MARTÍN PALMERO, Federico (2004) (ed. lit.): *Desarrollo sostenible y huella ecológica: una aplicación a la economía gallega*, A Coruña.
MARTÍNEZ SANTISO, Manuel (1987): *Historia de la ciudad de Betanzos*, A Coruña.
MATA OLMO, R. e ROMERO GONZÁLEZ, J. (1988): "Fuentes para el estudio de la propiedad agraria en España (siglos XVIII-XX). Balance provisional y análisis crítico" en *Agricultura y Sociedad*, nº 49, pp. 209-292.
MAYUMI, K. e GOWDY, J. M. (1999): *Bioeconomics and sustainability. Essays in honor of Nicholas Georgescu-Roegen*, Cheltenham.
McNeill, John Robert (2003): *Algo nuevo bajo el sol. Historia medioambiental del mundo en el siglo XX*, Madrid.
_ (2013): *Global environmental history. An introductory reader*, New York.
MEIJIDE PARDO, Antonio (1961): "La viticultura gallega en el siglo XVIII", separata de *Revista de Economía de Galicia*, 14 paxs.
_ (1984): *Testimonios históricos sobre la antigüedad del cultivo de la patata en Galicia*, Sada.
_ (1986): "Las primeras industrias del curtido en Betanzos" en *Untia. Boletín do Seminario de Estudios Mariñáns*, pp. 27-44.
_ (1991): "Aspectos de la vida económica de Betanzos en el siglo XVIII" en *Anuario Brigantino*, nº 14, pp. 51-70.
_ (1993): "Aspectos de la vida económica de Pontedeume en el siglo XVIII" en *Anuario Brigantino*, nº 16, pp. 61-74.
_ (1995): "La economía marítima de Sada y Fontán en la época precapitalista: Los salazoneros catalanes" en *Anuario Brigantino*, nº 18, pp. 91-104.
_ (1998): "Entre 1770 y 1814 se establecen 14 fábricas de curtidos en el área ferrolana" en *Anuario Brigantino*, nº 21, pp. 167-182.
MINISTERIO DE FOMENTO. DIRECCIÓN GENERAL DE AGRICULTURA, MINAS Y MONTES (1920): *Estudio de la ganadería en España. Resumen hecho por la Junta Consultiva Agronómica de las memorias de 1917 remitidas por los ingenieros del Servicio Agronómico provincial*, Madrid, imprenta de los hijos de M. G. Hernández, vol. II correspondente a Galicia. Consulta online (provincia da Coruña):

http://www.ige.eu/estatico/historia/1917%20Estudio%20de%20la%20ganader%C3%ADa/1917%20Coru%C3%B1a.pdf
MINGAY, Gordon Edmund (1977): *The agricultural revolution. Changes in agriculture, 1650-1880*, Londres.
MIÑANO, Sebastián de (1826-1828): *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal*, 11 vols., Madrid, imprenta de Pierart-Peralta.
Consulta online: https://bibliotecadigital.jcyl.es/es/consulta/registro.cmd?id=714
MIRALBÉS BEDERA, Mª R.; TORRES LUNA, Mª P. de; CASAS TORRES, J. M. (1976): *Galicia. Mapa e índices de localización geográfica de sus parroquias*, Santiago de Compostela.
MIRALBÉS BEDERA, Mª R.; TORRES LUNA, Mª P. de; RODRÍGUEZ MARTÍNEZ-CONDE, R. (1980): *Aproximación a una división comarcal de Galicia*, Santiago de Compostela.
MORAL GADEO, Juan (2013): "Estudio de la industria y los servicios de la villa de Torredelcampo (Jaén) a principios del siglo XIX según el documento de 'Estadística, apeo y valuación de 1818' ", en *Trastámara. Revista de Ciencias Auxiliares de la Historia*, nº 11, pp. 39-51.
MORAL GADEO, J. e RODRÍGUEZ DELGADO, E. (2011): "Relación de las cifras de agricultura y ganadería procedentes del documento de estadística. Valuación y apeo de 1818 para Torredelcampo (Jaén) con la dieta tradicional torrecampeña de principios del siglo XX" *en Códice. Revista de Investigación Histórica y Archivística (Jaén)*, nº 24, pp. 91-98.
MORAL RUIZ, Joaquín del (1983): "Presión fiscal y haciendas locales (1820-1850)" en Artola (1984) (dir.), pp. 407-420.
MOREIRAS, O.; CARBAJAL, A.; CABRERA, L.; CUADRADO, C. (2016): *Tablas de composición de alimentos. Guía de prácticas*, Madrid.
MORENO LÁZARO, Javier (2015): "Las deudas externa y colonial. Contratos y mercados (1808-1920)" en Álvarez Nogal, C. e Comín, F. (2015) (eds.), pp. 251-286.
_ (2017): "Contenido, lógica económica y consecuencias de la protección arancelaria del mercado triguero español, 1814-1913" en Comín, F.; Hernández, R.; Moreno, J. (2017) (eds.), pp. 347-372.
MUÑOZ DUEÑAS, Mª Dolores (1994): "Las resistencias al diezmo" en *Hacienda Pública Española*, nº Extra 1, pp. 155-165.
NADAL, Jordi (1999): "Industria sin industrialización" en Anes, G. (1999) (ed. lit.), pp. 185-222.
NAREDO, José Manuel (1996): "Sobre la reposición natural y artificial de agua y de nutrientes en los sistemas agrarios y las dificultades que comporta su medición y seguimiento" en Garrabou, R. e Naredo, J. M. (1996) (eds. lits.), pp. 17-34.
_ (2006): *Raíces económicas del deterioro ecológico y social. Más allá de los dogmas*, Madrid.
_ (2017): "Claves para un cambio de paradigma: Naturaleza humana, medio ambiente y derechos humanos" en Comín, F.; Hernández, R.; Moreno, J. (2017) (eds.), pp. 497-510.
NAREDO, J. M. e VALERO CAPILLA, A. (1999): *Desarrollo económico y deterioro ecológico*, Madrid.
NEGRÍN DE LA PEÑA, José Antonio (2011): "Experiencia y memoria de Martín de Garay: de la hacienda del Antiguo Régimen hasta la reforma del 1817" en Durán López, F. e Caro Cancela, D. (eds.): *Experiencia y memoria de la revolución española (1808-1814)*, Cádiz, pp. 249-264.

NUÑEZ LENDOIRO, José Raimundo (1982): "Las pesas y medidas de Betanzos" en *Brigantium. Boletín do museo arqueolóxico histórico de A Coruña*, vol. 3, pp. 117-189.
OVERTON, Mark (1996): *The agricultural revolution in England. The transformation of the agrarian economy, 1500-1850*, Cambridge.
PAN-MONTOJO, Juan (1993): "Fuentes estadísticas" en Artola, M. (dir): *Enciclopedia de historia de España, vol. VII, Fuentes. Índice*, Madrid, pp. 337-441.
_ (1994): "Lógica legal y lógica social de la contribución de la contribución de consumos y los derechos de puertas" en *Hacienda Pública Española*, nº Extra 1, pp. 217-229.
PANIAGUA MAZORRA, Ángel (2000): *Naturaleza, agricultura y política agroambiental en España*, Madrid.
PATIÑO, José (1727): "Memoria presentada al Sr. D. Felipe V por José Patiño, el año de 1727" en Canga Argüelles, J. (1833), vol. 2, pp. 121-125.
PEGENAUTE GARDE, Pedro (1977): "1817. La reforma Garay y su aplicación en la localidad riojana de Anguta" en *Berceo*, nº 92, pp. 127-147.
PÉREZ GARCÍA, J. M. (1975): "Fuentes de control de los catastros fiscales: las escrituras de protocolos" en *Actas de las I Jornadas de Metodología Aplicada de las Ciencias Históricas*, vol. 3, pp. 203-212.
_ (1979a): *Un modelo de sociedad rural de Antiguo Régimen en la Galicia costera: la península del Salnés (jurisdicción de La Lanzada)*, Santiago de Compostela.
_ (1979b): "Algunas reflexiones en torno a la utilización de los resúmenes generales de la Única" en *Estudis d'historia agraria*, nº 3, pp. 101-137.
_ (1983): "La agricultura gallega y sus rendimientos. Un estudio evolutivo (1700-1850)" en *Revista de historia moderna. Anales de la Universidad de Alicante*, nº 3, pp. 63-98.
PÉREZ MOREDA, Vicente (1999): "Población y economía en la España de los siglos XIX y XX" en Anes, G. (1999) (ed. lit.), pp. 7-62.
_ (2004): "El legado demográfico del Antiguo Régimen" en Llopis Agelán, E. (2004) (Ed.), pp. 121-146.
PÉREZ PICAZO, María Teresa (1991): "Riqueza territorial y cambio agrícola en la Murcia del siglo XIX: Aproximación al estudio de una contabilidad privada (Circa. 1800-1902)" en *Agricultura y Sociedad*, nº 61, pp. 39-96.
_ (1998): "La contribución territorial. Propiedad y fraude fiscal" en García-Zúñiga, M. e de la Torre, J. (1998) (eds. lits.), pp. 119-141.
PLANA, Antonio (1820): "Agravios hechos en el repartimiento de la contribución directa de Aragón en especial, y a toda la agricultura de España en general: vicios inseparables de la estadística y modo de repartir aquella contribución más fácil y equitativa" en *Vicios y agravios de la contribución directa (1814 y 1820), Biblioteca Ernest Lluch de Economistas Aragoneses*, nº 5, 2010, pp. 125-154. Estudio introdutorio de Fernando López Castellano.
PRADOS DE LA ESCOSURA, Leandro (1988): *De imperio a nación. Crecimiento y atraso económico en España (1780-1930)*, Madrid.
PRECEDO LEDO, Andrés (1998) (dir.): *Cartografía de Galicia*, A Coruña.
PRECEDO LEDO, A. e GALLEGO PRIEGO, M. (2001): *Mapa de límites das parroquias. Cartografía territorial básica de Galicia*, Santiago de Compostela.
PRO RUIZ, Juan (1987): "Materiales para el estudio de la cuestión catastral en España: siglo XIX" en *Agricultura y Sociedad*, nº 44, pp. 325-377.
_ (1992): Estado, geometría y propiedad. Los orígenes del catastro en España, 1715-1941, Madrid.

_ (2000): "Estadística y Hacienda en una sociedad de patronazgo: la España rural del siglo XIX" en *Brocar: Cuadernos de investigación histórica*, nº 24, pp. 243-263.
_ (2001): "La formación de la clase política liberal en España (1833-1868)" en *Historia Contemporánea*, nº 23, pp. 445-481.
_ (2007): "Inventario y extracción de los recursos: reclutamiento, recaudación y estadística en la construcción del Estado nacional" en Moral Ruiz, J. del; Pro Ruiz, J.; Suárez Bilbao, F. (2011): *Estado y territorio en España, 1820-1930*, Madrid, pp. 509-644.
_ (2017): "El modelo francés en la construcción del Estado español: el momento moderado" en *Revista de Estudios Políticos*, nº 175, pp. 299-329.
PUJOL, J. (2001): "La historiografía del atraso o el atraso de la historiografía" en Pujol, J.; González de Molina, M.; Fernández Prieto, L.; Gallego, D.; Garrabou, R. (2001), pp. 13-42.
PUJOL, J. e FERNÁNDEZ PRIETO, L. (2001): "El cambio tecnológico en la historia agraria de la España contemporánea" en *Historia agraria: Revista de agricultura e historia rural*, nº 24, pp. 59-86.
PUJOL, J.; GONZÁLEZ DE MOLINA, M.; FERNÁNDEZ PRIETO, L.; GALLEGO, D.; GARRABOU, R. (2001): *El pozo de todos los males. Sobre el atraso de la agricultura española contemporánea*, Barcelona.
PYNE, Stephen J. (1999): "Fuego sobre la tierra. Introducción a su historia" en Araque Jiménez, E. (1999) (coord.): *Incendios históricos. Una aproximación multidisciplinar*, Jaén, pp. 335-364.
QUINTO, Agustín de (1818): *Curso de Agricultura práctica conforme a los últimos adelantamientos hechos en esta ciencia y a las mejores prácticas agrarias de las demás naciones de Europa*, Madrid.
QUIRÓS LINARES, Francisco (1967): "Los 'cuadernos de la riqueza territorial' de 1817-1820" en *Estudios geográficos*, vol. 28, nº 109, pp. 591-592.
RAMOS, Daniel (1950): "D. Martín de Garay y el crédito público" en *Anales de Economía*, nº 38, pp. 163-179.
REMMERS, Gaston G. A. (1993): "Agricultura tradicional y agricultura ecológica: vecinos distantes" en *Agricultura y Sociedad*, nº 66, pp. 201-220.
RÍO BARJA, Francisco (1990): *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*, Santiago de Compostela.
RÍO BARJA, F. e VIDAL, V. M. (1989): "Cartografía das xurisdicións da provincia de Betanzos no século XVIII" en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, vol. 38, nº 103, pp. 199-211.
RODRÍGUEZ GALDO, Mª Xosé (1985): "A agricultura tradicional galega. Crecemento sen modernización" en Fernández Prieto, L. (2000) (dir.), pp. 83-100.
RODRÍGUEZ GALDO, Mª X. e CORDERO TORRÓN, X. (1981): "Gandería e explotacións agrarias na Galicia do século XVIII. Análise da distribución espacial e da tenencia de gando na provincia de Betanzos" en *Revista Galega de Estudios Agrarios*, nº 5, pp. 41-78.
RODRÍGUEZ GALDO, Mª X. e DOPICO, F (1981): *Crisis agrarias y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX*, Sada.
RODRÍGUEZ LABANDEIRA, José (1982): "La política económica de los Borbones" en Artola (1982a) (ed. lit), pp. 107-184.
RUBIO, Agustín (1788): "Dictamen del maestro Fr Agustín Rubio, Prior del Convento de la Pasión en Madrid, respondiendo a la consulta que se le hace sobre deudas antiguas de la Real hacienda" en *Semanario Erudito*, vol. XII, pp. 191-221.

RUIZ TORRES, Pedro (1974): "La crisis municipal como exponente de la crisis social valenciana a fines del siglo XVIII" en *Estudis: Revista de historia moderna*, nº 3, pp. 167-198.
_ (1994): "Del Antiguo al Nuevo Régimen. Carácter de la trasformación" en AA.VV. (1994), pp. 159-192.
_ (2008): *Reformismo e Ilustración*, vol. 5 de Fontana, J. e Villares, R. (dirs.), Historia de España, Madrid.
SAAVEDRA, Pegerto (1985): *Economía, política y sociedad en Galicia. La provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Santiago de Compostela.
_ (1989): "Aportación al estudio de las rentas provinciales de la Galicia del Antiguo Régimen" en *Espacio, tiempo y forma. Serie IV, Historia Moderna*, nº 1, pp. 585-621.
_ (1990a): "Coyuntura agraria e ingresos señoriales en la Galicia interior y en las mariñas de Betanzos" en *Obradoiro de Historia Moderna: homenaje al profesor Antonio Eiras Roel en el XXV aniversario de su cátedra*, pp. 297-323.
_ (1990b): "Contribución al estudio del régimen señorial gallego" en *Anuario de Historia del Derecho Español*, nº 60, pp. 103-184.
_ (1992a): "La economía vitícola en la Galicia del Antiguo Régimen" en Agricultura y sociedad, nº 62, pp. 111-166.
_ (1992b): "Las grandes tendencias comarcales en la evolución de la población gallega (de comienzos del XVII a mediados del XIX) (I)" en *Minius*, nº 1, pp. 211-228.
_ (1993a): *A Facenda real na Galicia do antigo réxime*, Santiago de Compostela.
_ (1993b): "Las grandes tendencias comarcales en la evolución de la población gallega (de comienzos del XVII a mediados del XIX) (II)" en *Minius*, nº 2-3, pp. 101-125.
_ (1993c): "La renovación de los grupos burgueses en Galicia en la segunda mitad del siglo XVIII" en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, vol. 41, nº 106, pp. 195-220.
_ (1994): *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona.
_ (1995a): "La vida cotidiana en la periferia de la civilización: Los campesinos de Galicia en los siglos XVII-XIX" en *Ayer*, nº 19, pp. 101-133.
_ (1995b): "Os cambios agrarios na comarca eumesa no decorrer do Antigo Réxime" en *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, nº 2, pp. 7-13.
_ (1996): "La conflictividad rural en la España Moderna", Debates del SEHA: la conflictividad rural vinculada a transformaciones políticas, sociales y económicas, en *Noticiario de Historia Agraria*, nº 12, pp. 21-47.
_ (1997): "O hábitat no noroeste peninsular nos ss. XVI-XIX" en *Sémata. Ciencias Sociais e Humanidades*, nº 9: espacios rurais e sociedades campesiñas, pp. 173-193.
_ (1999) (ed. lit.): *Agricultura e Ilustración. Cónsul Jove, Vicente do Seixo, Pedro A. Sánchez, Felipe Argenti, L. Marcelino Pereira*. Biblioteca de clásicos agrarios galegos, Santiago de Compostela.
_ (2007): "Reforma fiscal y control del territorio: el Catastro de Ensenada o la confusión de Babel en Galicia" en *Anuario de Historia del Derecho Español*, nº 77, pp. 771-844.
_ (2008a): "Fiscalidad y agricultura en la España Moderna" en Vallejo Pousada, R. (2011) (ed. lit.), pp. 265-301.
_ (2008b): "La comercialización de las rentas agrarias en la Galicia del Antiguo Régimen" en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 17, pp.245-275.
SAAVEDRA, P.; SOBRADO, H.; PRESEDO, A. (2013): "La red parroquial y el clero rural en la Galicia de los siglos XVI-XIX: resultados de una investigación en curso" en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 22, pp. 93-128.

SAAVEDRA Y SANGRONIS, Francisco de (1798): "Memoria de D. Francisco Saavedra al Señor D. Carlos IV, 4 de mayo de 1798" en Canga Argüelles, J. (1833), vol. 2, pp. 183-186.
SÁNCHEZ-ALBORNOZ, Nicolás (1963): *Las crisis de subsistencias de España en el siglo XIX*, Rosario.
SÁNCHEZ SALAZAR, Felipa (1988): "El reparto y la venta de las tierras concejiles como proyecto de los ilustrados" en *Agricultura y Sociedad*, nº 47, pp. 123-141.
SÁNCHEZ VAAMONDE, Pedro Antonio (1973): *La economía gallega en los escritos de Pedro Antonio Sánchez* (Notas previas para una Economía política de la Ilustración Gallega de Xosé M. Beiras), Vigo.
SANTALLA LÓPEZ, Manuela (1991): "Aproximación a la villa de Ferrol y la Provincia de Betanzos en el siglo XVIII" en *Anuario Brigantino*, nº 14, pp. 45-50.
SANTOVEÑA SETIÉN, A. e GUTIÉRREZ BRINGAS, M. A. (1991): "Los cuadernos de la riqueza (1817-1820): una fuente para el estudio de la historia rural española" en *Revista de Historia Económica – Journal of Iberian and Latin American Economic History*, año 9, nº 3, pp. 553-560.
SCOTT, James C. (1985): *Weapons of the weak: everyday forms of peasant resistance*, New Haven.
SEBASTIÁN AMARILLA, José Antonio (2004): "La agricultura española y el legado del Antiguo Régimen" en Llopis Agelán, E. (2004) (Ed.), pp. 147-186.
SEGURA I MAS, Antoni (1988a): "El Catastro de Patiño en Cataluña (1715-1845)" en Segura i Mas, A. e Canet Rives, I. (1988) (coords.), pp. 31-46.
_ (1988b): "La reforma tributaria de Mon (1845) y los amillaramientos de la segunda mitad del siglo XIX" en Segura i Mas, A. e Canet Rives, I. (1988) (coords.), pp. 113-134.
SEGURA I MAS, A. e CANET RIVES, I. (1988) (coords.): *El catastro en España,* 2 vols*., Vol. 1: 1714-1906: de los catastros del siglo XVIII a los Amillaramientos de la segunda mitad del siglo XIX*, Barcelona.
SEÑÁN Y VELÁZQUEZ, José (1818): *Guía o estado general de la Real Hacienda de España. Año de 1818*, Madrid.
_ (1819): *Guía o estado general de la Real Hacienda de España. Año de 1819*, Madrid.
_ (1820): *Guía o estado general de la Real Hacienda de España. Año de 1820*, Madrid.
SIERRA DE CÓZAR, Pedro (2009): "De Marbella a Manilva: la economía de la franja costera en 1818 (Según los cuadernos del apeo de Martín de Garay)" en *Jábega*, nº 101, pp. 88-112.
SIMPSON, James (1989): "La producción agraria y el consumo español en el siglo XIX" en *Revista de Historia Económica – Journal of Iberian and Latin American Economic History*, año 7, nº 2, pp. 355-388.
_ (1997): *La agricultura española (1765-1965): la larga siesta*, Madrid.
SOBRADO CORREA, Hortensio (2006): "As mulleres e a vellez. O seu papel socioeconómico e cultural na Galicia de fins do Antigo Réxime" en *Revista Portuguesa de História*, nº 38, pp. 419-436.
_ (2007): "Vellos e 'mozos vellos'. El papel socioeconómico y cultural de la vejez en la Galicia de la Edad Moderna" en *Sémata. Ciencias Sociais e Humanidades*, nº 18: vejez y envejecimiento en Europa Occidental, pp. 271-306.
_ (2008): "Obstáculos estructurales al desarrollo de los intercambios comerciales en la Galicia de la Edad Moderna" en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 17, pp. 303-324.

_ (2012): "Identidad parroquial y comunidad rural en la Galicia de la Edad Moderna" en Pérez Álvarez, M. J. e Martín García, A. (2012) (eds.): *Campo y campesinos en la España moderna*, León, pp. 705-718.
_ (2016): "Algunas notas acerca de la vida cotidiana del campesinado gallego en la Edad Moderna" en *Revista Portuguesa de História*, nº 47, pp. 129-152.
SOLER, Miguel Cayetano (1799): "Exposición que hace al rey el ministro de la real hacienda, D. Miguel Cayetano Soler, en 1799" en Canga Argüelles, J. (1833), vol. 2, pp. 186-197.
SOMOZA DE MONSORIU, Francisco (1775): *Estorvos y remedios de la riqueza de Galicia. Discurso político legal*, Santiago de Compostela, por Ignacio Aguayo. Consulta online: http://hdl.handle.net/10347/7470.
SOTO FERNÁNDEZ, David (2006): *Historia dunha agricultura sustentábel. Transformacións productivas na agricultura galega contemporánea*, Santiago de Compostela.
_ (2015): "Del manejo multifuncional del territorio a la desarticulación productiva: cambios en los flujos de biomasa durante el proceso de industrialización de la agricultura gallega (1960-2012)", *Sociedad Española de Historia Agraria. Documentos de trabajo*, DT-1505, 61 paxs.
SOTO, D.; GONZÁLEZ DE MOLINA, M.; INFANTE-AMATE, J.; GUZMÁN, G. (2016): "La evolución de la ganadería española (1752-2012). Del uso múltiple al alimentario. Una evaluación de la fiabilidad de los censos y de las estadísticas de producción", 45 paxs.
SOTO, D.; HERRERA, A.; GONZÁLEZ DE MOLINA, M.; ORTEGA, A. (2007): "La protesta campesina como protesta ambiental, siglos XVIII-XX" en *Historia Agraria: Revista de agricultura e historia rural*, nº 42, pp. 207-301.
SOTO, D.; INFANTE-AMATE, J.; GUZMÁN, G.; CID, A.; AGUILERA, E.; GARCÍA, R.; GONZÁLEZ DE MOLINA, M. (2016): "The social metabolism of biomass in Spain, 1900-2008: From food to feed-oriented changes into the agro-ecosystems" en *Ecological Economics*, nº 128, pp. 130-138.
SUÁREZ VERDEGUER, Federico (1961): "La Real Caja de Amortización bajo el ministerio de López Ballesteros" en *Anuario de Historia del Derecho Español*, nº 31, pp. 235-257.
_ (1967): *Martín de Garay y la reforma de la Hacienda, 1817*, 2 vols., colección "Documentos del reinado de Fernando VII", Pamplona.
_ (1988): *La crisis política del Antiguo Régimen en España, 1800-1840*, Madrid.
TATJER MIR, María Mercedes (1988): "La contribución territorial urbana (1716-1906)" en Segura i Mas, A. e Canet Rives, I. (1988) (coords.), pp. 135-174.
TEDDE DE LORCA, Pedro (1983): "El banco de San Carlos y la Real Hacienda (1794-1828)" en Artola (1984) (dir.), pp. 509-528.
_ (1987): "Crisis del Estado y deuda pública a comienzos del siglo XIX" en *Hacienda Pública Española*, nº 108-109, pp. 169-195.
_ (2015): "Los vales reales y las finanzas de la monarquía española (1780-1808)" en Álvarez Nogal, C. e Comín, F. (2015) (eds.), pp. 137-158.
_ (2017): "Ángel García Sanz y las consecuencias económicas de la revolución liberal en España" en Comín, F.; Hernández, R.; Moreno, J. (2017) (eds.), pp. 313-332.
THOMPSON, Edward Palmer (1995): *Costumbres en común*, Barcelona.
TILLY, Charles (1995): *Las revoluciones europeas, 1492-1992*, Barcelona.
TOMÁS Y VALIENTE, Francisco (1974): "Recientes investigaciones sobre la desamortización: intento de síntesis" en Hernández Andreu, J. (1978), pp. 293-365.
TORRAS ELÍAS, Jaime (1976): *Liberalismo y rebeldía campesina, 1820-1823*, Barcelona.

TORRES SÁNCHEZ, Rafael (2015): "El miedo al déficit. La política de endeudamiento público de los Borbones en el siglo XVIII" en Álvarez Nogal, C. e Comín, F. (2015) (eds.), pp. 111-136.
TORTELLA, Gabriel (1994): *El desarrollo de la España contemporánea. Historia económica de los siglos XIX y XX*, Madrid.
VALLEJO POUSADA, Rafael (1992): "Redención y pervivencia del foro durante la desamortización de Mendizábal (1836-1854)" en *Anuario de Historia del Derecho Español*, nº 62, pp. 477-500.
_ (1994): "Fiscalidad y fraude fiscal en Galicia en la segunda mitad del siglo XIX" en *Hacienda Pública Española*, nº Extra 1, pp. 263-279.
_ (1997): "La reforma de la hacienda de López Ballesteros y el origen de la regulación del delito fiscal en la España contemporánea" en *Anuario de Historia del Derecho Español*, nº 67 (ejemplar en memoria de Francisco Tomás y Valiente), pp. 1789-1809.
_ (2000): "Los amillaramientos como fuente estadística: una visión crítica desde la contribución territorial" en *Historia Agraria: Revista de agricultura e historia rural*, nº 20, pp. 95-122.
_ (2008): "La fiscalidad sobre la agricultura en la España contemporánea" en *Relaciones. Estudios de historia y sociedad*, vol. XXIX, nº 115, pp. 85-126.
_ (2011) (ed. lit.): *Los tributos de la tierra. Fiscalidad y agricultura en España (siglos XII-XX)*, Valencia.
_ (2014): "Vicisitudes de la deuda pública en un período turbulento: de Canga Argüelles a Mon, 1808-1850" en Álvarez Nogal, C. e Comín, F. (2015) (eds.), pp. 159-186.
VALLEJO POUSADA, R. e MUÑOZ DUEÑAS, Mª D. (2011): "Fiscalidad y agricultura en la España contemporánea: una aproximación historiográfica" en Vallejo Pousada, R. (2011) (ed. lit.), pp. 423-456.
VAQUERO LASTRES, B. (1986): "La hidalguía en Betanzos en el siglo XVIII. La familia y la vivienda" en *Anuario Brigantino*, nº 9, pp. 53-62.
_ (1987): "Las clases medias y los comerciantes en Betanzos en el siglo XVIII. La familia y la vivienda" en *Anuario Brigantino*, nº 10, pp. 41-49.
_ (1988): "El artesanado en Betanzos en el siglo XVIII. La familia y la vivienda" en *Anuario Brigantino*, nº 11, pp. 29-36.
_ (1989): "Unos oran, otros trabajan: clérigos, marineros, labradores y pobres brigantinos en el s. XVIII. La familia y la vivienda" en *Anuario Brigantino*, nº 12, pp. 85-98.
_ (1990): "Aspectos económicos de la sociedad brigantina en el s. XVIII: los medios de vida (I)" en *Anuario Brigantino*, nº 13, 59-72.
_ (1992): "Aspectos económicos de la sociedad brigantina del s. XVIII: los medios de vida (II)" en *Anuario Brigantino*, nº 15, pp. 55-64.
VARELA, Pedro (1797): "Memoria de D. Pedro Varela al Señor D. Carlos IV, en 22 de marzo de 1797" en Canga Argüelles, J. (1833), vol. 2, pp. 176-183.
VEIGA ALONSO, Xosé Ramón (2017): *Poder e política na Galiza vilega, 1790-1833. Provincias de Lugo e Mondoñedo*, Santiago de Compostela.
VEIGA FERREIRA, X. Mª (1987): "A poboación de Betanzos no s. XIX" en *Anuario Brigantino*, nº 10, pp. 71-82.
_ (1988): "O cólera en Betanzos" en *Anuario Brigantino*, nº 11, pp. 45-57.
VELASCO SOUTO, Carlos F. (1995): *Agitacións campesinas na Galiza do século XIX: resisténcias anti-senhoriais no tránsito do Antigo Regime á sociedade liberal (1808-1820)*, Santiago de Compostela.
VILLARES, Ramón (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia. 1500-1936*, México.

_ (1994): *Desamortización e réxime de propiedade*, Vigo.
WARD, Bernardo (1762): *Proyecto económico en que se proponen varias providencias dirigidas a promover los intereses de España con los medios y fondos necesarios para su plantificación*, Madrid, edición de 1779, segunda impresión.
WORSTER, Donald (1990): "Transformations of the Earth. Toward an agroecological perspective in history" en *Journal of American History*, vol. 76, nº 4, pp. 1087-1106.
_ (1991): *The ends of the earth. Perspectives on modern environmental history*, Cambridge.
_ (1994): *Nature's economy. A history of ecological ideas*, New York.
WRIGLEY, Edward Anthony (1996): *Cambio, continuidad y azar. Carácter de la Revolución industrial inglesa*, Barcelona.
YOSHIYUKI KONDO, Agustín (1990): *La agricultura española del siglo XIX*, Madrid.
ZABALA Y AUÑÓN, Miguel de (1732): "Representación al Rey N. Señor D. Phelipe V dirigida al mas seguro aumento del Real Erario, y conseguir la felicidad, mayor alivio, riqueza y abundancia de su monarquía" en *Miscelánea económico-política o discursos varios sobre el modo de aliviar los vassallos con aumento de el Real Erario*, Pamplona, edición de 1749, pp. 7-180.
ZAFRA OTEYZA, Juan (1983): "Algunas fuentes para el estudio de la fiscalidad en la segunda mitad del siglo XVIII" en Artola (1984) (dir.), pp. 547-561.
_ (1994): "Algunas vertientes del fraude fiscal en la primera mitad del siglo XIX" en *Hacienda Pública Española*, nº Extra 1, pp. 145-153.
_ (2004): "Permanencias del Antiguo Régimen en la Hacienda del siglo XIX" en Llopis Agelán, E. (2004) (Ed.), pp. 257-272.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA